

*Informe
de
Literatura
2018*

INFORME DE LITERATURA 2018

DIRECTORA

Marta Neira Rodríguez

COORDINADORAS

Blanca-Ana Roig Rechou

Marta Neira Rodríguez

BOLSEIRAS DO PROXECTO

Alba Cid Fernández, Raúl Costas Pereira, Ánxela Lema París, Alba Rozas Arceo

EQUIPO DE REDACCIÓN

Belén Bouzas Gorgal, Laura Caamaño Pérez, Alba Cid Fernández, Raúl Costas Pereira, Mar Fernández-Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Ánxela Lema París, Marta Neira Rodríguez, Verónica Pousada Pardo, Blanca-Ana Roig Rechou, Alba Rozas Arceo, Isabel Soto López

COLABORADORES/AS

Diego Cabarcos, Brais Costas, Noelia Estévez, Clara García, Laura Gil, Inés Mosquera, Marta Negro, Guillermo Rodicio, Antía Román, Inacio Vilariño, Sara Villar

EDITA

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Valentín García Gómez

COORDINADOR CIENTÍFICO

Manuel González González

DIRECTORA TÉCNICA DE LITERATURA

Mercedes Brea López

E-ISSN: 2531-3045

ÍNDICE XERAL

NOTA PREVIA.....	4
I. NARRATIVA	8
I.1. NARRADORES GALEGOS	8
I.2. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS.....	72
II. POESÍA	93
II. 1. POETAS GALEGOS	93
II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS.	139
II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS.....	147
II. 4. ANTOLOXÍAS	156
III. TEATRO	162
III.1. DRAMATURGOS GALEGOS	162
III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES.....	167
III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS	171
III. 4. POSTAS EN ESCENA.....	172
III. 4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS	172
III.4.2. ESTREAS.....	202
III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS.....	202
III. 4. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL	220
III. 4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS.....	220
IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: María Victoria Moreno.....	246
IV. 1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES.....	246
IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS.....	251
IV. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS	265
IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓU OU COLABORACIÓNS FIXAS	269
IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS	275
IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS.....	276
V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA.....	309
V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS .	309
V. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS.	339
V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS.....	341
V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS.....	343
V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS.....	393

V. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS	411
V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS.....	535
V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS.....	558
VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS.....	721
VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS.....	721
VI.2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ OU COLABORACIÓNS FIXAS	723
VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL.....	724
VII.1 NARRATIVA.....	724
VII.1.1 NARRADORES GALEGOS	724
VII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS	773
VII.1.3. ADAPTACIÓNS	775
VII.1.4. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS	778
VII.2 POESÍA	797
VII.2.1. POETAS GALEGOS.....	797
VII.2.2. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS.....	813
VII.2.3. ANTOLOXÍAS.....	815
VII.3. TEATRO	818
VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS.....	818
VII.3.2. POSTAS EN ESCENA.....	822
VII.3.2.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS	822
VII.3.2.2 ESTREAS	848
VII.3.2.2.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS	848
VII. 3. 2. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL.....	852
VII. 3. 3. 3. 1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS.....	852
V.4. CÓMIC.....	868
V.4.1. GALEGOS	868
V.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS.....	876
VII.5 ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA	880
VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS	880
VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS	891
VII. 5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS.....	893
VII. 5. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS.....	901
VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E	

COLABORACIÓNS FIXAS	917
VII. 5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS	926
VII. 5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS	932
VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓ ORAL.....	967
VIII. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS	967
VIII. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS	971
VIII. 3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS	972
VIII. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS	978
VIII. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS	981
IX. REVISTAS	994
X. PREMIOS	1008
X. 1. NARRATIVA	1008
X. 2. POESÍA.....	1064
X. 3. TEATRO.....	1091
X. 4. INVESTIGACIÓ	1104
X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)	1112
X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA	1143
X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL	1158
X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS	1184
XI. LITERATURA MEDIEVAL.....	1242
XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS	1242
XI.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS	1243
XI.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS.....	1245
XI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS	1247
XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS	1252
XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS.....	1253
XII. APÉNDICE.....	1264
XII.1. NARRATIVA.....	1264
XII.1.1. NARRADORES GALEGOS	1264
XII. 1. 2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS	1267
XII.2. LITERATURA DE TRANSMISIÓ ORAL	1268
ASPECTOS LEGAIS	1270

NOTA PREVIA

Un ano máis achegamos o *Informe de literatura* a todas aquelas persoas interesadas en coñecer como se desenvolveu a literatura galega en Galicia e fóra dela, nesta ocasión, a correspondente ao ano 2018. Este proxecto supón o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación, senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido e mesmo da súa historia cando se trata de revistas e premios. O *Informe* pódese consultar na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es>), na sección “Recursos”, en formato PDF, onde ademais se poden encontrar todos os publicados dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acóllense todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da literatura galega, apareceron en soporte impreso durante o ano 2018 nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc. En cada unha destas publicacións rexistradas ofrécese un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2018 coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e xornais durante ese mesmo período de tempo. A finalidade destas explicacións é a de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, posto que sería de todo imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Doutra banda, apreciarase que, polo que diferenciamos entre “Recensións” e “Referencias varias”, por considerar que estas últimas, de importancia menor evidentemente, achegan algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas...), ou simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Non obstante, se se decidiu mantelas débese á consideración da información colateral valedoira que proporcionan, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, elemento que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que se presentan.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser fundamentalmente de ámbito galego, aínda que tamén son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á literatura galega.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que se aprecia e rexistra a atención que lle prestan a esta literatura outras. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia dunha gran cantidade de publicacións por parte de centros de ensino, agrupacións e asociacións culturais e outros centros, de dentro e fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron accesíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe

facernos chegar ao Centro Ramón Piñeiro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado dedicado ás Revistas (IX), no que se fai unha biografía da publicación e non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos no apartado “Publicacións en Revistas”. Os anuarios que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (V.1), sección onde tamén se acollen as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, se dedica un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, María Victoria Moreno. Entre outras razóns, esa decisión serviu para que a bibliografía que se produciu no ano 2018 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (VII) respecto da que se pode denominar institucionalizada ou dirixida a público adulto. Incorporamos a este apartado a sección denominada “Cómic” polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que existen distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado non infantil e xuvenil. Polo mesmo motivo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de Transmisión Oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (VIII), tal e como se fai coa Literatura Medieval (XI), por constituír un corpus con perfil de seu practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a das que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ♦), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento aos responsábeis doutros proxectos deste Centro Ramón Piñeiro pola axuda e a información que nos prestaron, especialmente co apartado relacionado con literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración nalgún aspecto puntual.

As coordinadoras

Informe de Literatura 2018

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Abuín, Roberto, *Orfeo canta: Iniciación, signo e retorno*, Santiago de Compostela: Axóuxere Editora, col. Calíope, xullo 2018, 264 pp. (ISBN: 978-84-948553-2-0).

Obra do filósofo Roberto Abuín (Rianxo, 1979) cunha difícil categorización formal, ao atoparse entre o ensaio filosófico e a narrativa ficcional, á vez que inclúe elementos da prosa e da poesía. A obra reformula elementos dos mitos gregos clásicos (a figura central de Orfeo, o minotauro, personaxes como Epiménides, Morfeo...) para reformular o descenso ao inferno do personaxe principal, Orfeo, coa intención de plasmar unha experiencia autobiográfica do autor orixinada polo consumo de drogas.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “As ensinanzas de Orfeo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, Libros Galego”, “1.280 almas”, 19 outubro 2018, p. 8.

Referénciase a produción do autor Roberto Abuín, cunha obra titulada, *Orfeo canta. Iniciación, signo e retorno*. Axóuxere editora encargouse da súa publicación.

- H. J. P., “Orfeo canta. Iniciación, signo e retorno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 setembro 2018, p. 29.

Infórmase da publicación, levada a cabo pola editorial Axóuxere, do autor Roberto Abuín, cuxa obra se denomina *Orfeo canta. Iniciación & retorno*.

Agrafoxo, Xerardo, *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 371, maio 2018, 320 pp. (ISBN: 978-84-9151-174-8).

Nesta novela, Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) conta o seu periplo polo Senegal durante trinta días. O libro abre coa seguinte dedicatoria: “A Ibrahima, Aïssatou, Daoura e Fátima, as primeiras descubertas camiño do País Bassari”, seguida dunha cita de Léopold Sédar Senghor. Agrafoxo comeza a súa andaina en Dakar e Saint-Louis, para logo afondar na cidade santa de Touba e iniciar a súa viaxe pola sabana africana co fin de achegarse ás tribos máis antigas de África do Occidente e coñecer a realidade senegalesa. Alí, o autor aproxímase ao modo de vida dos seus habitantes e toma consciencia dos problemas reais que sofren os senegaleses. O inicio da historia sitúase na viaxe en avión do autor a Senegal. Durante o voo, AgraFoxo dáse conta dos prexuízos que teñen os viaxeiros sobre Senegal e os seus habitantes. Ao longo da novela desenvólvense temas como o escaso turismo que ten o país, a presenza masiva de enfermidades como a Malaria ou o Ébola, o terrorismo, a deforestación, o cambio climático, etc. Todos os tópicos e prexuízos arredor do país senegalés aparecen introducidos no relato a través das conversas cotiás entre o autor e os diferentes personaxes cos que se vai atopando na súa viaxe. A novela consta de trinta capítulos con cadanseu título que rezan así: “Ás portas de Dakar”, “Os perigos da

Malaria”, “A muller de Saint-Exupéry”, “A aventura de Robert Dupas”, “A derradeira morada de Ahmadou Bamba”, “Conversa na escola”, “Sombras inesperadas”, “A xastraría de Tambacounda”, “Incidentes no camiño”, “O gardián do Baobab”, “A porfía de Margaux”, “Perdido”, “Os náufragos de Kolda”, “En Casamanza”, “Rumbo á illa de Karabane”, “Varado no río Gambia”, “Caiucos”, “Trauma”, “A casa natal de Senghor”, “As cartas”, “Estragos no clima”, “Nas praias de Saly”, “Confidencias”, “Noite no mosteiro”, “Camiño do lago Rosa”, “No labirinto”, “O festival de Bob Marley”, “Un mexicano na illa de Gorée”, “A porta do inferno” e “O país sen fronteiras”. A novela reflicte á perfección a problemática que padece o país e os estereotipos e prexuízos aínda hoxe presentes na sociedade.

Alcalá, Xavier, *The Making of*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 372, xuño 2018, 496 pp. (ISBN: 978-84-9151-178-6).

Obra narrativa de Xabier Alcalá (Cidade Real, 1947) que recolle a vida de Alfredo Mosquera Taboada, o menor da Casa dos Mosquera, tamén coñecidos polo alcume de *Coghomelo*, familia que tivo que emigrar polas dificultades económicas. Alfredo Mosquera será o último dos seus irmáns en emigrar e será acompañado polo seu amigo Xesús Pedreira Pedreira. Instálanse na cidade de Comodoro Rivadavia onde o Mosquera traballará como cociñeiro e o Pedreira pronto será enviado á Guerra Civil coas Brigadas Internacionais. Durante os anos que pasa alí, o Mosquera amosa unha personalidade conflitiva e violenta, o que lle vai traer moitas pelexas e problemas laborais. A súa incesante ambición económica levouno ao xogo de naipes, ao contrabando de drogas, á prostitución e á colaboración co réxime Nazi. Tamén foi un home moi mullereiro e algunha das mulleres coas que estivo quedaría embarazada. Entre todas estas mulleres tivo unha relación máis próxima a Balbina Enríquez, coa que chegou a convivir. Neste afán de enriquecemento, O Mosquera comezou a prostituír a Balbina e a quedar con parte do diñeiro, coa promesa de que así casarían. Balbina, ante o incumprimento desta promesa e acrecentada polo abusivo consumo de alcol, asasina ao Mosquera. Toda esta información é recollida por un colega do traballo do neto do Mosquera, quen comezou a interesarse pola historia do seu avó desaparecido. Grazas á axuda do xornalista Cholo poderán reconstruír toda a súa biografía e así recollela nunha novela.

Recensións:

- Ciprián Rivas, “A novela diferente sobre a emigración galega”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.077, 21 xullo 2018, p. 3.

Dáse conta da saída ao mercado da novela de Xavier Alcalá, *The making of*. Esta obra editada por Galaxia, narra os sucesos dun emigrado en Bos Aires arredor dos anos 30.

- Armando Requeixo, “Letras austrais”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésía”, n.º 1.046/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.046, “máis Libros”, 29 xullo 2018, p. 30.

Breve sinopse do argumento principal da novela, que se pon en relación con outras obras de Xavier Alcalá que tamén xiran arredor de emigrantes galegos en América. Valórase a mestría do autor na creación de personaxes e descrición de ambientes, así como a intriga da narración, que se describe como un “intenso relato que retrata coma poucos un mundo

governado polos máis baixos instintos, a paixón desmedida, a ambición sen límite e os excesos amorais”. Resalta tamén o feito de que Alcalá, afastándose do estereotipo do indiano triunfador, decidise recrear o lado escuro da emigración galega á Arxentina.

- Ramón Nicolás, “A outra emigración a América”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En Galego”, 3 agosto 2018, p. 8.

Anúnciase a publicación da obra, *The Making of*, escrita polo autor Xavier Alcalá. Coa emigración galega como elemento central da novela, descríbense numerosos sucesos que puideron ocorrer. Estes feitos sumado a investigación e compilación de información relativa a fontes orais, documentos policiais e mesmo xudiciais, constrúen unha novela con aspectos biográficos.

- Pilar Ponte, “Unha viaxe para non perder”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 682, “Libros”, 27 setembro 2018, p. VI.

Dá conta da traxectoria literaria de Xerardo Agrafoxo como ensaísta e autor de ficción, e destácase a expectación que xera unha obra coma esta pola escaseza de literatura de viaxes en galego. Indícase que o libro é a crónica dunha viaxe do autor polo Senegal, escrita a xeito de diario. Describe a prosa como equilibrada e de ton tranquilo, e valórase que o autor prescinda de dar demasiados datos e descrições, como é habitual que fagan os autores do xénero. Tamén resalta o esforzo do autor por ofrecer unha ollada ao país libre de prexuízos, afastada do posicionamento soberbio dun observador europeo.

- Isabel Vázquez, “Un home ensarillado na historia do mundo”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 78-79.

Destaca que o tema da obra é a emigración a Arxentina na terceira e na cuarta décadas do século XX a partir da investigación sobre a morte dun personaxe chamado Coghomelo Mosquera. Informa de que a obra constitúe unha combinación do xénero policial, social, histórico, periodístico e biográfico. Dá conta dos diversos rexistros narrativos e lingüísticos que incorpora a novela. Salienta a preponderancia de dúas historias entretecidas: a da investigación sobre a morte de Coghomelo e a da vida do morto. Apunta que o protagonista aparece caracterizado como forte, primario e violento e afonda na súa traxectoria perniciosa, en especial, coas mulleres e os nazis.

Referencias varias:

- Borja Casal, X. F., “Xavier Alcalá. ‘Na actualidade, o drama de Galicia é que a diáspora aínda non acabou’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 agosto 2018, p. 38.

Entrevístase ao autor da novela, que fala da súa atracción pola Arxentina, país que ten aparecido en varias das súas obras, e da cara oculta da emigración galega a América.

- Lourdes Varela, “Xavier Alcalá. ‘Tamén é bo contar o lado escuro da emigración galega a América’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 679, 6 setembro 2018, p. V.

Entrevista ao autor da novela, que relata como chegou a coñecer a existencia de Alfredo Mosquera *O Coghomelo*, o home arredor do que xira a historia. Comenta tamén a necesidade de amosar a “Cara B” da emigración galega a América, e remata falando da

verdade histórica que pode ser atopada na ficción.

Alfonsín, Diego, *Non o saben as estrelas*, XXIV Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 432, setembro 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-9121-429-8).

Primeira obra narrativa do profesor e escritor Diego Alfonsín (Tui, 1980) en forma de novela curta. A obra está estruturada en trinta e oito capítulos curtos nos que dá pé, cun ton intimista, á vida dun home que vive permanentemente nun hostel dunha cidade europea. A través da súa visión recrea a vida dos outros habituais do hostel: Natsuki, a súa amante xaponesa; Castro, un home que decide viaxar á cidade natal do seu pai para coñecer á súa namorada; e Carla, a recepcionista, coa que mantén unha peculiar relación, e cuxa morte servirá de peche da acción, pois todos decidirán deixar o hostel.

Recensións:

- Daniel Salgado, “Na cidade sonámbula”, *Sermos Galiza*, n.º 319, “fóradeserie”, “Entrementres”, 25 outubro 2018, p. 8.

Infórmase da primeira publicación en galego de Diego Alfonsín, *Non o saben as estrelas*.

- Francisco Martínez Bouzas, “A vida como tránsito”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 686, “Libros”, 25 outubro 2018, p. VI.

Infórmase da publicación pertencente ao autor Diego Alfonsín, que desta volta sorprende cunha novela curta, pero moi condensada como é *Non o saben as estrelas*.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Diego Alfonsín. ‘Penso como Modiano: o lector sabe máis dun libro que o seu autor’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 690, “Entrevista”, 11 outubro 2018, p. V.

Entrevista ao escritor tudense Diego Alfonsín, gañador do Premio en novela curta “Manuel Lueiro Rey”, coa obra *Non o saben as estrelas*. Desta volta o escritor torna a escoller o galego como lingua literaria para a súa obra.

Alfaya, An, *O home de negro*, Ferrol: Edicións Embora, col. O Globo, xuño 2018, 92 pp. (ISBN: 978-84-16456-82-6).

O home de negro é a novela coa que An Alfaya (Vigo, 1964) gañou o II Premio Xosé Neira Vilas de Novela Curta. Conta cun breve prólogo de Armando Requeixo, quen formou parte do xurado que lle entregou o galardón xa mencionado. Esta obra narra o proceso de escrita dunha novela protagonizada por un home vestido de negro que habita un abismo branco. A protagonista da novela é unha escritora, da cal non se coñece o nome, que se atopa nunha crise consigo mesma que se reflicte nas súas creacións. Ao longo das 92 páxinas amósanse as reflexións desta escritora, como se comunica coas súas personaxes, como establece vínculos emocionais con elas e incluso como aparecen no seu

maxín voces de posibles lectoras.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Escribir o que non está escrito”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.280 almas”, 21 setembro 2018, p. 6.

Dáse conta da publicación dunha obra, *O home de negro*, cuxo autor An Alfaya é recollido pola editorial Embora.

Álvarez Álvarez, Charo, *Memorias dunha nena da guerra*, Santiago de Compostela: Finis Terrae Edicións, xaneiro 2018, 90 pp. (ISBN: 978-84-16-89676-9).

Obra de Charo Álvarez Álvarez na que recolle as vivencias da súa nai “Josefita” durante a Guerra Civil. O libro acompáñase dun conxunto de fotografías antigas que dan mostra das vivencias relatadas no volume. Trátase dun obra de ton biográfico que se presenta como unha homenaxe á súa nai mais tamén a todas as mulleres que sufriron a Guerra Civil.

Referencias varias:

- José Cruz, “Charo Álvarez Álvarez. ‘Resulta moi triste que os nenos non teñan nin idea da época da posguerra’”, *La Región*, “Valdeorras”, “Personaxe do día”, 27 xaneiro 2018, p. 23.

Entrevista á autora Charo Álvarez Álvarez *Memorias dunha nena da Guerra*, que recolle a experiencia da súa nai durante o franquismo en forma de obra literaria.

- A.R., “A historia de ‘Josefita’”, *O Sil*, n.º 260, “Cultura”, febreiro 2018, p. 17.

Acto de presentación do libro de Josefa Álvarez Quiroga, *Memorias dunha nena da Guerra* (Finisterrae Ediciones), que descorreu na Biblioteca do Barco de Valdeorras.

Ameixeiras, Diego, *A crueldade de abril*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 424, 2018, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-305-5).

Obra de Diego Ameixeiras (Lausana, 1976) que xira arredor dun incendio producido nunha casa abandonada. Nela, aparecen dous cadáveres pertencentes a un home e a unha muller sen teito que se refuxiaban na vivenda. O suceso cae axiña no esquecemento. O autor ofrécenos unha novela escura e opresiva, escrita cun desacougante lirismo, sobre a miseria moral que habita en nós. Caracterízase por un rexistro turbador da violencia contemporánea, na súa representación máis sórdida e brutal, sen fuxir dos ángulos en sombra dunha realidade desalentadora.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Sociedade en negro”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 135, 27 maio 2018, p. 4.

Comenta a publicación de *A crueldade de abril*, obra do autor Diego Ameixeiras e publicado pola editorial Xerais. O amor, a vinganza e o odio van estar moi presentes na narración, partindo da novela negra e achegando diferentes perspectivas sociais.

- Francisco Martínez Bouzas, “Acertada peza narrativa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 672, “Libros”, 7 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 621, “Letras galegas”, 16 xuño 2018, p. 5.

Informa da publicación de *A crueldade de abril*, a última novela de Diego Ameixeiras da que se dá conta da súa temática e contido; unha achega profunda e a modo de reflexión arredor do concepto do mal desde a óptica do mal gravitando en todas as capas sociais, relacionando coa novela negra mais non sendo esta unha peza a encadrar neste xénero.

- Vicente Araguas, “Abril segundo Eliot”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.044/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.044, “máis Libros”, 15 xullo 2018, p. 32.

Analiza a nova novela do autor Diego Ameixeiras. Baixo o nome, *A crueldade de abril*, comenta que o autor somérxese na novela negra, realzando o sentimento colectivo cun ton épico, máis a aparición de tres elementos tan profundos como o amor, a vinganza e o odio.

- Inma Otero Varela, “O ronsel espasmódico da mentira”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 80-81.

Salienta que a novela pivota arredor da morte dunha poeta e das pescudas que leva a cabo o seu irmán sobre o suceso. Informa de que a narración traza un cadro sobre os problemas económicos, sociais, a vida, o carácter e os ambientes urbanos das personaxes que compuñan o entorno da falecida. No tocante ao estilo, destácanse, entre outros aspectos, a brevidade das diferentes partes, o predominio do estilo directo, os saltos temporais ou o lirismo. Comenta que a obra presenta erros temporais así como ortográficos e tipográficos.

- César Lorenzo Gil, “A poeta morta”, *Tempos Novos*, n.º 257, “protexa”, outubro 2018, p. 80.

Explica que o libro trata da investigación sobre a morte dun vagabundo e unha muller. Destaca o pouso intimista e lírico da obra e faise referencia á traxectoria literaria do autor. Sinala a relevancia do diálogo e dos xestos dos actantes na obra, así como da cotidianeidade dos ambientes e da intriga. Resáltase a importancia que adquire a novela como testemuño da violencia. Fala da combinación que ten lugar na novela do xénero negro como entretemento coa tradición literaria galega. Apunta a relevancia da participación do lector na construción da obra.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Diego Ameixeiras. ‘Eu entendo a novela negra como un xesto de rabia’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 668, 10 maio 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 617, “Entrevista”, 19 maio 2018, p. 11.

Entrevista ao escritor Diego Ameixeiras trala publicación do libro *A crueldade de abril*. Explica a interpretación que lle outorga á novela negra, xunto coas motivacións que o levaron a decantarse por este tipo de xénero.

- Cuca M. Gómez, “Con mal tiempo, casa y un libro”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 xuño 2018, p. 70.

Insire no corpo da columna sobre a vida social e presentacións da cidade de Pontevedra un comentario celebratorio, confesando que está a devorar a novela de Ameixeiras, unha das súas adquisicións na Festa dos Libros.

- Lois Pérez, “A Festa de Mirman’s”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 140, 1 xullo 2018, p. 6.

Informa da última publicación de Diego Ameixeiras, *A crueldade de abril*, editado por Xerais. O misterio, a violencia e a esperanza que se mantén até o final do texto, impregnan a nova obra do noso autor.

- L. Fernández, “La cultura protagonizará su propia feria en Allariz”, *La Región*, “Provincia”, 5 xullo 2018, p. 34.

Dá conta do acto que se celebrará na Praza maior e a Praza de Abastos. Destácanse as presentacións de *A crueldade de abril* (2018), de Diego Ameixeiras, saída do prelo de Xerais.

Ameixide, Puri, *Claro de lúa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 430, xullo 2018, 472 pp. (ISBN: 978-84-9121-403-8).

Claro de Lúa é unha novela de corte clásico, ambientada na Guarda a comezados do século XIX. Conta a historia de Rosiña, unha rapaza orfa ao servizo como criada dunha vella señora, dona Elvira. A morte da señora coloca a vida de Rosiña ao bordo do abismo, sen familia nin recursos, ante a incógnita de como será o herdeiro que chegue á Guarda. Este é don Leandro, un home instruído que chega desde Madrid, pianista e coñecedor de todas as grandes cidades de Europa. Don Leandro pasa a ser un segundo protagonista da novela, onde se nos narra a súa chegada á Guarda, as relacións coa xente da súa casa e as súas propiedades, mais tamén a súa integración coa alta clase da vila pontevedresa. O desenvolvemento destas personaxes e o choque dos seus mundos son a cerna desta novela. A cultura galega, coa Tía Hermelinda como meiga e coñecedora dos segredos ocultos; convive coa alta cultura europea, das conspiracións internacionais, a música culta e as loxias masónicas, personalizadas en James Grey, o mordomo escocés de don Leandro. O narrador omnisciente (que se descobre ser despois un narrador-personaxe) describe con todo detalle a psique das personaxes, pois a novela nas súas dúas primeiras partes é máis ben intimista. Porén, unha terceira parte vira en historia de aventuras, aproveitando a guerra de independencia contra os franceses e as relacións con Portugal, para rematar esta historia homenaxe en moitos sentidos ás novelas realistas decimonónicas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un ‘claro de lúa’ novelístico”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”,

“En Galego”, 27 xullo 2018, p. 6.

Resalta a importancia da música na construción da novela, dende o seu título ata a súa estrutura en tres partes (Adagio Sostenuto, Allegretto e Presto Agitato). Sinala que o feito de desenvolverse en Galicia durante a invasión napoleónica lle permite á novela homenaxear outras obras como *Guerra e paz*, coa que comparte temas como as relacións sentimentais ou o contraditorio da existencia humana. Con respecto aos personaxes, comenta que a protagonista, Rosa, lembra ás personaxes femininas de Charlotte Brontë ou Jane Austen, mentres que don Leandro evoca a figura do fidalgo das obras de Otero Pedrayo. Para finalizar, valórase o ben documentada que está a novela e o acertado da súa conclusión.

- Dolores Martínez Torres, “Amable crónica e costumista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 691, “Libros”, 29 novembro 2018, p. VI.

Describe a novela como un “amable relato costumista” da burguesía da Guarda a comezos do século XIX, que presenta a historia de amor entre unha rapaza orfa e un rico propietario ao tempo que retrata os acontecementos históricos da época. Con respecto aos personaxes, destaca os dous protagonistas, Rosa e don Leandro, representantes dun cambio social, e sinala que o resto de personaxes funcionan máis como “estereotipos sociais” que “individuos memorables”. Comenta que a novela está construída acorde con fórmulas clásicas, homenaxeando a narrativa decimonónica. Como eiva da novela, sinala que “os amantes da acción e da emoción botarán en falta un pouco de suspense ... entre tanta cotidianeidade e tanta -e sensata- defensa da orde e o progreso”.

Araújo, Emilio, *Mal Mor*, Rianxo: Axóuxere, col. Calíope, marzo 2018, 74 pp. (ISBN: 978-84-944763-7-2).

Obra narrativa do escritor Emilio Araújo (Coles, 1946). No eido estilístico lembra o libro *Mal vu mal dit* de Samuel Beckett. As relacións entre ambos os dous textos son de carácter formal, xa que presentan oracións e frases simples que poñen de manifesto a relevancia da puntuación e da sinxeleza. A obra presenta a voz dunha muller de avanzada idade que vai dando conta do seu día a día a partir da sobrecarga de actividades cotiás. Trátase dunha personaxe feminina que habita nun espazo rural. Este ambiente aparece representado a través das accións realizadas e do significado das mesmas, así como mediante a presenza de elementos costumistas e históricos ao longo do libro. Do mesmo xeito, destaca o emprego de léxico relativo á vexetación ou ás ferramentas agrarias. Por último, cómpre destacar outros temas subxacentes ao argumento, como o despoboamento do rural, o analfabetismo ou a división do traballo que implica a costura.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O paso do tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En Galego”, 16 marzo 2018, p. 6.

Dá conta brevemente da traxectoria de Emilio Araújo, louvando a súa fidelidade ás súas crenzas éticas e estética, e comenta a súa novela *Mal mor*, que cualifica de dificilmente clasificable e desacougante. Sinala a inspiración en *Mal vu mal dit* de Samuel Beckett, e resalta a depuración da linguaxe empregada para transmitir a dura vida da protagonista,

unida inseparablemente á dor e ao sufrimento.

- Francisco Martínez Bouzas, “Entre a negrura e a soidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 662, 22 marzo 2018, p. VI.

Relaciona a novela de Emilio Araújo con *Mal vu mal dit* de Samuel Beckett, sinalando que Araújo substitúe a anciá irlandesa da novela de Beckett por unha anciá do rural galego. A narración céntrase na vida cotiá da protagonista e nas lembranzas da súa vida, marcada pola dureza e as dificultades. Saliéntase que a novela “lle dá voz a unha figura que representa unha forma de vida en extinción”. A escritura descríbese como unha amalgama da oralidade e o rexistro literario, e destácase a súa depuración de todo elemento superfluo.

Bóveda, Jorge Emilio, *As sete mortes de Leopoldo Pardo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xaneiro 2018, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-305-5).

Obra de Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) que ten como protagonista a Leopoldo Pardo, un ex-presidiario e antigo vixilante xurado, que na actualidade traballa na cidade de Auria como axente de seguros da compañía Nationale Switzerland. Un día recibe un extravagante encargo: asegurar sete obxectos paradigmáticos da cultura galega entre os que están a máquina de escribir de Blanco Amor ou a caveira de Breogán. Os sete obxectos están asociados a sete contravalores que rexen a sociedade actual. Leopoldo deberá documentar graficamente a existencia deses antivalores para cobrar as primas das pólizas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un ‘thriller’ máis galego, imposible”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Libros*”, “*Galego*”, 26 xaneiro 2018, p. 8.

Resalta a aposta de Jorge Emilio Bóveda por unha escrita de carácter popular, con gran presenza da ironía e o sarcasmo e próxima ao esperpento. Sinala que a novela se trata dunha mirada crítica, ás veces case alegórica, sobre a sociedade e os seus vicios, especialmente o desprezo imperante pola cultura.

- Francisco Martínez Bouzas, “Con tonalidade popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 659, “*Libros*”, 1 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “*Letras galegas*”, 10 marzo 2018, p. 10.

Sinala que a novela, escrita “cunha tonalidade popular” realiza un retrato realista, mais tamén esperpéntico, da sociedade actual. Resalta a “grotesca ironía” na construción do personaxe do anti-heroe, Leopoldo Pardo, representante da falta de escrúpulos imperante no mundo de hoxe. Valórase positivamente a “solvencia e oficio narrativos” de Jorge Emilio Bóveda.

- Vicente Araguas, “Os contos de Leopoldo Pardo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.029/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.029, “*máis Libros*”, 1 abril 2018, p. 32.

Destaca a comicidade, retransa e sarcasmo que impregnan esta obra de Jorge Emilio Bóveda, que considera imprescindible dentro do xénero da novela negra. Como único defecto, sinala que o desenlace é algo apresurado.

- Mario Regueira, “Valores e contravalores”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 9 agosto 2018, p. 6.

Informa da publicación de *As sete mortes de Leopoldo Pardo* de Jorge Emilio Bóveda, unha novela que, en chave humorística e facendo uso da retransa, pretende ser unha radiografía de toda unha sociedade baixo unha ollada inmisericordiosa a través da construción da moralidade do protagonista, un anti-heroe que representa a mentira, a manipulación, a corrupción, a envexa, a morte, a agresión e a ignorancia.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “Un encargo enigmático en Auria”, *La Región*, “Agenda”, “Libro”, 21 febreiro 2019, p. 18.

Dá conta da premisa da novela e informa da súa presentación na librería Espacio Lector Nobel.

- L. Fernández, “Jorge Emilio Bóveda. ‘Eu escribo por puro amor á arte e por tratar de preservar a lingua galega’”, *La Región*, “Provincia”, “Personaxe do día”, 25 marzo 2018, p. 26.

Dá conta da presentación da novela na Casa dos Poetas de Celanova. Entrevístase ao autor, que fala do seu proxecto literario, que consiste en “combinar a cultura e os xéneros populares coa literatura máis profunda”. Por outra banda, asegura escribir por amor á arte e para apoiar a lingua galega, xa que a literatura en Galicia non é rendible.

Cabaleiro, Ana, *As Ramonas*, Premio García Barros 2018, fotografía capa Carlos de Francisco, Vigo: Editorial Galaxia, col. literaria, n.º 375, 5 novembro 2018, 169 pp. (ISBN: 978-84-9151-204-2).

Primeira novela de Ana Cabaleiro (Saídres-Silleda, Pontevedra, 1974) encabezada pola explicación etimolóxica de Saídres e de Caxeba, tiradas de *Deza Augusta* de Manuel Mosquera. Pese a que a trama xira ao redor dunha protagonista, a ramona Mona Otero, e o recurso das viaxes que esta precisa realizar no coche doutras persoas (por perder os puntos do seu carné de conducir) serve de presentación doutros personaxes, de novas tramas e como fío condutor para o desenvolvemento da trama principal: Mona segue adiante na súa aposta por destacar no mundo da arte, tras lograr que unha das súas fotografías fora vendida na feira ARCO. Na súa loita, Mona debe afrontar a separación solicitada polo seu marido e as consecuencias económicas, desfavorables para ela por mor do casamento en réxime de bens gananciais, e que condiciona e provoca que flúan nela sentimentos que van exteriorizando durante as viaxes en distintos modelos de coche, caso da competitividade, as falsas aparencias, a cara falsa do éxito mal entendido, o abandono, os apuros económicos, o exercicio inadecuado dun cargo político, a egolatría, entre outros. Mona canda outros personaxes cos que empatiza débátense entre a vida no rural e as mudanzas no medio e na cidade, como consecuencia dunha ruptura coa tradición e

os lazos familiares para aproximarse á xeneralizada globalización.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “A feira das mil industrias culturais”, *Sermos Galiza*, n.º 324, “fóradeserie”, 29 novembro 2018, pp. 2-3.

Infórmase da décimo primeira edición da Feira das Industrias Culturais Culturalgal, que se celebra do 30 de novembro ao 2 de decembro. A feira acollerá oitenta entidades, máis de cento trinta postos, cinco escenarios e arredor de cento corenta actividades. Calcúlase que o público será de entre 14.000 e 15.000 visitantes.

- Clara Aldán, “La Navidad ya está en el aire”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 22 decembro 2018, p. 17.

Presentación do libro *As ramonas* no auditorio Semana Verde de Silleda, cuxa autora obtivo o premio García Barros 2018. O acto está moderado por Francisco Castro, director de Galaxia, e mais Matías Rodríguez da Torre.

Cajaraville, Héctor, *Nova Nursia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 425, maio 2018, 343 pp. (ISBN: 978-84-9121-379-6).

Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) relata en vinte e un capítulos con título a vida de frei Rosendo Salvado (Tui, 1814-Roma, 1900) desde o seu nacemento e primeiros anos en Tui, Santiago de Compostela, Cangas de Narcea e o abandono da casa familiar tudense para ingresar no mosteiro da Cava dei Tirreni, no reino de Nápoles, en 1838, até a súa morte en 1900. Cada un dos capítulos de *Nova Nursia* remata cunha carta redactada por frei Rosendo Salvado dirixida ao seu amigo da infancia Domingos Pires, onde detalla a súa propia vida e obra, datadas entre 1828 e 1900, estando a última dirixida ao neto maior de Domingos Pires tras a morte do amigo de frei Rosendo Salvado. Mediante un narrador omnisciente en *Nova Nursia* descríbense as peripecias vitais de frei Rosendo Salvado nas que teñen un lugar preeminente as súas cinco viaxes como misionero a Australia e mais o labor desenvolvido alí coa creación da meirande misión católica en Australia. Descríbense as viaxes de Europa a Australia (en 1845, 1853, 1869, 1870 e 1885) así como as de Australia a Europa (en 1849, 1865, 1869, 1882 e 1899) e a súa vida en Australia e mais en Europa, onde regresaba para revitalizar o seu proxecto da misión católica Nova Nursia. En Australia amósasenos que en 1847 puxo a pedra inaugural do mosteiro da nova misión Nova Nursia ou que en 1848 creou en Nova Nursia o banco “Lady Bank” e mais un colexio; despois, detállansenos todos os seus avatares en terras australianas sempre centrado no seu traballo en Nova Nursia. Asemade, tamén se destaca que en 1853 enviou nunha carta con sementes de eucalipto a Galiza ou que en 1882 asistiu ao enterro de Rosalía de Castro. Os vinte e un capítulos péchanse cun “Epílogo”, cun “Posfacio” e mais cos “Agradecementos”.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A vida novelada de Rosendo Salvado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 15 xuño 2018, p. 8.

Elóxiase a traxectoria literaria de Héctor Cajaraville, que publica unha novela sobre a figura de frei Rosendo Salvado, bispo galego fundador de misións católicas en Australia. Sinálase que, aínda coas licenzas que toma o autor, lóxicas tratándose dunha obra de ficción, a vida deste relixioso foi realmente novelesca, e resáltase o cambio que se produce no protagonista cando abraza a defensa dos nativos australianos.

- Francisco Martínez Bouzas, “Rosendo Salvado, heroe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 681, “Libros”, 20 setembro 2018, p. VI.

Infórmase da recente obra, *Nova Nursia*, escrita polo autor Héctor Cajaraville e publicada por Xerais. Pertence ao xénero novelesco pero particularmente á biografía, xa que hai mostras da documentación levada a cabo, pero tamén da propia ficción. O personaxe a destacar é a figura de Frei Rosendo Salvado.

- Patricia Arias Chachero, “A singular vida de frei Rosendo Salvado”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 97-98.

Ofrece unha recensión da obra *Nova Nursia* (Xerais, 2018) de Héctor Cajaraville. Fai referencia a que o escritor foi galardoado co Premio Merlín de Literatura Infantil 2018 pola obra *Kusuma* de temática ecoloxista. Apunta que a novela *Nova Nursia* constitúe unha biografía ficcional de Rosendo Salvado Rotea. Destaca o carácter realista e documental da obra. Explica que o protagonista foi un frade procedente de Tui que introduciu o eucalipto en Galicia, estudou no Seminario de San Martiño Pinario e participou no proceso evanxelizador de Australia onde entrou en contacto cos problemas da vida dos aborixes. Informa que durante o proceso de conversión dos indíxenas funda con outros compañeiros *Nova Nursia* e conta coa colaboración dos nativos para coñecer o novo territorio mentres procura as infraestruturas e o financiamento necesario para cumprir co seu labor relixioso. Subliña que a novela tamén recolle aspectos da vida persoal do protagonista.

- Francisco Martínez Bouzas, “Unha novela-verdade”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, pp. 83-84.

Explica que constitúe unha biografía de Frei Rosendo Salvado en relación ás súas viaxes por Europa e Australia. Informa de que a partir dela o autor desenvolve unha novela de ficción e destaca que a obra foi configurada a partir das memorias reais do frade e que constitúe unha reivindicación da súa labor e da súa figura. Afonda no argumento da novela sobre a traxectoria vital do frade bieito, a súa decisión de facerse misioneiro e marchar a Australia e a fundación de *Nova Nursia* para protexer e evanxelizar os aborixes. Apunta que o frade aprende o estilo de vida dos aborixes e viaxa por Europa para conseguir axudas para a súa misión. Subliña que a novela está estruturada en dúas partes: cos relatos dun narrador en terceira persoa que explica a creación de *Nova Nursia* e coas cartas do protagonista sobre as súas vivencias na misión.

Referencias varias:

- Judit Bernárdez, “Máis de dos mil títulos integrarán la XXI Feira do Libro Galego en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 12 maio 2018, p. 15.

Coméntase o número de postos, actividades e inauguración da Feira do Libro. Algunhas

das librarías anuncian escollas de libros portugueses e de autores tudenses, así como *Nova Nursia* (2018) ou *Aloianos* (2018).

- Lourdes Varela, “Héctor Cajaraville. ‘Rosendo Salvado foi un adiantado á Teoloxía da Liberación’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 673, 14 xuño 2018, p. V/ *La Opinión*, “Saberés”, n.º 622, “Entrevista”, 23 xuño 2018, p. 4.

Con motivo da publicación de *Nova Nursia*, o autor comenta o seu desexo de realizar unha biografía novelada de frei Rosendo Salvado, en primeiro lugar coma reto persoal por abordar este tipo de xénero literario que requiriu ademais un gran traballo de investigación e, en segundo lugar, como recoñecemento a Salvado. Critica que en Galiza só sexa coñecido por traer o eucalipto á rexión cando foi un home adiantado ao seu tempo que deixou de lado a súa labor evanxelizadora en Australia para evitar o exterminio das comunidades aborixes e loitar polos dereitos que os colonos británicos lles arrebataran.

Caramés Gorgal, M^a Carme, *A Madriña*, Santiago: Edicións Fervenza, febreiro 2018, 344 pp. (ISBN: 978-84-17094-25-6).

Novela realista de M^a Carme Caramés Gorgal (Santa Comba, 1966). Abre coa dedicatoria “A Ana, Oli, Manolo e Calis, miñas irmás e irmáns, que recoñecerán nestas páxinas persoas, lugares e feitos. Para que nada se perda”, seguida dun limiar de Xosé Manuel Lobato Martínez. A novela está estruturada en dúas partes de similar extensión. A primeira está narrada en primeira persoa por Lola, a madriña, e a segunda por Tareixa, a súa neta e afillada. Ambas narracións comezan no mesmo punto, unha noite na que Tareixa ten unha cita. Despois de observala marchar no coche do home co que quedou, Lola bota a vista atrás e conta a historia da súa vida. Nada en 1918 nunha aldea do concello de Ordes, vive unha infancia feliz ata que, aos oito anos, a levan vivir á casa dos seus tíos en Merelle, que teñen unha pequena fortuna pero ningún fillo. Alí, ten que soportar o mal carácter e a dureza da súa tía Melania, mais tamén coñece a Pilar, que será a súa gran amiga durante toda a vida. Con quince anos, coñece a Cosme, co que casa despois de que este volva do servizo militar, mais comeza a Guerra Civil e chámano a filas. Cosme morre na guerra sen saber que ía ser pai, e Lola dá a luz a súa filla Carme sendo xa viúva. Non volve casar, malia que ten varios pretendentes, e durante a súa vida busca sempre o xeito de prosperar e ser independente, sendo a primeira persoa de Merelle que vai vender os seus produtos na praza en Santiago. Pola súa banda, a narración de Tareixa tamén comeza mentres se prepara para a súa cita, para despois contar a historia da súa vida. Tareixa pasa a súa infancia en Merelle, onde vive cos seus pais e irmáns na casa da madriña, mais ao comezar o bacharelato trasládase a Santiago. No instituto coñece a João, un rapaz portugués, sensible e con inclinacións artísticas, que tamén fora vivir a Merelle recentemente, e co que ten unha conexión inmediata. Despois de moitos anos de relación, no último ano de carreira Tareixa decide romper con João, ao sentir que necesita vivir novas experiencias. Comeza unha relación con Carlos, un home totalmente distinto, co que casa e ten un fillo. Tareixa, que deixa de traballar fóra da casa, ve como a súa vontade vai sendo anulada progresivamente polo maltrato psicolóxico do seu marido. Coa axuda da súa amiga Viri, é capaz de saír da relación e volve a Merelle co seu fillo para vivir con Lola. A novela pecha cun final esperanzador, con Tareixa recuperando a súa identidade co apoio da súa familia e amizades, e especialmente da madriña, “o seu faro, o espello no que se quere ver como persoa”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Madríña coraxe”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.026/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.026, “máis Libros”, 11 marzo 2018, p. 30.

Descríbese a novela como unha homenaxe á muller rural galega, ademais dun manifesto en prol da liberdade da muller. Está estruturada en dous bloques, o primeiro deles narrado pola madríña e avoa, Lola, e o segundo pola neta, Tareixa, formando “un relato dúplice no que se conxuga pasado e presente, tradición e modernidade, lembranzas e realidades palpitantes do hoxe”. Sinálase que a novela contén os sinais de identidade da escrita de Caramés Gorgal, como son a importancia da memoria, o papel decisivo da familia, a escrita de sensibilidade social, a problemática da liberdade e da identidade. Para rematar, elóxiase o lirismo da escrita, ademais da habilidade na narración e o retrato psicolóxico.

Referencias varias:

- A. Hoz, “M^a Carme Caramés Gorgal. ‘A literatura galega goza de boa saúde’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Las 1001 caras de Compostela”, 6 marzo 2018, p. 25.

Entrevista a M^a Carme Caramés Gorgal con motivo da presentación da súa última novela, *A Madríña*. As dúas protagonistas son mulleres, polo que existe unha clara identificación coa autora, ademais de promover ás mulleres como construtoras do seu propio destino e no avance de dereitos. Así mesmo realiza unha defensa da escrita en galego.

- Montse García, “Mari Carme Caramés”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 14 abril 2018, p. L10.

Anuncia a presentación da obra no Auditorio Multiusos de Santa Comba, canda Valentín García, María José Pose, Armando Requeixo e Manuel Lobato.

- Montse García, “Mari Caramés Gorgal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 22 xuño 2018, p. L11.

Anuncia brevemente a presentación do libro na Biblioteca de Ordes. A autora estará acompañada polo xornalista Ramón Vilar.

Constela, Xesús, *Lisa deitada*, A Coruña: Edicións Embora, decembro 2018, 108 pp. (ISBN: 9788416456901).

Obra do autor Xesús Constela (Ferrol, 1963). O libro estrutúrase en tres historias distintas que se van desenvolvendo simultaneamente e que, aínda pertencendo a contextos temporais diferentes, poñen de manifesto vinculacións entre elas. Por unha banda, nárrese os feitos protagonizados por dúas parellas de policía coa fin de resolver o caso dun incendio nun apartamento, onde morre unha muller. Por outra banda, cóntase a historia dunha nena que vive no rural e fai gala de comportamentos propios da súa idade ata que queda orfa. Por último, relátanse as circunstancias relativas a distintas familias chinesas que viven no bloque de edificios da protagonista, Lisa. A voz narrativa cambia,

de xeito inesperado, dunha historia a outra, pois a obra non presenta delimitación por capítulos. Con respecto á temática, desenvólvense cuestións como o racismo, presente en todo o libro desde as diferentes perspectivas das personaxes. A intriga vai medrar ao longo de toda a narración ata alcanzar o clímax final, cando se resolven os acontecementos pescudados pola policía. Neste senso, cómpre destacar o suspense creado polo autor ao vincular as diferentes historias mediante a temporalidade. As personaxes son de idades variadas, pois abarcan todas as xeracións. Ademais, é mester destacar a importancia da presenza de personaxes femininas na obra.

Dacosta, Henrique, *Á deriva*, ilustr. da capa Francisco García Rey, Vigo: Belagua Ediciones y Comunicación, col. Narrativa, abril 2018, 87 pp. (ISBN: 978-84-946959-6-4).

Volume narrativo de Henrique Dacosta (Ferrol-A Coruña, 1964) encabezado por unha dedicatoria ao ilustrador da capa e unha cita de José Saramago. Está composto por cinco relatos breves e un longo, case unha novela, de temática diversa mais marcados todos eles polo realismo cinguido por elementos fantásticos no desenvolvemento da trama e por un vizoso emprego da lingua galega. Ábrese co relato breve homónimo que intitula o volume, “Á deriva” (pp. 11-20), no que un narrador en terceira persoa dá paso a Tomás para narrar o insólito accidente da plataforma petrolífera *Discoverer Enterprise* que rompe a ponte das Pías ao impactar contra ela por mor do temporal e que os presentes na tasca atribúen ao comezo do seu relato á súa borracheira. A seguir acóllese o relato intitulado “Belarmino e o robalo” (pp. 21-33), subdividido en tres partes con numeración arábica, no que se conta a perseveranza do testán Belarmino para converterse nun home ra e tentar apresar o xigantesco robalo. “Canción de arrolar” (pp. 35-39) narra o fusilamento de Amada García o 27 de xaneiro de 1938 no castelo ferrolán de San Filipe, cando o seu segundo fillo, Gabriel, contaba escasos tres meses de vida; crítica o proceso de enganar continuos (falsos delatores e probas, unha pantomima de consello de guerra) que truncou a súa vida á idade de vinte e sete anos; e incide, a modo de reiterada ladaíña, en que “os mortos xa non poden pensar, camiñan silentes en rodopío en canto a memoria nolos trae” (pp. 38, 39) e que “continúan vivos aínda que non poidan pensar por si. E é que agora son outros quen teñen o deber de os pensar” (p. 39). “Maxia real” (pp. 41-47) constitúe a reescrita dun conto de Nadal con final case tráxico por mor da adición dos pais ao custo, que lles impedía decatarse do olor a gas butano mentres ían envolver os agasallos para os seus dous fillos. “Ofelia Seis Dedas” (pp. 49-62) relata, subdividida en catro partes, a iniciática e aciaga viaxe emprendida anos despois pola transneta de Isabel Barreto, quen sobrevivira en 1595 da segunda expedición austral na que pereceu o seu home, Álvaro de Mendaña, mariño e descubridor. O volume péchase co relato longo “Patria de vento tourón (Os males de amor da serea Margarida)” (pp. 63-86), subdividido en seis partes que encomezan na localidade de Covas, na parroquia de San Martiño, no ano 1913 e prosegue coa nova xornalística do asasinato de Xosé Louzao Sánchez, degolado na mina de Ouro, e as investigacións posteriores do médico Brais Couce Abeledo, encargado do levantamento do cadáver, axudado polo fareiro Terencio, namorado da serea Margarida.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A salvo da deriva”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.035/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.035, “máis

Libros”, 13 maio 2018, p. 30.

Dá conta do novo volume de relatos de Henrique Dacosta, *Á deriva*, publicado pola editorial viguesa Belagua. A temática desenvólta polo autor é variábel, desde a ambientación da Guerra civil ata a ruptura da ponte das Pías por parte dun navío.

- María Navarro, “Polos camiños do desacougo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 676, “Libros”, 5 xullo 2018, p. VI.

Dá conta da publicación da *A deriva*, escrita polo autor Henrique Dacosta. A portada está representada polo pintor Francisco García Rey. A obra está formada por unha serie de relatos de diferentes temáticas, cunha expresión moi coidada e que tende ao cómico mediante a ironía.

- Vicente Araguas, “Dacosta: dúas mostras exemplares”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.061/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.061, “máis Libros”, 11 novembro 2018, p. 32.

Infórmase da publicación de *Á deriva*, por parte de Henrique Dacosta da man da editorial Belagua. A obra consta de seis relatos que van desde o realismo ao realismo máxico.

Darriba, Manuel, *Elefante*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xaneiro 2018, 104 pp. (ISBN: 978-84-9121-300-0).

Obra narrativa de Manuel Darriba (Sarria, 1973). Estrutúrase en seis relatos, non obstante, os dous primeiros, “Elefante” e “Os urot’oki”, poderían ser considerados novela curta. En todos os textos ten lugar unha viaxe que serve para descubrir contextos estraños, inhóspitos e simbólicos. O texto que dá o nome ao libro correspóndese coa viaxe dun xornalista que debe visitar un edificio, no que aparentemente non hai nada. A partir desta historia mestúranse diferentes conceptos opostos, como o que é útil ou inútil, ou conceptos como razón e arte. No segundo relato, “Os urot’oki”, realízase outra viaxe para informar sobre a visita a un espazo particular. A partir de diferentes perspectivas achégase unha resposta ás indeterminacións que xorden a raíz da lectura, desde o plano ensaístico ou mesmo mediante diferentes opinións. Deste xeito, expóñense as bases antropolóxicas do ser humano; as relacións a través da tradición oral; a sociedade que convive sen guerras, pero tamén outros problemas, como a procura de pozos de auga. No terceiro dos relatos, “Pel de serpe”, represéntase outra viaxe, neste caso dunha xornalista a unha aldea por causa dunha batida de caza, xa que se sospeitaba que un lobo levara un meniño de seis meses. Co pretexto de investigar, ao penetraren en espazos tan pechados, mestúrase a desconfianza con conversas truncadas, procurando unha situación de desacougo contra o outro distinto. No cuarto dos relatos, “O viaxeiro”, de extensión curta comparado cos tres anteriores, preséntase outra viaxe na que se pon de manifesto o medo. “A selva” é o penúltimo dos relatos, onde a maior parte da narración é un diálogo entre un home e unha muller. Por último, “Autovía” é un relato sobre un grupo de amigos que conversan de xeito informal, porén, o protagonista, que se desenvolve con reservas, pode ocultar algo. Ademais, tamén se describen algúns elementos do espazo polo que transcorre a historia.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Narrativa transxenérica”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.021/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.021, “máis Libros”, 4 febreiro 2018, p. 30.

O libro, composto por dous relatos longos e catro minirrelatos, defínese como un desafío lector. “Elefante”, o relato que lle dá título á obra, é descrito como unha alegoría que revisa as estratexias do poder, mentres que “Os urot’oki” sostén unha alegoría política en clave identitaria. Sobre “Pel de serpe”, “O viaxeiro”, “A selva” e “Autovía” destácase a batalla interior que libran os personaxes para construírse a si mesmos. Defínese a escrita de Manuel Darriba como transxenérica, por ser capaz de desfacer as barreiras dos xéneros coas súas “prosas tramadas de fluído poético”. Finalmente, afírmase que o libro ten ecos de Borges, Carver, Faulkner, Conrad ou Joyce, e que se trata dun exemplo de narrativa galega filla do seu tempo.

- Ramón Rozas, “A resistencia á escritura”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 116, 4 febreiro 2019, p. 6.

Elóxiase a capacidade de Manuel Darriba de xerar coa súa escrita un universo propio e a súa audacia na loita contra convencións e clichés, que o fai percorrer “novos vieiros” literarios. Coméntanse os temas dos relatos que conforman o libro, con especial atención para “Elefante”, do que se destaca “a discusión do simbólico nunha sociedade, das condutas e comportamentos do ser humano para illar a realidade dunha comunidade fronte á que sería a súa última premisa como é a da convivencia a prol do individuo”, e “Os urot’oki”, no que aparece “a lingua e o seu poder na comunidade, a súa valorización como ferramenta, pero tamén como construción da paisaxe”.

- D. S., “Entre mito e distopía”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, 1 marzo 2018, p. 3.

Destaca a ruptura das expectativas que produce esta obra de Manuel Darriba, repleta de “horizontes indefinidos” e que supón un constante desafío para o lector. Considérase que a súa escrita está entre as máis orixinais da literatura galega e ponse en relación con Camilo Gonsar ou Méndez Ferrín.

- Diego Ameixeiras, “As máscaras do poder”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 9 marzo 2018, p. 6.

Sínálase a singularidade da obra literaria de Manuel Darriba, do que se di que ocupa un dos lugares máis destacados da narrativa galega contemporánea. Dáse conta do arriscado do seu proxecto, que non dubida da comprensión lectora do seu público, e elóxiase o seu emprego do simbolismo e a súa excelente prosa.

- Ana Salgado, “Falar calado”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 82-83.

Fai referencia ao libro anterior do autor *O bosque é grande e profundo* (Xerais, 2013). Comenta que a obra está composta por seis relatos e de que a temática pivota arredor do temor, da brutalidade e dos conflitos de poder. Fala do argumento dos tres primeiros relatos destacando os trazos que comparte a narración inicial coa distopía e o papel da arte como reduto da diverxencia. Con respecto ao segundo, informa de que constitúe a estampa dunha sociedade tradicional e oral na que emerxe o fascismo e vincula á obra *Os*

indios deixaron os verdes prados (2010). Apunta que o terceiro relato recolle a visión dun xornalista sobre as clases traballadoras e que tamén trata a desintegración do rural. Por último, pon en relación a obra con outras como *Co Co U* de Luz Pichel ou *Mal mor* de Emilio Araújo.

- Ana Salgado, “Non penses no monte Gaiás”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Protexa”, abril 2018, p. 94.

Explica que constitúe un libro de relatos composto por seis textos, que comparte título co primeiro deles, e que os dous primeiros relatos son longos e os demais breves. Pon en relación esta obra coas anteriores do autor *Branco* (Galaxia, 2009), *O bosque é grande e profundo* (Xerais, 2013) e *Os indios deixaron os verdes prados* (2010, Deputación da Coruña). Explica que a temática da obra xira arredor do temor, da crueldade, do illamento do rural, dos aparatos de poder que operan sobre os individuos ou do nacionalismo. Subliña que as denominacións de lugares e personaxes semellan remitir á distopía pero en realidade aluden ao presente. Fai referencia á relación da obra con *Arrabaldo do norte* ou *Estirpe* de Ferrín. Subliña, no tocante ao estilo, a combinación da escrita xornalística con outra máis abstracta.

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Manuel Darriba. ‘Non estamos ante un futuro tenebroso, senón nun presente horrible’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 15 marzo 2018, p. 51.

Dáse conta da presentación do libro na librería Trama de Lugo, e reproducense fragmentos dunha entrevista co autor. Este fala sobre a importancia da hibridación e o experimental na súa escrita, comenta os relatos que compoñen *Elefante* e fai referencia a algúns acontecementos reais que os inspiraron.

- Ana Salgado, “Manuel Darriba”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Protexa”, abril 2018, pp. 92-93.

Entrevista ao escritor Manuel Darriba. No tocante á literatura galega explica que o autor posúe obra xornalística, narrativa e poética. Alude á saída ao prelo da súa obra *Elefante* (Xerais, 2018), novela que xira arredor dos dispositivos de autoridade, da crueldade, do temor, da confusión e do inconformismo. Afonda nas fontes biográficas e bibliográficas da obra e fai referencia á pegada da opresión na mesma. Alude á obra anterior do autor *O bosque é grande e profundo* e ao seu carácter de distopía ao presentar unhas circunstancias de conflito bélico e movementos de refuxiados. Incide en que o libro publicado achega problemáticas actuais e afonda no sentimento de illamento.

Duncan, Xosé, *As lembranzas perdidas no lago Antelväri*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, febreiro 2018, 232 pp. (ISBN: 978-84-9151-160-1).

Volume de Xosé Duncan (Chorente, 1970) que se estrutura en vinte e catro capítulos e mais un epílogo nos que se narra a historia dunhas criaturas de luz que habitan as profundidades dun lago situado nas Fragas do Antelväri. A verdadeira natureza deses entes revélase a partir das vivencias de cada un dos habitantes do lugar. Preséntase unha sociedade rexida por una misteriosa organización, a Asociación, destinada a facerse cargo

de anciáns e doentes. Entre os diversos personaxes destaca o vello Olavi, que se traslada a vivir ás marxes do lago para fuxir dos seus recordos. A raíz da súa historia, amósanse outros habitantes da vila, coma os traballadores de correos Makie e Pil, as viúvas Helena e Ylva ou a dirixente da Asociación, Laura Xiada. Tamén conta da chegada de dúas personaxes foráneas, o estudoso de fenómenos paranormais Xabier e a aspirante a reporteira Linda Negreira, e descubrirose o alcance do poder da Asociación, a súa relación coas criaturas do lago e a natureza e o poder deses seres. En cada capítulo, Xosé Duncan achega unha reflexión de carácter universal sobre os diferentes condicionantes da existencia humana coma o paso do tempo, a soidade, a morte, a sede de poder, a opresión social ou as lembranzas como principio constitutivo da humanidade.

Eiré, Afonso, *Memorias dunha vaca marela*, A Coruña: Hércules de Ediciones, xuño 2018, 240 pp. (ISBN: 978-84-948619-1-8).

Obra de Afonso Eiré (Laxe, 1955) que recupera a figura de Cachorra, a protagonista de *Eu tamén fun coas vacas*. Neste libro, Cachorra fálanos directamente para contarnos a súa vida. Unha vida que simboliza a transformación dunha explotación gandeira, que vai desde a corte a un moderno establo, desde a gandería de subsistencia á explotación industrial, desde o traballar xunguidas ao carro e ao arado, ao tractor con aire acondicionado e música estereofónica. Nesta historia inventada, pero tremendamente real, descríbese tamén a transformación e o declive das aldeas. Coa maestría do narrador singular que é Afonso Eiré, de quen coñece do que fala e sabe contalo para enchernos de lembranzas.

Recensións:

- Xosé Castro Ratón, “Relato sociolóxico na ollada dunha vaca”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 24 maio 2018, p. 6.

Analiza a publicación de *Memorias dunha vaca marela* polo autor Alfonso Eiré. Trátase dunha ficción pero ben podería ser un tratado de etnografía pola abundante relación no rural galego entre o ser humano e o gando. Publicada pola editorial Hércules, súmase a unha liña literaria comezada por *Memorias dun neno labrego* ou *Eu tamén fun coas vacas* tamén do noso autor. Polo tanto, é imprescindible a visión histórica da perspectiva pasada e futura da política agraria da nosa terra.

- Ramón Nicolás, “A derradeira vaca de Lucenza”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 17 agosto, p. 2018.

Considera que a obra constitúe unha homenaxe a un “universo en transo” simbolizado pola vaca marela protagonista, testemuña dos cambios no rural galego, principalmente o paso dunha economía de subsistencia á explotación tecnoloxizada e industrial. Eloxia o dominio do rexistro lingüístico que fai que a novela poida transitar do humor á traxedia, pasando pola tenrura ou a indignación.

Referencias varias:

- Rosa Cano, “Afonso Eiré lanza un novo libro: ‘Memorias dunha vaca marela’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 abril 2018, p. 39.

Anuncia a próxima publicación de *Memorias dunha vaca marela*, de Afonso Eiré. Menciona que o animal protagonista xa apareceu noutra obra do autor, *Eu tamén fun coas vacas*, e anuncia que a novela se trata dunha radiografía dos cambios na sociedade rural galega.

- Montse García, “Afonso Eiré”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 15 maio 2018, p. L10.

Anuncia sucintamente a presentación do libro, que aborda os cambios acontecidos nas explotacións agrícolas e gandeiras. O autor estará acompañado por Xosé Luis Rivas, *Mini*, Francisco Rodríguez e Esperanza Delgado.

- A. Baena, “Afonso Eiré. ‘A vaca é un símbolo da resistencia galega, a adaptación ao cambio e a victoria final’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 1 xuño 2018, p. 9.

Nesta entrevista con Afonso Eiré, o escritor comenta a cuestión da entrada na Unión Europea e as súas consecuencias para a gandería galega, e define a vaca como un símbolo da resistencia galega e da adaptación aos cambios tanto sociais como culturais.

- Cuca M. Gómez, “Libros, libros... y nada más”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 xuño 2018, pp. 62-63.

Recolle unha nota sucinta, con fotografía incluída, da presentación da novela de Afonso Eiré no Centro Social do Gorgullón, nun acto organizado por Maio Longo. Acompañárono Xosé Abilleira e Anxo G. Guerra.

- Diego Luengo, “Afonso Eiré. ‘A literatura ten que valer para contar historias e aquí vai unha que non estaba contada’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 12 xuño 2018, p. 37.

Comenta a presentación na Asociación Cultural Alexandre Bóveda na Coruña do libro *Memorias dunha vaca marela*, escrito por Alfonso Eiré e publicado pola editorial Hércules.

- María L. Viñas, “Afonso Eiré. ‘Para a Cachorra as frisoas están na fábrica; son obreiras do leite’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 xuño 2018, p. 55.

Fai referencia á presentación na librería Trama de Lugo da obra, *Memorias dunha vaca marela*, escrita polo autor Alfonso Eiré. Recupera a protagonista doutra das súas obras, *Eu tamén fun coas vacas*, onde se articulan aspectos como a transformación da vida no rural galego, desde a gandería de subsistencia á explotación industrial.

Esteban, Manuel, *O meu nome é Ninguén*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º. 431, setembro 2018, 296 pp. (ISBN: 978-84-9121-427-4).

Esta novela de Manuel Esteban (Vigo, 1971) consta de tres bloques, antecidos por unha breve “Xénese” e finalizados por un apartado de “Agradecementos”, intitolados “Primeira Parte. As almas cárgaas o díaño”, que engade unha cita de Sócrates; seguida

dun “Entreacto. Estás morto e non o sabes”, cunha cita de Fernando Pessoa; e, por última, por unha “Segunda Parte. A estirpe de uncas”, tamén cunha cita do escritor lisboeta. Esta novela policial ten como protagonista a Carlos Manso, un ex-inspector de policía que malia as dificultades ás que se debe enfrontar, loitará ata chegar á verdade sobre o asasinato do seu irmán e o da súa moza. Ambos os dous aparecen mortos en estrañas circunstancias no piso do falecido. Tras moito pescudar, Carlos Manso descubre a verdade: o seu irmán e a súa moza foron asasinados xa que estaban a colaborar coa policía nun caso de pederastia entre o alto clero da cidade olívica que afectaba directamente ao bispo de Vigo. A narración, contada en primeira persoa polo propio protagonista, traballa temas como o fracaso persoal, a soidade, a vida, a morte, as desigualdades sociais, as inxustizas, os abusos de poder, os abusos sexuais, a falta de valores éticos ou a perda da identidade persoal. Na obra predominan os diálogos entre o protagonista co resto de personaxes, as abondosas reflexións en chave existencialista do protagonista, as minuciosas descrições da cidade viguesa e os seus arrabaldes así como dos distintos personaxes que conforman a novela. Destaca tamén o emprego dunha linguaxe clara e directa, inzada de vocábulos malsoantes que reflicte á perfección a visión pesimista da vida que amosa o protagonista. En palabras do propio Manuel Esteban, “Este libro, pretende mergullarse nalgunhas das vellas preguntas da filosofía” (2018: 287).

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O regreso do inspector manso”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 21 setembro 2018, p. 6.

Comenta a publicación *O meu nome é ninguén* escrita por Manuel Esteban. É editada pola editorial Xerais, pertencendo ao xénero de novela negra.

- Pilar Ponte, “Con oficio. Un fermoso cabalo de Troia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 687, “Libros”, 1 novembro 2018, p. VI.

Atende a determinados aspectos da novela como a súa temática ou algunhas características do protagonista, destaca tamén que o autor se consolida como un escritor “de oficio” coa publicación desta segunda obra, que precede á publicación de *A ira dos mansos*.

Feijoo, Pedro, *Sen piedade*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, xuño 2018, 248 pp. (ISBN: 978-84-9121-400-7).

Obra de Pedro Feijoo (Vigo, 1975) protagonizada por dous amigos que deciden emprender unha viaxe por carretera cun antigo Dodge Charger do ano 1968. Trátase dunha novela negra que intenta chamar a atención sobre ese manto de silencio co que ás veces se tapan as historias. Para o autor, o libro supón “un axuste de contas coa realidade, comigo mesmo”.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Sen piedade cun mesmo”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 142, 15 xullo 2018, p. 4.

Describe *Sen Piedade* como un libro arriscado no que o autor verteu as súas pantasma persoais, e que supón a súa mellor novela. Dá conta brevemente do seu argumento, que a primeira vista pode parecer propio dunha historia de xénero negro, pero que a medida que a novela avanza se converte en algo distinto. Destácase a importancia das temáticas do amor e a amizade e valórase a presenza dunha problemática social como é a violencia contra as mulleres. Elóxiase a facilidade de lectura da novela, que non está en contradición coa calidade da escrita.

- Daniel Salgado, “Pedro Feijoo. ‘Estou canso de recibir paus por poñer decenas de milleiros de lectores na mesa’”, *Sermos Galiza*, “*fóradeserie*”, 9 agosto 2018, pp. 4-5.

Informa da publicación de *Sen piedade* de Pedro Feijoo, quen a describe como unha novela moi íntima alonxada da estética narrativa do thriller, da novela negra ou da novela histórica tan característica da resto da súa produción.

- Montse Pena Presas, “O destino como camiño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 682, “Libros”, 27 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 624, “Letras galegas”, 6 outubro 2018, p. 3.

Comenta a publicación da nova obra de Pedro Feijoo, *Sen piedade*, na editorial Xerais. Desta volta mergúllase nunha historia cun ritmo dinámico e ben narrada, abandonando do primeiro plano o compoñente tan característico do autor.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, “Pedro Feijoo. ‘O discurso do libro son eu axustando cuestións pendentes comigo mesmo’”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 17 xuño 2018, p. 40.

Nesta entrevista con Pedro Feijoo, o escritor fala da xénese de *Sen piedade*, que comezou a escribir como unha novela xuvenil, pero que rematou por converterse na súa obra máis persoal, na que axusta cuestións pendentes consigo mesmo. Tamén se describe como un autor que non aspira á calidade literaria, senón a entreter e sorprender aos seus lectores, resaltando as boas vendas das súas obras fronte ás críticas.

- Ana G. Liste, “Pedro Feijoo. ‘Nesta novela intento contar a historia da persoa que hai detrás do autor’”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 21 xuño 2018, p. 34.

Nesta entrevista con Pedro Feijoo, o escritor describe *Sen piedade* como unha visión da parte máis escura do amor, unha novela na que se centra na dor causada polas relacións, e afirma que a escrita da obra o colocou diante de moitas experiencias persoais.

- Lucía Montáns, “Eles personaxes, elas protagonistas”, *La Región*, “*Agenda*”, “Presentación”, 16 outubro 2018, p. 18.

Entrevista a Pedro Feixoo con motivo da presentación da súa última obra *Sen piedade*, na libraría Nobel. Obra editada por Xerais que se encadra dentro da novela xuvenil, pero cun carácter máis agresivo e profundo, tratando a situación actual das mulleres en sociedade.

Fernández Davila, Francisco, *Alana*, Premio XVII Certame Literario Antón Avilés de

Taramancos, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2018, 98 pp. (ISBN: 978-84-948966-1-3).

Novela curta de aventuras cuxa acción está situada nos primeiros anos da conquista romana dos territorios ao norte do Miño. A trama xira en torno ao ataque do Imperio ao castro de Trega e á resistencia das diversas tribos oriúndas da zona, principalmente a dos grovios, ademais do relato da viaxe realizado por mar por membros do pobo dos brigantes, que acoden en axuda dos asediados. A sucesión alternante das liñas narrativas protagonizadas por grovios e brigantes dota de axilidade e dinamismo o relato, repleto de pasaxes de acción, que chega ao seu clímax coa reunión das tribos aliadas e a derrota romana. Obra coral, abundan as personaxes femininas representadas como valentes guerreiras, caso de Alana e Brianna, ou veneradas matriarcas como Glenda, as cales resultan estar vencelladas por lazos de sangue. Ademais, dáse conta de usos e costumes dos pobo celta, galaico e romano.

Fernández Rial, Rosalía, *Bonus Track*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 368, febreiro 2018, 164 pp. (ISBN: 978-84-9151-154-0).

Novela de Rosalía Fernández Rial (Carballo, 1988) que ao longo de 22 relatos (“Afouteza punk”, “S.O.S”, “Amalia Spray ou Lili Marleen”, “Un froito estraño”, “Só tambor”, “Oe, como vai?”, “Espírito adolescente”, “Centro cidade”, “Estou viva”, “Morrer co corazón na man”, “Campos de amorodos”, “Bailando as rúas”, “Ensaio xeral”, “Paxaros na cabeza”, “Bailador, baila con ela”, “A casa do sol nacente”, “Un pequeno valse”, “Astronautas”, “Augas de marzo”, “A máis linda” e “Xira o mundo xira”) ofrece unha reformulación de certos valores que a miúdo damos por sentado mais que non sempre responden ás formas máis xustas de ser e estar no mundo. É así que nos situamos nunha obra narrativa de temática de corte social, ou cando menos que pretende mostrar un tratamento literario de temas e historias de forte carácter popular como o racismo, a homofobia ou a violencia machista. Responde, por tanto, a un forte afán por poetizar historias da xente corrente ou de personaxes marxinais desde unha linguaxe accesíbel, directa e familiar, con un toque de mestría e elegancia, dando lugar a un estilo moi desaliñado. A música e a literatura son presentadas como elementos de esperanza, beleza e representación do sublime a través do meta literario. Isto débese a que a música é o eixe vertebrador de todos e cada un dos relatos e as letras das cancións forman parte dos feitos e da historia. Desde o punto de vista formal destaca o uso de xogos coa voz narradora e o punto de vista, xa que se intercalan nun mesmo relato narrador omnisciente e narrador protagonista.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Relatos desiguais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 665, “Libros”, 19 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 614, “Libros”, 28 abril 2018, p. 10.

Menciónase que se trata da primeira obra narrativa da autora, que ata o momento cultivara sobre todo a poesía. Resáltase a presenza da música como elemento común dos diferentes relatos e fío condutor das súas tramas. As temáticas deste libro de relatos curtos son variadas, pero todas sacadas da vida cotiá actual. Sinálase a calidade desigual dos vinte e dous contos dos que se compón o libro: na gran maioría, a autora presenta mundos

abraiantes, pero algúns deles carecen de suficiente substancia. A prosa descríbese como concentrada, de frases breves e con abundancia de elipses.

- Diego Ameixeiras, “Música despois do silencio”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.080 almas”, 4 maio 2018, p. 8.

Comenta a publicación do primeiro libro de relatos, *Bonus track*, por parte da autora Rosalía Fernández Rial e publicado pola editorial Galaxia.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Rosalía Fernández. ‘Queremos impoñer máis etiquetas das que realmente caben na literatura’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 maio 2018, p. 9.

Nesta entrevista con Rosalía Fernández Rial, a escritora fala da relatividade das fronteiras entre xéneros e artes, mencionando o lirismo presente na súa narrativa e que o xerme dos relatos de *Bonus Track* se atopa en distintas cancións.

- Cuca M. Gómez, “Palillada previa al Día da Muiñeira”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 maio 2018, pp. 70-71.

Recolle unha nota sucinta, con fotografía incluída, do “Vermú entre libros” que Montse Pena Presas e Rosalía Fernández Rial compartiron na Librería Paz.

- Clara Aldán, “Espíritu navideño en la Boa Vila”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 26 decembro 2018, p. 9.

Faise referencia a *Bonus Track* de Rosalía Fernández Rial, libro que foi un dos regalos de Nadal da xornalista.

Ferreiro Almeda, Ricardo, *Máis alá do río do esquecemento*, Premio III Certame de relatos Balbino, Santiago de Compostela: Edicións Fervenza, decembro 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-17094-47-8).

Obra narrativa de Ricardo Ferreiro Almeda (Alcalá de Guadaira, Sevilla, 1958) gañadora do III Concurso ‘Balbino’ de Relatos. O libro constitúe un conxunto de relatos ambientados no rural da Limia. As diferentes historias caracterízanse pola variedade argumental e a presenza de varios personaxes. A través destes últimos, nos diferentes relatos o autor desenvolve distintos aspectos relacionados coa mitoloxía e das lendas populares galegas ligadas á contorna rural na que se sitúan. Aínda que os personaxes son múltiples, aparecen solidamente caracterizados. Deste xeito, serven para trazar diferentes historias de interese que adoitan caracterizarse polo seu remate singular. A nivel estilístico, a obra destaca polo emprego dunha narrativa carente de artificios.

Figueiredo, Ana R., *Os bicos feridos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 377, 396 pp. (ISBN: 978-84-9151-259-2).

Obra de Ana R. Figueiredo (Ourense, 1979) que relata a historia de Olivia, unha brillante

estudante que se ve na obriga de abandonar Santiago de Compostela e emigrar ao estranxeiro na busca de traballo. Instálase en Londres e alí atopa traballo de *ou pair* nunha familia de clase media. O móbil e as redes sociais conéctana coa súa vida anterior, mentres se sente perdida e soa nunha inmensa cidade cun coñecemento precario de inglés e limpando unha casa e un laboratorio, en lugar de traballar nel. Os seus sentimentos de soidade e frustración vital mudarán coa chegada de Manuel, un gran apoio para a protagonista.

Figuroa Panisse, Adela, *Atlantidae: Mulher d'Água*, limiar de Xurxo Souto, ilustr. M^a Celsa Sánchez, Santiago de Compostela: Fundación Eira, 2018, 180 pp. (ISBN: 978-84-697-9180-6).

Adela Figuroa Panisse (Lugo, 1948) recolle sete relatos protagonizados por personaxes femininas cuxas vidas veñen marcadas polo mar. O libro abre cunha dedicatoria á súa nai: “Para Adela Panisse, minha mae. Quem nao arrisca nao cruza a mar”, seguida dun breve prólogo de Xurxo Souto. Panisse coloca o foco no universo feminino, un mundo no que as mulleres son as responsables das súas vidas e das súas propias eleccións. As paisaxes naturais van xogar un papel fundamental na obra, erixíndose como un personaxe máis en moitos momentos do relato. A autora luguesa combina narrativa con poesía, dialogando entre si o texto narrativo e o texto poético. Os poemas, intercalados no medio da historia, son cantados polas protagonistas. A autora fai unha aposta clara pola normativa do Acordo Ortográfico para o mundo luso-galaico, amosando a súa querenza pola lingua portuguesa. Os contos por orde son: “A Galeguinha”, “Atlántidae”, “Arminda e o Mar Sonhado”, “Amarelinha”, “Alodia de Vistande”, “Uma Meninha de Aldeia” e “O Grito da Terra”. Outro aspecto relevante que enriquece á obra son as ilustracións de M^a Celsa Sánchez que acompañan ao texto, a través de enxeñosos debuxos de trazo sinxelo e cores rechamantes.

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, “Adela Figuroa Panisse. ‘Son sete contos con historias femininas’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 9 xuño 2018, p. 10.

Entrevista coa autora Adela Figuroa Panisse con motivo da presentación do seu último libro *Atlantidae. Muller d'água*. Protagonistas femininas, baixo a investigación de sucesos reais. A presentación desenvolverase no patio do Vello Cárcere, onde a autora estará acompañada de Sonsoles López Izquierdo, deputada provincial, e contará coa actuación de Branca Villares.

- Cuca M. Gómez, “¿Como puede no tener vestido?”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 agosto 2018, pp. 62-63.

Recolle a presentación en Poio do volume de contos oceánicos, da man de Guillermo García de la Riega na Praza de Cristóbal Colón; engade fotografía.

- Ágatha de Santos, “Homenaje al paisaje gallego a través de siete relatos de mujeres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 decembro 2018, p. 15.

Adela Figuroa Panisse e María Celsa Sánchez Vázquez presentan o seu libro, *Atlantidae. Mulher d'Água* da Fundación Eira. A obra está composta de sete relatos, que homenaxean

as súas nais polo papel que desenvolveron na súa vida na reivindicación das mulleres. Polo tanto, tamén se tratan aspectos como o ecofeminismo e a defensa do planeta.

Fontoira Surís, Rafael, *Xan do arrabaldo*, Santiago de Compostela: Edicións Laivento, col. Narrativa, maio 2018, 172 pp. (ISBN: 978-84-8487-402-7).

A novela de Rafael Fontoira Surís, *Xan do Arrabaldo*, está ambientada na comarca de Pontevedra durante a disputa monárquica do século XV entre Isabel e Xoana. A obra está dividida en dez capítulos de similar extensión. O protagonista da obra Xanciño, pertence a unha familia humilde, mariñeira, recibindo clases por parte dun abade, introducíndose así na relixión católica desde moi novo. Co inicio da contenda no territorio galego, a vila de Pontevedra vai ser un dos espazos onde se disputen algunhas batallas. O tío de Xanciño, Xaquín, non pode atracar en Marín, polo que o fai a carón da Seca para evitar ir a un porto tomado polas armas. Mentres, a cidade de Pontevedra é controlada por tropas portuguesas, por tanto, non existe comunicación coas aldeas circundantes; Xanciño entra pactando cunha torre e así poder facerlle chegar a súa tía cartos e alimentos. Co paso dos días, Xacob, un amigo xudeu de Xanciño, e máis el atopan un soldado malferido e póneno a cuberto salvado, posteriormente chamando ao médico e salvándolle a vida. Cumprindo coa tradición familiar, Xanciño embárcase co seu tío Xaquín, e comeza a aprender o seu futuro oficio de mariñeiro. Embárcanse polo norte de Europa, onde Xanciño coñece á filla doutro capitán Marieke, coa que terá unha fervente amizade. A embarcación está enfocada en transporte de alcohol, sal e algún outro material, todo baixo a supervisión do armador do barco Adon Dinis, pai de Xacob. Co avance da guerra, a comarca cada vez é máis perigosa, aínda así, Xanciño intenta volver entrar en Pontevedra para ir xunto á tía, pero desta volta é atrapado e condenado por traizón. Durante o xuízo, resulta que aquel soldado malferido era o xuíz, terminando por absolvelo de todos os cargos que se lle imputan. De volta na casa, Xanciño volve navegar co seu tío, desenvolvendo o cargo de piloto e navegando polas zonas do sur até Sevilla, na procura de cargamento para levar até a zona do norte da Bretaña. Co avance católico de Isabel na guerra, moitas familias xudías deben abandonar a súa vivenda, como é o caso de Xacob e Adon Dinís que marchan de Pontevedra, poñendo todas as súas propiedades á venda. Con isto, ao remate da obra con Xanciño xa de capitán, negocia para mercar unha casa propiedade de Adon Dinis co obxectivo de independizarse. No que respecta ao eido gramático, no sucesivo desenvolvemento da obra obsérvanse numerosas grallas, “ata sacouse a capa negra”, ¿estou tentado de pedirlle o teu pai que che castigue!”, “se es que podó” ou “os meus irmáns no poden”, “pero a bicou, ben bicada”, estes feitos son dignos de resaltar, xa que son grallas bastante graves de escrita, tanto na colocación dos pronomes persoas, como na forma do adverbio de negación e a flexión verbal, ambas en castelán.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Unha narración amable”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 674, “Libros”, 21 xuño 2018, p. VI *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 623, “Letras galegas”, 30 xuño 2018, p. 6.

Informa da publicación de *Xan do Arrabaldo* de Rafael Fontoira Surís, unha narración que mestura trazos da novela de aventuras e de aprendizaxe que nos conta como Xanciño perseguiu o seu soño de ser capitán dunha carabela, acompañando dun retrato da Pontevedra e da Galicia tardo-medievais.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Adiós a Cantos de Taberna”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 maio 2018, pp. 62-63.

Recolle a nova da presentación do libro do arquitecto e historiador pontevedrés Rafael Fontoira na sé da Asociación de Vecinos San Roque. Estivo acompañado no acto por Milagros Bará.

- Belén López, “Rafael Fontoira. ‘Pontevedra débello moito á Moureira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 maio 2018, p. 8.

Presentación da novela, *Xan de Arrabaldo*, escrita por Rafael Fontoira e que se presenta na Asociación de Veciños San Roque. A segunda novela do autor correspóndese cunha ficción que recrea a vida da cidade de Pontevedra a finais do XV, achegándose ao eido narrativo, xa que anteriormente centrara a súa produción no ensaio e o patrimonio da provincia. O protagonista é un neno de Moureira de abaixo que vive Pontevedra, cando esta é tomado polos portugueses ao mando de Pedro Madruga e a posterior represión das tropas dos Reis Católicos.

- Marcelino Agís Villaverde, “Historia de un joven marino”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 30 xullo 2018, p. 2.

Dá conta do contexto histórico e do argumento principal do libro.

Fuentes, Moncha, *O mar que nos leva*, foto capa Fran Herbello Hermedo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, novembro 2018, 153 pp. (ISBN: 978-84-9121-451-9).

Novela intimista de Moncha Fuentes (Marín-Pontevedra, 1952) relatada por un narrador omnisciente en terceira persoa que recolle o fluír da conciencia da protagonista, Mariña Brei, a véspera de operarse dun tumor na mama e de iniciar o tratamento posterior de quimio e de radioterapia. Durante esas horas previas Mariña Brei Catrofes fai un balance vital da súa vida, semellante a Leopold Bloom, a quen cita entre outras referencias literarias escritas orixinariamente en distintas linguas e tamén en galego. Cada un dos trinta e catro capítulos que conforman a novela caracterízanse polo uso constante de comas que separan os elementos, personaxes e feitos rememorados pola protagonista e coa existencia só dun punto final para pechar cada capítulo. Mariña Brei alude á emigración galega a Bos Aires e, nese percorrido memorístico, suma as súas vivencias persoais, narradas dende a memoria apreixada sobre todo a través dos sentidos da vista e o tacto, co contexto histórico dos movementos estudiantís en Santiago de Compostela en 1968 e as loitas obreiras en Vigo en 1972. No repaso vital, percorre dende Mens (localidade natal da casa da agarimosa avoa Amalia ata Pontevedra (onde comezou o seu labor como docente) pasando por outras cidades onde viviu por mor de estudos e traballo (Santiago de Compostela, Barcelona e Vigo) e por outras localidades vinculadas á familia do seu amado Paulo (Ourense e Entrimo).

Recensións:

- Pilar Ponte, “Recrear a vida. Un discurso maduro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”,

n.º 693, “Libros”, 13 decembro 2018, p. VI.

Sínálase que a autora ten a experiencia vital necesaria para recrear a vida literariamente cun discurso maduro, en lugar de fantasiar sobre ela. Exprésase admiración polo estilo e a lingua da novela, con especial atención para o *travelling* de tres páxinas do primeiro capítulo. Saliéntase a importancia dos espazos e a mestría na creación de caracteres e no retrato das relacións entre personaxes femininas. Faise referencia ao contexto histórico da novela, situada nos últimos anos do franquismo, e á capacidade da autora para retratar esta época. Finalmente, elóxiase o final da novela, que deixa o lector sobrecolido.

Gago, Manuel, *O exército de fume*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 428, xuño 2018, 448 pp. (ISBN: 978-84-9121-392-5).

Obra de Manuel Gago (Ribeira, 1976) ambientada a comezos de 1942, momento no que Galicia está a vivir dúas guerras ocultas ao tempo. Por unha banda, nazis e aliados combaten no mar e nos portos polo dominio do Atlántico. Por outra, a resistencia ao poder de Franco. As dúas tramas entrecrúzanse así como os seus protagonistas: unha mestra que recibe o seu primeiro destino nunha distante aldea da Costa da Morte, un guerrilleiro de sona que acepta a misión máis perigosa e un pintor de océanos que asume un incómodo encargo. Sen sabelo, os tres van ficar unidos polo desengano, a esperanza e a valentía, nun remuíño que une os seus pasados cos dramáticos acontecementos de Europa. O autor mestura historia, lenda e ficción.

Recensións:

- Borja Casal e X. F., “Unha guerra oculta na memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 agosto 2018, p. 29.

Infórmase da publicación, *O exército do fume*, obra de Manuel Gago editada por Xerais, onde aparecen representados personaxes recoñecíbeis como Urbano Lugrís ou Winston Churchill.

- Francisco Martínez Bouzas, “Heroes malia seren derrotados”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 690, “Libros”, 11 outubro 2018, p. VI

Informa da publicación de *O exército de fume*, por parte do escritor Manuel Gago e editada por Xerais. Correspóndese cunha novela de ficción que inclúe a intriga e suspense como bandeira, a través dos acontecementos que sucederon en Galicia, entre nazis e guerrilleiros, durante a Segunda Guerra mundial.

- Patricia Arias Chachero, “Unha narración ambiciosa e ben documentada”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 79-80.

Ofrece unha recensión da obra *O exército de fume* (Xerais, 2018) de Manuel Gago. Destaca que constitúe unha novela de temática histórica e ficcional sobre a Galicia da Segunda Guerra Mundial a través das accións sociais, culturais e políticas de diferentes membros da poboación. Dá conta da variedade de localizacións, protagonistas e historias. Por último, pon en relación a obra con outras da literatura galega que tratan semellante temática como *Izan* o da saca de Xabier Quiroga ou *Febre* de Héctor Carré.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Manuel Gago. ‘A obra ocorréuseme entre soldados que deliraban con ataques en Afganistán”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 xuño 2018, p. 52.

Dá conta da obra de Manuel Gago, *O exército de fume*, publicada pola editorial Xerais. No contexto galego durante a Segunda Guerra Mundial, o autor representa os distintos niveis de combate ente os maquis e os nazis. A dor e o heroísmo son algúns dos elementos presentes en todo o texto.

- Santiago Jaureguizar, “Un monarca sen reino nin coroa nin vasalos”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 138, 17 xuño 2018, p. 8.

Informa da publicación de textos inéditos pertencentes a Valle Inclán en 1909, *Una tertulia de antaño*, están editados polo seu neto Joaquín María del Valle Inclán Alsina. Neles pódense interpretar diferentes consideración que Valle realizou a nivel ideolóxico, concretamente sobre o carlismo.

- Raquel C. Pérez, “Os británicos definían Galicia nos 40 como zona de guerra”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 5 xullo 2018, p. L10.

Informa da presentación da obra, *O exército de fume*, cuxa autoría pertence a Manuel Gago. A novela está ambientada na Galiza de 1942, onde residía unha guerra en diferentes planos, o guerrilleiro e a do exército nazi co bando aliado. O acto conta coa presenza dos narradores, Celso Sanmartín, Soledad Felloza e Maria da Pontragh.

- Ramón Nicolás, “Antifranquismo, espionaxe...”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 24 agosto 2018, p. 6.

A novela descríbese como un proxecto narrativo ambicioso, ben documentado historicamente e posuidor dun “registro de trazo rápido e fluído”, con certa inspiración cinematográfica. Sinálase o interese do tema, a oposición ao franquismo e a espionaxe e contraespionaxe levada a cabo en Galicia por Inglaterra e Alemaña.

González Ahola, Tomás, *Manual de medo, noxo, vicio e morte*, Santiago de Compostela: Contos Estraños Editora, col. 666 enxendros, decembro 2018, 126 pp. (ISBN: 9788494930478).

Volume de Tomás González Ahola (Vilaboa, 1981) que conta cun limiar de Alba Rozas Arceo dividido en dúas partes “Caricatura do enxerto literario”, sobre a personalidade do autor, os temas e o estilo das súas obras e os autores que influíron na súa escrita e “Declaración de amor satírica sobre o presente Manual de medo, noxo, vicio e morte” sobre os temas e o estilo da obra. A continuación, inclúe un limiar do autor titulado “Textículo. A xeito de desculpa ou desafío” no que explica a xénese da obra. A seguir preséntanse oito relatos, narrados en terceira persoa, baixo os seguintes títulos: “Putamerda de pesca”, no que se empregan os peixes e os aparellos de pesca como elementos do sadismo e do erotismo; “A luz dos antigos profetas”, no que se poñen de manifesto os

abusos do dirixente dunha seita; “Madeira vella”, que presenta os desperdicios como materia do sexo e da morte; “O Ginja” no que trata a bebida como fórmula de fantasía e de luxuria; “A residencia” no que amosa o canibalismo; “O doutor retallos” no que desenvolve a loita contra a morte a partir da experimentación cos organismos; “A bruxa e a virxe”, que trata sobre a zoofilia e “Santo que non bebes viño” no que presenta o crime vinculado á castración. A procura do macabro e do desagradable son os ingredientes principais desta obra na que González Ahola tenta reivindicar o papel da maldade e da inmoralidade como tema da literatura universal.

Hermida, Modesto, *O tempo escuro*, Vigo: Edicións Ir Indo, col. Narrativa, novembro 2018, 182 pp. (ISBN: 9788476807392).

Obra do filólogo Modesto Hermida García (Vales de Cea-Ourense, 1946), primeira obra de narrativa do autor tras anos de publicacións ensaísticas, coma editor e incluso como poeta. A obra está dividida en 3 partes: “Relatos de Valdelama”, “Relatos urbanos” e “Referencia” dentro dos que hai capítulos individuais. En cada un destes desenvólense relatos breves que tratan sobre a Guerra Civil, a represión, a fame ou a emigración cunha intención didáctica e moralizante.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Onde a lingua sabe a pan”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 7 decembro 2018, p. 8.

Coméntase con especial atención o relato “O desafío”, que expón unha mirada “case sociolóxica” da posguerra e o franquismo. Dos tres relatos situados baixo a epígrafe de “relatos urbanos” destácase o humor e a ironía. Dos cinco baixo o título de “referencias”, sinalase a filiación case ensaística dalgúns deles e a inspiración memorialística doutros. Finalmente elóxiase a prosa do autor.

Iglesias, Moncho, *Don Pepe*, Santiago de Compostela: Editorial Tendaia, col. Do Peirao, xuño 2018, 174 pp. (ISBN: 978-84-17393-20-5).

Obra de Moncho Iglesias (Vigo, 1974) que recupera a figura de Pepiño, un emigrado galego en México. A narración comeza cunha retrospección no tempo, partindo dos seus primeiros anos de vida na aldea de Xendive ata o día de se embarcar nun barco que o levaría a cruzar o océano Atlántico. Ábrese unha pequena paréntese no relato para buscar as súas orixes familiares. Pepiño chega a Xendive a través das ondas do mar, despois de que a súa nai o abandonase á sorte das mareas por ser froito dunha relación adúltera. Xa mozo, decide marchar a México, a xunta do seu padriño. Logo de pasar unha tempada traballando de paraugueiro e afiadador con el, intenta buscar o xeito de facer o seu soño realidade: ser un autor consagrado da poesía galega. Mais fracasa no intento, debido, entre outras cousas, á rivalidade causada por Ramón Lamote, autor de moito prestixio. Don Pepe vese na obriga de aceptar un traballo inhumano e mesmo chega a recorrer a solucións sobrenaturais. A través de recursos modernistas, imitando, por exemplo, os caligramas de Guillaume Apollinaire, trátase o desexo, o futuro incerto, os mundos marxinais, os problemas adolescentes ou a emigración. Aparecen tamén unha serie de anexos, vinculados a códigos QR, nos que se introducen relatos paralelos, cuxa temática sobranceira é o continente asiático. Así pois, a mensaxe subliminar desta creación é o

aprecio pola lingua e literatura galegas, ademais do respecto polo pasado dos nosos entregos.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Moncho Iglesias. ‘Os premios proban que hai xente a quen lle gusta o que escribo, é agradable sabelo”, *Atántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 16 xullo 2018, p. 10.

Entrevista a Moncho Iglesias pola recente publicación do seu libro *Don Pepe*, co que recibiu o galardón nos premios Do Peirao e a súa posterior edición.

Kruckenberg, María do Carme, *O morto asasinado e outros contos*, edición e introdución Mercedes Queixas, Vigo: Editorial Galaxia, xaneiro 2018, 60 pp. (ISBN: 978-84-9151-151-9).

Obra narrativa de María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926-2015). Trátase dunha recompilación de vinte e dous contos que presentan diferentes historias nun tempo determinado. A maioría das representacións espaciais dos contos pertencen á contorna da provincia de Pontevedra, máis precisamente á cidade de Vigo. Destaca a aparición de lugares como o Parque do Castro, a rúa Príncipe ou Pi i Margall, pero tamén Redondela, Soutomaior ou Arcade. No eido temático apréciase a construción de varias personaxes animais que encarnan propiedades humanas, como é o caso do rato ou a pulga. Tamén cómpre resaltar o pouso do humor na maioría dos relatos, que desenvolven temas diversos, entre os que cabe sinalar a relixión, a reflexión ou a innovación que implica a chegada do tren. O título da obra parte dun relato do mesmo nome sobre as circunstancias posteriores ao pasamento dunha persoa: como este feito repercute no contexto onde se produce ata chegar ao esquecemento daquilo que nalgún momento existiu. A nivel léxico é relevante a aparición do termo medieval *senhor*, coa mesma significación, que xorde no conto “O neno afogado” para designar unha personaxe.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Os animais fantásticos de M^a do Carme Kruckenberg arrexúntanse nun libro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xaneiro 2018, p. 32.

Informa da publicación dun volume que inclúe quince contos de María do Carme Kruckenberg, que foron publicados en edicións non venais entre 1998 e 2012, ademais de sete pezas breves publicadas en 1999 en homenaxe a Roberto Blanco Torres. Sinálase que nestes quince relatos, que teñen como protagonistas a animais, aparecen constantes da obra da autora como son a fabulación nos espazos cotiáns, o interese pola natureza, as viaxes, a música ou as artes plásticas.

Ledo, Bieito, *Cavilacións*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, novembro 2018, 161 pp. (ISBN: 978-84-7680-741-5)

Obra de Bieito Ledo (Padroso, 1944) na que se compilan un conxunto de relatos curtos de carácter autobiográfico nos que se narran as súas experiencias e vivencias que van desde o seu Padroso natal, pasando polo seminario de Ourense e como sacerdote no rural

auriense, o seu percorrido por varias cidades como Valencia ou París ata chegar a Vigo, en 1975, cidade que fixo súa e que aparece como telón de fondo da novela.

Recensións:

- Manuel Bragado, “As cavilacións de Bieito Ledo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 4 decembro 2018, p. 24.

Fala sobre a recente publicación de *Cavilacións* por Bieito Ledo, que será presentado no Club Faro. Realiza un percorrido pola actividade literaria e cultural do autor Bieito Ledo, destacando a faceta popular dos seus textos máis tamén o espazo onde adoitan desenvolverse os feitos como é Padroso.

Referencias varias:

-A. Mariño, “Ledo. ‘Un libro axúdanos a medrar por dentro mentres imos devecendo por fóra’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 decembro 2018, p. 40.

Infórmase da presentación da obra de Bieito Ledo, *Cavilacións*, publicada por Ir Indo. A través dunha serie de vivencias, o autor ofrece unha perspectiva autobiográfica e memorialística contextualizada na aldea Padroso, onde tamén se conxuga o humor retranqueiro coa persecución do galego que padeceron neses tempos. O acto descorreu nun ateigado Club Faro, no que formaron parte da presentación cargos institucionais da talla de Abel Caballero, ou o editor Manuel Bragado.

MaLone, Marleen, *Noites de Safari*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2018, 296 pp. (ISBN: 978-84-9121-303-1).

Obra de Iolanda Zúñiga (Vigo 1975) na cal emprega un pseudónimo literario que corresponde co nome que lle outorga á protagonista da obra: Marleen MaLone. A protagonista decídese a escribir unha obra que funcione como manual de seducción e memoria das súas relacións sexuais, baixo o título de “Técnicas Acertadas de Ligue”. A obra dívidese en 26 capítulos, os cales corresponden a narracións das relacións que a protagonista mantén con diferentes homes. Dispóñense por orde alfabética correspondéndolle a cada un dos amantes unha das letras do alfabeto que coincide coa primeira dun adxectivo que os describe: “A, de Apático”; “B, de Barbudo”; “C, de Casado”; “D, de Desflorador”; “E, de Esdrúxulo”; “F, de Facha”; “G, de Gaiteiro”; “H, de Hebdómada”; “I, de Iletrado”; “L, de Lector”; “M, de Mentireiro”; “N, de Narigudo”; “Ñ, de Ñu”; “O, Obsesivo”; “P, de Putañeiro”; “Q, de Quixote”; “R, de Repoñedor”; “S, de Seareiro”; “T, de Torpe”; “U, de Ulises”; “V, de Viaxeiro”; “X, de Xocoso” e “Z, de Zopilote”.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Manual sobre amantes”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 23 febreiro 2018, p. 8.

Sínálase que Iolanda Zúñiga asina esta novela co heterónimo Marleen MaLone, sendo a heteronimia algo pouco común na literatura galega. Faise referencia ao seu debut literario

Vidas post-it (Xerais, 2007) e ao feito de que *Noites de safari* retoma con maior intensidade algúns elementos que xa estaban presentes na súa primeira obra: “a vontade de provocación literaria, a transgresión, o empoderamento e a quebra ou superación de tabús”, ademais do uso do humor e o sarcasmo. Dá conta tamén da súa intención ridiculizadora do machismo e a súa visión crítica sobre parte do sistema literario galego.

- Ramón Rozas, “Observacións de safari”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 120, 4 marzo 2018, p. 5.

Sinala que Iolanda Zúñiga, que asina o libro co pseudónimo Marleen MaLone, é unha autora “arriscada nos seus plantexamentos na escrita” e que propón novos territorios para ser explorados por autor e lectores. Resáltase o emprego do humor para retratar os comportamentos e actitudes que xorden nas relacións entre homes e mulleres, e elóxiase a capacidade da escritora para facer pensar ao lector a través de situacións surrealistas ou irreais, pero que no fondo “forman parte da vida mesma”.

- Vicente Araguas, “And Marleen Malone got her gun”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.025/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.025, “máis Libros”, 4 marzo 2018, p. 32.

Destaca os “aire xeracionais” da novela. Sinala a “ductilidade” da escrita, que mestura un ton divertido con momentos de reflexión melancólica, e menciona que leu a novela dunha soa sentada.

- Ana Salgado, “Fado e foda”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 100-101.

Fai referencia á obra anterior da autora *Periferia* (Xerais, 2010). Comenta que a temática da obra pivota arredor do sexo e do humor e pon en relación a novela cos libros *Sidecar* de Alberto Lema e *Gran tiburón branco* de Samuel Solleiro. Explica que *Noites de safari* recolle as vivencias dunha vedete que tiña como encarga entreter os soldados durante a guerra. Sinala que cada capítulo está dedicado ás experiencias sexuais que vive a protagonista con cada un dos seus amantes. Destaca as referencias á cultura de masas que están presentes na obra e alude á obra anterior da autora *Vidas post-it*. Reflexiona sobre a perspectiva feminista que achega a novela ao cuestionar a comprensión deste movemento como o equivalente á hexemonía do patriarcado.

- Manuel Forcadela, “Conversa con Iolanda Zúñiga”, *Tempos Novos*, n.º 258, “Protexa”, novembro 2018, pp. 78-80.

Co gallo da publicación da obra *Noites de Safari* achégase unha entrevista á escritora Iolanda Zúñiga na que se tratan, en relación á literatura galega, a temática da novela arredor da sexualidade feminina, a procedencia do léxico sobre o erotismo e a súa orixe masculina ou feminina, a condición da muller como suxeito que desexa e sente, a falta de exemplaridade da protagonista, a fiabilidade da voz narradora nas obras da autora e a presenza da temática sobre o sufrimento do fracaso.

- Manuel Forcadela, “Marleen vai de Safari”, *Tempos Novos*, n.º 258, “Protexa”, novembro 2018, p. 81.

Ofrécese unha recensión da obra *Noites de safari* (Xerais, 2018) de Marleen Malone

pseudónimo de Iolanda Zúñiga. Faise referencia ás obras anteriores da autora *Vidas post-it* (Xerais, 2007) e *Periferia* e apúntase que esta última foi galardoada co premio Xerais 2010. Sublíñase o emprego na obra do heterónimo Marleen Malone e o seu vínculo co apoderamento das mulleres no audiovisual. Tamén se alude á etimoloxía do heterónimo e á súa relación coa pureza, a prostitución e a malignidade. Sinálase a importancia da comicidade na obra. Anótase que a obra, ambientada a finais do século XX e inicios do XXI, presenta as reflexións da protagonista sobre as súas vivencias amorias. Destácase o contexto de progreso e modernidade no que se inserta a narración e a desorientación vital que amosa. Explícase que os capítulos do libro levan por título a caracterización dos amantes. Infórmase de que a obra constitúe unha revisión do illamento, a ideoloxía, as emocións, a miseria, as relacións familiares, sentimentais e sexuais.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Iolanda Zúñiga. ‘Marleen MaLone está feita con retallos da vida de moitas mulleres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 670, 24 maio 2018, p. V/ *La Opinión*, “Saberés”, n.º 619, “Entrevista”, 2 xuño 2018, p. 11.

Informa da publicación de Noites de safari de Iolanda Zúñiga, unha novela na que a autora fai práctica da heteronimia e do exercicio metaliterario para presentarnos as venturas e desventuras da personaxe Marleen MaLone.

- Lourdes Varela, “Tensi Gesteira. ‘Máis que dun ‘boom, eu falaría dunha eclosión mundial da literatura escrita por mulleres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 690, “Entrevista”, 22 novembro 2018, p. V.

Entrevista á xornalista por mor do seu blog, *Literaturafilia*, na que toca temas de actualidade como a compoñente feminista dalgunha das publicacións do seu blog ou a visión de diferentes autoras sobre a situación da muller dentro da literatura. Por outra parte, declara a súa preferencia por autores e autoras como Míriam Ferradáns, María Reimóndez, Lucía Novas, Mari Luz Esteban e Ismael Ramos.

Mato Fondo, Miguel Anxo, *Adeus, capitán Walton*, A Coruña: Edicións Embora, col. Narrativa, decembro 2018, 140 pp. (ISBN: 978-84-16456-89-5).

Conxunto de cinco relatos longos, argumentalmente independentes e sen máis fío condutor que a literatura, xa que todos están ateigados de intertextualidade, xogos literarios e resonancias musicais, pictóricas e artísticas. Escritos cunha coidada prosa poética, presentan diferentes momentos da vida de cinco mulleres, protagonistas de cadanseu relato. A técnica narrativa é variada, pero predomina a descrición e o monólogo interior en primeira persoa.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Miguel Anxo Mato presenta ‘Adeus, capitán Walton”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 27 decembro 2018, p. 32.

Presentación da obra de Miguel Anxo Mato Fondo, *Adeus capitán Walton*, na librería A Tenda dos Libros de Ponteceso. Seguidamente no pub A Eira realízase un acto literario

que conta coa presenza do autor.

Mella, Carlos, *A conferencia*, Santiago de Compostela: Pen Club Galicia, novembro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-09-00142-2).

Colección de relatos curtos independentes de temática diversa. Mediante unha serie de narradores e personaxes principais da máis variada natureza (unha antiga estrela do fútbol no ocaso da súa vida en “O moneco de neve”, unha intelixencia artificial orixinaria do futuro en “ALFA 5074” ou un xadrecista en “O xogador de xadrez”), reflexiónase sobre os grandes temas existenciais do ser humano: a morte, a soidade, a beleza, a fe ou, como se pon de manifesto no relato que abre e dá título á obra, a necesidade de comunicar e ser escoitada. É por iso que a linguaxe xoga tamén un papel importante nas narracións, pechándose tamén varios dos relatos con resolucións que buscan sorprender.

Referencias varias:

- S. Elvira, “Destacan o papel da biblioteca escolar na difusión da lingua”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Deza-A Estrada-Touro”, 25 outubro 2018, p. 31.

Informa da presentación do libro *A conferencia* de Carlos Melle no marco dun acto celebrado polo CEIP estradense do Foxo con motivo do Día das Bibliotecas que contou coa presenza de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, entre outras figuras destacadas.

Murguía, Michela, *Acabadora*, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, 2018, 180 pp. (ISBN: 978-84-17388-11-9).

Acabadora é a novela de Michela Murguía, estruturada arredor de dezasete capítulos, con extensión moi similar entre eles. A historia está contextualizada en Italia e comeza narrando desde a perspectiva da nena Maria Listru. Como é común nalgunhas zonas e sobre todo ao longo do século XX, as familias que non podían manter economicamente aos sucesivos fillos, procuraban que alguén se fixese cargo e cubrir a ausencia daquelas persoas que non conseguían ter descendencia. Este era o caso de Maria Listru, que é entregada pola súa familia para que a coide Bonaria Urrai. Ao ocupar o mesmo espazo dentro dunha aldea, entre os nativos xa se comezaba a coñecer o caso, pero a nena a pesar disto, segue a manter contacto coa súa familia. Bonaria, “nai adoptiva”, ou como se menciona na obra a María, fill’e anima, mantén a disciplina coa cativa no ámbito escolar e coas labores de tecedora que ela tamén desenvolve na casa. De momento, a profesión da súa nai Bonaria, é descoñecida para ela, até que se decata que durante a noite abandona a casa a escondidas. Este feito provoca que a rapaza comece a desconfiar un pouco sobre Bonaria, pero a relación continua sendo boa. Na época da vendima, María axuda no campo as respectivas labores de colleita. Mentres, a cativa comeza a non querer volver á casa da súa familia ao rematar os estudos porque non hai unha achega sentimental nin mental tan forte como entre as súas irmás, que consideran estudar algo irrelevante para desenvolver unha vida plena. A pesar disto, na voda da súa irmá, axuda en todos os preparativos e necesidades que a familia precisa. En toda a obra existe unha carga simbólica relixiosa moi latente, sumada á presenza da morte, coa peculiar significación de que este feito está intimamente ligado coa profesión de Bonaria. Un home da aldea

que é amigo de María, Nicola, ten un accidente por utilizar de forma imprecisa unha escopeta e termina sen unha perna. Este feito termina por acabar co seu carácter, así que proponlle a Bonaria, enterradora, que termine coa súa vida o día de Todos os Santos. Chega o día ocorre, Bonaria cunha almofada mata a Nicola, pero a súa irmán Andría que estaba esperta, observa como entra no cuarto do seu irmán. Ao día seguinte, con toda a consternación que a morte supuxo na familia, Andría relátalle o sucedido a María, que nun comezo non a cree. A rapaza interroga a Bonaria para saber onde estaba aquela noite até que remata por confesar. María nun arrebatado de xenreira, advírtelle que marcha da casa, contactando coa mestra da escola para que lle procure un traballo. A través dun coñecido da mestra marcha para Torino a coidar aos fillos dunha familia burguesa. Finalmente, logo de pasar unha tempada traballando e malvivindo na soidade, agás polo contacto cos cativos, recibe unha carta da súa irmá dicindo que Bonaria estaba moi enferma, ese feito máis como xa houbera algún contratempo coa familia, decide volver. Finalmente, coida de Bonaria até que morre, logo disto reencontrárase con Andriú e termina por ficar con el na vila.

Neira Vilas, Xosé, *De Gres a Cádiz*, ed. Dolores Vilavedra, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 9, abril 2018, 216 pp. (ISBN: 978-84-9151-167-0).

Volume de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928- Gres, 2015) que conta cun limiar de Dolores Vilavedra titulado “Neira Vilas, unha vida para contar” sobre o proceso de concepción e escrita da obra, sobre a súa relación co resto da produción do autor e sobre os temas e o estilo que presenta. A seguir inclúese un limiar do autor titulado “Xuntando anacos” sobre a xénese e a estrutura da obra. A continuación, preséntase unha serie de noventa e un relatos curtos na que o autor, en primeira persoa, achega estampas da súa biografía no agro galego, dende que nace ata que marcha a Cádiz para emigrar a América. As narracións breves son de temática diversa. Unhas presentan figuras, a medio camiño entre o mito e a realidade, que deixaron pegada no autor e mediante as cales perfila o retrato da sociedade rural galega da Guerra Civil e da posguerra, como poden ser os esmoleiros, a costureira, o indiano, a pescadeira, os fuxidos ou os comerciantes de wolframio. Outros cadros presentan sucesos extraordinarios e da vida cotiá coma o voo do cepelín ou a visión da luz da aurora boreal e os xogos, a escola, a música, o teatro, as romarías, crenzas e rituais. As historias aparecen unificadas a partir do espazo, co predominio do rural sobre a cidade, e o tempo, determinado polos intereses do protagonista, que abranguen dende a talla de xoguetes e o gusto pola lectura até o esperar do amor e as ansias de emigrar. O estilo está marcado pola lírica, a sinxeleza e a riqueza léxica.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Educación sentimental”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.043/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.043, “máis Libros”, 8 xullo 2018, p. 30.

Infórmase sobre a publicación desta obra, unha colección de prosas breves a xeito de memorias autobiográficas que van desde o nacemento até a primeira mocidade, explicando que foi esta etapa a de maior importancia na formación persoal do escritor. Tamén se indica que esta obra únese a outras publicadas sobre etapas vitais posteriores de Neira Vilas.

- Xosé Feixó, “Pura poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 690, 11 outubro 2018, p. VI.

Comenta a saída dunhas ‘memorias literarias’ recompiladas en *De Gres a Cádiz*, por Dolores Vilavedra e editadas da man de Galaxia, cuxa autoría pertence a Xosé Neira Vilas. A camiño entre a poesía e a narrativa permaneceron inéditas até este momento.

Referencias varias:

- Belén López, “A editorial Galaxia publicará dous libros inéditos de Neira Vilas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 febreiro 2018, p. 12.

Infórmase da publicación de *De Gres a Cádiz*, inéditos de Xosé Neira Vilas, atopados durante a catalogación da Fundación Neira Vilas e editados por Dolores Vilavedra para a editorial Galaxia.

Nicolás, Ramón, *Lapis na noite*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 429, xuño 2018, 191 pp. (ISBN: 978-84-9121-399-4).

Segunda incursión na literatura de Ramón Nicolás (Vigo, 1966). Esta novela memorística, intimista, política, ditatorial, e de personaxes ábrese coa cita “Memoria é memoria se é presente” de Juan Gelman, que adianta a temática e perspectiva dende a que se enfoca a historia e a intrahistoria familiar presentada nela. O esquema que artella a estrutura narrativa relátao unha figura feminina en primeira persoa, Lucía, nai de Noa e filla de Ramón, quen viaxa a Bos Aires formando parte dunha delegación cultural galega para ditar dúas conferencias sobre a autora de comezos do século XX homenaxeada no Día das Letras Galegas, e sobre a que leva anos investigando e publicando edicións divulgativas e académicas da súa biografía, para saír da rutina de case quince anos de docencia. A partir desta trama estrutural, encetada *in media res*, insírese a historia principal, a que desterra e aclara unha intrahistoria familiar oculta durante anos e que sae á luz a raíz da citada viaxe de Lucía, quen indaga na memoria familiar para entender o seu presente. A trama principal é a de Ramiro, quen escribe para seu irmán Ramón un cartafol autobiográfico das súas memorias ou crónicas no que lle explica, en primeira persoa, as causas da súa marcha repentina de Vigo, sen despedirse del e de seus pais, e a súa vida dende que chega a Bos Aires, tras coñecer a enfermidade que o está minando. Dentro do cartafol inclúense varios capítulos relatados por un narrador omnisciente en terceira persoa, quen detalla o contexto durante a ditadura militar arxentina (1976-1983) e así mesmo dá conta do acontecido a Iria, filla de Ramiro e de Tatiana, dende a noite en que cinco membros “forzas arxentinas armadas” a arrastraron da casa dos pais e a trasladaron ao pozo de Banfield, onde coincidiu con nove amigos seus, secuestrados tamén por mor do xenocidio tachado como a *Noite dos lapis* e que anos despois se fixo público grazas ao informe “Nunca máis”. A novela desenvólvese, agás o comezo e a fin da mesma, en Bos Aires, punto de chegada de Ramiro para emprender unha nova vida como exiliado baixo o nome de Roberto Rizzone López, tras ser avisado por un curmán garda civil de que caeran varias células activas en Galicia e que alguén cantara o seu nome como parte dun grupo activo na viguesa empresa Barreras. A alternancia de voces narrativas vincúlase ás mudanzas temporais, con constantes saltos entre o pasado, o presente e distintos momentos dentro deles. Así, a novela comeza e remata no momento

presente de Lucía, e dende aí hai un salto substancial ao pasado mozo de Ramiro e de novo saltos ao futuro de Lucía e Tatiana e ao inmediato pasado de Ramiro mentres relata a súa vida, e un salto ao presente inmediato de Lucía mentres le en dúas ocasións o cartafol de Ramiro.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Memoria entre dúas orelas”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 139, 24 xuño 2018, p. 4.

Dá conta da publicación da novela, *Lapis na noite*, escrita por Ramón Nicolás e publicada pola editorial Xerais. A obra desenvólvese na cidade de Bos Aires durante a ditadura de Videla pero partindo desde Galicia.

- Henrique Dacosta, “Lapis na noite’ para evitar a desmemoria”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.042/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.042, “máis Libros”, 1 xullo 2018, p. 37.

Comenta a publicación de *Lapis na noite* escrito polo autor Ramón Nicolás e publicado pola editorial Xerais. Nárrase nun contexto complexo como foi a Arxentina durante a ditadura de Videla.

- Diego Ameixeiras, “Arxentina na noite escura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.080 almas”, 13 xullo 2018, p. 8.

Infórmase da recente publicación de *O lapis na noite*, cuxo autor Ramón Nicolás, edita esta ficción para Edicións Xerais.

- Vicente Araguas, “Novela ou docudrama?”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.045/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.045, “máis Libros”, 22 xullo 2018, p. 32.

Destácase que o libro se pode entender tanto como novela como docudrama, xa que, como novela, a súa trama é mínima, e “navega entre a ficción (pouca) e a realidade (moita)”. Valórase o libro positivamente, sinalando que está moi ben documentado.

- Francisco Martínez Bouzas, “Dor e esgazaduras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, “Libros”, 13 setembro 2018, p. VI.

Considera que, cando a memoria histórica “fica agochada por unha capa de impunidad”, é a literatura e libros coma *Lapis na noite* os que contribúen a que a verdade saia á luz. Descríbea como unha novela “axeitadamente ficcional”, pero moi ben documentada, cunha gran carga dramática e un estilo de prosa claro e conciso.

- Maribel Tato, “*Lapis na noite*, a nova...”, *Luzes*, n.º 58, “As libreiras”, xullo 2018, p. 87.

Informa de que a obra narra as vivencias do protagonista exiliado a Arxentina a conta da ditadura franquista e abrangue até o xurdimento da ditadura no seu país de acollida. Explica que o protagonista inicia unha nova vida na emigración cunha nova identidade. Apunta tamén que, co gallo dunha viaxe da súa sobriña a Bos Aires a conta de escribir un libro, a rapaza coñecerá a súa muller e os escritos que el deixou para ela sobre a súa

biografía. Destaca a temática da obra a prol da reivindicación dos dereitos da xuventude.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Ramón Nicolás. ‘A ditadura arxentina ten na novela un peso preponderante’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 674, 21 xuño 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 623, 30 xuño 2018, p. 7.

Informa da publicación de *Lapis na noite* de Ramón Nicolás, unha novela que, partindo do compromiso social e histórico, trata de recrear un dos capítulos máis tristes e dolorosos da ditadura cívico-militar arxentina e que se deu en chamar “la noche de los lápices”, cun protagonista que vincula esta historia con Galicia e a Guerra Civil.

- Xesús Fraga, “Ramón Nicolás. ‘Hai moitos libros aínda por escribir sobre a relación de Galicia e Arxentina’”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 2 xullo 2018, p. 27.

Conversa co autor Ramón Nicolás onde se realiza un repaso dos traballos realizados e da súa última novela. Tamén se destaca a importancia do pasado na súa literatura e as influencias entre Galicia e Arxentina.

- V. P., “Seis librerías animan a niños y adultos a disfrutar de la lectura en Pontearreas”, *Faro de Vigo*, “*Condado. Paradanta*”, “*Área Metropolitana*”, “*Pontearreas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario*”, 28 xullo 2018, p. 14.

Dá conta da presentación de *Lapis na noite* de Ramón Nicolás no marco da segunda Feira do Libro de Pontearreas.

- Cuca M. Gómez, “Quiero que me lleven a cenar”, *Diario de Pontevedra*, “*Gente a diario*”, “*De café con Cuca*”, 19 setembro 2018, p. 58.

Informa sobre a presentación do libro *Lapis na noite* (2018) de Ramón Nicolás que tivo lugar na Casa das Campás e que contou coa presenza de Fran Alonso e Montse Fajardo.

Lopo, Antón, *Extraordinario*, Premio da Crítica Española, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 378, novembro 2018, 160 pp. (ISBN : 978-84-9151-261-5).

Obra narrativa de Antón Lopo (1961, Monforte de Lemos). Constitúe una novela de trama familiar, estruturada en noventa notas de extensión desigual. O protagonista narra, en primeira persoa, a súa volta á casa para coidar de súa nai, que está hospitalizada. No transcurso da narración vanse descubriendo as difíciles relacións entre el e a súa nai durante a adolescencia, así coma o trato cos seus irmáns. Descríbese minuciosamente o ambiente hospitalario, espazo principal da obra.

Recensións:

- Santiago Jaureguizar, “Saír cear con fervor estatístico”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 161, 9 decembro 2018, p. 8.

Dáse conta da recente obra escrita por Antón Lopo para a editorial Galaxia titulada

Extraordinario.

Orosa, Pablo L., *Fálame do silencio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2018, 320 pp. (ISBN: 978-84-9121-391-8).

Primeira novela do xornalista Pablo L. Orosa (Oza dos Ríos, A Coruña, 1985). Trátase dunha historia a medio camiño entre a novela negra e novela de reconstrución da memoria histórica. O argumento pivota arredor da morte de Daniel Gluckmann e do encargo do xornalista Samuel Eirís de completar a súa biografía. Ofrecese a reconstrución da historia dunha familia e a restauración dunha memoria familiar e social a través de diversos anos e contextos sociohistóricos e xeográficos dende a Galicia actual á Coruña do ano 1977. A obra constitúe unha viaxe pola historia familia dos Gluckmann e achega a recreación exhaustiva da Coruña dende a Transición ata o século XX. Destaca o feito de que a novela está ambientada nunha gran diversidade de espazos como Fisterra, Sidney, Coruña, Londres, Madrid ou Arxentina. A obra presenta unha estrutura complexa con saltos temporais e argumentais. Desenvolve unha historia non lineal con diversas tramas que se van ligando conforme avanza a lectura. Contén textos en diversos formatos coma cartas, *emails* ou noticias, sobresaíndo o formato xornalístico. Destaca tamén o discurso narrativo articulado en dous eixos: por unha banda, o que ten por protagonista ao xornalista, narrado en primeira persoa e ambientado nun tempo próximo á actualidade e, por outra banda, o focalizado en Daniel Gluckmann, ambientado na Coruña obreira da Transición (1977-1979).

Recensións:

- Ramón Rozas, “Os silencios do tempo”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 144, 29 xullo 2018, p. 6.

Exprésase a emoción de atopar unha nova voz literaria cuxa primeira novela está escrita con tanta madurez. Da novela dise que non pode deixar a ninguén indiferente, e que está repleta de brillantes momentos literarios e instantes poéticos. Resalta a importancia da memoria e a presenza do silencio, xa que na novela “todo prodúcese para resolvelo, para que o silencio deixe de ser unha fosa abisal na que conter un pasado descoñecido, pero necesario para coñecernos hoxe”.

- M. G. M., “Pablo L. Orosa. ‘Poñer de narrador un xornalista foi como unha especie de boia na que apoiarme’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 7 agosto 2018, p. 36.

Dá conta da primeira publicación do autor Pablo L. Orosa, *Fálame do silencio*.

- Ramón Nicolás, “Dialogando co silencio”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 10 agosto 2018, p. 6.

Informa da publicación da novela *Fálame do silencio* de Pablo L. Orosa, obra a través da cal asistimos a unha viaxe no tempo que nos retrotrae á época anterior á República para revisar os acontecementos vividos polos distintos membros dunha mesma familia desde ese momento até actualidade pasando polos anos setenta do pasado século.

- Mario Regueira, “A memoria no limiar”, *Sermos Galiza*, n.º 316, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 4 outubro 2018, p. 6.

Dá conta da recente produción de Pablo L. Orosa, *Fálame do silencio*. Editado por Xerais, esta obra entrecruza diferentes espazos temporais, desde o alzamento, a posterior clandestinidade e o presente, onde están presentes o exilio e a emigración.

- Montse Pena Presas, “Desvelar os silencios”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 685, “Libros”, 18 outubro 2018, p.VI

Dáse conta da recente publicación novelar de Pablo L. Orosa, *Fálame do silencio*, a cargo de Edicións Xerais.

- Begoña Varela, “O pasado non é unha...”, *Luzes*, n.º 61, “As libreiras”, outubro 2018, p. 89.

Comenta que a novela pivota arredor da revisión do pasado que fai un xornalista a raíz da encarga de completar a biografía doutro personaxe despois do seu pasamento. Explícase que a trama transcorre en diversos espazos e tempos: desde Sidney nos nosos días até A Coruña dos anos 70 que reflicte a pobreza da ditadura. Fai fincapé nas dificultades que atopa o xornalista na súa tarefa e que o obrigan a cuestionar a súa propia existencia. Aclara que estas dificultades serven para enxergar distintas narracións. Incide en que a temática da obra abrangue a os recordos, o identitario, o paso do tempo ou o illamento.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, “Pablo L. Orosa. ‘Este libro reivindica que na nosa contorna tamén pasan historias maravillosas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 7 agosto 2018, p. 10.

Conversa co autor Pablo L. Orosa tras a recente publicación da súa primeira novela, *Fálame do silencio*. Destaca aquelas motivacións que o levaron a artellar esta novela.

Ortega, Pilar, *Principio de incerteza*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, Maio 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-9121-380-2).

Novela de Pilar Ortega (Vigo, 1968) que ao longo de 9 capítulos (“A variación posible de”, “A posición dun corpo”, “En relación inversa a”, “A variación posible de”, “A cantidade de movemento”, “É maior ou igual ca”, “A constante de Planck”, “Dividida entre” e “Dúas”) nos presenta unha historia narrada en primeira persoa pola súa protagonista na que se conta como unha profesora e unha alumna se fan amigas ou, cando menos, como conectan a un nivel máis alá do académico. O eixe vertebrador do relato son as premisas dunha lei da física coñecida como Principio de Incerteza proposta por Heisenberg, o que explica que o libro estea marcado por unha linguaxe moi técnica procedente do campo da física, mais empregada para aludir a cuestións existenciais e/ou filosóficas como a utilización dos conceptos de constante e variación ou variación inversa, aplicados a nocións como a do medo (“o medo: a constante da nosa existencia”). O máis destacado desta historia é a evolución que vive a personaxe principal, Lía, unha profesora de física tímida e distante co alumnado, que foxe do contacto con eles máis alá do puramente académico. Porén, un día dá con Viola, unha estudante que cambia tanto a súa

forma de ser como de afrontar a súa relación cos seus pupilos. É interesante tamén o tratamento da maternidade e de como esta inflúe na superación do afán de fuxida de Lía de todos os problemas como de todo aquilo ao que non se quere afrontar.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Traxedia sen tópicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 678, “Libros”, 19 xullo 2018, p. VI.

Sínálase que o contido e a estrutura do texto están inspirados na ecuación de Heisenberg; a necesidade de fuxir e de volver ao lugar exacto de partida envolven a vida da protagonista da novela. Sínálase que a novela nos achega a unha situación vivida a miúdo polo profesorado, “ese espazo de ninguén fóra da aula no que cohabitamos co alumnado”. Destácase tamén a importancia da música e da ciencia. Elóxiase a capacidade da autora para tratar o tema dos abusos sexuais afastándose de tópicos e centrándose na vítima.

Paniagua Pousa, Cándido, *O caderno de erros*, Santiago de Compostela: Editorial Tandaia, col. Do Peirao, outubro 2018, 268 pp. (ISBN: 978-84-17393-42-7).

Obra narrativa de Cándido Paniagua Pousa (Xinzo de Limia, 1992). Trátase dunha novela negra, ambientada na cidade de Vigo. A obra caracterízase polo seu ritmo acelerado e unha trama marcada pola intriga e a sorpresa. Baséase en dúas historias reais. Por unha banda, a narración parte da trágica morte do personaxe de Diego Cruz, alcumado ‘O Tato’, e coñecido como un dos máis sobranceiros boxeadores galegos. A partir deste feito, a novela recupera a traxectoria vital do protagonista para dar conta do seu o seu carácter agresivo e esquivo. Por outra banda, desenvólvese a historia de Martiño Ferradás, o inspector de policía que debe esclarecer a morte de Diego Cruz. A través do seu diario de equivocacións, que emprega a modo de tratamento psicolóxico, pónense de manifesto as súas inseguridades, os seus problemas ou as súas emocións conforme trata de resolver o asasinato do boxeador que mantén en suspenso a cidade.

Pedreira, Emma, *Besta do seu sangue*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 434, outubro 2018, 120 pp. (ISBN: 978-84-9121-448-9).

Obra de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) que relata a historia inspirada na figura e no mito de Blanco Romasanta desde a perspectiva que propugna unha revisión de xénero. Disposta como un conxunto fluído de microunidades narrativas, na novela conviven os rexistros culto e coloquial para vencellar as voces partícipes da historia e da creación do mito nacido arredor da persoa que foi considerada a primeira asasina en serie da nosa historia. A obra supón unha proposta transgresora e fragmentaria que se caracteriza por esa multiplicidade de voces, polo seu esencialismo narrativo e por exhibir diversos rexistros para abordar o tema da licantropía desde unha perspectiva de xénero. Narrada desde unha linguaxe poética, salienta unha atmosfera de desacougo e angustia para abordar o tratamento dun personaxe que bebe das fontes cultas, mitolóxicas e populares galegas para reavivar a figura do lobo e a súa convivencia co ser humano.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Orixinal revisión dun mito”, *Faro de Vigo*, “*Faro da*

Cultura", n.º 688, "Libros", 8 novembro 2018, p. VI.

Informa da publicación de *Besta do seu sangue* de Emma Pedreira, unha recreación, en chave de xénero, do mito dun dos persoeiros máis enigmáticos do noso imaxinario popular; Manuel (ou Manuela) Blanco Romasanta coñecido como o "sacauntos", "sacamanteigas" ou o "home lobo de Allariz".

- Mario Regueira, "O monstro", *Sermos Galiza*, n.º 321, "fóradeserie", "ao pé da letra", 8 novembro 2018, p. 6.

Informa da publicación de *Besta do seu sangue* de Emma Pedreira, gañadora do Premio Xerais que se enmarca como unha recreación, en chave de xénero, do mito dun dos persoeiros máis enigmáticos do noso imaxinario popular; Manuel (ou Manuela) Blanco Romasanta coñecido como o "sacauntos", "sacamanteigas" ou o "home lobo de Allariz".

- Ramón Nicolás, "Reescribir a tradición", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Libros", "Galego", 30 novembro 2018, p. 8.

Destácase o feito de que o caso de Manuel Blanco Romasanta, tantas veces tratado na literatura galega, nunca fora abordado na narrativa dende a perspectiva que Emma Pedreira propón en *Besta do seu sangue*. A novela cuestiona a identidade sexual de Blanco Romasanta, e constrúe un relato fragmentario, cunha prosa contida e unha linguaxe lírica, que repara nos conflitos internos da personaxe protagonista.

- Ramón Rozas, "A muller Romasanta", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 161, 9 decembro 2018, p. 4.

Infórmase da recente publicación de Emma Pedreira, *Besta do seu sangue*, coa que obtivo o XXXV Premio Xerais na categoría de novela.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Emma Pedreira. 'Romasanta, o'lobishome', tiña órganos sexuais masculinos e femininos", *La Opinión*, "Saberes", n.º 633, "Entrevista", 8 decembro 2018, p. 7.

Entrevista á escritora Emma Pedreira, que vén de gañar o Premio Xerais de Narrativa 2018 coa novela *Besta do seu sangue*. A representación dun asasino en serie, Manuel Blanco Romasanta, desde múltiples voces, outórgalle unha nova perspectiva a este personaxe mitificado pero perfectamente recoñecido historicamente e documentado pola autora.

Pérez Tilve, Teresa, *A carón da máquina*, Santiago: Edicións Fervenza, col. Narrativa, maio 2018, 264 pp. (ISBN: 978-84-17094-32-4).

Obra de Teresa Pérez Tilve (Pontevedra, 1945) que acolle un conxunto de relatos que xiran arredor do pasado recente protagonizados por unha personaxe feminina, Teresiña, que nos relatará a súa infancia na Galicia durante o franquismo.

Piñeiro, Antonio, *A través do fume*, Premio Torrente Ballester, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 374, outubro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-188-5).

Esta pequena novela de Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962) está composta por numerosos capítulos curtos sen numerar nin titular e que ademais comezan con letra minúscula. De feito, non hai puntuación, só comas, de forma que os parágrafos se estenden ao longo do capítulo. Isto débese ao feito de que esta novela está construída en forma de monólogo interior, un monólogo no que Nina, a protagonista e narradora, vai relatando os seus pensamentos mentres agarda no aeroporto para coller o seu voo. Desta forma vai tecendo recordos que comezan na infancia, lembrando o intercambio de cartas co pai emigrado, a tenda de Don Anxo, as rifas da nai, etc. Polo tanto, desde o tempo presente, no que esta mestra de Filosofía volve de Bélxica a Santiago despois dunha viaxe, accedemos á súa historia da infancia a través do monólogo interior que ela mesma vai construíndo, e así sabemos da relación co pai, da importancia ou fixación nos selos polo intercambio de cartas, mais tamén porque os entende como sinónimos de escenarios onde imaxinarse viaxando. Nos seus pensamentos e lembranzas fala directamente ao pai, e é que todo xira en torno ao pai emigrado (as lembranzas, a tristeza, os soños, as motivacións, etc), xa que a emigración e a distancia son o pano de fondo desta historia. Nesta viaxe interior a través do tempo, fica ao descuberto a relación cos pais, agora xa finados, na que o proxenitor, falecido sendo ela moi cativa, é presentado desde a decepción, xa que enganaba á nai, e a nai é amosada como esa policía da moral que sempre estivo ao seu lado. Remata coa formulación da cuestión de que fará coas cinzas dos pais, ocorréndoselle a posibilidade de que os seus corpos volvan ser un en forma de cinza, mais sobre todo como perfecta culminación ante a metáfora de que non somos máis que fume e que a vida escapa a través del. En definitiva, trátase dunha novela que deixa ao descuberto a historia oculta, íntima e dolorosa dun drama persoal, mais que se pode extrapolar a un problema colectivo.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Proteica e aberta. Unha historia en espiral”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 693, “Libros”, 13 decembro 2018, p. VI.

Sínálase que a novela está escrita seguindo a técnica da corrente de conciencia, evocando os pensamentos da protagonista, Nina. Destácase a visión tan crúa como esperanzada da emigración e a separación das familias nos anos 70, así como a escrita experimental de Antonio Piñeiro.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Agasallos con moi boa letra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 21 decembro 2018, p. 8.

Comenta que a obra foi gañadora do Premio Torrente Ballester. Tamén destaca o estilo do autor e a estrutura que conforma a novela.

Ramos, Alberto, *A simetría das bestas*, Premio Vicente Risco de Creación Literaria, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco, xullo 2018, 170 pp. (ISBN: 978-84-948755-1-9).

Obra narrativa de Alberto Ramos (Santiago de Compostela, 1986) que segue a vida de Caridad e Fervaq, dous artistas unidos pola desgraza. Caridad é unha escritora que naceu cunha malformación física, o que moldeou a súa concepción da vida. Tras varias relacións románticas fallidas comeza unha relación co debuxante Fervaq, momento no que descobre que ten unha enfermidade dexenerativa. O avance no deterioro físico de Caridad fai que Fervaq sexa o encargado dos seus soportes, o que acaba por rematar todo amor na relación, facendoo quedarse por lealdade e compromiso. Á vez que recorre o seu deterioro, repasa a súa vida e a de Fervaq en retrospectiva: a súa relación cos seus pais, a morte e desgraza cos seus respectivos irmáns etc.

Recensións:

- Antía Monteagudo Alonso, “Policromía da existencia”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 99-100.

Recensión da obra *A simetría das bestas* (Urco, 2018) de Alberto Ramos, galardoada co XVIII Premio Vicente Risco de Creación Literaria. Explica que a obra trata das reflexións sobre a existencia e o pasamento que realiza unha escritora ao ficar inmóbil a conta dunha enfermidade. Sinala que outra parte da novela está constituída polas aproximacións da parella da protagonista que emprega o debuxo para achegarse a súa situación. Ademais, afonda na deformidade da protagonista, que conta cun único ollo, e vincula coa dimensión animal do ser humano presente na novela e co rompemento dos impostos sociais. Menciona que a protagonista atopa o equilibrio na parella e que ambos os dous levan unha vida marcada pola traxedia persoal e familiar e pola arte como vía de escape. No tocante ao estilo, salienta o uso dunha linguaxe simple e a recorrencia ás figuras pictóricas.

Rei Ballesteros, Anxo A., *Dezanove badaladas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Rei Ballesteros, n.º 3, 15 outubro 2018, 179 pp. (ISBN: 978-84-9151-201-1).

Novela póstuma de Anxo A. Rei Ballesteros (Codeso-Boqueixón-A Coruña, 1952-A Coruña, 2008), se ben foi a súa primeira novela escrita en galego, en Santiago de Compostela entre o 3 de novembro de 1969 e o 24 de febreiro de 1970 (como se indica na páxina 179). Caracterízase por ser unha autodescuberta persoal do protagonista, Nolo, quen abandonara meses atrás a vida na aldea para ir vivir a Santiago de Compostela, cidade na que leva un mes traballando como obreiro cando encomeza a novela *in media res*. A acción transcorre unha noite na que Nolo e os seus recentes amigos deambulan polos bares composteláns; percorrido iniciático e metafórico que posibilita mostrar o debate interno de Nolo entre as citas de expresións que lle dixeran na aldea sobre os perigos da cidade e que se reproducen entre aspas para ir contrastándoas coa realidade compostelá, onde pouco e pouco Nolo se vai mergullando coa intención de integrarse para deixar de se sentir foráneo. A novela complementase cun “Apéndice gráfico” final no que se reproducen as dúas primeiras páxinas do caderno orixinal manuscrito de Rei Ballesteros e outras dúas páxinas que conteñen debuxos do propio autor inseridos no citado caderno.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Da cidade túrbida”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/

Diario de Ferrol, “Nordesía”, n.º 1.063/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.063, “máis Libros”, 25 novembro 2018, p. 30.

Dáse conta da obra de Anxo A. Rei Ballesteros, *Dezanove Badaladas*. A edición levouna a cabo a editorial Galaxia.

- Francisco Martínez Bouzas, “Novela en construción”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 694, “Libros”, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 636, “Literatura en galego”, p. 7, 29 decembro 2018.

Sínálase que, como se afirma na presentación editorial, esta obra é “o preludio esencial á obra dun autor maior”, aínda que por si mesma careza de transcendencia literaria. Destácase o seu parecido con *A esmorga* e a presenza de temas centrais na obra de Rei Ballesteros, como a relación inseparable entre vida e morte. Descríbese como “novela en construción” e chámase a atención sobre aspectos lingüísticos como a abundancia de castelanismos, enxebrismos e mesmo verbas inventadas polo autor.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Galaxia publica una obra inédita de Rei Ballesteros, ‘Dezanove Badaladas’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 2 outubro 2018, p. 56.

Infórmase da publicación inédita de *Dezanove Badaladas* do autor Anxo Rei Ballesteros. A historia desenvólvese en Santiago de Compostela e foi escrita na mocidade do autor entre 1969 e 1970.

- Cibrán Canedo, “Homenaje a Anxo Rei Ballesteros”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Invitada especial”, 10 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da homenaxe a Anxo Rei Ballesteros por parte da concellería de cultura da Pobra e a asociación Barbantia, que presentan a novela inédita *Dezanove badaladas*. O acto conta coa actuación musical de Cris Román e coa presenza de Manuel Castelao.

Reixa, Antón, *Michigan/Acaso Michigan. Crónica de 18 días en coma*, pról. Chus Pato, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Edicións Singulares, outubro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9121-434-2).

Michigan/Acaso Michigan é a crónica dos 18 días que Antón Reixa pasou en coma inducido, despois dun forte accidente de tráfico nunha viaxe nocturna desde Galiza a Madrid. O libro transita entre a poesía e a prosa, nunha combinación de formatos que se transgreden como metáfora dese estado mental químico do coma. Reixa emprega imaxes e textos alleos (tomando prestada a técnica do *sampleo* musical) para describir o accidente e a súa travesía hospitalaria, mesturando entre medias toda unha serie de reflexións vitais. É un libro de contrastes, da propia experiencia vital e as voces alleas, do realismo cru da propia mortalidade á fantasía das imaxes surrealistas que habitan o Michigan imaxinado. Condución, Intro-dución, Re-condución e Re-dución son as partes en que se divide o libro propiamente dito. Porén, teñen tamén importancia no libro os paratextos. Por unha banda, o limiar de Chus Pato, de pulo poético: “Este limiar non é un limiar, este limiar quérese aberta”. E por outra unha serie de cartas entre Antón Reixa e o xornalista Daniel Salgado,

incluídas ao final do libro, onde se reflexiona, en termos case ensaísticos, sobre a natureza de *Michigan/Acaso Michigan* e en xeral sobre a obra literaria de Reixa.

Recensións:

- Santiago Jaureguizar, “Antón Reixa volve ao deserto de Grenlandia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 154, 4 novembro 2018, p. 8.

Infórmase da publicación da novela, *Michigan, acaso Michigan*, a cargo do autor Antón Reixa e editada por Xerais. Tamén se inclúen aqueles temas nos que afonda a obra literaria.

- Diego Ameixeiras, “Reixa despois de Reixa”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros, Galego”, “1.280 almas”, 9 novembro 2018, p. 8.

Comenta a xénese da novela, ademais dalgunhas das súas características. Louva o estilo empregado na narración e alude á biografía do autor para destacar a súa centralidade dentro do sistema cultural galego da década dos oitenta.

- Armando Requeixo, “Reixa, acaso Reixa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.061/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.061, “*máis Libros*”, 11 novembro 2018, p. 30.

Dáse conta da última obra de Antón Reixa, *Michigan/ Acaso Michigan* publicada pola editorial Xerais. A obra complétase cun prólogo da poeta Chus Pato titulado, “Este limiar non é un limiar, quérese aberta”.

- Elena Ocampo, “Reixa escribe tras 18 días de ‘muerte’”, *La Opinión*, “sociedad, cultura y ocio”, 20 novembro 2018, p. 31.

Infórmase do contido da última publicación de Antón Reixa, acompañado do prólogo de Chus Pato e epílogo Daniel Salgado. *Michigan, acaso Michigan*, como se denomina a obra, é unha autoficción produto dun accidente de tráfico cun posterior coma.

- Ramón Rozas, “Sen resentimento”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir Aquí*”, “A vida nun fío”, 21 novembro 2018, p. 65.

Dáse conta da última obra escrita por Antón Reixa, *Michigan, Acaso Michigan*. O libro publicado pola editorial Xerais, remata cunha correspondencia entre escritor Daniel Salgado e o mesmo autor.

- Vicente Araguas, “A volta de Reixa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.063/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.063, “*máis Libros*”, 25 novembro 2018, p. 32.

Infórmase da publicación de *Michigan, Acaso Michigan* escrita por Antón Reixa e a cargo de Edicións Xerais. A obra inclúe un prólogo Chus Pato e para rematar un diálogo do autor co escritor Daniel Salgado.

- Alberte Valverde, “Un non lugar chamado Michigan”, *Grial*, n.º 220, “O espello das

letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 83-84.

Destaca o fundamento biográfico da obra explicando que remite ao accidente automobilístico que o autor sufriu no ano 2016. Sinala que o poemario conta cun prólogo a cargo da poeta Chus Pato e que recolle, ao final, a correspondencia entre Reixa e o crítico literario Daniel Salgado sobre o desenvolvemento da propia obra. Salienta que o poemario inclúe materiais audiovisuais e performativos, que consta de catro partes relacionadas co accidente, a ambulancia, a recuperación e as consecuencias. Resalta que, entre outras características, constitúe unha obra de carácter intimista marcada polo vangardismo, o paso do tempo, a realidade popular, a actualidade, o sufrimento, a casualidade, a lembranza e o abatemento.

Referencias varias:

- Elena Ocampo, “Reixa escribe tras 18 días de ‘muerte’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 novembro 2018, p. 36.

Infórmase do contido da última publicación de Antón Reixa, acompañado do prólogo de Chus Pato e epílogo Daniel Salgado. *Michigan, acaso Michigan*, como se denomina a obra, é produto dun accidente de tráfico cun posterior coma.

- Miguel Vázquez Freire, “Os *acazos* que asolagan as horas. Antón Reixa, memoria dun accidente”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Crónica”, decembro 2018, pp. 74-76.

Entrevista a Antón Reixa co gallo do accidente de tráfico que sufriu e que deu lugar ao libro *Michigan/Acaso Michigan* publicado en Xerais. No tocante á literatura galega, destaca a relevancia que adquiren no poemario *Michigan/Acaso Michigan* os paradoxos, o cambio fronte a cotidianidade, o sufrimento, a proximidade da morte, o medo, o paso do tempo, a asunción das circunstancias, a pegada do ludismo, a memoria e o seu nexo coa ficción, a mestizaxe do mundo, o vínculo entre o social e o cultural, a eventualidade e a súa ligazón coas emocións, a inclusión do particular e íntimo no eido colectivo e a preeminencia do corpo.

Rey Núñez, María del Carmen, *Mulleres*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, decembro 2018, 290 pp. (ISBN: 978-84-948966-5-1).

María del Carmen Rey Núñez (Mazaricos, 1961) coloca o foco sobre as vidas de diferentes mulleres que loitan contra as adversidades ás que se ven sometidas por naceren muller. Ábrese cun breve prólogo, en chave feminista, no que a autora fai unha defensa da igualdade de xénero e a equidade entre sexos: “coido que tanto o home como a muller deberan ter as mesmas obrigas e gozar dos mesmos dereitos”. A este prólogo séguenlle cincuenta e dous capítulos intitulados: “Un teito”, “O pazo”, “Traballo por pan”, “A malla”, “O cotián”, “Tellas ao vento”, “Á escola”, “Un soño cumprido”, “Agasallo”, “Na feira”, “Sancristán”, “Doenza”, “Favores”, “Soidade”, “Retorno”, “Desavinzas”, “As contas”, “A paga”, “Volta ao traballo”, “Arrecedo a festa”, “Débedas”, “Atrancos”, “Inquedanzas”, “Virulencias”, “Ánimas”, “A comunión”, “Retento carnal”, “A espera”, “Domingo pródigo”, “O azo da fortuna”, “Unha casa”, “Amoriños”, “A partida”, “O día a día”, “A vila en festas”, “A saúde marchou”, “Anovarse”, “O amor”, “Tristura”, “Foise”, “Seranche contos!”, “Adela”, “Trasnadas”, “A viaxe”, “O destino”, “O derrube”,

“O cárcere”, “Liberdade”, “A cidade”, “A xuntanza”, “Ave María purísima!” e “Ao fin”. A narrativa arranca con María, Encarna e Andrés (avoa, filla e neto, respectivamente) como protagonistas, que loitan por superar os atrancos aos que están sometidas polo seu sexo. María e Encarna son nais solteiras que teñen ao seu cargo ao pequeno Andrés, ao que tentan protexer e educalo na igualdade. Nai e filla, ambas as dúas vítimas de violencia machista, loitan por seguir adiante coas súas vidas aínda que non sempre lles será doado. Ademais de teren gran tesón e valentía, as protagonistas contan coa axuda doutras mulleres como é dona Olga. Xunto con elas, aparecen outros personaxes femininos (Ana, Carme, Laura...) que conseguirán derribar todos os obstáculos para seren felices e non volver endexamais a sentir medo. Cun narrador omnisciente en terceira persoa, abondosos diálogos e descrições detalladas, érguense como temáticas centrais o amor á familia, as relacións interpersoais, o medo, a afouteza, a envexa, a miseria, as desigualdades sociais, a violencia machista e os prexuízos arredor da muller. En palabras da propia Rey Núñez: “Esta é a miña humilde homenaxe a todas as mulleres que ao longo dos tempos, sufriron nas súas carnes as resultas dunha sociedade machista”.

Rivas, Manuel, *Vivir sen permiso e outras historias de Oeste*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º. 437, outubro 2018, 144 pp. (ISBN: 978-84-9121-456-4).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) propón nesta novela tres relatos que teñen como eixo temático o poder das mafias, a cobiza, a vinganza, o medo e a corrupción. Abre coa dedicatoria: “A Lorna Shaughnessy e a Paco Ignacio Taibo II”, seguido dun breve fragmento do texto de Ramón del Valle-Inclán *Romance de lobos*. Os relatos que insire por orde son: “O medo dos ourizos”, “Vivir sen permiso” e “Sagrado mar”. Todos eles están precedidos por cadansúa cita pertencente a tres escritores recoñecidos da literatura mundial. O relato que dá comezo á novela, “O medo dos ourizos”, conta a historia de dous adolescentes mariñeiros, Antón Santacruz e Jimmy, que atopan mergullados no mar catro fardos de droga, en concreto, arredor de oitenta quilos de cocaína. Ante o feito, deciden sacar proveito e facerse ricos pero axiña descubren que pode chegar a ser perigoso. Tras varios episodios violentos, un dos mozos decide desfacerse dos alixos de droga. Este relato, narrado en primeira persoa e cun narrador omnisciente, achega temas como a precariedade, o narcotráfico, o medo ou a violencia. O relato seguinte, “Vivir sen permiso”, está protagonizado por Nemo Bandeira, un poderoso home de negocios que creou un imperio a través de prácticas ilegais. A enfermidade do alzhéimer obriga ao protagonista a abandonar o mundo do narcotráfico, converténdose no seu peor inimigo. Unha historia na que o medo, a violencia, a corrupción, as deslealdades, as vinganzas e a morte son temáticas recorrentes. Cunha voz narrativa en terceira persoa e un narrador omnisciente, desenvolve temas como a venda ilegal, o tráfico humano, o narcotráfico ou a trata de mulleres. No derradeiro relato, “Sagrado mar”, narrado en primeira persoa e cun narrador omnisciente, preséntase a historia dun mozo presidiario chamado Camagüey que debe elixir entre ser unha persoa de ben ou deixarse arrastrar pola extorsión e o medo ás represalias por parte dunha rede mafiosa que impera no cárcere.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Almas furtivas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.059, “letras Atlánticas”, 28 outubro 2018, p. 30.

Infórmase da nova publicación do autor Manuel Rivas, *Vivir sen permiso e outras*

historias do Oeste, editado por Xerais. A obra está constituída por diferentes relatos, ambientados no territorio do Oeste.

- Ramón Rozas, “Oeste”, *Diario de Pontevedra*, “évenres!”, “fin de semana”, p. 8/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Foguetes Verdes”, 2 novembro 2018, p. 48.

Infórmase da última obra literaria escrita por Manuel Rivas, *Vivir sen permiso e outras historias do Oeste* e que está editada por Xerais.

- Daniel Salgado, “Literatura que indaga na outra cara da sociedade”, *Sermos Galiza*, n.º 321, “fóradeserie”, 8 novembro 2018, pp. 2-3.

Informa da publicación de *Vivir sen permiso e outras historias de Oeste* de Manuel Rivas, o último libro deste autor no que indaga sobre o fenómeno do narcotráfico en Galicia, tema que xa inaugurara con *Todo é silencio* e que outros autores galegos teñen explorada, mais sempre de forma minoritaria.

- Diego Ameixeiras, “Rivas patrullando o salvaxe Oeste”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 30 novembro 2018, p. 8.

Elóxiase a versatilidade de Manuel Rivas, que nos relatos que compoñen este libro é capaz de transitar do lirismo á narración seca e distante, “case notarial”.

Referencias varias:

- Emma Araújo, “Manuel Rivas volve ao relato curto con tres historias nas que ‘a verdade xera ficción’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 outubro 2018, p. 35.

Infórmase da presentación da última obra *Vivir sen permiso e outras historias do Oeste*, do autor Manuel Rivas, editado en galego por Edicións Xerais e en castelán por Alfabeta. A presentación discorreu na librería Numax, contando coa presenza do editor Francisco Alonso e tamén coa do escritor e xornalista Daniel Salgado.

- Javier Ramos, “Manuel Rivas: ‘o problema non é a desobediencia, é a obediencia’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 63 / *Diario de Pontevedra*, “Vivir”, 24 outubro 2018, p. 46.

Infórmase da recente presentación do último traballo de Manuel Rivas, *Vivir sen permiso e outras historias do Oeste*, na que estivo acompañado do editor Fran Alonso e o escritor Daniel Salgado. Editado por galego en Edicións Xerais e en castelán por Alfabeta.

- Ana Baena, “Manuel Rivas. ‘Resulta anómalo o pouco que ata agora se ten escrito do narcotráfico galego’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 5 decembro 2018, p. 11.

Entrevista ao escritor Manuel Rivas tras a recente presentación na librería Librouro de Vigo, *Vivir sen permiso e outras historias do Oeste*. A conversa desenvólvese sobre aqueles aspectos que son tratados na obra.

- Clara Aldán, “Las aventuras de los famosos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 24 decembro 2018, p. 9.

Dáse conta da participación de Manuel Rivas no Vermú entre libros da Librería Paz, onde conversou sobre os seus últimos libros, *Contra todo isto* e *Vivir sen permiso e outras historias de Oeste*.

Rodríguez Otero, Margarita, *Unha xoia para o káiser*, Monforte de Lemos: Agrasar Editores, xullo 2018, 313 pp. (ISBN: 978-84-9471-782-6).

Esta novela histórica de Margarita Rodríguez Otero (Baamorto, Monforte de Lemos, 1934), baixo o subtítulo de “A increíble odisea de “A Adoración dos reis” de Hugo Van der Goes”, ten como eixo temático a controvertida venda deste coñecido cadro do pintor flamenco Hugo Van der Goes. A obra está protagonizada polos adolescentes Manuel Barcia, quen chega á Ribeira Sacra para desfrutar duns días de vacacións e visitar a terra dos seus antepasados e Lina. Ambos os personaxes van pescudar sobre unha rede de venda ilegal de obras de arte que os levará a enfrontarse aos seus medos e a poñerse a proba. A escritora monfortina xoga coa temporalidade da acción, mesturando así o presente (concretamente o ano 2017) e o pasado (comezos do século XX que é cando se produce a venda do cadro), e tamén cos personaxes que conforman a obra, xa que se mesturan personaxes históricos (como son Antonio Méndez Casal, Joaquín Arias Sanjurjo, Niceto Oneca, Borja Corral...) e personaxes ficticios, creados pola propia autora. Polo tanto, Margarita Rodríguez coloca o foco sobre a gran controversia que suscitou a venda deste cadro de gran valor artístico e cultural que durante anos pertenceu ao pobo de Monforte de Lemos.

Referencias varias:

- A. Rodil, “Testigos de la historia de Monforte”, *El Progreso*, “Comarcas”, 20 xullo 2018, p. 12.

Anúnciase a saída ao mercado da novela “Unha xoia para o káiser”, escrita por Margarita Rodríguez Otero e publicado por Agrasar Editores. O libro ampárase no importante fondo histórico da narración sobre a terra de Lemos, acompañado da intriga propia duns feitos pasados como foi o abandono do cadro “La adoración de los Reyes” do colexio Cardenal de Monforte.

- C. Méndez, “Una novela para conocer Monforte”, *El Progreso*, “Comarcas”, 30 xullo 2018, p. 10.

Dáse conta dos feitos históricos nos que se basea a novela: a polémica venda do cadro *A adoración dos Reis* de Hugo Van der Goes, ata entón conservado no colexio dos Escolapios de Monforte, ao Kaiser Museum de Berlín en 1913. Tamén se informa da presentación da novela no Centro do Viño de Monforte o día 10 de agosto.

Sánchez Aríns, Susana, *Tu contas e eu conto*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das letras, n.º 32, decembro 2018, 170 pp. (ISBN: 978-84-16545-23-0).

Obra de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía de Arousa, 1974) que compila 17 relatos e 17 poemas, 17 contos e 17 cantos nos que se desenvolven temáticas como a amizade que

doe, a memoria do tempo pasado, o humor e a morte. O libro preséntase como un canto para as mulleres falecidas, aquelas que traballan de maneira precaria, aquelas que viven con medo. Trátase dun reflexo da situación que se está a vivir na actualidade.

Recensións:

- Mario Regueira, “As dúas caras do conto”, *Sermos Galiza*, n.º 325, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 5 decembro 2018, p. 8.

Dáse conta da publicación da obra, *Tu contas e eu conto*, por parte da autora Susana Sanches Arins levada ao mercado por Através editora.

Santellán Brey, Tabaré, *Rumores baixo o luar. Relatos do lado escuro do folclore*, Santiago de Compostela: Bolanda ediciones, xaneiro 2018, 170 pp. (ISBN: 978-84-697-7963-7).

Obra de Tabaré Santellán Brey que acolle doce historias que percorren os mitos xurdidos do terror, da superstición e do imaxinario popular colectivo de Galicia. Todas elas están protagonizadas por lendas e personaxes que conforman o folclore galego. As historias veñen acompañadas de ilustracións que complementan ao texto.

Referencias varias:

- Montse García, “Rumores baixo o luar. Relatos do lado escuro do folclore”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 10 abril 2018, p. L10.

Anuncia a presentación ás sete da tarde, na librería Couceiro, destas doce historias nadas do terror e a superstición.

- Toni Martín, “El escritor e ilustrador Tabaré Santellán publica un libro de relatos de terror”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 xaneiro 2018, p. 24.

Infórmase da presentación da obra, *Rumores baixo o Luar. Relatos do lado escuro do folclore*, cuxo autor é Tabaré Santellán, sendo editada por Bolanda. O acto de presentación desenvolveuse na Fundación Eugenio Granell e contou coa presenza de Eduardo López Valiña.

Salgado Varela, Fernando, *I.306/36*, autoedición, Editorial Fernando Salgado, 2018, 127 pp. (ISBN: 978-84-940825-3-5).

Esta novela de Fernando Salgado Varela (Cerdedo, Pontevedra, 1959) céntrase na figura do seu avó Francisco Varela Garrido, un importante activista político da Segunda República que foi fusilado en xullo de 1937, despois de estar preso na Escola Normal de Pontevedra e na Illa de San Simón. Con esta novela, o autor pontevedrés fai un percorrido pola traxectoria vital do seu avó a través, entendida como unha homenaxe ao seu avó, unha de tantas vítimas do franquismo.

Souto, Xurxo, *A gran travesía de Chiruca Macallás*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2018, 160 pp. (ISBN: 978-84-9121-447-2).

Xurxo Souto (A Coruña, 1966) na súa novela presenta a viaxe dun barco pesqueiro que parte para o Gran Sol capitaneado por unha muller chamada Chiruca Macallás (hipocorístico de Mercedes Peón). A protagonista reivindica valores como a valentía, a afouteza e a creatividade. Polo tanto, o autor coloca o foco sobre un personaxe feminino que destaca e forma parte dun universo tradicionalmente entendido como masculino. Durante a travesía mariña, a protagonista enfrontarase aos seus medos e fará amizade con personaxes como o peixe-sapo chamado Lipeilipeisa. Xurxo Souto recrea un universo real, aínda que tamén se introducen elementos ficcionais, outorgando unha singularidade excepcional á novela. O autor non deixa á marxe a relevancia da tradición popular oral do pobo galego, reflectida a través da inclusión de cántigas e relatos orais da man de seres fantásticos que van ir aparecendo ao longo da narración. Con esta novela, Xurxo Souto pretende pór en valor a riqueza e a potencialidade do mar, así como dar visibilidade ao labor da muller no eido mariñeiro e na historia en xeral.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Todo no mar é música, e palabras”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 26 outubro 2018, p. 8.

Dáse conta da nova novela escrita polo autor Xurxo Souto, que se denomina *A gran travesía de Chiruca Macallás*, distribúese no mercado da man de Xerais.

Referencias varias:

- Ana Carro, “Xurxo Souto. ‘A maior proba de que A Coruña e Vigo son iguais é que Caballero crese Paco Vázquez’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 1 novembro 2018, p. 13.

Conversa co autor Xurxo Souto despois da publicación da súa última obra, *A gran travesía de Chiruca Macallás*. Tamén se debate sobre o localismo estendido entre Vigo e A Coruña.

- M.G.M., “Xurxo Souto. ‘Fronte ao mar, somos o mesmo. A un barco dálle igual atracar na Coruña que en Vigo’”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 1 novembro 2018, p. 37.

Referénciase a presentación da obra, *A gran travesía de Chiruca Macallás* de Xurxo Souto, logo de discorrer en Portas Ártabras. Dita presentación contou coa presenza de Mercedes Peón e Felipe Senén.

- Lourdes Varela, “Xurxo Souto. ‘Oxalá toda a xente fose quen de saber ler o mar’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 687, “Entrevista”, 1 novembro 2018, p. V.

Con motivo da publicación de *A Gran Travesía de Chiruca Macallás*, o autor comenta as súas fontes de inspiración e as súas intencións á hora de escribir a historia. Fala de Mercedes, a protagonista que representa a rapazas do seu barrio e cuxo nome é unha homenaxe a Mercedes Peón, e fala tamén de Mamí Watá, que provén dun mito de orixe africana. Indica que escolleu unha muller patroa de pesca en altura porque a mellor

maneira de cambiar a realidade é creando novos mitos, e que o seu desexo foi reflectir historias de mariñeiros e mariñeiras para achegar os seus lectores ao mar.

- Mariló Pérez, “Navegar cara o feminismo”, *La Región*, “Agenda”, “Literatura”, 4 decembro 2018, p. 22.

Presentación da novela de Xurxo Souto, *A gran travesía de Chiruca Macallás*, na asociación Andén Primeiro da cidade de Ourense.

- Olaia Tubío, “Xurxo Souto. ‘Lugo é a gran capital do mar de Galicia’, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 decembro 2018, p. 70.

Presentación da última obra de Xurxo Souto, *A gran travesía de Chiruca Macallás*, na asociación Cultura do País en Lugo.

Suárez Fraga, Martiño, *Bestiario do vestiario: segundo tempo*, Santiago de Compostela: Sacauntos, novembro 2018, 159 pp. (ISBN: 978-8494930423).

Obra composta por unha serie de historias relacionadas co mundo do deporte, de xeito eminente o ciclismo e o fútbol, mais entre as que tamén hai lugar para o xadrez, o atletismo ou o motocrós. As persoas que protagonizan estas anécdotas en poucos casos son profesionais merecedores de acaparar os focos, e mesmo nalgunhas nin son deportistas: o que se busca é amosar a cara oculta do deporte, os seus fracasos e as súas miserias, os ambientes non mediatizados, os logros fortuitos ou as vitorias pírricas. Ademais dun forte ton humorístico e retranqueiro na narración, o autor engade algunha historia baseada en experiencias persoais baixo un prisma nostálxico.

Referencias varias:

- Cristóbal Ramírez, “Bestiario”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 18 decembro 2018, contracuberta.

Infórmase dunha reimpresión do libro de Martiño Suárez *Bestiario do vestiario*, que leva como subtítulo Segundo tempo.

Tizón, Antonio, *Un home extraño*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, abril 2018, 208 pp. (ISBN: 978-84-9121-336-9).

Obra de Antonio Tizón (Aranga, 1960) considerada unha novela negra que se enmarca na Galicia pre-autonómica. O protagonista, o inspector de segunda Xosé Sánchez Pereiro, debe resolver o crime dun arquitecto municipal de A Coruña que tivo lugar en 1980. A raíz da súa investigación, desencadéase unha trama de sorprendentes consecuencias co tema da enfermidade mental como telón de fondo.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Corrupción nos 80”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 673, “Libros”, 14 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 622, “Libros”, 23 xuño 2018, p. 6.

Dáse conta da nova publicación *Un home estraño*, cuxa edición corre a cargo de Xerais. A obra pertence ao autor Antonio Tizón, que continua a súa creación en narrativa longa.

- Armando Requeixo, “Literatura mulata”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.041/*El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.041, “máis Libros”, 24 xuño 2018, p. 30.

Analiza a publicación de Antonio Tizón, *Un home estraño*. Leva a cabo a publicación a editorial Xerais e preséntase coma unha novela negra con elementos sentimentais en plena etapa da Transición.

Referencias varias:

- S. S., “Antonio Tizón presentou a súa novela ‘Un home estraño’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 abril 2018, p. 36.

Preséntase en Ribeira a obra gañadora do Certame de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira. Acompañou ao autor Fran Alonso, novo director da editorial Xerais, que asinou co alcalde o acordo de publicación da próxima novela gañadora.

- Alicia Pardo, “Antonio Tizón. ‘A xente ten moitos prexuízos sobre a enfermidade mental. Eu busco normalizala’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 6 maio 2018, p. 13.

Antonio Tizón presenta *Un home estraño*, novela que relata o primeiro caso do seu personaxe Xosé Sanchez durante o período da Transición e que pasou por distintas versións ao longo dos 40 anos que a leva escribindo. Destaca a inclusión dun cancionero no apéndice e a intención que ten a novela de explicar por que o personaxe policía de *A antesala luminosa* se converteu nun corrupto. Afirmar que padece un trastorno bipolar e fala do descoñecemento e prexuízos que afectan ás enfermidades mentais.

- M. G. M., “Antonio Tizón inspírase nun vagabundo coruñés no seu libro ‘Un home estraño’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 11 maio 2018, p. 37.

Informa de que se presentou na fundación ONCE a novela *Un home estraño*, de Antonio Tizón e de que se amenizou a sesión con interpretacións musicais de Miro Casabella, tamén incluídas na propia obra en forma de compendio.

- Alicia Pardo, “Unha cidade de tinta e ficción”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 4 setembro 2018, p. 9.

O autor Antonio Tizón abre unha nova edición de “Paseos pola Coruña Literaria”, roteiros guiados por creadores e organizados pola AELG e o Servizo de Normalización Lingüística. O coruñés analizará a urbe no inicio da democracia, facendo alto na estatua de Curros Enríquez, na xamonería La Leonesa, na praza e María Pita ou no lugar da casa dun dos protagonistas da súa obra. O itinerario rematará coa proxección do *booktrailer* na librería Arenas. Participarán con outros roteiros Antía Yáñez, Diana Varela e Olga Patiño.

-Lucía Montáns, “A historia menos contada dos oitenta”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación”, 18 outubro 2018, p. 20.

Infórmase da presentación da nova novela de Antonio Tizón, *Un home estraño*. A presentación ten lugar en El Cercano e conta coa presenza do editor Manuel Bragado. É a segunda novela policiaca que produce o autor, onde tamén mestura personaxes con problemas mentais.

Tomé, Abel, *A noite do corvo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 370, maio 2018, 204 pp. (ISBN: 978-84-9151-170-0).

Primeira obra do xornalista Abel Tomé (Outes, 1984) que pertence ao xénero da novela policial. Conta o asasinato dos catro membros da familia Haggerty na illa de Gothard, que debe ser investigado polo tenente de policía de Beth, Gonçalves. A violencia e a corrupción é unha constante na novela, empezando polo chanceler ditatorial de Gothard, o capitalismo voraz e superficial de Beth, así como as propias personalidades dos protagonistas: Gonçalves, un home atormentado polo asasinato da súa muller por parte do seu ex-compañeiro, que o levará a condutas sociópatas; o seu compañeiro Pietre, un home cunha adición patolóxica ao sexo; e Lúa, unha muller condenada á violencia patriarcal. Estes factores terán un peso fundamental no desenvolvemento da historia, sendo finalmente o chanceler, xunto co resto do consello da cidade, o culpable do asasinato da familia Haggerty xa que o Consello decidira traficar con cocaína pero Niall Haggerty, membro tamén do consello, negárase ao tráfico de drogas.

Recensións:

- Mario Regueira, “A vella e boa novela negra”, *Sermos Galiza*, n.º 300, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 14 xuño 2018, p. 6.

Comenta a recente publicación de *A noite do corvo*, por parte de Abel Tomé e editado por Galaxia. Destaca a calidade de narración con pasaxes impresionistas e case ton lírico, que enmarca a esta obra dentro da novela negra.

- Diego Ameixeiras, “Mortes na illa perigosa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galgo”, “1.280 almas”, 6 xullo 2018, p. 8.

Comenta a recente publicación de Abel Tomé, *A noite do corvo*, editado por Galaxia. Esta estrea do autor no xénero da novela negra, polo que a obra estará chea de intrigas desde o primeiro momento no que se desvela un segredo.

- Francisco Martínez Bouzas, “A forma da morte”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 677, “Libros”, 12 xullo 2018, p. VI.

Comenta da recente publicación, *A noite do corvo*, cuxa estrea lle corresponde a Abel Tomé. Este descubrimento no eido da narrativa pode estar enfocado sobre a novela negra. A mestura dun topos “imaxinario” coa relixión, a intriga e as críticas sociais, despuntan esta nova entrega relatada mediante dous fíos narrativos.

- Patricia Penelas, “A renovación da novela negra galega”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 98-99.

Comeza apuntando que o autor foi galardoado co Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro 2013 e co premio de poesía da Revista A Pipa 2015 e, a seguir, explica que *A noite do corvo* constitúe unha novela negra que supón a renovación do xénero. Anota que a obra pivota arredor do asasinato de catro familiares na illa de Gothard e resalta a importancia dos tres personaxes a cargo da investigación (un tenente e dous axentes) e dos habitantes da illa como colectividade oposta á procedente da cidade de Beth. Indica as influencias do xénero negro nórdico, musicais ou doutras literaturas estranxeiras que están presentes na novela e salienta a intención de crítica social que subxace á obra.

Toro, Suso de, *Fóra de si*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-314-7).

Fóra de si de Suso de Toro (Santiago de Compostela 1956) é unha obra que se divide en 30 capítulos agrupados en sete partes: “Fóra de si”, “Fracasando”, “Peregrinando”, “Benvido”, “Encontrando”, “Soñando” e “Imaxinando”. A excepción da primeira, que conta con só dous capítulos, todas as demais están encabezadas por fragmentos da canción “Aguas de Marzo” do compositor brasileiro Tom Jobin. O título de cada unha das partes fai referencia aos diferentes estados que percorre o protagonista, o neurocirurxián Ricardo Marzoa, dende o momento en que perde o control ata que se sitúa na súa nova vida. A historia, que comeza cunha chamada de Marzoa a un compañeiro de escola, agora convertido en psiquiatra, despois de ter provocado incidentes de diferente índole no hospital onde traballaba e tras sufrir un accidente de coche por mor do seu alcolismo, céntrase en reproducir a conversa-monólogo que o neurocirurxián mantén con seu pai, demente e ingresado nunha residencia, na que, en ton de reproche, lle explica todo o acontecido nos últimos días e como está preparado para iniciar unha nova vida. Malia que Marzoa sinala durante a narración que todos os seus problemas derivan de moito máis atrás, culpando a seu pai de ser orixe e foco de todos estes, o punto de inflexión de todo está na morte dunha nena no quirófano e da destitución do médico como xefe de planta, posto no que desexaba xubilarse. Estes acontecementos provocan que Marzoa ataque o despacho do novo xefe mexando todo o mobiliario do despacho e estoupándolle as rodas ao coche ao mesmo tempo que destapa unha trama de corrupción no hospital ligada á consellería de sanidade. Ademais, ao mesmo tempo aparece o tío Virxilio, irmán do pai de Marzoa, que acode ao hospital a morrer a causa dun cancro terminal. Este encoméndalle ao seu sobriño unha serie de tarefas ligadas á casa familiar que se atopa nunha aldea próxima. Doutra banda, tamén lle pide que realice unha visita ao seu irmán, o pai de Marzoa, na residencia na que está ingresado tal e como el mesmo fixera uns días antes. Despois do falecemento e da incineración do corpo de Virxilio, Ricardo acode á casa familiar onde se atopa con Beatriz Celeste, a muller que vive na casa do lado, tamén propiedade da familia Marzoa, e que se encargou do seu tío nos últimos anos. Ela, que ten unha filla de once anos, estivera casada co fillo do caseiro dos Marzoa até un ano antes, cando este faleceu no cárcere tamén dun cancro. Muller misteriosa chegada dende o Brasil, Beatriz, como lle chamaba o tío Virxilio, resulta ser unha compoñedora con negocios ocultos ligados a venda de marihuana herdados do seu home e que non é quen de pechar para iniciar unha nova vida xunto coa filla. Marzoa, dentro da súa crise persoal e profesional e engaiolado pola brasileira acabará aceptando o pasado desta e axudándoa a acabar coa vida do chulo e narcotraficante que as ameaza a ela e a filla e abandonando por ela o corpo do home que semella ter morto dunha sobredose. Toda esta historia é a narración do propio Marzoa ao seu pai, ao mesmo tempo que supera a súa adicción á

bebida e reconstrúe unha vida coa que non estaba conforme poñendo as súas esperanzas en comezar de novo xunto a Beatriz e a nena. O que nunca chegará a saber, xa que seu pai non llo conta mentres están xuntos e morre ao día seguinte, é que a súa verdadeira nai era a muller do caseiro, e polo tanto era irmán do finado marido de Beatriz, e que foi el, seu pai, o que lle pediu ao tío Virxilio, co que había anos que non falaba, que o fora buscar despois de perder o sentido e tras coñecer os problemas que estaba causando no hospital para rescatalo e devolvelo a casa.

Recensións:

- Jaureguizar, “Suso de Toro: ‘Como non hai guerras nin heroes, o gran tema é a familia’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, p. 56/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 52, 17 xaneiro 2018.

Comenta a próxima publicación do autor Suso de Toro para a editorial Xerais. A obra denomínase *Fóra de si* e correspóndese coa volta do escritor ao texto novelesco, que cualifica como moi teatral.

- Dolores Martínez Torres, “Con estrutura fragmentaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 663, “Libros”, 5 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 612, “Lecturas”, 14 abril 2018, p. 10.

Sinala a presenza na novela de elementos característicos na obra de Suso de Toro, como son a estrutura fragmentaria, o protagonista afectado por crises de identidade e segredos familiares, o reflexo da fala e as pinceladas de crítica socio-política. Resalta o comportamento pouco plausible do protagonista e a dificultade de sentir simpatía por el, así como o feito de que as personaxes femininas non son moi estimulantes.

- Vicente Araguas, “Suso de Toro de volta”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.038/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.038, “máis Libros”, 3 xuño 2018, p. 32.

Comenta a volta ao mercado literario de Suso de Toro coa nova produción *Fóra de si*, publicada por Edicións Xerais.

- Inma Otero Varela, “As mudas de pel herdadas”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 80-81.

Comenta que a novela trata a cuestión da identidade e que pivota arredor dos problemas existenciais e sociais do protagonista que herda a profesión e a fama do seu proxenitor. Salienta que a obra afonda nos atrancos profesionais e familiares do protagonista á hora de medrar no seu oficio e subliña a preponderancia dos diálogos sobre a omnisciencia narrativa. Destaca que a novela inclúe, por unha banda, a versión do protagonista e, por outra, a dos demais personaxes sobre os mesmos acontecementos. Anota tamén que son as declaracións do protagonista ao seu proxenitor as que determinan a orde dos acontecementos e afonda na importancia dos datos paralingüísticos ou dos dobres sentidos que se desprenden do emprego da retranscrición e do estilo directo así como na pegada argumental da novela negra. Por último, sinala que a obra consta de sete partes e pon en relación cos libros anteriores do autor *Home sen nome* e *Non volvas*.

- Maribel Tato, “*Fóra de si cóntanos...*”, *Luzes*, nº 55, “As libreiras”, abril 2018, p. 84.

Sinala que o libro é a historia dun médico que, a raíz dun conflito, decide trasladarse vivir ao rural. Explica que o cambio de vivenda vai acompañado da revisión das experiencias e mais da necesidade de redención do protagonista. Comenta que a obra constitúe o testemuño de diversos personaxes a través de diálogos e monólogos. Salienta que o libro constitúe unha mostra do funcionamento das relacións familiares e da decisión de volver comezar.

- Armando Requeixo, “Na selva escura”, *Tempos Novos*, nº 256, “protexa”, setembro 2018, p. 72.

Explica que o argumento da obra xira arredor das vivencias dun médico a piques de se retirar que sofre a morte dun familiar, o divorcio, a difícil relación co seu proxenitor que permanece internado nun psiquiátrico e a aparición dunha nova paixón amorosa. Informa de que a estrutura da obra é o monólogo do protagonista que se dirixe ao seu pai e que pivota sobre as cuestións da realidade, a fatalidade, a identidade, as limitacións da conxuntura social e a autenticidade da existencia. Anota que o monólogo sen resposta que o protagonista executa ante o seu pai representa un proceso de purificación e de reconstrución do ser humano, poñendo de manifesto o enfrontamento entre ás imposturas da realidade e o logro de rematar ser quen un quere ser.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “Suso de Toro. ‘Eu considérome un narrador xudeu, un intelectual xudeu’”, *Sermos Galiza*, nº 284, “*fóradese*”, 15 febreiro 2018, pp. 4-5.

Entrevista con motivo da publicación de *Fóra de si*. Conta que o protagonista da novela, un neurocirurxián, entra na súa última etapa cheo de rabia e descontento coa súa vida. Comenta que o protagonista, como arquetipo compostelán de médico fillo de médicos, enlaza con *Home sen nome* (2006), e fala do contraste de *Fóra de si* coa súa anterior novela, *Sete palabras*, na que unha voz en segunda persoa reconstruíu a propia identidade do escritor. Fai un repaso da súa traxectoria, mencionando *Caixón desastre* e *Polaroid* coma obras que seguían a mesma estética e a ruptura desta coa publicación de *Land Rover*; así mesmo, menciónanse as obras *Ambulancia* e *Calzados Lola*, nas que primaba a acción, en contraposición ao último tramo da súa obra, no que predomina a psicoloxía dos personaxes. Afirmo que recuperou a fe na literatura e comenta o rol desta coma revisión histórica, de feito, conta que moitos dos seus protagonistas volven ao pasado para solucionar problemas mal sepultados.

- Montse García, “Suso de Toro volve á novela con ‘Fóra de si’, que enlaza coa súa obra anterior”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 marzo 2018, p. 38.

Sínálase que o editor da obra, Manuel Bragado, afirmou na presentación que *Fóra de si* enlaza coas obras anteriores de Suso de Toro, volvendo a estar presentes a oralidade, a viaxe ao pasado, as relacións entre irmáns e entre pais e fillos, o paso da cidade ao campo e o carácter fragmentario. Tamén se dá conta da ausencia de narrador e da definición que o autor fai do libro como “montaxe cinematográfica, a medio camiño entre a teatralidade e o cinema”.

- Lourdes Varela, “Suso de Toro. ‘Escribín esta novela porque tiña ganas de volver imaxinar vidas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 662, 22 marzo 2018, p. V.

Nesta entrevista, Suso de Toro fala sobre a súa volta á escrita de ficción coa novela *Fóra de si*. Explica a súa retirada por ter considerado que a literatura xa non tiña lugar na sociedade actual, ademais de sentir que xa expresara todo o que quería na súa obra *Sete palabras*. Porén, co tempo foi recuperando as ganas de escribir e a “confianza na literatura como dadora de sentido”. O autor resta importancia á calidade da súa obra, asegurando que o único que pretende é contar historias e imaxinar vidas.

Vila Baleato, Lito, *Campus Morte*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 369, marzo 2018, 180 pp. (ISBN: 978-84-9151-164-9).

Esta novela de Lito Vila Baleato (Alemaña, 1978) consta de corenta e dous capítulos breves, con títulos e datados, antecidos por unha dedicatoria que reza así: “Ao meu pai, o mellor mestre que tiven xamais na materia máis difícil, a da vida”. O libro péchase cunha breve “Nota do autor” e uns “Agradecementos”. A acción transcorre na Compostela de finais dos anos noventa e comezos do novo milenio, prestando especial atención a aqueles espazos identificables e realistas como son os arredores do campus universitario compostelá. Tras recibir unha desacougante mensaxe do seu amigo da infancia Martín Cerqueiro, o profesor Iago Miranda, residente en Alemaña por motivos laborais, regresa a Santiago para descubrir a verdade da morte en estrañas circunstancias do seu amigo. Este estaba a investigar a morte supostamente accidental dunha estudante alemá chamada Kathrin Brinkmann, que viñera de intercambio a Compostela no ano 2002. O protagonista emprende coa axuda de Clara, a irmá de Martín, unha intensa investigación en busca de respostas co fin de resolver os dous casos. Finalmente, descúbrese que o responsable da morte da moza alemá e de Martín fora un dos amigos do protagonista, David De la Riba, que tentou ocultar a verdade durante anos, co axuda do seu pai. Con todo, Iago Miranda loita porque se saiba a verdade e que a morte dos dous personaxes non quede impune. Finalmente, conséguese facer xustiza conseguindo reabrir os dous casos de asasinato. A traizón, o medo, a violencia, o poder, a ambición, as desconfianzas e a vinganza son temáticas recorrentes ao longo da novela. Os relatos que insire por orde son: “Apagado ou fóra de cobertura”, “Foi aquí onde pasou todo?”, “O futuro aeroporto Rosalía de Castro”, “Anos noventa en Compostela”, “Sen necrolóxica no xornal”, “KB”, “Botellón no Campus Vida”, “Leaving Compostela”, “Historia médica”, “Isto é Compostela”, “Preguntas e bágoas”, “Rei, tres e as de trunfo”, “Malo será”, “Apartado de Correos 187”, “Nada”, “Das risas para as choras”, “Amizade tremente”, “In vino veritas”, “In aqua sanitas”, “Toda a carne na grella”, “Frikadas e outras lérias”, “Falando claro”, “Que morra o conto”, “Vaites, vaites”, “Déixate de parvadas”, “Cidade da Cultura”, “Recordos rabudos”, “Sempre suaves”, “Voitres á pillota”, “Unha semana atrás”, “Enterro en Boisaca”, “Dúbidas razoables”, “Envío entregado”, “Asunto arraxado”, “O alcol está no aire”, “San Lourenzo”, “Coma etílico”, “Punto final”, “Soterrar e esquecer”, “A tixola polo rabo”, “Peixes pequenos”, “Licor café”.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Moitas explicacións”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.040/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.037, “máis

Libros”, 17 xuño 2018, p. 32.

Comenta a publicación *Campus morte*, escrita por Lito Vila Valeato e editado por Galaxia. Destaca a formulación inicial da obra cun suceso que desencadea o nó da historia. Inserido na novela negra, prodúcese unha mestura espazo-temporal entre Alemaña e Santiago, onde se desenvolverán os feitos.

- Pilar Ponte, “Saberache a pouco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 676, “Libros”, 5 xullo 2018, p. VI.

Informa da estrea en galego do autor Lito Vila Baleato coa novela *Campus medo*. A publicación corre a cargo da editorial Galaxia; mestúranse elementos como o asasinato, o espazo da cidade de Compostela e as xeracións perdidas de finais dos 90. +

- Diego Ameixeiras, “Aquela Erasmus de Filoloxía”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros.Galego”, “1.280 almas”, 18 maio 2018, p. 8.

Dá conta da primeira publicación de Lito Vila Baleato, *Campus morte*. A obra ambiéntase en Santiago de Compostela sobre a década dos 90, onde ocorre un suceso como é a morte dunha estudante alemá.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Compostela alberga a acción trepidante de ‘Campus morte’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 26 marzo 2018, p. 30.

Infórmase da presentación da novela na librería Couceiro en Santiago de Compostela. Dáse conta brevemente do argumento principal e da traxectoria vital do autor, que medrou e estudou en Compostela pero na actualidade traballa como profesor en Alemaña.

- S. Cuiña, “Lito Vila Baleato. ‘Santiago es el escenario ideal para una novela negra’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Las 1001 caras de Compostela”, 27 maio 2018, p. 24.

Infórmase da publicación de *Campus morte*, por parte de Lito Vila Baleato da man da editorial Galaxia. Nun contexto entre Santiago e Alemaña desenvolve unha novela negra chea de intriga, pero de fácil lectura.

- Tamara Montero, “Lito Vila Baleato. ‘Paréceme lóxico viaxar coas letras a onde un non pode estar cada día’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 3 agosto 2018, contracuberta.

Na entrevista, Lito Vila reflexiona sobre o papel da cidade de Santiago na novela, e fala do seu gusto pola novela negra e as súas perspectivas vitais.

- S. Cuiña, “Me gustaría retomar a Iago Miranda en el próximo libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Las 1001 caras de Compostela”, 18 setembro 2018, p. 26.

Infórmase de que *Campus morte* está a ser presentada por diferentes puntos da xeografía galega, e que tamén haberá unha presentación en Alemaña e outra en Bruxelas, organizada pola Asociación Couto Mixto no Centro Galego.

- Margarito Flowers, “Gira europea de Vila Baleato para presentar su libro, ‘Campus Morte’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 14 novembro 2018, p. 56.

Referénciase a presentación levada a cabo no Centro Galego de Bruselas, onde Lito Vila Baleato convidado polo Grupo Couto Mixto, mostrou a súa obra literaria *Campus Morte*. Posteriormente volve ter lugar outra presentación polo aniversario da Sociedade Hispano-Alemana de Paderborn, onde estiveron presentes Johannes Kabatek e Christian Bechthold.

Vituro, Marcos, *Patadas na boca*, Santiago de Compostela: Editorial Do Peirao, outubro 2018, 280 pp. (ISBN: 978-84-17393-21-2).

Esta novela de Marcos Vituro, situada na vila galega de Guntían, está protagonizada por personaxes que deberán enfrontarse aos seus medos nunha sociedade na que impera o mundo das aparencias e a falsidade. A obra traballa temáticas como a traizón, o amor, o desengano amoroso, a violencia ou a corrupción.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Las tardes de otoño me agotan”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 5 outubro 2018, p. 70.

Preséntase a obra *Patadas na boca*, cuxo autor é Marcos Vituro, na librería Paz.

Yáñez, Antía, *Senlleiras*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 373, xuño 2018, 352 pp. (ISBN: 978-84-9151-190-8).

Obra de Antía Yáñez (Burela, 1991) galardoada co Premio Illa Nova de Narrativa 2018. Comeza coa dedicatoria “A todas as mulleres do pasado, do presente e do futuro que sufriron, sofren e sufrirán. Non agardedes a que aparezan as pantasma”. Está constituída por un limiar, trinta e nove capítulos e un epílogo. Ademais, conta no final cunha nota da autora. O limiar e o epílogo forman parte da novela mentres que a nota autorial non pertence á narración, sendo desta maneira o único elemento paratextual da obra. Ao longo dos capítulos cóntanse dúas historias de forma paralela que acaban por xuntarse no final. A primeira historia é a de Alda Freixeiro, influencer coruñesa que no 2017 aparece morta na súa bañeira. A partir deste feito vaise reconstruíndo a súa vida, grazas ás personaxes de Navia e André, até descubrir contra o final da obra que foi asasinada polo seu marido, Bieito, o cal a maltrataba e controlaba a súa vida. Por outro lado está a historia de Alana, unha muller de principios do século XX, de orixe humilde, filla de solteira e que pasou a súa adolescencia traballando como servizo para unha casa de alto nivel económico “Vila Chorima”. Alana casou con Bernarbé Vituro, fillo do gobernador da Deputación, de clase alta e con casa na cidade da Coruña. Vaise narrando a súa vida de casada, na cal sofre maltrato psicolóxico e físico por parte do seu marido e que remata co seu asasinato e o suicidio do seu home. Ambas historias se unen a partir dunha investigación que realiza Alda sobre a súa casa ao sentir fenómenos estraños e que remata coa descuberta de que nese piso foi onde asasinaron a Alana. Ao longo da novela empréganse noticias de xornal, reais e ficticias, que axudan no seu desenvolvemento. A obra remata cunha sucesión de recortes de xornal relativos a asasinatos de mulleres por parte dos seus homes.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “As cadeas da prisión”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 14 setembro 2018, p. 6.

Infórmase da recente obtención do premio Illa Nova de narrativa outorgado pola editorial Galaxia a Antía Yáñez, tras a publicación do texto *Senlleiras*. A obra pertencente á literatura realista, tamén inclúe elementos particulares da novela detectivesca.

- Armando Requeixo, “Uroxicidios”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.053/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.053, “máis Libros”, 23 setembro 2018, p. 30.

Infórmase da obtención do galardón Illa Nova a Antía Yáñez pola editorial Galaxia coa súa obra, *Agua Senlleiras*. A estrea da autora co público adulto vén cargada de temas como a denuncia do clasismo ou a revisión dos rolos sociais entre outros.

- Montse Pena Presas, “De xenealoxías femininas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 683, “Libros”, 4 outubro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 625, “Letras galegas”, 13 outubro 2018, p. 7.

Recensión sobre a novela *Senlleiras*, de Antía Yáñez, na que desmizuza o argumento da obra de Yáñez e onde subliña o carácter feminista do libro a través dunha firme denuncia. Ao mesmo tempo, tamén se destacan as referencias históricas a figuras e fitos literarios que marcaron a vida literaria en A Coruña a comezos do século XX

- Vicente Araguas, “Máis madeira homérica”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.057/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.057, “máis Libros”, 14 outubro 2018, p. 32.

Con motivo do premio Illa Nova de Narrativa, é galardoada a novela *Senlleiras* de Antía Yáñez, publicada pola Editorial Galaxia. Deste xeito, a autora natural de Burela acada o premio correspondente ao ano 2018.

- Grácia Santórum, “*Senlleiras* déixase...”, *Luzes*, n.º 61, “As libreiras”, outubro 2018, p. 89.

Explica que a obra conta con varias protagonistas e que abrangue un período temporal de varios séculos. Apunta que a temática da obra pivota arredor da vida das mulleres no pasado marcada pola miseria, o descoñecemento, a violencia e a falta de afecto e liberdade. Por último, anota que o libro recolle tamén as vivencias de mulleres no presente marcadas polos mesmos problemas e máis pola incapacidade de expresar as emocións e a pegada da violencia psicolóxica fronte á felicidade.

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Antía Yáñez. ‘Escribo sobre millennials porque é o que coñezo’”, *El Progreso*, “deVerano”, “Entrevista”, 17 xullo 2018, p. 48/ *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 22 xullo 2018, p. 16.

Informa da recente publicación de *Senlleiras*, que recibiu o premio Illa Nova. Conta que se inspirou nunha historia que escoitou en Cuarto Milenio e que na novela crúzanse dúas historias de mulleres no pasado e no presente, permitindo comparar a súa situación no tempo. Comenta que algo positivo dos escritores xoves é que renovan os referentes anteriores, e que non clasificaría a súa obra como “Young Adult” porque non é lixeira, senón que convida á reflexión e ten unha forte conexión coa realidade. Como novelas que a marcaron, menciona *Contos por palabras* de Agustín Fernández Paz, *Nace un campión* de Úrsula Heinzl e *Tristes armas* de Marina Mayoral. Menciónase tamén a súa primeira novela, *O misterio de Portomarín*, e conta que a idea partiu dos libros de *Los Cinco*.

- A. Bermúdez, “El Corte Inglés acoge la presentación de ‘Senlleiras’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 19 xullo 2018, p. 26.

Anuncia a presentación da obra gañadora da segunda edición do Premio Illa Nova de Galaxia ás 20 horas no Corte Inglés de Santiago, recollendo unha fotografía da autora e un sucinto comentario sobre o arranque da trama, arredor dunha misteriosa fotografía publicada nunha rede social.

- Borja Casal, X. F., “Antía Yáñez. ‘Escribo sobre xente da miña idade porque é do que menos leo’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2018, p. 27.

Na entrevista, Antía Yáñez afirma que atopa poucas novelas que falen da actualidade con persoas novas como protagonistas, e que ese é o motivo de que se decidise a escribir *Senlleiras*. Comenta que a vertente feminista e reivindicativa da obra xurdiu de xeito natural, e critica que as personaxes femininas non adoiten ser protagonistas das obras literarias.

- Alicia Pardo, “Unha cidade de tinta e ficción”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 4 setembro 2018, p. 9.

A autora participa nunha nova edición de “Paseos pola Coruña Literaria”, roteiros guiados por creadores e organizados pola AELG e o Servizo de Normalización Lingüística. No traxecto, o día 20 de outubro, Antía Yáñez remontarase aos anos 20, dando conta dos “cativos” avances obtidos na causa das mulleres, situacións de prexuízo lingüístico ou o xermolo do nacionalismo galego. Participarán con outros roteiros Antonio Tizón, Diana Varela e Olga Patiño.

I.2. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alberdi, Uxue, *O xogo das cadeiras (Aulki-jokoa, 2009)*, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, trad. Isaac Xubín, col. XXI, nº 52, abril 2018, 114 pp. (ISBN: 978-84-946538-5-8).

Novela de Uxue Alberdi (Elgoibar, Guipúscoa, 1984) traducida do éuscaro que se encadra nun liña intimista arredor da memoria e a vellez e na que o discurso se constrúe a través da xustaposición das lembranzas de varias mulleres –Martíña, Teresa e Eulali– sobre o seu pasado compartido na vila portuaria na que residen. Trátase de tres mulleres afootas con moita experiencia ás costas, que carrexan na memoria escenas de violencia e submisión e van repasando escenas da súa infancia e mocidade, momento no que viviron e sufriron a represión, as traizóns e os abusos de poder en plena guerra civil. Nese conxunto memorialístico acadan tamén relevancia a senectude e a ameaza da morte, sempre ao axexo, exemplificada no simbolismo que atesouran as cadeiras da pastelería rexentada por Ixabel, lugar de encontro destas mulleres xa anciás, e o significado do seu baleiro, como acontece no coñecido xogo. Nese local técese interesantes conversas que se van enfiando cos pensamentos dos personaxes, e que alternan presente e pasado, conformando así un discurso de carácter fragmentario que se estrutura en breves capítulos e secuencias narradas cun estilo directo e sinxelo.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “A vida sucede na pastelería”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.080 almas”, 25 maio 2018, p. 8.

Advírtese da recente publicación en galego da obra, *O xogo das cadeiras*, escrita por Uxue Alberdi, traducida por Isaac Xubín e publicada pola editorial Hugin e Munin. Protagonistas femininas atenden os diferentes acontecementos vividos no drama da Guerra Civil.

- Xosé Feixó, “Ambiente intimista”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 675, “Libros”, 28 xuño 2018, p. VI.

Comenta a tradución do éuscaro ao galego por Isaac Xubín, cuxa autora Uxue Alberdi escribe *O xogo das cadeiras*, publicado na editorial Hugin e Munin. As protagonistas son tres mulleres que narran o acontecido na Guerra civil desde a memoria de tres xeracións e cun carácter intimista.

Andersson, Lena, *Apropiación indebida. Unha novela sobre o amor (Egenmäktigt förfarande – en roman om kärlek, 2013)*, trad. Marta Dahlgren, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XXI, nº 58, decembro 2018, 190 pp. (ISBN: 978-84-948805-9-9). ■

Lena Andersson (Estocolmo, 1970) recibiu por esta novela, escrita orixinalmente en sueco, o Premio Augustpriset na modalidade de ficción. A historia acontece na cidade de Estocolmo, e aínda que non se achegan excesivas referencias cronolóxicas, é doado situar a acción nos primeiros anos do século XXI, a teor dos costumes e rutinas dos personaxes ou do seu emprego da telefonía móbil. A historia técese a raíz dun acontecemento

específico: a conferencia impartida pola personaxe protagonista, Ester Nilsson, sobre a figura do artista contemporáneo Hugo Rask. Este evento, ao que asiste ela como relatora e el como ouvinte, propicia unha relación persoal, sobre todo unha vez que a estudosa rompe coa súa parella, con quen leva unha vida acomodada e previsible. Así, namentres que a muller, unha crítica reputada, se entrega no plano emocional, el, caracterizado pola súa falta de claridade, antepón o máis do tempo o seu ego a calquera outra cuestión. Cabe sinalar que Hugo Rask alternará a relación sentimental con Ester Nilsson con polo menos outras dúas: a que mantén cunha muller de Malmö, no sur do país, e, posteriormente, cunha discípula súa. A voz en primeira persoa da protagonista intercala entre os diferentes episodios que conforman a relación discursos en ton máis teórico sobre temas como a relación entre arte e compromiso, a interpretación do amor e o proceso de namoramento. Esta obra recibiu unha subvención da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución de 2018.

Atwood, Margaret, *Oryx e Crake* (*Oryx and Crake*, 2003), trad. Estela Villar, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 15, maio 2018, 432 pp. (ISBN: 978-84-17388-00-3). ■

Primeira entrega dunha triloxía de novelas distópicas de Margaret Atwood (Ottawa, 1939), que se completou con *The Year of the Flood* (2009) e *MaddAddam* (2013). Encabezan esta historia de anticipación dúas citas, tomadas de *As viaxes de Gulliver* de Jonathan Swift e *Ao faro* de Virginia Woolf, que sitúan o lectorado na reflexión sobre o mundo actual dende unha ollada crítica, un elemento moi presente nas creacións da autora canadense. A trama, conducida por unha voz narrativa en terceira persoa e alternando presente e pasado, céntrase en Jimmy, coñecido como «Home das Neves», o último ser humano logo de que se desencadease unha terrible praga global polo virus VEUR e que a súa especie fose substituída polos crakers. Nesa realidade desacougante, os gobernos foron substituídos por corporacións de biomedicina que protexen os seus funcionarios do caos anárquico do mundo mediante complexos residenciais pechados e vixiados. Nestes suburbios, os moradores teñen acceso a todos os luxos imaxinábeis—comida manipulada para que saiba ben, tratamentos médicos avanzados, pílulas para a felicidade e para combater o envellecemento—namentres sigan contribuíndo á comunidade e non cuestionen os experimentos que se desenvolven e que dan lugar a animais transxénicos como os porcuínos, híbridos de porco e humano criados para obter órganos humanos para transplantes; os lobáns, os linchos ou os mofaches. Ademais, a sociedade tolera e promove a comercialización de todos os aspectos da vida, e nela predomina a desigualdade abismal entre os pobres e os ricos. Estes capítulos alternan con outros que presentan escenas do pasado de Jimmy, a súa infancia, adolescencia e o comezo da vida adulta, ademais da súa amizade co brillante científico Crake –antes chamado Glenn–, responsable da creación dos crakers. Estes seres reproducense por si sós, posúen un sistema inmune mellorado e están programados para morrerem aos 30 anos, co fin de eliminar a velleira e a angustia dos humanos. Ademais, son incapaces de recoñecer xerarquías e diferenzas raciais, practican a sexualidade durante períodos de celo concretos, non casan, non precisan roupa e só falan cando teñen algo que comunicar. Así mesmo, abórdase o pasado de Oryx, a profesora dos crakers e a muller á que tanto Jimmy coma Glenn amaban, e o papel que desempeñou na destrución da humanidade ao se encargar de espallar a praga. A través da súa figura móstranse os intereses económicos da industria farmacolóxica, obsesionada por espallar enfermidades creadas nos laboratorios para se enriquecer con novas menciñas, e coa tecnoloxía da manipulación xenética.

«Home das Neves» comeza unha viaxe pola exuberante selva que outrora foi unha gran cidade para loitar pola súa supervivencia e na procura de respostas, que atopa ao final ao descubrir tres superviventes humanos, dous homes e unha muller. Atwood presenta deste xeito unha visión crítica dun futuro posible a partir de elementos tomados da realidade actual.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Margaret Atwood, a raíña da distopía”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 31 agosto 2018, p. 8.

Dáse conta da publicación de *Orix e Krake* en lingua galega, da autora Margaret Atwood e editado pola editorial Rinoceronte.

Böll, Heinrich, *Opiniós dun pallaso (Ansichten eines Clown, 1963)*, trad. Laureano Xoaquín Araújo Cardalda, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 13, abril 2018, 302 pp. (ISBN: 978-84-92866-98-4).

Tradución do alemán ao galego desta novela do premio Nobel de Literatura de 1972 Heinrich Böll (Colonia, 1917-Kreuzau, 1985), cuxa trama se constrúe a partir das reflexións, lembranzas e opinións de Hans Schnier, un pallaso de vinte e oito anos, apolítico e ateo, abocado á ruína económica e á fin da súa carreira profesional. Instalado no seu apartamento de Bonn despois de que a súa muller o abandonase, Hans pasa revista á súa vida ao longo dunha tarde para poñer de manifesto a través dun cumprido e irónico monólogo o seu único desexo: gañar a vida co seu traballo e recuperar o amor de Marie. Mediante continuos saltos temporais, fala da súa infancia, marcada pola morte da súa irmá e polas pésimas relacións que mantén coa súa familia, composta por un irmán seminarista, unha nai estrita e un pai ausente; e recupera as súas conversas co seu axente e coa amante do seu pai. Ao tempo, refírese á situación de Alemaña tras a Segunda Guerra Mundial e insire as súas críticas á ideoloxía nacionalsocialista, ao conformismo da sociedade, ao capitalismo e ao feito de que as circunstancias políticas e sociais influían na súa vida privada polas decisións que toman persoas alleas a el e que cren ter dereito a dirixiren a vida dos demais. A súa amarga mirada céntrase tamén na disección das conviccións relixiosas, tanto dos católicos coma dos protestantes, pois Hans nunca aceptou casar con Marie, malia que ela formaba parte dun grupo de activistas católicos que non lle perdoaron que vivise en pecado e acabaron conseguindo que renunciase á súa relación. As consideracións do pallaso deitan luz sobre a hipocrísia e a perversión dos cristiáns, que retorcen a sexualidade e impiden que se considere algo natural e propio do ser humano, e sobre un país dividido. A través da visión desencantada de Hans Schnier, o relato converteuse nunha feroz crítica á sociedade alemá de posguerra e nun clásico da literatura.

Recensións:

- María Navarro, “O circo da vida”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 673, “Libros”, 14 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 622, “Letras galegas”, 23 xuño 2018, p. 6.

Infórmase da publicación da obra *Opiniós dun pallaso* de Heinrich Böll, traducido por

Laureano Xoaquín Araujo Cardalda e publicado pola editorial Rinoceronte dentro da colección 'Nova'.

Camus, Albert, *A peste (La peste, 1947)*, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 57, decembro 2018, 328 pp. (ISBN: 978-84-949713-0-3). ■

Tradución ao galego dun clásico da literatura francesa, *A peste*, novela de Albert Camus (Dréan, Alxeria, 1913-Villeblevin, 1960), recoñecida como unha obra mestra e como un referente literario de primeira orde. A historia desenvólvese na década dos corenta do século XX en Orán, durante o dominio francés, e conta, a modo de crónica, a vida cotiá dos habitantes ao longo dunha inexorable e terríbel epidemia de peste. As ratas mortas irrompen na cidade e multiplícanse a un ritmo alarmante. Axiña provocan a primeira morte, a do porteiro do edificio onde traballa o doutor Rieux, que loita para que as autoridades declaren a epidemia e se enfronten ás consecuencias. Entrementres, a morte esténdese e a vida diaria segue o seu curso. Rambert, un xornalista, intenta regresar a París para se reunir coa súa compañeira; Cottard, que previamente tentara suicidarse, semella alegrarse da desgraza, xa que aproveita para se dedicar a lucrativas actividades de contrabando; Grand intenta escribir un libro; e Tarrou, un estranxeiro de paso, amiga co doutor Rieux. Aos poucos, a peste comeza a normalizarse, aínda que na primavera xa é imposible disimular a súa gravidade. Os habitantes están illados, os decretos viran draconianos, a multitude congregase na estación ferroviaria coa esperanza de fuxir. No verán, Orán semella un campo de concentración: nos transportes públicos, a xente apártase para non contaxiarse; suspéndense os servizos funerarios e os cemiterios échense con cal vivo; os tranvías utilízanse para transportar mortos. No outono, a peste ataca xa os pulmóns. A finais de ano volven aparecer ratas vivas, sinal de que a peste acaba. Paseniño, a vida retorna a Orán, pero, nese momento Tarrou morre. Rieux recibe a nova da morte da súa esposa, que abandonara a cidade antes da praga. Por fin, ábrense as portas da cidade e hai baile nas prazas. A peste axiña se esquece, malia que a ameaza, advirte o cronista, nunca deixará de estar latente. O escenario elixido utilízase para expoñer as paixóns dunha humanidade ao límite, entre a degradación e a solidariedade, así como os camiños da fe relixiosa, o hedonismo, o sentimento do deber, a indiferenza, o pánico, a burocracia ou o egoísmo mesquiño. A narración recorre a unha multiplicidade de puntos de vista individuais enfrontados a unha sorte idéntica para amosar a forza da colectividade. A peste expresa a necesidade do compromiso dende diferentes casos individuais: dende o do «ateo virtuoso» (Tarrou) ao do «colaborador» (Cottard), pasando polo do home cuxo compromiso é pragmático (e case agnóstico), pero total (Rieux, o médico), ou o daquel que emprende a renuncia aos seus intereses estritamente individuais (Rambert). Deste xeito, se ben moitos aspectos da novela permiten cualificala como realista –a descrición do espazo, os síntomas e as manifestacións da enfermidade–, tamén estamos perante un texto alegórico. De feito, *A peste* foi interpretada decote como unha transposición da ocupación alemá de Francia e da posterior organización da Resistencia. Esta obra recibiu unha subvención da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución de 2018.

Carter, Angela, *A cámara do sangue e outros relatos (The Bloody Chamber, 1979)*, Victor Gollancz Ltd), trad. María Reimóndez Meilán, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2018, 234 pp. (ISBN: 978-84-948755-8-8). ■

Tradución da colección de relatos de Angela Carter (Eastbourne, Inglaterra, 1940-1992) da man de María Reimóndez, quen introduce o libro facendo unha reflexión sobre a súa labor como traductora de Carter e da súa linguaxe fera e feminista. Seguindo as explicacións de Reimóndez, no prólogo, Emma Pedreira explora a relación entre tradición oral, patriarcado e educación, para dar paso ás reinterpretacións de escritoras feministas. Destaca o papel de Carter por elaborar estruturas e campos semánticos novos. O relato que dá nome á colección, “A cámara do sangue”, céntrase nunha moza pianista que deixa á súa nai para vivir nun castelo co seu marido, un marqués que xa estivera casado con tres mulleres. Pensa que se namorou del vendo *Tristán* e deixándose levar polo “liebestod”, mais en realidade sente atracción sexual ao mesmo tempo que repulsión. De súpeto o esposo ten que marchar de viaxe de negocios e déixalle as chaves do castelo; pode usalas todas, agás unha. Na súa ausencia, descobre no seu despacho unha carta de Carmilla, descendente de Drácula, e ao fin non pode resistirse a explorar o cuarto prohibido, no que atopa os restos das esposas anteriores. O sangue de Carmilla deixa unha mancha indeleble na chave do cuarto, e, como castigo, o seu marido preme a chave contra a súa fronte, márcandoa de por vida, e anuncia a súa decapitación; mais, xusto antes de que baixe a espada, aparece a súa nai a cabalo e pégalle un tiro sen ápice de dúbida. “O galanteo do señor Lyon” ten como protagonistas a Bela e Besta. O pai de Bela, en débeda con Besta, accede a que Bela quede con el durante un tempo. Besta amósase tímido e cariñoso con ela e, cando marcha, Bela promete visitalo antes de que remate o inverno. Porén, entrégase aos praceres da cidade, incumpre a súa promesa e el enferma. Finalmente, Bela chega xusto a tempo para prometerlle que xamais o volverá deixar e grazas as súas palabras Besta transfórmase en humano. En “A Noiva do Tigre”, un pai perde a súa filla xogando as cartas co *seigneur* da cidade, coñecido como Besta. O home, que leva máscara, perruca e luvas, promete devolver o diñeiro ao seu pai se ela se amosa espida diante del, mais non acepta. Entón, a Besta íspese ante ela, ensinando o seu verdadeiro ser. Fascinada, quítase a roupa, entrégase á Besta e transfórmase. “O Gato con Botas” presenta a Gato ao servizo dun mozo oficial de cabalería que se namora dunha moza casada cun vello rico e custodiada por unha vella bruxa. A través das artimañas dos gatos de ámbolos dous, os namorados mándanse mensaxes e vense ás agachadas ata que deciden matar o marido semellando un accidente. Os mozos herdán a súa fortuna e viven felices cos seus gatos. “O Busgosu” narra a relación entre unha rapaza e a criatura do bosque, ata que ela comeza a temer pola súa liberdade e planea estrangulalo e liberar aos paxaros que o Busgosu garda en gaiolas, para que se transformen de volta en mozas. No relato “A nena de neve”, un conde desexa unha filla branca como a neve, vermella coma o sangue e negra coma o corvo e, de certo, acaba tendo unha nena de pel branca, beizos vermellos e cabelo negro que acapara a súa atención. A condesa busca formas de librarse dela, ata que finalmente se pica cunha rosa e morre. O conde dálle a mesma rosa á súa muller e esta pícase tamén. “A señora da casa do amor” conta como pasa os días nun ruinoso castelo a filla de Nosferatu e última descendente de Vlad o Empalador de Transilvania. A condesa entretense xogando as cartas do tarot e desprézase por ter sede de sangue. Un día sáelle por primeira vez a carta de *Les Amoureux* e chega á vila un oficial virxe que non cre no sobrenatural. Por vez primeira, a moza corta un dedo e ve o seu sangue. Cando o mozo bica a ferida, esperta a Bela Dormente, transfórmaa en humana e, tras pasar a noite xuntos, o mozo atópase cun rastro de sangue no leito e co cadáver da condesa. “Lobisalgo” é a coñecida historia da rapaza que lle leva unha cesta á súa avoa, mais neste caso ela sabe defenderse e córtalle unha pata ao lobo cun puñal. Á fin, a pata transfórmase na man da súa avoa e, cando os veciños acoden, toman a avoa por bruxa e apédрана. “A campaña dos lobos” volve ser a historia de Carapuchiña Vermella, mais nun

mundo de homes que desaparecen e acaban convertidos en lobishomes por uns anos, sempre e cando ninguén queime a súa roupa humana e os condene a ser lobos para sempre. A moza protagonista atopa un cazador no bosque que a reta a chegar antes á casa da avoa. Para cando chega, o mozo xa comera a anciá e ela decide espirse, queimar as súas roupas e as do lobo xuntas e formar parte da campaña. “Lobalicia” é a historia dunha nena salvaxe criada entre lobos e capturada un día por humanos. Primeiro lévana a un covento para que a civilicen e logo a un castelo para que sirva a un duque que resulta ser un lobishome desapiadado. A rapaza comeza a sentir curiosidade polo seu corpo en plena puberdade e a descubrirse a si mesma a través dun espello. Amósase cada vez máis humana, mais, cando os homes da vila feren ao duque, lámbelle a ferida por instinto mentres observa a cara del reflexada no espello.

Cather, Willa, *Unha muller perdida (A Lost Lady, 1923)*, trad. Antía Veres, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 53, xullo 2018, 160 pp. (ISBN: 978-84-948805-6-8).

Willella Sibert Cather (Winchester, 1873-Nova York, 1947) asina esta novela que ten como protagonista a suxestiva señora Marian Forrester, que se presenta a través da voz narrativa e da mirada do seu veciño de 19 anos, Niel Herbert. Este, fascinado polas súas maneiras e o seu carácter dende que era un cativo, medra vinculado ao mundo dos Forrester, que representan a clase e a elegancia, tanto social coma moral, nos tempos nos que o capitán Forrester é un rico empresario dedicado á construción do ferrocarril. Coas características da novela de formación, Niel non deixará de sufrir a caída dun universo e decepción ante a progresiva decadencia da súa adorada Marian. A historia conta ademais con outros personaxes que perfilan o ambiente de Sweet Water –como o matrimonio Ogden ou o mesquiño e groseiro avogado sen escrúpulos Ivy Peters–, unha localidade ficticia que, coma noutras obras da autora, se enmarca nos tempos do desenvolvemento do Vello Oeste americano. A prosa sinxela, nostálxica e evocadora da escritora permite afondar no paso do tempo e transmitir a beleza e a decadencia dun estilo de vida refinado que esmorece de forma inexorable.

Referencias varias:

- R. L., “Unha muller perdida”, *Diario de Pontevedra*, “Táboa Redonda”, nº 162, 16 decembro 2018, p. 6.

Dá conta da trama da obra e ofrece datos biográficos sobre a súa autora. Sinala que a novela contén moitos trazos propios da novela de formación e que, como noutras obras de Willa Cather, se ambienta nos tempos de gran desenvolvemento do Vello Oeste americano.

Cavazzoni, Ermanno, *Vidas breves de idiotas (Vite brevi di idioti, 1994)*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, nº 12, febreiro 2018, 146 pp. (ISBN: 978-84-92866-95-3).

Vidas breves de idiotas de Ermanno Cavazzoni (Reggio Emilia, 1947) reúne un conxunto de 31 biografías ficticias organizadas a modo de almanaque, de maneira que casa día está dedicado a un idiota diferente. Así, no volume atopamos coches que intentan voar,

pirómanos con mala sorte, prostitutas fracasadas, mulleres perseguidas por hordas de pretendentes, maridos obsesionados polo cosmos, unha teoría inédita sobre os Reis Magos, pintores que non entenden a súa propia obra e críticos que non entenden as súas propias palabras. Salientan ademais historias como as de Luis Pierini, un calculador prodixioso; a de Primo Apparuti, que acabou no manicomio tras pechar o seu negocio de mecánica porque sentía queixarse os metais que golpeaba co martelo; as peripecias do criminalista Cesare Lombroso, que se dedicou a estudar delincuentes e anormais, incluídos os idiotas e os artistas, nos que descubriu unha análoga malformación de orixe incerta; ou a do señor Pezzenti, un nobre que adoitaba botar laca por todo o corpo para manter un bo aspecto e que un día rompeu no medio da rúa. O autor dedica tamén varias historias ao suicidio: «Suicidios laborais», «Suicidios con erro» e «Falsos suicidios». Trátase de retratos surrealistas escritos con gran simplicidade e protagonizados por personaxes que comparten o seu carácter obsesivo, delirante e por veces inxenuo, características que se destacan utilizando a comicidade e a ironía.

Desarthe, Agnès, *Como aprendín a ler (Comment j'ai appris à lire*, 2013, Éditions Stock), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, 2018, 123 pp. (ISBN: 978-84-92866-99-1). ■

Volume no que Agnès Desarthe (París, 1966), escritora prolífica que conta tanto con literatura infantil e xuvenil coma con novelas para adultos e ensaios, explora a súa relación coa lectura ao longo da súa vida, da infancia á idade adulta. O libro divídese en diferentes capítulos ou seccións, nos que van aparecendo as diferentes señoras B. ás que lle dedica o libro. En “Como empezou todo (mal)” fala dos seus primeiros días de escola aprendendo a ler e a escribir coa Señora B. e de como era incapaz de relacionar ambas cousas: adoraba escribir, mais rexeitaba a lectura. En “Princesas, gnomos... e tías sádicas” confesa que non lograba identificarse cos personaxes e as historias. No seguinte capítulo, titulado “O que pasa cando se toma o humor demasiado en serio”, reflexiona sobre que é o humor para ela; en troques de rir cos programas e cómics que o seu pai e o seu irmán atopaban gratos, refuxiábase no calambur, na polisemia e na confusión, mais afirmaba que non lle gusta ler. En “A farsante, os ses crimes e o seu gran porvir” confesa que o primeiro conto que escribiu foi en realidade un plaxio dun libro infantil, o único que a marcou, xa que rexeitaba os clásicos franceses que lle facían ler na clase. En “A hipótese dunha dobre vida” revela que se enganaba a si mesma, xa que en realidade lía ás agachadas. Con “Paso ás confesións” desvela a súa predilección pola poesía e a forma no canto de polo contido. En “Historia dunha terapia” conta como o seu pai a introduciu á novela policíaca americana e á literatura inglesa, o cal supoñía un terreo neutral para a súa familia de exiliados, que vía o francés coma unha lingua imposta. No capítulo “Marguerite Duras, sete anos despois” conta que comezaron a gustarlle certas obras francesas obrigatorias e recomendadas, xunto con obras de autores non recoñecidos pola crítica que non se atrevía a defender. “Entro no curso preparatorio... e prodúcese a miña revolución estruturalista” dá conta do seu primeiro contacto co estruturalismo e con distintos autores da man doutra señora B. “Unha man tendida” conclúe que a literatura anula as fronteiras e polo tanto non tiña que recoñecerse nunha historia francesa, senón simplemente entrar no espazo que o autor lle ofrece. En “Os ollos abertos” conta que se converteu nunha lectora compulsiva e aceptou a súa dobre identidade. En “O paraíso, o verxel e a tradutora” revela que a tradución levouna ao sentido do texto. “Os contrabandistas” conta a súa primeira experiencia no mundo editorial con outra señora B, que a puxo a traducir do inglés ao francés. En “Visita a un taller” remarca a importancia

na tradución de achegarse ao sentido orixinal. En “Cando traducir é desler” reflexiona sobre o papel do traductor coma mediador. Finalmente, en “Unha conclusión en forma de accidente” conclúe que a escritura e a tradución ensináronlle a ler.

Recensións:

- Estro Montaña, “Aprender a ler”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 672, “Libros”, 7 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 621, “Letras galegas”, 16 xuño 2018, p. 5.

Informa da publicación de *Como aprendín a ler* de Agnès Desharte traducida por Moisés Barcia. Trátase dunha obra que retrata o proceso de conversión da autora, como esta pasou de odiar a lectura á vivir da escrita, como conseguiu conectar na súa vida estas dúas facetas, ler e escribir, que inevitablemente precisan vivir en simbiose.

- Ramón Nicolás, “Manual para amar a literatura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En Galego”, 22 xuño 2018, p. 8.

Comenta a recente publicación de Agnès Desarthe, *Como aprendín a ler*, pola editorial Rinoceronte. A camiño entre autobiografía e autoficción, a autora desenvolve reflexións sobre a propia lingua, as orixes familiares e a interiorización do acto de ler literatura.

Freixanes, Víctor, *O triángulo inscrito na circunferencia*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 43, decembro 2018, 508 pp. (ISBN: 978-84-9151-298-1).

Novela de Víctor Freixanes (Pontevedra, 1951) publicada por primeira vez en 1982 e reeditada en 1987 pola editorial Galaxia, unha edición que se esgotou axiña. Ante a imposibilidade do lector por facerse cun exemplar da novela, a editorial viguesa publica en 2018 unha segunda edición revisada polo autor, composta por 508 páxinas. Esta primeira novela do escritor pontevedrés –concibida como un clásico da narrativa galega contemporánea– inaugura unha triloxía que se completou con *A cidade dos Césares* (1993) e *Cabalo de ouros* (2010).

Grassic Gibbon, Lewis, *CanCIÓN de solpor* (Sunset Song, 1932), trad, Cecilia Recarey Rendo, ilustración cuberta Carlos Valdés, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, setembro 2018, 320 pp. (ISBN: 978-84-948421-0-8). ■

Tradución do inglés ao galego da novela considerada en 2005 como a mellor obra da literatura escocesa, un fito clave do Rexurdimento do país do século XX, e primeira entrega da triloxía Scots Quair, integrada ademais por Cloud Howe (1933) e Grey Granite (1934). O relato de Lewis Grassic Gibbon, pseudónimo de James Leslie Mitchell (Aberdeenshire, 1901-Welwyn Garden City, 1935), está ambientado nunha ficticia vila rural do noroeste de Escocia a comezos do século XX. A heroína é Chris Guthrie, unha moza alegre, afouta e intelixente que intenta reconciliar o que ela chama as dúas metades de si mesma, o seu eu escocés e o seu eu inglés, pois débátese entre a súa intensa conexión coa súa terra e o mundo da literatura, as súas inquietudes intelectuais, a ansia de aprender a través dos libros e o estilo de vida elegante que ofrece a educación. Malia desexar traballar de mestra e abandonar a granxa dos pais, cando a morte da nai e a fuxida de Will,

o seus irmán máis vello, á Arxentina coa súa moza Mollie Douglas, a obrigan a elixir, fica na casa familiar, asumindo o coidado da casa e do pai, un home violento e represivo que se refuxia na relixión e mesmo lle propón que cometa incesto con el. Nese medio hostil e asemade tranquilo, marcado polas tarefas do campo como muxir as vacas, a sacha, a sementeira e a colleita, decore a vida de Chris, que pouco e pouco renuncia ás súas ilusións, sobre todo cando o pai sofre un derramo cerebral e morre pouco despois, e cando casa co labrego Ewan Tavendale. Durante un tempo viven felizmente casados e teñen un fillo, pero ao estalar a Primeira Guerra Mundial, Ewan marcha á fronte e ao seu regreso durante un permiso, maltrata a Chris. A novela retrata os cambios que ocasionan os avances técnicos na forma de vida tradicional, e detense no impacto da Primeira Guerra Mundial e nas feridas que deixa, entre elas a morte do home de Chris, ademais de temas como o peso da relixión ou a estrita educación e o sometemento das mulleres. Dende o punto de vista da técnica narrativa, o autor emprega o multiperspectivismo, combinando un punto de vista que parece corresponder á propia vila na que se desenvolve a novela coa corrente de conciencia de varios personaxes. A obra, levada ao cinema por Terence Davies en 2015, combina o realismo social co rexistro lírico, que agroma sobre todo na expresión do amor á terra e o esmorecemento dunha forma de vida, ao tempo que enxalza a identificación nacional a través do ruralismo e da personaxe, fortemente vinculada aos ritmos da súa terra. No aspecto lingüístico salienta o emprego de dialectalismos, co que se intenta traducir o estilo do texto orixinal, ategado de localismos.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Fermoso himno aos tempos idos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 688, “Libros”, 8 novembro 2018, p. VI.

Informa da publicación *Canción do solpor* do escritor escocés Lewis Grassie Gibbon, pseudónimo de James Leslie Mitchell, traducida por Cecilia Recarey, que se encadra dentro da triloxía *Scots Quair*, encadrada como unha das mellores obras do Rexurdimento escocés do século XX que retrata as paisaxes e a vida rural escocesa, as súas labores e xentes, coa Primeira Guerra Mundial como gran pano de fondo.

Jacob, Max, *Filibuth ou o reloxo de ouro* (*Filibuth ou la Montre en or*, 1923), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 54, xullo 2018, 284 pp. (ISBN: 978-84-948805-5-1). ■

Tradución ao galego dende o francés desta novela do pintor e escritor Max Jacob (Max Alexandre en Kemper, Quimper, 1876-Drancy, 1944), un dos primeiros creadores en apostar dende o vangardismo pola desestruturación da trama, cuxa produción anuncia o Nouveau Roman francés. A trama, despregada cun estilo arbóreo e atropelado, céntrase na insólita historia dun reloxo de ouro, o cal, tras ser adquirido en 1804 polo avó Bastien, é herdado pola viúva Lafleur, quen o conserva con tanta reverencia como desleixo e o protexe dos constantes roubos que sofre por parte dos seus fillos e fillas. Vítima de constantes cambios de mans cos máis diversos fins (pago de débedas, obxecto conservado polo seu valor sentimental, xoia coa que obter un lucro económico ou satisfacer taxas legais...), o obxecto emprende unha viaxe internacional por lugares como a Costa Azul ou Venecia, onde se converte en amuleto para os snobs nunha sesión de hipnotismo e asiste ás loiadadas do vello conquistador Cecco Baldo; e chega mesmo ao Xapón. Entre tanto, pasa polas mans do señor Lafleur, polas dun rapaz de catorce anos que o revende,

polo taller dun pintor e polo despacho dun xuíz de instrución, até que o cabo retorna á señora Lafleur e coñece un ridículo final. Max Jacob tece con esta novela unha historia da sociedade francesa nas súas máis diversas latitudes. Nela retrata infinidade de personaxes de extracción social dispar dende a esaxeración, o cal converte o relato nunha enorme caricatura que acolle ademais reflexións morais e un bo feixe de epístolas. Esta obra recibiu unha subvención da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución de 2017.

Jakemés, *O castelán de Coucy e a dama de Fayel*, trad. Raúl Gómez Pato, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 17, decembro 2017, 182 pp. (ISBN: 978-84-92866-94-6). ■

O castelán de Coucy e a dama de Fayel é un texto producido na rexión francesa de Picardía contra o remate do século XIII ou comezos do XIV por Jakemés, nome que figura agochado nuns versos acrósticos ao final. A tradución ao galego realizouse dende a versión francesa prosificada por unha man anónima no século XV. A trama arrinca cando o afouto castelán de Coucy, tamén músico e poeta –cuxas composicións se insiren no relato–, se namora da dama casada do castelo de Fayel, a quen non dubida en declararse consonte os códigos do amor cortés. Ao primeiro, ela négase a traizoar o seu home e rexéitao, pero o seu amor acaba desenvolvéndose tras diversos encontros até que o seu home descobre o adulterio. Tempo despois, o castelán de Coucy, convencido de que a dama acompaña o seu marido ás Cruzadas, marcha a Terra Santa, aínda que foi vítima dunha artimaña do celoso señor para afastalo de vez e remata ferido. A piques de morrer, faille prometer o seu escudeiro que lle entregará o seu corazón á dama, pero o marido descobre o plan e víngase dándollo de comer. A modo de desenlace trágico, a dama de Fayel morre de dor ao coñecer a procedencia da víscera. A narración participa de temas recorrentes no século XIII tales como o triángulo amoroso, a travesía marítima e a unión mística dos amantes tras a morte, ao tempo que recolle e amplifica unha das lendas de máis éxito da Idade Media: o corazón comido por un dos amantes, motivo que será recollido na tradición europea por autores como Dante, Boccaccio, Sade, Walter Scott ou mesmo Stendhal.

Referencias varias:

- Montse García, “O castelán de Coucy e a dama de Fayel”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 18 abril 2018, p. L11.

Recolle unha sucinta nota da presentación do volume no Museo das Peregrinacións con Moisés Barcia, Antón Figueroa, Xavier Lorenzo Tomé e Raúl Gómez Pato. Estivo acompañada dunha pequena teatralización.

Karistiani, Ioanna, *Pequena Inglaterra (Mikra Anglia, 1997)*, trad. Alfonso Blanco, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 56, outubro 2018, 366 pp. (ISBN: 978-84-948805-7-5). ■

Ioanna Karistiani (Chania, Creta, 1952) é a autora desta novela da literatura grega contemporánea coa que acadou o Premio Nacional de Literatura de Grecia. O título fai referencia ao nome co que os armadores do Exeo denominaban a illa de Andros, a máis setentrional do arquipélago das Cícladas. Neste marco, e alicerzada cos vimbios

característicos dunha traxedia clásica, a historia narra o devir dunha familia e o do resto de habitantes do lugar ao longo de vinte anos: o período entre as dúas guerras mundiais, a ocupación nazi e a posterior Guerra Civil grega. Con todo, a narración céntrase no ámbito dos sentimentos nun mundo de mulleres condenadas a esperar na casa mentres os homes percorren os mares do mundo, a administrar a casa e o bens e a criar os fillos. Un destas mulleres é a fría e calculadora Mina, quen condena as súas fillas, Orsa e Moscha, a senllos matrimonios sen amor, igual ca o que ela viviu. Traballo, desgrazas, vodas e amores cruzados, segredos, traizóns, infidelidades, cartas agroman nesta historia na que o amor, a perda, as renuncias e a sororidade son temas cruciais. Botando man dun rexistro lírico, a autora aborda unha novela ateigada de personaxes e voces que foi cualificada en ocasións como melodrama moderno, por mor da súa complexa estrutura e do seu particular estilo, caracterizado pola mestura de discursos, unha técnica coa que a autora pretende plasmar a homoxeneidade da sociedade feminina nun mundo no que se entrelaza o social co sentimental. Esta obra recibiu unha subvención da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución de 2018.

Recensións:

- Estro Montaña, “Amor e renuncia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 688, “Libros”, 8 novembro 2018, p. VI.

Informa da publicación de *Pequena Inglaterra* de Ioanna Karistiani traducida por Alfonso Blanco e que contén un relato que nos pon diante a vida dunha comunidade mariñeira ao longo dunha parte importante do século XX, a través das peripecias da familia de Savvas Saltaferos.

Lawrence, D. H., *A virxe e o xitano* (*The Virgin and the Gipsy*, 1930), trad. Lara Domínguez Araúxo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, febreiro 2018, 136 pp. (ISBN: 978-84-945411-8-6).

Tradución ao galego dende o inglés de *A virxe e o xitano*, de D. H. Lawrence (Nottinghamshire, 1885-Vence, 1930), unha novela escrita durante a súa estadía en Spotorno, no norte de Italia, e publicada de maneira póstuma. A historia enmárcase na rexión inglesa das East Midlands, en concreto na vila de Papplewick, durante os anos posteriores á Primeira Guerra Mundial. Narra as vivencias das irmás Saywell: Lucille, a maior, e Yvette, dous anos máis nova, que tornan á casa unha vez rematados os seus estudos no estranxeiro. De volta no fogar, agarda por elas unha vida monótona canda o pai, un vigairo a quen a súa dona, Cynthia, abandonara anos antes –e con grande escándalo– por outro home máis novo. Na reitoral tamén moran a avoa, unha anciá cega e avarenta, e mais a tía Cissie, o contrapunto lúgubre das enérxicas mozas. Yvette, farta do gris decorrer dos días, decide facer unha excursión canda un grupo de amigos, feito que propiciará o seu encontro cunha familia xitana. Será o seu contacto cun home desa raza o que esperte nela o desexo e as ansias de liberdade e mude de vez a súa vida, por percibir nel un ser afastado das convencións sociais e rexido polos seus propios códigos de comportamento. A novela acolle ademais unha crítica á sociedade de clases inglesa e ao mesmo tempo unha análise de diversos sentimentos humanos que van dende a represión, o medo ou a ignorancia até a curiosidade ou a liberdade sexual, o que ocasionou certo escándalo cando foi publicada e que parte da crítica considerase o comportamento de Yvette como unha transferencia xenética da infidelidade da súa nai.

Recensións:

- José Corderí, “Xa podemos gozar”, *Luzes*, n.º 55, “As libreiras”, abril 2018, p. 85.

Ofrece unha recensión da obra *A virxe e o xitano* (Irmás Cartoné, 2018) de D. H. Lawrence vertida ao galego. Informa das controversias que causou a publicación da obra orixinal en Gran Bretaña en 1930. Di que trata sobre as vivencias de dúas irmás no negocio de seu pai, ao que a súa muller abandonou por outro home. Explica que a avoa e a tía das protagonistas tamén están presentes no negocio e contribúen a crear a atmosfera de represión que envolve ás protagonistas. Comenta que a visita a un poboado xitano remata cunha das irmás namorada dun dos poboadores. Afonda en que o xitano representa para a protagonista a liberdade. Resalta a perspectiva feminina do erotismo que desenvolve a novela.

Maupassant, Guy de, *Bola de sebo e outros contos*, trad. Claudio López Garrido, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 358, abril 2018, 162 pp. (ISBN: 978-84-8487-398-3).

Volume que recompila unha ducia de contos do autor francés Guy de Maupassant (Dieppe, 1850-París, 1893), traducidos ao galego non normativo consonte a opción lusista. Malia o indicado no prefacio do tradutor que abre o volume, Maupassant si conta con gran número de relatos en galego. Na Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego (BIVIR) figuran «Bóla de sebo», en tradución de Emma Lázare; «O Horlá», en tradución de Brenda Maure Noia; as recompilacións Contos, realizadas por Emma Lázare e Antonio Pichel; Contos da arcea (Contes de la Bécasse et autres, 1883), en tradución de Rodrigo Vizcaíno, e Contos do día e da noite (Contes du jour et de la nuit, 1885), en tradución de Isabel Soto; ademais de estar publicados Fantasía e realidade (Ir Indo, 2005), en tradución de María Isabel García Fernández, e mais a novela curta O doutor Héraclius Gloss (Le Docteur Héraclius Gloss, 1921), en tradución de Marie Abraira (Hugin e Munin, 2015). O presente volume inclúe, segundo se afirma, relatos escritos entre 1880 e 1887 –aínda que o último está datado en 1889–, ordenados cronoloxicamente. Así, «Bola de sebo» (1880), considerado un dos relatos máis memorábeis da literatura, narra a historia dunha prostituta que se entrega a un oficial alemán e coa que Maupassant pon de manifesto a hipocrisía social das clases dominantes. A seguir, inclúense o satírico «Em familia» (1881); «A palheireira» (1882), «Esse porco de Morin» (1882) e «No mar» (1883), pertencentes a Contes de la bécasse; «As jóias» (1883) e «Un golpe de Estado» (1883), recompilados en Clair de lune (1974); «Meu tío Jules» (1883), sobre a pobreza e a envexa; «A confissom de Théodule Sabot» (1883), a anécdota protagonizada por un carpinteiro librepensador; «Condecorado» (1883), publicado no volume Les Sœurs Rondoli (1884), sobre un home obsesionado por recibir a medalla da Lexión de Honra; «O vadio» (1887), do volume Le Horla dese mesmo ano; e «Boitelle» (1889), recollido no volume La Main gauche (1899). A nivel estilístico os textos presentan o equilibrio habitual no autor francés entre o relato das peripecias, as sucintas descrições e o xogo entre o discurso directo, o indirecto e o indirecto libre.

Recensións:

- María Navarro, “Relatos do cotián do XIX”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 681,

“Libros”, 20 setembro 2018, p. VI.

Referénciase a tradución da obra de Guy de Maupasant, *Bola de sebo e outros contos* pola editorial Laiovento, traducidos por Claudio López Garrido. O conflito ideolóxico nunha sociedade degradada, ou a hipócrita burguesía na guerra franco-prusiana, son algún dos elementos representados nos contos, todos eles de carácter realista.

Murgia, Michela, *Acabadora (Accabadora, 2009)*, trad. Moisés Rodríguez Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 21, novembro 2018, 180 pp. (ISBN: 978-84-17388-11-9). ■

Tradución dende o italiano ao galego da primeira novela de Michela Murgia (Cabras, Sareña, 1972) coa que a autora acadou un grande éxito de crítica e público, pois mereceu, entre outros, o premio Campiello, o máis prestixioso de Italia, e que conta con versións a case vinte linguas. A trama está ambientada nos anos cincuenta na pequena vila de Soreni, en Sardeña. Seguindo un vedraño costume sardo, a «adopción da alma», segundo o cal as familias numerosas cedían un dos seus fillos a parellas estériles para ter quen os coidase na vellez, a anciá Bonaria Urrai, a modista do lugar, unha muller outrora de gran beleza e viúva hai anos, adopta a María Listru, a cuarta e non desexada filla orfa de pai dunha familia humilde que non pode ocuparse dela. A vida da rapaza, convertida en «filla de alma» da tía Bonaria, muda así de vez ante a posibilidade de ter un futuro. Porén, á súa desenvolvida percepción non escapa a aura de misterio que arrodea a súa nova nai, sempre vestida de negro, ensumida en longos silencios e que esperta unha sombra temerosa nos ollos daqueles que se cruzan no seu camiño e sobre todo a ira do crego. Á milenaria sabedoría que demostra con respecto ás cousas da vida e da morte, únense as súas estrañas saídas nocturnas sempre que alguén a vén buscar, finalidade das cales Maria descoñece, aínda que o máis raro é que ao día seguinte morre alguén na vila. Malia que a nena medra feliz e querida aprendendo o oficio de modista, ignora unha verdade que todos coñecen. Un día Maria, tras as confidencias do seu amigo Andrià –que sorprendera a costureira dándolle morte ao seu propio irmán despois de que a este lle amputasen unha perna–, descobre a outra faceta da súa nai adoptiva: ademais de coser vestidos, dedícase a reconfortar os que se achegan ao final da vida; é unha acabadora, e proporciónalles a aqueles que llo suplican unha morte digna. Desconcertada ante o feito de que sexa quen de matar, discute con ela e decide marchar da súa vila para se instalar en Turín. Decorridos dous anos de ausencia, Maria recibe unha carta dunha das súas irmás para lle comunicar o mal estado de saúde da tía Bonaria. Daquela, acorda tornar á vila, onde atopa a anciá agardando pola morte sufrindo unhas dores lancinantes e insoportables. Nese intre, María reconsidera as súas conviccións sobre a eutanasia, valorando o seu longo arraigamento na cultura da súa terra, e a novela conclúe cun final aberto, deixando o lector coa dúbida de se María tomará ou non a decisión de axudar a morrer a súa nai adoptiva. A novela, narrada en terceira persoa, opta por un rexistro poético para abordar cuestións sobre a vida e a morte e o labor dunha figura lendaria na tradición sarda. O apéndice final inclúe varias descrições gastronómicas, pois ao longo do relato intercálanse diversas receitas da rexión na que está ambientada.

Paasilina, Arto, *O ano da lebre (Jäniksen vuosi, 1975)*, trad. Tuula Ahola e Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 18, agosto 2018, 194 pp. (ISBN: 978-84-17388-06-5). ■

A presente novela, traducida do finés ao galego, considerada una obra mestra de Arto Paasilinna (Kittilä, 1942-Westend, Espoo, 2018), foi premiada en Finlandia, Italia e Francia e supuxo a súa consagración tanto no seu país de orixe coma internacionalmente. Unha noite de San Xoán, o protagonista, o xornalista de mediana idade Kaarlo Vatanen, atopela accidentalmente unha cría de lebre cando viaxa por unha estrada secundaria co seu compañeiro fotógrafo. Ante a sorpresa do seu colega, Vatanen apéase do coche decontado e queda co animal toda a noite, cavilando, ante os tremores da asustada lebre, no absurdo da súa vida. Deste xeito acorda de súpeto vivir doutra forma e romper con todo o que o ata, lonxe dunha muller que o despreza e dun traballo do que está farto e desprendéndose das súas posesións. A seguir, emprende unha viaxe na compañía do animal pola xeografía de Finlandia no transcurso da cal pasa polas terras máis remotas e se cruza cunha ampla galería de personaxes: leñadores, militares, xubilados, policíaas... No seu longo percorrido vive varias peripecias absurdas e disparatadas e convértese nun vagabundo sen présas nin meta ningunha que goza do tempo e dos bosques salvaxes, sempre na compañía da lebre. Ao longo dun ano asiste a incendios forestais como bombeiro voluntario, vende maquinaria da Segunda Guerra Mundial, discute con seguidores dos espíritos dos bosques, emborráchase e esperta ao lado dunha fermosa muller, persegue un oso nunha cacería, até que remata en Laponia, onde vive como un animal do bosque, só, arrodeado de piñeiros e coa súa lebre, pero plenamente libre. O autor mostra nesta novela a súa escrita limpa e precisa e o seu talento para dotar de comicidade, mesmo de humor negro, as historias máis tráxicas, así como a importancia que lle concede ao medio natural e a estilización que realiza do carácter dos finlandeses, que describe como anárquicos e individualistas. O autor suma con esta obra unha máis traducida ao galego, tras *O bosque dos raposos aforcados* (2006) e *O muiñeiro ouveador* (2007).

Paasilinna, Arto, *O bosque dos raposos aforcados* (*Hirtettyjen kettujen metsä*, 1983, WSOY), trad. Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, 2018, 256 pp. (ISBN: 978-84-17388-01-0).

Tradución da novela de Arto Paasilinna (Kittilä, Finlandia, 1942), que substitúe o dialecto de Savo dos personaxes por un dialecto galego con seseo e gheada. O protagonista da novela, Oiva Juntunen, é un emigrante finlandés que leva unha vida de luxo en Estocolmo tras roubar uns lingotes de ouro do Banco Nacional de Noruega. Os seus cómplices de delito, Sutinen e Siira, acordaron ir a prisión durante uns anos e cobrar as súas partes cando saísen, mais Oiva non considera que semellantes criminais sexan dignos dos cartos, así que primeiro téndelle unha trampa a Sutinen para que o volvan meter no cárcere e logo comeza a fuxir de Siira. Tras sufrir morriña en Florida e un atraco en Nova York, decide regresar a Finlandia e agochar os lingotes nun paradiro descoñecido de Laponia. A historia introduce entón a Sulo Armas Remes, un comandante alcohólico estancado tanto na súa profesión coma no seu matrimonio. O exército pídelle que lidere un batallón nunhas manobras militares en Laponia e consegue vencer os outros dous bandos a base de imprudencia e sen seguir indicacións. Como home de acción que é, non soporta estar tras un escritorio, polo que pide un ano de excedencia. A segunda parte da historia comeza co encontro entre Oiva e o Comandante Remes. Aínda que ambos minten sobre quen son, deciden confiar un no outro e quedar por alí un tempo nunha cabana de guardamontes a buscar ouro. Oiva contrata a Remes como axudante e este encárgase de ir á vila cada certo tempo a buscar equipos, provisións e comodidades para decorar a cabana. Para retelo alí,

deixa que atope algunhas pedriñas do seu propio ouro de cando en vez, ata que Remes dáse conta e, tras un enfrontamento, ambos confesan as súas identidades. A terceira parte da novela introduce a Naska Mosnikof, a kolta máis anciá de Finlandia. Os servizos sociais e a policía intentan levala a un asilo, mais ela escapa co seu gato e chega á cabana. Oiva e Remes acaban encariñándose con Naska tanto coma con Cincocentos, un raposo ao que agariman con comida e xoguetes. Máis tarde chegan tamén dúas prostitutas enviadas por un amigo de Oiva e acaban vivindo todos xuntos. De súbito, deciden poñer unhas trampas especiais para cazar raposos e vender as peles. Sabían que Cincocentos non caería nas trampas, pero non que case aforcarián ao garda forestal. Tras sobornalo e pasar as festas de Nadal xuntos na cabana, as prostitutas volven a Estocolmo e Naska enferma e morre. É entón cando Siira vén reclamar a súa parte do botín, mais acaba aforcado no bosque por unha das trampas. Finalmente, Oiva dálle a súa parte a Remes e ambos amigos sepáranse e volven ás súas vidas.

Seethaler, Robert, *Unha vida enteira (Ein ganzes Leben, 2014)*, trad. Moisés Rodríguez Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 19, outubro 2018, 110 pp. (ISBN: 978-84-17388-08-9). ■

O actor e escritor Robert Seethaler (Viena, 1966) asina esta novela de grande éxito, traducida a máis de trinta idiomas, Libro do Ano en 2014 e candidata ao Man Booker International Prize en 2016, con máis dun millón de exemplares vendidos só en Alemaña. O narrador en primeira persoa, Andreas Egger, nado en 1898, relata a súa vida ao longo de sete capítulos, dende que a comezos do século XX chega a unha localización imaxinaria dos Alpes austríacos, un lugar marcado polas duras condicións climatolóxicas, a soidade e unha natureza agreste mais fermosa, até que, xa octoxenario, recibe a visita da Dama Fría. Tras quedar orfo de nai aos catro anos por mor da tise, é acollido por un seu tío granxeiro ao que non coñece, Hubert Kranzstocker, que o acepta só polos cartos que leva. Con el, a súa muller e mais os seus dous fillos pasa unha infancia sen afecto e cun carácter cada vez máis retraído, recibindo constantes malleiras do seu cruel parente por calquera motivo, por unha vaca perdida ou por tatexar cando reza, até o punto de que cun dos golpes queda coxo da perna dereita. Aos dezaioito acorda marchar daquela casa, e anos despois consegue reunir cartos abondos para vivir dun pequeno terreo arrendado. Na década dos anos trinta entra a traballar na empresa que se encarga da construción do teleférico e da instalación da electricidade, que, segundo din os seus satisfeitos paisanos, traerá o progreso ao val. Nese tempo namórase de Marie Reisenbacher, a camareira loura da pousada, e cando parece que a vida lle sorrí e van ter un fillo, Marie falece nunha avalancha de neve. Aos 44 anos, co estalido da Segunda Guerra Mundial, Andreas é chamado a filas e participa nunha misión no Cáucaso coas tropas de Hitler, pero cae prisioneiro dos rusos e vai parar a un campo de concentración. Á súa volta ao val, nove anos despois, descobre os cambios que aquel arelado progreso provocou no seu remoto paraíso, invadido polos turistas, e elixe vivir nunha gruta co fin de rematar os seus días en soidade, lonxe dos demais. Cun estilo sinxelo e evocativo cargado de metáforas e o predominio da descrición sobre o diálogo, a historia acolle reflexións sobre a vida e a morte, a nostalxia, a perda da inocencia, a vida tranquila, a procura da beleza e a felicidade mesmo nos momentos amargos, a crueldade dos seres humanos, o amor, a identidade persoal unida ao medio ao que cadaquén está vencellado e a necesidade de aprender do pasado para non repetilo no futuro. Ao xeito dun longo e meditado monólogo, o personaxe describe diversos feitos acontecidos no século XX dos que foi testemuña sempre cos ollos dun cativo inocente que observa as incomprensíbeis accións dos adultos, interesantes en

certo modo, pero que no fondo non lle atanguen, asumindo as traxedias cun impasíbel estoicismo e interpretándoas como parte da vida.

Szczygiel, Mariusz, *Gottland* (*Gottland*, 2006), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 16, xullo 2018, 248 pp. (ISBN: 978-84-17388-04-1).

■

Gañador do Premio do Libro Europeo no ano 2009, cando se publicou en francés, e traducido a unhas vinte linguas, este libro de Mariusz Szczygiel (*Złotoryja*, Polonia, 1966) pertence a un xénero difuso, pois participa do ensaio, a crónica xornalística, a reportaxe testemuñal, o informe histórico con análises e anécdotas que xogan coa realidade e a ficción, ademais de acoller un conxunto de contos que salientan pola súa crueldade. Malia ser polaco, o autor, correspondente en Praga durante moitos anos, amosa o seu coñecemento sobre a historia de Checoslovaquia con rigor e documentación abonda e reflicte a identidade do país, a súa cultura e o duro proceso histórico que viviu dende a fin da Segunda Guerra Mundial até o ano 2003. Os discursos aquí compilados retratan a barbarie e o fanatismo ao que conducen as ideas e describen a estupidez dos seres humanos. Neste catálogo de insólitas historias ateigadas de personaxes curiosos figuran, entre outras, a edificación do monumento máis grande do mundo dedicado a Stalin, obra de Otakar Svec, que se suicidou antes da inauguración; a ascensión e caída da estrela de cinema Lída Baarová, da que Goebbels se namorou perdidamente; os subterfuxios da sobriña de Franz Kafka para conservar o anonimato e fuxir do mito do escritor; a lenda da música checa Karel Gott; a historia da cantante Marta Kubisová, vetada polo réxime comunista e censurada vinte anos en radio e televisión; ou as orixes e evolución da saga familiar de Thomas Bata até se converter nunha das meirandes empresas de calzado do país. Deste xeito, o autor, a modo de escéptico cronista, conforma un retrato descarnado dende o réxime socialista até a presidencia de Václav Havel, deténdose nos acontecementos máis sobranceiros do pobo e na súa pelexa por librarse do imperio do medo, o autoritarismo, a sospeita como forma de vida, a mentira e a delación e, ao cabo, a represión dun goberno autoritario.

Twain, Mark, Unha historia detectivesca de dobre canón (*A Double Barrelled Detective Story*, 1902), trad. Antía Veres Gesto, Pontevedra: Faktoría K, col. Narrativa K, xullo 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-15250-96-8).

Mark Twain (pseudónimo literario de Samuel Langhorne Clemens, Monroe, Florida, 1835-Redding, Connecticut, 1910), aborda nesta novela ambientada en California en plena febre do ouro, unha sátira dun tipo de novela de detectives moi en voga na súa época, que seguía o modelo ideado por Arthur Conan Doyle. O argumento fai confluír dúas tramas. A primeira xira arredor de Archy Stillman, un mozo que aos dezaseis anos descobre que está dotado dunha calidade extraordinaria: é quen de empregar o seu olfacto coma se fose un sabuxo. Este don servirá para que a súa nai leve a cabo a vinganza do seu home, Jacob Fuller, quen, logo de casar con ela contra os desexos da súa adiñeirada familia, a maltratou e abandonou embarazada. A nai convence o seu fillo de que emprenda a busca do seu pai e destrúa a súa reputación. Decorridos cinco anos, nun campamento mineiro en California, Fetlock Jones, sobriño de Sherlock Holmes, mata o seu mestre Flint Buckner facendo estoupar a súa cabana. Como o detective Holmes está de visita, implícase no caso e chega a unha conclusión lóxica e meticulosa que contradí a elaborada

por Archy Stillman –que tamén vive nesa vila– tras empregar o seu olfacto, pero un inesperado xiro da historia fai que os seus métodos científicos se revelen ridículos. O relato pretende parodiar as tramas de intriga, feito que semella sustentar a cita inicial do texto: «Nunca deberíamos magoar a ninguén cando hai xente mirando».

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Sherlock Holmes en California”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.280 almas”, 28 setembro 2018, p. 6.

Comenta a recente tradución dunha das obras de Mark Twain, *Unha historia detectivesca de dobre canón*. Desenvólvese en terras californianas, concretamente nunha poboación mineira, conxugada coa miseria moral da época.

Wells, H. G., *Dos días do porvir (A Story of the Days to Come, 1899)*, trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 51, abril 2018, 136 pp. (ISBN: 978-84-946538-6-5).

O relato de anticipación *Dos días do porvir*, de Herbert George Wells (Bromley, 1866-Londres, 1946), apareceu inicialmente por entregas na revista literaria *The Pall Mall Magazine*, para logo pasar a formar parte da compilación de relatos e novelas de temática futurista e fantástica do autor intitulada *Tales of Space and Time* (1899). A historia ambiéntase na cidade de Londres, no século XXII, un lugar poboado por 30 millóns de persoas no que predomina o progreso tecnolóxico. Elizabeth, unha moza de boa familia, namórase de Denton, empregado nunha plataforma aérea, pero o pai dela oponse á relación por considerar que non é un bo partido. Desafiando o proxenitor e seducidos pola época vitoriana, a parella decide fuxir e instalarse no campo. Os primeiros días son idílicos, pero cando chega o mal tempo e uns cans vagabundos os ameazan, senten medo e acordan tornar á cidade. Sen cartos e sen traballo, vense obrigados a vivir dun humilde e escuro apartamento, lonxe dos altos edificios que predominan entre as clases altas. As desgrazas continúan, e o fillo froito da súa relación morre. Ao cabo atopan traballo dunha empresa onde se converten en escravos voluntarios a cambio de aloxamento, roupa e comida. Ao longo dos cinco capítulos nos que estrutura a trama, asistimos á experiencia dos protagonistas nun mundo no que predomina a división en estratos dunha sociedade alicerzada sobre criterios mercantilistas, que se caracteriza polo progreso tecnolóxico, a supremacía de valores como a mercadotecnia e os rendementos do capital, a masificación, a urbanización excesiva, a uniformidade cultural, lingüística, lúdica, gastronómica... A través da distopía, Wells diseña un posible mundo futuro dende posturas críticas que anulan o individuo.

Recensións:

- Javier Nogueira, “Os mundos de onte e de mañá”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 133, 20 maio 2018, p. 5.

Dá conta da recente tradución dun dos autores imprescindibles da literatura universal, H.G. Wells. Grazas á editorial Hugin e Munin, acaba de publicarse unha edición en galego da obra *Dos días do porvir*.

- Xosé Feixó, “Con espírito crítico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 673, “Libros”, 14 xuño 2018, p. VI *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 622, “Letras galegas”, 23 xuño 2018, p. 6.

Infórmase da tradución ao galego da obra *Dos días do porvir*, do coñecido autor británico H.G. Wells. A novela curta está editada por Hugin e Munin.

- Diego Ameixeiras, “Escravos dun vello futuro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “1.280 almas”, 17 agosto 2018, p. 6.

Achega unha pequena reflexión co contido do libro de H.G. Wells, obra traducida ao galego este ano, asemade, Diego Ameixeiras destaca a importancia de vincular o contido do libro, unha obra distópica por excelencia, coa situación actual.

Woolf, Virginia, *A señora Dalloway (Mrs. Dalloway, 1925)*, trad. Celia Recarey, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, outubro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-948421-2-2). ■

Esta novela, a cuarta e máis coñecida de Virginia Woolf (Londres, 1882-Sussex, 1941), revolucionou a literatura do seu tempo polas técnicas narrativas empregadas pola autora, xa que a combinación do monólogo interior co estilo poético se considerou unha das máis importantes contribucións á narrativa moderna. Así mesmo presenta un narrador nada convencional que describe a acción en terceira persoa e ao mesmo tempo se introduce na intimidade dos distintos personaxes, de maneira que non existe un argumento convencional e a historia salta dos pensamentos dun a outro arredor dos seus recordos, momentos presentes, fantasías e esperanzas. O relato abrangue un día na vida de Clarissa Dalloway, unha muller de clase alta casada cun deputado conservador e nai dunha adolescente, na Inglaterra posterior á Primeira Guerra Mundial. A historia principia unha solleira mañá de xuño de 1923, cando Clarissa sae mercar flores para a festa que vai dar na súa residencia de Londres. Os pensamentos de Clarissa céntranse nos preparativos do evento, na reaparición dun vello amor, na mestura de cariño e estrañeza que lle produce a súa filla, na lembranza de Sally Seton, unha amiga da mocidade coa que tivo a súa primeira experiencia amorosa... A descrición do que ocupa a súa mente complementase e superponse coas reflexións dos demais personaxes: Peter Walsh, o antigo amor de Clarissa; Elizabeth, a súa filla; a anciá e conservadora lady Bruton; a señorita Kilman, a profesora de Elizabeth; Hugh Whitbread, amigo de Clarissa dende a infancia; ou o estoico Richard Dalloway, un home serio que, a pesar de darlle á súa familia todos os luxos dunha vida burguesa, non foi quen de satisfacer a Clarissa no amor. Todos eles, malia levaren vidas tranquilas, senten algún baleiro, algunha carencia emocional, algún soño non cumprido ou algo que lles queda por facer. A historia de Septimus Warren Smith, un veterano de guerra da clase traballadora, acada a mesma importancia ca de Clarissa. Pola súa perturbada mente pasan escenas coa súa esposa Lucrezia, a morte do seu amigo Evans no campo de batalla, as obras de Shakespeare e ideas misántropas e pesimistas que acabarán conducíndoo ao suicidio. A cea na casa da señora Dalloway constitúe o evento culminante do libro, pois nese momento únense as diferentes historias que se desenvolveron durante as horas previas, ao se reuniren os amigos nos que Clarissa estivo pensando todo o día. Tamén é entón cando conclúe a historia de Septimus, pois o doutor Bradshaw informa os demais do suicidio. A obra dálles voz aos sentimentos íntimos das mulleres, as súas sensacións e posicións con respecto a temas como o amor, a sexualidade

heterossexual e homossexual, o matrimonio, o conservadorismo ou a morte, ademais de ofrecer unha imaxe completa da estrutura social da sociedade inglesa de entreguerras. Foi adaptada ao cinema en 1997 pola directora feminista holandesa Marleen Gorris, ademais de inspirar a novela *As horas* (1999), de Michael Cunningham, tamén levada ao cine.

Zweig, Stefan, *Momentos estelares da humanidade* (*Sternstunden der Menschheit*, 1927), trad. Laureano Araujo, Pontevedra: Faktoría K, col. Ágora K, xullo 2018, 376 pp. (ISBN: 978-84-16721-20-7). ■

Segundo explica no prólogo que abre o volume, Stefan Zweig (Viena, 1881-Petrópolis, 1942) reuniu neste volume catorce acontecementos estelares moi diversos da historia, que comparten o elemento común de virar o curso dos feitos grazas á decisiva intervención de alguén. O autor mestura a realidade cos recursos da ficción e constrúe as atmosferas destes episodios recreando os detalles e os aspectos dramáticos e os conflitos dos personaxes. Zweig bota man do concepto pictórico de «miniatura» para se referir ao estudo deses instantes decisivos da historia que «resplandecentes e inalterables como estrelas, brillan sobre a noite do efémero». O itinerario pola historia principia con Cicerón, no ano 44 AEC, cando foi vítima do segundo triunvirato romano. Tras deste episodio o autor aborda a caída de Bizancio en 1453; a descuberta de Núñez de Balboa en 1513, o primeiro católico que contemplou o Océano Pacífico dende a súa costa oriental; a revelación de Händel tras a creación do Mesías en 1741 e logo de sufrir un derramo cerebral; a composición, nunha noite, da Marsellesa, en 1792; a derrota de Napoleón en Waterloo en 1815; os pesares amorosos dun septuaxenario Goethe o 5 de setembro de 1823; a caída en desgraza do propietario das terras de El Dorado, J.A. Suter, que perdeu California pola febre do ouro; o indulto in extremis de Dostoiévski en 1849 momentos antes de ser executado polos rifles do tsar; os avatares de Cyrus W. Field, que en 1858 comunicou por vez primeira Europa e América a través dun cable telegráfico; a representación en tres escenas dos días finais de León Tolstoi en 1910; a carreira suicida de Robert Falcon Scott en 1912 por ser o primeiro en plantar a súa bandeira na Antártida; a viaxe en tren de Lenin en 1917 dende o seu exilio suízo até a Rusia revolucionaria. O último dos feitos ten como protagonista o presidente estadounidense Woodrow Wilson, quen loitou ao final da Primeira Guerra Mundial, en 1919, por conseguir unha paz duradeira que se frustrou.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Stefan Zweig tira de talento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 7 agosto 2018, p. 8.

Dáse conta da publicación á lingua galega dun autor recoñecido como é Stefan Zweig, cuxa obra *Momentos estelares da humanidade*, está traducida por Laureano Araujo para a editorial Faktoría K de Libros.

Referencias varias:

- Manuel Veiga Taboada, “As tres ou catro vidas de Stefan Zweig”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 160, 2 decembro 2018, pp. 2-3.

Fálase da importancia que tivo o autor Stefan Zweig, que ademais de ser un excelente

narrador, tamén ocupou a faceta de biógrafo cunha destacada produción. Destaca a influencia de Zweig no teatro, xa que o dramaturgo, Antonio Tabares escribe un drama, *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, representado pola compañía Lagarta Lagarta, cuxa representación de Zweig é levado a cabo por Ernesto Chao.

Zweig, Stefan, *Novela de xadrez (Die Schachnovelle, 1944)*, trad. Patricia Buxán e Saleta Fernández, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, xuño 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-945411-9-3).

A editorial Irmás Cartoné recuperou esta tradución de Stefan Zweig (Viena, 1881-Petrópolis, 1942), que xa fora publicada en 2004 pola editorial Ir Indo. As tradutoras do orixinal alemán realizaron nesta nova edición unha revisión do texto. A trama céntrase nunha viaxe ao bordo dun transatlántico de Nova York a Buenos Aires, cando un grupo de pasaxeiros, ao se decatar de que entre eles se atopa Mirko Czentovič, o campión mundial de xadrez, deciden retalo. Czentovič dá mostras abundas da súa superioridade vencendo todas as partidas até que, de súpeto, intervén un misterioso personaxe, o señor B., un nobre vienés que afirma levar vinte anos sen ver un taboleiro e, porén, se mostra disposto a enfrontarse ao célebre xadrecista. A noite antes da partida, B. conta a súa historia e o motivo que o leva a aceptar o reto: é unha vítima do nazismo e foi torturado cando o someteron a un illamento absoluto ao que sobreviviu grazas a atopar por casualidade un manual de xadrez. Deste modo conseguiu escapar da loucura, pois centrou a súa atención no xogo e argallou centos de partidas mentalmente. Zweig despreza deste xeito, a través da ficción, unha análise que pon de relevo o lado máis inhumano das persoas sometidas a situacións extremas, utilizando o xogo do xadrez como metáfora da vida. A novela salienta tamén por incluír referencias ao tratamento desapiadado que recibiron os intelectuais por parte do nazismo. Considerada por moitas voces críticas a obra mestra do autor, a novela foi escrita entre 1938 e 1941, cando Zweig se atopaba exiliado no Brasil tras fuxir do IIIº Reich. Foi o derradeiro escrito que o autor austríaco deu ao prelo días antes de suicidarse, e publicouse de xeito póstumo.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Xaque mate ao fascismo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.280 almas”, 24 agosto 2018, p. 6.

Publícase a tradución ao galego da obra, *Novela de xadrez*, do autor austríaco Stefan Zweig (1881-1942), quen introduce nesta novea o horror ou a infamia, acompañados dunha crítica ao nazismo e mostrando unha sutil recreación.

Referencias varias:

- Manuel Veiga Taboada, “As tres ou catro vidas de Stefan Zweig”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 160, 2 decembro 2018, pp. 2-3.

Fálase da importancia que tivo o autor Stefan Zweig, que ademais de ser un excelente narrador, tamén ocupou a faceta de biógrafo cunha destacada produción. Destaca a influencia de Zweig no teatro, xa que o dramaturgo, Antonio Tabares escribe un drama, *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, representado pola compañía Lagarta Lagarta, cuxa representación de Zweig é levado a cabo por Ernesto Chao.

Zweig, Stefan, *A impaciencia do corazón (Ungehduld des Herzens, 1939)*, trad. Rosa Marta Gómez Pato, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 55, outubro 2018, 447 pp. (ISBN: 978-84-948805-8-2). ■

Esta novela de Stefan Zweig (Viena, 1881-Petrópolis, 1942), escrita orixinalmente en alemán, céntrase no tema da paixón, achegando a través da ficción unha análise exhaustiva deste complexo sentimento e os conflitos que suscita nos personaxes. Ábrese cun prólogo que pon en práctica o clásico recurso da historia atopada, pois o autor implícito detalla o seu encontro en 1938 co laureado militar e heroe de guerra Anton Hofmiller. O groso do relato, na voz deste, céntrase no relato do que se agocha tras o seu heroísmo, no peso que carga sobre a súa conciencia. Deste xeito, o discurso retrocede até 1914, cando Anton Hofmiller tiña 25 anos e era un pobre pero aposto tenente do corpo de ulanos destinado nunha aburrida vila de provincias entre Viena e Budapest. Alí entra en contacto con Lajos von Kekesfalva, un adañeirado empresario que vive nun castelo coa súa filla Edith, paralítica por mor dunha enfermidade, o cal se converte no xermolo da traxedia e nun nobelo que se vai enredando ao redor dos dous protagonistas por mor da paixón. Enfrontado dende entón á dor allea, o tenente cae progresivamente nunha relación de dependencia emocional que non logra controlar, e na que inflúe en boa medida a súa permanente necesidade de aprobación, afecto e éxito, tanto nos círculos sociais coma cos seus amigos no cuartel. O seu ego impídelle ver as consecuencias do seu comportamento nunha rapaza con ganas de curar e ser feliz que se aferra a un amor non correspondido e encárao coa súas propias eivas persoais. Ao longo da novela a actitude de Hofmiller conta co contraste da entrega absoluta e sincera do responsable da saúde de Edith, o doutor Condor, casado cunha antiga paciente cega á que non foi quen de curar. A historia está ambientada en 1914, nos meses previos á I Guerra Mundial, acolle a descrición da atmosfera de preguerra e a decadencia do Imperio Austro-Húngaro, e chega ao seu punto culminante ao mesmo tempo que Francisco Fernando é asasinado en Saraxevo. Esta obra recibiu unha subvención da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución de 2017.

Recensións:

- Manuel Veiga Taboada, “As tres ou catro vidas de Stefan Zweig”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 160, 2 decembro 2018, pp. 2-3.

Fálase da importancia que tivo o autor Stefan Zweig, que ademais de ser un excelente narrador, tamén ocupou a faceta de biógrafo cunha destacada produción. Destaca a influencia de Zweig no teatro, xa que o dramaturgo, Antonio Tabares escribe un drama, *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, representado pola compañía Lagarta Lagarta, cuxa representación de Zweig é levado a cabo por Ernesto Chao.

II. POESÍA

II. 1. POETAS GALEGOS

Aldao, Lucía, *Todo isto antes era noite*, A Coruña: Apiario, col. Cera Labrada, nº 6, novembro 2018, 60 pp. (ISBN: 978-84-947389-2-0).

Este poemario de Lucía Aldao (A Coruña, 1982) está dividido en seis seccións de dous ou tres poemas. Na primeira, “Velvet”, a voz poética fálalle directamente á namorada, cóntalle cousas sobre o poema e a poesía, pero tamén verbaliza pensamentos sobre ela e o seu amor. A continuación aparece “Backstage”, onde o amor, loar á persoa amada, enxergar a creatividade da persoa amada, destacar os seus boas cualidades, e o agradecemento por poder compartir con ela a arte de crear, son os temas recorrentes. A seguinte sección é “Chroma”, onde deixa ver a parte máis pasional e vinculada ao desexo carnal do amor, fala dunha relación amorosa pero tamén da relación da poeta co propio poema. Esta sección inclúe como novidade unhas imaxes despois dos poemas. A cuarta sección, “Rúa Independencia”, transpórtanos á infancia e aos tempos pasados, e seguramente estea aludindo a que naceu na Rúa da Independencia en Vigo (de aí termos como reconquista), en xeral reflexiona desde unha postura existencial (existencia, corpo e espazo que habitamos) e facendo uso dunha poesía autorreferencial, (“Aldao di, pensa...”). Continúa con “Artillería”, onde ten cabida o amor adictivo, a dependencia, en contraposición o amor san, o que ve as virtudes e as cousas boas da persoa amada por riba de todo, e desexa e quere tanto a esa persoa polas cousas tan boas que ten, case como unha contraposición entre o día e a noite. E para finalizar atopamos “Estacada”, que supón unha reflexión sobre a propia creación do poema, da proximidade ou distancia da poeta co texto que escribe, pero sobre todo sobre o feito de que o poema é tal cando alguén o le, e como se volve día (polo tanto luz) cando alguén o le, e que afortunada é a poeta porque así sexa. Desde unha visión global neste poemario fálase do amor; é un canto e unha louvanza aos amores bos e correspondidos, resáltanse, nese sentido, as cousas boas da persoa amada. Inclúe trazos do autorreflexivo e do metaliterario, apélase a si mesma nos poemas e reflexiona sobre o propio proceso da escrita e o sentido e significado do poema e da poesía en xeral. Finalmente falar da importancia do corpo, existimos e somos esencia porque primariamente somos corpo.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Agasallos con moi boa letra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 21 decembro 2018, p. 8.

Referencia o poemario de Lucía Aldao, *Todo isto antes era noite*, e destaca o carácter narrativo da súa poesía así como o estilo directo que resulta operativo para visitar a memoria.

Além, Tamila, *Tremenda muller*, SL: Edición do autor, abril 2018, 60 pp.

Despois de *Darling Bolboreta* (2015), un libro cargado de poemas claramente intimistas, aparece *Tremenda muller*, o segundo poemario de Tamila Alem (Ourense, 1994), quen desta volta centra a súa poética na figura e na voz das mulleres. Este é un traballo de

autoedición, revisado polo editor Xavier Paz e coa colaboración da deseñadora gráfica Anaïs Kerbrat, quen bosquejou o debuxo da portada a partir do contido dos poemas. Aínda que con certos matices de carácter autobiográfico, o certo é que este poemario pretende alzarse como unha voz dunha protesta colectiva. A temática fundamental ten que ver coa denuncia das problemáticas concretas das mulleres e a reivindicación do feito de ser muller nunha sociedade patriarcal. Neste poemario fálase das mulleres que viven oprimidas, pero a través do que semella unha rabia controlada que se reflicte no feito de que estes poemas agroman dunha necesidade de ser escritos, para propoñer unha nova forma de ser muller, libre de grillóns e cancelas.

Referencias varias:

- Lucía Montáns, “A rebelión da ‘Tremenda Muller’”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación libro”, 13 xullo 2018, p. 20.

Anuncia a presentación de *Tremenda Muller* de Tamila Alem na Galleira de Ourense, segunda obra da autora, de temática feminista, despois de *Darling Bolboreta*.

- Xiana Cid, “Café, tostadas y un buen libro, ¿hay algo mejor?”, *La Región*, “Verano”, “Planes y enredos”, “Ourense de 5 en 5”, 27 xullo 2018, p. 24.

Realízase unha sucinta revisión da oferta literaria de autoría ourensá, na que se recolle o poemario de Tamila Alem, recién presentado. Na obra reflexiónase sobre o machismo na sociedade, dende un punto de vista rabioso pero “controlado”, fronte ao máis intimista *Darling bolboreta*. Canda ela, Rochi Nóvoa, Arancha Nogueira ou Celia Parra.

Álvarez del Caño, Víctor, *A pel do silencio*, Barcelona: Bulebule, col. Poesía, xuño 2018, 91 pp. (ISBN: 978-84-09-03332-4).

A pel do Silencio é un poemario póstumo de Víctor Rodríguez do Caño, publicado con motivo da conmemoración do 50 aniversario do autor e co gallo dos 25 anos do seu falecemento. O libro é unha homenaxe e foi editado polo seu irmán, a partir de textos inéditos escritos hai máis de 25 anos polo autor. O título que dá nome ao exemplar, *A pel do silencio*, provén dun dos versos do primeiro poema do mesmo e é un encabezamento moi ben escollido porque condensa á perfección a lírica e o sentido da obra. Precisamente a verba ‘silencio’ é unha das máis recorrentes ao longo do poemario. A temática é variada, pero o a cuestión do amor é unha das máis importantes; o poeta escribe das súas propias vivencias e sobre as súas primeiras experiencias amorosas. Non podemos destacar un único motivo, pero hai un condicionante que marca constantemente os seus poemas; a contorna xeográfica e climática no que el vive. Desta forma, vai aparecer un elemento recorrente e transcendente en varios poemas, a néboa, fenómeno meteorolóxico moi característico do Ribeiro, onde estaba a súa casa paterna. Outro feito destacable está relacionado co recurso da intertextualidade a través de moitas referencias históricas e mitolóxicas, feito que se relaciona cos estudos en Arqueoloxía, Antropoloxía e Historia Antiga do propio autor. Podemos resumir a súa como unha lírica profundamente panteísta.

Barral Calvo, Daniel, *Dialética*, A Coruña: Medulia Editorial, col. Poesía. Premio de

Poesía O Facho 2018, 66 pp. (ISBN: 978-84-94812-4-4)

Poemario de Daniel Barral galardoado co Premio de Poesía O Facho 2018 e publicado o mesmo ano. Encomeza cunha cita de Gloria Fuertes “...todo esto y algo no digo sucede,/ cuando el amor enciende sus bengalas/ *Ni tiro, ni veneno, ni navaja*”. A obra divídise en tres partes, unha primeira sen título, a segunda, intitulada “Post scriptum I: carta de 18 de marzo de 2017” e a terceira, “Post scriptum II: carta de 18 de maio de 2017”, para rematar cun “epílogo”. Os poemas aparecen só titulados no índice do libro, adoitan ser composicións curtas de menos dunha páxina. No eido formal o poema non se restrinxe a ningún tipo de métrica ou estrofa, pois a totalidade de textos amosan un claro verso libre. No plano temático, a meirande parte dos poemas amosan un carácter intimista a través dunha voz poética que alude directamente a lembranzas e situacións vividas cunha parella. Atópanse gran cantidade de motivos, en primeiro lugar filosóficos, tales como referencias á síntese hegeliana, ao marxismo ou ao existencialismo, por outra banda, referencias propias da mitoloxía helénica, como os Efebos, Penélope ou Ganímedes, mais tamén se presentan referencias xeográficas a través da toponimia con alusións ao río Miño, Mondariz, Ourense, Compostela, Barcelona ou Berlín. Ademais das referencias literarias mediante personaxes da literatura helénica da época clásica tamén se alude ao poemario *Carne de Leviatán*, de Chus Pato. Tamén son constantes as alusións a elementos naturais, xeralmente paisaxísticos, que contrastan coas referencias urbanas e que, nalgún caso, serven para establecer unha crítica de carácter ecolóxico. Finalmente, o “epílogo” do poemario ofrece unha sucinta explicación da xénese da obra escrita en prosa, mais expresada dun xeito lato e con certo cariz poético.

Recensións:

- Ramón Raña, “Todo o que toca a alma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 685, “Libros”, 18 outubro 2018, p. VI.

Salienta o poemario *Dialética* de Daniel Barral, que versa sobre a experiencia amorosa.

Bellón Tenreiro, Alejandra, *Señardade*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, marzo 2018, 70 pp. (ISBN: 978-84-948341-6-5).

Señardade é unha antoloxía de poemas bilingüe en castelán e galego de Alejandra Bellón Tenreiro (Ferrol, 1979). Encomeza o poemario cunha dedicatoria: “Á miña xente. / A todos os que facedes máis levadeira esta señardade” que vén precedida xa dos vinte e tres poemas que o compoñen. Na contraportada preséntase unha breve biografía da autora e unha sinopse da obra. *Señardade* é un poemario introspectivo, coa soidade como tema predominante nesta obra; a poetisa está afastada da súa parella e intensifícase o seu sentimento de saudade. Os poemas, que non adoitan ter unha extensión superior a unha páxina, alternan versos, brancos e libres, curtos e longos. A alma funciona como tropo ó que a autora regresa todo o tempo, como elemento da dita señardade; ela está pechada na súa casa así coma alma está pechada no seu corpo. Está ilusionada polo reencontro, mais triste polo afastamento e vai debullando nas súas poesías cada unha das emocións que vai sentido durante o período de separación. Mais tamén hai cabida no poemario para esas persoas que a axudan a soportar esta situación e a facela máis liviá, ás que fai referencia xa na dedicatoria recollida no inicio do libro.

Recensións:

- Román Raña, “Sincera claridade. No berce de todos os afectos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 693, “Libros”, 13 decembro 2018, p. VI.

Recensión de *Señardade*, aludindo ao carácter sentimental da obra, na que, ante os desasosegos presentados, a autora amosa o refuxio que brinda a natureza. Indica que o poemario comeza con desgarradores tintes intimistas e evoluciona ata inclinarse ante a Terra.

Blanco Casás, Antón, *Tres estudos para un poema da cidade*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 75, febreiro 2018, 64 pp. (ISBN: 978-84-9151-155-7).

Poemario de Antón Blanco (Carril, 1996) que, como ben indica o título, pode entenderse como un tríptico, un xogo de triandades que teñen a cidade como nexo fundamental. De forma secuencial describe poeticamente a creación da cidade en tres partes. Podemos resumir a primeira parte como a xénese da cidade primitiva, onde se fala da fundación do espazo comunitario en forma de cidade. Reflexionando arredor de quen a creou e como, os habitantes primitivos que chegaron á planicie e a habitaron facéndoa fogar, empregando o concepto de exploración como cronotopo da cidade. Tamén fai alusión á cidade desde o punto de vista social, aludindo ás penurias desta cidade primitiva, onde, entre outras cousas, escasea o alimento. Na segunda parte do poemario temos unha nova cidade, o título do décimo poema, “Renovación”, é moi significativo do que é esta segunda parte do poemario. Pero tamén a palabra caída ou decadencia da propia cidade, caracterizada pola fame, a enfermidade e a opresión. A estrutura da cidade é relevante desde o punto de vista arquitectónico pero tamén a súa organización social e xerárquica. O peso e significado do mar acompaña á cidade pero non forma parte dela, non así o que o humano extrae del. A cidade ten murallas; están as cousas que están dentro da porta da cidade e o que está máis alá. Na última parte, a vista, a mirada e o miradoiro cobran, se cabe, máis peso que nas partes anteriores. A cidade prérgase sobre si mesma, e prodúcese a decadencia da mesma, e con esta o fin da comunidade e a chegada do individualismo.

Recensións:

- Román Raña, “Discurso arquitectónico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 668, “Libros”, 10 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 617, “Libros”, 19 maio 2018, p. 10.

Menciona os matices épicos e antropolóxicos presentes en *Tres estudos para un poema da cidade* e como estes deveñen, mediante sucesos contraditorios cheos de violencia e disfunción, nun lirismo tenebroso.

- Vicente Araguas, “Cidade épica”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.049/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.049, “máis Libros”, 12 agosto 2018, p. 32.

Comenta a publicación de Blanco Casás e confesa que, logo da lectura, quedou tan ás escuras como cando comezou e que se sentiu mesmo abrumado e agobiado. Sinala que lle parece máis épico que lírico e máis prosa que verso. Remata dicindo que, ao seu modo

de ver, o libro está deshumanizado e cheo de grisura.

Referencias varias:

- D. S., “Topografía alucinada”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “fóradeserie”, 15 marzo 2018, p. 3.

Salienta a obra *Tres estudos para un poema da cidade* de Antón Blanco, segundo poemario do autor. Comenta a presenza de poemas deste autor en antoloxías de poesía nova como *No seu despregar* ou *13*.

Cao Martínez, Camilo, *Bosquexos de viaxes e festas populares*, Silleda: Edicións Fervenza, col. Poesía, setembro 2018, 260 pp. (ISBN: 978-84-17094-28-7).

Quinto poemario de Camilo Cao Martínez (Ansemil, Celanova, Ourense, 1945) que, despois da dedicatoria, acolle un total de sesenta e cinco composicións, algunhas delas datadas, que teñen como temática, tal como se anticipa no título, diferentes viaxes e festas populares, moitas delas de carácter relixioso. Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a celebración do Apóstolo, Santa Susana, a Festa da Historia, de Ribadavia, a Feira do Cocido de Lalín ou a Festa da Filloa de Lestedo son exemplos das temáticas nas que se inspiran algunhas das composicións.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Un poeta tardío que ya ha publicado cuatro obras en solo dos años”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 24 abril 2018, p. 56.

Recóllese o proceder de Camilo Cao Martínez (Celanova, 1945) como escritor tardío, salientando o seu último poemario, no que recorre as celebracións máis tradicionais de Galicia. Súmase aos anteriores: *Rautos de agarimo*, *Cadros de raizame* e *Paxaros, froitas, apeiros labregos e animais campestres*.

- Margarito Flowers, “Poemarios de Camilo Cao Martínez”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 26 setembro 2018, p. 56.

Informa da presentación, na residencia Sar Quavitae de Santiago, dos dous últimos poemarios do escritor Camilo Cao Martínez, nomeadamente *Rautos de agarimo* e *Cadros de raizame*.

Carballeira, Paula, *Hai quen escolle os camiños máis longos*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, outubro 2018, 53 pp. (ISBN: 978-84-87783-75-9).

Terceiro poemario de Paula Carballeira (Fene, 1972), autora que se dedica tamén ao xénero infantil e xuvenil e ao teatro. A obra está organizada en cinco bloques nos que transforma as historias clásicas populares sobre princesas dende unha óptica moderna, utilizando a prosa poética. Divídese en “O da nena coa carapuchiña vermella”, “O da nena de pel branca como a neve”, “O da nena que atopou a bruxa da casa de chocolate”, “O da nena que durmiu 100 anos” e “Hai quen escolle os camiños máis longos”.

Recensións:

- Mario Regueira, “Mudando o conto”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “fóradeseerie”, “ao pé da letra”, 22 novembro 2018, p. 6.

Recesiona *Hai quen escolle os camiños máis longos*, obra da que destaca o protagonismo feminino e o proceso de reescritura destes contos populares de Paula Regueira

Castaño, Yolanda, *O puño e a letra*, ilust. VV.AA, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2018, 112 pp. (ISBN: 978-84-9121-436-6)

Antoloxía con corenta poemas de Yolanda Castaño e primeiro libro galego dentro do xénero do cómic poético. Os poemas veñen interpretados en viñetas da man de Norberto Fernández, Alberto Taracido, Cristián F. Caruncho, Jano, Fran Jaraba, Xulia Pisón, Paula Esteban, Fran Bueno, Xulia Vicente, David Rubín, Miguel Robledo, Manuel Cráneo, María Ferreiro, Alicia Jaraba Abellán, Víctor Rivas, Kike J. Díaz, Xosé Tomás, Anxo Cuba, Los Bravú, YUPIYETO/María Álvarez Hortas, David Pintor, Kiko Da Silva, Miguelanxo Prado, Roberta Vázquez, Xan López Domínguez, Siro, Xaquín Marín, Rubén Mariño, Pepe Carreiro, Santy Gutiérrez, Martín Romero, Ramón Trigo, Brais Rodríguez, Miguel Cuba, Cynthia Alonso, Arrabaldes, Miguel Porto, Fernando Iglesias Kohell, Tokio e Dani Xove, todos eles artistas do panorama galego. Os poemas seleccionados son unha escolla de composicións escritas ó longo dos vinte e cinco anos de actividade da autora, tal como ela mesma indica no limiar. Os textos, que alternan entre a prosa poética e o verso libre, atópanse nas páxinas pares, na esquerda, e veñen acompañados na páxina da dereita das viñetas dos ilustradores, que conxugan o texto poético coas súas ilustracións, ofrecendo cada unha a visión do artista que a interpreta. Remata con datos biográficos de Yolanda Castaño e dos corenta os artistas que ilustraron a edición.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O cómic poético de Yolanda Castaño”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 2 novembro 2018, p. 8.

Informa da publicación de *O puño e a letra* da poeta Yolanda Castaño, un poemario encadrado dentro do chamado Comic Poetry, ou cómic poético, determinado por un afán da autora de procurar eses elementos de confluencia entre poesía e outras artes. Neste proxecto colaboran numerosos artistas de banda deseñada que interpretan, sen ningún tipo de imposicións, o poema asignado nunha soa páxina.

- Armando Requeixo, “Bedepoética galega”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.065/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.065, “máis Libros”, 9 decembro 2018, p. 30.

Salienta a obra *O puño e a letra* de Yolanda Castaño, escolma de poemas das diferentes obras da autora na cal aparecen acompañados por ilustracións de autores como Siro, Christian F. Caruncho e Paula Esteban.

- Raquel López, “O puño e a letra. Inaugurando o cómic literario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 693, “Banda deseñada”, 13 decembro 2018, p. II.

Comenta a publicación d'*O puño e a letra* de Yolanda Castaño pola editorial Xerais, cómic poético no cal os poemas aparecen acompañados de ilustracións de diversos artistas dirixidos por Xulio Carballo, como son Kiko da Silva, Norberto Fernández, Christian F. Caruncho e Alicia Jaraba.

Referencias varias:

- Rodri García, “A banda deseñada galega poetízase”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 novembro 2018, p. 27.

Comenta a publicación do cómic poético *O puño e a letra* que consiste nunha escolma de poemas de Yolanda Castaño acompañados de ilustracións realizadas por artistas dirixidos por Xulio Carballo.

- Daniel Salgado, “Yolanda Castaño. ‘Eu quero baixar a poesía das torres de marfil e contaminala de vida e de mundo’”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “*fóradeserie*”, 22 novembro 2018, pp. 4-5.

Conversa con Yolanda Castaño sobre o poemario antolóxico *O puño e a letra*, obra que recolle poemas da traxectoria da autora ilustrados por diferentes debuxantes galegos.

- A. Mariño, “Dos versos de Yolanda Castaño xorden viñetas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 decembro 2018, p. 44.

Comenta a xénese do poemario de Yolanda Castaño, *O puño e a letra*, e destaca o aspecto híbrido da publicación. En canto ao proceso de creación, destácase a interpretación persoal que cada un dos ilustradores tivo que facer da poesía de Castaño, pois a interpretación plasmada no libro é totalmente libre.

- Iria Figueroa, “Os libros que máis se regalarán”, *Diario de Pontevedra*, “*Extra*”, “Nadal 2018”, 24 decembro 2018, p. 27.

Menciona *O puño e a letra* entre os libros en galego que máis se agasallarán no Nadal.

Castro, Claudia, *Ser, corazón e boca*, A Coruña: Medulia, maio 2018, 42 pp. (ISBN: 978-8494810206).

Ser, corazón e boca é un libro de poemas de Claudia Castro (Santiago de Compostela, 1972). Na lapela da capa preséntase a traxectoria vital da autora, facendo fincapé na súa bibliografía e premios e obtidos e na lapela da contraportada recóllense outros títulos publicados. Encomeza cunha dedicatoria e unha cita de X. M. López Ardeiro en *Un xardín no tempo*. A autora presenta unha escrita completamente libre, non suxeita a ningún tipo de canon, sen empregar ningún tipo de estrutura prefixada. O poemario estrutúrase en tres partes: “*Ego me absolvo*”, con oito poemas de temática autobiográfica, nos que desenvolve o seu eu lírico en poemas como “Voz” e onde atopamos varias alusións á vila de Corme; “*In nomine matris*”, con dous poemas de carácter introspectivo,

“Fillo” e “Borrar a vida, e, finalmente, “*Ceteris paribus*”, con sete poesías onde predomina a crítica social e política. Todas as composicións veñen precedidas dun breve epígrafe agás a que pecha o poemario, “In memoriam”.

Cebreiro, María do, *Soños. Arquivos. Cartas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, marzo 2018, 80 pp. (ISBN: 978-84-9121-332-1).

Poemario de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) que comeza coa cita “Tiña vinte anos e non permitirei que ninguén me diga que esa é a idade máis fermosa” de Paul Nizan en Aden Arabia. Os títulos das trinta e oito composicións son, ben letras, ben combinacións de letras e números, de significado dificilmente descifrabel e para o lector. A prosa poética fragmentase, en ocasións, mesmo en capítulos conectados entre eles e gozan dunha clara intencionalidade comunicativa. O texto parece formar unha sorte de diario epistolar, no que autora ofrece pinceladas de reflexións, lembranzas, experiencias vitais. Os poemas son de carácter intimista, nos que afonda en cuestións coma o amor, a morte, o tempo, o desexo e mesmo a propia poesía, empregando unha linguaxe sinxela e un léxico coidadosamente escollido.

Recensións:

- Román Raña, “Da confesión á expiación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 677, “Libros”, 12 xullo 2018, p. VI.

Análise polo miúdo do poemario *Soños. Arquivos. Cartas* de María do Cebreiro.

Referencias varias:

- Montse García, “Poemas familiares ao unísono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2018, p. 37.

Anuncia a publicación de *Memoria do corpo*, de Xesús Rábade; *Soños. Arquivos. Cartas* de María do Cebreiro, e *Poesía mínima*, de Helena Villar Janeiro.

Corral Soilán, Cristina, *Ficar*, Brasil: Editora Urutau, marzo 2018, 60 pp. (ISBN: 9788571050471).

Conxunto de poemas de Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976) que se abre cunha biografía da autora, presentada como escritora, xornalista e profesora. Na lapela da tapa veñen recollidos breves datos biográficos da autora e na da contracuberta unha síntese do prólogo. Neste, escrito por Saturnino Valladares e titulado “A lucidez da distancia” (pp. 7-11), destácase “o desexo de permanencia a través da palabra”. Vén seguido dunha dedicatoria á familia da autora e dunha cita da canción *Bellis Silvestris*, de Turma Caipira. *Ficar* está composto por vinte poemas breves en verso libre “e un poema narrativo”, tal como indica Saturnino Valladares (p. 11), nos que se ofrece unha achega completamente introspectiva e autobiográfica da voz lírica e nos que a ausencia, fronte ao “ficar”, é a protagonista. Un poemario dedicado completamente aos sentimentos no que o legado familiar está presente, coas avoas Herminia e María, presentadas como as “loitadoras”.

Correa Corredoira, Javier, *Cantar de corpos*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca, maio 2018, 152 pp. (ISBN: 978-84-9995-288-8).

Terceiro poemario de Correa Corredoira (A Coruña, 1952) que se abre co limiar “O corpo oulea en cánticos de amor” (pp. 7-11), asinado por Yolanda Castaño, quen define o poemario como “un rosario de salmos laicos nos que o *eros* trata de escorrentar a morte e puxar a brazo partido pola vida” (p. 7). Dende unha perspectiva intimista, Correa Corredoira presenta unha especie de anecdotario vital relacionado coa súa vida amorosa e sexual, no que o corpo, con todas as partes que o conforman, desenvolve un papel esencial. *Cantar de corpos* é un poemario, con textos de breve extensión, dedicado ao erotismo e ao amor, mais tamén teñen presenza a señoardade, a frustración, o cansazo e a decepción amorosa. Nel atópanse constantes referencias a diferentes artes: música, pintura, cinema... que deixan pegada do hibridismo presente nesta obra e da bagaxe do seu autor. Na lapela dianteira do libro ofrécese unha sinopse da bibliografía do autor, presentado como pintor, gravador, escultor e escritor, mentres que na da contracuberta se achegan outros títulos publicados na colección.

Creus, Estevo, *O lugar que non hai*, Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2017, Santiago de Compostela.: Chan da Pólvara, maio 2018, 60 pp. (ISBN: 978-84-948565-6-3). RCP

Poemario gañador do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2017 da autoría de Estevo Creus. Comeza cunha cita de René Char, “Había un precipicio na casa, / (...) /A inundación. O campo raso, os desniveis./ as árbores cativas recludéndose en charcos”, e outra de Jorge Barbi, “No hay nada oculto delante de tus ojos”. Deseguido, achéganse un total de vinte tres poemas compoñen a estrutura da obra, carente de índice. Por outra parte, como unha constante no poema atópase a repetición do título “Non” en varios poemas, título que ademais serve de elemento co que construír anáforas determinadas sintacticamente polo adverbio de negación na apertura de cada un dos versos nos que se emprega o recurso. As composicións non contan cunha métrica determinada nin adoitan superar as dúas páxinas de extensión, ao mesmo tempo, a fragmentación produce xeralmente versos curtos sen encabalgamentos. A voz poética diríxese maioritariamente a unha segunda persoa do singular, maioritariamente retratada levando a cabo algunha acción que bosquexa unha escena determinada, porén, en moitas ocasións resulta metafórica. A temática céntrase especialmente no lugar, ademais de situalo nun tempo determinado e en relación ao decorrer deste, polo tanto as alusións a lugares, o emprego constante de adverbios de lugar ou as mencións á medición de distancias serán pingües ao longo da obra e vertebrarán tematicamente a maior parte de poemas. Os motivos máis recorrentes a nivel temático no poemario son a presenza de árbores, a observación, notable en multitude de verbos ou substantivos relacionados coa visión mais a observación, e a inclusión de animais, os cales xeralmente son introducidos de xeito indeterminado ao empregar o vocábulo “animal”, non obstante, as aparicións de cabalos repítense ao longo do texto. O poemario remata cunha adicatoria na páxina final que reza o seguinte: “Ao meu queridísimo amigo e admirado Antonio Fernández Seoane, que un día apareceu coas súas pinturas para que empezara coa escrita./ A Traspediante Danza, compañía coa que paseei a metade desta frase polas galerías de Oviedo sendo corpo ou palabra que camiña”.

Da Aira, Carlos, *Pólvora, Tipos, recomendacións, consellos e advertencias para un tempo de poesía*, Santander: VoráGINE, col. Poemas (in)surgentes, xullo 2018, 165 pp. (ISBN: 978-84-947950-7-7).

Poemario bilingüe en galego e castelán de Carlos da Aira que se abre cunha introdución en castelán titulada “Prender la mecha” realizada polo Colectivo La VoráGINE na que se explican as intencións da edición deste libro e o feito de realizalo en formato bilingüe. A presentación dos poemas artéllase en tres seccións: “Pólvora Viva”, o capítulo máis amplo, con vinte e catro poemas de temática crítica; “Pólvora progresiva / Húmida”, con sete composicións, e “Pólvora Lenta”, con outras sete poesías; estes últimos de carácter máis intimista. Carlos da Aira presenta neste libro poesía combativa, en verso libre que alterna con prosa, na que reflexiona sobre preocupación sociais como a loita de clases, a ecoloxía ou o uso de redes sociais.

Dacosta, Marta, *Labirinto ou memoria*, Vigo: Editorial Caldeirón, col. Poesía, marzo 2018, 80 pp. (ISBN: 978-84-9121-332-1).

Poemario de Marta Dacosta Alonso (Vigo 1966) que abre cunha adicatoria: “a Paco Souto / á súa memoria imprescindible”. O poemario divídese en dúas partes, unha primeira parte introdutoria que consta de cinco poemas e unha segunda que conta con cincuenta composicións. Algúns dos poemas fican intitolados nalgunhas das composicións do final da obra, emporiso, os demais están referenciados pola primeira ou primeiras palabras do verso, marcado mediante o uso de versálicas de xeito coincidente coas referencias do índice. Os poemas intitolados son “Prólogo”, “Arte poética”, “1 de maio”, “Humildade”, “Cavada de fontes”, “A unha vila de castelo no alto” e “Neste lugar do mundo”, presentes nas dúas seccións do poemario. Os diferentes poemas plásmanse a través do uso de verso libre e son de temática variada, formando un corpo heteroxéneo que contén constantes como a cuestión do labirinto e, máis fondamente se cabe, a memoria. Na páxina sesenta e un atópase unha ilustración dunha paisaxe natural de densa vexetación cun paxaro nunha póla, na esquina inferior dereita lese o texto “Cavada de fontes”. Dentro da notable variación de estilos e de escollas léxicas entre os diferentes poemas pódese notar certa predilección por aqueles substantivos e verbos que remiten ás capacidades olfactivas, os cales producen un efecto sinestésico en determinadas pasaxes do poema. Os poemas en moitas ocasións teñen un cariz social e reivindicativo, o cal se expresa de diferentes xeitos, implícito ou explícito, dependendo do poema en cuestión. En canto á disposición dos versos, variará segundo a composición empregado nos versos dalgúns poemas un aliñamento á dereita do corpo do poema, alternando deste xeito o ritmo da lectura. Tanto a linguaxe como a sintáctica que constrúen o corpo do poema permiten unha lectura sinxela e áxil, ao mesmo tempo, a ausencia de xiros significativos axudan a conformar o contido e o discurso dunha forma gradual e agradable.

Recensións:

- Román Raña, “Un poema gamela”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, “Libros”, 13 setembro 2018, p. VI.

Fala arredor de *Labirinto ou memoria*, de Marta Dacosta, e destaca a importancia da memoria nesta obra. Tamén recolle algúns dos seus versos.

Referencias varias:

- A. Baena, “Vigo e a súa lembranza nos versos de Marta Dacosta”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 xuño 2018, p. 8.

Anuncia a presentación de *Labirinto ou memoria* de Marta Dacosta na librería Cartabón de Vigo e recolle palabras da autora sobre a obra.

De Felisa, Manoele, **Luna**, Xosé, *A estrada da vida*, pról. Xosé Manuel Lobato Martínez, ilustr. Amalia López Brea, “Luchi”, Pontevedra: Arteson Producións, abril 2018, 55 pp. (ISBN: 978-84-16456-77-2).

Libro-CD obra do cantautor Manoele de Felisa e o escritor Xosé Luna, quen uniron os seus talentos neste traballo. Reúne trece temas con letra de Xosé Luna e música de Manoele de Felisa e un corte final escrito e recitado por Luna. A maiores, un proemio de Xosé Manuel Lobato, unha presentación de Manoele de Felisa, diferentes intertextos de Luna que van explicando no libro o sentido e intención de cada canción e ilustracións de Amalia López Brea “Luchi”, que dan coloratura e poñen rostro ás emotivas e fondas composicións de Luna. As letras das cancións son textos tirados de diversas obras de Luna (*Da lectura e outras cousiñas*, *Memorias do Cairo*, *Sol rebuldeiro*, *O libro dos bicos*, *90 cousiñas* e *Stradapop*) ou incluídos por este nalgunha outra publicación (así os poemas “A Rosa dos Ventos” e “A Estrada da Vida”, tomados do libro *Pereiriños*). O trazo definitorio deste *A Estrada da Vida* é a súa *literariedade*, que deixa sentir a súa pegada non só no carácter poético dos textos musicados, senón tamén nas prosas poéticas que constitúen os intertextos (onde se citan múltiples autores, dende Shakespeare, Valle-Inclán e Cervantes a Xosé Neira Vilas, Xosé Vázquez Pintor ou Avelino Pousa Antelo) e nos paratextos que arroupan a obra, como os escritos prologais de Lobato e Manoele de Felisa xa amentados, as citas iniciais dos temas (Manuel Antonio, García Lorca) ou as dedicatorias das cancións a autores (Olimpio Arca, Rosalía Morlán). A obra tamén conta cunha moi coidada edición en tapa dura, papeis de alta calidade, tintados polícromos, magníficas instantáneas de Anxo Rodiño Millán e un atractivo traballo videográfico incorporado ao cd que coasinaron Pepe Castro e Ukaná Film.

Davó, François, *Ónix, abrollar*, Santiago de Compostela: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, setembro 2018, 73 pp. (ISBN: 978-84-947906-6-9).

Poemario do escritor, tradutor e poeta François Davo (Le Mans, 1996). Na lapela da portada, ofrécese unha biografía do autor e recóllense os títulos da súa obra poética. Nos paratextos iniciais, preséntanse catro dedicatorias seguidas de citas de André Bretón e Eva Veiga. Abre o poemario un limiar titulado “Vida mergulhada” escrito por Ramiro Torres e finaliza cunha nota do autor na que explica que todos os poemas do libro son inéditos agás o dedicado a Ramiro Torres. A disposición das composicións poéticas artéllase en torno a catro seccións: “Desde o escuro, agromar”, “Cuartetos da pena furada”, “Don do mar” e “Estación permanente da muda”; nesta última, todos os poemas están dedicados. As breves composicións de *Ónix, abrollar*, escritas en verso libre, preséntanse como un nexo co mundo natural, que relatan encontros coa natureza e encontros humanos. Ademais da presenza dos elementos da natureza, no poemario tamén

salientan as pingües aparicións de personaxes femininas como a Moura, a nai ou a deusa. Ao longo de todo o poemario, preséntanse constantes referencias a autores, como Xela Arias, André Bretón, Alejandra Pizarnik, Joyce Mansour, Miguel Anxo Fernán Vello, Serge Pey, Xoán Abeleira ou Pedro Casteleiro.

De Barreiro, Ricardo, A+A, (audio-libro), SL: Edición do autor, 2018. (ISBN: 978-84-09-03074-3).

Novo poemario de Ricardo de Barreiro (Lousame, 1974) que comeza cunha nota de agradecemento na que se lle dá un peso fundamental á papiroflexia e onde se chega a afirmar que “a nosa é unha vida sentida en papel”. A continuación aparecen unha serie de versos introdutorios; no mesmo lugar que os versos de grandes escritores pon versos ou frases da súa xente do común, como as veciñas. Os poemas dispóñense ao longo de varias seccións tituladas “Retrospectiva”, “Un verán”, “Un outono”, “Un inverno”, “Unha primavera” e “Outro verán”. A nivel temático destaca, por unha banda a fonda pegada do intimismo máis pesimista; e pola outra o motivo do amor; o amor entre A e A que nos anuncia o título; erixíndose como unha auténtica declaración de amor, onde loar as virtudes da persoa amada recoñecendo que estar ao seu lado saca a mellor versión de quen escribe; onde dar renda solta á paixón e ao desexo; onde perfilar un amor moi pasional e un tanto idealizado; e onde deixar por escrito os lugares compartidos coa persoa amada. Todos estes elementos quedan moi ben condensados neste verso “ti como manaller e representante artístico do amor”. Como elementos recorrentes temos o sexo e o tabaco; pero tamén a presenza dos peixes e outros elementos do mundo mariño, xunto cun vocabulario anosador que fai alusión a realidades contemporáneas (como skype, vuelo charter, grupi, etc). No tocante aos recursos formais destaca o uso da interdisciplinabilidade; combina texto (poesía), imaxe (debuxos e planos ou partituras feitas a man) e audio (os poemas recitados polo propio autor). O curioso desta última parte é o novidoso da súa introdución, non é un CD que acompaña ao libro, senón un código QR que nos re-dirixe a unha páxina web onde atopalos. Os debuxos aos que se fai alusión son de corte surrealista e representan o contacto e a fusión dos corpos, o desexo e o sexo.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Fin de semana de recorrido cultural”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “De café con Cuca”, 23 decembro 2018, pp. 74-75.

Informa da presentación no Espazo Nemonon do audio libro de Ricardo Barreiro, A+A.

Dopazo, Lara, *Claus e o alacrán*, XVII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, maio 2018, 77 pp. (ISBN: 978-84-947906-5-2).

Poemario gañador do XVII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño no ano 2017. O poemario consta de catro seccións, o último deles é unha “Nota, aclaracións e agradecementos”. Na apertura da obra achégase a primeira sección do poemario, abrindo cun poema homónimo á propia sección e intitulado “o mar está en calma aínda que é inverno” achéganse dúas citas, a primeira delas de Estevo Creus, que reza “entón/ coido ver os restos dun voo/ e teño a certeza/ do meu corazón enfermo”, seguida doutra breve

cita de María do Cebreiro Rábade, “A soidade é o lugar do monstro”. O poemario continúa coa sección intitulada “lara”, que achega poemas de diferente extensión, dende os catro versos ata varias páxinas. As composicións, ao longo de toda a obra non se corresponden con ningún molde métrico e xeralmente están conformadas por versos non excesivamente longos. En canto á temática, a voz poética comeza falando de si mesma, autoreferenciándose para posteriormente referirse a si mesma como “lara”. O poemario empregará algúns motivos clave, como os insectos (insectos, moscas, formigas) nos que o alacrán goza de especial protagonismo. O diálogo da voz poética produce contextos nos que interveñen “lara”, “claus”, e o “alacrán”. Nas composicións atópanse múltiples referencias ao útero, que en multitude de casos se adxectiva como roto, quizais como unha metáfora coa que facer alusión á esterilidade. En canto ás técnicas empregadas destacan especialmente as anáforas e repeticións, poñendo énfase nos nomes das personaxes que interveñen nos poemas. Outro motivo constante son os ollos, que din emanar formigas. Ao longo do poemario obsérvase unha compoñente claramente existencialista, tamén vinculada coa poesía de Inger Christensen. Na Cuarta sección, “claus”, achégase una resolución ás dúbidas existenciais da voz poética, que deixa entrever que usará o lume, o incendio, para rematar coa incerteza que lle deparan as súas emocións. Finalmente, esta sección remata con dúas citas, a primeira de Lorena Álvarez, “Se puede quemar el mar/ si se le prende fuego”, e a segunda de Federico García Lorca, “y al que le duele su dolor le dolerá sin descanso y el que teme la muerte la llevará sobre sus hombros”. Porén, o último poema continúa despois de ambas adicatorias para pechar finalmente coa sección “Nota final, aclaracións e agradecementos”, unha serie de parágrafos de gratitude adicados a quen axudou á autora na elaboración e revisión do texto, tamén se fai referencia aos poemas recitados por Claus dentro do poemario, os cales son da súa autoría agás o de Inger Christensen. En definitiva, un poemario breve mais dotado de profundidade coa intervención das personaxes no seu interior, intensificada pola narración que decorre os versos.

Estévez, Eduardo, *nós-dentro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 74, febreiro 2018, 112 pp. (ISBN: 978-84-9151-158-8).

Poemario de Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969) conformado por corenta e oito composicións breves, en verso branco e libre, cuxos títulos se toman do primeiro verso de cada unha delas. Este libro de poemas fala do cotián, do que acontece en calquera fogar, coas súas consecuentes tramas e relacións. Esta cotiandade reflíctese nunha vista á praia, nun xeito de ollar, nunha planta colgada, nunha chamada telefónica, nunha conversa cun amigo... Son poemas do día a día coas propias inxerencias da mesma cotiandade, nos que se atopan pingües referencias metaliterarias. Pecha o poemario unha sinxela dedicatoria: “A María”.

Recensións:

- Román Raña, “Feliz confirmación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 666, “Libros”, 26 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 615, “Libros”, 5 maio 2018, p. 10.

Salienta a obra *Nós-dentro* de Eduardo Estévez, incidindo na súa alta calidade e na mención a autores como John Berger, Tanizaki e W.G. Sebald.

- Vicente Araguas, “Do posible sosego”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario*

de Ferrol, “*Nordesía*”, n.º 1.047/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.047, “*máis Libros*”, 5 agosto 2018, p. 32.

Salienta a calidade de *Nós-dentro* de Eduardo Estévez e sinala algúns nomes de autores mencionados na obra como Berger, Sebald e Cortázar.

Estévez Casal, Ángel, *A casa que me mora*, Cangas: Edicións Morgante, col. Poesía, xuño 2018, 105 pp. (ISBN: 978-8415166702).

Primeiro poemario de Ángel Estévez Casal, onde os elementos ‘berce’, ‘eira’ e ‘lareira’, xa destacados desde o propio limiar, resumen os eixos temáticos que vertebran o conxunto do texto. Trátase dunha reflexión antropolóxica do espazo, concretamente da casa onde se nace e se medra, e todo isto desde unha perspectiva etnográfica e de identidade. A importancia das tres verbas destacadas ten que ver tamén co feito de que son os títulos das tres seccións en que se divide o poemario. O limiar inclúe o poema “A criación do mundo”. A primeira sección, “O berce”, acolle ao redor de vinte composicións nas que a temática fundamental é a infancia, pero tamén os recordos da casa, os elementos da casa que son importantes e que afectan á cuestión da identidade (o lume da lareira, por exemplo). A casa é presentada como sinónimo do fogar; a casa non é unicamente o lugar onde se vive, senón o lugar onde un se inicia e se forma e aprende a lingua materna. Ademais ten por engadido o feito de ser unha casa nunha contorna rural, xa que a casa rural non está illada, está nun lugar que tece e forma comunidade. A segunda sección, “A eira”, está composta por preto de corenta composicións nas que se define a eira como o camiño até a casa, pero tamén o camiño como sinónimo da vida, da andadura que se fai dende a infancia á idade adulta e da importancia da casa (entendida como o fogar) nese proceso. As cuestións existenciais que teñen que ver co eu, que son e que fun, teñen as súas raíces na casa; a lingua materna mármase na casa e casa tras casa constrúese nación. Nesta parte tamén é importante a evocación de imaxes e ideas que teñen que ver coa vida agraria das casas rurais, as colleitas, as terras e os seus traballos, os xornaleiros etc. Tamén é significativa a figura materna como a da dona da casa, quen a fai agradábel e confortábel, pero tamén quen a dirixe e sostén. E, finalmente, cabe destacar, para esta sección, o tema da soidade que é agora a casa, dende que os fillos non están, pero, sobre todo, dende que os tempos modernos (en contraposición aos do avó) e os cambios na contorna rural (por exemplo o acoutamento dos espazos de pesca) baleiraron a casa (onde antes eran oito). Finalmente aparece a sección, “A lareira”, composta por preto de trinta textos que, en termos xerais, rescatan o imaxinario tradicional da lareira, sentar ao seu redor e compartir cantigas e contos; créase nos temas presentados nas outras partes. Como novidade inclúe un poema que relaciona construír unha casa (pedra a pedra) con facer un poema (palabra a palabra), e tanto a casa como o poema van en nós, inacabados. No tocante aos recursos formais destaca o uso dunha métrica certamente regrada, facendo uso da rima asonante e combinando varios tipos de estrofas. Finalmente, no plano formal destaca o uso de recursos da lírica oral e o recurso da intertextualidade a través de grandes figuras das nosas letras como Rosalía ou Celso Emilio.

Fernández Sanmartín, Celso, *A cama de meu avó Manuel Sanmartín*, A Coruña: Apiario, col. Cera Labrada, n.º 7, novembro 2018, [50] pp. (ISBN: 978-84-947389-3-7)

Poemario de Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) que comeza cun “Caso do meu avó rosas altas” e cun breve texto no que o autor anticipa, como o título do poemario anuncia, o motivo central das composicións: a cama de seu avó materno e este seu familiar. Despois dunha foto do máis coñecido como contacontos, a cuxas costas se nos indica que aparece esa moble familiar desmontado e tapado, dun texto que comeza “Cando nevaba”, centrado nos tempos de dura invernía, de caza e de fame, e dun “Enchín o saco de neve/non teño nada”, o poemario divídese en catro partes: “Cedo”, “Unha”, “Dúas” e “Tres” en cuxas composicións o eu lírico achégase a como se aborda o momento da escrita; ao contacto coa terra e coa natureza e aos ditos e saberes transmitidos por seu avó; ao moble gardado (a cama) e a esa persoa vinculada (o avó) cos recordos que ambos traen consigo. Unha homenaxe a quen xa non está, o avó Manuel Sanmartín Méndez, en composicións de verso libre e sen puntuación.

Fitas, Fernando, *Subversiva liturgia das mãos*, XXXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense, ilust. capa Fátima Valente, Culleredo-A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 277, 3 maio 2018, 82 pp. (ISBN: 978-84-947906-4-5). ■

Poemario de Fernando Fitas (Campo Maior-Alentejo-Portugal, 1957) escrito seguindo a norma reintegracionista. Preséntase dividido en dúas partes compostas por vinte e sete poemas a primeira, e por vinte e oito a segunda. A primeira parte encabézana dous versos tirados d’*A Musa Irregular* de Fernando Assis Pacheco e ábrese cun “Preâmbulo” (p. 13) que serve de presentación e punto de partida para a viaxe vital que se recolle nos restantes poemas, que xiran ao redor da importancia da memoria, plasmada en obxectos e sensacións lembradas. A segunda parte encomeza con catro versos de Sidónio Muralha e iníciase co poema “Voltemos ao inicio” (p. 45) dedicado á memoria de José Leão e que supón o comezo dunha revisión do camiño andado, observado dende a imaxe das mans que simbolizan a reinvencción.

Franco Caaveiro, Carmela, *Alá onde nos leve o vento*, ilust. Miguel Ledo Roca, limiar Yago Rodríguez Yáñez, Noia-A Coruña: Toxosoutos, col. Nume, 2018, 50 pp. (ISBN: 978-84-948341-8-9).

Debut literario de Carmela Franco Caaveiro (As Pontes-A Coruña, 1999) en formato de poemario conxunto co ilustrador Miguel Ledo Roca (As Pontes-A Coruña, 1999) que se abre coa dedicatoria “A Yago, ás do noso vento”, o poema “Coma ventos fuxidos”, tirado de *Nimbo*, de Xosé María Díaz Castro, e o “Limiar” (pp. 9-10) de Yago Rodríguez Yáñez, datado en Lugo no mes de xuño de 2018 e no que sinala que, dende o título, “desprende unha terríbel verdade: a nostalxia da existencia, a xeito de remorsos, lembranzas ou emocións arrebatadas” (p. 9) e que “a mesma portada fai que albisquemos un universo difícil de comprender, de non ser pola colaboración interartística” (p. 10). Refire ademais que no poemario “asistimos á expresión dos sentimentos por medio dun enfoque amoroso, familiar ou social” (p. 10); que “os símbolos celtas que introducen cada composición confiren carta de natureza a un libro personalísimo” e aclara que as sombras presentes no poemario “respiran tenuemente, de esguello, agardando indecisas no instante do coñecemento”(p. 10). Respecto aos autores, refire que o ilustrador posúe unha “sensibilidade especial” (p. 9) e a autora textual “caracterizábase por unha bagaxe cultural, na que semellaba doado percibir a autonomía lectora, a carón dunha palpable humildade” (p. 9). O poemario componse de vinte poemas numerados ao comezo de cada

un deles e ao lado de símbolos celtas e con citas de autores galegos (Yago R. Yáñez, X. Andrés López González, Lois Pereiro, X. M. Díaz Castro, Fiz Vergara Vilariño, X. L. Méndez Ferrín, X. Vázquez Pintor e Manuel María) e foráneos en todos os poemas, agás o primeiro. Os poemas reproducense nas páxinas impares e as ilustracións nas páxinas pares. Combínanse poemas intitulados e outros non e variedade de enfoques temáticos se ben prima o paso do tempo, o amor, a ausencia, o silencio, o esquecemento, a necesidade de expresarse nos versos libres e con rima asonante.

Referencias varias:

- Cristina Arias, “Dous rapaces ponteses debutan no mundo editorial cun libro de poesía ilustrada”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 setembro 2018, p. 20.

Informa da publicación do libro de poesía ilustrada *Alá onde nos leve o vento* de Carmela Franco e Miguel Ledo, editado por Toxosoutos. O libro contén poemas de Carmela Franco a partir dos cales Miguel Ledo creou as imaxes que os acompañan.

Giráldez Domínguez, Ramona, *Tardes de domingo*, ilust. Luz Arufe, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2018, 60 pp. (ISBN: 978-84-947719-8-9).

Poemario de Ramona Giráldez Domínguez. Comeza con dúas citas, a primeira é de Ricardo Carvalho Calero “Douscentos mil quilómetros/ afastam-te de Vénus/ nom te seja propicio” e unha segunda de Manuel Antonio “As nosas soedades/ veñen de tan lonxe/ como as horas do reloxe”. Deseguido, ofrece un sucinto texto titulado “A modo de introdución”. Por outra parte, o poemario consta de trinta e nove poemas de verso libre, porén, nalgúns versos e pódese deducir certa musicalidade no plano fonético, especialmente nos vocalismos. Os poemas resultan breves e algúns deles, como “Solpores”, “Tarde na cidade”, “Outono”, “Primeiro amor”, “Neve no mar”, “Blue moon”, “Brétema”, “O kamikaze”, “Medo”, “A memoria”, “A derradeira tarde”, “Ausencia” e “Tardes de verán” van acompañados de ilustracións de Luz Arufe. A meirande parte de poemas son de carácter intimista, nos que se afonda en cuestións como o paso do tempo e as mudanzas que atopa unha voz poética ante o tempo ido. As composicións semellan facer un percorrido polas lembranzas dende un presente nostáxico. No referente á dimensión espazo temporal incídese especialmente en espazos e ambientes tranquilos, sexan do entorno urbano ou naturais, convertendo as tardes nun motivo que non deixa de cumprir, asemade, a función de enmarcar unha localización cronolóxica concreta. Outro dos motivos que aparecerá de maneira recorrente é o sol, que en moitas ocasións se materializa a través de referencias á súa luz e ao cromatismo que produce. Tamén teñen presenza as paisaxes marítimas, que se mesturan multitude de casos cos devanditos motivos. Giráldez tamén emprega referencias doutras artes como a pintura e á música, como é o caso de Magritte, no plano pictórico, e de Beethoven ou Elvis Presley, no eido musical. Existen mencións concretas a espazos xeográficos de Galicia, como é o caso do Salnés no poema “Neve no mar”, o río Miño en “O Silencio” ou no mesmo título de “Praza da Quintana”.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Jugando a policías”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 12 maio 2018, pp. 62-63.

Informa sucintamente, engadindo fotografía, da presentación do poemario na Casa da Luz. O acto estivo organizado por Maio Longo.

Gómez, Noelia, *O xiro*, V Premio de Poesía Gonzalo López Abente, Vigo: Edicións Xerais, col. Poesía, n.º 58, novembro 2018, 70 pp. (ISBN: 978-84-9121-457-1).

Noelia Gómez (Rianxo, 1995) é a autora desta obra gañadora da quinta edición do Premio de Poesía Gonzalo López Abente e que se inicia cunha dedicatoria á familia (a seus pais e avoa) e a Antía Otero, así como cun verso de *Elexías a Lola*, de Xohana Torres. Despois dunha composición que se inicia co verso “Situarse no eixe” e vinculada, polo tanto, co título do poemario, divídese este en tres partes: “Contorno”, “Eixe” e “Desprazamento”, cada unha das cales comeza cunha cita de obras de escritoras e escritores pertencentes ás novas xeracións poéticas. Así, a primeira delas ábrese cunha cita de *O cuarto das abellas*, de Antía Otero; a segunda, cunha de *O deserto*, de María do Cebreiro, e outra de *Celebración*, de Gonzalo Hermo, e, finalmente, a terceira iníciase cuns versos de *A distancia do tambor*, de Eva Veiga. As composicións deste primeiro poemario da autora caracterízanse polo emprego do verso libre e dun eu lírico para quen a palabra e a lectura se presentan como fundamentais; un eu lírico que trae ao recordo lembranzas e fala dun ti, ao que homenaxea; que fala da morte; que se amosa crítico con certas tradicións, coa relixiosidade etc. Unha voz poética que se aproxima ao movemento, mais tamén ao equilibrio, este último ofrecido nalgúñas composicións claramente pola escrita.

Hermo, Gonzalo, *A vida salvaxe*, A Coruña: Arte de Trobar, col. Premio Poesía Afundación 2018, 89 pp. (ISBN: 978-84-09-05966-9).

Poemario de Gonzalo Hermo que recibiu o XVI Premio de Poesía Afundación 2018, con xurado composto por Alba Cid, Estíbaliz Espinosa, Xosé Ramón Pena, Xabier Castro Martínez e Luis González Tosar. Na lapela da portada, ofrécese unha breve biografía do autor na que lembra os seus títulos publicados e os premios que recibiu. O poemario ábrese con citas de Rosalía de Castro e Giorgio Caproni, seguido das trinta e unha composicións e un epílogo titulado “Sete achados sobre o poema”. O leitmotiv deste libro de poemas é o encontro coa natureza: a flora, a fauna, os elementos atmosféricos... Gonzalo Hermo convida ó lector a entrar nun bosque como forma de liberación. Explora tamén o desexo, os encontros entre persoas, ou coa natureza. A lingua, a literatura e a propia poesía chegan a interactuar co lector (“Pero un poema, o poema co que soñas, non se deixa apreixar”). Gozan de salientábel presenza as referencias autobiográficas e podemos atopar tamén referencias a figuras literarias e culturais.

Recensións:

- Nieves Neira, “A mística atea de Gonzalo Hermo”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 162, 16 decembro 2018, p. 7.

Comenta o poemario *A vida salvaxe* co que Gonzalo Hermo gañou o Premio Afundación de poesía. Salienta a calidade da obra sinalando algunhas das referencias literarias que contén e o desexo como un dos temas principais, presente en outras obras do autor como

Crac (2011) e *Celebración* (2015).

Iglesias Míguez, Moncho, *Tren*, Pontevedra: Editora Urutau, decembro 2018, [56] pp. (ISBN: 978-85-7105-049-5)

Poemario de Moncho Iglesias Míguez. O poemario consta de dúas seccións, unha primeira intitulada “Leste” e unha segunda que leva “Oeste” por título. Na primeira parte da obra atópase un texto de prosa poética, interrompido nalgúns puntos para introducir sucintos fragmentos en verso. A voz poética amosa unha contemplación a través dun ambiente que recrea unha viaxe en tren, non obstante, a mirada da voz poética céntrase no traxecto percorrido empregando multitude de referencias paisaxísticas que se van mesturando con lembranzas e reflexións, moitas delas de carácter intimista. O espazo dende o que se enuncia constrúese a través de multitude de referencias ferroviarias, como os convois ou os pasaxeiros, non obstante, o uso destas referencias produce como consecuencia un ambiente de movemento e viaxe. Por outra parte, o ambiente observado discorre entre o artificial, propio do urbano mais o natural expresada en elementos paisaxísticos propios da natureza. Emporiso, a transición entre os dous tipos de resulta brusca, imprimindo contraste entre o natural e o artificial que se volverá materializar na seguinte sección do poemario. Outra constante, en relación coa viaxe e o desprazamento xeográfico é o propio tempo, apreciábel dende o contido implícito, en contraste coa dimensión espacial, que aparece reflectida de xeito explícito en multitude de ocasións, a través das anteditas referencias en relación á viaxe. Na segunda parte da obra, achéganse oito poemas en verso, intitulados con números romanos agás o primeiro deles, que serve de introdución. No apartado formal emprégase o verso libre mais con técnicas literarias como a anáfora, as composicións contan con un carácter enumerativo no que a suma de elementos compón diferentes metáforas, a través da oposición ou da conexión entre os diferentes elementos. As referencias e o ambiente vólvese máis abstracto e difuso cara o final da obra, non obstante, o último poema volve retrotraer aos elementos principais que vertebran o poemario; o tren e a viaxe.

Referencias varias:

- A. Baena, “O tren lírico que cruza China visto con ollos vigueses”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 decembro 2018, p. 8.

Anuncia a publicación de *Tren* de Moncho Iglesias, editada por Urutau e presentada nas librerías Cartabón e Chan de Pólvora.

Lixó, Carlos, *As casas*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, maio 2018, 41 pp. (ISBN: 978-84-947906-2-1).

Poemario de Carlos Lixó (Carreira, Ribeira, 1991), galardoado co XXX Premio nacional de poesía Xosemaría Pérez Parallé. O volume principia cunha cita de Lupe Gómez (Curtis, 1972) e continúa con outra de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), antes de dar paso á sucesión de poemas. Canto ao contido, e en consonancia co título, céntrase na vivenda, na que se mesturan a familia, a infancia do eu poético, a aldea natal e a evolución persoal que se vai desentrañando ao longo da obra. A temática pode adscribirse ao intimismo e ao cotián. Canto ao estilo, cómpre salientar o uso tipográfico das letras

redonda e cursiva no corpo dalgúns poemas. O libro finaliza co índice de títulos dos poemas.

Recensións:

- Mario Regueira, “A infancia e os lugares”, *Sermos Galiza*, n.º 303, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 5 xullo 2018, p. 6.

Fala arredor do poemario gañador do Premio Xosemaría Pérez Parallé, *As Casas* de Carlos Lixó.

Referencias varias:

- Xoán García López, “XXX Premio do Certame de Poesía XoséMaría Pérez Parallé”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 31 maio 2018, p. 6.

Dá conta da presentación d'*As Casas* de Carlos Lixó, gañador do XXX Premio de Poesía XoséMaría Pérez Parallé, a cal coincidiu coa celebración do Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno. En relación co poemario, resalta o traballo do Concello de Fene e da Editorial Espiral Maior.

Lopo, Antón, *Corpo*, Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey 2018, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, abril 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-9121-390-1).

Corpo é a última composición poética do escritor e editor Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961) e que lle valeu para facerse co primeiro posto da edición deste ano do Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Os poemas que compoñen esta peza teñen os seguinte títulos: Escisión; S.T./1; S.T./2; S.T./3; S.T./4; S.T./5; S.T./6; S.T./7; S.T./8; S.T./9; S.T./10; Monte comunal (1 e 2); Cum de senectute scribere; Dispositivo; Opus dei; Paseante; Intervalos de marea (1-8); Absolución; Corrector ortográfico; Superficie de contacto (1-5); Love me too; Ámbito circundante (1-5); A constelación (1-8); Aliaxe; Nature souvent magnifique (1-4); A cova da lontra (1-3); Infancia; Polo camiño real; Solvento volátil; Correspondencia; Músculo; Perímetro nómade. A nivel xeral podemos destacar no plano temático a poesía, o amor, o sexo e a morte como motivos recorrente. Tamén destaca neste plano o tratamento dos distintos estados da materia en relación ao corpo e ao ser, o corpo non deixa de ser materia. Ademais incorpora consideracións de carácter metaliterario, en tanto que reflexiona sobre o proceso de escrita do poema e compárao coa materialidade do corpo. En definitiva trátase dun conxunto de suites que se poden ler a modo de performance e que conteñen paisaxes de fisicidade mariña en combinación coa xeografía literaria. No tocante á forma destaca o versolibrismo, a ausencia de rima e a liberdade estrófica. O libro remata cun epílogo titulado “De corpora” a cargo de Luís Cochón (un dos membros do xurado), onde se recolle que o xurado escolleu por unanimidade a obra de Lopo como o poemario gañador da sexta edición do Manuel Lueiro de Poesía. Tamén reflexiona sobre o propio poemario, fai unha crítica da súa forma e do seu contido e destaca catro motivos fundamentais: a razón da poesía, a razón do amor, a razón do sexo e a razón da morte.

Recensións:

- Luís Cochón, “De corpora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 20 abril 2018, p. 39.

Salienta o poemario *Corpo* de Antón Lopo.

- Román Raña, “Sentirnos a destempo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 671, “Libros”, 31 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 620, “Libros”, 9 xuño 2018, p. 6.

Informa da publicación de *Corpo* de Antón Lopo, un poemario que a través de cada unha das súas pezas trata de indagar sobre a escura raíz que nos conforma ou o desexo de transcender a impiedade do tempo.

- Vicente Araguas, “Corporal”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.049/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.049, “máis Libros”, 19 agosto 2018, p. 32.

Fala arredor de *Corpo* de Antón Lopo, poemario gañador do VI Premio Lueiro Rey, salientando a súa calidade e recollendo palabras de Luís Cochón, membro do xurado.

Referencias varias:

- Montse García, “Antón Lopo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 18 abril 2018, p. L10.

Anuncia sucintamente a presentación do regreso á poesía do autor monfortino, tras gañar a última edición do Premio Lueiro Rey.

- ECG, “Arturo Casas e Fran Alonso presentaron en Santiago o novo libro de Lopo, ‘Corpo’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2018, p. 37.

Comenta a presentación de *Corpo* de Antón Lopo na Libraría Chan da Pólvora, obra gañadora do Premio Lueiro Rey, na cal participaron Arturo Casas e Fran Alonso.

- Ana Abelenda, “Galicia es última tendencia en libros”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “En portada”, “Cultura fresca, razón aquí”, 20 abril 2018, pp. 2-5.

Cita a Yolanda Castaño, Javier Pintor e Laura Ferrero con respecto ás súas opinións sobre a situación actual da literatura en Galicia. Menciona a única escola galega de escritura creativa, coordinada polas poetas Antía Otero e Dores Tembrás na Coruña; as editoriais Apiario, Chan da Pólvora e Aira; e tamén as librarías Moito Conto, Berbiriana, Numax, Cronopios e Trama pola súa importante contribución á literatura galega. Ademais, fai referencia ás recomendacións para o Día do Libro do poeta ao fronte de Chan da Pólvora, Quico Valeiras: *Camuflaxe* (2017), de Lupe Gómez e *Conversa ultramarina* (2010), de Lois Pereiro; e da libraría Trama: *Long Play* (2017), de Lois Pérez). Xa por último, menciona o gañador do Premio Manuel Lueiro Rey: Antón Lopo con *Corpo* (2018).

- Santiago Jaureguizar, “Luis Seoane cavando, arando e gravando”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 128, 29 abril 2018, p. 8.

Artigo adicado a un repaso pola vida e obra de Luis Seoane no que a autor cita varios versos do último poemario de Antón Lopo.

- R. L., “Corpo”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 132, 13 maio 2018, p. 6.

Repasa o contido do poemario *Corpo*, de Antón Lopo, e destaca as referencias xeográficas e toponímicas do texto, ao mesmo tempo que o vencella a outras obras, como *Os eidos* de Uxío Novoneyra, o recurso espacial de Antón Lopo.

- ECG, “A monfortina Mónica Sánchez publica libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 agosto 2018, p. 37.

Mostra a aposta de Chan da Pólvora pola Feira do Libro de Monforte, inaugurada cun pregón de Lois Diéguez. A editora presenta o primeiro libro da poeta monfortina Mónica Sánchez, *Ad inferos* (2018); a Deputación de Lugo presenta a edición de *Os Eidos* (2018); e Teresa Moure a plaquette *Não tenho culpa de viver* (2017), ademais de acompañar a Antón Lopo na presentación de *Corpo* (2018).

Millán Otero, Xosé Manuel, *As cinzas de Pasolini*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, xaneiro 2018, 77 pp. (ISBN: 978-84-947719-7-2).

Este poemario de Xosé Manuel Millán Otero (Bueu, 1964) comeza cun prólogo do tamén poeta Xosé Daniel Costas Currás, caracterizado por un ton moi poético e que vén a sintetizar o contido do poemario a través dun símil co cinema. Continúa coas distintas partes nas que se divide o poemario e onde se conteñen os poemas. Na primeira parte, “Invisibles pasan vidas”, nun só poema o poeta fai pasar ante nós a vida, convertendo cada estrofa nunha escena ou fotograma: o paso das estacións, o paso da infancia á adultez, o paso dos amores que xa non son, etc. Continúa cunha segunda parte, “A dama do Alicorne”, dividida en sete poemas dos que só o primeiro vai titulado (“Hôtel de Cluny, 1989”), e que xiran entorno a un amor do pasado e á posibilidade de sentirse mozo a través das lembranzas dese amor que xa non é. Así, con París de fondo, vai percorrendo as paisaxes de todas as viaxes que fixeron xuntos o poeta e a súa amada, lembrando a súa pel, a calor do seu sexo, os momentos que viviron un ao lado do outro, lamentándose, finalmente, polo desamor. A terceira parte, “Obituario”, está composta por seis poemas titulados: “Pour-bou, 26.9.40”, “Hotel Roma, 27.8.50”, “Modelos”, “Requiem por Leopoldo María Panero”, “Contribución involuntaria do poeta Paul Celan ao progreso de mecánica de fluídos” e “Morrer en domingo”, na que a temática vén anunciada dende o propio título, a morte que todo o cambia, a morte dos/as poetas que marchan coas palabras no domingo, facendo necesario encher este oco con homenaxes, cantos de ledicia e tristeza polos/as que xa non están (Pizarnik, Paul Celan, Leopoldo Panero ou Diego Riobó). A cuarta parte, “As cinzas de Pasolini”, está composta por quince poemas dos que só os números oito e quince van titulados (“Pregaria muda por Antonio Gramsci” e “Post-scriptum, 2 de novembro, 1975”), o resto aparecen sinalados por unha data que pode referir a cando foi escrito o poema (ou non). Trátase de escenas de toda unha vida nun ano de escenarios e poemas combinado coa idea de pór a revolución nas mans de Pasolini, co concepto de metacinema, e o laio polas culturas populares. A quinta parte, “Tríptico de San Petersburgo”, está formada por tres poemas sen titular que anuncian que estamos chegando ao final do filme e que só faltan por percorrer as rúas de San

Petersburgo, lugar propicio para o reencontro. Finalmente, a sexta parte, “O viño acedo”, está composta por cinco breves poemas sen titular que nos permiten albiscar os créditos que anuncian o desenlace e, con el, as conclusións nas que se reclama a vitoria das perdedoras, de todas as vítimas da humanidade e as súas cinzas. Ao final do libro inclúese o índice de contidos

Recensións:

- Lucía Novas, “A cinza sobre as pezas de xadrez”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, pp. 82-83.

Fai referencia á aparición do autor na antoloxía *Para saír do século* (1997) e ás súas obras anteriores *Este é o tempo de sal* (1992) e *As palabras no espello* (1995). Explica que a obra pivota arredor da figura de Pasolini (escritor, poeta e director de cine italiano), dos paradoxos do ser humano, do bo e do malo da existencia, do amor e do pasamento. Relaciona esta obra co poemario de Ferrín *Con pólvora e magnolias*. Dá conta da pegada moral e revolucionaria que está presente na obra ao se referir aos últimos días da vida de Pasolini. Subliña o desenvolvemento do tema da morte en diferentes composicións poéticas que remiten a outros escritores. Resalta a presenza de poemas de temática amorosa e erótica de pegada clásica. Tamén anota a exploración das fronteiras entre realidade e fantasía que o autor leva a cabo nalgúñas composicións.

Montero, Belén e Juan Lesta, *Versogramas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Libro/Cinema, maio 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-9151-171-7).

A obra en cuestión consta dun libro que combina textos descritivos nos que se reflexiona sobre a propia obra e as persoas participantes nela e unha serie de poemas dispostos de modo fragmentario, os cales, ao igual que os textos descritivos, se mesturan con imaxes entrecortadas da produción documental que se atopa na outra metade da obra; un DVD documental en torno á creación videopoética. O libro frágntase en seis seccións, “Verso..que?”, de Celia Parra, “Entre a imaxe e a palabra”, de Antía Otero, “Videopoetas. Quen é quen”, fragmento no que se amosan os diferentes poetas e artistas que falan en torno ás súas videocreacións no documental, “Papel”, de Belén Montero, “Ficha técnica”, onde se achegan os créditos do documental e, en último lugar, “Camiños de Poesía”, unha sección que marca diferentes páxinas que conteñen fragmentos do guión do documental expostos ao xeito de poemas. En cada unha das seccións dos autores, Celia Parra, Antía Otero, Belén Montero e Manolo González achegan impresións e reflexións sobre o xénero da videopoesía, conformando unha visión heteroxénea e poliédrica sobre o fenómeno en cuestión, sempre vencellado coa arte e cun carácter literario explícito. Na sección do libro “Videopoetas” achéganse breves notas biográficas dos autores participantes no documental acompañados dunha fotografía dos mesmos, extraída tamén do documental. Os autores e autoras que conforman a nómina son: Yolanda Castaño, Dionisio Cañas, Marc Neys, Miriam Reyes, Hernán Talavera, Elena Chiesa, Eduardo Yagüe, Melissa Diem, Daniel Cuberta, Iria Pinheiro, Eugeni Bonet, Martha McCollough, Antón Reixa e Belén Gache. No documental falarán do seu proceso creativo, da súa visión en canto á videopoesía e todo o que o fenómeno supón. En definitiva, a parte impresa da obra ten un cariz secundario, sendo un complemento informativo ao contido achegado no vídeo documental. Por outra banda, o formato audiovisual serve para exemplificar algunhas cuestións técnicas que o formato papel non podería reproducir de xeito gráfico.

Recensións:

- María Navarro, “Sons, melodías, imaxes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 671, “Libros”, 31 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 620, “Libros”, 9 xuño 2018, p. 6.

Informa da publicación de *Versogramas*, un poemario intermedial de autoría colectiva no que participan entre outras, Celia Parra, Antía Otero ou Yolanda Castaño, co obxectivo de mostrar a riqueza expresiva do xénero poético.

- Ramón Nicolás, “A vitalidade da videopoesía”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 29 xuño 2018, p. 8.

Salienta *Versogramas*, libro que incorpora un documental creativo, publicado por Galaxia e dirixido por Belén Montero e Juan Lesta a partir da idea orixinal de Celia Parra. O libro e o documental recollen poemas e autores como Antía Otero, Celia Parra, Belén Montero, Manuel González, Dionisio Cañas, Belén Gache, Iria Pinheiro, Yolanda Castaño e Antón Reixa.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernández, “Fervenza de cine galego para o 2018”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xaneiro 2018, p. 34.

Recomenda o documental *Versogramas* de Juan Lesta e Belén Montero.

- A. Iglesias, “Paseo literario con Diego Ameixeiras y proyecciones de videopoemas en el teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 31 maio 2018, p. 27.

Informa do inicio da segunda Semana do Libro de Compostela (SELIC), con actividades coma un itinerario Compostela Negra, conducido polo escritor Diego Ameixeiras, ou unha dobre sesión de proxeccións no Teatro Principal para acompañar a presentación de *Versogramas*, con Belén Montero, Juan Lesta e Celia Parra, seguido de *Vértice de Versos*, largometraje de Carlos Lorenzo.

Mosquera Camba, Xosé Luís, *Das árbores tropicais e do amor*, XX Premio de Poesía Concello de Carral, ilustr. cuberta do autor, A Coruña: Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, n.º 276, 2018, 92 pp. (ISBN: 978-84-947906-3-8).

Poemario de Xosé Luís Mosquera Camba (Guísamo, A Coruña, 1961) que toma o seu título dun dos versos da segunda composición que acolle e do que paratextualmente se sinala que comezou a ser escrito “na noite do domingo 30 de outubro de 1977” (p. [93]). Dedicado “a Loli, humildemente, con esta torpe tardanza”, ábrese coa seguinte cita de Inger Christensen: “o que se escribe é sempre outra cousa”. A seguir, acóllense un total de oitenta composicións numeradas onde o amor é a temática principal e nas que un ti tamén é protagonista, mais nas que tamén destaca a poesía como asunto. Textos poéticos de versos libre, nos que é habitual a ruptura, provocada polo emprego de versos moi

curtos, a seguir de estruturas de período máis longo; composicións que intertextualizan con outras obras e autores e que, en ocasións, tamén acollen linguas diferentes ao galego, coma o inglés ou o francés.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Tú serás mi baby”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.068/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.068, “*máis Libros*”, 30 decembro 2018, p. 32.

Comenta a obra *Das árbores tropicais e do amor* de Xosé Luís Mosquera Camba, gañador do Premio Concello de Carral.

Nogueira, Arancha, *O único lugar onde ficar inmóbil*, São Paulo: Editora Urutau, marzo 2018, 60 pp. (ISBN: 978-85-69433-76-7).

Arancha Nogueira (Ourense, 1989) estrutura este libro de poemas en tres partes diferenciadas, “A sospeita”, “O naufraxio” e “O único lugar onde ficar inmóbil”, último apartado de onde se tira o título. O limiar foi escrito por Verónica Martínez Delgado e nel defínese a obra como un libro que “berra desde o silencio e visibiliza a dor desde o centro do corpo da muller”. Ábrese o libro coa seguinte cita de Ana Romaní, tirado do poema “Do diario da princesa”: “cando me ve/fregando as frías baldosas/do noso amor/con/lixivia amor/con lixivia”. A nivel de contido, os poemas no seu conxunto transitan por temáticas universais, dende a cuestión da memoria (for individual ou colectiva), a lembranza do pasado e a súa proxección no presente, a perda da nenez, a inocencia, a fugacidade da vida, a ausencia, a reivindicación do futuro como motor de cambio, o amor e a sexualidade. Tamén está patente no conxunto de poemas o propio proceso de escrita, a importancia da palabra como tal, o peso das letras e o feminismo. Recoñécense intertextualidades que poñen en diálogo a súa escrita con poetas da xeración dos noventa como Lupe Gómez ou María Lado. No tocante ao estilo, os poemas constrúense mediante versos de extensión desigual, con estruturas poéticas diversas e nos que os silencios e os baleiros adquiren un protagonismo relevante. A autora opta polo verso libre, sen rima e por un uso abundante de repeticións, o que lle outorga máis carga semántica ao contido. Destaca o grande uso de adxectivación relacionada co visual, co mundo das cores e tamén das texturas, en versos xustapostos que achegan imaxes suxestivas, por veces estáticas ou ben con pouco movemento. Nogueira tamén opta por restrinxir ao mínimo os símbolos de puntuación e as letras maiúsculas, así como por empregar no seu estilo as letras cursivas para chamar a atención de palabras ou versos concretos que se insiren no corpo do poema.

Recensións:

- Mario Regueira, “Camiñando entre a soidade”, *Sermos Galiza*, n.º 294, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 3 maio 2018, p. 6.

Fala arredor do poemario *O único lugar onde ficar inmóbil* de Arancha Nogueira.

Referencias varias:

- Mónica V. Lopo, “Arancha Nogueira. Poesía acorde aos tempos”, *La Región*, “Vida”, n.º 2.341, “En confianza”, 6 maio 2018, pp. 2-3.

Informa da súa recente publicación, *O único lugar onde ficar inmóbil*. Define o seu poemario como íntimo e desacougante, xa que está feito dende unha perspectiva feminista e trata as dificultades de lidar coa sociedade de hoxe en día. Vindica o espazo poético como lugar de resistencia e de identificación, xa que considera que a poesía permite dar voz e ao mesmo tempo establecer un diálogo cos lectores.

- Xiana Cid, “Liberarse a través das palabras”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación libro”, 21 xuño 2018, p. 22.

Anuncia a presentación do poemario *O único lugar onde ficar inmóbil* de Arancha Nogueira, editado por Urutau, na cervexería Moucho de Ourense. Neste acto participará, ademais da autora, a poeta Rochi Nóvoa.

- Xiana Cid, “Café, tostadas y un buen libro, ¿hay algo mejor?”, *La Región*, “Verano”, “Planes y enredos”, “Ourense de 5 en 5”, 27 xullo 2018, p. 24.

Realízase unha sucinta revisión da oferta literaria de autoría ourensá, na que se recolle o poemario de Arancha Nogueira, no que di reflexionar sobre unha etapa dura da súa vida, tras rematar a carreira universitaria. Canda ela, Rochi Nóvoa, Tamila Alem ou Celia Parra.

- Arancha Nogueira, “O cuarto propio do Nadal”, *La Región*, “Nadal 2018”, “La navidad de... Arancha Nogueira”, 24 decembro 2018, p. 32.

Con motivo da publicación do seu novo poemario, *O único lugar onde ficar inmóbil*, a autora reflexiona sobre a celebración do nadal na súa familia, que foi cambiando o longo dos anos con ausencias e con novas tecnoloxías, pero logrou manter un espírito de familiaridade e pertenza que Nogueira considera o seu cuarto propio.

Nogueira Fernández, Arancha, *spleen en catro tempos*, Noia Toxosoutos, col. Letra inversa, 2018, [55] pp.(ISBN: 978-84-948966-3-7)

Poemario de Arancha Nogueira que foi distinguido co accesit do Premio Francisco Añón de Poesía do Concello de Outes 2018. Abre cunha adicatoria “a Carlos, que se atreve a construír comigo o spleen das nosas vidas, que me aprendeu a sorrir en Santiago e a chamarlles polo nome ás rúas/ a todas as que cada día me abren unha fiestra á súa historia de vida, oculta ás veces por muros e ás veces por vergoñas/ a esa rede que nos salva de ser zombis”. Deseguido, achega tres páxinas de texto de Susana Sanches Arins intitulado “ser em corpo ser em casa ser em ser”. O libro carece de índice, porén, o poemario está dividido en catro seccións: “exterior/día”, “interior/día”, “exterior/noite” e “interior/noite”, cada un destes fragmentos ou capítulos introducen unha cita de Estevo Creus, “Eu perdín a cidade/ á hora en punto dos trens das sete e media”, de Emma Pedreira, “casa/ casa é corpo/ e así arde”, de Susana Sanches novamente, “as semcasa vamos de bar em bar/ non temos horario/ hora de chegada/nem cam que nos ladre”, e unha última de Lois Pereiro, “Agora a penitencia/ os arrepíos./ todo pechado dorme e falsifica:/ frío en conserva ou febre delongada”. Os poemas preséntanse cun título, agás

no caso do poema “cantata do cuarto de alugueiro”, pertencente á cuarta sección”, pois neste caso o poema é dividido en seis partes, marcadas con números romanos. O verso empregado é libre con ausencia de puntuación ou maiúsculas, o cal imprime sensación de *continuum* ao longo da lectura e que rememora o formato dalgunhas obras de carácter vangardista. Por outra parte, a ambientación e o espazo varía entre as seccións de “exterior/día” e “exterior/noite” e as outras dúas, “interior/día” e “interior/noite”. No primeiro grupo achéganse multitude de referencias á cidade de Compostela, facéndose explícita no título do poema “peregrinatio compostellana” ou da mención da Rúa do Vilar, pola contra, no segundo grupo faise referencia a un espazo íntimo e cotián, no que as reflexións estarán marcadas por un ton máis introspectivo, en contraposición ao primeiro grupo, no cal a voz poética semella reflectir unha observación consciente daquilo que a rodea. Ao longo do poemario a temática transalada ao lectorado cara un ambiente estudantil dunha xeración concreta, expresándoo a través dunha mestura de nostalxia e frustración. Ao mesmo tempo, o cariz do poemario conta cun carácter vivencial que se plasma mediante as reflexións achegadas pola voz poética, marcadamente feminina en moitos dos poemas, e que en múltiples ocasións se manifesta mediante o uso de tempos verbais de primeira persoa do singular.

Núñez Delgado, Fátima, *Ninfopoética*, São Paulo: Editora Urutau, col. Poesía, novembro 2018, 52 pp. (ISBN: 978-85-7105-045-7).

Ninfopoética é un libro de poemas de Fátima N. Delgado (O Barco de Valdeorras, 1981). Na lapela da portada ofrécese unha breve descrición da obra, considerándoa un xeito de acceder a unha xuventude atemporal das emocións, que continúa na lapela da contracuberta e vén asinada por Paula Fernández Seoane. Na primeira páxina preséntase a biografía da autora, que recolle as súas publicacións e premios obtidos, así como a mestura da súa vida poética coa súa faceta de actriz e dramaturga. O poemario ábrese cun prefacio da man de Lorena Rei e cunha dedicatoria “A Sara, / tecedeira de segredos, / compañeira de soños.”. O poemario artéllase en torno a catro seccións: “A miña vida senti”, cos poemas “Somos colmea”, “Pinta fachadas” e “O sol dálle medo; “Placenta cinematográfica, composta por “O piano”, “O paciente inglés”, “Lolita”, “Bleu” e “Auga”; “Al otro lado”, cos poemas “I”, “II”, “III”, “IV”, “V”, “VI” e “VII” e “Pirate dreams”, con “Sabedoría Miúda”, “A miña vida é coma un chicle”, “Big prince”, “The green, green grass” e “Twenty-one”. *Ninfopoética* é un poemario intimista, con lembranzas da xuventude e versos que revelan intensidade, incertezas e desexos.

Nunes Brións, Andrea e María Rosendo Priego, *Diáspora do amor balea*, Malpica: Caldeirón, novembro 2018, 52 pp. (ISBN: 978-8409-051-19-9)

Poemario de Andrea Nunes Brións (Marín, 1984) e María Rosendo Priego (Vigo, 1984). Foi galardoado no ano 2017 co XII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, cun xurado composto por Paco de Tano, Eduardo Estévez e Antón Noceda. Na lapela da portada, preséntanse as dúas autoras, empregando diferentes normativas ortográficas cada unha. Encomeza cunha cita de Circe ou o pracer do azul seguida dos vinte e dous poemas do libro que pechan cun último capítulo chamado “des(a)fiando a diáspora” composto por tres poemas: “O lugar”, “As ganas”, e “Nós”. Os poemas preséntanse coma un diálogo epistolar entre dúas amantes que, ante a distancia, senten saudade e lembran e buscan o corpo estrañado. O erotismo está presente en todas as composicións, na procura do corpo

alleo e na busca da sedución da mente. No capítulo cos tres poemas que pechan a obra, prodúcese o desexado encontro entre as amantes. Os poemas alternan a normativa AGAL e a ILG/RAG, diferenza que nos permite identificar a cada unha das autoras se atendemos á información da lapela.

Outeiriño, Manuel, *Do amado amodo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 78, xuño 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-9151-187-8).

Poemario de Manuel Outeiriño (Ourense 1962) que comeza cunha cita de Sigmund Freud da obra *Moisés e a relixión monoteísta* (“Desgraciadamente, a capacidade creadora dun autor non sempre obedece á súa vontade; a obra remátase como se pode, e adoito defróntese co autor coma se fose independente e mesmo estraña”) e outra de Joan Airas de Santiago (“porén faz mal, queant'é meu conhecer,/ o que trist'é, que sempre cuida mal,/ ca un pobre ledro mil tanto val/ ca rico triste en que non á pracer.”). A obra conta cun total de trinta e cinco poemas que non están clasificados en ningún tipo de división interna nin tampouco numerados, mais si aparecen reflectidos no índice situado ao final. Os poemas identifícanse mediante un título: “Forma ou Frouma?”, “Do amado amodo”, “Humedén”, “Procurándome o pulso”, “Museo do medo”, “Do refuxio dos signos”, “Un fío de memoria”, “Indisciplina”, “Alento alén”, “Poética”, “Declinación”, “Os reis do refugallo”, “Contrapunto”, “O rosmido do ritmo”, “A poesía explicada ós lacanianos”, “A contrapé”, “Do acontecer”, “Devecer”, “De pedra a pedra, ata a cruz dos farrapos”, “Corremento de terras”, “Lume”, “Sentimento da roza na raza galega”, “Dos escarnios canallas”, “Notación e vestixios”, “Rimbaud, contra a cosmética”, “Do recuncho xeadro”, “Aduaneiros”, “Eco mareiro”, “Ninguén”, “Garabullíños”, “Finitude”, “Acordo novo”, “Oco”, “Confutacións”, “Glifo”. Dentro deste conxunto de poemas pódense sinalar varios que inclúen citas de diversos autores: “Do refuxio dos signos” inclúe uns versos de *Viladomar* de Manuel Antonio (“Cos meus cotelos/ no horizonte imposible/ eu petaba unha interrogación”); “Indisciplina” recolle unha cita de Aquilino Iglesia Alvariño de *Nadal II* (“a mesta carballeira que ninguén prantou”); “A poesía explicada ós lacanianos” cita a obra *Papeles privados (lobotomía)* de José María Álvarez (“Contarle al barman, qué?”); o poema “Ninguén” comeza coa cita duns versos de *Salmo* de Paul Celan (“Beizón, Ninguén./ Por mor de ti queremos/ florecer:/ cara a/ ti”) e finalmente, o derradeiro poema, “Glifos”, inclúe palabras de Eduardo Pondal de *¡Qué barba non ciudada!* (“xeroglífico ousado/ do limo soñador,/ vou, e ignoto a min mesmo,/ escuro enigma eu son”) e de Afonso X (“Entre Av' e Eva/ gran departiment' á”). En canto á temática, este poemario trata cuestións como o paso do tempo, a vida e a morte. A carón destes temas tan amplos obsérvase o máis alá, a transcendencia dos corpos, a corporeidade como testemuña da vida e tamén da corrupción, da morte e do medo.

Recensións

- Diego Ameixeiras, “O pulso inadvertido da vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 10 agosto 2018, p. 6.

Informa da publicación de *Do amado modo* de Manuel Outeiriño, un poemario caracterizado por facer uso dunha abraiante habilidade para o xogo de palabras e o diálogo certo coa alusión cultural, que reflicte ese desconcerto que paira na atmosfera da contemporaneidade.

Pallarés, Pilar, *Tempo fósil*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, maio 2018, 46 pp. (ISBN: 978-8494769894).

Despois de 11 anos de silencio, Pilar Pallarés (Culleredo, 1957) regresa á literatura con este poemario. *Tempo fósil* é en maior medida un libro sobre o paso do tempo, pero non desde o tratamento e a indagación da nostalxia. O libro xira arredor da destrución do lugar, da familia e da imposibilidade de deixar pegadas indelebles e resúmese en que a aniquilación, consumada a través da contemplación, é unha cuestión colectiva. Contén 35 poemas que responden aos seguintes títulos: Da ruína; Soña; Aquí os nenos; Fora mellor; Como o cais; Entre o alento; Tres gatas; Como adminstro; O novo lar; Poderíache dar; Equivocáronse; Varrendo; A voz que podería; Imos inventariando; Enumerar; Chumbo; E a cada casa; Montes de terra; E así vingar; Tes a boca; Tan lonxe; Niños; Fomos sombras; Óllanos; Non houbo barca; Que busca; Aquí o non-tempo; Ti agora; Sobrepoñome; Fomos; Aquí estou; Esta luz; Cortesía; Agora soña; A biqueira. No plano formal destaca polo versolibrismo e pola brevidade dos poemas.

Recensións:

- Teresa Seara, “Utopía do intacto”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 102-103.

Explica que o poemario pivota arredor do feito de que a autora perdeu a casa familiar con motivo da construción dun aeroporto e que a temática da obra abrangue o desamparo, a ausencia de futuro, o recordo, a dor, as vivencias, o apego, o íntimo e o abandono dunha forma de vida. Destaca a vertente racionalista da obra para tratar cuestións como o baleiro, a solidariedade, a ausencia de xustiza, a perda da memoria a falta de liberdade ou a ruina. Resalta o carácter universal do poemario e a consecución do eterno e da parálise temporal a través da palabra poética. Subliña a dispersión do individuo que ten lugar na obra e o sustrato de esperanza. Por último, fai referencia á obra anterior da autora titulada *Livro das devoracións*.

Referencias varias:

- Montse García, “Pilar Pallarés”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Otros actos hoy*”, “*Literatura*”, 21 xuño 2018, p. L10.

Informa da presentación, na librería Chan da Pólvora, da última obra da autora, coa presenza desta.

- Mario Álvarez, “Pilar Pallarés falou en Chan da Pólvora do seu ‘Tempo fósil’”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 22 xuño 2018, p. 45.

Comenta a presentación de *Tempo fósil* de Pilar Pallarés publicado por Chan da Pólvora Editora que cumpre dous anos de traxectoria. En dita presentación participaron a autora, o editor Antón Lopo e a poeta Eva Veiga.

- M.G.M., “Pilar Pallarés. ‘A miña intención é procurar a palabra exacta’”, *El Ideal Gallego*, “*Sociedad*”, 9 agosto 2018, p. 36.

Comenta a presentación de *Tempo fósil* de Pilar Pallarés na Feira do Libro da Coruña e recolle algunhas palabras da autora sobre a obra.

- Ramón Rozas, “Da ruína da razón nace a palabra”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 152, 22 outubro 2018, p. 6.

Fala arredor de *Tempo fósil* de Pilar Pallarés, editado por Chan da Pólvora, e salienta a súa gran calidade ao igual que poemarios anteriores desta autora como *Leopardo son* (2011), *Livro das devoracións* (1996), *Entre lusco e fusco* (1980) e *Sétima soidade* (1980).

- Fernando Ontañón, “El tiempo y la poeta”, *La Opinión*, “Opinión”, 19 outubro 2018, p. 23.

Informa da publicación de *Tempo fósil* de Pilar Pallarés, un poemario que xira en torno a un dos grandes temas da nosa vida e da literatura, o tempo.

Parra, Celia, *Pantallas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 79, setembro 2018, 100 pp. (ISBN: 978-84-9151-194-6).

Poemario de Cecilia Parra que encomeza cunha adicatoria e diversas citas. A adicatoria contén o seguinte texto: “A miña nai, polas lecturas e as palabras. Ao meu pai e á miña irmá polo apoio. A Alejandro, pola luz. No referente ás citas que aparecen a continuación comeza coas palabras “Soy un espejo que al reproducir evoca” de Cristina Peri Rosi, deseguido continúa cunha cita de Ludwig Feuerbach, “E sen dúbida o noso tempo prefere a imaxe á cousa, a copia ao orixinal, a representación á realidade, a aparencia ao ser”, en terceiro lugar reproducense as palabras de Byung-Chul Han, “O problemático non é o aumento de imaxes, senón a coacción icónica de converterse en imaxe”, e, por último, cítanse as seguintes palabras “Pero que importa se este é o milenio máis curto, se hoxe os espellos menten” de Cristina Ferreiro. En canto ao poemario en cuestión atópase fragmentado en tres seccións, as cales achegan visións diferenciadas sobre a temática do poemario, conformando así unha perspectiva poliédrica, non obstante, as referencias entre os poemas de cada unha das partes son constantes. Por outra parte, a voz poética tamén será heteroxénea ao longo das composicións, porén, o discurso continúa cun marcado criticismo sobre o xeito que a sociedade ten de relacionarse cos medios dixitais. Cada unha das seccións presenta varios poemas de verso e métrica libre, xeralmente sintéticos e de non máis dunha páxina de lonxitude. Na primeira parte do poemario, titulada “Mundo. Cartografía do Reflexo”, achéganse múltiples reflexións sobre as propias pantallas, como receptáculo da atención humana e como emisor de información multimedia, en base a esta percepción os poemas transcenden tratando de plasmar a repercusión social que adquire o uso cotián de medios dixitais, deste xeito reflíctese a pantalla e aos sistemas dixitais como interlocutores asépticos que funcionan unicamente como transmisores de información entre dous entes humanos. As referencias internet e o emprego de motivos tales como o píxel, a luz a artificialidade comezarán nesta parte do poemario máis serán constantes e pingües ao longo da obra. Na segunda sección do poemario, intitulada “Os antigos. Fragmentos de diario atopado”, a temática muda lixeiramente, sen deixar de lado o ambiente dixital e tecnolóxico que impregna a totalidade da obra, achegándose ás relacións sociais a través de soportes telemáticos ou das redes sociais, na dualidade existencial e identitaria que implica moitas veces o

emprego da rede, onde o suxeito se reduce a unha dimensión icónica. Na terceira parte do poemario, titulada “O desexo. Saciarse a Luz”, a temática afonda na artificialidade dos medios dixitais en canto á comunicación social, facendo fincapé na adaptación das pulsións humanas aos medios dixitais que se presentan como unha canle aséptica, pasando dende a implicación pictórica que supoñen as imaxes nunha pantalla até as ondas sonoras que se debuxan nun sintetizador de voz para representar o son. O poemario abonda en referencias tecnolóxicas e informáticas, que son empregadas para crear unha atmosfera dixital como é a linguaxe binaria ou o léxico relacionado co mundo de internet e da programación. En conclusión, a autora achega unha reflexión social e existencial da especie humana ante a revolución dixital, na apertura de novas canles e medios de comunicación que se mesturan con tendencias sociais propias da posmodernidade.

Recensións:

- Mario Regueira, “A luz do LED”, *Sermos Galiza*, n.º 315, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 27 setembro 2018, p. 6.

Comenta o poemario *Pantallas* de Celia Parra, sinalando a participación da autora noutros proxectos como *Versogramas*. Salienta a importancia da tecnoloxía nesta obra e contrástaa con outras obras da literatura galega como *Últimos brúidos* (2016) de Marga Tojo.

Referencias varias

- Elisabet Fernández, “A poesía sustenta todo este universo influido polas pantallas”, *La Región*, “Ciudad”, “Personaxe do día”, 9 outubro 2018, p. 14.

Conversa coa poeta Celia Parra arredor da publicación do seu poemario *Pantallas* na editorial Galaxia, obra que aborda un futuro afastado afectado pola importancia dos aparellos electrónicos e na cal se empregan técnicas propias de ámbitos como a fotografía, o cine ou a publicidade.

Paz Montenegro, Conchita, *Convulsións-Convulsiones*, Almería: Círculo rojo, col. Poesía, setembro 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-9194-422-5)

Poemario bilingüe galego-castelán de Conchita Paz Montenegro, editado en Círculo rojo e de pouca distribución.

Referencias varias:

- María L. Viñas, “Conchita Paz Montenegro. ‘Gústame escribir en liberdade, en simbiose coa natureza’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 19 xuño 2018, p. 56.

Informa da presentación do poemario bilingüe galego castelán de Conchita Paz Montenegro *Convulsións-Convulsiones*, a cal tivo lugar na librería Trama de Lugo.

- María L. Viñas, “Conchita Paz Montenegro. ‘Os meus poemas son como os raios nun día de tormenta’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 xuño 2018, p. 74.

Informa da presentación do poemario bilingüe galego castelán de Conchita Paz Montenegro *Convulsións-Convulsiones*, a cal tivo lugar na librería Trama de Lugo.

Pedreira, Emma, *Antídoto*, Santiago de Compostela: Editorial Alvarellos, xuño 2018, 142 pp. (ISBN: 978-84-16460-41-0).

Obra bilingüe de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) conformada por poemas breves, que se presentan nunha edición bilingüe e ilustrada con imaxes de Xulia Nieto Pereira. Comeza con dúas citas de Banana Yoshimoto e remata coa recensión biográfica da autora e o índice de títulos dos poemas. En canto á temática, pode clasificarse coma intimista desde unha perspectiva feminina. Polo que respecta ao contido, a autora aborda os pensamentos tirados das situacións vividas polo eu poético feminino. Ademais, están presentes algúns temas universais coma o amor, a melancolía, o medo e a tristeza, que constitúen algunhas das emocións tratadas.

Recensións:

- Mario Regueira, “Os vellos e bons velenos”, *Sermos Galiza*, n.º 311, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 30 agosto 2018, p. 6.

Co motivo da publicación de *Antídoto* de Emma Pedreira, obra na cal se atopa o poema “Lista da compra da viúva”, fai un repaso por outras obras da autora como *Bibliópatas e fóbólogos* (2017), *Os cadernos d'amor e os velenos* (2001) e *Velenarias* (2002).

- Antía Marante Arias, “Os versos valentes”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, p. 83.

Comenta que a obra xira, entre outros temas, arredor da soidade, das pegadas físicas da dor, do transcorrer do tempo, das penurias, dos desenganos, do medo, e a falta de cambios. Indica que a autora recorre a unha voz lírica feminina en primeira persoa a través da cal amosa esperanza e resalta a importancia da obra á hora de destacar a faceta correspondente aos infortunios e á fragilidade que caracteriza a todo ser humano. Recolle certas referencias intertextuais presentes na obra e sinala que o poemario conta con ilustracións de Xulia Nieto Pereira.

Referencias varias:

- Borja Casal, X. F., “Emma Pedreira. ‘Sempre imos cara a un futuro que nunca vén’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 agosto 2018, p. 39.

Conversa con Emma Pedreira arredor do seu poemario *Antídoto*, o cal inclúe o poema “Lista da compra da viúva” que foi galardoado co Premio Jovellanos 2017 como mellor poema do mundo.

- C. A. “Emma Pedreira presenta el libro con el que ganó el certamen literario vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 agosto 2017, p. 15.

Anuncia a presentación de *Antídoto* de Emma Pedreira, obra gañadora do Premio de Poesía do Certame Literario de Vilalba e editada por Alvarellos.

- Montse García, “Emma Pedreira y Beatriz García presentan nuevos trabajos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 20 setembro 2018, p. L10.

Dá conta da presentación dos novos traballos das poetas Emma Pedreira e Beatriz García, en Chan da Pólvora e na Librería Couceiro respectivamente.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Albas e Epílogos/ Albas y Epílogos*, ilustr. Ana Cristina Lapiedra Argachal, Silleda: Edicións Fervenza, col. Poesía, novembro 2018, 116 pp. (ISBN: 978-84-17094-31-7).

Noelia Gómez (Rianxo, 1995) é a autora desta obra gañadora da quinta edición do Premio de Poesía Gonzalo López Abente e que se inicia cunha dedicatoria á familia (a seus pais e avoa) e a Antía Otero, así como cun verso de *Elexías a Lola*, de Xohana Torres. Despois dunha composición que se inicia co verso “Situarse no eixe” e vinculada, polo tanto, co título do poemario, divídese este en tres partes: “Contorno”, “Eixe” e “Desprazamento”, cada unha das cales comeza cunha cita de obras de escritoras e escritores pertencentes ás novas xeracións poéticas. Así, a primeira delas ábrese cunha cita de *O cuarto das abellas*, de Antía Otero; a segunda, cunha de *O deserto*, de María do Cebreiro, e outra de *Celebración*, de Gonzalo Herme, e, finalmente, a terceira iníciase cuns versos de *A distancia do tambor*, de Eva Veiga. As composicións deste primeiro poemario da autora caracterízanse polo emprego do verso libre e dun eu lírico para quen a palabra e a lectura se presentan como fundamentais; un eu lírico que trae ao recordo lembranzas e fala dun ti, ao que homenaxea; que fala da morte; que se amosa crítico con certas tradicións, coa relixiosidade etc. Unha voz poética que se aproxima ao movemento, mais tamén ao equilibrio, este último ofrecido nalgunhas composicións claramente pola escrita.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Da beleza”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.043/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.043, “máis Libros”, 8 xullo 2018, p. 32.

Fala da última obra de Manuel Pereira Valcárcel, *Albas e Epílogos*, a cal conta con ilustracións de Cristina Lapiedra.

- Román Raña, “Serenamente convulsos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 678, “Libros”, 19 xullo 2018, p. VI

Pozo Garza, Luz, *Pazo de Tor*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Poesía, decembro 2018, 94 pp. (ISBN: 978-84-16-46045-8)

Poemario de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) que encomeza cun índice seguido dun limiar de Víctor Fernández Freixanes intitulado “Música que (mainamente) nos leva”, no cal amenta algunhas das características e fortalezas do poemario mentres achega a súa opinión sobre a obra e a poeta en cuestión. Deseguido, achégase unha nota editorial

titulada “Pazo Garza Pozo”, autoría de Carmen Blanco, onde se dá conta do proceso de edición do libro até a súa saída do prelo, simultaneamente, ofrécense comentarios sobre a obra e a poeta que abundan nas características xa comentadas por Freixanes. O poemario abre cunha adicatoria que reza o seguinte: “Nai tan querida / e agora ando a sentir a chuvia nestes vidros... / ...atrás quedan as aves na luz dalgún domingo / ou no pazo que súbito se me acende a deshora / pois no extremo da noite chega un vento ferido / e logo nin se sabe que foi das nosas vidas... / A Luz Garza Feijóo”. Na seguinte páxina achégase unha fotografía en branco e negro da nai da poeta, nomeada tamén na adicatoria e que volverá a ter presenza no cabo do poemario noutra fotografía en escala de grises. O poemario consta de vinte nove composicións, xeralmente de non máis de dúas páxinas, que adoitan estar divididas en dúas partes ou máis nalgunhas ocasións. Os poemas, no plano formal, compóñense a través do verso libre e dunha disposición clásica na meirande parte de ocasións, non obstante, en escasos momentos poderán aparecer sangrados cara a esquerda, destacando o seu contido ao contraporse ao corpo do poema.

Rábade Paredes, Xesús, *Memoria do corpo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 76, marzo 2018, 68 pp. (ISBN: 978-84-9151-161-8).

Poemario de Xesús Rábade Paredes. Encomeza cunha adicatoria: “A Helena e Heleniña/ A Cebreiro e Abelardo”. Deseguido, achéganse dous poemas introdutorios que anteceden a unha división en dous bloques que compoñen o corpo do poemario, unha primeira sección intitulada “A viaxe” e unha segunda: “O regreso”. O contido dos textos denota un coñecemento erudito á par que ecléctico por mor de todas as referencias empregadas ademais de alusións a intelectuais, artistas e escritores. Entre os nomes que se introducen ao longo da obra atópanse figuras fulcrais dentro do sistema cultural galego como Rafael Dieste, Manuel Antonio, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Rosalía de Castro, non obstante, tamén se inclúen referencias a pensadores clásicos como Anaximandro, Homero e Sócrates á vez que se contemplan outros autores de cariz canónico e internacional como Hölderling, Bachelard ou Dante. Por outra parte, tamén se fan referencias a personaxes literarios como Adrián Solovio ou Prometeo, recurso que produce un xogo metaliterario e intertextual que se repite ao longo de todo o poemario. Noutro eido, a voz poética semella aludir ao lector, a quen achega multitude de reflexións e pensamentos vinculados coa memoria, tanto dende unha perspectiva gnoseolóxica como sentimental. No aspecto formal atópanse poemas de verso libre, agás a primeira composición que encomeza cun soneto, estrofa poética característica na anterior lírica do autor. As segunda parte da obra efectúa alusións ao contido expresado na primeira, establecendo a propia voz poética un diálogo co antedito.

Recensións:

- Román Raña, “No raro oficio do dicir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 670, “Libros”, 24 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 619, “Libros”, 2 xuño 2018, p. 10.

Comenta *Memoria do corpo* de Xesús Rábade Paredes, sinalándoa como a súa obra máis madura e recollendo algún dos seus versos.

- Teresa Seara, “Os nomes que fan historia”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 85-86.

Sinala que a temática do libro xira arredor do pasado colectivo, do retorno á eternidade do fogar e da terra natais, da crítica ao presente, da admiración á nai, dos afectos vinculados ao espazo de Valverde, das ansias de persistir, das dúbidas sobre o futuro e tamén sobre a función do escritor, da volta á infancia ou da proximidade da morte. Pon en relación esta obra coa anterior do autor *Os anos da memoria* (2006) e subliña a influencia dos clásicos e doutros poetas galegos como Rosalía de Castro, Manuel Antonio ou Avilés de Taramancos nas composicións.

Referencias varias:

- Montse García, “Poemas familiares ao unísono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2018, p. 37.

Anuncia a publicación de *Memoria do corpo* de Xesús Rábade, *Soños. Arquivos. Cartas* de María do Cebreiro e *Poesía mínima* de Helena Villar Janeiro.

- A. Iglesias, “Presentación del libro de Rábade en Couceiro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de compostela”, 20 abril 2018, p. 24.

Recóllese unha nota breve, acompañada de fotografía, da presentación. O autor estivo acompañado de Ismael Ramos, dende a editorial Galaxia, e de Arturo Casas, que valoraron o tempo, os corpos e os camiños do libro, capaces de devolvernollos ao punto de partida.

- C. L., “La Feira do Libro de Rianxo visibiliza el potencial literario que atesora la villa”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 20 xullo 2018, p. 17.

Destaca as actividades realizadas na Feira do Libro de Rianxo, onde Xesús Rábade presentou a súa nova publicación. Ademais, desta obra tamén se presentou *Alentos e desalentos dun de tantos*, poemario de Xesús Santos e *Amor por catro*, de Helena Villar Janeiro.

- C. P. R., “Xesús Rábade Paredes presenta en Vilalba un poemario ‘excepcional’”, *El Progreso*, “A Chaira”, “Vilalba”, 15 setembro 2018, p. 24.

Comenta a presentación do poemario *Memoria do corpo* de Xesús Rábade Paredes na Casa da Cultura de Vilalba. Nela participaron, ademais do autor do poemario, o escritor Martiño Maseda, a escritora Helena Villar Janeiro e a presidenta do Instituto de Estudos Chairegos, Marisa Barreiro.

- Xesús Rábade Paredes, “Sobre Memoria do corpo”, *Sermos Galiza*, n.º 317, 11 outubro 2018, p.7.

Xesús Rábade Paredes fala sobre a súa obra *Memoria do corpo*, sinalando que para el o sentido último da poesía reside nun exercicio de recoñecemento.

Ramos, Baldo, *Cartas dende o esquezno*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 73, febreiro 2018, 80 pp. (ISBN: 978-84-9151-157-1)

Libro de poemas do poeta e artista plástico Baldo Ramos (Celanova, 1971). Comeza con citas de Antonio Gamoeda (“Así / es el olvido; recuerdo / deshabitado.”) e Manuel Antonio (“Este océano desatraco das costas / e os ventos da Roseta / ourentáronse ao esquenzo”) que anticipan ó lector o que vai atopar no contido da obra xunto coa dedicatoria que abre o poemario: “nesta diglosia / do amor / nin sequera o baleiro que nos une / sabemos chamalo / co mesmo nome”. As composicións do celanovés combinan os íntimos pensamentos dun pai a lidar coa perda da memoria en conxunto coas reflexións da súa filla. A presentación dos poemas, que toman como título o primeiro verso, segue a mesma disposición en toda a obra, primeiro preséntase o poema do pai e logo, no pé de páxina, a explicación en prosa da filla. Pechan este percorrido pola desmemoria os versos de Miguel Ángel Curiel: “el pájaro se va / hacia otros ojos / para entrar en el mundo.”.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Onde esquecer non é o principio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 19 febreiro 2018, p. 6.

Anuncia a publicación de *Cartas dende o esquenzo* de Baldo Ramos pola editorial Galaxia.

- Román Raña, “Cámara escura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 674, “Libros”, 21 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 623, “Libros”, 30 xuño 2018, p. 6.

Fala sobre *Cartas dende o esquenzo* de Baldo Ramos, sinalando a importancia que se lle dá á perda da memoria na obra e comenta algúns versos que cita explícitamente.

- Ramón Nicolás, “Afectos que perduran”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 6 xullo 2018, p. 8.

Comenta o poemario de Baldo Ramos *Cartas dende o esquenzo*, sinalando a importancia da memoria na obra.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Un recorrido por el puente de O Burgo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 3 marzo 2018, pp. 62-63.

Informa da presentación de *Cartas dende o esquenzo* de Baldo Ramos na Galería Nemonon acompañado de Xavier Castro e Francisco Castro, editor de Galaxia.

- Baldo Ramos, “Cartas dende o esquenzo”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “fóradeserie”, “novidade”, 15 marzo 2018, p. 7.

O autor fala do protagonista da obra e de como afronta a vellez e as enfermidades que a acompañan, é dicir, a demencia e o alzhéimer. Indica que o lector atopará consolo e refuxio, xa que o seu libro transmite optimismo e resistencia a través do amor dun pai polos seus fillos.

- Cuca M. Gómez, “La poesía está de moda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente

a diario”, “De café con Cuca”, 1 xuño 2018, pp. 70-71.

Informa, engadindo fotografía, dunha nova sesión na Librería Paz de Pontevedra de “Teñamos a poesía en Paz”, na que Baldo Ramos e Lorena Conde presentaron os seus últimos poemarios, *Cartas dende o esquenzo* (Galaxia, 2018) e *Entullo* (Deputación da Coruña, 2017), canda a organizadora Tamara Andrés.

-Mariló Pérez, “O poder comunicativo da poesía”, *La Región*, “Agenda”, “Poesía”, 28 setembro 2018, p. 22.

Informa da presentación de *Cartas dende o esquenzo* de Baldo Ramos e *Soneto no alfabeto* de Xoán Carlos Domínguez Alberte na Casa dos Poetas de Celanova.

Reimóndez, María, *Galicia en bus*, XX Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 54, marzo 2018, 111 pp. (ISBN: 978-84-9121-331-4)

Dedicado a seus pais, María José Meilán e Mariano Reimóndez, porque “todos os caminos parten e regresan a vós”, este poemario de María Reimóndez (Lugo, 1975) iníciase cunha cita de *O transporte público rodoviario na Galiza*, de M. Roda, artificio poético que vai collendo peso conforme se avanza na lectura do poemario e serve de contrapunto ás composicións e Reimóndez. O poemario divídese en catro partes: “Puntos de partida”, “Os traxectos”, “As estacións” e “Destino?” nas que as composicións de verso libre amosan o percorrido íntimo do eu lírico, aínda que tamén un percorrido social e colectivo, dende unha perspectiva.

Recensións:

- Román Raña, “Itinerarios, orfandades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 667, “Libros”, 3 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 616, “Libros”, 12 maio 2018, p. 10.

Fala do espírito transgresor e de denuncia da autora que se percibe en *Galicia en bus* e de que nesta obra as lembranzas inocentes cambian co tempo, alteradas pola experiencia, e provocan un terror retrospectivo. Indica que obra está dotada de reflexión e denuncia, pero tamén dunha dimensión lúdica.

- Ramón Rozas, “O destino feito poesía”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 137, 12 xuño 2018, p. 6.

Salienta a obra *Galicia en bus* de María Reimóndez e publicada por Xerais tras gañar o premio Johan Carballeira.

- Vicente Araguas, “Reimóndez on the road”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.050/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.050, “máis Libros”, 26 agosto 2018, p. 32.

Vicente Araguas destaca a idea do libro, mais que o xeito no que a autora insire o discurso feminista na obra non lle parece o axeitado.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Tensi Gesteira. ‘Máis que dun ‘boom, eu falaría dunha eclosión mundial da literatura escrita por mulleres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 690, “Entrevista”, 22 novembro 2018, p. V.

Entrevista á xornalista por mor do seu blog, *Literaturafilia*, na que toca temas de actualidade como a compoñente feminista dalgunha das publicacións do seu blog ou a visión de diferentes autoras sobre a situación da muller dentro da literatura. Por outra parte, declara a súa preferencia por autores e autoras como Míriam Ferradáns, María Reimóndez, Lucía Novas, Mari Luz Esteban e Ismael Ramos.

Rodríguez Fer, Claudio, *A muller, sinfonía. Cancioneiro vital*, Santiago de Compostela: Edicións Ouvirmos, col. Poesía, n.º 114, 2018, 187 pp. (ISBN: 84-85553-45).

Poemario de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956). O volume iníciase con citas de Nietzsche, Baudelaire, Verlaine e Brassens. Continúa cun sumario e unha versión do “Prefacio”: *Poetas, os vosos papeis!* do cantautor falecido Léo Ferré. A continuación, comeza a sucesión de poemas, con ilustracións de Carmen Blanco, estruturados en sete seccións: “De poemas de amor sen morte”, “De tigres de ternura”, “De cinepoemas”, “De historia da lúa”, “De a boca violeta”, “De Lugo blues”, “De cebra”. En canto ao contido, o poemario mestura temas intimistas e universais, coma o amor, con outros futuristas e de literatura de viaxes, estando sempre moi presente o mundo da música. Ademais, existe unha gran intertextualidade con outros poetas, coma Rosalía de Castro, e músicos, coma Leonard Cohen.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Banda sonora”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.044/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.044, “máis Libros”, 15 xullo 2018, p. 30.

Destaca a traxectoria literaria de Claudio Rodríguez Fer e comenta o poemario *A muller sinfonía. Cancioneiro vital*.

- Francisco R. Pastoriza, “Vital cancionero”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 686, “Libros”, 24 outubro 2018, p. VI.

Comenta *A muller, sinfonía. Cancioneiro vital* de Claudio Rodríguez Fer, obra na que se realiza un achegamento a través da poesía a unha serie de cancións que deixaron pegada na vida do autor.

Sánchez, Mónica, *Ad inferos*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, agosto 2018, 57 pp. (ISBN: 978-8494856518).

Primeiro poemario de Mónica Sánchez que contén 32 poemas sen titular divididos en dúas partes, tituladas precisamente “Un” e “Dous”. A primeira contén os textos, a segunda

unha colección de fotografías. Trátase de poemas moi breves, algúns dun só verso, pero que condensan un amplo significado. As imaxes reflexionan, fundamentalmente, sobre o paso do tempo, a destrución e a morte. Os poemas tratan os seguintes temas ou motivos: o culturalismo e os mitos clásicos; o existencialismo, o significado da vida e o paso do tempo; o ser e o sentir; reflexións sobre a existencia colectiva; e tamén vestixios de amor e liberdade. A nivel formal destacan as seguintes características: espazo de liberdade e de memoria axitadoras; sintaxes híbridas; e poesía concibida como catábase infinita.

Referencias varias:

- ECG, “A monfortina Mónica Sánchez publica libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 agosto 2018, p. 37.

Mostra a aposta de Chan da Pólvora pola Feira do Libro de Monforte, inaugurada cun pregón de Lois Diéguez. A editora presenta o primeiro libro da poeta monfortina Mónica Sánchez, *Ad inferos* (2018); a Deputación de Lugo presenta a edición de *Os Eidos* (2018); e Teresa Moure a plaquette *Não tenho culpa de viver* (2017), ademais de acompañar a Antón Lopo na presentación de *Corpo* (2018).

Sánchez Aríns, Susana, *Carne da minha carne*, A Coruña: Apiario, col. Pan de abella, abril 2018, 20 pp. (ISBN: 978-84-947389-1-3).

Poemario de Susana Sánchez Aríns escrito en galego reintegrado. Inclúe os seguintes poemas: “Congelador”: imita un canto litúrxico relacionado co de abenzo dos alimentos; “Cozinha”; “Dose”; “Amassadura”; “Fermento”; “Terapia”: a cebola que fai chorar como terapeuta; “Dicionário”; “Bilbaína”; “Recheio”; “Corrusco”; e “O pão e os peixes”. Son poemas breves e de estrutura tradicional, cun léxico propio do fogar, concretamente da coziña. En definitiva un pequeno feixe de composicións cuxo título evoca ao momento da *Xénese* no que Deus tira unha costela a Adán, modela a Eva, facendoa “carne da súa carne”. O libro, así pois, bebe destas fontes e mesmo abraza, en ocasións, algunhas fórmulas propias de discursos relixiosos, precisamente, para subvertelas, para desacralizalas con ironía, para darlles outro sentido, para cuestionar as consecuencias deste rol tradicional e patriarcal e, sobre todo, para situar o doméstico como núcleo simbólico desde onde se fía todo o demais. Este é un libro onde abrolla a memoria íntima, cruzado asemade pola percepción do paso do tempo, polo eco que deixan as ausencias, pola pegada que xeran as cousas, os sons, os acenos e as imaxes que persisten malia todo. Todo por xunto construído para deseñar un universo íntimo e á vez colectivo dotado doutra ollada, isto é, daquela que se dirixe a onde, probablemente, radica o centro do mundo a través do traballo solidario das mulleres e, concretamente, aquel que fai posible o alimento: ese “prodixio” cotián, ese pan creado na cociña da aldea, talvez porque esa si é a verdadeira creación.

Referencias varias:

- Montse García, “Susana Sánchez Aríns”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 4 decembro 2018, L7.

Informa da presentación na librería Lila de Lilith do libro *Carne da miña carne* de Susana Sánchez Aríns.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, *As bolboretas do Mekong*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, novembro 2018, 216 pp. (ISBN: 978-84-9121-450-2).

Extenso poemario da pluma de Cesáreo Sánchez Iglesias. A obra encomeza con tres citas, a primeira “As bolboretas eran as almas/ dos guerreiros mortos”, atribuída a “Diccionario de mitoloxía”, unha segunda de Tran Minh-Tong, “A poalla da primavera cesa, a terra está cuberta de renovos./ Suspirantes piñeiros tremen no vento da noite fría./ O brillo do río bebe o fogo do solpor/ Penso que o sangue dos soldados está aínda a secar”, e unha terceira que resulta ser o título dun poema de Uxío Novoneyra, “Irmandiños de Galicia Vietcong”. O poemario fica dividido en sete seccións baixo o epíteto de “Cartografías”, a primeira delas, a modo introdutorio, céntrase en “Oleiros, Madrid, Londres, Hanoi”, non obstante, as seis restantes céntrase en lugares de Vietnam e cada unha delas conta con subseccións, tituladas con referencias toponímicas. O poemario amosa unha escrita próxima á prosa poética, por mor da lonxitude dos versos así como da sintaxe que os constitúen. Dentro de cada unha destas seccións atópanse composicións relativamente curtas, de non máis dunha ducia de versos, se por outra parte, como xa se indicou, estes son bastante extensos. A voz poética asume o papel de narrador e vai guiando ao lectorado por un relato que ten múltiples referencias principalmente histórico sociais, mais tamén artísticas, que agroman en pequenos e descritivos fragmentos poéticos. Malia que a poética estea centrada no Vietnam, os sucesos bélicos tamén serven de xustificación para efectuar unha mestura entre a cultural oriental e referentes artísticos americanos, como pode ser o propio Bob Dylan. Tamén será constante o emprego de referencias histórico culturais vinculadas con Oriente, máis concretamente co Vietnam, algo que dá proba da importancia outorgada a este contexto é a inclusión de un pequeno índice terminolóxico ao final da obra que aclara o significado dalgún léxico propio do Vietnam.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A poesía de Cesáreo ten olor a napalm”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 28 decembro 2018, p. 6.

Analiza o contido da última publicación de Cesáreo Sánchez Iglesias, *As bolboretas do Mekong*, pondo a obra en relación coas anteriores publicacións do poeta. Destácase o tempo de elaboración do poemario, uns oito anos, ao mesmo tempo que subliña a claridade do poemario.

Silva, Genaro da, *Flor Negra*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, col. Poesía, maio 2018, 72 pp. (ISBN: 978-84-947698-8-7).

Poemario de Genaro da Silva (Mourete, Pontevedra, 1980). Na lapela da portada preséntase unha biografía do autor, que, ademais de escritor, é enxeñeiro forestal e biólogo de profesión. Encomeza o poemario cunha cita de Ruy Belo: “Não costume por norma dizer o que sinto / mas aproveitar o que sinto para dizer alguma coisa.”. O libro estrutúrase en nove capítulos máis o epílogo. Os capítulos repiten a mesma configuración en catro poemas de breve extensión titulados “Proscenio”, “Sombra”, “Coxia”, e “Desexo”, agás o noveno, no que “Desexo” desaparece e só se presentan os poemas “Proscenio”, “Sombra” e “Coxia”. Canto ós recursos formais, impera o versolibrismo e

gozan de gran presenza os recursos de repetición. En *Flor Negra* abórdanse os medos, o desexo e sobre os propios medos perante o desexo, nun xogo entre máscaras, luces e sombras. Como escenificación destes elementos aparecen os símbolos da natureza: animais, aparecendo os lobos e as quenllas como un soño recorrente; flores e materiais.

Recensións:

- Ramón Rozas, “O camiño en espiral”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 136, 3 xuño 2018, p. 4.

Fala arredor de *Flor Negra* de Genaro da Silva, obra editada por Chan da Pólvora da que sinala a súa gran calidade e recolle algún dos seus versos.

Referencias varias:

- Belén López, “Semente Da Silva”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 918, “Reportaje”, “Quitamerendas”, 9 xuño 2018, p. 8.

Anuncia a publicación de *Flor Negra* de Genaro da Silva na editorial Chan da Pólvora.

Souto Vilanova, César, *Campo aberto*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 80, novembro 2018, 84 pp. (ISBN: 978-84-9151-269-1).

Este poemario de César Souto Vilanova (Noia, 1975) eríxese como unha explicación poética do campo ao mesmo tempo que establece unha limitación antropolóxica deste concepto tan amplo. En aras de deixar fixada esta idea tan complexa, o poeta usa as palabras para pintar a realidade, empregando o verso como arma para explicar o campo. En trazos xerais, o campo é presentando como sinónimo da terra, situándonos nunhas coordenadas socioespaciais concretas. Nesta liña son comúns as alusións precisas á toponimia galega, como por exemplo San Finx, Brandía e Noia, ou referencias significativas á hidrografía, onde teñen unha importante relevancia o Traba e o Tambre. Entre algún dos motivos temáticos recorrentes destacan o piñeiro e as aves, mais tamén o granito e o mármore, todos eles elementos de peso para entender o campo na súa dimensión de natureza en interacción co humano. En definitiva sucédense unha serie de alusións a unha época, a uns oficios, a unhas tradicións e a uns lugares con algo en común, o campo como espazo de expresión e de razón de existir.

Recensións:

- Armando Requeixo, “No corazón da tarde”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.068/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.068, “máis Libros”, 30 decembro 2018, p. 30.

Informa da publicación de *Campo aberto* de César Souto Vilanova quince anos despois de publicar o seu primeiro poemario, *Sucesos* (2004).

Valcárcel, Jesús Manuel, *Luz de sombra. Uma obra-prima do sentimentalismo*, Santiago de Compostela: Editorial Bubela, 2018. (ISBN: 978-84-943845-6-1).

Poemario de Jesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) que comeza cun prólogo do propio autor no que trata de aclarar que é o sentimentalismo. É así que fala do sentimentalismo como unha corrente do pensamento que ten como obxectivo impulsar, no humano, o artístico e o espiritual, rexeitando os postulados do posmodernismo e, aínda que pareza contraditorio, relacionando dous conceptos aparentemente opostos, ciencia e sentimentos. En definitiva, define e resume o sentimentalismo como a corrente da nova espiritualidade. E así o pon de manifesto ao longo dos poemas que enchen, sen espazos, as páxinas do libro. Toda unha serie de temas de carácter transcendental son trasladados ao poema a través dun vocabulario directo e obscuro. Xa no primeiro poema chega a afirmar que Deus é un borracho fillo de puta. En conxunto e en trazos xerais a poesía aquí recollida trata de explicar o significado da existencia, e faino desde dous puntos de vista, un ligado ao espiritual e ao metafísico e outro asentado no material e no físico. Nun segundo plano tamén é notable o afán de querer ligar a propia existencia humana coa orixe do Universo.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Don da sentimentalidade”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.026/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.026, “*máis Libros*”, 11 marzo 2018, p. 32.

Salienta o poemario *Luz de sombra* de Jesús Manuel Valcárcel, publicado pola Editorial Bubela.

Vidal, Clara, *Linguaxes dixitais*, Pontevedra: Editora Urutau, 2018, 51 pp. (ISBN: 978-84-710504-6-5).

Clara Vidal (A Coruña, 1992) estrutura este seu primeiro poemario en dúas partes: “Linguaxe corporal” e “Linguaxe musical”, cada unha delas está composta por dezaoitto composicións. Nel recompílanse un total de trinta e seis textos poéticos escritos, tal como se sinala nun epitexto final, dende 2013 a 2018. Dirixidos en máis dunha ocasión a un ti, os poemas, que mesmo amosan aclaracións a pé de páxina, están enunciados por unha voz lírica en primeira persoa. A lingua, a palabra e o erotismo son algúns dos temas destas composicións de métrica libre nas que o equívoco e a polisemia están moi presentes.

Vila Ribadomar, Xosé María, *O corpo en extinción*, epíl. Emilio Xosé Ínsua, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, n.º 29, agosto 2018, 82 pp. (ISBN: 978-84-948341-9-6).

Este poemario de Xosé María Vila Ribadomar (Cambados, 1970) comeza cunha serie de agradecementos e unha cita tirada de Sobre Héroes y tumbas de E. Sábato. A continuación preséntansenos un total de 69 poemas moi breves (algúns de só dous versos) e sen título. A temática do poemas está vertebrada polos conceptos do amor, do desexo e da paixón, cuestión moi ben resumido no seguinte verso: “o corpo en extinción xamais volve do lume”. Precisamente a imaxe do corpo espido, recorrente ao longo da composición, é o xorne surrealista e de intensos relampagos erótico-existencias que dominan tematicamente o texto. É por iso que no outro polo aparecen as cuestións existenciais que teñen que ver co o ser, o tempo e a vida. Tamén son frecuentes os elementos relacionados coas aves e

co mar. O poemario remata cun epílogo a cargo de Emilio Xosé Ínsua baixo o título “Vila Ribadomar: a poesía como ansia”, onde fai unha breve panorámica da traxectoria do autor e lamenta o pouco pulo que se lle dá desde as editoriais. Ademais contrapón as súas primeiras publicacións con esta última, tachando ás primeiras como tendentes á exuberancia e a esta última como precursora dun afán de contención. Remata definindo o poemario como “auténtica poesía”.

Recensións:

- Román Raña, “Con carácter esencializador”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 689, “Libros”, 15 novembro 2018, p. VI.

- Mercedes Corbillón, “Creo que era Carlos...”, *Luzes*, n.º 62, “As libreiras”, novembro 2018, p. 87.

Salienta que se trata dun poemario caracterizado pola transparencia, o hermetismo e a capacidade da palabra para suxerir. Informa de que se trata dun libro de temática erótica que pivota arredor do corpo, do sexo, do fracaso, das feridas, da incerteza, da dor ou da natureza. Destaca o coidado estrutural e estilístico da obra.

Vilas, André, e **Ciro Sánchez**, *Aforismografía*, ???: Editorial ???, col. ???, n.º ???, ??? 2018, ??? pp. (ISBN: 978-84-???).

Poemario híbrido que combina textos de André Vilas (químico, pedagogo e escritor) e grafismos de **Ciro Sánchez** (doutor en Belas Artes). O propio título revela precisamente o contido do poemario, grafismos acompañados de frases concisas (e maioritariamente breves) que condensan un principio moral ou regra, ou viceversa. Tamén presenta unha novidade no formato xa que non vai encadernado, é unha especie de caixa onde se conteñen unhas láminas onde se materializan os grafismos e o texto. A primeira lámina é unha especie de índice de miniaturas do resto de láminas, para orientar á lectora na orde de sucesión das “páxinas”. De todas formas este formato incita ou pode chegar a promover unha lectura disruptiva e iso da orde pode ser un concepto relativo, non podemos determinar que isto sexa realmente un xogo, xa que tamén cabe a posibilidade de que o formato de non ecadernamento estea relacionado co feito de darlle esa disposición de obra pictórica, que nos pode levar a contemplar a peza nunha visión de conxunto. Os textos non van titulados, polo que no canto de facer unha descrición de cada poema limitámonos a dar unha visión global dos seus temas, estilos e formas. Os temas principais teñen que ver coa vida actual, a tecnoloxía, internet e as redes sociais (un dos poemas constrúese a base de enumerar toda unha listaxe de aplicacións ou palabras vinculadas a internet). A música (Vivaldi, concepto de sonata) tamén ten un peso importante, introduce a interesante idea de que a música ten toques racistas. Outro tema é o da natureza en relación co resto de elementos (os paxaros e as flores) etnográficos, coma por exemplo o viño. Pero o tema principal ten que ver co existencialismo colectivo, reflexionando sobre as penurias do mundo e establecendo unha crítica ao capitalismo, ou cando menos ao pensamento neoliberal, e a inmediatez do mundo de hoxe, o frenético, a superficialidade e a brevidade do tempo. En canto as formas cabe mencionar que se tratan de textos breves e concisos, como corresponde a un aforismo; e os debuxos acompañan o significado dos textos, porén é arte conceptual, polo que a interpretación vólvese completamente relativa.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Mimosas’ en Augal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 12 abril 2018, pp. 66-67.

Informa da celebración dun relatorio sobre esta obra de arte global que fusiona unha vertente poética e plástica. Alén dos autores, participaron María Xesús López Escudeiro, Antón Sobral e Xiana Vilas.

Vilela, Blanca, *Adeus espido do mar*, A Coruña: Editorial Trifolium, col. Taller de Juan, 2018, 137 pp. (ISBN: 978-8494-56-548-9)

Poemario de Blanca Vilela que comeza cun prólogo titulado “Un longo adeus” asinado por Xulio Valcárcel. Neste prólogo, Valcárcel relaciona o leitmotiv deste poema, o adeus, coa produción anterior (Rosalía é a referencia intertextual máis clara, adiós ríos, adiós fontes...), pero quizais a comparación máis interesante establécea entre a relación do adeus co drama colectivo galego, encarnado na emigración, un dos peores adeuses. Pero tamén nos achega unha primeira impresión ou interpretación do que podemos chamar un longo poema, “estremecido adeus traspasado de dor e de indulxencia, de comprensión e estoicismo”. Os poemas aparecen en versión bilingüe galego-castelán. A continuación cítanse e descríbense as seccións nas que se divide. En primeiro lugar atopamos “Despedida”, que comeza con varias citas (Manuel Altolaguirre e Dulce María Loynaz) e continúa desenvolvendo o poema en 55 partes. Na sección “Adeus ao azul cobalto” comeza cunha cita (Ramón Irigoyen) e continúa cun poema extenso, no que desgarras as súas entrañas e dá o máis triste adeus, o do seu pai. Azul cobalto fai alusión aos ollos do pai, quen tamén era mariñeiro, de aí o título do poema. De forma xeral, podemos citar unha serie de características xerais; trátase dun único poema fragmentado; son versos que contan da perda de seres queridos e das esperanzas rachadas; pero tamén da transformación do eu nun eu alleo; e a perda dos días pola fugacidade do tempo e en consecuencia a perda de moitas outras cousas, os sonhos, as promesas, a ilusión... No tocante á forma destaca polo uso de imaxes surreais, sinestesias, metáforas e o encabalgamento sonoro dos versos.

Villar Janeiro, Helena, *Poesía mínima/ Minimal Poetry*, Santiago de Compostela: Editorial Alvarellos, col. Libros do Sarela, abril 2018, 106 pp. (ISBN: 978-84-16460-32-8).

Este novo poemario de Helena Villar (Becerreá, 1940) comeza cuns agradecementos para todas as persoas que apoiaron desde a Rede a creación deste proxecto. A característica principal ten que ver co seu carácter híbrido, o texto vai acompañado de fotografías tiradas pola propia autora. O título é moi indicativo de todo o poemario, xa que efectivamente se trata de poesía mínima, en tanto que os poemas están compostos por non máis de dous versos. Os poemas aparecen en tres versións, galego, castelán e inglés, e sen titular. As fotografías están claramente relacionadas cos poemas, de feito parecen descrições, en chave poética e polo tanto subversivas, do que as fotografías mostran. Isto pode levar a intuír que o proceso creativo se deu na seguinte orde, primeiro as fotografías e a continuación os versos que evocaban esas mesmas fotografías. No tocante ás

características temáticas destaca a exaltación da natureza: as árbores, os paxaros, as flores, a auga (en forma de mar, en forma de chuva...), o ceo; e todo isto desde a contemplación do sublime, da beleza que, sen lugar dúbida, lle é intrínseca á natureza, sobre todo na estación da primavera. Tamén ten presenza o mar e os elementos do mundo mariñeiro (as dornas, os barcos, as redes). Outro tema recorrente ten que ver coas pegadas do paso do tempo, sobre todo na arquitectura tradicional, que se materializa en ruínas, pero ruínas fermosas e poéticas, non como as ruínas modernas que non son máis que sinónimo de destrución. O poemario pecha cunha breve nota sobre a autora e o poemario (acompañada de foto) onde se recolle a seguinte afirmación que condensa moi ben o significado desta obra poética: “os versos dialogan coa imaxe dun xeito integrador, na procura da emoción e a esencialidade”.

Recensións:

- Román Raña, “Precioso artefacto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 662, “Libros”, 22 marzo 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 611, 7 abril 2018, p. 10.

Comenta a obra *Poesía mínima* de Helena Villar Janeiro, poemario trilingüe en galego, castelán e inglés que recolle un conxunto de cincuenta haikus acompañados de fotografías.

- Vicente Araguas, “Poesía trilingüe”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.030/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.030, “máis Libros”, 8 abril 2018, p. 32.

Comenta *Poesía mínima* de Helena Villar Janeiro, poemario trilingüe en galego, castelán e inglés publicado por Alvarellos Editora.

- Armando Requeixo, “En plenitude”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.037/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.037, “máis Libros”, 27 maio 2018, p. 30.

Comenta *Poesía mínima* de Helena Villar Janeiro, obra publicada por Alvarellos Editora que consiste nun conxunto de haikus acompañados de fotografías.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Villar Janeiro publica un libro ‘de meditación e rezo para ateos e agnósticos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 8 febreiro 2018, p. 50.

Informa da publicación de *Poesía mínima/Minimal Poetry*, poemario en galego, castelán e inglés de Helena Villar Janeiro que contén haikus acompañados de fotografías e que foi editado por Henrique Alvarellos.

- Montse García, “Poemas familiares ao unísono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2018, p. 37.

Informa da publicación, de forma sucesiva e nun intervalo breve de tempo, de tres poemarios procedentes dunha mesma familia de escritores de poesía. Trátase da unidade familiar Rábade Villar, integrada por Xesús, María do Cebreiro e Helena, autores de

Memoria do corpo (2018), *Soños. Arquivos. Cartas* (2018) e *Poesía mínima* (2018) respectivamente.

- Montse García, “‘Haikus’ e imaxes de Helena Villar Janeiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicacións”, 19 abril 2018, p. L10.

Informa da presentación do libro *Poesía Mínima* (2018), o novo poemario da escritora Helena Villar, por medio dun acto en Santiago de Compostela no que a acompañaron Henrique Alvarellos e Margarita Ledo.

- M. G., “Helena Villar presenta en Rianxo a súa última obra, ‘Poesía mínima’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Noia. Costa da Morte”, 28 maio 2018, p. 26.

Fala da presentación de *Poesía mínima/Minimal Poetry* de Helena Villar Janeiro, publicada na colección Libros do Sarela da editorial Alvarellos, no Auditorio de Rianxo. No acto participaron o presidente da Asociación Cultural Barbantia, Pastor Rodríguez. Henrique Alvarellos como representante da editorial e a concelleira de Cultura de Rianxo, Raquel García.

Xil Xardón, Xabier, *Detéxtonos*, Santiago de Compostela: Editorial Positivas, col. DiVersos, marzo 2018, 106 pp. (ISBN: 9788494661396).

Detéxtonos é un poemario de Xabier Xil Xardón (Xinzo de Limia, 1983). Os poemas preséntanse agrupados en cinco capítulos: “Lugar común”, “Lírica indixente”, “Telexornal”, “Cadros do sistema” e “Queremos máis rotondas”. A nivel estrutural, o segundo e o cuarto capítulo gardan a mesma disposición, preséntanse en cada páxina un par de poemas curtos ou epigramas, situados nas partes superior e inferior da folla e deixando un considerábel espazo en branco entre eles. Nos capítulos impares preséntanse textos de maior extensión. Esta agrupación en capítulos dilúese se atendemos á temática, posto que, se ben os poemas gardan relación entre eles, non conforman unidades autónomas. O comezo de cada un dos cinco capítulos vén acompañado dun pequeno debuxo da man de Isaac Xubín. Nos paratextos previos ós poemas recolle a aseveración “non colledes todos” e unha afirmación sobre medios de produción e propiedade privada. En *Detéxtonos*, o poeta comeza con pinceladas da súa infancia e acaba facendo unha análise social, política e cultural desde a súa perspectiva actual baixo un punto de vista crítico, recorrendo á ironía en certas ocasións. A temática deste libro é moi persoal, intimista, de experiencia vital, así poden atoparse referencias á súa nai, á súa casa ou á súa masculinidade. Nesta obra, o escritor presenta un estilo que navega entre versolibrismo e prosa e xoga coa propia sintaxe e a intertextualidade.

Recensións:

- Ramón Raña, “No fío da ironía. De feridoras brevidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 687, “Libros”, 1 novembro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 625, “Letras galegas”, 13 outubro 2018, p. 7.

Recensión sobre o poemario *Detéxtonos*, de Xabier Xil Xardón, onde destaca o carácter irónico, transversal na obra, e que distancia á voz poética da temática plasmada no texto.

No seu comentario do poemario destaca a división en cinco seccións, que se diferencian entre si a través da tipoloxía diferenciada dos poemas que conteñen. Finalmente, destaca a capacidade da súa prosa poética, acadando notables resultados mediante un estilo sinxelo.

- Mario Regueira, “O espectáculo posmoderno”, *Sermos Galiza*, n.º 320, “fóradeserie”, “Libros”, 31 outubro 2018, p. 5.

Inscríbese *Detéxtonos* de Xabier Xil Xardón dentro da poesía civil galega porque malia ter un concepto propio da arte lírica e un carácter alternativo caracterizado pola posmodernidade, segue existindo unha reivindicación.

Referencias varias:

- Paula Palomanes, “Na Limia descoñecemos a nosa historia e temos todo aínda por contar”, *La Región*, “A Limia”, “A entrevista”, 16 outubro 2018, p. 21.

Conversa con Xabier Xil Xardón arredor do seu poemario *Detéxtonos*, presentado na Arca da Noe en Vilar de Santos nun espectáculo conxunto co artista Leo i Arremecaghona.

II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Castro, Luísa, *Baleas e baleas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 77, maio 2018, 108 pp. (ISBN: 978-84-9151-180-9).

Baleas e baleas é a nova edición do poemario publicado en 1988 por Luisa Castro co mesmo título. Na contraportada do libro, ademais dunha breve biografía da autora, preséntase como “un dos títulos máis rompedores das últimas décadas do pasado século”. Esta edición iníciase cunha nota da autora encabezada por un epígrafe cunha cita de Herman Melvill en *Moby Dick* (“and without imagination no man can follow another into these halls”). Na nota, lembra que xa pasaron trinta anos dende a escrita do poemario, mais que aínda recorda nitidamente a imaxe que deu lugar á creación da obra, unha tarde con seu pai no ano 1986 cando se achegaron a visitar a última fábrica de despece de baleas tendo xa ela en mente a súa futura vida en Madrid. Afirmo que o poemario foi o seu xeito de despedirse deste mundo de historias de baleas e tamén a forma de poder ficar nel. O poemario comeza cunha dedicatoria: “Para Ánxela, Fran e Xita, trinta anos despois” e artéllase en catro seccións: “Derradeira viaxe en bicicleta de Nevermore”, configurada en nove poemas breves; “Os ventres das baleas”, con quince composicións; “Sete poemas sobre leóns” e, finalmente, “Preguntou insistentemente Isolda”. O eu poético da obra preséntase como unha muller insubmisiva que se desenvolveu nun ambiente mariñeiro. Aмосa lembranzas dunha infancia dura con constantes referencias ó seu pai, que era mariñeiro e á súa nai, que traballa nunha conserveira (“Ás veces xuro, pero iso é porque non teño pais, mamá.”), así como a outras figuras próximas como o seu avó. Evoca recordos da infancia, da escola, coas monxas, coas compañeiras, cos amores... Reflexiona mesmo desinfrantizando a propia existencia (“Vés / dun viveiro de mexillóns / en lata. Detrás. Detrás da fábrica, onde podrecen / as cunchas / e as caixas de peixe. Un fedor imposible, un azul /que non vale. De alí vés,”) .

Recensións:

- Mario Regueira, “O rastro dos cetáceos”, *Sermos Galiza*, n.º 307, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 2 agosto 2018, p. 6.

Salienta a reedición de *Baleas e Baleas* de Luísa Castro en Galaxia da man do poeta Ismael Ramos. Comenta a importancia da obra, que cumpre trinta anos, e sinala outras de temática semellante como *Sucios e desexados* (1987) de Antón Lopo e a antoloxía *A tribo das baleas* (2001).

- Montse García, “Luisa Castro, en la librería Numax”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 23 agosto 2018, p. L7.

Anuncia a presentación da reedición de *Baleas e baleas*, ás 20 horas en Numax, único poemario en galego da autora, que estará acompañada por Antón Lopo e Ismael Ramos.

- Ramón Raña, “No retorno das baleas. Un ceibe fluír que non acouga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 683, “Libros”, 4 outubro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 625, “Letras galegas”, 13 outubro 2018, p. 7.

Informa da reedición de *Baleas e Baleas* de Luísa Castro na editorial Galaxia. Elabora unha breve síntese do contido da obra, citando algúns versos de diferentes poemas para exemplificar características propias do poemario.

- Luz Pichel, “De alí vés”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, pp. 80-81.

Explica que a obra presenta, baixo a forma dun diario, temática mariñeira e escolar dende a perspectiva dunha cativa. Informa de que a obra pivota arredor dos avatares da cotidianidade, do mar, do fogar, do colexio e da vila. Destaca a pegada da enfermidade, da dor, da empatía e da aprendizaxe con respecto ao mundo dos mariñeiros e do desacougo e do sexo con respecto á vida no internado. Resalta o retrato da vida dunha vila e dun rural que ofrece a obra a través de diversas estampas biográficas e anecdóticas. Anota o uso da fala popular. Dá conta do percorrido editorial da obra cunha reedición en 1996 en Hiperión e outra en 2004 en Visor ás que lle faltan os poemas sobre as vivencias no internado. Apunta que a presente reedición inclúe de novo estas composicións.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Luisa Castro. ‘Escribiré outra novela, pero ya no siento esa ansiedad’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Entrevista”, 31 agosto 2018, pp. 4-5.

Conversa con Luísa Castro sobre a reedición por parte de Galaxia do poemario *Baleas e Baleas*.

- Gonzalo Hermo, “Conversa con Luisa Castro”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, pp. 77-79.

Entrevista a Luisa Castro con motivo da reedición do seu poemario *Baleas e baleas* en Galaxia dentro da colección Dombate. No tocante á literatura galega explica que a obra pivota arredor das vivencias dunha familia formada por unha nai que traballa nunha conserveira, un pai mariñeiro alcólico e unha filla. Dá conta de que o pano de fondo da obra é a factoría de Morás onde se preparan as baleas. Informa de que a obra constitúe un intento da autora de delimitar a terra galega e o seu apego a ela e que supón un salto da produción da escritora ao conceptual. Apunta que os referentes do poemario foron a obra do grupo Rompente, a de Manuel Antonio, a de Xavier Rodríguez Baixeras, a de Claudio Rodríguez Fer, a de Pilar Pallarés e a de Manuel Rivas. Subliña que a obra comezou a partir dun poema publicado na revista *Favorita* e fai fincapé na pegada feminista da obra. Apunta o motivo de que a segunda edición da obra non incluía as composicións relativas ás vivencias da filla nun colexio de monxas e que se recuperasen na reedición actual. Resalta a dimensión lúdica da obra e mais a colectiva ou conexión co lector.

Dragossán, Wladimir, *O cabaleiro da rosa*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ventoalto, n.º 3, agosto 2018, 80 pp. (ISBN: 978-84-8487-410-2).

Este volume de Wladimir Dragossán, nome artístico de Rafael Pintos Méndez (Poio, 1964), é unha reedición dunha obra que xa fora publicada en 2008 por Edicións Bubela na que atopamos unha serie de modificación a respecto da primeira. En primeiro lugar,

no tocante ao índice, xa que a reedición presenta un índice ao uso na primeira páxina onde se dá conta do título dos poemas; na primeira tamén temos un índice mais sen este título, senón co do poemario, e unha disposición gráfica que podería facer que se interpretase, á primeira vista, como un poema. O segundo cambio dáse no prólogo, na segunda edición atopamos un breve limiar asinado por Pedro Lorenzo Macías, mentres que na primeira vai asinado por Xosé Manuel Valcárcel e ten unha extensión bastante máis considerable. Outro cambio atopámolo na inclusión dunha nota do autor na segunda edición inexistente na primeira, titulada “O amor romántico”, na que aclara a temática do poemario e que este vai adicado á súa muller. A cuarta e última modificación é o título do poema número vinte e un, do “Acertixo” da primeira edición pasa a chamarse “Adiviña” na segunda. Entendemos este cambio, por tanto, como unha corrección, xa que a palabra ‘acertixo’ non é aceptada no galego normativo. O resto do poemario continúa igual, o mesmo número de poemas e na mesma orde de aparición. Trátase dun poemario impregnado de amor romántico, intimista, xa que se poetizan os sentimentos do máis íntimo e persoal do poeta. Comeza en Lisboa, lembrando sentimentos vinculados a este espazo, mais tamén está Compostela como outro escenario do amor. É un canto ao amor de estilo renacentista: a beleza da amada, a comparación da súa fermosura coa dunha rosa, etc, onde os termos ‘amor perpetuo’ e ‘amor eterno’ son recorrentes. A rosa é o elemento vertebrador do poemario, anunciado dende o propio título, como Rosa tamén é o nome real da muller do poeta. Tamén atopamos a presenza de figuras míticas de historias amorosas, como Psique e Eros ou Romeo e Xulieta. A nivel formal destaca o uso do verso libre, mais tamén emprega o formato dos Haykus nun poema así titulado.

Referencias varias:

- Sara Calahucle Iglesias, “Wladimir Dragossán. ‘Uno no escoge ser un poeta maldito, eso te toca”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”; “Ciudad”, 20 xullo 2018, p. 11.

Anuncia a presentación d'O cabaleiro da rosa de Wladimir Dragossán e recolle palabras do autor sobre esta obra de temática amorosa.

García Lorca, Federico, *Seis poemas galegos*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, col. Rabo de Egua, n.º 3, xullo 2018, 45 pp. (ISBN: 978-84-948565-0-1).

Edición de Seis poemas galegos de Federico García Lorca a cargo de Xosé Luís Cochón Touriño e Manuel González González como editores. O libro comeza cun ofrecemento seguido de citas de Albert Camus en *Le mhyte de Sisyphe*, de Landeira Yrago en Federico García Lorca y Galicia e Lawrence Ferlilnghetti en “Into darkness, in Granda”. Landscapes of Living and Dying. A continuación ofrécese unha presentación dos editores entitulada “A sedución das súas músicas” que precede ós poemas: “Madrigal á cidade de Santiago”, “Romaxe da Nosa Señora da Barca”, “Cantiga do neno da tenda”, “Nocturno do adolescente morto”, “Vella cantiga”, e “Danza da lúa”. Suceden ós poemas os autógrafos de Lorca e os apógrafos de Guerra da Cal. Deseguido, explican os criterios metodolóxicos que seguiron para o establecemento do texto, recollendo as intervencións que realizaron sobre o mesmo e finalizando este apartado cunha ilustración de Lorca realizada por Luís Seoane. Ofrecen tamén unha reprodución da edición orixinal de 1935 para que o lector poida confrontar esta edición dos Seis poemas galegos. Finalmente, na sección “Contornas”, presentan breves ensaios: “Algo seguro presentiu Lorca na poesía galega e en Galicia”, de Xosé Luís Méndez Ferrín; “Galicia, onde Lorca decidiu ser

escritor”, de Isabel Bugallal; “Lorca: amigos, amores e sexo”, de Antón Lopo; “O caso García Lorca”, de Arturo Casas; “Sobre os Seis poemas galegos” de Xosé Sánchez Reboredo e “Tematización, actoralización, lírica e imaxinario mítico-simbólico (sobre os Seis poemas galegos de García Lorca), de Arcadio López Casanova.

Referencias varias:

- ECG, “Posta de largo en Chan da Pólvora de ‘Os seis poemas galegos’ de García Lorca”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xuño 2018, p. 46.

Informa da publicación d'*Os seis poemas galegos* de Federico García Lorca pola editorial Chan da Pólvora. No acto de presentación participaron o coordinador da edición, Luís Cochón, Manuel González, Xosé Luís Axeitos e Antón Lopo. O volume recolle colaboracións de Méndez Ferrín, Isabel Bugallal, Antón Lopo, Sánchez Reboredo, Arturo Casas e Arcadio López Casanova.

- Joel Gómez, “Duende”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Sin intención”, 3 agosto 2018, contracuberta.

Considera que o recoñecemento de Federico García Lorca en Santiago de Compostela alcanzou no presente ano o seu punto álxido, ao publicarse en Alvarellos Editora o libro que narra a súa visita a Galicia, e saíren editados en dúas versións, do Consorcio e de Chan da Pólvora, os *Seis poemas galegos*. Desta última salienta a nova e interesante lectura que das composicións ofrece. A continuación, realiza un sucinto repaso pola hemeroteca do xornal, con datos de 1932.

- Miguel Sande, “Baleas’ débello todo aos lectores que mantiveron vivo o libro 30 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xullo 2018, p. 51.

Comenta a publicación por parte de Galaxia dunha edición especial de *Baleas e Baleas* de Luísa Castro con motivo do seu 30 aniversario.

- Joel Gómez, “El gran año de ‘Seis poemas galegos’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 decembro 2018, p. 42.

Sinala a publicación de tres edicións d'*Os seis poemas galegos* de Federico García Lorca polo Consorcio de Santiago, Chan da Pólvora e Alvarellos.

Lado, María, *amantes*, Malpica: Caldeirón, maio 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-615-4059-4). 2ª edición, corrixida e ampliada.

Segunda edición, corrixida e aumentada, do poemario de María Lado, que obtivo o V Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas no 2010. Encomenza a obra con citas de Oscar Wilde, Michael Vaucaire e Raúl González Tuñón e recolle a dedicatoria “se cres que te atopas entre os versos é que falo de ti, dalgunhas desas noites que velamos xuntos. Aínda que en realidade o libro é para m., que me seduce día a día con intelixencia”. Esta segunda edición componse de catorce poemas: “O pescador”, “San Xoán”, “1961”, “O morgado”, “Terzos”, “Paxaros e maceiras”, “O orador”, “Ulises”, “Romeu Poeta”, “Voto de silencio”, “O inexperto”, “O punk”, “O amarrado” e “O cobizoso” e pecha a edición

cunha composición titulada “as melodías dos amantes foron”. Os poemas relatán encontros amorosos illados que teñen lugar en diferentes circunstancias, con versos cargados de sedución, erotismo e paixón.

Recensións:

- Román Raña, “Lóstregos do querer”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 679, “Libros”, 6 setembro 2018, p. VI.

Comenta a reedición na Editora Caldeirón de *Amantes* de María Lado, sinalando a participación desta autora no Batallón Literario da Costa da Morte e do espectáculo poético Aldaolado xunto con Lucía Aldao.

Neira Vilas, Xosé, *Cantos á natureza*, ilustr. Irene Silva, Silleda: Edicións Fervenza, marzo 2018, 28 pp. (ISBN: 978-84-17094-24-9). **LibroCD**

Cantos á natureza é un libro-disco que contén dez poemas de Xosé Neira Vilas musicados por Juan Durán, Xabier Comesaña, María Mendoza, Paulino Pereiro e Margarita Viso. No limiar, titulado “Cando o talento se fai cantar”, Luís Reimóndez explica o nacemento desta obra. No 2015, Cesáreo Torres propónlle a Xosé Neira Vilas a realización deste proxecto, logo da estrea de *Cantos que veñen ao lonxe* e o autor axiña se dispuxo a crear a letra das dez cancións que compoñen *Cantos á natureza*. Xosé Neira Vilas falece antes de ter rematado o traballo de composición e interpretación, polo que se paraliza o proxecto uns meses, mais finalmente se culmina con vontade de honrar a súa memoria. Este limiar vén precedido dunha foto tomada en Gres en setembro de 2015 na que aparece o equipo responsable deste traballo: Juan Durán, Margarita Viso, Xosé Neira Vilas, Cesáreo Torres, María Mendoza, Paulín Pereiro, Susana de Lorenzo, Irene Silva, Alejo Amoedo e Xabier Comesaña. Cada un dos poemas vén acompañado de ilustracións da man de Irene Silva. O primeiro poema titúlase “Piñeiro” e componse de vinte versos dedicados á árbore asociada ó himno galego, “vexetal emblema de Galicia”. “Paisaxe” é unha composición de estrutura semellante ó anterior poema na que vincula a identidade coa paisaxe verde, atributo que relaciona tamén coa esperanza “Galego son, desta paisaxe / de montañas, ríos, carballeiras, / quérolle a este mundo venturoso, / estou namorado desta terra”. En “Paxaros” enumera diferentes aves que forman parte da fauna galega “e nos dan azos / para seguir felices, satisfeitos / neste anaco de mundo afortunado.”. “No monte” son vinte versos octosílabos que describen a fauna e flora presentes no terreo galego, vinculándoos ó patrimonio da nación; e moi similar en temática é o seguinte poema, “Labradíos”, no que describe o traballo humano nas terras. Os tres poemas seguintes artéllanse en torno á figura da auga: “Querido río”, “Mar noso” e “Auga. En “Alboreo” describe a beleza e ledicia ante a chegada da luz do día e pecha o este poemario con “A vaca galega”, enaltecendo este animal como emblema da vida rural. Péchase o poemario cunha foto individual de cada un dos participantes do proxecto e preséntase o disco.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Quiero viajar a Portugal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 marzo 2018, pp. 58-59.

Dá conta da presentación de *Cantos á natureza* no auditorio Xosé Casal de Vila de

Cruces, audio libro publicado por Edicións Fervenza que recolle poemas de Xosé Neira Vilas musicados por Césareo Torres, Susana de Lorenzo e Alejo Amoedo.

Novoneyra, Uxío, *Os Eidos*, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora Editora, col. Biblioteca de Mesopotamia, n.º 2, febreiro 2018, 320 pp. (ISBN: 978-84-947698-2-5).

Os eidos de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, O Courel, Lugo, 1930-Santiago de Compostela, 1999) foi publicado por primeira vez no ano 1955, desde esa data son múltiples as edicións que se levan feito deste texto, e agora atopámonos coa edición de Chan da Pólvora, dentro da súa colección de Biblioteca de Mesopotamia. Nesta edición concreta aparecen unha serie de cousas interesantes; un prólogo de Olga Novo e un epílogo a xeito de dicionario de Emilio Araújo e que trata de desvelar certa información sobre a xénese do libro. Ademais, como é obvio, contén o conxunto de poemas que no seu día conformaron *Os eidos*. En palabras dos propios editores, trátase dunha das edicións máis completas desta clásico das nosas letras. O prólogo á súa vez está dividido en varios apartados: “Algo novo”, sobre os eidos está todo dito, polo que a autora do prólogo propón un diálogo, a través da escrita, co propio Novoneyra; “Meniña de dez anos”, explícanos que coñeceu a Novoneyra a través duns versos nun libro de texto, e que desde aí se converteu, sen el sabelo, no seu mestre literario, a fin de contas, sendos poetas son de terras próximas e establecen unha conexión; “A poesía entre vacas”, relata como lía a Novoneyra mentres desenvolvía as súas tarefas labregas, nomeadamente pastar as vacas. E de como pouco a pouco se foi adentrando nel até que case obsesionarse; “Éxtases”, a éxtase da poeta é ler a Novoneyra, é atopar nas verbas do poeta as súas costumes labregas reflectidas e enxalzadas; “Coa punta dos pés posta na punta da lingua”, o percorrer, o camiño e a verba, a intrincada relación; “ADN”, estirpe, toda unha enumeración de topónimos das terras que os poetas comparten, que non só é lugar de nacemento, senón compoñente xenética de que chegou ao mundo por primeira vez e alí habitou; “Casa”, A poesía non ten casa, é de todas, non ten cancelas; “Lobos”, rescatando algún verso de Manoel Antonio, trata de reflexionar sobre o valor etnográfico do lobo, nesas terras, pero tamén en toda a Galiza; “ITH”, agradécelle e dille que comparte a súa pulsión na defensa da Galiza, e pide que, como Novoneyra ben sabía, non se esquezan do amor que o cura todo; “Monteagudo”, o reencontro desde outras latitudes, ler a Novoneyra desde outra fiestra, pero coa mesma humanidade e liberdade. O epílogo titulado “As cores do ucedo”, esta especie de dicionario final provén das propias declaracións de Novoneyra, quen en 1985 iniciou unha serie de entrevistas co autor do epílogo das que se extraen fragmentos relativos a *Os eidos*. Neste dicionario recóllense definicións e opinións que Novoneyra ten de certos temas, así como a aldea, bargos, camiño, casa, cultura popular, eidos, fala, galego, Galicia, infancia, labregos, memoria, poder, poesía, terra, etc, por citar algúns.

Recensións:

- Nieves Neira, “Volven os eidos”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 125, 8 abril 2018, p. 5.

Comenta a edición d'*Os eidos*. *O libro do Courel* da editora Chan de Pólvora e salienta o traballo de edición de Antón Lopo, Luís Cochon, Elba Rei e o limiar de Olga Novo.

- Ramón Nicolás, “Novoneyra aínda ten máis que contarnos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 13 abril 2018, p. 8.

Comenta a edición d'*Os eidos. O Libro do Courel* de Uxío Novoneyra pola editorial Chan de Pólvora e salienta o labor da poeta Olga Novo.

- Mario Regueira, “A parcelaria”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 7 xuño 2018, p. 6.

Fala da publicación dunha nova edición d'*Os Eidos. O libro do Courel* de Uxío Novoneyra na colección Biblioteca de Mesopotamia de Chan da Pólvora, a cal conta cun prólogo da poeta Olga Novo. Sinala que a primeira edición da obra data de 1955 igual que *Terra Chá* de Manuel María e que fora editada por Galaxia.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Chan da Pólvora recupera ‘Os Eidos’ con conversas inéditas de Novoneyra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 2 marzo 2018, p. 57.

Anuncia a presentación da nova edición d'*Os eidos* de Uxío Novoneyra na Fundación Novoneyra de Parada do Courel, na cal participarán o editor Antón Lopo da Chan de Pólvora e o conselleiro de Cultura Román Rodríguez.

- Mario Álvarez, “Os Eidos. O libro do Courel’, un milagre da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 marzo 2018, p. 39.

Informa da presentación da nova edición d'*Os Eidos. O libro do Courel* de Uxío Novoneyra, editada por Chan da Pólvora coa colaboración da Xunta de Galicia, na Fundación Novoneyra coa participación do conselleiro de Cultura, Román Rodríguez.

- Miguel Piñeiro, “O Courel acolió a presentación de la edición más arraigada de ‘Os Eidos’”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 marzo 2018, p. 13.

Comenta a presentación da edición de *Os Eidos* publicada pola Biblioteca de Mesopotamia coa colaboración da Chan da Pólvora na sede da Fundación Uxío Novoneyra. A edición presenta a novidade dun dicionario titulado *As cores do Ucedo* con terminoloxía do escritor elaborado por Emilio Araújo, cun estudo introdutorio de Olga Novo e a revisión de Elva Rei, esposa do autor, e Luís Cochón. . Na presentación estiveron presentes, ademais, Román Rodríguez, a alcaldesa de O Courel, Anxo Lorenzo e o director e deseñador da edición Antón Lopo e Manolo Martínez. Esta edición engloba *Os Eidos* I e II e engade tamén *Caligrama*.

- Marta Veiga, “O interior de Galicia é toda unha potencia europea en patrimonio literario”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 26 maio 2018, p. 57.

Fala arredor da publicación dunha nova edición d'*Os eidos* de Uxío Novoneyra por parte da editora Chan da Pólvora na súa colección Biblioteca de Mesopotamia. Esta edición inclúe un prólogo da poeta Olga Novo e un glosario titulado “As cores do ucedo” de Emilio Araújo.

- ECG, “A monfortina Mónica Sánchez publica libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”,

23 agosto 2018, p. 37.

Mostra a aposta de Chan da Pólvora pola Feira do Libro de Monforte, inaugurada cun pregón de Lois Diéguez. A editora presenta o primeiro libro da poeta monfortina Mónica Sánchez, *Ad inferos* (2018); a Deputación de Lugo presenta a edición de *Os Eidos* (2018); e Teresa Moure a plaquette *Não tenho culpa de viver* (2017), ademais de acompañar a Antón Lopo na presentación de *Corpo* (2018).

Referencias varias:

- ECG, “Lois Pereiro, editado en italiano polo Centro de Estudos Galegos de Perugia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 xuño 2018, p. 38.

Anuncia a publicación de *Poesía última di amore e malattia* de Lois Pereiro, tradución do poemario galego ao italiano levada a cabo polo Centro de Estudos Galegos de Perugia.

Villar, Miro, *Dorna Saudal. Poemas do mar e léxico mariñeiro de Antón Zapata García*, Silleda: Edicións Fervenza, col. Poesía, xuño 2018, 354 pp. (ISBN: 978-84-17094-07-2).

Antoloxía de poemas de Antón Zapata García relacionados coa temática do mar realizada por Miro Villar. Á escolma acompaña un estudo sobre os devanditos poemas. Miro Villar comeza repasando de xeito breve a biografía de Antón Zapata. Fai un apuntamento sobre os poemas agrupados, especificando que no libro *A Roseira da Soidade*, o propio autor realizara un agrupamento de poemas relacionados co mar baixo o epígrafe “*Dorna saudal*”, que logo el ampliou con poemas que o autor publicou dende a diáspora. Deseguido, ofrece un glosario do léxico mariñeiro empregado por Zapata agrupándoo en apartados: o mar, xeomorfoloxía, meteoroloxía, astros ou fenómenos relacionados, navegación e manobras no mar e na terra, embarcacións, comercio, natación, pesca, fauna, flora, fraseoloxía mariñeira e onomástica mariñeira. Logo preséntase a selección de poemas acompañada dunha ilustración do propio Antón Zapata, un total de cincuenta e tres poemas, xunto con catro fragmentos significativos doutros poemas. Ofrece, finalmente, unha bibliografía sobre o escritor

Recensións:

- Armando Requeixo, “Da brava costa”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 1.040/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.037, “*máis Libros*”, 17 xuño 2018, p. 30.

Informa da publicación de *Dorna saudal. Poemas do mar e léxico mariñeiro de Antón Zapata García* de Miro Villar. Baixo este título recóllense os versos d'*A Roseira da Soidade* (1954) Antón Zapata García.

II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Bello Sánchez, Juan, *Casa*, trad. Berta Dávila, Teo: Tulipa Editora, col. 10x15, nº 1, outubro 2018, 25 pp. (ISBN: 978-84949-47-71-1).

Este poemario de Juan Bello está incluído na colección de Cadernos 10x15 de Tulipa Editora, que recolle poesía doutras literaturas e tradúceas ao galego. No caso de Juan Bello a tradución corre a cargo de Berta Dávila e os poemas aparecen nas dúas versións, español e galego. O primeiro poema é “O lector”, no que apela ao lector, quen aínda tendo mellores cousas que facer está en disposición de ler. Continúa con “A difícil arte de resolver encrucillados”, onde fai unha homenaxe ao pai, afeccionado aos encrucillados, pero tamén un xogo metaliterario, as palabras e non saber moi ben que facer con elas. O seguinte poema é “Necrolóxicas”, que se trata dunha homenaxe á nai, quen repasa as necrolóxicas por se falecese alguén coñecido, pero tamén é unha reflexión sobre o paso do tempo e os tempos perdidos, e os cambios nas formas de vida. Despois vén “O teléfono”, tratado coma o elemento da casa que soa para chamar a atención, pero tamén é outro elemento para xogar coas palabras, construír conversas a un e outro lado do teléfono. A continuación atopamos “Unha billa pingando”; a billa que pinga é outro elemento intrínseco a casa, xa ninguén escoita o seu monótono son porque xa están afeitos, pero realmente algún día descubren que realmente ese goteo ten algo que dicir. O seguinte poema é “Álbum”, onde se describen os recordos que evoca un álbum de fotos, que teñen que ver co tempo pasado e as persoas que xa non está. Logo aparecen “Ventás” e “Unha revista”. En “O froiteiro”, as froitas que o enchen, evocan a imaxe de mulleres mercándoas no mercado, e todo o que ten que ver co mercado cheo de postos e xente, onde as palabras se funden e confunden nun todo harmonioso. Despois aparecen os poemas “Unha xélida e interminable noite sen sono” e “Pezas”. Finaliza co poema “Un farol” onde reflexiona sobre as ilusións e esperanzas de quen constrúe unha familia, a través de evocar imaxes como a mudanza, amoblar, e o nacemento dun bebé. En trazos xerais a dinámica do poema consiste en construír a casa a través dos seus elementos, que non son outros que os motivos de cada poema (que tamén lle dan título); pero da casa que se constrúe non interesa o seu sentido espacial, senón o seu sentido familiar e antropolóxico.

Referencias varias:

- ECG, “Presentan el poemario ‘10x15’ en Chan da Pólvora”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 novembro 2018, p. 26.

Anuncia a presentación da colección “10x15 Cadernos de Poesía Bilingüe”, na que participan como poetas Juan Bello Sánchez, Vicente Vázquez Vidal e Man Li e Isabel Patiño como directora editorial.

- Brais Fdez., “Tulipa presenta o primeiro poemario en galego de Luís García Montero en Culturalgal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 novembro 2018, p. 25.

Dá conta da publicación do poemario *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero e, ademais, sinala como próximos actos culturais as presentacións de *Casa*, de Juan Bello, *Os afluentes*, de Vicente Vázquez, *En espera*, de Man Li, e *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, de Robin Myerf

Cacheiro Varela, Maximino, *Amor en femenino*, trad. Ánxeles Penas e pról. Camiño Noia, Madrid: Editorial Manuscritos, novembro 2018, 140 pp. (ISBN: 978-84948-04-64-9).

Amor en femenino é unha antoloxía de poemas de voces femininas galegas deste Rosalía de Castro até a Xeración dos 80 recompilada por Maximino Cacheiro. Recolle versos de Rosalía de Castro, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, María Xosé Queizán, Helena Villar, Ánxeles Penas, Marica Campo, Ana Romaní, Pilar Pallarés e Marta Dacosta. A escolma, cuxa temática se desenvolve en torno á temática amorosa, ofrece a visión poética do amor de cada unha das autoras. A escolma publicouse orixinalmente en galego en 2006 e vértese agora ó castelan coa tradución a cargo de Ánxeles Penas. Esta edición conta cun prólogo realizado por Camiño Noia e vén acompañado dunha nota da tradutora.

Emre, Yunus, *Diván (Antoloxía)*, trad. e intro. Suleyman Matos Bugallo, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, 210 pp. (ISBN: 978-84-17388-09-6).

Diván (Antoloxía) é unha antoloxía poética que provén da lingua turca e da súa tradición literaria e o seu autor é considerado un dos máis canónicos desta literatura. Situámonos cronoloxicamente no século XIII. Esta tradución provén da edición realizada en 1971 por Gölpınarlı, que agrupou tematicamente os 299 poemas que atribúe a Yunus. Do total destes poemas nesta tradución incorporáronse 101. Poderíamos dicir, moi collido con pinzas, que a orixe destes poemas é algo similar ás das cantigas medievais galego-portuguesas, en tanto que forman parte da cultura popular, son de tradición oral, eran cantadas nas cortes, etc. Tamén na súa historiografía teñen cousas en común, xa que se empezan a recompilar anos máis tarde e tense que facer unha reconstrución a partir de fragmentos que van aparecendo en distintas partes de Turquía. A parte da notación musical tamén é outra conexión, ademais Yunus era un asik, que é sinónimo de trovador ou xograr. A antoloxía comeza cunha Introducción dividida en varios apartados, un adicado ao autor, outro á súa obra, un para o elemento preislámico, outro para Yunus e o sufismo, e finalmente outro no que se reflexiona sobre a propia tradución. A continuación incorpora unha bibliografía dos recursos empregados na propia Introducción e a partir de aí comeza o poemario en si, que contén un total de 101 poemas sen titular. O leitmotiv de moitas das composicións é o dervixe do sufismo, así e todo existen unha serie de eixos temáticos nos que se agrupan os poemas: a morte, a inmortalidade, a excesiva compracencia na piedade e o amor. O amor é o leitmotiv transversal aos poemarios, pero non se trata dunha pulsión do amor romántico, senón un amor divino e filántropo, polo tanto dáse un tratamento do amor como algo puro e en contraposición ao mundano e terreal.

García Montero, Luís, *O dono do derradeiro minuto. Cincuenta poemas en galego*, Teo: Tulipa Editora, trad. Isaac Xubín, col. Poesía, decembro 2018, 100 pp. (ISBN: 978-84949-47-70-4). ■

O dono do derradeiro minuto é unha antoloxía de poemas de Luis García Montero traducidos ó galego por Isaac Xubín. A escolma ofrece cincuenta poemas seleccionados da obra do profesor, poeta e crítico literario. Na lapela da portada explícase que, se ben Luis García Montero foi traducido a diversos idiomas, é esta a primeira vez que se verten os seus versos á lingua galega. Os poemas seleccionados son composicións que o autor

foi realizando ó longo da súa traxectoria e abordan diversas temáticas. Deste xeito pódense atopar poemas de corte intimista, de temática amorosa, de lembranza familiar, de liberdade, de conciencia social e política e de admiración ante figuras literarias.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Barcos”, *Diario de Pontevedra*, “évenres!”, “fin_de_semana”, p. 8/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 46, “Foguetes verdes”, 7 decembro 2018.

Anuncia a publicación d'*O dono do derradeiro minuto* de Luís García Montero, escolma de poemas traducidos ao galego por Isaac Xubín e editada por Isabel Patiño na editorial Tulipa.

Referencias varias:

- Brais Fdez., “Tulipa presenta o primeiro poemario en galego de Luís García Montero en Culturgal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 novembro 2018, p. 25.

Dá conta da publicación do poemario *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero e, ademais, sinala como próximos actos culturais as presentacións de *Casa*, de Juan Bello, *Os afluentes*, de Vicente Vázquez, *En espera*, de Man Li, e *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, de Robin Myerf

- Belén López, “Culturgal imprescindible”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Culturgal 2018,”, 30 novembro 2018, p. 53.

Dá conta das actividades que se realizarán no Curturgal, entre os que destacan a preestrea de *Sofía e as postsocráticas*, de Inversa Teatro e a presenza de Luís García Montero co gallo da publicación en galego da súa obra *O dono do derradeiro minuto*.

- Clara Aldán, “¡La Navidad se enciende hoy!, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 5 decembro 2018, p. 15.

Comenta a presentación no Culturgal d'*O dono do derradeiro minuto* de Luís García Montero, na cal participaron Isabel Patiño, Antón Sobral, Sabela García e o propio autor. Ademais, sinala a presenza das poetas Tamara Andrés e Yolanda Castaño.

Li, Man, *En espera*, trad. Alicia López, Teo: Tulipa Editora, col. 10x15, nº 4, outubro 2018, 28 pp. (ISBN: 978-84949-47-74-2).

Poemario de Man Li en edición bilingüe que contén a versión orixinal en chinés e a tradución ao galego. A autora, despois de graduarse na China, estudou durante este ano en Santiago, onde escribiu estes poemas. O primeiro poema é “En espera”, onde se trata o tempo que está por vir, a vellez e as engurras, xunto coa idea do esquecemento. A continuación aparece “Novembro”, onde reflexiona sobre as dificultades para aprender o idioma ou para integrarse nunhas coordenadas tan distintas das propias, ademais relacionando estas adversidades co feito de querer saber de máis antes de tempo. O seguinte poema é “Era moi probable”, onde se volve á infancia para reflexionar sobre o rápido que se desconecta desta etapa da vida, e o engano que é ser adulto ou, cando menos,

como nos ensinan a selo. En “Abril”, só podemos interpretar que as dificultades lingüísticas continúan aínda en Abril ou que morreu alguén querido. A continuación, en “Poema de aniversario” fala de afogar as penas en alcol, e no caso de non se poder conservar as penas tal e como son porque custa convertelas en penas. O seguinte poema, “Portas”, establece un símil das portas como sinónimo de oportunidades ou como sinónimo de liberdade, entrar e saír pola porta cantas veces se queira. En “Un millo”, establece a importancia deste produto na agricultura chinesa e relaciónao, dalgún xeito, coa idea da morte. A continuación en “Un día con perla”, fai alusión á chuvia, máis ben a gran cantidade de chuvia que cae nunha cidade como Compostela. E por último, en “O soño no soño”, avoga por soñar coa poesía e co poema, construír a poesía no soño, por que que é a poesía senón palabras que se combinan a través dos soños. Podemos destacar unha serie de características formais e de estilo comúns a todos os poemas e que contamos a continuación. Trátase dunha poesía existencialista e de carácter transcendental. Porén, o choque cultural fai difícil a comprensión dos poemas, é probable que certos recursos así como certas alusións á cultura propia pasen desapercibidos para un lector occidental.

Referencias varias:

- ECG, “Presentan el poemario ‘10x15’ en Chan da Pólvora”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 novembro 2018, p. 26.

Anuncia a presentación da colección “10x15 Cadernos de Poesía Bilingüe”, na que participan como poetas Juan Bello Sánchez, Vicente Vázquez Vidal e Man Li e Isabel Patiño como directora editorial.

- Brais Fdez., “Tulipa presenta o primeiro poemario en galego de Luís García Montero en Culturgal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 novembro 2018, p. 25.

Dá conta da publicación do poemario *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero e, ademais, sinala como próximos actos culturais as presentacións de *Casa*, de Juan Bello, *Os afluentes*, de Vicente Vázquez, *En espera*, de Man Li, e *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, de Robin Myers.

Lönnrot, Elias, *Kalevala*, trad. Tuula Ahola e Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, febreiro 2018, 430 pp. (ISBN: 978-84-92866-97-7). ■

Kalevala é un poemario traducido do finlandés e é coñecido como “a epopea nacional finlandesa”. Iníciase cun prólogo no que tratan de explicarnos, ao público galego, na súa maioría descoñecedor da historia e tradición de Finlandia, o contexto de creación desta obra e todos os elementos míticos que aquí aparecen. Tamén na propia introdución hai un apartado no que se recollen as distintas capas do Kalevala. Ademais tamén ofrece unha reflexión sobre esta nova versión que é a tradución ao galego, que contén cousas interesantes sobre as decisións tomadas para levar a cabo a tradución. O binomio “Cantos e lendas”, resume á perfección o contido do poemario, xa que a partir de cantos e lendas da tradición finlandesa (ou do pobo que por aquel entón habitase esta parte da Península Escandinava e que dalgunha ou doutra forma son os devanceiros dos finlandeses actuais) se constrúe esta epopea nacional. Co súa propia métrica, denominada “kalevaliana”, constrúe unha canción épica onde se mostra interese por distintas deidades nas que aínda

crian gran parte da poboación, pese ao período de cristianización, como Ahti, Ukko, Tapio, Väinämöinen ou Ilmarinen. O Kalevala é fillo do romanticismo finlandés do século XIX, de feito o seu autor é un dos máximos expoñentes desta corrente, disto se deriva o forte carácter nacionalista da obra, asentado na tríade volk-geist-dichtung (un pobo, un espírito, unha lingua). A elevación deste poema a poema nacional responde ao proceso de planificación da cultura e invención da tradición. En lingua finlandesa hai dúas versións do Kalevala, a primeira coñecida como Kalevala vello, cuxa data de publicación é considerada festa nacional. O *Kalevala* que nós temos entre as mans foi publicado en 1849, aumentando notablemente o número de cantos, pero mantendo a estrutura. A cuestión da autoría tamén é digna de análise, en tanto que pese que a Lönnrot é compilador, no proceso de recollida de toda a tradición oral que compón o Kalevala tomou a liberdade de completar, modificar ou mellorar os textos, xa que se consideraba un bardo máis, e até inventou a súa propia norma lingüística. Polo tanto, Lönnrot, pola gran labor que desempeñou na creación da obra debe ser considerado autor. Despois da introdución aparece un apartado de bibliografía, onde se recollen as obras empregadas para a realización da propia introdución. E desta forma xa entra de pleno en materia poética levándonos desde o Canto primeiro por un largo percorrido até o Canto quincuaxésimo. Todos estes poemas ou cantos que compoñen o gran poema épico, segundo o estudo de Matti Kuusi, poden clasificarse xenericamente nalgún destes apartados: poesía mítica; poesía máxica e xermánica; poesía de aventuras; poemas fantásticos; lendas cristiás; baladas, poesía narrativa e épica lírica; e poesía histórica e bélica. En canto á clasificación temática, os primeiros son poemas de corte mitolóxico; o corpo da epepea constitúeno sobre todo poemas de corte xermánico e de aventuras; de forma máis reducida, e sen encaixar a priori, inclúense poemas didácticos e esconxuros; e no repertorio externo podemos encontrar unha influencia notable dos mitos clásicos. Finalmente, no tocante á súa estrutura cabe destacar que cada canto incorpora un resumo inicial co contido do mesmo e que a estrutura é circular, comeza e acaba no mesmo punto, na intervención do narrador. Cada un destes ciclos está protagonismo por un determinado heroe, que ademais aparecen reunidos entre as páxinas 20-23, onde se describen aos protagonistas e as aventuras que viven.

Recensións:

- Xosé A. López Silva, “A tradución íntegra do *Kalevala*”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 103-104.

Comenta de que constitúe a tradución para o galego dun poema épico e mítico finés procedente da tradición oral, recollido e reelaborado por Elias Lönnrot en 1835 e despois en 1849. Subliña a relevancia lingüística, identitaria e cultural da obra na literatura finesa fronte a Suecia e Rusia e apunta que a tradución da obra foi levada a cabo por Tomás González Ahola e Tuula Ahola. Ademais, sinala os paralelismos culturais e políticos que rodean á obra cos da literatura galega e afonda na adaptación da métrica e do léxico finés ao galego e. Alude a outras traducións ao galego de obras do mesmo xénero como a *Saga dos groenlandeses*, a *Saga de Erik O Roxo*, a cargo de Elias Portela, *Sir Gawain e o cabaleiro verde* e *Beowulf*, a cargo de Jorge Luis Bueno ou *O cantar de Roldán* de Camilo Flores. Reflexiona tamén sobre a relevancia da tradución de obras canónicas para a literatura galega e as relacións do *Kalevala* coa obra doutros escritores galegos coma Cunqueiro. Por último, alude ás traducións feitas a outros idiomas desta obra.

- Mario Regueira, “De muíños, arpas e prodixios”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Protexa”,

setembro 2018, p. 76.

Pon en relación esta obra con *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Explica que o libro constitúe una recompilación de cantos de tradición oral atribuída a Elias Lönnrot. Indica que o compilador deixou a súa pegada na obra e a influencia que tivo sobre o libro a vila de Carelia onde se recolleron a meirande parte dos materiais. Apunta que a obra recolle o mito nacional de Finlandia. Anota que o autor non só recolle senón que tamén vincula as composicións orais como constituíntes dun grande poema épico. Tamén lle atribúe ao autor a responsabilidade da escolla e selección das diversas fontes orais, o seu paso á lingua estándar e a creación de certas partes da obra. Dá conta de que o argumento da obra xira arredor das aventuras de diversos heroes que se enfrontan uns a outros e salienta a pegada da maxia e a relevancia do campo e da caza no libro. Fai referencia a que a tradución presenta un galego patrimonial e dialectal para dar conta da tradición oral do orixinal e da relevancia nel da rima e das reiteracións.

Referencias varias:

- Belén López, “Tomás González Ahola. ‘Valente non sei, pero a cabeza non para’”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Á última”, 12 marzo 2018, contracuberta.

Anuncia a tradución, xunto coa súa nai, do poema épico finés “Kalevala” ao galego. Ademais de tradutor, comenta que é fundador das editoriais Urco e Contos estraños, e tamén escritor de *Libros da merenda*, *Galiza mutante: Poder nuclear!* e *Da fría e distante estrela polar*. Comparte o seu gusto pola fantasía de terror e a ciencia ficción escura e considera que o principal problema da literatura galega non é a falta de apoio institucional, senón a competencia coa literatura española.

Myers, Robins, *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, trad. Claudia González Caparrós, Teo: Tulipa Editora, col. 10X15, nº 3, outubro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84949-47-73-5).

Poemario de Robin Myers vertido ao galego por Claudia González Caparrós. Non contén nin limiar, nin notas dos editores ou da tradutora. Comeza directamente cos poemas, achegando a súa versión orixinal e a súa tradución ao galego. Os poemas son os que se enumeran a continuación: “Poema de aniversario” (no día do seu aniversario a narradora do poema fai un pequeno repaso polo que é a súa vida, as experiencias positivas e negativas; o amor e o desexo); “Poema para min como nai solteira” (a maternidade, os cambios que o embarazo supón para un corpo, unha alegoría de si mesma); “Phlox dispersa” (pon o foco no neoliberalismo, en como o progreso trouxo abundancia pero tamén novos sufrimentos. O corpo como soporte da dor, pero tamén reflexo da que se foi e do que non se chegou a ser); “Caza e recolleita” (o corpo como soporte e reflexo da torpeza, fago negróns nos brazos ao chocar coas esquinas das cousas, pregúntase que botará en falta cando o seu corpo quede reducido á nada); “NYC” (panorámica da cidade de Nova York); “Reiteración”; e “Escoitar Bach despois dunha morte”. A nivel temático comparten unha serie de características xerais. Por unha banda todo o relacionado co corpo e a corporalidade, así como son os cambios na fisionomía ben pola vellez, ben polo embarazo. Tamén o tratamento da a morte como unha presenza, como unha realidade que se vai volver moi concreta en certos momentos da vida, porque iso é o que pasa cos cambios no corpo, cos cambios no mundo ecolóxico, coa violencia. Trata de usar a

linguaxe, incluso antes de que estea lista para asimilar cousas como a morte; tratar as palabras como unha ferramenta, ás veces, dunha maneira un pouco fría no contexto menos frío posible, que é ver que son, que a realidade da morte, a perda e o cambio é abafante, e o que si que podemos facer é achegarnos a esas escuridades mediante as ferramentas que temos, neste caso teñen moito que ver coas palabras, e buscar entrar en contacto con esas ideas dunha maneira que sexa unha especie de preparación.

Referencias varias:

- ECG, “Presentan el poemario ‘10x15’ en Chan da Pólvora”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 novembro 2018, p. 26.

Anuncia a presentación da colección “10x15 Cadernos de Poesía Bilingüe”, na que participan como poetas Juan Bello Sánchez, Vicente Vázquez Vidal e Man Li e Isabel Patiño como directora editorial.

- Brais Fdez., “Tulipa presenta o primeiro poemario en galego de Luís García Montero en Culturgal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 novembro 2018, p. 25.

Dá conta da publicación do poemario *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero e, ademais, sinala como próximos actos culturais as presentacións de *Casa*, de Juan Bello, *Os afluentes*, de Vicente Vázquez, *En espera*, de Man Li, e *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, de Robin Myers.

Publio Nasón, Ovidio, *Cartas das heroínas*, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, 240 pp., *Carta das heroínas* é a tradución feita por María Margarita Fernández Gómez das *Hiperodiam epistolae* de Publio Ovidio, orixinalmente en latín. Trátase dun conxunto de epístolas de amor escritas por personaxes femininas da mitoloxía clásica. Abre o libro unha cita de Louise Dupré en *Tout près*, “écrire commence par une trahison” que vén seguida dunha introdución realizada pola tradutora. Nela, ofrece unha breve información sobre o autor e explica que a obra se pode estruturar segundo a clasificación das cartas: cartas sinxelas das heroínas mitolóxicas para os seus amados, por exemplo a de Penélope a Ulises; correspondencia entre os amantes, ou cartas dobres, como por exemplo a de Paris a Helena e Helena a Paris e unha única carta dun personaxe histórico ó seu namorado, de Safo a Faón, epístola que abre o conxunto de cartas nesta tradución ó galego. Identifica tamén os principais tópicos literarios das epístolas e desenvolve un breve apartado sobre os precedentes e a fortuna posterior da obra. Fai uns breves apuntamentos sobre a tradución, onde indica que tenta respectar os versos orixinais, a intencionalidade e a estilística do texto, tratando de combinalo cun estilo actual. *Cartas das heroínas* ofrece un total de vinte e unha epístolas elexíacas, nas que as personaxes femininas, as heroínas, se laian e reclaman ante o afastamento ou abandono dos seus amados: “Eu, a pegásida Enone, a máis enxalzada dos montes frixios / quéixome de ti, o meu home, por me teres traizoado.” (Epístola V, de Enone a Paris).

Schubarth, Dorothé, *Os cantos do mar. Mosaicos de anacos de tempos moi remotos*, Santiago de Compostela: Meubook, abril 2018, 137 pp. (ISBN: 978-84-8408-283-5).

Os cantos do mar. Mosaicos de anacos de tempos moi remotos, de Dorothé Schubarth é

unha recompilación de cantos mariñeiros da zona do Salnés. Contén, en primeira instancia, unha pequena xénese do libro e uns cantos datos da autora. Onde se nos informa que Schubarth estivo recollendo cantos de tradición oral por toda Europa até que chegou a Galiza, onde decidiu facer unha recompilación da lírica mariñeira. Despois desta xénese aparece o apartado de Índice de poemas, onde se recollen os títulos das distintas composicións. A continuación aparecen as dedicatorias á familia pero sobre todo aos veciños que, dalgunha ou doutra forma, contribuíron á creación desta obra. Os poemas divídense nos seguintes apartados e cada un focaliza a súa atención nun eixo temático. En primeiro lugar “O Pequeno mundo de Bertau”, onde se nos presenta o pequeno mundo de bertau, onde o tempo pasa a modo e en calma. Continúa co “Proemio”, onde se explica que a xénese do universo trae consigo a xénese de todos os pobos e o pequeno mundo de bertau non ía ser menos, creado pola filla da noite e da alba, rataia. E co mundo de Bertaus vaise compoñendo a súa historia. Rataia tamén trouxo a música e a arte de facela. Finalmente “O noso Pequeno Mundo de Bertau”. Cabe mencionar o feito de que todos os poemas están enfiados para tratar de contar unha historia, un só poema dividido en moitas partes, pero onde todo empeza e acaba en Bertaus. Como colofón a esta obra aparece un Glosario e un apartado de Fontes. No Glosario recóllense as definicións de todos aqueles elementos, sobre todo do léxico mariñeiro, que hai que explicar para que calquera lector ou lectora poida acceder ao poemario e entender todo ao que alí se alude. En canto ás Fontes fai unha división entre as que considera vivas e inmediatas, nomeadamente as persoas, os veciños de Bertaus, e entre as que proveñen das imaxes.

Referencias varias:

- Montse García, “Los museos traspasan sus salas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día internacional de las entidades museísticas”, 15 maio 2018, p. L10.

Recóllese a oferta de diferentes museos da cidade durante a semana, salientando roteiros, visitas guiadas ou a presentación do libro de Dorothé Schubarth no Museo do Pobo.

Vázquez Vidal, Vicente, *Os afluentes*, trad. Véronique Voyer, Teo: Tulipa Editora, col. 10x15, n.º 2, marzo 2018, 30 pp. (ISBN: 978-84-94-9477-2-8).

Poemario bilingüe en francés e galego de Vicente Vázquez Vidal traducidos por Véronique Voyer. Encomeza cunha cita de Nan Sheperd en “The Living Mountain” seguido por un prólogo da man de Claudia González Caparrós intitulado “Unhas palabras antes de entrar no río”. Na contraportada da lapela, ofrécese unha breve biografía do autor. Once breves poemas conforman este libro, nos que o río funciona como fío condutor e se representa como símbolo de vontades, de desexo, contraposto á figura da pedra que funciona como símbolo de rixidez e solidez. Un río que non chega a desembocar xa que, tal como indica Claudia González Caparrós no prólogo,: “o río é río porque é afluente”.

Referencias varias:

- ECG, “Presentan el poemario ‘10x15’ en Chan da Pólvora”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 novembro 2018, p. 26.

Anuncia a presentación da colección “10x15 Cadernos de Poesía Bilingüe”, na que

participan como poetas Juan Bello Sánchez, Vicente Vázquez Vidal e Man Li e Isabel Patiño como directora editorial.

- Brais Fdez., “Tulipa presenta o primeiro poemario en galego de Luís García Montero en Culturgal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 novembro 2018, p. 25.

Dá conta da publicación do poemario *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero e, ademais, sinala como próximos actos culturais as presentacións de *Casa*, de Juan Bello, *Os afluentes*, de Vicente Vázquez, *En espera*, de Man Li, e *Este é o agasallo que lle dou ao meu corpo*, de Robin Myers.

Vyāsa, *Bhagav Gita*, trad. e introd. Iván Sende, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 23, novembro 2018, 132 pp. (ISBN: 978-84-17388-10-2).

O texto en sánscrito Bhagavad Gītā (A cantiga do señor) forma parte do sexto libro da Mahābhārata, unha das partes máis destacadas da epopea sagrada hindú, e está considerado un dos clásicos relixiosos máis importantes do mundo. Como se explica na introdución de Iván Sende que abre o volume, trátase dun poema filosófico cuxa autoría foi tradicionalmente atribuída a Vyāsa, «o recompilador» ou «o editor» e, malia non existir acordo ao respecto, a maioría dos estudos estiman que se redactou ao redor dos séculos V e II a. C. Bhagavad Gītā componse de 18 capítulos e 700 versículos numerados que recollen a conversa no campo de batalla entre Kṛṣṇa —para os hindús a sétima encarnacións do deus Vishnú— e o seu curmán e amigo Arjuna nos instantes previos ao inicio da guerra de Kuruksetra. Kṛṣṇa responde á confusión e o doloroso dilema moral de Arjuna, do clan dos Pandavas, que debe enfrontarse á unha loita a morte cos seus familiares do clan Kaurava por un conflito dinástico, e reflicte como non é quen de decidirse a cumprir coa súa obriga até o punto de ser ver superado pola dúbida e a depresión. Kṛṣṇa explícalle os seus deberes como guerreiro e príncipe a través de exemplos e analoxías que resumen as doutrinas hindús arredor de como vivir e actuar no mundo; instrúeo sobre o desapego, a imperturbabilidade, a inmortalidade da alma, a irrealidade dos obxectos e o ilusorio da realidade tanxíbel, e ínstaos a que cumpra co seu deber e emprenda a loita, pois o seu papel é crucial. Tras se coñecer en Occidente, foi traducido a infinidade de linguas, tanto asiáticas coma europeas (a primeira versión inglesa remóntase a 1785), e gozou de gran popularidade a finais do século XIX. Foi o libro de cabeceira de Mahatma Gandhi, e recibiu gabanzas de, entre outros, Humboldt, Tolstoi, Aldous Huxley, Henry David Thoreau, J. Robert Oppenheimer ou Carl Jung.

II. 4. ANTOLOXÍAS

Araguas, Vicente (ed.), *La lluvia en el mar. Una antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid: Sial-Pigmalión, col. novembro 2018, 588 pp. (ISBN: 978-84-173973-0-2).

La lluvia en el mar. Una antología de la poesía gallega contemporánea é unha antoloxía de poesía editada por Vicente Araguas. Trátase dunha versión bilingüe en galego e castelán que contén, en primeiro lugar, un índice, onde se recollen os títulos dos poemas acompañados do nome do seu autor. A continuación aparece un prólogo do editor, titulado “La lluvia en el mar”, onde explica que esta é unha antoloxía moi persoal, é que o criterio de selección é persoal e propio, non responde a uns parámetros concretos. a xénese da antoloxía así como outros datos e anécdotas curiosas respecto ao proceso de creación desta obra. Despois podemos atopar un apartado de nómina dos autores antologados acompañada de pequenos datos biográficos e bibliográficos de cada un. Tamén explica que tratou de establecer tres xeracións de poetas, condicionadas pola data de nacemento, e polo tanto das vivencias e o contexto social, das diferentes autoras seleccionadas. A do 68, a do 75 e a do 2000. Matizando que é consciente de que cada escritor é único e ten o seu propio estilo e que tratar de agrupalos nunha xeración ou escola é unha acción moi arbitraria e sen sentido. E a continuación xa aparecen os poemas, e xunto a cada poema o seu autor. Cada autor vai acompañado dunha “autopoética”, na que reflexionan sobre a súa propia escrita e a súa propia forma de facer poesía. A nómina de autores é a seguinte: Luz Pozo Garza (poesía centrada en Vigo e na súa bisbarra (as Cíes, Vigo no sagrado), elementos típicos de Galicia como a chuvia, e grandes nomes da poesía como Luis Cernuda (a quen lle adica un extenso poema); o amor); Xosé Luís Franco Grande (reflexión moi incisiva arredor do eu (poético ou persoal); alusión á tradición (os muíños); adicatoria a Ernesto Guerra da Cal e Ramón Piñeiro, entre outros; o amor e o amor físico); Manuel Vilanova (a morte; centrada en Vigo ou Cangas (cabo Home e a ría); referencias culturalistas universais; o amor; mitoloxía galega, o lobishome); Antonio Domínguez Rey: Luz Pichel (a tradición, máis ben o valor desa tradición, sobre todo rural); Xosé María Álvarez Cáccamo; Cesáreo Sánchez; Xulio López Valcárcel; Chus Pato (metaliterario, reflexionar sobre o propio proceso de escrita, sobre todo de poesía); Manuel Pereira Valcárcel (o paso do tempo, a ausencia e a distancia, e a morte); Alfonso Armada; Manuel Forcadela; Miguel Anxo Fernán Vello; Medos Romero (a dualidade entre a tenrura e a dureza); Román Raña; Fátima Rodríguez (versos incisivos); Eva Veiga; Fran Alonso; Branca Vilela; Miro Villar; Estíbaliz Espinosa; Rafael Yáñez; María Lado; Dores Tembrás; Diana Varela Puñal; e Antía Otero.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Chove no mar (ás veces)”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.046/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.046, “máis Libros”, 29 xullo 2018, p. 32.

Informa da publicación de *La lluvia en el mar. Una antología de poesía gallega contemporánea*, antoloxía que recolle poemas de poetas como Luz Pozo Garza, Medos Romero, Diana Varela Puñal, Chus Pato e Miguel Anxo Fernán Vello.

- Vicente Araguas, “Chove no mar”, *La Región*, “*La revista*”, “*Con texto*”, 27 xullo 2018, p. 14.

Fala arredor da antoloxía *La lluvia en el mar*. Una antología de poesía gallega contemporánea, realizada polo autor do artigo, Vicente Araguas, e na cal aparecen poetas como Álvarez Cáccamo, Chus Pato, María Lado, Dores Tembrás, Diana Varela Puñal e Antía Otero.

- Román Raña, “Emocións, desencontros, epifanías”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 690, “Libros”, 22 novembro 2018, p. VI.

Dá conta da edición realizada por Vicente Araguas, destaca o carácter didáctico e divulgatorio que contén a obra á vez que destaca o potencial interese que poderá suscitar fóra de Galicia. Na recensión dá conta do período cronolóxico que abrangue a antoloxía, que contempla poetas dende Luz Pozo Garza, nada en 1922, e Antía Otero, de 1982.

Fernández Naval, Fernando, *Nova York: ceo e mazá. Nueva York: cielo y manzana. New York: sky and apple*, pról. Eva Veiga, Nova York: Artepoetica Press, 2018, 86 pp. (ISBN: 978-1-940075-45-7).

Neste volume de Francisco Xosé Fernández Naval (Ourense, 1956) recóllense unha serie de poemas de autores diversos nos a que a cidade de Nova York é o punto de referencia. A través dunha escolma de textos de autores na súa maioría estranxeiros tratase de perfilar, en chave poética, a gran metrópole neiorquina. Desta forma, o coordinador escolle, por unha banda, a autores como Whitman, Mark Strand ou Adonis, cuxas obras resultan dunha relevancia absoluta, en tanto que se consideran as emblemáticas dentro da poetización da cidade de Nova York. Do mesmo xeito inclúe nomes especialmente significativos do sistema literario galego, entre eles Castelao, Seoane ou Celso Emilio, e tamén grandes poetas da cultura española como García Lorca. A través desta diversidade de voces prodúcese un diálogo intertextual, xa que aínda que a maior parte dos autores son estranxeiros teñen algún tipo de conexión coa cidade, en tanto que vivir a experiencia da propia urbe tivo unha influencia notable na súa obra escrita. Este punto de inflexión maniféstase nun conxunto de poemas que, pese ás diferenzas, comparten certos matices na ética e na estética.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Nas fauces do monstruo”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 116, 28 xaneiro 2018, p. 4.

Resalta o poemario *Nova York: ceo e mazá* de Chisco Fernández Naval, cuxa temática pivota en torno á cidade de Nova York e ás súas eivas como o racismo, o capitalismo, a relación co xudaísmo e a pobreza nas rúas.

Leira Castiñeira, Francisco e **Requeixo**, Armando (eds.), *Samuel Eiján. Poesía reunida*, Provincia Franciscana de Santiago, Xunta de Galicia, Real Academia Galega, outubro 2018, 512 pp. (ISBN: 978-84-944984-5-9). ♦

Edición a cargo de Francisco Leira Castiñeira e Armando Requeixo que se centra na figura de Samuel Eiján, persoeiro que marca un fito no eido da poesía relixiosa galega de

comezos do século XX. Despois das presentacións institucionais, a cargo de José Antonio Castiñeira Chouza, Ministro da Provincia Franciscana de Santiago, de Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística, e de Víctor Freixanes, Presidente da Real Academia Galega, ábrese este amplo traballo cun par de estudos introdutorios, “Redescubriendo a Fraysel. Contexto sociopolítico e pensamento dun expoñente da poesía relixiosa galega do primeiro terzo do s. XX” e “A teopoética de Samuel Eiján: da Terra ao Ceo”, a cargo, respectivamente, de Francisco Leira Castiñeira e Armando Requeixo, nos que se afonda polo miúdo na biografía e bibliografía deste autor. A “Nota de edición” dá paso á recompilación de todos os poemarios de Eiján publicados en galego: *Mágoas*, na súa edición de 1902 e 1913; *D’a-y-alma*, publicado en 1915; e *Frolñas de San Francisco*, dado á luz en 1926. A estes poemarios súmanse os versos galegos de *Aleteos*, tamén de 1926.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Da Terra ao Ceo. Lembrando a Samuel Eiján”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 693, “Literatura galega”, 13 decembro 2018, p. VII.

Referencias varias:

- ECG, “Unha xornada recuperará o mércores a poesía relixiosa galega de Samuel Eiján”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 decembro 2018, p. 35.

Informa da celebración dunha xornada no convento de San Francisco en Santiago de Compostela en homenaxe ao poeta franciscano Samuel Eiján a través de distintos actos da man de Francisco Leira e Armando Requeixo en colaboración coa Real Academia Galega, o Museo do pobo Galego e do Consello da cultura Galego co apoio da Xunta de Galicia.

Rodríguez, Luciano (ed.), *Auga de varios ríos*, A Coruña: Medulia, maio 2018, 111 pp. (ISBN: 978-84-94810237).

Antoloxía editada por Luciano Rodríguez onde se recollen poemas doutros sistemas literarios, polo tanto ademais de poesía traducida é tamén poesía reunida. Podemos definila logo como unha antoloxía internacional, de feito xunto á tradución ao galego aparece a versión orixinal. Este libro contén, en primeiro lugar un Índice e a continuación unha Dedicatoria a todas as alumnas ás que o editor lle deu clase, nomeando os centros onde as deu. A continuación aparece o “Introito”, en sete puntos trata de establecer o prólogo desta antoloxía, onde explica que escolleu 38 poemas en representación de cada ano que adicou á ensinanza, e que esa selección responde a materiais que foran escollidos, nalgún momento, para traballar en clase. Tamén di que todos os poemas, menos o de Safo, son da era moderna, do século XX ou de comezos do XXI e que a orde na que aparecen responde a un criterio tan banal, e ao mesmo tempo tan pouco conflictivo, como é a data de nacemento das autoras, comezando pola máis vella até a máis nova. Trata de dar tamén algúns datos técnicos arredor do proceso de creación, como as axudas que tivo, a análise cuantitativa das linguas orixes, as bases teóricas nas que se baseou (“Os traballos do barqueiro” da súa propia autoría). A lista de poemas e a nómina de autores aparecen no propio índice, e son os seguintes: “Oda a Afrodita”, Safo de Lesbos; “Canto poidas”, C. P. Cavafis; “Coa miña sombra”, Hilde Domin; “Outono”, Joan Vinyoli; “Vida”, José

Hierro; “(Que perdure este mundo!)”, Ives Bonnefoy; “(Alá, as tendas azuis das montañas)”, Philippe Jaccottet; “Innumerábeis gotas”, Charles Tomlinson; “Non me deixes”, Jacques Brel; “Non volverei ser mozo”, Jaime Gil de Biedma; “Aprendizaxe”, María Ángels Anglada; “Epitafio para unha rapaza”, María Victoria Atencia; “O home”, Óscar Hahn; “A cadeira de rodas de José Emilio Pacheco”, Joan Margarit; “Imaxina”, John Lennon; “Atravesando a pé o Atlántico”, Billy Collins; “Palabras de amor”, Joan Manuel Serrat; “Todo é caduco”, Jordi Gabarró; “(Pecho os ollos en aparente repouso)”, Antoni Marí; “Noite clara”, Francesc Parcerisas; “Nenias”, José Cerezo- Calixto Sánchez; “Elexía de Ausonio a Dinamio de Burdeus”, Pere Rovira; “Non atoparás o mar”, María del Mar Bonet; “Cando te vaias”, Jaume Pont; “Itaca”, Teresa Ortiz; “Abril 74”, Lluís Llach; “Poñamos que falo de Madrid”, Joaquín Sabina; “Abre todas as portas”, Luis Alberto de Cuenca; “(Corpo meu: que me dis?)”, María-Merçè Marçal; “A gaivota”, Marina Rossell- F. Sives; “A Torre de Hércules”, Àlex Susanna; “A patria dos paxaros”, Felipe Juaristi; “(Nesta obra)”, Valerio Magrelli; “A inmortalidade”, Luis García Montero; “O debuxo na auga”, Felipe Benítez Reyes; “Lesbia hoxe”, Aurora Luque; “A linguaxe do abano”, Amalia Bautista; e “Benvido a Orange”, Aisling Doherty. Aínda que son autores algo afastados no tempo e no espazo, creo que hai unha serie de tendencias comúns, non tanto temáticas senón de grandes temas ou reflexións, e que entroncan maioritariamente co existencialismo máis humanista. Así as temáticas principais versan sobre a vida en contraposición a morte; o paso do tempo, ou o lema *tempus fugit*; pero tamén se establecen como un canto á liberdade e ao antibelicismo.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Ríos de poesía”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.053/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.053, “máis Libros”, 16 setembro 2018, p. 30.

Destaca a antoloxía *Auga de varios ríos* da Editorial Medulia na cal Luciano Rodríguez recolle poemas e cancións de diferentes linguas traducidas ao galego.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Luciano Rodríguez. ‘A poesía é unha forma de situarnos fronte a vida e sobrevivir’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 14 setembro 2018, p. 11.

Conversa con Luciano Rodríguez sobre o poemario *Auga de varios ríos*, publicado por Medulia Editorial.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Una antología recoge las voces del primer festival PoemaRia de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 abril 2018, p. 36.

Informa da publicación dunha antoloxía que recolle poemas dos participantes no festival PoemaRia de Vigo. Nesta antoloxía participaron Chus Pato, Míriam Reyes, Elvira Ribeiro, Daniel Salgado, Silvia Penas, Daniel Salgado, Iolanda Zíñiga, Ismael Ramos, Alexia Dotras e Miguel Alonso Diz.

VV. AA., *Poesía eucarística*, ed. Vanesa Ferreiro Blanco, ilustr. Raquel Magán), Lugo: Publicaciones Diócesis de Lugo, col. Fons Vitae, n.º 1, maio 2018, 117 pp. (ISBN: 978-

Poesía eucarística é unha recompilación dos poemas gañadores (1º, 2º e 3º premio), categoría adulta e infanto-xuvenil, dos certames de poesía eucarística celebrados en Lugo nos anos 2015, 2016 e 2017. Cabe destacar que a maior parte dos poemas están en español, porén 4 deles están en lingua galega. En primeiro lugar contén unha presentación a cargo de José Antonio Ferreiro Varela onde explica o nacemento do libro, no seo dos Certames Literarios de Poesía Eucarística organizados polo Centro Eucarístico Lucense en relación á celebración da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento. Tamén se dá algunha información relativa á situación da poesía relixiosa-cristiá no actual contexto español, determinando que non se trata só dunha falta de produción senón dunha falta de interese por parte da crítica de sacar á luz e darlle pulo á literatura deste estilo. Por outra parte criticase a falta de interese polo espiritual-relixioso nas sociedades materialistas actuais, tachando ao momento actual como “crise espiritual”. Neste contexto sitúa á poesía eucarística como posible solución ou, cando menos, unha vía de recuperación. Tamén reflexiona e achega información sobre o propio sacramento da eucaristía, a quen van destinadas as composicións. Finalmente os agradecementos a todos os participantes e aos colaboradores e editores do libro. A continuación aparecen os poemas, que se clasifican nos apartados: I Certame Literario de Poesía Eucarística (Lugo, Corpus, 2015), II Certame Literario de Poesía Eucarística (Lugo, Corpus, 2016) e III Certame Literario de Poesía Eucarística (Lugo, Corpus, 2017). Estes apartados á súa vez divídense en categoría adulta e categoría infantil e xuvenil, e dentro destas en primeiro, segundo e terceiro premio. Os poemas en lingua galega son os menos e son os que seguen a continuación. En primeiro lugar “Quixera estar”, de Emilio Mouriño Rodríguez que obtivo o 3º Premio na categoría infantil-xuvenil no ano 2015. Nesta composición pónense de manifesto os sacrificios feitos por Xesucristo en favor da humanidade, as penitencias e morrer crucificado, e por iso mesmo o autor afirma entregarse a el en corpo e alma, como o señor así o fixo, e promete serlle fiel e estar á súa altura. Tamén fai fincapé na fusión con Cristo, na comunión da carne e o sangue, a través da eucaristía. O seguinte poema en lingua galega é “Comuñón”, de Rebeca Roca Cruz, gañador do 2º Premio categoría na infantil do ano 2016. Neste poema Xesús Cristo ensínanos o que é a Comuñón no seu quefacer, nos seus sacrificios e milagres, porque Xesús Cristo ensina a amar, e o amor é perdón, sacrificio, entrega e consolo. A continuación aparece o poema “Quenda de adoración na Catedral de Lugo”, de Daniel Gil González, gañador do 1º Premio na categoría de adultos no ano 2017. Eríxese como unha louvanza de Cristo así como unha exaltación da súa figura e unha defensa da necesidade de resarcir a palabra de Deus. Finalmente atopamos “Camiños cheos de flores”, de Patricia López Fernández, que gañou o 1º Premio na categoría infantil do ano 2017. Fala da Eucaristía como o Santísimo Sacramento, o máis importante, o que nos permite a comunión con Deus e Cristo a través do Corpus Christi. Todos os poemas, desde as súas particularidades, comparten a adoración, a gratitude, a proximidade e a contemplación de Deus e Xesucristo.

VV. AA., *Sinergia. Una antología literaria a dieciocho manos*, Vigo: Asociación artístico-cultural Escritores de Vigo: haberlos, haylos, xuño 2018, 191 pp. (ISBN: 978-84-09-02906-8).

Sinergia. Una antología literaria a dieciocho manos é un híbrido literario entre poesía e narrativa, posto que contén poemas e relatos case a partes iguais. O autor ou autora escolle

a lingua de expresión, polo que atopamos tanto pezas en galego como en castelán. E tal e como se intúe do título está feito por 18 autores vigueses pertencentes a Asociación artístico-cultural Escritores de Vigo: haberlos, haylos. Contén, en primeiro lugar, un limiar, na súa versión en galego e en castelán, asinado pola presidenta da Asociación, Ana Gheresi Fenor. No limiar recóllense os temas que atravesan as composicións: o amor e o desamor, o existencialismo, a saudade, o tempus fugit, distintos sentimentos, etc. Pero tamén os obxectivos da antoloxía e da Asociación, que non son outros que promover a escrita na comarca de Vigo, nas dúas linguas e independentemente da condición de quen escribe. Tamén se erixe como unha oportunidade para dar voz a incipientes escritores. As composicións, narracións ou poemas, divídense en dous apartados. Por unha banda están os relatos e poemas gañadores e finalistas do I Certamen de microrrelato y poesía “Los pecados capitales en Navidad”, e pola outra Relatos e poemas (non sabemos se inéditos) dos escritores e escritoras da Asociación. Con cada poema ou relato acompaña unha pequena entrada autobiográfica acompañada dunha fotografía do autor ou autora. A maior parte das composicións están en castelán, tanto na prosa coma no verso, aínda así rescatamos os seguintes dous poemas en galego. En primeiro lugar “A mirada”, de Paula Vázquez Gil, mirada perdida podería ser un título moito máis preciso para este poema, xa que reflexiona sobre o paso do tempo e a perda da xuventude, en definitiva a perda desa mirada optimista e case inocente dos felices anos da mocidade. O existencialismo é o tema fundamental. En segundo lugar, “AUGA”, de María Villar Portas, trata a auga como sinónimo de curación pero tamén de alegría, a auga que todo o leva e todo o trae. Tamén a auga do mar, a máis enorme. Traducido pola propia autora para esta antoloxía.

Referencias varias:

- A. R., “Sinergia’, una antología literaria a 18 manos”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 10 xullo 2018, p. 7.

Dá conta do recital de microrrelato e poesía organizado por Orisel Gaspar, no que tamén se firmaron exemplares da obra en cuestión. Os dezaioito autores que participaron na publicación colectiva son os seguintes: Alicia Savaxe (relato), Bárbara Zungri (relato), Ana Gheresi Fenor (relato), Mauro Bordallo (poesía), Orisel Gaspar (poesía), Iván Carpintero (relato), Abner Tomás Viera (poesía), Ana Alonso (poesía), María Villar (poesía), Patry Fortes (relato), Paula Vazquez (poesía), Esther González (poesía), Eduardo Campos (relato), María Jesús González (relato), Yesica Prol (relato), Susana Pons (relato), Liliana Nogueira (poesía), Alejandro Vaggetti (relato).

- Ceferino de Blas, “Son capaces de recuperar la poesía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 16 xullo 2018, p. 13.

Informa do progresivo equilibrio no número de poetas homes e poetas mulleres na cidade de Vigo grazas a acción de colectivos como Haberloshaylos e ás poetas de PoemaRía.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Ayán Díaz, Manuel, *A Lola*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 355, 2018, 90 pp. (ISBN: 978-84-8487-392-1).

Obra dramática de Manuel Ayán Díaz (Fornelas, Pobra do Broyón, 1946). Trátase dunha peza de crítica social e memoria histórica que encarna, a través da figura da protagonista, chamada Lola, a represión que sufriron os mestres e, sobre todo, as mulleres a conta do conflito da Guerra Civil española e as súas consecuencias durante a ditadura franquista posterior. A obra presenta a historia de dous mozos, David e Teresa, que, nos anos sesenta da posguerra, teñen a intención de casar aínda que os seus pais pertenceron, por parte del, ao bando republicano e, por parte dela, ao bando franquista. Tras a negativa dos pais da moza e da nai do mozo, Lola, a acción trasládase ao pasado correspondente ao remate da segunda república e ao posterior estoupido do golpe militar. Deste xeito, amósanse os abusos, as vexacións e as chantaxes que sufriu Lola por parte dos pais de Teresa tras ser fusilado o seu home. As consecuencias deses actos repercutirán irremediabilmente no futuro da parella de mozos. A peza teatral vai precedida dun estudio introdutorio a cargo de Montse Fajardo dividido en dúas partes “Palabras para Lola” e “As Lolas que quedarán” onde explica diversos feitos históricos que subxacen á temática desenvolvida. A continuación, o libro inclúe unha “Sinopse” que supón un resumo da trama teatral presentada. A peza divídese en 21 actos e remata cun estudo titulado “A luz da razón fronte ao dogma” de Xosé Álvarez Castro, sobre as imposicións e os métodos da represión franquista no sistema educativo.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Manuel Ayán: ‘En Galicia houbo moitas letras escarlatas’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 14 marzo 2018, p. 58.

Dá conta da publicación da obra *A Lola* pola editorial Laiovento, escrita por Manuel Ayán, profesor que forma parte do grupo teatral Avelaíña. A obra segue a historia nos tempos da ditadura, na que un home de familia republicana emparéllase cunha muller franquista, seguindo de preto o caso das mulleres represaliadas na guerra.

- Belén López, “Longa vida para a Lola”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 marzo 2018, p. 13.

Informa da representación en varios institutos galegos da obra de Manuel Ayán *A Lola*, unha obra baseada na novela de Montse Fajardo *Un cesto de mazás*, que trata de botar luz sobre as mulleres represaliadas durante a Guerra Civil.

Chévere, *Eroski Paraíso*, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-8464-373-9).

Obra de teatro creada polo grupo Chévere interpretada polos actores Miguel de Lira,

Patricia de Lorenzo, Fidel Vázquez, Luis Martínez/Ricardo Lacámara; e dirixida por Manuel Cortés, Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo e Xron. A obra retrata a vontade de Álex de facer unha película sobre como se coñeceron os seus pais na sala de festas "O Paraíso" (Muros), convertida nun supermercado "Eroski", e acaba sendo unha reflexión sobre a memoria e o paso do tempo. O volume tamén inclúe un anexo con fotografías tiradas por Matteo Bertolino na estrea en Muros e en Madrid en 2016.

Recensións:

- Mario Regueira, "O futuro era isto", *Sermos Galiza*, n.º 288, "fóradeserie", "ao pé da letra", 15 marzo 2018, p. 6.

Analiza o último traballo do grupo Chévere, editado por Kalandraka, *Eroski paraíso*, que completa a colección iniciada por *Río Bravo* e *Annus Horribilis*.

Referencias varias:

- Gracia Novás, "O selo Kalandraka cumpre vinte anos de labor cunha aposta firme polo teatro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 abril 2018, p. 25.

Celebra a colaboración editorial entre a editorial Kalakandra e a compañía teatral Chévere, que no ano 2017 cumpriu 30 anos de actividade. Entre os últimos títulos sinala producións *coma Río Btavo*, *Annus Horribilis* e *Eroski Paraíso*. Esta última é a máis recente produción do grupo, que recrea a vida dunha discoteca de Muros, pero que pretende trascender e ser representante de toda unha época.

Docampo, Gustavo, *Polos camiños do tempo: percorrido teatral pola historia do Barco e Vitoria*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Teatro, n.º 4, 2018, 69 pp. (ISBN: 9788494826689).

Texto dramático de Gustavo Docampo no que nos conta a historia real, mais acompañada de certos trazos de imaxinación, do Barco e Viloira ao longo de seis escenas. Ao inicio atopamos unha serie de notas prologais de Margarita Pizcueta Barreiro Concelleira de Cultura e Educación, de José Luísa García Alejandro ("Alex"), o director de escena, e de Manuel Caramés Varela, actor de Gargallada Teatro. Na primeira nota a concelleira fai unha breve introdución da peza e do motivo da súa existencia ("personaxes e episodios que marcaron a nosa historia"); na segunda o director da peza agradece ao escritor por ter creado esta obra e anuncia que compañía se fixo cargo da posta en escena, así como dos músicos que a acompañaron, neste caso Gargallada Teatro e os grupos Trintas e Follas Novas; finalmente, o actor Manuel Caramés agradece ao público a súa participación, por viva e activa, ao mesmo tempo que celebra a boa acollida do espectáculo entre o mesmo, tamén fai un repaso polas historias e os personaxes que as viven e para rematar fala da complexidade do proxecto mais tamén do pracer de levalo a cabo. A continuación, aparece un apartado de "Nómina de personaxes", na que se nos achega información relativa aos 16 personaxes que compoñen a peza, listaxes por orde de aparición e dos que achega datos relativos ao seu lugar e data de nacemento, profesión, adscrición ideolóxica, personalidade, descrición física, méritos e recoñecementos, posición social, etc. Trátase dunha peza teatral, encadrada dentro do teatro histórico ou de memoria, destinada a representarse na rúa, xa que tanto o espazo teatral como o espectacular son un, e así foi

pensado e escrito o texto: ambientado nas rúas para representarse nas rúas. Desta forma prodúcese unha interacción co público ou, cando menos, apelación directa para guialos. A nivel formal destacamos o uso de saltos espaciais, mais sobre todo temporais, de forma que a historia narrada se desenvolve ao longo de tres séculos: XIX, XX e XXI. Podemos falar polo tanto dun cronotopo vivo, anunciado xa desde o propio título, no que se vai construíndo a historia ao mesmo tempo que se vai percorrendo o espazo, é dicir, vaíse facendo o camiño a través do tempo. Ademais, cabe mencionar a presenza da música tradicional como elemento da escena ou como elemento de transición entre escenas. Finalmente, destaca o apartado final do libro que contén a “Ficha Técnica”, xa que non debemos esquecer, especialmente neste texto que nace cunha clara vontade de ser posto en escena, que os textos teatrais teñen unha dupla vertente (a textual e a espectacular) e aínda que asistimos a unha lectura amena e fácil o texto carece de sentido sen a dimensión espectacular.

Oti, Francisco, *Archivos de realidade*, Cangas do Morrazo: Erregueté Editorial, col. Narrativa, n.º 94, primavera 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-9121-380-2).

Obra Francisco Oti (Cabanas, 1954) que está dividida en 22 escenas independentes nas que a través dunha conversa se vai revivindo os feitos vividos nunha aldea galega en 1936 na que fusilaron aos simpatizantes do alcalde comunista. Unha das mulleres que sobreviviu a este ataque foi internada nun psiquiátrico, o que lle permitirá coñecer ao seu fillo, do que foi separada. Anos despois conectamos coa seguinte xeración, a neta desta muller, que reivindica xustiza para os seus avós así como investigar outros crimes do franquismo que ficaron silenciados.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Cegados pola néboa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.062/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.062, “máis Libros”, 11 novembro 2018, p. 30.

Califica esta obra de teatro de “gran calidade”. Ademais de apuntar que a obra está dividida en vinte e dúas escenas con saltos temporais continuos e de facer unha breve sinopse da temática, engade que a obra ofrece un cuestionamento do real e, sobre todo, da manipulación da Historia froito dos intereses de quen ocupan as posicións de poder.

VV. AA., *Dramaturxia galega actual. Dramaturxia das mulleres, A enterradora (blogue), Tras Tannhäuser, Loló e Mamá*, ilustr. Noelia Blanco, imaxe capa Axel Oswih e Amanda Kusai, limiar Javier Lojo, corrección lingüística Estrela Seivane e Sandra Martín, Vigo: Edicións Á feira, 2018, 217 pp. (ISBN: 978-84-09-00858-2).

Volume dramático da autoría colectiva de Inherente Teatro, Miguel Sande, Ernesto Is e Esther F. Carrodegas. Ábrese cun “Limiar” (pp. 7-8) de Javier Lojo, coordinador así mesmo da edición, que principia resaltando o “florecedo do teatro e da dramaturxia en Galicia” nos últimos anos “grazas á consolidación do traballo iniciado ha corenta anos polas xentes das artes escénicas na nosa comunidade” se ben incide na “falta de representación escénica” e de “publicación e difusión” das pezas das novas xeracións de dramaturgos. Aclara que a edición deste volume se suma “á loita dos novos creadores e

creadoras para implantar novas linguaxes máis achegadas á ruptura das estruturas aristotélicas e achegalas ao público”. Remata apuntando que as pezas recompiladas neste volumen “reollen temáticas de sempre e de agora pero contadas dende perspectivas actuais e orixinais”, refire que se caracterizan pola “honestidade” e por “outorgar un papel central ás personaxes femininas” e agradece aos responsábeis da edición e ás persoas que “abriron os vieiros polos que continuar mimando as artes escénicas”. A seguir reproducense as catro pezas dramáticas. “Dramaturxia das mulleres”, de Inherente Teatro (pp. [11]-37), é unha peza a modo de antoloxía textual e visual, composta por cadros onde se usa a palabra e moitos deles son escenas coreográficas, amosadas mediante bosquexos punto de partida de acción escénicas ou danzas. A variedade idiomática caracteriza os textos dos que desataca o tratamento do teito de cristal; o deserto de Uyuni, os complexos; etimoloxías de zorra, lagarta, loba, porca e gata; e as críticas a partir de reggaentico, da canción “me gustan las mujeres me gusta el vino” e o ouveo final. “A enterradora (blogue)”, de Miguel Sande (pp. [39]-131) é unha peza precedida dunha “Nota do autor” sobre a escenificación da mesma e dunha cita de Lemmy Kilmister, de Motörhead. O blogue estrutúrase en corenta e unha “gravación de noite no cemiterio. Son” escritas en letras cursivas e con oracións destacadas en negriña nas que se destaca o erotismo que esperta na protagonista o cemiterio. “Tras Tannhäuser”, de Ernesto Is (pp. [133]-157), principia cunha indicación da estrea o 3 de febreiro de 2017 en Vigo baixo a dirección de César No e das actrices que interviran nesa posta en escena por mor de seleccionala o INJUVE no seu Programa de Creación Joven de 2016, e cunha cita de Roy Batty (Rutger Hauer) en *Blade Runner*. A peza ábrese con “Brindee marca un percorrido por variadas historias que se pechan coa que lle dá título. E “Loló e Mamá”, de Esther F. Carrodegas (pp. [159]-214), é unha peza que aborda a procura do lugar dun eu ao lado dun ti por medio dun fluído diálogo entre os dous protagonistas. Péchase cunha “Nota da autora” (pp. 213-214) na que explica a orixe da peza, refire os aspectos abordados nela e agradece a peza a varias persoas.

Recensións:

- Afonso Becerra de Becerreá, “Celebrar a dramaturxia a flor de (pa)pel”, *Tempos Novos*, n.º 254, “protexa”, xullo 2018, p. 83.

Fai referencia ao xurdimento da editorial especializada en teatro, Á Feira Edicións, e sinala o seu vínculo coa compañía Feira do Leste. Di que a obra consta de catro pezas teatrais nas que todas as personaxes son mulleres. Alude ao nacemento do I Certame de Nova Dramaturxia Galega Actual a conta da obra e a que foi gañadora do mesmo a peza *A enterradora (Blogue)* de Miguel Sande. Salienta o carácter innovador das pezas dramáticas e achégase o seu argumento e subliña a heteroxeneidade de *Dramaturxia das Mulheres* debido á mestura de textos e outros materiais feitos polos membros da compañía Inherente Teatro. Explica que xurdiu nas clases de dramaturxia da ESAD e alúdese ao seu pouso feminista. Resalta que *A enterradora (blogue)* de Manuel Sande combina as imaxes dun blogue coas verbas da protagonista, que *Tras Tannhäuser* de Ernesto Is mestura escritos e fotografía formando un conxunto de carácter poético e que *Loló e Mamá* de Esther F. Carrodegas constitúe unha comedia costumista construída sobre os diálogos dunha nai e dunha filla cunha estrutura baseada na repetición.

Referencias varias:

- M. S., “Dramaturxia galega actual”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xuño 2018, p. 38.

Informa da publicación de *Dramaturxia galega actual* por Edicións Á Feira no que inclúe os traballos teatrais de Esther Carrodegua, *Loló e mamá*; Miguel Sande, *A enterradora (blogue)*; Ernesto Is, *Tras Tannhäuser* e Inherente Teatro, *Dramaturxia das mulleres*.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Díaz Pardo, Isaac, *Midas. O ángulo de pedra*, A Coruña: Deputación de A Coruña, col. Mestre Mateo, 2017, 86 pp. (ISBN: 978-84-9812-319-7). Edición facsimilar ■

O libro constitúe unha edición facsimilar, responsabilidade de Lino Braxe, de dúas pezas dramáticas de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920-A Coruña, 2012). A obra conta cun texto inicial, a cargo do presidenta da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, no que se salienta o vínculo de Díaz Pardo e da súa produción artística con esta institución. Infórmase que a obra presentada constitúe unha reedición das pezas dramáticas *Midas* e *O ángulo de pedra* publicadas por vez primeira en 1957 en Arxentina. Destácase que constitúe a primeira edición destas obras en Galicia. A continuación, inclúese o texto “60 anos despois” de Lino Braxe sobre a traxectoria editorial, as características literarias das pezas en relación coa historia do teatro galego e a súa difusión. Ambas as dúas obras encádranse na liña existencialista do teatro galego dos anos 50 marcada pola angustia. Tamén desenvolven o conflito social dunha minoría de podentes sobre o pobo pobre, relacionado co contexto histórico da represión da ditadura franquista. Na primeira obra, protagoniza a acción Midas, que tende unha trampa e ameaza de morte ao poeta Sileno para o interrogar sobre o sentido da vida (co obxectivo de obter poder e ledicia) e tamén sobre a súa filla Silva, a muller da que Midas está namorado. Ao se descubrir en perigo, Sileno revela a Midas a futilidade da existencia e esta verdade remata co protagonista. A peza divídese en tres actos e está conformada pola seguinte nómina de personaxes: Sileno, Midas, Silva, Treidor e “Amigos de Midas, discípulos de Sileno, xente indeterminada”. No tocante a *O ángulo de pedra*, o fillo dun mestre instiga aos necesitados a que se enfronten aos ricos que os oprimen. O protagonista é detido polos opresores enriquecidos a conta do pobo, que o executan aducindo falsamente unha orde do rei, despois de ser abandonado polos seus seguidores o abandonan. Anos despois, o mestre faise pasar por taberneiro e aproveita o seu negocio para vingarse a morte do seu fillo envelenando aos responsables da súa morte. A peza divídese en tres actos e está conformada pola seguinte nómina de personaxes: un mestre, a súa muller e o seu fillo Antelo, unha bailarina e “Danzarinas, xendarmes, pobo, rapaces, nenos e nenas”.

Referencias varias:

- Lino Braxe, “Cando John Lennon coñeceu a Valle Inclán falaron de Midas”, *La Opinión*, “Opinión”, 9 abril 2018, p. 12.

Celebra a edición que a Deputación de A Coruña vén de facer das obras de Isaac Díaz Pardo e comenta brevemente cada unha por separado. Ademais, ofrece información sobre como se desenvolverá a presentación da obra na Coruña.

Franco Grande, Xosé Luís, *Vieiro choído*, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Penzol/Fundación Isla Couto, col. Illa Nova, nº 1, 2018, 142 pp. D.L.VG. 248-2018. Edición facsimilar

Peza dramática de Xosé Luís Franco Grande (Tebrá, Tomiño, 1936) publicada por primeira vez en 1957, como número 1 da histórica colección “Illa Nova” da editorial Galaxia. Seis décadas despois, sae do prelo una edición facsimilar e non venal da obra,

en homenaxe ao autor e con motivo da concesión do II Premio Literario Illa Nova de Narrativa de 2018. A peza teatral encádrase no teatro galego característico dos anos 50 e que segue unha liña fundamentalmente existencialista, na que sobresaie o sentimento de angustia. Trátase dunha peza que reflicte a situación traumática que vive a sociedade durante os anos da Ditadura e as súas consecuencias. Dividida en tres tempos e seis cadros, está conformada por unha ampla nómina de personaxes: Adrián, Flavia, Paio, Comba, Orfeo, Mariana, o Cazador, a Cazadora, o Estranxeiro, o Gobernador, o Vixía, o Trovador e “mozas e xente que pode falar ou non”. A peza mestura personaxes verosímiles con personaxes fantásticos (como o mundo das fadas), retomando así o motivo do camiño da vida como fío condutor: “o meu camiño vai dereito como os alcipreses cara ó ceo i eu déixome ir como unha folla polo río”.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “*Vieiro choído*, de retorno”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 677, “Teatro”, 12 xullo 2018, p. VIII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 603, 27 xaneiro 2018, p. 11.

Dá conta da nova edición de *Vieiro choído*, de Xosé Luís Franco Grande, unha obra representativa para a xeración que participará na colección “Illa Nova” da editorial Galaxia.

Referencias varias:

- A. Baena, “Sae do prelo a primeira obra de Franco Grande 61 anos despois”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 abril 2018, p. 10.

Infórmase da presentación por parte de Francisco Castro da edición facsimilar de *Vieiro Choido*, do escritor Franco Grande, grazas á colaboración entre a Fundación Penzol, a Fundación Illa Couto e a editorial Galaxia. A cerimonia presentada por Malores Villanueva contou tamén cunha homenaxe a Xohana Torres e a actuación musical de Banda da Loba.

- Maite Gimeno, “Galaxia alienta con el facsímil de Franco Grande los Illa Nova”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 abril 2018, p. 39.

Informa da publicación dunha edición facsimilar da peza dramática *Vento choído* de Xosé Luís Franco Grande por parte da editorial Galaxia, que será presentada e lida ante os asistentes ao acto de entrega da segunda edición dos premios Illa Nova de creación literaria para menores de trinta e cinco anos.

- A. Baena, “Sae do prelo a primeira obra de Franco Grande 61 anos despois”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 abril 2019, p. 10.

Con motivo da nova edición facsimilar de *Vieiro Choido*, faise fincapé no valor simbólico desta obra na historia cultural da Galiza. Informa de que os asistentes á gala do Premio Illa Nova recibirán como agasallo un exemplar do libro.

Villalta, Luísa, *Sinfonía de escenas. Obra dramática completa*, ed. de Alexandrina

Fernández Otero e Lino Braxe, A Coruña: Editorial Proscritas, 2018, 184 pp. (Depósito Legal: C 785 – 2018).

Sinfonía de escenas. Obra dramática completa, edición auspiciada pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, reúne por vez primeira a obra dramática completa publicada por Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004). O libro inclúe as obras *Concerto para un home só*, *O representante*, *O paseo das esfínxes*, *Os doces anos da guerra* e *As certezas de Ofelia*. Ábrese cun “Preludio” no que se indica que, ademais das cinco obras teatrais de Villalta inclúese unha edición “case facsimilar”, e que pecha o libro, da tradución que a autora fixo do *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini, por considerala “de xusta reedición” ao estar esgotado o número 105 dos “Cadernos da Escola Dramática Galega”, onde o texto foi primeiramente publicado en 1994. Engádesse que se respectan as normas e decisións lingüísticas utilizadas por Luísa Villalta nos seus escritos e que as modificacións introducidas responden unicamente a cuestións de erratas, a regularización de sinais de puntuación e acentos gráficos. A este “Preludio” séguelle un capítulo introdutorio, titulado “Notas arredor dunha *Sinfonía de Escenas*” asinado por Alexandrina Fernández Otero. A modo de estudo, Fernández Otero realiza unha aproximación ás cinco obras aquí recompiladas e organizadas cronoloxicamente por orde de publicación. Comeza con *Concerto para un home só*, publicada en 1989 nos “Cadernos de Escola Dramática Galega”. Fernández Otero comenta que xa o mesmo título da peza alude á música e á soidade. Engádesse que a obra trata dun “home vestido de fraque” portador dun “violino sen cordas” que se ve na obriga de comunicar ao público asistente a suspensión do concerto. Un soliloquio reflexivo que mostra a loita interior do personaxe principal até a intervención final do criado que dá o peche. Villalta coloca así ao público como personaxe e trata temas como a visión romántica do artista, concepto de arte como comunicación universal, as alusións ao mito de Fausto, a importancia da música e a influencia de Bertolt Brecht. Sobre a segunda peza, *O representante*, publicada en 1990 nos “Cadernos da Escola Dramática Galega” no número especial Monólogos I, afirma Fernández Otero que se trata dunha obra enmarcada na época contemporánea, cunha escenografía que sitúa dous ambientes e que xoga co desdoblamento do personaxe, até chegar ao desenlace a través da intervención da recepcionista. A terceira das obras, *O paseo das esfínxes*, defínese como un texto acompañado de música escénica composta por Paulino Pereiro, como teatro poético contemporáneo con drama clásico onde se traballa a ansia de liberdade e a necesidade de coñecemento vivencial do protagonista, con cambios de luz e disposición dos obxectos na escenografía. A cuarta, *Os doces anos da guerra* é unha obra publicada primeiramente pola “Revista Galega do Teatro” no ano 2001. Fernández Otero destaca que esta mestura elementos narrativos, dramáticos e cinematográficos, xogos de iluminación, mudanzas de escenario e unha singular metamorfose dos personaxes. Xa *As certezas de Ofelia*, peza publicada na “Revista de Teatro” e editada por Casa Hamlet en 1999, no seu número Especial Hamlet. Coméntase que nesta obra Villalta rescata a personaxe de Shakespeare tecendo e destecendo as similitudes e diferenzas que motivan as accións de Ofelia e Hamlet mediante un diálogo contínuo coa obra orixinal e onde é principal o tema da vinganza, o conflito. Destácase o tratamento fantástico do comportamento dos protagonistas, a ruptura do límite entre o real e fantástico e a irónica visión da sociedade contemporánea. Conclúe Fernández Otero cun repaso polas características principais das personaxes creadas por Luísa Villalta: personaxes femininos e masculinos inmersas en conflitos artísticos, existenciais ou morais. A este primeiro estudo séguelle “A eterna busca dunha suite inasíbel”, asinado por Lino Braxe. Nesta nova achega débúllanse as influencias literarias, os referentes próximos a nivel teatral, de

Luísa Villalta. Braxe comenta que a autora é coñecedora con profundidade da obra de autores greco-latinos, de Molière, Shakespeare, Goldoni, Gilderode, e tamén de Ionesco, Bertold Brech, Valle-Inclán e Cunqueiro. Afírmase que na súa obra *O paseo das esfinxes* aparece o mundo shakesperiano; as sagas criminosas da novela negra en *As certezas de Ofelia*; o xogo do teatro dentro do teatro na peza *O representante*; e a paixón de Villalta pola música en *Concerto para un home só*. Tamén se dá conta da admiración de Luísa Villalta por autores da dramaturxia galega como Jenaro Marinho del Valle, Álvaro Cunqueiro ou Dieste, Blanco-Amor ou Luís Seoane, xunto con outros máis actuais como o son Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, Fernán Vello, Roberto Vidal Bolaño, Paco Taxes e Imma Antonio. Sobre a escrita villaltiana, Braxe destaca o abondoso emprego de notas a pé de páxina, as descrições lumínicas, escenográficas, musicais e de vestiario. Así mesmo, tamén se dá conta da vertente de Villalta como ensaísta de teatro, da súa tradución do *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini, texto ao cal acompañaba un breve estudo preliminar da autora, así como do ensaio *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro, xa que ambas completan o perfil do universo teatral da dramaturga.

Referencias varias:

- Lino Braxe, “Sinfonía de escenas”, *La Opinión*, “Opinión”, 14 maio 2018, p. 11.

Fai un pequeno percorrido e análise da obra teatral de Luísa Villalta con motivo da presentación de *Obra Dramática Completa. Sinfonía de escenas* na Agrupación Cultural Alexandre Bóveda.

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Molière, *O Tartufo*, trad. Henrique Harguindey Banet, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 354, 2018, 130 pp. (ISBN: 978-84-8487-390-1). ■

Comedia de Jean-Baptiste Poquelin (París, 1622-1673), máis coñecido como Molière, publicada por primeira vez en 1664 co título *Le Tartuffe ou l'Imposteur*. A peza teatral vai precedida dun estudio introdutorio, a cargo de Henrique Harguindey, sobre a traxectoria biográfica e literaria do autor en dous apartados: “A vida” e “Todo polo teatro”. A continuación, desenvólvese unha análise editorial e literaria d’*O Tartufo* baixo os epígrafes “Xénese”, “A ‘Herexía”, “A peza e os personaxes” e “A nosa tradución”. Por último, tras a nota titulada “O libreiro ao lector”, os “Placets ao rei”, e un “Prefacio” arredor da sorte escénica da comedia, inclúese a versión traducida ao galego da peza. Trátase dunha obra de crítica social, que reflicte as eivas da corte de París da súa época. Dividida en cinco actos de cinco, catro, sete, oito e sete escenas respectivamente, está conformada por unha ampla nómina de personaxes: Señora Pernel, Orgón, Elmira, Damís, Mariana, Valerio, Cleanto, Tartufo, Dorina, Señor Leal, un Garda-mór e Filipota. A peza pivota en torno á hipocrisía relixiosa, encarnada polo protagonista, Tartufo, que foi quen de engaiolar o pai dunha familia cortesá para proveito propio. Porén, os demais personaxes tratarán de poñer as súas verdadeiras intencións ao descuberto e o propio rei de Francia tomará parte neste proceso.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O Tartufo’ no tempo da impostura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, “1.280 almas”, 23 marzo 2018, p. 6.

Informa da publicación de *O tartufo* de Molière en galego grazas a tradución de Henrique Harguindey. Trátase dunha obra que, considera o autor, ten aínda moitas lecturas na sociedade actual.

Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Matade a todos, Deus recoñecerá os seus”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 124, 1 abril 2018, p. 8.

Emprega como recurso a tradución da obra *O Tartufo* de Molière por Henrique Harguindey para criticar a labor da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega, a raíz do informe publicado por esta última sobre a cultura e o ocio galego. Tamén dá conta da presentación da Academia Galega do Teatro.

III. 4. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “recensións” e “referencias varias”.

III. 4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

Aguiño, Xª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2018 celebrouse os sábados 3, 10, 17 e 24 do mes de novembro no conservatorio-aula de música de Aguiño. Este ano participaron catro compañías galegas: Cantigas da Terra, con *Un caso complicado*; Culturactiva, con *Dous no camiño*; Teatro do Improvisto, con *A memoria das rosas*; e A Pombiña, con *Reinserción*.

Agustín Magán, XVIIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2018, celebrada os días 30 de outubro e o 1 de novembro no Teatro Principal de Santiago de Compostela e nas rúas da cidade. Esta edición contou coa participación das compañías Andaravía Teatro, coa animación de rúa *O misterioso mexunxe marrón*; A Gargallada, con *Fuga*; Ditirambo Teatro, coa peza *Anónima 18*; O Aturuxo de Melpómene, con *Terapia de Bar*; Hipócrata Teatro, con *Hotel desencanto*; Paso de Valverde, con *Alén*; e Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*.

Alter Ego, IIIº Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación Teatral Criaturas coa colaboración do Concello de Rianxo. A edición de 2018 tivo lugar durante o meses de setembro e outubro no auditorio e na biblioteca municipal. A edición deste ano contou coas compañías Ditirambo Teatro, coa peza *Anónima 18*; Anxo Fariña, con *Gliz, o pastor de nubes e o pintor de flores*; A Tequerreté, con *O enredo*; Os Kabramakabra (Escola de Teatro Airiños), con *A morte está escrita*; Trotaconventos Teatro, con *Historias de reloxo*; Fátima Fernández, con *Contos pop-up*; Grupo Municipal de Riveira, con *Cousas, de Castelao*; e coa Agrupación Teatral Criaturas, con *As salvaxes*.

Alxén, XIXª Xornadas de Teatro de

Organizadas Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2018, que se celebrou os días 11, 12, 18 e 19 de maio no centro cultural da localidade, contou coas seguintes actuacións: Grupo de Teatro A Feira, coa peza *Os fillos do Aniceto*; Isabel Risco, coa obra *Nabiza girl*; e Grupo de Teatro adulto Ata Sempre, coa peza *O concurso*. Tamén contou coa peza dirixida ao público infantil *Planeta bugallo*, do Grupo de Teatro Infantil Ata Sempre.

Ames, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2018 celebrouse os días 9 e 18 de novembro coas actuacións das compañías Sen Cancelas, coa peza *Dous mil dez*, e do Grupo Municipal de Teatro de Ames, coa peza *O velorio de San Outeiro*.

Arteixo, XIXª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2018 celebrouse entre o 6 de abril e o 18 de maio co seguinte programa: Grupo de Expresión Teatral SS.SS, con *Como di vostede?*; Ditirambo Teatro, con *Anónima 18*; Faíscas, *Un fiambre, unha rosca e un can can*; e Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'rei*; e Malasombra Teatro, con *D.E.P.* Ademais a programación infantil contou co Alumnado do Obradoiro Cultural de Teatro infantil de Meicende, con *Érase unha vez...*; Erica González, con *A sala do Catapumchinpum*; ES3HA2, con *O soño dunha xoaniña*;

A Rúa, VIII Xornadas de Teatro Afeccionado

Organizadas pola Asociación Cultural A Ruada co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello da Rúa (Ourense). A edición de 2018 celebrouse entre o 18 de novembro e o 30 de decembro e contou coas seguintes compañías: Candea de Viana, con *O diñeiro, o mellor compañeiro* e *As irmás Vilachá*; TEF Chaves, con *Triada do Faustino*; Augas do Sil e San Clodio, con *Un día nas portas do ceo*; e A Ruada, con *A boda do Esganarello*.

Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2018 celebrouse durante os meses de outubro e novembro e contou coa seguinte representación: *Sénior*, de Culturactiva. Ademais, o ciclo contou tamén cunha programación infantil que contou coas seguintes pezas: *Os Rockenstein*, de Malasombra Producións; *O camiño dos paxaros*, de Magín Blanco; *Contos do recreo*, de Redrum Teatro; *Leonardo e os fontaneiros*, de Ubú Teatro; e *Logos*, de Lucecús Teatro.

As Neves, Ciclo Outono de Teatro

Organizado polo Concello das Neves (Pontevedra). A edición de 2018, que se celebrou os días 27 de outubro, 18 de novembro e 16 de decembro no Auditorio Municipal do concello contou coas seguintes representacións: *Top manta*, de Fulano, Mengano e Citano; *Memorias dun neno labrego*, de Cándido Pazó; e *Falar sen cancelas*, de Culturactiva.

Betanzos, IXº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos dende o ano 2010. A edición de 2018 celebrouse durante os sábados do mes de febreiro na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns. Este ano contou coas representacións de Andaravía Teatro, *Maniféstate*; do Colectivo Cultural Ollomao, *Enciclopedia Álvarez*; e de La Caja de Pandora, *WC (o baño)*.

Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Boqueixón. A edición de 2018 realizouse durante os días 28 de outubro e 4, 11 e 18 de novembro na casa da Cultura de Camporrapado. A primeira sesión foi a cargo do Grupo de Teatro de maiores de Boqueixón, coa peza *Urxencias*; a segunda co Grupo de Teatro Licor Café, con *Dous lligues para unha noite*; a terceira co Grupo de Teatro A Pombiña, con *Reinserción*; e a cuarta e última co Grupo de Teatro de Ribeira, con *Cousas de Castelao*.

Boqueixón, ciclo Sábados Teatrais

Organizado pola Concellería de Cultura no salón de plenos do Concello de Cabanas e con entrada gratuíta ten lugar os días 6, 13 e 20 de outubro. A primeira sesión será a cargo da Asociación Club de Maiores de Boqueixón coa súa obra *Urxencias*; a segunda da man do grupo A Pombiña, coa peza *Reinserción*; e a terceira e última de Licor Café con *Dous lligues para unha noite*.

Festival Brión Inclúe

Organizado polo Concello de Brión coa colaboración de Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega e co co-financiamento de Gadis tivo lugar entre os días 5 e 16 de decembro. O apartado teatral da programación contou coas actuacións *Circo da diversidade*, de Asociación con Eles; e *Full Monty*, da Asociación Andaina Pro Saúde Mental.

Referencias varias:

- A. Prada, “Chega a Brión o seu festival máis inclusivo, dos días 5 ó 16”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 30 novembro 2018, p. 27.

Dá conta da inauguración do festival Brión Inclúe, organizado polo Concello e xestionado

por CulturActiva. A programación contará con obradoiros, teatro, música, danza e contacontos, entre outras actividades.

- Emma Araújo, “Teatro, arte más allá de la discapacidad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área Metropolitana”, 30 novembro 2018, p. L7.

Informa da presentación do festival Brión Inclúe que tivo lugar en Pedrouzos (Santiago) e que conta coas estreas das obras *Circo da diversidade*, a cargo da asociación de persoas con diversidade funcional Con Eles, e *Torre de Babel* da compañía 5.S.

Buxiganga, Circuitos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2018 participaron 50 concellos que acolleron as actuacións dos 40 grupos de teatro amateur da provincia que se indican a seguir: Grupo Humorístico Trípode, con *A panxoliña máis fermosa*; Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal, con *A farsa do Bululú*; A Rabela Teatro, con *As consultas do Doutor Baldomero* Bautista; Colectivo Cultural Ollomao, con *Enciclopedia Álvarez*; O Torques, con *Donde as dan as toman*; Os Baluros, con *Menciñeiro á forza*; Os Trocos, con *Farsa plautina*; A Mariña, con *Eres único: teatro contra o bullying*; Ardora Amor filial; O Bordelo, con *Depende*; Argalleiras Teatro, con *Comedia bifida*; Centro Teatral Faro-Miño, con *Langreira de amor*; Sacarina, con *Madialeva*; A Adala, con *Elixir de xuventude*; A Adala Infantil, con *Mamasiña que medo!*; Axóuxeres, con *Non casei con todos*; O Batán, con *Bicos de vinagre*; O Centiño, con *Zume de amorodios*; Pico do Castro, con *Matías está tolo*; Torta de Millo, con *Innozeitin... ou algo*; Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*; Curuxan, con *Improdecete*; Grupo de Teatro Down, con *Sño dunha noite de verán*; Hipócrata Teatro, con *Hotel desencanto*; Nostrum Cai, con *Romani ite domum*; Nova Escena Teatro, con *As fillas de Eva*; Os Palimoquiños, con *Borralliña*; Os Pinchacarneiros, con *A ola de ouro*; Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde, con *O parto de Calandrino*; Ti e máis Eu Teatro, con *A troita do río...*; Grupo de Teatro Afeccionado Monfortino, con *Os intereses creados*; Teatreir@s, con *Cumprimento de contrato*; A Peneda, con *A cea dos idiotas*; Escola de Teatro Falcatrueiros, con *As monxas e a María*; Alentía Teatro, con *Manancial de fantasía*; Metátese Teatro, con *O euromillón*; Unidade do Zono, con *Tren a Nápoles*; Lume Escénico, con *Hotel rosamar*; Grupo de Teatro Augas do Sil, con *Un día nas portas do ceo*; e Rebuldeira Teatro, con *Delicadas*.

Cambados, Ciclo de Teatro Adulto

Organizado polo Concello de Cambados. A edición de 2018 tivo lugar durante os domingos do mes de outubro no Auditorio da xuventude de Cambados. O programa deste ano contou coas representacións das seguintes obras: *Commedia*, de Contra Produccións; *Pan! Pan!*, de A Panadería; *Estás aí?*, de Redrum Teatro; e *1879. Casa de bonecas*, de Estudo do Momento.

Cangas, XXXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Fundada en 1984 pola Asociación Cultural Xiria. Organizada pola Asociación Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Ningures Produción. Está actualmente patrocinada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais de exposicións, obradoiros, encontros e eventos como o “Revoltallo en Pedra”, no que se dan cita moitas das asociacións culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas “Mulleres en Acción” (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio “Xiria”, co que se destaca o labor teatral dunha persoa ou a traxectoria dunha agrupación; este ano recaeu en Mabel Rivera. A edición de 2018, que se celebrou do 29 de xuño ao 8 de xullo no auditorio municipal, contou coa participación do Centro Dramático Galego, con *Divinas palabras revolution*; *A leituga* de EME2 Producións; *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegua e Cía. ButacaZero; *Teatro invisible* de Materile Teatro. A programación infantil contou cos seguintes espectáculos: *Paraíso pintado* de Pepa Plana; *Nómades*, de Xarope Tulú. Tamén estivo presente a compañía italiana Lucchettino, con *Maghi per una notte*.

Referencias varias:

- Vanesa M. Sotelo, “Irmandade entre a MITCFC e o Singlot Festival”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivals”, n.º 95, 2018, pp. 47-48.

No contexto dunha crónica sobre a cuarta edición do Singlot Festival celebrado en Cataluña,ponse en relación este evento coa Mostra Internacional de Teatro Comico e Festivo de Cangas do Morrazo aludindo a que ambos os dous pivotan arredor as artes escénicas e a comedia.

- Manuel Xestoso, “XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Isto non é unha crónica”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivals”, n.º 95, 2018, pp. 45-46.

Achega un percorrido pola traxectoria da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co gallo da súa trixésimo quinta edición. No tocante á dramaturxia galega destaca as pezas *Laboratorio de estremonías* de Mónica Camaño ou *Silda e Hadrián*, de Casilda Alfaro e Adrián Ríos. Fai referencia á obra *Divinas palabras revolution* como peza de Chévere para o CDG e ao seu encadramento na definición de comedia e menciona tamén que tivo lugar a representación da obra *A leituga* a cargo de Emedous.

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegua e Cía. ButacaZero sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravilhosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa

Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulú, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol, coa colaboración da Deputación da Coruña e coordinado por Ti e Máis Eu Teatro. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e durante a celebración outórgase o Premio do Público. A edición de 2018 tivo lugar durante os meses de novembro e decembro e contou coas seguintes representacións: *A cantante calva*, de Corifeo Teatro; *Pai, respóstame*, de Ti e Máis Eu Teatro; *Un caso complicado*, de Cantigas da Terra; e *As pretendentas do Rei Centolo*, de Bradomín Teatro. Ademais representárase para público infantil a peza *Un nadal de neve e soños*, de Ti e Máis Eu Teatro.

Carballiño, XXIXº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Creado no ano 1989 na localidade ourensá do Carballiño. Organizado pola Asociación Cultural FETEGA, coa colaboración do concello do Carballiño, a Deputación de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2018 celebrouse entre os días 22 e 24 de agosto no Auditorio Municipal, no anfiteatro exterior e na Casa da Cultura. Leváronse a escena as pezas *Totum Revolution*, de Vultos de Rosca; *A vida tola*, de Pistacatro; *Loló e Mamá*, de De Ste Xeito; *Elisa e Marcela*, de A Panadaría; e *Chola a it girl*, de Artesa Cía Teatro. Nesta edición o Premio de Honra Dorotea Bárcena recaeu na actriz Marta Pazos; o de mellor espectáculo do certame para *Ensaio sobre a cegueira*; e os galardóns de mellor actriz e mellor actor foron para Pepa Barreiro e Mundo Villalustre.

Referencias varias:

- María Muleiro, “Josi Lage. ‘A profesión necesita o festival de teatro, non desaparecerá mentres haxa xente loitadora”, *La Región*, “Verano”, “Provincia Activa”, “Foro La Región”, 10 agosto 2018, p. 20.

Entrevista á actriz e directora do Festival de Teatro de Galicia Josi Lage. Nela, a creadora teatral e docente trata cuestións relacionadas coa organización desta 29ª edición do festival así como da importancia das mulleres no teatro.

- Montse García, “Marta Pazos y Chévere premiados por festivales de O Carballiño y Palas de Rei”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 18 agosto 2018, p. L7.

Informa de que Marta pazos será galardoada co premio de honra Dorotea Bárcena que outorga o Festival de Teatro Galego de O Carballiño e que o grupo teatral Chévere, pola súa banda, recibirá o premio Mácara da Mostra de Teatro Amador de Palas de Reis.

Carballo, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2018, celebrada dende febreiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, contou coa participación de A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'Rei*; e Teatro do Atlántico, con *Helena: xuízo a unha lurpia*. Tamén contou con dúas representacións para público infantil: *A galiña azul*, de Tanxarina Teatro, e *Danza da choiva*, de Elefante Elegante.

Cariño, XLIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2018, celebrada entre o 11 e o 17 de agosto, participou Natalia Outeiro, co seu espectáculo *Pajarito. A vida tola*, e as compañías Culturactiva, coa peza *Saaabor!*; Contraproducións, con *Commedia. Un xoguete para Goldoni*; A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Mofa e Befá, con *Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira*; Redrum Teatro, con *A canción do elefante*; e Chévere, con *Río Bravo*. Tamén contou cos espectáculos para público infantil: *Pum, Pum!*, de Baobab Teatro; *Planeta Ardora*, de Trompicallo; *Lúa*, de Ghazafellos Teatro; A horta de Balbina, de María Fumaça.

Carral, Ciclo

Organizado polo Concello de Carral. A edición de 2018 celebrouse durante o outono no local Xente Nova de Tabeaio e contou coa participación das seguintes representacións: *Fillos do sol*, de Contraproducións; *Será por camiños*, do Grupo de Teatro Escola Narón; *O caso é ter saúde*, de Malasombra Producións; e *Helena, xuízo a unha lurpia*, de Teatro do Atlántico.

Castro de Rei, VIª Mostra de teatro municipal de

Organizada polo Concello de Castro de Rei e a Escola Municipal de Teatro. Na edición de 2018, que tivo lugar os días 2, 3 e 4 de febreiro, participaron as compañías Escola Municipal de Teatro de Vilalba, coa peza *Vodas de sangue*; Escola de Castro de Rei, con *Farsa plautina*; e Escola Municipal de Teatro da Pontenova, con *Hotel Rosamar*.

Referencias varias:

- C. P. R., “La VI Mostra de Teatro Municipal de Castro de Rei incluye tres obras”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 xaneiro 2018, p. 22.

Dá conta da inauguración da VI Mostra de Teatro Municipal de Castro de Rei, organizada polo Concello e a escola de teatro local. A mostra, que vai ter lugar na casa da cultura de Castro de Ribeiras de Lea, presenta tres obras: *Farsa plautina*, *Vodas de sangue* e *Hotel Rosamar*.

A esCEEEna, IVª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas de Cee

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2018 tivo lugar no Auditorio Baldomero Cores dende o 18 até o 24 de agosto e contou coas seguintes obras e compañías de teatro: *Sénior*, de Culturactiva; *A cabeza do dragón*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*, de Mofa e Befá; *A canción do elefante*, de Redrum Teatro; *Fillos do sol*, de Contraproducións; e *Ubú rei*, de Talía Teatro.

Cedeira, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo organizado entre o grupo Teatro da Vila coa colaboración do Concello de Cedeira e que se celebra entre o 6 e o 27 de outubro no Auditorio Municipal da vila. Este ciclo contará coas actuacións do grupo da Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña, de Narón, coa súa obra *Reinserción*; coa compañía Teatro da Vila, de Cedeira, coa peza *As cores do tempo*; con Teatro Semente (Neda), coa obra *HTC (hoxe toca rir)*; e con O Aturuxo de Melpómene, tamén de Narón, con *Terapia de Bar*.

Chantada, XXVIIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Organizada polo colectivo teatral Faro-Miño do concello lucense de Chantada. Na edición de 2018, celebrada do 20 ao 23 de agosto na praza do Cantón, participou o Grupo de Teatro O Batán (Cangas de Foz), con *Bicos de vinagre*; o Grupo de Teatro Centro Teatral Faro Miño (Chantada), con *Madialeva*; e as compañías de Madrid Visto y no visto, con *No somos nadie*, e Bennu Teatro, con *Mardito Hoppita*.

Chapela, VIº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. A edición de 2018, celebrada os días 13, 20 e 27 de xaneiro e 3 de febreiro no Auditorio do Multiusos de Chapela, contou coas seguintes representacións: *Se hai que bailar, bailamos*, de Javier Carreiro; *Abre a porta*, de Manuel Solla; *A fermosa Dorotea*, de Salvador Álvarez; e *Oito*, de Chusa Couñago.

Cultura no Camiño, Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2018 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas dende o 16 de abril até o 30 de setembro cun total de 342 actuacións.

Referencias varias:

- X. M. Lema, “Teatro, cine, literatura y fotografía este mes en la Primavera Cultural”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Comarca de Santiago-A Barcala-Xallas”, 5 maio

2018, p. 28.

Informa da inauguración dunha nova edición da Primavera Cultural, organizada polo Concello de Santa Comba. Entre as actuacións, destácase a peza teatral *Enredando con Pakolas*, dirixido ao público infantil, e *María e os ollos alabarados*, baseada nunha obra de María Victoria Moreno.

En Construcción, Festival de Microteatro.

Ten lugar o 16 de febreiro no Espazo Xove de Ourense e reuniu a sete compañías teatrais en horario de 19h30 a 22h. Nesta edición participou a compañía 2ºF coas obras *Xuízo a Lino e a Lana* e *Xuízo a Pepe*; Delatoute, con *Mansión exprés*; e Oreteiro Teatro, con *Aproximación ao ser humano*.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El microteatro vuelve al Espazo Xove”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración do festival de microteatro “En Construcción” que conta con sete compañías teatrais. Entre os espectáculos destacan as obras *Xuízo a Lino e a Lana* e *Xuízo a Pepe* a cargo da compañía teatral 2ºF, *Mansión exprés* do grupo Abran Paso e *Aproximación ao ser humano* do grupo Oreteiro Teatro. Todas as pezas teatrais representáranse no Espazo Xove de Ourense.

Enrique Landesa, VIIº Ciclo de Teatro Aficionado.

Certame teatral que dá continuación ao organizado con anterioridade polo Centro Cultural Rueiro e que se denomina como un dos compoñentes d’O Trasnovo Teatro. A edición de 2018 durante o mes de outubro no salón de actos do complexo parroquial Cristo da Victoria e contou coas seguintes representacións: *Os pintores non teñen recordos*, do Grupo de Teatro Entre Lusco e Fusco; *Os tres grandes sinvergonzas*, do Grupo de Teatro C.C de Castro Barreiro; *En pe de guerra*, de Misturat Teatro; e *O avaro*, do Grupo de Teatro Rueiro.

Entreculturas, IXº Festival de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural La Caja de Pandora en colaboración co Concello de Verín. A edición de 2018, celebrouse entre o 6 de setembro e o 3 de novembro. Participaron os grupos de teatro galegos Silvardeiras Teatro, con *M&M e a extraña familia*; e Oreteiro, con *Aproximación á muller nociva*.

Referencias varias:

- Xosé Lois Colmeneiro, “Novena edición del festival de teatro ‘Entreculturas’ de Verín”, *La Región*, “Provincia”, 28 setembro 2018, p. 32.

Dá conta da 9ª edición do festival de Teatro Entreculturas que se celebra no auditorio municipal de Verín e informa das diferentes representacións teatrais que terán lugar.

Escenas do Cambio, Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

Festival que inclúe representacións teatrais, música, conferencias, proxeccións e espectáculos de danza. A edición de 2018, celebrada entre o 1 e o 10 de febreiro, contou coa presenza de Félix Fernández, con *50 minutos de simulación programada*; e Voadora, con *Garage*.

Referencias varias:

- María Abascal, “Volve Escenas do Cambio, o festival máis vangardista”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 xaneiro 2018, p. 37.

Dá conta da presentación do programa da 4ª edición do Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción Escenas do Cambio que contará con 13 espectáculos procedentes de cinco países. A inauguración terá lugar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela. Destácase a participación de propostas galegas con pezas de Estela Lloves e Félix Fernández así como de obras das compañías teatrais IIMaquinario e Voadora coa peza *Garage*.

- Tamara Montero, “Puxar da panca do cambio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Crónica Ciudadana”, 31 xaneiro 2018, p. L2.

Fai un percorrido polas propostas escénicas que forman parte do programa da 4ª edición do festival Escenas do Cambio como son a peza de Tiago Rodrigues *Antonio e Cleopatra*; *Garage* da compañía teatral Voadora; a actuación de Israel Galván; a peza de Mohamed ElKhatib con *Finir en Beauté* e Mithkal Alzghair con *Displacement*.

- Montse García, “Garage’, vivencias de la fábrica al escenario en primera persona”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 febreiro 2018, p. 39.

Comenta a peza de teatro *Garage* a cargo da compañía teatral Voadora, cuxas protagonistas con tres mulleres que traballan na PSA Peugeot Citroën de Vigo. O ensaio tivo lugar no Teatro Salón de Santiago e forma parte do festival Escenas do Cambio. Desenvólvense cuestións referidas ao contido e ás personaxes e recóllense reflexións das protagonistas.

- Sonia Vizoso, Raquel Vidales, “Las obreras se ríen del machista mundo del motor”, *El País*, “Cultura”, 2 febreiro 2018, p. 29.

Trata a obra de teatro *Garage* a cargo da compañía Voadora, protagonizada por traballadoras de PSA Peugeot Citroën de Vigo. A peza estrearase no Teatro Salón de Santiago e forma parte do programa do festival Escenas do Cambio. Coméntase a escasa presenza da muller no eido da automoción, ámbito reservado tradicionalmente aos homes.

- Montse García, “Triple propuesta en Escenas do Cambio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro y danza”, 4 febreiro 2018, p.

L11.

Dá conta de tres propostas que forman parte da programación do Festival Escenas do Cambio cuxos protagonistas son o actor Mohamed El Khatib, o coreógrafo portugués Miguel Pereira e os italianos Daria Deflorian e Antonio Tagliarini coa súa representación *Reality*.

- Mario Álvarez, “A Cidade da Cultura pecha con Alzghair Escenas do cambio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 febreiro 2018, p. 38.

Informa da estrea do espectáculo de danza *Displacement* do coreógrafo sirio Mithkal Alzghair, encargado de pechar unha nova edición de “Escenas do cambio”, o Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en acción da Cidade da Cultura. A actuación vai ter lugar no escenario do Museo Centro Gaiás. O programa incluíu 13 pezas de artistas e compañías de teatro, entre as cales se destaca a notable presenza do teatro galego coa peza *Garage* do grupo teatral Voadora e con actuacións de Estela Lloves ou Félix Fernández.

- Montse García, “Escenas do Cambio se despide con la danza del sirio Mithkal Alzghair”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 10 febreiro 2018, p. L11.

Informa da actuación do coreógrafo sirio Mithkal Alzghair coa súa peza *Displacement*, que foi o encargado de pechar unha nova edición do festival “Escenas do cambio”. A actuación vai ter lugar no escenario do Museo Centro Gaiás.

FEM, II Festival Escena Muller

Festival multidisciplinar que ten como obxectivo visibilizar a creación feita por mulleres impulsado pola Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento. A edición de 2018 celebrouse nos días 2, 9, 16 e 23 de novembro en diferentes espazos da Agra do Orzán (A Coruña): o local da asociación veciñal do barrio, a librería Suevia e a sala Gurugú. NA sección teatral do festival contou coas representacións de *Golpes*, de Estíbaliz Veiga, e *Judy Garland. Alén do Arco da Vella*, da man de Isabel de Toro.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Las olvidadas del arte”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 2 novembro 2018, p. 8.

Informa da inauguración da II edición do Festival Escena Muller (FEM) da Coruña que contará con numerosas actividades culturais entre as que destaca a representación da peza teatral *Golpes* de Estíbaliz Espinosa, que terá lugar na sala Gurugú.

Estén na Rúa, VIº Festival Galego de Teatro Amador

Festival de teatro organizado pola asociación cultural Ti e Mais Eu Teatro coa colaboración do Concello de Ferrol. Na edición de 2018, celebrada os días 25 e 26 de maio e 1, 2 e 3 de xuño, participou o Grupo de Teatro Colectivo Cultural Ollomao coa

peza *Enciclopedia Álvarez*.

FIOT, XXVIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2018, celebrada dende o 28 de setembro até o 31 de outubro, concedeuse o galardón honorífico “Xograr de Outono” a Miguel de Lira. Participaron as compañías galegas Contraproducións, con *Commedia*; Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán, con *Somos criminais*; Manoliño Nguema, con *Ngoan ntangan, dous mundos que se tocan*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Ron Lalá (Madrid), La Joven Compañía (Madrid), La Tristura (Madrid), Pentación espectáculos (Madrid), La Trócola Circ (Valencia), Suttotos (Arxentina), Compagnia Baccalá (Suíza), Serena Producciones (Madrid), La Abducción e Buxman Producciones (Madrid), El Pavón Teatro Kamikaze (Madrid) La Zona (Madrid) Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o IX Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. O Ciclo OTNI, mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, contou coas compañías Théâtre national de Wallonie-Bruxelles, Theatre Lliure, Teatros del Canal (Bélxica, Cataluña e Madrid), Borja Fernández (Galicia), con *Salvador*; e Íntims Produccions (Cataluña) Na XX edición Rúa dos Contos, ciclo celebrado en locais de hostalería, ademais de monólogos e música, representáronse as pezas galegas *Contos de contrabando*, de Avelino González; *Como ser armario empotrado*, de Marcos Pereiro; *En crudo*, de Peter Punk; *Como cho conto*, Cándido Pazó; e *Historias da fronteira*, de Lois Pérez; *Papar sen cancelas*, de Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei; *A musicleta*, de Pulpiño Viascón; e *Camaré sonambulante*, de Antón Coucheiro.

Referencias varias:

- Marta López, Cristina Viu, “Carballo, meca del teatro en Galicia con la 27.ª edición del festival de otoño FIOT”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 outubro 2018, p. 37.

Dá conta da programación da 27ª edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT). Destácase a actividade Rúa dos Contos a cargo de David Amor, Monoulious Dop e o trío formado por Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei, que conta con monólogos que se desenvolverán en diferentes establecementos de Carballo.

FITO, XI Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatraultra, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio do Concello de Ourense, a Deputación Provincial, a Universidade de Vigo e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2018 tivo lugar dende o 4 até o 14 de outubro. Contou coa presenza da compañía galega A Panadaría Teatro, coa peza *Elisa e Marcela*. Participaron tamén compañías foráneas procedentes de Chile, Arxentina, Israel ou Portugal.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “La sangría cultural continúa: el FITO está en la cuerda floja”, *La Región*, “Ourense”, 29 xullo 2018, p. 6.

Dá conta da presentación da 11ª edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Destácase que a mostra, organizada por Sarabela Teatro, por falta de recursos económicos, viuse na obriga de eliminar do programa o Outono Fotográfico.

- Pablo Galán, “El tejido cultural de la ciudad urge poner freno a la sangría del sector”, *La Región*, “Ourense”, 31 xullo 2018, p. 2.

Recóllense as declaracións de diversos representantes da cultura galega en Ourense, en relación á sangría cultural da cidade, con eventos históricos e referenciais sen visos de continuidade nestes momentos (o Festival de Cine Internacional de Ourense, o Outono Fotográfico) ou na corda frouxa (o Festival Internacional de Teatro de Ourense). Coinciden —Juan Luis Saco, da Fundación Otero Pedrayo; Xosé Lois González, humorista gráfico; David Pedrouzo, promotor cultural; Isabel Salgado, do Ateneo; Samuel Lago, da coral de Ruada; José Ramón Morgade, do Círculo Poético Ourensán; Alfredo Conde, escritor; Fina Calleja, de Sarabela Teatro— no fenómeno de desmontaxe de actividades de certo nivel, nos problemas de xestión e burocracia e na falta de vontade política.

- Pablo Galán, “Un sector con las orejas tiesas”, *La Región*, “Ourense”, “La sangría cultural de Ourense”, 1 agosto 2018, p. 5.

Analiza a situación cultural de Ourense, tras a concatenación de novas últimas, capaz de borrar eventos culturais enraizados na cidade (OUFF, Outono Fotográfico) e pon en perigo outros de próxima celebración, coma o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Existe tamén un malestar manifesto coa asociación de libeiros da cidade, que por primeira vez en vintecinco anos non montaron stands na Feira do Libro Infantil nin no Día das Letras Galegas, ao non teren subvención do concello.

- María Abascal, “Unha quincena de espectáculos de cinco países, no FITO”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 setembro 2018, p. 36.

Informa da inauguración da 11ª edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) organizado pola compañía Sarabela Teatro e dá conta das actuacións galegas coas que conta o programa.

Galicia, XIXª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela. A edición de 2018 tivo lugar entre o 24 de abril e o 6 de maio e contou coas seguintes representacións galegas: *WK*, da Compañía de Teatro USC-Lugo; *Cyrano*, de Tolemia Teatro (USC); *Al dente*, de Labarata (USC); *As ondas das pedras do río*, da Compañía de Teatro Maricastaña (UVIGO e Campus de Ourense); *Des-Armadas*, de ARTías (USC); *Historia natural das estrañas criaturas mariñas*, de Faísca (USC); *Insilio*, Lobishomes (USC); *Fahrenheit 451*, de Polaroid (USC); e *Lendatarias*, de Vacaloura (USC).

Galicia Escena Pro, Vª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2018 celebrouse entre os días 11 e 14 de xuño e contou coas seguintes pezas e compañías: *A leituga*, de Eme2; *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica*, de Ibuprofeno Teatro; *Cranios privilexiados... ou a crítica da razón perralleira*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Elisa e Marcela*, de A Panadaría; *Fillos do sol*, de Contraproducións; *O rei morre*, de Sarabela Teatro; e *O servidor de dous anos*, de Talía Teatro. En canto á oferta teatral para público familiar, as propostas seleccionadas son *A galiña azul*, de Tanxarina; *Bathtime*, de Katarsis Educación-Teatro; *Patapatum*, de Elefante Elegante, e *Planeta Ardora*, de Títeres Trompicallo. Ademais, o festival desenvolve unha sesión dedicada a que diferentes compañías presenten aos programadores un avance dos proxectos nos que están comezando a traballar cara á vindeira temporada. Nesta edición os títulos escollidos foron *Alma (non é hippie)*, de Colectivo Verticalia; *Anatomía dunha serea*, de Iria Pinheiro; *Arnoia, Arnoia: o circo da casa pequena*, de Quico Cadaval; *Auga que non vas beber*, de Inacio Vilariño; *Cinco mulleres que comen tortilla*, de Javier Lojo; *In Between*, de Mikel Arístegui; *Insumisión*, de Gema Ulloa; *Involución*, de Alfredo Muíño; *Liberto*, de María Vázquez; e *Sofía e as postsocráticas*, de Marta Pérez.

Implicate!, XIIº Festival

Festival de música e palabra solidaria organizado pola ONG Implicadas no Desenvolvemento, que inclúe música, danza, poesía e teatro. A edición de 2018, presentada Yolanda Castaño e Mon Santiso, celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 14 de xaneiro. No tocante ao teatro representouse a peza *Isi*, de Marta Iglesias.

Laracha, Venres teatrais 2018 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2018 tivo lugar durante os días 9, 16, 23 e 30 de novembro na Casa da Cultura desa localidade e contou coa participación das seguintes compañías: Redrum Teatro, con *A canción do elefante*; Talía Teatro, con *O servidor de dous anos*; e Contraproducións, con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*.

Referencias varias:

-J. M. Ramos, “Comedia, historia, concienciación e suspense en catro Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración dos Venres Teatrais da Laracha, que comeza coa actuación do grupo teatral Redrum Teatro con *A canción do elefante*. Tamén participarán Talía Teatro con *O servidor de dous anos* e Contraproducións con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*. Todos os espectáculos están dirixidos a un público maior de 13 anos e terán lugar na casa da cultura da Laracha.

Laxe, XIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe en colaboración coa Asociación Folerpas Teatro. A edición de 2018 os días 21 e 28 de outubro e 4 e 11 de novembro no salón de actos municipal. As pezas representadas este ano foron: *Os fabulosos cleaners*, da Compañía Malasombra; *2010*, de Sen Cancelas Teatro; *Dora e Lola*, de Metatese Teatro (Palas de Rei); e *Cambiouche ben o conto*, do Grupo de Teatro APEM (Carballo).

Lugo, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), o concello e a compañía Hipócrita Teatro. A edición de 2018 celebrouse os días 8, 9, 15 e 16 de setembro e representáronse as seguintes obras: *Fuga*, de Gargallada Teatro; *En venda*, da Compañía O Trasno Novo; *A ópera de a patacón*, de Avelaíña Teatro; e *Ás portas*, de Paso de Valverde.

Lugo, XVIIIª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a conmemorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2018, que tivo lugar entre o 1 de febreiro e o 3 de marzo, contouse coas representacións das pezas: *Helena: xuízo a unha lurpia*, de Teatro do Atlántico; *A noiva de Don Quixote*, de Eme2; e *O servidor de dous anos*, de Talía Teatro.

Referencias varias:

- Ruth López, “Una Dulcinea camarera, en la Mostra de Teatro Clásico de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 febreiro 2018, p. 52.

Comenta a posta en escena da peza teatral *A noiva de don Quixote* de José Luis Esteban que tivo lugar no patio de O Vello Cárcere durante a Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

- Ruth López, “La Mostra de Teatro de Lugo se adentra en Cervantes”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 febreiro 2018, p. 32.

Achégase unha síntese da Mostra de Teatro Clásico de Lugo na que se dá conta da representación das seguintes obras: *A noiva de don Quixote* e *Cervantina*.

Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado co obxectivo de facilitar o intercambio de compañías lucenses con outras de diferentes localidades galegas. A

edición de 2018 tivo lugar durante o mes de setembro no Auditorio Gustavo Freire da localidade lucense e contou coa participación de O Trasnó Novo, con *En venda*; Avelaíña Teatro, con *A ópera de a patacón*; e Paso de Valverde, con *As portas*.

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Tamar Novas, Sergi Belbel e Jorge coira celebran con Achádego 30 anos de teatro”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 1 novembro 2018, p. 45.

Dá conta da celebración das Xornadas Teatrais en Lugo que conmemoran os 30 anos do grupo teatral Achádego, unha gala que terá lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. No acto organizaranse diferentes actividades culturais e analizarase a situación actual do teatro galego.

Lugo, XXIVº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2018, que tivo lugar durante o mes de marzo, acolleu as representacións das pezas *Wk e Pasar por nida*, da Aula de Teatro da USC-Compañía de Teatro USC de Lugo; e *As ondas das pedras no río*, da Aula de Teatro Universitaria de Ourense “Maricastaña”.

Malpica, XIVª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica. A edición de 2018, que tivo lugar do 26 de outubro ao 30 de novembro, acolleu as representacións seguintes: *Falar sen cancelas*, de Culturactiva; *O caso é ter saúde*, de Malasombra Producións; e *Fillos do sol*, de Contraproducións. En canto á programación infantil dentro da Mostra a programación contou con *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *A casa do Terror*, de Xoán Curiel e a Banda do Verán; e *Sopa de sapo*, de Talía Teatro.

Manicómicos, XVIII Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. A edición de 2018 desenvolveuse entre o 15 e o 19 de agosto e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. O espectáculo galego co que contou o programa foi *Sin medidas*, de Jano. Ademais, o festival contou con compañías de Madrid, Andalucía, Arxentina, Euskadi, Francia e Bélxica.

Mañufe levanta o telón, Vª Mostra de Teatro Aficionado

Organizado pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe. A edición de 2018 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro no Centro Cultural de Mañufe e contou coa participación dos grupos Fonte da Tella, con *A fermosa Dorotea*; Teatro Lúa Chea, con *Abre a porta*; e O faro da Sorna con *Aquí non paga ninguén*.

Martabeladas, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Iniciativa da Asociación Teenses pola Igualdade que se celebra no auditorio Constante Liste A Ramallosa (Teo). Na edición de 2018, os días 26 e 27 de maio e 2 e 3 de xuño, houbo as seguintes representacións: *A cousa de Bernarda Alba*, de Martabelas (Asociación Teenses pola Igualdade de Teo); *Lisístrata*, de Aquelando Teatro (Muros); *Isto non ten cura*, de Rochaforte Teatro (Santiago de Compostela); e *Romeo e Xulieta*, de Airiños Teatro (Rianxo).

Meaño, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2018 celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo, e contou coas seguintes pezas e compañías: *Feliz aniversario*, de Teatro Alecrín; e *A fermosa Dorotea*, de Teatro Fontevella.

MIT, XXXIVª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2018, celebrada entre os días 14 e 22 de xullo, contou coa presenza das compañías galegas Contraproducións, con *Commedia, un xoguete para Goldoni*; Inventi Teatro, con *A tropa do Doutor Milagre*; A Panadería, *Elisa e Marcela*; Teatro do Vilar, con *Non se chora*; e das compañías foráneas La Trocola (Valencia), Pippo Delbono (Italia), Micomisión (Madrid), Projecto EZ (Portugal), Los Colochos (México), Euroscena (Castilla La Mancha e Madrid), Teatre Tot Terreny (Cataluña), Rodrigo Cuevas (Asturias), Blind Summit Theatre (Reino Unido) Ademais representouse para o público infantil as pezas *A gata con zocos*, da Cova das Letras e Banda La Lira de Ribadavia.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Teatro en Ribadavia”, *O SIL*, “Cultura”, xullo 2018, p. 29.

Informa da chegada dunha nova edición da MIT de Ribadavia, sobre a que comenta a programación, un festival cuxas liñas mestras son, apunta, a comedia, o musical, as linguaxes híbridas e a diversidade.

- Eufrasio Lucena Muñoz, “MIT de Ribadavia. Amor e compromiso pola escenografía made in Galicia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 49-51.

No contexto dun artigo sobre os recoñecementos á escenografía galega na trinta e catro edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT-Ribadavia) menciona a

figuras relevantes da literatura galega que desenvolveron as súas actividades nese eido como Luís Seoane, Roberto Vidal Bolaño ou Camilo Díaz Baliño. No tocante á dramaturxia galega, alude ás compañías Chévere, Matarile, A Panadaría ou ao CDG. Tamén fai referencia ás obras *Martes de Carnaval*, *O feo*, *Tras Tannhäuser* ou *O mundo Persistente*.

- Afonso Becerra de Becerreá, “34 MIT Ribadavia. Cada ano, mellor”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 62-65.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante a 34 MIT Ribadavia 2018. No tocante á literatura galega, destaca a posta en escena de *Commedia, un xoguete para Goldoni* e fai referencia á súa estrea vinte e cinco anos antes na Mostra de Ribadavia. Sinálase que se trata dunha peza dirixida por Cándido Pazó e que constitúe unha mostra de comedia italiana. Salienta que a temática da peza xira arredor das aventuras dun protagonista que deixa de lembrar a conta dun anel e sublíñase o seu carácter cómico e metateatral. Dá conta tamén da posta en escena da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía teatral A Panadaría. Alúdese a que a peza foi galardoada cos Premios María Casares e á grande cantidade de postas en escena da mesma. Explica que a obra gañou o Premio do Público desta 34 MIT e que se trata dunha comedia convencional cun enfoque queer e destácase o seu carácter fragmentario así como a mestura que se leva cabo nela de teatro físico, musical ou da pantomima, entre outras modalidades. Di que a obra presenta o primeiro matrimonio rexistrado entre mulleres e na fuxida que esta unión ocasionou. Apúntase que a peza *O día no que bicar a terra* de Avelina Pérez gañou o 13 Premio Abrente.

MITEU, XXIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición: outorgado este ano na Aula Universitaria de Lugo e a súa peza *WK*. Posteriormente engadiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Susó Díaz”, que este ano recaeu en Manolo Alcántara. Ademais, a organización do festival otorgou o seu premio especial a Tareixa Campo. Na edición de 2018, que se celebrou entre o 12 e o 28 de abril participaron as compañías galegas Rosaura (Aula de Teatro Universitaria de Ourense), con *Sen pés nin cabeza*; Cordelia (Aula Universitaria de Ourense), con *A nosa cociña*; Compañía de Teatro USC, con *Wk*; Contraproducións SL, con *O tolleito de Inishmaan*; Aula de Teatro da USC, con *Pasar por Nida*; Aula de Teatro da UVI, con *Paraíso*; e Palimoco Teatro,

con *Medea, salvaxe?*. Ademais representouse, para o público infantil, a peza (*Du*)*as viaxes de Gulliver*, de Geppeto (Aula de Teatro Infantil de Ourense).

Referencias varias:

- C. M., “A retranca de Quico Cadaval abre a MITEU”, *La Región*, “Ciudadanos”, 12 abril 2018, p. 16.

Informa da inauguración da 23ª edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU) no Teatro Principal de Ourense. A programación conta con 28 espectáculos e abranguerá ata o 28 de abril.

MOSTRA(TE), XVIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2018, que tivo lugar na Carballeira das Fraguíñas os días 26, 27 e 28 de xullo, contou coas seguintes representacións: *O inspector*, de Teatro Muxicas; *Maniféstate*, de Andaravía Teatro; e *Limpa, limpa*, de Expresión Teatro. Ademais, tamén se representou a peza *A bolboreta Roseta*, de As Fedellas, dirixida ao público infantil.

Mourente, Circuito Galego de Teatro Amador

Organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente. Na edición de 2018, durante o mes de setembro e contou coas seguintes representacións: *Terapia de bar*, de O Aturuxo de Melpómene; *En venda*, de O Trasno Novo; e *Os carniceros*, de Teatrino.

Negreira, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña chega representacións de grupos afeccionados e profesionais. A edición de 2018 desenvolveuse durante os meses de abril, maio e xuño. Contou coa participación de Aturuxo de Melpómene, con *Misterios*; Ainé Produccións, con *Os coleccionistas*; Malasombra Teatro, con *O caso é ter saúde*; Metátese Teatro, con *Dora e Lola*, Ainé Produccións, con *A culpa é do sistema*; Aquelando Teatro, con *Lisístrata*; e Debullando Teatro, con *E ti, de quen ves sendo*. Ademais, a programación infantil contou coa Escola Municipal de Teatro de Negreira, coa peza *Selfies a Go Go*; e coa Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *Asemblea de ratos* e *O cerebro tolo*.

Nun Local, IIIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2018 tivo lugar o 15, 16, 17 e 18 de marzo en diferentes espazos do casco vello da cidade e Vigo e contou coa presenza de Moito Morro Teatro, coa peza de microteatro *A boneca*; e SOS, de Careco Teatro. Tamén contou cunha programación orientada a público infantil que contou coa peza, *Tilintilona*, de O Baúl da

Tía Lola.

Ob-sceno (fora de escena), II Ciclo de Teatro

Organizado polo Centro Dramático Galego (CDG) trátase dun ciclo de accións escénicas curtas Teatro Ob-sceno no que as representacións se desenvolven en diferentes espazos do Salón Teatro de Santiago de Compostela situados fóra do escenario. A edición de 2018, celebrada os días 25, 26 e 27 maio, contou coa participación de Helen Bertels, coa peza *Amor*; Avelina Pérez, con *Deixa de tocala, Sam*; e de Josi Lage, con *Barbarie en branco e negro*.

Referencias varias:

- Montse García, “El Salón Teatro saca las obras del escenario en el ciclo Ob-sceno”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 24 maio 2018, p. L10.

Informa da inauguración da nova edición do programa Teatro Ob-sceno, organizado polo Centro Dramático Galego no Salón Teatro, e comenta as representacións que terán lugar.

O Couto, X Mostra de Teatro Amador de

Organizada pola Asociación O Aturuxo de Melpómene e o Padroado de Cultura de Narón. A edición de 2018, celebrada entre o 11 de novembro e o 2 de decembro, contou coa participación das compañías Teatro de Asteleiro, con ...*Suspendemos?*; Escola de Teatro de Narón, con *Onde vai o meu nome?*; e Grupo Municipal de Teatro de Ribeira, con *Cousas*.

Ordes, Xornadas de Teatro e Saúde Mental

Organizadas pola Asociación Andaina Pro Saúde Mental coa colaboración do Concello de Ordes e Feafes Galicia. A edición de 2018 tivo lugar na casa da cultura da vila o día 3 de decembro e contou coa participación de Andaina Pro Saúde Mental coa peza *Full Monty*.

Oroso, Outono Cultural de

Organizado polo Concello de Oroso no Centro Cultural de Sigüeiro. A edición de 2018, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, incluíu diversas actividades: música, danza, maxia, exposicións e teatro. No tocante ao teatro contou coa participación de Butaca Zero, coa peza *Camiños*; e Culturactiva, con *Sénior*. Tamén contou cunha programación infantil da man de Trompicallo, coa peza *O día que chegou unha nube e choveu* e Malasombra Producións, con *Os Rockenstein*.

Outes, Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2018 celebrouse do 30 de setembro ao 22 de decembro no auditorio da Casa da Cultura e contou coas seguintes representacións: *O furancho*, de Ibuprofeno Teatro; *A leituga*, de Eme2; *Alegría na corte*, de Teatro Galego de Berna; *Commedia*, de Contraproducións; *Maniféstate!*, de Andaravía Teatro; *Romeo e Xulieta*, de Teatro Airiños; e *Autoestopista intergaláctico* e *Arnoia*, *Arnoia*, de Pistacatro Productora de Soños. Ademais, tamén houbo unha programación infantil no que participaron as seguintes compañías: Elefante Elefante, con *Danza da choiva*; Magín Blanco, con *O camiño dos paxaros*; Pérez & Fernández, con *O poder de Amabel*; Teatro dos Ghazafellos, con *Bon appetit*; Teatro ó Cubo, con *O faiado*; Paco Nogueiras, con *Brinca, vai!*; e Urdime S. Coop. Edega, con *Martiña Soñadora*.

Pañosaco, VIIIº Ciclo de teatro

A edición de 2018, celebrada durante o mes de abril, contou coa participación das compañías A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Malasombra Producións, con *D. E. P.*; e Culturactiva, con *Sénior*.

Palas de Rei, XIXª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2018, celebrada entre os días 23 de agosto e 2 de setembro, entregouse o Premio Careón ao escritor e dinamizador da cultura galega Carlos Callón e o Premio Máscara ao grupo teatral Chévere pola súa traxectoria. Participaron os grupos Caxigos Teatro (Curtis), coa peza *Os supergaleguistas*; Debullando Teatro (Negreira), coa peza *E ti de quen vés sendo?*; Soledad Felloza, con *Xeografía do imaxinario*; Son d’Aldea, con *As novas na aldea*; e Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *A farsa do bululú*.

Referencias varias:

- Mónica Vázquez, “Teatro Amador, en Palas”, *La Región*, “*La Revista*”, “*Con Arte*”, 31 agosto 2018, p. 15.

Dá conta da 19ª edición da Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei na que participaron diferentes obras: *Xeografía do imaxinario*, a cargo do grupo Soledad Felloza; *As novas na aldea*, do grupo Son d’aldea xunto con Metátese Teatro e *A farsa do bululú* do Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla.

Ponteatro, IVº Ciclo

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro

Principal. A edición de 2018, celebrouse entre o 4 outubro e o 20 de decembro e contou coas seguintes compañías: Eme2, con *A leituga*; A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Redrum Teatro, con *Invisibles e Estás aí?*; e Grupo Chévere con *Goldi libre*. Tamén se representou para público infantil a peza *Tropical*, de Elefante Elefante.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Son protagonistas del...¡presente!” , *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 27 outubro 2018, pp. 62-63.

Infórmase da representación da peza *Goldi Libre!* por parte da compañía Chévere ao abeiro do ciclo Ponteatro.

Ponteceso, XXV Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2018 tivo lugar os sábados do mes de novembro no Salón de Actos do E. das Escolas. Representáronse as pezas *O servidor de dous anos*, a cargo de Talía Teatro; *Fillos do sol* e *Commedia*, de Contraproducións; e *Castrapo*, de Os Náufragos.

Referencias varias:

- J. M., “A Mostra de Teatro en Ponteceso cumpre vinte e cinco anos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da presentación da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso e dise que incluírá a posta en escena de *O servidor de dous anos* de Talía Teatro, *Fillos do sol* e *Commedia* de Controproducións e *Castrapo* dos Náufragos.

- J. M. R., “Aulas abertas de teatro os sábados de novembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 1 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso, a cal vai organizar aulas abertas de teatro para un público maior de 14 anos cuxo obxectivo é a creación dunha compañía de teatro afeccionada.

Pontedeume en obras, Vº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado polo Concello de Pontedeume. A edición de 2018 tivo lugar durante o mes de maio no IES Breamo de Pontedeume. Participaron as compañías O Aturuxo de Melpómene, con *Terapia de bar*; e Ditirambo Teatro, con *Anónima 18*.

Porriño, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro cultural do Porriño. Na edición de 2018,

celebrada entre o 8 e o 17 de xuño, participaron as compañías O Trasnó Teatro, coa peza *En venda*; Axouxe Teatro, con *Quero ser maior!*; Max Teatro, con *Cousas de matrimonio*; e Andaravía Teatro, con *Moito barullo e poucas carolas*. Tamén contou cunha representación para público infantil da man de Atrezo Teatro coa peza *As laranxas... non, non... cala*.

Porto do Son, Novembro Cultural

Organizado polo Concello de Porto do Son, inclúe espectáculos musicais e teatro. A edición de 2018, celebrouse durante o mes de novembro na Casa da Cultura de Porto do Son. Contou coa participación das compañías Grupo de Teatro de Ribeira, con *Cousas de Castelao*; e Contraproducións, con *Nacidas libres*. Ademais tamén se representou a peza *Os Rockenstein*; de Malasombra Producións.

Ciclo Principal **Primavera** 2018

Organizado polo Concello da Coruña no Teatro Rosalía de Castro celebrouse entres os meses de xaneiro a xuño e contou coa representación das seguintes pezas: *Nacidas libres*, de Contraproducións; *A leituga*, de Eme2; e *O servidor de dous amos*, de Talía Teatro.

Rianxo, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco as presentacións literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2018 celebrouse durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro e contou coas seguintes pezas en escena: *Anónima 18*, de Ditrambo Teatro; *A morte está escrita*, de Os Kabramakabra; *Historia do reloxo*, de Trotaconventos Teatro; *Cousas de Castelao*, de Grupo de Teatro Municipal de Ribeira; *As salvaxes*, da Agrupación Teatral Criaturas; *Pelos na lingua*, de Talía Teatro; *Filios do sol*, de Contraproducións; *De abrentes e ocasos*, de Teatro do Atlántico; *Language planning*, de Os Quinquilláns; e *Commedia*, de Contraproducións. Ademais, representáronse para o público infantil, *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; e *O enredo*, de A Tequerreté Teatro.

Riveira, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Riveira coa colaboración da Deputación da Coruña. Na edición de 2018, que tivo lugar no Auditorio Municipal de Riveira dende o 29 de setembro até o 30 de novembro, representáronse as pezas *Cranios privilexiados*, a cargo de Mofa e Befá; *Sénior*, de Culturactiva; *Estás aí?*, de Redrum Teatro; *O servidor de dous amos*, de Talía Teatro; *O furancho*, de Ibuprofeno Teatro; *Filios do sol*, de Contraproduccións; *Pan! Pan!*, de A Panadaría; *Papar sen cancelas*, de Culturactiva; e *Cousas de Castelao*, do Grupo Municipal de Teatro de Riveira.

Sada, XIV^a Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Na edición de 2018, celebrada durante o mes de setembro, contou coas seguintes compañías: Teatro O Lameiro (Vigo), con *Un mal día*; e O Aturuxo de Melpómene (Narón), con *Algo pasa con Paco*.

Santa Comba, II^o Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Na edición de 2018, que tivo lugar entre o 31 de outubro e o 22 de novembro, representáronse as pezas *Cranios privilexiados*, de Mofa e Befá; *D.E.P.*, de Malasombra Producións; e *As fillas bravas*, de Redrum Teatro.

San Telmo, X Semana de Teatro Amador de Tui

Organizada polo concello de Tui. A edición de 2018, que tivo lugar entre o 2 e o 7 de abril no teatro municipal da localidade, contou coas seguintes representacións: *Os pintores non teñen recordos*, do Grupo de Teatro Mesturanzas da Asociación Cultural Seixos Albos de Areas; *Tecendo mentiras*, do Grupo de Teatro da Asociación Cultural Santiago de Malvas; *O lío que lle lían a Pío*, do Grupo Aloia Teatro da Asociación Cultural Aloia de Pazos de Reis; *Aquí non se paga*, do Grupo de Teatro Chirlomirlo da Asociación Cultural Xuntanza de Randufe; *Descontrol hospital*, do Grupo de Teatro da Asociación Cultural San Fins de Rebordáns; e *Teño un tolo na casa*, do Grupo de Teatro Atalaia do voluntariado do Centro Sociocomunitario de Tui.

Referencias varias:

- A. Ferreira, “La Semana de Teatro Amador de San Telmo cumple una década”, *Atlántico Diario*, 3 abril 2018, p. 17.

Dá conta da programación da Semana de Teatro Amador de San Telmo.

- Eva González, “El teatro de Tui cumple tres lustros y supera los 320.000 espectadores”, *Faro de Vigo*, “Baixo miño”, “Área Metropolitana”, “Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas, 12 abril 2018, p. 16.

Dá conta do 15^a aniversario do Teatro Municipal de Tui. Desde os seus inicios en 2003, asistiron á sala máis de 321.000 usuarios. Cunha programación de carácter semestral, o teatro acolle representacións teatrais, marionetas, danza, música e cine. Así mesmo, salientase que este teatro forma parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA).

Sarria, VIII^a Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. Na edición de 2018, celebrada os días 3, 3 e 5 de agosto, contou con seis representacións. Participaron as compañías Ibutrofeno Teatro, con *Raclette* e a Aula de Teatro de Sarria, con *Milagre no convento*. Canto á programación infantil representáronse as pezas *Maria Faltri-Picadisco Infantill*, de Urdime e *Radio Bule Bule*, de Paco Nogueiras.

Sen Numerar, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios e Agadic, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2018, celebrada do 24 de febreiro até o 26 de maio e do 21 de setembro até o 16 de novembro, representáronse as pezas *Desconexión*, de Santiago Cortegoso; *Loló e mamá*, de Ste Xeito Producións; *Sénior*, de Cultura Activa; e *Os límites do frío*, Con de Tres Pés. Ademais, contou coa participación das compañías foráneas Teatro La Maldad (Cataluña), Iris Teatro (Bizkaia) e Teatro del Barrio (Madrid).

Referencias varias:

- P. L. O., “Teatro sobre mujeres en el Fórum”, *La Opinión*, “A Coruña”, 7 febreiro 2018, p. 8.

Dá conta da inauguración do ciclo de teatro “Sen Numerar” que vai contar con obras de Emilia Pardo Bazán, Frida Kahlo e María Casares. Comezará coa representación da peza teatral *Política Sentimental. Un encontro necesario entre María Casares e Albert Camus*, a cargo de Sabela Hermida e Germán Torres. Destácase a presenza da compañía Teatro del Barrio que representará a súa obra *Emilia* e pechará o acto *Desconexión* de Santiago Cortegoso. As actuacións terán lugar no Fórum Metropolitano da Coruña.

XXII Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas

Ciclo organizado pola Fundación SGAE en colaboración coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia que ten lugar durante o mes de novembro en Santiago de Compostela. As obras que participan son *Os bólidos do esquecemento*, de Julio Fernández; *Malcriada. Unha historia de amor*, de Esther F. Carrodeguas e *Culpable*, de Jose Prieto.

Teatro con G

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Carvalho Calero e no Teatro Jofre. No ano 2018 celebrouse entre o 8 de maio e o 30 de outubro. Contou coa participación das compañías Caramuxo Teatro, con *Pavillón lino*; Teatro dos Ghazafellos, con *Frankeinstein* e *As mil e unha noites*; IES Carballo Calero, con *Ferrol 1925*; CPR Tirso de Molina, con *Na busca do arco da vella* e *O dragón*; CEIP Isaac Peral e CEIP Os Casais, con *O mundo das cores*, *Restaurante Farruco* e *Zapping*; CPR Ludy con *O país dos mandóns*, *O principião*, *Rosiña a sordiña* e *Os doutores da inseguridade social*; e CEIP A Gándara, con *A festa no faiado*, *Xosé*, *Rocío* e *Un país calquera*. Tamén contou coa representación da peza

Cranios privilexiados de Mofa e Befá destinada a público adulto.

Teatro en Ruta, ciclo

Organizado pola concellaría de Cultura de Carballo o ciclo desenvolverase por cinco parroquias de Carballo (Cances, Rus, Verdillo, Sofán e Ardaña) durante o mes de novembro. A edición deste ano contou coas seguintes representacións: *Canto te quero* e *O fontaneiro*, de Vagalume Animación.

Referencias varias:

- J. M. R., “Teatro en Ruta polos centros sociais de cinco parroquias de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 9 novembro 2018, p. 33.

Informa da posta en marcha da iniciativa Teatro en Ruta, da man da Concellaría de Cultura de Carballo, que percorrerá diferentes centros sociais de cinco parroquias do municipio. Entre as actuacións, destácanse as dos grupos Vagalume Animación con *Canto te quero* e Redrum Teatro con *A canción de elefante*.

Ciclo **Teatro&Danza** de Santiago de Compostela

Organizado pola Concellaría de Acción Cultural o ciclo desenvolverase no Teatro Principal de Santiago de Compostela, no Auditorio de Galicia e na sala Agustín Magán (CSC de Santa Marta). O ciclo, que decorreu entre o 24 de xaneiro e o 26 de maio, contou coa presenza das seguintes compañías: Mofa e Beja, con *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*; Talía Teatro, con *O servidor de dous anos*, de Godoni; IlMaquinario, con *Resaca*; e Ibuprofeno Teatro, con *Casa O’Rei*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil coas pezas *O conto da azuzaina*, de Limiar e *Pum Pum!*, de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “La agenda semestral apuesta por las compañías gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da inauguración do ciclo Teatro&Danza que contará con máis de 18 espectáculos e 26 funcións. O ciclo vai ter lugar na Sala Agustín Magán, no Centro Sociocultural de Santa Marta de Santiago de Compostela. O programa iniciarase co novo traballo de Mofa e Befá *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Tamén se destaca a participación da compañía Talía Teatro co estreo da súa comedia *O servidor de dous anos*.

Teatrofilia, XVIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Uillán Teatro. Na edición de 2018, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 2 até o 24 de marzo,

participaron as seguintes compañías: Aula de Teatro da USC, con *Pasar por Nida*; Grupo de Teatro Mediogüevo, con *Só ante a Perigos*; Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*; Andaravía Teatro, con *Moito barullo e poucas carolas*; A Flor de Aldriz, con *O último baile do Sr. José da Cunha*; Colectivo Cultural Ollomao, con *Enciclopedia Álvarez*; Grupo de Teatro de maiores do Centro Social de Vedro, con *Contos de zapatilla*; e Teatro Airiños, con *Romeo e Xulieta*. Ademais, contou tamén cunha programación infantil no que se representaron as seguintes pezas: *Bernarda*, de Lohengrín Teatro; *Alén*, de Paso de Valverde; *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *O sono de Nadal*, de Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra); *Non máis muros*, de Teatro d'Ulla e máis aló; e *Un, dous, tres, acción!*, de Grupo de Teatro da A.C. Cotomanguelo (Orazo).

Teo, XIº Mes do Teatro

Organizada polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e AGADIC. A edición de 2018, que tivo lugar durante o mes de outubro, contou coa participación das seguintes compañías: Sarabela Teatro, con *Normas para saber vivir na sociedade actual*; Asociación Prosaúde Mental, con *Full Monty*; Obradoiro de Teatro Municipal de Teo, con *A vida nun fío*; e Grupo Chévere, con *Anatomía dunha serea*. Ademais, tamén houbo unha programación dedicada ao público infantil que contou coas seguintes pezas: *A cabeza do dragón*, de Títeres Cachirulo; *Pum, pum*, de Baobab Teatro; *Como axudo a Antón?*, de Biosbardos; *Ela*, de Caramuxo Teatro; *As historias viaxeiras*, de Kamishibai; *Contos vivos que fan poesía*, de Chío Couto; *A alfombra máxica*, de Babaluva Teatro; *A casa do terror*, de Xoán Curiel.

Terras do Orcellón, XIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo Tirule, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2018 celebrouse entre os días 7 de outubro e 4 de novembro no Auditorio Manuel María do Carballiño. Contou coa presenza das compañías Ditirambo Teatro, coa peza *Anónima 18*; O Cabre Teatro, con *O medo meu*; Gargallada Teatro, con *O xogo de Versalles*; A. C. Faíscas, con *Un fiambre, unha rosca, un cancán*; O Trasno Novo Teatro, con *En venda*; Teatro Muxicas, con *O inspector*; e *A cousa de Bernarda Alba*, de Martabelas. O premio do público recaeu na comedia *O inspector*, de Teatro Muxicas da ONCE de Ourense, unha obra adaptada e dirixida por Tito Asorey.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiambre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

Tomiño, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. A edición de 2018, celebrada durante os meses de outubro e novembro no Auditorio de Goián incluíu concertos, cinema, teatro e exposicións. Participaron as compañías Culturactiva, con *Sénior*; Cándido Pazó, con *Historias que veñen e van*; Matrioska Teatro, con *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*; Contraproducións, con *Os fillos do sol*; e A Panadería, con *Elisa e Marcela*. Ademais, tamén houbo unha programación dedicada ao público infantil coas seguintes pezas: *Roedores*, de Redrum Teatro; *As fedellas purpurina e brillante*, da Agrupación de Teatro de Pontevedra; *Aire*, de María Fumaça; *O nadal!*, de Migallas Teatro; e *Os tres porquiños*, de Educateatro Producións;

Valadouro, XXXIª Semana do Teatro

Xornada de teatro afeccionado organizada polo concello do Valadouro. A edición de 2018, celebrada durante a primeira semana do mes de setembro, contou coa participación dos grupos Os Pícaros de Lagoa, con *A Azoreira (República Independente)*; Bule-Bule, con *Xente con xente*; O Bordelo, con *Depende*; Colectivo Cultural Ollomao, con *Enciclopedia Álvarez*; e A Adala, con *Elixir de xuventude*.

Val do Dubra, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Val do Dubra en colaboración coa Rede de Bibliotecas de Galicia e a Deputación de Coruña. A edición de 2018, celebrada no auditorio municipal de Bembibre durante os meses de outubro, novembro e decembro contou coas seguintes representacións: *Sénior*, de Culturaactiva; *2010*, de Sen Cancelas Teatro; *A noite do capador*, de Os Dous Ardebullo; e *Nabiza Girl*, de Culturaactiva. Ademais, houbo unha programación infantil que contou coas seguintes compañías: Ghazafellos, con *A máquina do tempo*; Teatro ao Cubo, con *O faiado*; e Xarope Tulú, con *Estrafalaria*.

Valladares teatral, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado pola Área de Cultura do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co patrocinio da Xunta de Galicia. Na edición de 2018, celebrada os sábados do mes de outubro no auditorio do C. V. C de Valladares, representáronse as pezas *A túa tenrura*, *Molotov*, de Axóuxere Teatro e *Cousas de matrimonio*, de Max Teatro. Tamén se representou para público familiar *Balas sobre Broadway*, de Achádego Teatro.

Val Miñor e Oia, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado (non topei info na rede)

Organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos e o Concello de Gondomar. Esta primeira edición, celebrada dende o día 14 até o 28 de xaneiro no Auditorio Municipal Lois Tobío, contou coa participación dos grupos teatrais Bertorella de Morgadáns, con *Os pintores clónicos*; A Xesta Vermella de Borreiros, con *Pola culpa de Gayoso*; Pritis-Guomis de Gondomar, con *Pataclown*; A Moura de Chaín, con *Tecendo mentiras*; e O

Espantallo, con *Os cabalos rosas brincan no patín de Viladesuso*.

Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro sociocultural de Vedra. Na edición de 2018, celebrada entre o 28 de setembro e o 21 de outubro, representáronse as seguintes pezas: *Os carniceiros*, de Teatrino; *Catro corazóns con freo e marcha atrás*, de Antas de Ulla; *As monxas e a María*, de Falcatrueiros; e *Maniféstate*, de Andaravía Teatro.

Vilalba, XIXª Mostra de Teatro de

Organizada por Hipócrata Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba. A edición de 2018, celebrada os días 13, 14 e 15 de abril, contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Vodas de sangue*; da Escola Municipal de Teatro de A Pontenova, con *Hotel Rosamar*; e da Escola Municipal de Teatro Castro de Rei, con *Falsa plautina*.

Vilalba, Ciclo Sábados de Teatro de

Organizado polo Instituto de Estudos Chairegos coa colaboración da Deputación de Lugo. A edición de 2018 celebrouse nos sábados do mes de novembro e contou coas seguintes compañías: Tolemia Teatro, con *A oficina*; Hipócrata Teatro, con *Hotel desencanto*; Escola de Teatro de Vilalba, con *Retais*; e Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*.

Vilamarín, XXXIª Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín e celebradas no auditorio municipal desa localidade. A edición de 2018, celebrada entre os días 9 e 13 de xullo, contou coa participación das compañías Grupo de Teatro de Vilamarín, con *Os cravos de prata*; Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, con *As ondas das pedras no río*; Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'Rei*; Sarabela Teatro, con *O rei morre*; e Contraproducións, con *Fillos do sol*.

Vimianzo, Sábados de outono de

Ciclo de teatro, maxia e música organizado polo Concello de Vimianzo todos os sábados dos meses de outubro, novembro e decembro (do 6 de outubro ao 2 de decembro) na Casa da Cultura da localidade. Na edición de 2018 participaron as compañías ButacaZero, con *Camiños*; Eme2 Producións&Arte, con *A leituga*; Os Náufragos Teatro, con *Castrapo*; Pistacatro, con *Outono*; Redrum Producciones, con *A canción do elefante*; Talía Teatro, con *O servidor de dous anos*; Quico Cadaval, con *Os inocentes*; e Contraproducións, con *Fillos do sol*. Ademais, representouse para o público infantil *Tropical*, de Elefante

Elegante.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

Xosé Agrelo, XIIª Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2018 tivo lugar dende o 23 de abril até o 19 de maio no auditorio municipal con representacións e contacontos. Participaron as compañías Martabelas Teatro, con *A cousa de Bernarda Alba*; Grupo de Teatro O Xeito, *Caralavada e Chourisón*; Grupo de Teatro Sueiro, con *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*; Teatro Solidario As Insuas, *Chorima*; Aquelando Teatro, *Lisístrata*; e O Que Faltaba Teatro da Asociación de Veciños O Ferrollo de Trasdacosta, *Aurora*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil no que participaron as seguintes compañías: CEIP Ramón de Artaza, *Búscame unha estrela, por favor*; Debullando Teatro, con *E ti de que ves sendo*; Teatro Ramón de Artaza, con *Xa non teño medo*; CEIP Ricardo Tobío de Esteiro, *O espantallo*

Zas, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada polo Concello de Zas coa colaboración do grupo de teatro Badius. A edición de 2018 celebrouse do 21 de abril ao 27 de maio nos auditorios de Baio e de Zas. Contou coa participación das compañías Tiruleque Teatro, con *Os cornos son cousa de tres*; O Catre Teatro, con *All you need is war*; Os Kabramakabra, con *Mass co-medias*; e Ditirambo Teatro, con *Anónima 18*.

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Grupo 2ºF (1): *Xuízo a Lino e a Lana*

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El microteatro vuelve al Espazo Xove”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración do festival de microteatro “En Construcción” que conta con sete compañías teatrais. Entre os espectáculos destacan as obras *Xuízo a Lino e a Lana* e *Xuízo a Pepe* a cargo da compañía teatral 2ºF, *Mansión exprés* do grupo Abran Paso e *Aproximación ao ser humano* do grupo Oreteiro Teatro. Todas as pezas teatrais representaranse no Espazo Xove de Ourense.

Grupo 2ºF (2): *Xuízo a Pepe*

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El microteatro vuelve al Espazo Xove”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración do festival de microteatro “En Construcción” que conta con sete compañías teatrais. Entre os espectáculos destacan as obras *Xuízo a Lino e a Lana* e *Xuízo a Pepe* a cargo da compañía teatral 2ºF, *Mansión exprés* do grupo Abran Paso e *Aproximación ao ser humano* do grupo Oreteiro Teatro. Todas as pezas teatrais representaranse no Espazo Xove de Ourense.

ACAB Teatro: *Exilio*

Referencias varias:

- M. G. M., “ACAB Teatro ofrece ‘Exilio’, con textos de Dieste, Castelao e Seoane”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 20 marzo 2018, p. 37.

Dá conta da representación da peza *Exilio* que terá lugar no centro Ágora da Coruña con motivo do vixésimo aniversario da agrupación Alexandre Bóveda do que o colectivo ACAB forma parte. Apúntase tamén que esta peza foi merecedora do Premio Xenaro Mariñas .

A Cova das Letras Compañía: *Procúrase Pepa a Loba en Ordes*

Compañía A Feroz: *Afterparty*

Referencias varias:

- Montse García, “La compañía A Feroz se estrena con ‘Afterparty’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 7 febreiro 2018, p. L10.

Dá conta da estrea da obra *Afterparty* a cargo da compañía A Feroz no Salón Teatro de Santiago. A peza de teatro, baixo a dirección de Lorena Conde, participa no programa “En Residencia” do Centro Dramático Galego.

- Montse García, “A compañía A feroz dá voz no debut ás inxerencias da súa xeración”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 9 febreiro 2018, p. L10.

Dá conta da estrea da peza teatral *Afterparty* da compañía compostelá A Feroz. A actuación terá lugar no Salón Teatro. Destácase a súa participación no programa “En Residencia” do Centro Dramático Galego.

Apatación Compañía de Teatro: *Por unha peseta*

Aporía Teatro: *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, dirección e adaptación Diana Mera e Teté García

Teatro do **Aramio** (1): *Ulrike no deserto*, dirección Fran Godón

Teatro do **Aramio** (2): *Alacrán*

Teatro do **Atlántico**: *Dúas donas que bailan*

Referencias varias:

- R. L., “El teatro Rosalía presentará hasta trece espectáculos en su programación de primavera”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 19 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da presentación do programa de inverno-primavera do Ciclo Principal do teatro Rosalía. O ciclo contará con 13 espectáculos, entre os que se destaca a peza *Dúas donas que bailan* da compañía galega Teatro do Atlántico.

Aula de Teatro: *A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour*

Avelaiña Teatro: *A ópera de a patacón*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Arte por los cuatro costados”, *El Progreso*, “Lugo”, 16 setembro 2018, p. 9.

Destácase a representación da obra teatral no centro comercial lucense As Termas, con motivo da realización dun casting.

Butacazero: *#Camiños*

Recensións:

- Inma López Silva, “Ghastas camiño?”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Masa Crítica”, abril 2018, pp. 87-88.

Explica que a obra xira a redor das discordancias arredor do nacionalismo e a identidade galegas que definiron o teatro galego durante o século XX. Subliña o emprego do humor e destaca a intención desmitificadora da peza. Informa de que a obra trata temas como a emigración, entre outros, sen que ningún argumento predomine sobre o resto. Resalta o carácter heteroxéneo e fragmentario da peza no tocante á trama máis alá do conflito identitario. Fai referencia ao emprego na peza da música e á axilidade do ritmo. Apunta o emprego da sátira sobre a cotidianidade que se leva a cabo na peza. Afonda, en canto á posta en escea, no recurso aos papeis corais. Anota o vínculo coa tradición e a contemporaneidade que representa esta peza.

Referencias varias:

- Montse García, “#Camiños’, o DNI galego de onte e de hoxe”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 24 xaneiro 2018, p. L11.

Informa da estrea da peza teatral *#Camiños* a cargo do grupo ButacaZero en colaboración co Centro Dramático Galego. A representación vai ter lugar no Salón Teatro.

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

Centro Dramático Galego (1): *Anarquismos (Polo medio da habitación corre un río máis claro)* texto e dirección Pablo Fidalgo.

Recensións:

- Montse García, “Anarquismos’, a dificultade de vivir fóra do sistema”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 2 novembro 2018, p. L10.

Informa da estrea de *Anarquismos (Polo medio da habitación corre un río máis claro)* baixo a dirección do vigués Pablo Fidalgo en coprodución co Centro Dramático Galego (CDG), que terá lugar no Salón Teatro de Santiago.

Centro Dramático Galego (2): *Divinas palabras revolution*, texto Valle-Inclán, dirección Xesús Ron.

Recensións:

- Fefa Noia, “Voces novas para as palabras máis fermosas”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Proscenio”, n.º 94, 2018, pp. 22-24.

Fai referencia á estrea en galego da obra de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego, salientando a preparación da posta en escea de *Divinas palabras revolution*. Establece unha división da produción dramática de este autor levada ao teatro galego en dúas quendas. En primeiro lugar, informa de que na tempada dos anos 2016 e 2017 tivo lugar a estrea de *Martes de carnaval*, que inclúe *A gala do defunto* e *A filla do capitán*, a cargo de Marta Pazos. En segundo lugar, dá conta de que na tempada de 2017 e 2018 ten lugar a posta en escea de *Divinas palabras revolution* a cargo de Xron. Destaca tamén que a obra non constitúe un traslado do texto do autor á escea senón unha reflexión sobre as dificultades da súa representación. Por último, comenta que a pegada da idiosincrasia dunha Galicia que xa desapareceu, caracterizada pola súa falta de humanidade, é actualizada a través do deslabazamento formal do texto.

- Roberto Pascual, “Esperpento 2.0. *Divinas palabras revolution*”, *Grial*, n.º 220, “Música e artes escénicas”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 143-145.

Recensión da posta en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela da obra *Divinas palabras revolution* a cargo do Centro Dramático Galego. Comenta que a meirande parte dos responsables da representación proceden da compañía Chévere e que a obra constitúe unha estampa da realidade social galega dos nosos días. Especifica que a peza supón unha actualización do texto orixinal de Valle-Inclán que ten como protagonista as novas tecnoloxías da comunicación. Apunta tamén que a obra versa sobre o fenómeno mediático, televisado e audiovisual, da morte de Xoana a Raíña e a sorte do seu fillo e destaca o desenvolvemento pausado da peza e a suavidade dos sons, así como a relevancia da música. Por último, analiza a importancia da caracterización das personaxes á hora de outorgarlles actualidade e individualidade.

- Manuel Xestoso, “Espello en alta definición”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 94, 2018, pp. 74-75.

Apunta que a obra constitúe unha mostra da deformación da realidade a través da televisión e que afonda na inacción dos espectadores ante a traxedia da familia dos Galios que se está a retransmitir en directo. Menciona que a temática da peza xira arredor da miseria, a violencia, a falta de dignidade ou o maltrato dos desfavorecidos ao que se suma

o narcisismo e a frivolidade que caracterizan a actualidade.

- Manuel Xestoso, “XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Isto non é unha crónica”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 45-46.

Achega un percorrido pola traxectoria da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co gallo da súa trixésimo quinta edición. No tocante á dramaturxia galega destaca as pezas *Laboratorio de estremonías* de Mónica Camaño ou *Silda e Hadrián*, de Casilda Alfaro e Adrián Ríos. Fai referencia á obra *Divinas palabras revolution* como peza de Chévere para o CDG e ao seu encadramento na definición de comedia e menciona tamén que tivo lugar a representación da obra *A leituga* a cargo de Emedous.

- Inma López Silva, “Abonda de Valle”, *Tempos Novos*, n.º 252, “Masa Crítica”, maio 2018, pp. 88-89.

Reflexiona sobre a dificultade de adecuación da temática do texto orixinal de Valle Inclán á actualidade. Explica que a obra está adaptada e ten lugar nun contexto de realidade televisiva. Alude á mestura da escenografía do cinema coa do teatro. Fala de que na peza ten lugar a contraposición entre o ritmo do teatro e o da cotidianeidade. Anota a falta de verosimilitude que produce a combinación da historia de Valle-Inclán co formato correspondente ao dun espectáculo de televisión en directo. Comenta a necesidade de que o CDG se centre na representación de obras do teatro galego.

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegua e Cía. *ButacaZero* sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravilhosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulu, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Un dos nosos”, *Diario de Pontevedra*, “Táboa Redonda”, n.º 112, “Fatiga ocular”, 7 xaneiro 2018, p. 5.

Comenta a importancia de Ramón María del Valle Inclán como dramaturgo con motivo da estrea da peza teatral *Divinas palabras* a cargo da compañía compostelá Chévere, coa colaboración do Centro Dramático Galego.

- Montse García, “Ensayos de ‘Divinas palabras’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de

Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 16 febreiro 2018, p. L10.

Informa de que o elenco artístico e técnico de *Divinas palabras* iniciou os ensaios para a representación para a estrea que terá lugar o 12 de abril no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- AAAG, “O esmorecer do CDG”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Proscenio”, nº 94, 2018, pp. 27-29.

Fai un percorrido de carácter crítico polas actividades realizadas polo Centro Dramático Galego. No tocante á literatura galega menciona a posta en escena das obras *Xardín suspenso* en 2015, *Tartufo* en 2016, *Martes de Carnaval* en 2017 e *Divinas palabras revolution* en 2018. Achega unha reflexión sobre as postas en escena levadas a cabo polo CDG nos últimos anos e a súa recepción. Dá conta dos problemas administrativos e de xestión á hora de contratar os actores.

- Eva Alonso, “Radiografía do teatro galego”, *Tempos Novos*, nº 250, “Debate”, marzo 2018, pp. 74-79.

No contexto dun debate sobre a situación actual do teatro galego faise alusión á obra *Divinas palabras* e á adaptación da mesma ao galego a cargo do Centro Dramático Galego no 2018.

Chévere Teatro: *Anatomía dunha serea*

Recensións:

- Inma López Silva, “Parir digno”, *Tempos Novos*, nº 259, “Masa Crítica”, decembro 2018, p. 88.

Explica que a peza foi desenvolvida no ámbito do proxecto Berberecheira que dá cabida a producións renovadoras. Informa de que a obra constitúe un monólogo de Iria Pinheiro sobre as súas propias vivencias durante o parto, marcadas polas incurias xinecolóxicas. Subliña o carácter lírico da peza e o recurso a ironía, así como a relevancia da luz para marcar o ritmo durante a representación. Afonda no argumento da obra, sobre o tratamento das mulleres embarazadas coma doentes para facilitar o traballo do persoal dunha sanidade marcada pola perspectiva do patriarcado. Resalta a temática feminista da peza que pivota arredor do dominio da muller sobre o seu propio corpo tamén ante a medicina. Destaca a relevancia do corpo feminino e o seu valor plástico na posta en escea. Reflexiona sobre a mestura entre creación e moral que ten lugar na peza.

Con De Tres Pés: *Os límites do frío*, dirección Alejandro Carro

Culturactiva (1): *Eu quería casare*, dirección José Prieto

Recensións:

- Alicia Pardo, “Una última oportunidade para el amor”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Cultura y ciudad”, 8 marzo 2018, p. 12.

Informa da estrea de *Eu quería casar*, unha comedia de enredo interpretada por Pedro Brandariz e Lucía Veiga. Trátanse cuestións relacionadas coa temática da obra e as reflexións dos protagonistas sobre a mesma. A obra dirixida por Marita Martínez Arcay, representárase no Fórum Metropolitano da Coruña.

Culturactiva (2): *Sénior*

Recensións:

- Jaureguizar, “Luis Iglesia. ‘A presbicia é o grande motor do desenvolvemento humano’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 8 marzo 2018, p. 58.

Coméntase a estrea da peza teatral *Sénior* interpretada, entre outros, polo actor de Riotorto Luis Iglesia. O espectáculo, baixo a dirección de Avelino González, vai ter lugar en Ortigueira. Alúdese á temática da obra e recóllense as reflexións do actor galego.

Referencias varias:

- M. M., “Teatro, música y cine conforman el programa cultural de otoño en As Pontes”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 novembro 2018, p. 18.

Dá conta do contido do programa cultural de outono de As Pontes, elaborado e organizado pola área de cultura do Concello. Nel destácanse os espectáculos teatrais *Sénior*, da man de Luis Iglesia e Marcos Orsi, e *A leituga*, de César Sierra, que terán lugar no Alovi.

De Ste Xeito: *Loló e mamá*

Referencias varias:

- María Muleiro, “Josi Lage. ‘A profesión necesita o festival de teatro, non desaparecerá mentres haxa xente loitadora’”, *La Región*, “Verano”, “Provincia Activa”, “Foro La Región”, 10 agosto 2018, p. 20.

Entrevista á actriz e directora do Festival de Teatro de Galicia Josi Lage. Nela, a creadora teatral e docente trata cuestións relacionadas coa organización desta 29ª edición do festival así como da importancia das mulleres no teatro.

Down Lugo: *Soños*, texto William Shakespeare

Eme2 Producións&Arte: *A leituga*, texto César Sierra, dirección Víctor Duplá.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Fisonomía da desgraza”, *RGT. Revista Galega de Teatro*,

“Espectáculos”, n.º 95, 2018, pp. 54-55.

Apunta que a temática da obra pivota arredor dun drama familiar tratado desde unha perspectiva cómica e que a peza trata situación dunha familia que debe facerse cargo dun ancián en estado de coma. Afonda nas circunstancias da sociedade actual que rodean esta situación, destacando o labor dos servizos sanitarios que favorecen a supervivencia do ancián fronte á falta de axudas económicas para contribuír ao coidado destes doentes. Salienta a vertente costumista e verosímil da obra, así como o seu pouso ético e social desenvolto a partir da soidade, da angustia e do individualismo.

- Manuel Xestoso, “XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Isto non é unha crónica”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 45-46.

Achega un percorrido pola traxectoria da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co gallo da súa trixésimo quinta edición. No tocante á dramaturxia galega destaca as pezas *Laboratorio de estremonías* de Mónica Camaño ou *Silda e Hadrián*, de Casilda Alfaro e Adrián Ríos. Fai referencia á obra *Divinas palabras revolution* como peza de Chévere para o CDG e ao seu encadramento na definición de comedia e menciona tamén que tivo lugar a representación da obra *A leituga* a cargo de Emedous.

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegas e Cía. *ButacaZero* sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravillosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulu, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Referencias varias:

- M. G. M., “Xosé Barato. ‘Por sorte, pódense contar a centos os intérpretes en Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 29 marzo 2018, p. 36.

Comenta o encontro co actor Xosé Barato e dá conta da presentación da peza teatral que el mesmo protagoniza e que ten como eixo temático a leituga.

- Alicia Pardo, “Antonio Durán ‘Morris’. ‘Hoxe o teatro ten máis de resistencia que cando empecei, pero é resistencia para poder vivir”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Cultura y ciudad”, 2 abril 2018, p. 6.

Entrevista ao actor Antonio Durán “Morris” con motivo da estrea da obra *A leituga* no

Teatro Rosalía da Coruña. Trátanse cuestións relacionadas coa súa traxectoria profesional, o estado actual do audiovisual galego e os personaxes que interpretou ao longo da súa carreira profesional.

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

- M. M., “Teatro, música y cine conforman el programa cultural de otoño en As Pontes”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 novembro 2018, p. 18.

Dá conta do contido do programa cultural de outono de As Pontes, elaborado e organizado pola área de cultura do Concello. Nel destácanse os espectáculos teatrais *Sénior*, da man de Luis Iglesia e Marcos Orsi, e *A leituga*, de César Sierra, que terán lugar no Alovi.

Enconarte Producións: *Monstruación*, dirección Marián Bañobre

Recensións:

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegua e Cía. *ButacaZero* sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravillosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulú, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Enconarte sigue rompiendo tabúes con su nueva obra ‘Monstruación’”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 23 xaneiro 2018, p. 5.

Informa da estrea da peza teatral *Monstruación* a cargo de Enconarte Producciones. A representación vai ter lugar en O Serán, Vigo. Trata cuestións relacionadas coas personaxes, o contido da obra e a finalidade da mesma.

Escola Unitaria Teatro: *Golpes*, dirección Xosé Leis

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Las olvidadas del arte”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 2 novembro 2018, p. 8.

Informa da inauguración da II edición do Festival Escena Muller (FEM) da Coruña que contará con numerosas actividades culturais entre as que destaca a representación da peza teatral *Golpes* de Estíbaliz Espinosa, que terá lugar na sala Gurugú.

- Alicia Pardo, “Amores de trampas y secuelas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Cultura y ciudad”, 20 novembro 2018, p. 10.

Informa da estrea da peza teatral *Golpes*, baixo a dirección de José Leis e representación da actriz Estíbaliz Veiga. O espectáculo vai ter lugar no campus de Oza da Coruña.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Carpe diem*

Grupo de **Teatro no Garaxe**: *Que soño me deixas*

Referencias varias:

- B. Y., “Ribadumia traerá a Touriñán, zarzuela y una gala contra la AME en su programa invernal”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 11 xaneiro 2018, p. 12.

Informa da presentación do programa cultural de inverno, organizado polo Concello de Ribadumia, que contará con numerosas actuacións musicais, maxia, humor, teatro e cine. Todas elas terán lugar no Auditorio Municipal Santa Baia. Entre elas, destácase a obra *Que soño me deixas* a cargo da compañía Teatro no Garaxe.

Inversa Teatro: *Sofía e as postsocráticas*, dirección Marta Pérez.

Referencias varias:

- Belén López, “A cultura é un motor”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Cultural 2018”, 1 decembro 2018, pp. 6-7.

Dá conta da inauguración da XI edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia que tivo lugar no Recinto Feiral de Pontevedra. Destácase a preestrea da obra *Sofía e as postsocráticas* a cargo da compañía Inversa Teatro que tivo lugar no Pazo da Cultura.

Lucecús Teatro: *Logos*, dirección Santiago Cortegoso, texto Anxo Manóel Lamelo.

Recensións:

- Jaureguizar, “Lucecús prepara ‘Logos’, unha obra sobre un futuro sen liberdade”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 11 xaneiro 2018, p. 43.

Dá conta da estrea da peza teatral *Logos* a cargo da compañía lucense Lucecús que vai ter lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. Destácanse, principalmente, cuestións en relación co contido e a escenografía da obra.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “El grupo de teatro Lucecús estrenó la comedia distópica ‘logos’, en el auditorio Gustavo Freire”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 xaneiro 2018, p. 6.

Dá conta da estrea da peza teatral *Logos* a cargo do grupo Lucecús. A representación vai ter lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. Céntrase fundamentalmente na montaxe e no contido da obra.

Manarte Producións e Deputación de A Coruña: *O paseo das esfínxes*, dirección Lino Braxe

Matrioshka Teatro: *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*

Referencias varias:

- L. T., “Cultura de Sada tira de imaxinación para evocar a María Victoria Moreno y celebrar el 17 de Maio”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 1 maio 2018, p. 16.

Anuncia a celebración dun programa de actividades, en concreto, dous concursos, un espectáculo teatral e o Salón do Libro de Sada, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2018. Deste xeito, informa de que se pretende evocar a personalidade e obra da escritora María Victoria Moreno. O evento está organizado polo Concello de Sada a través da Concellería de Cultura, xunto coa colaboración do comercio e a hostalaría. Tamén destaca a actuación do grupo de teatro Matrioska Teatro con *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*.

Muxicas Teatro: *O inspector*, dirección e adaptación Melania Cruz e tito Asorey.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versailles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiambre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

- Mariló Pérez, “Un teatro sen limitacións”, *La Región*, “Agenda”, “Espectáculo”, 7 novembro 2018, p. 20.

Informa da estrea do espectáculo teatral *O inspector* a cargo da compañía Muxicas, dirixido por Tito Asorey en colaboración con Melania Cruz. A obra, que vai ter lugar no Auditorio de Ourense, denuncia o tema da corrupción política en chave cómica e evidencia a ausencia de limitacións no teatro. Destácase que a peza teatral foi galardoada co Premio do Público na XI Mostra de Teatro Amador.

- J. C., “El grupo teatral de la ONCE lleva a O Barco la obra ‘O inspector’”, *La Región*, “Provincia”, “Valdeorras”, 14 novembro 2018, p. 20.

Informa da estrea da peza teatral *O inspector* de Nikolai Gogol, a cargo da compañía teatral Muxicas. A actuación vai ter lugar no Teatro Lauro Olmo de O Barco.

MoreaShow teatro aficionado da asociación AFEM Morea: *Alicia no País*

Teatro do **Noroeste** (2): *Da avaricia, a luxuria e a morte*, texto Valle-Inclán

Referencias varias:

- Manuel F. Vieites, , “Da avaricia, a luxuria e a morte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Teatro”, 1 novembro 2018, p. VIII.

Con motivo da tradución por parte de Manuel Guede da obra de Valle-Inclán *Da avaricia, a luxuria e a morte*, anuncia que Teatro do Noroeste a está representando xa en escena baixo a dirección de Eduardo Alonso. Indica que os textos que conforman esta obra están marcados pola corrupción inherente ao ser humano.

Lautana Teatro: *O amor e a morte (Unha comedia doutra dimensión)*, dirección Juan Mariñas.

O Aturuxo Melpómene: *Terapia de bar*

Oreteiro Teatro (1): *Aproximación á muller nociva*

Referencias varias:

- Xosé Lois Colmeneiro, “Novena edición del festival de teatro ‘Entreculturas’ de Verín”, *La Región*, “Provincia”, 28 setembro 2018, p. 32.

Dá conta da 9ª edición do festival de Teatro Entreculturas que se celebra no auditorio municipal de Verín e informa das diferentes representacións teatrais que terán lugar.

Oreteiro Teatro (2): *Aproximación ao ser humano*

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El microteatro vuelve al Espazo Xove”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración do festival de microteatro “En Construcción” que conta con sete compañías teatrais. Entre os espectáculos destacan as obras *Xuízo a Lino e a Lana* e *Xuízo a Pepe* a cargo da compañía teatral 2ºF, *Mansión exprés* do grupo Abran Paso e *Aproximación ao ser humano* do grupo Oreteiro Teatro. Todas as pezas teatrais representaranse no Espazo Xove de Ourense.

Os Aneis Sénior: Verdade ou mentira?

Referencias varias:

- C. R., “Cultura e propostas lúdicas”, *La Región*, “Nadal en Xinzo de Limia”, “Programación”, 22 decembro 2018, p.4.

Dá conta da actuación do grupo Aneis Sénior, coa súa obra *Verdade ou mentira?* no auditorio da Casa da Cultura.

O Trasnovo Teatro: En venda

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiambre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

- Marta Veiga, “Tamar Novas, Sergi Belbel e Jorge coira celebran con Achádego 30 anos de teatro”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 1 novembro 2018, p. 45.

Dá conta da celebración das Xornadas Teatrais en Lugo que conmemoran os 30 anos do grupo teatral Achádego, unha gala que terá lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. No acto organizaranse diferentes actividades culturais e analizarase a situación actual do teatro galego.

Os Pinchacarneiros: Onde vai, onde vai

Pistacatro Productora de Soños (1): Alma (non é hippie)

Pistacatro Productora de Soños (2): Arnoia, Arnoia: o circo da casa pequena texto Xosé Luís Méndez Ferrín, dirección Quico Cadaval

Recensións:

- Montse García, “Circo con moito argumento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escena”, “Teatro”, 12 outubro 2018, p. 19.

Recensiona o espectáculo teatral *Arnoia, Arnoia. O circo da casa pequena* a cargo da compañía Pistacatro, baixo a dirección de Quico Cadaval, nunha coprodución co Centro Dramático Galego. A peza, baseada na novela *Arnoia, Arnoia* de Xosé Luís Méndez Ferrín, combina elementos propios do teatro mais tamén do circo e está dirixida a todo tipo de público.

- M. G. M., “Unha historia contada con palabras, música e piruetas”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 21 novembro 2018, p. 37.

Dá conta da estrea da peza teatral *Arnoia, Arnoia. O circo da casa pequena* a cargo da compañía Pistacatro e o Centro Dramático Galego. O espectáculo, que terá lugar no Teatro Colón da Coruña, combina música, danza, teatro e circo. Na reportaxe, trátanse cuestións relacionadas co contido e a escenografía da obra, fundamentalmente.

- Alicia Pardo, “Unha aventura cara a madurez”, *La Opinión*, “A Coruña”, 25 novembro 2018, p. 11.

Dá conta da estrea da peza teatral *Arnoia Arnoia: O Circo da Casa Pequena*, baseada no texto de Xosé Luís Méndez Ferrín. A obra, baixo a dirección de Quico Cadaval e Pistacatro Productora de Soños, combina teatro e circo. A representación terá lugar no Teatro Colón da Coruña.

Referencias varias:

- Montse García, “Recrean a novela ‘Arnoia, Arnoia’ cunha simbiose de teatro e circo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 outubro 2018, p. 37.

Informa da estrea do espectáculo teatral *Arnoia, Arnoia. O circo da casa pequena* da compañía Pistacatro, baixo a dirección de Quico Cadaval, nunha coprodución co Centro Dramático Galego, no Salón Teatro de Santiago. Esta peza de teatro-circo é unha recreación da novela *Arnoia, Arnoia* de Xosé Luís Méndez Ferrín.

- Daniel Salgado, “O mundo literario de Méndez Ferrín viaxa ao circo”, *Sermos Galiza*, n.º 317, “fóradeserie”, 11 outubro 2018, pp. 2-3.

Comenta un dos últimos ensaios antes da estrea da peza teatral *Arnoia, Arnoia* a cargo da compañía Pistacatro e o Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Quico Cadaval. Trátanse cuestións relacionadas coa escenografía e a posta en escena da obra.

Pistacatro Productora de Soños (3): *A vida tola*

Referencias varias:

- María Muleiro, “Josi Lage. ‘A profesión necesita o festival de teatro, non desaparecerá mentres haxa xente loitadora’”, *La Región*, “Verano”, “Provincia Activa”, “Foro La Región”, 10 agosto 2018, p. 20.

Entrevista á actriz e directora do Festival de Teatro de Galicia Josi Lage. Nela, a creadora teatral e docente trata cuestións relacionadas coa organización desta 29ª edición do festival así como da importancia das mulleres no teatro.

Teatro Proscrito: *A soldadeira*, dirección Lino Braxe, texto Luís Seoane.

Quico Cadaval: *Por que mo preguntas?*

Redrum Teatro (1): *Estás aí?*, dirección Alex Sampayo.

Referencias varias:

- J. C., “A literatura xunto coa música e o teatro estarán presentes hoxe na vila noiesa”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Noia-Muros”, 6 outubro 2018, p. 30.

Informa da celebración de entrega do premio do XVII Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos que terá lugar no salón de plenos do Concello de Noia. Nesta xornada, ademais de actuacións musicais, tamén se representarán dúas pezas teatrais *Estás aí?*, protagonizada polos galegos Xúlio Abonjo e Isabel Risco, e *Somos Criminais* interpretada por Carlos Blanco e Xosé Touriñán. Ambas as dúas representacións terán lugar no Coliseo Noela de Noia.

- Sara Vila, “Xúlio Abonjo. ‘Pontevedra é especial; aquí subín por primeira vez a un escenario dun teatro’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 novembro 2018, p. 10.

Entrevista ao actor pontevedrés Xúlio Abonjo, na que se tratan cuestións relacionadas cos diferentes proxectos nos que está a participar na actualidade e se repasa a súa traxectoria profesional.

Redrum Teatro (2): *Invisibles*, dirección Marián Bañobre, texto Montse Fajardo.

Recensións:

- María Varela, “Invisibles, entre bambolinas”, *Diario de Pontevedra*, “De norte a sur”, 13 novembro 2018, contracuberta.

Dá conta da estrea da peza teatral *Invisibles*, denominación homónima do libro da xornalista vilagarcía Montse Fajardo. Coméntanse cuestións relacionadas coa escenografía da obra e a actuación das personaxes, fundamentalmente. A representación terá lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

- M. Obelleiro, “Facer visíbel o que fica oculto”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “Sociedade”, 22 novembro 2018, pp. 6-7.

Recensiona a peza teatral *Invisibles* a cargo da compañía teatral Redrum Teatro, en colaboración coa Concellaría de Igualdade de Pontevedra e o Centro Dramático Galego. A obra, cuxas protagonistas son sete mulleres, presenta a temática da violencia machista. Trátanse cuestións referidas ao contido, ás personaxes e a finalidade que persegue a peza.

- C. Crespo, “Un exercicio teatral de visibilidade”, *La Voz de Galicia*, “Violencia de género: no”, “Día contra a violencia de xénero”, “En escena”, 22 novembro 2018, p. 12.

Comenta a obra *Invisibles* a cargo da compañía Redrum no Teatro Principal de Pontevedra. Trátanse cuestións relacionadas coa temática e a finalidade da obra, así como a caracterización das personaxes.

- Isabel G. Aviión, “*Invisibles, relatos do maltrato*, outro libro valente de Montse Fajardo”, *Aulas libres*, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 10, 2018, p. 36.

Ofrece unha recensión da obra *Invisibles. Relatos do maltrato* destacando a importancia da súa temática arredor da violencia contra as mulleres. Di que o libro da cabida aos testemuños de sete mulleres que sufriron maltrato. Resalta que cada unha das vivencias recollidas amosa as características de esta problemática como o medo, as ameazas, a soidade, a falta de comunicación, a culpabilidade, a denuncia ou a escaseza de medidas contra o maltratador. Fai un percorrido pola temática de dúas obras anteriores da autora *Mulleres en pé de vida* (2012) e *un cesto de mazás* (2015). Salienta que a primeira recolle a historia de dez mulleres mentres que a segunda trata o fascismo tras o estoupido da guerra civil.

Referencias varias:

- Sara Vila, “Sheyla Fariña. ‘É un luxo representar a súa fortaleza e a súa valentía’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día contra a violencia machista”, 14 novembro 2018, p. 10.

Entrevista á actriz Sheyla Fariña, unha das personaxes da peza teatral *Invisibles* na que se tratan aspectos relacionados coa creación da peza, a escolla do reparto de actrices, o tratamento da temática da violencia de xénero, entre outros.

Sarabela Teatro: *Celebración, a gran noite*, dirección Daniel Salgado, texto Fernando Dacosta

Referencias varias:

- Lucía Montáns, “O medo a non ser ninguén”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 19 setembro 2018, p. 18.

Recolle a presentación da peza teatral *Celebración. A gran noite* do grupo Sarabela Teatro que tivo lugar no Concello de Ourense. Na rolda de prensa estivo o alcalde, Jesús Vazquez, a concelleira de Cultura, Belén Iglesias, o director da obra, Dani Salgado, e os actores que interpretan a obra, agás Nate Borrajo,

- Montse García, “Sarabela ofrece su ‘Celebración’ ineludible dos días en el Principal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 11 outubro 2018, p. L10.

Dá conta da representación teatral *Celebración, a gran noite*, a cargo da compañía teatral Sarabela Teatro que tivo lugar no Teatro Principal de Santiago. Ademais, tamén se recollen unhas palabras de Fina Calleja, unha das actrices protagonistas desta peza.

Sen Tempo Teatro: *Sábado, sabadete*

Tarantela Teatro: *A terapia do Doutor Menguele*, texto Jorge Moreno, adaptación e dirección Rocío Salgado.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Tarantela Teatro estrena ‘A terapia do Doutor Menguele’ ante su público en Beade”, *Faro de Vigo*, “*Vigo [4] costados*”, 27 novembro 2018, p. 2.

Informa da estrea da obra *A terapia do Doutor Menguele* a cargo da compañía Tarantela Teatro. A representación terá lugar no auditorio CSCR de Beade, en Vigo. Trátanse cuestións relacionadas coa temática e o elenco de personaxes que conforman a obra así como da historia da compañía teatral.

Escola de Teatro **Valle-Innova:** *Memorias da árbore na noite triste* texto de Fátima Rey

Referencias varias:

- B. Y., “Las honras anualres a Valle-Inclán recuperarn el encuentro de tunas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 11 outubro 2018, p. 11.

Informa da presentación do programa *Sonatas de Otoño*, en homenaxe ao escritor Valle-Inclán, celebrada no Concello de Vilanova. Entre as numerosas actividades que se levarán a cabo, destácase a estrea do libro *Memorias da árbore triste* da autora vilanovesa Fátima Rey en O Cuadrante.

Viradeira Produccións: *Noites de estrelas*, dirección José Manuel Vázquez.

Referencias varias:

- M. G. M., “A Viradeira Produccións se estrena en la ciudad con ‘Noites sen estrelas’”, *El*

Ideal Gallego, “Sociedad”, 24 marzo 2018, p. 36.

Dá conta da estrea do espectáculo musical e humorístico *Noites de estrelas* a cargo do grupo A Viradeira Producións que terá lugar no Teatro Colón da Coruña. A actuación contará coa participación da banda musical galega The Funkles.

- Alicia Pardo, “Una constelación de carcajadas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 marzo 2018, p. 12.

Dá conta da estrea do espectáculo musical e humorístico *Noites de estrelas* a cargo do grupo A Viradeira Producións, acompañado da actuación do grupo musical The Funkles. O acto terá lugar no Teatro Colón da Coruña.

Xerpo Teatro: *Casquería e outras vísceras*,

Recensións:

- Inma López Silva, “Quen somos”, *Tempos Novos*, n.º 254, “masa crítica”, xullo 2018, p. 87.

Sinala que a obra trata o tema da perda da identidade e que constitúe unha obra de carácter distópico na que se presenta unha Galicia sen lingua, historia, nin humanidade propia e a solución a esta problemática a conta da intelectualidade como resguardo da cultura e tamén do ecoloxismo. Destaca o ritmo pausado da obra e a pegada da temática da resistencia dos personaxes contra a crueldade da vida, da paisaxe, do público, da perda do razoamento e da fin da existencia. Explica que a peza pon de manifesto a idea da existencia nas súas circunstancias espaciais e sociais e faise referencia á escenografía na que destaca a exposición das entrañas. Subliña a naturalidade da interpretación na posta en escena e os contrastes que presenta a obra entre a dexeneración e a esperanza.

A Xesta Vermella Grupo: *Pola culpa do Gayoso*

III. 4. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III. 4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Achádego Teatro: *Balas sobre Broadway*, texto Woody Allen

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Tamar Novas, Sergi Belbel e Jorge coira celebran con Achádego 30 anos de teatro”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 1 novembro 2018, p. 45.

Dá conta da celebración das Xornadas Teatrais en Lugo que conmemoran os 30 anos do grupo teatral Achádego, unha gala que terá lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. No acto organizaranse diferentes actividades culturais e analizarase a situación actual do teatro galego.

Asociación Cultural **Faíscas**: *Un fiambre, unha rosca*

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiambre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

Teatro **Airiños** (1): *Romeo e Xulieta*, adaptación Esther F. Carrodegas

Referencias varias:

- Suso Souto, “Airiños estrea mañá ‘Romeo e Xulieta’ en clave de humor”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 8 marzo 2018, p. 38.

Dá conta da estrea da peza teatral *Romeo e Xulieta* a cargo da compañía Airiños. A actuación vai ter lugar no auditorio municipal de Rianxo.

Títeres **Alakrán**: *Barriga Verde ataca de novo*

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “As voces da emigración”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”,

20 marzo 2018, P. 12.

Dá conta da celebración organizada polo Grupo de Teatro da Asociación Alexandre Bóveda que cumpre vinte anos sobre as táboas coa representación da peza *Exilio*, composta por relatos de temática da emigración pertencentes a Castelao, Dieste e Seoane. A actuación terá lugar no Centro Ágora da Coruña.

Andaravía Teatro, *Maniféstate!*, dirección Paula Carballeira

Referencias varias:

- J. M. R., “A Mostra de Teatro Labarta Pose xa ten os cinco finalistas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 4 abril 2018, p. 33.

Informa da elección das cinco obras finalistas da III Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose, organizada polo concello de Zas. As obras elixidas son *Os cornos son cousa de tres* de Tiruleque Teatro de O Carballiño; *All you need is war* de O Catre Teatro de As Pontes; *Mass-Co-medias* de Os Kabramakabra; *Anónima 18* de Ditirambo Teatro de Montrove e *Alén* da Asociación Teatral Paso de Valverde de Armentón (Arteixo). Destacase, tamén, que foron elixidas como reservas *En pé de guerra* de Misturar-T Teatro; *A illa Marela* da Asociación de Teatro de Coles e *Maniféstate* de Andaravía Teatro-AC Papaventos. As cinco representacións terán lugar nos auditorios de Baio e Zas.

Aporía Teatro: *6 cubos negros en corpo branco*, dirección e texto Diana Mera

Referencias varias:

- Montse García, “Tragicomedia sobre la represión femenina”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 10 maio 2018, p. L10.

Dá conta de que a obra vai representarse en Santiago de Compostela e sobre ella destaca que se trata dunha traxicomedia sobre a represión nos ámbitos familiares e sociais con tintes de humor absurdo e negro.

ArtesaCía: *Chola, a it girl*

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Una ‘youtuber’ contra los cánones”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 xaneiro 2018, p. 10.

Comenta a personaxe de Chola na peza teatral *Chola, a it girl*, interpretada pola actriz Laura Villaverde, a cargo da compañía ArtesaCía. A representación vai ter lugar no teatro Rosalía da Coruña.

- María Muleiro, “Josi Lage. ‘A profesión necesita o festival de teatro, non desaparecerá mentres haxa xente loitadora”, *La Región*, “Verano”, “Provincia Activa”, “Foro La

Región”, 10 agosto 2018, p. 20.

Entrevista á actriz e directora do Festival de Teatro de Galicia Josi Lage. Nela, a creadora teatral e docente trata cuestións relacionadas coa organización desta 29ª edición do festival así como da importancia das mulleres no teatro.

Teatro do **Atlántico**: *Helena, xuízo a unha lurpia*

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Lurpias e noivas”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 118, “Fatiga ocular”, 11 febreiro 2018, p. 4.

Comenta o espectáculo teatral titulado *Helena, xuízo a unha lurpia* e destaca as interpretacións de María Barcala e Mercedes Castro no papel de Helena de Troia e Dulcinea, respectivamente.

- Lourdes Abuide, “María Barcala gana la guerra de Helena de Troya de forma soberbia”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Fila 7”, 17 febreiro 2018, p. 50.

Destáca a gran capacidade artística de María Barcala no papel de Helena de Troia e salienta a impecable e excelente interpretación que fixo da raíña de Esparta e Troia.

Arume (1): *Chambras*, texto Xurxo Torres.

Referencias varias:

- Andrés Bernárdez, “El grupo de teatro Arume celebra sus 40 años con dos actuaciones gratuitas”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 29 decembro 2018, p. 9.

Dá conta da celebración dos 40 anos do grupo de teatro Arume no teatro Principal de Pontevedra. Entre as actuacións destácanse dúas obras en galego como *O achado do castro* e *Chambras*.

Arume (2): *O achado do castro*

Referencias varias:

- Andrés Bernárdez, “El grupo de teatro Arume celebra sus 40 años con dos actuaciones gratuitas”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 29 decembro 2018, p. 9.

Dá conta da celebración dos 40 anos do grupo de teatro Arume no teatro Principal de Pontevedra. Entre as actuacións destácanse dúas obras en galego como *O achado do castro* e *Chambras*.

Avelaíña Teatro: *María Castaña*

Referencias varias:

- A. S., “Fauna 113, en el certamen de teatro aficionado de Lourenzá”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 29 outubro 2018, p. 59.

Informa da participación do grupo de teatro Fauna 113 no II Certame de Teatro Aficionado de Lourenzá. A agrupación viguesa preséntase coa obra *Deus, unha comedia*, unha adaptación da afamada obra de Woody Allen. Así mesmo, compite tamén polo premio a compañía teatral pontevedresa Avelaíña coa súa obra *María Castaña*.

ButacaZero: *Na butaca. Fantasía nº 3 en Do Maior*, texto e dirección Esther F. Carrodegas

Recensións

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegas e Cía. *ButacaZero* sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravillosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulú, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Carlos Blanco e Xosé Touriñán: *Somos criminais*

Referencias varias:

- Belén López, “Blanco e Touriñán traerán a Pontevedra ‘Somos criminais’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 xaneiro 2018, p. 7.

Dáse conta da representación do espectáculo *Somos Criminais* a conta de Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán no Pazo da Cultura. Infórmase de que o espectáculo percorrerá diversas cidades galegas e que a súa temática xira arredor da existencia dunha cultura criminal galega.

- F. F., “Carlos Blanco y Touriñán visitan en mayo Vilagarcía con la obra ‘Somos Criminais’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 24 xaneiro 2018, p. 4.

Dá conta da presentación do espectáculo *Somos criminais*, da man dos cómicos galegos Xosé Antonio Touriñán e Carlos Blanco, que vai ter lugar no Auditorio de Vilagarcía.

- Mila Méndez, “Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán. ‘Sería bonito poder matar de risa’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Humor”, “En Portada”, 26 xaneiro 2018, pp. 2-3.

Entrevista aos humoristas galegos Xosé Antonio Touriñán e Carlos Blanco con motivo da estrea da súa peza *Somos Criminais*. Nela trátanse cuestións relacionadas coa orixe da peza, o contido, a finalidade que persegue e a situación actual do teatro galego.

- Marta Veiga, “Carlos Blanco e ‘Touri’ venden 20.000 tiques a un mes da estrea da súa obra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 3 marzo 2018, p. 49.

Infórmase do éxito da xira do espectáculo *Somos criminais* dos cómicos galegos Xosé Touriñán e Carlos Blanco que percorrerá toda Galicia. Recóllense reflexións de ámbos os dous humoristas sobre a obra e tamén se trata a súa temática.

- Cibrán Canedo, “Somos criminais’ en Melide”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 16 maio 2018, p. 35.

Infórmase da representación da obra *Somos criminais*, a cargo de Carlos Blanco e Xosé Antonio Touriñán, na casa da cultura de Melide. Dise que a obra xira arredor da existencia dunha cultura criminal propia de Galicia.

- J. C., “A literatura xunto coa música e o teatro estarán presentes hoxe na vila noiesa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia-Muros”, 6 outubro 2018, p. 30.

Informa da celebración de entrega do premio do XVII Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos que terá lugar no salón de plenos do Concello de Noia. Nesta xornada, ademais de actuacións musicais, tamén se representarán dúas pezas teatrais *Estás aí?*, protagonizada polos galegos Xúlio Abonjo e Isabel Risco, e *Somos Criminais* interpretada por Carlos Blanco e Xosé Touriñán. Ambas as dúas representacións terán lugar no Coliseo Noela de Noia.

- Juan Caamaño, “Noia acollerá unha semana moi cultural e gastronómica”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia.Muros”, 14 outubro 2018, p. 31.

Informa da estrea da peza *Somos Criminais*, interpretada polos artistas galegos Carlos Blanco e Xosé Touriñán, que terá lugar no teatro Coliseo Noela de Noia.

- Juan Caamaño, “Xogos tradicionais, teatro, cancións e magosto para os pequenos de Lousame”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Noia-Muros”, 25 outubro 2018, p. 32.

Dá conta da función que tivo lugar no Coliseo Noela de Noia.

- Cuca M. Gómez, “Procesión de fantasmas”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 novembro 2018, p. 70.

Informa da celebración da Festa do Samaín de Pontevedra, que contará co espectáculo dos artistas galegos Xosé Antonio Touriñán e Carlos Blanco titulado *Somos Criminais*. A representación terá lugar no Auditorio Afundación da cidade pontevedresa.

- Ruth López, “Touriñán y Blanco ya se acercan al lleno en sus tres funciones en Lugo”,

El Progreso, “Vivir”, “Cultura”, 20 novembro 2018, p. 54.

Informa da representación do espectáculo *Somos criminais* dos humoristas galegos Xosé Touriñán e Carlos Blanco. A actuación terá lugar no auditorio municipal Gustavo Freire de Lugo.

Chévere Teatro: *As fillas bravas*

Referencias varias:

- X. M. Lema, “D.E.P.’ de Malasombra reabre este viernes la muestra xalleira de teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago.A Barcala.Xallas”, 15 novembro 2018, p. 30.

Informa da inauguración da cuarta edición da mostra xalleira de teatro que contará coa posta en escena da obra *D.E.P. (Descanse en Paz)* a cargo da compañía Malasombra Producciones. A estrea terá lugar no auditorio do multiusos de Santa Comba. Destácase tamén a actuación do dúo Mofa e Befá, a representación da peza *As fillas bravas* a cargo de Chévere Producións e a actuación de Redrum Teatro con *A canción do elefante*.

Chévere Teatro (2): *Eroski paraíso*, dirección Xesús Ron

Recensións:

- Mónica Vázquez, “Eroski Paraíso’: el desarraigo”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 9 novembro 2018, p. 15.

Dá conta da estrea do espectáculo teatral *Eroski paraíso* que vai ter lugar no Auditorio de Verín. A obra, protagonizada por Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias e Fidel Vázquez, foi galardoada co Premio Nacional de Teatro.

Contraproducións (1): *Commedia, un xoguete para Goldoni*, dirección Cándido Pazó

Recensións:

- Ana Abad de Larriva, “A maxia en *Commedia, un xoguete para Goldoni*”, *Grial*, n.º 220, “Música e artes escénicas”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 139-142.

Ofrece unha recensión da posta en escea en Rivadavia da obra *Commedia, un xoguete para Goldoni* a cargo da compañía Contraproducións. Comenta que a peza conta coa coprodución da MIT e que o director é Cándido Pazó e fai referencia a que a primeira representación desta obra tivo lugar na MIT do ano 1993 baixo a responsabilidade de Ollomoltranvía. Di que a peza está inspirada na obra *La bague magique, canovaccio* de Carlo Goldoni. Mencionan as mudanzas con respecto ao elenco e ao texto da primeira representación. Comenta tamén que a obra ten como fundamento a comicidade e o enredo a partir de metateatralidade. Explica que a obra trata sobre a presentación dunha obra teatral e a disconformidade dun dos personaxes con respecto á súa tarefa de actor. Apunta que inclúe un malentendido amoroso e un anel do esquecemento. Resalta a importancia

do decorado e da música para o desenvolvemento da peza e para a caracterización dos personaxes a nivel individual. Fai referencia ao avance da acción a través da repetición con variantes. Por último, resalta o carácter universal da peza.

- Alberto Ramos, “Entrevista a Jorge Rey. “Crear público teatral non é un camiño fácil, pero a longo prazo é máis rendible”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 34-36.

Entrevista a Jorge Rey co gallo da vixésimo terceira edición do Festival Galicreques a cargo da Asociación Cultural Barriga Verde e explica que é o creador da compañía Títeres Cachirulo e director do Festival Galicreques. Fai un percorrido pola traxectoria do festival dende o seu nacemento ata a actualidade e afonda no seu papel á hora de crear un público teatral mediante as funcións no ensino, analizando a necesidade de expansión do evento. Alude á obra *Commedia, un xoguete para Goldoni* e a Candido Pazó e, por último, comenta a situación de Títeres Cachirulo en Galicia e ao labor da Asociación Barriga Verde para impulsar o teatro de monicreques a través de premios que gañaron autores coma Roi Vidal.

- Manuel Xestoso, “Contar a circunstancia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 95, 2018, pp. 56-57.

Sinala a importancia do contexto da representación da obra e apunta que a primeira posta en escena da peza tivo lugar vinte e cinco anos antes. Destaca a importancia da oralidade na peza así coma a temática arredor do marabilloso, do metateatro, do humor. Di que constitúe a historia duns cómicos que ao chegar a unha vila caricaturizan a historia que teñen que representar. Comenta o carácter universal da peza, a mestura entre ficción e realidade e o recurso á convivencia co público.

- Afonso Becerra de Becerreá, “34 MIT Ribadavia. Cada ano, mellor”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 62-65.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante a 34 MIT Ribadavia 2018. No tocante á literatura galega, destaca a posta en escena de *Commedia, un xoguete para Goldoni* e fai referencia á súa estrea vinte e cinco anos antes na Mostra de Ribadavia. Sinálase que se trata dunha peza dirixida por Cándido Pazó e que constitúe unha mostra de comedia italiana. Salienta que a temática da peza xira arredor das aventuras dun protagonista que deixa de lembrar a conta dun anel e sublíñase o seu carácter cómico e metateatral. Dá conta tamén da posta en escena da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía teatral A Panadaría. Alúdese a que a peza foi galardoada cos Premios María Casares e á grande cantidade de postas en escena da mesma. Explica que a obra gañou o Premio do Público desta 34 MIT e que se trata dunha comedia convencional cun enfoque queer e destácase o seu carácter fragmentario así como a mestura que se leva cabo nela de teatro físico, musical ou da pantomima, entre outras modalidades. Di que a obra presenta o primeiro matrimonio rexistrado entre mulleres e na fuxida que esta unión ocasionou. Apúntase que a peza *O día no que bicar a terra* de Avelina Pérez gañou o 13 Premio Abrente.

- Inma López Silva, “Alegría”, *Tempos Novos*, n.º 257, “Masa Crítica”, outubro 2018, p. 87.

Ofrécese unha recensión da posta en escea da obra *Commedia, un xoguete para Goldoni*

a cargo da compañía Contraproducións. Explícase que se trata da representación dunha obra estreada vinte e cinco anos antes a cargo da compañía Ollomoltranvía en 1993. Faise referencia ao pouso humorístico e ao carácter metateatral da obra. Alúdese á situación de decaemento do teatro galego actual. Apúntase o compoñente espectacular, cómico e musical da obra. Analízase o traballo físico que levan a cabo os actores na representación, a revisión do rol feminino en función da actualidade ou a complicidade co público.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Commedia’ vuelve a la escena 25 años después de su estreno”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 setembro 2018, p. 23.

Dá conta da volta ao escenario da obra *Commedia*, despois de 25 anos da súa estrea, a cargo da compañía Ollomol Tranvía. A representación vai ter lugar no Teatro Principal de Santiago.

- J. M., “A Mostra de Teatro en Ponteceso cumpre vinte e cinco anos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da presentación da 25 Mostra de Teatro de Ponteceso e dise que incluírá a posta en escena de *O servidor de dous anos* de Talía Teatro, *Fillos do sol* e *Commedia* de Controproducións e *Castrapo* dos Náufragos.

- J. M. R., “Aulas abertas de teatro os sábados de novembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 1 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso, a cal vai organizar aulas abertas de teatro para un público maior de 14 anos cuxo obxectivo é a creación dunha compañía de teatro afeccionada.

- Alicia Pardo, “Gargalladas sen data de caducidade”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 novembro 2018, p. 12.

Informa da volta ao escenario da obra *Commedia* do director Cándido Pazó con motivo do 25 aniversario da súa estrea. A representación terá lugar no Teatro Rosalía da Coruña.

Contraproducións (2): *Fillos do sol*, dirección Cándido Pazó

Recensións:

- Xosé Manuel Vélez Latorre, “Pondal e as táboas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 691, “Teatro”, 29 novembro 2018, p. VII.

Dá conta da estrea da obra *Fillos do sol. Elucubración teatral nun acto e un epílogo*, escrita e dirixida por Cándido Pazó, en colaboración con Contraproducións e o FIOT de Carballo. Trátanse cuestións relacionadas coa temática, os personaxes e a posta en escena da peza teatral.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena

galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

- J. M., “A Mostra de Teatro en Ponteceso cumpre vinte e cinco anos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da presentación da 25 Mostra de Teatro de Ponteceso e dise que incluírá a posta en escena de *O servidor de dous anos* de Talía Teatro, *Fillos do sol* e *Commedia* de Controproduccións e *Castrapo* dos Náufragos.

- J. M. R., “Aulas abertas de teatro os sábados de novembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 1 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso, a cal vai organizar aulas abertas de teatro para un público maior de 14 anos cuxo obxectivo é a creación dunha compañía de teatro afeccionada.

- J. M. Ramos, “Comedia, historia, concienciación e suspense en catro Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración dos Venres Teatrais da Laracha, que comeza coa actuación do grupo teatral Redrum Teatro con *A canción do elefante*. Tamén participarán Talía Teatro con *O servidor de dous anos* e Contraproduccións con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*. Todos os espectáculos están dirixidos a un público maior de 13 anos e terán lugar na casa da cultura da Laracha.

- S. N., “Fillos do sol’: elucubración sobre a figura de Pondal”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda de ocio”, “Teatro”, 6 novembro 2018, p. 60.

Dá conta da estrea da peza teatral *Fillos do sol* de Cándido Pazó que tematiza a figura do escritor Eduardo Pondal. O espectáculo vai ter lugar no Teatro Principal de Ourense.

Contraproduccións (3): *Nacidas libres*, texto Cándido Pazó, dirección Cristina Domínguez da Pena

Referencias varias:

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de*

compañía de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- F. Frieiro, “A filosofía cómica de “Mofa e Befá” abre o ciclo de teatro galego no Auditorio”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 xaneiro 2018, p. 8.

Dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza *Nacidas libres*. Tamén dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza para o público infantil *Trogloditas* da compañía Tanxarina

- Xiana Cid, “Unha ventá para mirar o mundo”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 15 febreiro 2018, p. 18.

Dá conta da estrea da peza teatral *Nacidas libres*, obra do recoñecido guionista galego Cándido Pazó que ten como protagonistas a catro mulleres. A actuación vai ter lugar no Teatro Principal de Ourense. Recóllense as declaracións dunha das protagonistas da obra, a actriz Mónica Caamaño.

- Cuca M. Gómez, “Una jornada para las mujeres”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Cultura”, 8 marzo 2018, pp. 66-67.

Informa da celebración de numerosas actividades culturais na cidade de Pontevedra con motivo do Día da Muller. Entre elas, destácase a presentación do libro de Carlos Gómez Caballero *Médico e chamán* na librería Paz da cidade e a representación da peza teatral *Navidas libres* a cargo da compañía Contraproducións Teatro, que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

- F. D., “Reivindicación social e cultural”, *La Región*, “Día internacional da muller”, “O Barco de Valdeorras”, 8 marzo 2018, p. 13.

Dá conta da representación da obra *Nacidas libres*, escrita por Cándido Pazó e dirixida por Cristina Domínguez. A peza teatral terá lugar no Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

- J. M. Ramos, “Comedia, historia, concienciación e suspense en catro Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración dos Venres Teatrais da Laracha, que comeza coa actuación do grupo teatral Redrum Teatro con *A canción do elefante*. Tamén participarán Talía Teatro con *O servidor de dous anos* e Contraproducións con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*. Todos os espectáculos están dirixidos a un público maior de 13 anos e terán lugar na casa da cultura da Laracha.

Delatoute Producciones: *Mansión exprés*

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El microteatro vuelve al Espazo Xove”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración do festival de microteatro “En Construcción” que conta con sete compañías teatrais. Entre os espectáculos destacan as obras *Xuízo a Lino e a Lana e Xuízo a Pepe* a cargo da compañía teatral 2ºF, *Mansión exprés* do grupo Abran Paso e *Aproximación ao ser humano* do grupo Oreteiro Teatro. Todas as pezas teatrais representaranse no Espazo Xove de Ourense.

Ditirambo: *Anónima 18*

Referencias varias:

- J. M. R., “A Mostra de Teatro Labarta Pose xa ten os cinco finalistas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 4 abril 2018, p. 33.

Informa da elección das cinco obras finalistas da III Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose, organizada polo concello de Zas. As obras elixidas son *Os cornos son cousa de tres* de Tiruleque Teatro de O Carballiño; *All you need is war* de O Catre Teatro de As Pontes; *Mass-Co-medias* de Os Kabramakabra; *Anónima 18* de Ditirambo Teatro de Montrove e *Alén* da Asociación Teatral Paso de Valverde de Armentón (Arteixo). Destacase, tamén, que foron elixidas como reservas *En pé de guerra* de Misturar-T Teatro; *A illa Marela* da Asociación de Teatro de Coles e *Maniféstate* de Andaravía Teatro-AC Papaventos. As cinco representacións terán lugar nos auditorios de Baio e Zas.

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiambre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

Eme2 Producións&Arte: *A noiva de don Quixote*, dirección José Carlos García, texto José Luís Esteban

Recensións:

- Lourdes Abuide, “A noiva de don Quixote”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 febreiro 2018, p. 32.

Achégase unha recensión sobre a posta en escena da obra *A noiva de don Quixote*. Dise que a peza trata sobre as vivencias de Aldonza Lorenzo, convertida en Dulcinea del Toboso por Cervantes, e sobre as repercusións desa construción literaria sobre a súa vida.

Referencias varias:

- Ruth López, “Una Dulcinea camarera, en la Mostra de Teatro Clásico de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 febreiro 2018, p. 52.

Comenta a posta en escena da peza teatral *A noiva de don Quixote* de José Luis Esteban que tivo lugar no patio de O Vello Cárcere durante a Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

- Ruth López, “La Mostra de Teatro de Lugo se adentra en Cervantes”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 febreiro 2018, p. 32.

Achégase unha síntese da Mostra de Teatro Clásico de Lugo na que se dá conta da representación das seguintes obras: *A noiva de don Quixote* e *Cervantina*.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *A cabeza do dragón*, texto Valle-Inclán, dirección Quico Cadaval

Referencias varias:

- Carlos Crespo, “A cabeza do dragón. Con música en directo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Fin de semana”, “Viernes”, 29 xuño 2018, p. 12.

Dá conta da actuación *A cabeza do dragón* dirixida por Quico Cadaval e con música do Taller Atlántico Contemporáneo que terá lugar no Auditorio Galicia en Santiago de Compostela. Saliéntase que se trata da primeira representación dun texto de Valle-Inclán.

- Yelena Molina, “De Santiago de toda a vida”, *Luzes*, nº 57, “O pobo elixido”, xuño 2018, pp. 64-65.

Aproximación á traxectoria biográfica e profesional da actriz Yelena Molina. No tocante á literatura galega, alude a que foi a protagonista da obra teatral *A cabeza do dragón* e explica que esta peza foi a primeira de Valle-Inclán adaptada e traducida ao galego.

Grupo de Teatro **Fauna 113**: *Deus, unha comedia*, texto Woody Allen

Referencias varias:

- A.S., “Fauna 113, en el certamen de teatro aficionado de Lourenzá”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 29 outubro 2018, p. 59.

Informa da participación do grupo de teatro Fauna 113 no II Certame de Teatro Afeccionado de Lourenzá. A agrupación viguesa preséntase coa obra *Deus, unha comedia*, unha adaptación da afamada obra de Woody Allen. Así mesmo, compite tamén polo premio a compañía teatral pontevedresa Avelaíña coa súa obra *María Castaña*.

Gargallada Teatro: *O xogo de Versalles*

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiabre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

Ibuprofeno Teatro (1): *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica*

Referencias varias:

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befaf. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O'Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- F. Frieiro, “A filosofía cómica de “Mofa e Befaf” abre o ciclo de teatro galego no Auditorio”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 xaneiro 2018, p. 8.

Dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza *Nacidas libres*. Tamén dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza para o público infantil *Trogloditas* da compañía Tanxarina.

Ibuprofeno Teatro (2): *Raclette*, dirección Santiago Cortegoso

Recensións:

-Sonia Torre, “Una Raclette de vida”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 16 marzo 2018, p. 15.

Dá conta da representación da obra de teatro *Raclette* a cargo de Ibuprofeno Teatro baixo a dirección de Santiago Cortegoso no Auditorio Ribadeo de Lugo.

Malasombra Teatro: *D.E.P. Unha comedia de morte!*, dirección Marcos Orsi. texto Antón Gómez e Jordi Sánchez.

Referencias varias:

- V. Bran, “El Concello de Melide pone en marcha el viernes su primer ciclo de comedia teatral”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 abril 2018, p. 11.

Dá conta da inauguración do I Ciclo de Comedia Teatral organizado polo Concello de Melide. Contará con tres representacións: *O servidor de dous amos*, a cargo da compañía Talía Teatro; *D.E.P., unha comedia de morte*, a cargo de Malasombra Producións; e a actuación de Mofa e Befá que interpretarán *Cránios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Todas as actuacións terán lugar na casa da cultura de Melide.

- M. V., “Un mes repleto de actividades”, *La Región*, “Extra”, “Letras Galegas 2018”, “O Carballiño”, 17 maio 2018, p. 15.

Informa que, con motivo da celebración das Letras Galegas, organizáronse arredor de 20 actividades culturais no Carballiño durante o mes de maio. Destácase a representación teatral de *D.E.P. Unha comedia de morte* a cargo do grupo Malasombra.

- S. E., “Talía Teatro abre con ‘O servidor de dous amos’ la muestra de Rois”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes.A Estrada.Arzúa”, 19 outubro 2018, p. 30.

Dá conta da inauguración da II Mostra de Teatro de Rois que abre coa actuación do grupo de teatro Talía Teatro coa súa peza *O servidor de dous amos*. No acto, organizado polo Concello de Rois en colaboración coa Deputación da Coruña e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), tamén actuarán os grupos de teatro Malasombra e Títeres Cachirulo.

- J. M. R., “Arrepiante percorrido de Samaín e unha comedia de morte en Camariñas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da celebración dun percorrido pola Casa de Pedra de Camariñas con motivo do Samaín. Dise que a compañía Malasombra Producións presentará no mesmo o espectáculo *D.E.P. Unha comedia de morte!*

- X. M. Lema, “D.E.P.’ de Malasombra reabre este viernes la muestra xalleira de teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago.A Barcala.Xallas”, 15 novembro 2018, p. 30.

Informa da inauguración da cuarta edición da mostra xalleira de teatro que contará coa posta en escena da obra *D.E.P. (Descanse en Paz)* a cargo da compañía Malasombra Producciones. A estrea terá lugar no auditorio do multiusos de Santa Comba. Destácase tamén a actuación do dúo Mofa e Befá, a representación da peza *As fillas bravas* a cargo de Chévere Producións e a actuación de Redrum Teatro con *A canción do elefante*.

Misturar-T Teatro: *En pé de guerra*

Referencias varias:

- J. M. R., “A Mostra de Teatro Labarta Pose xa ten os cinco finalistas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 4 abril 2018, p. 33.

Informa da elección das cinco obras finalistas da III Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose, organizada polo concello de Zas. As obras elixidas son *Os cornos son cousa*

de tres de Tiruleque Teatro de O Carballiño; *All you need is war* de O Catre Teatro de As Pontes; *Mass-Co-medias* de Os Kabramakabra; *Anónima 18* de Ditirambo Teatro de Montrove e *Alén* da Asociación Teatral Paso de Valverde de Armentón (Arteixo). Destacase, tamén, que foron elixidas como reservas *En pé de guerra* de Misturar-T Teatro; *A illa Marela* da Asociación de Teatro de Coles e *Maniféstate* de Andaravía Teatro-AC Papaventos. As cinco representacións terán lugar nos auditorios de Baio e Zas.

Mofa e Befá: *Cranios Privilexiados. Crítica da Razón Perralleira*

Referencias varias:

- J. C., “La Festa do Botelo aúna blogueros, cantos y cine”, *La Región*, “Valdeorras”, 11 xaneiro 2018, p. 22.

Dá conta da celebración da décimo oitava edición da Festa do Botelo de Valdeorras, na que, como acto cultural, destaca a interpretación de *Cranios privilexiados*, da compañía Mofa e Befá.

- Ana Iglesias, “La agenda semestral apuesta por las compañías gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da inauguración do ciclo Teatro&Danza que contará con máis de 18 espectáculos e 26 funcións. O ciclo vai ter lugar na Sala Agustín Magán, no Centro Sociocultural de Santa Marta de Santiago de Compostela. O programa iniciarase co novo traballo de Mofa e Befá *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Tamén se destaca a participación da compañía Talía Teatro co estreo da súa comedia *O servidor de dous amos*.

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- Ana Iglesias, “Mofa e Befá traerán al teatro Principal su nuevo ‘freak show’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da estrea teatral *Cráneos privilexiados ou a crítica da razón perralleira*, comedia protagonizada polo dúo cómico Mofa e Befá, que vai ter lugar no teatro Principal da capital compostelá.

- Montse García, “Mofa e Befá y su particular visión de la filosofía toman el Principal cuatro días”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los

públicos”, “Teatro”, 19 xaneiro 2018, p. L10.

Informa do espectáculo teatral *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* protagonizado polo dúo cómico formado por Víctor Mosqueira (Befa) e Evaristo Calvo (Mofa), baixo a dirección de Carlos Santiago. A actuación terá lugar no Teatro Principal da capital compostelá.

- Montse García, “Evaristo Calvo. ‘Abundan os cranios privilexiados’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 23 xaneiro 2018, p. L10.

Entrevista ao actor e humorista Evaristo Calvo, integrante do grupo cómico Mofa e Befas na que se tratan cuestións relacionadas co seu novo proxecto *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*.

- F. Frieiro, “A filosofía cómica de “Mofa e Befas” abre o ciclo de teatro galego no Auditorio”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 xaneiro 2018, p. 8.

Dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza *Nacidas libres*. Tamén dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza para o público infantil *Trogloditas* da compañía Tanxarina.

- Sonia Torre, “Mofa e Befas y el difícil arte de hacer pensar a los demás”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con Arte”, 9 marzo 2018, p. 15.

Dá conta da presentación do espectáculo *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* cuxos protagonistas son Mofa e Befas, Víctor Mosquera e Josito Porto, respectivamente. A actuación terá lugar no Auditorio O Carballiño en Ourense.

- Camilo Franco, “Kant era humorista”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 124, “Fatiga ocular”, 1 abril 2018, p. 5.

Recensiona a peza teatral protagonizada por Mofa e Befas *Cránios privilexiados ou crítica da razón perralleira*, obra que recorre á filosofía con trazos de humor, para dar explicación a moitos dos sucesos que se conta a obra.

- V. Bran, “El Concello de Melide pone en marcha el viernes su primer ciclo de comedia teatral”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 abril 2018, p. 11.

Dá conta da inauguración do I Ciclo de Comedia Teatral organizado polo Concello de Melide. Contará con tres representacións: *O servidor de dous anos*, a cargo da compañía Talía Teatro; *D.E.P., unha comedia de morte*, a cargo de Malasombra Produccións; e a actuación de Mofa e Befas que interpretarán *Cránios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Todas as actuacións terán lugar na casa da cultura de Melide.

O Cabre Teatro: *O meu meu*

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “A mostra teatral Amador comeza hoxe no Carballiño”, *La Región*, “Provincia”, 7 outubro 2018, p. 29.

Dá conta da inauguración da XI Mostra de Teatro Amador organizada polo grupo Tiruleque Teatro que vai ter lugar no auditorio Manuel María do Carballiño. Entre as numerosas actuacións, destácanse, a do grupo de teatro O Catre Teatro con *O medo meu* e a de Gargallada Teatro con *O xogo de Versalles*. Tamén se salientan as representacións *Un fiabre, unha rosca e un cancán* e *O inspector*.

Os Náufragos Teatro: *Castrapo*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

- J. M., “A Mostra de Teatro en Ponteceso cumpre vinte e cinco anos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da presentación da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso e dise que incluírá a posta en escena de *O servidor de dous anos* de Talía Teatro, *Filos do sol* e *Commedia* de Controproduccións e *Castrapo* dos Náufragos.

- J. M. R., “Aulas abertas de teatro os sábados de novembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 1 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso, a cal vai organizar aulas abertas de teatro para un público maior de 14 anos cuxo obxectivo é a creación dunha compañía de teatro afeccionada.

Teatro do Morcego: *HOUSE Desaforado*

Referencias varias:

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desaforado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de*

compañía de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

Nova Escena Teatro: *Pensión 13*

Referencias varias:

- K. A., “María Márquez. ‘Es comedia negra, una obra ágil y muy divertida’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 24 marzo 2018, p. 12.

Entrevista a María Márquez, directora de Nova Escena, grupo teatral que representa *Pensión 13* nunha función solidaria na que se tratan cuestións relacionadas coa temática e os personaxes, fundamentalmente.

- Marta Becerra, “Legionario romano por un día”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 25 marzo 2018, p. 11.

Informa da representación teatral da peza *Pensión 13* a cargo de Nova Escena Teatro que tivo lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. Destácase que os cartos destinaranse á asociación Somos Unidos por el Cáncer.

A Panadaría / Centro Dramático Galego (CDG): *Elisa e Marcela*, texto Esther F. Carrodegua, dirección Gena Baamonde

Recensións:

- Andrea Álvarez Pino, “Enredo pola liberdade. Reflexión a partir da montaxe *Elisa e Marcela*, da compañía de teatro A Panadaría”, *Grial*, n.º 217, “Música e Artes Escénicas”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 111-114.

Dá conta da posta en escea da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía de teatro A Panadería. Fai referencia a que a peza teatral pivota sobre a vida de dúas mulleres que foron repudiadas despois de que unha delas se fixese pasar por un home e casasen en 1901. Menciona a pegada musical e documental da obra. Pon en relación con pezas anteriores representadas pola compañía como *Pan! Pan!* (2015) e *Panamericana* (2016). Informa que a obra se basea na representación corporal e na parodia para facer crítica política e social. Fai fincapé no pouso de liberdade e resistencia que sostén o argumento desta obra teatral. Alude ás dimensións cómica, metateatral, política e de sucesos situados na fronteira do establecido que conforman a peza.

- Afonso Becerra de Becerreá, “34 MIT Ribadavia. Cada ano, mellor”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 62-65.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante a 34 MIT Ribadavia 2018. No tocante á literatura galega, destaca a posta en escena de *Commedia, un xoguete para Goldoni* e fai referencia á súa estrea vinte e cinco anos antes na Mostra de Ribadavia. Sinálase que se trata dunha peza dirixida por Cándido Pazó e que constitúe unha mostra de comedia italiana. Salienta que a temática da peza xira arredor das aventuras dun protagonista que deixa de lembrar a conta dun anel e sublíñase o seu carácter cómico e

metateatral. Dá conta tamén da posta en escena da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía teatral A Panadaría. Alúdese a que a peza foi galardoada cos Premios María Casares e á grande cantidade de postas en escena da mesma. Explica que a obra gañou o Premio do Público desta 34 MIT e que se trata dunha comedia convencional cun enfoque queer e destácase o seu carácter fragmentario así como a mestura que se leva cabo nela de teatro físico, musical ou da pantomima, entre outras modalidades. Di que a obra presenta o primeiro matrimonio rexistrado entre mulleres e na fuxida que esta unión ocasionou. Apúntase que a peza *O día no que bicar a terra* de Avelina Pérez gañou o 13 Premio Abrente.

Referencias varias:

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- Marta Veiga, “A obra ‘Elisa e Marcela’, a gran triunfadora dos María Casares, chega hoxe a Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Teatro”, 23 marzo 2018, p. 56.

Dá conta da representación teatral *Elisa e Marcela* do grupo de teatro A Panadaría que terá lugar no auditorio Gustavo Freire de Lugo. Destácase que a obra recibiu o premio María Casares do teatro galego. Recóllense, ademais, unhas palabras dunha das integrantes do grupo, Areta Bolado e coméntase de xeito breve o contido da peza teatral.

- María Muleiro, “Josi Lage. ‘A profesión necesita o festival de teatro, non desaparecerá mentres haxa xente loitadora”, *La Región*, “Verano”, “Provincia Activa”, “Foro La Región”, 10 agosto 2018, p. 20.

Entrevista á actriz e directora do Festival de Teatro de Galicia Josi Lage. Nela, a creadora teatral e docente trata cuestións relacionadas coa organización desta 29ª edición do festival así como da importancia das mulleres no teatro.

- María Abascal, “Unha quincena de espectáculos de cinco países, no FITO”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 setembro 2018, p. 36.

Informa da inauguración da 11ª edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) organizado pola compañía Sarabela Teatro e dá conta das actuacións galegas coas que conta o programa.

- L. C., “Formación, teatro, deporte y cine para conmemorar el 25 de noviembre en Mos”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, 15 novembro 2018, p. 14.

Dá conta da estrea da representación da peza teatral *Elisa e Marcela*, galardoadada con diferentes premios, a cargo da compañía A Panadaría. A obra, que forma parte da programación organizada polo Concello de Mos para conmemorar o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, vai ter lugar no centro público de Torroso.

Palimoco Teatro: *Medea salvaxe?*

Referencias varias:

- S. N., “Medea, salvaxe?”, un visión diferente de la mujer”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda de ocio”, “Teatro”, 23 abril 2018, p. 60.

Informa da estrea da peza teatral *Medea, salvaxe?* a cargo da compañía teatral luguesa Palimoco Teatro. A representación terá lugar no Auditorio Municipal de Ourense.

Pistacatro Produtora de Soños: *Outono*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

Redrum Teatro: *A canción do elefante*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

- J. M. Ramos, “Comedia, historia, concienciación e suspense en catro Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración dos Venres Teatrais da Laracha, que comeza coa actuación do grupo teatral Redrum Teatro con *A canción do elefante*. Tamén participarán Talía Teatro con *O servidor de dous anos* e Contraproducións con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*. Todos os espectáculos están dirixidos a un público maior de 13 anos e terán lugar na casa da cultura da Laracha.

- J. M. R., “Teatro en Ruta polos centros sociais de cinco parroquias de Carballo”, *El*

Correo Gallego, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 9 novembro 2018, p. 33.

Informa da posta en marcha da iniciativa Teatro en Ruta, da man da Concellaría de Cultura de Carballo, que percorrerá diferentes centros sociais de cinco parroquias do municipio. Entre as actuacións, destácanse as dos grupos Vagalume Animación con *Canto te quero* e Redrum Teatro con *A canción de elefante*.

- X. M. Lema, “D.E.P.’ de Malasombra reabre este viernes la muestra xalleira de teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago.A Barcala.Xallas”, 15 novembro 2018, p. 30.

Informa da inauguración da cuarta edición da mostra xalleira de teatro que contará coa posta en escena da obra *D.E.P. (Descanse en Paz)* a cargo da compañía Malasombra Producciones. A estrea terá lugar no auditorio do multiusos de Santa Comba. Destácase tamén a actuación do dúo Mofa e Befá, a representación da peza *As fillas bravas* a cargo de Chévere Producións e a actuación de Redrum Teatro con *A canción do elefante*.

Silvardeiras Teatro: *M&M e a extraña familia*

Referencias varias:

- Xosé Lois Colmeneiro, “Novena edición del festival de teatro ‘Entreculturas’ de Verín”, *La Región*, “Provincia”, 28 setembro 2018, p. 32.

Dá conta da 9ª edición do festival de Teatro Entreculturas que se celebra no auditorio municipal de Verín e informa das diferentes representacións teatrais que terán lugar.

Talía Teatro (1): *O servidor de dous anos*

Recensións:

- Sonia Torre, “Desde la Italia del siglo XVI”, *La Región*, “La Revista”, “Con arte”, 16 febreiro 2018, p. 15.

Dá conta da estrea da peza teatral *O servidor de dous anos* a cargo da compañía Talía Teatro. A representación vai ter lugar, primeiro, no Teatro Principal de Santiago e logo no auditorio de Cee.

- Lourdes Abuíde, “El placer escénico de ‘O servidor de dous anos’ de Talía Teatro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Fila 7”, 4 marzo 2018, p. 53.

Recensiona a peza de teatro *O servidor de dous anos* a cargo da compañía Talía Teatro. Trátanse cuestións relacionadas coa escenografía, a temática e as personaxes.

- V. Bran, “El Concello de Melide pone en marcha el viernes su primer ciclo de comedia teatral”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 abril 2018, p. 11.

Dá conta da inauguración do I Ciclo de Comedia Teatral organizado polo Concello de

Melide. Contará con tres representacións: *O servidor de dous anos*, a cargo da compañía Talía Teatro; *D.E.P., unha comedia de morte*, a cargo de Malasombra Produccións; e a actuación de Mofa e Befá que interpretarán *Cránios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Todas as actuacións terán lugar na casa da cultura de Melide.

- Manuel Xestoso, “Abuso de autoridade”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 94, 2018, pp. 78-79.

Fai referencia a que a temática da obra xira arredor dos intentos do protagonista por medrar economicamente servindo a un grupo de mafiosos que contan con apoios políticos para facerse con diñeiro público. Explica que o protagonista pertence a unha clase social desfavorecida que acaba resolvendo os problemas das clases dirixentes. Subliña que o conflito da obra pivota arredor da especulación inmobiliaria e os abusos de poder. Salienta a mestura de realidade e aparencias que presenta a peza así como o carácter festivo e grotesco da representación.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “La agenda semestral apuesta por las compañías gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da inauguración do ciclo Teatro&Danza que contará con máis de 18 espectáculos e 26 funcións. O ciclo vai ter lugar na Sala Agustín Magán, no Centro Sociocultural de Santa Marta de Santiago de Compostela. O programa iniciarase co novo traballo de Mofa e Befá *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Tamén se destaca a participación da compañía Talía Teatro co estreo da súa comedia *O servidor de dous anos*.

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibutrofenno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Produccións.

- Montse García, “Talía Teatro cumpre 30 anos coa estrea de ‘O servidor de dous anos’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2018, p. 33.

Dá conta da estrea da peza teatral *O servidor de dous anos* a cargo da compañía Talía Teatro. O grupo de teatro, que cumpre trinta anos, representará a obra no Teatro Principal de Santiago.

- Montse García, “Talía celebra sus 30 años estrenando espectáculo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 14 febreiro 2018, p. L10.

Informa da estrea da peza teatral *O servidor de dous anos* a cargo do grupo Talía Teatro. A compañía teatral celebra así os seus trinta anos enriba dos escenarios no Teatro Principal de Santiago.

- A. I., “Talía Teatro en la cartelera del Principal hasta el día 17”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 febreiro 2018, p. 25.

Dá conta da estrea da peza teatral *O servidor de dous anos* a cargo da compañía Talía Teatro. A representación vai ter lugar no Teatro Principal.

- A. Iglesias, “Última función del montaje de Talía Teatro en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de compostela”, 17 febreiro 2018, p. 26.

Dá conta da última función da compañía Talía Teatro no Teatro Principal de Santiago coa peza *O servidor de dous anos*.

- Alicia Pardo, “Mentiras de traxe e gravata”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2018, p. 8.

Anuncia a celebración do 30º aniversario da compañía Talía Teatro da man da representación teatral *O servidor de dous anos* que terá lugar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Así mesmo, tamén se fai referencia ao contido así como a escenografía da peza.

- José M. Ramos, “O Outono Teatral traerá a Vimianzo as principais figuras da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 25 setembro 2018, p. 31.

Informa da inauguración da mostra teatral o Outono Teatral que vai ter lugar no auditorio de Vimianzo e dá conta da programación.

- S. E., “Talía Teatro abre con ‘O servidor de dous anos’ la muestra de Rois”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Ordes.A Estrada.Arzúa”, 19 outubro 2018, p. 30.

Dá conta da inauguración da II Mostra de Teatro de Rois que abre coa actuación do grupo de teatro Talía Teatro coa súa peza *O servidor de dous anos*. No acto, organizado polo Concello de Rois en colaboración coa Deputación da Coruña e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), tamén actuarán os grupos de teatro Malasombra e Títeres Cachirulo.

- J. M., “A Mostra de Teatro en Ponteceso cumple vinte e cinco anos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 31 outubro 2018, p. 33.

Infórmase da presentación da 25 Mostra de Teatro de Ponteceso e dise que incluírá a posta en escena de *O servidor de dous anos* de Talía Teatro, *Filios do sol* e *Commedia* de Controproducións e *Castrapo* dos Náufragos.

- J. M. R., “Aulas abertas de teatro os sábados de novembro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 1 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración da 25ª Mostra de Teatro de Ponteceso, a cal vai organizar aulas abertas de teatro para un público maior de 14 anos cuxo obxectivo é a creación dunha compañía de teatro afeccionada.

- J. M. Ramos, “Comedia, historia, concienciación e suspense en catro Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inauguración dos Venres Teatrais da Laracha, que comeza coa actuación do grupo teatral Redrum Teatro con *A canción do elefante*. Tamén participarán Talía Teatro con *O servidor de dous anos* e Contraproducións con *Fillos do sol* e *Nacidas libres*. Todos os espectáculos están dirixidos a un público maior de 13 anos e terán lugar na casa da cultura da Laracha.

Talía Teatro (2): *Ubú Rei*, dirección e adaptación Roberto Salgueiro

Referencias varias:

- J. M. R., “Muxía acolle os contos de Anxo Moure e ‘Ubú rei’, de Talía Teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 24 outubro 2018, p. 34.

Dá conta da sesión de contos *O carballo con botas* a cargo de Anxo Moure que terá lugar na biblioteca de Muxía. Tamén informa da representación da peza teatral *Ubú Rei* da man da compañía teatral Talía Teatro, obra escrita por Alfred Jarry, que terá lugar no Salón de Actos do Voluntariado da vila da Barca.

Tiruleque Teatro: *Os cornos son cousa de tres*, texto e dirección Pepe Prada

Referencias varias:

- J. M. R., “A Mostra de Teatro Labarta Pose xa ten os cinco finalistas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 4 abril 2018, p. 33.

Informa da elección das cinco obras finalistas da III Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose, organizada polo concello de Zas. As obras elixidas son *Os cornos son cousa de tres* de Tiruleque Teatro de O Carballiño; *All you need is war* de O Catre Teatro de As Pontes; *Mass-Co-medias* de Os Kabramakabra; *Anónima 18* de Ditirambo Teatro de Montrove e *Alén* da Asociación Teatral Paso de Valverde de Armentón (Arteixo). Destacase, tamén, que foron elixidas como reservas *En pé de guerra* de Misturar-T Teatro; *A illa Marela* da Asociación de Teatro de Coles e *Maniféstate* de Andaravía Teatro-AC Papaventos. As cinco representacións terán lugar nos auditorios de Baio e Zas.

Voadora Teatro: *Garage*

Referencias varias:

- María Abascal, “Volve Escenas do Cambio, o festival máis vangardista”, *El Correo*

Gallego, “Tendencias”, 30 xaneiro 2018, p. 37.

Dá conta da presentación do programa da 4ª edición do Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción Escenas do Cambio que contará con 13 espectáculos procedentes de cinco países. A inauguración terá lugar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela. Destácase a participación de propostas galegas con pezas de Estela Lloves e Félix Fernández así como de obras das compañías teatrais IIMaquinario e Voadora coa peza *Garage*.

- Tamara Montero, “Puxar da panca do cambio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Crónica Ciudadana”, 31 xaneiro 2018, p. L2.

Fai un percorrido polas propostas escénicas que forman parte do programa da 4ª edición do festival Escenas do Cambio como son a peza de Tiago Rodrigues *Antonio e Cleopatra*; *Garage* da compañía teatral Voadora; a actuación de Israel Galván; a peza de Mohamed ElKhatib con *Finir en Beauté* e Mithkal Alzghair con *Displacement*.

- Ágatha de Santos, “Antonio y Cleopatra’ abre hoy el ciclo ‘Escenas do cambio’”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 1 febreiro 2018, p. 51.

Informa da inauguración da cuarta edición do festival de teatro “Escenas do cambio” organizada pola Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e de que a obra encargada de abrir o evento foi o espectáculo de danza “Antonio y Cleopatra” na sala 1 do Museo Centro Gaiás.

- Montse García, “Garage’, vivencias de la fábrica al escenario en primera persona”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 febreiro 2018, p. 39.

Comenta a peza de teatro *Garage* a cargo da compañía teatral Voadora, cuxas protagonistas con tres mulleres que traballan na PSA Peugeot Citroën de Vigo. O ensaio tivo lugar no Teatro Salón de Santiago e forma parte do festival Escenas do Cambio. Desenvólvense cuestións referidas ao contido e ás personaxes e recóllense reflexións das protagonistas.

- Sonia Vizoso, Raquel Vidales, “Las obreras se ríen del machista mundo del motor”, *El País*, “Cultura”, 2 febreiro 2018, p. 29.

Trata a obra de teatro *Garage* a cargo da compañía Voadora, protagonizada por traballadoras de PSA Peugeot Citroën de Vigo. A peza estrearase no Teatro Salón de Santiago e forma parte do programa do festival Escenas do Cambio. Coméntase a escasa presenza da muller no eido da automoción, ámbito reservado tradicionalmente aos homes.

- Mario Álvarez, “A Cidade da Cultura pecha con Alzghair Escenas do cambio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 febreiro 2018, p. 38.

Informa da estrea do espectáculo de danza *Displacement* do coreógrafo sirio Mithkal Alzghair, encargado de pechar unha nova edición de “Escenas do cambio”, o Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en acción da Cidade da Cultura. A actuación vai ter lugar no escenario do Museo Centro Gaiás. O programa incluíu 13 pezas de artistas e compañías de teatro, entre as cales se destaca a notable presenza do teatro galego coa peza *Garage*

do grupo teatral Voadora e con actuacións de Estela Lloves ou Félix Fernández.

- Luis Seoane, “Esceas do cambio”, o festival de teatro da Cidade da Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 decembro 2018, p. 37.

Informa da inauguración da 5ª edición do festival de teatro da Cidade da Cultura de Galicia “Escenas do cambio” que terá lugar na cidade compostelá. Contará con 17 obras escénicas, entre as cales destacan *O empapelado amarelo* a cargo da compañía A quinta do cuadrante; *O inevitable* da man do grupo Colectivo Marciano Balboa e a adaptación do libro de Celso Sanmartín *A cama do meu avó Manuel Sanmartín Méndez*.

- Ana Ramos, “Voadora “Viñemos a dalo todo”, *Luzes*, n.º 58, “Reportaxe”, xullo 2018, pp. 73-77.

Estudo sobre o labor da compañía de teatro Voadora co gallo do seu décimo aniversario galardoada co Premio da Crítica de Galicia en 2013. Recolle as traxectorias profesionais dalgúns dos seus compoñentes e no tocante á literatura galega, fai referencia á adaptación da obra *Soño dunha noite de verán* e analiza a relevancia da actualización da súa temática que xira arredor da transexualidade, o sufrimento e a paixón, a posibilidade de elixir, os impostos sociais, os instintos ou a identidade de xénero. Alude ao carácter innovador e ruturista e á intención de transformación social da peza. Comenta a obra *Garaxe* destacando o seu pouso social e a temática sobre a mundanza do papel da muller no contexto da economía e da sociedade europeas. Menciona tamén outras compañías teatrais coma Chévere destacando que foi galardoada co Premio Nacional de Teatro, Matarile Teatro ou Voadora. Remata mencionando a próxima posta en escea da obra *Héctor e París* sobre a transición desa cidade.

Volta e Dalle Teatro: *Dura Lex*

Xulio Cortázar: *Desconexión*, dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- P. L. O., “Teatro sobre mujeres en el Fórum”, *La Opinión*, “A Coruña”, 7 febreiro 2018, p. 8.

Dá conta da inauguración do ciclo de teatro “Sen Numerar” que vai contar con obras de Emilia Pardo Bazán, Frida Kahlo e María Casares. Comezará coa representación da peza teatral *Política Sentimental. Un encontro necesario entre María Casares e Albert Camus*, a cargo de Sabela Hermida e Germán Torres. Destácase a presenza da compañía Teatro del Barrio que representará a súa obra *Emilia* e pechará o acto *Desconexión* de Santiago Cortegoso. As actuacións terán lugar no Fórum Metropolitano da Coruña.

- Sonia Torre, “Un semáforo humano para hablar de rutinas y búsqueda”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 11 maio 2018, p. 15.

Dá conta da estrea da peza de teatro *Desconexión* de Santiago Cortegoso e interpretada por Xurxo Cortázar. A obra vai ter lugar no Auditorio municipal de Cangas, en Pontevedra.

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: María Victoria Moreno

IV. 1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas. María Victoria Moreno*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, col. As miñas primeiras Letras Galegas, [lectorado autónomo], 2018, 19 pp. (ISBN 978-84-697-8091-6).

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. Trátase dunha publicación que forma parte dunha serie centrada en diferentes figuras homenaxeadas polo Día das Letras Galegas, a xeito de guías de aprendizaxe, cun propósito didáctico. Dunha maneira sinxela e divertida, a obra presenta as personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, unha familia de seis irmáns, Carlos, as xemelgas Loli e Pili, Braulio, Sonia e Tatá, que xunto ao seu can, Chispa, de viaxe pola cidade de Lugo. A obra constitúe unha defensa á igualdade entre homes e mulleres. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra

Referencias varias:

- D. G., “Os Bolechas dedican un libro a la escritora María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2018, p. 65.

Descríbese a presentación do novo título da colección “As miñas primeiras Letras Galegas” dedicado a María Victoria Moreno e do proxecto audiovisual dos Bolechas para dar a coñecer á infancia as figuras homenaxeadas nas Letras Galegas. Indica que os capítulos da serie animada poderán verse no Xabarín Club da TVG e fai un repaso histórico polo fenómeno de Os Bolechas con máis de 550 títulos.

- Noelia Díaz, “Os Bolechas conmemoran el Día das Letras con una obra sobre María Victoria Moreno”, *Diario de Ferrol*, “Sociedad”, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, 3 maio 2018.

Ademais de anunciar o novo título da colección “As miñas primeiras Letras Galegas”, preséntase a nova serie audiovisual de monicreques, para dar a coñecer á infancia autores da literatura galega homenaxeados nas Letras Galegas, que se emitirá no programa *Xabarín Club* da TVG. Tamén se informa de que se puxo en marcha unha páxina web sobre “As miñas primeiras Letras Galegas” con xogos e actividades para toda a familia.

- Mario Álvarez, “Os Bolechas dedican un libro e unha serie audiovisual a M^a Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 maio 2018, p. 36.

Informa da presentación na sede da Real Academia Galega do proxecto audiovisual dos Bolechas para dar a coñecer á infancia as figuras homenaxeadas nas Letras Galegas. Indica que tamén se presentou o novo título da colección “As miñas primeiras Letras

Galegas” dedicado a María Victoria Moreno. Por último, comenta que os capítulos da serie animada poderán verse no Xabarín Club da TVG e fai un repaso histórico polo fenómeno de Os Bolechas con máis de 550 títulos.

Moreno, María Victoria, *A brétema*, Vigo: Urco Editora, col. Infantil, 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-16121-93-9).

Álbum ilustrado de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939) que trata sobre como se forma a brétema de maneira lúdica e divertida, dirixida ao público máis cativo.

Recensións:

- Carmela Ferreira Boo, “María Victoria Moreno no fluír eterno do tempo”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 maio 2018, pp. 2-3.

Recensiona a obra literaria de María Victoria Moreno, deténdose e ofrecendo un detallado comentario de cada un dos seus libros. As obras que reseña son as seguintes: *Mar adiante*, *Historias de nenos pra nenos*, o conto *A festa no faiado*, *A Brétema*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Anagnórise*, *Guedellas de seda e liño*, *¿Un cachiño de bica?*, *¿E haberá tirón de orellas?*, *¡Xa non teño medo!* e *Eu conto, ti cantas...* das cales desenvolve cuestións relacionadas coa temática, os personaxes, a trama e a súa relevancia no sistema literario infanto-xuvenil galego. En palabras de Ferreira Boo: [María Victoria Moreno foi] “unha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega”.

Referencias varias:

- B. L., “Urco reedita dous contos infantís de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 xaneiro 2018, p. 7.

Informa da reedición de dous contos infantís, *A brétema* e *O cataventos*, da escritora María Victoria Moreno, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018, por parte da editora Urco.

- Xosé Castro Ratón, “A encantadora de palabras”, *Diario de Arousa /Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra ollada”, 11 xaneiro 2018, p. 6.

Destaca o compromiso de María Victoria Moreno con Galicia e coa súa lingua. Sinala que *Leonardo e os fontaneiros* sempre foi a súa favorita, pese a que a máis coñecida é *Anagnórise*. Indica a publicación das obras *A brétema*, *O cataventos* e *O amor e as palabras* por parte de Urco Editora, coa colaboración de Xavier Senín.

_____, *O cataventos*, Vigo: Urco Editora, col. Infantil, 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-16121-94-6).

Álbum ilustrado de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939) protagonizado por un fahendoso galo chamado Don Pío que impide que as galiñas e os paxariños poidan desfrutar da súa liberdade na aldea. Trátase dun breve conto dividido en dúas partes, cun

narrador en primeira persoa encargado de describir o marco e o protagonista. A temática principal é a liberdade, presente na linguaxe caracterizada polo uso de metáforas, e a defensa da solidariedade, da sinceridade e da autenticidade ao criticar a tiranía do galo Don Pío. O protagonista caracterízase polo seu egoísmo e por sentir envexa dos demais.

Recensións:

- Carmela Ferreira Boo, “María Victoria Moreno no fluír eterno do tempo”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 maio 2018, pp. 2-3.

Recensiona a obra literaria de María Victoria Moreno, deténdose e ofrecendo un detallado comentario de cada un dos seus libros. As obras que reseña son as seguintes: *Mar adiante*, *Historias de nenos pra nenos*, o conto *A festa no faiado*, *A Brétema*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Anagnórise*, *Guedellas de seda e liño*, *¿Un cachiño de bica?*, *¿E haberá tirón de orellas?*, *¡Xa non teño medo!* e *Eu conto, ti cantas...* das cales desenvolve cuestións relacionadas coa temática, os personaxes, a trama e a súa relevancia no sistema literario infanto-xuvenil galego. En palabras de Ferreira Boo: [María Victoria Moreno foi] “unha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega”.

Referencias varias:

- B. L., “Urco reedita dous contos infantís de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 xaneiro 2018, p. 7.

Informa da reedición de dous contos infantís, *A brétema* e *O cataventos*, da escritora María Victoria Moreno, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018, por parte da editora Urco.

- Xosé Castro Ratón, “A encantadora de palabras”, *Diario de Arousa /Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra ollada”, 11 xaneiro 2018, p. 6.

Destaca o compromiso de María Victoria Moreno con Galicia e coa súa lingua. Sinala que *Leonardo e os fontaneiros* sempre foi a súa favorita, pese a que a máis coñecida é *Anagnórise*. Indica a publicación das obras *A brétema*, *O cataventos* e *O amor e as palabras* por parte de Urco Editora, coa colaboración de Xavier Senín.

_____, *Diario da luz e a sombra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, Crónica, xaneiro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9782-233-6).

Obra de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939) que recolle a súa experiencia e reflexións como enferma de cancro de mama. Trátase dunha crónica literaria escrita desde a serenidade e a coraxe mais tamén a sinceridade e a humildade da protagonista. A autora lémbra-nos a importancia de conservar aquilo que é realmente importante na vida e que ás veces subestimamos.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Un ensaio maxistral”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 30 abril 2018, p. 14.

Fala da xénese e o acto de presentación de *Diario da luz e a sombra*, cando María Victoria xa padecía cancro e no que aparecen referencias a García Lorca ou Miguel Hernández e reflexións sobre a morte e as distintas fases previas. Por último, solicita unha edición especial deste ensaio maxistral, “conmover e aleccionador”.

_____, *É a lúa que baila... María Victoria Moreno e a lírica dos Seis poemas galegos de Federico García Lorca*, introd. Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela/ Vigo: Consorcio de Santiago/ Editorial Galaxia, col. Varios, n.º121, febreiro 2018, 104 pp. (ISBN: 978-84-9151-159-5). ■

Obra publicada pola Editorial Galaxia en colaboración co Consorcio de Santiago (Valencia de Alcántara, 1939) centrada na faceta filolóxica, lectora e investigadora de María Victoria Moreno. Está presidido por “«Danza da lúa en Santiago». Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego”, un estudo publicado orixinalmente no ano 1985 na revista madrileña de estudos galegos *Madrygal*. O volume inclúe tamén os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca, un anexo con comentarios de María Victoria Moreno á “Cantiga do neno da tenda” e un minucioso estudo introdutorio da man do académico e profesor Xesús Alonso Montero, que se sitúa xa como unha referencia no estudo da escrita de María Victoria Moreno.

Referencias varias:

- E. Ocampo, “Un libro recolle o artigo de María Victoria Moreno sobre os ‘Seis poemas galegos’ de Lorca”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 27/ *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018.

Dá conta da publicación de *É a lúa que baila... María Victoria Moreno e a lírica dos Seis poemas galegos de Federico García Lorca*, un libro que recolle un artigo que a homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano escribiu a propósito dos *Seis poemas galegos* de Lorca.

_____, *Nosoutras*, lim. e trad. Xavier Senín, Vigo: Urco Editora, col. Urco xuvenil, lectorado a partir de 9 anos, xaneiro 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-15699-75-0).

Volume de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939) que compila sete textos escritos pola autora en diferentes etapas da súa traxectoria literaria, todos eles destinados a un público xuvenil. Os relatos intitolados son: "O aguinaldo", "As follas feren xermendo", "Contra a noite" e "A casa das Marías", que corresponden a unha etapa na que aínda non tomara a firme decisión de entregarse á lingua galega. Ao contrario que acontece cos relatos "A gaiola", se cada a súa primeira contribución á nosa literatura, e "Nocturno en tres tempos". Completa esta recompilación o texto "Nosoutras", que pola súa importancia dálle título a este libro.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Adiós a Cantos de Taberna”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 maio 2018, pp. 62-63.

Recolle sucintamente, con axuda de dúas fotografías, a presentación do libro de Urco na Casa da Luz de Pontevedra. Participaron no acto Xavier Senín, María Montes, David Cortizo e unha concelleira, así como a filla e o viúvo da escritora.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

Aleixandre, Marilar e Fina **Casalderrey**, *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 267, lectorado a partir de 11 anos, febreiro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9121-311-6).

Obra das autoras Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey que se presenta como un volume homenaxe a María Victoria Moreno no que se ofrece un fermoso relato da escritora. No libro faise un percorrido polos fitos máis relevantes da biografía da autora, desde a súa infancia até a súa chegada en 1963 a Galicia, onde exerceu como profesora de lingua e literatura.

Referencias varias:

- X. F., “Dúas biografías afondan na vida e no carácter de María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 marzo 2018, p. 32.

Comenta as dúas biografías debidas a Montse Pena e a Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre que percorren fitos vitais e literarios de Moreno e o carácter da escritora e que parten da data de nacemento de 1939 e non 1941, como aseguraban as biografías oficiais.

- Montse García, “Biografía de María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 13 marzo 2018, p. L10.

Anuncia a presentación desta biografía na Librería Couceiro que percorre os principais fitos vitais e literarios da autora.

Alonso Montero, Xesús, *María Victoria Moreno. A proeza da súa vida e da súa literatura*, A Coruña: *La Voz de Galicia* ediciones, maio 2018, 142 pp. (ISBN: 978-84-9757-316-0).

Obra de Xesús Alonso Montero que se presenta como un volume homenaxe a María Victoria Moreno no que se fai un repaso pola vida e obra da protagonista do Día das Letras Galegas 2018.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Literatura grande para lectores cativos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2018, p. 36.

Salienta a pegada e o compromiso da autora coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, repasando a súa traxectoria literaria dirixida aos máis novos, ademais da súa achega ao ensino con manuais académicos para as aulas. Por último, informa do libro que se lle dedicará na colección “Biblioteca Gallega” escrito por Xesús Alonso Montero de *La Voz de Galicia*.

Fajardo, Montse, *O escalón de Ulises. A Pontevedra dos afectos de María Victoria Moreno, a mestra que escribía libros*, Pontevedra: Concellería de Patrimonio e Memoria

Histórica de Pontevedra, col. Merlín, Infantil e xuvenil, maio 2018, 134 pp. (ISBN: 978-84-09-01805-5). ♦

Volume homenaxe de Montse Fajardo (Vilagarcía de Arousa, 1973) á figura de María Victoria Moreno, que se centra nas vivencias da en Pontevedra, cidade na que viviu boa parte da súa vida.

Recensións:

- Ramón Rozas, “M^a Victoria no mapa dos afectos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 7 maio 2018, p. 6.

Comenta que o Concello de Pontevedra publicou esta obra para mostrar a pegada inesquecible que deixou a escritora nesta cidade e o amor polos demais. Indica que recolle entrevistas a amizades, profesores, alumnado e familiares cos que compartiu a súa vida, a paixón pola educación e a escrita; e que conta cun fermoso deseño de Rosa de Cabanas e ilustracións de Manuel Uhía. Por último, cualifica á escritora como unha muller valente por dedicarse á literatura infantil, por usar o galego, por facer educación e por facer de Pontevedra “unha aula exterior na que participar dunha vida en común”.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Broche de oro de la Filarmónica”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 maio 2018, pp. 54-55.

Montse Fajardo, en calidade de autora de *O escalón de Ulises*, ofreceu unha charla arredor de María Victoria Moreno para o alumnado do CEIP de Ponte Sampaio.

- Sara Vila, “As biografías de 130 mulleres nutren á rede da memoria das pontevedresas”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 22 decembro 2018, p. 13.

Informa que o Concello de Pontevedra pon en marcha unha web que reúne información de mulleres importantes da cidade para condensar o traballo do proxecto “A Memoria das Mulleres”. Indica que conta cun amplo fondo gráfico e audiovisual, que recolle os cambios no rúeiro para visibilizar as mulleres e que se pode descargar material, como é o caso da obra *O escalón de Ulises*, de Montse Fajardo, sobre María Victoria, e os paneis da exposición “Do gris ao violeta”. Por último, salienta que nun futuro pretende abranguer as novas tecnoloxías e a banda deseñada, ademais de implicar a comunidade educativa e empregar o teatro.

Gracián, Ánxela, *Doce cartas a María Victoria Moreno*, ilust. Antonio Seijas, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, marzo 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-947770-6-6).

Biografía novela de Ánxela Gracián (Castroverde, 1968) que xira arredor da figura de María Victoria Moreno, presentando os fitos máis relevantes da vida e obra da escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas. A historia está narrada por un dos personaxes creados pola propia autora, o lobo Garimoso, protagonista doutro libro de Victoria Moreno, *Mar adiante*. Ao longo de doce cartas faise unha achega ao compromiso coa lingua

e a cultura galegas adoptado pola autora; ao nacemento e os seus primeiros anos de vida; á profesión de mestra; á súa fascinación por Galicia; á súa estancia en Barcelona; ás súas relacións persoais; ás vivencias en Lugo; ao seu labor como escritora; á enfermidade que padeceu etc. Trátase dunha biografía que xoga con toda a produción de María Victoria Moreno e que mesmo permite a súa lectura facendo un xogo de escollas, nun diálogo deliberado cun dos seus libros máis innovadores formalmente no seu momento, *Leonardo e os fontaneiros*.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Garimoso xeneroso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 668, “Libros”, 10 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 617, “Libros”, 19 maio 2018, p. 10.

Informa da publicación de *Doce cartas a María Victoria Moreno* de Ánxela Gracián, unha biografía en memoria da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018 que se presenta de forma novelada cun narrador e protagonista moi especial, o lobo Garimoso, un dos personaxes máis coñecidos do universo literario infantil de María Victoria Moreno.

- Xesús Alonso Montero, “Cando María Victoria chegou a Lugo (1965)”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, pp. 82-83.

Faise un percorrido pola traxectoria académica e profesional de María Victoria Moreno. Alude á súa obra *Mar adiante* (1973) sinalando que se trata dun libro de contos no que aparece a historia de “Mariquiña e o lobo”. Di que a figura deste animal foi aproveitada por María Ánxela Gracián como narrador da obra *Doce cartas a María Victoria Moreno* (2018). Fai referencia a que Xesús Rábade Paredes foi alumno de María Victoria Moreno e a que *Mar adiante* constitúe a primeira obra da escritora en galego e que conta cun prólogo de Alonso Montero.

Referencias varias:

- ECG, “Biografía literaria sobre María Victoria Moreno de Hércules de Ediciones”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 marzo 2018, p. 43.

Anuncia a presentación desta biografía literaria en Compostela e que cualifica de “innovadora aposta”. Indica que participarán a editora, a autora e o académico Xesús Alonso Montero con acompañamento poético-musical de Miguel Requeixo e Miguel López Pombo.

- Montse García, “A traxectoria de María Victoria Moreno en doce cartas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 20 marzo 2018, L11.

Anuncia a presentación desta biografía literaria na Librería Couceiro que se estrutura a modo de doce cartas.

- Mario Álvarez, “Hércules de Ediciones publica ‘Doce cartas a M^a Victoria Moreno’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2018, p. 37.

Faise eco da presentación na librería Couceiro desta biografía literaria que conta con ilustracións de Antonio Seijas e a ollada innovadora de Ánxela Gracián que percorre a vida de María Victoria recorrendo a un dos personaxes máis entrañables da autora, o lobo Garimoso do conto de Mariquiña en *Mar adiante*. Saliéntase que se rememora a infancia, as vivencias da mocidade, a concepción da docencia, a lealdade aos amigos, o sentido épico da vida e a escrita. Por último, indícase que o acto contou coa presenza de Alonso Montero, a editora Laura Rodríguez e Román Rodríguez, ademais de ter acompañamento poético-musical.

- Marcelino Agís Villaverde, “Doce cartas a M^a Victoria”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 26 marzo 2018, p. 2.

Informa da presentación do libro *Doce cartas a María Victoria Moreno* (Hércules Ediciones, 2018) da autora Ánxela Gracián, con ilustracións de Antonio Seijas, na librería compostelá Couceiro. Comenta a obra e trata aspectos como a voz narrativa e sinala que uno protagonista xa apareceu noutra obra da autora como é *Mar adiante* acompañando á protagonista Mariquiña.

- Jaureguizar, “Gracián: ‘María Victoria Moreno aprendeu galego dos alumnos’”, *El Progreso*, “Vivir” “Cultura” “Literatura”, 5 abril 2018, p. 46.

Na presentación da biografía novelada, a escritora Ánxela Gracián comentou que María Victoria aprendeu galego do seu alumnado e repasou fitos vitais da homenaxeada, como a transformación que sofre en Lugo ao converterse nunha profesora “tolerada” de galego e “amiga dos comunistas”. Indica que as vivencias de María Victoria son vehiculadas a través das cartas que o lobo Garimoso lle envía.

- Mario Outeiro, “Doce cartas a María Victoria Moreno”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 6 abril 2018, p. 30.

Comenta a presentación en Lugo desta “interesante” biografía literaria e apunta a traxectoria profesional e literaria da autora, Ánxela Gracián, para logo profundar nas calidades deste libro “de lectura áxil e entretida” que conta con extractos das obras de Moreno e de outras relacionadas con ela. Indica que a obra está narrada por un personaxe, o lobo bondadoso e protector de *Mar Adiante* (1973), e que o núcleo consta de doce cartas nas que o lobo Garimoso narra “con admiración e precisión” acontecementos vitais da autora.

- B. L., “El lobo Garimoso le escribe doce cartas a María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 10 abril 2018, p. 13.

Indica que esta obra reúne unha serie de cartas escritas polo personaxe do Lobo Garimoso nas que repasa vida e obra de María Victoria Moreno. Informa que o libro se presentou no IES Torrente Ballester e resume o seu argumento.

- S. S., “Ánxela Gracián presentó ‘Doce cartas a M^a Victoria Moreno’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 13 maio 2018, p. 33.

Recolle o acto de presentación desta biografía literaria na Librería Couceiro que se estrutura a modo de doce cartas. Indica que tamén asistiron Blanca Ana Roig, a editora

Laura Rodríguez e Herminia Pousa, edil de Cultura.

Moreno, María Victoria, *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, maio 2018, 104 pp. (ISBN: 978-84-92923-90-8). ♦

Volume-homenaxe presentado polo Consello da Cultura Galega no que se presenta a edición facsimilar de *Mar adiante*, a súa primeira novela en lingua galega e unha das novelas fundadoras da literatura infantil en galego. Esta edición conmemorativa está enriquecida cun texto orixinal da autora, ilustrado por ela mesma, o conto mecanoscrito «Crarisca». Ademais, o libro acolle dous estudos previos: un primeiro do experto en historia literaria, Xesús Alonso Montero, e un texto escrito por Sara Alonso Pimentel en forma de carta persoal que dá resposta a «unha conversa pendente». Obra de carácter realista que fai unha crítica ao sistema educativo e os métodos represivos da escola tradicional á vez que propón a aprendizaxe empírica en contacto coa natureza. Nela, mestúranse historias independentes que os personaxes contan uns a outros a modo de fábulas clásicas co fin de propoñer unha ensinanza. Trátase dunha obra chea de simbolismo, mitos e de referencias á literatura que fala da aprendizaxe en contacto coa natureza, a solidariedade, o amor, etc.

Recensións:

- Carmela Ferreira Boo, “María Victoria Moreno no fluír eterno do tempo”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 maio 2018, pp. 2-3.

Recensiona a obra literaria de María Victoria Moreno, deténdose e ofrecendo un detallado comentario de cada un dos seus libros. As obras que reseña son as seguintes: *Mar adiante*, *Historias de nenos pra nenos*, o conto *A festa no faiado*, *A Brétema*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Anagnórise*, *Guedellas de seda e liño*, *¿Un cachiño de bica?*, *¿E haberá tirón de orellas?*, *¿Xa non teño medo!* e *Eu conto, ti cantas...* das cales desenvolve cuestións relacionadas coa temática, os personaxes, a trama e a súa relevancia no sistema literario infanto-xuvenil galego. En palabras de Ferreira Boo: [María Victoria Moreno foi] “unha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega”.

Referencias varias:

- Montse García, “Os inicios de María Victoria Moreno en galego volven nunha edición facsimilar” *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2019, p. 37.

Dá conta da publicación da edición facsimilar, dirixida por Alonso Montero e Emilia Pimentel. Destácase que Ramón Villares tamén participou na elaboración dos estudos arredor da obra. Asemade, menciónase a inclusión dun conto inédito, *Crarisca*, tamén engadido nesta edición facsimilar.

Pena Presas, Montse, *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras galegas, n.º 23, febreiro 2018, 180 pp. (ISBN: 978-84-9151-156-4).

Volume-homenaxe de Montse Pena Presas (Sada, 1981) formado por un conxunto de apartados curtos nos que se van esmiuzando as contribucións máis importantes de María Victoria. A obra presenta os fitos máis relevantes da súa biografía mais tamén da súa andaina profesional, nomeadamente, no eido literario.

Recensións:

- Mario Regueira, “A historia da que contaba historias”, *Sermos Galiza*, n.º 289, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 22 marzo 2018, p. 6.

Desenvolve cuestións referidas á temática da obra centrada na traxectoria vital da autora, subliñando os fitos máis destacables da súa vida e cualifica o estilo de Pena Presas como “unha biografía ben construída” desde o punto de vista formal e de contido, deixando á marxe calquera tentativa haxiográfica.

- María Navarro, “Exemplar insurrecta”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 667, “Libros”, 3 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 616, “Libros”, 12 maio 2018, p. 10.

Indica que a autora ofrece unha “caracterización extraordinaria” da escritora e describe a súa estrutura en cinco partes para facer un percorrido vital e literario no que salienta o compromiso, entrega, dedicación e entusiasmo. Comenta que en cada apartado se reflicten o amor, o ensino, a biblioteca e a escritora que transmite tamén o amor polos animais, a mestura de realidade e fantasía e valores como a humildade, o compañeirismo, a xenerosidade, a sensibilidade e experiencias persoais. Por último, salienta o “carácter reivindicativo e innovador da escritora”, o papel da muller na sociedade e o universo adolescente que mostra.

Referencias varias:

- X. F., “Dúas biografías afondan na vida e no carácter de María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 marzo 2018, p. 32.

Comenta as dúas biografías debidas a Montse Pena e a Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre que percorren fitos vitais e literarios de Moreno e o carácter da escritora e que parten da data de nacemento de 1939 e non 1941, como aseguraban as biografías oficiais.

- Alfredo Conde, “Contra a lei do funil”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 19 marzo 2018, p. 30.

Critica a escolla da RAG para o Día das Letras Galegas de autores de textos inconsistentes e a publicación por parte das editoriais galegas de biografías do autor homenaxeado, reparando nesta de Montse Pena na que se entera que un poema seu foi censurado polo funcionariado franquista e suprimido na antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno.

- Lourdes Varela, “Montse Pena Presas. ‘María Victoria Moreno foi unha muller adiantada ao seu tempo’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 664, “Entrevista”, 12 abril 2018, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 613, 21 abril 2018, p. 11.

Entrevista na que a investigadora Montse Pena explica o sentido do título desta biografía, dá a súa opinión sobre o feito de dedicar por primeira vez o Día das Letras Galegas a unha persoa non nacida en Galicia e salienta o ser pioneira na LIX e adiantada ao seu tempo, abordando temáticas como o machismo, a violencia de xénero, a drogadicción ou o multiculturalismo. Tamén comenta o feito de ser finalista do Premio Café Gijón, recolle as impresións do alumnado de María Victoria Moreno e apunta o amplo legado que deixou, dignificando as autoras infantís.

- Cuca M. Gómez, “Palillada previa al Día da Muiñeira”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 maio 2018, pp. 70-71.

Recolle unha nota sucinta, con fotografía incluída, do “Vermú entre libros” que Montse Pena Presas e Rosalía Fernández Rial compartiron na Librería Paz.

- Cuca M. Gómez, “Esto sí que son espantapájaros”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 maio 2018, pp. 62-63.

Recolle o paso por O Gorgullón de Montse Pena Presas para falar da súa biografía de María Victoria Moreno.

Perozo, Xosé A., *María Victoria, terra adiante*, ilustr. Antonio Seijas, Santiago de Compostela: Auga Editora, col. Estrela Polar, 2018, lectorado autónomo, 47 pp. (ISBN: 978-84-947801-7-2).

Volume-homenaxe de Xosé A. Perozo (Llerena, 1951) centrado na figura de María Victoria Moreno, recollendo aqueles aspectos máis interesantes e relevantes da súa andaina vital e profesional.

Roig Rechou, Blanca-Ana (ed.), *Día das Letras Galegas 2018. María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*, ilustr. María Jesús Agra Pardiñas, Guillermo Calviño Santos Olalla Cortizas, Carmen Franco-Vázquez e Candela Rajal Alonso, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, abril 2018, 260 pp. (ISBN: 978-84-16954-71-1). ♦

Volume co que o Departamento de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela homenaxea a autora á que no ano 2018 se lle dedica o Día das Letras Galegas e cuxa edición correu ao coidado de Blanca-Ana Roig Rechou. Ábrese cunha “Introdución” da editora, que anticipa o contido do volume, e á que lle seguen unha “Cronobio-bibliografía”, da autoría de Belén Bouzas Gorgal e Blanca-Ana Roig Rechou, nas que as responsábeis repasan a vida e obra da autora, e tres textos inéditos: o primeiro, un relato en forma epistolar de Pedro Ferriol, viúvo da homenaxeada, no que conta como se coñeceron, como viviron e como se tiveron que despedir; o segundo, un traballo titulado “Nosoutras”, inédito até o momento, cedido pola familia de María Victoria e traducido por Xavier Senín, e, finalmente, o terceiro texto, unha homenaxe que Xavier Senín, en colaboración con membros do grupo de investigación CELT, lle fixo no marco do III curso de formación continua, celebrado na Biblioteca de Afundación no ano 2006. A seguir, na sección denominada “Para saber máis”, acóllense dez traballos de estudosos

coñecedores da súa obra e percorrido vital. Xesús Alonso Montero, en “Da alofonía e da autofonía, e, neste universo, o nome preclaro e singular de María Victoria” (pp. 89- 104), fíxase en aspectos referidos á posición que María Victoria ocupou no campo cultural galego, unha alófona que se converteu en autófona central, como Montero demostra de forma preclara despois de se referir a moitas voces alófonas que non seguiron o percorrido de María Victoria. A continuación, os restantes colaboradores deste volume detéñense na produción concreta da autora. Así, Marcelino Agís Villaverde analiza *Diario da luz e da sombra* dende a mirada dun filósofo en “Nas soleiras do derradeiro horizonte” (pp. 105-118); Mar Fernández Vázquez a obra *Leonardo e os compañeiros*, unha das máis queridas pola autora homenaxeada, en “*Leonardo e os fontaneiros* desde a figura do lector” (pp. 119-132); Carmen Franco Vázquez detéñese na función das ilustracións que acompañaron as súas obras destinadas aos novos en “Navegando polas imaxes das obras de María Victoria Moreno” (pp. 133-144); Ánxela Gracián realiza un suxestiva proposta a partir da lectura da obra de María Victoria no traballo titulado “Abecedario de María Victoria” (145-168); Marta Neira Rodríguez detéñese en *Anagnórise* dende unha análise de xénero en “O poder das mulleres. *Anagnórise*, de María Victoria Moreno” (pp. 169- 180); María Xesús Nogueira en “A antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno no relato historiográfico da poesía galega contemporánea” (pp. 181-198) explica como naceu a antoloxía, as escollas realizadas, e analiza a obra tendo en conta o contexto no que xorde; Verónica Pousada achégase á obra da autora dende o punto de vista lingüístico en “A fraseoloxía da autora: *Guedellas de seda e liño*” (pp. 199- 208); Armando Requeixo, en “Elexías de brisa. A escrita de María Victoria Moreno alén do infantoxuvenil” (pp. 209- 240) detense na produción para adultos de María Victoria, e Isabel Soto, en “Apuntamentos sobre a obra infantil e xuvenil e María Victoria Moreno. *Guedellas de seda e liño*: a estratexia do contraste” (pp. 241-260), despois dunha referencia xeral á obra da autora, ofrece unha análise minuciosa doutra das obras emblemáticas da literatura xuvenil de María Victoria, a xa referida *Guedellas de seda e liño*.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no Tempo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), vol. XXXVIII, 1 maio 2018, 336 pp. (ISBN: 978-84-453-5294-6). ♦

Monográfico de autoría colectiva no que se abordan distintas facetas de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1939-Pontevedra, 2005). En relación coa literatura galega acóllense os seguintes traballos:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Unha lectura da obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno. A modo de Limiar”, pp. 9-28.

Repaso por traballos seus, resultantes das súas “primeiras investigacións, nos que considere a María Victoria unha pioneira”, caso da súa tese de doutoramento *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (1994) e *A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia / La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia* (2000). Conclúe que “sempre destaquei o labor pioneiro e o bo facer da escritora para mesmo considerala clásica, fíxeno ben en solitario ben en traballos con outras compañeiras e compañeiros, edicións, coedicións etc. para rematar antes deste 2018 coa

coordinación da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega (2015)*". Complementa a bibliografía sobre María Victoria Moreno aludindo aos demais traballos que aparecen neste monográfico.

No apartado "Contribucións", acóllense os seguintes traballos:

-Eulalia Agrelo, "María Victoria Moreno: unha precursora na inclusión educativa e social", pp. 81-96.

Dáse a coñecer como dende a lingua e a literatura galega se está a traballar na inclusión cun repertorio de obras literarias grazas á mediación fundamentalmente da ONCE. Tamén se dá conta do labor de difusión e promoción da literatura galega que levou a cabo esta institución entre os máis novos, sempre co apoio da mestra e escritora María Victoria Moreno.

-Marilar Aleixandre, "A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno", pp. 97-110.

Ofrécese unha detallada análise do modo en que se reflicte a relación afectiva de María Victoria Moreno pola lingua galega tanto na súa produción literaria infanto-xuvenil como na súa novelística destinada ao público adulto, prestando atención a *Onde o aire non era brisa* (2009).

-Luís Alonso Girgado, "María Victoria Moreno Márquez, escritora e profesora", pp. 111-120.

Ofrécese unha reflexión crítica sobre o feito da elección de María Victoria Moreno como figura homenaxeada polo Día das Letras Galegas 2018, designada pola Real Academia Galega. Faise, tamén, un breve percorrido pola súa produción literaria, citando algunhas das obras máis relevantes da escritora.

-Luís Cochón, "*Anagnórise*, nouvelle de amor e ruta", pp. 121-126.

Centra a atención na análise da novela *Anagnórise*, de temática amorosa, que desenvolve a cuestión dos puntos de vista e as voces narrativas que conforman o relato así como a estrutura interna da narración.

-María Jesús Fernández, "María Victoria Moreno: a novela como unha viaxe", pp. 127-138.

Recolle a súa experiencia persoal con María Victoria Moreno e, ademais, comenta diferentes conferencias que dou a escritora, a relación existente entre o xénero narrativo da novela co concepto da viaxe e repara na obra literaria de María Victoria Moreno, xustificando a tese de que a idea de viaxe está moi presente nas obras da homenaxeada.

- Mar Fernández-Vázquez, "Motivos e recursos literarios en *Anagnórise*", pp. 139-152.

Tras recoller valoracións de distintos mediadores en vida da autora homenaxeada, aclara a escolla da novela *Anagnórise* para abordala á luz dos motivos e recursos literarios, por considerar que os emprega "para achegar verosimilitude á trama e establecer un xogo

intertextual coas súas lecturas de referencia (o *Quixote*, de Miguel de Cervantes e *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry)". Analiza a reescrita de argumentos da literatura universal que concretiza nos correspondentes motivos, caso dos argumentos de Timbreo e Fenicia, e de Tito e Gisipo, concretizados nos motivos do descontento, da proba de amizade, do rebelde e da rivalidade. Conclúe que "os motivos e recursos literarios abordados reflicten a incuestionable calidade literaria da escrita de M^a Victoria Moreno" e que *Anagnórise* "reitera os recursos da persoa-guía e da viaxe iniciática, presentes na súa narración inaugural *Mar adiante* (*Historias de nenos pra nenos*)".

-Carmen Ferreira, "Navegando *Mar adiante*", pp. 153-166.

Comenta a importancia da obra *Mar adiante* na formación da Literatura Infantil e Xuvenil galega, destacando da mesma o seu carácter innovador e revolucionario ao poñer sobre o tapete o modelo educativo imperante na época. Comeza cunha breve contextualización da autora, situándoa como escritora de literatura infanto-xuvenil, para logo afondar na novela *Mar adiante*, novela fundadora da literatura infantil e xuvenil en lingua galega.

-Moncha Fuentes, "Vermello sobre azul", pp. 167-172.

Relata a súa experiencia como alumna de María Victoria Moreno en Pontevedra cando esta se trasladou para impartir o curso 1967-1968. Este curso foi para quen asina este texto, "un dos máis importantes da miña vida".

-Antonio García Teijeiro, "Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno", pp. 173-188.

Lembra a súa experiencia persoal con María Victoria Moreno, facendo un percorrido polas vivencias que compartiu coa homenaxeada, deténdose naqueles aspectos máis interesantes e relevantes da súa biografía mais tamén da súa obra. Segundo García Teijeiro, a autora homenaxeada "fixo do galego a súa lingua e dotou a súa obra dun prestixio completamente imprescindible nunha lingua minorizada que loitaba por sobrevivir".

-Ánxela Gracián, "A biblioteca persoal de María Victoria: reflexións sobre os propios libros", pp. 189-208.

Propón unha análise panorámica e rápida de boa parte da produción literaria da autora homenaxeada, trazando así o seu perfil como bibliófila coñecedora da importancia e valor das distintas edicións dos libros, as encadernacións dos mesmos, mais sobre todo, o valor do seu contido. Así, pois, detense en comentar as características da súa biblioteca persoal, na que se poden atopar relevantes títulos da literatura española e galega, así como outras curiosidades como enciclopedias, dicionarios, coleccións, etc.

-Eva Mejuro, "A medida dos sentimentos", pp. 209-214.

Relata a súa experiencia persoal con María Victoria Moreno cando esta era xefa de estudos no IESP de Vilalonga, e a responsable de asinar este texto estudaba neste centro educativo. Garda moi bos recordos da escritora, cualificándoa como un referente para a quen asina este texto: "Obrigada, María Victoria, polo referente que fuches para min e moitas outras, na literatura, na vida e na métrica dos sentimentos".

-Isabel Mociño González, “A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno: *Guedellas de seda e liño*”, pp. 215-232.

Tras ofrecerse un breve percorrido pola traxectoria vital e profesional de María Victoria Moreno, o texto céntrase na análise da novela *Guedellas de seda e liño*, desenvolvendo cuestións relacionadas coa temática, os personaxes, o estilo e o contido que agocha o propio relato dirixido ao público infantil e xuvenil.

-Marta Neira, “As personaxes femininas de *O amor e as palabras*”, pp. 233-246.

Detense en analizar as personaxes femininas que protagonizan os relatos que conforman *O amor e as palabras*, tendo en conta que María Victoria Moreno foi unha pioneira na introdución de protagonistas femininas na Literatura Infantil e Xuvenil galega.

-David Otero, “María Victoria Moreno amor (ao) de país”, pp. 247-264.

Ofrece unha pormenorizada análise de cada unha das facetas da autora homenaxeada, comentando o seu bo facer como mestra así como a súa contribución como escritora de literatura infanto-xuvenil galega. Á súa vez, fai un percorrido pola traxectoria literaria da autora, facendo alusión a aqueles títulos máis relevantes da escritora e comentando o panorama editorial da época.

-Verónica Pousada Pardo, “Acheга fraseolóxica á obra de María Victoria Moreno: *Leonardo e os fontaneiros*”, pp. 265-276.

Céntrase na novela *Leonardo e os fontaneiros* (1986), de María Victoria Moreno, terceiro premio Barco de Vapor 1985, cuxos protagonistas son Antón e o can Leonardo, para logo analizar un total de 17 unidades fraseolóxicas atopadas nesta obra, dispostas por orde de aparición, atendendo a súa motivación e o seu significado. Ademais, déixase claro que se engaden breves fragmentos literarios co fin de facilitar a comprensión da expresión no contexto de uso empregado pola autora.

-Xesús Rábade Paredes, “María Victoria Moreno: *Elexías de luz*”, pp. 277-282.

Ofrece unha breve pero sucinta análise do poemario *Elexías de luz*, destinado aos máis pequenos. Nela, Rábade Paredes desenvolve cuestións relacionadas coa temática, de claro contido amoroso, en palabras do propio autor, “unha viaxe secuenciada de amor e desamor”, e co ritmo dos versos.

-Manuel Uhía, “María Victoria Moreno”, pp. 283-286.

Recolle e fai alusión, de maneira abreviada, ás experiencias que compartiu coa escritora como amigo e ilustrador. Remóntase ao inicio da súa amizade, comenta algunhas anécdotas e fai alusión a algunhas das súas obras para comentar moi por enriba algún aspecto delas, como poden ser os personaxes ou a temática.

Referencias varias:

- Marcelino Agís Villaverde, “Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 21 maio 2018, p. 2.

Recorda a celebración do acto institucional das Letras Galegas na USC e cualifica á homenaxeada como “unha muller de extraordinaria sensibilidade literaria e humana” que coñeceu. Ademais informa da publicación do libro homenaxe da USC coordinado por Blanca-Ana Roig “alma mater” da difusión da LIX.

Soto, Isabel e Senín Fernández, Xavier, *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Biografía, abril 2018, 160 pp. (ISBN: 978-84-9121-335-2).

Volume-homenaxe de Xavier Senín Fernández e Isabel Soto, a modo de biografía, centrado na figura de María Victoria Moreno. Despois dun limiar asinado polos autores, divídese en tres grandes apartados: “A traxectoria vital de María Victoria Moreno”, no que se fai un amplo repaso á traxectoria vital da autora dende a súa infancia en Estremadura e Segovia, pasando pola etapa barcelonesa e madrileña, até a súa chegada e permanencia en Galicia, onde se comprometeu fortemente coa cultura galega; “María Victoria Moreno, unha pioneira na Literatura Infantil e Xuvenil galega”, no que se explica o difícil agromar do sistema literario infantil e xuvenil galego e se fai unha achega a María Victoria como voz pioneira neste, así como un repaso á traxectoria da autora á par da conformación dese sistema, e “A obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno. Algunhas claves de lectura”, parte final na que os autores se centran nas obras que abriron camiño e nos contos ilustrados e relatos soltos da autora, destacando as claves de lectura desas producións, as características e temáticas tratadas, entre as que destacan a condena do autoritarismo e a transgresión feminina, o amor polos animais e a súa querenza pola terra, ademais do amor. Péchase o volume cun apartado coa bibliografía de María Victoria e outro coa bibliografía consultada.

Recensións:

- Estro Montaña, “Sementando o futuro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 667, “Libros”, 3 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 616, “Libros”, 12 maio 2018, p. 10.

Salienta este estudo sobre o itinerario vital da “polifacética autora” e sobre as claves da súa obra literaria, ademais de achegar unha extensa bibliografía en varias linguas. Comenta que é unha “boa introdución ao pensamento e á literatura” desta escritora que asumiu a lingua galega e que foi pioneira na creación e difusión da literatura infantil e xuvenil. Logo repasa a biografía da autora e repara que esta monografía é un material de apoio moi eficaz e rigoroso para o profesorado e que complementa a biografía realizada por Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, “A señora que escribiu ‘Anagnórise’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “1.080 almas”, 20 abril 2018, p. 8.

Salienta as complexidades formais e a “trama prometedora” da novela xuvenil *Anagnórise*, ao tempo que resume o seu argumento. Logo indica que na monografía de Soto e Senín débúxase un “fermoso retrato vital” que dá a coñecer a vida da autora “nunha dimensión que engrandece a súa figura pioneira”.

Queixas, Mercedes e Cesáreo Sánchez (coords.), *Renacer á descuberta das palabras*, Santiago de Compostela: *Sermos Galiza* S. A., col. De nós. Monografías con perspectiva galega, n.º 2, maio 2018, 78 pp. (ISBN: 9788409015832).

Monográfico coordinado por Mercedes Queixas Zas e Cesáreo Sánchez que contén oito textos nos que se pretende achegar unha idea de conxunto da figura de María Victoria Moreno incluíndo a súa traxectoria biográfica e literaria, ademais dos motivos que levaron á Real Academia Galega a determinar que esta escritora fose homenaxeada co gallo do Día das Letras Galegas do 2018. O monográfico pretende o coñecemento e a recuperación da figura de María Victoria Moreno e resalta o carácter pioneiro e vangardista da súa creación literaria. Por unha banda, Montse Pena Presas afonda na importancia da publicación da obra *Mar adiante* para a literatura infantil e xuvenil por se centrar nos problemas propios da adolescencia. Por outra parte, resalta a procura do amor e os problemas coas drogas que a escritora plasma en *Anagnórise*. A escritora Fina Casalderrey dá conta das súas vivencias con María Victoria Moreno e explora a relación da autora e da súa biografía coas súas personaxes literarias. Pola súa banda, Carme Vidal fai unha análise do diario de enfermidade de María Victoria Moreno, titulado *Diario da luz e da sombra*. Este monográfico tamén inclúe textos de Antonio García Teijeiro que, xunto con David Otero e María Victoria, foron responsables do xurdimento da colección “Árbore” da editorial Galaxia. Ademais inclúe a achega de Eli Ríos, autora da primeira biografía adaptada a todos os públicos de María Victoria, de Susana Sánchez Aríns, que desenvolve unha análise da obra *Guedellas de seda e liño* e de Marta Dacosta, que fai unha aproximación á obra poética completa de María Victoria. Por último, Mercedes Queixas ofrece un estudo dalgunhas personaxes femininas, en función dos criterios de igualdade e xustiza social, nas obras da escritora *Onde o aire non era brisa* e *Anagnórise*.

Referencias varias:

- M. Obelleiro, “Renacer á descuberta das palabras”, *Sermos Galiza*, n.º 294, “fóra de serie”, 3 maio 2018, pp. 2-3.

Comenta este monográfico que ofrece unha visión de conxunto de María Victoria, autora considerada pola coordinadora Mercedes Queixas como pioneira, vangardista e adiantada ao seu tempo. Indica que se trata de oito artigos de estudosas e biógrafas que achegan visións distintas da autora e das súas obras. Logo resume o contido dos artigos debidos a Montse Pena, Fina Casalderrey, Eli Ríos, Susana Sánchez Aríns, Marta Dacosta, Carme Vidal e da propia coordinadora.

- S. V., “Antonio García Teijeiro. ‘María Victoria Moreno soñaba e facía soñar’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Letras Galegas 2018”, 15 maio 2018, p. 5.

Faise eco do acto de presentación deste monográfico que reúne oito reflexións de autores que afondan na biografía, obra, condición de muller e papel de mestra. Recolle as verbas da coordinadora e dos autores, que lembran anécdotas vividas xunto a María Victoria Moreno. Por último, infórmase do Concerto conmemorativo do Día das Letras Galegas que se celebrará mañá no Teatro Afundación de Pontevedra no que se interpretará unha obra baseada nos textos da autora.

IV. 3. PUBLICACIONES EN REVISTAS

Aneiros, Rosa, “O Día das Letras ben vale unha cabra”, *Luzes*, n.º 58, “Ás ceibas”, xullo 2018, p. 43.

Fai referencia á conmemoración de María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas do ano 2018 e ás obras de Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre, Xavier Senín e Isabel Soto sobre a escritora. Destaca a relevancia do mar e dos animais na súa obra e a súa faceta de escritora para a infancia e a mocidade.

Casalderrey, Fina, “Unha faísca de luz para pintar amenceres”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 207, marzo-abril 2018, pp. 38-59.

Achega un estudo sobre a vida e a obra de María Victoria Moreno. Recollen unha serie de vivencias persoais que Fina Casalderrey compartiu coa autora co gallo da súa homenaxe con motivo do Día das Letras Galegas. Fai referencia a escritores representativos da literatura galega coma Manuel Antonio, Cabanillas, Amado Carballo ou Otero Pedrayo e á súa relación coa escritora. Destaca que María Victoria Moreno foi editora e escritora para a infancia. Resalta a súa querencia pola literatura, os animais, o ensino ou Galicia. Inclúe na análise alusións ou fragmentos das súas obras *Elexías de luz*; *Guedellas de seda e liño*; *¿Un cachiño de bica?*; *Can branco, can negro*; *¿Xa non teño medo!*; *O Grumete*; *O amor e as palabras*; *S.O.S.*; *Leonardo e os fontaneiros*; *Anagnórise*; *Diario da luz e da sombra*; *Onde o aire non era brisa*; *Crarisca e o luceiro*; *Mar adiante*; *Pan con chocolate*; *A brétema*; *O encontro*; *O cataventos* ou *O libro das saudades e os degoiros*.

_____, “Un home de ben” que sumou primaveras”, *Grial*, n.º 217, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, p. 11.

Comenta a noticia de que a Real Academia Galega decidiu homenaxear á escritora María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas do ano 2018. Recolle as palabras de Xosé A. Neira Cruz nun acto conmemorativo á autora sobre a importancia da súa figura para a cultura galega. Fai fincapé no compromiso que asumiu María Victoria Moreno en relación á lingua e literatura galegas ao levar ao ensino a escritores como Cabanillas, Rosalía de Castro ou Manuel Antonio entre outras actividades. Destaca as súas obras *Mar adiante*, *A gaiola*, *Conto da Mariquiña* e *Clarisca e o luceiro*, *Os novísimos da poesía galega* e *Anagnórise*.

_____, “Un ronsel de compromiso co país (e unha amizade ben selada)”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, pp. 78-79.

Percorrido pola traxectoria docente de María Victoria Moreno como profesora de literatura galega. Fai referencia á relación da escritora con outros autores galegos como Xesús Alonso Montero, Manuel María, Manuel Antonio, Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Cabanillas ou Méndez Ferrín. Alude a que a escritora publicou a antoloxía *Os novísimos da poesía Galega* e que foi a responsable do prólogo da obra. Sinala a relevancia á súa obra *Mar adiante*, dirixida ao público infantil e xuvenil, e a vinculación da escritora con outros autores como Xohana Torres, Bernardino Graña, Carlos Casares

ou Neira Vilas. Por último, recolle vivencias coa autora.

Pena Presas, Montse, “A censura e a antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 102-107.

Análise sobre a antoloxía *Os novísimos da poesía galega* sinalando que foi unha encargada de Alonso Montero a María Victoria Moreno e que se trata dun compendio bilingüe de textos poéticos. Informa de que os poetas incluídos na antoloxía foron Alfredo Conde, Xesús Rábade, Fiz Vergara, Margarita Ledo, Xosé Vázquez Pintor, Luís Álvarez Pousa, Lois Diéguez, Xavier Rodríguez Barrio, Farruco Sesto e Darío Xohán Cabana. Destaca a pegada do realismo social na obra e recolle as críticas de Celso Emilio Ferreiro sobre a obra nas que alude ao decaemento da poesía galega dende Novoneyra ata Manuel María. Tamén achega as críticas de Carlos Casares ou Nogueira sobre o volume e dos propios poetas Vázquez Pintor e Alfredo Conde e afonda na problemática coa censura que sufriu a obra e, en concreto, as composicións “Carta plegaria a los hijos del Che” e “Carta poema a Luis Buñuel” de Alfredo Conde, “Autopoética”, “Terra Nai” e “O martelo” de Farruco Sesto, “O herdo” de Vázquez Pintor e “Carta de urxencia” e “Ser chairego é ser libre...” de Xesús Rábade. Por último, reflexiona sobre a traxectoria editorial da antoloxía.

_____, “Sobre os camiños cara o recoñecemento ou as claves da súa obra literaria”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, pp. 73-75.

Achégase un estudo sobre a obra literaria de María Victoria Moreno no eido da literatura para a infancia e a mocidade. Saliéntase que a temática da súa obra pivota arredor da reivindicación dos desamparados, a relevancia dos animais, os sentimentos, a rebeldía fronte a opresión ou a fantasía como medio de coñecemento da realidade. No tocante ao estilo sublíñase o coidado do léxico ou o pouso da narrativa tradicional. Infórmase de que coa súa obra *Mar adiante* (1973), sobre un novo concepto de educación, a escritora decántase polo galego como lingua e pola creación de literatura para os máis novos. Apúntase que a obra *O cataventos* (1975), sobre o levantamento fronte á tiranía, foi galardoada co Premio de Contos Infantís da Asociación O Facho da Coruña. Dáse conta da sorte editorial da súa obra *A brétema*, sobre a soidade e a natureza, e dise que o libro *A festa no faiado* afonda na reivindicación dos desfavorecidos. Cóntase que as obras *Leonardo e os fontaneiros* (1986) e *Anagnórise* (1988) tratan o proceso de maduración dun adolescente. Faise referencia a outros libros da autora coma *O amor e as palabras*, *Guedellas de seda e liño*, *Onde o aire non era brisa*, *Diario da luz e da sombra*. Reflexiónase sobre a relevancia da conmemoración da súa obra e figura polo día das Letras Galegas 2018 e sobre a importancia da súa produción literaria para os máis novos.

Rábade Paredes, Xesús, “A terra que María Victoria Moreno herdou de Otero Pedrayo”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 94-97.

Aproximación á temática da obra de María Victoria Moreno que subliña a relevancia das emocións ante a natureza e tamén o sentimento da saudade e cuxas características conecta coa produción de outros autores como Rosalía de Castro en *Follas Novas*, Manuel Antonio, Cabanillas, Otero Pedrayo, Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro e Novoneyra. Achega unha análise da obra *Elexías de luz* e fai fincapé na temática arredor da paisaxe,

do amor, do tempo e da nostalxia. Pon en relación as novelas *Arredor de si* e *Anagnórise* en canto á transformación que experimentan os protagonistas e capacidade evocadora dos espazos. Por último, destaca estas características na novela *Guedellas de seda e liño*.

_____, “A miña relación con María Victoria Moreno”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, pp. 80-81.

Percorrido pola traxectoria docente en Lugo de María Victoria Moreno. Alude tamén ao labor docente de Alonso Montero. Fai referencia á participación en certames literarios de varios escritores galegos como Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño, Xavier Rodríguez Barrio, os irmáns Valcárcel ou Xesús Rábade Paredes. Di que a escritora participou na estruturación e realizou o prólogo da obra *Xuntos cara o mañán* de Xesús Rábade. Infórmase de que *Mar adiante* constitúe a súa primeira obra en galego, que conta cun prólogo de Alonso Montero e que se trata dunha obra dirixida á infancia e á mocidade. Fai referencia a que María Victoria participou na monografía “Literatura do século XX” e a que foi a responsable da obra *Verso e prosa*. Salienta as seguintes obras de literatura infantil e xuvenil da autora: *Leonardo e os Fontaneiros*, *Anagnórise* e *Guedellas de seda e liño*, *Mar adiante*, *A festa no faiado*, *A brétema* e *Eu conto, ti cantas*. Ponse en relación a súa obra coa de outros autores como Helena Villar, Ana María Fernández ou Antonio García Teijeiro.

Ríos, Eli, “Non somos santas”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, pp. 76-77.

Reflexión sobre a recepción da obra de María Victoria Moreno que afonda na decisión da autora de escribir para o público máis novo coa finalidade de gañar lectores para a lingua galega. Fai referencia ao seu labor a prol da lingua e da literatura galegas destacando a tradución de obras para outros idiomas coma as de Carlos Casares. Destaca o carácter innovador da súa obra *Leonardo e os fontaneiros*. Indica que a produción de literatura infantil e xuvenil da autora tratou “as novas masculinidades, os malos tratos psicolóxicos ou o multiculturalismo” (p. 77). Alude á obra da autora *Nosoutras* e menciónanse outros escritores de literatura galega coma Rosalía, Ferrín ou Otero Pedrayo.

Sampedro, Pilar, “A maioría de idade da Literatura Infantil Galega. María Victoria Moreno como referencia”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 14, 2018, pp. 175-182.

Fai un percorrido pola traxectoria vital e literaria da homenaxeada co Día das Letras Galegas 2018 María Victoria Moreno. Destaca os fitos máis importantes que marcaron a biografía e a obra da docente e escritora cacereña e subliña o seu labor como pioneira da Literatura Infantil e Xuvenil Galega.

Soto, Isabel, “Galega de verdade e escritora pioneira”, *Luzes*, n.º 56, “Ás ceibas”, maio 2018, p. 42.

Fai referencia á conmemoración de María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas do 2018. Explica a relación da escritora coa lingua galega e destaca o seu papel como escritora para a infancia e a mocidade coas obras *Mar adiante* (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Anagnórise* (1988), *Guedellas de seda e liño* (1999) ou os textos

“Querida avoa” (1991), “S.O.S.” (1992) e “Pan con chocolate” (1993) sobre as inquiredanzas dos adolescentes. Tamén subliña a temática das obras *O cataventos* (1979, 1989), arredor da tiranía e do sometemento, ou *A festa no faiado* (1983) sobre a procura da ledicia, e tamén menciona o seu ensaio *Diario da luz e da sombra* (2004).

Vega, Rexina e Pino, Andrea Á., “Un home de ben”. María V. Moreno ou a afouteza dunha pioneira”, *Tempos Novos*, n.º 252, “especial María Victoria Moreno”, maio 2018, p. 72.

Co gallo da conmemoración polo Día das Letras Galegas de 2018 da obra e da figura de María Victoria Moreno, achégase unha reflexión sobre a presenza de mulleres na RAG e faise referencia ao manifesto “O xogo das cadeiras”. Reflexiónase sobre a relevancia da obra da autora fronte á súa personalidade destacando a súa escolla da lingua galega, o seu labor de mestra e nos eidos da tradución, da edición, do mercado literario ou dos libros educativos. Saliéntase o seu papel de escritora de literatura para a infancia e a mocidade.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ N OU COLABORACIÓ NS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, “María Victoria Moreno, políglota militante”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 23 marzo 2018, p. 15.

Reflexiona sobre a figura da homenaxeada co D3a das Letras Galegas e comenta alg3ns aspectos relacionados coa s3a traxectoria vital e literaria. Fai alusi3n 3 a aparici3n de textos in3ditos da escritora e comenta o discurso que pronunciou a profesora no instituto pontevedr3s Torrente Ballester no seu acto de despedida.

Bragado, Manuel, “D3as de Basilea”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 5 xu3o 2018, pp. 24-25.

Por mor dun convite da federaci3n de sociedades culturais galegas de Su3za para ditar d3as conferencias sobre a escritora Mar3a Victoria Moreno, o autor reflexiona en torno 3 realidade da comunidade emigrante e o activismo cultural destas sociedades, que deberan contar con maior amparo por parte das administraci3ns p3blicas.

Campo, Marica, “A Irmandade da afasia”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&An3lisis”, p. 19/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 25, “A tecel3 en outono”, 18 maio 2018.

Relaciona a dignificaci3n da lingua galega que fixo a escritora extreme3a coa realizada en Galicia dende as Irmandades da Fala, facendo un breve percorrido hist3rico at3 a actualidade.

Caram3s Vi3itez, Luis, “Tendal de poemas”, *El Correo Gallego*, “Opini3n”, “Apuntes”, 16 maio 2018, p. 3.

Describe o tendal de poemas dos nenos no r3o de Bertamir3ns con motivo desta celebraci3n. Lembra tam3n cando co3eceu a Mar3a Victoria Moreno en Pontevedra nos anos 70 e publicou a s3a primeira obra infantil, reproducindo alg3ns versos da autora.

Castro Rat3n, Xos3, “Crebar cadeas”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 17 maio 2018, p. 6.

A prop3sito da celebraci3n do D3a das Letras Galegas o autor do artigo fai un percorrido pola peripecia vital da homenaxeada este ano, Mar3a Victoria Moreno, da que destaca o feito de ter abrazado o galego como lingua de creaci3n literaria sendo ela de orixe extreme3a.

Dopico Vale, Julia M^a, “Letras Galegas”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Cr3nica cultural”, 20 maio 2018, p. 11.

Repasa a creación literaria galega desde as cantigas medievais, pasando polos Séculos Escuros ata o Rexurdimento, para salientar que só catro autoras foron homenaxeadas nas Letras Galegas, a última María Victoria Moreno, cunha serie de actos en toda Galicia.

Ferreira Boo, Carmela, “Unha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 maio 2018, pp. 2-3.

Recensiona a obra literaria de María Victoria Moreno, deténdose e ofrecendo un detallado comentario de cada un dos seus libros. As obras que reseña son as seguintes: *Mar adiante*. *Historias de nenos pra nenos*, o conto *A festa no faiado*, *A Brétema*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Anagnórise*, *Guedellas de seda e liño*, *¿Un cachiño de bica?*, *¿E habrá tirón de orellas?*, *¿Xa non teño medo!* e *Eu conto, ti cantas...* das cales desenvolve cuestións relacionadas coa temática, os personaxes, a trama e a súa relevancia no sistema literario infanto-xuvenil galego. En palabras de Ferreira Boo: [María Victoria Moreno foi] “unha pioneira na literatura infantil e xuvenil galega”.

Fraga, Manolo, “Romaría de libros”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 21 maio 2018, p. 20.

Repasa algunhas obras con motivo da feira do libro, entre elas o poemario *Elexías de luz*.

Franco Grande, X. L., “Amor á complexidade”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 21 maio 2018, p. 13.

Lembra a relación de amor da autora coa lingua galega para tratar o problema da incultura dos políticos en relación coas minorías.

Freixanes, Víctor F., “Elegante e alegre”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 20 maio 2018, p. 14.

Lembra unha anécdota que lle aconteceu en Bos Aires e á escritora María Victoria Moreno como activista cultural, editora, libreira, nai, compañeira, amiga e profesora cunha vocación íntima, consciente e irrenunciable, modelo de referencia.

_____, “Unha profesora”, *ABC*, “Galicia”, “María Victoria Moreno: Letras 2018”, “Tribuna”, p. 71/ *Diario de Pontevedra*, p. 7/ *El Correo Gallego*, p. 15/ *El Progreso*, “17M 2018”, “Día das Letras Galegas”, p. 39, 17 maio 2018.

Recolle as palabras que o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, adica no Día das Letras Galegas á homenaxeada deste ano, María Victoria Moreno.

Garrido, Jesús, “A estremeña que se fixo adoptar por Galicia”, *La Voz de Galicia*, “La voz de la escuela”, nº 1186, 16 maio 2018, pp. 1-2.

Breve aproximación á figura de María Victoria Moreno, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018. Faise un breve repaso pola súa peripecia vital e profesional, poñendo o aceno, fundamentalmente, no feito de ser ela unha filla adoptiva de Galicia e de ter abrazado o galego pese a a non ser esta a súa lingua materna.

Giráldez, José Miguel, “O día de todos os días”, *El Correo Gallego*, “Radio&TV”, “Los Reyes del mando”, 17 maio 2018, p. 58.

Alégrase desta celebración das nosas letras que rescata a cultura e esperta textos durmidos cunha “presenza mediática”. Ademais salienta o labor feito por mulleres, como a biografía de Montse Pena e os faladoiros de Rosalía Fernández Rial e Arantza Portabales; e invita a descubrir a lingua galega, como fixo María Victoria Moreno.

Gómez M, Cuca, “María Victoria en el Corazón”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 24 outubro 2018, p. 58.

Dá conta da visita que realizou un grupo de alumnos do IES Torrente Ballester ao mural que o grupo artístico Polo Correo do Vento está a pintar na rúa Eduardo Pondal de Pontevedra en homenaxe a María Victoria Moreno.

_____, “Muestra de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 outubro 2018, p. 63.

Informa da inauguración da mostra ‘María Victoria Moreno: paisaxes e personaxes’ pola Consellería da Cultura en Sanxenxo.

_____, “As sete mortes felinas de Carvalho Calero”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 142, 15 xullo 2018, p. 8.

Tras comparar a non escolla de Ricardo Carvalho Calero para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas 2018 coas sete vidas que se atribúen aos gatos, afirma que “Carvalho seguirá na opacidade que lle asignaron as elites gobernantes por defender que nos unísemos ao esperanto da lusofonía” e que “non pido que a Academia asimile a norma internacional do portugués, pero si que reconeza que o futuro da lingua atravesará pola lusofonía”. Indica que “seica Ferro Ruibal opúxose coa boca fervendo á candidatura reintegracionista” e que “o propoñente da candidatura foi novamente Xosé Luís Axeitos e asinaron coma apoiantes Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Fernández Rei, Manuel Rivas, Manuel González, Chus Pato, Xosé Luis Regueira e Euloxio Ruibal”.

Jaureguizar, Santiago, “As sete mortes felinas de Carvalho Calero”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 142, 15 xullo 2018, p. 8.

Tras comparar a non escolla de Ricardo Carvalho Calero para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas 2018 coas sete vidas que se atribúen aos gatos, afirma que “Carvalho seguirá na opacidade que lle asignaron as elites gobernantes por defender que nos unísemos ao esperanto da lusofonía” e que “non pido que a Academia asimile a norma internacional do portugués, pero si que reconeza que o futuro da lingua atravesará pola

lusofonía”. Indica que “seica Ferro Ruibal opúxose coa boca fervendo á candidatura reintegracionista” e que “o propoñente da candidatura foi novamente Xosé Luís Axeitos e asinaron coma apoiantes Xosé Ramón Barreiro Fernández, Francisco Fernández Rei, Manuel Rivas, Manuel González, Chus Pato, Xosé Luis Regueira e Euloxio Ruibal”.

López, Belén, “O escalón de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 maio 2018, p. 12.

Dá conta da publicación dunha obra en homenaxe a María Victoria Moreno da man da xornalista Montse Fajardo, quen, baixo o título *O escalón de Ulises*, compón un retrato de carácter íntimo, máis humano e menos literario da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.

López Salgueiro, Rosanna, “V’ de Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Tribuna abierta”, 20 maio 2018, p. 24.

Parabeniza á autora pola historia de amor que tivo coa lingua galega e salienta a súa faceta docente e o legado que deixou, ademais de lembrar varias anécdotas persoais coa autora. Tamén destaca a presentación do libro de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre e as cualidades de transgresora, activista, desinteresada e aventureira da “Dona das Letras Galegas”.

M. R., “Alumnos vilalbeses reciben 789 libros de María Victoria Moreno”, *El Progreso*, “A Chaira”, 16 maio 2018, p. 19.

Informa do reparto de 789 exemplares de dúas obras de María Victoria Moreno nos centros educativos de Vilalba, durante unha xornada que estará marcada pola representación de espectáculos teatrais baseados en obras desta autora e pola entrega de premios do Certame Literario das Letras Galegas.

Moreno, María Victoria, “Nocturno en tres tempos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Hemeroteca”, 20 maio 2018, p. 15.

Recupérase esta narración poética da autora homenaxeada.

Neira, Marta, “Feira da Selic”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xuño 2018, p. 6.

Infórmase de que rematou a segunda edición da Semana do Libro de Compostela (SELIC) que, desde o día 1 ao 10 de xuño, acolleu na praza da Quintana diferentes actividades, tales como exposicións e presentacións de libros, grupos de traballo, actividades infantís, obradoiros e rutas e sesións musicais. En relación directa coa LIX, dise que, neste proxecto singular, presentáronse o poemario *Cara de velocidade*, de Marga Tojo, e o álbum *Manuela*, de Javier Martínez e Carmen Queralt. Dáse conta de que tamén se realizaron, entre outras actividades dirixidas aos máis novos, contacontos a cargo de

Mercedes Queixas (*Xandra e a landra que quería voar*) e Eli Ríos, esta última ao redor de María Victoria Moreno, así como obradoiros de ilustración, impartidos por Eva Agra, Enrique López e Blanca Millán.

Neira Cruz, Xosé A., “A luz concentrada nunha folla de plátano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2018, p. 36.

Salienta a relación de compromiso da autora coa literatura e coa docencia e a súa declaración de principios sobre a importancia de escribir Literatura Infantil e Xuvenil, unindo ética e estética. Tamén repara na preocupación que amosaba polas xeracións mías novas.

Pato, Cristina, “Escritoras”, *La Voz de Galicia*, “A arte da inquedaanza”, 20 abril 2018, contracuberta.

Lembra cando leu de moza Anagnórise e da invisibilidade da autora nos libros de texto, reivindicando a reforzar as referencias femininas no mundo da cultura e académico, exemplificando coa celebración do Día das Letras Galegas desde 1963 que só se lle dedicou en tres ocasións a mulleres. Por último, reta a nomear a dez escritoras galegas vivas.

_____, “A nosa lingua”, *La Voz de Galicia*, “A arte da inquedaanza”, 18 maio 2018, contracuberta.

Reivindica falar en galego e exemplifica co caso de María Victoria Moreno, quen optou por esta “mimosa, soave, sentida e queixosa” lingua.

Piñeiro, Antonio, “Reflexións arredor do Día das Letras”, *La Región*, “Opinión”, 17 maio 2018, p. 34.

A propósito da celebración do Día das Letras Galegas 2018 o autor apunta algunhas cuestións arredor desta data ao mesmo tempo que nos convida a reflexionar para definir o motivo que nos leva a festexar cada ano o dezasete de maio.

Rei, Luís, “Beizón a María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Tribuna aberta”, 17 marzo 2018, p. 12.

Alégrase do feito de poñer a unha rúa o nome da autora e lémbrese dela como profesora amante dos cancioneros e da cultura en galego, ademais de describir o momento no que se fixeron amizade e lle confesou a súa admiración pola contística de Dieste.

Rivas, Chito, “É moito peor que triste”, *La Región*, “Opinión”, “Recuncho hebdomadario”, 21 maio 2018, p. 22.

Resume as noticias actuais, entre elas esta celebración que reivindica a lingua galega e que lle parece triste e un “esperpento festivo”.

Siro, “Sobre o Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Puntadas sen f3o”, 23 maio 2018, p. 14.

A prop3sito do D3a das Letras Galegas o autor do artigo reflexiona sobre as distintas reacci3ns que foron suscintando os candidatos ou homenaxeados como Mar3a Victoria Moreno quen gozou de aceptabilidade social e acad3mica ou Filgueira Valverde que non gozou de tanta sorte, por3n destaca a figura de Carvalho Calero como a m3is pol3mica neste senso.

Varela, Mar3a, “Amor e pan”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 72, “A lume maino”, 15 maio 2018.

Compara a escrita de Mar3a Victoria con receitas e sabores, ademais de arremeter contra a “ensalada pluriling3e” actual por mor dos pol3ticos. Tam3n repara na elecci3n da autora en falar en galego e nomea a biograf3a que realizaron Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre.

Veiga, Marta, “O chope do D3a das Letras”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta./ *El Progreso*, “Nube t3xica”, p. 80, 17 maio 2018,

A prop3sito da celebraci3n do D3a das Letras Galegas a autora do artigo reflexiona, a trav3s dun divertido xogo de beber que atopou por redes sociais, sobre o rumbo no que camiñamos de cara 3 celebraci3n desta data e que o acabará por converter nun d3a de rito e liturxia.

Xil, Ant3n, “Por amor 3 lingua...”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Cousas de ningures”, 16 maio 2018, p. 6.

Realiza unha achega biobibliogr3fica 3 figura homenaxeada, salientando o amor a lingua, a escrita para a infancia e a xuventude e o seu labor docente.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

M. Villar, “Iria Taibo. ‘Foi unha honra ser a intérprete da denuncia de Meirás dentro do Parlamento Europeo”, *La Opinión*, “Oleiros”, 14 marzo 2018, p. 13.

Entrevístase a Iria Taibo, presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación, e indica, ademais das orixes e obxectivos da asociación e das características do oficio, que quere facer unha campaña pública para dar a coñecer a faceta tradutora de María Victoria Moreno.

V. Castro, “Víctor F. Freixanes. ‘Moreno fue seducida por nuestra lengua”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2018, p. 28.

Recole as palabras do presidente da RAG, Víctor Freixanes, sobre a autora homenaxeada nas que salienta as súas virtudes para ser escollida como ser profesora, muller e directora dunha colección literaria.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. I. S., “Feira do Libro en la Alameda con stands y actividades como anticipo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 abril 2018, p. 25.

Informa da celebración da 37ª edición da Feira do Libro que este ano xira arredor do lema “ler sen fronteiras” e que contará cunha intensa programación entre a que destacan as actividades para o público infantil onde María Victoria Moreno cobra especial relevancia.

A. P., M. G., F. S., “A comarca deixou un ronsel de actos para María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018, p. 6.

Enumera os distintos actos celebrados nas comarcas de Pontevedra para festexar o 17 de maio, como homenaxe pública do IES Vilalonga de Sanxenxo, a representación teatral de Bandullo Azul de *Mar adiante*, a Carreira pola Lingua, a entrega de galardóns literarios como o Xaime Illa en Raxó e de Narración Curta das Letras Galegas en Marín, a Romaría das Letras Galegas ou ofrendas florais.

A. P., “Guía para festexar o Día das Letras”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 maio 2018, p. 9.

Informa da ampla programación que se levará a cabo na cidade de A Coruña co galla da celebración das Letras Galegas, e que inclúe múltiples actividades como concertos didácticos, contacontos ou espectáculos teatrais, e todo capitalizado por un acto central que se celebrará na praza María Pita e que consistirá na lectura de textos da autora homenaxeada.

A. Piñeiro, “Teatro deporte e divulgación para vivir as Letras Galegas en todo o seu esplendor en Poio”, *Diario de Pontevedra*, “Comarca”, “Poio”, 8 maio 2018, p. 6.

Lémbrese a necesidade de festexar as Letras Galegas todos os días do ano e preséntase a programación do Concello de Poio, na que salienta a montaxe de Matrioskha Teatro *A Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, en homenaxe a María Victoria, actividades deportivas como a Carreira Popular pola lingua e a entrega de premios do XXVI Concurso Literarioa Xaime Illa Couto, á que precederá un relatorio de Rafael Quintiá sobre a literatura oral galega.

Abascal, María, “Empeza o Ano María Victoria Moreno na web da Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 xaneiro 2018, p. 24.

Dá conta do inicio do Ano María Victoria Moreno a través da publicación na páxina da RAG dunha biografía da escritora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas que asinan as académicas Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey e na que fan un percorrido polas súas principais obras.

Abilleira, Marina, “Las II Rutas polos Cemiterios Históricos girarán en torno a la literatura y al arte”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 outubro 2018, p. 12.

Informa dunha nova edición destes roteiros que terá como fío condutor o patrimonio literario e artístico da man de tres personaxes das letras e as artes relacionados cos cemiterios, entre eles o de San Amaro con María Victoria Moreno.

Alonso, S., “Unanimidad política para que María Victoria Moreno tenga calle propia”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 marzo 2018, p. 8.

Informa do acordo unánime ao que chegaron os partidos políticos BNG, PP, PSOE, Marea e Ciudadanos para que María Victoria Moreno teña unha placa na cidade pontevedresa onde viviu. A iniciativa conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a plataforma dixital de crítica literaria A Segá, a empresa Polo Correo do Vento e Maio Longo, o IES Torrente Ballester e a familia da autora.

Alonso, Serafín, “La cultura respalda que María Victoria Moreno tenga calle propia en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 marzo 2018, p. 5.

Anuncia a concesión dunha placa na honra da escritora María Victoria Moreno na rúa onde ela viviu na cidade de Pontevedra. A iniciativa, impulsada polo Goberno local (BNG) de Pontevedra, conta co aval da Real Academia Galega, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a familia da autora.

_____, “Pontevedra honrará a loita das mulleres”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 16 marzo 2018, p. 13.

Dá conta da homenaxe na honra das mulleres represaliadas en Mourente, das que se mobilizaron contra as dragas de Ponte Sampaio e Celulosas e das mestras expulsadas do Maxisterio durante a ditadura franquista. O acto, organizado polo Concello de Pontevedra, forma parte do programa Memoria das Mulleres 2018. O equipo do programa está formado por Carmela Sánchez, Montse Fajardo e María Abilleira. Informa tamén que o programa Memoria das Mulleres editará un libro sobre a escritora María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas 2018 e que o Concello de Pontevedra sacará do prelo o libro *Roteiro en feminino* que colocará o foco sobre as escritoras e creadoras pontevedresas.

_____, “María Victoria Moreno pon luz onde había sombra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 28 abril 2018, p. 4.

Dá conta da inauguración da avenida María Victoria Moreno en Campolongo, na cidade de Pontevedra, a través dun emotivo acto no que participaron os distintos membros da corporación municipal e familiares da homenaxeada. Destacouse, entre outras cousas, o feito de que o nome da escritora vén subsituír o dun exministro franquista e que desta

forma, tal e como recollemos das palabras do alcaldade da cidade, viu “por luz onde había sombra”.

Álvarez, Elisa, “Decenas de actos lembran a Victoria Moreno, a cacereña que ensinaba galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 marzo 2018, p. 38.

Dá conta da multitude de actos que se van celebrar en toda Galicia con motivo do Día das Letras Galegas 2018 na honra da figura de María Victoria Moreno. Anuncia que a programación foi presentada no Gaiás nun acto no que participaron o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e os presidentes da Real Academia Galega e do Consello da Cultura, Víctor Freixanes e Ramón Villares, a directora adxunta ao director da CRTVG, Rosa Vilas, e o viúvo da autora, Pedro Ferriol.

Álvarez, Mario, “Tributo a María Victoria Moreno cunha ampla programación cultural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 marzo 2018, p. 36.

Dá conta da homenaxe a María Victoria Moreno con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2018 que contará cunha ampla programación cultural con exposicións, carreiras e música. O programa está organizado por Cultura, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a CRTVG. Tamén destaca que terá lugar a celebración da IV Xornada do Día das Letras Galegas destinada ao profesorado.

_____, “Dous millóns de bolsas de Vegalsa-Eroski polas Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 marzo 2018, p. 37.

Indica que a compañía Vegalsa-Eroski, en colaboración coa Consellería de Cultura elaborou material promocional e divulgativo sobre a autora para as tendas, ademais dunha pegada simbólica de carteis, no seu compromiso pola lingua ao apoiar o Correlingua.

_____, “Volume conmemorativo do primeiro libro en galego de M.^a Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 maio 2018, p. 35.

Informa da publicación en edición facsimilar do primeiro libro en galego de María Victoria Moreno, *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos*, como un acto de homenaxe do Consello da Cultura Galega a esta autora, a quen se lle adica o Día das Letras Galegas 2018.

_____, “A V Carreira Camiño das Letras unirá o 17 o Pico Sacro co Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 maio 2018, p. 37.

Dá conta desta iniciativa para celebrar o Día das Letras Galegas dende o ámbito deportivo.

_____, “Gadis impulsa un programa de accións para o Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 maio 2018, p. 38.

Comenta que esta empresa, para apoiar a lingua galega, homenaxea a María Victoria Moreno cunha serie de accións, caso de regalar a reedición de *Papá Bolechas doa sangue*, que incide no carácter solidario e gratuío da doazón; repartir marcapáxinas cun poema de *Elexías de luz*, ademais de dar bolsas cun fragmento do ensaio *Diario da luz e da*

sombra.

_____, “A Real Filharmonía protagoniza o concerto do Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2018, p. 39.

Comenta que a Real Filharmonía de Galicia fará o concerto conmemorativo do Día das Letras Galegas e describe as pezas que tocarán, entre elas unha selección de cancións baseadas en textos de poetas galegos e a peza “Duns folios que foron brancos” de Miguel Matamoros por encargo do Consello da Cultura Galega, baseada en textos da autora homenaxeada.

_____, “Decenas de eventos ensalzan a vida e obra de María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 39.

Informa do acto de homenaxe á escritora e docente María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas do presente ano e que vai ter lugar na cidade de Pontevedra. Celebraranse numerosos actos como presentacións de libros e pezas audiovisuais, todos eles organizados pola Real Academia Galega. Tamén dá conta da homenaxe que a Xunta de Galicia vai render á autora cun acto institucional no IES Torrente Ballester da cidade, onde a escritora exerceu o seu labor docente.

_____, “Rueda defende o galego como lingua vehicular na Xunta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 40.

Dáse conta da homenaxe da Escola Galega de Administración Pública na que o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, defendeu a lingua galega como lingua vehicular e enzalza a figura da escritora como loitadora e comprometida. Ademais comenta outras actividades como o relatorio de Fina Casalderrey e o acto institucional da USC no que se presentou o volume *Nun lugar de Galicia*.

_____, “A RAG enzalza o compromiso de M^a Vicotria moreno coa lingua”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018, p. 6-7.

Salienta as facetas de escritora, profesora, editora e activista do galego que comentou Fina Casalderrey na súa intervención na sesión plenaria extraordinaria da RAG con gallo do Día das Letras Galegas na que percorreu escenarios vitais e literarios desta muller. Comenta que Marilar Aleixandre centrouse nas tensións entre a igualdade e os roles das mulleres na súa vida e obra e Xesús Alonso Montero reparou en cando a coñeceu en Lugo. Logo descríbese o acto no que houbo actuacións musicais e intervencións de distintos académicos que repararon nas distintas facetas da autora, que destacou polo seu compromiso coa lingua, a súa calidade na escrita e a súa contribución á consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil, e que repasaron a algunhas obras. Ademais acolle as verbas que pronunciou o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da RAG no acto celebrado no IES Torrente Ballester.

_____, “A Casa de Galicia en Madrid celebra o Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 maio 2018, p. 36.

Comenta que na Casa de Galicia se celebrou esta efeméride cunha proxección documental da TVG sobre a autora e unha exposición de dez paneis informativos sobre a súa vida e obra.

_____, “O novo homenaxeado o Día das Letras coñecerase o 7”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 xuño 2018, p. 31.

Informa da data na que será coñecido o nome do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019, día no que serán sometidas a votación as dúas propostas levadas a cabo polos membros da Real Academia Galega e que xira en torno ás figuras de Ricardo Carvalho Calero e Antón Fraguas Fraguas.

ARCA, “Rois prepara as Letras Galegas con teatro, música, artesanía e concertos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza – A Estrada – O Sar”, 6 maio 2018, p. 36. Describe o amplo e variado programa do Concello de Rois para festexar esta data con teatro, música, artesanía e concertos nos centros educativos. Así informa da obra de teatro *Os tres porquiños*, a cargo de Educateatro Producións, a primeira edición da Mostra de Teatro Escolar e Afeccionado, exposicións da homenaxeada e a presentación de *A voz insurrecta*. *María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*.

Araguas, Vicente, “Victoria da luz”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, 29 xuño 2018, p. 14.

Indica que o grupo vigués Xardín Desordenado estrea CD con oito poemas-cancións co título *Victoria da Luz* dedicado a María Victoria Moreno da que se ofrece unha breve biografía, salientando a súa faceta poética co seu poemario *Elexías de luz*, no que se inspirou o grupo musical.

B. I., “Barbadás inicia mañá o programa de actividades das Letras Galegas”, *La Región*, “Área Metropolitana”, 10 maio 2018, p. 22.

Indica que o Concello de Barbadás terá un programa para festexar as Letras Galegas con actos para os escolares como os espectáculos *Pitusa Semifusa* e *Victoria da Luz*, ademais dun contacontos sobre María Victoria e un espectáculo poético-musical de Yolanda Castaño e Isaac Garabatos.

B. L., “María Victoria Moreno protagonizará un dos ‘Paseos pola Pontevedra literaria’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 setembro 2018, p. 12.

Indícase que a escritora será a protagonista dun dos “Paseos pola Pontevedra literaria” da AELG, que conducirá a profesora Ana Acuña e a escritora Fina Casalderrey.

B. Y., “Cambados homenaxea a María Victoria Moreno cunha lectura de gran participación”, *Diario de Arousa*, 15 maio 2018, p. 8/ 17 maio 2018, p. 11, “Cambados”.

Comenta que diferentes clubs, asociacións, grupos políticos e colexios participan nos actos das Letras Galegas en Cambados, como a lectura pública de textos de María Victoria Moreno. Ademais tamen a Escola de Música interpretará pezas inspiradas en obras da

autora, como “Cae a tarde”, peza homónima dun poema de *Elexías da Luz*.

_____, “Meis celebrará As Letras co IV Festival de O Trevo e Meaño enche o mes de citas culturais”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 15 maio 2018, p. 11.

Repasa o programa do festival musical Xuntanza das Letras Galegas, ademais do ciclo cultural meañés con xornadas de contacontos e espectáculos, como o show de ilusionismo de MartínCamiña e a animación de Polo Correo do Vento “María Victoria Moreno, unha historia para amar”, inspirados na escritora.

_____, “Os centros de ensino honran con flores á escritora da natureza”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 17 maio 2018, p. 11.

Dá conta da celebración dun acto de homenaxe a María Victoria Moreno por parte dos centros de ensino do concello de Cambados dentro dun programa xa clásico de celebración do Día das Letras Galegas neste municipio que contou, entre outras actividades, co recitado de textos da autora así como outro tipo de espectáculos.

Baena, A. “A estética do Día das Letras ao longo de 55 anos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 abril 2018, p. 11.

Indica que a Fundación Penzol conmemora o Día das Letras Galegas cunha exposición que mostra 30 carteis e material complementario e que percorre a historia desta efeméride, priorizando o visual e a participación de colectivos vigueses.

Baena, Ana, “Non todo son letras no 17 de maio”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 maio 2018, p. 11.

Recolle os distintos actos en Vigo, entre elas a interpretación teatral *A festa do faiado*, a realización dun mural da homenaxeada, contacontos, música e poesía coa Muro dos Poetas.

_____, “Festa da Cultura galega no 17 de maio”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 maio 2018, p. 9.

Acolle as actividades realizadas polo Concello de Vigo, como actuacións musicais, recitais poéticos e actividades de lecer co gallo do Día das Letras Galegas, que se inauguraron cun acto oficial co pregón de Antonio García Teijeiro que gabou a loita da escritora pola presenza feminina na literatura, así coma a paixón pola cultura galega. Indica que tamén se representou unha obra baseada en *A festa no faiado*, se realizaron obradoiros, visitas guiadas por exposicións e concertos musicais.

Bao, Pepe, “Homenaxe a María Victoria Moreno por Óscar Ibáñez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 maio 2018, p. 36.

Informa da rolda de prensa que anunciou a nova proposta musical do frautista de Poio Óscar Ibáñez “Ao latexo das Letras” en homenaxe a María Victoria Moreno. No acto

participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e mais o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Jacobo Sutil, acompañados de Óscar Ibáñez e da poeta Tamara Andrés. Tamén detalla a xira do gaitero xunto coas persoas que colaborarán con el.

Bernárdez, Judit, “Los escolares, fieles a la lectura en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 13 maio 2018, p. 17.

Recolle a crónica da IX edición de “Tui Le” dedicada á autora na que participou o alumnado dos once centros escolares tudenses en recitais de poesía, espectáculos de danza e un kamishibai.

Blanco Vila, Luís, “El misterio de la librería de Boiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 maio 2018, p. 50.

Lembra a figura da escritora logo de ver un cartel seu na librería Nobel de Boiro e indica que lle deu aulas na universidade. Tamén critica o afán do profesor Montero por pretender politizar a obra e vida de Moreno.

C. A., “A biblioteca de Xermade organiza un obradoiro de debuxos e de contos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 maio 2018, p. 19.

Faise eco do obradoiro creativo de debuxos e contos a cargo de Polo Correo do Vento, baixo o título “María Victoria Moreno, unha historia de amor”, para conmemorar as Letras Galegas e coñecer a vida e obra da autora. Ademais informa do fallo do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas.

C. L., “As Letras Galegas con moito ritmo nos colexios”, *Diario de Arousa*, 17 maio 2018, “O Barbanza”, p. 17.

Dá conta da celebración do Día das Letras Galegas nos colexios ribeirenses de Bayón e Frión, onde un cento de alumnos participaron da homenaxe musical que a ritmo de gaitas e pandeiretas percorreron as rúas da vila facendo varias paradas para, entre outras cousas, plantar árbores, ao mesmo tempo que se conmemoraba a figura de María Victoria Moreno.

C. R., “Primavera das Letras”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 147, “Hiperactivos”, 6 xuño 2018, p. 2.

Comenta que as experiencias desenvolvidas nos centros educativos acolleranse na web Primavera das Letras que ademais convoca a segunda edición do certame Contádenos o voso Día das Letras.

Calveiro, P., “A festa da palabra quenta motores na véspera da celebración”, *La Voz de*

Galicia, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 16 maio 2018, p. L10.

Indica que Santiago festexará as Letras Galegas con presentacións literarias, como o volume da USC, e outras actividades como lecturas públicas, faladoiros, paseos literarios, exposicións, recitais poéticos e todo tipo de iniciativas para a promoción da lingua.

Cano, Rosa, “Decenas de eventos ante la llegada del Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 14 maio 2018, p. 27.

Faise eco das actividades centradas en homenaxear a escritora como presentacións musicais, de libros e pezas audiovisuais, mostras e charlas, e descríbense o acto da RAG e o acto institucional da Xunta de Galicia no IES Torrente Ballester.

Carou, F., “*Sermos Galiza* S.A. lanza a cabeceira De Nós”, *Sermos Galiza*, “Sociedade”, 22 febreiro 2018, p. 8.

Informa da estrea dunha colección de cadernos presentados baixo a cabeceira de *De Nós. Monografías con perspectiva galega* editada polo xornal *Sermos Galiza* co obxectivo de afondar en temáticas históricas e actuais para a divulgación e coñecer a realidade galega. Saliéntase que ao longo do ano editaranse cinco publicacións cuxa primeira entrega se titula *Rebeldía galega contra a inxustiza* e a segunda estará adicada á figura de María Victoria Moreno, autora homenaxeada co Día das Letras Galegas deste ano. O volume monográfico reunirá achegas de Fina Casalderrey, Marta Dacosta, Eli Ríos, Susana Sánchez Aríns, Antonio García Teijeiro, Carme Vidal, Montse Pena Presas e Mercedes Queixas.

Castro, Marisa, “A primavera fíxose máis feminina”, *El Correo Gallego*, “especial”, “Apóstol 2018, 25 xullo 2018, pp. 38-39.

Denuncia a escasa visibilidade dada ás escritoras nesta celebración e aproveita para reflexionar sobre a realidade das mulleres no século XXI, reivindicando máis presenza en postos de responsabilidade, ademais de reparar na violencia de xénero e no machismo, contra os que hai que loitar.

Cernadas, Francisco, “Monbus conmemora o Día das Letras Galegas agasallando un relato de María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 19 maio 2018, p. 15.

Indica que a compañía Monbus sumouse a esta conmemoración enchendo de carteis os autobuses e estacións para lembrar a figura da autora e repartindo marcapáxinas con código QR para descargar o conto *Quérote Avoa* escrito para a colección “Contos do Castromil” nos anos 90 baixo a iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística. Repasa a traxectoria desta colección e os autores que participaron, resume o argumento do conto e a traxectoria literaria da autora.

Conde, Alfredo, “Día das Letras, día dos afectos persoais”, *La Región*, “Opinión”, 17

maio 2018, p. 35.

Lamenta que este data sexa festiva e non laborable para poder reflexionar nos centros de ensino sobre a literatura en galego. Tamén sente que a escolla dos académicos veña dada por afectos persoais e non pola calidade literaria.

D. G., “Una muestra itinerante divulgará el legado de María Victoria Moreno”, *ABC*, “Galicia”, 15 marzo 2018, p. 63.

Informa da inauguración dunha exposición itinerante que percorrerá once municipios galegos. A exposición forma parte dunha ampla programación deseñada pola Consellería de Cultura, a Real Academia Galega, o Consello de Cultura Galega e a CRTVG, en colaboración coa familia da autora. Preténdese así difundir o legado da homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.

_____, “El gallego es una lengua incluyente, en la que se puede vivir con libertad”, *ABC*, “Galicia”, “Letras Galegas 2018”, 18 maio 2018, p. 69.

Indica que o presidente da Xunta de Galicia puxo como exemplo o compromiso coa lingua galega de María Victoria no acto que se celebrou na súa homenaxe no IES Torrente Ballester e que acolleu a lectura de escritos da autora, como a realizada pola súa neta.

Dacosta, Henrique, “María Victoria Moreno e o seu proxecto máis fermoso”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Especial”, “Día das Letras Galegas 2018”, 17 maio 2018, p. 34.

A propósito da celebración do Día das Letras Galegas o autor do artigo fai un percorrido pola peripecia artístico-literaria da autora homenaxeada este ano, María Victoria Moreno, de quen destaca o feito de ser unha escritora alófona en lingua galega e de ser das pioneiras na constitución dunha literatura infantil en galego. Ademais, destaca algunhas das súas obras como *Mar adiante* (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986) e *Anagnórise* (1988).

David, Juan, “María Victoria Moreno: ‘activista’ da lingua ‘nos seus libros e na súa vida’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 maio 2018, p. 34.

Dá conta da celebración do acto do Día das Letras Galegas na honra de María Victoria Moreno. O acto tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra. Destaca que participaron tres académicos da Real Academia Galega Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Xesús Alonso Montero. Estes investigadores enxalzarón o seu labor como editora e docente.

E. V., “Óleos y libros que alimentan la cultura”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 17 maio 2018, p. 11.

Dá conta da celebración do Mercado da arte que como cada ano desde fai cinco ocupa o mercado do Calvario para enchelo de arte e cultura a través da exposición das obras de

máis de 60 artistas co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

E. P., “Hay ‘déficit’ de mujeres homenajeadas en el Día das Letras Galegas, dice la RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 maio 2018, p. 40.

Reivindícase homenaxear máis mulleres no Día das Letras Galegas ao igual que están sendo máis presentes na Real Academia Galega.

ECCG, “Vegalsa-Eroski súmase o ‘17 de Maio’ con bolsas dedicadas ás Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2018, p. 28.

Informa da campaña de difusión que a compañía galega de distribución alimentaria fará cunha tirada especial de bolsas dedicadas á figura da escritora.

Enríquez, Rosa, “Celebración”, *La Región*, “Opinión”, 17 maio 2018, p. 32.

Salienta a actitude exemplar cara a lingua galega desta muller extremeña que se integrou en Galicia e fixo a súa aportación á Literatura Infantil e Xuvenil, ademais do seu bo facer como mestra cunha defensa militante do idioma. Así cualifica de exemplar o actitude de Moreno e indica que debiera ser modelo para as persoas que rexeitan a lingua.

Elvira, Sol, “A Festa das Palabras, un proxecto educativo na Estrada a prol da lingua”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 maio 2018, p. 31.

Informa da celebración da quinta edición da Festa das Palabras, un proxecto a prol da lingua galega que involucra a todos os centros de ensino do concello de A Estrada e premia as creacións, nas categorías de microrrelato e poesía, do seu alumnado, quen debía escoller unha palabra contida nalgún título de María Victoria Moreno para elaborar as composicións.

F. F., “O Bloque leva unha moción ao Pleno para que se promovan actividades polo Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 21 abril 2018, p. 7.

Informa da posibilidade dunha moción de censura do BNG de Vilagarcía para instar ao goberno local a promover actividades para dar a coñecer a obra e vida de María Victoria con motivo das Letras Galegas e para espallar a lingua e cultura galegas. Ademais di que o grupo municipal insta a realizar lecturas públicas da obra da autora, seminarios, conferencias, mesas redondas, teatro etc.

Fernández, Elisabet, “Os ‘neofalantes’ botan raíces”, *La Región*, “Ourense”, 21 maio 2018, p. 5.

A raíz de tratar a cuestión dos neofalantes, recorda que a homenaxeada é un exemplo claro da apropiación da lingua galega e do seu compromiso por revitalizala. Recolle as

impresións de neofalantes como o cantante Camille Hèdouin ou o lingüista Anik Nandi.

Fernández, L., “Enxebre retrato das vellas romarías”, *La Región*, “Celanova”, 18 maio 2018, p. 22.

Indica que en Vilanova dos Infantes se festexa este día cunha xornada festiva na que se entrega o premio Adolfo Enríquez.

Fernández, Sandra, “Los libros derriban fronteras”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 28 xullo 2018, p. 12.

Dá conta da celebración da 47ª edición da Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, onde máis de 90 escritores firmarán libros durante os primeiros nove días de agosto. Indícase que o lema deste ano, *Leer sin fronteras*, rende homenaxe a María Victoria Moreno. Destácase a colaboración de sete compañías de artes escénicas que se encargarán de interpretar novas narracións e espectáculos e tamén a presenza do traductor Xavier Senín, que será o encargado de ler o pregón.

Frieiro, F., “As Letras Galegas vístense de música e arte en terras carrilexas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 18 maio 2018, p. 5.

Salienta os actos celebrados en Carril pola Letras Galegas que acolleron música e a representación *Leonardo e os fontaneiros*, de María Victoria Moreno.

Frieiro-Vilagarcía, Fátima, “Teatro, música da terra e libros no ano grande de María Victoria”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 26 abril 2018, p. 8.

Indica que o Concello de Vilagarcía presenta o seu programa de actividades que contará coa representación de Matrioschka Teatro *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, de Odaiko e Fantoches Baj *Mar Adiante* e de Ubú Teatro *Leonardo e os fontaneiros*.

Ferreira, A., “Tomiño saca a concurso las camisetas del Día das Letras”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 21 marzo 2018, p. 20.

Anuncia a celebración do concurso de deseño da camiseta do Día das Letras Galegas 2018, organizado pola oficina municipal da Omix de Tomiño. Destaca que o xurado terá en conta o deseño creativo e que sirva para promover o uso da lingua galega.

G. G., Xurxo, “Recitais e música pola ‘activista’ do galego”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 27/ “Pontevedra, epicentro das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018.

Recolle a programación que acollerá a cidade de Pontevedra co gallo do Día das Letras Galegas, entre a que destacan un recitado de textos da autora homenaxeada, un concerto

da Real Filharmonía de Galicia ou as intervencións de persoeiros vinculados á autora como Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey ou Xesús Alonso Montero.

_____, “A foránea que impulsou un idioma ‘problemático”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 30/ *La Opinión*, “Sociedad. Cultura & Ocio”, p. 20, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018.

Informa do acto que tivo lugar con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2018 en homenaxe á figura da escritora e docente María Victoria Moreno. O evento, organizado pola Real Academia Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, contou coa participación de diferentes institucións e investigadores reputados tales como Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Xesús Alonso Montero. Destaca que é a cuarta muller en ser homenaxeada no Día das Letras Galegas.

G. N., “Feiraco súmase á festa das Letras Galegas 2018”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2018, p. 39.

Comenta que a cooperativa galega Feira súmase á festa do Día das Letras Galegas cunha campaña que acolle unha serie de accións de dinamización da lingua, como Practica a LEITura, o sétimo Certame de Microrrelatos, a participación no Concurso-exposición Letras Galegas e a carreira Camiño das Letras.

_____, “Máis dun cento de nenos de primaria e infantil festexan na Academia a María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 outubro 2018, p. 36.

Dá conta da celebración dun acto de homenaxe a María Victoria Moreno no que as crianzas dos colexios premiados na segunda edición do concurso ‘Contádenos o Voso Día das Letras’ foron os encargados, ademais de recoller o premio, de encher de música e poesía conmemorativa á institución.

García, Montse, “A biblioteca Ánxel Casal programa contacontos, un concurso e xogos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 8 maio 2018, p. L10.

Enumera as actividades para celebrar as Letras Galegas, como contacontos de Lisístrata e Juste Kamishibai , xogos e concursos sobre María Victoria.

_____, “Gadisa súmase ao Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 9 maio 2018, p. L11.

Indica que Gadisa celebra este día co reparto de exemplares de *Papá Bolechas doa sangue* e dun marcapáxinas cun poema de *Elexías de luz*, ademais de rotular as bolsas cos textos de María Victoria.

_____, “Cajaraville, en Ategal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 15 maio 2018, p. L11.

Dá conta do encontro do escritor co alumnado de Ategal, arredor das súas últimas obras,

con mencións a María Victoria Moreno e un concerto da Coral de Santiago.

_____, “Xesús Rábade lembra a María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 15 maio 2018, p. L11.

Dá conta da mirada próxima sobre a autora homenaxeada que Xesús Rábade ofreceu no marco dunha edición de Os Luns do Ateneo.

_____, “María Victoria Moreno toma a palabra”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos os públicos”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018, p. L10.

Dá conta das actividades levadas a cabo na cidade e área de Santiago polo Día das Letras Galegas, nomeadamente o maratón de lectura feito polo alumnado do IES Resalía de Castro, o acto de homenaxe no Colexio de Fonseca por parte do estudantes da Universidade, ou durante a Festa das Letras que celebrou o alumnado do CEIP de Pedrouzos e das escalas unitarias da Luaña, Bastavales e Os Ánxeles, de Brión.

_____, “Santiago festexa as Letras Galegas na rúa”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 18 maio 2018, p. L12.

Dá conta dos actos en Santiago coa Romaría dos Libros de Primavera na que houbo unha homenaxe á escritora, unha animada xincana literaria, un roteiro literario, un recital poético de Celia Parra e unha actuación musical de Alba María. Ademais informa que na Cidade da Cultura houbo unha lectura de textos de María Victoria Moreno.

_____, “A festa da palabra segue con teatro e roteiros”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos os públicos”, 18 maio 2018, p. L10.

Informa que se realizará en Santiago un roteiro dedicado a María Victoria Moreno.

_____, “La Semana do Libro reunirá a más de treinta expositores del 1 al 10 de junio en A Quintana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 26 maio 2018, p. L10.

Informa do programa de actividades realizado durante a Semana do Libro, que nesta edición puxo o foco na poesía e en María Victoria Moreno. Participaron como asistentes autores como Marga Tojo, Carlos Negro, Eli Ríos, Teresa Moure, Daniel Salgado e Ismael Ramos.

García, Rodri, “A historia de María Victoria Moreno sobe aos trens de media distancia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 maio 2018, p. 38.

Repara que os trens levarán repousacabezas coa imaxe de María Victoria Moreno realizada por David Pintor e que nas estacións de dez cidades galegas se expoñerán os carteis dos proxectos escolares do Concurso Letras Galegas. Indica que se trata da segunda edición desta campaña e que se completará co reparto do libro *María Victoria Moreno. Unha ollada a través dos seus libros* e de chapas que convidan a usar o galego. Por último, sinala que a Real Filharmonía de Galicia ofrecerá o tradicional Concerto das Letras Galegas no que se musican dous poemas da escritora; e que a TVG emitirá

pequenas pezas baseadas nas obras *A festa no faiado* e *Anagnórise*.

_____, “Os que viñeron de fóra a falar galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “A festa da palabra”, 17 maio 2018, p. 37.

Recóllense as lembranzas biográficas de escritoras foráneas que adoptaron a lingua galega na súa expresión literaria, como o caso de María Victoria Moreno, Marilar Aleixandre, Kristina Berg ou Heidi Kühn-Bode. Tamén se describen os actos que terán lugar no Teatro Principal de Pontevedra e no IES Torrente Ballester en homenaxe a María Victoria Moreno.

Gómez, Chus, “Acrílico sobre parede para lembrar eternamente a María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 xaneiro 2018, p. 4.

Comenta as actividades do IES Torrente Ballester en recordo da docente e escritora homenaxeada, como é o caso da elaboración dun mural, unha exposición e a gravación dun documental coa colaboración de Gaspar Broullón, ademais da maquetación dun manuscrito inédito. Tamén apunta que o instituto foi convidado na Semana das Letras Galegas que organiza a Universidad Complutense de Madrid.

_____, “Os ‘anaquiños da alma’ de María Victoria chegan ás aulas coa Primavera das Letras da RAG”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da presentación do proxecto web Primavera das letras de María Victoria Moreno da man da Real Academia Galega, en colaboración co colexio de educación primaria Marcos da Portela, que tivo lugar na cidade pontevedresa. O evento contou coa presenza da directora, Alicia Martínez, o presidente Víctor F. Freixanes e a académica Fina Casalderrey, a filla da homenaxeada, Begoña Llácer Moreno e o seu viúvo, Pedro Ferriol, xunto a alumnos, membros da ANPA e docentes dos centros próximos.

_____, “Xoán Miranda. ‘Non necesitabas ser un alumno brillante para ser querido por ela’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 abril 2018, p. 11.

Descríbese o documental audiovisual dedicado a María Victoria Moreno que se presentou nun acto do IES Torrente Ballester no que participaron recoñecidas figuras da literatura e amigos persoais como Fina Casalderrey, Xavier Senín, Xesús Alonso Montero, Víctor Freixanes, o seu viúvo Pedro Ferriol e a súa filla Begoña Llácer dos que se recollen algunhas verbas.

_____, “Unha historia de amor posible”, *El Progreso*, “Vivir”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018, p. 45.

Describe o acto institucional da Xunta de Galicia no IES Torrente Ballester no que participaron autoridades políticas, familiares, amigos e compañeiros, exercendo como anfitrión o director do centro pola exposición dedicada á autora. Logo recolle palabras do presidente da RAG, da filla Begoña Llácer e do presidente da Xunta de Galicia.

_____, “Selina Otero. ‘Os proxectos innovadores que se están facendo nas aulas sitúan ao alumno no centro’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 31 agosto 2018,

p. 7.

Entrevístase a Selina Otero pola publicación dunha monografía que recolle exemplos de innovación docente como guía pedagóxica. Fala de como xurdiu a idea do libro e como seleccionou os centros de ensino, entre eles o IES Torrente Ballester, pola posta en marcha da biblioteca por parte de María Victoria Moreno.

Gómez, María, “Continúan las festas da peregrina”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 17 agosto 2018, p. 13.

Informa de que entre as actuacións das festas da Peregrina haberá música e representacións teatrais, como a adaptación a monicreques de *Mar adiante*, de María Victoria Moreno, a cargo da compañía Bandullo Azul na que intercalaron contos populares con música.

Gómez, Cuca M., “La cocina asiática conoce Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 6 marzo 2018, pp. 54-55.

Entre outras actividades, salienta a representación da adaptación teatral de *Leonardo e os fontaneiros* no IES Torrente Ballester.

_____, “Y Fina habló de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 maio 2018, p. 71.

Dá conta da conferencia “A vida e a obra de María Victoria Moreno”, a cargo da escritora e académica Fina Casalderrey, no ciclo de actividades previas ao 17 de maio que organiza a asociación socio-cultural O Burgo. Anúnciase unha lectura de textos o 16 de maio.

_____, “¡Quiero ser del Club Saltóns!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 20 maio 2018, pp. 62-63.

Comenta as actividades realizadas desde o espazo infantil do Mercado de Abastos da cidade, chamando O Ganapán, ligadas á celebración do Día das Letras Galegas: un conto e a elaboración dunha receita da autora homenaxeada.

_____, “Gústache ler? E a poesía?”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 24 maio 2018, pp. 70-71.

Comenta a actividade #Lendoengalego realizada na Casa da Luz, dirixida á infancia e á xuventude do concello de Pontevedra con motivo do Día das Letras Galegas: a lectura dunha escolma de María Victoria Moreno.

_____, “Una agenda para la igualdad”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 25 maio 2018, pp. 62-63.

Dáse conta do acto celebrado no centro de acollida Príncipe Felipe en homenaxe a María Victoria Moreno, onde participaron máis de douscentos nenos e nenas

Hermida, María, “Galicia lembra a María Victoria Moreno como a muller comprometida que foi”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2018, p. 36.

Refire anécdotas vitais da homenaxeada que caracteriza como unha muller bondadosa e brava, que se lembrou no acto do Día das Letras Galegas, celebrado no IES Torrente Ballester no que a súa neta recitou “Cantiga”. Indica que a homenaxe continuou no Teatro Principal onde a Real Academia Galega celebrou unha sesión pública extraordinaria na que interviron Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Xesús Alonso Montero e Víctor Freixanes. Por último, recolle as palabras da súa filla.

I. G., “Viveiro rindió tributo al gallego con música, teatro y monólogos”, *El Progreso*, “A Mariña”, 21 maio 2018, p. 16.

Faise eco das actuacións de música, teatro e monólogos que o Concello de Viveiro realizou no mes dedicado ás Letras Galegas, como a Gala pola Lingua, o espectáculo infantil sobre María Victoria Moreno e as sesións de contacontos na biblioteca.

Iglesias, Ana, “Diez stands y más de 40 actividades para fomentar la lectura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 abril 2018, p. 26.

Indica que baixo o lema “Ler sen Fronteiras”, inaugurouse a XXXVII Feira do Libro de Santiago con pregón de Rosa Aneiros e que contará cun amplo programa de actividades para coñecer a homenaxeada, como presentacións de biografías súas.

Iglesias, Brais, “A música deu inicio á festa das Letras Galegas en Barbadás”, *La Región*, “Área metropolitana”, 12 maio 2018, p. 23.

Dá noticia da presentación do disco *Victoria da Luz* de Xardín Desordenado que homenaxea a María Victoria, e do espectáculo *Pitusa Semifusa* da Olga Braña.

J. B. V., “Andrea Pousa pondrá voz a la celebración del Día das Letras Galegas en Valença”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 16 maio 2018, p. 15.

Describe o concerto musical que terá lugar na localidade de Valença para celebrar esta efeméride.

_____, “Salceda festejará en 17 de mayo con ‘Mostra de Maios’ y concierto de Roberto Oliveira”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 16 maio 2018, p. 15.

Salienta na programación do Concello de Salceda de Caselas a II Mostra dos Maios, a lectura de textos de María Victoria Moreno, o concerto de Roberto Oliveira e a presentación do libro *Marc, o mono que naceu de novo*.

_____, “Los escolares no se pierden ‘Tui Le’”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/Louriña”, n.º 1.069, 26 maio 2018, p. 2.

Dáse conta da programación do Tui Le, un evento literario promovido polas bibliotecas escolares do municipio co obxectivo promover o intercambio de libros e actividades culturais. Coméntase que participaron máis de oitocentas alumnas e alumnos para render homenaxe a María Victoria Moreno con recitais de poesía, espectáculos de danza e un kamishibai a partir da adaptación dun dos textos de *O Principiño*.

_____, “La Feria del Libro de A Guarda despacha 500 ejemplares”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/ Louriña”, n.º 1.069, 26 maio 2018, p. 3.

Dáse conta do peche da undécima edición da Feira do Libro da Guarda na que participaron as librarías Ler, Atlántica, Cervantes e Ideas. Indícase que novelas e Literatura Infantil e Xuvenil foron as temáticas máis demandadas. Engádese que no final da xornada foron sorteados tres lotes de libros, camisolas, obras de María Victoria Moreno e outros regalos de Mamá Cabra e David Regueiro.

_____, “Música tradicional para celebrar las Letras Galegas en Mos”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/ Louriña”, n.º 1.069, 26 maio 2018, p. 4.

Informa das actividades que se realizaron no Auditorio do Centro Dotacional de Torroso e no Auditorio de Pozas, coas actuacións do Grupo de Gaitas e Baile Ruada de Torroso, a Banda de Música Xuvenil de Torroso, a coral Ventos do Val de Petelos e o gaiteiro mosense e compositor do himno de Mos, Xulio Lorenzo e A Gramola Gominola.

_____, “Los ‘maios’ y la música, protagonistas del Día das Letras Galegas en Salceda”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/ Louriña”, n.º 1.069, 26 maio 2018, p. 5.

Coméntase que o acto central de celebración do Día das Letras Galegas foi o concerto de Roberto Oliveira, a segunda Mostra de Maios e a lectura de textos escritos pola autora homenaxeada.

J. C., “Teatro, poesía e cine acaparan o Día das Letras en O Barco”, *La Región*, “Valdeorras”, 8 maio 2018, p. 22.

Faise eco dos actos do Concello do Barco en homenaxe de María Victoria Moreno, entre eles a representación teatral *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos (homenaxe a María Victoria Moreno)* de Matrioshka; a conferencia “María Victoria Moreno, compromiso coa literatura, con Galicia e coa vida”, de Manuel Agra Villar; o recital de poesía de Teatro do Atlántico no Teatro Lauro Olmo e un maratón de lectura.

_____, “Agra recupera en O Barco a figura de María Victoria Moreno”, *La Región*, “Valdeorras - Trives”, 15 maio 2018, p. 24.

Informa da conferencia “María Victoria Moreno, compromiso coa literatura, con Galicia e coa vida” de Manuel Agra Villar na biblioteca do Barco, dentro do programa da Concellaría de Cultura e Educación para recuperar a figura desta escritora. Tamén se fai eco do espectáculo “A Festa das Letras” baseado en textos da literatura galega e dun recital de poesía do Teatro do Atlántico.

_____, “Una ‘xuntanza’ reunirá a los valdeorreses de Barcelona”, *La Región*,

“Valdeorras”, 18 maio 2018, p. 20.

Informa da I Xuntanza Valdeorresa en Barcelona na que se pretende apoiar a candidatura de Florencio Delgado Gurriarán ao Día das Letras Galegas e se falará de María Victoria Moreno e Carlos Casares.

J. M., “Rivas abriu A Revolta das Letras onte en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 13 maio 2018, p. 35.

Comenta a primeira Revolta das Letras no castelo de Vimianzo na que se ofreceu un encontro musical e poético inaugurado por Manuel Rivas con dous escenarios, dedicados a Rosalía de Castro e María Victoria Moreno, nos que actuaron grupos musicais, poetas e regueifeiros.

J. M. R., “O CEIP San Luis gañou o concurso das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 8 marzo 2018, p. 39.

Informa de que o colexio de infantil e primaria Xesús San Luís Romero, de Carballo, e o IES Gonzalo Torrente Ballester, de Pontevedra, foron os gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas 2018, convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. O CEIP carballés acadou o premio na categoría de educación infantil e primaria co traballo *Victoria Moreno, mestra con calma*.

_____, “Obradoiros didácticos e de regueifas nos colexios de Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 3 maio 2018, p. 33.

Dá conta do obradoiro creativo “M^a Victoria Morena, unha historia de amor”, que tivo lugar nos CEIP de Zas e Labarta Pose e que estivo a cargo de Polo Correo do Vento. Anuncia tamén a acollida do obradoiro didáctico de regueifas a cargo de Alba María e Lupe Blanco.

J. M. R., M. G., S. S., “A Área costeira celebra un intenso Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 maio 2018, p. 35.

Informa das actividades que terán lugar durante a celebración do Día das Letras nos municipios costeiros da Área de Compostela, que inclúen desde roteiros culturais polo casco histórico de Noia ata a Festiletras de Ponteceso ou un concurso de debuxo en Ribeira.

Jiménez, Irene, “Amplio programa de Feiraco no Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2018, p. 37.

Informa das iniciativas de Feiraco en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística con motivo do Día das Letras: Practica a LEItura, a reedición dos libriños *De onde ven o leite?*, e o VII Certame de Microrrelato. Este incorpora á súa habitual categoría de maiores de 19 anos unha infantil-xuvenil (dos 13 aos 18). O microrrelato terá inicio

nun fragmento de *A festa no faiado*, de María Victoria Moreno.

L. T., “Cultura de Sada tira de imaginación para evocar a María Victoria Moreno y celebrar el 17 de Maio”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 1 maio 2018, p. 16.

Anuncia a celebración dun programa de actividades, en concreto, dous concursos, un espectáculo teatral e o Salón do Libro de Sada, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2018. Deste xeito, informa de que se pretende evocar a personalidade e obra da escritora María Victoria Moreno. O evento está organizado polo Concello de Sada a través da Concellería de Cultura, xunto coa colaboración do comercio e a hostalaría. Tamén destaca a actuación do grupo de teatro Matrioska Teatro con *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*.

L. P., “Sarria celebra la Semana das Letras con un taller manga y cuentacuentos”, *El Progreso*, “Sarria”, 11 maio 2018, p. 20.

Comenta que a concellería de Igualdade e Cultura do concello de Sarria presenta a Semana das Letras e a Lectura, nas que se inclúen exposicións, concertos, un obradoiro de manga e escritura e contacontos, baixo o tema “Mulleres de conto”, e que contará coa participación dos colexios e institutos do concello. Sinala que un contacontos estará baseado na obra *A brétema*, de María Victoria.

Lizcano, Rocío, “A galega que naceu en Cáceres”, *ABC*, “Galicia”, “María Victoria Moreno: Letras 2018”, 17 maio 2018, pp. 70-71.

Breve reportaxe arredor da figura de María Victoria Moreno, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018. Faise un breve repaso pola súa peripecia vital e profesional, facendo achegas de todas as facetas que esta artista desenvolveu na súa vida, nomeadamente como escritora, editora e activista cultural, destancado, notablemente, a súa faceta como docente, vertente do seu ser que ela máis apreciaba e defendía. Destacan tamén o feito de ser unha filla adoptiva de Galicia e que aínda non tendo o galego como lingua materna, e telo aprendido durante a xuventude, mostrar un apego tan grande pola fala, así como un enorme compromiso para con as nosas letras, para as que deixou un importante legado. Tamén se poñen en valor os seus atributos humanos e as leccións que deixou para os máis novos na súa faceta como escritora de literatura xuvenil e como mestra da palabra.

López, Belén, “Pequena biografía de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 xaneiro 2018, p. 12.

Dá conta da presentación da obra *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito* (Xerais, 2018) das autoras Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre que tivo lugar na librería Couceiro. No acto participaron, ademais das autoras, a xornalista de *La Voz de Galicia* Tamara Montero e o editor Manuel Bragado.

_____, “David Cortizo. ‘Á literatura galega non lle queda outra que estar na vangarda””, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 11 marzo 2018, p. 11.

Entrevista a David Cortizo, director editorial de Urco, na que fala do nacemento do selo editorial e a aposta polo xénero da fantasía e o terror, da colección “Mulleres bravas” como punto de inflexión na filosofía de traballo, e que o volume segundo está dedicado a María Victoria Moreno. Tamén comenta as directrices da editorial, baseada na filosofía do feminismo, a orixe do nome nun personaxe mitolóxico pontevedrés, a tradución da exitosa novela *Apocalypse Z*, a reedición dos contos de María Victoria Moreno, a creación dun premio dedicado á escritora e a intención de internacionalización.

_____, “O Torrente Ballester introduce as homenaxes a María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 marzo 2018, p. 13.

Informa da celebración dun acto académico no mes de abril en homenaxe á escritora e docente a que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas. O acto terá lugar no auditorio do instituto pontevedrés Torrente Ballester e participarán o actual presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes, o seu antecesor no cargo, Xesús Alonso Montero, a académica Fina Casalderrey e o tradutor Xavier Senín. Destaca que na homenaxe terá lugar a proxección dun traballo audiovisual sobre a figura da escritora e a presentación dun conto inédito da docente.

_____, “María Victoria Moreno terá o seu roteiro en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 abril 2018, p. 15.

Informa do roteiro que bota a andar en Pontevedra co motivo do Ano María Victoria Moreno, dirixido por Ana Acuña e Fina Casalderrey, e da gravación dun documental que se estreará no Teatro Principal con entrevistas e imaxes inéditas, dentro do acto académico do IES Torrente Ballester.

_____, “Pontevedra entrégase á causa de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018, pp. 12-13.

Describe os actos que se celebran en Pontevedra para homenaxear a María Victoria Moreno, como o pleno da Real Academia Galega no Teatro Principal, o acto institucional da Xunta de Galicia no IES Torrente Ballester e a homenaxe pública na praza de Curros Enríquez con recitado de poemas por parte da asociación cultural O Burgo; ademais do acto no IES Vilalonga de Sanxenxo coa representación teatral *Mar adiante* da compañía Bandullo Azul. Tamén destaca a web Primavera das Letras que fornece de recursos lúdicos e didácticos sobre a autora para o público infantil e o Concerto das Letras Galegas co que o Consello da Cultura Galega celebrou a homenaxeada. Por último, fala doutras iniciativas por parte de distintos centros de ensino como o CEIP San Martiño de Salcedo.

_____, “Galicia celebra o compromiso coa lingua de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 18 maio 2018, pp. 2-3/ “Galicia festexa a fidelidade á lingua do pobo ‘que amasa o pan’ de María Victoria Moreno”, *El Progreso*, “Vivir”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018, p. 44-45.

Recolle a sesión plenaria da Real Academia Galega no Teatro Principal de Pontevedra na que se incidiu na condición feminina da homenaxeada, tanto na intervención de Marilar Aleixandre, quen reparou nas tensións entre a vida profesional e doméstica das mulleres escritoras, como na de Víctor Freixanes. Logo descríbese todo o acto e as personalidades

asistentes, ademais de recoller as palabras de Fina Casalderrey, quen salientou as características da súa escrita e o compromiso coa lingua. Tamén se recolle que hai quince candidatos propostos para o próximo ano e se indica que a autora foi escollida polos seus méritos literarios, a súa condición de mestra e o seu compromiso coa lingua galega.

_____, “Esa muller que quixo falar coma nós”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2018, p. 5.

Indica que na homenaxe popular a María Victoria Moreno da asociación socio-cultural O Burgo se realizou unha lectura pública de poemas seus e que o alcalde eloxiou a súa figura, gabando a súa decisión de adoptar a lingua galega como propia, denunciando a tiranía do castelán e o inglés.

_____, “Un mural e un selo pecharán o Ano María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 outubro 2018, p. 12.

Informa dos últimos actos de homenaxe que se celebrarán na cidade de Pontevedra como culminación do ano María Victoria Moreno e que consistirán na realización dun mural na rúa Eduardo Pondal, preto da casa onde viviu, e no lanzamento dun selo conmemorativo.

López, Ruth, “María Victoria, a todo tren”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 14 maio 2018, p. 23/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 12 maio 2018, p. 70.

Sinala que a Secretaría de Política Lingüística e Renfe queren difundir a figura de María Victoria Moreno cunha serie de accións, como a colocación de repousacabezas coa súa imaxe, unha mostra de carteis cos proxectos gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas 2018 e a distribución de folletos con información biobibliográfica. Lembra que no ano 1993 a compañía ferroviaria editara, xunto con Caixa Galicia, *O libro da saudade e dos degoiros*, no que María Victoria animou á mocidade a ler e ofreceu a súa visión humanista, optimista e solidaria.

_____, “Todas as boas letras de María Victoria Moreno”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Día das Letras”, 16 maio 2018, p. 78.

Recolle os actos para lembrar a vida e obra da homenaxeada como certames, concertos, presentacións de volumes. Así salienta a presentación de *É a lúa que baila... María Victoria Moreno e a lírica dos Seis poemas galegos de Federico García Lorca*, o Concerto das Letras Galegas do Consello da Cultura Galega, os premiados do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2018 e a presentación do volume da USC *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*.

M. A. C., “A mostra ‘María Victoria Moreno. Paisaxes e personaxes’ chega hoxe a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 maio 2018, p. 6.

Indica que esta mostra itinerante, coordinada por David Pintor, chega a Pontevedra e que consiste nun diálogo gráfico de oito ilustradores galegos de prestixio con obras de María Victoria Moreno, conformando unha galería de retratos e lugares do universo literario da autora. Tamén comenta que se completa con fragmentos literarios, tres paneis

biobibliográficos e dúas vitrinas cunha escolma de obxectos persoais, como o manuscrito de *O catavento*.

_____, “Normalización Lingüística impulsa diversas actividades na semana das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 maio 2018, p. 6.

Enumera as actividades que terán lugar nos centros escolares, como roteiros con actividades para dinamizar a lingua galega ou obradoiros creativos impartidos por Xandobela.

M. C. S., “A Xunta impulsa o galego fóra das súas fronteiras coa figura de Moreno”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, p. 9/ *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, p. 17/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 17, 13 maio 2018.

Indica que o proxecto “María Victoria Moreno, mestra con alma”, elaborado polo carballés CEIP San Luis Romero, dará a coñecer a figura da escritora nas universidades de Europa e América e na colectividade emigrante. Comenta que gañou o Concurso-Exposición Letras Galegas 2018 na categoría Infantil e Primaria con láminas e materiais didácticos, que se distribuíron por puntos de Galicia e do exterior. Refire que o xurado salientou a orixinalidade e innovación do traballo e que a lámina titulada “A prol da igualdade” foi elixida por Vegalsa Eroski para visibilizar o Día das Letras Galegas. Por último, repara na campaña lingüística que inclúe o reparto de chapas e folletos biográficos sobre a autora con contos e fragmentos narrativos.

M. G., “Concerto, contacontos e un monólogo no Mes das Letras de Porto do Son”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia.Muros”, 3 maio 2018, p. 32.

Descríbese o programa do Mes das Letras do concello de Porto do Son que inclúe actividades como concertos musicais, contacontos coa obra *Pan con chocolate* e o monólogo de Isabel Risco *As aventuras de Nabiza Girl*.

_____, “Arranca en Carnota unha completa programación cultural para estes días”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia.Muros”, 3 maio 2018, p. 32.

Informa da programación cultural do Concello de Carnota que acolle entre outras actividades o espectáculo teatral *Bicos con lingua* de Talía Teatro.

_____, “Oito espectáculos copan a Semana das Letras”, “Noia.Muros”, 13 maio 2018, p. 32.

Enumera os grupos teatrais que configuran o programa da Semana das Letras de Muros que pechan a XII Mostra de Teatro Xosé Agrelo.

_____, “Lousame dedicou a Festa do Galego para aos nenos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia.Muros”, 13 maio 2018, p. 32.

Comenta que na Casa de Cultura de Lousame tivo lugar a XVI Festa do Galego ao redor de María Victoria Moreno.

_____, “Continúa con éxito de asistencia o Maio Cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 22 maio 2018, p. 33.

Informa da sesión de contacontos para a nenez de Riberia coa proposta de Polo Correo do Vento *María Victoria Moreno, unha historia de amor*.

M. G. M., “Política Lingüística e Renfe achegarán a figura de Moreno en trece trens e dez estacións”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, p. 11/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 13, 12 maio 2018.

Informa da presentación da campaña lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Renfe na que achegarán a escritora aos pasaxeiros con paneis informativos, repousacabezas e vídeos. Indica que os debuxos que acompañan son os gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas do CEIP Xesús San Luís Romero na categoría de Primaria e do IES Torrente Ballester na de Secundaria. Por último, comenta que tamén se repartirán chapas que promoven o uso do galego e uns folletos biográficos que dan conta da vida e obra de María Victoria Moreno, con fragmentos das súas obras *Mar adiante*, *Anagnórise* e *Guedellas de seda e liño*.

_____, “La escritora con sombrero sale de las páginas”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 13 maio 2018, p. 37.

Repasa as actividades en homenaxe de María Victoria Moreno, como a representación de Matrioshka Teatro *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, debates, contacontos, obradoiros e concertos.

_____, “O romance dunha muller con sombreiro e as letras que falan de brétema e paxaros”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 18 maio 2018, pp. 36-37.

Describe diferentes actividades en honor da escritora, como a lectura pública de fragmentos, un obradoiro de creatividade, reparto de publicacións sobre a súa figura en formato audiovisual e folletos, conferencias, representacións teatrais como *Can Branco* *Can Negro*, concertos musicais, ofrendas florais e faladoiros.

M. M., “Os Bolechas van pasar a tarde de mañá en Pontevea”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 16 maio 2018, p. 30.

Dá conta da actividade organizada polos empresarios de Pontevea (Teo) con motivo do Día das Letras Galegas e que consistirá nunha gran festa na que participarán Os Bolechas.

_____, “El Día da Biblioteca acercará a los niños a obras de mujeres”, *La Región*, “Sociedad”, 24 outubro 2018, p 22.

Dá conta da celebración do Día da Biblioteca no concello de Ribadavia, actividade que pretende achegar aos máis cativos á escrita feita por mulleres en lingua galega e desta forma contribuír á posta en valor da papel de mulleres como Ángeles Alvariño, Maruja Mallo, Ernestina Otero ou María Victoria Moreno.

M. N., “Mitoloxía, historia e natureza, aliados nas Rías Baixas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 marzo 2018, p. 14.

Dá conta da celebración da Gala do Turismo organizada pola Deputación de Pontevedra que vai ter lugar no Auditorio Mar de Vigo. Destaca que se deu voz á autora María Victoria Moreno, homenaxeada co Día das Letras Galegas 2018.

M. V., “Extremadura únese a Galicia para honrar a María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 abril 2018, p. 48.

Presenta a programación da Real Academia Galega en homenaxe a María Victoria Moreno na que participarán representantes da Junta de Extremadura. Indica que se proxectará un documental, se presentará a obra *O escalón de Ulises*, de Montse Fajardo, se celebrará o Correlingua ou o Concerto das Letras, coa peza musical composta por Miguel Matamoro sobre un texto da escritora. Ademais anuncia o simposio da RAG.

_____, “Que fai a comarca polas Letras?”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2018, p. 9.

Repasa os actos dispares dos concellos da comarca coruñesa, caso por exemplo de Sada, que contará con presentacións de libros, representacións teatrais e espectáculos de maxia en lingua galega, ou o de Bergondo cunha actuación musical e ofrenda floral.

M. Manteiga, “Os Bolechas elixiron Pontevea para a festa das Letras Galegas e do comercio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago-A Barcala-Xallas”, 17 maio 2018, p. 32.

Informa da ampla programación que se levou a cabo desde o concello de Pontevea para a celebración das Letras Galegas, que abarca desde roteiros e pasarrúas a un obradoiro de cociña para celíacos, e todo no marco dunha xornada protagonizada polos xa míticos Bolechas de Pepe Carreiro.

Montero, Luís, “A RAG presenta a web Primavera das letras de M^a Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 febreiro 2018, p. 44.

Informa da presentación do proxecto web Primavera das letras de María Victoria Moreno da man da Real Academia Galega, en colaboración co colexio de educación primaria Marcos da Portela, que tivo lugar na cidade pontevedresa. O evento contou coa presenza da directora, Alicia Martínez, o presidente Víctor F. Freixanes e a académica Fina Casalderrey, a filla da homenaxeada, Begoña Llácer Moreno e o seu viúvo, Pedro Ferriol, xunto a alumnado, membros da ANPA e docentes dos centros próximos.

Mouriño Almeida, Luís, “No verán... un conto’ contaxia aos nenos a paixón polos libros”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 agosto 2018, p. 6.

Informa que a iniciativa “No verán... un conto” do Servizo de Normalización Lingüística de Vigo leva contacontos, monicreques, música infantil e regueifas ás rúas da cidade. Entre outras actividades salienta “María Victoria Moreno, unha historia de amor” de Polo Correo do Vento para homenaxear a escritora extremeña.

Neira, C., “Dinamizar a lectura coas obras de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 22 abril 2018, p. 21.

Dáse conta das actividades programadas polo Concello de Marín dirixidas aos escolares co fin de darlles a coñecer a figura da escritora homenaxeada. Indícase que para infantil se ofrecen contacontos e representacións teatrais sobre a vida e traxectoria literaria e que para Primaria obradoiros creativos co fin de poñer en valor a figura da mestra e incentivar o hábito lector.

Núñez Feijóo, Alberto, “A lingua que namora”, *ABC*, “Galicia”, “Tribuna”, pp. 70-71/ *Atlántico Diario*, “Opinión”, “No Día das Letras Galegas”, p. 18/ *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 21/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, p. 4/ *El Ideal Gallego*, “Galicia”, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 32/ *Faro de Vigo*, “Opinión”, p. 27/ *La Opinión*, “Opinión”, p. 21/ *La Región*, p. 33, 17 maio 2018.

Recolle as palabras que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, adica a María Victoria Moreno con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas deste ano.

Lema, X.L., “Varios actos celebran hoxe o Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, 17 maio 2018, p. 38.

Entre os distintos eventos para festexar o Día das Letras Galegas, salienta as actividades do Concello de Melide que organizou un espectáculo de animación á lectura, unha obra de monicreques titulada *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón* e o espectáculo *Mar adiante*.

Ocampo, Carlos, “A profesora que enfeitizou os mozos coa pluma”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, n.º 1.184, 2 maio 2018, p. 6.

Comenta a importancia desta autora para o despegue e consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil galega e recorda algúns momentos da súa biografía e a súa poética, salientando a súa cultura literaria e a imaxinación desbordante para crear novos mundos e personaxes críbles, ademais do tratamento na súa produción literaria de temáticas espiñentas, como a desigualdade social e a violencia machista, os cambios emocionais e psíquicos da adolescencia e o mundo do ensino con intención ética, ao subliñar valores como a tenrura, a comunicación e o diálogo. Tamén repara no tratamento do espazo e do tempo, na preferencia por historias que comezan in extrema res, o predominio pola primeira persoa e o estilo de marcado lirismo e riqueza do léxico.

_____, “Libros de verán para todas as idades”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.190, 13 xuño 2018, p. 6.

Entre as lecturas de verán seleccionadas, aparecen dúas obras de María Victoria Moreno: o último libro que viu publicado en vida, *Eu conto, ti cantas...* (Xerais, 2015), tres contos de animais escritos en verso, e máis a clásica novela xuvenil *Anagnórise*, reeditada en Costa Oeste (Editorial Galaxia).

Ocampo, E., “Os Bolechas estrean unha serie baseada en ‘As miñas primeiras Letras Galegas’”, *Faro de Vigo*, “Tv/ Espectáculos”, 3 maio 2018, p. 59.

Ademais de anunciar o novo título da colección “As miñas primeiras Letras Galegas”, preséntase a nova serie audiovisual de monicreques, para dar a coñecer á infancia autores da literatura galega homenaxeados nas Letras Galegas, que se emitirá no programa *Xabarín Club* da TVG e do que puido gozar no acto de presentación o alumnado do CEIP Cidade Vella da Coruña. Recóllense verbas do presidente da Real Academia Galega e indícase que tamén asistiron o director de Caixa Rural Galega, o secretario xeral de Política Lingüística, o director de proxección social da TVG e o director de Edicións Bolanda.

Ocampo, Elena, “Soto: ‘María Victoria Moreno foi pioneira na crecía da literatura infantil e xuvenil’”, *Faro de Vigo*, “Sociedade”, “Club Faro”, 17 maio 2018, p. 37.

Dá conta da celebración dunha charla organizada polo Club Faro en Pontevedra en lembranza da homenaxeada no Día das Letras, María Victoria Moreno, de quen debuxaron un retrato no seu papel de escritora e docente o editor Manuel Bragado, a filóloga e tradutora Isabel Soto e o catedrático de francés Xavier Senín, amigos e estudosos da obra desta autora.

P. O. C., “Galicia réndelle tributo a María Victoria Moreno cunha ampla programación cultural”, *La Opinión*, “*especial*”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018, p. 2.

Describe a programación cultural da Xunta co gallo das Letras Galegas que abrangue iniciativas literarias, expositivas, deportivas, empresariais e musicais para todos os públicos coas que difundir o legado lingüístico e literario desta escritora pioneira da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Entre esas actividades, salienta a exposición “María Victoria Moreno. Paisaxes e personaxes” comisariada por David Pintor e que acolle un panorama da ilustración contemporánea en Galicia, as mostras bibliográficas do Museo Pedagóxico de Galicia e do Museo Etnográfico de Ribadavia e a nivel educativo o Concurso-Exposición Letras Galegas 2018, a IV Xornada do Día das Letras Galegas.

_____, “Máis de 50 autores recoñecidos no 17 de maio desde 1963”, *La Opinión*, “*especial*”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018, p. 4.

Ofrécese unha relación dos cincuenta e cinco autores homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963 até o 2018.

_____, “A profesora de orixe estremeño que amosou o seu amor polo galego ‘nos libros

e na vida”, *La Opinión*, “especial”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2018, p. 6.

Salienta o amor polo galego que amosou a escritora na súa escrita e na vida como docente, editora, libreira e tradutora e que se reflicte nesta biografía asinada por Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey, recollendo palabras das autoras e do presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, ao facer unha lembranza vital da homenaxeada cos acontecementos máis importantes.

Pena Presas, Montse, “Nosoutras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 669, “Letras Galegas 2018”, “María Victoria Moreno”, “Un compromiso arreo”, 17 maio 2018, p. II.

Informa do acto de presentación deste volume de relatos, algúns inéditos, na que a autora dálle visibilidade ás mulleres. Recolle algunhas palabras da concelleira Anabel Gulías, da editora Andrea Jamarco e do tradutor Xavier Senín que salienta a faceta docente, escritora de Literatura Infantil e Xuvenil e o seu lado máis humano.

Pardo, Alicia, “Unha homenaxe de verbas e música”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 16 maio 2018, p. 12.

Faise eco das múltiples actividades que se celebrarán en toda Galicia para festexar esta data, como contacontos, concertos, pezas teatrais, presentacións de libros, faladoiros, lecturas dramatizadas dos contos da autora homenaxeada *Can branco, can negro* e *O cataventos* e contacontos.

Pinacho, Antonio, “El festival de Títeres ofrece 18 espectáculos en las calles para celebrar las Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana. Redondela.Soutomaior.Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, “Redondela”, 17 maio 2018, p. 18.

Informa de que o XIX Festival de Títeres de Redondela ofertará 18 espectáculos a pé de rúa e de balde con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e de que esta programación incluírá representacións teatrais, xogos populares, o mercadiño titiriteiro e o concerto de María Fumaça.

Plaza, Vicente, “Paisaxes e personaxes’, tributo a María Victoria Moreno en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 26 abril 2018, p. 36.

Describe a mostra itinerante *María Victoria Moreno: Paisaxes e personaxes* que se inaugura na Biblioteca Ánxel Casal e que convida a descubrir o universo literario da autora a través de ilustracións dos personaxes e escenarios de oito dos seus libros, ademais de poñer en valor o legado ético e idiomático da autora. Salienta o rico panorama actual da ilustración en Galicia que achega o seu contributo baixo a coordinación de David Pintor con oito paneis que se completan con tres paneis biobibliográficos, unha escolma de obxectos persoais e o manuscrito de *O cataventos*. Enumera as autoridades que asistiron ao acto de presentación e ofrece unha pequena biografía da autora.

Ponte, Xesús, “Rábade Paredes lembra a María Victoria Moreno cunha charla en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 outubro 2018, p. 58.

Faise eco da conferencia “A miña relación con María Victoria Moreno” do profesor Xesús Rábade Paredes no Club Cultural Valle Inclán de Lugo. Tamén se indica que haberá unha sesión ao redor do libro *Os Novísimos* e unha mesa redonda.

Prada, A., “Actividades de animación á lectura nas bibliotecas de Bertamiráns e O Milladoiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames. Santa Comba.Vedra”, 2 maio 2018, p. 29.

Informa da celebración de diferentes actividades de animación á lectura que se van desenvolver nas bibliotecas municipais de Bertamiráns e O Milladoiro. Trátase de tres sesións de contacontos e un obradoiro centrado na obra *Mar adiante* da autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas María Victoria Moreno. As actividades están dirixidas principalmente aos máis cativos.

R. P., “Gadis súmase ao Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 9 maio 2018, p. 54.

Dá conta que os supermercados Gadis, dentro do plan de Responsabilidade Social Corporativa, realiza unha serie de accións coas que homenaxea a figura da escritora María Victoria, como regalar 30000 exemplares do libro *Papá Bolechas doa sangue*, de Pepe Carreiro, que incide no carácter solidario e gratuíto da doazón; repartir marcapáxinas cun poema de *Elexías de luz*, ademais de distribuír máis de dous millóns de bolsas cun fragmento do ensaio *Diario da luz e da sombra*.

R. Tébar, “Mostra de Maios no Día das Letras’ en Salceda”, *Atlántico Diario*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 16 maio 2018, p. 17.

Presenta a programación do Concello de Salceda para celebrar esta efeméride que acolle a “Mostra dos Maios”, a lectura de textos de María Victoria e presentacións de libros.

RAG, “Comprometida coa lingua, a literatura infantil e o ensino”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Especial”, “Día das Letras Galegas 2018”, 17 maio 2018, p. 30-31.

Realízase unha biografía da homenaxeada, repasando os estudos, a profesión de docente, o seu activismo a prol da lingua galega, os cursos de galego que impartiu, a contribución como escritora, a enfermidade e os seus últimos anos de vida. Tamén se acollen fichas bibliográficas coa súa produción literaria, das que se ofrecen un resumo.

Ramos, J. M., “Carballo festexará o 17 de maio con obradoiros, teatro, pintura e música”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 13 maio 2018, p. 35.

Describe o programa de actividades para celebrar as Letras Galegas do Concello de Carballo que inclúe teatro, proxeccións audiovisuais, pintura, obradoiros e música, salientando o obradoiro creativo “María Victoria Moreno, unha historia de amor”, a lectura colectiva de obras da autora, a representación de *Contos no faiado*, a cargo de Galeateatro e o concerto das Letras.

Ramos, José M., “Un premio ao traballo en equipo para o CEIP Xesús San Luís Romero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 maio 2018, p. 34.

Comenta o acto de entrega do premio do Concurso-Exposición Letras Galegas na categoría de Educación infantil e primaria ao CEIP Xesús San Luis Romero de Carballo polo seu proxecto “Victoria Moreno, mestra con alma”, imaxe que promocionará as Letras Galegas en Galicia e no exterior. Indica que o obxectivo é achegar a figura da autora con este proxecto que consta dunha serie de láminas, unha guía didáctica, marcapáxinas e unha regra. Por último, recolle as palabras do xurado e describe o acto de entrega e os galardóns recibidos.

_____, “O castelo de Vimianzo vive a revolta das letras galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 maio 2018, p. 32.

Comenta que no castelo de Vimianzo terá lugar a revolta das letras galegas cun pregón a cargo de Manuel Rivas e música, poesía, regueifas, obradoiros e monicreques cun espazo para os máis pequenos.

_____, “Unha homenaxe a ‘Victoria Moreno, mestra con alma’ do CEIP San Luís Romero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 maio 2018, p. 34.

Sinala que o CEIP Xesús San Luis Romero de Carballo recibiu o premio do Concurso-Exposición Letras Galegas na categoría de infantil e primaria polo seu proxecto “Victoria Moreno, mestra con alma”, imaxe que promocionará as Letras Galegas en Galicia e no exterior. Indica que o proxecto consta dunha serie de láminas, unha guía didáctica, marcapáxinas e unha regra. Por último, recolle as palabras do xurado e describe o acto de entrega e os galardóns recibidos.

Rial, Z. “La RAG destaca el ‘insólito compromiso’ de la autora homenajeada con el gallego”, *ABC*, “Galicia”, “María Victoria Moreno”, 17 maio 2018, pp. 68-69.

Informa do acto da RAG no Teatro Principal de Pontevedra en homenaxe da escritora extremeña e reproduce palabras dos académicos Víctor Freixanes, Marilar Aleixandre, Xesús Alonso Montero e Fina Casalderrey que destacaron o amor pola palabra e a visión apoloxista e reivindicativa do idioma, ademais de repasar a traxectoria vital e literaria da autora. Por último, denúnciase a escasa presenza de mulleres na institución académica.

Rozas, Ramón, “Fotos dende o Lérez”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ “A literata e o arquitecto”, *El Progreso*, p. 72, “A vida nun fío”, 10 xaneiro 2018.

Salienta as homenaxes á literatura e á arquitectura en Pontevedra, grazas ás designacións de María Victoria Moreno no Día das Letras Galegas e Alejandro de la Sota no Día das Artes Galegas. Indica que se celebrarán actividades sobre as súas figuras.

_____, “Cando as palabras asustan”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Saga/ Fuga”, 2 marzo 2018, p. 11.

Coméntase o encontro “As mulleres que opinan son perigosas” que terá lugar no Teatro Principal de Pontevedra así como o anuncio da concesión dunha placa na honra da homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano, María Victoria Moreno, na cidade pontevedresa onde viviu a escritora.

_____, “Dúas biografías e unha rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint - Antoine nº 170”, 19 marzo 2018, p. 9.

Comenta o cambio de nome dunha rúa de Pontevedra que tomará o nome da homenaxeada nas Letras Galegas. Ademais indica a publicación de distintas achegas sobre a escritora, como *Memoria das mulleres* de Montse Fajardo e dúas biografías: *María Victoria Moreno, a muller que durmía pouco e soñaba moito*, de Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey e *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*, de Montse Pena, que se achegan dunha maneira amena e didáctica á escritora, a través dos distintos capítulos nos que se dá conta da súa vida e traxectoria profesional e literaria.

S. A., “Un acto institucional inaugurará hoy la avenida de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 27 abril 2018, p. 5.

Informa da inauguración institucional da avenida María Victoria Moreno de Pontevedra en homenaxe á escritora.

S. Penelas, “Un vigués pone música al Día das Letras”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 13 maio 2018, p. 10.

Informa que o músico Miguel Matamoro compuxo a peza “Dous folios que foron brancos” dedicada a María Victoria Moreno que estreará no Concerto das Letras Galegas coa Real Filharmonía, unha homenaxe musical organizada polo Consello da Cultura Galega. Para a inspiración, indica que o compositor leu obras da escritora e escolleu dous poemas, elaborando unha muiñeira moderna.

S. S., “Ribeira programa vinte actividades arredor de María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 28 abril 2018, p. 32.

Indica que o Maio Cultural de Ribeira, organizado pola Concellería de Cultura e Educación inclúe vinte actividades para coñecer a literatura e cultura ao redor da figura de María Victoria, entre elas a representación *María Victoria Moreno. Unha historia de amor*, de Serafín Marcos, a presentación de *Doce cartas a María Victoria Moreno*, de Ánxela Gracián e *A voz insurrecta*, de Montse Pena, xogos populares, obradoiros e música.

_____, “Un espectáculo achegará a obra de Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 20 maio 2018, p. 35.

Faise eco do espectáculo infantil *María e os ollos alabaradores*, da compañía Xarope Tulú que se inspira en fragmentos e relatos de María Victoria Moreno nos que trata os afectos no ámbito educativo, o respecto pola natureza e o amor polos animais.

_____, “Organizan para hoxe un roteiro musical e literario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 20 maio 2018, p. 35.

Coméntase o roteiro previsto polo BNG da Pobra con motivo do Día das Letras Galegas, con saída do lugar de Ouxo ás 11.30 horas, destinado a poñer en valor a toponimia dos lugares do concello. Tamén se fará unha lectura de textos da escritora homenaxeada.

S. V., “A Filharmónica esgota as entradas para o concerto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 16 maio 2018, p. 9.

Informa de que as entradas están esgotadas para o concerto da véspera do Día das Letras Galegas, organizado polo Consello da Cultura Galega en colaboración con Afundación. O repertorio conta cunha peza creada para a ocasión e inspirada en María Victoria Moreno. O 17, a Banda de Música de Salcedo ofrecerá un concerto no que se inclúen temas coma “Lela”, “Negra sombra” ou “Non chores Sabeliña”.

Santos, Amara, “As obras de María Victoria Moreno cobran vida en Bouzas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 maio 2018, p. 31.

Comenta o acto na Alameda de Bouzas no que se homenaxeou á escritora cun pregón emotivo de Antonio García Teijeiro e a lectura de fragmentos de obras da escritora. Faise eco das palabras doutros persoeiro como o alcalde Abel Caballero e a presidenta da Deputación, Carmela Silva, quen reivindicou o recoñecemento das mulleres de Galicia e leu un fragmento de *Mar adiante*, do que se resume o argumento.

Salgado, Fernando, “Cuntis celebrará el Día das Letras Galegas con teatro, tapas y pintura”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 598, “Vivir en Caldas”, 16 maio 2018, p. 2.

Indica que en Cuntis celebran esta data con tapas, o Certame de Pintura Rápida e representacións teatrais a cargo do grupo de teatro CPU Aurelio Rey e da Escola Artística de Cuntis Chumpá Teatro.

Seoane, Luis, “Máis dun cento de nenos lembran a Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 outubro 2018, p. 38.

Informa da celebración dun acto de homenaxe a María Victoria Moreno no marco do concurso ‘Contádenos o Voso Día das Letras’, organizado pola Real Academia Galega e

no que as crianzas dos colexios premiados foron os encargados de levar á cabo esta particular conmemoración.

Souto, Suso, “Once grupos amenizarán la VIII Romaría das Letras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 8 maio 2018, p. 32.

Preséntase a oitava edición da Romaría das Letras de Boiro na que haberá xogos tradicionais, obradoiros de música tradicional, unha lectura de textos de María Victoria Moreno a cargo do grupo Airiños, presentacións de libros, concertos de música e unha exposición de fotos sobre literatura.

V. M., “María Victoria Moreno ya tiene su placa en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 mayo 2018, p. 8.

Dá conta da inauguración dunha placa na honra de María Victoria Moreno con motivo do Día das Letras Galegas. No acto participou o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, o viúvo de María Victoria Moreno, unha filla e unha neta da escritora.

Varela, Pablo, “A pioneira que escolleu ser galega, homenaxeada nun simposio na RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 novembro 2018, p. 36.

Descríbense os contidos das conferencias das xornadas do Simposio que a RAG lle dedica a María Victoria Moreno, no que participaron Víctor Freixanes, Blanca-Ana Roig Rechou, Marilar Aleixandre, Mercedes Queixas e a conferencia de clausura de Xesús Alonso Montero. Recóllense as verbas de Roig quen destacou a reescritura dos contos populares con uso humanizador e ideolóxico, a difusión da poesía infantil e o carácter pioneiro á hora de mostrar a importancia das mulleres.

Vila, Sara, “María Victoria Moreno a escena para democratizar o acceso á cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 abril 2018, p. 13.

Faise eco que a Deputación de Pontevedra levará aos concellos seis obras dramáticas sobre a homenaxeada para democratizar o acceso á cultura: Matrioschka Teatro *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, Viravolta Títeres e Seisdedos *Romance de canas*, Odaiko *Mar Adiante*, Ubú Teatro *Leonardo e os fontaneiros*; Limiar Teatro *Anagnórise* e Polo Correo do Vento *Unha historia de amor*.

_____, “Música e literatura, da man na véspera das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 10 maio 2018, p. 12.

Dá conta que a música e a literatura centrarán os actos para conmemorar a figura homenaxeada, como o Concerto organizado polo Consello da Cultura Galega no que se estreará a peza “Duns folios que foron brancos” de Miguel Matamoro inspirada na obra de Moreno.

Vilas, A., “Unha estremeña que foi profeta en Galicia”, *El Progreso*, “Vivir” “Cultura”, 13 maio 2018, p. 76.

Repasa a traxectoria vital da escritora extremeña que namorou de Galicia e participou activamente na defensa da lingua galega e dos dereitos da muller, como fixo en *Anagnórise*, destacando como as súas grandes paixóns, os nenos e a literatura. Logo repara no programa de actividades organizado pola Consellería de Cultura, que inclúe deportes, concertos e teatro inspirados na autora, ademais doutras actividades dirixidas aos máis novos, como concursos de relato e poesía, obradoiros creativos, contacontos e lectura participativa, sen esquecer as actividades en soporte dixital e a exposición itinerante para dar a coñecer a obra da autora homenaxeada con doce paneis con debuxos de David Pintor. Por último, salienta a iniciativa de Renfe e Política Lingüística con repousacabezas nos trens coa imaxe da autora para dala a coñecer aos turistas e as bolsas conmemorativas do grupo Eroski.

Vizoso, Sonia, “La profesora de Cáceres que amó el gallego”, *El País*, 18 maio 2018, contracuberta.

Faise un repaso pola celebración das Letras Galegas, incidindo en que só en catro ocasións se lle dedicou a escritoras, caso deste ano. Logo, ofrécese unha biografía da homenaxeada cos fitos máis importantes como docente e escritora activista da lingua galega, salientando a escrita para a infancia e xuventude.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Agís Villaverde, Marcelino, *O padre Sarmiento, viaxeiro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Varios, xuño 2018, 120 pp. (ISBN: 978-84-9151-179-3).

Monografía a cargo de Marcelino Agís Villaverde que se centra nun aspecto da biografía do Padre Sarmiento como son as súas viaxes dende a súa infancia en Pontevedra cara a outras cidades de España (Madrid, León...). Nomeadamente, trátase das tres viaxes que o sabio ilustrado realizou a Galicia ao longo do século XVIII. O autor achéganos á vida e obra de Sarmiento e amosa a paisaxe ilustrada do seu tempo.

Referencias varias:

- Marcelino Agís Villaverde, “Arte en las venas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 23 xullo 2018, p. 2.

Fala da súa visita á exposición de Fernando Búa na Casa da Luz de Pontevedra e comenta que tivo a sorte de que ilustrara o seu último libro: *O Padre Sarmiento, viaxeiro*.

Agrafoxo, Xerardo, *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 371, maio 2018, 324 pp. (ISBN: 978-84-9151-174-8).

Recolle a viaxe realizada polo propio autor a través do Senegal que tivo lugar no mes de novembro do ano 2016. Inicia o seu periplo en Dakar e Sainst-Louis, onde residira Antoine de Saint-Exupéry, o creador de *O principião*, para logo continuar visitando outros lugares como a cidade santa de Touba, o País Bassari ou a rexión de Casamanza. Durante o percorrido, o autor leva consigo un caderno onde vai apuntando todo aquilo que lle vai chamando a atención sobre a realidade deste territorio do continente africano.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O Senegal non remata nunca”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, “1.280 almas”, 5 outubro 2018, p. 8.

Infórmase da publicación do autor Xerardo Agrafoxo de *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*. Esta crónica persoal ou historia de viaxes dependendo desde que perspectiva se interprete, conforma as diferentes sensibilidades do Senegal desde as variadas etnias e linguas até as tribos máis antigas da África occidental.

- Pilar Ponte, “Unha viaxe para non perder”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 624, “Letras galegas”, 6 outubro 2018, p. 3.

Dá conta da chegada ás librerías de *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*,

cuxo autor Xerardo Agrafoxo, artella unha obra que se encadra na literatura de viaxes. A partir da viaxe que realiza o noiés en 2016, e cunha prosa equilibrada, adopta unha perspectiva afastada do observador europeo, polo que se achega á realidade deixando atrás os diversos prexuízos.

Referencias varias:

- Manuel Gil, “Agrafoxo trae o Senegal máis descoñecido nun novo libro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia – Muros”, 27 maio 2018, p. 33.

Infórmase dunha nova publicación de Xerardo Agrafoxo, *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*. O escritor vai polo seu vixésimo noveno libro, e neste caso, céntrase nun libro de viaxes, pero tamén nun diario que destaca as súas vivencias durante trinta días no Senegal.

- Borja Casal, X. F., “Xerardo Agrafoxo. ‘Tes que viaxar só, sen tempo e sen reservas, así vas onde te leve a xente’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 outubro 2018, p. 37.

Conversa co escritor Xerardo Agrafoxo tras a súa recente publicación, *Un país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*, por medio da editorial Galaxia.

Álvarez, Francisco (coord.), *Na sombra do Tegra*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 302 pp. (ISBN: 9788484574729). ♦

Volume que compila a riqueza patrimonial de A Guarda, formada polos contributos de doce historiadores relacionados co concello. O libro, dividido en 33 capítulos, ofrece unha radiografía moi completa de todo o patrimonio deste concello pontevedrés. Conta con epígrafes dedicadas ao eido da pintura, a cerámica, o cinema, o deporte, a prensa e a literatura. Os textos acompañanse por fotos históricas e imaxes do máis variadas que dinamizan os relatos que se recollen na obra.

Referencias varias:

- Antón Ferreira, “Un libro recoge la riqueza patrimonial de A Guarda”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 9 maio 2018, p. 16.

Dá conta da presentación que tivo lugar no centro cultural de A Guarda na que interviu Xosé Leal, responsable provincial de Cultura e Lingua, dous dous autores colaboradores e o alcalde da localidade, Antonio Lomba. Destácase, entre outras cuestións, que a obra contén capítulos dedicados á Guarda na obra de diferentes poetas.

Becerra de Becerreá, Afonso, *Confío-te o meu corpo*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Alicerces, n.º 2, 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-16545-16-2).

A primacía da palabra versus teatro supón un controvertido debate que afunde as raíces nunha recusa do corpo, herdada das relixións, principalmente das monoteístas. Ata hai ben pouco, o teatro foi considerado unha pseudoprofesión que non requiría unha formación específica. Nesta obra reflexiónase sobre isto e achega interesantes

aportacións, ofrecendo outras perspectivas sobre o tema.

Recensións:

- Lara Rozados, “A dramaturxia da acción”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 104-105.

Explica que constitúe un ensaio sobre o fenómeno teatral no eido da posdramaturxia onde o autor combina diversas teorías coa experiencia persoal. Resalta a colaboración co público á hora de compoñer a obra teatral sobre o escenario como feito definitorio da posdramaturxia. Subliña a importancia deste fenómeno teatral como acción e transformación e tamén a súa dimensión de crítica social que procura influír no espectador. Ademais, fai referencia ao vínculo entre os obxectivos deste teatro e a poesía aludindo ás obras de Marica Campo, Uxío Novoneyra, María do Cebreiro ou Xohana Torres. Por último, reflexiona sobre a repercusión e as posibilidades de cambio que implica a posdramaturxia.

- Roberto Pascual, “Por un teatro sen cancelas”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Libros”, n.º 95, 2018, pp. 62-63.

Comenta que constitúe unha achega ao teatro posdramático desde unha perspectiva histórica e compositiva e apunta que a obra afonda no sentido de diversas pezas enxergadas no eido da posdramaturxia a partir da relación entre a forma artística e o contido. Informa de que o libro explica como a posdramaturxia constitúe unha forma de teatro que carece de base literaria e inclúe o heteroxéneo, o discontinuo, o simultáneo, a hibridación ou a falta de lóxica entre as súas principais características. Explica que o libro conta cunha sección pedagóxica na que explica o xeito de compoñer este tipo de obras.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “Afonso Becerra. ‘O teatro é efímero e polo tanto del non se pode obter ningún beneficio industrial’”, *La Región*, “Verano”, “Mostra Internacional de Teatro”, 16 xullo 2018, p. 17.

Entrevista a Afonso Becerra con motivo da súa última publicación na que sinala que o libro está dedicado a todos os públicos e que o tema central é que o corpo está por enriba da verba.

Caballero, Félix, *Xaquín Marín. Arte e compromiso no humor gráfico galego*, ilustr. Xaquín Marín, Vigo: Editorial Galaxia, 2018, 237 pp. (ISBN: 978-84-9151-168-7).

Estudo monográfico sobre Xaquín Marín, da autoría de Félix Caballero (Logroño-La Rioja, 1967), quen o tira da súa tese de doutoramento (como refire nos agradecementos finais) e que o dedica ao humorista gráfico estudado, Xaquín Marín, e a Mercedes Román. Estrutúrase nunha breve “Introdución” (pp. 11-17) na que define a Xaquín Marín como “un artista plástico total” (p. 11) e o “máis relevante desde Castelao” (p. 11) e o sitúa no “rexurdimento do humor gráfico galego” (p. 12), sintetizando como “fitos” dese humor o Museo do Humor de Fene, os encontros de humoristas, as revistas e os suplementos de humor, e a Bienal da Caricatura de Ourense. A seguir acóllense as tres amplas partes nas que se divide o monográfico. A primeira delas, “Xaquín Marín creador de humores.

Traxectoria” (pp. 19-83), subdivídese en oito apartados nos que analiza o seu paso dende a pintura á banda deseñada, a súa estrea nesta modalidade xenérica na revista quincenal madrileña *Chan* (1971), o seu desencontro con Chumy Chúmez e a súa aposta pola revista *Hermano Lobo* (1972), as súas achegas en *La Codorniz* (1972-1977), o seu labor na prensa diaria de *El Ideal Gallego* (1974-1988) e na contrucción dun xornalismo en galego dende *Teima* (1976-1977), a recuperación da cabeceira nacionalista *A Nosa Terra* (1977-1982) e o seu humor gráfico dende 1988 á actualidade en *La Voz de Galicia*. A segunda parte, “Xaquín Marín creador de humores. Universo artístico” (pp. [85]-171), divídese en catro partes nas que Félix Caballero atende nas dúas primeiras á forma (“a viñeta como forma de arte”, p. 86; e a “actualización das formas tradicionais galegas”, p. 98) e nas dúas seguintes ao contido, dende a perspectiva da actitude dun humorista sarcástico e tamén da temática da realidade galega presente en todas as achegas de Xaquín Marín (o caciquismo e o abuso de poder, a corrupción na política, o racismo e a desconfianza ante a inmigración, a guerra, a emigración, a lingua galega, a perda da cultura tradicional, o desarraigamento ocasionado pola urbanización, a desfeita do medio, o consumismo e os excesos tecnolóxicos e a descomposición da familia e o afastamento da vellez). A última parte, “Xaquín Marín xestor e dinamizador de humores” (pp. [173]-[195]), aborda en dous apartados, o Museo do Humor de Fene e o recoñecemento de Marín fóra de Galicia, en base aos premios, homenaxes e nomeamentos honorarios merecidos, e á súa participación como xurado en certames internacionais. O estudo monográfico complementábase con catorce breves “Conclusións” (pp. 196-194), coas “Referencias bibliográficas” (pp. 200-203) e cos “Anexos” (pp. 205-238) nos que se reproducen unha entrevista datada en Fene o 4 de outubro de 2012, a cronoloxía artística e as publicacións, premios e certames nos que Xaquín Marín participou como membro do xurado. Na última páxina acóllense os “Agradecementos” do autor Félix Caballero.

Recensións:

- Xulio Carballo, “Xaquín Marín: arte e compromiso no humor gráfico galego”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 7 xuño 2018, p. 8.

Destaca que o autor é quen coñece mellor a figura e obra de Xaquín Marín a quen dedicou a súa tese de doutoramento no 2015. Segundo Carballo, Marín é o artista que sentou cátedra no humorismo gráfico en Galicia quen, xunto con Siro, marcou un antes e un despois a partir dos anos oitenta. Remata sinalando que a lectura deste libro resulta imprescindible para aprender unha parte fundamental da cultura galega.

Referencias varias:

- Siro, “Xaquín Marín”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 5 maio 2018, p. 14.

Comenta que o libro parte da tese de doutoramento de Félix Caballero e louva o traballo de Xaquín Marín desde os seus comezos, sobre todo a dimensión universal e galega da súa obra como xa Castelao ditara na súa conferencia *Arte e galeguismo*.

Campoi García, Comba, *Sen medo ao demo. Resistencia simbólica na Galiza da posguerra: o teatro de títeres de Barriga Verde*, Lalín: Fundación Vicente Risco, col. Dr. Alveiros, 174 pp. (ISBN: 978-84-948980-0-6).

A obra, baseada na tese de doutoramento da autora, *O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso da barraca de Barriga Verde na Galiza de Postguerra (1939-1960)*, aborda o xeito no que os espectáculos de títeres (en concordancia coa traxectoria histórica que seguiron por toda Europa), tamén serviron en Galiza para dar expresión ás preocupacións, desexos e queixas das poboacións máis humildes contra os abusos do poder. Nela expón a importancia que tivo o teatro de Barriga Verde como símbolo de resistencia cultural. A obra vai progresivamente reflexionando sobre a importancia cultural das producións populares á hora de conservar a esencia das comunidades fronte as clases e culturas dominantes até chegar a esta importancia particular no caso galego con “Barriga verde”. Neste proceso fai fincapé en aspectos como a historia do teatro de marionetas, a importancia do espectador, do espectáculo ou a propia etimoloxía do nome de “Barriga verde”, entre outros.

Carrete Rivera, Manoel, *Portela Valladares: Ante el estatuto*, foto capa debuxo Castelao, [Barcelona]: Centro Galego de Barcelona, 2018, 109 pp. (ISBN: 978-84-697-7966-8).

Obra de Manoel Carrete Riveira (L'Hospitalet del Llobregat) na que retrata a biografía vital de Portela Valladares e a súa implicación na política galega. Repasa a súa biografía familiar, a participación na masonería e a súa implicación na política da década dos 20 e 30. Aporta tamén a copia de *Ante el Estatuto* na que percorre a historia de Santiago e as relacións con España, entre outros temas, para reclamar a importancia do Estatuto.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Lembrando a Portela Valladares”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 1.057/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.057, 14 outubro 2018, p. 30.

Comenta que a obra comeza ofrecendo un percorrido polos principais episodios da biografía de Portela Valladares destacando a súa pertenza á masonería e o seu traballo a prol do Estatuto de Autonomía para Galicia. Porén, apunta que a principal achega do libro é a recuperación e transcripción da conferencia “Unificación e diversificación das nacionalidades” que Valladares pronunciou no Centro Galego de Barcelona o 25 de xullo de 1932.

- Héctor Paz Otero, “Rivas na gran pantalla”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 674, “Libros”, 21 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 623, “Libros”, 30 xuño 2018, p. 6.

Comenta algunha das principais características da publicación, como é o carácter académico presente na súa xénese, a visión comparativa empregada para contemplar a totalidade do corpus analizado e o valor que acada a obra para elaborar novas investigacións sobre a obra de Manuel Rivas e as derivacións filmicas desta. Apunta que, perante todo, o público encontrará moito rigor nun libro que está baseado nunha tese de doutoramento defendida na Universidade de Vigo. Comenta tamén que a pesar da complexidade da temática a escrita do autor fai que a lectura sexa moi amena.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Salvador Castro. ‘Hai literatura difícil de levar ao cine, pero eu non diría que imposible’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 675, 28 xuño 2018, p. V.

Entrevista na que se dá conta dos puntos comúns nas obras de Torrente Balester e Manuel Rivas, da relación de ambos autores co audiovisual e da complexidade de poder adaptar algunhas das súas obras. Coméntase que o estudo audiovisual da obra de Manuel Rivas foi motivada por ser un autor pertencente ao canon galego actual. Valórase tamén a maior facilidade de adaptación das obras centradas do argumento fronte a aquelas nas que o xeito de narrar é o esencial. Por último, dáse unha visión da influencia do audiovisual como algo opcional, non positivo ou negativo.

Conde, Perfecto, *Conversas con Paco del Riego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica: conversas, n.º 159, xuño 2018, 232 pp. (ISBN: 978-84-9121-395-6).

Obra de Perfecto Conde (A Pontenova, 1943) na que recolle as conversas mantidas con Francisco Fernández del Riego durante o ano 2008. Segue o modelo dunha entrevista bibliográfica no que o protagonista fala sobre aspectos da súa vida coma a súa crianza en Lourenzá, as súas experiencias no Madrid e Compostela republicanos, a loita no bando franquista durante a Guerra Civil, a súa participación en proxectos políticos, como o Partido Galleguista e o movemento estudantil, así como culturais, como a Revista Grial, a editorial Galaxia, entre outros. Tamén rememora a súa relación e valoración crítica sobre outros compañeiros do panorama galego como foron Álvaro Cunqueiro, Filgueira Valverde, Méndez Ferrín...

Recensións:

- Mario Regueira, “Memoria e mecanografía”, *Sermos Galiza*, n.º 306, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 26 xullo 2018, p. 6.

Indícase que a entrevista que vertebra a obra está feita desde a complicidade que unía a entrevistador e entrevistado. Nela faise unha recapitulación dos aspectos máis relevantes da traxectoria cultural de del Riego, complementándoos con outros detalles máis persoais.

- Armando Requeixo, “Mestre Del Riego”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.047/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.047, “máis Libros”, 5 agosto 2018, p. 30.

Comenta que o adxectivo que mellor define esta obra é “imprescindible” porque ofrece moita información sobre a biografía de Del Riego e, ao tempo, achega “un revelador percorrido polos máis decisivos episodios do galeguismo no século XX”. Apunta tamén que o libro pecha cun anexo fotográfico pouco divulgado.

- Alfredo Conde, “Sobre o que desvela del Riego”, *Atlántico Diario*, 10 setembro 2018, p. 16/ *La Región*, 2 setembro 2018, p. 41, “Opinión”, “Las páginas y las horas”.

Principia referindo que “son as respostas as que nos dan idea do personaxe entrevistado, pero non é mentira que se non hai preguntas que as provoquen non hai respostas que paguen a pena” e aclarando que “sei eu de xente moi importante que lle solicitou

repetidamente a Paco del Riego a entrevista que sempre lle foi negada”. Ante a afirmación de Paco del Riego de que “Carlos Casares que era moi vago e pouco dado o traballo, que pasaba a vida indo dun lado pra outro, sen render todo o que debera. Di máis cousas, claro”, Alfredo Conde considera que “o certo é que se comparas a obra literaria de Casares e a súa transcendencia pública, coa do propio del Riego, resultará que este foi un afouto traballador, si, pero que tamén o foi o excelente escritor e extraordinario narrador oral no que todos recoñecemos ó autor que, non nacendo en Xinzo, pasa por ser dalí e certamente o era”; e tamén discrepa de Santiago Jaureguizar cando asegura que “PC non entra a fondo reclamándolle a del Riego que afonde nas respostas porque se tal cousa chegara ter feito de certo que Paco del Riego se tería pechado en banda e aí remataría a entrevista”.

- Diego Ameixeiras, “Del Riego desencadenado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, “1.280 almas”, 12 outubro 2018, p. 8.

Dá conta do contido da obra, a entrevista a del Riego por parte de Perfecto conde e repasa algunhas das etapas biográficas máis emblemáticas do persoeiro, a

- Camiño Noia, “Del Riego, para as novas xeracións”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, pp. 81-82.

Explica que constitúe unha obra que presenta información sobre a biografía de Francisco Fernández del Riego, sobre a postura política ante o galeguismo da editorial Galaxia e sobre diversas figuras relevantes da cultura galega. Destaca a pegada do humor na obra. Dá conta da ausencia de datos no libro sobre diversos aspectos conflictivos, en diferentes eidos e con diferentes figuras culturais, que atinxiron ao autor e sobre as que lle fai preguntas o entrevistador. Destaca as referencias de Fernández del Riego a Cunqueiro e as críticas que fai a Casares sobre a falsidade da información vertida sobre Piñeiro e as súas relacións cos exiliados. Subliña o carácter xornalístico da obra.

Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Os cinco disparos de Paco del Riego”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 144, 29 xullo 2018, p. 8.

Comeza relatando unha anécdota de Valle-Inclán que conta Paco del Riego no libro e acto seguido especifica que Perfecto Conde aclara dúbidas no prólogo e desminte que del Riego non o autorizase a publicar esta entrevista que lle fixera xa no ano 2008. Jaureguizar destaca como temas principais do libro traizón e o perdón e afonda na opinión do entrevistado sobre Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Xosé Filgueira Valverde e Risco, entre outros.

Eiras Martínez, María Dolores, *As nosas letras de Muller a Muller*, textos Ánxela Lema París, SL: Edición da autora, decembro 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-09-05766-5).

Monográfico de María Eiras no que se achega un percorrido pola historia do Día das Letras Galegas a través dos debuxos de Mareiras acompañados dos textos de Ánxela Lema París. O proxecto xorde a raíz do pulo do movemento feminista a raíz do cal Mareiras comezou a debuxar mulleres activistas polos dereitos humanos ata que finalmente chegou ás galegas e, en concreto, a María Victoria Moreno e á súa historia. A

artista descobre que só se lle dedicou o día das Letras Galegas a catro mulleres e o proxecto xorde cando procura descubrir a historia das demais. A obra ofrece retratos de cada unha das figuras homenaxeadas que aparecen acompañados dunha breve biografía, agás a das mulleres que é máis ampla.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O rostro das letras”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.067/*El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.067, “máis Libros”, 23 decembro 2018, p. 30.

Comenta a orixinal publicación da artista María Eiras quen ofrece un percorrido “visotextual” pola historia do Día das Letras Galegas a través de retratos de cada unha das figuras homenaxeadas que aparecen acompañados dunha breve biografía, agás a das mulleres que vai a dobre páxina.

Fandiño Veiga, Xosé Ramón, *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo. Colaboracións xornalísticas (1963-2009)*, Santiago de Compostela: Andavira Editora, 2018, 803 pp. (ISBN: 978-84-949590-1-1).

Monografía que compila o conxunto de artigos xornalísticos escritos por Isaac Díaz Pardo que apareceron publicados entre 1963 e 2009.

Fernández Conde, Sheila, *Agora entramos nós: Voces Ceibes e a canción protesta galega*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago, Xunta de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, col. Varios, xuño 2018, 322 pp. (ISBN: 978-84-16954-67-4). ♦

Sheila Fernández Conde (Xinzo de Limia, 1983) presenta neste volume un estudo sobre a canción protesta galega, centrado no colectivo musical Voces Ceibes. Ábrese cun limiar titulado “Hai xa moito de todo aquilo”, asinado por Vicente Araguas, un dos fundadores de Voces Ceibes, seguido dun “Introito” da propia autora. A monografía estrutúrase en dúas partes. A primeira consta dun marco introdutorio e teórico e dun marco contextual. A segunda divídese tamén en dúas grandes seccións: “O colectivo Voces Ceibes. Historia e caracterización” e “Do movemento popular da canción galega ao folk. O esmorecemento dos cantautores”. O volume péchase cun anexo que inclúe unha relación de recitais dende 1967 a 1980 e unha serie de carteis pertencentes ao arquivo persoal de Benedicto García Villar.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Agora entramos nós”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.041/*El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.041, “máis Libros”, 24 xuño 2018, p. 32.

Dáse conta da publicación do libro, xurdido a partir dunha tese doutoral, destacando o carácter rigoroso e académico deste estudo sobre Voces Ceibes e a Nova Canción Galega. Indícase que vén a completar outras publicacións previas sobre a materia.

Referencias varias:

- Montse García, “Un repaso por la canción protesta en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 27 xuño 2018, p. L10.

Achégase unha breve sinopse sobre a obra e infórmase de que será presentada na Fundación Torrente Ballester.

- Jaureguizar, “Xosé Manuel González. ‘Cando aparece Voces Ceibes só cantaban en galego os cegos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 xuño 2018, p. 49.

Recolle diferentes declaracións da intervención do profesor e músico Xosé Manuel González sobre o movemento de canción reivindicativa Voces Ceibes, ao tempo que menciona a presentación do libro de Sheila Fernández Conde que terá lugar en Santiago de Compostela.

- Montse García, “Ponen en valor la canción protesta gallega desde finales de los 60 a los 80”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicación ‘Agora entramos nós’”, 28 xuño 2018, p. L10.

Recolle unha fotografía da presentación do volume na Fundación Torrente Ballester, explicando a pretensión do volume e a achega dos testemuños de diversas persoas e músicos da época. A historiadora e autora salienta a necesidade de revisar a canción protesta en Galicia nos anos do franquismo.

- Julia M^a Dopico Valle, “Agora estamos nós”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”; “Crónica cultural”, 1 xullo 2018, p. 10.

Comenta a importancia da saída do prelo do libro de Sheila Fernández Conde no que se relata a evolución da canción protesta en Galicia desde os seus inicios nos anos 60 e que forma parte, sinala, da historia galega.

- Mónica V. Lopo, “Sheila Fernández Conde. ‘Vóz á canción protesta galega’”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.353, “En confianza”, 29 xullo 2018, pp. 2-3.

Entrevista na que autora indica que con obra pretende reivindicar a memoria histórica, revisitando e pondo en valor a actividade de Voces Ceibes. Para a ela, os autores que a conformaron souberon rescatar a cultura galega e reivindicala durante a ditadura, ademais de teren intervido na conformación de espazos ideolóxicos.

- Lourdes Varela, “Sheila Fernández Conde. ‘Moita da temática das cancións de Voces Ceibes segue vixente’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, 13 setembro 2018, p. V.

Entrevista na que se fala sobre a creación do colectivo Voces Ceibes, as súas similitudes e diferenzas coa *Nova Cançó* catalá, o peso do PCE dentro da canción protesta galega e os vínculos con outros cantautores do resto do Estado. Recálcense a vixencia das reivindicacións presentes nas temáticas das letras e a importancia do movemento para a

expansión de estilos da música galega e en galego.

Ferreirós Espinosa, Carlos, *O legado dos Valladares de Vilancosta*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2018, 678 pp. (ISBN: 978-84-453-5289-2). ♦

Obra do profesor Carlos Ferreirós Espinosa (Poio, 1918-Vigo, 1996) sobre o herdo dos Valladares. O volume recolle o contexto histórico no que viviu a familia, a literatura do seu tempo e o seu legado en Vilancosta nos primeiros capítulos. Nos seguintes, a obra presenta a biografía e legado dos membros máis destacados da familia: Xosé Dionisio Valladares, Marcial Valladares Núñez, Serxio Valladares Núñez, Avelina Valladares Núñez, Luísa Valladares Núñez, Laurentino Espinosa Valladares e Xosé Espinosa Cervela e Valladares.

Referencias varias:

- Arca, “El MOME acolle a presentación de ‘O legado dos Valladares de Vilancosta’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza . A Estrada . Arzúa”, 12 abril 2018, p. 30.

Dá conta da presentación que tivo lugar no museo da madeira e do moble da Estrada.

- Cuca M. Gómez, “Largo domingo de churrasco”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 16 abril 2018, pp. 34-35.

Informa da presentación da obra en A Estrada, engadindo unha fotografía e mencionando a labor de edición de Armando Requeixo.

- S. E., “Presentan ‘O Legado dos Valladares de Vilancosta’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza – A Estrada – Arzúa”, 18 abril 2018, p. 31.

Recolle fotografía e nota sobre a presentación do volume de case 700 páxinas no Museo da Madeira e do Moble da Estrada (MOME). Asistiron Valentín García, José López ou Armando Requeixo, investigador do Centro Ramón Piñeiro que preparou a edición, froito do traballo do profesor Carlos Ferreirós Espinosa (Poio, 1917-Berres, 1996).

- Montse García, “La saga de Ferreirós Espinosa”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 14 xuño 2018, p. L11.

Dá conta da presentación da obra no Centro Ramón Piñeiro, ao coidado de Armando Requeixo. Coméntase que o volume recompila a demorada crónica da saga familiar do catedrático e humanista Carlos Ferreirós Espinosa.

Garbayo, Javier, Capelán, Montserrat, *Ollando ó mar. Música civil e literatura na Galicia Atlántica (1875-1950)*, Pontevedra: Deputación Provincial/ Museo de Pontevedra, 700 pp. (ISBN: 978-84-95632-83-8). ♦

Ollando ó mar. Música civil e literatura na Galicia Atlántica (1875-1950) é un volume composto por vinte e oito estudos de diferentes persoas investigadoras. A publicación ábrese cunha presentación asinada por Xosé Leal, Deputado de Cultura e Lingua. Séguelle un Limiar asinado por Javier Garbayo e Montserrat Capelán no que sitúa este

libro no marco do programa FEDER da Unión Europea de *Fondos documentais de música nos arquivos civís de Galicia. Cidades do eixe Atlántico (1875-1950)* e faise referencia aos primeiros resultados editados na Deputación de Pontevedra baixo o título *Os soños da memoria. Documentación musical en Galicia. Metodoloxía para o seu estudio* (Pontevedra, 2012). Os tres primeiros capítulos, asinados por Emilio Casares Rodicio, Carlos Villanueva e Francisco J. Giménez Rodríguez, tratan sobre a actividade da música teatral no Estado español nestes anos, o declive do mundo das catedrais coa crise das capelas de música e o transvase dos seus músicos á sociedade civil, cos cafés e os teatros como novos escenarios de socialización e o papel da prensa nacional e galega como difusora das novas ideas dun incipiente nacionalismo musical galego. A estes séguenlle tres artigos centrados na cidade de Ferrol e na figura do xornalista folclorista e divulgador musical, Ramón de Arana y Pérez, asinados por Montserrat Capelán, Javier Garbayo e Xavier Groba. O seguinte artigo, da man de Javier Ares Espiño, pon o foco sobre a vila de Betanzos, a súa antiga banda de música e a súa relación coa formación e inicios de Carlos García Picos, compositor vangardista. Os seguintes artigos céntranse nun bloque dedicado á cidade da Coruña e nos compositores Marcial del Adalid e Eduardo Rodríguez Losada, analizados por Laura Touriñán Morandeira e Nelly Iglesias Ríos. A estes súmaselles os traballos de Carolina Hernández Abad sobre os fondos musicais da Sección Feminina na Coruña e Alba Díaz Taboada, cuxo texto versa sobre a actividade da Sociedade Filarmónica e a súa repercusión na vida cultural da cidade nos anos previos á Guerra Civil. A seguir, e co foco posto sobre Santiago de Compostela, a investigadora Beatriz Cancela debulla a repercusión na vida cultural de Compostela da banda municipal de música e María del Carmen Lorenzo Vizcaíno analiza a actividade zarzuelística no Teatro Principal da cidade, tomando como referente os avatares da estrea de *La fragua de Vulcano*, de Manuel Linares Rivas e Ruperto Chapí. A cidade de Pontevedra e o seu papel como efervescencia do movemento intelectual galeguista é tratado por José Antonio Cantal Mariño por medio da figura do compositor Antonio Iglesias Vilarelle; por Carlos Cambeiro, cunha análise sobre a figura do violinista pontevedrés Manolo Quiroga; logo, o estudo de Xulio Alonso trata as polémicas de corte moralizante mantidas na prensa pontevedresa en torno á conveniencia ou non do cultivo do baile pola mocidade. Pola súa banda Carmen Losada Gallego estuda a actividade das mulleres pianistas na cidade de Vigo, mostrando a traxectoria de dúas figuras silenciadas como o son América Otero e Sofía Novoa. Os estudos relativos á vida e actividade musical de Vigo complementáanse cos traballos de Consuelo Iglesias, sobre a chegada á cidade da compañía de ópera de Enrico Tamberlick en 1882, Tamar Adán, coa creación da Orquesta Filarmónica de Vigo durante a Guerra Civil, Asterio Leiva quen estuda a sonata para clarinete e piano do exiliado lucense Jesús Bal y Gay e a súa estrea na cidade olívica, e as novas achegas sobre a obra compositiva galega do ponteareán, Reveriano Soutullo, abordadas por Alejo Amoedo. A penúltima sección do libro está dedicada a aqueles traballos que poñen de manifesto o éxito dos valores artísticos galegos aplicados á música en Madrid, tratado por Gloria Araceli Rodríguez, e na República Arxentina, cos traballos de Julio Ogas Jofre, Mirta Marcela González e María Fouz Moreno. No tocante á literatura, o volume péchase con tres estudos que se centran noutras tantas obras de Gonzalo Torrente Ballester. O primeiro deles é un estudo realizado por Carmen Becerra sobre a presenza da música na obra literaria do autor, na súa novela *La saga/fuga de J. B.* A este séguelle outro sobre o papel da música en *La isla de los Jacintos Cortados*, escrito por David Pérez Álvarez. E unha última achega asinada por Teresa Bretal que se centra en *La rosa de los vientos*.

García Negro, María Pilar, Manuel María. Obra teatral, Lugo: Casa-Museo Manuel

María, 6 de outubro 2018, 731 pp. (ISBN: 978-84-945714-4-2).

Volume editado por María Pilar García Negro no que se reúnen trinta e tres pezas teatrais de Manuel María, seleccionadas por ser obras que resultaban un tanto inaccesibles para o grande público e as compañías teatrais, xa que eran textos inéditos ou editados en publicacións raras ou esgotadas. Deste xeito, recupéranse pezas de gran relevancia para o teatro galego coa finalidade non só de seren lidas, senón tamén representadas, como se di na presentación do volume a cargo da Fundación Manuel María. A seguir, unha introdución de García Negro incide nestas ideas e xustifica o motivo da edición, ademais de presentar brevemente como foi a restauración do xénero teatral na inmediata posguerra e facer un repaso á autobiografía literaria do autor galego. O groso da obra constitúeno as trinta e tres pezas teatrais e, tras elas, inclúese un manifesto galego que reivindica un día mundial do teatro. A seguir, a mesma García Negro, redacta un artigo “O Teatro de Manuel María”, no que analiza en conxunto as obras editadas, destacando, cunha perspectiva filosófica aristotélica e escolástica, a presenza das tres potencias da alma na obra de Manuel María: memoria, entendemento e vontade, características que se tiran do seu afán por recuperar a memoria histórica de Galicia, a entrega intelectual á causa e o empeño en socializar a arte literaria. Tras este artigo, introdúcese outro de Henrique Rabuñal, titulado “Os primeiros autos de Manuel María no contexto do teatro galego dos anos 50 e 60”. Nel, fálase da figura do amigo e dáse unha breve noticia do teatro de Manuel María e da presentación dos *Autos do Taberneiro*, do *Labrego* e do *Mariñeiro*. Tamén se analizan as palabras e os tons, tirados do texto secundario, os personaxes, as escenografías do espazo e do tempo, a música e o ruído. Por último, o libro remata cunha “Escolma bibliográfica sobre o Teatro de Manuel María” a cargo de Camilo Gómez Torres.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Teatro reunido de Manuel María”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.064/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.064, “máis Libros”, 2 decembro 2018, p. 30.

Entrevista con motivo da publicación do libro recopilatorio do teatro de Manuel María. Indícase como xurdiu a idea para realizar a edición das obras e faise referencia á ampla e variada produción teatral do autor. Reivindícase a figura de Manuel María como dramaturgo de pleno dereito e como gran coñecedor da cultura e historia galegas, ademais de renovador teatral, especialmente nos autos, nos que realiza unha construción da historia de Galiza a través da ficción. Destácanse entre as súas temáticas a búsqueda da axitación e da consciencia dos lectores, a liberdade e desacougo humanos e as referencias metaliterarias. A entrevistada tamén dá as súas impresións sobre a situación da cultura galega, a súa consideración por parte das administracións, o positivo da existencia de colectivos que a promovan e a necesidade de rachar coa minusvalorización da cultura como punto de partida para poder modernizala. Por último, dáse conta do nomeamento da entrevistada como socia de honra da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas pola súa traxectoria feminista e os seus estudos sobre Rosalía de Castro.

- Héctor J. Porto, “Manuel María, nace un dramaturgo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2018, p. 25.

Infórmase da publicación do volume, cuxa edición corre a cargo de Pilar García Negro,

que recolle trinta e tres das trinta e cinco obras teatrais de Manuel María das que se teñen coñecemento. Segundo a súa editora, estas obras están á altura da produción poética do autor, resaltando a súa diversidade formal e a vixencia das temáticas nelas presente. Ao seu ver, o autor pretendía crear unha literatura de estética elaborada e ao mesmo tempo vencellada á historia galega. Indica tamén que o obxectivo de dita edición é poñer as obras a disposición para seren representadas.

Referencias varias:

- Ruth López, “Pilar García Negro reúne toda a obra teatral de Manuel María nun libro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 3 outubro 2018, p. 58.

Dá conta da presentación da obra que por primeira vez reúne a produción teatral de Manuel María e que terá lugar na Casa Museo do autor. No acto intervirán Alberte Ansedo, secretario da fundación, e María Pilar García Negro, editora do libro. Apunta que a presentación coincide co aniversario do escritor.

Igrexas, Manuel, *Os monos de Laxeiro, obra humorística na prensa*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, n.º 362, 2018, 143 pp. (ISBN: 978-84-8478-408-9).

Obra a cargo de Manuel Igrexas (Lalín, 1961) que constitúe unha recompilación das viñetas humorísticas de Laxeiro publicadas en prensa. O volume constitúe unha achega aos inicios da obra pictórica do artista galego así coma ao humor gráfico da época. Complétase con tres textos que abordan esta faceta de Laxeiro dende tres ópticas diferentes: as circunstancias persoais e biográficas, trazos estilísticos e antropolóxicos e contextualizacións no panorama do humorismo gráfico da época.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O barbeiro de Lalín na prensa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Actualidad”, 16 novembro 2018, p. 8.

Apunta que este libro ofrece un moi bo repaso pola traxectoria de Laxeiro que cando comezou a publicar viñetas aínda era moi novo mais en cuxas creacións xa se poden apreciar pegadas do grande artista no que se convertería anos despois. Comenta que o libro está acompañado por tres textos introdutorios de Javier Pérez Buján, Manuel Igrexas e Félix Cabellero nos que se consegue trazar todo un panorama costumista do que Galicia era naquel tempo.

Referencias varias:

- A. Baena, “A descuberta dun Laxeiro, humorista gráfico”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 xuño 2018, p. 10.

Dá conta da presentación do libro que terá lugar na Fundación Laxeiro o mesmo día que se inaugura a exposición comisariada por Manuel Igrexas “Os monos de Laxeiro, obra humorística na prensa”.

- A. Mariño, “Los dibujos de Laxeiro en FARO reflejan su ‘humor chocalleiro’ y su

compromiso social”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 xuño 2018, p. 37.

Dá conta da presentación da obra que terá lugar na Fundación Laxeiro no marco da exposición das 49 viñetas que compoñen o libro. No acto intervirán Manuel Igrexas, Felix Caballero e Javier Pérez-Buján.

- Fernando Franco, “¡Ay, ese humor de Laxeiro!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 xuño 2018, p. 10.

Dá conta da exposición que ten lugar na Fundación Laxeiro sobre a obra do artista e que se completa co libro de Pepe Carreiro que, apunta, contén tres interesantes textos que falan do humor gráfico en Galicia e de Laxeiro.

- Carlos L. Bernárdez, “Os ‘monos’ do barbeiro pintor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 675, 28 xuño 2018, p. III.

Infórmase sobre unha mostra das viñetas humorísticas publicadas en prensa por Laxeiro na sede da Fundación que leva o seu nome. Indícase que o contido desta é trasladado a unha obra da editorial Laiovento na que as viñetas son reproducidas e catalogadas, ademais de acompañadas de textos teóricos asinados por Javier Pérez Buján, Manuel Igrexas e Félix Caballero. No artigo dáse unha descrición temática das ilustracións, dos elementos que as conforman e da evolución da obra de Laxeiro ao longo do tempo.

- Manuel Bragado, “Os monos de Laxeiro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 10 xullo 2018, pp. 18-19.

Dáse conta da exposición en Vigo das viñetas e debuxos de Laxeiro publicadas en xornais, así como da publicación do libro que as recolle. Indícase que estas obras pertencen ao período formativo do autor e que ofrecen unha variedade temática, destacando a popular, e de estilo gráfico.

Ínsua, Emilio Xosé e Xurxo Martínez González, *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, Biografía, xaneiro 2018, 664 pp. (ISBN: 978-84-9121-304-8).

Emilio Xosé Ínsua López (Viveiro, 1967) e Xurxo Martínez González (Coia-Vigo, 1984) presentan neste volume unha biografía de Antón (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) e Ramón Villar Ponte (Viveiro, 1890-A Coruña, 1953). A monografía estrutúrase en seis partes que examinan de xeito cronolóxico a vida, o compromiso político, a actividade editorial, o labor de tradución e a obra literaria, xornalística e ensaística dos irmáns Villar Ponte: “Primeira parte: 1881-1916”, “Segunda parte: 1916-1922”, “Terceira parte: 1923-1925”, “Cuarta parte: 1926-1931”, “Quinta parte: 1931-1936” e “Sexta parte: 1936-1953”. O volume péchase cun apéndice titulado “Fotografías”, que, ademais de fotografías dos Villar Ponte, achega documentos da época como caricaturas, recortes de prensa, pasquís...

Recensións:

- Lucía Rey, “Os irmáns Villar Ponte: o tándem que fixo espertar a cultura galega”, *La*

Voz de Galicia, “Cultura”, 28 xaneiro 2018, p. 37.

Comenta que o libro analiza a relevancia e transcendencia dos irmáns Villar Ponte na creación das Irmandades da Fala e que o seu traballo supuxo un pulo máis que significativo para Galicia. Apunta que para un traballo tan rigoroso os autores botaron man de todo tipo de documentos: artigos, cartas, libros, fotografías... que conseguiron nas bibliotecas da Real Academia Galega, a Fundación Penzol de Vigio e o Parlamento de Galicia.

- Xosé Feixó, “Historia que ler”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 661, “Libros”, 15 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 610, “Lecturas”, 24 marzo 2018, p. 10.

Nesta recensión, destácase o carácter pormenorizado e completo do estudo feito sobre a biografía dos irmáns Vilar Ponte, onde a figura de Ramón é igualada coa de Antón, sendo así analizados como un tandem.

- Miro Villar, “Dúas persoas decisivas na Galicia de preguerra. Os irmáns Villar Ponte”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 90-93.

Achega unha análise sobre a traxectoria vital, social, cultural e política dos irmáns Villar Ponte. No tocante á literatura galega, menciona outras obras adicadas ao estudo de diversos escritores coma *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)* de María Xesús Lama, *Manuel Antonio. Unha vida en rebeldía* de Xosé Luís Axeitos ou *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego* de Xosé Ricardo Losada. Comenta que outros escritores como Álvaro de las Casas, Celso Emilio Ferreiro, Nicomedes Pastor Díaz ou Leiras Pulpeiro. Tamén fai referencia ás obras *A patria d’o labrego*, *Almas mortas*, *Ramón Cabanillas, poeta da raza* e *Os evanxeos da risa absoluta* de Antón Villar Ponte e ao libro *O Mariscal* que escriben xuntos este autor e Cabanillas. Alude á relación de Antón Villar Ponte co manifesto *Máis alá* de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro.

Referencias varias:

- A. B., “Xurxo Martínez. ‘Os Villar Ponte formaron parte do segundo Rexurdimento’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 abril 2018, p. 9.

Entrevista con motivo da presentación na librería Andel de *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte*, libro que destaca a labor de ambos no segundo Rexurdimento de Galicia. Menciona a primeira ópera en galego, “O mariscal”, da man de Ramón Villar e Cabanillas, a participación de Antón na terceira asemblea das Irmandades da Fala, e as publicacións dos dous irmáns en *El Pueblo Gallego*.

- Cuca M. Gómez, “Teatro por una buena causa”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 16 maio 2018, p. 58-59.

Dá sucinta conta, fotografía incluída, da presentación da biografía dos irmáns Vilar Ponte na Librería Paz de Pontevedra. Alén dos autores, acompañou o acto Anxo Angueira.

Otero Pedrayo, Ramón, *Camino de Santiago. Guión para una película*, edición e introdución de Laura Tato Fontañá, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Otero

Pedrayo, n.º 12, xullo 2018, 144 pp. (ISBN: 978-84-9151-175-5).

A petición de Suevia Films, Ramón Otero Pedrao (Ourense, 1888-1976) escribe en 1952 o guión para unha película documental sobre o Camiño de Santiago. Nesta edición, a cargo de Laura Tato Fontaíña (Vigo, 1951) recupérase o texto dese guión, conservado no legado de Rodríguez de Vicente. Ábrese o libro cun estudo introdutorio a cargo de Tato Fontaíña no que realiza unha aproximación á obra desde diferentes ópticas. Divídese en “Unha encomenda fascinante”, “Camino de Santiago (guión para una película)”, “Criterios de edición”, “Obras referenciadas de Ramón Otero Pedrayo” e “Bibliografía”. A primeira parte érguese como unha introdución ao contexto histórico da obra que explica como xurdiu o guión. Acompáñanse citas textuais que enriquecen o texto e tamén referencias ao epistolario cruzado de Otero Pedrayo e Rodríguez de Vicente, a persoa que lle encargou o guión sobre o camiño de Santiago de Compostela, compromiso adquirido con Suevia Films, propiedade de Cesáreo González. Coméntase tamén neste apartado dos problemas coa censura, afirmándose que a resposta do “Defensor de la fe” no tocante ao filme foi demoledora e que, ata que non se recuperen os materiais de Suevia Films non se saberá con certeza se a película foi rodada ou non, mais que se pode intuír, por Otero Pedrayo, que non. Dáse conta da admiración de Otero polo cinema como motor de crítica e cambio social, como arte de intervención social (para ilustrar, Tato Fontaíña recolle que Otero Pedrayo definía o cinema á altura de 1961 como “a arte espectacular do futuro” e engádesse unha cita de Pedrayo na que o autor afirma que Charles Chaplin fixera máis pola sociedade que os discursos de centos de políticos). Tamén se informa da influencia do cinema na propia obra literaria de Otero Pedrayo e exemplifícase con referencias á *Traxicomedia da Noite dos Santos*, *O fidalgo e a noite*, *Noite compostelá* e *Rosalía*. A segunda parte do estudo introdutorio, “Camino de Santiago (guión para una película)”, céntrase na análise do dactiloscrito, na descrición pormenorizada da súa estrutura e contido, na análise da reivindicación identitaria no guión de *Camino de Santiago*, no estudo da historia e lenda filmadas, nas características dos personaxes (onde se equipara Helena de Rethel, a protagonista do Guión, coa versión feminina do Adrián Solovio de *Arredor de si* e de todos os fidalgos das novelas de formación de Otero Pedrayo) e un cabo no que se realiza unha equiparación do filme ao “miragre medieval”. Péchase a introdución cos criterios de edición, as obras referenciadas de Ramón Otero Pedrayo e a Bibliografía citada. O Guión ábrese coa dedicatoria seguinte: “A Joselín ca fonda lembranza e apertas de R. Otero Pedrayo/ Sant-Iago, mes dos Santos, 1952” e coa seguinte cita: “Non nobis, Domine, non nobis, sed Nomini tuo et Gallaetiae nostra de gloriam...”. O Guión, escrito en español, comeza cun “Preliminar”, dividido en cinco partes, que narra a construción do mito apostólico. Logo desta parte introdutoria, a historia preséntase estruturada tamén en cinco partes de extensión desigual. Na primeira delas, que ten a cidade de París como espazo da acción, preséntanse as persoas protagonistas, Helena de Rethel e Daniel, e a súa vinculación con Santiago de Compostela. Na segunda parte Helena mais Daniel emprenden unha viaxe que os leva desde París ata Compostela. A terceira parte comeza xa na cidade apostólica e nárrase o paso das protagonistas percorrendo as prazas da catedral. A cuarta parte preséntase dividida en dous tempos diferenciados: a historia propia das dúas persoas protagonistas, que se separan, e a dramatización da historia do sepulcro apostólico. Á súa vez, na quinta parte do Guión tamén se divide noutras dúas partes, na primeira Daniel ponse camiño a Compostela e na segunda móstrase como conflúen todos os peregrinos ilustres como Amadís, Guillerme de Aquitania ou Calisto II.

Recensións:

- Ameixeiras, Diego, “O guiión imposible de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.280 almas”, 1 novembro 2018, p. 8.

Informa da publicación, por parte da editorial Galaxia, dun texto recuperado de Otero Pedrayo. Trátase dun guiión sobre a ruta xacobeá que Otero escribira por petición de Cesáreo González e que nunca chegou a ser levado á pantalla.

Referencias varias:

- Xesús, Fraga, “Otero Pedrayo, guionista xacobeo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 outubro 2018, p. 31.

Dá conta do periplo de Otero Pedrayo desenvolvendo o guiión cinematográfico para promocionar o camiño de Santiago. Non obstante, no artigo afóndase sobre a postura da institución eclesiástica ao respecto e os óbices que atopou canto intentaba desenvolver o proxecto.

Oti Ríos, Francisco, *O novo teatro galego en Perlío: O Teatro Círculo e Tagallo*, Malpica de Bergantiños: Ediciones Invasoras, col. Archivos de T, n.º 1, setembro 2018, 87 pp. (ISBN: 978-84-16993-33-8).

Obra de Francisco Oti Ríos (A Coruña, 1954) home destacable polo seu traballo como dramaturgo, escenógrafo, artista plástico, deseñador gráfico, así como membro fundador do “Grupo de Teatro Círculo de Perlío” de Fene. A obra segue o desenvolvemento e profesionalización do nomeado Grupo de Teatro Círculo de Perlío e Tagallo, que comezou o seu labor na década dos 70 cunha ascendente traxectoria que os levou a representar en distintas vilas galegas obras de escritores galegos como Manuel Lourenzo, Eduardo Blanco Amor, Vidal Bolaño e Manuel María. Vai achegando extractos de xornais, entrevistas, cartaces sobre as funcións, múltiples fotos das obras de teatro e outros elementos gráficos que testemuñan a vida e evolución destes grupos teatrais.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “Pequenas historias da nosa escena”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 689, “Teatro”, 15 novembro 2018, p. VIII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 632, “Artes escénicas”, 1 decembro 2018, p. 7.

Comenta con profundidade a temática da obra, os antecedentes históricos e o prólogo asinado por Eduardo Alonso que “serve para situar no contexto preciso a aventura teatral”.

Queizán, María Xosé, *Vivir a galope*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Memorias, outubro 2018, 808 pp. (ISBN: 978-84-9121-453-3).

Vivir a galope é a autobiografía de María Xosé Queizán (Vigo, 1939). Nas primeiras páxinas inclúe unha dedicatoria a Marga R. Marcuño: “Este libro adquiriu unha esmerada corrección lingüística grazas á puntillosa ollada de Marga R. Marcuño, pero tamén, mediante os seus estímulos e obrigas, acadou meirande información. Impecable e

implacable, Marga, tamén eu porfío na miña débeda e grande estima”. Despois da dedicatoria, inclúe varias citas: unha de Simone de Beauvoir (“Se unha persoa se manifesta con sinceridade, máis ou menos todo o mundo se ve implicado. É imposible esclarecer a propia vida sen iluminar, aquí ou alá, a dos demais. Quererse libre é tamén querer que os demais sexan libres.”); de Jorge Wagensberg (“Eu son a intersección de todas as miñas vivencias”); de George Orwell (“Nunha época de engano universal, dicir a verdade é un acto revolucionario”) e dúas das que se descoñece a autoría (“Non hai nada que se quede tan gravado na memoria como o desexo de contalo” e “A verdade vai da man da decencia”). En canto á estrutura da obra, esta conta cun preámbulo da autora e cinco partes. No preámbulo lévase a cabo unha declaración de intencións por parte da autora, a que afirma contar “as experiencias determinantes na miña vida e que, precisamente por iso, lembro. Aquilo que tivo repercusións e me foi construíndo” (páx. 12). A primeira parte titúlase “Orixes, guerra e o Vigo industrial 1939-1949” e nel relátanse os primeiros anos de vida e a súa historia familiar empregando fotos dela mesma e de membros da súa familia. A segunda, “De cárcere en cárcere 1949-1962”, fálase arredor do segundo matrimonio de súa nai, o cal os leva a trasladarse a Cáceres e a Xixón, para volver a Vigo e realizar o bacharelato no Santa Irene. Cóntase tamén que pasou unha época en París e que despois foi a Madrid estudar xornalismo na Escola Gonzalo Torrente Ballester. Na terceira, “Voda, maternidade e acción política 1962-1974” recolle a voda con Xosé Luís Méndez Ferrín, o proceso de escrita de *A orella no buraco*, a participación na plataforma Galeuzca, a relación con escritores e intelectuais como Ánxel Fole, Alonso Montero ou Carballo Calero e o nacemento e primeiros anos de vida de Cristal e Roi. A cuarta parte titúlase “A Igrexa e a escritora 1974-1979” e nela fálase arredor do divorcio con Ferrín e dos conflitos que isto produciu no círculo de amizades, da expulsión da UPG de ambos os dous e dos inicios da autora no movemento feminista a través da Asociación Galega da Muller, na cal participaron tamén Mari Carne Panero, Begoña Caamaño, Marabé e Nieves Herrero, Mara Costas, Celia Miralles e Ana Míguez. Finalmente, a última parte titúlase “Risos, sexualidade e literatura. Desde 1979” e nela nállanse acontecementos e lembranzas dende 1979 até a actualidade. Entre as lembranzas, destacan a participación da autora no 1º Festival da Cantiga Galega no Colexio Apóstol Santiago, a participación en diferentes actos literarios e relación con outras autoras e, especialmente, a continuación na AGM. A través da Asociación Galega da Muller, fálase da loita polo aborto, da loita contra a prostitución e da reivindicación dos dereitos sexuais, sinalando tamén a relación lésbica que mantivo María Xosé Queizán cunha das mulleres vinculadas a este movemento. No final desta parte, coméntanse varias homenaxes e premios recibidos pola autora, como o V Premio Voz da Liberdade do Pen Club en 2011; o 1º Premio de Mulleres en Acción do Grupo de Mulleres da Mostra de Teatro Internacional de Cangas 2012 e especialmente a celebración en 2016 do III Día das Galegas nas Letras da Sega na súa honra. A obra remata cunha reflexión da autora sobre a súa vida: “O meu vivir a galope perde de vista moitos lances, posiblemente algúns desagradables. Nunca foi o mal que me fixeran máis importante ca min mesma, os meus pensamentos, as ansias, os traballos, os gozos, os risos. Non podo aseguralo, pero quizais a pulsión de vivir foi tan forte que non deixou tempo nin lugar para o rancor” (páx. 776). Ao final da obra achéganse un apartado bibliográfico, unha mediateca e un índice.

Recensións:

- Manuel Gago, “Alquimia do soño”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 157, “SeiSentidos”, 11 novembro 2018, p. 5.

Menciona a inauguración da exposición “Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia” e a biografía *Vivir a galope* de María Xosé Queizán, comentando que bate contra a reticencia dos escritores galegos a falar de si mesmos e das súas obras.

- Santiago Jaureguizar, “Blanco Amor vestido de manchas húmidas”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 159, 25 novembro 2018, p. 8.

Comenta con profundidade as diferentes relacións con persoeiros da literatura galega que Queizán expón na súa obra: Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, Eduardo Blanco Amor e, sobre todo, Xosé Luís Méndez Ferrín. Doutra parte critica a descoidada edición aludindo ás frecuentes reiteracións ou as extensas divagacións, por exemplo.

- Mario Regueira, “A grande onda”, *Sermos Galiza*, n.º 324, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 29 novembro 2018, p. 6.

Comenta a boa nova que significan as memorias de María Xosé Queizán para a literatura galega e reflexiona sobre o feito de que este xénero sempre presenta as persoas como conclusións perfectas e lóxicas, obviando detalles que non encaixan e dotando o relato dunha coherencia, por veces, irreal.

Referencias varias:

- Elena Ocampo, “María Xosé Queizán. ‘Nas memorias non vou a por ninguén, mais o que foi, foi’”, *Sermos Galiza*, n.º 290, “*fóradeserie*”, 23 agosto 2018, pp. 4-5.

Anuncia a presentación das súas memorias, tituladas *Vivir a galope*, polas que tivo que afondar no seu propio pasado e especialmente no do seu pai, avogado de esquerdas con gran gusto pola arte e íntimo amigo de Carvalho Calero. Conta que foi Hixinio Beiras quen a introduciu ao galeguismo, xa que foi na súa casa onde coñeceu a Alexandre Cribeiro e a Méndez Ferrín. Afirma que Calero está vetado pola academia e lembra unha charla que ela mesma deu a favor do seu labor que non sentou ben na academia. Fai unha diferenza entre os idealistas coma Murguía e Pondal, que afondaron no celtismo e na lenda, e os realistas coma Rosalía, centrados en problemas reais da actualidade.

- Ana Baena, “María Xosé Queizán. ‘Hai moitas cousas que me difinen, son unha persoa que non calo, son rebelde’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 16 decembro 2018, p. 12.

Entrevista á autora con motivo da presentación en Vigo do seu libro. Nela trátanse asuntos como a súa relevancia na cultura galega, o escaso recoñecemento que tivo até hai pouco o seu legado literario e a sexualidade.

- Ramón Nicolás, “Agasallos con moi boa letra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 21 decembro 2018, p. 8.

Comenta a necesidade de publicar obras memorialísticas como a de María Xosé Queizán, de quen louva diferentes facetas, como feminista, indómita e rebelde, que tamén serven para caracterizala.

Queizán, Maximino, *Lembranzas da arte escénica*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, col. Varios, 2018, pp. (ISBN: 978-84-8457-478-1). ♦

Obra de Maximino Fernández Queizán (Vigo), Maximino Keyzán como nome artístico, no que reconstrúe a súa implicación no mundo do teatro vigués á vez que reconstrúe tamén a evolución do teatro vigués e da contorna, así como as dificultades de representar unha peza teatral. A obra está dividida en tres capítulos: “testemuño”, no que conta, a través de vinte e un subcapítulos, a súa propia experiencia representando obras teatrais; “proceso dunha posta en escena” no que fala da montaxe, o texto, os personaxes para poder montar unha obra; e pecha o volume “breve historia do teatro en Vigo” no que fai unha breve panorámica pola escena teatral viguesa. A cada subcapítulo correspóndelle unha fotografía das representacións teatrais.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Lembranzas da arte escénica”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 9 xuño 2018, p. 11.

Dá conta da presentación de *Lembranzas da arte escénica*, última obra de Maximino Queizán, que categoriza como pedagóxica no artigo. Tamén se fai referencia ás persoas que aparecen na trama do libro. Manuel Soto, Óscar Wilde, Manuel soto ou María Kruckemberg.

- A. Baena, “O legado teatral de Maximino Queizán chega ao papel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 xuño 2018, p. 11.

Dá conta da presentación do legado teatral de Maximino Queizán que tivo lugar na Casa Galega da Cultura de Vigo. O acto contou coa presenza de Xosé Leal, responsable de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra.

- Fernando Franco, “Keyzán, de la memoria teatral”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 xuño 2018, p. 10.

Coméntase a afluencia na presentación do libro de Maximino Keyzán na Casa da Cultura Galega. Interviñeron Xosé Leal, Héctor Rodríguez, Cayetano Rodríguez e o profesor e escritor Manuel Forcadela. Entre o público, figuraban Méndez Ferrín, Paulino Freire, Gerardo Martín ou Elena Cáccamo, entre outros.

- Lourdes Varela, “Maximino Fernández Queizán. ‘Aplaudir unha peza que non o merece, non é bo para o teatro’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 676, 5 xullo 2018, p. V.

Entrevista na que se dá conta da importancia do papel do público como referencia para os artistas teatrais á hora de valorar a obra, da necesidade de talento á hora de levar a escena o complexo teatro de Valle-Inclán, da liberdade do artista á hora de crear, do Centro Dramático Galego e a súa renovación acorde aos cambios sociais, dos distintos modelos de financiación do teatro e da necesidade dunha actitude crítica co traballo teatral para permitir o seu avance e a súa mellora.

Quiroga, Carlos, *Raíces de Pessoa na Galiza*, Santiago de Compostela: Através Editora,

col. A través de nós, febreiro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-16545-16-2).

Este monográfico de Carlos Quiroga (Saviñao, 1961) comeza cun apartado de “Agradecimentos”, e continúa cunha primeira parte adicada á xenealoxía galega de Pessoa que á súa vez está composta por dez apartados onde explica as súas investigacións ao longo dos nove primeiros e finaliza cun apartado de síntese. Esta primeira parte, titulada “Genealogía galega de Fernando Pessoa”, comeza cun primeiro apartado, “A inclinación pola genealogía pessoana”, onde fala de como a xenealoxía de Pessoa foi un tema de notable interese para varios investigadores, mais tamén para o propio Pessoa quen falaba da súa estirpe como “misto de fidalgos e de judeus”, como tamén indica que as raíces galegas veñen de parte da familia materna. No segundo apartado, “O noso Fernando Pessoa de Rodrigues Lapa”, conta como Rodrigues Lapa, amigo de Fernández del Riego e Piñeiro, colaborou habitualmente na revista *Grial*, onde se esperaba un artigo que servise para verter luz sobre certos datos que foran aparecendo e que vincularon a Pessoa con Galiza xenealoxicamente. Continúa co terceiro apartado, “A lição dos documentos”, onde explica como a través dos documentos sabemos que a orixe das raíces galegas de Pessoa comeza no seu pentavó materno e chega até o seu trisavó, tamén galego e chamado Caetano Dionísio de Lens ou Caetano José Pinheiro, mudanza de apelidos que explica no seguinte apartado, mas que os documentos proban que efectivamente se trata do trisavó de Pessoa. A seguir, en “Mudança e volatilidade nos apelidos”, explica que non hai unha motivación única e demostrable que xustifique os cambios de apelido do trisavó de Pessoa. No quinto apartado, “A hipótese Coimbra”, explica como Caetano José Pinheiro naceu na Galiza e máis tarde marcharía a Portugal, onde se alistaría como soldado do exército portugués, cambiando o nome e casando tres veces e obtendo descendencia do segundo dos matrimonios, de onde naceu o bisavó de Pessoa por liña materna: Inácio José Pinheiro. Continúa con “Berço e apelidos dos antepasados galegos de Pessoa”, onde o autor do artigo tira das ferramentas ao seu dispor para aclarar a distribución e orixe dos apelidos da nai de Caetano, Maneiro e Maio, que nos permiten agrandar o coñecemento das raíces galegas dos tataravós de Fernando Pessoa. Para o sétimo apartado, “Caetano de Outes, o trisavó de Pessoa”, divide en varios subapartados, achegándonos datos relativos á súa infancia e xuventude; e á súa vida unha vez chegado a Portugal. No apartado número oito, “A familia galega de Pessoa no século XVIII”, achega datos relativos a catro antepasados, vinculados a Caetano Lens ou Pinheiro, que vivían na Galiza no século XVIII. A seguir, o noveno apartado, “Parentes actuais de Fernando Pessoa na Galiza”, apunta ligazóns de parentesco con Pessoa na Galiza actual, ofrecendo algúns fundamentos ou métodos para a súa identificación e convidando a outros investigadores a levar a cabo tal tarefa. Finalmente, remata esta primeira parte co décimo apartado, “Síntese da primeira parte”, na que efectivamente fai unha síntese de todo o exposto até o de agora. A segunda parte, “Pessoa retornado: de *Orpheu* a Caeiro”, volve estar dividida en dez subapartados. No primeiro deles, “Propósitos restritos”, dá conta dos propósitos para esta segunda parte do ensaio, que radican basicamente en analizar os heterónimos con algunha vinculación á Galiza empregados por Fernando Pessoa, especialmente o de Alberto Caeiro. No segundo apartado, “A conexión Guisado-amigo de Pessoa, promotor de *Orpheu*”, explica como o fío de conexión máis importante nas relacións da Galiza coa revista *Orpheu*, na que Pessoa colaborou activamente, foi Alfredo Pedro Guisado, poeta, amigo de Pessoa e promotor de *Orpheu*. Continúa con “Sobre o distanciamento posterior de Guisado”, onde dá conta de como Guisado se foi afastando de *Orpheu* e dos seus escándalos, pola súa normalidade e polos seus principios políticos que impedían que se embarcase na brincadeira exacerbada para a que Pessoa e Sá-Carneiro camiñaban. No cuarto apartado, “Enlace Ponte Areias e divulgación órfica”,

dá conta da difusión que tivo a revista *Orpheu* na Galiza e da medida en que a prensa galega se fixo eco nos primeiros anos após o seu lanzamento, concluíndo en que foi escasa, só cinco reseñas, e de como Pontearreas foi o punto de enlace. A seguir, no quinto apartado, “As noticias concretas de *Orpheu* na imprensa galega”, vai dar conta das noticias precisas que foron aparecendo en *Vida Gallega*, *El Eco de Santiago*, *El Tea* e *La Concordia*, así como dunha reseña misteriosa procedente dun xornal de Vigo, asinada por R. R. e que se lle atribúe ao propio Pessoa. O sexto apartado, “O nexo Rianjo: cruzamento nos Diestes Gonçalves”, establece outro nexo de ligazón entre Pessoa e a Galiza a través de Enrique e Eduardo Dieste Gonçalves, a quen sería entregada a misteriosa reseña sobre *Orpheu* asinada por R. R.. No sétimo apartado, “Caeiro na intermediação de Guisado”, verte luz sobre como Pessoa creou o heterónimo literario Alberto Caeiro, e como conseguiu dotalo de realismo, atribuíndolle unha identidade galega coa axuda do seu amigo e compañeiro Alfredo Pedro Guisado. No oitavo apartado, “Caeiro para além da mi(s)tificação da cómoda alta”, trata de verter luz sobre a escena da cómoda alta, desmitificándoa e recalando as achegas de investigadores persoanos nesta deconstrución da lenda. No noveno apartado, “Uma conjetura para Caeiro ou o Caeiro de Cúntis”, coloca a posibilidade de apuntar referentes reais na Galiza para o heterónimo de Alberto Caeiro, explicando a hipótese de que poida ser o cóengo da Catedral de Santiago, Sr. Manuel Caeiro Sobrado, oriúndo de Cuntis. Finalmente, no décimo apartado, “Recapitulação da segunda parte”, tal e como anuncia o título, sintetiza toda esta segunda parte insistindo na naturalidade galega de Álvaro de Campos e Alberto Caeiro, ambos heterónimos de Pessoa. Finaliza o libro cun amplo apartado de anexos e outra documentación na que achega “documentos genealógicos” para o primeiro dos anexos e textos de “hemeroteca” para o segundo. Despois inclúe as referencias biblio-documentais e os índices, de ilustracións e lendas por un lado e de reproducións, en anexos I e II, polo outro.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Pessoa en Madrid”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Madia leva”, p. 25 / *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, 24 marzo 2018.

Menciona a Carlos Quiroga por ser o autor que escribiu sobre a ascendencia familiar galega de Fernando Pessoa en *Raíces de Pessoa na Galiza*.

- Joel Gómez, “Las raíces gallegas de Pessoa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 marzo 2018, p. 37.

Informa sobre as indagacións feitas por Carlos Quiroga sobre a orixe galega dun tataravó de Pessoa, ademais de como dous dos seus heterónimos foron concebidos gracias á mediación dunha amizade, descendente de galegos, do escritor. Indícase tamén que Carlos Quiroga está a investigar sobre a autoría dun texto, posiblemente de Pessoa, publicado nun xornal galego, que podería ser o primeiro texto do escritor publicado fóra de Portugal.

- M. G., “Un libro recolle as raíces do poeta Pessoa en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia-Muros”, 15 abril 2018, p. 35.

Dá conta da presentación que terá lugar na casa da cultura de Outes e na que terá lugar unha conversa entre o autor do libro e Quico Cadaval.

- M. G., “Presentan hoxe en Outes un ensaio sobre as raíces do poeta Pessoa en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 abril 2018, p. 34.

Informa da presentación do libro de Carlos Quiroga que terá lugar no auditorio da casa da cultura de Outes. O acto estará presidido por María Beatriz Molinos Vidal e consistirá nunha conversa entre o autor e Quico Cadaval.

Ricardo Losada, Xosé, *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 41, febreiro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9151-162-5).

Obra do profesor Xosé Ricardo Losada (Rianxo, 1961) sobre a vida do poeta Manuel Antonio Pérez Sánchez. O autor xa publicara outros títulos sobre poetas da nosa terra, coma Faustino Rey Romero, e tamén unha novela. A presente obra está dividida en trece capítulos nos que vai tomando determinados temas da vida de Manuel Antonio e da obra para poder desenvolvelos con amplitude. Percorre a vida de Manuel Antonio facendo fincapé na ausencia do seu pai, que deixou un baleiro na súa vida, o seu compromiso coa lingua e o galeguismo, as disputas creativas e persoais con Dieste, a súa desorientación profesional cando estudaba o Bacharelato, a súa fuxida durante a I Guerra Mundial para axudar os franceses e para demostrar o seu espírito aventureiro; a creación do manifesto vangardista *Máis alá!* e outra serie de feitos que axudan a botar luz no coñecemento da súa personalidade, que en moitos casos resulta caprichosa e infantil. Inclúe tamén o apartado "Apéndice gráfico" no que achega fotos da súa infancia, da familia, manuscritos das súas obras etc.

Recensións:

- Manuel Gago, “O espello das verdades”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 127, 22 abril 2018, p. 2.

Elabora un comentario en que compara a obra de Losada coa de Xosé Luís Axeitos, publicada en 2017: *Manuel Antonio. Unha vida de rebeldía*. Sobre a primeira destaca que se explora a psicoloxía do poeta de Rianxa a partir da correspondencia e outros textos.

- Ramón Rozas, “A travesía de Manuel Antonio”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 127, 22 abril 2018, p. 2.

Dáse conta da publicación de dúas biografías sobre Manuel Antonio, consideradas como fundamentais e complementarias entre si para o coñecemento polo miúdo da vida e da escrita do autor. “Manuel Antonio. Unha vida en rebeldía” é considerada máis canónica, mentres que “Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego” achégase á vida do poeta e a como esta foi vertida á súa escrita.

- X. L. Franco Grande, “Algo novo pasa con Manuel Antonio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 maio 2018, p. 36.

Comenta os dous libros sobre Manuel Antonio que apareceron neste ano (o de Xosé Ricardo Losada e o de Xosé Luís Axeitos) e apunta que seguen camiños moi dispares

pero complementarios. Sobre o de Losada apunta que presenta un percorrido pola vida do poeta en que amosa todas as súas contradicións, fracasos e arroutadas, ata chegar ao momento de creación de *De catro a catro*.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Manuel Antonio, psicólogo do Alén”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 abril 2018, p. 34.

Repasa os temas máis destacados que descubriu no libro sobre a vida de Manuel Antonio. Destaca a profunda pegada que a ausencia do pai e da nai deixou no poeta, a renuncia ao catolicismo ou a súa relación con Dieste entre outras cuestións.

- A. Iglesias, “Biografía de Manuel Antonio por Xosé Ricardo Losada”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 20 maio 2018, p. 27.

Informa da organización dunha presentación no Ateneo de Santiago o martes 22 de maio, ás 19.30 horas e con entrada libre. Apunta unha das tarefas da biografía, resolver os enigmas que envolven a figura do poeta nunha aura sublime e revolucionaria.

- Montse García, “Xosé Ricardo Losada”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 22 maio 2018, p. L10.

Recolle unha sucinta nota arredor da presentación da obra en Rúa do Vilar, 19. O autor estará acompañado por Carlos Lema e Antón Porteiro.

- Suso Souto, “Tres autores hacen patria en la feria del libro rianxeira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 xullo 2018, p. 34.

Dá conta da presentación que terá lugar na VI Feira do Libro de Rianxo.

Rivas, Manuel, *Contra todo isto. Un manifesto rebelde*, Vigo: Editorial Xerais, col. Crónica, n.º 160, maio 2018, 264 pp. (ISBN: 978-84-9121-396-3).

Obra de Manolo Rivas (A Coruña, 1957) que se encadra no ensaio xornalístico. Esta obra pon de manifesto, cunha ollada marcadamente crítica, a súa opinión sobre a sociedade actual. Dedicar un pequeno capítulo a cada tema como pode ser os femicidios e a cultura da violencia machista, a transición española, o referendo de Cataluña e a monarquía, o desmantelamento do sistema público de pensións, a brecha salarial, entre outros.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Contra todo isto”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta / *El Progreso*, p. 64, “A vida nun fío”, 2 maio 2018.

Comenta o libro de Manuel Rivas a raíz da ponencia que o auto realizou no marco do festival PontePoética de Pontevedra. Cataloga o libro como un manifesto de rebeldía necesario para os tempos que corren.

- Ramón Nicolás, “Rivas fai unha cartografía do tempo que vivimos”, *La Voz de Galicia*,

“Fugas”, “Libros”, “Galego”, 25 maio 2018, p. 8.

Comenta que se trata dun libro que mestura xornalismo con literatura e que entre as súas virtudes está a de que axuda a que calquera se faga preguntas. Sinala que critica a corrupción, a impunidade, o secuestro e a castración cultural, o feminicidio, a burocratización do ensino ou a redución da liberdade persoal e colectivo, entre outras cuestións.

- Estro Montaña, “Palabras contra a miseria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 675, “Libros”, 28 xuño 2018, p. VI.

Indícase que o libro, combinación de manifesto e artigos e columnas de opinión, busca combater o conformismo e concienciar os lectores ante a degradación da actualidade política e social.

- Mario Regueira, “Viva antes”, *Sermos Galiza*, n.º 302, “*fóradiserie*”, “ao pé da letra”, 21 xuño 2018, p. 6.

Indícase que o perfil da obra é máis de conxunto de artigos que de manifesto, destacando as cuantiosas referencias culturais que neles hai e a súa dimensión política. Critícase a falta de decisión á hora de tratar temas máis polémicos e a proposta de recuperación xornalismo sustentada en solucións retrospectivas en lugar de ideas que vaian en sintonía coa realidade contemporánea.

- Emilio Xosé Ínsua, “Un manifesto rebelde contra todo isto’, de Manuel Rivas”, *Aulas libres*, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 11, 2018, p. 30.

Ofrece un percorrido pola obra literaria anterior de Manuel Rivas, salientando os libros *Un millón de vacas*, *Que me queres, amor?*, *O lapis do carpinteiro*, *Ela, maldita Alma*, *As chamadas perdidas*, *Os libros arden mal*, *Todo é silencio* e *O último día de Terranova*. Sitúa a presente obra no vieiro dos libros *Un espía no reino de Galicia*, *Os Grouchos*, *A corpo aberto* e *Episodios galegos* e informa de que se trata dunha recompilación de textos de carácter crítico escritos polo autor en diversos xornais e revistas. Sinala que o libro está dividido en once apartado e destaca que o libro pivota arredor de diversos temas da actualidade como a política, a economía, a inmigración, a violencia contra as mulleres, o xornalismo, o racismo ou o medio ambiente. Salienta que a obra inclúe un apartado sobre literatura no que se menciona ao poeta Paco Souto e que remata cun apartado de proverbios.

- David Rodríguez, “Manifestar a negación”, *Tempos Novos*, n.º 255, “protexa”, agosto 2018, p.70.

Achégase unha recensión da obra *Contra todo isto* (Xerais, 2018) de Manuel Rivas. Dise que a obra constitúe un ensaio que inclúe artigos xornalísticos do autor. Anótase que conta con nove capítulos dedicados a diversos temas e cunha décima parte onde se recollen aforismos e anotacións curtas. Infórmase que a temática do libro pivota arredor da corrupción política xerada a raíz do negocio inmobiliario, da repercusión do xornalismo na política, da violencia de xénero e do xurdimento do feminismo, das diferenzas sociais, da problemática do nacionalismo español, do capitalismo, do ecoloxismo ou da literatura, entre outros. Destácase que a perspectiva desde a que se expoñen os diferentes temas e a do intelectual e humanista. No tocante ao estilo, destácase o recurso ao oxímoron e á

metáfora. Por último, subliñase que o libro contén referencias a diversos escritores, entre eles, a Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Antes das eleccións, despois da cacería”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 131, 6 maio 2018, p. 8.

Reflexiona sobre como na época de Fraga os grandes referentes eran Ferrín, Rivas e De Toro e como se agardaba que formasen unha contracultura arredor da Real Academia algo que non se levou acabo, sinala, pla chegada das redes sociais que mataron os referentes e igualaron os discursos. É na mención a De Toro que alude á súa última publicación.

- R. L., “Contra todo isto. Un manifesto rebelde”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 132, 13 maio 2018, p. 6.

Indícase que o libro ten a vontade de resaltar todo aquilo que perxudica á sociedade e aos individuos, alén de buscar a axitación contra o conformismo.

- Montse García, “Manuel Rivas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Otros actos hoy*”, 15 xuño 2018, p. L10.

Anuncia a presentación da obra na librería NUMAX, co autor acompañado por Manuel Bragado, Rosa Aneiros e Martiño Noriega. O volume aborda a perda das liberdades no momento actual.

- Valeria Pereiras, “Avergoñarse”, *Luzes*, n.º 57, “*Colofón*”, xuño 2018, p. 98.

Achega unha reflexión sobre o setenta aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a situación dos refuxiados. No tocante á literatura galega, alude nun momento ao libro de Manuel Rivas *Contra todo isto*.

- David Rodríguez, “Conversa con Manuel Rivas”, *Tempos Novos*, n.º 255, “*protexa*”, agosto 2018, pp. 67-69.

Entrevista a Manuel Rivas co gallo da publicación da súa obra de ensaio titulada *Contra todo isto. Un manifesto rebelde*. Di que a obra constitúe unha proposta de actuación política desde unha perspectiva poética. No corpo da entrevista dá conta de que a obra conta cun primeiro capítulo titulado *Manifesto Rebelde* que explora a súa xénese e ámbito de análise. Alude á vinculación da linguaxe coa liberdade que se pon de manifesto na obra. Sinala que parte dos materiais incluídos no libro proceden de intervencións orais do autor. Afonda na temática da obra arredor da corrupción económica e da súa aceptación social, da violencia contra a muller e do feminismo, do xornalismo e as redes sociais e dunha idea utópica de Europa. Destaca a utilización do termo Hespaña na obra a imitación de Castelao e á perspectiva galega do libro.

Seoane, Luis, *Certezas alumeadas*, coord. Rosa Espiñeira, A Coruña: Figurantorecuerdos Edicións, 1 xuño 2018, 94 pp. (ISBN: 978-84-09-01669-3).

O volume xunta unha vintena de artistas cuxa obra gráfica acompaña textos de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979). Ábrese cunha introdución asinada por Isidro Novo, intitulada “Lembranza dun gran facedor”, na que logo dunha anécdota persoal relacionada cun libro de Seoane, se realiza unha aproximación á figura e ao labor do autor que “abrangeu ao longo da súa vida a prol do interese colectivo”. A seguir, inclúense textos e poemas de Luís Seoane, intercalados cunha obra gráfica a toda cor. Os textos, que aparecen por orde cronolóxica de publicación, son: “Na morte de Henri Barbusse” (*Ser*, 1935), “Munio de Con, ‘El Gafo’” (*Tres hojas de ruda y un ajo verde* ou *Las narraciones de un vagabundo*, 1948), “O ponte de Brooklyn” (*Fardel de eisilado*, 1952), “Un ollo soio” (*Fardel de eisilado*, 1952), “Mulleres galegas” (*Galicia emigrante*, 1955), “El impuesto a las ventanas” (*Galicia emigrante*, 1955), “A diadema de Ribadeo” (*As cicatrices*, 1959), “Silenzo” (*As cicatrices*, 1959), “Los recuerdos” (*Figurando recuerdos*, 1959), “Homaxe a un paxaro” (*Homaxe a un paxaro*, 1969), “O museo Carlos Maside” (*Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia*, 1970), “Aquela vella e os corvos” (*A maior abundamento*, 1972), “O honor de Galicia” (*A maior abundamento*, 1972), “Cierro los hojos y veo” (*Manuscritos*, 1978). Ademais, a estes séguenlle tres textos de Seoane inéditos até o momento, os tres relacionados coa pintura e o seu proceso artístico. Son: “Ojos que no ven, corazón que no siente”, “El castigo/Los grandes lentes” e “El nudo del roble”. No tocante ás ilustracións, estas preséntanse asinadas polos artistas Luís Seoane, Víctor Vázquez Collazo, Uxío López, Simón Fusté, Alfonso Caparrós, Calros Silvar, Baldo Ramos, Xosé Vizoso, Fernando Arenaz, Omar Kessel, Carlos Lorenzo, elerre, Séchu Sende e fillas, Troubs, Caxigueiro, Deside, Edmond Baudoin. A continuación, engádese a “Nota da Editorial”, na que se explica que o presente volume viu a luz como continuación da antoloxía poética ilustrada *Poemas Alumeados* (2010). Finalmente, péchase o libro cun apéndice no que se inclúen as traducións dos textos anteriormente reunidos, tanto na súa tradución castelán-galego como galego-castelán.

Siro, Félix Caballero, *Falemos de caricatura*, Vigo: Edicións Xerais, marzo 2018, 120 pp. (ISBN: 978-84-9121-325-3).

Este monográfico editado por Félix Caballero (Logroño, 1967) ten formato de entrevista, froito do encontro entre o propio Caballero e o caricaturista Siro López. As preguntas están planificadas, porén conta coa compoñente da improvisación para algunhas cuestións, xa que van dependendo das respostas do entrevistado. Comeza cun apartado de “Presentación”, no que o autor do ensaio fai un repaso da traxectoria de Siro López Lorenzo, coñecido artisticamente como Siro, o caricaturista político galego por excelencia dos últimos cincuenta anos, así como o máximo teórico arredor da caricatura. É así que como resultado desta entrevista vai organizando as respostas en bloques temáticos que enumeramos a continuación e dos que resumimos o seu contido. En primeiro lugar atopamos o apartado titulado “O concepto de caricatura”, onde entrevistador e entrevistado tratan de resolver a definición de caricatura, dando moita importancia ao concepto de deformación e ao binomio retrato/ caricatura; ao mesmo tempo fan un repaso dos artistas galegos e foráneos para determinar se foron cultivadores da caricatura, por exemplo Seoane e Warhol. Continúa co bloque “Esaxeración e deformación”, no que aclaran a diferenza entre estes dous conceptos fundamentais na linguaxe da caricatura: a caricatura é unha deformación para reforzar a expresión do modelo e obter un gran parecido con el, mentres que a esaxeración vai en función do tipo de caricatura, pode ser máis ou menos, mais o importante é a semellanza co modelo. En terceiro lugar vai o apartado titulado “A caricatura de carácter”, etiqueta acuñada polo

propio Siro nun seu ensaio, e que nesta parte tratan de delimitar; é así que Siro a define como a caricatura que non só repara nas características físicas do modelo senón que tamén trata de atender á súa personalidade. Continúa co apartado “Caricatura simbólica e caricatura arbitraria”, no que tratan de verter luz sobre estas dúas modalidades, sendo a primeira un xogo que consiste en representar a persoa a través de algo que a identifique (ideoloxía, obxectos prototípicos, etc), e a segunda como o resultado dunha simplificación máxima que permite identificar claramente o modelo. En quinto lugar sitúa o apartado “Caricatura persoal e caricatura política”, na que aclaran que cada tipo de caricatura se leva a cabo con linguaxe distinta, xa que na súa maioría as primeiras son a encarga dos propios modelos; ao mesmo tempo repasan a traxectoria de Siro como caricaturista político e aluden a Pepe Carreiro, un dos grandes do panorama galego. A continuación aparece o apartado “Risa e caricatura”, no que tratan de aclarar por que as caricaturas, sempre que sexan boas, fan rir, aínda que estas non estean formuladas en chave cómica ou satírica; tamén aluden ao feito de que Fraga aceptara tan ben as caricaturas feitas sobre el e de como as foi coleccionando e colgando nas paredes do seu despacho. En sétimo lugar vai o apartado “Caricatura e poder”, no que falan de como a caricatura política en chave satírica ou humorística sorteou a censura por parte do poder, especialmente no referido á ditadura franquista, salientando que estivo bastante perseguido. Por exemplo, conta unha anécdota de como lle entregou a Franco unha caricatura súa e de como este escachou a rir e decidiu colgala no seu despacho aínda que prohibise a súa publicación. A continuación, aparece o apartado “Antecedentes da caricatura”, no que Siro fala de que podemos atopar antecedentes da caricatura nas culturas primitivas, sobre todo na exipcia, aínda que matiza que se trata dun debuxo que responde máis á pintura humorística que á caricatura, para a que haberá que agardar até os séculos XI e XVII da nosa era, aludindo a un artigo seu publicado en *Grial* en 1986 (“Sobre os antecedentes artísticos da caricatura e do debuxo de humor”) onde afonda máis nesta cuestión. No noveno apartado, “Caricatura e humorismo literario”, aclaran a orixe de cada un dos conceptos e os por ques desta xénese, situando en Italia o nacemento da caricatura e no Estado Español o humorismo literario co *Quijote*; en Italia nace a caricatura porque alí era o berce da pintura (Rafaello, Miguelangelo, etc) e España o berce do barroco, século de Ouro con Cervantes, Quevedo, Lope, etc. Logo disto, aparece o apartado “Caricatura e debuxo de humor”, no que tratan de esclarecer as diferenzas entre a caricatura e os debuxos de humor, xa que por cuestións etimolóxicas tendeu a empregar o termo caricatura para denominar toda expresión pictórica vinculada ao humor ou ao feito de provocar a risa. No undécimo apartado, “A investigación sobre caricatura”, Siro aclara que hoxe en día a produción teórica sobre caricatura é moito máis abundante que hai corenta anos, e que incluso chegou a interesar nas universidades, existindo traballos tanto moi bos como outros que non o son tanto; destaca a Castelao e a Bernardo G. Barros como os pioneiros da teorización na Galiza. A continuación, chega “A caricatura como arte maior”, no que Siro sinala que no mundo artístico segue a existir esa distribución entre o campo da arte maior e o campo da arte menor, e que a caricatura, e todo o que entra na etiqueta de grafismo (Banda Deseñada, ilustración, debuxo de humor, etc) son considerados arte menor; explica tamén que a crítica xogou, e segue a xogar, un papel fundamental nesta división. Finalmente aparece o apartado “A caricatura en Galicia”, no que falan da situación actual da caricatura na Galiza como positiva en xeral, sinalando a Xosé María Cao, a Juan Carlos Alonso e a Cebreiro como os pais da caricatura galega; e pondo en valor tamén o enorme labor de Castelao, de quen di que foi o debuxante máis completo e que mellor empregou o humor.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Teoría e práctica”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.051/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.051, “máis Libros”, 2 setembro 2018, p. 32.

Achega reflexións sobre o libro que plasma unha longa conversa entre Siro e Félix Caballero arredor da caricatura. Por outra parte, o autor do artigo fai referencia ás influencias que representan unha influencia, como Andy Warhol, Juan Carlos Alonso ou Luís Seoane.

Referencias varias:

- Diego Luengo, “Siro López. ‘No libro conto todo sobre a caricatura, non me queda nada por dicir’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, 24 maio 2018, “Sociedad”, p. 37.

Dá conta da presentación que tivo lugar na librería Espazo Lector Nobel da Coruña. Apunta que o libro é un tratado sobre a caricatura, sobre a súa historia e o seu nacemento a comezos do século XVIII en Italia.

Siro, *Castelao na arte europea*, A Coruña: Editorial Garañón, 2018, pp. 314 (ISBN: 978-84-947280-1-3).

Preténdese homenaxear a figura deste intelectual do grupo Nós e o seu importante contribución ao mundo da literatura e cultura galegas e, especificamente, no eido da arte. O libro é un traballo académico que inclúe centos de reflexións por parte de diferentes personalidades e acompañadas de datos relevantes da historia da arte europea para evidenciar os paralelismos coa obra artística de Castelao.

Recensións:

- Rubén Santamarta, “Castelao, entre os máis grandes de Europa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En Galego”, 6 abril 2018, p. 8.

Comenta que o libro de Siro procura situar a Castelao na escala europea artística polas súas ilustracións. É por iso que o libro non é unha biografía, senón un traballo académico que recolle centos de reflexións por parte de diferentes personalidades e que o autor acompaña de datos moi relevantes da historia da arte europea para evidenciar, así, os paralelismos existentes con Castelao.

Vázquez-Monxardín, Afonso, *Os cronistas oficiais de Ourense a través das Actas Municipais e a Crónica do Vivir Xornaleiro de Don Ramón Otero Pedrayo*, Ourense: Concello de Ourense, abril 2018, 125 pp. (ISBN: 978-84-17482-00-8). ♦

Este ensaio de Vázquez- Monxardín está formado por dúas publicacións claramente diferenciadas. A primeira, *Os cronistas oficiais de Ourense a través das Actas Municipais*, está dedicada á figura do cronista oficial na cidade das Burgas, comezando desde Arturo Vázquez Núñez, que foi o primeiro en ocupar os posto de 1893 ata 1903. Trátase dun estudo pormenorizado dos diferentes cronistas oficiais, a través das actas do

municipio, onde se albiscan as súas características e funcións precisamente por medio dos nomeamentos, homenaxes ou mortes que se mencionan neses documentos oficiais. Cabe sinalar que Ourense leva sen cronista oficial, a figura honorífica, desde o ano 2009, tras a morte de Anselmo López Morais. A segunda parte é a *Crónica do vivir Xornaleiro, de Don Ramón Otero Pedrayo*. Esta segunda parte está centrada nos anos que Otero Pedrayo ocupou o posto de cronista oficial, sucedendo a Vicente Risco, que fora nomeado polo concello republicano en 1931, pero nunca chegaría a exercer de maneira efectiva. A crónica do vivir xornaleiro está formada polas notas que Otero Pedrayo tomou, desde o seu posto de cronista da cidade, durante os anos 1968 a 1970 (aínda que o escritor non morreu ata o 1976). Estes apuntamentos son en realidade poucos, demostrando quizais que non era un posto ao que Otero Pedrayo dedicara moitas enerxías, mais si destaca entre todas as notas e acontecementos referidos, unha controversia polo traslado da estatua de Concepción Arenal, entre outros eventos de menor importancia.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “Afonso Vázquez-Monxardín. ‘Otero, Risco e Cuevillas foron os tres grandes cronistas de Ourense’”, *La Región*, “Ourense”, “O personaxe do día”, 25 abril 2018, p. 11.

Entrevista na que se fala sobre a figura dos cronistas oficiais da cidade de Ourense, con especial atención a Otero Pedrayo, os motivos da súa designación e o seu desempeño como tal durante o curto período de dous anos. O entrevistado indica que a documentación referente a esta actividade de Otero Pedrayo pode ser de utilidade para investigar a súa figura.

VV. AA., *Manuel Rodríguez López, 25 anos despois*, coord. Antonio Giz, Lugo: Galicia Digital, col. Varios, 2018, 101 pp. ■

Obra de varios autores na honra do poeta Manuel Rodríguez López. Esta obra xa estaba publicada na web do escritor www.manuelrodriguezlopez.org e forma parte dun proxecto multidisciplinar destinado a dar a coñecer a súa figura, co motivo do 25 aniversario do pasamento do autor. A obra conta coa participación de amigos, familiares, presidentes e académicos de organismos da cultura galega, entre outros, que axudan a dar luz á súa figura, gabar a súa obra, dedicarlle composicións propias etc.

Referencias varias:

- Álex Vázquez, “A Fonsagrada descubre la figura del poeta paradelés Manuel Rodríguez López”, *El Progreso*, “Comarcas”, 21 agosto 2018, p. 10.

Dá conta da presentación que tivo lugar no marco da inauguración da exposición itinerante sobre o poeta. Ambos os dous proxectos son iniciativa da familia do escritor, do Concello de Paradela e Galicia Digital.

V. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Castelao, Afonso Daniel Rodríguez, *Alba de Gloria*, Vigo: Editorial Galaxia: Consello da Cultura Galega, 2018, 50 pp. (ISBN: 978-84-92923-97-7 Consello da Cultura Galega / ISBN: 978-84-9151-242-4 Editorial Galaxia). ■

O texto de *Alba de gloria* que se ofrece nesta edición reproduce o do discurso pronunciado por Castelao o 25 de xullo de 1948, texto do que se coñecen diversas variantes, a primeira delas a publicada naquela altura no número 463 de *A Nosa Terra*. Ábrese co limiar “No abrete dun futuro mellor”. Nel indícase que a presente edición recupera a versión que se ofrece no volume IV das *Obras de Castelao* (edición de Henrique Monteagudo, Galaxia, 2000) e que se basea tanto nas versións xa publicadas como nos mecanoscritos, até entón inéditos, custodiados no Museo de Pontevedra. Engádese que para esta nova edición se decidiu modificar a linguaxe “de grallas” e “retocar miúdos pormenores lingüísticos” para adaptala á normativa vixente aplicada polo ILG-RAG. Así mesmo, e en coherencia co criterio divulgativo seguido no nome da exposición que este texto acompaña, mudouse a forma “groria” do título orixinal para “gloria”. A introdución, que corre a cargo de Miguel Anxo Seixas Seoane, leva por título “Alba de gloria: nacer galego e ser galego” e nela descríbese a xenealoxía e o contexto político e social no que xurdiu o discurso pronunciado por Castelao. A edición presente naceu canda a exposición *Alba da Gloria*, coa cal se conmemorou o 70 aniversario deste discurso e tamén o centenario das Irmandades da Fala.

Referencias varias:

- S. S., “Once grabadoras barbanzas ilustran la obra ‘Alba de Groria’, de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 13 maio 2018, p. 33.

Dá conta da presentación do volume ilustrado *Alba de Groria* de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no Museo do gravado de Ribeira. Ademais, informa das ilustradoras que traballaron no proxecto: Teresa Baluja, Carmen Burke, Rosana Calvo, Ana Cambeiro, Antoiñeta Castro, Ana Ces Carou, Teresa Creo, Sandra González, Ana Moas e Victoria Osés.

- Suso Souto, “As once olladas femininas a ‘Alba de Groria’ de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 maio 2018, p. 34.

Dá conta da presentación da reedición da obra de Castelao que tivo lugar no Museo do Gravado de Ribeira con motivo do Día Internacional dos Museos. A nova edición conta cos gravados de once mulleres do Barbanza, o que achega unha ollada feminina, por primeira vez, desta obra de Castelao. No acto estiveron presentes Helena Villar Janeiro, Pastor Rodríguez, Herminia Pouso, Javier Expósito, Goretti Sanmartín e Silvestre Gómez Xurxo.

Llorca Freire, Guillermo, *Ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, col. Biblioteca de Ferrolterra, novembro 2018, 496 pp. (ISBN: 978-84-16456-87-1).

Obra de Guillermo Llorca Freire (Ferrol, 1950) que supón unha reedición da homónima

publicada en 1996. É un volume que recompila homes e mulleres ilustres da vila de Ferrol, ordenados alfabeticamente imitando a estrutura dun dicionario. Das 100 persoas que incluía a primeira edición, na actual foron incluídas até trescentos dezasete ilustres que destacaron en variados campos: o militar, o político, o cultural, o económico, etc.

Villares, Ramón, *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 90, outubro 2018, 232 pp. (ISBN: 978-84-9151-203-5).

Trátase da terceira edición e primeira impresión corrixida de grallas ou erros gramaticais con respecto á segunda, publicada en 2007 pola Fundación Otero Pedrayo. A primeira edición foi auspiciada pola Real Academia Galega e nela recollíase o discurso de ingreso á Academia de Ramón Villares Paz (Xermade, Lugo, 1951), lido o día 24 de novembro de 2006. Nel, Ramón Villares fai unha homenaxe a Ramón Otero Pedrayo e ao Grupo Nós mediante un discurso que ten como columna vertebral a obra de Ramón Otero Pedrayo *Arredor de si*. Así, *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* é un ensaio no que Villares realiza unha lectura histórico-ideolóxica desta novela centrada no pensamento galeguista e tamén na evolución psicolóxica e ideolóxica do propio autor, Otero Pedrayo, mediante a figura de Adrián Solovio. Con respecto á primeira edición, na segunda engádense novas observacións co obxectivo de ampliar, documentar e contextualizar as claves do pensamento galeguista do Grupo Nós, deténdose especialmente na propia figura de Ramón Otero Pedrayo e, máis polo miúdo, na súa novela *Arredor de si*. Deste modo, Ramón Villares percorre as claves definitorias do protagonista da novela, Adrián Solovio, a través do cal Otero Pedrayo reconstrúe a súa propia biografía e o seu característico retorno a Ítaca. O libro ábrese cun “Prefacio” e, ademais das seccións tituladas “Un romance ‘rápido’ e ‘actual’”, “Fuga a Madrid: Quen son eu?”, “Vento de Europa: París”, “A chamada da Terra: Berlín”, “Retorno: ‘un camiño de redención’”, “De Solovio a Dumbría: Para que son bo?” e das “Fontes e bibliografía”, engádense dous novos apartados ao comezo do volume, “Un relato a varias voces” e “O autor de Solovio”, e, ao final, unha “Coda”. Péchase o volume con “Fontes e bibliografía”. Xa nesta terceira edición engádense unha breve nota introdutoria na que Villares advirte como a circulación das dúas primeiras edicións foron “moi restrinxida” no campo literario galego e que esta última respecta o texto publicado en 2007. Engade que os estudos oterianos non mudaron de forma radical, mais que de forma paralela foron aparecendo estudos que non puido incluír naquela altura, como *O devalar da idea* (2008), de Paterson, a primeira parte das *Lembranzas do meu vivir*, en curso de edición, e outros xa manexados para este volume como *Lembranzas* (2015) ou os epistolarios *Cartas á nai* (2007) e *Epistolario* (2009).

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Camus, Albert, *Catro cartas a un amigo alemán e outros textos*, limiar Miguel Anxo Fernán Vello, trad. e prefacio Xosé Manuel Beiras, A Coruña: Editorial Trifolium, col. Contextos, xuño 2018, 130 pp. (ISBN: 978-84-947581-5-7).

Tradución de catro cartas de Albert Camus (1913-1960) redactadas durante a Segunda Guerra Mundial, entre xullo de 1943 e xullo do 1944, e publicadas na clandestinidade: a primeira en 1943 na *Revue Libre*; a segunda, asinada co pseudónimo de Louis Neuville, en 1944; a terceira na revista *Libertés* en 1945; mentres que a cuarta permaneceu inédita até que o conxunto foi editado por Gallimard no volume *Lettres à un ami allemand* (1948). Corresponden pois ao momento no que Francia estaba ocupada polos exércitos da Alemaña nazi e existía un movemento de resistencia clandestina namentres parte da poboación vivía baixo o réxime colaboracionista de Vichy. Van dirixidas a un imaxinario lector alemán partidario do Terceiro Reich co que Camus, segundo afirma, leva cinco anos sen falar. As misivas xa foran publicadas en galego en 1967, no número 15 da revista *Grial*, pero o tradutor indica no seu prefacio que a lingua foi revisada para esta nova edición, ademais de contextualizalas no marco da biografía do autor e explicar a inclusión dos nove textos complementarios que engadiu neste volume. Na primeira das cartas, Camus describe os dous xeitos de amar a un país: o dos nazis, que se caracteriza por emprender calquera acción a prol da «grandeza» da patria, e o dos europeos partidarios da liberdade, entre os que el se sitúa, que consiste en abrazar unha idea superior de xustiza e de humanidade. Na segunda, Camus argumenta a súa postura contra o relativismo moral de raíz nietzscheana dos nazis e defende o valor do ser humano; mentres que na terceira reivindica unha Europa humanística. Na cuarta carta, o autor describe as dúas formas de se enfrontar ao mundo dende un pensamento filosófico que renega de calquera concepto de transcendencia e asume a morte de Deus, e volve afirmar que o sentido superior reside no ser humano, no que reside a verdade. Os nove textos que se inclúen a seguir foron publicados por Camus en diversos medios entre 1944 e 1954 e desenvolven diferentes temas que permiten afondar nas súas ideas filosóficas. O libro complétase cun limiar de Miguel Anxo Fernán Vello que presenta esta edición.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Camus en galego”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.059/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.059, “máis Libros”, 28 outubro 2018, p. 32.

Fálase da publicación á lingua galega de *Catro cartas a un amigo alemán e outros textos*, de Albert Camus, traducido por Xosé Manuel Beiras e publicado pola Editorial Trifolium na Coruña en 2018. Esta edición está acompañada do limiar a cargo do escritor Miguel Anxo Fernán Vello.

Petit, Michèle, *Ler o mundo*, trad. Fernando Moreiras, ilustración cuberta, Pablo Otero, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Teoría, 2018, 184 pp. (ISBN: 978-84-8464-412-5). Monografía de Michèle Petit que pon de relevo a importancia de saber ler o mundo perseguindo un triplo propósito: dun lado, contribuír a un maior y mellor coñecemento da súa realidade cotiá, diacrónica e sincrónica; por outro, activar procesos de cambio que

permitan transformalo, poñendo de relevo valores e iniciativas congruentes con desenvolvemento humano e o respecto á vida en toda a súa diversidade.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Ler para habitar o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros, Galego”, 9 novembro 2018, p. 8.

Dá conta da tradución ao galego da obra en cuestión, destaca o ensaio como unha defensa da necesidade da literatura e o carácter didáctico formativo que achega.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A. C., “Polos pasos do Rexurdimento. Nos 150 anos da *Gramática* de Saco e Arce (1868-2018)”, *Grial*, n.º 220, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 8-9.

Co gallo do cento cincuenta aniversario da publicación da *Gramática gallega* de Saco Arce, menciona a saída ao prelo de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro e tamén a outros escritores do Rexurdimento como Eduardo Pondal, Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal.

Acuña, Ana e **Pichel**, Ricardo, “Madrid, cidade de encontros. Crónica do XII Congreso Internacional da AIEG”, *Grial*, n.º 219, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2018, p. 8-9.

Informa das actividades que tiveron lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid ao abeiro do Centro de Estudos Galegos. En relación á literatura galega destaca a intervención de Víctor Fernández Freixanes sobre a cultura galega e as novas tecnoloxías, a saída ao prelo de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, La literatura galega. Autori e testi, La lluvia en el mar. Una antología de poesía gallega contemporánea* con edición a cargo de Vicente Araugas e *Mala herencia la que nos ha tocado. Oralidad y narrativa en la literatura sobre la guerra civil y el franquismo*. Tamén alude á contemplación na Real Biblioteca do Escorial das *Cantigas de Santa María*.

Adán, Carme, “Sobre verdade e posverdade en sentido extrapolítico”, *Grial*, n.º 219, “Sobre verdade e posverdade”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 121-125.

No contexto dun estudo sobre os conceptos de verdade e posverdade dende unha perspectiva filosófica inclúe os seguintes versos de Rosalía de Castro: “Libre é o meu corazón, libre e a miña alma/ e libre o meu pensamento”.

Alcalá, Xavier, “Entre libro de viaxes e tese firme”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 86-87.

Ofrece unha recensión da obra *A invención dun Deus. Xesús de Nazaret. I. De predicador a Mesías* (Laivento, 2017) de Xulio López Valcárcel. Informa de que a obra constitúe un estudo de carácter crítico arredor da figura de Cristo. Dá conta de que o libro está fundamentado nas viaxes e pescudas que o autor levou a cabo na actualidade polas terras de Israel. Apunta que a obra mestura a visión do turista propia das obras de viaxes coa do investigador que pretende desmontar o mito ergueito tras as crenzas oficiais. Explica que a obra constitúe un percorrido polo Evanxeo para amosar a singularidade e, nun inicio, a falta de relevancia da figura de Cristo e como foi aproveitada posteriormente para forxar a doutrina.

Alcayde Dans, Lois, “O creador xace na fonte das bágoas”, *Luzes*, n.º 62, “Ás ceibas”, novembro 2018, p. 43.

A propósito dunha reflexión sobre a necesidade de atopar os restos de Federico García Lorca, fai un percorrido sobre a súa traxectoria literaria e menciona os *Seis poemas galegos*.

Alonso, Eduardo, “Ernesto Chao”, *Tempos Novos*, n.º 256, “protexa”, setembro 2018, pp. 54-55.

Co gallo do pasamento de Ernesto Chao fai un percorrido pola súa traxectoria profesional. No tocante á literatura galega, menciona a posta en escena da obra *Laudamuco, señor de ningures* de Roberto Vidal Bolaño a cargo da compañía Antroido. Alude ao labor de Chao ao abeiro da asociación Abrente e tamén na Mostra de Teatro Galego de Ribadavia. Apunta que Ernesto Chao traballou na compañía de teatro Artello que levou a cabo as obras *Pic Nic* de Arrabal; *As nubes* e *Celtas sen filtro*, esta última coa colaboración de Méndez Ferrín. Explica que o autor participou nas obras *Agasallo de sombras* de Roberto Vidal Bolaño e *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao a cargo do Centro Dramático Galego. Comenta que Chao participou na fundación da compañía Teatro do Noroeste e que foi director do CDG. Anota que participou nas obras *O coronel ten a quen lle escribir* de Manuel Riveiro Loureiro; *Galicia, S.L.*; *As alegres casadas* e *Un soño de verán*; *Rei Lear*; *Os xustos*; *A grande noite de Fiz* de Miguel Anxo Murado; *Galileo Galilei*; *As bodas de Fígaro*; *Macbeth*; *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado, *Noite de reis* e *Valle 98*. Indica que Chao fundou con Rosa Álvarez a compañía Lagarta, Lagarta e que traballou coa compañía Redrum onde participaba na obra *A canción do elefante*.

Alonso Montero, Xesús, “Tres breves incursións no labor intelectual de Borobó: a súa singular voz de periodista, o padriño da nova intelixencia galeguista e as súas devocións machadianas”, *Galegos*, n.º 24, 2018, pp. 96-98.

No que interesa á literatura galega, reflexiona sobre a figura do xornalista Borobó na súa faceta como tradutor de poemas do escritor Antonio Machado, sendo un gran admirador da obra literaria machadiana. Deste xeito, sinala que no ano 2000 Borobó traduciu ao galego unha escolma de poemas baixo o título *Con e sen Leonor / As soedades de don Antonio* e, tres anos máis tarde, no 2003, elabora unha tradución dun compendio de poemas amorosos do mesmo autor.

Álvarez, Daniel, “Os valentes”, *Tempos Novos*, n.º 252, “e digo eu...”, maio 2018, p. 7.

No contexto dunha reflexión sobre a democracia e a súa operatividade faise referencia a Manuel Rivas e a Suso de Toro.

Álvarez Blanco, Rosario, “Discurso da presidenta do Consello da Cultura Galega”, *Grial*, n.º 219, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 15-19.

Co gallo do nomeamento de Rosario Álvarez Blanco como presidenta do Consello da Cultura Galega fai unha achega sobre as características, a traxectoria e os obxectivos da

institución. No tocante á literatura galega, menciónanse, en relación aos estudos lingüísticos as cantigas de Pero Meogo e a obra poética de Manuel Antonio.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, “Carta a Baldo Ramos desde a sombra da *Árbore da Memoria*”, *Grial*, n.º 218, “Ensaio”, abril, maio e xuño 2018, pp. 94-99.

Achega unha carta de Xosé María Álvarez Cáccamo dirixida a Baldo Ramos na que se fai referencia ao escritor Celso Emilio Ferreiro, á obra de Baldo Ramos titulada *Cartas desde o esquezno* e tamén aos poemas obxecto *Árbore da memoria*, *Cara inversa*, *Libros conversos*, *A dobre páxina*. Con respecto ao libro *Cartas desde o esquezno* di que recolle as epístolas dun pai dirixidas ao seu fillo e da filla ao pai. Sinala que a obra combina verso e poema en prosa. Destaca que tematicamente xira arredor da soidade, do amor, da perda da memoria e da metapoesía. Subliña a pegada do onírico, do simbolismo e do surrealismo e a influencia doutros autores coma Álvaro Cunqueiro, Luz Pozo Garza Pero Meogo, Nuno Fernandes Torneol ou Martin Codax. Fai referencia a outra obra de Baldo Ramos titulada *Cartografía do exilio*.

_____, “Alén da experiencia”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Protexa”, marzo 2018, p. 85.

Achégase unha recensión do poemario *CO CO CO U* (La uña RoTa, 2017) de Luz Pichel. Infórmase de que o libro conta cun epílogo a cargo de María Salgado. Subliñase o carácter experimental da obra e dise que pivota arredor das vivencias da autora e da súa posición nun espazo chamado Alén. Dáse conta de que o poemario está situado máis alá da normativa lingüística. Resáltase que o poemario presenta a diversidade da voz lírica en relación ás obras anteriores da autora *Casa pechada* (2006) marcada pola perspectiva cativa e fantástica, a da interferencia lingüística do castelán en *Cativa en su lughar/ casa pechada* (2013) e a do cambio de linguas en *tra(n)shumancias* (2015). Explícase que a obra foi traducida ao castelán por Ángela Segovia. Faise referencia a que a produción da autora pivota en torno á creatividade verbal e fonética, pero tamén arredor do intimismo e das vivencias, da lingua usada e da perspectiva conversora da poesía.

Álvarez Pousa, Concepción, “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da terra vianesa”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 107, xaneiro/febreiro/marzo/ abril 2018, pp. 43-66.

Ofrece un percorrido pola vida e obra do escritor e mestre Laureano Prieto polo cuadrexésimo aniversario do seu pasamento. Subliña aqueles aspectos máis relevantes da súa biografía, destacando o seu férreo compromiso coa cultura, política e lingua galegas. Álvarez Pousa presenta ao escritor como “un gran divulgador da cultura popular galega”. Así mesmo, sinala que a súa obra *Contos vianeses* (1958) é considerada unha das obras centrais da segunda metade do século XX. Tamén comenta que foi o principal iniciador e estudioso das características do dialecto vianés e noméanse algúns dos seus traballos máis relevantes. Por último, destaca a súa faceta como cultivador de contos e autor de literatura infantil e xuvenil galega.

Angosto Saura, Tiburcio, “A difícil comprensión do inhumano”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Protexa”, marzo 2018, p. 89.

Recensión da obra *Lisboa e o mal. Notas* (Elcercanoediciones, 2017) de Santiago Lamas. Explica que a obra está dividida en dúas partes tituladas “Lisboa e o mal” e “Islam e os terroristas suicidas”. Informa de que cada bloque está artellado en seccións breves e destaca a amplitude das fontes filosóficas, ideolóxicas, sociolóxicas, antropolóxicas, lexislativas e literarias da bibliografía consultada para desenvolver os diferentes asuntos tratados. Dá conta de que a primeira parte trata a diferenza entre o mal procedente da natureza e o que ten a súa orixe no ser humano, en relación ao maremoto que se produciu en Lisboa no século XVIII, e logo explora a definición do mal dende a teoloxía até a literatura. Subliña que o segundo bloque inclúe unha comparativa entre o islam, o catolicismo, o budismo e o xudaísmo e que afonda nas derivas terroristas do primeiro.

Angueira, Anxo, “Rexeneración, Renacemento, Renacenza, Rexurdimento”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 107, xaneiro/febreiro/marzo/ abril 2018, pp. 15-42.

Pretende ser un complemento doutro artigo previo publicado no anterior número desta revista titulado “Renaissance, Risorgimento, Renaixença, Rexurdimento”. Nel, ofrece unha revisión historiográfica das fronteiras entre períodos concretos da historia. Reflexiona sobre a necesidade de repensar a historiografía galega do século XIX e as conexións do Rexurdimento galego en relación co concepto de “Renacemento” no eido europeo. Desenvolven, tamén, cuestións referidas ao xurdimento do concepto de “Renacemento” e doutros movementos do século XIX tales como o Risorgimento italiano ou a Renaixença catalá. Do mesmo xeito, comenta a posibilidade de que figuras autorais do Rexurdimento –como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez ou Eduardo Pondal– nunca chegaron a definir a si mesmos como autores do Rexurdimento xa que o termo non existiría na época.

Anllo, Xoán, “A Nosa Galiza: eixo do asociacionismo da emigración galega en Xenebra. Unha ollada crítica e nostálgica”, *Grial*, n.º 218, “Historia e memoria”, abril, maio e xuño 2018, pp. 107-113.

Ofrece un estudo sobre a historia e as actividades da institución A Nosa Galiza, fundada polos emigrantes galegos en Xenebra. No tocante á literatura galega, alude ao vínculo de José Ángel Valente con A Nosa Galiza e menciona o seu libro *Cantigas de alén* e mais os poemas “Sub nocte” e “Paxaro de prata morta”. Sinala que este último texto está dedicado a Luís Pimentel co gallo da conmemoración da súa figura polo Día das letras Galegas. Tamén destacan os nexos da institución coa figura de Castelao e á súa obra *Sempre en Galiza*. Fai referencia á ligazón con A Nosa Galiza doutras figuras relevantes da literatura galega coma, entre outros, Alonso Montero, Filgueira Valverde, Rodríguez fer, Xohán Cabana, Manuel María, Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Camiño Noia, Novoneyra, Neira Vilas, Carlos Casares, Fina Casalderrey, Antón Avilés de Taramancos ou Peña Novo. Tamén dá conta, en relación á institución, da saída do prelo do volume colectivo sobre o camiño de Santiago, titulado *Faíscas Xacobeas* con textos de Luz Pozo Garza, María Lopo, Fernández del Riego ou Carmen Blanco.

Ares Pérez, Carlos Xabier, “A primeira estación docente do profesor Carlos Casares”, *Ferrolanálisis. Revista de Pensamiento y Cultura*, nº 31, 2018, pp. 187-193.

Presenta un percorrido pola vida e obra do escritor Carlos Casares, prestando especial atención a aqueles aspectos máis relevantes da súa traxectoria vital e literaria. Ares Pérez coloca o foco sobre a influencia que exerceu na súa vida e na súa produción literaria Viana do Bolo.

Arias Chachero, Patricia, “Exercicio literario ben documentado”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 75-76.

Ofrece unha recensión da obra *O xardineiro dos ingleses* (Galaxia, 2017) de Marcos Calveiro. Subliña que a novela foi galardoada co Premio García Barros 2017. Salienta que narra os principais fitos sucedidos en Vilagarcía de Arousa no século XX. Di que o libro mestura historia e ficción para retratar a vida das clases altas e baixas da vila. Anota que, conforme avanza a novela, súmanse numerosos personaxes aos tres protagonistas. Destaca a combinación de tempos narrativos. Comenta que acción desencadease a raíz das investigacións dun escritor sobre a persoa que coidaba unha propiedade inglesa. Fai fincapé na importancia que adquiren na novela as relacións dos ingleses cos galegos e que teñen que ver cunha das protagonistas. Tamén afonda na importancia do estoupido da Guerra Civil e as consecuencias para a vila que aparecen recollidas na novela.

_____, “Os testamentos de Ramón Otero Pedrayo”, *Grial*, n.º 218, “Documentos”, abril, maio e xuño 2018, pp. 49-59.

No contexto dun estudo temático, lingüístico e contextual sobre varios testamentos que redactou Otero Pedrayo antes da súa morte alude á súa obra *O libro dos amigos* (1953). Tamén menciona á súa relación coa editorial Galaxia ou con outros persoeiros da literatura galega coma Ramón Piñeiro, López Cuevillas, Vicente Risco, Bouza Brey, García-Sabell ou Fernández del Riego. Por último, achega a transcripción de tres documentos que se corresponden con tres testamentos diferentes do escritor.

_____, “No silencio abafante da posguerra”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 81-82.

Ofrece unha recensión da obra *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017) de Xavier P. DoCampo. Fai referencia ás obras anteriores do autor *O misterio das badaladas* (1986), *A chave das noces* (1998), *Cando petan na porta pola noite* (1994) e *O país adormentado* (2012). Di que *A nena do abrigo de astracán* constiúe unha obra para o público adulto, ambientada na década dos corenta e protagonizada por unha rapaza que vai vivir cos seus padriños á vila de Ribadaínsua trala morte dos seus pais. Explica que van debullando, a través dun narrador omnisciente, as situacións de coerción propias da posguerra que padecen diferentes habitantes da vila e a determinación da protagonista de lles facer fronte.

Asorey, Daniel, “Na calor do mortal frío”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 79-80.

Ofrece unha recensión da obra *O rapaz que nunca existiu* (Rinoceronte, 2017) de Sjón e

comenta que a novela está situada en Reykjavik e que acontece no inverno de 1918 mais tamén inclúe pasaxes do verán de 1929. Informa tamén de que, a partir da perspectiva do adolecente protagonista, trátanse feitos históricos como a dependencia de Islandia o a irrupción da gripe española. Salienta que a novela tamén recolle as vivencias da vida cotiá do protagonista coas súas afeccións e os seus amoríos homosexuais e heterosexuais. Destaca o erguemento que ten lugar na obra da identidade individual á par da social. Dá conta de que a obra foi galardoada co Premio Literatura de Islandia.

Avendaño, Xurxo G., “Fetén 2018. As mil ondas do mar”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 94, 2018, pp. 33-35.

Achegan as propostas que considera máis relevantes de entre as presentadas na Feira Europea de Artes Escénicas para Niños y Niñas celebrado en Xixón. No tocante á literatura galega destaca a posta en escena do espectáculo para monicreques *A galiña azul*, baseada na obra do mesmo título de Carlos Casares, a cargo da compañía Tanxarina e dirixida por Cándido Pazó. Salienta que esta obra foi galardoada co Premio Fetén ao Mellor Espectáculo de Títeres. Ademais, informa tamén da posta en escena da obra *Redondo* a cargo de Caramuxo teatro. Di que a obra está dirixida ás crianzas e que a temática xira arredor da forma circular.

Avión, Isabel G., “III xornadas coeducar en igualdade”, *Aulas libres*, “formación”, n.º 10, 2018, pp. 12-13.

Destaca as principais actividades levadas a cabo durante as Terceiras Xornadas de Coeducar en Igualdade organizadas polo Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza. No tocante á literatura galega, menciona que destaca a figura de Rosalía de Castro ao abeiro dun obradoiro. Prn

Axeitos, Xosé Luís, “Matar a Ferrín”, *Luzes*, n.º 55, “Ás ceibas”, abril 2018, p. 55.

Achega unha reflexión sobre o posicionamento en contra de Méndez Ferrín dos membros da RAG vinculados arredor da figura de Ramón Piñeiro e da editorial Galaxia. Sitúa a evidencia deste conflito en torno ao ano 2009 co gallo da conmemoración de Ramón Piñeiro polo Día das Letras Galegas. Afonda na perspectiva ideolóxica que encarna o escritor e na súa oposición ao piñeirismo. Ademais, fai referencia á obra de Ferrín *Retorno a Tagen Ata*.

Baamonde, Antón, “Honestidade intelectual”, *Tempos Novos*, n.º 253, “En foco”, xuño 2018, pp. 30-31.

No contexto dunha reflexión sobre a situación lingüística, económica, social, política e cultural de Galicia faise referencia a Otero Pedrayo e a Álvaro Cunqueiro.

Baca, Yolanda, “Son contadas as...”, *Luzes*, n.º 53, “As libreiras”, febreiro 2018, p. 88.

Ofrece unha recensión da obra *Izan o da saca* (Xerais, 2015) de Xabier Quiroga. Destaca

o misterio que envolve o argumento, así como o pouso histórico, o carisma das personaxes, a organización e a riqueza da linguaxe. Fai referencia a importancia do espazo da Ribeira Sacra.

_____, “Despois deste...”, *Luzes*, n.º 60, “As libreiras”, setembro 2018, p. 89.

Ofrece unha recensión da obra *Ons* (2015) escrita e publicada por Carlos Meixide. Fai referencia á traxectoria profesional do autor e destacan as súas obras *Ons*, *Cans* e *Guitiriz*. Explica que se trata dunha serie de obras que narran as aventuras de catro compañeiros e un can. Subliñase a relevancia da intriga e da temática de aventuras e amorosa. Salienta o papel do humor. Sinala que se trata de obras cunha linguaxe e unha perspectiva propias da mocidade á que van dirixidas. Destaca a importancia que adquire nas obras a pegada cultura, xeográfica e identitaria de Galicia.

Baltrusch, Burghard, “Conversa con Lupe Gómez”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Protexa”, xullo 2018, pp. 76-78.

Entrevista á poeta Lupe Gómez na que se fai referencia á súa obra *Camuflaxe* (Chan da Pólvora, 2017) que foi galardoada co Premio da Crítica. Alude a que a obra anterior da autora *O útero dos cabalos* recibiu o Premio Johán Carballeira do ano 2003 e a obra *Azul e estranxeira* foi galardoada co Premio Eusebio Lorenzo Baleirón no ano 2004. Explica que a primeira publicación da autora, *Pornografía* (1995), correu ao seu propio cargo. Reflexiona sobre a posición canónica da autora no sistema literario galego. Na entrevista trátase o nacemento da obra *Camuflaxe* e a súa xénese vinculada á morte da nai da autora e ás súas vivencias con familiares e veciños. Destácase o labor de edición de Antón Lopo e o pouso de espiritualidade do poemario. Alúdese a Uxío Novoneira e ao seu escrito “Dos soños teimosos”. Sinalase que a temática do poemario xira arredor da memoria, da política, da figura da nai, da maternidade, da lingua, da cultura e da natureza rural galegas.

_____, “Poesía, política e existencia en *Camuflaxe* de Lupe Gómez”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Protexa”, xullo 2018, pp. 79-80.

Recensión da obra *Camuflaxe* (Chan da Pólvora, 2017) de Lupe Gómez. Fai referencia a que a temática do poemario xira arredor da política, da aldea e da cidade, dos lazos familiares, do tradicional, do cultural, do corporal, da paisaxe, da fala, da memoria, do sufrimento, da melancolía, da liberdade ou da morte. Explica que a obra presenta as voces de varias mulleres e destaca o pouso histórico, feminista e existencial das composicións. Sinala a relevancia da figura da nai e da maternidade na obra así como a pegada da realidade e da espiritualidade. Subliña a teatralidade coa que é tratado o mundo rural nos poemas. Dende o punto de vista estético, destaca a combinación de prosa e verso e o carácter vangardista da obra.

Barbosa, Micaela, “Fazer a festa. Um festival entre a fruição e a reflexão”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 94, 2018, pp. 36-38.

Dá conta das postas en escena e doutras actividades levadas a cabo co gallo da trinta e sete edición de Fazer a Festa, Festival Internacional de Teatro para a Infancia e Juventude, a cargo do Teatro Art’Imagen. No tocante á literatura galega, destaca a representación

das obras *O último dragón* por parte da compañía Sarabela Teatro, *Dança da Chuva* por parte da compañía Elefante Elegante e *Luppo* por parte de Baobab Teatro. Apunta que *O último dragón* está dirixida por Fina Calleja, *Dança da Chuva* por María Torres e *Luppo* por Óscar Ferreira. Destaca os elementos musicais, xestuais e visuais das postas en escena así como a súa temática clásica, sobre a seca e sobre os sentimentos respectivamente.

Barreiro, Manu, “BD alternativo para calquer idade”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Masa crítica”, xuño 2018, p. 78.

Ofrécese unha recensión da obra de banda deseñada *Alter-nativo* (Aira, 2017) de Jorge Campos. Destácase o carácter innovador da obra tanto pola ausencia de texto como polo formato de catro metros. Alúdese a que o autor foi galardoado tres veces no certame de banda deseñada de Cangas. Explícase que a obra trata, dende diferentes vieiros, as aventuras dun naufrago nunha illa. Faise referencia ás características formais da obra salientando a sinxeleza dos debuxos, a configuración en liña e horizontal das páxinas e o uso de cores planas e cálidas. Sinálase a adecuación da obra para o público infantoxuvenil.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “Os epígonos das Irmandades da Fala”, *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, 2018, pp. 8-27.

Repasa os numerosos estudos que saíron á luz dende 2016 até 2018 elaborados con motivo da celebración do centenario das Irmandades da Fala. Destaca a figura de Murguía e a súa férrea actividade galeguista, sendo o encargado de situar a Galicia entre os pobos con historia, lingua e cultura propias, estreitamente vinculado co Rexionalismo. Así mesmo, desenvolve as causas do distanciamento entre as Irmandades da Fala e o escritor. Dedicada, ademais, unhas palabras ao teólogo galeguista Antonio López Carballeira polo seu importante labor cultural e político en Galicia.

_____, “O retrato do socialista Rubio Heredia, obra de Castelao, obra de Castelao”, *Grial*, n.º 217, “Música e Artes Escénicas”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 117-121.

No contexto dun estudo sobre a estadía de Castelao en Badaxoz e sobre a morte do seu amigo na cidade Pedro Rubio Heredia, alude á obra *Sempre en Galiza* e menciona a relación de Castelao con outras figuras relevantes da literatura galega coma Otero Pedrayo.

Bernárdez, Carlos L., “Luz de papel”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Protexa”, abril 2018, p. 96.

Recensión da obra *Tinta de luz* (Chan da pólvora, 2017) de Pepe Cacán. Explica que o libro presenta os poemas do autor coas ilustracións da pintora Berta Cacán. Informa de que a obra foi publicada na colección “Udra” e que vai dirixida aos máis novos. Destaca que o pouso do ludimo na obra baseado na expresividade verbal. Subliña a viveza das pinturas e o nexo existente entre os compoñentes visuais e os textuais da obra co propósito de alentar a captación da lectura. Resalta a pegada no libro da inventiva, dos xogos e da liberdade. Prn

Bernárdez Vilar, Xoán, “Crónica da cultura”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 98-109.

Achega unha crónica sobre diversos fitos da cultura galega. No tocante á literatura galega, salienta a conmemoración do corenta aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada* o 19 de xaneiro na Real Academia Galega. Destaca que Alberto Ramos Ríos gañou a XVII edición do Premio Risco de Creación Literaria coa obra *A simetría das bestas* que xira arredor das dificultades económicas e sociais da actualidade. Apunta que Marilar Aleixandre gañou o Premio Raíña Lupa coa obra *A filla do Minotauro* sobre unha entidade que resgarda obras artísticas. Di que Andrea Maceiras foi finalista do mesmo premio coa obra *Como bágoas de Dragón*. Informa de que Estíbaliz Espinosa gañou o Premio de Poesía Afundación coa obra *As neuronas irmás*. Comenta que Méndez Ferrín recibiu o Premio Voz e Liberdade e Margarita Ledo Andián o Premio Otero Pedrayo. Dá conta de que Diego Alfonsín Rivero gañou o Premio Manuel Lueiro Rey coa obra *Non o saben as estrelas* e que Antón Rodríguez Lopo gañou o Premio Manuel Loureiro Rey coa obra *Corpo*.

Biscainho-Fernandes, Carlos-Caetano, “Testemuñas textuais dun facer escénico”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 89-90.

Ofrece unha recensión das obras *Río Bravo* (Kalandraka, 2017) e *Annus Horribilis e outros musicais* (Kalandraka, 2017) da compañía teatral Chévere. Fai referencia a que as dúas obras saen ao prelo co gallo do trinta aniversario de Chévere e alude á próxima publicación das pezas *Eroski Paraíso*, *Eurozone* e *Citizen*. Di que as obras inclúen só a parte textual do espectáculo dramático xunto con notas sobre a posta en escena e as letras das cancións das seguintes pezas: *Big Bang* (1992), *Órbita mutante* (1997), *O Show sincero de Ana Pudor* (1999), *Humana* (2002), *Ultranoite no país dos ananos* (2014) e *O electricista da catedral* (2012 e 2013). Apunta que a compañía teatral recibiu os seguintes galardóns: Premio da Crítica de Galiza (2011), Premio de Honra da MIT de Ribadavia (2012) e o Premio Nacional de Teatro (2014). Menciona que as características principais dos textos presentados son o humor, o xogo co público e as perspectivas inesperadas para recrear a realidade.

Blanco Araújo, Lois “Marcelo Ndong: o galego que emigrou ao seu país”, *Luzes*, n.º 54, “Entrevista”, marzo 2018, pp. 81-85.

No contexto dunha entrevista ao actor ecuatoriano Marcelo Ndong na que se fai un percorrido pola súa biografía e pola súa traxectoria profesional menciona a obra de teatro *Manoliño Nguema, dous mundos que se tocan*, e tamén a Castelao e as súa obras *Os vellos non deben de namorarse*, *Cousas* e *Sempre en Galiza*.

Bragado, Manuel, “Leticia Costa: “O que precisa a rapazada son lentes violetas”, *Luzes*, n.º 60, “Entrevista”, setembro 2018, pp. 69-75.

Achega unha entrevista á escritora Leticia Costa na que dá conta da relación entre a súa biografía e a súa escrita. No tocante á literatura galega, menciónanse, entre os seus referentes, *A sombra cazadora* de Suso de Toro e *Cartas de inverno* de Agustín Fernández

Paz. Alude á tradución ao italiano da súa obra *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, ao seu poemario *Xardín de inverno*, á súa primeira obra *Unha estrela no vento* e á obra *O corazón de Xúpiter*. Fai referencia a outros autores como Jacobo Fernández Serrano ou Antonio Manuel Fraga. Incide na concepción da literatura infantil e xuvenil como xénero independente que defende a escritora e na relevancia da rebeldía e o empoderamento das mulleres presentes nas súas obras *Unha estrela no vento*; *O corazón de Xúpiter*; *Escarlatina, a cociñeira defunta*; *Recinto gris*; *As peripecias de Extravaganzza Pérez*; *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*; *A señorita Bubble* e *A balada dos unicornios*. Salienta como referentes da súa escrita Marga Rodríguez Marcuño, Manuela Pena e María Xosé Queizán. Destaca a importancia da morte, do humor, da ciencia, do macabro, da natureza, da diversidade, da igualdade ou da pegada social na obra de Leticia Costas en relación á obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*; *A señorita Bubble*; *As peripecias de Extravaganzza Pérez*; *A balada dos unicornios*; *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*; *Un animal chamado néboa*; *Recinto gris* ou *O corazón de Xúpiter*. Comenta que *Escarlatina, a cociñeira defunta* foi galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Alude á obra *A nena do abrigo de Astracán* de Xavier Docampo e a outros autores como Manuel Rivas ou Suso de Toro. Por último, fai referencia á tradución ao inglés de *Un animal chamado néboa*.

Candedo, Mariló, “Somos de adoptar”, *Luzes*, n.º 61, “Ás ceibas”, outubro 2018, p. 19.

No contexto dunha reflexión sobre o proceso de adopción a nivel internacional citan os seguintes versos do texto poético “Soñeite” de Marta Dacosta: “... e chegaches por fin/ para vivirme en cada aceno/ en cada caricia da túa pel morna/ nese quererme sen fin e sen medida”.

Carrera Hortas, Pedro, “A dor sen dor”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Protexa”, xaneiro 2018, p. 86.

Achégase unha recensión da obra *A morte do meu pai* (Hércules, 2017) de Afonso Eiré. Explícase que constitúe un poemario que xira arredor dos últimos días do proxenitor do escritor. Apúntase o carácter biográfico da obra. Saliéntase a sinxeleza da linguaxe empregada. Destácase o tratamento da dor na obra así como a temática sobre a relevancia da morte para a comprensión da existencia. Tamén se destaca a conxunción no poemario dunha idea individual e íntima do pasamento fronte á concepción de dor colectiva e pública propia da cultura galega.

Castelao, Pedro, “Discurso na presentación da obra conmemorativa dos 40 anos de *Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 59-65.

Recolle o discurso que Pedro Fernández Castelao pronunciou no acto que tivo lugar na Real Academia Galega con motivo da conmemoración do corenta aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada*. Destaca a relevancia da revista *Encrucillada*, destacando a diversidade de contido das súas publicacións que abranguen dende unha temática ideolóxica, cultural, económica até a científica. Fai fincapé na relevancia lingüística da revista, que emprega exclusivamente o galego para as súas publicacións e salienta a

perspectiva relixiosa que ofrece en relación á cultura galega. Alude tamén á presentación da monografía *As letras galegas na Encrucillada-Estudos literarios en 40 anos de revista*. Explica que constitúe unha obra en dous volumes nas que se recollen todas as achegas publicadas na revista sobre literatura galega e, en concreto, a figura á que se lle dedicou nos últimos corenta anos o Día das Letras Galegas.

_____, “En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar. Rituais despois de Deus*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 208, maio-xuño 2018, pp. 83-93.

Achega unha revisión crítica da obra *Humildar. Rituais despois de Deus* (Xerais, 2017) de Suso de Toro. Explica que a obra constitúe unha reflexión, elaborada a partir das vivencias de Suso de Toro, sobre as repercusións que tivo o abandono da relixión xudeo-cristiá na época moderna. Indica que na obra o autor desacredita a relixión ao ligala coas supersticións. Reflexiona sobre e a proposta dunha crenza civil sen transcendencia relacionada coa creación e coa vivencia de carácter estético e centrada na relevancia de circunstancias vitais exclusivas e irrepitibles. A continuación, Pedro Castelao cuestiona diversos aspectos da concepción da relixión xudeo-cristiá que achega Suso de Toro na obra, destacando entre eles o antropomorfismo, a preocupación pola natureza, a igualdade entre homes e mulleres ou a visión xenérica e resumida da historia relixiosa que fai o escritor.

_____, “Dialogar sempre é posible”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 209, setembro-outubro 2018, pp. 73-82.

A propósito da obra de Suso de Toro *Humildar. Rituais despois de Deus* (Xerais, 2017) Pedro Castelao responde aos comentarios que Suso de Toro apostillou ás súas críticas sobre libro no seu artigo “Dialogar non debera ser difícil”. No tocante á obra de Suso de Toro, Pedro Castelao mantén que a obra implica a proposta dunha relixión civil sen transcendencia, relacionada coa creación e coa vivencia de carácter estético, e centrada na relevancia de circunstancias vitais exclusivas e irrepitibles. Castelao incide nos paralelismos entre a proposta de Suso de Toro e o cristianismo. Tamén afonda nas críticas a diversos aspectos da concepción relixiosa presentada na obra por Suso de Toro, destacando, entre eles, a relación do xudeo-cristianismo coa natureza ou a tendencia do escritor a resumir e xeneralizar os feitos relixiosos.

Castelao Mexuto, Manuel, “Na nebulosa do Anxo: *Loaira* revisitada”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 14, 2018, pp. 133-154.

Recensiona a novela *Loaira* (Galaxia, 1992), de Anxo Rei Ballesteros, referíndose a ela como “a mellor novela galega do S. XX”. Salienta a escasa atención que tivo por parte da crítica e salienta un único estudo sobre a obra elaborado por González-Millán. Tamén desenvolve cuestións relacionadas co carácter singular da obra, a análise das coordenadas espazo-temporais e os personaxes da novela (algúns deles xa apareceron noutra novela do autor titulada *Dos anxos e dos mortos*). Castelao Mexuto desenvolve os grandes temas que trata a novela como son a falta de liberdade, a opresión política, o amor (destacando o personaxe de Brigit) e o transnacionalismo (onde Galicia cobra un protagonismo fundamental). Salienta, tamén, o carácter innovador do discurso narrativo. Tamén alude á estrutura formal da obra, composta por capítulos sen unha orde secuencial e comenta as múltiples lecturas que ofrece. Por último, enxalza a riqueza e variedade léxica da novela e aposta por unha escrita singular e propia, caracterizada polos trazos propios de cada

variedade dialectal.

Castro, Francisco, “Crónica de Nova York. A cidade da soidade. Unha viaxe con Inma López Silva e Cristina Pato”, *Grial*, n.º 219, “Crónica”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 138-143.

No contexto dun artigo sobre a viaxe de Francisco Castro á cidade de Nova York alude á lectura da obra de Inma López Silva *New York, New York* (Galaxia, 2007).

Cermeño, Ana, “Antonio Durán Morris: “A Charlín roubeille a alma”, *Luzes*, n.º 61, “Ás ceibas”, outubro 2018, pp. 37-41.

No contexto dunha entrevista ao actor Antonio Durán Morris fai referencia ao seu papel de Milhomes na adaptación cinematográfica da novela *A Esmorga* de Blanco Amor. Tamén fai alusión ao seu labor na compañía Teatro Artello e á súa participación nas pezas *As nubes*, *A cantante calva* ou *Celtas sen filtro*. Fala do seu papel na obra *Woyzeck* a cargo do Centro Dramático Galego ou tamén da súa participación n’*O enfermo imaxinario*.

Cid, Alba, “O texto como goce, o texto como abismo”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, p. 86.

Ofrece unha recensión da obra *Curiosidade* (Aira, 2017) de Estíbaliz Espinosa. Di que o libro inaugura a colección Fina Rei de textos poéticos escritos por mulleres. Informa que a temática do poemario xira arredor dos vínculos entre as humanidades e as ciencias, da historia individual e colectiva de Europa, das reclamacións das mulleres, do desexo ou das contradicións. Ademais, destaca o recurso ao humor, ao diálogo co lectorado, ao desmantelamento semántico da linguaxe, ás referencias intertextuais, ás repeticións e aos xogos de palabras e sons.

_____, “Ceo ou cénit: A autoría feminina na poesía galega”, *Luzes*, n.º 56, “As Avante todas!”, maio 2018, pp. 39-42.

Achega un estudo sobre á problemática da publicación, recepción e recoñecemento da poesía galega escrita por mulleres dende Rosalía e a década dos noventa até a actualidade. Alude á obra de Rosalía de Castro, salientando os seus poemarios *Follas Novas* e *Cantares gallegos*, para afondar nos problemas de estudo crítico e difusión que atinxen á súa produción. Traza unha panorámica sobre os factores sociais, políticos e culturais que influiron no impacto e a repercusión da obra poética das escritoras que publicaron nos seguintes anos. Menciona a María Mariño, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Kruckenberg, Margarita Ledo Andión, Pilar Pallarés, Luísa Villalta, Xela Arias ou Xohana Torres e cita as obras *Os novísimos da poesía galega*, *Daquelas que cantan...*, *Poetas con Rosalía* e *De Cantares Hoxe...* Menciona a obra *Adiós, María* de Xohana Torres e publicacións periódicas como *Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna*, *Luzes de Galicia* ou *Andaina*. Fai referencia ás obras *Con pólvora e magnolias*, *Mesteres* e *Seraogña*. Alude aos estudos sobre a poesía galega escrita por mulleres *Elas e o paraugas totalizador* ou *O noso corpo é un campo de batalla*.

_____, “Xacintos en auga”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Gabinete de curiosidades”, febreiro 2018, p. 90.

A propósito do comentario dunha escena incluída na obra poética de T. S. Eliot alude á súa obra *A Terra Maniña* e á tradución ao galego a cargo de Álvaro de Prado no ano 1996 e tamén á súa obra *A Terra baldía* e á tradución ao galego a cargo de Armando Requeixo e M^a Fe González Fernández no ano 1998.

_____, “Anatomía familiar”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Protexa”, marzo 2018, p. 86.

Recensión da obra *Lumes* (Apiario, 2017) de Ismael Ramos. Fai referencia que a obra anterior do autor *Hábitat/Interferencias* foi galardoada co Premio Francisco Añón. Alude á obra anterior do autor *Os fillos da fame* (Xerais, 2016). Explica que o poemario presenta a intimidade e a individualidade como ideoloxía e diferentes maneiras de achegarse ás vivencias. Destaca o emprego da ironía e o recurso ao illamento na obra. Subliña que o libro pivota arredor do trato familiar co sufrimento que implica e tamén en relación á morte. Saliéntase a pegada cultural da obra. No tocante ao estilo, resalta a pegada da fábula e o emprego de composicións longas e fragmentadas. Informa de que a obra e o poeta recibiron o Premio Fervenzas a Mellor libro de poesía 2017 e Autor do ano.

_____, “Lilas, tempo gris”, *Tempos Novos*, n.º 251, “gabinete de curiosidades”, abril 2018, p. 98.

A propósito de diversos comentarios arredor das lilas, menciona os Xogos Florais celebrados na Coruña e a publicación destes poemas no 1862 no *Álbum de la caridad*. Tamén alude aos estudos de Xaquín Lorenzo sobre estas plantas.

_____, “Máis ca un taboleiro de pinterest”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Protexa”, xuño 2018, p. 85.

Recensión da obra *Cervatos* (Faktoría K de libros, 2017) de Lucía Novas que fai referencia tamén ao poemario anterior da autora *Neve* (Espiral Maior, 2017). Destaca a brevidade das composicións que presenta o poemario, así como o emprego de enumeracións, o recurso á comicidade e a importancia do silencio. Tamén sinala a unidade temática dos poemas, sinalando que pivotan arredor da nostalxia e o retrato da realidade cotiá e distante dende unha perspectiva xuvenil.

Corbillón, Mercedes “Poucos homes tan...”, *Luzes*, n.º 54, “As libbreiras”, marzo 2018, p. 86.

Ofrece unha recensión da obra *Cabalo de Ouros* (Galaxia, 2010) de Víctor Freixanes. Sobresae a caracterización entre realista e fantástica das personaxes que aparecen na obra. Infórma de que a temática do libro xira arredor dunha partida de cartas de varios días con cartos e crimes de por medio. Destaca o retrato da sociedade que achega a novela na que se amosa a prostitución, a vida disipada dos cegos ou a explotación dos mineiros. Sinala que a novela está protagonizada por unha muller que vai poñendo de manifesto as inxustizas. Dende o punto de vista estilístico resalta a riqueza e a claridade da prosa.

Corderí, José, “*Vidas imaxinarias...*”, *Luzes*, n.º 53, “As libreiras”, febreiro 2018, p. 89.

Ofrece unha recensión da obra *Vidas imaxinarias* (Aira editorial, 2017) de Marcel Schwob. Explica que o libro conta as vidas de vinte e dúas personaxes reais e inventadas. Destaca a simplicidade das biografías individualizadas a partir de vivencias particulares e accidentais. Afonda na variedade de personaxes incluídas na obra dende criminais, defuntos e artistas até divindades. Sinala a relevancia da ambientación e das ilustracións que integran a tradución galega.

Cores Torres, Antía, “O álbum musical en lingua galega: análise dende a perspectiva lingüística e cultural de Galicia”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “A lingua”, 2018, pp. 40-42.

No contexto dun estudo sobre as posibilidades metodolóxicas do álbum musical en Galicia e en relación á literatura galega, alude ás obras de Mamá Cabra, María Fumaça, Pablo Díaz, A Gramola Gominola, As Maimiñas ou Pago Nogueiras.

Costas, Xosé Henrique, “A difusión da obra de Fernández Morales en Galicia”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Antonio Fernández Morales: o cantor do Bierzo”, n.º 378, 2017, pp. 571-581.

Achega un estudo sobre a divulgación da figura e da produción de Antonio Fernández Morales no ámbito literario galego. Apunta a necesidade de que o autor sexa considerado pola Real Academia Galega para que se honre a súa figura e a súa obra no Día das Letras Galegas, co obxectivo de robustecer o uso da lingua galega no territorio do Bierzo. Fai fincapé no interese de analizar os seus escritos poéticos e tamén na relevancia lingüística que amosan sobre o emprego do galego no Bierzo.

Dasilva, Xosé Manuel, “*La catedral y el niño*, novamente”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 112-119.

No contexto dun estudo sobre a novela de Blanco Amor *La catedral y el niño* menciona outras figuras relevantes da literatura galega coma Castelao, Rafael Dieste, Valentín Paz-Andrade ou Francisco Fernández del Riego. Alude a outras obras do autor como *A esmorga*, *Xente ao lonxe* e *Os biosbardos*. Fai referencia á tradución ao galego de dúas seccións da novela publicadas no xornal *A Nosa Terra* baixo o título “Primaveira” e “Noiturnio”. Menciona os poemarios de Blanco Amor *Romances galegos* (1928), *Poema en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1956).

_____, “*Sempre en Galiza* en versión inglesa”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 81-83.

Ofrece unha recensión da obra *Forever in Galicia* (2016, Francis Boutle Publishers). Informa de que se trata da tradución ao inglés da obra de Castelao *Sempre en Galiza* a cargo de Craig Patterson. Achega un percorrido pola traxectoria editorial do libro noutros idiomas. Destaca a existencia de dúas traducións ao castelán, unha ao catalán e outra ao

éuscaro e dúas ao portugués. Fai referencia á tradución ao inglés de certas partes da obra que foron recollidas na antoloxía *Anthology of Galician literature = Antoloxía da literatura galega (1196-1981)*. Salienta que Craig Patterson traduciu tamén *A Esmorga* ao inglés e participou na tradución de *Cousas* de Castelao a esa lingua. Menciona as principais investigacións do tradutor sobre a figura e a obra de Castelao. Afonda nas dificultades tanto editoriais como lingüísticas para levar a cabo a tradución de *Sempre en Galiza*.

_____, “Narracións breves de Carlos Casares”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 77-78.

Ofrece unha recensión do libro de relatos *O suicidio de Jonas Björklund e outras historias* (Galaxia, 2017) de Carlos Casares. Menciona a relación desta obra con outros libros de narrativa breve do autor como *Vento ferido*, *Os escuros soños de Clío* e *Xoguetes para un tempo prohibido*. Explica que se trata dunha recompilación de textos breves de Casares xa publicados en diferentes medios entre 1965 e 2001. Fai referencia a que a obra foi editada por Xosé Soutullo e a que Soutullo é responsábel do prólogo, no que achega as características temáticas e estilísticas máis destacadas dos textos, como a violencia ou o humor. Fai fincapé no corte variado dos relatos que abrangue dende a ficción até a biografía. Informa de que a obra inclúe textos en castelán e alude a outras obras do autor coma *Os mortos daquela verán* en relación á súa obra traducida ao castelán.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “Senlleiros e esquecidos. Paseos e paseantes nocturnos na terra de Celanova dende o verán do 36”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 107, xaneiro/febreiro/marzo/abril 2018, pp. 97-110.

Recolle, de xeito parcial, o comentado polo autor no *VIII Seminario sobre a memoria: a longa noite de pedra*. Así, reflexiona sobre a temática da represión levada a cabo na terra de Celanova coa sublevación fascista de 1936. Comenta algunhas das obras máis significativas deste período, as cales reflicten á perfección o que se estaba a vivir no momento, tales como *Longa noite de pedra* e *Cimenterio privado* de Celso Emilio Ferreiro ou *Arraianos* de Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outras.

_____, “Senlleiros e esquecidos. Paseos e paseantes nocturnos na terra de Celanova dende o verán do 36”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 108, maio/xuño/xullo/agosto 2018, pp. 85-100.

Neste número, o autor reproduce de xeito completo o texto que previamente fora editado de xeito parcial para ser publicado no número anterior da revista.

EXIL, “Trala pista apaixonante de Margot Sponer”, *Aulas libres*, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 10, 2018, p. 33.

Dá conta da publicación do libro de Antón Figueroa *Margot Sponer. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia* e achega un percorrido biográfico do autor. No tocante á literatura galega destaca a súa relación con Vicente Risco e Lois Tobío.

_____, “Novas entregas da “biblioteca de pedagogía” da editorial Kalandraka”, *Aulas*

libres, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 10, 2018, p. 34.

Dá conta da publicación das obras *Carta a un profesor mozo*, de Philippe Meirieu, e *A psicoloxía infantil e a nova educación*, de Jean Piaget, traducidas ao galego do francés por Henrique Harguindey. Fai unha recensión da segunda obra, destacando a súa estrutura en oito partes. Tamén salienta que a temática está centrada nas prácticas docentes e nas súas dificultades, na orientación do ensino cara ao establecemento dunha sociedade baseada na democracia e na concepción da escola como organismo orientado a unha aprendizaxe sustentada na imaxinación e no compromiso.

_____, “O desafío do século. A lingua e a cultura galegas perante as novas tecnoloxías da comunicación”, *Grial*, n.º 220, “Comunicación e sociedade”, outubro, novembro e decembro, 2018, pp. 147-155.

No contexto dunha análise sobre o uso e a presenza do galego e as súas diferentes manifestacións culturais en redes, menciona diversas figuras da literatura galega como Vicente Risco, Xohán Vicente Viqueira, Estíbaliz Espinosa, Manuel Gago, Mario Regueira, Rosa Enríquez, Marcos Calveiro, Manuel Forcadela, Gonzalo Navaza, Tati Mancebo ou Alfredo Ferreiro.

Fernández Rei, Francisco, “O mar e os relatos salpresados de Paco Rivas”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 107, xaneiro/febreiro/marzo/abril 2018, pp. 131-137.

Recensiona o libro *Mar...usía. Relatos salpresados* (Baía Edicións, 2017) de Paco Rivas, con motivo da presentación do libro na Librería Couceiro na cidade compostelá. Ofrece un breve percorrido pola traxectoria vital e literaria de Paco Rivas para logo desenvolver determinadas cuestións en relación á estrutura formal da obra (composta por quince historias) e á temática (cuxo núcleo temático é a vida mariñeira e a morte no mar). Tamén fai referencia á linguaxe empregada polo autor, onde o papel do léxico mariñeiro é fundamental. Finalmente, remata ofrecendo unha sistematización dos diversos tipos de léxico que o público lector pode atopar no texto.

Fontoira Suris, Lydia, “Novas achegas rosalianas”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 92-93.

Recensión sobre a publicación *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos 2* (Fundación Rosalía de Castro, 2017). Fai referencia ás dúas revistas que a Fundación Rosalía de Castro publicou para difundir as investigacións sobre a figura e a obra da escritora: a *Revista de Estudos Rosalianos* con Xesús Alonso Montero como director e *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* a cargo de Xosé Luís Axeitos. Alude á temática do número anterior da revista *Follas Novas* centrada na obra en prosa da autora. Sinala que o segundo número inclúe seis seccións tituladas “Artigos”, “Textos e documentos”, “Recensións”, “Bibliografía”, “Varia” e “Casa de Rosalía”. Informa do contido que abrangue cada apartado, destacando que o primeiro inclúe estudos sobre a produción da autora e sobre outras figuras vinculadas a ela coma Pondal ou Murguía. Con respecto á segunda sección, subliña que estuda as epístolas da familia de Rosalía. No tocante ao apartado “Recensións”, explica que inclúe a análise das obras *Rosalía de Castro, estranxeira na*

súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe) e *Rosalía de Castro e o poder sexual*. Da cuarta parte destaca que inclúe poemas de Marica Campo mentres que da última sección sinala que recolle as actividades levadas a cabo pola Fundación.

Forcadela, M., “Sempre Figueroa”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, p. 86.

Ofrece unha recensión do ensaio *Margot Sponer. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia* (Laivento, 2017) de Antón Figueroa sobre a traxectoria biográfica e os estudos lingüísticos sobre o galego de Margot Sponer. No tocante á literatura galega, menciona a relación da autora con Vicente Risco e a súa obra *Mitteleuropa* e con Castelao.

_____, “O diálogo de Queizán con Rosalía”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Protexa”, xaneiro 2018, pp. 87-88.

Recensión da obra *Rosalía e o poder sexual* (Xerais, 2017) de María Xosé Queizán. Informa de que o libro constitúe un conxunto de escritos recompilados a raíz das publicacións de Queizán sobre Rosalía na revista *A Festa da Palabra Silenciada* e no Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro celebrado en 1985. Destaca que o estudo que sustenta a obra baséase na concepción de que os escritos de Rosalía pivotan arredor do sometemento da muller dende una perspectiva feminista. Salienta a novidade que supón o libro en relación aos estudos de Rosalía doutros autores como Carballo Calero ou Bouza-Brey. Resalta tamén a inclusión de estudos no libro sobre o desengano amoroso na poesía de Rosalía, o rexeitamento á autora no seu contexto histórico e social, a relevancia da literatura escrita por mulleres como forma de rebeldía, a temática do suicidio nos poemas de Rosalía ou a función da autora como antecedente das escritoras actuais. Di ademais que a obra inclúe escritos de creación sobre a figura de Rosalía.

_____, “De parola con... Estíbaliz Espinosa”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Protexa”, xuño 2018, pp. 82-83.

Entrevista á poeta Estíbaliz Espinosa na que se tratan os seguintes temas: a definición de poesía como o traxecto cara a orixe ou cara a unha posibilidade universal e en función da súa relación coa lingua, como forma de experimentación; o vínculo entre a poesía e maternidade, destacando a capacidade de creación en ambos os dous casos e as limitacións da maternidade sobre as actividades literarias e a relación entre poesía e ciencia, salientando como as humanidades fornecen de crítica ao pensamento científico.

_____, “A existencia da insistencia”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Protexa”, xuño 2018, p. 84.

Recensión da obra *Curiosidade* (Aira, 2017) de Estíbaliz Espinosa que destaca a temática da obra arredor da existencia e do pensamento. Sinala o ton de celebración e de elexía que presenta o poemario. Fai referencia ao emprego da mestura de voces na obra e tamén ao relevancia que adquire no poemario o vínculo entre a arte e a ciencia.

_____, “De fumes, palabras e casas”, *Tempos Novos*, n.º 257, “Protexa”, outubro 2018, pp. 81-82.

Recensión da obra *Nomes de fume* (Espiral Maior, 2017) de Miriam Ferradáns. Fala de que a temática da obra pivota arredor da procedencia e da esencia do ser fronte ao estrañamento, a través dos símbolos da vivenda e da escuridade. Sinala que o detonante do poemario é o pasamento e que remata coa consolación. Apunta a relación do suxeito lírico en primeira persoa coa realidade. Destaca o pouso que deixa na obra o existencialismo, o intimismo, o silencio, a soidade, a nostalxia, a arbitrariedade da linguaxe, a súa caducidade ou a súa capacidade instituínte. Pon en relación este libro co poemario anterior da autora: *Deshabitar unha casa*. Reflexiona sobre a imaxe desta construción como representación da existencia, das ansias, do tempo, das limitacións espaciais, do volver e do persistir.

_____, “Conversa con Iolanda Zúñiga”, *Tempos Novos*, n.º 258, “En Destaque”, novembro 2018, pp. 22-27.

No contexto dun artigo sobre a exposición do cadro de Castelao *A derradeira lección do mestre* alude á exposición do Pergamiño Vindel no 2017 e á obra *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

Franco Grande, X.L., “poesía verdadeira”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Todo é peixe”, setembro 2018, p. 46.

Ofrece un comentario sobre os dous libros de poesía publicados por Luis Pousa: *Poemas para Flash Gordon* (Reino de Cordelia, 2017) e *O embigo no mar* (Espiral Maior, 2008). Con respecto ao primeiro, di que constitúe unha visión retrospectiva do pasado marcada pola contención estilística. Destaca a singularidade expresiva da obra e tamén as referencias culturais que presenta en todas as composicións e que convidan á participación do lector. No tocante ao segundo poemario, resalta o valor estético da linguaxe poética empregada que lle serve ao autor para xerar imaxes con gran potencial para a evocación. Destaca o uso na obra das metáforas e pon en relación este poemario coa produción de Iglesia Alvariño e Leiras Pulpeiro.

Freixanes, Víctor F., “40 anos de *Encrucillada*: Á luz das candeas”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 66-70.

Recolle o discurso que Víctor F. Freixanes, en calidade de presidente da Real Academia Galega, pronunciou no acto que tivo lugar nesta institución con motivo da conmemoración do corenta aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada*. Ofrece un percorrido polo contexto histórico no que xorde a revista. No tocante á literatura galega, destaca a relevancia lingüística da revista, que emprega exclusivamente o galego para as súas publicacións e salienta a perspectiva relixiosa que ofrece. En relación a estes dous trazos definitorios menciona as obras *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega* de Araújo Iglesias ou *Unha ducia de galegos*. Tamén menciona figuras relevantes da literatura galega coma Vicente Risco, Rosalía ou Castelao. Faise referencia á presentación da monografía *As letras galegas na Encrucillada-Estudios literarios en 40 anos de revista*. Explica que constitúe unha obra en dous volumes nas que se recollen todas as achegas publicadas na revista sobre literatura galega.

_____, “Territorios da literatura”, *Grial*, n.º 220, “Carta do editor”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 5-7.

Achega unha panorámica sobre os contidos do novo número da revista *Grial*. No tocante á literatura galega, menciona a Álvaro Cunqueiro, a Eduardo Pondal, Blanco Amor e a relevancia de Mondoñedo, Bergantiños, Ourense na súa obra. Tamén salienta os estudos espaciais a cargo de Margarita García Candeira sobre a recreación de Santiago de Compostela na obra de Rosalía de Castro.

_____, “Un novo tempo”, *Grial*, n.º 218, “Carta do editor”, abril, maio e xuño 2018, pp. 5-7.

Achega unha panorámica sobre os contidos do novo número da revista *Grial*. No tocante á literatura galega, menciona o estudo de Xulio Valcárcel sobre a triloxía de Xavier Alcalá titulada *Evanxélica memoria* e integrada polos libros *Entre fronteiras*, *Nas catacumbas* e *Unha falsa luz* sobre os evanxélicos en Galicia dende o remate do século XIX até a fin da ditadura franquista. Salienta os principais persoeiros vinculados a este movemento ou a relación de Curros Enríquez co mesmo.

García Campos, Iván, “A través da luz”, *Tempos Novos*, n.º 258, “protextas”, novembro 2018, p. 82.

Recensión da obra *Anomalía (Materialismo do verán)* (Chan da Pólvora, 2018) de Carlos Lema. Fai referencia a que o autor foi galardoado co Premio Johán Carballeira no 2008 pola súa obra anterior *O xeito de Freud*. Destaca que a temática da obra xira arredor da reflexión a través do íntimo e da temporalidade e sublíñase a relevancia do eu poético como mecanismo de creación. Salienta a relevancia da luz como símbolo da lembranza e coa reconstrución das vivencias. Anota o vínculo entre o recordo, a percepción sensorial e o presente para acadar o autoconecemento. Señala que a melancolía e a sobriedade tamén marcan a temática da obra. No tocante ao estilo resalta o recurso ás elisións.

García Candeira, Margarita, “A cidade e os seus (des)contentos. Santiago de Compostela na obra de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán”, *Grial*, n.º 220, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 40-49.

Achega un estudo sobre o tratamento do espazo de Santiago de Compostela nas obras de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. No tocante á literatura galega, destaca a presenza do casco monumental da cidade e da súa contorna nos poemas “Amigos vellos” e “Na catedral” ou “En Cornes” e “San Lourenzo” de *Follas Novas*. Salienta a tendencia á alegoría na construción espacial que leva a cabo Rosalía de Castro e a súa pretensión de entroncar coa visión moderna das urbes de Europa. Afonda na representación de Santiago vinculado a unha visión do pasado como entidade incomprendible e calada nas composicións “En Cornes” e “Amigos vellos”. Comenta que na composición “San Lourenzo” a poeta vincula a queixa pola restauración do convento coa destrución da historia. Por último, apunta que o tratamento próximo da relixiosidade a través das referencias espaciais nos poemas “Na catedral” e “Amigos vellos”.

García Fonte, M^a dos Anxos, **Sanfíz Raposo**, Henrique, “Unha lectura de *Si a vernos, Marica, nantronte viñeras*, á luz de novos datos”, *Follas Novas. Revista de Estudos*

Rosalianos, n.º 3, 2018, pp. 50-73.

Ofrece unha proposta de análise do poema “Si a vernos, Marica, nantronte viñeras” desenvolvendo cuestións relacionadas co rendemento estilístico das voces poéticas na poesía de Rosalía de Castro e compara o tratamento que se fai da temática da romaría na produción literaria de Rosalía de Castro con respecto a outras obras da tradición poética galega. Ademais, reflexiona sobre novas hipóteses para localizar e interpretar o poema.

García González, Ariana, “A *Rosalía de Castro* de Luisa Carnés”, *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, 2018, pp. 186-192.

Recensiona a obra *Rosalía de Castro. Raíz apasionada de Galicia* (1945) da escritora Luisa Carnés. Comeza facendo un percorrido pola xenealoxía editorial do libro dende a súa primeira edición até a máis actual de 2018. Sinala que se trata dunha obra de difícil catalogación pola súa grande carga de trazos propios da biografía. Tamén comenta a estrutura formal que presenta a edición de 2018, organizada en cinco capítulos, e ofrece un breve resumo de cada un deles.

Gómez Méndez, Lorena, “A pel da sintaxe”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Protexa”, xullo 2018, pp. 80-81.

Recensión da obra *Limiar de conciencia* (Urco, 2017) de Cris Pavón. Explica que a temática do libro xira arredor da lingua e do imperativo da ficción. Di que a obra trata sobre unha máquina que artella narracións a partir do canon poñendo de manifesto a capacidade de substitución das novidades literarias a partir das pezas existentes. Salienta que outro dos protagonistas da obra é un cativo caracterizado pola súa intelixencia e incapaz de relacionarse que emprega a informática para se desenvolver. Subliña a relevancia que adquire no libro a temática sobre o amor, a morte, o illamento, o orgullo, a liberdade de creación, a tecnoloxía, a lingua ou as consecuencias posibles do desenvolvemento da robótica como os intereses económicos, a usurpación do saber ou a rebelión. Destaca que a estrutura da obra está caracterizada pola contraposición temática das composicións. Salienta que o libro constitúe un exemplo de distopía e metaficción.

González Avión, Isabel, “Reflexións ao fío dos 75 números da revista escolar Bardos”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “Pensar o ensino”, 2018, pp. 48-50.

No contexto dun artigo sobre o percorrido da revista escolar Bardos resalta que esta publicación conta cun apartado de entrevistas feitas a diferentes persoeiros da cultura galega coma o escritor Moncho Caride ou a Luís Rei autor da biografía de Ramón Cabanillas, entre outros.

González Montañés, Julio, “O Entremés Gallego de Salvador Francisco Roel”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 108, maio/xuño/xullo/agosto 2018, pp. 135-137.

Ofrece datos relevantes e aspectos interesantes sobre o proceso editorial da peza teatral

xa que se trata do primeiro texto autónomo conservado impreso en galego e, por tanto, a primeira obra teatral en galego impresa en Galicia. Tamén comenta as diferentes representacións da obra que se desenvolveron por toda Galicia.

_____, “La égloga de Virgine Deipara: estudio y edición”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 108, maio/xuño/xullo/agosto 2018, pp. 157-164.

Comenta a saída do prelo dunha nova edición modernizada e actualizada da *Égloga de Virgine Deipara* a cargo de Julio Alonso Asenjo. Sobre esta obra, que é un dos poucos textos teatrais xesuíticos galegos que chegaron até os nosos días, desenvolve cuestións relacionadas coa súa organización e estrutura formal –que inclúe un aparato de notas co fin de servir de complemento á lectura–, personaxes, posibles influencias das que bebeu o autor, e reflexiona sobre a autoría da obra (cuestión sobre a que se ten debatido moito). Tamén analiza a temática da obra baseada na exaltación da devoción mariana e da Inmaculada Concepción. De igual xeito, reflexiona sobre a escenografía, o vestiario e o atrezo así como o emprego da lingua galego-portuguesa. Para rematar, explica os criterios de edición que o editor tivo en conta á hora de elaborar a súa proposta de edición.

Guede Oliva, Manuel, “Xosé Lois González”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Obituario”, n.º 95, 2018, pp. 65-66.

Co gallo do pasamento de Xosé Lois González ofrece un percorrido pola súa traxectoria no eido da dramaturxia. Alude á súa relación coa compañía Histrión e coas obras *Era tempo de chorar* inspirada na obra poética de Celso Emilio Ferreiro e *A pancarta*. Tamén menciona a vinculación do actor coa Agrupación Teatral Auriense e o seu papel na representación de *Unha vez foi o trebón* de Manuel María e o seu papel de Xosé Lois González en Teatro Antroido con Vidal Bolaño e nas obras *Xaxara* e *Laudamuco, señor de ningures*. Lembra a súa participación na Compañía Caritel e nas obras *Samuel e Abraham*, *Anunciación da Virxe Traamunda*. Fai fincapé na súa vinculación co Centro Dramático Galego e coas obras *Os vellos non deben de namorarse*, *O enfermo imaxinario*, *Almas perdidas* ou *As alegres casadas*.

Gurriarán, Ricardo, “Carlos Casares, 1966. O personaxe transversal procura un espazo poliédrico nunha calculada acción de encadramento sociopolítico e literario”, *Grial*, n.º 217, “Novas achegas a Carlos Casares”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 123-133.

No contexto dun estudo sobre a traxectoria política de Carlos Casares ao retornar a Compostela en 1966 menciona composicións poéticas do autor como “Coma o ruído do silencio”, “Amemos”, “Non” ou “Poema de emerxencia para Antonio Machado”. Tamén alude a outras figuras relevantes da literatura galega como Camiño Noia, Ramón Piñeiro, Alonso Montero, Ángel Valente ou Antón Baamonde.

Gurrutxaga, Alexander, “Unha pequena aposta literaria para unha grande historia”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 78-79.

Ofrece unha recensión da obra *A hora de espertarmos xuntos* (Xerais, 2017) de Kirmen Uribe. Apunta que a novela pivota arredor das vidas de dous patriotas do País Vasco que

se exilian coa chegada da ditadura e comezan a exercer de espías para o goberno vasco. Destaca o pouso histórico da obra así como a multiplicidade de personaxes e circunstancias e dá conta de que o libro está composto por cento cincuenta e sete relatos breves agrupados en tres apartados de cinco capítulos. Fai fincapé no pouso ensaístico e documental da novela para trazar o panorama histórico da época. Tamén alude á intervención do autor na propia obra para informar sobre a obtención do material e para completar a través da ficción os datos que non se atopan nos escritos consultados. Por último, critica a visión comedida dos feitos históricos presentados.

Hermo, Gonzalo, “Nunca se regresa da viaxe cando en verdade se partiu”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Protexa”, abril 2018, p. 95.

Recensión da obra *A cadencia da fractura* (Xerais, 2017) de Isaac Xubín. Explica que o autor escribe tanto narrativa coma poesía. Pon en relación a súa obra coa de outros escritores galegos coma Mendez Ferrín, Chus Pato, Anxo Angueira, Xabier Cordal ou Antón Blanco. Informa de que o poemario xira arredor da identidade dende as perspectivas do foráneo e o propio. Subliña que, no tocante ao estilo, o poema combina a épica co lirismo de carácter intimista. Resalta o emprego de recursos tipográficos e a inclusión de debuxos do autor no poemario para poñer de manifesto o emprego de textos que son tamén imaxes. Pon en relación esta obra co poemario *O cuarto das abellas* e destaca que o poemario xira arredor da perda mais sen sentimento de derrota.

Iglesias, Óscar, “A frenética escena da BD galega autoeditada”, *Luzes*, n.º 52, “Reportaxe”, xaneiro 2018, pp. 76-81.

Achega un estudo sobre o estado da edición da banda deseñada galega. Fai referencia aos festivais de banda deseñada Autobán celebrado na Coruña, No Tengo Mamá celebrado en Vigo, Au/Ou celebrado en Ourense, Magosto gráfico celebrado na Coruña e Fun Fun Fun celebrado en Santiago de Compostela. Tamén menciona o stand Noroeste BD a cargo de Demo Editorial e David Calviño. Ofrece un percorrido pola evolución da banda deseñada galega dende a década dos oitenta até a actualidade, aludindo aos seguintes fanzines: *Xofre* (1979) de Miguelanxo Prado, Fran Jaraba e Xan López Domínguez; os sete números de *Frente Comixario* (1989-1993) que deu lugar ás Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e a *O fanzine das xornadas* (1994-2012) dirixido por Henrique Torreiro; *BD Banda* de Kiko Dasilva e Anxo Paz ou *Barsowia*. Tamén inclúe as principais características dos fanzines actuais e da súa situación editorial.

Iglesias Mira, Antonio, “O Estado Novo contra Castelao e a súa época”, *Luzes*, n.º 59, “Reportaxe”, agosto 2018, pp. 41-45.

No contexto dun artigo sobre a Crise Académica de 1969 en Portugal contra o Estado Novo, fala do documental que Ricard Salvat dirixiu sobre a vida de Castelao, titulado *Castelao e a súa época* que incluía fragmentos de *Os vellos non deben de namorarse* e tamén da produción doutros autores galecos coma Curros, Rosalía ou Manuel María. Informa da contribución á elaboración do documental de Alonso Montero, Díaz Pardo e Luís Seoane.

Ínsua, Emilio Xosé, “As aulas da posguerra franquista na poesía galega”, *Aulas libres*, “aulas da posguerra na poesía”, n.º 10, 2018, pp. 27-32.

Salienta as principais características do ensino na época do franquismo, entre elas a precariedade, os castigos, a metodoloxía, o adoutramento, o catolicismo ou a represión con respecto ao uso do galego. Elabora a achega a través dos seguintes poemas ou fragmentos dos mesmos: “Aula de posguerra” e “Tempo de miseria”, este último incluído na obra *Epicentro*, de Manuel Álvarez Torneiro; “Lembro a primeira vez que ollei o mar sen as follas...” de Manuel Vázquez Pintor, incluído na súa obra *Banzados*; “Poema en carne viva” de Manuel María, incluído na súa obra *Morrendo a cada intre*; “Hai que vivir” de Fiz Vergara Vilariño; “unha aula de inverno nas idades perdidas” de Fermín Bouza Álvarez, incluído na súa obra *Labirinto de inverno*; “Identidade” de Salvador García-Bodaño; “Lingua que rexeitaron meus pais” de Antón Tovar, incluído no seu libro *Calados esconxuros*; “Fonema” de Manuel Rivas; “Repasas de memoria o inventario do prohibido...” do libro *Inventario do prohibido* de Luz Campello; “El hermoso rostro del país”, incluído en *Viaxe ao país dos ananos*, de Celso Emilio Ferreiro; “Ameite...” incluído en *Solaina de ausencia* de Xulio L. Valcárcel; “Escola” incluído n’*As rúas do vento ceibe* de Manuel María; *Poema do home que quixo vivir* de Bernardino Graña e “De repente...” incluído no libro *Entre lusco e fusco* de Pilar Pallarés.

_____, “Francisco Asorey, escultor galego”, de Maribel Iglesias Baldonado”, *Aulas libres*, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 11, 2018, pp. 27-28. Prn

A propósito dunha recensión sobre a obra *Francisco Asorey escultor galego* (Doutor Alveiros, Fundación Vicente Risco, 2018) de Maribel Iglesias Baldonado, menciona a súa relación con distintas figuras da literatura galega coma Ramón Cabanillas, Castelao, Curros ou Camilo Díaz Baliño.

Labranha, Antom, “Algoritmos para namorar”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Reportaxe”, xaneiro 2018, pp. 19-21.

No contexto dun artigo sobre *big data* inclúense uns versos da cantiga de amigo de Macías recollida no Cancioneiro de Baena titulada “Cativo da miña tristura”.

Lado, María, “Dúas gamberras e un micro”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Vidas wassap”, xullo 2018, pp. 60-61.

Entrevista a Vanessa Glemsel e Nuria Vil sobre o seu labor de espallamento da poesía a través do espectáculo oral de “Dúas gamberras e un micro”. Na entrevista trátanse, entre outros, os seguintes temas relacionados coa literatura galega: o nacemento de “Dúas gamberras e un micro”; a faceta de escritora das integrantes; a evolución das súas actuacións; o tratamento humorístico da temática seria das súas composicións; a especificidade do seu público, na súa maioría non especializado en poesía; a súa concepción da poesía; a relevancia das redes sociais; a produción maioritariamente oral da súa obra; a súa participación no festival 85C e a xénese do mesmo.

_____, “Eduardo Estévez”, *Tempos Novos*, n.º 251, “Vidas wassap”, abril 2018, pp. 62-

63.

Achégase unha entrevista ao poeta Eduardo Estévez. No tocante á literatura galega alúdese á súa obra *Baleas* e infórmase de que inclúe un cómic e tamén un disco con composicións musicais. Faise referencia á relación do escritor cos poetas Rafa Villar, Marta Da Costa, Antón Lopo ou Paco Souto. Fálase sobre o proceso de edición da obra e do labor de Eduardo Estévez como editor. Alúdese á obra do autor titulada *Nós dentro* e á súa relación con outros poetas galegos.

_____, “Suso Bahamonde”, *Tempos Novos*, n.º 257, “Vidas wassap”, outubro 2018, pp. 58-59.

Entrevista ao poeta Suso Bahamonde. Destácase que foi integrante do Batallón Literario da Costa da Morte nos noventa e faise referencia ás súas obras *Óxido nas flores da tarde* e *Expansión*. No tocante á literatura galega, trata a relevancia da música na escrita do autor e fala das actividades culturais que realiza.

Lamapereira, Antón e **Riobó**, Xoán Carlos, “Sementes 2018. XXIII Mostra Internacional de Artes para o Pequeno Público de Almada”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 43-44.

Crónica sobre a vixésimo terceira edición do festival Sementes centrado no teatro para a infancia. No tocante á dramaturxia galega, fai referencia á representación de *Titiricircus* a cargo da compañía Tanxarina.

Lamas Braña, Arturo, “*Toxos e froles*, impulsor e arquetipo das Irmandades da Fala”, *Ferrolanálisis. Revista de Pensamiento y Cultura*, n.º 31, 2018, pp. 66-75.

O estudo incorpora unha breve epígrafe intitulada “A constitución da Irmandade da Fala ferrolá” na que se analiza a creación deste grupo en relación co inicio do movemento irmandiño e os primeiros tempos da agrupación constituída en Ferrol co nome de “Toxos e Froles”.

Lema, Carlos, “O contrafío das mulleres”, *Grial*, n.º 218, “Ensaio”, abril, maio e xuño 2018, pp. 147-155.

No contexto dun estudo sobre a relación das mulleres coa cultura na Idade Moderna alude a Rosalía de Castro e á súa concepción como poeta segundo dous conceptos cos que as mulleres relacionadas coas artes eran caracterizadas nesa época: “monstro” e “louca” (p. 150). Destaca que a súa obra presenta unha perspectiva feminina propia, colectiva e libre.

Lezcano, Arturo, “Patrimonio Universal da Galeguidade”, *Luzes*, n.º 53, “Ás ceibas”, febreiro 2018, p. 51.

No contexto dunha reflexión sobre a ubicación do patrimonio cultural galego que se produciu e se mantén en Bos Aires e en Galicia fai referencia ao libro *A esmorga* de

Blanco Amor e aos escritores Luís Seoane e Castelao.

Lojo Rodríguez, Laura María, “O poder terapéutico da palabra”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 74-75.

Recensión sobre a obra *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (Galaxia, 2017) de Arantza Portabales Santomé. Alude á que a obra anterior da autora *Sobrevivindo* (Galaxia, 2016) foi gañadora do premio de novela por entregas *La Voz de Galicia*. Comenta que a obra ten como protagonistas a catro mulleres que manifestan o seu sufrimento a través de mensaxes a homes que non responden. Salienta que se produce unha viraxe no argumento cando as protagonistas se coñecen entre elas e confraternizan. Menciona que a novela está escrita en primeira persoa e que afonda na vida cotiá e na perspectiva individual de cada unha das mulleres retratadas así como no seu contexto histórico e social. Advirte que a obra afonda tamén noutras temáticas coma a sexualidade ou a maternidade e subliña a relevancia dos sentimentos e das experiencias compartidas así como do recurso ao humor.

López, Xosé e **García-Mirón**, Silvia, “Próxima estación: automatización intelixente”, *Grial*, n.º 219, “Comunicar en Galicia”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 24-37.

No contexto dun artigo sobre a adaptación da industria cultural aos novos medios de comunicación alude a publicacións relacionadas coa literatura galega coma *O Tío Marcos da Portela*, a editoriais coma Galaxia, Alvarellos, Xerías, Edicións Positivas e Kalandraka Editora ou a revistas como *Tempos Novos*, *Luzes*, *Encrucillada*, *Revista Galega de Educación*, *Grial* ou *Erregueté*.

López, Aurora, **Pociña**, Andrés, “A recepción de Rosalía en Portugal”, *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, 2018, pp. 194-218.

Comenta a recepción que tivo a escritora Rosalía de Castro en Portugal así como os comentarios suscitados en relación á súa obra. Analizan, tamén, as referencias portuguesas e brasileiras existentes na súa poesía. Salienta, así mesmo, que con motivo do centenario da morte de Rosalía apareceron publicados en Portugal dous volumes e ofrecen unha caracterización de cada un deles. O primeiro trátase dunha antoloxía de poemas de Rosalía de Castro e de poemas dedicados a ela, seleccionados por Ernesto Guerra da Cal, baixo o título de *Rosalía de Castro. Antología poética. Cancioneiro rosaliano* e, o segundo, é un libro titulado *Rosalírica (Homenaxe de 27 poetas portugueses a Rosalía no Centenario da súa morte)* de Xosé Lois García.

López Campaña, Lara, “As esquecidas lobismulleres”, *Tempos Novos*, n.º 257, “En foco”, outubro 2018, pp. 32-33.

No contexto dun artigo sobre a figura da muller e a súa relación co mito do home lobo menciónase o relato de Vicente Risco “O lobo da xente”.

López Sáñez, María, “A cidade como texto. A construción literaria do imaxinario

urbano”, *Grial*, n.º 220, “Ler cidades, transitar textos”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 13-15.

Fai unha presentación do contido dos artigos de investigación do novo número da revista *Grial* e aputna que a temática destes estudos está centrada no espazo. No tocante á literatura galega, menciona o tratamento do espazo da cidade e da aldea nos autores da xeración Nós, salientando a Eduardo Blanco Amor e a Carlos Casares. Fai referencia á tradución para o galego do Ulises a cargo de Otero Pedrayo. Explica que Margarita García Candeira estuda a representación dos espazos da contorna de Santiago de Compostela na obra de Rosalía de Castro.

López Silva, Inma, “Loito no teatro”, *Grial*, n.º 219, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2018, p. 10.

Con motivo do pasamento de Ernesto Chao e Xan Cejudo fai referencia ás súas traxectorias profesionais. En relación á literatura galega, destaca o labor teatral desempeñado por Ernesto Chao nos anos sesenta nas Mostras Abrente de Ribadavia, a fundación e dirección do Centro Dramático Galego e a creación das compañías de teatro Artello (con Morris) e Lagarta, Lagarta (con Rosa Álvarez). Con respecto a Xan Cejudo, salienta o seu papel na fundación do CDG, a súa participación na obra teatral *Woyzec* e a dirección das obras *A pousadeira* (1987) e *A burla do galo* (2000), todas elas a cargo desta institución. Tamén menciona a súa intervención na peza *Tío Vania* da compañía A Factoría e os seus inicios teatrais nos anos sesenta na compañía O Facho.

_____, “Adeus, Gustavo”, *Grial*, n.º 220, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2018, p. 10.

Co gallo do pasamento de Gustavo Pernas Cora ofrece un percorrido pola súa traxectoria literaria e profesional no teatro galego. No tocante á literatura, salienta que foi o autor das obras *Comedias paranoicas* (2000), *Footing* (2001), *Final de película* (2006) e a triloxía *Logomonos*, así como do texto ensaístico *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* (2006). Tamén destaca a súa actuación na obra *Colgados* posta en escena en 2009.

_____, “O aplauso derradeiro”, *Tempos Novos*, n.º 259, “todo é peixe”, decembro 2018, p. 59.

Con motivo do pasamento de Ernesto Chao, Xan Cejudo e Gustavo Pernas Cora, fai un percorrido polas súas traxectorias vitais e profesionais. No tocante á literatura galega, sinala a participación de Ernesto Chao nas Mostras Abrente de teatro de Ribadavia e o seu labor nos oitenta como director do Centro Dramático Galego. Explica que foi o fundador da compañía Artello xunto con Morris e subliña a renovación estética e social do teatro galego que levou a cabo nela. Fai referencia a que fundou con Rosa Álvarez a compañía Lagarta e a posta en escena da paza *Aeroplanos* (2008). Con respecto a Xan Cejudo, dá conta da súa participación na peza *Woyzeck* (1984) a cargo do Centro Dramático Galego e ao seu labor no grupo O Facho. Tamén sinala a súa participación nas obras *Tío Vania* (A Factoría, 2005) e *Illa reunión* (Matarile, 2006). Subliña que foi director das obras *A pousadeira* (CDG, 1987) e a *A burla do galo* (2000). No tocante a Gustavo Pernas, explica que fundou con Ánxela G. Abalo a compañía Ancora Producións e destaca as súas obras *Comedias paranoicas* (2000), *Footing* (2001) e *Final*

de película (2006). Resalta que escribiu a obra sobre posdrama *Logomonos* (2011) e o ensaio *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* (2006). Anata tamén a súa participación en *Colgados* (Ancora, 2009).

López Silva, Xosé A., “Unha novela de xénero sen matices”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 83-84.

Recensión da obra *A arte de trobar* (Xerais, 2017) de Santiago Lopo, galardoado co Premio Xerais. Menciona que constitúe una obra que mestura narración histórica, de aventuras, de capa e espada, folletinesca e mesmo ten trazos de romance. Apunta que presenta os relatos contrapostos dos personaxes principais e que a protagonista da novela é unha muller mentres que os antagonistas son dous homes, un eclesiástico e un nobre. Explica que o argumento da novela xira arredor do Camiño de Santiago que percorren un grupo de artistas para asistir ao desposorio de Fernando III. Fai fincapé na brevidade dos capítulos e na temática arredor dos conflitos de xénero e entre linguas. Salienta que a novela afonda nas consecuencias sociais da herexía dos cátaros e que tamén inclúe as características da lírica provenzal. Destaca a proximidade temática do libro con outras obras da literatura galega como *Lourenço xogar* de Manuel Portas e *As chaves do tempo* de Luísa Villalta.

Lorenzo Gil, César, “Versos gravados nun pentagrama”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, p. 88.

Recensión da obra *Long Play* (Xerais, 2017) de Lorenzo Gil. Explica que o poemario constitúe unha continuación da obra anterior do autor titulada *LP* (Emerxente editora, 2013). Destaca a pegada da música do poemario, así como a relevancia do ritmo e o emprego de recursos fonéticos. Informa de que a obra presenta experiencias do día a día a través da fala popular. Dá conta de que o autor leva a cabo no poemario a reelaboración de fragmentos de banda deseñada explorando as fronteiras da poesía. Subliña que a obra conta cun epílogo composto dunha listaxe de escritores imaxinarios.

Loureiro, Ramón, “Carlos Casares: a vida como escritura”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Memorias”, n.º 378, 2017, pp. 35-37.

Achega unha reivindicación do labor literario de Carlos Casares salientando as obras *Vento Ferido*, *Os escuros soños de Clío* e *Un país de palabras*.

_____, “Carlos Casares, entre as maxias da literatura e o difícil oficio de existir”, *Ferrolanálisis. Revista de Pensamiento y Cultura*, n.º 31, 2018, pp. 195-197.

Comenta a relevancia que tivo o escritor Carlos Casares na lingua e cultura galegas cualificado por Loureiro como “unha das figuras centrais da Galicia do século XX”. Destaca a súa faceta como columnista no xornal *La Voz de Galicia* cunha sección titulada “Á marxe”. Segundo palabras do propio autor, a través desta columna “el foi creando un xénero literario absolutamente novo [...]” chegando a ser “unha das grandes obras que sustentan a mellor literatura en lingua galega de todos os tempos”.

Lucena Muñoz, Eufrasio, “MIT de Ribadavia. Amor e compromiso pola escenografía made in Galicia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 49-51.

No contexto dun artigo sobre os recoñecementos á escenografía galega na trinta e catro edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT-Ribadavia) menciona a figuras relevantes da literatura galega que desenvolveron as súas actividades nese eido como Luís Seoane, Roberto Vidal Bolaño ou Camilo Díaz Baliño. No tocante á dramaturxia galega, alude ás compañías Chévere, Matarile, A Panadaría ou ao CDG. Tamén fai referencia ás obras *Martes de Carnaval*, *O feo*, *Tras Tannhäuser* ou *O mundo Persistente*.

Luna Alonso, Ana, “Recrear vidas alleas ou como renovar a biografía”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Protexa”, xullo 2018, p. 84.

Ofrécese unha recensión da obra *Vidas imaxinarias* (Allariz, 2017) de Marcel Schwob, traducido por Samuel Solleiro. Faise referencia a que a obra conta cun limiar de Xosé Miranda sobre a vida do autor e o significado da obra. Destácase que se trata dun libro dirixido a un público adulto ou adolescente. Explícase que a obra presenta unha serie de biografías dende a época clásica até a do autor. Achégase un percorrido polo labor literario que realizou o autor no seu contexto histórico así como polas circunstancias de publicación e difusión da súa obra. Alúdese a que o tradutor da obra foi tamén o encargado de verter ao galego o libro *O demo no corpo* de Raymond Radiguet (Irmás Cartoné, 2016) e que foi finalista na modalidade de tradución nos terceiros Premios Gala do Libro Galego 2018. Anótase a idea de biografía que desenvolve o propio autor no limiar da obra e que se sustenta nas particularidades da experiencia. Sinálase o carácter descoñecido das figuras que se presentan no libro.

Malvido Cordeiro, Sofía, “O peso das sombras e a condena da palabra”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Protexa”, xaneiro 2018, pp. 86-87.

Ofrécese unha recensión da obra *O monstro de Ille* (Galaxia, 2017) de Jorge Emilio Bóveda. Faise referencia aos libros anteriores do autor *Mälström*, *A caixa do correo*, “*Divina de la muerte*”: *asasinato no centro comercial* ou a distopía social e económica *O sol do pasado*. Destácase que *O monstro de Ille* pertence á colección Costa Oeste. Infórmase de que o argumento da obra xira arredor dos acontecementos paranormais que sofren tres irmás que viven nun pazo cando queda a cargo delas un novo cura. Tamén se anota o carácter metaficcional do relato, xerado a partir dos escritos dunha das protagonistas. Sinálase a relevancia, por riba dos sucesos fantásticos, das relacións afectivas establecidas co cura. Apúntase que a estrutura da obra supón un incremento da intriga até a conclusión.

Marante Arias, Antía, “Construír(nos) xanelas nos cuartos escuros”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 80-81.

Recensión da obra *Na casa da avoa* (Galaxia, 2017) de Marta Dacosta que pon en relación o libro con poemarios anteriores da autora como *Crear o mar en Compostela* (Deputación

Provincial de Lugo, 1993), *As amantes de Hamlet* (Espiral Maior, 2003), *Acuática alma* (Espiral Maior, 2011) e *Dun lago escuro* (Xerais, 2014). Destaca a temática íntima, afectiva, cotiá, memorística e de aprendizaxe que presenta o poemario. Salienta o protagonismo das mulleres e a relevancia da figura da avoa na obra, así como das feridas e dos corpos femininos ante as imposturas da sociedade. Tamén subliña a importancia do herdo e conecta a obra cos poemarios *O pouso do fume* (Espiral Maior, 2009) de Dorés Tembrás ou *Raíz da fenda* (Xerais, 2013) de Berta Dávila. Afonda na importancia das figuras femininas que aparecen na obra destacando a súa condición coñecida, descoñecida ou literaria e as conexións entre elas.

Marco, Aurora, “Revisións e reescrituras do mito de Penélope”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 14, 2018, pp. 155-168.

Ofrece un percorrido polas revisións e reactualizacións que algunhas autoras galegas desenvolveron nas súas creacións arredor do mito clásico de Penélope e analiza algúns destes textos. A autora deixa claro o corpus que vai comentar, formado polos seguintes textos: o poema “Desde los cuatro puntos cardinales” de Rosalía de Castro (*En las orillas del Sar*, 1884), “Penélope” (*Tempo de Ría*, 1992) de Xohana Torres, “Penélope” de Isabel Rodríguez Baquero (*Ángélica. Revista de Literatura*, 1993), “Penélope” de Myriam Fraga (*Fémína*, 1996) e “A Redeira” de Marilar Aleixandre (*Boletín Galego de Literatura*, 1999). Así mesmo, subliña a visión desmitificadora que se fai do mito de Penélope nos textos analizados e enalza e defende esa mirada feminina e feminista que caracteriza a todos estes textos nos que a muller é a que enuncia o discurso.

Martínez Bouzas, Francisco, “A loita das de abaixo”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Protexa”, marzo 2018, p. 87.

Recensión da obra *O xardineiro dos ingleses* (Galaxia, 2017) de Marcos Calveiro. Explica que o argumento da obra pivota arredor da batalla política e social que leva a cabo o colectivo das lavadeiras da vila de Vilagarcía de Arousa. Dá conta de que a obra inclúe varios fíos narrativos sobre as vivencias de diferentes personaxes que promulgaron e padeceron a barbarie nesa vila. Destaca que a obra recolle a historia de Vilagarcía da primeira metade do século XX. Informa de que a trama arrinca a raíz da aparición dun nicho sen nome nun cemiterio. Subliña que o libro inclúe a chegada das tropas inglesas e alemás á vila antes da Guerra Mundial cos seus espías, as súas relacións coa xente da vila e as repercusións do fascismo. Resalta a presenza de personaxes históricos e a relevancia das clases sociais desfavorecidas. No tocante ao estilo, fai fincapé na combinación de prosa simple co pouso da épica.

_____, “Vidas en espera da morte”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Protexa”, xuño 2018, p. 89.
Prn

Recensión da obra *Mal mor* (Axóuxere, 2017) de Emilio Araújo. Destaca que o libro presenta o mundo rural galego a través das vivencias dunha anciá que agarda a súa fin. Salienta que a obra explora o vínculo entre o real, o percibido e a lingua. Explica que o libro presenta as tarefas da vida cotiá da protagonista, das súas lembranzas, do seu cansazo e das súas penas. Sinala e a relevancia da obra como testemuña da vida rural que desaparece e que está marcada pola dor, o illamento e a miseria. Fai referencia ao carácter

oral da prosa.

Martínez González, Xurxo, “A obra e a figura de Xoán Pla Zubiri”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 110-111.

Recensión dos dous volumes da obra *O escritor viveirense Xoán Pla Zuribi (1874-1936)* (Autoedición, 2017) de Emilio Xosé Ínsua que fai referencia aos ensaios anteriores do autor: *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue* que foi galardoado co Premio Ensaio Ramón Piñeiro no 2004, *Orixes, peripecia e pertinencia do topónimo San Cibrao (Cervo)*, *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*, *Díaz Castro: poeta en formación (1914-1939)*. Explica que *O escritor viveirense Xoán Pla Zuribi (1874-1936)* recolle no primeiro volume a biografía do autor, salientando a súa faceta de xornalista en revistas como *A Nosa Terra* e *O Tío Marcos da Portela* e a relación da súa familia co galeguismo e con outras figuras da literatura galega coma Castelao. Con respecto ao segundo volume, sinala que inclúe a súa obra literaria entre a que destaca o poemario *A tola de Covas* e o relato *Desengano*.

Mayor, Marina, “Por Mondoñedo con Álvaro Cunqueiro e Armando Requeixo”, *Tempos Novos*, n.º 253, “Protexa”, xuño 2018, p. 86.

Recensión da obra *Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo. Guía literaria* (Fervenza, 2017) de Armando Requeixo. Explica que a obra constitúe unha achega á vila de Mondoñedo e á figura de Álvaro Cunqueiro a través de entrevistas a especialistas. Destaca a análise que a obra fornece sobre a historia da vila, tamén das amizades e coñecidos do escritor e de Mondoñedo. Sinala a profunda análise de Armando Requeixo sobre a produción de Cunqueiro á hora de seleccionar os escritos do escritor sobre a vila. Salienta a relevancia da sección bibliográfica recollida ao final da obra.

Méixome, Carlos, “As novelas da cidade”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Protexa”, xaneiro 2018, p. 85.

Recensión da obra *Os fillos do lume* (Xerais, 2016) de Pedro Feijoo. Explica que constitúe unha novela arredor da historia da cidade de Vigo a inicios do século XIX coa invasión dos franceses, as súas causas e os seus efectos. Informa de que a novela comparte trazos co xénero de aventuras e co do relato policial e salienta o seu fundamento histórico e documental. Dá conta de que os protagonistas da obra son tamén os protagonistas do primeiro libro publicado polo autor. Apunta que a narración consta de cinco capítulos e que o argumento xira arredor do asasinato do alcalde da cidade e do seu vínculo cun tecido de urbanismo. No tocante ao estilo, salienta a relevancia dos diálogos. Fai referencia ás obras anteriores do autor *Os fillos da auga* (2012), *A memoria da choiva* (2013), *Morena, perigosa e románica* (2015).

Monteagudo, Antía, “A destrución como aprendizaxe”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 82-83.

Recensión da obra *Corpo de Antiochia* (Galaxia, 2017) de Tamara Andrés, segundo poemario da autora. Pon en relación este libro coa antoloxía *No seu despreñar* (Apiario,

2016) e coa primeira obra da autora *Nenaespiraes* subliñando que foi galardoada co premio de poesía O Facho no ano 2015. Salienta que a obra pivota arredor da ruína como experiencia e que a temática abrangue a memoria e a arte como método de recomposición. Apunta que o poemario aparece estruturado en tres partes a través das que presenta a recomposición da voz poética e da súa identidade, dende a decadencia, a perda e o sufrimento discorren a través da creación sobre espazos de mar e de terra até o recordo.

_____, “Europa, unha grande alegoría”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Protexa”, xaneiro 2018, p. 84. Prn

Recensión da obra *As ruínas de Europa* (Galaxia, 2017) de Manuel Xestoso. Fai referencia á traxectoria cultural do autor salientando a súa participación nas publicacións periódicas *Grial*, *Sermos Galiza* ou a *Revista Galega de Teatro*. Explica que verteu para o galego *A desaparición de Lesme Lennox* de Maggie O’Farrel (2011) e que elaborou con Xosé Cabide o libro *Antón Reixa ghicho distinto* (Xerais, 2012). Comenta que a obra *As ruínas de Europa* constitúe o seu primeiro poemario en galego e dise que consta de trinta e tres composicións que presentan o continente europeo como un lugar ruinoso. Di que o poemario está dividido en tres partes: a primeira, sobre situacións do día a día ubicadas en distintos lugares de Europa, xira arredor da destrución; a segunda trata do exilio e do olvido e a terceira achega a idea do eterno. Por último, resalta o uso da alegoría na obra para reflexionar arredor da historia europea.

Nazaré Guerreiro, Branca, “O *Libro dos nenos* de Antía Cal. O proxecto dunha enciclopedia escolar galega”, *Aulas libres*, n.º 11, 2018, p. 25.

Dá conta da publicación da obra *O libro dos nenos* de Antía Cal Vázquez por conta da Deputación de Lugo. Salienta que o libro foi escrito hai máis de sesenta anos e resalta que a autora escolleu empregar na obra o galego dialectal. Apunta que a obra conxuga os distintos eidos do ensino, como as ciencias ou a literatura, a partir de situacións habituais para os cativos.

Nogueira, María Xesús, “O roupeiro da memoria”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 81-82.

Recensión da obra *Vestir a noite* (2017) de Olalla Cociña Lozano, galardoada co XVI Premio de Poesía Afundación e previamente galardoada co Premio Avelina Valladares pola obra *As cervicais da memoria* (2004). Destaca a temática da obra arredor de temas como a memoria, o transcorrer do tempo, a perda ou a identidade e menciona que a autora renuncia ao emprego da primeira persoa. Por último, salienta o carácter intimista das composicións, a variedade de espazos e de experiencias que se recrean nelas e o léxico referido á natureza.

_____, “Ler toda Chus Pato en castelán”, *Tempos Novos*, n.º 258, “protexa”, novembro 2018, pp. 82-83.

Recensión da obra *Poesía reunida. Volumen I (1991-1995)* (Ultramarinos, 2018) de Chus Pato. Fai referencia á difusión e ao recoñecemento da produción da autora no sistema literario castelán e á súa entrada na Real Academia Galega. Destaca o carácter innovador

da súa poesía. Informa de que a obra constitúe unha tradución ao castelán dos poemarios *Urania*, *Heloísa* e *Fascinio* e de que conta cun limiar feito por Alba Cid sobre o percorrido editorial dos mesmos e tamén sobre as características e a sorte editorial do resto da obra da autora. Sinala que a responsábel da tradución foi Ana Gorriá e subliña o seu labor de importación do estilo da poesía de Chus Pato a outra lingua. Di que o volume conta cunha sección con outros escritos da autora e recensións e estudos feitos á súa obra por outros especialistas como María Xosé Queizán, Concha García ou Arturo Casas. Reflexiona sobre a relevancia da divulgación da poesía de Chus Pato no ámbito castelán.

Noia, Camiño, “Reedición do número dez de Raigame”, *Tempos Novos*, n.º 256, “protexa”, setembro 2018, p. 74.

Ofrécese unha recensión do número da revista *Raigame* titulado *Carlos Casares (1941-2002). Legado dun escritor* (Ourense, 2018). Explícase que constitúe a reedición do número aparecido en maio de 2017 con motivo da conmemoración do autor polo Día das Letras Galegas dese mesmo ano. Infórmase de que a revista contén once contribucións sobre a figura e a produción de Carlos Casares. Indícase que a revista inclúe as conversas sobre o autor entre Malores Villanueva e Bieito Iglesias por unha banda e Gustavo Garrido, Ramón Loureiro e Tucho Calvo por outra. Dáse conta de que o número acolle a biografía do autor feita por Luís González Tosar, o estudo de Laura Piñeiro sobre o escritor, outras análises sobre as súas actividades culturais alén da literatura, as explicacións de Afonso Vázquez Monxardín sobre espazos relacionados coa vida e obra de Casares, diversos estudos sobre a produción literaria do autor e o exame da súa obra completa a cargo de Miguel Valverde. Infórmase de que a revista inclúe un texto creativo de Inma López Silva e que remata cun apartado de bibliografía sobre o escritor. Apúntase que a reedición conta cun prólogo de Manuel Baltar e un texto de Delfín Caseiro sobre o vínculo de Casares co Liceo.

Noia Campos, Camiño, “Os adolescentes na narrativa de Carlos Casares”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro, 2018, pp. 104-113.

Estudo sobre a figura do mozo nas novelas de Carlos Casares que sinala a influencia doutros autores galegos na súa obra como Lamas Carvajal, Heraclio Pérez Placer, Álvarez de Novoa, Castelao, Blanco Amor, Neira Vilas, Méndez Ferrín. A análise está centrada nas obras *Vento ferido*, *Cambio en tres* e *Xoguetes para un tempo prohibido* e sinala como trazos definitorios dos mozos presentados nestas obras o dramatismo, a violencia, a soidade, o fascismo, o catolicismo a prol da ideoloxía nacional do réxime franquista, as relacións sexuais e a culpabilidade ou a angustia. Tamén menciona as obras *Ilustrísima* e *O sol de verán*.

Novas, Lucía, “O desexo sálvanos da morte”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Protexa”, xullo 2018, p. 82.

Achégase unha recensión da obra *Flor negra* (Chan da Pólvora, 2017) de Genaro da Silva. Explícase que a temática do poemario xira arredor das ansias, do corpo, da morte, do sufrimento, da animalidade do ser humano, da teatralidade das vivencias ou da deconstrución do suxeito masculino e da paixón romántica. Anótase que a obra xoga con pares de símbolos contrarios. Resáltase a relevancia dos animais, das prantas, dos elementos da paisaxe e das construcións humanas que acaban con ela no poemario.

Saliéntase a relación desta obra coa poesía de Méndez Ferrín. Destácase, dende o punto de vista estético, o carácter decadentista da obra.

Novo Candal, Paz, “ESTÉVEZ LÓPEZ, José (Promotor e Coordinador): *Manuel María, libro colectivo de homenaxe no seu día das Letras Galegas 17 de maio de 2016*, Edita: Deputación Provincial de Lugo. Ano 2017”, *LVCENSIA. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 57, “LIBROS”, 2018, pp. 221-222.

Breve recensión da monografía *Manuel María, libro colectivo de homenaxe no seu día das Letras Galegas 17 de maio de 2016* (Deputación Provincial de Lugo, 2017) co gallo da celebración do día das Letras Galegas 2016 dedicado ao poeta chairego. Subliña o éxito que tivo a elaboración do volume, no cal colaborando máis de 460 persoas pertencentes a diferentes eidos da sociedade galega. O volume acolle poemas, ilustracións, fotografías, ensaio e pintura.

Pato, Chus, “Welcome to Sing Sing: Elvira Ribeiro”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, p. 87.

Recensión da obra *Welcome to Sing Sing* (Barbantesa, 2017) de Elvira Riveiro. Explica que o poemario está dividido en tres partes e de que pivota arredor de diversas temáticas como son a comparativa paisaxística entre Vigo e Siberia, o desterro, a escolla da lingua minorizada, a existencia, o paso do tempo, o sufrimento, a maternidade, a soidade, a opresión sexual e política pero tamén a esperanza ou a liberdade. Destaca o pouso biográfico da obra así coma o emprego dunha simboloxía paisaxística e animalista.

Pato, Cristina, “Alén das fronteiras e dende a diversidade. Unha experiencia persoal”, *Grial*, n.º 219, “Comunicar en Galicia”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 58-63.

No contexto dun estudo sobre o potencial comunicativo da música Cristina Pato repasa a súa traxectoria profesional e alude a Víctor F. Freixanes e á versión musicada de “Lúa descolorida” e da produción de Rosalía de Castro a cargo de Osvaldo Golijov.

Pazos-Xusto, Andrés Carlos, “Os lisboanos. Unha emigración e un legado ignorados”, *Luzes*, n.º 53, “Reportaxe”, febreiro 2018, pp. 22-27.

No contexto dun estudo sobre os galegos emigrados a Portugal fai referencia a Castelao e ao libro de poemas *Xente da Aldea. Versos gallegos* de Alfredo Guisado. Tamén alude á revista *A nosa terra* e á entrada na Real Academia Galega de Ramón Cabanillas. Por último, menciona o poema “Galicia e Lusitania” de Ramiro Vidal Carrera.

Pedreira, Emma, “A beleza enúnciase”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Protexa”, setembro 2018, p. 73.

Recensión da obra *Corpo de Antiochia* (Galaxia, 2017) de Tamara Andrés. Explica que o poemario pivota arredor da beleza das ruínas. Informa de que a obra aparece estruturada

en partes conforme os seguintes temas: a desaparición, o illamento, a volta, a aniquilación e a lembranza. Destaca a relevancia que adquire o silencio na obra e fai referencia ás obras anteriores da autora *Amentalista e Nenaespiraes*. Subliña a importancia que ten no poemario a proximidade entre a morte e a vida. Indica que a obra trata sobre a destrución e reconstrución da cidade de Antioquía coa que a autora se refire á súa corporeidade. Resalta o emprego dunha voz individual e colectiva a un tempo que encarna na cidade. Anota o sentimento de melancolía que impregna a obra, así coma o sufrimento, a fugacidade da vida, o pasamento, a perda, o baleiro, o sentimento de propiedade ou o amor. Apunta o pouso mítico e oral da obra.

Pena Presas, Montse, “O mundo nas mans”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, p. 89.

Recensión da obra *A pel do mundo* (Galaxia, 2017) de Berta Dávila. Informa de que constitúe unha serie de poemas postas en boca de diferentes cativos procedentes de distintos lugares do mundo dos que dan a súa visión. Destaca que cada unha das percepcións dos suxeitos líricos achega unha mirada sobre o detalle diferencial do lugar de procedencia relacionado coa dor. Resalta a relevancia do sufrimento e das incoherencias así coma do pouso crítico na obra. Pon en relación o libro co poemario *Cidades* (1997) de Fran Alonso pola pegada social de ambos os dous. Resalta a relevancia do ritmo sobre a rima. Dá conta de que a obra inclúe ilustracións de Alba Cid.

Pereira Martínez, Carlos, “Unha historia de vida no tempo das Irmandades”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 108-109.

Recensión da obra *Fernando Osorio do Campo. Unha vida sen treguas* (Embora, 2017) de Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, galardoado co XXI Premio Carvalho Calero de Investigación Lingüística ou Ensaio en 2016. Informa de que a obra constitúe unha biografía de Fernando Osorio e salienta, no tocante á literatura galega, a súa actividade teatral ao abeiro das Irmandades da Fala, por exemplo, como actor e director de *A man da Santiña* de Ramón Cabanillas. Destaca o interese de Fernando Osorio por levar á escena *Donosiña* de Xaime Quintanilla e o seu labor teatral independente coa representación da peza propia *Norte*. Tamén destaca a saída ao prelo doutra obra teatral súa titulada *Desourentación* e os fragmentos da obra filosófica *Nefeloide*.

Pereiras, Valeria, “Galeguía por imperativo popular”, *Luzes*, n.º 59, “Ás ceibas”, agosto 2018, pp. 38-39.

No contexto dunha reflexión sobre a introdución do portugués no ensino galego menciona o escritor Suso de Toro, a Castelao e a súa obra *Sempre en Galiza*, a Rosalía de Castro ou a Teresa Moure.

_____, “Gratitude”, *Luzes*, n.º 62, “As libreiras”, novembro 2018, p. 98.

Con motivo do remate do ano 2018 agradece ao público lector da revista *Luzes* aludindo, no tocante á literatura galega, a Pedro Feijóo e a Olga Novo.

Pérez Prieto, Victorino, “A cosmovisión dos mestres do grupo Nós ourensán. Actualidade do seu ideario”, *Grial*, n.º 219, “Temas do noso tempo”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 77-85.

Estudo da relevancia das tres figuras principais que integran o grupo Nós en Ourense: Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas. Dá conta dos membros deste movemento tanto en Ourense como en Galicia e na emigración. Expón o ideario de Ramón Otero Pedrayo salientando o pensamento humanista, cristián, romántico, liberal e galeguista que se reflicte nas obras *Fra Venero*, *A romería de Xelmírez*, *O libro dos amigos*, *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, *Pelerinaxes* e a *Guía de Santiago de Compostela*. Afonda no pensamento romántico, antimoderno, atlantista, galeguista, nacionalista, celtista, ruralista, misticista e católico de Vicente Risco salientando as obras *Teoría do nacionalismo galego* e *O porco de pé*, *A coutada* e *Leria*. Achega o labor cultural de López Cuevillas salientando a súa obra *Prosas galegas* e alude á súa ideoloxía católica e galeguista. Resume e actualiza o ideario do grupo Nós de Ourense en torno as premisas do humanismo, ecoloxismo, galeguismo e cristianismo.

Picado Carballeira, José, “Ferrol en la obra de Luis Otaduy Guerreiro”, *Ferrolanálisis. Revista de Pensamiento y Cultura*, n.º 31, 2018, pp. 86-95.

Analiza a presenza da cidade ferrolá na produción literaria do avogado e escritor Luis Otaduy Guerreiro (Ferrol, 1930) e no tocante á súa obra en galego aclara que “é escasa” e cita un poemario do autor *O meu Ferrol mariñeiro* (1945), un volume onde Ferrol está moi presente a través da paisaxe e a vida mariñeira que se reflicte na obra.

Porteiro, María Xosé, “Entrevista. María Xosé Queizán”, *Tempos Novos*, n.º 250, “En Destaque”, marzo 2018, pp. 20-25.

No eido dunha entrevista a María Xosé Queizán sobre o feminismo e a violencia que padecen ás mulleres, menciona o seu labor como responsábel da revista *A festa da palabra silenciada* e mais as súas obras *Antinatura* sobre a concepción da muller como natureza fronte ao home, *Recuperemos as mans* sobre o contraste entre marxismo e feminismo e *Despertar das amantes* un poemario de amor entre mulleres.

Ramos, Alberto, “Entrevista a Jorge Rey. “Crear público teatral non é un camiño fácil, pero a longo prazo é máis rendible”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivais”, n.º 95, 2018, pp. 34-36.

Entrevista a Jorge Rey co gallo da vixésimo terceira edición do Festival Galicreques a cargo da Asociación Cultural Barriga Verde e explica que é o creador da compañía Títeres Cachirulo e director do Festival Galicreques. Fai un percorrido pola traxectoria do festival dende o seu nacemento até a actualidade e afonda no seu papel á hora de crear un público teatral mediante as funcións no ensino, analizando a necesidade de expansión do evento. Alude á obra *Commedia, un xoguete para Goldoni* e a Candido Pazó e, por último, comenta a situación de Títeres Cachirulo en Galicia e ao labor da Asociación Barriga Verde para impulsar o teatro de monicreques a través de premios que gañaron autores

coma Roi Vidal.

Ramos, Ana, “Voadora “Viñemos a dalo todo”, *Luzes*, n.º 58, “Reportaxe”, xullo 2018, pp. 73-77.

Estudo sobre o labor da compañía de teatro Voadora co gallo do seu décimo aniversario galardoada co Premio da Crítica de Galicia en 2013. Recolle as traxectorias profesionais dalgúns dos seus compoñentes e no tocante á literatura galega, fai referencia á adaptación da obra *Sóño dunha noite de verán* e analiza a relevancia da actualización da súa temática que xira arredor da transexualidade, o sufrimento e a paixón, a posibilidade de elixir, os impostos sociais, os instintos ou a identidade de xénero. Alude ao carácter innovador e rupturista e á intención de transformación social da peza. Comenta a obra *Garaxe* destacando o seu pouso social e a temática sobre a mudanza do papel da muller no contexto da economía e da sociedade europeas. Menciona tamén outras compañías teatrais coma Chévere destacando que foi galardoada co Premio Nacional de Teatro, Matarile Teatro ou Voadora. Remata mencionando a próxima posta en escena da obra *Héctor e París* sobre a transición desa cidade.

Ramos Rodríguez, Xosé e Costa Rico, Antón “Panoraula”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “Panoraula”, 2018, pp. 78-80.

Panorámica sobre diferentes eventos destacados en relación ao ensino durante o ano 2018. No tocante á literatura galega destaca as diversas celebracións escolares para honrar a figura de Rosalía de Castro.

Reguera, Arturo, “José Afonso en Santiago de Compostela”, *Luzes*, n.º 59, “Ás ceibas”, agosto 2018, pp. 12-13.

No contexto dun artigo sobre certos fitos da traxectoria biográfica e musical de José Afonso menciona a obra *Sonata de Amigos* de Benedictino García Villar e o *Cantigueiro popular da Limia Baixa* de Xaquín Lorenzo.

Requeixo, Armando, “Vórtice literario”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, pp. 84-85.

Recensión da obra *Un elefante no armario* (Através, 2017) de Teresa Moure. Explica que a obra xira arredor das relacións sentimentais dunha profesora de filosofía coas súas anteriores parellas e coas súas amizades. Destaca o uso de múltiples perspectivas na obra para dar conta da acción xunto co recurso da narración dentro da narración. Dá conta de que a obra inclúe un epílogo e tamén apéndices. Salienta que o libro supón unha mestura de xéneros que abranguen dende o relato curto, a poesía, o ensaio, a crítica, a entrevista até as formas de escrita da rede. Subliña a relevancia das referencias que achega o libro ao resto da produción da autora. Informa de que a obra pon de manifesto unha reflexión sobre a definición do concepto de verdade en relación ao individuo. Alude ao vínculo desta obra coa anterior da autora *Não tenho culpa de viver*.

_____, “Conversa con Suso de Toro”, *Tempos Novos*, n.º 256, “protextas”, setembro 2018, pp. 69-71.

Achégase unha entrevista ao escritor Suso de Toro, no tocante á literatura galega faise referencia á relevancia do pasado na súa obra. Alúdese ás súas obras *Sonámbulos* (2014), *Inmateriais* (2013) e *Humildar* (2017) explicando que constitúen un libro de relatos e dous ensaios respectivamente. Infórmase da publicación da novela *Fóra de si* (2018) e menciónase a novela anterior do autor *Sete palabras* (2009). Infórmase de que *Fóra de si* constitúe un cuestionamento da realidade e a identidade a partir da revisión do pasado. Apúntase a importancia das pantasma do pasado na configuración da produción do autor. Dáse conta da relevancia que adquire o monólogo fronte á mestura de voces narrativas interrelacionadas nas obras de Suso de Toro. Por último, tamén se reflexiona sobre a influencia doutros autores e do pouso dos mitos, da poesía e do teatro na súa obra e apúntanse os proxectos literarios que o autor tal vez leve a cabo.

Risco, Isabel, “Deixar medrar a semente do amor por Galiza”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Homenaxe a Sebastián Martínez-Risco”, n.º 378, 2017, pp. 457-459.

Fai unha achega á traxectoria vital, profesional, política e intelectual así como pola produción de Sebastián Martínez-Risco. Con motivo da homenaxe á súa figura, menciona a influencia neste escritor das figuras e das obras de Rosalía e Castelao.

Rivas, Manuel, “Antes, despois, xamais, sempre Amergin”, *Luzes*, n.º 58, “Episodios galegos”, xullo 2018, pp. 8-9.

No contexto dun estudo sobre o texto poético titulado *Canción de Amergin* ou *O Manifesto de Amergin* achega a versión orixinal (“Forógra Aimhirghin”) e mais a tradución ao galego (“O manifesto de Amergin”) a cargo de Manuel Rivas.

_____, “O gran churrasco na “barbacoa” neoliberal”, *Luzes*, n.º 54, “Episodios galegos”, marzo 2018, pp. 8-9.

No contexto dunha análise sobre a situación social, ideolóxica e cultural da actualidade, alude á futura publicación da obra *Un manifesto rebelde contra todo isto* de Manuel Rivas e ao seu contido arredor da política, a economía, a inmigración, a violencia contra as mulleres, o xornalismo, o racismo, o medio ambiente ou a literatura.

Rodino Lalín, Hugo José, “Un exemplo de galeguismo na diáspora. O Centro Gallego de Buenos Aires, 1879-2018”, *Grial*, n.º 218, “Historia e memoria”, abril, maio e xuño 2018, pp. 114-121.

Achega un estudo sobre a historia do Centro Gallego de Buenos Aires. No tocante á literatura galega, salienta a figura do escritor Roxelio Rodríguez Díaz e as súas obras *Flor de toxo* e *Cartas abertas e contos enxebres*. Tamén mencionan outros escritores representativos da literatura galega coma Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Castelao, Otero Pedrayo, Rosalía ou Curros Enríquez e a súa relación coa institución. Fai referencia, entre outras, ás obras *Blanco Amor dende Buenos Aires*, *Sempre en Galiza* de Castelao e *Polos vieiros da saudade* de Otero Pedrayo. Comenta que a primeira foi compilada por Xosé Neira Vilas e que afonda nos vínculos de Blanco Amor co Centro Gallego.

Rodríguez Durán, Jorge, “Encrucillada de narrativas fuxidías”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 76-77.

Ofrece unha recensión da obra *Á sombra dos bonsais* (Galaxia, 2017) de Antón Riveiro Coello. Fai fincapé en que se trata dunha compilación de corenta relatos breves. Destaca a pegada oral, humorística, retranqueira e irónica dos textos. Di que conforme progresan os relatos a súa extensión vai diminuindo. Subliña a influencia da obra xornalística *Á marxe* de Carlos Casares nestes relatos. Resalta o carácter reflexivo dos contos a temática arredor de experiencias vitais. Di que os relatos presentan un carácter conclusivo. Salienta o carácter experimental da obra dentro do contexto da narrativa breve en galego.

Rovira Magariños, Pedro J., “*Amigos sempre*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 207, marzo-abril 2018, p. 118-120.

Ofrece unha recensión en formato epistolar da obra *Amigos sempre* (Espiral Maior, 1998) de Alfonso Eiré. Comenta que o léxico da obra remite ao territorio xeográfico da vila de Chantada. Explica que o libro xira arredor das vivencias dun seminarista que non desexaba ser cura. Dá conta de que o libro afonda nas situacións de opresión exercidas polos mestres do seminario sobre o protagonista. A partir das vivencias persoais, Rovira Magariños procura achegar unha contestación oposta á perspectiva negativa que achega a obra sobre o período de aprendizaxe no ensino relixioso.

Rozados, Lara, “Mudar a pel da historia”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 84-85.

Ofrece unha recensión da obra *Mudanzas e outros velenos* (Galaxia, 2017) de Marilar Aleixandre. Comenta que o libro constitúe unha reedición conxunta dos poemarios *Catálogo de velenos* (1999), *Abecedario de árbores* (2006) e *Mudanzas* que foi galardoado co Premio de Poesía Caixanova en 2006 e publicado en 2007. Sinala a temática da obra arredor da historia individual e social, da paisaxe, do erotismo, da transgresión, da brutalidade ou da represión que sofren as mulleres. Destaca as referencias e a pegada da mitoloxía clásica nas composicións.

Salgado, Xosé Manuel, “Carlos Casares, *Ilustrísima* e a cidade de Ourense. Ó lonxe, Curros Enríquez”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Obra literaria”, n.º 378, 2017, pp. 89-103.

Achega un estudo sobre a pegada da biografía dun escritor na súa obra literaria. Afonda no vínculo entre a cidade de Ourense e a produción de Carlos Casares. Atende ás obras ficcionais do escritor que transcorren nesta cidade salientando as consecuencias que tiveron a aparición do tren e mais do cinema en Ourense. Por último, ofrece unha serie de notas sobre a novela *Ilustrísima*.

Santórum, Grácia, “Afástase Carlos...”, *Luzes*, n.º 52, “As libreiras”, xaneiro 2018, p. 89.

Ofrece unha recensión da obra *Tundra* (Espiral Maior, 2017) de Carlos Negro. Fai referencia a que a obra foi galardoada co XVI Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño. Sinala que a temática da obra é o intimismo, o exotismo dos espazos, a ansia, a friaxe e o apaixonamento. Afonda na natureza que aparece na obra destacando o terreo distante, estraño do Candán. No tocante ao estilo apunta á pureza da linguaxe.

Santos Cabanas, Xosé Luís, “Memoria para tecer futuros”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 109, setembro/outubro/novembro/décembro 2018, pp. 55-62.

Con motivo da homenaxe a Ánxel Casal, organizada polo Concello de Teo, parte este texto lido en nome da asociación “A Oliveira” de Teo e recollido por Santos Cabanas. Nel, destaca o gran labor de Ánxel Casal non só no eido editorial e na creación e difusión de iniciativas culturais, senón tamén como un férreo defensor da cultura e lingua galegas, sendo o primeiro mestre en dar clases en galego.

Sampedro, Pilar, “Alfonso Branco Torrado e o xermolo da cultura popular en Guitiriz”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “Entrevista”, 2018, pp. 34-39.

Achega unha entrevista a Alfonso Branco Torrado. No tocante á literatura galega, fai referencia a que os escritores Manuel María e Xosé María Díaz Castro foron dados a coñecer a través de diversas asociacións a cargo do entrevistado como Xermolos, Fundación Manuel María e As XM Díaz Castro. Salia a relación da obra de Manuel María coa Terra Chá e da poesía de Díaz Castro coa paisaxe. Por último subliña a importancia de estas dúas figuras en relación á fundación Xermolos.

_____, “O arte e a súa historia. O libro dos nenos”, *Revista Galega de Educación*, n.º 72, “Outras lecturas”, 2018, pp. 98-99.

Ofrece unha recensión das obras *O arte e a súa historia* (2017, Laivento) de Antía Cal e Antón Beiras e *O libro dos nenos* (2018, Deputación de Lugo) de Antía Cal. Apunta que o primeiro constitúe un facsímile dunhas follas con texto e imaxe elaboradas nos anos cincuenta polos dous autores e dirixidas á infancia. Sinala que xiran arredor da arte e das diferentes manifestacións e estilos artísticos dende a Prehistoria até o momento no que se escribiu o libro. Resalta que a linguaxe empregada é sinxela. Con respecto a *O libro dos nenos* destaca que constitúe unha enciclopedia dirixida á infancia e que a versión orixinal dos anos cincuenta recibía o título de *Enciclopedia pró neno* e foi galardoada cun premio no Lar Galego de Caracas en 1955. Destaca o fundamento pedagóxico da obra orixinal e a súa relevancia. Sinala a súa temática de carácter xeral arredor, sobre todo, da xeografía. Informa de que inclúe un capítulo a cargo de Antón Beiras titulado “Sobre a hixiene”, dunha estampa inicial sobre autora a cargo de Neira Vilas titulada “A miña Antía” e unha conclusión titulada “Remate do libro” feita por Castelao.

Santiago Díaz, Lucía, “Crónica da celebración dos 40 anos de *Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, p. 58.

Achega un resumo do acto que tivo lugar na Real Academia Galega con motivo da conmemoración do corenta aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada*. Anota as diferentes participacións de figuras relacionadas coa publicación que compuxeron o acto, entre eles, os escritores Víctor Fernández Freixanes e Andrés Torres Queiruga. Destaca a relevancia lingüística da revista, que emprega exclusivamente o galego para as súas publicacións, así como a diversidade temática das mesmas, salientando os seus contidos ideolóxicos, culturais ou científicos ademais de teolóxicos. Dá conta da saída ao prelo da monografía *As letras galegas na Encrucillada-Estudios literarios en 40 anos de revista*.

Santos, Xácome, “Moncho, a lembranza dun referente”, *Luzes*, n.º 52, “Reportaxe”, xaneiro 2018, pp. 23-29.

No contexto dun artigo sobre a figura de Moncho Valcarce fai referencia á sección Alba de Gloria da obra *Sempre en Galiza* de Castelao.

Sierra Rodríguez, Xosé Carlos, “A memoria social e cultural do país”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Reportaxe”, xaneiro 2018, pp. 74-78.

No contexto dun artigo sobre a historia do Museo do Pobo Galego menciona a varios escritores como Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Xaquín Lorenzo ou Antón Fraguas.

Silveiro Fernández, Héctor M., “Tradiciois, terra e identidade na obra de Morales”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Antonio Fernández Morales: o cantor do Bierzo”, n.º 378, 2017, pp. 501-549.

A partir da correspondencia de Antonio Fernández Morales achega unha análise xenética, temática e estilística da súa obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. explica o interese do autor pola variedade lingüística do galego no Bierzo e a decisión de escribir nela o texto anterior. Destaca a temática de *Ensayos poéticos en dialecto berciano* arredor das tradicións da aldea e da vila dende un punto de vista crítico. Subliña o emprego da sátira na obra. Recalca a importancia da natureza e das xentes do Bierzo no texto, dada a descrición minuciosa que o autor leva a cabo de ambas as dúas. Pon en relación o retrato da idiosincrasia berciana que fai Morales coa temática das obras do Rexurdimento galego. Por último, Estuda a pegada no estilo do autor que deixa a súa pretensión de loar o patrimonio do Bierzo.

Sotelo, Vanesa M. e **Xestoso**, Manuel, “Entrevista a Francisco Oti e Julio Fer. “Arquivos de realidade apunta á posibilidade de darlle voz ao silencio”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Entrevista”, n.º 94, 2018, pp. 60-63.

Achega unha entrevista aos escritores Francisco Oti e Julio Fer a propósito da peza *Arquivos de realidade*. Comenta que esta obra quedou finalista no Premio Abrente de Textos Teatrais no ano 2015. Explora o proceso de composición da peza teatral aludindo ao feito de que está escrita a catro mans. Fala da relación da obra coa peza *Lingua de lata*.

Destaca que constitúe unha obra de teatro coral, con multiplicidade de voces e planos que coinciden temporalmente. Sinala que xira arredor da tolemia e da mestura entre ficción e realidade. Reflexiona sobre a temática da obra e a súa relación coa Memoria Histórica. Alude á obra *O Mariscal* de Daniel Cortezón. Apunta á posibilidade de representar a *Arquivos de realidade*. Por último, menciona a peza inédita da mesma coautoría *Café para defuntos* e outras obras teatrais escritas por varios autores como *Celtas sen Filtro* e *Lenta Raigame*.

Soto, Vanesa. “Intolerancias”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Editorial”, n.º 94, 2018, p. 4.

Achega unha presentación do novo número da Revista Galega de Teatro na que se dá conta dos contidos. No tocante á literatura galega salienta a relevancia da produción teatral en galego en diferentes festivais así como a posibilidades da figura de Xohana Torres no eido da dramaturxia. Menciona a obra teatral *Arquivos de realidade* de Francisco Oti e Julio Fer destacando a súa temática arredor da censura e da memoria histórica.

Sousa, Ruth, “Habitantes da cidade inmaterial”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Reportaxe”, setembro 2018, pp. 64-68.

No contexto dun estudo sobre diversas actividades e iniciativas levadas a cabo por artistas galegos na emigración destaca a publicación da antoloxía de poesía *Onda Poética* con composicións de Lorena Souto, Isaac Xubín, Martín Veiga e Óliver Escobar entre outros. Tamén reflexiona sobre a figura do emigrante actual fronte á imaxe configurada na obra de Rosalía de Castro. Por último, tamén menciona a outros escritores galegos como María Alonso, Helena Miguelez-Carballeira e Xavier Queipo.

Suárez Pérez, Tito, “Lisboa e o mal. Notas”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 207, marzo-abril 2018, p. 115-117.

Ofrece unha recensión da obra *Lisboa e o mal. Notas* (Elcercanoediciones, 2017) de Santiago Lamas. Comenta que o libro constitúe un ensaio sobre a definición de mal, elaborado a partir das consecuencias de carácter social, filosófico e teolóxico que tivo o terremoto de Lisboa do século XVIII. Explica que a obra afonda no concepto de mal atendendo a diversas fontes: ideolóxicas, relixiosas, éticas, psicolóxicas, históricas, antropolóxicas, filosóficas ou literarias. Recolle que o libro consta doutra sección centrada na análise do islamismo e do terrorismo desenvolvido ao abeiro desta relixión. Por último, fai referencia a outras obras do autor como: *Teimas e Retallos*, *Fisterras atlánticas*, *Ferrín e outras historias* ou *Galicia borrosa*.

Tabarés, Fernanda, “Carlos Casares non era xornalista, e que?”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Xornalismo”, n.º 378, 2017, pp. 283-285.

Traza unha panorámica sobre os artigos de Carlos Casares atendendo ás súas características en correspondencia co medio no que foron publicados. Destaca que nos

seus textos teñen cabida todos os xéneros propios dos escritos xornalísticos. Afonda na perspectiva arredor da sociedade coetánea que chegou Carlos Casares a través dos diferentes artigos que publicou en xornais ao longo da súa traxectoria.

Tallón, Juan, “As cousas importantes”, *Luzes*, n.º 63, “Ás ceibas”, decembro 2018, pp. 6-7.

Co gallo da conmemoración do vixésimo quinto aniversario do programa de televisión Xabarín, fai referencia a diversos eventos acontecidos no ano 1994. No tocante á literatura galega, destaca que Darío Xohán Cabana gañou o Premio Xerais coa novela *O cervo na torre* e que Xosé Cid Cabido gañou o premio Blanco Amor con *Panificadora* e Manuel Rivas sacou ao prelo *En salvaxe compañía*. Tamén alude á estrea de *Annus Horribilis* por parte da compañía Chévere.

Tato, Maribel, “*Don Pepe* é a segunda...”, *Luzes*, n.º 62, “As libreas”, novembro 2018, p. 87.

Ofrece unha recensión da obra *Don Pepe* de Moncho Iglesias Míguez. Fai referencia ao libro anterior do autor *Tres cores: azul*. Explica que se trata da segunda novela do escritor e que comparte coa primeira a temática arredor das vivencias dos protagonistas a través de traxectos. Informa de que destacan como elementos constitutivos das viaxes a paisaxe e a cultura. Di que a obra conta a historia dun cativo que se traslada do rural galego a México e que constrúe a súa idea da terra natal mediante a lectura de poesía galega. Destaca o entrecruzamento de realidade e literatura que se produce na obra, así como de distintos espazos e xéneros de escrita.

Tejo, Carlos, “Entre a escena e a arte de acción. Situación actual e perspectivas das artistas galegas”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Arte de Acción”, n.º 94, 2018, pp. 51-53.

No contexto dun estudo sobre as circunstancias da dramaturxia galega e doutras manifestacións artísticas do mesmo eido, Menciona a Gena Bahamonde e a súa relación coas compañías Matarile Teatro, Teatro Galán e María a Parva. Tamén alude ao vínculo que atinxe a Gena Bahamonde e as obras *Mullerona*, *Xogo para Nenaos e Indignos*, *Arquitectura da emoción* e *Elisa e Marcela*. Con respecto a esta última peza, especifica que orbita arredor do amor entre dúas mulleres galegas a inicios do século XX.

Tembrás, Dores, “Tirando do nobelo. Xohana Torres”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, pp. 98-103.

Fai unha aproximación á figura de Xohana Torres e á súa obra. Sinala o carácter feminista e a responsabilidade coa linguaxe que define a produción da autora. Comenta que a súa obra *Adiós María* ten como protagonista a unha muller e que se define pola conciencia da diferencialidade dende o punto de vista do xénero. Aplica a mesma caracterización á súa poesía destacando a obra *Elexías a Lola*. Achega as visións de Marta Dacosta, Alba Cid, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Xina Vega, Antía Otero, Estíbaliz Espinosa, Marilar Aleixandre, Inma López Silva, Lara Dopazo, Andrea Nunes e Olalla Cociña sobre

a obra literaria de Xohana Torres. Nestas apreciacións destacan as obras *Tempo de ría, Á outra banda do Ibero* e *Un hotel de primeira sobre o río* así como a pegada do diálogo ou os trazos visuais da súa poesía.

Toro, Suso de, “Dialogar non debera ser difícil”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 209, setembro-outubro 2018, pp. 65-72.

A propósito da obra de Suso de Toro *Humildar. Rituais despois de Deus* (Xerais, 2017) o autor responde aos comentarios sobre as críticas feitas no libro por Pedro Castelao no seu artigo “En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar. Rituais despois de Deus*”. Suso de Toro desacredita a pretensión de propoñer na obra unha crenza civil sen transcendencia que lle atribúe Pedro Castelao. Ademais salienta a presenza da súa concepción da relixiosidade en varias das súas obras de ficción como *F.M., Parado na tormenta, A carreira do salmón* ou *Ten que doar*. O escritor tamén divide a súa produción literaria en dous períodos de acordo coa súa visión da relixión: o primeiro carente de transcendencia e o segundo concibido coma unha procura da mesma.

Torres Queiruga, Andrés, “A presenza do relixioso en Carlos Casares”, *Boletín da Real Academia Galega*, “Intelectual”, n.º 378, 2017, pp. 337-348.

Ofrece unha panorámica sobre a temática relixiosa na produción de Carlos Casares en relación á súa biografía e á representación das súas experiencias a través dos textos. Afonda na pegada relixiosa procedente das vivencias do autor que aparece nos seus escritos. Analiza o significado e a relevancia da relixiosidade na obra de Carlos Casares atendendo ao contexto cultural no que se inscribe a produción literaria da xeración á que pertence.

_____, “40 anos de *Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 76-78.

Reproduce o discurso que Andrés Torres Queiruga pronunciou no acto que tivo lugar na Real Academia Galega con motivo da conmemoración do cuadrexésimo aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada*. Reflexiona sobre o contexto histórico no que xorde a revista e tamén sobre as circunstancias nas que se desenvolve actualmente. Destaca a relevancia lingüística da revista, que emprega exclusivamente o galego para as súas publicacións e salienta a perspectiva relixiosa que ofrece en relación á cultura galega.

_____, “As mil primaveras de Irimia”, *Grial*, n.º 220, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2018, p. 11.

Co gallo da publicación do milleiro de exemplares da revista *Irimia* menciona a Álvaro Cunqueiro e tamén a participación na revista do escritor Xosé Chao Rego cunha sección relacionada coa lingua galega.

Valverde, Alberte, “Na estrada do *beat*”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 87-89.

Ofrece unha recensión da obra *Latexo Beat* (Galaxia, 2017). Explica que se trata dunha

escolma de composicións poéticas que xorde a raíz do Festival Internacional Kerouac de Poesía e Performance celebrado en Vigo no 2017. Sinala que a temática da escolma xira arredor dos vínculos entre a arte e o espazo público, así como da crítica sobre o individuo e a sociedade actual. Comenta que a escolma acolle poemas en diferentes linguas, entre elas, o galego. Destaca o emprego do verso libre. Reflexiona sobre a presenza na obra de composicións metapoéticas, de corte existencialista, nihilista, vangardista e experimental con outras achegas afastadas do movemento *beat* que se centran nos xogos de palabras. Por último, vencella este movemento coa produción da Nova Narrativa Galega e do colectivo Ronseltz.

Varela, Begoña, “A partir de sete...”, *Luzes*, nº 52, “As libreiras”, xaneiro 2018, p. 88.

Ofrece unha recensión da obra *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2018) de Xabier P. Docampo. Explica que o argumento da novela inclúe referencias a sete filmes da década dos corenta do século XX. Sinala que a obra conta os sucesos da vila de Ribadaínsua a través da voz dunha nena que dá conta de diversos acontecementos. Informa que a novela amosa, mediante os feitos rexistrados, a falta de xustiza, a pobreza, as desgrazas, o despotismo e as represalias que se producen na vila.

Vélez Latorre, Xosé Manuel, “Alemaña en Otero Pedrayo: para unha interpretación de *La fiesta del Conde Bernstein* (1943)”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 109, setembro/outubro/novembro/décembro 2018, pp. 71-81.

Analiza as fontes literarias das que se serviu Otero Pedrayo á hora de escribir a súa obra *La fiesta del Conde Bernstein* (1943). Estuda a influencia que exerceu sobre el a obra e figura de Goethe, o gran modelo do Humanismo Neoclásico e Romántico alemán. Tamén fai alusión á aplicación dos modelos do *Wilhelm Meister* e do *Fausto* na súa produción literaria, e cita unha obra fundamental para Otero Pedrayo *De l’Allemagne* de Madame de Stael.

Vidal Collazo, Marisa, “Presentación da Monografía *As letras galegas na Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 71-75.

Recolle o discurso que Marisa Vidal Collazo pronunciou no acto que tivo lugar na Real Academia Galega con motivo da conmemoración do cuadrexésimo aniversario da publicación da revista *Encrucillada*. Este discurso xira arredor da presentación da monografía *As letras galegas na Encrucillada-Estudios literarios en 40 anos de revista*. Explica que constitúe unha obra en dous volumes nas que se recollen todas as achegas publicadas na revista sobre literatura galega e, en concreto, a figura á que se lle dedicou nos últimos corenta anos o Día das Letras Galegas dende unha perspectiva relixiosa. Alude á estrutura da obra salientando que o primeiro tomo inclúe dende a conmemoración de Antón López Ferreiro polo Día das Letras Galegas de 1978 até a mesma homenaxe a Carlos Casares en 2017. Explica que o segundo tomo inclúe diversos estudos sobre diferentes escritores da literatura galega, salientando a figura de Rosalía de Castro á que se lle dedicou un monográfico da revista con motivo do centenario da súa morte. Fai referencia á ausencia de mulleres tanto entre as figuras estudadas e como entre as

redactoras das análises.

Villar, Miro, “A poética do frío”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 83-84.

Ofrece unha recensión da obra *Tundra* (Espiral Maior, 2017) de Carlos Negro. Informa que o poemario foi galardoado co XVI Premio Fiz Vergara Vilariño. Alude a obras anteriores do autor como *As laranxas de Alí Babá* (1998), *Far-west* (2001), *Makinaria* (2009), *Penúltimas tendencias* (2014), *Masculino singular* (2016), *Héleris* (2003) galardoada co VII Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu e *Cultivos transxénicos* (2008) gañadora do I Premio Victoriano Taibo. Salienta a intencionalidade de crítica social das obras *Penúltimas tendencias* e *Masculino singular*. Destaca o carácter intimista do poemario. Di que a obra está composta por setenta e seis composicións repartidas en sete apartados. Fai fincapé en que o poemario trata temas como busca da identidade, o silencio, as paixóns ou as reflexións sobre o uso da propia lingua.

_____, “Desmitificando os retratos haxiográficos”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 85-86.

Ofrece unha recensión da obra *Díaz Castro: poeta en formación (1914-1939)* (Laivento, 2017) de Xosé Ínsua. Pon en relación o libro con outras obras como *Os poetas galegos e Franco* (Akal, 1997), *Os escritores galegos ante a Guerra Civil española (1936-1939)*. *Textos e actitudes* (Galaxia, 2007) de Alonso Montero ou *A cara oculta de Noriega Varela* (Laivento, 1992) e *A poesía oculta de Filgueira Valverde* (Baía, 2015) de Xosé Ramón Freixeiro Mato. Salienta que a obra está centrada nos vinte e cinco primeiros anos da biografía de Díaz Castro e alude á influencia da obra de Aquilino Iglesia Alvariño e Crecente Vega sobre a súa produción. Comenta que a obra consta de dezasete apartados. Destaca a intención desmitificadora do libro en relación á figura do autor, da súa ideoloxía ou da súa traxectoria no Seminario de Mondoñedo. Alude á súa relación con outros autores como Pastor Díaz, Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Iglesia Alvariño, Crecente Vega ou Pernas Nieto e a súa obra *Fala d’as musas* (1936). Menciona os libros inéditos do autor *Follas verdes* e *Follas ó aire* en relación ao seu pensamento católico. Salienta a temática relixiosa, conservadora e profranquista da produción do poeta neses anos.

_____, “Unha autora na sombra de Rosalía”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 109-110.

Ofrece unha recensión da obra *Filomena Dato Muruais. A poeta das Mariñas* (A. C. Irmáns Suárez Picallo, 2018) de Xesús Torres Regueiro. Fai referencia á saída ao prelo ao abeiro da mesma colección, Cadernos de Estudos Xerais, doutras obras sobre figuras relevantes da literatura galega coma Díaz Castro, Blanco Amor, Emilia Pardo Bazán, Manuel María ou Ramón Vilar Ponte. Alude á obra anterior sobre a autora que levou a cabo Jesús-Fernando Román Alonso titulada *Filomena Dato: a poeta galega de Entre Séculos* (Ourense: Duen de Bux, 2009). Informa de que a obra inclúe a biografía da autora e menciona a súa relación e a da súa familia con outros escritores coma Añón, Curros, Vesteiro Torres ou Lamas Carvajal. Di que o libro recolle a obra literaria de Filomena Dato e destaca o poema “A Galicia” e o poemario *Follatos*. Informa de que a obra recolle as homenaxes á autora así como a traxectoria editorial, o recoñecemento da crítica, a recepción e a perspectiva feminista da súa produción.

Valverde, Alberte, “Poesía por vir”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 84-85.

Ofrece unha recensión da obra *I3, Antoloxía da poesía galega próxima* (Chan da Pólvora, 2017) editada por María Xesús Nogueira. Pon en relación esta obra con outras antoloxías como *Novísimos*, *De amor e desamor* ou *A tribo das baleas*. Destaca que as composicións aparecen recollidas en galego e en castelán. Fai fincapé no posmodernismo das composicións, nos espazos diferenciados que presentan, no carácter intimista e periférico das voces, na alienación, os paradoxos en torno ao sexo e na incapacidade de comprensión. Tamén salientan as composicións modernistas que procuran influír no receptor. Reflexiona sobre a relevancia da obra á hora de dar a coñecer autores actuais.

_____, “A posverdade dos paquidermos”, *Grial*, n.º 219, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2018, pp. 101-102.

Ofrece unha recensión da obra *Un elefante no armáριο* (Através, 2017) de Teresa Moure. Informa que a novela pivota arredor da definición de verdade dende a perspectiva da filosofía, da lingüística e da psicoloxía. Explica que a novela constitúe unha historia de amor a partir da biografía da protagonista para meditar sobre a posverdade, a sexualidade ou as relacións sociais e dixitais. Alude á anterior obra da autora *Ostrácia* salientando o seu carácter histórico. Salienta que a narración corre a cargo de múltiples personaxes para trasladarlle ao lectorado diferentes perspectivas sobre os feitos entre os que distinguir a verdade. Destaca a relevancia que adquiren na novela as críticas ao sistema universitario, o feminismo ou a teoría literaria.

Vázquez Freire, Miguel, “Rudyard Kipling ou a saudade da selva”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “Recensións”, 2018, pp. 84-88.

Ofrece un estudo sobre a vida e a obra literaria de Rudyard Kipling. No tocante á literatura galega, fai referencia ás traducións do *Libro da selva* (Sushi Books) e de varios contos recollidos baixo o título *Así foi* (Galaxia). Comenta que os contos constitúen un feixe de fábulas de temática fantástica e paródica. Apúntase a publicación dos contos “Así se escribiu a primeira carta” e “Como se fixo o primeiro alfabeto” nun único relato a cargo da editorial Embora. Destaca a tradución galega do *Libro da selva* que inclúe a historia de Mowgli e pon en relación a identidade escindida deste protagonista coa visión colonial do autor e a natureza animal do home. Apunta que esta historia aparece dividida en tres capítulos que rematan cun poema. Destaca que o libro inclúe outros catro contos que tamén rematan con textos poéticos. Afonda na temática dos contos reflexionando sobre a necesidade dun tratamento contextualizado da súa temática colonialista.

_____, “María Victoria Moreno soñadora, insurrecta, amiga dos animais: tres perfís dunha escritora”, *Revista Galega de Educación*, n.º 71, “Recensións”, 2018, p. 90.

Achega unha revisión das seguintes obras publicadas arredor da figura de María Victoria Moreno: *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito* (Xerais) de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (Galaxia) de Montse Pena Presas e *Doce cartas a María Victoria*

Moreno (Hércules de Ediciones) de Ánxela Gracián. Destaca que as tres resultan obras axeitadas para o ensino. Anota que a primeira serve para analizar o seu perfil biográfico. Comenta que a segunda achega unha análise das súas obras e inclúe a súa faceta de antóloga d’*Os novísimos da poesía galega*. Infórmase de que na última destaca determinados feitos da súa vida e da súa obra dende unha perspectiva ficcional.

_____, “De Defoe a Tournier ou de Robinson a Venres. Un mito literario da modernidade”, *Revista Galega de Educación*, n.º 72, “Recensións”, 2018, pp. 94-97.

Achega un estudo sobre Daniel Defoe e a súa obra *Robinson Crusoe*. No tocante á literatura galega, a partir da tradución da novela (Xerais) afonda na súa temática sobre o naufraxio do protagonista nunha illa deserta e a súa relación posterior cun indíxena. Apunta o vínculo desta trama coa relixión, o capitalismo mercantilista, a burguesía e o colonialismo. Informa sobre a recepción da obra na época da Ilustración, a conta de Rousseau e a raíz da representación que ofrece do home salvaxe ligado á bondade e ao proceso de autoaprendizaxe fronte á civilización asociada á falta de ética. En relación á figura de Crusoe, tamén se analiza a tradución ao galego da obra de Michel Tournier *Venres ou a vida salvaxe* (Xerais). Destaca que esta última obra supón unha inversión do proceso de civilización, de tal modo que é o indíxena quen ensina a Crusoe a vivir nas súas condicións naturais.

Vega, Rexina, “In diasporic land”, *Tempos Novos*, n.º 249, “todo é peixe”, febreiro 2018, p. 56.

A propósito dunha reflexión sobre a situación dos mozos emigrados fóra do país fai referencia á obra *Transmigrantes* (Axóuxere, 2017) de María Alonso.

_____, “A identidade é un conto chinés”, *Tempos Novos*, n.º 249, “Protexa”, febreiro 2018, pp. 85-86.

Recensión do ensaio *Libro dos lugares* (Elvira, 2017) de Antón Patiño sobre o concepto da identidade e a cultura en relación con Europa e onde Galicia aparece perfilada como un espazo de desterro. Sinala a relevancia do pouso da escrita, da psicoloxía e do sentimento da melancolía e da resistencia á marxe da historia para desenvolver a noción de identidade na obra. No tocante á literatura galega, menciona que a obra conta cun prólogo de Manuel Rivas e que presenta a Galicia definida a través da repercusión da obra de escritores coma Novoneyra, Pimentel ou Lois Pereiro.

_____, “Non somos perfume”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Corpos e almas”, xullo 2018, p. 56.

Comenta o labor feminista de María Xosé Queizán no ensino e reflexiona sobre a falta de difusión e valoración da súa obra aludindo ao libro *Metáfora da metáfora*. Fai referencia ao verso “Non son perfume, son carne perfumada” de María Xosé Queizán e ao verso “Nós tamén navegar” de Xohana Torres e á relevancia da introdución da muller como suxeito na literatura galega.

_____, “Somos carne perfumada”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Corpos e almas”, xullo 2018, p. 56.

Analiza o inapropiado da ausencia de María Xosé Queizán na Real Academia Galega. Fai fincapé na contemporaneidade e no carácter subalterno da obra da autora. Anota a relevancia da homenaxe que recibiu a escritora na cidade de Vigo durante o mes de xuño no camiño da reivindicación da súa obra e da súa figura.

_____, “E clasismo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “Corpos e almas”, agosto 2018, p. 56.

No contexto dunha reflexión sobre a pluralidade de linguas achégase unha análise sobre a obra poética de Luz Pichel facendo fincapé na mestura lingüística que leva a cabo na súa produción. Explícase que na obra *Cativa no seu Lughar* a poeta explora o conflito lingüístico dende a perspectiva cultural, social, política e económica da minoría. Dise que a obra se basea na repulsa do monolingüismo en castelán e da normativa do galego. Saliéntase que o poemario supón un experimento lingüístico sobre a idea da fala. Destácase o carácter bilingüe da obra e o uso da redundancia e da paranomasia así como a exploración dos vínculos entre o monolingüismo e o plurilingüismo.

_____, “Como en Irlanda”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Todo é peixe”, setembro 2018, p. 50.

No eido dunha reflexión sobre o tratamento do fenómeno da emigración en Irlanda e en Galicia cita o verso de Brañas “Como en Irlanda, érguete e anda”.

_____, “Santas, putas... ou costureiras”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Todo é peixe”, decembro 2018, p. 56.

No eido dunha reflexión sobre a figura da costureira na literatura popular menciona a Rosalía de Castro e ao seu tratamento da mesma figura salientando o carácter feminista da mesma.

_____, “Entreter”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Todo é peixe”, decembro 2018, p. 56.

No contexto dunha reflexión sobre a idea de literatura como entretemento menciona á escritora Iolanda Zúñiga e as súas consideracións sobre a promoción da corrección política e do trivial na escrita.

Vidal Ponte, Roi, “Gala María Casares 2018. Claro que se pode!”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Escena Aberta”, n.º 94, 2018, pp. 54-56.

Achega un resumo da vixésimo segunda edición dos Premios María Casares. Destácanse as intervencións a cargo da compañía Talía Teatro. Menciona a compañía Teatro Antroido e os seus responsables Laura Ponte e Vidal Bolaño. Tamén alude ás responsables da compañía A Panadaría, en particular, a Gena Bahamonte e á peza *Elisa e Marcela*. Cita outras compañías coma IIMaquinario ou Teatro Malbarete. Alude a Quico Cadaval e á súa compañía Excéntricas. Fala de Abrente e da xeración dos egresados. Destaca o manifesto realizado por Lucía Aldao e María Lado e pon en relación co manifesto *¡Máis alá!*. Menciona a compañía de teatro Tanxarina e a posta en escena da obra *A galiña azul*.

_____, “Cos ollos postos no futuro. Xohana Torres e o teatro”, *RGT. Revista Galega de*

Teatro, “Escena Aberta”, n.º 94, 2018, pp. 57-59.

Achega un estudo sobre a obra teatral de Xohana Torres centrado nas seguintes pezas: *A outra banda do Íberr* (Galaxia, 1964) e *Un hotel de primeira sobre o río* (Galaxia, 1968). Fai referencia a outras obras da autora coma *Do sulco* (Galaxia, 1957). Destaca como características das súas pezas teatrais a temática moderna, urbana, cultural, realista e crítica, así como o emprego dunha linguaxe elevada. Salienta que *A outra banda do Íberr* quedou finalista no I Concurso Castelao de Teatro Galego. Fai fincapé en que a obra xira arredor da opresión, a fuxida, o exilio e a saudade. Alude á súa relación co poema “Penélope”. Subliña que a obra *Un hotel de primeira sobre o río* pivota sobre a oposición entre o urbanismo e a ruralidade dende unha perspectiva ideolóxica. Reflexiona sobre a pegada do teatro de Xohana Torres na dramaturxia galega posterior.

Vilavedra, Dolores, “Unha especialista nos estudos rosalianos”, *Grial*, n.º 219, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2018, p. 11.

Con motivo do pasamento de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda fai un percorrido pola súa traxectoria profesional. Destacan as súas investigacións sobre as figuras de Curros, Lamas ou Blanco Amor. Tamén salienta os seus estudos lingüísticos e biográficos sobre Rosalía de Castro e a súa obra. Comenta que iniciou as súas investigacións baixo a dirección de Xesús Alonso Montero. Menciona as súas achegas sobre a escritora recollidas na *Revista de Estudios Rosalianos*, en *Grial* e n’*A Trabe de Ouro*.

Villalaín, Damián, “Javier Alfaya (I)”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Todo é peixe”, marzo 2018, p. 59.

Con motivo do pasamento de Javier Alfaya recupéranse vivencias co escritor e faise un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria. No tocante á literatura galega, menciónase a súa relación coa obra de Rafael Dieste.

_____, “Javier Alfaya (e II)”, *Tempos Novos*, n.º 250, “Todo é peixe”, marzo 2018, p. 59.

Con motivo do pasamento de Javier Alfaya recupéranse vivencias co escritor e faise un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria. No tocante á literatura galega, menciónase a súa relación con Gonzalo Allegue, Camilo Gonsar, Estro Montaña e Carlos Casares.

_____, “Lotto”, *Tempos Novos*, n.º 254, “Todo é peixe”, xullo 2018, p. 57.

No contexto dunha análise sobre a recepción da obra *Bomarzo* e a súa relación con outras obras, menciona a tradución ao galego da obra *Memorias de Hadrián* de Marguerite Yourcenar, a cargo de Ánxela Gracián (Edicións Positivas). Reflexiona sobre a condición dos dous libros de novela histórica e fai referencia á tradución ao galego da obra de Bukowski na editorial Positivas.

_____, “Ernesto Chao”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Todo é peixe”, setembro 2018, p. 51.

Co gallo do pasamento de Ernesto Chao fai un percorrido pola súa traxectoria profesional. No tocante á literatura galega, resalta a súa contribución á renovación do teatro galego e

a súa participación na asociación cultural *Abrente* e na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

_____, “Ernesto Chao”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Todo é peixe”, setembro 2018, p. 51.

Co gallo do pasamento de Ernesto Chao e no eido dunha reflexión sobre o recoñecemento da traxectoria dos actores galegos alude a que Ernesto Chao foi un dos fundadores da asociación cultural *Abrente* de teatro galego.

Xestoso, Manuel, “Ernesto Chao (1943-2018)”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 94, 2018, p. 80.

Co gallo do pasamento de Ernesto Chao fai un percorrido pola súa traxectoria no eido da dramaturxia. Alude á súa relación coa compañía Artello e á posta en escena das obras *As nubes*, *A cantante calva*, *Celtas sen Filtro* e *Gulliver FM*. Tamén menciona o vínculo do actor coa Agrupación Cultural Abrente, coas Mostras de Teatro Galego ou co Centro Dramático Galego. Subliña o seu papel na posta en escena d’*O incerto señor Don Hamlet* ou *Soño de verán*. Fai referencia á súa relación coa compañía Teatro do Malbarete, Teatro do Noroeste e Lagarta e coas representacións das obras *Rei Lear*, *Macbeth*, *Os xustos*, *Galileo Galilei*, *Fobias*, *Carambola*, *As últimas lúas* e *Aeroplanos*.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Ameixeiras, Diego, “A vida na prisión do teatro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 12 xaneiro 2018, p. 8.

Comentario de *O facedor de teatro*, de Thomas Bernhard. Destaca do libro ao protagonista, un vello actor, que se converte en símbolo do creador tráxico, obsesivo, megalómano, con trazos de delirio, un escravo en realidade da súa creación. O libro de Bernhard convértese así nunha reflexión lúcida sobre a natureza da ficción, sobre a relación entre a realidade e a súa representación, e os obstáculos do proceso creativo.

_____, “Saturno, vinte anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 19 xaneiro 2018, p. 8.

Comentario de *Saturno tamén é deus*, de Uxía Casal. Destaca a natureza de reedición deste libro, editado por Galaxia hai 20 anos e que volve da man de Urco. Fala Casal do mundo subterráneo, con voces que gardan silencio, con realidades fóra de plano. Destaca o esmero narrativo para conseguir con aparente sinxeleza, crear a inquietude e terror por debaixo da cortiza da narración.

_____, “A vida baixo os bonsais”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 26 xaneiro 2018, p. 8.

Comentario de *A vida baixo os bonsais*, de Antón Riveiro Coello. Comenta este libro nace dun experimento do autor, de publicar en redes sociais unha especie de micropostais, con resposta entusiasta dos lectores. Dese pulso nace un libro como este, heteroxéneo no temático, pero no que Coello consegue dar unidade a través da sorpresa, da capacidade de sempre dar un último xiro. Todos textos breves, gardan con todo un sentido, polo pulso de Coello nas distancias curtas.

_____, “Obreiros por todas partes”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 2 febreiro 2018, p. 8.

Comentario de *A obra*, de Vicenza Beatrice Speraz. Destaca desta novela a conexión co presente, cando narra eventos de finais do século XIX. A desgrazas do proletariado milanés, o drama dos desaloxos, a vergoña que se manifesta nos seus rostros, son hoxe, no século XXI aínda imaxes que é necesario compoñer.

_____, “Camillieri sen Montalbano”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, “1.280 almas”, 23 febreiro 2018, p. 8.

Comentario de *A concesión do teléfono* de Andrea Camillieri. Comenta que Camillieri adquiriu popularidade coas novelas do detective Montalbano, patriarca do noir europeo, pero o mestre italiano prefire a produción allea ao xénero, como nesta novela de intriga política. De estilo humorístico e artellada con moita variedade de rexistros, destaca tamén a tradución de María Alonso Seisdedos ao galego.

Araguas, Vicente, “Lorca na súa voz”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, 26 xaneiro 2018, p. 14.

Refírese á obra *Palabra de Lorca* que transcribe entrevistas, reportaxes e glosas de outros amigos del como Blanco Amor ou Cipriano Rivas.

_____, “Viaxeiro de interiores”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, 6 xullo 2018, p. 14.

Realiza unha recensión sobre o último poemario do vigués Alfonso Armada, *Cuaderno ruso*, xornalista e escritor con obra en castelán e galego. Salienta o seu impacto na reeducación sentimental, e algunhas das paridades que o autor percibe entre ambos.

_____, “Votando por Fermín”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, 18 xullo 2018, p. 14.

Realízanse, canda a lectura dun libro póstumo de Fermín Bouza (Santiago, 1946) titulado *El voto con botas*, algunhas consideracións sobre a súa traxectoria e a súa recepción en Galicia, lembrando que foi merecente do Premio da Crítica cun dos seus poemarios e que conta con obra poética e narrativa tanto en castelán como en galego.

_____, “Tempo transfigurado”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, 9 febreiro 2018, p. 14

Realiza unha recensión sobre o último poemario do ourensán Cesáreo Sánchez, *Tempo transfigurado* (2017). Nos seus poemas combínanse música e texto, nos cales se afasta de toda referencia obvia para afondar no que non se percibe a primeira vista. Ao final, ofrécese a ficha técnica do libro.

_____, “Coñecer e recoñecer”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 1018, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1018, p. 30, “Máis Libros”, 14 xaneiro 2018.

Comenta o contido da obra *Poemas que non podes deixar de coñecer*, unha escolma de poesía que contén poemas clásicos da literatura castelán e da galega. Entre a nómina de autores e autoras en galego destaca a Mendiño, Martin Códax, Eva Veiga, Diana Varela Puñal, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

_____, “Lavrar Galicia”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 1019, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1019, p. 30, “Máis Libros”, 21 xaneiro 2018.

Repasa o contido do ensaio de Ramón Villares, *Identidade a efectos patrios*, e afonda nalgunhas claves sociopolíticas que o autor trata na obra. Destaca tamén a importancia de Ramón Villares como un dos grandes historiadores do país.

_____, “Hímnica”, *Diario da Arousa*, “O Salnés Siradella”, 28 xaneiro 2018, p. 32.

Dá conta da última publicación de María Pilar García Negro, *Himno galego: unha*

historia parlamentaria (inconclusa), onde recolle os argumentos de autoridade manexados polas representacións académicas, políticas e literarias a propósito da petición que a propia autora fixo no Parlamento Galego para recuperar o Himno Galego na súa forma orixinal.

_____, “So kitsch”, *Diario de Arousa*, “*Nordésia*”, n.º 1021, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “*O Salnés Siradella*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1021, p. 32, “Máis Libros”, 4 febreiro 2018.

Comenta *Cervatos*, de Lucía Novas. Obra da que destaca un fluxo léxico excesivo segundo a súa visión. Recalca que se trata dun poemario que contén un cariz experimental, máis propio das vangardas, que o autor da recensión relaciona coas iniciativas poéticas levadas a cabo por Rompente. Destaca positivamente as composicións curtas que contén o poemario, e que empraza como próximas ao haiku ou o microrrelato.

_____, “De Siro a Siro”, *Diario de Arousa*, “*Nordésia*”, n.º 1022, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “*O Salnés Siradella*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1022, p. 32, “Máis Libros”, 11 febreiro 2018.

Achega comentarios sobre a publicación de Siro López sobre a súa obra. No comentario destaca influencias como a de Castelao ou algunhas das súas obras, como é o coñecido retrato de Ramón Piñeiro.

_____, “Por entregas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 1.023/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.023, 18 febreiro 2018, p. 32.

Repasa o contido de *A senda de sal*, de Fran Fernández Dávila, obra gañadora do Premio Novela por Entregas La Voz de Galicia. Destaca o carácter historicista da novela, a cuestión lingüística, expresada a través dun bilingüismo creado a partir dos diálogos das personaxes. Sinala que a única limitación da obra é o tipo de formato propio das novelas por entregas, non obstante, destaca a enteiraza da propia narración.

_____, “Un ferrolán a deshoras”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 1.024/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.024, “máis Libros”, 25 febreiro 2018, p. 32.

Comentario de *Poemas no carricanto*, de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Sinala, en primeiro lugar, algúns pequenos contactos vitais que tivo co autor deste poemario. Menciona do libro o prólogo de Requeixo e o epílogo de Méndez Ferrín. Destaca do poemario que é verdadeira poesía moderna, en palabras de Ferrín, do “seu tempo”. No ámbito dos poemas comenta tamén os xogos conceptistas que atravesan o libro.

_____, “Outra perspectiva”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 1.027/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.027, “máis Libros”, 19 marzo 2018, p. 32.

Comentario de *Devalar sen pel*, de Modesto Fraga. Destaca deste poemario a súa perspectiva sobre as mulleres, un libro que desequilibra a balanza xenérica a favor das donas, pero non nunha voz importada, pois o poeta busca sempre unha expresividade natural. Comenta tamén a capacidade do autor de integrar referencias de importantes

escritoras, desde Xohana Torres a Simone de Beauvoir ou Pizarnik, mudando o seu eu poético cara un autenticamente feminino.

_____, “De mar a mar”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.028/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.028, “máis Libros”, 25 marzo 2018, p. 32.

Comentario de *A vida sinxela de Marcelo Firmamento*, de Vanesa Santiago. Destaca primeiro que a obra foi galardoada co premio Illa Nova da editorial Galaxia. Sinala que a novela non é especialmente orixinal, pero narra con soltura a vida dun rapaz sadense desde a súa infancia durante o século XX, nas súas aventuras polo mar. Sinala que máis que por un realismo máxico, móvese nas coordenadas do costumismo realista onde se integra a mitoloxía dun xeito comfortable. Todo isto nun entorno histórico, con referencias a eventos históricos da España franquista, pero tamén a arxentina destes anos.

_____, “Vai de mulleres”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.031/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.031, 15 abril 2018, p. 32.

Achega un sucinto percorrido por *Alma e o mar*, de Francisco Fernández Naval, no que destaca algunhas das principais cuestións abordadas na novela. Fai referencia ao xogo metaliterario que contén a propia historia, pois nela abórdanse poemas e composicións literarias de diferente índole.

_____, “Crónica familiar”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.032/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.032, 22 abril 2018, p. 30.

Comenta algúns aspectos básicos da novela en cuestión, *Os coros da novena*, de Fidel Vidal, así como algunhas cuestións biográficas do autor, como o seu oficio de médico, tamén presente noutros narradores.

_____, “O que non se leva”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.034/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.034, “máis Libros”, 6 maio 2018, p. 32.

Comentario de *Cinsa na boca*, de Yoldi Sanmartín. Destaca o autor deste libro de poesía o feito de que faga poesía belixerante, ou social, nun tempo onde parece que este tipo de poesía xa non está na moda, levadas as correntes literarias cara outros lugares. Con todo, ou precisamente por iso, considera poemas como os de Sanmartín máis necesarios ca nunca por mergullárense en terreos impuros para denunciar inxustizas como a prostitución ou a ablación xenital, ante a cegueira de occidente.

_____, “Don da diversidade”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.037/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.037, “máis Libros”, 27 maio 2018, p. 32.

Comentario de *Curiosidade* de Estíbaliz Espiosa. Fala, en primeiro lugar, da autora, figura poliédrica con formación en moitas materias, desde a música, a poesía, a astronomía ou a socioloxía. Comenta a edición coidada, coa ilustración de Celsius Pictor na portada. Destaca deste poemario a riqueza das referencias e sabedoría dos poemas, sen caer nunca no pedante, malia todo o coñecemento que atesouran. Aprende, apunta, o lector con esta

poesía, gozando. Destaca o carácter distinto e fresco da súa poesía fronte a tópicos ou proxectos literarios que moitas veces parecen todos moi semellantes entre si.

_____, “O mundo desde a terraza”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.042/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.042, “máis Libros”, 1 xullo 2018, p. 32.

Comentario de *Terraza*, de Fran Alonso. Destaca do libro a súa honestidade, a capacidade lírica de Alonso para falar desde ese bar ao que vai todos os días. Comenta a capacidade do autor para crear ambientes, fala da xente que fuma, dos animais, da obsesión cos móbiles. Poesía cun aquel de road movie, poesía en movemento de liña clara.

_____, “Cando todo cadra”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.053/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.053, “máis Libros”, 16 setembro 2018, p. 32.

Comentario de *Melfios*, de Antón de Santiago. Destaca, en primeiro lugar, o papel importante que ten o ilustrador neste libro, con foto e descrición propia nas lapelas. Recordamos o momento en que coñeceu o poeta, nunha presentación dun libro do propio Araguas en Madrid, e a volta posterior de Antón de Santiago a Galicia, onde ten diversas ocupacións. Entre elas non estaría a priori a de poeta e, no entanto, aparece este poemario con textos relacionados coa música, nunha primeira parte para falar das grandes compositores da música clásica e nunha segunda das mulleres protagonistas dalgúns grandes óperas da historia da música.

_____, “Negro sobre branco”, *Diario de Arousa*, “Nordesía”, n.º 1055, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “O Salnés Siradella”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1055, p. 30, “Máis Libros”, 30 setembro 2018.

Comenta algunhas das características de *Tundra*, de Carlos Negro. Poemario do que destaca o seu vencello con Uxío Novoneyra e do que louva a súa exactitude e precisión. Destaca a autopoética contida dentro da propia obra e que achega pistas sobre a lectura proposta polo autor.

_____, “Pozo da beleza”, *Diario de Arousa*, “Nordesía”, n.º 1062, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “O Salnés Siradella”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1062, p. 30, “Máis Libros”, 7 outubro 2018, p. 32.

Repasa as principais achegas da biografía *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza*, autoría de Aurora López e Andrés Pociña. Destaca o rigor e a proximidade coa que foi elaborada a obra, ademais do abranguinte do enfoque de análise, que contempla a produción poética da autora tanto en galego como en castelán. Na propia recensión achega algúns dos fitos máis relevantes dentro do percorrido vital da poeta.

_____, “Radiografía”, *Diario de Arousa*, “Nordesía”, n.º 1062, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “O Salnés Siradella”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1062, p. 30, “Máis Libros”, 18 novembro 2018.

Comenta as principais características de *Luns*, novela de Eli Ríos, e a traxectoria literaria da autora, de quen sinala o monllo de premios literarios no seu haber. Destaca a economía

a nivel de estilo, ademais da elegancia da súa prosa. Finalmente, comenta algunhas das circunstancias que a protagonista da novela, Nerea, terá que afrontar no transcurso da historia.

_____, “Poesía do trinquete”, *Diario de Arousa*, “*Nordésia*”, n.º 1064, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “*O Salnés Siradella*”, p. 32, “*Máis Libros*”, 2 decembro 2018.

Repasa a obra *Entullo*, de Lorena Conde, gañadora do premio González Garcés na edición do ano 2016. Destaca a frescura que transmite a voz poética que acada unha ollada poliédrica, na que a vida se interpreta dende diferentes perspectivas. Destaca que o libro non resulta pesado e sinala que a fluidez que transmite a lectura o converte nunha obra destacable a pesar da escasa traxectoria poética da autora.

Blanco Casás, Laura, “Imaxes máxicas. Memorias dun lobo de mar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 658, “*Libros*”, 22 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 608, “*Lecturas*”, 3 marzo 2018, p. 10.

Comentario de *A senda de sal*, de Carlos Fernández Davila. Comenta que o autor está a se converter nunha voz importante na narrativa galega. Fala dos premios que gañou xa o autor e resume o argumento da novela. Mesturando historia, mar e memoria baixo un formato de intriga, destaca o emprego de figuras literarias e o estilo narrativo do autor. Comenta tamén a importancia da maxia como elemento na novela, na liña do realismo máxico de García Márquez.

Carreño, Antonio, “Manuel Vilanova: A substancia das horas”, *La Región*, “*Opinión*”, “*Crónicas desde la Ribeira Sacra*”, 28 marzo 2018, p. 30.

Comentario de *A substancia das horas* de Manuel Vilanova. Destaca deste poemario, en primeiro lugar, a importante bagaxe cultural do autor, que se reflicte no libro, desde a que chega da propia experiencia, mais tamén do mítico e imaxinado, con destacados referentes literarios. Fala sobre a relación do libro coa xeografía, terreal e astral, e da memoria, que tamén sofre ese redeseño literario. No formal destaca dos poemas a súa capacidade de sintetizar en sentencias, epígrafes, aforismos, levar a idea ata o axioma.

Dacosta, Henrique, “*Tripas*’, último poemario de Alberte Momán”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*’/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 1.046/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.046, “*máis Libros*”, 29 xullo 2018, p. 37.

Comentario de *Tripas*, de Alberte Momán. Comeza falando da orixe etimolóxica do apelido do autor, o seu nacemento en Ferrol. Destaca tamén a traxectoria curiosa e multidisciplinar da súa carreira ata o momento, xogando entre varios marcos de referencia e formatos diversos. Neste poemario en particular, comenta Dacosta que está dividido en seis partes, que analiza separadamente. Así, en “*Arrabalde de silencio*” reflexiona sobre o paso do tempo e o espazo arcádico; en “*As fronteiras do medo*” trae imaxes crueis dun amor patolóxico, do poder e o dogma no amor; en “*Falamos*” afonda na idea da insatisfacción, relacionado co desexo, a pornografía, a soidade; e en “*Periferia*” desfai o eu poético, cara un amor patético. Despois, en “*Maianca*”, vólvese conxura e

exorcismo, ronda a idea do suicidio, pero é un espazo feliz dun xeito confuso. Por último, en “Corenta aniversario”, pode haber frustración, pero non xa melancolía, rompe amarras co pasado, pasa a construír un novo “eu”.

Espinosa, Estíbaliz, “Curiosidade é nome de constelación”, *Sermos Galiza*, n.º 292, “fóradeserie”, 19 abril 2018, p. 7.

Achégase unha explicación e reflexión do substrato de *Curiosidade* (2017).

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Un poeta esencial”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25 / *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Madia leva”, 9 xuño 2018.

Comentario de *Memoria dos días*, de Xulio L. Valcárcel. Destaca desta obra a súa natureza de obra reunida, de compendio de toda a poesía dun dos autores máis recoñecidos da poesía dos 80. Sinala Fernán Vello que ao ver compilada a poesía de Valcárcel, faise máis evidente o peso dunha obra ampla, transcendente e con vocación de permanencia.

Fernández, Paula, “Arqueoloxía e aventura”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 607, 24 febreiro 2018, p. 10.

Recolle unha recensión da novela para o público infantoxuvenil *A ánfora exipcia* de An Alfaya, unha obra que recolle unha historia que bebe da novela policíaca e de misterio.

_____, “Literatura, arte e natureza. De escrita ensoñadora”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 662, 22 marzo 2018, p. VI / *La Opinión*, “Saberes”, n.º 611, 7 abril 2018, p. 10.

Comentario de *O morto asasinado*, de María do Carme Kruckemberg. Sinala que normalmente ao citar a Kruckemberg pensamos en poesía, debido á súa longa traxectoria, pero neste caso estamos ante un conxunto de contos da súa faceta prosística: 15 contos que estaban só en edicións non veniais, con ilustracións de varias autoras, e 7 relatos a maiores, de corte autobiográfico, algo anteriores no tempo. Destaca dos contos a voz existencialista, onde se dilúen as liñas entre autora, narradora e protagonista. Literatura, amor pola literatura e arte van da man, nuns relatos claramente autobiográficos, mais tamén cun elemento fantástico.

Iglesias Diéguez, Alfredo, “A voltas coa identidade”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 607, “Lecturas”, 24 febreiro 2018, p. 10.

Sinala que todas as sociedades posneolíticas se intentan explicar a si mesmas, a través de determinados contextos históricos, pero sempre co nexos común do relato nacional. Comenta que ata as historias universais teñen ollada nacional e que tamén Galiza se intenta explicar a si mesma nesa mesma clave, un labor que os intelectuais galegos levan facendo desde Murguía. O libro de Villares intenta reflexionar sobre estas cuestións no agora, nun contexto de globalización onde é necesario pensar o pasado e a identidade con

novos marcos.

Martínez Bouzas, Francisco, “A novela de Vilagarcía. Cunha rica arquitectura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 654, “Libros”, 25 xaneiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 603, “Letras galegas”, 27 xaneiro 2018, p. 10.

Comentario de *O xardineiro dos ingleses*, de Marcos Calveiro. Destaca que se trata dunha novela rica e complexa que pode ser lida como unha novela de Vilagarcía, pois toda a trama está ambientada nesa vila. Comenta a capacidade que ten Calveiro para artellar elementos históricos, cadros costumistas e as pegadas da súa propia infancia na historia. Cunha mestura de pasado e presente, descóbreanse ao final os máis humildes, os figurantes anónimos, os verdadeiros protagonistas da novela, pois é unha historia de toda a vila. Unha historia que reivindica aos perdedores, comprometida coa realidade.

_____, “Cervatos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 30 xaneiro 2018, p. 38.

Comentario de *Cervatos*, de Lucía Novas. Saúda este poemario co que a autora se coloca nunha posición arriscada. Por medio dunha linguaxe que busca a sonoridade e a eufonía, pretende falar da beleza do efémero, do kistch, do fuxidío e indeterminado. Poesía híbrida coa técnica da colaxe, combinando materiais para experimentar coas palabras, nunha transgresión posmoderna dos xéneros literarios.

_____, “Os desafíos dunha vida”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 604, “Letras galegas”, 3 febreiro 2019, p. 11.

Comentario de *As cousas que non queremos oír*, de María Reimóndez. Coloca esta novela dentro do ciclo dos elementos de Reimóndez (esta en concreto no elemento lume), formando un suxestivo universo literario entre varias novelas. Sinala que é unha novela de longo alento, centrada na procura da identidade, desfacer marañas e afrontar desafíos, como tamén contra as represións familiares e sentimentais, a presión por ter parella. En xeral toda unha procura da liberación da sociedade heteropatriarcal e as angustias que sofren nela as mulleres. Todo engadido ao sufrimento dun cancro, mesturando a loita no propio corpo coa loita no conxunto social.

_____, “Os desafíos dunha vida”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 604, “Letras galegas”, 3 febreiro 2019, p. 11.

Comenta as características de *Mal Mor*, de Emilio Araújo, unha adaptación da obra *Mal vu mal dit*, de Samuel Beckett. Destaca a mudanza do personaxe principal, quen nesta ocasión se tratará dunha muller anciá, ademais de tratar elementos propios da obra beckettiana como son as relacións entre lingua, percepción e linguaxe. Destaca o carácter galego que se reflicte na obra a pesar de ser unha adaptación dunha obra francesa (posteriormente publicada ao inglés polo propio autor). Subliña a capacidade do autor para acadar un estilo centrado no esencial e desprovisto do accesorio que podería enturbar a lectura da obra.

Martínez Torres, Dolores “De Madruga a Colón”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º

665, “Libros”, 19 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 614, “Libros”, 28 abril 2018, p. 10.

Comenta a publicación de *Portosanto*. unha ficción que ten como alicerce a representación do persoeiro Pedro Madruga mesturado coa posible orixe galega de Cristóbal Colón que desenvolveron neses anos.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Querido Arturo Baltar”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 600, 6 xaneiro 2018, contracuberta.

Informa, por mor do pasamento de Arturo Baltar, do seu percorrido biográfico e dos principais fitos da súa faceta artística. Ao mesmo tempo, achega información sobre a relación do finado con diferentes literatos entre os que destaca Vicente Risco.

___ “Fernando Osorio do Campo”, *Faro de Vigo*, “*Faro de Cultura*”, “Teatro”, 10 maio 2018, p. VIII.

Repasa o percorrido vital do director de escena Fernando Osorio do Campo na historia, trata os vínculos de amizade e intelectuais que estableceu a través de diferentes estudos publicados ao longo do tempo. Destácase a labor militante do autor a prol da cultura galega e do mundo do teatro.

Montaña, Estro, “Sobriedade e poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 652, “Libros”, 11 xaneiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 601, “Letras galegas”, 13 xaneiro 2018, p. 10.

Comentario de *O rapaz que nunca existiu*, de Sijon. Comenta o carácter polifacético do autor, con incursión en poesía, surrealismo, letrista de Björk ou compositor de películas. Resume o argumento da novela, centrada na figura dun mozo bisexual en Islandia por volta do 1918, cos prexuízos e a crise da gripe española como fondo. Nun momento de tensións políticas, mesmo unha erupción volcánica da illa, acompañamos a ese protagonista e as súas vivencias, onde se reflicten temas como a sexualidade, a prostitución, mesturando sobriedade e aspereza, a frase sinxela coa poesía, a palabra e a fotografía.

_____, “Suxestivos matices. Na mellor literatura poscolonial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 658, “Libros”, 22 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 608, “Lecturas”, 3 marzo 2018, p. 10.

Comentario de *O hibisco púrpura* de Chimamanda Ngozi Adichie. Destaca desta novela, en primeiro lugar, a precocidade da autora, de 26 anos, mais tamén a madurez e sinxeleza coa que arma o relato. Unha novela de contrastes entre dúas partes dunha familia nixeriana, unha de castigo e rigorosidade, e outra humilde e cálida. Con prosa clara critica o fanatismo e fala da liberación da xuventude dos antigos xugos familiares. Encadra a novela na literatura poscolonial do continente africano.

Navarro, María, “Sinxela e desenfadada”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 604, 3 febreiro

2018, p. 11.

Informa da publicación de *Xinfu* na maldición de Guauchuky de Adrián Morgade, un libro no que o lector mozo vai ter a oportunidade de apreciar unha forma de arte visual na que a imaxe e o texto están intimamente relacionados.

_____, “Profundo e actual”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 612, “Lecturas”, 14 abril 2018, p. 10.

Comentario de *Mocidade sen Deus*, de Otto von Horváth. Destaca desta tradución que se trata dun libro no seu tempo prohibido pola Gestapo. Unha crítica social ambientada na época do nazismo, na que a través da mente dun profesor asistimos ao choque entre a vella orde e o novo réxime autoritario, seguido polas familias e alumnos do profesor. Unha novela clásica pero aínda moi vixente nos nosos tempos.

Nicolás, Ramón, “Lucía Novas, entre o ‘kitsch’ e a subversión”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 19 xaneiro 2018, p. 8.

Comentario de *Cervatos* de Lucía Novas. Comenta deste poemario que se trata dun libro innovador e escintilante, que conversa con *Neve*, anterior libro da mesma autora. Reflexiona sobre como o libro modifica a percepción da imaxe do cervato, da súa fragilidade ou dependencia da nai, pasa a ser núcleo de fertilidade e amor, do corpo e vida. Constrúe Novas os seus poemas de atmosfera kistch e crítica á posmodernidade.

_____, “Teresa Moure na busca da verdade perdida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 2 febreiro 2018, p. 8.

Comentario de *Un elefante no armario* de Teresa Moure. Destaca do libro a súa capacidade para colocar nos límites ao lector. A feitura da novela, que emprega pluralidade textual con diversos formatos e voces, todo artellado para coñecer mellor a Ana, a protagonista da novela. Un exercicio de mestura entre ficción e realidade, a través das ferramentas da literatura.

_____, “Casares non entendía a vida sen literatura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 9 febreiro 2018, p. 6.

Destaca as principais obras que versaron sobre a obra ou a biografía de Carlos Casares, autor homenaxeado co Día das Letras galegas do ano 2017, que saíron do prelo o mesmo ano que se lle rendía tributo no 17 de maio. Entre as obras destacan *Á marxe*, un compendio de publicacións xornalísticas que Carlos Casares publicou no mesmo xornal onde se publicou este artigo.

Núñez Sobrino, Ángel, “La gozosa pertenencia”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 1 abril 2018, p. 7.

Comentario de *Arraiano entre arraianos* de Méndez Ferrín. Destaca que se trata dun libro de vivencias, do interese do autor polo mundo rural, a súa relación con Portugal, do

atractivo que ten a Raia como fronteira, mais sobre todo como entorno único, onde se convive co pasado. O libro de Ferrín serve para transportarnos a ese territorio mítico, a través da experiencia persoal e directa, do achado puro.

Pena, Xosé Ramón, “Para alén das fronteiras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 659, “Libros”, 1 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “Letras galegas”, 10 marzo 2018, p. 10.

Comenta o contido da publicación de Méndez Ferrín, *Arraiano entre Arraianos*, formado por publicacións en prensa do propio Ferrín. Non obstante, comeza o artigo introducindo datos biográficos e persoais que dan conta da súa amizade co escritor. Finalmente, acaba louvando o estilo e a obra do propio escritor.

Pena Presas, Montse, “Dunha novela coral”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 652, “Libros”, 11 xaneiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 601, “Letras galegas”, 13 xaneiro 2018, p. 10.

Comentario de *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* de Arantza Portabales. Destaca desta novela o seu carácter coral, esencialmente feminino, onde se crean mulleres variadas que conversan entre si e caos que o público lector pode empatizar. Buscando sempre o ton cotiá, a autora consegue aguilloar, con ferramentas formais do monólogo e o microrrelato.

_____, “Tempos de lume. O poder descansa na memoria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 965, “Libros”, 8 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 606, “Lecturas”, 17 febreiro 2018, p. 10.

Comentario de *A nena do abrigo de astracán*, de Xabier P. Docampo. Destaca que nesta novela recolle algunhas das mellores características da narrativa de Docampo: a precisión na descrición, a escolla léxica coidada, a pegada da realidade e a demostración do poder das historias. A novela relata as historias dunha vila en tres momentos tráxicos. Unha voz narrativa neutra busca a obxectividade e a voz coral, para falar da década dos anos 30 e a guerra civil. Con esas ferramentas, Docampo constrúe unha novela que resulta incómoda, pero necesaria, para falar dunha das épocas máis escuras do país.

Ponte, Pilar, “Ler e comprender”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 604, “Letras galegas”, 3 febreiro 2019, p. 11.

Destaca que se trata dun libro moi actual, tanto no temático como no formalístico: a violencia contra as mulleres e o thriller, respectivamente. Resume o argumento da novela e destaca a capacidade do autor para mergullarse no interior das mulleres normais sen lecturas estereotipadas. Destaca tamén comentarios do autor onde fala dos espazos da súa escrita, dos lugares que necesita para escribir, en particular o seu Ourense da infancia e a Costa da Morte da época adulta.

_____, “En poucas palabras. Con estilo Casares”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 965, “Libros”, 8 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 606, “Lecturas”, 17

febreiro 2018, p. 10.

Comentario de *O suicidio de Jonas Bjorklund*, de Carlos Casares. Un libro de relatos, xénero onde Casares se sentía quizais máis cómodo que en ningún outro. Pilar Ponte destaca algúns dos relatos do libro, onde Casares volve visitar algúns dos temas ou formas que foron moi habituais na súa carreira literaria. Desde a sátira histórica, a ironía para debuxar tipos sociais, o realismo máxico e por suposto tamén o humor.

_____, “Lectura horizontal. Da Grecia clásica deica nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 660, “Libros”, 8 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “Letras galegas”, 17 marzo 2018, p. 10.

Comentario de *Mudanzas e outros velenos* de Marilar Aleixandre. É este libro un recompilatorio dos tres últimos poemarios de Aleixandre, con prólogo de Antía Otero. Xa no prólogo sinala Otero as liñas fundamentais da súa poesía: a familia e a identidade, a reescrita, desescrita e a natureza. Comenta Pilar Ponte cada un dos libros que forman este *Mudanzas e outros velenos*. Así, de “Catálogo de velenos” destaca a súa capacidade para falar das derrotas domésticas do día a día, das nais que viron como as súas obrigas na casa truncaban outras aspiracións.; de “Abecedario das árbores” reivindica a natureza a través do abecedario celta das árbores; e de “Mudanzas” reinterpreta as *Metamorfoses* de Ovidio. Destaca Ponte aquí a vixencia do tema, onde muda o xeito en que miramos ao crime da violación, onde xa nunca máis se pode culpar á vítima.

_____, “A quen ninguén resarcíu”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 666, “Libros”, 26 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 615, “Libros”, 5 maio 2018, p. 10.

Infórmase da recente publicación da novela *Cando pasou o que pasou*, por parte de Rosario Regueira e editada pola editorial Toxosoutos. Esta obra inserida dentro da novela social comprometida, representa aquel ambiente de represión vivido na Galicia dos anos 30 e 40 a través da representación de dúas familias.

Raña, Román, “De dolorosa fábrica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 652, “Libros”, 11 xaneiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 601, “Letras galegas”, 13 xaneiro 2018, p. 10.

Comentario de *A substancia das horas*, de Manuel Vilanova. Destaca o asombro ante a obra poética de Vilanova, que sempre o sorprende. Comenta que este poemario está cheo de versos de dolorosa fábrica, aflicións e desasosegos: a saudade, a dor pola morte dos seres queridos. Mais xunto a isto tamén hai un fervor cósmico, panteísta, onde se mesturan referencias ao mundo grecolatino cos lugares concretos do país. 3 mitoloxías (cristiá, grecolatina e tradicional galega), que conviven en harmonía nos seus poemas.

_____, “Estilos e estados de alma. Unha poética de desolación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 654, “Libros”, 25 xaneiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 603, “Letras galegas”, 27 xaneiro 2018, p. 10.

Comentario de *Tripas*, de Alberte Momán. Comenta da poesía de Momán a diversidade de estilos e de estados de alma, traspasados polo esplendor narrativo e unha atmosfera de desolación. A primeira sección, “Arrabalde de silencio”, é literariamente moi intensa, de

pesimismo melancólico sobre a monotonía. A segunda, “As fronteiras do medo”, é máis contundente e claustrofóbica. A terceira, “Falamos”, reflexiónase sobre a imposibilidade do amor.

_____, “Izando a rebeldía. As flores están do noso lado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 965, “Libros”, 8 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 606, “Lecturas”, 17 febreiro 2018, p. 10.

Comentario de *Long Play*, de Lois Pérez. Destaca do poemario a súa vinculación coa música, debedor de anteriores autores que fan esa relación músico-poética (Reixa, Rivas, Lois Pereiro). Con partes de impulso poético, outras máis intimistas e outras de ton humorístico, mesturando mesmo o formato onde se fai evidente en ocasións que estamos ante verdadeiras cancións. Sinala que neste poemario hai moita rebeldía, sátira e sarcasmo, sobre todo nesas caras B, como as tiras cómicas ou as últimas pezas, compostas por unhas biografías apócrifas imposibles.

_____, “Rebeldías de Albert”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 607, “Lecturas”, 24 febreiro 2018, p. 10.

Destaca da obra de Daniel Salgado que se trata dun opúsculo, apenas catorce poemas, que ademais son tributo a Albert Ayler, o saxofonista estadounidense. Son poemas que necesariamente deben lerse desde esa perspectiva musical. Destaca tamén da poética de Salgado o seu compromiso social, a indignación ante a inxustiza e desigualdade.

_____, “Un discurso autoconsciente. Cando todo o poeta devén Penélope”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 660, “Libros”, 8 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “Letras galegas”, 17 marzo 2018, p. 10.

Comentario de *Culpable* de Eli Ríos. Destaca deste poemario, en primeiro lugar, a súa disposición gráfica, que obriga a lero en horizontal, con consecuencias tamén no xeito en que se perciben os poemas. Poemas non convencionais que se len de xeito non convencional. O segundo aspecto que comenta é a natureza dialóxica dos poemas, onde o “ti” resulta ser o propio lector. Da segunda parte do poemario, “Agasallos”, comenta que resulta máis diverso, onde se mestura o verso e o ton prosaico, de interpelación irónica e rexistros vulgares. Todo para chegar a unha última parte, “Alxubes para dragóns”, onde a sintaxe se esnaquiza, onde se experimenta coa morfosintaxe, nun discurso ebrio e autoconsciente, que colide coa lóxica, pero non a suprime.

_____, “Arriscada proposta. Con tapices fragmentarios”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 664, “Libros”, 12 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 613, “Libros”, 21 abril 2018, p. 10.

Comentario de *Cervatos*, de Lucía Novas. Destaca o arriscado da proposta poética de Novas, centrada na enumeracións inacabables que deixan sen respiración, onde se van deixando elementos que sorprenden. Non se trata de ler entre liñas, é un crebacabezas sentimental compositivo. Escolle a páxina sesenta e cinco como exemplo da composición de Novas. Remata sinalando que é un libro difícil, precisamente porque o lector debe encher os ocos significativos.

Regueira, Mario, “Vixencia dos antigos deuses”, *Sermos Galiza*, n.º 278, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 4 xaneiro 2018, p. 6.

Comentario de *Saturno tamén é deus*, de Uxía Casal. Comeza cunha reflexión sobre como dentro do sistema literario galego en moitas ocasións a literatura feita por mulleres pasou desapercibida, agochada por etiquetas que a pretendían absorber sen aceptalas, ou por que non tiñan un lugar aínda nun sistema que sempre está buscando a súa propia lexitimación. Destaca isto precisamente porque *Saturno tamén é deus* é un libro publicado hai 20 anos en Galaxia, que publica de novo agora Urco. A proposta de Casal, que desde o cotián busca o terror, funciona con novo alento nesta editorial, e nun contexto literario distinto, onde agora si parece haber oco que saiba apreciar a súa orixinalidade.

_____, “Ana Brouwer e a verdade”, *Sermos Galiza*, n.º 281, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 25 xaneiro 2018, p. 6.

Recensiónase a obra *Um elefante no armário* (2017), de Teresa Moure. Fálase da personaxe principal, Ana Brouwer e indícase que amosa “elementos transcendentales que se agochan na nosa vida cotiá”. Destácase a presenza temática da política, a responsabilidade e a privacidade, mesturada con anacos de realidade. Coméntase o final revelador da novela e recoméndase a súa lectura.

_____, “Torrente de palabras”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 1 febreiro 2018, p. 6.

Comentario de *Cervatos*, de Lucía Novas. Destaca do poemario a procura dunha nova forma de transmitir, dunha nova linguaxe, centrada sobre todo na figura da enumeración, coa elipse do verbo. Iso supón un ritmo e un xeito de evocar moi particular, para tratar no fondo temas universais como a nostalxia ou a perda.

_____, “Imaxes da Compostela posíbel”, *Sermos Galiza*, “Fóra de serie”, n.º 283, “Ao pé da letra”, 8 febreiro 2019, p. 5.

Trata sobre o libro de Francisco Macías, *De Quiqui bar a Castromil*, no que se relatan algunhas das mudanzas máis importantes na cidade compostelá. Tamén se fai referencia aos hábitos sociais de comezos do século XX, cando se inaugurou o Quiqui bar, que posteriormente se convertería no Edificio Castromil.

_____, “O sexo é un país exótico”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 22 febreiro 2018, p. 6.

Comentario de *O sexo é un país exótico*, de Xavier Queipo. Comenta Mario Regueira que este poemario gañou o premio Illas Sisargas de poesía erótica, sendo unha manifestación do Queipo poeta, que normalmente se dedica máis á narrativa. Destaca do poemario Regueira a súa estrutura, que se enmarca cun poema inicial e final arredor do tema da invisibilidade, mentres que o resto do libro é unha “viaxe convulsa chea de cores, animais e ensoñacións”. O estilo persoal de Queipo, coa súa propia arquitectura, fan deste poemario unha exploración das experiencias físicas do corpo, mais tamén cun discurso de vivencia sentimental.

_____, “O rastro das historias incompletas”, *Sermos Galiza*, n.º 293, “fóradeserie”, “ao

pé da letra”, 26 abril 2018, p. 6.

Destaca que se trata dun ensaio de liña distinta ao habitual no autor só en aparencia. Na historia de Margot Sponer tamén hai xestión local e referente de relacións interliterarias, necesariamente asimétricas. Comenta que Margot Sponer foi a primeira autora dunha tese internacional sobre o galego e con todo é unha figura moi pouco coñecida, esquecida e marxinal. Unha historia que daría para unha novela, pero que Figueroa trata aquí como ensaio, con vontade de recuperar unha historia emocionante, que estaba incompleta, para o presente.

Requeixo, Armando, “Terras de Barcala”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.038/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.038, “máis Libros”, 3 xuño 2018, p. 30.

Comentario de *Xente da terra de Barcala*. Apunta, en primeiro lugar, que falar do libro xa é unha escolla crítica ao seleccionalo entre outros. Consciente diso decide falar deste libro, destacando que é unha escolma de textos escritos e ilustrados polo alumnado dun instituto de Negreira. Comenta que a maior parte da obra son ensaios descritivos, de selección de información. Sinala que é un libro de grande interese sobre todo para a xente desta comarca en particular. Mais a maior virtude do libro é precisamente o espírito detrás dun proxecto como este. Destaca tamén o papel das institucións, asociacións e fundacións, para poder sacar adiante un libro tan particular como *Xente de Barcala*.

_____, “Da identidade galega”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1017, 7 xaneiro 2018, p. 30.

Dá conta da última publicación de Ramón Villares, saída do prelo de Galaxia. Destácase a perspectiva empregada no libro, na que se efectúan análises históricas para acadar un significado en canto a interpretación social. Non obstante, destácase que o obxectivo último destes ensaios é o de analizar os procesos de construción de símbolos e valores asociados á galegitude. Finalmente, sublíñase a erudición do autor ademais da súa capacidade interpretativa.

_____, “O toque casal”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.022/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.022, 11 febreiro 2018, p. 30.

Elabora un percorrido polos aspectos centrais do volume de contos de Uxía Casal, intitulado *Saturno tamén é deus*, libro revisado polo crítico que volve a por na palestra despois de vinte anos. Destaca a revisión da tradición arredor do conto, destacando paralelismos coa obra de Dieste, Poe, Fole ou Lovecraft, ademais de cineastas como Alfred Hitchcock. Por último, recalca que o paso do tempo non quita valía á obra, senón todo o contrario, que dende unha lectura actual segue desprendendo frescura e interese.

_____, “Vendaval desatado”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.023/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.023, 18 febreiro 2018, p. 30.

Recensión sobre o poemario *O gran rexeitamento / Flores para Albert Ayler* de Daniel Salgado, destaca a sensibilidade ética dos seus versos e a demanda da necesaria xustiza, as reminiscencias rosalianas e ao funk lore afroamericano, definindo a súa poesía coma

desafiante e de impacto.

_____, “A espiral ardente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.032/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.032, 22 abril 2018, p. 35.

Infórmase da publicación da poesía reunida de Xulio L. Valcárcel, para o que Requeixo fai un percorrido a través das súas principais publicacións. Destaca o traballo de edición de Luciano Rodríguez Gómez. Opina que a totalidade da obra de López Valcárcel, é unha oscilación entre os polos da angustia e o vitalismo. Por outra parte, destácase que ps aspectos formais da obra resultan proporcionados e harmónicos, que se axudan da propia sonoridade do poema.

_____, “Voz nacente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.050/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.050, “máis Libros”, 26 agosto 2018, p. 30.

Achégase unha recensión da obra *Somos de Arxerís* de Xosé Carlos Carracedo Porto. Sinálase que o libro está constituído por dezaoito relatos que teñen en común o espazo no que se desenvolven, en concreto, o pobo imaxinario de Arxerís. Destácase a inserción de elementos fantásticos nos distintos relatos que conducen a unha nova interpretación dos mesmos. Apúntase a relevancia que acada na obra a intertextualidade coa produción doutros autores galegos coma Dieste, Cunqueiro ou Xosé Neira Vilas. Explícase que a obra conta cun prólogo a cargo de Luís Reimóndez.

_____, “Versos atlánticos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.019/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.019, “máis Libros”, 2 setembro 2018, p. 30.

Repasa o contido da obra *Versos de amor, loita e compromiso*, de Manuel Álvarez Fuentes. Na revisión da obra destácase a vinculación entre Galicia e A Habana ao longo da historia. Na recensión faise un breve percorrido biográfico arredor dos feitos vitais máis representativos do autor. Destácase o carácter intimista e social que se mestura na obra. Finalmente, convida á lectura da obra para coñecer a figura do autor ao mesmo tempo que considera a súa escrita como “cubano-galega”.

_____, “Valente último”, *Diario da Arousa*, “O Salnés Siradella”, 25 febreiro, p. 30.

Dá conta da publicación do terceiro volume da colección Valente Vidal, que esta vez aparece co subtítulo “Magreb, Israel, Almería” e coordinado por Claudio Rodríguez Fer, e onde se recollen as peripecias que caracterizan as viaxes que Valente fixo por estes territorios.

_____, “Voz nacente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.050/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.050, “máis Libros”, 26 agosto 2018, p. 30.

Infórmase da recente publicación de *Somos de Arxerís*, cuxo autor é Xosé Carlos Carracedo Porto. A primeira obra que publica é un compendio de doce relatos, inclinados sobre o xénero fantástico puro e artellando unha boa estrutura a cada relato.

_____, “Tres lustros sen Borobó”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.051/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.051, “máis Libros”, 2 setembro 2018, p. 30.

Repasa o percorrido vital de Raimundo García Domínguez, alcumado Borobó. Destácase a súa publicación *Artes y Letras*, no xornal *La noche*. Ao mesmo tempo, relembramos os parlatorios organizados con persoeiros da Xeración Nós, como Risco, Cunqueiro, Fole, Carballo Calero, Fernández del Riego ou Fraguas. Tamén se destacan os premios no seu haber, como é a medalla Castelao, o Premio Xulio Camba de Xornalismo ou a Medalla de ouro do Concello de Santiago. Asemade, destácanse as súas publicacións monográficas sobre autores e autoras como Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Otero Pedrayo, Castelao, Pablo Iglesias ou Bela Otero.

_____, “Literatura e Alén”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, “Literatura insólita”, 13 setembro 2018, p. VII.

Detense en abordar as “traizóns póstumas” que non respectan a última vontade dalgúns escritores que desexan que se destrúan os inéditos á súa morte. Salienta que “a figura do testamenteiro literario que se aparta deste pedimento adquire aos nosos ollos as bondades de todos os perdóns” caso de *A Eneida* de Virxilio, os inéditos de Frank Kafka, o *Biathanatos* de John Donne. Refire as perdas das memorias de Byron e dos inéditos de Richard Francis Burton; a exhumación das “trinta e oito tarxetas” de Nabokov solicitada polo seu fillo Dimitri e a publicación a partir de 2014 dos inéditos de Elias Canetti. No á parte fala de “A Rosalía que se nos perdeu” debido á queima que respectaron as súas fillas de “Historia de mi abuelo”, ‘Cuento extraño’ e ‘Romana’ e probablemente moitos poemas soltos en galego e castelán”.

_____, “Wakaba syuu”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1056, 7 outubro 2018, p. 30.

Faise referencia á tradución ao xaponés da obra de Rosalía de Castro *Follas Novas* a cargo do profesor Takekazu Asaka. Alúdese a que as obras *Cantares gallegos*, *Contos da miña terra* de Rosalía, *Canzón da Alma* de Cabanillas, as cantigas de Martin Códax ou a obra *Os Eidos* de Novoneyra tamén foron traducidas por el ao xaponés previamente. Alúdese a que a tradución de *Follas Novas* conta cun prólogo de Anxo Angueira.

Rivas, Chito, “Beatriz Maceda fai coincidir no tempo a Lennon e Valle-Inclán”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 10 marzo 2018, p. 28.

Comentario de *Cando John Lennon coñeceu a Valle-Inclán*, de Beatriz Maceda, e crónica da presentación do libro en Ourense. Destaca Rivas da novela a solidez da súa historia, que a través de elementos oníricos e misteriosos relata o descubrimento de Valle Inclán por un suposto bisneto seu. Compara a novela coa literatura de Raymond Chandler, coa linguaxe sinxela e fluída. Dedicamos gran parte do artigo a facer unha pequena biografía de Beatriz Maceda, da súa familia, formación e traxectoria, destacando a relación da autora co seu avó, anarquista da CNT.

Rozas, Ramón, “Nas fauces do monstro”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa

Redonda”, n.º 115, 28 xaneiro 2018, p. 4.

Comentario de *Nova York: ceo e mazá*, de Chisco Fernández Naval. Comeza falando do perfil poético de Nova York, do prólogo de Eva Veiga e a tradución ao inglés de Craig Patterson, así como das referencias poéticas, os escritores que se converten en compañeiros de viaxe do poeta. Do poemario destaca que se trata dunha mirada obtida a pé de campo, da propia experiencia, dese monstro que é Nova York como centro cultural e económico mundial. Das eivas da súa sociedade: pobreza, racismo, a relación co xudaísmo. Xunto a isto, as marabillas da súa arquitectura, a historia americana na propia cidade, na súa historia, pero tamén na de todos aqueles territorios que se viron afectados polo que se discutiu nalgunha oficina de Nova York.

_____, “Sopramos para liberarnos”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 121, 11 marzo 2018, p. 4.

Comentario de *Lumes*, de Ismael Ramos. Sinala, en primeiro lugar, a coidada edición de Apiario e destaca a Ramos como un dos poetas galegos máis enérxicos. Apunta que o poemario é un exercicio de autocompreensión pola vía da radiografía familiar. Destaca tamén a capacidade que ten a súa poesía para involucrar o lector, así como a visión tan intensa do propio corpo, a nosa cerna e ao tempo unha fronteira, limiar para enfrontarse ao exterior.

Vieites, Manuel F., “Roda da Historia. Segundo Bruscón, facedor de teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 658, “Teatro”, 22 febreiro 2019, p. VIII.

Comentario da peza teatral *O facedor de teatro*. Fala de Bruscón, un vello actor que vai de vila en vila representando unha mesma peza, a *Roda da historia*. Nesa obra Thomas Bernhard reflexiona sobre algunha das súas teimas recorrentes: morte, soidade, abandono, frustración dominio ou violencia. A historia do Bruscón é unha reflexión intimista e autobiográfica do personaxe, mais tamén unha dura crítica a Austria, a súa historia e cultura. Por riba de todo isto, tamén se reflexiona sobre a natureza e as circunstancias materiais da arte do teatro.

_____, “Suite Artabria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 664, “Literatura insólita”, 12 abril 2018, p. VIII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 613, “Lecturas”, 21 abril 2018, p. 6.

Recensión sobre a obra *Suite Artabria*, de Manuel Lourenzo, na que se analiza en conxunto o contido das tres obras que contén: *Orzán*, *O fulgor das Atochas* e *Alerta na rúa do pozo*. O autor da obra enfía os tres textos a través do concepto musical de “suite”. Destaca a calidade do primeiro texto, onde se recrea unha historia de supervivencia, encadrando a totalidade da obra dentro do xénero de Literatura Negra.

V. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Abuide, Lourdes, “Tres actrices en estado de gracia para mayor gloria de ‘Elisa e Marcela’”, *Diario de Pontevedra*, “VivirAquí”, “Sociedad”, p. 57/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 49, “Fila 7”, 25 marzo 2018.

Coméntase a representación da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía teatral A Panadería. Destácase o uso da expresión corporal como recurso fundamental da posta en escena desta obra e as deficiencias da iluminación. Faise referencia ao argumento da obra sobre o primeiro matrimonio homosexual de Galicia e dise que gañou catro premios María Casares de Teatro.

Aldán, Clara, “¡El Diario en ‘Fariña’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 27 abril 2018, p. 15.

Faise referencia a un acto arredor do libro de María Xosé Queizán *O solpor da cupletista* entre outras propostas culturais.

_____, “Poetas, artistas y educadoras”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 20 outubro 2018, p. 17.

Faise referencia a un roteiro literario por Pontevedra a cargo da poeta Tamara Andrés, tamén se alude a que a poeta Eli Ríos gañou o premio González Garcés de poesía coa obra *Ningunha tortilla é mala*.

_____, “Charlas, premios y un tirón de orejas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 24 outubro 2018, p. 15.

Faise referencia ás personaxes de coelliño branco, Matías, a toupiña á que lle fixeron aquilo na cabeza ou cebra Camila de diferentes libros da editorial Kalandraka a propósito dunha entrevista co director deste proxecto na que estiveron Kiko da Silva, director d’*O Garaxe Hermético* e Manuel Lourenzo. Tamén se anuncia a futura posta en escena da versión teatral do libro *Invisibles* de Montse Fajardo.

_____, “Tras los pasos de Jordi Évole”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 31 outubro 2018, p. 15.

Faise referencia a que a obra *Corpo de Antiochia* de Tamara Andrés foi finalista do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández e menciónase a Fina Casalderrey e a Francisco Castro.

Aleixandre, Marilar, “As voces e os nomes das mulleres”, *Sermos Galiza*, n.º 287, “Opinión”, 8 marzo 2018, p. 4.

No contexto dunha reflexión sobre a folga feminista e o papel da muller na sociedade

alúdese ás palabras de Ana Romaní: “non queremos un sitio, queremos outro lugar”.

_____, “María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda: a muller que iluminou Rosalía”, *Sermos Galiza*, n.º 315, “Opinión”, 27 setembro 2018, p. 4.

Apunta que esta recentemente finada “Sempre será lembrada por ser quen revolucionou a imaxe establecida da infancia de Rosalía de Castro, en particular as versións herdadas sobre as relacións entre Rosalía e a súa nai, María Teresa de Castro y Abadía”, coa publicación dunha biografía para a nenez en 1988, do artigo “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro” na revista *Grial* en 1997, dun estudo en 1999 sobre as orixes de Rosalía e a incluída de Santiago de Compostela e doutros traballos “relacionados coa actividade teatral de Rosalía, ou sobre a primeira mención de José Martínez Viojo como o seu pai en 1885”; datos que explica comparándoos coa interpretación de María Xesús Lama, “na súa maxistral biografía” *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade* de 2017. A modo de homenaxe, resalta que “María Victoria Álvarez prendeu luces sobre Rosalía, iluminando momentos descoñecidos da súa infancia, abrindo camiños a outras estudosas como María Xesús Lama”.

Alonso Montero, Xesús, “O Gernika galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 5 xaneiro 2018, p. 14.

Lembra que xaneiro é o mes de Castelao por ter nacido e falecido nese mes, de aí que escriba para homenaxearlo no 68 cabodano, coincidente con novas sobre o Gernika picassiano de 1937, coma os álbums bélicos de Castelao *Galicia mártir* e *Atila en Galicia*. Considera que os dous álbums nomeados, “ademais do seu valor documental, extraordinario, posúen unha innegable excelencia artística”, coma se pode constatar visitando o Museo de Pontevedra. Salienta que aínda “está por facer a monografía que recolla os poemas que algunhas destas estampas teñen suscitado”.

_____, “Poetas eucarísticos na esquerda”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 12 xaneiro 2018, p. 14.

Dáse conta da publicación das obras *Ofrenda lírica á nena Silvia Santiago Conde no día da súa primeira comunión* en 1960 e *Ofrenda lírica á nena María Isabel Ramón Algarra no día da súa primeira comunión* en 1955. Explícase que a segunda obra constitúe un libro de sonetos dedicados á filla de Ben-Cho-Shey no que participaron Xosé María Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brey, Ramón Cabanillas, R. Carballo Calero, Augusto Casas, J. Díaz Jácome, A. Gómez-Ledo, Ángel Johan, R. Otero Pedrayo e Victoriano Taibo. Infórmase de que a primeira estaba composta por texto en verso e en prosa de autores como Carballo Calero, Bouza-Brey, Álvarez Blázquez, A. Casas, Otero Pedrayo, Manuel María e Celso Emilio Ferreiro. Tamén se mencionan os versos que Uxío Novoneyra dedicou en 1955 á nena Maruxa Agrasar.

_____, “¡Viva o latín!”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 20 xaneiro 2018, p. 12.

A propósito dun comentario sobre o libro *Viva il latino. Storie e bellezza di una lingua inutile* (2016) de Nicola Gardini alúdese a Otero Pedrayo e a Álvaro Cunqueiro.

_____, “O Nautilus en Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 16 febreiro 2018, p. 14.

Comenta que a editorial Ir Indo publicou en 2002 a novela *Vinte mil leguas baixo dos mares*.

_____, “Grial’, cunca ilustre”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 22 febreiro 2018, p. 16.

Faise referencia á publicación do número 216 da revista *Grial* e alúdese aos seus contidos relacionados coa situación da lingua galega e co ensino da literatura galega. Dise que un dos artigos está dedicado ao estudo de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño e aos problemas que tivo a obra coa censura. Infórmase de que o terceiro número de *Grial* estivo dedicado a Curros Enríquez e a Emilia Pardo Bazán tamén tivo problemas coa censura.

_____, “Os testamentos de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 2 marzo 2018, p. 15.

Afóndase no contido de dous dos catro testamentos que redactou Otero Pedrayo entre 1935 e 1975. Saliéntase a intención do autor de que a súa obra literaria fose herdada polo Seminario de Estudos Galegos nun primeiro momento e pola universidade de Santiago de Compostela despois. Indícase que un dos requisitos deste segundo herdo era impartir clases de lingua e literatura galegas.

_____, “Un emocionante concerto de Benedicto”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 11 marzo 2018, p. 16.

No contexto dun estudo sobre a revolta universitaria de 1968, faise referencia aos escritos cataláns de Raimon traducidos ao galego por Salvador García-Bodaño e Carlos Casares. Infórmase, en relación ao acontecemento, de que a composición *Carta a Fuco Buxán* xunto con outros poemas de *Longa Noite de Pedra* de Celso Emilio Ferreiro foron musicados.

_____, “Con Ricard Salvat na URSS e Coimbra”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 9 abril 2018, p. 14.

Infórmase do contido dos dous primeiros volumes dos diarios de Ricard Salvat (1934-2009) e explícase que neles aparecen cartas dirixidas a Eduardo Blanco-Amor, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane e a Alonso Montero. Tamén se alude á peza *Castelao e a súa época* que Salvat quixo levar a cabo na Universidade de Coimbra e faise referencia a Rosalía de Castro.

_____, “Celso E. Ferreiro no 68 compostelán”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 13 abril 2018, p. 16.

Nunha aproximación á revolta estudantil de 1968 faise referencia aos poemarios *Longa Noite de Pedra*, *Viaxe ao país dos ananos* e *Cantigas de escarnio e maldecir* de Celso Emilio Ferreiro e a varios texto do autor que foron musicados.

_____, “Cátedra e política en Otero”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 20 abril 2018, p. 14.

No contexto dun artigo sobre o proceso de oposición a cátedra de Otero Pedrayo alúdese a outros escritores como Castelao, Filgueira Valverde, del Riego, Ramón Piñeiro ou Carballo Calero.

_____, “Bicentenario do latinista Marx”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 4 maio 2018, p. 16.

Fala da pegada que ten o filósofo Lucrecio no poemario *Materia de Lucrecio* de Xabier Paz.

_____, “Centenario pontevedrés”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 11 maio 2018, p. 15.

No contexto dun artigo sobre a traxectoria académica de Eugenio Alfredo de la Iglesia Santos, faise fincapé na súa labor docente como profesor de literatura galega. Apúntase que afondaba nesta materia desde a lírica medieval ata o século XX, salientando a obra de Rosalía de Castro ou o teatro galego. Explícase que escribiu o *Resumen de Historia de la literatura gallega*. Mencionase a súa relación con Franciso e Antón de la Iglesia.

_____, “Dous nenos de Pontevedra, autores”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 18 maio 2018, p. 16.

Fálase da próxima publicación da obra *Resumen de Historia de la Literatura Gallega* do catedrático Alfredo de la Iglesia. Explícase que se trata duns apuntamentos para estudantes de bacharelato. Dise que unha versión actualizada da obra pode extraerse de *Apuntes de literatura Gallega tomados de las explicaciones del Catedrático Dr. D. Alfredo de la Iglesia* elaborados polos irmáns Elvira e Manuel García.

_____, “Sesquicentenario da Gramática”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 1 xuño 2018, p. 19.

Recorda a publicación no ano 1868 da primeira Gramática galega de Juan Antonio Saco Arce, publicada en Lugo na imprenta “Soto Freire”. Pese a que autores como Antón Santamarina opinan que non merece ser obxecto de estudo, o autor do artigo afirma que institucións como a Real Academia Galega ou persoas como Afonso Monxardín desenvolverían actualmente o estudo pormenorizado desta obra.

_____, “Benedicto: a voz do 68”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xuño 2018, p. 33.

Repasa a influencia que tivo o poeta Celso Emilio Ferreiro no cantante Benedicto, voz do grupo *Voces Ceibes*, por mor do seu pasamento.

_____, “As devocións do poeta Luís Pousa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xuño 2018, p. 38.

Anuncia o novo poemario do poeta Luís Pousa, *Poemas para Flash Gordon*, á vez que declara que escritores como Rosalía de Castro ou Luís Pimentel foron fundamentais na

súa conformación como poeta.

_____, “Luís Seoane no corazón”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 15 xuño 2018, p. 14.

Dá conta da publicación de *Certezas alumeadas*, unha escolma de textos de Luís Seoane recollidos por Rosa Espiñeira que forma parte dunha serie maior chamada *Agasallos*. Esta obra súmase a outras antoloxías feitas da polifacética obra de Seoane que recollen os seus relatos ou poemas.

_____, “Ourense: sesquicentenario horaciano”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 22 xuño 2018, p. 14.

Celebra os cento cincuenta anos da publicación da *Gramática Gallega* de Saco Arce. Destaca que no Apéndice II ademais de poemas de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Pintos tamén se inclúe unha tradución do ‘Epodo II’ de Horacio (*Beatus ille qui procul negottis*). Esta tradución sería a que o latinista chileno Eduardo de la Barra tomou para traducir esta obra de Horacio ao castelán.

_____, “Memorias dun revolucionario”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 29 xuño 2018, p. 14.

No eido dun artigo sobre a saída ao prelo da obra *Alentos e desalentos dun de tantos* sobre a biografía do comunista Xesús Redondo Abuín alúdese a Rosalía de Castro.

_____, “Illa do amor, illa da morte”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 6 xullo 2018, p. 14.

Recolle as distintas composicións dedicadas á Illa de San Simón: o poema ‘Illa do amor, illa da morte’ de Valentín Paz-Andrade; ‘Cantiga’ de Mendinho e *Cartas de un condenado a muerte* unha obra que recolle poemas do preso da illa José Mejuto Bernádez. O volume conta coa participación de Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez González, a neta do autor Ana Paula Mejuto e Eduardo Galeano, na nota preliminar.

_____, “Escudeiros, capital das letras”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 27 xullo 2018, p. 15.

Da conta das actividades levadas a cabo polo centro sociocultural de Escudeiro (Ramirás), no que ten ampla cabida a literatura e no que Alonso Montero participou presentando *Soneto no alfabeto*, publicado por Galaxia no presente ano.

_____, “Bloqueo cubano: resposta”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 10 agosto 2018, p. 15.

No eido dun artigo sobre o bloqueo da illa de Cuba por parte do goberno dos Estados Unidos faise referencia á saída do volume *Nós, con Cuba. Nós contra o bloqueo* que inclúe textos breves de Méndez Ferrín, Xosé Manuel Beiras, Pilar García Negro e Alonso Montero.

_____, “Matádemo na casa!”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 17 agosto

2018, p. 14.

Con motivo da “data escollida polos exiliados galegos na Arxentina para lembrar e honrar o día no que foi fusilado Alexandre Bóveda en 1936”, comenta as vinte estampas debuxadas por Castelao, nas que representa “a crueldade da represión en Galicia, unha realidade artística que a ninguén, 81 anos despois, deixará insensible”. Precisa que “os gramáticos distinguen -ben entre «Matádeo na casa!» e «Matádemo na casa!», cun dativo ético que tamén existe no castelán («¡Matádmelo en casa!»)”, ao fío dunha historia dunha nai e seu fillo “que lle oín contar ao profesor Sergio Vences”.

_____, “Federico!!!”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 24 agosto 2018, p. 12.

Rememora que Celso Emilio Ferreiro evocou en 1975 a morte de Lorca “nun romance con este comezo: «O dezanove de agosto / chegou a morte a Viznar. / Entrou vestida de ialba, / pro a ialba nunca vira”. Salienta que “Non sabemos se a mesma hora, pero, si, no mesmo día, era paseado en Cacheiras, nas aforas de Compostela, Ánxel Casal (1895-1936), home fundamental na historia editorial do libro en galego. El foi o editor e o impresor dos *Seis poemas galegos* (1935) de Lorca, ese hexaedro literario que constitúe unha alfaia da nosa poesía”.

_____, “Loito na investigación galega”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 30 outubro 2018, p. 18.

Co gallo do pasamento da investigadora Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda faise referencia ás súas contribucións ao estudo da obra de Rosalía de Castro. Tamén se alude aos seus estudos sobre Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Leiras Pulpeiro, Eladio Rodríguez González, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane ou Fernández del Riego. Destácase a súa edición do *Catecismo do labrego*, o seu roteiro d’*A esmorga*, a súa edición das cartas de Curros, así como o estudo textual sobre os *Seis poemas galegos* de García Lorca.

_____, “Poemas contra unha derrota”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 16 novembro 2018, p. 17.

Faise unha achega á produción poética de Florencio Delgado Gurriarán a propósito dunhas xornadas literarias sobre a súa obra. Alúdese aos seus libros *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) ou *O soño do guieiro* (1986) e faise referencia á importancia na súa poesía das terras de Valdeorras e, durante o franquismo, da crítica social e política. Menciónase o volume colectivo *Cancioneiro da loita galega* e as seguintes contribucións do autor ao mesmo: “Morte de Alexandre Bóveda”, “A un vello falanxista” ou “As cabalgadas do Farruc3n Farruquiño”. Tamén se dá conta das contribucións do escritor Ramón Baltar ao volume anterior e da publicación da obra deste último autor titulada *A gaita a falare*. Saliéntase a temática patriótica, antifranquista e galeguista das composicións recollidas no *Cancioneiro da loita galega* así como as dificultades para acceder á obra orixinal.

_____, “52 escritores galegos en Italia”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 7 decembro 2018, p. 18.

Faise referencia ao libro *La letteratura galega. Autori e testi*. Explícase que a obra foi

editada por Giovanni Borriero e Gemma Alvarez Maneiro. Infórmase de que o volume recolle textos en galego e en italiano dos 52 autores aos que se lle dedicou o Día das Letras Galegas entre 1963 (Rosalía de Castro) e 2012 (Valentín Paz-Andrade) incluídos os tres trovadores conmemorados en 1998: Martín Códax, Mendinho e Johan de Cangas. Infórmase de que cada un dos cincuenta capítulos está conformado pola vida e a obra de cada autor, unha bibliografía e a antoloxía de textos bilingüe. Dise que completan o volume tres apéndices, unha bibliografía xeral e un glosario de voces.

Alonso Prieto, Ángel, “Pórtico, Arco y Puerta”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 17 xullo 2018, p. 30.

Inseridas nunha valoración sobre a restauración do Pórtico da Gloria que repasa a súa estrutura e significados, recóllense referencias a Aymeric Picaud, autor do Libro V do *Códice Calixtino* sobre a beleza arquitectónica e espiritual que observará quen recorra por riba as naves do triforio, e de Otero Pedrayo, que reflexionou en termos similares sobre o Pórtico da Catedral de Ourense, tan próximo a este.

Alvarellós, Quique, “Cando a noite foi varrida da terra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 28 xaneiro 2018, p. L11.

Infórmase da primeira proba da luz eléctrica en España. No contexto desta nova, faise referencia á biografía de Carlos Casares a cargo de María Luísa Losada Sanmartín (Editorial Ouvirmos, 2013).

_____, “O home-araña, no alto na Catedral”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 4 febreiro 2018, p. L11.

A propósito dunha nova sobre dous homes que escalaron a catedral de Santiago faise referencia ao escritor Marcos López Concepción.

_____, “Unha pentafoto de hai un século”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 11 febreiro 2018, p. L11.

A propósito dunha reflexión sobre as pentafotografías, faise referencia á obra *Manuel Vidal, un presbítero ilustrado de Maceda* (Academia Postal, 2018) da autoría de Santiago Prol. Explícase que a obra constitúe a biografía de Manuel Vidal, crego ourensán galeguista e catedrático do Instituto Xelmírez. Explícase que foron alumnos seus, entre outros, Isaac Díaz Pardo e Manuel Antonio. Apúntase que Manuel Vidal contribuíu á creación das Irmandades da Fala en Santiago e que foi o autor, entre outros textos, das obras *Contos galegos d'antano e d'hogano* e mais *Don Porrazo* e *Deixe que xa*. Resáltase que estes dous últimos textos contan cunha edición facsimilar a cargo de Alvarellós Editora datada de 1985.

_____, “Lorca, Mariscal e Montero Ríos, no Obradoiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 25 febreiro 2018, p. L11.

Dá conta da homenaxe realizada en Compostela no ano 1932 a García Lorca. Tamén

sinala a publicación do número setenta e catro da revista *Vida Gallega*.

_____, “Agardando por un bote no río Sar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 4 marzo 2018, p. L11.

A propósito dunha nova sobre a inundación do río Sar fálase da carballeira onde se celebrou o banquete de Conxo e o que representou esta efeméride con respecto ao Rexurdimento da Literatura Galega. Faise referencia ao libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* que estuda estes feitos.

_____, “Fiestras verdes na rúa do Vilar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 1 abril 2018, p. L10.

No eido dun artigo sobre as primeiras imaxes en cor sacadas na cidade de Compostela alúdese a Ángel Varela, oftalmólogo de Castelao e avó de Anxo Tarrío Varela.

_____, “O Banquete de Conxo, en Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 15 abril 2018, p. L11.

No eido dun artigo sobre o Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires alúdese a Neira Vilas e a Castelao.

_____, “García Lorca e Maside, no Bar Viño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 28 maio 2018, p. L11.

Menciona o libriño *Fiestas patronales santiaguesas. Año de 1931* escrito por Jesús Alvite e deseñado por Díaz Baliño. Dá conta da celebración dunha cea na honra de Lorca no Bar Viño, na praza Mazarelos, no que participarían Paco del Riego, Luís Seoane, entre outros.

_____, “Árbores na Praza dos Literarios”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 3 xuño 2018, p. L11.

Dá conta da celebración da Semana do Libro en Compostela na Praza da Quintana, lugar que antigamente era coñecido como “Praza dos Literarios” debido á alta presenza de literatura nela: librerías, imprentas e demais.

_____, “A factoría Niké de Arturo Cuadrado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 10 xuño 2018, p. L11.

Recolle a vida de Arturo Cuadrado, fundador, xunto con Xoán Xesús González, da librería compostelá *Niké* e fundador da editorial *Resol. Hojilla volandera del pueblo*, dous proxectos a prol da cultura galega que foron paralizados pola Guerra Civil.

_____, “Belvís e o Viso, nos anos 30”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 24 xuño 2018, p. L11.

Describe a configuración urbanística da cidade de Santiago a través das fotografías de Ricardo Gurriarán. Menciona que esta disposición da cidade foi moi ben observada na obra *O espello no serán: entre o Pedroso e o Viso* (1966) de Otero Pedrayo.

_____, “Del Riego e Calero, de paseo pola Alameda”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 23 setembro 2018, p. L11.

Céntrase en recuperar unha fotografía de Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carballo Calero paseando pola Alameda de Santiago en xullo de 1932, que extrae do libro biográfico *Paco del Riego* (Edicións do Cumio, 2002), de Antón Mascato. Explica que Del Riego contaba 19 anos e estudaba Dereito na USC, ademais de realizar “xa unha intensísima labor cultural, centrada na galeguización da nosa sociedade” mentres que Carballo Calero, de 21 anos, xa se licenciara en Dereito e estaba a estudar Filosofía e Letras e a cumprir o servizo militar. Considera que ambos os dous, ademais de ollar para un fotógrafo anónimo, “ollan tamén para nós, pois, dalgún xeito, están a interpelarnos no tempo...”.

Ameixeiras, Diego, “Bogart e Malone na túa librería”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Pensamentos imperfectos”, 26 maio 2018, p. 17.

Fala de que a celebración da Feira do Libro en Lugo tivo que ser cancelada. Reflexiona sobre outro modelo posible deste tipo de feiras xa que opina que o modelo actual non é favorecedor para a industria.

Araguas, Vicente, “*Lá vai Benedicto*”, *Diario de Ferrol*, “*Ferrol*”, “*Miudiño*”, 5 xuño 2018, p. 8.

Sucinta homenaxe do autor a Ito, Benedicto García Villar, cofundador de Voces Ceibes. No fío das memorias, salienta a peza con letra de Pimentel “O enterro do neno pobre” que nunca chegara a gravarse, así como a súa ligazón con José Afonso.

Bande Diéguez, Antonio, “La foto a Dora y su radio”, *La Región*, “Opinión”, 15 decembro 2018, p. 37.

No contexto dun artigo sobre unha fotografía e a súa historia cítanse os seguintes versos de Manuel María: “o idioma é a chave/ coa que abrimos o mundo/ o salouco máis feble,/ o pesar máis profundo”.

Baltar, Ramón, “Regalo de amor a Galicia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Desde otra ventana”, 12 xaneiro 2018, p. 2.

Fala da publicación de *Pañcatantra* (2017), tradución ao galego dunha xoia literaria escrita en sánscrito. Destaca o labor realizado polo tradutor García Trabazo.

Baramendi, Mario, “El Derby”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Al contado”, 12 xaneiro 2018, contracuberta.

No contexto dun artigo sobre a historia da cafetería Derby evócase a Rafael Dieste e a

Luís Seoane.

Barciela, Alberto, “Gibran Khalil Gibran, en galego universal”, *El Correo Gallego*, 1 outubro 2018, p. 4/ *El Progreso*, 28 setembro 2018, p. 34, “Opinión”.

Na gabanza de Gibran Khalil Gibran con motivo da presentación do seu poemario *O Profeta*, alude a Rosalía de Castro, Manuel Antonio e Novoneyra. Afirmar que “en Galicia, un poeta decidiu a nosa estirpe e, outra, o noso carácter. Por Pondal somos celtas, por Rosalía melancólicos. Por Luis G. Tosar -ese enorme poeta ao que lle roubaron o nome-, somos infinitos e tabernarios. Nunca conformistas. Manuel Antonio explicouno cando dixo ‘afrontar unha peregrinación sen chegada, porque en cada acougo do camiño, agárdanos unha voz que nos berra: máis alá’. Así mesmo sinala que “Ghaleb é tradutor dun vello amor pola cultura dunha terra que fixo cantar a un Rei Sabio, Afonso X, mediante o entendemento dunha cultura que tamén é a nosa”.

_____, “Camilo José Cela, el que resiste gana”, *El Progreso*, 15 novembro 2018, p. 30, “Opinión”.

No contexto dun artigo sobre a figura de Camilo José Cela faise referencia a distintos escritores galegos coma Pondal, Curros, Castelao ou Rosalía de Castro.

_____, “Antón Pulido, galego de Amoeiro, pintor e mestre”, *El Progreso*, “Vivir”, “El análisis”, 18 decembro 2018, pp. 52-53.

Reflexiona sobre os lugares encantados de Galicia, espazos naturais onde conflúen todos os elementos na natureza, que Pulido retrata na súa obra, e equipáralos ás obras de Cunqueiro, Rosalía, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor, Carlos Casares, Alfredo Conde, Carlos Oroza, Marcos Valcárcel e Alfonso Vázquez Monxardín.

Barro, Pepe, “Rosalía ergue a cabeza”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “fóradeserie”, “botar un ollo”, 22 febreiro 2018, p. 2.

Fala da fotografía tomada por Luís Sellier a Rosalía de Castro arredor de 1872. Sinala que a inclinación da cabeza da escritora na imaxe, axeitada para o pensamento da época, foi modificada por varios deseñadores na actualidade.

_____, “Un escudo sen estado”, *Sermos Galiza*, n.º 289, “fóradeserie”, “Botar un ollo”, 22 marzo 2018, p. 2.

A propósito dunha achega á historia do escudo de Galicia, alúdese a un verso do poema de Pondal que constitúe o himno galego.

_____, “Jazzbandistas, foulardistas!”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “fóradeserie”, “Botar un ollo”, 7 xuño 2018, p. 2.

Reflexiona sobre o eido do deseño gráfico das capas dos libros na época das vangardas literarias galegas e, nunha altura, sinala que os artistas da época querían ir, como Manuel Antonio *Máis alá!* facendo así referencia ao manifesto asinado por el e o artista Álvaro

Cebreiro.

Becerra, Marta, “Un día para mirar hacia el futuro”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 14 xaneiro 2018, p. 11.

Dáse noticia de que no local de Hipócrata Teatro tivo lugar o monólogo de Lois Pérez “Inventario de retranca. vol. II: Historias do trasmundo”. Infórmase de que a actuación estaba destinada ao público adulto e trataba temas como a morte, a literatura galega ou experiencias do propio Lois Pérez desde unha perspectiva humorística.

Bergantiños, José, “Choiva”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 22 abril 2018, p. 19.

No eido dunha reflexión sobre a chuvia inclúense algúns versos do poema de Rosalía de Castro: “Como chove miudiño” e tamén do poema “Chove en Santiago” de Federico García Lorca.

_____, “Esmorece (*) agosto”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 1 setembro 2018, p.17.

Non contexto dunha reflexión sobre a situación social, económica e política do país, faise referencia a Álvaro Cunqueiro e ao uso da palabra ‘esmorece’ na súa escrita. Tamén se recollen as seguintes liñas que remiten a un poema de Rosalía de Castro incluído en *Cantares Gallegos*: “cando o sol esmorecía, vin o moucho nun penedo, non che teño medo moucho, moucho non che teño medo”.

_____, “Afrixoado”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 29 setembro 2018, p.17.

Elixo como título da colaboración unha verba extraída de *Escola de menciñeiros* (1960), de Álvaro Cunqueiro e explica o seu significado. Refire que Cunqueiro o emprega nesta obra para definir a xente “que se entrista, enfraca, cansase, desvaece a comida e morre aborrecida e calada nun recuncho, a pel da cor da cera e por veces queixándose dun punto frío que lles vaga polo corpo, cando no peito, cando na espiña” e que el o “traduciría por desacougado, enmeigado, enmouchado, alganado e ata ensumido. Todo ilo xunto ven a ser o que hoxe chamamos estrés”, se ben aclara que non o recolle o dicionario de lingua de Edicións Xerais de Galicia. Apunta que Borrallo de Lagoa faleceu no ano 1936, segundo conta Cunqueiro, “por mor dos puntos que lles puña aos cregos”. Remata reproducindo o epitafio do mindoniense Cunqueiro.

_____, “Aforismos galegos”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Apunte”, 12 novembro 2018, p.24.

No contexto dun artigo sobre aforismos galegos menciónase a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Álvaro Cunqueiro.

Bernárdez, Carlos L., “Teritorios palimpsestos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 653, 18 xaneiro 2018, p. III.

Achégase un comentario da obra *Libro dos lugares* (Editorial Elvira, 2017) de Antón Patiño. Saliéntase que o volume consta de pequenos fragmentos de prosa que se centran na perspectiva do outro, nos afectos ou na memoria. Recoñécese a influencia da produción de Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra, Lois Pereiro, Guillermo Monroy ou Carlos Oroza nesta obra. Tamén se alude á pegada na obra do *Libro dos amigos* de Otero Pedrayo. Destácase o papel do tempo e do espazo local como elementos condutores do libro. Menciónase a relevancia da tradición e do contexto social e cultural presente así como o papel da creación na obra. Sublíñanse as vertentes crítica e reflexiva do libro.

_____, “Entre México e Galiza”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 610, 24 marzo 2018, p. 11.

No contexto dun estudio sobre a vida e a obra do pintor Francisco Miguel faise referencia ás revistas *Alfar* e *Ronsel* nas que participou e tamén á súa aparición por unha banda na obra *Diarios de Syra Alonso* e por outra no libro *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas.

_____, “En plena efervescencia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 663, 5 abril 2018, p. III.

No contexto dun estudo sobre o pintor Luís Huici e a súa relación coa revista *Alfar* menciónase a Eugenio Montes, a Antón Vilar Ponte e a Julio Rodríguez Yordi.

_____, “Duplicidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 665, “Libros”, 19 abril 2018, p. VI.

A propósito da presentación do proxecto *A dobre páxina* a cargo de Baldo Ramos e Pepe Cáccamo e no que conflúen poesía e artes plásticas, faise unha achega ás obras destes autores que se sustentaron nesta mesma mestura. Así, infórmase de que a obra *CaRa inversa* (2014), estaba constituída por corenta pezas e poemas, mentres que *Libros conversos*, consistía en transformar poemas en pintura colaxe e escultura. Por último, saliéntase que en *A dobre páxina interveñen* os dous artistas sobre dúas páxinas abertas e enfrontadas de obras anteriores para dar lugar a unha nova.

_____, “Debuxos orixinais do álbum Nós”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 677, “Arte: Exposicións”, 12 xullo 2018, p. III.

Informa da exposición dos debuxos orixinais do álbum *Nós* de Castelao nas salas do mesmo nome do Museo de Pontevedra. Descríbense os debuxos atendendo á súa temática, que sitúan ao autor de lado dos eres humanos concretos que representan ao home galego.

_____, “Torres de ética e estética”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 689, “Arte: Exposicións”, 15 novembro 2018, p. III.

No contexto dun artigo sobre a mostra *Con Galiza sempre no horizonte*, a cargo do Ateneo de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, que rende homenaxe a Camilo Díaz Baliño e a Isaac Díaz Pardo, afóndase na traxectoria artística e política do primeiro e sinálase a relación do segundo con Castelao e Luís Seoane.

_____, “A escultura de Camilo Nogueira”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 692, “Arte”, 6 decembro 2018, p. III.

No contexto dun artigo sobre a escultura de Camilo Nogueira compárase a súa obra coa de Ramón Cabanillas no eido da poesía ou coa dos membros do Grupo Nós na narrativa e no ensaio.

Blas, Ceferino de, “La Feria del Libro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 9 xullo 2018, p. 11.

Faise un percorrido histórico pola celebración da Feira do Libro en Vigo e alúdese a que nesa cidade editouse en 1863 *Cantares Gallegos*. Tamén se fai referencia a outros escritores galegos presentes nas distintas edicións da feira como Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Filgueira Valverde ou Novoneyra.

_____, “El octogésimo de Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 24 setembro 2018, p. 12.

Repasa a traxectoria de Méndez Ferrín como colaborador en prensa dende 1986. Asegura que naquel ano “escribía entón en *Faro del Lunes*” e que “era el articulista más polémico, observado con lupa por los ideólogos de los partidos políticos, en especial los nacionalistas con los que a veces andaba a la greña”. Comenta que “como otros precedentes de todas las lenguas, Ferrín unió su vocación literaria al compromiso político, que nunca disoció de su vida intelectual”. Salienta que a súa valía literaria “lo es tanto por su comportamiento ético. Siempre al lado de los más desfavorecidos, defendiendo causas difíciles y a favor de los movimientos revolucionarios que cambian las sociedades”.

_____, “Otra vez Castelao”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 15 outubro 2018, p. 13.

Arredor de Castelao e a súa relación con Vigo, onde se fixo máis popular. Reclámase unha maior reivindicación por parte da cidade olívica desta figura que, malia non ser vigués, sentía un fondo aprecio polo lugar e as súas xentes.

Bragado, Manuel, “Marcó del Pont”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 23 xaneiro 2018, pp. 22-23.

Alude ás palabras do escritor Pedro Feijoo nunha recente intervención no club Faro, coincidindo coa publicación da súa novela *Os fillo do mar* por parte da editorial Xerais.

_____, “Unha década de Espazo de Lectura”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 6 febreiro 2018, p. 24-25.

Reflexiona sobre as campañas de animación lectora que se están a levar a cabo en centros públicos e a importancia do Cultural e das feiras das industrias culturais de Galicia no fomento da lectura en lingua galega.

_____, “De Verne a Vigo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 13 febreiro 2018, pp. 23-24.

Dá conta da vibrante conversa entre os escritores vigueses Ledia Costas e Eduardo Rolland no marco do Fórum do Instituto de Estudos Vigueses.

_____, “De Vigo a Lugo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 20 febreiro 2018, p. 24.

A propósito da desaparición da conexión en autobús entre Vigo e Lugo faise referencia a Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Agustín Fernández Paz, Xela Arias e a súa relación coa cidade de Vigo.

_____, “Mapa Literario de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 24 abril 2018, p. 24.

Informa da iniciativa levada a cabo por Xosé Neira Vilas co gallo do Día da biblioteca de 2008, en forma de mapa literario que percorría a cidade de Vigo, relacionando espazos con títulos de obras e autores.

_____, “Un futuro para o Barrio do Cura”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 22 maio 2018, pp. 24-25.

Partindo do recordo dos días da nenez, caracteriza as construcións da primeira estrada de Baiona, o “Barrio do Cura”, lembrando á súa vez certos establecementos senlleiros do lugar: a librería Almoneda dos Álvarez Blázquez, a posterior sede de Edicións Castrelos, etc.

_____, “Días de Basilea”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 5 xuño 2018, pp. 24-25.

Por mor dun convite da federación de sociedades culturais galegas de Suíza para ditar dúas conferencias sobre a escritora María Victoria Moreno, o autor reflexiona en torno á realidade da comunidade emigrante e o activismo cultural destas sociedades, que deberan contar con maior amparo por parte das administracións públicas.

_____, “Beneficios da lectura”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 3 xullo 2018, p. 20.

Enumera algúns dos beneficios neuronais que pode ter a lectura a raíz do seu discurso na Feira do Libro de Vigo, onde afirmou que ler novelas de Pedro Feijoo ou Leticia Costas estimula a conectividade cerebral, frase que creou polémica nas redes sociais.

_____, “Historias de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 12 xuño 2018, pp. 24-25.

Anuncia o libro *Historias de Vigo* do escritor Jorge Lamas onde pretende contar a historia da cidade, as súas lendas, os seus símbolos, o clube de fútbol... tal e como fixeron outras escritoras (María Xosé Queizán), escritores (Méndez Ferrín), cronistas (Álvarez Blázquez) e demais personalidades sobre a cidade de Vigo.

_____, “O ‘sentidiño’ de Albor”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 17 xullo 2018, pp. 22-23.

Informa de que foi durante o goberno de Albor cando os restos de Castelao se depositaron no Panteón de Galegos Ilustres, onde aínda permanecen.

_____, “Máis música galega”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 24 xullo 2018, pp. 22-23.

Efectuando un repaso polo programa de concertos de Castrelos durante o presente verán, o autor lamenta a falta de músicos galegos, confinados a estraños festivais folclóricos como o “Festa da Cultura” con Cómplices e Wöyza. Outro tanto ocorre coa programación infantil, sen contratación de calquera dos referentes galegos pioneiros de calidade e creatividade en toda España, coma Mamá Cabra, Maria Fumaça, Magín Blanco ou Paco Nogueiras.

_____, “Castelaos maxistrais”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 27 novembro 2018, pp. 24-25.

Informa da exposición na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela *Castelao maxistral*, na que se pode ver a obra “A derradeira leición do mestre”, e *Alba de gloria de Castelao. Unha experiencia* na igrexa de San Domingos de Bonaval.

Bran, Vanesa, “Teatro para sonreír”, *El Progreso*, “De Norte a Sur”, 18 decembro 2018, p. 72.

No contexto dun artigo sobre a historia compañía de teatro de afeccionados A Rabela de Baralla dáse conta da posta en escena da obra *As consultas do doutor Baldomero Bautista* a cargo da mesma.

Braxe, Lino, “‘Midas’ e ‘O Ángulo de Pedra’ de Isaac Díaz Pardo”, *La Opinión*, “Opinión”, 8 xaneiro 2018, p. 13.

Informa da recente publicación da edición facsimilar das pezas de teatro de Díaz Pardo, *Midas* e *O Ángulo de Pedra*, publicadas orixinalmente por Citania en 1957. Reproduce un comentario de Seoane sobre esta obra e recomenda a súa lectura.

_____, “Siro”, *La Opinión*, “Opinión”, 22 xaneiro 2018, p. 13.

No eido dun estudo sobre a vida e a obra do caricaturista Siro faise referencia a que ilustrou obras de Neira Vilas e Xavier Alcalá. Tamén se alude á influencia da produción de Rosalía ou Cunqueiro sobre a obra do propio Siro.

_____, “‘Exilio’ e ‘A Soldadeira’”, *La Opinión*, “Opinión”, 19 marzo 2018, p. 12.

Faise referencia ao aniversario da publicación da peza teatral *A Soldadeira* de Luís Seoane e á súa lectura dramatizada na Fundación Luís Seoane. Alúdese a que Xavier Seoane falará sobre a produción teatral de Luís Seoane e menciónase a obra deste último titulada *O irlandés astrólogo*. Dise que a peza *Exilio* será representada, para celebrar o vinte aniversario da súa saída ao prelo, polo grupo teatral da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. Por último, faise alusión a outros autores como Castelao e Dieste.

_____, “Suite coruñesa”, *La Opinión*, “Opinión”, 11 xuño 2018, p. 13.

Dá conta da nova exposición de arte do pintor Héctor Francesch, artista que sempre estivo moi influenciado pola obra pictórica de Luís Seoane.

_____, “Os amigos”, *La Opinión*, “Opinión”, 2 xullo 2018, p. 13.

Recorda a figura do seu amigo Xabier P. Docampo polo seu labor a prol da lingua galega. En concreto salienta a colección solidaria pola que Docampo escribiu *Mans* e pola que o autor do artigo, Lino Braxe, publicou *O botín da miseria* cos debuxos da súa irmá María Braxe.

_____, “A parva”, *La Opinión*, “Opinión”, 3 setembro 2018, p. 12.

Realizando un xogo de alusións entre “A Parva” e distintos aspectos da realidade galega, ofrécense algunhas definicións, e infórmase de que forman parte do libro inédito *1000 palabras máis para Galicia* escrito polo autor canda os actores Pedro Picos e Xosé Bonome.

Burgoa, Juan José, “Emiliano Balás Silva”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 25 febreiro 2018, p. 11.

Informa da vida e obra de Emiliano Balás Silva. Sinala que foi membro da Real Academia Galega e engade que escribiu pezas de teatro e poesía en lingua galega. Destaca a súa participación nas publicacións periódicas *A Nosa Terra*, *Vida Gallega*, *Almanaque Gallego*, *Labor Gallega*, *Galicia* e *El Eco de Galicia*.

_____, “Higinio Ameixeiras Varela y Ricardo Carballal Lafourcade”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 19 marzo 2018, p. 7.

No contexto dun artigo sobre a relación de Higinio Ameixeiras Varela e Ricardo Carballal Lafourcade coas actividades das Irmandades da Fala menciónase a Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Marcial Valladares, Vaamonde Lores, Blanco Torres, Antón Vilar Ponte e tamén a revista Suevia onde foron publicados poemas de Ramón Cabanillas. Faise referencia ás obras en galego de Ricardo Carballal Lafourcade: *O tesouro acubillado* e *De min pra vós (Contos do pobo)*.

_____, “El padre Martín Sarmiento”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 25 marzo 2018, p. 7.

Achégase un estudo sobre a vida do Padre Sarmiento e a súa relación coa cidade de Ferrol. Alúdese tamén ao Padre Feijóo. Menciónase que o Padre Sarmiento foi un precursor do estudo da lingua e literatura galegas e que se lle dedicou o Día das Letras Galegas no ano 2002.

_____, “Domingo Díaz de Robles”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 29 abril 2018, p. 9.

No contexto dun estudo sobre a figura do militar Domingo Díaz de Robles menciónase que pertenceu xunto con Francisco Añón á xeración do 46 precursora do Rexurdimento.

Tamén se fai referencia á inclusión dunha biografía deste militar na revista *Ferrolanálisis*.

_____, “Los cinco hermanos Novo García”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 28 maio 2018, p. 9.

Percorre a vida dos irmáns Novo García. En concreto o irmán maior, José Novo García, dirixiu a revista mensual *Aires da miña terra* na que participarían Concepción Arenal, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán e demais.

_____, “Camilo Díaz Baliño”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 15 xullo 2018, p. 7.

Fai un percorrido pola vida profesional de Camilo Díaz Baliño. Pon especial atención nos seus traballos de ilustración para publicacións como *La Reina Lupa* de Manuel Vidal, *Lubicán* e *Trebón* de Cotarelo, *Raiña* e *O fidalgo* de San Luís Romero, *El monte de las Ánimas* de J. Casal, *O Mariscal* de Cabanillas, *A tentación* de Euxenio Carré, *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín e *A man da Santiña*, en colaboración con Castelao para Cabanillas. Tamén salienta que Díaz Baliño foi un autor moi biografado por escritores como Luís Seoane, Cabanillas, Risco ou Filgueira Valverde.

_____, “Santiago Montero Díaz”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 23 xullo 2018, p. 7.

Tras sintetizar a bibliografía deste historiador e profesor universitario, sinala no segundo parágrafo que o seu soneto “Na morte de Curros” viu a luz na revista *Céltiga* de Bos Aires en 1927 e que dende moi novo impartiu conferencias como a de 1928 no Centro Obrero de Cultura de Ferrol. A seguir detalla a traxectoria profesional e remata sinalando que foi membro de institucións como o Seminario de Estudos Galegos e destacando que en Ferroláns se acolle unha biografía del da autoría de Guillermo Llorca e que o número 26 da revista *FerrolAnálisis* presenta dous estudos sobre a súa obra asinados por Alonso Montero e por Álvaro Porto.

_____, “Joaquín de Arévalo, padre e hijo”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 29 xullo 2018, p. 9.

Aborda as figuras de Joaquín de Arévalo Otero e Joaquín de Arévalo Rodríguez, pai e fillo, respectivamente. Do primeiro, xornalista, destácase a súa faceta como escritor de ensaios e poesía en lingua castelá; mentres que o segundo escribiu poesía e teatro tanto en lingua castelá coma galega, así coma artigos publicados en revistas literarias galegas.

_____, “Alejandro Porto Leis”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 26 agosto 2018, p. 7.

No eido dun percorrido pola biografía de Alejandro Porto Leis alúdese á súa obra *Intemperancias poéticas* e dise que o libro inclúe 48 poemas en galego e en castelán e que estaba dedicado a Antón Villar Ponte.

_____, “Dos visitantes del Ferrol de la Ilustración. El padre Isla y el cura de Fruime”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 2 setembro 2018, p. 9.

Informa da visita de dous ilustrados a Ferrol con motivo da construción de dous buques, coñecidos como “el Apostolado”: o pai xesuíta José Francisco Isla de la Torre e Diego de Cernadas y Castro, o cura de Fruime. Achega a carta e poemario, respectivamente, dando conta da visita a Ferrol.

_____, “Luis Amor Soto y Manuel Lorenzo Barja”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 4 novembro 2018, p. 11.

No contexto dun estudo sobre as figuras dos ferrolanos Luis Amor Soto e Manuel Lorenzo Barja alúdese a que o primeiro foi autor das obras teatrais *Miña terra!*, sobre as situacións de abuso que sufrían os emigrantes galegos en Cuba, *Dous amores* e *Pedriño, ou ¡Para mariñeiros nós!* ambas as dúas últimas de temática política e cultural e ambientación aldeá.

_____, “José Fontenla Leal”, *Diario de Ferrol*, “Gentes que hicieron Ferrol”, 2 decembro 2018, p. 9.

No eido dun estudo sobre a figura de José Fontenla Leal e a súa actividade a prol da cultura galega alúdese a que foi impulsor do Himno Galego que escribiu Eduardo Pondal e da RAG xunto con Curros Enríquez. Tamén se di que incitou a Cabanillas a escribir en galego. Faise referencia a que os escritores Xaime López, Guillermo Llorca, Xosé María Dobarro ou Neira Vilas desenvolveron estudos sobre a súa produción e biografía.

Cal, Rosa, “Almudena Grandes y Aurora Rodríguez Carballeira. De la realidad a la ficción”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 20 xuño 2018, p. 6.

Menciona a biografía *Entrada ao xardín do saber* do autor Henrique Dacosta sobre a figura de Hildegart con motivo da publicación dunha obra centrada na nai desta escrita pola autora castelá Almudena Grandes.

Calvo Vidal, J. Luis, “A beleza das marxes”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, 21 xuño 2018, pp. 4-5.

Califica a escrita de Isidro Novo como o paradigma dunha escrita non centralizada, unha literatura con denominación de orixe, da man dun ser artístico-verbal nado, crecido e madurado nas terras de Lugo.

Campo, Marica, “Positividade e negativismo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 23, “A tecelá en outono”, 5 xaneiro 2018.

Sobre o ocultismo na literatura, menciona a narración *Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros* de Vicente Risco. Alude tamén a Ánxel Fole.

_____, “Señora dos Enigmas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “A tecelá en outono”, 23 febreiro 2018.

Co gallo do 181 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, e reflexiónase arredor dos enigmas que existen en torno á súa figura, dende a súa condición de filla de nai solteira até a súa faceta literaria marcada pola imaxe da negra sombra sobre a que tanto se ten opinado.

_____, “A gaiola non entende de paxaros”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 29, “A tecelá en outono”, 9 marzo 2018.

A propósito dunha reflexión sobre a ditadura e a limitaci3n de liberdades alúdense á peza teatral para escolares *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos*.

_____, “N3s, inocentes, acusamos”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 31, “A tecelá en outono”, 16 marzo 2018.

No contexto dun artigo sobre un crime alúdense ao poema de Rosalía de Castro “A xustiza pola man”.

_____, “Os rostros da emigraci3n”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 29, “A tecelá en outono”, 6 abril 2018.

Con motivo dunha reflexión sobre as casas de indianos e a emigraci3n en Asturias, emprega a referencia do poema “Prá Habana” de Rosalía de Castro para evocar as riadas humanas que optaron por este camiño vital.

_____, “Termar de nós”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 35, “A tecelá en outono”, 20 abril 2018.

Ao fío dunha reflexión sobre a autovaloraci3n, en clave cultural, lembra uns versos de Manuel María (“Galiza somos nós, a terra e mais a fala”), así como a Castelao, como exiliado que, como a súa obra declara, “estivo sempre en Galiza.

_____, “Miña casiña, meu lar...”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 49, “A tecelá en outono”, 25 maio 2018.

Critica a decisi3n de Pablo Iglesias de mercar un chalé despois das súas críticas á ‘casta’, mentres que rememora a importancia espiritual que se lle dá ao fogar como amosa o poema ‘Da Terra’ de Rosalía de Castro en *Follas Novas*, onde constrúe un ambiente de soidade e marxinaci3n no que soamente a casa a consola.

_____, “Aí lles deixo o meu retrato...”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 27, “A tecelá en outono”, 13 xullo 2018.

Na data en que se conmemoran sesenta e catro anos da ausencia de Frida Khalo, amenta que Álvaro Cunqueiro “non admitía que cualificasen parte da súa propia obra como realismo máxico. Consideraba que se trataba máis ben do noso xeito de ver o mundo”.

_____, “Tempo de regresar”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 31/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 22, “A tecelá en outono”, 17 agosto 2018.

Comenta que as aldeas devalan na segunda metade de agosto polo que aconsella recuperar

as “medidas que o poeta Manuel María aconsellaba para a Terra Cha: «ferrados de corazón, fanegas de alma», imposíbeis de cuantificar”.

_____, “Perlas de alcalde”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 35, “A tecelá en outono”, 12 outubro 2018.

Alúdese ao personaxe de don Capitón de Manuel María para ilustrar unha reflexión política.

Canedo, Cibrán, “El mes de Rosalía de Castro en Cee”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Invitada especial”, 18 xaneiro 2018, p. 36.

Co gallo da celebración do nacemento de Rosalía de Castro, dáse conta da representación da obra teatral *Servidor de dous anos* a cargo da compañía Talía Teatro e da mostra bibliográfica da súa obra na Biblioteca Francisco Mayanco.

Caneiro, Xosé Carlos, “A Real Academia Galega e a excelsitude”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “O equilibrista”, 11 abril 2018, p. 14.

No eido dunha reflexión sobre o labor da RAG menciónase a Méndez Ferrín e o seu papel como director da institución. Tamén se sinala a inadecuación de dedicarlle o Día das Letras Galegas a María Victoria Moreno e salientase a incongruencia que supón o feito de non conmemorar a Carballo Calero tendo en conta a súa traxectoria a prol da lingua e da literatura galegas.

_____, “Orlando”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “O país das marabillas”, 24 maio 2018, contracuberta.

Reflexiona sobre a importancia que tiveron na súa conformación como autor a lectura na súa xuventude de autores como Valle-Inclán e Cunqueiro, aos que tivo acceso na biblioteca dos Salesianos de Ourense.

_____, “La catedral y el alcalde”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “O equilibrista”, 13 agosto 2018, p. 13.

Considera *La catedral y el niño* como a “novela suprema” de Eduardo Blanco Amor xa que “su estilismo barroco supera con mucho los artificios técnicos de *A esmorga* y solo en su complejidad diegética es comparable con *Xente ao lonxe*”; e tamén cualifica de “brillante” *Los miedos*, novela que quedara terceira no premio Nadal. Apunta que ambas as dúas novelas en castelán coinciden na ambigüidade e sitúanse entre “fuerzas opuestas, contrarios, y en ese laberinto deben encontrar su destino”. Atribúe a grandeza da obra de EBA en castelán á súa “prosa musical, armónica, fértil en lenguaje y poderosa en la dicción”.

Carreño, Antonio, “Por la ruta 66 (USA)”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 9 outubro, p. 32.

Entre outros roteiros nomea o d'A *Esmorga* que segue “o trazado narrativo” na “Auria natal” de Eduardo Blanco Amor.

Casares, Carlos, “O grupo poético ‘Cravo Fondo’, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “136 anos de opinión”, “A ledicia de ler”, 21 xaneiro 2018, p. 20.

Fálase dos presupostos teóricos que orientan as composicións do grupo poético constituído por Ramiro Fonte, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Xulio L. Valcárcel, Xesús M. Valcárcel, Félix Vergara Vilariño e Helena V. Janeiro. Infórmase de que varias composicións destes autores conforman o libro *Cravo fondo* que dá nome ao grupo e débátese, a partir dos presupostos teóricos da introdución da obra, sobre cal é o tipo de poesía desenvolvida en función do público ao que vai destinada. Tamén se alude a Manuel Antonio e a Luís Pimentel. Do mesmo xeito, faise referencia á obra *A terra prometida* de Xesús Rábade Paredes. Destácase a musicalidade da antoloxía poética e o pouso de coñecementos literarios que reflicten os distintos autores no seus versos.

Caseiro, Delfín, “A inauguración da Biblioteca da Limia”, *La Región*, “Provincia”, “La Tribuna”, 10 maio 2018, p. 33.

Co gallo da apertura da biblioteca da Limia, faise referencia á instauración en 1963 do Día das Letras galegas a raíz de celebrar o centenario da publicación do libro *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

Castelo, Miguel, “Xan Cejudo, afable cordial e independente”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 5 novembro 2018, p. 12.

Faise referencia ao labor de Xan Cejudo no eido teatral co gallo do seu pasamento. Alúdese á súa participación nas obras *Gali&Matías*, *Da Vinci levaba razón*, *O Códice Clandestino*, *A Pousadeira*, *Na fraga do Conde*, *A caza do Snark*, *Tatuaxe* e *A burla do galo*.

Castiñeira, Á. M., “Villar Ponte en el asilo”, *La Voz de Galicia*, “Hemeroteca”, 17 marzo 2018, contracuberta.

Faise referencia ás columnas que Antón Vilar Ponte escribía no xornal *La Voz* e afóndase nunha na que o autor reflicte a súa visita a un asilo coruñés onde se refuxian anciáns e nenos e nenas orfos.

_____, “No habrá interviú, le daré un caldiño”, *La Voz de Galicia*, “Hemeroteca”, 3 marzo 2018, contracuberta.

Recréanse o desenvolvemento dunha entrevista entre Pérez Lugín e Filomena Dato así como as circunstancias que arrodearon o encontro. Destácase a falta de repercusión que tivo a obra *Fe* que publicou esta autora e recóllense os seguintes versos que se lle atribúen a ela e cos que remata o libro *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín: “Teño unha casaña branca/na Mariña entre loureiros./Teño paz e teño amor/ estou vivindo no ceo.”

Castro, Francisco, “Son un escritor galego e son un heroe”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “fóradeserie”, “A ollada náufraga”, 31 maio 2018, p. 8.

Fala sobre o proceso da escrita como autor galego á vez que compaxina este traballo coa súa vida familiar: coidar do seu fillo, tempo de lecer e viaxar.

_____, “Cara a unha Galicia monolingüe en castelán”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Cultura”, 25 xullo 2018, p. 52.

Inserido no especial do 25 de xullo, desenvólvese unha reflexión sobre os datos ofrecidos pola última “Diagnose da cultura galega” do Consello da Cultura, alertando sobre a caída libre de falantes, ligada á quebra da transmisión xeracional, e sobre a futura sensación da rosaliana “estranxeiría” na propia patria que iso pode supoñer.

Castro, Jenaro, “El himno y la letra”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Morriña.com”, 21 febreiro 2018.

Establece unha diferenza entre o himno español, que carece de letra, e o galego. Sinala que Pondal foi o encargado deste labor.

Castro, Xavier, “Xeoanimia: Literatura e viños na terra do Salnés”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 813, p. 9/ *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 880, p. 7 “www.galiciaenvinos.es”, 20 maio 2018.

A propósito dun comentario sobre a historia do viño e das terras do Salnés, alúdese a Ramón Piñeiro, a Castelao, a Dieste como escritores relacionados con elas. Tamén se recollen varios versos de Cabanillas sobre o viño, extraídos da obra *Da terra asoballada*, xunto con outra referencia da obra de Rosalía de Castro ao mesmo.

Castro Cajaraville, José, “Rosalía de Castro segue viva”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago-Melide-Ordes”, 17 xullo 2018, p. 30.

Dá conta da afluencia de persoas que celebraron o 133 aniversario do falecemento de Rosalía cun extenso e intenso programa de actos. Salienta a variedade de público, os recitais de música co piano de Rosalía ou os recitais poéticos.

Castro López, José, “Los suevos en Ourense”, *La Región*, “Opinión”, p. 20/ *Diario de Arousa*, *Diario de Ferrol*, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, p. 13/ *El Progreso*, “Opinión & Análisis”, p. 15/ *El Correo Gallego*, “Galicia”, “Verlas venir”, p. 12, 19 marzo 2018.

Sobre a explosión “In tempore sueborum”, destaca a pertinencia de levala a Ourense, terra de grandes autores da Xeración Nós (Otero, Risco, Lourenzo, Cuevillas e demais).

_____, “Galicia en agosto”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, p. 25/ *Diario de Pontevedra*,

“Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 22, 15 agosto 2018.

No contexto dun artigo sobre a riqueza paisaxística, gastronómica e as festividades de Galicia durante o mes de agosto, así como da situación social actual, cítanse as seguintes palabras de Rosalía de Castro: “Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta de herbiñas e frores..., os lixeiros ventos que pasan, as fontes e os torrentes derramándose fervedores e cristaliños”.

Castro Ratón, Xosé, “As ondas atlánticas de Plácido Castro”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 4 xaneiro 2018, p. 6.

Dáse conta da celebración dun acto de homenaxe a Plácido Castro en Cambados. Faise un breve percorrido pola súa vida e obra. Recoméndase a lectura de *Verbas atlánticas* (2016), volume que recolle as mellores traducións feitas polo escritor.

_____, “Teima na desfeita do patrimonio cultural”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 18 xaneiro 2018, p. 6.

No contexto dun artigo sobre a conservación do patrimonio artístico galego faise referencia á conmemoración do pasamento de Castelao, á primeira publicación do texto “Alba de Gloria” e á súa posterior inclusión na obra *Sempre en Galiza*.

_____, “Encrucillada, na teoloxía e cultura galega”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 25 xaneiro 2018, p. 6.

Infórmase do recoñecemento que vén de recibir a publicación *Encrucillada. Revista Galega do Pensamento Cristián* xa que a Real Academia Galega presentou a monografía *As Letras Galegas na Encrucillada* con motivo do seu corenta aniversario. Do mesmo xeito, faise un percorrido pola historia e as características da publicación.

_____, “O Tío Marcos na prensa galega”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 1 febreiro 2018, p. 6.

A propósito da celebración do Día dos Medios en Galego, afóndase na historia do xornal *O Tío Marcos da Portela* e alúdese a Valentín Lamas Carvajal, a Eduardo Pondal ou a Rosalía de Castro.

_____, “A iconografía do galeguismo”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 8 febreiro 2018, p. 6.

Co gallo da conmemoración da figura de Camilo Díaz Baliño, con motivo do Día da Ilustración, coméntase a pegada celtista da súa obra que influíu despois a Castelao e tamén se apunta que a súa voz está incluída na obra *O lapis do carpinteiro*.

_____, “Rosalía, refacho que abre fiestras”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 22 febreiro 2018, p. 6.

Faise referencia á celebración do día de Rosalía de Castro o 24 de febreiro por iniciativa da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. Inclúese un fragmento do manifesto elaborado por María Reimóndez a conta desta celebración e que pon en relación a temática da obra de Rosalía cunha serie de reivindicacións para paliar as eivas da sociedade actual.

_____, “O agromar das patacas”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 1 marzo 2018, p. 6.

Dá conta da celebración dun acto nunha libraría para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro. Destaca que a escritora galega foi proclamada como a “Nosa Señora das Letras”.

_____, “O vello mapa de Fontán”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 3 maio 2018, p. 6.

No eido dun artigo sobre a figura de Domingo Fontán menciónase que Marcos Calveiro foi o gañador do Premio Repsol de Narrativa Breve cunha novela histórica sobre a biografía de Domingo Fontán. Explícase que Otero Pedrayo evoca esta figura e o seu traballo en *Arredor de si* e que Castelao tamén o menciona en *Sempre en Galiza*. Infórmase de que, como os anteriores, Anxo Murado e Álvaro Cunqueiro tamén identifican o mapa de Fontán como símbolo da identidade galega.

_____, “Encol da arte galega”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 5 xullo 2018, p. 6.

Anuncia a dedicación do Día das Artes Galegas ao artista Luís Seoane que previamente fora homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1994. Esta dupla celebración tamén aconteceu con Castelao.

_____, “A misa por Rosalía”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 19 xullo 2018, p. 6.

Principia lembrando a xénese da festividade do Día Nacional de Galicia en 1920 e o feito de pendurar unha pancarta na alameda compostelá. E remata cualificando a misa por Rosalía como un dos xeitos de “manter viva a chama patriótica da causa nacional galega”.

_____, “A festa das galegas nas letras”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 2 agosto 2018, p. 6.

Comeza criticando que o termo “matria” non se recolla no dicionario da Real Academia Galega, o que atribúe a un “sntoma claro da distorsión da linguaxe que tira de cara á hexemonía do patriarcado á hora de situar en zona escura o patrimonio literario das mulleres” e que só catro mulleres foran homenaxeadas no Día das Letras Galegas. A seguir, céntrase no Día das Galegas nas Letras, “iniciativa impulsada polo grupo de mulleres A Segá” e que na quinta edición de 2018 homenaxea a Marica Campo, tras recoñecer en anos anteriores a Patricia Janeiro, María Xosé Queizán, María Victoria Moreno e Dorothe Schubarth.

_____, “A lección dos mártires da liberdade”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra

ollada”, 13 setembro 2018, p. 6.

Encomeza aseverando que “nos moitos cemiterios de Galiza, repousan os derradeiros mártires da liberdade, en número incontable”, antes de centrarse no debuxo de Castelao *A derradeira lección do mestre* e na súa significación.

_____, “O ideal da comunidade cooperativa”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego/ “Opinión”, “Outra ollada”, 20 setembro 2018, p. 6.*

Ao fío da conmemoración do “85 aniversario da participación galega no Congreso das Nacionalidades Europeas”, finaliza reproducindo que Castelao escribiu ao respecto: “Galiza é unha nacionalidade, e como tal foi recoñecida en Berna, polo IX Congreso das Minorías Nacionais, adscrito á Sociedade de Nacións”.

_____, “O sorriso do profeta”, *Diario de Arousa, “Opinión”, “Outra ollada”, 27 setembro 2018, p. 6.*

Critica a supresión radiofónica ao Premio de xornalismo cultural, que recaeu en Ana Romaní. Repasa o éxito acadado pola escritora, galardoadada en máis ocasións, e nomea a todos os premiados, tamén obxecto de honra.

_____, “Memoria social das vellas pedras”, *Diario de Arousa, “Opinión”, “Outra ollada”, 29 novembro 2018, p. 6.*

A propósito dunha publicación sobre os petróglifos do lugar do Vilar alúdese a Fermín Bouza Brey e ao seu estudo sobre Os Ballotes e O Meadelo no que compilou lendas e relatos da tradición oral.

Celeiro, Luís, “Diego Bernal”, *Diario de Pontevedra, “Opinión&Análisis”, 30 xaneiro 2018, p. 27/ El Progreso, “Opinión”, 30 xaneiro 2018, p. 23, “Tía Manuela”.*

Reflexiona sobre as greguerías de Ramón Gómez de la Serna, ofrecendo a definición do xénero e unha panorámica xeral sobre as vangardas literarias.

_____, “Cantores do Mar”, *Diario de Pontevedra, “Opinión&Análisis”, 24 abril 2018, p. 25/ El Progreso, “Opinión”, 24 abril 2018, p. 25/ El Correo Gallego, “Opinión”, 25 abril 2018, p. 4/ La Región, “Opinión”, 25 abril 2018, p. 30, “Tía Manuela”.*

Alúdese a Martín Códax, Mendinho, Paio Gómez Charinho, Manuel Antonio, Rosalía de Castro, Nicomedes Pastor Díaz ou Xohán Manuel Pintos e á súa obra de temática relacionada co mar. Polo mesmo motivo, faise referencia tamén a outros autores como Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Lugrís Freire e o seu poema “Alalá do mar”, Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas, Luís Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Xulio Sigüenza, Aquilino Iglesia Alvariño, Augusto Casas, Prieto Marcos, Ánxel Sevillano, Emilio Pita, Díaz Jacome, Fabeiro Gomez, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez, Avilés de Taramancos, Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Fariña e Bernardino Graña.

_____, “Escoitar e aprender”, *Diario de Pontevedra, “Opinión&Análisis”, 15 maio 2018,*

p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, 15 maio 2018, p. 25/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 16 maio 2018, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, 16 maio 2018, p. 31, “Tía Manuela”.

A propósito dun seminario sobre patrimonio inmaterial, arqueolóxico e histórico celebrado en Savane do Courel cítanse versos de Uxío Novoneyra. Tamén se alude a Fiz Vergara e ao autor de varias cantigas medievais de amor e de amigo Martín de Padruzelos.

_____, “Un auto conxuntural”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Tía Manuela”, 12 maio 2018.

No contexto dun artigo sobre o aprecio e o coidado aos libros alúdese ás obras *De catro a catro*, *Queixumes dos pinos* e *Sempre en Galiza*.

_____, “Todo será posible”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 42/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 42 “Tía Manuela”, 25 xullo 2018.

Mentres aborda a efeméride do 25 de xullo, alude a que ese día é importante honrar a Rosalía de Castro, facer ofrendas florais no Panteón de Galegos Ilustres e ir a Rianxo a conversar con Castelao.

_____, “A patria galega, de moitos e de nós”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Política”, 25 xullo 2018, p. 36.

Rememora a orixe das Irmandades da Fala e o labor de Castelao, dos “irmáns Villar Ponte, LosadaDiéguez, Vicente Risco, Ramón Cabanillas ou Ramón Otero Pedrayo, entre moitos outros intelectuais galeguistas” a prol de Galicia. Lembra que nacionalistas como Antón Villar Ponte “entendían que ‘a nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso: sen a lingua morreremos como pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal”.

_____, “Heroicidade”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 20, “Tía Manuela”, 28 agosto 2018.

No marco dunha reflexión sobre o saldo vexetativo negativo de Galicia nos últimos vintecinco anos, encarado como problema maior desta sociedade cambiante, recorre ao célebre poema de Xosé María Díaz Castro, “Penélope”.

_____, “Silencio”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 16 outubro 2018, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, 16 outubro 2018, p. 25/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 17 outubro 2018, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, 17 outubro 2018, p. 29, “Tía Manuela”.

No eido dunha reflexión sobre o emprego do silencio en política cítanse as seguintes verbas de Novoneyra: «de tanto calar xa falo eu solo».

_____, “Don Xesús e Don Bieito”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 27 novembro 2018, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, 27 novembro 2018, p. 29/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 29 novembro 2018, p. 4.

No eido dun comentario onde se repasa a traxectoria cultural de Xesús Alonso Montero e Bieito Ledo Cabido faise referencia ao libro *Cavilacións* do que é autor este último e

dise que conta cun prólogo escrito polo primeiro. Tamén se alude a Víctor F. Freixanes.

_____, “O lobo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 decembro 2018, p. 25/
El Progreso, “Opinión”, 11 decembro 2018, p. 31/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 12
decembro 2018, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, 12 decembro 2018, p. 30, “Tía Manuela”.

No contexto dun artigo sobre o lobo no rural alúdese á aparición deste animal na poesía
de Uxío Novoneyra.

Cermeño, Xosé, “Camiños de ferro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Punta balea”, 6
novembro 2018, p. 3.

No eido dun artigo sobre trens inclúense os seguintes versos de Curros Enríquez sobre a
locomotora: "Por onde ela pasa/ fecunda os terreos,/ espertanse os homes,/ frolecan os
eidos".

Conde, Alfredo, “O que len os nosos nenos”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las
horas”, 18 xaneiro 2018, p. 32.

No contexto dunha reflexión sobre as referencias literarias propostas desde o ensino para
os lectores en formación e no tocante á literatura galega cítase a Rosalía de Castro.

_____, “Domingo de libro en libro”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 11
marzo 2018, p. 31.

No eido dun comentario sobre diferentes lecturas alúdese a un opúsculo de Vicente Risco
e faise referencia tamén aos poemas e escritos en galego do padre Feixoo.

_____, “A raíña das augas frías”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 22
marzo 2018, p. 34.

No contexto dun comentario sobre a lamprea como manxar faise referencia á obra de
Álvaro Cunqueiro, de Rosalía, de Pondal, de Cabanillas, de Iglesia Alvariño e Manuel
Antonio.

_____, “As tripas do beato”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 28 xuño
2018, p. 37.

Fala do proceso de tradución ao portugués da súa propia obra, *O Beato*, que foi presentar
ao país luso. Tamén fala da tradución desta obra ao galego, pois nun primeiro momento
foi publicada en castelán na editorial Algaida e por insistencia do propio autor sería
publicada tres anos máis tarde en Xerais.

_____, “Las páginas y las horas”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 22
xullo 2018, p. 41.

Entre outras apreciacións, saúda moi positivamente o novo libro en castelán do escritor
galego e antropólogo Manuel Mandianes, *En Blanco*, publicado por unamasunoEditores.

Salienta tamén o prólogo de Luis Alberto de Cuenca e a excepcionalidade da traxectoria do autor.

_____, “Os que se foron coa chuva”, *La Región*, “Opinión”, 26 xullo 2018, p. 42/*Atlántico Diario*, 29 xullo 2018, p. 24, “Las páginas y las horas”.

Informa do pasamento do escritor Xabier P. Docampo, polo que profesa admiración, e de Rodríguez Pardo, galardoado co Premio Castelao de Teatro.

_____, “Tesis doctorales”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 19 agosto 2018, p. 48.

No marco dunha reflexión sobre a temática das teses doutorais, Alfredo Conde lembra unha pasaxe da novela de Torrente Ballester *La isla de los jacintos cortados*, que el traduciu ao galego; realiza tamén consideracións sobre certos períodos de barbeito na produción novelística, citando o que, segundo el, se produciu dende o Século de Ouro e até a chegada de Galdós, Rosalía e Bécquer.

_____, “Eiquí algo está a fallar”, *Atlántico Diario*, 8 setembro 2018, p. 24/*La Región*, 6 setembro 2018, p. 34, “Opinión”, “Las páginas y las horas”.

Inseridas nunha reflexión sobre a escaseza de médicos, debida á mobilidade exterior das persoas recién licenciadas en Medicina en Santiago de Compostela, recórdase o comentario de Vicente Risco sobre Galicia, “todo un mundo”, así como unha certa tira gráfica de Isolino, a personaxe criada por Xaquín Marín, sobre a idiosincrasia galega.

_____, “De Castropol ao Valle de los Caídos”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 13 setembro 2018, p. 40.

No eido dun artigo sobre diferentes cuestións, faise referencia ao pasamento de Ramón Piñeiro menciónase a Francisco Fernández del Riego.

_____, “Segundo me da a gana”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 16 setembro 2018, p. 36.

Explica que “non sei estar”, segundo diría o “finado de Paco del Riego, ou Don Paco como el gustaba ser chamado”. Lembra unha mesa redonda anos atrás en Ourense “na que eu recorde, estaba eu (o burro diante pra que non se espante) estaba Casares, estaba o Rivas e non sei se tamén estaba o Suso de Toro, agora mesmo non o recordo”. Afirmo que “o caso e que o único xeito que teño, coñezo e quero de ser español empeza por ser galego”.

_____, “Unha me vai e outra me vén”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 11 novembro 2018, p. 49.

No contexto dun comentario sobre a obra *Memorias de ultratumba* de Chateaubriand achégase unha reflexión sobre certos aspectos da vida e das tendencias políticas de Otero Pedrayo e Vicente Risco e menciónase a obra *O porco de pé*. Tamén se alude a Fernández del Riego e a Alfredo Conde.

_____, “Póñoome a ler, e...”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 9 decembro 2018, p. 42.

No eido dun artigo de opinión sobre diversas cuestións alúdese a Rosalía de Castro e a Luz Pozo Garza.

_____, “Gústame a prosa de Loureiro”, *Atlántico Diario*, 29 decembro 2018, p. 26/ *La Región*, 20 decembro 2018, p. 36, “Opinión”, “Las páginas y las horas”.

No contexto dun artigo no que se recollen as discusións debidas ó gusto por diferentes tipos de prosa entre Carlos Casares e Alfredo Conde cítase a Ramón Loureiro e a Álvaro Cunqueiro.

Constenla, José Antonio, “Subimos, bajamos y viceversa”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Las crónicas de Jac”, 9 novembro 2018, p. 4.

No contexto dun artigo que explora algunhas das características propias da idiosincrasia do carácter dos galegos faise referencia á obra *Sempre en Galiza* de Castelao. Tamén se alude a Otero Pedrayo, a Vicente Risco ou a Álvaro Cunqueiro.

_____, “Alba de gloria”, *El Progreso*, “Opinión”/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 13 novembro 2018, p. 26/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 14 novembro 2018, p. 4.

A propósito das exposicións “Alba de Groria” e “Castelao maxistral” faise unha aproximación ao contexto histórico que arrodeou a produción e difusión do texto de Castelao “Alba de Groria”. Do mesmo xeito, a partir da lectura da obra *Sempre en Galiza* reflexiónase sobre o valor simbólico que representa a figura de Castelao e a súa produción literaria e artística alén de calquera ideoloxía.

Costa, Antonio, “Emily Dickinson, el silencio en una taza”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 113, 14 xaneiro 2018, p. 5.

Reflexiona, a partir dunha comparación entre Rosalía de Castro e Emily Dickinson, sobre a inspiración e o seu achádego en variadas formas: no retino, na soidade que ninguén escoita, etc. Ambas autoras teñen en común que a súa poesía é un xeito de apuntar o innomeable.

Costa, Xoán, “O cura fotógrafo”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “Opinión”, “A ollo nu”, 7 xuño 2018, p. 4.

Recorda a vida do cura e fotógrafo Generoso Salgueiro, quen fotografou varios momentos da vida do escritor López Ferreiro.

_____, “Avelina Valladares Núñez”, *Sermos Galiza*, n.º 319, “Opinión”, “A ollo nu”, 25 outubro 2018, p. 4.

Infórmase do aniversario do nacemento de Avelina Valladares Núñez. Explícase que foi poeta e destácase que foi a única muller en recitar nas veladas literarias de Compostela que tiveron lugar no casino o 2 de maio de 1881 entre outros actos nos que se leron as súas composicións.

_____, “Idioma invasor”, *Sermos Galiza*, n.º 321, “Opinión”, “A ollo nu”, 8 novembro 2018, p. 4.

No contexto dun comentario sobre a crónica de carácter lingüístico titulada “Poesía Galega Contemporánea” feita por Juan A. Saco faise alusión ao escritor Jose García Mosquera, á súa obra poética e á súa tradución do “Beatus ille” de Horacio.

_____, “O himno interpretado por cegos”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “Opinión”, “A ollo nu”, 22 novembro 2018, p. 4.

Dáse conta de diversas interpretacións do Himno Galego en diversos lugares e a cargo de diferentes grupos.

Cota, Rodrigo, “El pecado original, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 102, “Estoy pensando”, 7 outubro 2018, contracuberta.

Con motivo das palabras do presidente da Xunta de Galicia á chegada do cadro de Castelao “A derradeira lección do mestre”, reproduce as verbas de advertencia da Dirección Xeral de Prensa ao falecer Castelao: “De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro ‘Sempre en Galiza’ ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil. Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente”, que Alberto Núñez Feijoo descoñecía que xa non estaban en vigor. Así mesmo incide en que “a Bóveda simplemente lo ignoró Feijoo. Como Bóveda no fue humorista, literato ni caricaturista, no hubo necesidad de mencionarlo” e que “No hace falta ser galleguista ni nacionalista para reconocer que Castelao y Bóveda fueron dos grandes personas que dieron a Galiza lo más que se puede dar, la libertad y la vida”.

_____, “Falemos de paisaxe”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.026/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.026, 11 marzo 2018, p. 36.

Reflexiona sobre o concepto de paisaxe e a ordeación do territorio, mencionando a clasificación levada a cabo por Otero Pedrayo en *Sete paisaxes galegas e mais os alicerces dunha teoría*.

_____, “Testemuña das últimas horas de Castelao”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.028/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.028, 25 marzo 2018, p. 37.

Informa da relación entre Mario Rodríguez Gómez con Castelao, que un dos últimos testemuños das últimas horas de vida do autor.

_____, “Almiranta nos Mares do Sur”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.030/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.030, 8 abril 2018,

p. 37.

Informa da presentación na crónica novelada *Sabela, almiranta dos mares do sur* de Arturo Iglesias e menciona o premio recibido por Henrique Dacosta en 1992 pola obra *Mar para todo o sempre*.

_____, “James Rhodes e o Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.044/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.044, 15 xullo 2018, p. 37.

Reflexiona sobre a tan reivindicada homenaxe a Ricardo Carvalho Calero a prósito dun tuit de Berta Dávila no que aludía a que se ía acabar homenaxeando antes ao músico James Rhodes que ao escritor.

_____, “Un camiño de ferro decimonónico”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.066/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.066, 16 decembro 2018, p. 37.

No contexto dun artigo sobre a mellora da liña do tren na comarca de Ferrol cítanse os seguintes versos de Curros Enríquez, procedentes do texto “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”: “Velaí vén, velaí vén avanzando/ cómaros e corgas, e vales, e cerros./ Vinde vela, mociños e mozas!/ Saudaina, rapaces e vellos!/ Par onde ela pasa/ fecunda os terreos,/ espértanse os homes,/ florecen os eidos.”

Cunqueiro, César, “Cuatro escritores gallegos”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 22 marzo 2018, p. 25.

Destácanse certos datos da vida e da obra de Pimentel, González Garcés, Eugenio Montes e José María Castroviejo salientando características do estilo e da temática.

Dacosta, Henrique, “Andar ás crebas”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 11 xaneiro 2018, p. 6.

No contexto dunha reflexión sobre a recollida dos restos que a marea deixa nas praias, faise referencia aos seguintes textos da literatura galega que tratan a cuestión: o relato de Henrique Dacosta *Patria do vento tourón (os males de amor da serea Margarida)*; os libros *As crebas. Outro xeito de andar ao mar* de Francisco Fernández Naval; *Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias* de Henrique da Costa López; a obra de banda deseñada *Cabana de Balieiros* de Tokio e a peza teatral *Mourenza* de Cotarelo Valledor.

Darriba, Luz, “Águas de Marzo”, *Sermos Galiza*, n.º 286, “fóradeserie”, “Opinión”, “Foeminas xenéricas”, 1 marzo 2018, p. 4.

No contexto dun artigo sobre diversas exposicións artísticas previstas para o mes de marzo, faise referencia ás homenaxes feitas á figura de Rosalía de Castro no mes anterior.

Díaz, Caetano, “Unha ducia de galegos, unha ducia de Cunqueiros”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 14 xaneiro 2018, p. 6.

Informa de que Víctor Freixanes será o encargado de dar o pregón da Feira do Cocido de Lalín. Sinala que o alcalde deste lugar comparou a traxectoria do director da Real Academia Galega coa de Cunqueiro.

_____, “Que foi de... Francisco Pillado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 18 marzo 2018, p. 6.

Lémbrese que Francisco Pillado xunto con Manuel Lourenzo creou a Escola Dramática Galega e a revista *CasaHamlet*. Destácase que con Xesús Couceiro, Pepe Carreiro, Beiras, Afonso Ribas e Gonzalez Millares participou na fundación de Edicións Laiovento.

_____, “Que foi de... Olegario Sotelo Blanco”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 8 abril 2018, p. 6.

Faise referencia, en termos xerais, á traxectoria cultural e a produción literaria de Olegario Sotelo Blanco e dáse conta do peche da editorial do mesmo nome.

_____, “A Manuel Rivas, escritor. Compromiso, palabras, vagalumes, collóns”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 15 abril 2018, p. 6.

Faise referencia, en termos xerais, ao produción e ao percorrido literario e ideolóxico de Manuel Rivas co gallo da aparición da súa obra *Contra todo isto*.

_____, “Nunca me amaron, nunca ameí...”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 29 abril 2018, p. 6.

Dáse conta de que Lupe Gómez recibiu o Premio da Crítica Española por *Camuflaxe*, editada por Chan da Pólvora, e que a obra vai ser traducida ao castelán por Antón Lopo.

_____, “Berta Cáccamo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “In memoriam...”, 13 maio 2018, p. 6.

Informa da publicación do libro *Tinta de luz*, escrito por Berta e Pepe Cáccamo e editado por Antón Lopo na editorial Chan da Pólvora.

_____, “Suso de Toro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “Que foi de...”, 27 maio 2018, p. 6.

Recorda a vida laboral e pública de Suso de Toro, en concreto a súa implicación en política, con motivo do vixésimo quinto aniversario da publicación de *Tic-Tac*.

_____, “Benedicto García Villar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “In memoriam...” 10 xuño 2018, p. 6.

Conta a importancia fundamental que tivo o poema “Carta a Fuco Buxán” de Celso Emilio Ferreiro na creación e inspiración do grupo *Voces Ceibes* do que sería o vocalista

o recente finado Benedicto.

_____, “Zaza Ceballos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “Que foi de...”, 17 xuño 2018, p. 6.

Recolle a labor de Zaza Ceballos en clave feminista ao ser unha muller que destacou no medio audiovisual galego, dando voz a outras mulleres galegas como Rosalía de Castro, Juana de Vega, Pardo Bazán e demais.

Díaz Arias, Camilo e Xosé, “Sargadelos: daqueles pos, estes lodos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 24 agosto 2018, p. 13.

Amenta que “os administradores que sucederon a Isaac, ata o actual, foron pechando as entidades que enriquecían o grupo” Sargadelos, caso de Ediciós do Castro entre outras.

Díaz-Fierros, Francisco, “Antón Fraguas, a voz do pobo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 23 xullo 2018, p. 12.

Destaca o labor da figura elixida para ser homenaxeada o Día das Letras Galegas 2019 a prol do estudo do folclore galego, “sobre todo no relativo á recuperación e posta en valor da expresión popular do galego recollida nas cantigas, lendas, refráns e dicires do pobo”. E nos seguintes parágrafos destaca feitos da biografía de Antonio Fraguas “como para cualificalo coma un dos grandes da cultura galega”. Finaliza aludindo ao título elixido polo autor de Cotobade para o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: «Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán».

_____, “Nostalxia dos liques da catedral”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 20 agosto 2018, p. 14.

No marco dunha reflexión sobre a fachada da catedral despois dunha longa restauración, faise recordo e gabanza da vexetación liquénica e dos matices que nela imprimía, recorrendo a algúns comentarios de Otero Pedrayo e outros autores en castelán.

Dobarro, Xosé María, “Camiños diverxentes (LXXIX)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 7 xaneiro 2018, p. 16.

No marco dunha achega sobre a historia das Irmandades da Fala, faise referencia ao manifesto *Máis alá!* de Manuel Antonio e á novela *Almas Mortas* de Antonio Vilar Ponte. Tamén se alude a outros escritores galegos como Antón Losada Diéguez, Castelao, Paz Andrade, Manuel Lugrís Freire, Eladio Rodríguez, Eugenio Carré Aldao ou Leandro Carré Alvarellos.

_____, Xosé María, “A V assemblea, organizada na Coruña pola I.N.G. (LXXXI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 21 xaneiro 2018, p. 14.

A propósito dunha crónica na que se recollen anécdotas arredor da celebración da V Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala o autor do artigo rescata un poema que

Cabanillas escribiu para o tráxico suceso de Guillarei. O poema publicouse por primeira vez en *A Nosa Terra* baixo o título “Galicia diante dos mártires de Sobredo” e anos despois alterouno e incluíno en *Da terra asoballada* (1926) baixo o título “Sobredo”.

_____, “A V Asemblea, organizada na Coruña pola ING (LXXXII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 28 xaneiro 2018, p. 14.

A propósito dunha crónica na que se recollen anécdotas arredor da celebración da V Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala o autor do artigo rescata un poema que Cabanillas escribiu para o tráxico suceso de Guillarei no que a Garda Civil abriu lume contra campesiños durante unha confronta no seo da loita anticaciquil e que rodeou a celebración deste quinto encontro en 1922.

_____, “Unha maior presenza da Irmandade da Fala da Coruña (LXXXIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 4 febreiro 2018, p. 14.

Dá conta das actividades levadas a cabo pola Irmandade da Fala da Coruña. Destaca a celebración dun ciclo de conferencias onde Leandro Carré Alvarellos falou da orientación do teatro galego. Comenta a existencia de varias publicacións e a participación dos intelectuais galeguistas en todas estas propostas.

_____, “Fonda actividade da Irmandade da Fala da Coruña (LXXXIV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 11 febreiro 2018, p. 11.

No contexto dun estudo sobre diferentes actividades políticas levadas a cabo pola Irmandade da Fala da Coruña e a propósito do enterro de Manuel Murguía menciónase a Rosalía de Castro e a súa produción literaria. Tamén aparecen aludidos outros autores como Vicente Risco, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez.

_____, “Peña Novo, orador en mitins alleos (LXXXVII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 4 marzo 2018, p. 14.

Reflexiona sobre a faceta política do escritor galego Lois Peña Novo. Reproduce algúns versos e fragmentos de discursos políticos.

_____, “Polémica polo monumento a Curros Enríquez (XCV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 6 maio 2018, p. 14.

Recolle a polémica que xurdiu no momento da creación dunha estatua na honra de Curros Enríquez, pois a cidadanía rexeitaba que o fixera alguén de fóra. Tamén menciona o discurso que pronunciou o presidente da Real Academia Galega, Estrada Catoira, no que aseguraba que Curros non foi procesado polos poemas “Mirando ao chan” e “Iglesia fría”, senón por “A virxe do Cristal”, o que levantou moita polémica e desconformidade co seu labor como presidente.

_____, “A primeira pedra do monumento a Curros Enríquez (XCVI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 13 maio 2018, p. 14.

Dá conta da visita da “excursión de la Habana” á Galiza para a que Luguís Freire compuxo o poema “Saúdo” que sería publicado no diario *El Ideal Gallego*. Nesta mesma

publicación tamén aparece o poema “La mujer cubana” de Curros. Con motivo da chegada destes visitantes, celebrouse un acto no que se colocou a primeira pedra do monumento a Curros Enríquez e foron lidos discursos na súa honra. Tamén salienta a dedicación do número de *A nosa terra* do 25 de xullo de 1923 a este efeméride, que incluíu composicións de López Abente, Federico Zamora, Leandro Carré, Blanco Torres, así como poemas de Cabanillas, Euxenio Montes e Xesús San Luís Romero.

_____, “Día de Galicia de 1923 (XCVIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 20 maio 2018, p. 14.

No contexto dun estudo sobre a celebración do día de Galicia en 1923 faise alusión a Vicente Risco, a Castelao e a Paz Andrade. Saliéntase que tivo lugar a representación do diálogo Charlon e Hermida, *Trato a Cegas* e o recitado de *O Cabaleiro do Sant Graal* de Cabanillas.

_____, “O tema do ensino (XCIX)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 28 maio 2018, p. 14.

Analiza a obra *Bases das escolas do insiño galego* publicada en *A nosa terra* en agosto de 1923 grazas ao traballo das Irmandades da Fala de A Coruña. No referente ao aspecto das contribucións económicas por parte dos particulares ás escolas, destaca a participación de López Cuevillas, Amado Carballo, López Abrente, Xoán Vidal e outros.

_____, “O tema do ensino 2 (XCIC)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 3 xuño 2018, p. 14.

No contexto dun estudo sobre a actividade das Irmandades da Fala en relación co uso da lingua galega no ensino menciónase a Antón Vilar Ponte e a Victoriano Taibo.

_____, “O tema do ensino 3 (C)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 10 xuño 2018, p. 15.

Analiza a presenza do galego no ensino durante o século XX a partir das posturas de varios escritores galegos. Vicente Viqueira escribiu varios artigos para o xornal *A nosa terra* sobre a necesidade dunha escola galega para o arriquecemento intelectual dos nenos e nenas galegos, e apelou á importancia de que este ensino se impartira en galego, con mestres que falaran esta lingua. Vicente Risco tamén opinou sobre este tema na revista *Nós* onde fixo un amplo traballo sobre o que debería ter unha escola galega: dende un edificio que se adapte á arquitectura típica galega, a profesores galegofalantes que ensinen a xeografía, historia, lingua e literatura galegas, así como diversas materias da vida labrega. Moitas destas ideas serán adoptadas por Ánxel Casal en *Bases das escolas do insiño galego*.

_____, “A ditadura militar (CI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 17 xuño 2018, p. 14.

Recolle o número de *A Nosa Terra* do 1 de outubro de 1923 no que se fala da importancia dun ensino en lingua galega debido a toda a poboación ser galegofalante, pese a que a vontade no momento sexa a de implantar o castelán.

_____, “Escolas e Irmandades na ditadura (CII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 24 xuño 2018, p. 11.

Dá conta do número de *A Nosa Terra* de febreiro de 1924 que se dedica, entre outros temas, á importancia das Escolas do Insiño Galego expostas por Federico Zamora. Recalca a importancia destas escolas para crear unha sociedade culta á vez que establece o marco que ten que seguir no Estado español, comparando o seu exemplo co da ‘Associació Protectora de L’Ensenyança Catalana’.

_____, “Lamentable perda”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “Estrebillando”, 29 xuño 2018, p. 17.

Dáse conta do pasamento de Xabier P. Docampo.

_____, “Evidencias”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “Estrebillando”, 6 xullo 2018, p. 17.

Fala do libro *Epistolario Ricardo Carballo Calero/Ram3n Piñeiro (Historial dun libro)* para dar luz a esta figura o día antes da decisi3n de a quen se lle dedican as Letras Galegas de 2019, para as que Carballo Calero estaba proposto.

_____, “Cambio de sede da Irmandade e posta en marcha das escolas (CIV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 15 xullo 2018, p. 14.

Prosegue a abordar a xénese da Irmandade da Fala na Coruña deténdose no cambio de ubicaci3n da sede da citada instituci3n en base a novas recollidas n’*A Nosa Terra* no ano 1924, sobre todo no solto “As Escolas da Irmandade” do 1 de novembro e no solto “Fomentado a cultura/ As Escolas do Insino Galego” do 1 de abril.

_____, “As escolas no D3a de Galicia (CV)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 22 xullo 2018, p. 14.

Aclara que neste artigo continúa a temática abordada no artigo precedente dedicado ao número de *A Nosa Terra* do 25 de xullo e detense neste en dous artigos recollidos nese número: un de Xosé Lesta Meis e outro de Ánxel Casal. Do primeiro, datado na “Cruna, San Xuan do ano 924” e intitulado “O D3a de Galicia”, alude á dificultade de escribir o artigo en tempos de ditadura e censura, e explica o significado da efemeride. Pola contra, do segundo artigo, “Sementeira”, de Ánxel Casal, reproduce que “son tempos de loita; de loita individual e en todol-os terreos” e que se debe “cuidar da educaci3n dos que veñen”, de aí que agarda “de todol-os galegos que contribuirán ao sostenimento das ESCOLAS ROSALIA do I.G. e das ROLADAS que organizaranse por toda a TERRA”. A seguir, sinala entre os artigos “certamente reivindicativos” o intitulado “Axiña”, do conselleiro 1º Lugo Freire; as “Arelas/ ¡Tempiños, tempiños, tempos!”, de Federico Zamora; e “os versos de Amado Carballo sobre as cores da bandeira e o escudo”. Tamén sinala que os xornais *El Ideal Gallego* e *El Orzán* informan de dúas actividades: a entrega dunhas tarxetas artísticas coa letra do himno galego e a cruz de Sant-Yago aos mariñeiros integrantes da “banda de música do cruceiro alemán Braunschweig” que interpretaron o himno, e a festa galega celebrada o 12 de xullo e presidida polo “vicealmirante Zenker, o comandante do cruceiro” e na que actuaron dos coros “Toxos e Froles”, “Cantigas da Terra” e “Cantigas e Agarimos”. Salienta a “numerosa presenza de colaboraci3ns de destacados membros da Irmandade Nazionalista Galega”, caso de Losada Diéguez,

Leuter, Cortón do Arroyo, Paz Andrade e Otero Pedrayo, e comenta que “non hai colaboración do seu máximo dirixente Vicente Risco” se ben se reproduce “sen máis, sen ningún tipo de comentario” unha nota que el remite. Finaliza referindo que tamén se inclúe un artigo “-acompañado de fotografía- lembrando que o día 15 fora o do cabodano da poeta ‘alma da nosa alma, encarnación da nosa raza’”.

_____, “Do Día de Galicia de 1924 (CVI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 29 xullo 2018, p. 14.

Reflexiona sobre o tratamento mediático que se fai arredor do día de Galicia a través da historia, repasando as portadas de xornais e revistas máis importantes.

_____, “A editorial Lar (CVII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 19 agosto 2018, p. 16.

Prosegue, tras a etapa estival, coa recollida de “exemplos de artigos ou novas reivindicativas aparecidas ao redor da significada data do 25 de xullo”. Céntrase no primeiro número do boletín irmandiño do ano 1925, que dedicaba dous artigos á colección de novelas Lar. Un referido a *O Anarquista* de Leandro Pita Romero e o outro á publicación”, da que destacan que “vén a incorporar á literatura galega, en galego, mais nosa pol-o mesmo, as prestixiosas firmas de Fernández Florez; Paco Camba, Leandro Pita Romero e algún máis”. Ademais, da noveliña *A miña muller* de Fernández Florez, no artigo resaltábase que “Camilo Díaz, o gran pintor galego, fixo unha portada que é unha maravilla de gusto artístico e saber galleguista”.

_____, “Sargadelos”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Estrebillando”, 24 agosto 2018, p. 17.

Con motivo das novas sobre os despedidos na fábrica de Sargadelos, valórase a perda do espírito fundacional da empresa, dende “a defenestración” de Isaac Díaz Pardo hai unha década. Laméntase a súa viraxe cara a unha simple empresa, lonxe dos aspectos espirituais que orientaron as súas orixes.

_____, “A consolidación editorial (CVIII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 26 agosto 2018, p. 14.

No contexto dun estudo sobre a editorial Lar alúdese a Leandro Carré Alvarellos, a López Abente ou a Álvaro de las Casas. Tamén se fai referencia á publicación das novelas *A miña muller* de Fernández Florez, traducida ao galego e prologada por Carré, e *O anarquista* de Leandro Pita Romero. Do mesmo xeito, infórmase da publicación das novelas *Os probes de Deus* de Amado Carballo, *Martes d'Antroido* de Francisca Herrera Garrido, *O lobo da xente*, de Risco e *Os probes de Deus*, de Amado Carballo e *Escrito na néboa* de Otero Pedrayo. Explícase que esta última novela é un antecedente de *Arredor de si*.

_____, “Dos días de Lar (CIX)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 2 setembro 2018, p. 14.

Reproduce fragmentos de distintas recensións en prensa sobre a novela *A miña muller* de Wenceslao Fernández Florez na colección “Lar”.

_____, “A colaboración coa ditadura (CXI)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 16 setembro 2018, p. 14.

Alude ao rexurdir da revista *Nós* e da publicación de *A Nosa Terra* que si lograran manter “os nacionalistas que se mantiveran fieis aos acordos tomados na I Asemblea Nacionalista de Lugo (1918)”.

_____, “Discrepancias perante as reformas (CXII)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 23 setembro 2018, p. 14.

Reproduce o publicado en varios medios sobre o mitin de Antón Villar Ponte o 21 de outubro de 1923 na Casa do Pobo de Betanzos, organizado pola Federación Provincial Agraria. Afirma que “nas tirantes relacións entre as dúas Irmandades, a da Fala e a Nazonalista Galega, case sempre Antón Villar Ponte estivo no centro das discordias” e sobre todo “cando o directorio afrontou determinadas reformas”, como constata reproducindo fragmentos de varios xornais.

_____, “O cese de Villar Ponte (CXIX)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “As Irmandades da Fala”, 2 decembro 2018, p. 14.

No eido dun estudo sobre o cese de Villar Ponte como edil do Concello da Coruña alúdese a Carré Aldao, ao xornal *A Nosa terra*, a Vicente Risco ou a Losada Diéguez.

Echevarría, José María, “Mondoñedo y la niebla”, *La Opinión*, “Opinión”, 28 xuño 2018, p. 24.

Fai referencia á vila de Mondoñedo, lugar onde naceu Cunqueiro.

Eiré, Afonso, “Anda a lei ao son do rei”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Enfiando”, 10 novembro 2018, p. 2.

No contexto dunha reflexión sobre a xustiza inclúense varios versos e faise referencia ao poema de Rosalía de Castro “A xustiza pola man”.

Enríquez, Rosa, “Gamoneda e Tembrás”, *La Región*, “Opinión”, 22 febreiro 2018, p. 29.

Dáse conta da presenza de Dores Tembrás e Antonio Gamoneda no ciclo Poetas (d)inversos. Descríbese o estilo dos autores, salientando que ambos amosan unha “poética de territorios invisíbeis que configura o tempo sentido a través da propia pel”.

_____, “Diario Cultural”, *Atlántico Diario*, 11 maio 2018, p. 20/ *La Región*, 10 maio 2018, p. 35, “Opinión”.

Co gallo da desaparición do programa de radio “Diario Cultural” alúdese á poeta Ana Romaní e ao seu labor á fronte do mesmo na promoción e crítica da literatura galega.

_____, “Xela Arias”, *La Región*, “Opinión”, 28 xuño 2018, p. 34.

Reivindican dende o colectivo “A Segá” a celebración dun Día das Letras Galegas na honra da poeta Xela Arias á vez que analizan a achega que supuxo a súa obra dentro da poesía intimista co afondamento na sensualidade.

_____, “Puño poético de Yolanda”, *La Región*, “Opinión”, 8 novembro 2018, p. 30.

Fálase da presentación do cómic poético de Yolanda Castaño *O puño e a letra* que reúne composicións súas acompañadas de ilustracións. Destácase a dimensión interartística do volume xunto co carácter referencial e a temática identitaria que desenvolveu a autora na súa produción.

Estévez, Xerardo, “Os últimos de Bonaval”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2018, p. 11.

No contexto dun artigo sobre a transformación en parque do cemiterio de Bonaval menciónanse diversas figuras da literatura galega como Antón Fraguas, Salvador García Bodaño, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Díaz Pardo.

Estévez-Saá, Margarita, “Hermana Irlanda”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Leer para creer”, 1 xuño 2018, p. 2.

Pon de relevo as moitas semellanzas que hai entre a historia da cultura galega e a irlandesa: o Rexurdimento Irlandés co Rexurdimento Galego, a emigración, as crises económicas etcétera. Di que se trata dun feito que xa percibiran escritores como Vicente Risco e Otero Pedrayo.

Fajardo, Montse, “A muller que encheu os barcos de indios e vaqueiros”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “fóradeserie”, “de memoria”, 7 xuño 2018, p. 11.

Resume a vida de Waldina Pereira Vidal, unha muller que abriu un quiosco por necesidade económica e permitiu achegar á vila de Carril pequenas novelas sobre indios e vaqueiros. Pese a que tivo que exiliarse, á súa volta continuou até a súa morte co negocio que hoxe rexenta o seu fillo.

Fandiño, Xosé Ramón, “A patria enteira na memoria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Obituario”, 18 marzo 2018, p. 41.

A propósito do pasamento de Carlos García Martínez, faise un repaso da súa biografía no que se alude a Fermín Bouza Brey, Antón Fraguas ou Xaquín Lorenzo. Menciónase a obra de García Martínez *De alicerces e devocións: unha ollada arredor das orixes*, en torno a Florentino López Cuevillas, Bouza Brey e Antón Fraguas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Galego, lingua global”, *Diario de Pontevedra*,

“Opinión&Análisis”, “Madia leva”, 27 xaneiro 2018, p. 23.

Explica, partindo das medidas do goberno de España, a validez das linguas a través do globo, onde destaca como emblemas da defensa e da dignidade do galego a Castelao e a Alfonso X o sabio.

_____, “O odio ao galego”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Madia leva”, 3 marzo 2018.

Con motivo dun caso de discriminación lingüística en Lugo lembra a denuncia férrea que Celso Emilio Ferreiro realizaba da lingua galega como “idioma proletario o meu pobo” e continúa o autor vinculando o galego á xente do común, traballadora, labrega e mariñeira, e dunha literatura de alto nivel e recoñecemento internacional.

_____, “Cunqueiro e Mondoñedo”, *El Progreso*, “Opinión”, 17 marzo 2018, p. 31.

Saúda e celebra a publicación de Armando Requeixo (2017), *Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo. Guía literaria*.

_____, “O prestixio dos escritores”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 39, “Madia leva”, 21 abril 2018.

No contexto duna reflexión sobre o prestixio social dos escritores alúdese, entre outros, a Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Manuel María, Fiz Vergara Vilariño, Ánxel Fole, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Noriega Varela.

_____, “Basilio Losada”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Madia leva”, 12 maio 2018.

Dáse noticia de que o profesor Basilio Losada vén de recibir o Premio Eduardo Lourenço que concede o Centro de Estudos Ibéricos. Achégase un percorrido biográfico á figura de Basilio Losada e ao seu labor a prol da literatura galega. Tamén se menciona o escritor Vicente Araguas.

_____, “A morte tan presente”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 41, “Madia leva”, 26 maio 2018.

Medita sobre o impacto que ten a morte nos vivos debido ao pasamento do escritor Isidro Novo, da artista Berta Cáccamo e do tamén escritor Ramón Chao.

_____, “Un poeta esencial”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Madia leva”, 9 xuño 2018.

Analiza a poesía de Xulio L. Valcárcel con motivo da publicación do libro *Memorias dos días, formas da levidade (Poesía reunida 1979-2017)*, cualificándoo como un dos grandes poetas do seu tempo.

_____, “Memoria da emigración”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “Madia leva”, 1 setembro 2018.

Nunha reflexión sobre os fluxos migratorios entre os anos 1820 e 1930 e a súa memoria profunda, ligada a unha forma de comercio de persoas, láméntase a falta de documentación sobre o comerciante negreiro Urbano Feijóo Sotomayor, e lémbrese a “Cantiga” (1869) de Curros Enríquez, popularizada por Chané, en cuxos primeiros versos figura un “aleve negreiro vapor” camiño de América.

_____, “Escribir aquí e agora”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Madia leva”, 17 novembro 2018.

No eido dun comentario crítico sobre a temática e a lingua da literatura actual faise referencia ao poema de Rosalía de Castro “A Xustiza pola man” e tamén se alude a Méndez Ferrín.

_____, “Mariñeiros”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Madia leva”, 22 decembro 2018.

Logo dunha reflexión sobre a necesidade de tomar medidas perante o número de mortes de mariñeiros galegos ao ano, o autor cita o verso de Manuel Antonio: “Sen o Mar e sen o barco, nós” para defender a idea de que o mar non siga a converter os barcos en cadaleitos.

Fernández, Elisabet, “Que len os escritores de casa”, *La Región*, “Ourense”, “Reportaxe”, 22 abril 2018, p. 16.

Co gallo da celebración do Día do libro pregúntaselles que len a Chus Pato, Alfredo Conde e Francisco X. Fernández Naval. No tocante á literatura galega, infórmase de que este último autor recomenda a lectura do libro *Os elefantes de Sokurov*, de Riveiro Coello.

Fernández Carniceiro, José Luís, “Afonso Monxardín: cronista de Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 15 xaneiro 2018, p. 20.

No contexto dun artigo sobre a necesidade dun cronista na cidade de Ourense menciónase a Otero Pedrayo e a Vicente Risco.

Fernández Díaz, José Luis, “As vacas abstractas”, *La Región*, “Opinión”, 27 xaneiro 2018, p. 33.

Expón a relación de Vicente Risco coas vacas a través dos seus escritos ao longo da historia, subliñando publicacións en galego e castelán.

_____, “O Día da Poesía con Ananín”, *La Región*, “Opinión”, 21 marzo 2018, p. 30.

A propósito dun comentario sobre a poesía de Eduardo González Ananín, faise referencia á obra *Fírgoas* de Manuel Luís Acuña.

F. Freixanes, Víctor, “A escaleira de Isaac”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas

velas”, 14 xaneiro 2018, p. 14.

Dáse conta da homenaxe a Isaac Díaz Pardo feita pola Real Academia Galega que preside Alonso Montero. Tamén se mencionan outras figuras relevantes da literatura galega coma Castelao ou Luís Seoane.

_____, “O porquiño e a escaleira”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 25 marzo 2018, p. 15.

No eido dun artigo sobre o valor do porco, sobre todo a nivel gastronómico e económico, alúdese a Valentín Paz Andrade.

_____, “21 días co galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 29 abril 2018, p. 20.

Recolle, dende o optimismo, a iniciativa dunha profesora do instituto da Pobra do Caramiñal, que convida ao alumnado a vivir en galego durante 3 semanas, elaborando un vídeo ao remate. No proceso, determinadas figuras interveñen para animar á rapazada, entre as que salientan Agustín Fernández Paz, Mercedes Peón, Elena Gallego ou Roberto Vilar.

_____, “Coidar a oferta cultural”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 13 maio 2018, p. 16.

No contexto dunha reflexión sobre a modificación do formato do Diario Cultural da Radio Galega, faise referencia á entrada de Ana Romaní na Real Academia Galega e tamén ao seu labor de poeta, creadora e xornalista.

_____, “Exemplaridade”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 28 maio 2018, p. 16.

Reflexiona sobre a falta de referentes éticos e morais da sociedade actual e menciona que é un tema sobre o que xa se discutía antigamente, facendo referencia a unha composición do poeta Airas Nunes do século XIII na que fala sobre a ausencia de verdade.

_____, “Alí estabamos todos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 10 xuño 2018, p. 22.

Fala do acto de homenaxe a Benedicto, vocalista de *Voces Ceibes*, realizado no cemiterio de Compostela con motivo do seu pasamento e que contou coa participación de persoas como Alonso Montero ou el mesmo.

_____, “A pedra que fala”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 1 xullo 2018, p. 16.

Conta como o profesor Antón Fraguas levaba aos seus alumnos a visitar o Pórtico da Gloria.

_____, “Un salto cualitativo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 8 xullo 2018, p. 16.

Loa a nova formación do Consello da Cultura Galega ao estar constituído na súa maioría por mulleres: Rosario Álvarez na presidencia, coordinadoras das seccións como Carne Adán Villamarín, Dolores Vilavedra. Destaca a liña de igualdade que pretende acadar a cultura galega e recorda a selección de María Vitoria Moreno como homenaxeada no Día das Letras Galegas do 2018.

_____, “Linguae vasconum primitiae”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 xullo 2018, p. 16.

Dá conta da tradución ao galego da obra *Linguae casconum primitiae* en 2013 por parte do profesor e académico da Real Academia Galega Manuel González González que completa a versión de 1995 que incluía a tradución a algúns idiomas europeos.

_____, “Alba de Groria”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 29 xullo 2018, p. 16.

Nomea o setenta aniversario da peza oratoria *Alba de Groria* pronunciada por Castelao, publicada polo Centro Galego en 1951 nunha tirada de 2.000 exemplares numerados nunha edición bilingüe galego-castelán preparada por Eduardo Blanco Amor, e tamén nese ano 1951 unha edición bilingüe galego-éuscaro editada polo Consello de Galiza en colaboración co Goberno vasco no exilio. Alude á lectura pública do alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol de Buenos Aires, e comenta o semellante inicio do mitin *A siñificación espiritoal do día da Galiza* de Otero Pedrayo e a alusión á escrita de *Alba de Groria* que amenta no libro cuarto de *Sempre en Galiza*.

_____, “Universo Nós”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 19 agosto 2018, p. 13.

Principia afirmando que “dentro dun libro hai sempre unha viaxe, ás veces incluso varias”, antes de centrarse na viaxe que fixo días atrás a Sanxenxo para celebrar cun grupo de amigos os 40 anos da librería Nós, dirixida por Xaime Corral. Incide en que “Nos libros están todas as viaxes. Tamén todas as causas” e compara a literatura galega de catro décadas atrás, que era “practicamente sota, cabalo e rei: Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas, os clásicos, a chamada Nova Narrativa ...”, coa literatura actual, unha “auténtica explosión de valores e propostas moi variadas, con creadores que andan polo mundo, traducidos as linguas cultas do mundo, con lectores en todas elas, o que noutrora soñaban os primeiros homes de Nos (Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo)”.

_____, “Parques temáticos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 26 agosto 2018, p. 13.

A propósito dunha reflexión sobre o turismo en Santiago menciónase a intención de realizar unha entrevista para a televisión arredor da figura de Álvaro Cunqueiro.

_____, “A estrela vendimadora”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 2 setembro 2018, p. 14.

Repaso pola comarca do Ribeiro, lembrando palabras dedicadas por Otero Pedrayo e

salientando da igrexa de Santa María o calvario que aparece reproducido nas páxinas finais de *As cruces de pedra na Galiza* de Castelao, e mostras da imaxinería barroca de Francisco de Moure mais sobre todo “a paisaxe”.

_____, “Memoria das bibliotecas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 28 outubro 2018, p. 14.

No eido dun artigo sobre as bibliotecas e a súa importancia alúdese a Rosalía de Castro.

_____, “O vello profesor”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 2 decembro 2018, p. 16.

Dáse conta da celebración en Vigo da homenaxe a Xesús Alonso Montero con motivo do seu noventa aniversario e salientase a súa faceta de profesor.

Fernández Freixanes, Víctor, “O silencio redimido”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 4 febreiro 2018, p. 15.

Co gallo da conmemoración da figura de Camilo Díaz Baliño polo Día da Ilustración, faise referencia á obra de Silvio Santiago *O silencio redimido* e ao seu contido sobre a represión franquista a raíz da cal morreron fusilados o irmán do autor e Roberto Blanco Torres. Tamén se explica que Isaac Díaz Pardo foi quen deu conta da morte de seu pai Camilo Díaz Baliño ao seu fillo Camilo Díaz.

_____, “O pulo da primavera”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 11 febreiro 2018, p. 16.

Sinala que a xeración Nós e os seus continuadores empregaban habitualmente “tradicións da vella cultura agraria”. Comenta que a primeira novela do Rexurdimento escrita en lingua galega, *Maxina ou a filla espúrea* (1870), de Marcial Valladares, comeza cun baile de máscaras en Santiago de Compostela.

_____, “O señorito da Reboraina”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 1 febreiro 2018, p. 16.

Dáse conta da saída ao prelo da obra *Los países del extremo oriente* de don Juan Manuel Pereira e explícase que esta obra é subxacente ao libro de Otero Pedrayo *O señorito da Reboraina*. Do mesmo xeito, tamén se alude á obra *Os camiños da vida* deste último autor.

_____, “Europa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 18 novembro 2018, p. 17.

Faise referencia á celebración do Día de Europa na Casa museo de Otero Pedrayo en Trasalba. Explícase que con motivo da efeméride sae ao prelo a edición facsimilar de *Arredor de si*. Tamén se fai referencia á publicación do texto de Castelao titulado *Perante a Unión Europea*.

Fernández Naval, Francisco X., “O río, o reloxo e a ponte”, *La Región*, “Ciudadanos”, “100 años del Puente Nuevo”, “A Tribuna”, 8 xullo 2018, p. 19.

Rememora recordos da súa infancia, en concreto aqueles vinculados á Ponte Nova de Ourense. Lembra ver saltar da ponte a Toñito Patata, personaxe mítico ourensán que el considera un heroe.

Fernández Otero, Jose Carlos, “Ante un nuevo año”, *La Región*, “Opinión”, 30 decembro 2018, p. 33.

No eido dunha reflexión sobre o remate do ano cítanse as seguintes palabras de Castelao: “nunca un home deixa de ser neno no colo da súa mai”.

Fernández Prieto, Lourenzo, “Un alcalde elegante e non localista”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Mañá empeza hoxe”, 7 febreiro 2018, p. 14.

Co gallo do pasamento do alcalde Domingos Merino, faise referencia aos irmáns Vilar Ponte, a Pondal, a Curros ou a Luís Seoane. Tamén se alude a Castelao e ao seu texto “Alba de Groria”.

_____, “A morte do galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Mañá empeza hoxe”, 28 agosto 2018, p. 15.

Nunha reflexión sobre a alarmante perda de falantes do galego, a única das linguas cooficiais en España que mostra esta tendencia, reivíndicase a importancia dos datos e do coñecemento da realidade, considerando a perda un problema colectivo e patrimonial nun “país que segue preferindo un poema calquera a mil falantes, neofalantes ou mal-falantes máis” e lembrando a Castelao, que comparara a morte do galego co derrubamento do pórtico da Gloria.

Fernández Rial, Rosalía, “Semente de mencer”, *Sermos Galiza*, n.º 290, “Caderno de verán”, n.º 41, 23 agosto 2018, p. 6.

Recolle as impresións nun concerto de Amancio Prada no que o cantautor entoa uns versos de Darío Xohán Cabana a petición do público. Dáse conta, ademais, de futuros actos culturais que se levarán a cabo no concello de Carballo, coma “Primavera en Danza”, os certamos fotográficos, as aulas de teatro etc. Remata cuns versos chairegos: “As miñas verbas...”.

Ferradáns, Miriam, “Contadores de historias”, *Sermos Galiza*, n.º 280, “fóradeserie”, “Palabras de fume”, 18 xaneiro 2018, p. 2.

No contexto dunha reflexión sobre as implicacións do proceso de contar historias cítase a seguinte frase extraída da obra de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro*: “Tendida ao clareo, cada peza de roupa conta unha historia”.

_____, “Dente de león”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, n.º 284, “Palabras de fume” 15 febreiro 2018, p. 2.

A raíz dunha reflexión sobre o analfabetismo que existía en Galicia, cita *Sen sombra e sen amor* (2004), de Bernardino Graña.

_____, “Delicadeza”, *Sermos Galiza*, n.º 300, “fóradeserie”, “Palabras de fume”, 14 xuño 2018, p. 2.

A autora reflexiona sobre o tema da delicadeza e remata co seguinte verso de Ismael Ramos pertencente á súa obra *Lumes* (2017): “A vinganza e a xustiza seguen camiñando aínda que se lles corte a cabeza”. Ao fío dunha reflexión sobre a mudanza no concepto de pobreza, que liga pobreza e infancia na Galicia actual, recórrase a unha viñeta de Castelao sobre o tema.

Ferreiro, Celso, “La pintura gallega en la diáspora”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde los Cantones”, 9 febreiro 2018, p. 22.

Sinala que a chegada a Galicia do cadro de Castelao, “A derradeira leición do mestre”, espertou o interese polos autores galegos da diáspora.

_____, “Galicia y Portugal”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde los Cantones”, 9 novembro 2018, p. 23.

Récollese o fragmento da carta de Rosalía de Castro a Murguía na que a escritora explica que non vai volver escribir en lingua galega.

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco “Chema”, “Feijóo, non permita que se perda o Centro Galego de Bos Aires”, *Atlántico Diario*, p. 22/ *La Región*, p. 35, “A tribuna”, 16 xaneiro 2018.

Destaca a importancia do Centro Galego de Bos Aires coma un activo esencial do patrimonio cultural galego e a súa proxección no mundo.

Ferreiro Currás, Anxo, “Líbranos, señor, da xustiza”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 17 febreiro 2018, p. 17.

No marco dunha crítica social, cita unha pregaría de Castelao “Señor, líbrame da xustiza”.

Fidalgo Bascoy, Luis, “A misa de Rosalía”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Sociedade”, 25 xullo 2018, p. 44.

Considera que a misa de Rosalía “é e debora ser un xeito de apertura ampla á sociedade galega para a celebración do Día de Galicia. Non andamos tan sobrados de conciencia e expresión de galeguidá. Ou, cando menos, de compromiso coa lingua e co que somos”.

Foro Amigos de Ferrol, “Lembranza das mulleres de Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 28 marzo 2018, p. 17.

No eido dun artigo sobre a celebración do Día da Muller Traballadora cítase a Rosalía de Castro e a Xohana Torres. Tamén se menciona a obra de Siro Lopez, *Xente na brétema*, e dise que constitúe unha exposición artística e literaria de figuras populares de Ferrol.

_____, “Canido en festas: quen te viu e quen te ve”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 6 maio 2018, p. 4.

Salienta o crecemento de Ferrol así como algúns escritores famosos orixinarios da cidade: Fontenla Leal, Pérez Parallé ou Xohana Torres.

_____, “Día das Letras Galegas. Novo esquecemento de Carballo Calero”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 3 xuño 2018, p. 4.

A propósito do Día das Letras Galegas, lémbrese que esta celebración comezou en 1963 co gallo do centenario da publicación de *Cantares Galegos* honrando a Rosalía de Castro. Explícase que a conmemorada do ano será María Victoria Moreno e reflexiónase sobre o feito de que aínda non lle fose adicado este día a Carballo Calero e o papel dos presidentes da Real Academia Galega en torno a ese feito. Achégase un percorrido pola biografía do autor. Saliéntanse as súas obras literarias *A xente da barreira*, *Scorpio*, *Preterito imperfecto*, *Futuro condicional*, *Cantigas de amigo*, *Reticencias* e a *Historia da Literatura Galega Contemporánea*.

_____, “Bonifacio Borreiros Fernández. Unha merecente homenaxe en Narón”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 18 xuño 2018, p. 16.

Percorre as achegas que fixo o médico e político Bonifacio Borreiros Fernández pola cidade de Ferrol. Entre outras destaca o impulso da creación dunha colección titulada “Ferrol en tempo de Historia” pola que se elaborou a biografía de Lucas Labrada, Benito Vicetto e Francisco Suárez, entre outros.

Fraga, Manolo, “La ruta jacobea del padre Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Tribuna abierta”, 13 marzo 2018, p. 12.

A propósito dunha peregrinación, alúdese á data de nacemento de Rosalía de Castro e á ruta que fixo o padre Sarmiento cara a Santiago de Compostela.

_____, “O disco troyano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna abierta”, 19 xullo 2018, p. 22.

Celébrase a aparición do disco *VIVA GALICIA! A música no tempo de La Casa de la Troya* que a agrupación musical Troyanos de Compostela vén de presentar. No rexistro figuran composicións de Chané, Pepe Curros, Xoán Montes ou Marcial Adalid, así como textos de Rosalía, Castelao ou Curros Enríquez, alén dalgunhas estudiantinas míticas, se ben non se trata dun disco de tuna tradicional. Coméntase a cerimonia de presentación e o proceso de gravación.

_____, “Abella e amigos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 8 outubro 2018, p. 19.

Dá conta da presentación *Loanzas sentidas e outros poemas*, de Xoán Xosé Fernández Abella. Apunta que os poemas están “dedicados tanto a figuras históricas como a persoas correntes, pero cheas de humanidade”, caso do párroco dos Tilos, Benxamín Roo, “un crego comprometido coa xente e a lingua”; Díaz-Pardo, Neira Vilas ou Carballo Calero, quen “deu as súas derradeiras clases no edificio de Mazarelos” e “leva anos esperando polo seu Día das Letras Galegas”. Salienta do prólogo de Xesús Alonso Montero que cualifica o poemario como “canto entusiasta as virtudes de homes e mulleres que pasaron pola vida facendo o ben”.

_____, “Airas Nunes café”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 8 decembro 2018, p. 23.

Co gallo da estrea da película sobre o vinte e cinco aniversario do café Airas Nunes faise referencia a Quico Cadaval, á compañía de teatro Chévere e aos escritores gañadores do premio Eduardo Blanco Amor de novela Manuel Portas e Suso de Toro.

Fraga, Xesús, “Apropiación cultural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 agosto 2018, p. 33.

Salienta que “se Álvaro Cunqueiro non se inspirase na materia de Bretaña ou nas *Mil e unha noites*, non teríamos nin *Merline familia* nin *Si o vello Sinbad*, como tampouco nacerían a *Morgana en Esmelle* de Begoña Caamaño nin o *Sari* de Marcos Calveiro”. Remata afirmando que “a cultura é movemento perpetuo, intercambio -tamén roubo- e abalo, por moito que os modernos censores -que sempre houbo- queiran impedirlo”.

_____, “Entre o futuro e o retrovisor”, *La Voz de Galicia*, “Especial 40 años de la constitución”, “Literatura”, 6 decembro 2018, p. 18.

Nun artigo sobre as publicacións literarias de 1978 faise referencia, no tocante á literatura galega, a que saen á luz os *Seis poemas galegos* de Lorca nas catro linguas cooficiais do Estado. Alúdese a que dous anos antes se publicaran *Con pólvora e magnolias* de Ferrín, *Mesteres* de López Casanova e *Seraogna* de Pexegueiro.

Fraguas, Antón, “Nas terras de Santa Comba”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “136 años de opinión”, “Hemeroteca”, 8 xullo 2018, p. 17.

Describe árbores endémicas da terra de Santa Comba, algunhas difíciles de atopar hoxe en día. En concreto, salienta a sequía de carballos e reconece que os que quedan son grazas á defensa que no seu día fixo o pai Sarmiento.

Franco, Camilo, “É un clásico? Déame unha entrada”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 115, “Fatiga ocular”, 28 xaneiro 2018, p. 6.

No contexto dunha reflexión sobre o concepto de clásico e a súa definición aplicada ao teatro alúdese a Castelao e á súa produción teatral e tamén á mostra de Teatro Clásico que se celebra en Lugo.

_____, “Habitar na ficción”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 135, “Fatiga ocular”, 27 maio 2018, pp. 2-3.

Reflexiona sobre os videoxogos como unha realidade aproximada que vai máis aló da imitación. Concibidos como unha forma de arte, proceden das múltiples posibilidades escénicas de movementos coas que logran aproximarse á realidade. Os videoxogos colocan ao espectador na ficción case cinematográfica. Os éxitos da temporada teñen máis de ficción que de narración, pero o deseño dos personaxes e a definición das súas accións son máis coidadas.

_____, “Resurrección cultural á francesa”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 137, “Fatiga ocular”, 10 maio 2018, p. 7.

Presenta unha serie de preguntas retóricas inspiradas polo nomeamento de Màxim Huerta como ministro de Cultura, como se este ministro está a altura do seu cargo, pois firmou libros xunto con Manuel Rivas, ou se *Fariña* pode considerarse un libro xornalístico ou non.

_____, “Historias dun home”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 140, “Fatiga ocular”, 1 xullo 2018, p. 7.

Rememora con agarimo a figura do autor Xabier P. Docampo con motivo do seu pasamento, recordando a súa forma de narrar e o seu característico humor.

_____, “A ‘Commedia’ segue aquí”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 150 “Fatiga ocular”, 23 setembro 2018, p. 4.

Explórase o concepto de comedia en relación á historia do teatro galego a partir da obra *Commedia, un xoguete para Goldoni* posta en escena por Ollomol Tranvía hai 25 anos. Tamén se alude á posta en escena actual desta obra.

Franco, Fernando, “Impresionante José Suárez”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 15 febreiro 2018, p. 9.

Comenta a exposición fotográfica de José Suárez, de quen sinala que era amigo de Seoane e Blanco Amor.

_____, “Verne, ¿dónde está el Nautilus?”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 febreiro 2018, p. 11.

Anuncia o acto “Vigo lee a Verne” consistente na lectura pública deste escritor organizada polo Concello de Vigo e as editoriais Galaxia, Xerais, Ir Indo e Lobito Bueno.

_____, “José Suárez, unos ojos que piensan tras la cámara”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 800, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 18 febreiro 2018, p. 16.

Recolle as palabras de Blanco Amor ante a exposición fotográfica de José Suárez.

_____, “Entre Vigo hoy y Cataluña ayer”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 febreiro 2018, p. 11.

Informa do coloquio de Xurxo Martínez sobre *A Estirpe dos Chao e a cultura viguesa* na EMAO de Vigo.

_____, “El documental de Antía Cal”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 febreiro 2018, p. 11.

Recomenda o documental *A palabra xusta* sobre a historia de Antía Cal.

_____, “Una cita con ‘Frankenstein’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 marzo 2018, p. 9.

Coméntase a charla que terá lugar no Ateneo Atlántico pola man de María Xosé Queizán, quen falará sobre a obra da escritora inglesa Mary Shelley.

_____, “En New York, Vanesa y Marco”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 marzo 2018, p. 11.

Dá conta que os artistas vigueses tentan volver a Vigo en maio para organizar a próxima edición do Festival Kerouac de poesía. Vanesa xa pintara un mural con Rosalía de Castro na Casa de Galicia e encóntrase agora elaborando outro de Castelao.

_____, “De Nueva York a Madrid, poeta”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 25 abril 2018, p. 10.

Comenta a estada en Madrid de Marcos de la Fuente, poeta e organizador xunto con Vanesa Álvarez do “Festival Kerouac de Poesía”, celebrado en Nova York e no que estivo presente o director de Galaxia Francisco Castro.

_____, Fernando, “¡Qué muestra, ‘Ate no cómic’!””, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 4 maio 2018, p. 11.

Dá conta da exposición *A arte no cómic* na sede de Afundación de Vigo, cuxo comisario, Asier Mensuro, conseguiu reunir máis de 200 obras de historietas de medio mundo.

_____, “Las epifanías libertarias de Iria”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 8 maio 2018, p. 9.

Dá conta da publicación na rede dunha “guarnición de retallos” de Manuel Antonio, que inclúe recortes de poemas e de prensa gardada polo escritor rianxeiro da man de Iria Presa.

_____, “Manuel García ‘Magar’”, *Faro de Vigo*, “estela”, n.º 816, “Memorias”, 10 xuño 2018, p. 14.

Entretece as declaracións dun dos fotógrafos de *Faro de Vigo* entre 1961 e 2000. Entre

anécdotas vitais e reflexións sobre a importancia da fotografía, aparecen lembranzas de Cunqueiro, un dos directores do xornal, a quen o mencionado acompañou nunha viaxe xacobeá entre O Cebreiro e Compostela, con demoradas etapas gastronómicas e parada en Samos.

_____, “Stella Maris, poeta en vuelo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 xuño 2018, p. 11.

Ao fío das viaxes da poeta Stella Maris para presentar en Estrasburgo o seu último poemario, cita a festa celebrada en homenaxe a María Xosé Queizán en Vigo.

_____, “Un mágico reto: música para los poemas de Celso Emilio”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 817, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 17 xuño 2018, p. 16.

Infórmase da apertura da convocatoria do II Premio Celso Emilio Ferreiro de Poemas Musicados, dotado con tres mil euros. Engádese que o xurado está conformado por Raquel Ferreiro, Ramón Nicolás, Manuel Bragado, Lorena López Cobas, Juan Durán, Silvia Penas e César del Caño.

_____, “Ese mapa literario de Vigo/ Y vuelvo a la Feria del Libro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 4 xullo 2018, p. 8.

Anúnciase, en relación coa Feira do Libro de Vigo, unha conversación entre Leticia Costas e Fran Alonso, “Mulleres revolucionarias na obra de Leticia Costas”; recóllese a sorpresa e o agrado ante o mapa literario de Vigo en forma de tríptico que se regala na Feira, adobiado en cada parada cun fragmento da obra de autores vigueses, salientando ser este un traballo de 6 meses, obra de Anxo Alberte, Susana Rodríguez, Mar García e Noelia Candal.

_____, “San After, Leticia y Néstor/ Muleiro navega por otras aguas”, *Faro de Vigo*, “Vigo” “Mira Vigo”, 8 xullo 2018, p. 8.

Fai referencia á Feira do libro de Vigo, onde Leticia Costas firmou exemplares acompañada dos ilustradores Víctor Rivas e Andrés Meixide. Por outra parte, destaca a participación de Xesús Alonso Montero e Valentín García na presentación da nova obra de Avelino Muleiro.

_____, “Veamos fotos de Anxo Cabada”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 8 agosto 2018, p. 8.

Faise referencia á exposición na Casa das Artes de Vigo titulada “O imaxinario do país. Retratos podéis visitar de magnesio” e explícase que está integrada por 50 fotografías de escritoras e escritores galegos acompañadas de autorretratos literarios e que inclúen, entre outros, a Xesús Alonso Montero, María Xosé Queizán, Agustín Fernández Paz, Xosé Neira Vilas, María do Carmo Kruckemberg, Antonio García Teijeiro, Leticia Costas, Pedro Feijoo, Jolanda Zúñiga ou María Reimóndez.

_____, “O iluminario do país galego”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 19 agosto 2018, p. 8.

Recórdase que continúa aberto “O iluminario do país” na Casa das Artes, cincuenta retratos de escritoras e escritores galegos da man de Anxo Cabada.

_____, “Memoria monumental del amor y los poetas/ ¡Hola, Iolanda Zúñiga!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 agosto 2018, p. 8.

Cítanse os monumentos a poetas existentes en Vigo: Rosalía, Curros Enríquez, Martín Códax, e interrógase sobre a posibilidade de dedicar un a Carlos Oroza. Por outra banda, reproducéase a fotografía de Anxo Cabada á novelista Iolanda Zúñiga, para recomendar a visita á exposición “O imaxinario do país” na Casa das Artes.

_____, “Pereiró, a cidade dos mortos/ Desde la ciudad amurallada7 El grande: Vigo, Stella Maris””, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 29 agosto 2018, p. 9.

Co gallo do centenario do cemiterio de Pereiró alúdese á obra *A cidade dos mortos* publicada en 1998. Explícase que foi escrito por Gerardo Martín, Francisco Pablos e Lalo Vázquez Gil e que nel aparecen distintos persoeiros relacionados coa cidade de Vigo. Tamén se alude aos libros *Vigo, da antiga cidade amurallada ao casco vello actual* de Alejandro Martínez García e *Vigo, Stella Maris*. Con respecto a este último indícase que foi Manuel Rivas o director literario e Alfonso Paz-Andrade o editor.

_____, “El lujo editorial de Celso Emilio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 1 setembro 2018, p. 8.

Faise referencia á adquisición, por parte de Fernando Franco, da reprodución facsímile da primeira edición de *Longa Noite de Pedra* (1962), que conta co prólogo de Méndez Ferrín, e tamén á dun exemplar de *Miña matria Galega*, o poema que gañou o premio Rosalía nos Xogos Florais do Idioma Galego de Bos Aires en 1968.

_____, “Una cocina para templarios/ Y los Feminismos de Galaxia”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 novembro 2018, p. 11.

Dá conta da nova colección de Galaxia, “Feminismos”, que abre a colección con obras de Chis Oliveira e Amada Traba, Inma López e Carme Adán.

_____, “Huete entre Cáccamo y Ledo/ Desde Michigan, Antón Reixa”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 novembro 2018, p. 11.

Dá conta da publicación de *As artes da vida de Ánxel Huete*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Ao mesmo tempo, fai referencia a Antón Reixa e á publicación da súa obra *Michigan, acaso Michigan*.

_____, “María Xosé de mi ‘arma”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 27 novembro 2018, p. 9.

Faise referencia ao libro que recolle as memorias de María Xosé Queizán: *Vivir a galope*.

_____, “Y el homenaje a Xesús”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 30 novembro 2018, p. 10.

Faise referencia á celebración dunha homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero e dise

que Bieito Ledo é a persoa ao cargo do evento.

_____, “Los hijos de Urania Mella”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 1 decembro 2018, p. 10.

No contexto dun artigo sobre varios eventos sociais da actualidade viguesa faise referencia á poeta Silvia Penas e tamén á lectura do libro de María Xosé Queizán no que recolle as súas memorias.

_____, “¡Ay, Secundiniño Diz, pintor!” , *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 decembro 2018, p. 10.

Faise referencia ao libro de Secundiniño Diz titulado *Espantallos*.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, “Palabras con memoria’ para un salvador de palabras”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, 21 xuño 2018, p. 3.

Informa do importante labor levado a cabo por Isidro Novo na sección “Palabras con memoria”, que promoveu dende a AELG para devolver á sociedade galega moitos dos termos que aínda permanecían na memoria de persoas maiores.

G. Tosar, Luís, “Leticia da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 15 xaneiro 2018, p. 25.

Dáse noticia da publicación do volume *A leducia de ler*, que recolle os artigos periódicos que Carlos Casares publicou, desde 1975 ata 1992, no suplemento Artes y Letras de La Voz de Galicia. Resáltase que, nalgúns deles, tratou sobre poesía ou sobre a figura literaria de Méndez Ferrín.

_____, “Santo e rutineiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 18 maio 2018, p. 37.

Faise un repaso do evento que supón a conmemoración de certos escritores polo Día das Letras Galegas. Alúdese a que foron Francisco Fernández de! Riego, Xesús Ferro Couselo e Manuel Gómez Román os promotores desta celebración. Faise referencia á ausencia de conformidade que xeraron as propostas de Francisca Herrera, Filgueira Valverde ou María Mariño, fronte ao impacto de autores como Lois Pereiro, Roberto Vidal Bolaño, Manuel María e Carlos Casares. Por último, fálase da homenaxe en Ourense a Pura Vázquez.

_____, “Unha visión anticipada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 15 xuño 2018, p. 41.

Atópase entre os papeis legados de Blanco Amor o traballo *Centros Gallegos en América*, un relatorio para o Congreso Rexional da Emigración Gallega que se celebrou en Compostela en 1965. Nela quere expresar a súa propia experiencia como emigrado.

_____, “Morremos perdidos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 28 xullo 2018,

p. 38.

Co gallo do pasamento de Víctor Campio Pereira, alúdese ao seu texto “Epílogo” e dise que está incluído na cuarta parte do libro *O ar que nos leva* (1987) titulada “No mar levado”. Tamén se recollen os seguintes versos de Campio: “Calada, si, calada/ morte esta morte negra/ que en silencio nos busca/ e en silencio nos leva”.

_____, “Zaloiras domingueiras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 13 agosto 2018, p. 31.

Informa da saída do prelo do “número seiscentos noventa e tres de *Galicia*, revista editada polo Centro Galego de Bos Aires, correspondente a xaneiro do 2017, ano CIII, derradeiro número, de momento, dunha publicación mensual bilingüe, en galego e castelán, que constitúe un importante referente entre as abondosas publicacións galegas da emigración porteña”. Dá conta da orixe da revista en 1926 e dos contidos do número citado.

Gago, Manuel, “Esperanza do retorno”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 148, 11 febreiro 2018, p. 5.

Comenta que a Carlos Solla, respecto ao concello de Cerdedo, pode aplicarse que representa «o caso máis asombroso de fidelidade a un país», como dixo Xosé Ramón Barreiro de Manuel Murguía. Indica que a súa última obra, *O legado dos homes pequenos. Gravados rupestres de Cerdedo* (Morgante, 2017), asínaa “de xeito colectivo coma Capitán Gosende”. Destaca que “ten un estilo literario de seu; ao microuniverso cultural explorado en múltiples direccións súmalle tamén unha escolla única de palabras. O seu léxico é parte do artefacto, coma un vello sortilexio”.

_____, “Case de todo”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 131, 6 maio 2018, p. 7.

Reflexiona sobre a necesidade de renovación da literatura galega, referíndose a unha obra castelá de Xosé María Castroviejo, *La montaña herida*.

_____, “Entretempo”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 139, 24 xuño 2018, p. 5.

Analiza a figura de Valle Inclán con motivo de atopar unha edición facsímile de *La lámpara maravillosa*, home que só foi descarnado por Castelao no seu discurso ‘Alba de gloria’.

_____, “Cocidos na comarca”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 161, 9 decembro 2018, p. 7.

No contexto dun artigo sobre diversas viaxes faise referencia ao texto Alba de Gloria de Castelao.

_____, “A caravana errante”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 163, 23 decembro 2018, p. 6.

No eido dun artigo sobre diferentes cuestión, entre elas, o panorama político español dos anos 90 alúdese á novela de Manuel Gago *O anxo negro*.

Gago Fernández, Ricardo, “Maestro Vide, ilustre ourensano”, *La Región*, “Ourense”, “Ourense de ayer”, 21 febreiro 2018, p. 10.

Fala de José Fernández Vide, organista e compositor, destacando algunhas das súas obras máis coñecidas. Destaca que gañou certames colaborando con Otero Pedrayo e Vicente Risco.

_____, “Una ciudad en plena eclosión”, *La Región*, “Ourense”, “Ourense de ayer”, 20 setembro 2018, p. 10.

No repaso pola evolución da cidade de Ourense entre 1890 e 1910, reproduce unha frase pronunciada por Ramón Otero Pedrayo nun discurso: “ser propietario de un viñado, es más importante que tener un blasón”.

Gago, Xoán, “A perda de grandes referentes”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Cultura”, 25 xullo 2018, p. 42.

Considera que “os ‘galeguistas históricos’, que se poden vencilar á editorial Galaxia como expresión desa política cultural de resistencia baixo o franquismo, actúan neses momentos da transición e da elaboración do Estatuto de Galicia como un grupo de presión, ademais de opinión. O gran cerebro foi Ramón Piñeiro”. Apunta que “non contamos con referentes intelectuais que se acepten e respeten” se ben “Hai figuras individuais pero non hai unha referencia de grupo no que descansa unha idea políticocultural do país á que haxa que atender desde diferentes formacións partidarias”.

García, José Manuel, “Las sin sombrero”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Opinión”, 11 marzo 2018, p. 7.

No contexto dun artigo sobre as mulleres da xeración do 27 española que pasaron desapercibidas e co gallo da manifestación feminista a prol da igualdade entre homes e mulleres alúdese á figura de Rosalía de Castro.

García, Montse, “Letras”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 17 xaneiro 2018, p. L10.

Alúdese á presentación da obra *Bótame deste mar fóra* (2017) de Xosé Ricardo Losada. Dise que o libro trata sobre os amores dun profesor de instituto cunha rianxeira. Anótase que no acto participaron Antón Porteiro e X. Manuel Lobato.

García, Xoán, “Cos libros na maleta”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 23 abril 2018, p. 16.

No eido dun artigo no que se tratan distintas cuestións alúdese á novela *O tabú na trastenda* de Isidro Novo.

García Carragal, Ángel, “En onde estarán as fermosas roseiras”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 10 setembro 2018, p. 14.

Faise referencia á homenaxe que recibiu Manuel Cambeiro Suárez e á próxima publicación do seu libro *En onde estarán as fermosas roseiras* con prólogo de Álvaro Cunqueiro.

García López, Xoán A., “Monte Ancos”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Na ventana”, 15 maio 2018, p. 4.

No contexto dun artigo sobre as colaboracións periódicas no xornal de Xoán A. García López e sobre o Monte de Ancos, menciónase ao poeta Pérez Parallé.

_____, “Tempos aqueles”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 18 xullo 2018, p. 6.

Rememora a “quinta do 64 en Mérida 44” e alude a Vicente Araguas conectando “Curros, Rosalía, Castelao, Víctor Manuel, cancións da Terra, melodías de arrabalde, parole: parole-parole” e finaliza coas seguintes verbas: “Na memoria, sempre viva. Rosalía de Castro, no 133 cabodano da súa ausencia, só física. De Breogán galanía/ Galiza reparte amores./ Na casa de Rosalía/ soan gaitas, brotan flores”.

_____, “Que xente leva o meu carro?”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 6 novembro 2018, p. 4.

Nun artigo sobre leccións lingüísticas da etapa escolar alúdese a Carballo Calero e á súa novela *A xente na barreira* e tamén se fai referencia a Eduardo Blanco Amor e ás súas obras *Xente ao lonxe* e *Teatro para a xente*.

García Negro, M^a Pilar, “O chumbo que nos impede voar (e II)”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “Opinión”, 22 febreiro 2018, p. 4.

Resalta o interese de Unamuno pola literatura galega, como constatou na súa Casa-Museo de Salamanca ao ler “as notas que lle suscitara a lectura de varias obras de Castelao, por este ofrecidas e dedicadas. Nesta mesma visita (Abril de 1997), co gallo dunha conferencia na universidade daquela cidade, atopara tamén no Arquivo da Guerra Civil española, dúas entrevistas inéditas con Castelao (en *Frente Rojo* e mais en *El Magisterio Español*, ambas editadas en Barcelona, 1938). Lembra que o “ano pasado cumpríronse 80 da publicación en Valencia dos dous primeiros álbums de guerra de Castelao: *Galicia mártir* e *Atilo en Galicia (Milicianos)* foi en Nova lorque, 1939) e critica “Que recordación existiu na Galiza destas dúas pezas de artecrónica insuperábeis? Que saibamos, nengunha”.

_____, “A caza do home. A persecución das nacións”, *Sermos Galiza*, n.º 293, “Opinión”, 26 abril 2018, p. 4.

No contexto dun artigo sobre a ideoloxía nacionalista española cítase un fragmento do prólogo da obra *Cantares Gallegos* de Rosalía e Castro xunto coas seguintes verbas da autora: “débil co forte e forte co débil”.

_____, “Programar o embrutecemento”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Especial Día da Patria Galega”, “Opinión”, “Xigantescos olmos” 19 xullo 2018, p. 4.

Ofrece unha reflexión ou máis ben “desabafo” contra a programación de festividades varias e reivindica o “uso da bandeira galega en festas e romarías” e cando menos o Día da Patria Galega. Anima a re(ler) o poema “Bando”, pertencente a *Documentos persoais* de Manuel María, onde menciona, con humor e ironía ante a censura, prohibicións e mandatos “por orde da Alcaldía”. Finaliza afirmando que a día de hoxe existe un “triunfo da alienación en toda a regra” e criticando “sigamos a velas vir ...”.

_____, “E o galego enxordeceu...”, *Sermos Galiza*, n.º 325, “Opinión”, 5 decembro 2018, p. 4.

No eido dun artigo sobre diferentes trazos lingüísticos do galego alúdese a Carballo Calero.

Gómez, Chus, “...que nos queda Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Non tes tu fe”, 4 decembro 2018, p. 16.

No contexto dun artigo sobre a celebración do Culturgal menciónase a Kiko da Silva e a revista de banda deseñada *O Garaxe Hermético*.

González, Isabel, “Italianismos na obra de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Varia”, 8 xaneiro 2018, p. 2.

Dá conta dos italianismos que empregou Cunqueiro na novela *Fanto Fantini della Gherardesca* (1972), fundamentalmente do campo semántico da gastronomía.

González Barcia, Chema, “Un achegamento, breve, á ‘prensa vilalbesa’ de hai cen anos (e menos)”, *El Progreso*, “Especial Fiestas en Vilalba”, “Fiestas de San Ramón y Santa María”; “Vilalba”, 30 agosto 2018, p. 41.

Encomeza informando da existencia de máis de vinte xornais segundo se refire en *Seis escritores de Vilalba. Escolma poética* (Deputación Provincial de Lugo, 1986), dos cales precisa que en 2018 se cumpre o centenario d’A Xusticia. *Boletín d’o Comité Rexionalista*, de periodicidade mensual, e d’Aurora. *Revista informativa literaria*. Indica que en 1928 segue a publicarse *El Heraldo de Vilalba*, cada quince días e fundado en 1916 por Antonio García Hermida, quen editara unha “folla volanteira” intitulada *Ideal Villalbés* o 13 de abril de 1902. Considera o primeiro xornal vilalbés *El Eco de Vilalba. Revista mensual consagrada a la defensa de los intereses de Vilalba y su comarca*, cuxo primeiro número viu a luz o 1 de xaneiro de 1908. Destaca que en 2018 tamén se conmemoran outras efemérides: os cento dez anos d’*El Progreso* e trinta e cinco d’*A Voz de Vilalba*,

“un proxecto feito por rapaces”.

González Martínez, Xosé, “Treixadura”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 12/ *La Regi3n*, “Opini3n”, p. 31, 23 abril 2018.

No eido dun artigo sobre o grupo musical Treixadura alúdense a unha composici3n baseada no poema de Ramón Cabanillas “Muiñeira da Revolta”.

_____, “Honras a Ramón Castromil”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, 13 agosto 2018, p. 22.

Informa da aprobaci3n por parte de Compostela Aberta dunha comisi3n de honras nas que nomean como “fillos predilectos a t3tulo p3stumo a Federico Garc3a Lorca e a Ánxel Casal”, e tam3n a Ramón Castromil Ventureira, cuxa empresa rotulou “os autobuses con nomes de personaxes das nosas letras e historia de Galicia”, editou “os ‘Contos do Castromil’, escritos para a ocasi3n por trinta e tres autores” e ademais “os monitores de televisi3n dos autobuses reproduc3an documentais sobre o noso patrimonio” e “o convenio colectivo da empresa redactouse en galego coa inclusi3n dunha cláusula que recoñecía os dereitos lingüísticos dos traballadores e usuarios”.

_____, “Mandas testamentarias”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 37/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 27, 18 outubro 2018./ *La Regi3n*, “Opini3n”, 20 outubro 2018, p. 35./ *Faro de Vigo*, “Tribuna del lector”, 24 outubro 2018, p. 49.

Reflexiona sobre a importancia da figura do escritor Álvaro Cunqueiro, quen escribiu, antes de morrer, a súa propia manda testamentaria.

_____, “Carlos Velo, unha vida de cine”, *La Regi3n*, “Opini3n”, 11 decembro 2018, p. 33.

No contexto dun artigo sobre Carlos Velo e o nacionalismo galego alúdense ás cantigas de Martín Codax e á de Mendinho.

_____, “Raíz e tempo”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, 5 decembro p. 24/ *El Progreso*, “Opini3n”, 5 decembro 2018, p. 28/ *La Regi3n*, “Opini3n”, 7 decembro 2018, p. 31.

No eido dunha reflexi3n sobre a recuperaci3n da memoria histórica alúdense ao cura de Fruime, ás verbas de Rosal3a de Castro “viúvas de vivos” e a Otero Pedrayo.

_____, “Himnos e bandeiras”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 14/ *La Regi3n*, “Opini3n”, p. 24, 21 decembro 2018.

No eido dun artigo sobre a conmemoraci3n da estrea do Himno Galego no Teatro do Centro Galego da Habana cítanse varios versos do mesmo.

González Puente, Julio, “Gozoso aniversario”, *El Correo Gallego*, “Otras letras”, “Opini3n”, 30 novembro 2018, p. 2.

Co gallo do aniversario de Xesús Alonso Montero faise un percorrido pola súa traxectoria e explícase que estudou na súa tese de doutoramento a poesía de Curros Enríquez. Tamén se alude a Celso Emilio Ferreiro.

González Tosar, Luís, “Alicerce e devoción”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 26 marzo 2018, p. 27.

No eido dun artigo de contido histórico e político, faise referencia a Antonio Fraguas e á pertinencia de conmemorar a súa figura polo Día das Letras Galegas.

_____, “Sorpresa e descuberta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 6 abril 2018, p. 38.

No eido dun comentario sobre a paisaxe da Insua, alúdese a Díaz Castro, Celso Emilio, Blanco-Amor, Pura e Dora Vázquez, Paco Luís Bernárdez, Carlos Casares e os tres poetas do Rexurdimento, isto é, Rosalía, Curros e Pondal.

_____, “Chao e chairo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 25 agosto 2018, p. 36.

Refire que lle enviaron a nova dos “papeis de Victor Campio Pereira. Nesas notas, o admirado mestre narra con nidia precisión como e cando se coñeceron en Ourense, na friaxe dos altos corredores do entón Seminario, actual palacio bispal, no miolo da negrura dos 40, cando Rey Romero lles descobre, a uns cantos rapaces da aldea, carne de seminaristas, o cegador milagre da palabra poética” e incide en que “teimou Victor Campio na existencia desa Xeración, a súa, a do Seminario de Ourense, capitaneada polo autor de *Escolanía de melros*”.

_____, “Acordos e memorias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entre liñas”, 23 setembro 2018, p. 37.

Entre outros asuntos culturais, comenta que asistiu co profesor Carlos Baliñas á entrega do premio de relatos Nélida Piñón de Cotobade. Explica que a propia Nélida Piñón falou da relación tan vella coma a palabra creativa entre memoria e literatura, sobre a que afirma “lembramos para contar”.

Gutiérrez, Eduardo, “Disidentes e desafectos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo Animo”, 6 xaneiro 2018, p. 25.

A propósito dun festival teatral presentado en Santiago, lémbrese a representación no colexio La Salle da obra de Bertolt Brecht *A resistible ascensión de Arturo Ui*, na que se destaca o enxeño de Luis Mariño.

_____, “Lecturas temperáns”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “Aequo animo”, 20 xaneiro 2018.

Sobre os condicionamentos do falanxismo nos escritores e a censura que sufriron

algunhas das súas obras por cuestións ideolóxicas.

_____, “O duro aceiro que creamos”, *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, 3 febreiro 2018, p. 33.

No contexto dun artigo sobre a situación política e económica, cítanse uns versos da obra de Rilke *Sonetos a Orfeu* pola tradución ao galego feita por Lois Tobío.

_____, “CX Aniversario”, *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, 28 abril 2018, p. 31.

Rememora os cento dez do xornal apuntano que foi “o primeiro xornal no que tiveron o pracer de colaborar, naquela páxina creada e dirixida por Ánxel Fole e que aínda se mantén co mesmo título, de ecoantes resonancias artúricas e, xa que logo, literarias”.

_____, “Letreirista”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Aequo Animo”, 3 marzo 2018.

En relación coa letra dos himnos, sinálase que o galego foi creado por Veiga e Pondal. Ademais, coméntase a hipótese de Antonio Lillo que sitúa a orixe do himno español nuns compases da Cantiga 42 de Afonso X o Sabio.

_____, “Vencer cos símbolos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Aequo animo”, 17 marzo 2018.

A partir da idea de que a censura é algo que a súa xeración coñece moi ben, lembra unha conversa con Ramón Piñeiro sobre a dificultade que estaba a ter para editar a serie de libros de Castelao *Cousas da vida*, cuxo primeiro tomo contaba con limiar de Otero Pedrayo. Máis adiante alude tamén ao caso do tamborileiro de Cerponzóns que relata Castelao en *Sempre en Galiza*.

_____, “Común temos a patria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 39, “Aequo animo”, 21 abril 2018.

Achégase un comentario sobre o estudio de carácter biográfico sobre os irmáns Villar Ponte a cargo de Emilio Xosé Ínsua e Xurxo Martínez González titulado *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte*. Faise referencia á temática e á estrutura da obra e destácase a produción teatral de Ramón Vilar Ponte. En concreto, salientase a súa obra *O Mariscal* composta con Cabanillas.

_____, “As gadoupas da morte”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 22, “Aequo animo”, 4 agosto 2018.

No contexto dun artigo sobre memoria histórica faise referencia ao libro *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* de Antón Alonso Ríos.

_____, “Camiño andado”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, p. 21, 18 agosto 2018.

No contexto dun artigo sobre o pasamento de Fernández Albor alúdese a diversos escritores galegos como Rosalía de Castro, Francisco Fernández del Riego, Vilar Ponte,

Castelao ou Añón.

_____, “O adubo da menestra”, *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, 25 agosto 2018, p. 23.

Faise referencia a unha discusión, a propósito da cal se alude á obra teatral de Vilar Ponte *Os evanxeos da risa absoluta*. Tamén se mencionan os versos que Valentín Lamas Carvajal incluíu na obra ‘Menestra de tipos populares de Galicia, copiados del natural por Federico Guisasola’ e os comentarios de Manuel María a propósito da mesma.

_____, “Esaques da actualidade”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 8 setembro 2018, p. 23.

No contexto dunha reflexión sobre emigración e política, faise referencia a Rosalía de Castro, á súa obra *Follas Novas* e cítanse varios versos do poema “Prá Habana”. Tamén se alude a Castelao.

_____, “O tobo das quimeras”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Aequo animo”, 6 outubro 2018.

Ao tratar a participación de políticos en coloquios televisivos, establece unha comparanza entre a súa plática e o “deseño” de Cincoenta homes por dez réas de Castelao.

_____, “Cada coello ao seu tobo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, “Aequo animo”, 27 outubro 2018, p. 25.

No contexto dun artigo sobre a actualidade política cítanse os seguintes versos de Rosalía de Castro: “Cada pomba ao seu niño/ cada coello ao seu tobo/ cada alma ao seu cariño”.

_____, “A culpa é do demo”, *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, 17 novembro 2018, p. 33.

No contexto dun artigo sobre unha seita, cítanse versos do poema de Noriega Varela ‘O demo’ e doutras composicións da obra *Montañesas*. Tamén se alude á obra *Do ermo* do mesmo autor e a outros persoeiros da literatura galega coma Ramón Piñeiro ou Carballo Calero.

Herminio Iglesias, Manuel, “Nin café nin leite”, *La Región*, “Opinión”, 4 xullo 2018, p. 35.

Critica a situación da cultura das festas actualmente, reivindicando que nun tempo pasado Ourense foi un lugar cunha cultura moi viva. Non só por ser o lugar onde naceron Otero Pedrayo ou Vicente Risco, senón tamén por ser o lugar onde se celebrou o Festival do Miño ou o Festival de Cine, entre outros eventos que na súa opinión deberían volver, no canto de festas que promoven o alcol e a música disco.

Hervella, Juan Andrés, “Cruceiros do cemiterio de San Francisco”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Día de todos los tantos”, “A Tribuna”, 2 novembro 2018, p. 18.

No contexto dun artigo sobre cruceiros cítanse as seguintes verbas de Otero Pedrayo: "Os Cristos do cemiterio, os mellores amigos dos defuntiños".

Iglesias Diéguez, Alfredo, "As cidades de noso (III). Ferrol: o porto da Ilustración", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 965, "Ciencias sociais", 8 febreiro 2019, p. VII.

Nun repaso polo espírito da cidade de Ferrol na época da Ilustración cítanse os seguintes versos de Novoneyra facendo alusión a como o nacemento do tecido naval da vila provocou a creación da primeira agrupación socialista de Galicia: "Erguéstesvos cedo aquel día/ o costume do traballo/ mañá cediño pra facernos ca vosa morte".

_____, "Cidades de noso (V)", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 661, 15 marzo 2018, p. VII.

No repaso pola historia da cidade de Ourense, amenta un dos feitos que modificou a súa fisionomía: a chegada do tren, á que "Curros lle dedicou uns versos apaixonados: 'Velaí vén, velaí vén [...] a fartura i a luz i o progreso!'. E tamén salienta que a cidade ourensá medrou respectando a consonancia campo-cidade, de aí que Álvaro de las Casas a definirá como unha "cidade nova feita como se fose antiga..., na que o campo chega ao centro e a cidade penetra no campo".

_____, "Marx, volvemos!", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 677, "Ciencias sociais", 12 xullo 2018, p. VII.

No marco dunha semblanza do traballo ensaístico de Karl Marx arredor do capital(ismo), menciónanse algúns ensaios galegos, coma *Mouro, o eterno rebelde*, de Paquita Armas Fonseca (Laivento, 1996).

_____, "Pontevedra: a dinamización cultural. Cidades de noso (VI)", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 666, "Ciencias sociais", 26 abril 2018, p. VII.

No contexto dun estudo sobre a historia da fundación do Museo de Pontevedra e as súas características alúdese a Castelao. Do mesmo xeito, achégase a historia do Café Moderno de Pontevedra e alúdese aos faladoiros nos que participaban intelectuais coma Castelao, Cabanillas, Paz Andrade e Carlos Casares. Tamén fai referencia ao soneto que cumpuxo García Lorca na visita a este último local e explícase que inclúe as verbas seguintes: "libre signo de normas oprimidas serei".

Jardón Dacal, Xosé Antón, "O principio das mudanzas inmutábeis", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 11 xaneiro 2018, p. 28.

No contexto dun artigo sobre as circunstancias políticas que arrodearon o 28 de outubro de 1982 cítase o seguinte fragmento do libro *Diario sen datas* de Antón Tovar: "Se non existen triángulos cadrados, se non existe xiquera un triángulo cadrado, entón xurde a traxedia, porque existe a razón e non existe Deus".

_____, "E nós que facemos?", *La Región*, "Opinión", "Cartas sen selo", 25 xaneiro 2018,

p. 30.

No contexto dun artigo sobre a situación política cítanse as seguintes palabras da obra *As rulas de Bakunin* de Antón Riveiro Coello: “Os seus silencios obríganme a falar, e as súas palabras melancólicas son como pedras que baten na miña fronte”.

_____, “Os galegos e as nosas equidistancias”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 8 febreiro 2018, p. 34.

Reproduce un fragmento do escritor Borxa Colmenero da obra *Vidas culpáveis* (2017).

_____, “Eu coma os outros”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 5 abril 2018, p. 32.

No contexto dun artigo sobre a situación política inclúese o seguinte fragmento da novela *Os fillos do mar* de Pedro Feijoo: “Non atopaba luz por ningures. Non se escoitaba ningunha voz que servise de guía na escuridade”.

_____, “Meten medo!”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 19 abril 2018, p. 31.

No contexto dunha reflexión sobre a situación política actual, cítanse os seguintes versos do poema “O medo vai e vén” de Ant3n Tovar: “Hai unha póla rota no arboredo/ que cai no chao como sinal escura/ oubea un can ao lonxe na espesura/ da noite en soedá e eu teño medo”.

_____, “Ideas frouxas, política enferruxada”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 3 maio 2018, p. 35.

No eido dun artigo sobre a situación política cítanse o seguinte fragmento da novela de Pedro Feijoo *Os fillos do mar*: “Alá por onde pasabamos só atopabamos edificios grises a medio caer. O vermello desaparecera dos beizos da mulleres, e nos ollos da xente non había cor de ningún tipo. Ollos sen vida en corpos demasiado expostos á proximidade da morte”.

_____, “O zunido dos abesouros”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 24 maio 2018, p. 36.

Precedendo a unha reflexión crítica sobre a escaseza de espazos e dereitos para os pe3ns na cidade de Ourense, col3case un fragmento d’*A quinta de Saler*, de Ant3n Riveiro Coello.

_____, “Gañaron ‘iles”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 7 xu3o 2018, p. 39.

Precedendo a unha an3cdota no marco das elecci3ns ás C3maras Agrarias de 1978, col3case un fragmento d’*A romar3a da Sa3nza, Mouros e Cristi3ns*, de Delf3n Caseiro.

_____, “Feijoo non leva acento, leva unha pexa nos miolos”, *La Región*, “Opini3n”, “Cartas sen selo”, 21 xu3o 2018, p. 36.

Precedendo a unha valoraci3n retranqueira sobre a decisi3n do presidente do goberno

galego de non presentarse á presidencia española, colócase un fragmento de *Heloísa*, de Chus Pato.

_____, “Un cuco papudo no niño dunha gaivota”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 5 xullo 2018, p. 38.

No marco dunha valoración sobre a decisión do presidente do goberno galego de non presentarse á presidencia española, colócase un fragmento de *A lenda da lagoa de Antela*, de Delfín Caseiro.

_____, “Somos o que comemos, señor Feijoo”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 19 xullo 2018, p. 40.

No marco dunha valoración sobre as tácticas do presidente do goberno galego, e lembrando as fotografías do mesmo con Marcial Dorado, colócase un fragmento de *Diario sin datas*, de Antón Tovar.

_____, “Rajoy, sempre tan despistado”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 26 xullo 2018, p. 41.

Encabezando unha reflexión sobre o proceder político de Mariano Rajoy, colócase un fragmento de *A ferida do vento*, de Antón Riveiro Coello.

_____, “Pedro, ou... Pero (Sánchez)?”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 6 setembro 2018, p. 33.

No inicio dunha reflexión sobre Pedro Sánchez, colócase un fragmento de *Vidas culpáveis*, de Borxa Colmenero.

_____, “Tres eran tres”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 15 novembro 2018, p. 34.

O artigo abre co seguinte poema de Celso Emilio Ferreiro: “Pouco antes de morrer,/díxolle ó pobo:/ Deus che dea ira,/ que paciencia tes de abondo”.

Jaureguizar, “Piedras filosofales”, *Diario de Pontevedra*, “Évenres!”, “Fin de semana”, 29 xaneiro 2018, pp. 2-3/ *El Progreso*, “d_finde”, “d_nocheydía”, 19 xaneiro 2018, pp. 37-39.

Dá conta da guía literaria *Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo*, obra do erudito estudos sobre Mondoñedo, Armando Requeixo, confeccionada coa mellor instrución e sinalética para percorrer a cidade. O libro dá voltas arredor do autor de *Merlín e familia* e indica a rúa que lle puxeron a Lodeiro preto da casa da esposa de Cunqueiro, Elvira González Seco.

_____, “Barreiro Nolla ‘nace’ como poeta cun libro inédito”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 27 xaneiro 2018, p. 51.

Informa da publicación do volume *Poemas do carricanto* publicado en Espiral Maior con edición de Armando Requeixo e a axuda do xornalista Nicolás Vidal. Trátase de 37

poemas inéditos que recolleron Terea Barro, a viúva do escritor, e o seu sobriño Francisco Silva. Ademais, o artigo recolle diferentes datos sobre a biografía de Barreiro Nolla.

_____, “Insua: ‘Díaz Castro foi reaccionario e integrista ata que regresou a Guitiriz”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 1 febreiro 2018, p. 53.

O artigo repasa cuestións destacadas dentro do ensaio *Díaz Castro, poeta en formación*, de Emilio Insua, onde se critica a versión achegada no Día das Letras Galegas pola institución académica, pois deixa fóra do seu análise a visión ideolóxica do poeta, involucrado nas actividades do bando sublevado da Guerra Civil de 1936.

_____, “Alberte Momán. ‘A vida da miña nai en Ferrol foi paralela á dunha mazaira”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 9 febreiro 2018, p. 71.

Dáse noticia da presentación do volume poético de Alberte Momán titulado *Tripas* (2017). Explícase que a obra está integrada por seis poemas: ‘Arrabalde de silencio’, ‘As fronteiras do medo’, ‘Falarnos’, ‘Periferia’, ‘Maianca’ e ‘Corenta aniversario’. Infórmase de que a temática das composicións pivota arredor da infancia do autor e da procura do libre albedrío para combater o illamento e os desexos.

Jaureguizar, Santiago, “Guía para desmontar un belén de Tolstoi”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 112, 7 xaneiro 2018, p. 8.

Informa da publicación de *De Quiqui Bar.. a Castromil* de Francisco Macías en Edicións Positivas, unha crónica do propio autor sobre o coñecido edificio, do mesmo nome, de Santiago de Compostela.

_____, “Mambrú marchou á guerra? E volveu?”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 115, 28 xaneiro 2018, p. 8.

Lembra a chamada telefónica de Antón Lopo para convidalo a celebrar que merecera a Premio Lueiro Rey polo seu poemario *Corpo*. Apunta que cando se xuntaron en Monforte de Lemos “falábame sobre Lois Pereiro e sobre cousas felices da súa editorial, Chan de Pólvora” e sinala que “Lopo atopouse coa vocación de editor cando ía xa avanzado na vida”. Afirmar que “a única monarquía que eu asumiría sería unha monarquía inversa, rexida por Miguel de Lira e con Chévere como corte nobre”, que “se Siro non chega insistir en conferencias remuneradas no asunto, creíamos na orixinalidade do rianxeiro” Castelao”, que “Valentin Paz Andrade adoitaba reñer a Siro por revelar esas debilidades do noso pantocrator, pero o ilustrador contestaba que ‘tamén Picasso roubaba’ e que *A derradeira lección do mestre* “foi posta xa baixo o palio do ‘Guemica’. Comparouse co óleo de Picasso para igualalo na forza simbólica de resistencia”.

_____, “Adeus ao escritor Isidro Novo, que era ‘poeta, mago ou unha cousa desas?’”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 115, 28 xaneiro 2018, p. 8.

Con motivo do seu falecemento, destaca a figura do polifacético Isidro Novo como narrador, poeta e tradutor, que será homenaxeado cun breve recital que terá lugar antes da incineración do seu corpo.

_____, “Os querubíns que provocan as nevadas”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 116, 4 febreiro 2018, p. 8.

Reflexiona sobre o panorama actual da cultura galega e contrasta a proxección internacional que está a acadar a música tradicional coa redución da promoción literaria que se viña facendo en feiras do libro de todo o mundo.

_____, “Soldados do amor, mariños de bromuro”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 119, 25 febreiro 2018, p. 8.

A partir dunha crítica ao patriotismo español representado polo himno cantado por Marta Sánchez, reflexiona arredor da actividade que planeou Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, para o outono: un Parlamento das Letras.

_____, “Sito non vendía fariña, vendía estilo”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 120, 4 marzo 2018, p. 8.

A propósito de *Fariña*, a serie e mais o libro, alúdese aos xornalistas que xa no seu día escribiran sobre o tema: Elisa Lois, Xosé Hermida, Perfecto Conde e Aníbal Malvar.

_____, “Matade a todos, Deus recoñecerá os seus”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 124, 1 abril 2018, p. 8.

No contexto dun artigo sobre a presidencia do Consello da Cultura Galega alúdese á obra de Molière *O Tartufo* editada por Laivento e traducida por Henrique Harguindey, recóllese o seu argumento e cítanse varios fragmentos. Tamén se fai referencia a Manuel María, a Darío Xohán Cabana e á obra *Díaz Castro. Poeta en formación (1914-1939)*.

_____, “Castelao coma o noso gato de Schrödinger”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 125, 8 abril 2018, p. 8.

No contexto dun artigo que repasa o labor de Castelao como político republicano cítase o seu libro *Sempre en Galiza*.

_____, “Imparto un mestrado de onomatopeas”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 127, 15 abril 2018, p. 8.

No contexto dun artigo sobre o abandono de Bragado do seu posto de director da Editorial Xerais alúdese a Suso de Toro, a Manuel Rivas, a Francisco Castro, a Fernán Vello ou a Víctor F. Freixanes.

_____, “Luis Seoane cavando, arando e gravando”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 128, 29 abril 2018, p. 8.

Artigo dedicado ao repaso da vida e obra de Luis Seoane no que se comenta, entre outras cuestións, que o artista creou as xarras-cabezolo de Rosalía e Castelao entre outras personalidades galegas.

_____, “Antes das eleccións, despois da cacería”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 131, 6 maio 2018, p. 8.

Percorre brevemente a carreira do político Manuel Fraga, á vez que fai unha pequena análise do panorama político-literario galego. Afirmar que este panorama é mantido por Méndez Ferrín, Suso de Toro e Manuel Rivas, pese a que todos eles teñan proxectos paralelos. Entre estes proxectos destaca a publicación de *Contra toda isto* de Manuel Rivas.

_____, “O Príncipe Galín no Burgo das Nacións”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 132, 13 maio 2018, p. 8.

Recorda a figura do Príncipe Galín nas revoltas estudiantís que se deron en Santiago de Compostela arredor dos anos 80.

_____, “Aníbal Malvar báñase nun bote do Titanic”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 133, 20 maio 2018, p. 8.

Achéganse unha serie de experiencias e vivencias con respecto á figura de Aníbal Malvar resaltando a súa faceta de xornalista e de escritor de novela negra.

_____, “O pianista que non quixo ser manco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 47/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 49, 22 maio 2018.

Fala sobre a vida do músico e escritor Ramón Chao, sobre como o seu pai investiu todo en que fora músico, algo do que fala nas súas memorias ficcionadas *O lago de Como*.

_____, “Rafa Cabeleira en fuga a Andorra”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 135, 27 maio 2018, p. 8.

Fala sobre como a escritora María Victoria Moreno adoptou o galego pese a ser de fóra, ao pasar moitas tempadas da súa infancia en Valdoviño.

_____, “O ruído do futuro que nos fala polo tarot”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 136, 3 xuño 2018, p. 8.

Fai un percorrido por diferentes anécdotas persoais e ofrece diversas opinións sobre o poemario *As bicis* de Xabier Cid. Tamén elabora unha pequena introdución sobre a súa carreira profesional.

_____, “Amigos que se me manifestan en soños”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 137, 10 xuño 2018, p. 8.

Fala sobre a publicación dun libro sobre os personaxes “Os bolechas” que contou coa participación da Real Academia Galega e de Víctor Freixanes.

_____, “Un monarca sen reino nin coroa nin vasalos”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 138, 17 xuño 2018, p. 8.

Fala sobre as ideas carlistas de Valle Inclán e dun tío do autor do artigo, tema que recolle Manuel Gago na novela *Exército de fume*, que segundo Jaureguizar toma unha óptica indulxente cos carlistas.

_____, “Joaquín Sabina asoma tras unha lúa negra”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 139, 24 xuño 2018, p. 8.

No marco dunha reflexión sobre as renuncias últimas en canto á aparición en escena do cantante Joaquín Sabina, realízase unha sucinta valoración de Voadora, capaz de desenvolver unha revolución escénica en cada espectáculo, e cítase tamén a Mofa e Befá.

_____, “Amigos que publican fotos con Xabier”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 140, 1 xullo 2018, p. 8.

Recorda as súas vivencias persoais co falecido Xabier P. DoCampo, do que chegou a ser bastante próximo ao coincidir en moitos eventos sobre literatura.

_____, “Detectives salvaxes e críticos frustrados”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 141, 8 xullo 2018, p. 8.

Recolle unha cita de *Memorias dun neno labrego*, obra de Neira Vilas “el foi un Balbino, un ninguén como quen di”, para facer referencia a que Ángel Basanta, crítico literario ao que lle dedican o artigo, naceu na aldea nunha familia modesta.

_____, “Punto e seguido”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “*Día de Galicia*”, “Política cultural”, 25 xullo 2018, p. 54.

Inserido no especial do 25 de xullo, desenvólvese unha reflexión sobre o enfoque errado, reiterativo e completamente dependente de subvencións públicas que afecta ás creadoras e creadores galegos, que adaptan as súas propostas ao gusto que lle intúen aos responsábeis públicos, propostas finalmente revisadas por executivos de diferentes niveis. Consecuentemente, tampouco existe un público disposto a soste-lo no tempo unha creación anovadora, nin mecenas ou política cultural que os supla.

_____, “Carlos Oroza facíase as súas colonias”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 151, 14 outubro 2018, p. 8.

Informa da publicación por parte da editorial Elvira do libro-disco *Aute canta a Oroza*, no que o cantautor musica poemas de Carlos Oroza. Reflexiónase sobre a pertinencia da publicación, tendo en conta que Oroza quería sentirse un “poeta de corpo presente” e ambulante (ao que o público o seguise), pero acaba publicando en papel e, finalmente, tamén en disco, musicado por Luis Eduardo Aute, quen define ao poeta coma “espectro literario que aparecía nos seus lustros dun xeito azaroso.

Labarta, Uxío, “O fogueteiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “*Códex Floriae*”, 4 xuño 2018, p. 8.

No eido dunha reflexión sobre a figura do fogueteiro a raíz de certos sucesos actuais relacionados con ela, cítanse os versos de Filgueira Valverde «mestura celmes estraños que han florecer nas leiras do ceo» e tamén os comentarios de Álvaro Cunqueiro con respecto á devandita figura.

_____, “Aeolus’, el primer satélite que estudia los vientos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Códex Floriae”, 30 agosto 2018, p. 14.

Facendo referencia a unha nova da Agencia Europea del Espacio, sobre o lanzamento do primeiro satélite do mundo deseñado para medir a dirección e velocidade do aire dende o espazo, acode ao volume de Álvaro Cunqueiro *De Santos y Milagros* editado por López Silva, citando algunha liña tematicamente acorde.

Leiceaga, Xoaquín F., “Común a patria, común a loita”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Cultura”, 25 xullo 2018, p. 16.

No marco dunha reflexión consciente das feridas sociais e dos vicios públicos que poden afectar á sociedade galega, ancorada no ritual celebratorio do 25 de xullo, péchase a columna cos versos de Celso Emilio Ferreiro cantados por Fuxan os Ventos: “Común temos a patria,/ común a loita, ambos./ A miña mau che dou,/ coma un irmau che falo”.

Limia de Gardón, Xabier, “Fernando Casás, capturando o tempo”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 22 xaneiro 2018, p. 8.

A propósito dun estudo sobre a obra artística de Fernando Casás e da exposición “Os fantasmas revelados” cítanse as seguintes verbas d’*Os Eidos* de Uxío Novoneyra: “aínda é nova a terra”.

_____, “Soledad Penalta/ Isabel Pintado, Geo-grafías que son mundos”, *La Región*, “Ciudad”, “Arte et alia”, 19 febreiro 2018, p. 7.

Con motivo do último proxecto en común de ambas as dúas artista, “Geo-grafías”, fai alusión a “Natureza Haiku” (2010) no que colaboraron con Olga Patiño Nogueira. Coméntase tamén que a poeta escribiu uns haikus para un Libro de Artista acompañado con gravados/esculturas das artistas e que foi publicado na colección “O xardín prohibido” de Espiral Maior.

_____, “J. A. Torres Pato era Largo”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 26 febreiro 2018, p. 8.

Fala do pintor, falecido no ano 2017, Torres Pato e da realización dun catálogo coas súas obras a modo de homenaxe. Reproduce uns versos de Chus Pato.

_____, “Pongamos que pinto a mujeres”, *La Región*, “Ourense”, “Ciudad”, “Arte et alia”, 19 marzo 2018, p. 7.

Faise referencia aos fragmentos narrativos de obras literarias de escritoras galegas que se exhiben na sala J. A. Valente na exposición do pintor Moreiras.

_____, “Ver lo esencial desde el corazón”, *La Región*, “Ourense”, “Ciudad”, “Arte et alia”, 26 marzo 2018, p. 7.

Por unha banda, recóllese a noticia da homenaxe no Día da Poesía que se fixo a Eduardo

González Ananín. Faise referencia á presenza no acto de Carmen Lorenzo e Manuel Blanco, do Grupo Dolmen de poesía ao que tamén pertence o homenaxeado. Alúdese á obra en galego de Eduardo González titulada *Rol de cantáriga*. Por outra banda, faise referencia á presentación dunha nova obra de Suso Lista titulada *Charamuscas* e alúdese tamén a outra obra anterior do autor *Salseiros e Seixos*.

_____, “A. Quesada’, Antonio Quesada Porto é...”, *Atlántico Diario*, “Opinión”/*La Región*, “Ourense”, “Ciudad”, “Arte et alia”, 9 abril 2018, p. 14.

Sobre a figura de Antonio Quesada en Ourense, onde xogaba con Méndez Ferrín de neno. Destácase o ambiente cultural da cidade (música, literatura e pintura).

_____, “Paula Noya, en Alterarte”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Arte et alia”, 11 xuño 2018, p. 7.

Informa da exposición da artista Paula Noya *Identidades y latidos* na que se poderán atopar versos da poeta María Mariño Carou.

_____, “Caste’, unha escultura para lembrar a Víctor Campio”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Arte et alia”, 3 setembro 2018, p. 9.

Nomea a xénese da escultura Caste da Ínsua dos Poetas no soneto “Por esta voz” de Víctor Campio dedicado a Luís González Tosar. Resume a biografía de Campio e detense as características e explicación da escultura, que interpreta como que Luís González Tosar “semella querer dicirnos como a palabra poética afonda para ancorarse nesta Ínsua”.

_____, “A dieta da dobre páxina”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Arte et alia”, 15 outubro 2018, p. 8.

Apunta que Celso Emilio Ferreiro uniu a Pepe Cáccamo e Baldo Ramos en *Cara inversa* (2014), *Libros conversos* (2016) e no proxecto conxunto “A dobre páxina”, onde “fixeron unha exposición conceptual co libro vello ou antigo como lenzo”. A seguir sintetiza a produción individual de ambos os autores.

_____, “Pulido na Ágora de Orcellón e os contos da avoa Pepa”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 31 decembro 2018, p. 8.

Dáse conta da saída á rúa do novo número da revista *Ágora do Orcellón* cun monográfico dedicado ao pintor Antón Pulido. Do mesmo xeito, infórmase da publicación do libro de Francisco Fernández Naval *Contos da avoa Pepa* afondando no poso biográfico da obra e na relevancia que adquiren nel as lembranzas, a musicalidade e os espazos.

López, Carmen José, “La conquista de la igualdad”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Extramuros”, 8 marzo 2018, p. 2.

No contexto dunha reflexión sobre a desigualdade histórica entre homes e mulleres en relación con Galicia alúdese a Rosalía de Castro e á súa obra poética.

López, Silvia, “A loita independentista na diáspora”, *El Progreso*, “A Montaña”, 1 agosto 2018, p. 17.

Dá conta da homenaxe que a asociación Patrimonio dos Ancares lle rendeu a Fuco Gómez (Francisco Gómez Gómez), nado en Montaña de Agra, na parroquia de Ouselle (Becerreá) e embarcado como polisión cun navío cara a Cuba aos dezaoito anos. Informa que foi xornalista, escritor e político, faceta da que destaca que fundou o Comité Revolucionario Arredista Galego (CRAG) no 1921 na Habana, e tamén comenta a súa amizade con Xosé Neira Vilas. No á parte “Obra”, recolle as súas “obras políticas e literarias”.

López Silva, Inma, “Gustavo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 1 novembro 2018, p. 14.

Recóllese a noticia do pasamento de Gustavo Pernas.

López Vázquez, Ramón, “Amador Silva Costoyas na miña acordanza”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 19 febreiro 2018, p. 25.

Informa do nacemento da librería Follas Novas, en Santiago de Compostela, e do prestixio acadado. Comenta, ademais, a existencia dunha editorial co mesmo nome.

M. Gómez, Cuca, “Citas pendientes tras la Navidad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 xaneiro 2018, pp. 62-63.

Dá conta de diferentes eventos literarios, como a presentación do libro *El diario de Ertélion. El asalto* de David Gago na librería Paz de Pontevedra; a “Camiñada con Castelao”, percorrido polos recunchos de Castelao na cidade e a reunión de Enrique Monteagudo, autor do libro *Todo canto fomos*, cos alumnos do IES Torrente Ballester.

_____, “Noche de fiesta periodística”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 xaneiro 2018, p. 62.

Faise referencia á presentación do libro *De Baleas* do escritor Eduardo Estévez na Librería Paz.

_____, “Deliciosa sidra estradense”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 1 febreiro 2018, p. 70.

Faise referencia á participación da escritora Arantza Portabales no clube de lectura da librería Cronopios para falar da súa novela *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*.

_____, “Este verano es un no parar”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 agosto 2018, p. 62.

Menciona o encontro dos escritores Rafa Cabeleira, Manuel Jabois e Juan Tallón na Librería Paz de Pontevedra que tivo lugar o día anterior.

_____, “Igualdad y poesía para un día genial”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 28 setembro 2018, p. 70.

Entre outros actos culturais, dá conta de que asistiu “al Arquivo Provincial para presenciar el recital poético y la presentación del libro ‘Dicir unha illa’, que recoge los trabajos del ‘VI Obradoiro internacional de tradución poética de San Simón, Con barqueira e remador”.

_____, “Plan cultural contra la resaca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 28 setembro 2018, p. 62.

Alúdese a que o colexio As Doroteas celebrou o Día das Letras Galegas recitando o poema 'Adiós ríos, adiós fontes' e explicando a vida de María Victoria Moreno. Tamén se dá noticia de que o poeta Genaro da Silva presentou na librería Paz o poemario *Flor Negra* de Editorial Chan da Pólvora. Por último, dise que a escritora Merce Barrientos presentou o libro de relatos *Conciencia máxica de ser anfibio* publicado por Tulipa na Sala Nemonon. Explícase que neste evento estiveron a editora Isabel Patiño e o escritor Xaime Toxo.

_____, “Poesía, teatro... y muchos libros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 19 outubro 2018, p. 70.

Faise referencia á posta en escena da obra de teatro *Elisa e Marcela* a cargo da compañía A Panadaría e o CDG. Tamén se alude á celebración do evento “Teñamos a poesía en paz” a cargo da poeta Tamara Andrés na Librería Paz.

_____, “Fin de semana de magostos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 novembro 2018, pp. 70-71.

Dá conta do recital poético que realizaron Lucía Novas e Xaime Toxo na sala que acolle a exposición “Diálogos na pintura” no Pazo da Cultura de Pontevedra.

_____, “Vacaciones navideñas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 decembro 2018, pp. 70-71.

Informa da presentación da novela *Un home estraño* de Antonio Tizón na librería Paz de Pontevedra. No acto tamén estivo Manuel Bragado.

Marques de Magallanes, Adriano, “Un arraiano más”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 24 novembro 2018, p. 26.

A propósito da súa orixe Adriano Marques de Magallanes fai referencia á obra *Arraianos entre arraianos* de Xosé Luís Méndez Ferrín e alúdese tamén ao resto da súa produción literaria.

Martín, Gerardo, “Patrimonio de la Humanidad para las Islas de los Dioses”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 28 xaneiro 2018, p. 10.

A propósito da declaración das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade e co gallo da celebración do Día de Galicia, faise referencia á presenza dos versos iniciais do Himno Galego na invitación, a cargo do alcalde de Vigo, aos actos para conmemorar este día e á función de pregoeiro de Víctor Freixanes nos mesmos.

_____, “La ciudad olívica con una hija, ‘La Oliva’, de 1856”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 25 marzo 2018, p. 10.

No eido dun artigo sobre a historia do xornal *La Oliva* alúdese ás colaboracións no mesmo de Eduardo Pondal e Alfredo Brañas. Tamén se menciona a Rosalía de Castro.

_____, “El Día das Letras Galegas nació con marchamo vigués”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 6 maio 2018, p. 14.

Recolle a primeira celebración na cidade de Vigo do Día das Letras Galegas de 1963, dedicado a Rosalía de Castro que contou coa participación de Xosé Filgueira Valverde e outras figuras do concello. No acto deuse un discurso na súa honra, falando da importancia da súa obra en galego, así como das liñas temáticas principais que cultiva na súa obra.

_____, “Aquí y allá dos hermanos despachaban el arte a granel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 13 maio 2018, p. 10.

A carón dun artigo sobre a obra pictórica surrealista dos irmáns Granell fálase das publicacións de José María Álvarez Blázquez no libro *Vigo en su historia* coeditado por Cunqueiro e menciónase que o volume recollía novas xornalísticas e literarias.

_____, “A Pedra: Negocio en el Mercado y un Mosquito es el rey”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Viaje al pasado de Vigo”, 8 xullo 2018, p. 12.

Saca un extracto do diario *El Pueblo Gallego* onde se remonta á creación da revista *Ronsel* fundada por Correa Calderón.

Martínez González, Xurxo, “Sempre en Castelao”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 657, 15 febreiro 2018, p. I.

No contexto dunha nova sobre a publicación da obra *Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao. Biografía dun construtor da nación*, faise alusión á traxectoria biográfica, ilustrativa e literaria de Castelao en relación coa súa posición política e menciónanse os libros *Sempre en Galiza* e *Cousas*.

_____, “Bo e xeneroso. Eduardo Chao e a EMAO”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 661, 15 marzo 2018, p. VIII.

A propósito dun estudo sobre Eduardo Chao alúdese a que a obra *Follas Novas* de Rosalía de Castro conta cun prólogo de Emilio Castelar.

_____, “150 anos despois de El Miño”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 667, 3 maio

2018, p. I.

No eido dun artigo sobre a historia do xornal *El Miño* faise unha reflexión sobre os rituais e a relación dos vivos coa morte e menciónase que Rosalía de Castro mandou queimar os seus escritos antes do seu pasamento.

_____, “Memoria do 25 de xullo de 1968”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 678, “Historia”, 19 xullo 2018, p. VII.

Encomeza coa máxima “O Apóstolo Santiago determina un anaco do país” a través de lendas populares e de esculturas nas congostras e farallóns. Rememora un acto relixioso de homenaxe ao Santo celebrado o 25 de xullo de 1764 na madrileña capela de San Felipe, a dimensión popular que o Día de Galicia (da Patria ou Matria) foi adquirindo dende a Segunda República, a substitución do Apóstolo por Rosalía se ben mantendo a mesma data, e a creación da UPG coa súa reivindicación na alameda compostelá en 1968, ano no que “foi recoñecida polo Consello de Galiza como o seu representante no interior e Ferrín nomeado o seu delegado”. Complementábase co á parte “O Mariscal” onde lembra que a proposta da escolla do 17 de Nadal, data da morte do Mariscal Pardo de Cela, perdeu ante o 25 de xullo e alude a varios actos que se celebrarán no ano 2018 vinculados coa figura do citado Mariscal e tamén recolle unha anécdota lembrada por Álvaro Cunqueiro.

_____, “De Martí a Neira Vilas. Memorias das dúas beiras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 687, 1 novembro 2018, capa.

O autor ofrece unha panorámica sobre a biografía de Neiras Vilas con motivo do terceiro aniversario do seu pasamento e céntrase especialmente na influencia que José Martí exerceu sobre el. Entre moitas informacións que se achegan salientase a fundación de Vilas da distribuidora do libro Galego “Follas Novas”; o seu intenso labor durante a súa época en Cuba; a tradución da revista e libro de Martí, *A idade de ouro*; e o seu tempo na dirección da revista infantil *Zunzú*.

Martínez Sevilla, J. A., “Nacidas libres”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 27 marzo 2018, p. 26.

Faise referencia á posta en escena da obra *Nacidas libres* de Cándido Pazó. Explícase que a obra trata de varias actrices que non reciben traballo debido á súa idade e que deciden montar elas unha peza de teatro a partir da nova aparecida nun xornal de que tres monxas foran retidas nun convento. Destácase que a obra trata os temas da desigualdade, da liberdade, do paso do tempo ou da emigración.

Mella Marques, José María, “Recuerdos de mis años de instituto”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 1 febreiro 2018, p. 6.

A propósito dunha revisión biográfica arredor dos anos do ensino, alúdese a Méndez Ferrín e ao seu labor de mestre de literatura nun instituto de Vigo.

Méndez, Fernando, “Ourensabio”, *La Región*, “Opinión”, “Cuarto singuante”, 10 marzo

2018, p. 33.

Co gallo do acto de entrega da Medalla de Ouro da Provincia a Carlos Casares por parte da Deputación de Ourense evócase a figura do escritor destacando a súa personalidade, a súa relación con Ourense e a súa produción literaria.

Méndez Ferrín, X. L., “Afouteza (3.004 votos)”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 5 xaneiro 2018, p. 20.

En relación coa escolla da verba afouteza no Portal das Palabras da RAG, fala do Panteón de Galegos Ilustres e dos restos mortais de Rosalía de Castro e Castelao.

_____, “Querido Arturo Baltar”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.050, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 600, “No fondo dos espellos”, 6 xaneiro 2018, contracuberta.

Repasa a longa vida artística de Arturo Baltar dende os seus inicios e as súas influencias na faceta plástica de Vicente Risco.

_____, “Independencia (939 votos)”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 8 xaneiro 2018, p. 13.

Evoca a figura de Eduardo Pondal como o autor da letra do Himno Galego e critica que as autoridades non lle rendesen homenaxe polo seu pasamento.

_____, “Sapoconcho (830 votos)”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 12 xaneiro 2018, p. 26.

A propósito dun comentario sobre a popularidade da verba “sapoconcho” menciónase a Enrique Massó e a súa obra *Retrouso a Colón*.

_____, “Cataláns no ‘Poema del Cid’”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 601, “No fondo dos espellos”, 13 xaneiro 2018, contracuberta.

No contexto dun estudo sobre un episodio do *Poema de Mío Cid* menciónase a tradución ao inglés da obra Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro a cargo de Collin Smith.

_____, “Cid Campeador e supremacía de Castela”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1052, “No fondo dos espellos”, 20 xaneiro 2018, p. 4.

Menciona a tradición literaria galega, coas *Cántigas de Santa María* e os *Cancioneiros*, como anterior ao *Poema del Mío Cid*, aínda que Menéndez Pidal intentou recuar a data de composición do poema para convertelo na primeira gran obra da literatura en España.

_____, “Contra San Mauro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 22 xaneiro 2018, p. 11.

No contexto dun estudo sobre a historia de San Amaro alúdese a Alfonso X O Sabio, a Filgueira Valverde e a Sarmiento.

_____, “No Paseo de Afonso”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 26 xaneiro 2018, p. 25.

No eido dun artigo sobre a ideoloxía de Manuel Antonio e á súa relación con Vigo, faise referencia á súa obra *De catro a catro*, ao poema “Navy Bar”, ao manifesto *Máis alá!* e ao grupo Rompente.

_____, “Epopéa Nacional Galega ‘Os Eoas’”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.053, 27 xaneiro 2018, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 603, “No fondo dos espellos”, 27 xaneiro 2018, contracuberta.

Dá conta do labor de Eduardo Pondal a prol do rexurdimento da lingua e literatura galega. Destaca, entre as súas creacións, *Os Eoas* e cita as edicións e estudos publicados ata a actualidade. Louva a calidade desta “epopéa en parte naufragada” e reproduce un anaco.

_____, “Erros meus, má Fortuna...”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 2 febreiro 2018, p. 27.

Faise referencia á vida e á obra de Manuel Antonio, facendo especial fincapé nos seus poemas inéditos recopilados baixo o título Viladomar. Tamén se alude a outros escritores como Paz Andrade, Filgueira Valverde, Antón Vilar Ponte, Roberto Blanco Torres, Castelao ou Xosé Luís Axeitos.

_____, “Ourense e mito urbano”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.054, 3 febreiro 2018, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 604, “No fondo dos espellos”, 3 febreiro 2018, contracuberta.

No contexto dun artigo sobre a historia da cidade de Ourense e, en concreto, dos seus locais, alúdese a Otero Pedrayo, a Vicente Risco, a Eduardo Blanco Amor ou a Lamas Carvajal e faise fincapé no carácter urbano que acadou esta cidade na literatura galega.

_____, “A revista asolagada”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 590 “No fondo dos espellos”, 10 febreiro 2018, contracuberta.

Detense na revista cultural *Atlántida*, inspirada por Mariano Tudela e Urbano LUGRÍS e que só perviviu entre 1954 e 1956. Explica que “Tudela ocupábase de literatura, especialmente española e francesa” mentres “LUGRÍS marca o estilo visual da publicación” e tamén “evocou ideoloxicamente figuras do pasado cultural galego”. Sinala que “a diagramación de *Atlántida* exerceu influencia en posteriores revistas. Tai cousa faise evidente en *Vieiros de México*”; que, pese a editala a Delegación de Educación do Distrito Universitario de Santiago, isto “non afectou moito aos contidos, escasamente concomitantes co franquismo”; que “foi bilingüe con predominancia do castelán”; e que LUGRÍS homenaxeou as figuras de Manuel Antonio e Jules Verne. Destaca a *Mensaxe a Manuel Antonio* de LUGRÍS e considera que debe lerse tras *Balada de Os* e remata afirmando que “morreu a revista pero deixounos, aos seus lectores máis novos, unha tatuaxe no peito en figura de áncora”.

_____, “A Conspiración celanovesa da Pólvora”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.054, “No fondo dos espellos, p. 4 *La Opinión*, “Saberes”, n.º 606, “No fondo dos espellos”, contracuberta, 10 febreiro 2018.

Dá conta do mito da Conspiración da Pólvora en Celanova, baseado na crueldade dun profesor co seu alumnado. Informa da participación de Celso Emilio Ferreiro nunha das historias que explican a orixe do mito. Doutra banda, no aparte “Caixa postal” informa da chegada ao Fondo dos Espellos das *Actas da X Xornada de Literatura de Tradición Oral* celebradas en Lugo o 21 de outubro do 2017.

_____, “Nós, esperpento”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 12 febreiro 2018, p. 13.

En relación coas problemáticas sociais e co emprego da palabra “esperpento” por parte dos xornalistas, cita a Celso Emilio Ferreiro.

_____, “Truco na Habana”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 23 febreiro 2018, p. 25.

Recóllense algunhas das lendas do Apóstolo Santiago. Entre elas, cítase a que está reproducida nas cantigas de Afonso X.

_____, “Ponte do Capitán Nemo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.056, 17 febreiro 2017, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 607, “No fondo dos espellos”, 24 febreiro 2018, contracuberta.

O autor pon en relación neste artigo o feito de que as cantigas de Martín Códax, a única conservada de Meendiño e o final da edición por entregas de *Ving mille Lieue sous les Mers* de Jules Verne entraron no universo da letra impresa no mesmo ano. Dá conta tamén da exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Vigo e, nun momento, fai alusión á tradución de *A illa misteriosa* que realizou Ánxela Gracián como a novela perfecta do xénero de intriga cuxo protagonista é o Capitán Nemo. Remata explicando por que levan anos a pedir que a Ponte de Rande se chame a Ponte do Capitán Nemo.

_____, “Verne en Galiza”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 608, “No fondo dos espellos”, 3 marzo 2018, contracuberta.

Explórase a pegada da obra de Jules Verne na obra de Urbano LUGRÍS. Destácase a tradución ao galego das obras *20.000 leguas baixo os mares* e *A Illa Misteriosa*. Ponse en relación a obra de Verne coa de Pondal e fálase da repercusión da figura e da produción do autor na cidade de Vigo.

_____, “Máscaras fóra”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 9 marzo 2018, p. 21.

No eido dun artigo sobre o entroido alúdese aos poemas de Emilio Araúxo sobre os felos. Tamén se fai referencia a Vicente Risco e, en especial, a Marcial Valladares e a súa obra *Maxina ou a filla espúrea* debido á presenza nela do entroido santiagués a través da “Comparsa dos Magnetizadores”.

_____, “Da pintura galega contemporánea”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.058, 3 marzo 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “No fondo dos espellos”, 10 marzo 2018, contracuberta.

No contexto dun estudo sobre a existencia ou non dunha pintura nacional galega alúdese a Filgueira Valverde, Castelao, Celso Emilio, Cunqueiro, Rosalía, Rafael Dieste ou Risco. Tamén se fai referencia ao manifesto *Máis Alá* de Manuel Antonio.

_____, “A Quimera e o Pazo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.059, 10 marzo 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “No fondo dos espellos”, 17 marzo 2018, contracuberta.

No ámbito dun estudo sobre a propiedade do pazo de Meirás menciónase a Otero Pedrayo.

_____, “Incautación”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 2 marzo 2018, p. 25.

No eido dun artigo sobre as propiedades galegas que remataron formando parte do patrimonio da familia Franco menciónase a María Francisca de Isla. Faise fincapé en que foi a primeira escritora de obras en galego da contemporaneidade e sinálase a súa amizade co cura de Fruime.

_____, “Era unha pedra pedriña”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 16 marzo 2018, p. 25.

No eido dun artigo sobre o crime que levou á desaparición da Virxe do Cristal cítanse varios versos do poema de Curros Enríquez que se titula “A Virxe do Cristal”.

_____, “Vigo e cultura”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda feira”, 19 marzo 2018, p. 13.

Informa sobre os eventos de carácter literario que tiveron lugar na cidade en diferentes épocas, por unha parte, a chegada á ría de Vigo do “Nautilus”, nome do submarino na ficción de Jules Verne, por outra parte, a illa de San Simón como escenario recorrido na poesía medieval galega.

_____, “Carlos e as pedras escritas”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 23 marzo 2018, p. 25.

Co gallo do pasamento de Carlos García Martínez, faise referencia á súa relación coa produción e as figuras de Bouza Brey, Acuña, Cuevillas, González Reboredo, Risco, Fraguas, Xaquín Lorenzo, Luis Mariño, Abuín de Tembra ou Pondal. Tamén se fala da súa contribución á creación do premio O Pedrón de Ouro.

_____, “O Pazo das Falsas Apariencias”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.060, 17 marzo 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 610, 24 marzo 2018, p. contracuberta.

No contexto dun artigo sobre o Pazo de Meirás faise referencia á produción literaria de Otero Pedrayo.

_____, “O factor ruso”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda feira”, 26 marzo 2018, p. 11.

No eido dun artigo sobre a situación política en Rusia alúdese a Rosalía de Castro.

_____, “No pazo singular dos de Cornide”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 611, “No fondo dos espellos”, 7 abril 2018, contracuberta.

No eido dun artigo sobre a historia do pazo de Cornide menciónase ao padre Sarmiento e ao padre Feijóo.

_____, “A primeira obra teatral impresa en Galicia e outras novas do Século das Luces”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.063, 14 abril 2018, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 613, “No fondo dos espellos”, 21 abril 2018, contracuberta.

Neste artigo o autor comenta brevemente tres publicacións que se deron durante, ao seu xuízo, mal coñecido como o século escuro e asegura que quedan moitas obras literarias en lingua galega deste século aínda por descubrir. As pezas que comenta por separado brevemente son as seguintes: *Entremés gallego que compuso Salvador Francisco de Roel*, *Romance da Urca de Santo Antón* e o manuscrito de cincuenta dácimas contra Diego Zernadas.

_____, “Cornide aínda”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.062, 7 abril 2018, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 612, “No fondo dos espellos”, 14 abril 2018, contracuberta.

Sobre a figura de Joseph Cornide Saavedra e os seus manuscritos coidadosamente grafiados, que son o único testemuño conservado de gran parte da obra do autor.

_____, “Mareas en Peinador”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 7 maio 2018, p. 14.

Reflexiona sobre a posibilidade de transformar o aeroporto vigués de Peinador nun aeroporto de carga e mercadorías, o que levaría, pensa el, a que a zona próxima se transformase nun ambiente mariñeiro que podería atraer ao propio Manuel Antonio. Suxire tamén a apertura dun bar co nome do poema de *De catro a catro*, ‘Navy bar’.

_____, “Da poesía renacentista en Galicia: a ‘Canción en loor de don Diego das Mariñas Parragués’”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.066, 5 maio 2018, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 616, “No fondo dos espellos”, 12 maio 2018, contracuberta.

Informa da descuberta do volume *Cartapacio de don Pedro de Penagos*, con data de 9 de agosto de 1593, onde se atopou o poema “Canción Galega en loor de Don Diego das Mariñas Parragués”, escrita aproximadamente a finais do século XVI por un autor descoñecido. Ten unha importancia fundamental pois é unha das poucas mostras conservadas da poesía renacentista galega. A obra foi editada por primeira vez por Rosario Álvarez e X. L. Rodríguez Montederramo en *A escrita poética en galego a fins do século XVI. A ‘Canción Galega en loor de Don Diego Parragués’*. Tamén aparece o poema na crítica feita pola Colección Cancioneros Castellanos.

_____, “A fragmentación política do Mundo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 11 maio 2018, p. 25.

No contexto dunha reflexión sobre a fragmentación política internacional cítanse uns versos de Curros Enríquez sobre a unidade.

_____, “Etnoxénese galega e Reino Suevo. 1. Proemio”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.068, 21 abril 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 618, “No fondo dos espellos”, 26 maio 2018, contracuberta.

Afonda no pasado da Galiza durante a dominación sueva e fala da ausencia dun *Hermerikslied*, un libro que podería reconstruír mellor esta época. Achega que o autor ou autora que o escribira conta coa poesía de Darío Xohán Cabana para inspirarse.

_____, “Silencio e erro”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 1 xuño 2018, p. 25.

Con motivo dunha columna anterior, dedicada á evocación do acontecemento universitario de 1968 en Compostela, corrixe unha omisión involuntaria e menciona sucintamente un libro iluminador sobre o tema de Florencio Delgado Gurriarán.

_____, “Etnoxénese galega/ 4 Rex, Thesaurus, Gens Suevorum, Patria”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.071, 9 xuño 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 621, “No fondo dos espellos”, 16 xuño 2018, contracuberta.

No marco dunha reflexión sobre os alicerces fundamentais do Reino Suevo en Galicia, citados no título, valóranse algunhas características que sobreviven (do nome ao poboamento disperso), fixadas orixinalmente nesta época. Recolle, finalmente, a anécdota dun intercambio histórico, que considera crucial para a xénese do *Sempre en Galiza* (1944): o momento en que Lois Soto fai chegar a Castelao o marxismo e o problema nacional de Stalin.

_____, “Doce de abóbora”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 15 xuño 2018, p. 25.

Recolle a etimoloxía de diferentes topónimos galegos con motivo da celebración dos premios Losada Diéguez no seu pazo de Boborás, outorgados a X. B. Reza e a X. L. Axeitos. Reivindica que non hai uns Premios Nacionais de Literatura ou cultura galega dados pola Xunta de Galicia.

_____, “Etnoxénese galega/ Índice de asuntos pendentes”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.072, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 621, “No fondo dos espellos”, 16 xuño 2018, contracuberta.

Repasa algúns dos fitos históricos da antiga Gallaecia, como son os rastros de arquitectura sueva en Galicia, a presenza de refuxiados procedentes de Britania na constitución do reino, a confluencia galaico-sueva ou a “memoria” do vello reino.

_____, “As eurocidades miñotas”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda feira”, 18 xuño 2018, p. 13.

Anima á fortificación das relacións administrativas e culturais entre Galiza e Portugal tal e como pasa no Baixo Miño. Menciona algúns autores de Goián, como Eliseo Alonso, X. Ousa, Antonio Fernández e Xoán Piñeiro, ao ser esta vila un exemplo de dinamización cultural.

_____, “Máis engádevas. Etnoxénese galega e Reino Suevo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º1073, “No fondo dos espellos”, 23 xuño 2018, p. 4.

Cita versos de Eduardo Pondal, menciona a Xerónimo Feixóo e fai referencia a Curros Enríquez.

_____, “Trata de emigrantes”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 6 xullo 2018, p. 23.

Dá conta da disputa entre Roberto Blanco Torres e Portela Valladares pola decisión deste último de aceptar publicidade en *El Pueblo Gallego* de empresas que transportaban migrantes galegos cara América, que nese momento era considerado case trata de persoas.

_____, “Xabier Do Campo non se vai”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 9 xullo 2018, p. 12.

O autor lamenta a morte do escritor Xabier P. Do Campo e, con motivo da nova lembra o día do seu nacemento e loa a relevancia da súa figura para o sistema literario galego.

_____, “A Illa de San Simón nos días de Francis Drake”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.076, 14 xullo 2018, p. 4.

Na contextualización da importancia da illa de San Simón na época de Francis Drake menciona a figura de María Pita no *Roman de Ponthus*, nos versos de Lorenzo Varela e no álbum de Seoane. Refire que “Lois Tobío ocúpase con detalle da intriga que Gondomar montou en Londres co fin de mandar ao patíbulo sir Walter Raleigh, favorito da raíña Elizabeth 1^ª”.

_____, “Cara Italia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 16 xullo 2018, p. 13.

No marco dunha reflexión máis extensa, recorda como Murguía, o pintor vigués Avendaño e tamén Curros adoraron o Risorgimento no seu día, apoiando a unificación e o nacemento de Italia.

_____, “Descalciña pola area”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 20 xullo 2018, p. 24.

Principia lembrando o falecemento de Rosalía de Castro. A seguir explica a significación do río Ulla vinculado a Rosalía e finaliza comentando a homenaxe que lle renderon mariñeiros galegos con embarcacións por mor do seu aniversario e parabenizando o labor da Fundación homónima.

_____, “Campo Naraia: Bierzo ceibe”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 23 xullo 2018, p. 13.

Con motivo dun anuncio publicitario ofrecendo unha excursión ás Rías Baixas dende “Campo Naraia”, presentadas como “Excursión á Costa da Fariña”, coméntase brevemente a situación do galego no Bierzo e lémbrese a figura de Fernández Morales, como un dos sólidos esteos sobre os que descansa a poesía en galego do século XX.

_____, “Lazareto e miseria de home”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.079, 4 agosto 2018, p.

No contexto dun estudo sobre a historia do termo “lazareto” alúdese ao nacemento de Rosalía de Castro. Tamén se fai referencia a que unha das personaxes de *La saga/fuga de J. B.* tería como referente a Carballo Calero.

_____, “Incautación múltiple”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 20 agosto 2018, p. 12.

Dá conta das consecuencias do Franquismo no relativo á xestión das pertenzas de Valladares e Castelao tras a súa morte. No segundo caso, a biblioteca consérvase no Museo de Pontevedra, non así no primeiro, no que nunca se chegou a cumprir a vontade do finado de deixar todos os seus ben en Galicia ao mesmo Museo.

_____, “Español e dereitista”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 24 agosto 2018, p. 27.

Nun artigo sobre as características da dereita española, cítase unha frase dun personaxe de Blanco Amor, en ton sarcástico, “Moi orixinal, moi brillante”.

_____, “Jules Verne nos Chaos de Amoeiro”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.082, “No fondo dos espellos”, 25 agosto 2018, p. 4.

Faise referencia ao coñecemento e á influencia da obra de Jules Verne sobre a produción literaria e, especialmente, xornalística de Otero Pedrayo. En particular faise fincapé no artigo titulado “No ronsel da ciencia Nereida” de Otero e alúdese a certas obras do autor francés, destacando *Da terra á lúa*.

_____, “Marx, o facho”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 7 setembro 2018, p. 25.

No contexto dunha reflexión sobre a construción dos relatos da orixe faise referencia ás cantigas medievais galego-portuguesas.

_____, “1968, balance”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.084, 8 setembro 2018, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 627 “No fondo dos espellos”, 27 outubro 2018, contracuberta.

No contexto dun artigo sobre o movemento universitario de 1968 faise referencia á celebración das Xornadas Patrióticas arredor do 25 de xullo e a que o convidado foi Celso Emilio Ferreiro. Fálase tamén de que se tiña previsto a organización duns Xogos Froraes en galego.

_____, “O grande relato Apostólico”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 14 setembro 2018, p. 33.

No contexto dun artigo sobre a historia do Apóstolo Santiago alúdese a López Ferreiro.

_____, “Contra o forestalismo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.087, 29 setembro 2018,

p. 4.

Explica o significado do monte baixo en Galicia, á luz do poema rosaliano “Los Robles”, de “Os Pinos” de Eduardo Pondal, de *Sempre en Galiza* de Castelao, e de Alexandre Bóveda.

_____, “Curros e o tren”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Os cami3nos da vida”, 5 outubro 2018, p. 27.

Lembra que “Curros Enr3quez estaba no concello de Canedo, barrio da Ponte, coas autoridades, para celebrar a chegada a Ourense, procedente de Vigo, da primeira locomotora”; que “Curros meteu en *Aires da Mi3a Terra* a magn3fica peza titulada ‘Na chegada a Ourense da primeira locomotora’”; que “os poemas contidos en *Aires da Mi3a Terra*, Curros, funcionario en Ourense, foi denunciado e o seu libro condenado por conter proposici3ns her3ticas e blasfematorias. Perdeu o seu posto de traballo”; e que “hoxe, con bon acerto, existe un movemento que trata de conseguir que a que vai ser estaci3n do AVE en Ourense sexa chamada, seguindo a tendencia dominante, Estaci3n Curros Enr3quez”.

_____, “As vilas literarias”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Segunda feira”, 8 outubro, p. 15.

Aborda o acordo bilateral de irmandade entre Callarriba (hoxe R3a de Curros Enr3quez) de Celanova, onde naceron Manuel Curros Enr3quez e Celso Emilio Ferreiro, coa R3a de Baixo de Rianxo, vila natal de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Castelao.

_____, “Morte de Aznavour”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Os cami3nos da vida”, 12 outubro 2018, p. 25.

Co gallo da morte do escritor Aznavour, repasa un artigo que Cunqueiro publicara no *Faro* en 1963, destacando o amor do autor galego aos armenios e á s3a literatura, da que probablemente era co3ecedor a trav3s de figuras coma Charles Aznavour e William Saroyan.

_____, “De anacoretas mar3timos”, *Faro de Vigo*, “*El s3bado*”, n.º 1.089, 13 outubro 2018, p. 4.

A partir dunha lenda 3urea, seg3n a cal Traxano ter3a matado ao papa san Clemenzo, d3ase conta do ach3dego dun sartego antropeide (ilustrado cun debuxo de Xurxo Lorenzo) que rememora a historia dos anacoretas galegos e as illas nas que practicaron a ermitaxe.

_____, “60 anos de ‘Bocarribeira’”, *Faro de Vigo*, “*El s3bado*”, n.º 1.091, 27 outubro 2018, p. 4.

No contexto dun repaso da actividade p3blica de Otero Pedrayo en 1958 menci3nase a s3a obra *Bocarribeira. Poemas para ler e queimar* e tam3n os textos l3ricos do mesmo autor publicados no volume *Escolma de poes3a galega* a cargo de Francisco Fern3ndez del Riego. Do mesmo xeito, al3dese a outros escritores galegos como Alonso Montero, Rosal3a de Castro, Ram3n Cabanillas, Pondal, Blanco Amor, Anxo Angueira ou Celso Emilio Ferreiro e a s3a obra *Longa Noite de Pedra*.

_____, “Novelas familiares”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Segunda feira”, 29 outubro 2018, p. 13.

No contexto dun artigo sobre a liñaxe das familias galegas cítase a Gonzalo Navaza e a Otero Pedrayo.

_____, “Castañas e mamotas”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Os camiños da vida”, 2 novembro 2018, p. 21.

No contexto dun artigo sobre castañas cítase e a obra *Entre a vendima e a castañeira* de Otero Pedrayo e tamén se alude a Rosalía de Castro.

_____, “Poesía galega na España franquista”, *La Opini3n*, “Saberes”, n.º 628 “No fondo dos espellos”, 3 novembro 2018, contracuberta.

Faise referencia á publicaci3n de poesía galega durante a ditadura franquista. En primeiro lugar, menci3nase a saída á rúa de publicaci3ns de Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia Alvariño na revista *Papeles de Son Armadans*. En segundo lugar, faise alusi3n á aparici3n de poemas en galego de contido político e de crítica social na revista *Al Vent*. Menci3nase a saída á rúa da segunda edici3n de *Longa Noite de Pedra* e a publicaci3n do poema “Viet Nam Canto” de Novoneyra, ambas as dúas a instancias de José Batlló. Inf3rmase da publicaci3n dos volumes *Antoloxía de la poesía gallega contemporánea*, *Ocho siglos de poesía gallega* e *Poetas Gallegos Contemporáneos*. Por último, alúdese á publicaci3n de poesía galega nun número da revista *Claraboya*.

_____, “Aparici3ns de Hugh MacDiarmid”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.092, 3 novembro 2018, p. 4.

No eido dun estudo sobre a obra *The Oxford of Modern Verse* por W. B. Yeats, alúdese a Xesús Franco, a Bernardino Graña e a Rosalía de Castro. Faise referencia a que Manuel Outeirino publicou no número 33 d’*A Trabe de Ouro* a traduci3n ao galego de varios textos do escritor MacDiarmid xunto cos orixinais en inglés ou escocés, todos eles precedidos dunha introduci3n bibliográfica. Por outra parte, alúdese ao libro *A experiencia inglesa* de Paulino Vázquez. Tamén se menciona que Bouza Brey foi o autor dunha cantiga dos Ultraia.

_____, “De Lenin e esqueletes”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.093, p. 4/ *La opini3n* “Saberes”, n.º 630, 17 novembro 2018, contracuberta.

No eido dun estudo sobre a obra *The Oxford of Modern Verse* por W. B. Yeats, alúdese ao feito de que na poesía galega de finais do século XX e inicios do XXI era recorrente o símbolo da balea entre os autores mozos. Tamén se alude a que Manuel Outeirino na revista *A Trabe de Ouro* deu a coñecer ao poeta Seamus Heaney. Por último, alúdese á obra de Castelao, *Memorias dun esquelete*.

_____, “O enigma druso”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Segunda feira”, 12 novembro 2018, p. 13.

Sobre a guerra civil no Líbano, reflexiona sobre a transmigraci3n e a existencia dunha metapsicose, salientando o feito de que Siria proporciona liberdade relixiosa ao seu pobo

para a práctica das súas crenzas.

_____, “Castelao: martirio en familia”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.093, “No fondo dos espellos”, 17 novembro 2018, p. 4.

No contexto dunha reflexión arredor da vida e morte de Castelao e da represión sufrida por el e polos seus familiares a conta do franquismo alúdese a Ramón Cabanillas, Ramón de Valenzuela, Francisco Fernández del Riego ou Isaac Díaz Pardo.

_____, “Na morte de Xulio Formoso”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 19 novembro 2018, p. 13.

No contexto dun artigo sobre a Nova Canción Galega e co gallo do pasamento de Xulio Formoso, inclúese o seguinte poema de Farruco Sesto Novás: “Negro nacín no fosco Sul/ son un tribeño no Viet Nam , estudo leises en París/ chámanme cholo peruán/ galego son da Beiramar./ Poñerei fogo a Vaksonville/ os invasores morrerán/ as barricadas son o meu/na noite cántame a mañán/ en Santiago hei de cantar.”. Tamén se alude a Celso Emilio Ferreiro.

_____, “Desgarrón afectivo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 19 novembro 2018, p. 25.

Con motivo do pasamento de Lucho Gatica e en relación coa súa música cítanse os seguintes versos de Nuno Fernández Torneol: “Levade, amigo, que dormides as mañás frías”. Tamén se inclúen os seguintes versos de Rosalía de Castro: “Cantan os galos co día/ erguete, meu ben, e vaite./ Como me hei de ir, queridiña,/ como me hei de ir e deixarte?”. En ambos os dous casos explíctase que se trata de composicións sobre amantes que se despiden ao amencer.

_____, “Chano Piñeiro na memoria”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 30 novembro 2018, p. 27.

No eido dun artigo sobre o pasamento de Chano Piñeiro alúdese a Castelao.

_____, “Enterro na Illa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 14 decembro 2018, p. 27.

No contexto dun artigo sobre as Illas Cíes cítase o poema de Hugh MacDiarmid "Island Funeral" e dise que foi traducido ao galego por Manuel Outeiriño. Tamén se alude ao poema de Bernardino Graña "O rato da tasca mariñeira".

_____, “Coral de Ruada”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 24 decembro 2018, p. 13.

No eido dun artigo sobre a asistencia a unha peza teatral de Xavier Prado e a actuación dun coro, alúdese a un recital do poema “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro e tamén se menciona a Otero Pedrayo.

Mera, Manuel, “O catecismo do labrego”, *La Región*, “Opinión”, 13 marzo 2018, p. 31.

Afóndase na repercusión que tivo a obra de Valentín Lamas Carvajal, *O Catecismo do Labrego*, publicada en Ourense, no xornal *O Tío Marcos da Portela*. Destácase que a temática deste libro pivota arredor dos problemas agrarios do momento no que saíu á luz. Alúdese ás figuras de Curros e Rosalía de Castro e méncionanse os comentarios sobre Lamas Carvajal incluídos na *Historia da Literatura Galega* a cargo de Pilar García Negro, Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas que editou A Nosa Terra. Faíse un percorrido pola vida e a obra de Lamas Carvajal salientando os seguintes títulos da súa produción: *Dez cartas ós gallegos*(1875), *Espiñas, follas e frores*, ramiño primeiro (1875); *Espiñas, follas e frores*, ramiño segundo (1876); *Saudade sgallegas* (1880); *Musa das aldeas* (1889) e *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terriña* (1887).

_____, “Xohán Vicente Viqueira”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Indo ao miolo”, 15 febreiro 2018, p. 17.

Reivindica a figura de Xohán Vicente Viqueira como galeguista. Realiza un breve percorrido pola súa vida, indicando que foi presidente da Irmandade da Fala e que colaborou na revista *A Nosa Terra*.

_____, “O Día da Patria como tarefa”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 31 xullo 2018, p. 37.

Destaca que no 2018 cúmprese cincuenta anos da primeira manifestación do Día da Patria tras a morte de Franco. Salienta o número do 25 de xullo de 1920 de *A Nosa Terra* no que se fala da Asamblea das Irmandades da Fala de 1919 na que se decidiu fixar esta data para a celebración e arengou a todos os galegos a manifestar o seu orgullo como tales.

_____, “Bóveda e a Galiza mártir”, *La Región*, “Opinión”, 14 agosto 2018, p. 42.

Lembra que Alexandre Bóveda, “na cidade do Lérez asistiu á tertulia da que participaban Castelao e Losada Diéguez. En 1928 ingresou no Seminario de Estudos Galegos, e en 1930 a solicitude desta entidade colaborou no proxecto de Estatuto elaborando o engadido económico financeiro” e que “a Irmandade Galega de Bos Aires, decidiu no ano 1942, a poucos de se fundar, que o día do fusilamento de Bóveda fose o que servise pra lembrar no futuro o Día dos Mártires Galegos (na actualidade Día da Galiza Mártir) ‘*cuxo único delito foi loitar polo Estatuto e defender a República*’”. Nomea entre os fusilados a Ánxel Casal, Xohán Carballeira, Xaime Quintanilla, Vitor Casas, Camilo Díaz, Roberto Blanco Torres, Silvio París, Martín March e Xacinto Santiago, entre outros.

Molares Do Val, Manuel, “La lengua de las mariposas, al revés”, *La Región*, “Opinión”, 25 abril 2018, p. 31.

A propósito dun comentario sobre diversas circunstancias políticas e sociais, faíse referencia ao argumento da película de José Luís Cuerda “La lengua de las mariposas” e apúntase que o filme está baseado en tres contos de Manuel Rivas.

Montaña, Estro, “No cero sen límites”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “In memoriam”, 31 xaneiro 2018, p. 37.

Co gallo do pasamento de Javier Alfaya dáse conta da súa traxectoria literaria e alúdese á súa relación coa produción de Rafael Dieste, Camilo Gonsar, Blanco Amor, Ferrín e Baixeras.

Murado, Miguel-Anxo, “Los ciervos sagrados”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vuelta de hoja”, 6 maio 2018, contracuberta.

Recorda os versos dun poema de Álvaro Cunqueiro inspirado pola historia dun cervo que se colou nun instituto de Ferrol pola floración das cerdeiras.

_____, “Glosa mindoniense”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vuelta de hoja”, 14 outubro 2018, contracuberta.

Co gallo das festas a San Lucas de Mondoñedo, ofrécese un relato baseado na figura de Cunqueiro, no que se retoma o personaxe cunqueiriano de Fanto nunha reinvencción do orixinal ubicada en Mondoñedo.

Nicolás, Ramón, “O libro máis agardado de Fernández Naval”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 16 febreiro 2018, p. 8.

Dáse conta da publicación da nova novela de Fernández Naval *Alma e o mar*. Faise referencia a anterior obra do autor *A noite branca* (2012). Sublíñanse os diversos espazos xeográficos polos que discorre a voz narrativa e a temática da obra, de protagonismo feminino, sobre a violencia, o sufrimento, o machismo, a loita e a superación.

Nogueira, Javier, “Lembranzas da cidade”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 121, 11 marzo 2018, p. 6.

Destaca os artigos de Darío Villanueva sobre a configuración cultural da cidade moderna e como reflicte se na literatura.

_____, “Opinións heterodoxas”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 127, 22 abril 2018, p. 6.

No contexto dun comentario sobre o libro de Eduardo Blanco Amor *La catedral y el niño* alúdese ás súas novelas *A Esmorga* e *Os Biosbardos*. Tamén se fai referencia a Curros Enríquez.

Noguerol, Jaime, “Por nuestros pecados nos conoceréis”, *La Región*, “Ourense”, “El ángulo inverso”, 22 xullo 2018, p. 13.

A columna, dedicada a unha caracterización persoal e vivencial de Ourense, remata coa lembranza dunhas palabras de Vicente Risco sobre o mesmo espazo, que a comparaba ao Dublín de Joyce. Formula o autor o desexo dun posíbel rescate por parte dunha xeración como a Xeración Nós, as mentes máis libres do século XX.

_____, “Lápiz y libreta”, *La Región*, “Ourense”, “El ángulo inverso”, 29 xullo 2018, p. 13.

Lembra a figura de Víctor Campio, recentemente falecido, e loa o seu poema “Se chego no solpor”. Rememora momentos compartidos durante os anos de amizade, dende que o coñecera nos anos setenta nun faladoiro do Café Gijón liderado por Laxeiro.

Núñez, Carlos, “Julio Verne en las ondas del mar de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 11 febreiro 2018, p. 28.

Sinala que o mesmo mar que inspirou a Martín Codax foi o que Jules Verne tomou como forza creadora para algunhas das súas obras.

Otero, David, “Xaneiro de moitos anos”, *Sermos Galiza*, n.º 280, “Opinión”, 18 xaneiro 2018, p. 4.

Explórase, en termos xerais, a vertente política e social da produción de Castelao e tamén se cita a Manuel María.

_____, “Estrada de letras. Cultura en acción directa”, *Sermos Galiza*, n.º 315, “A fondo”, 27 setembro 2018, p. 2.

No balance dos case dez anos da A. C. Vagalumes salienta, entre as propostas culturais desenvolvidas, a iniciativa “Tecer poemas” na que participo o alumnado dos centros educativos do concello; presentacións de libros como *A Estrada* (Deputación de Pontevedra) de Pedro Varela e verquido do castelán ao galego pola profesora Clara Iglesias Cortizo; a homenaxe poética “No ronsel de Avelina e Marcial”, na que participaron Susana Aríns, María Soutelo, Lorena Rei, Xosé Luna, Sindo Villamayor e Carlos Solla; e a conmemoración anual da *Alba de Gloria* de Castelao no Picro Sacro, desta volta coa colaboración de A.C. O Galo de Compostela e coa convidada Asociación Veciñal Agra do Orzán da Coruña.

Outeiriño, Maribel, “Una calle para don Florentino López Cuevillas”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 30 abril 2018, p. 19.

Infórmase de que o concello de Ourense, froito dunha proposta dos ex alumnos de Florentino López Cuevillas, determina chamarlle así á rúa número 20 que une Saénz Díez coa avenida da Habana.

_____, “Las diputaciones compran la casa de Rosalía de Castro”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 8 maio 2018, p. 29.

Lémbrase que hai 100 anos as catro deputacións galegas compraron a casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro en Padrón.

_____, “La Academia Gallega se traslada en pleno a Ourense”, *La Región*, “Hemeroteca”,

“Historia en 4 tiempos”, 18 maio 2018, p. 24.

Reproduce unha nova do 18 de maio de 1993, na que se dá conta do acto conmemorativo da homenaxe a Eduardo Blanco Amor o Día das Letras Galegas. Refire que “tras la recepción oficial en el Concello de Ourense y la ofrenda floral en el cementerio de San Francisco, el Instituto Otero Pedrayo acogió el acto central, una sesión extraordinaria de la Academia en la que Manuel González, Francisco Fernandez del Riego y Carlos Casares hablaron sobre la vida y obra del autor ourensano”.

_____, “Homenajeando a Lamas Carvajal en el jardín del Posío”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 31 maio 2018, p. 28.

Reseña o centenario da inauguración do monumento a Lamas Carvajal en Ourense celebrada o 31 de maio de 1918 que contou coa participación de Losada Diéguez, Vicente Risco, Filomena Dato, entre outros.

_____, “Congreso para hablar de Eduardo Blanco Amor”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 3 xuño 2018, p. 27.

Dáse conta da celebración dun congreso a propósito da figura de Eduardo Blanco Amor na Aula de Cultura de Caixa Ourense a conta das consellerías de Educación e de Cultura.

_____, “La Torre nuestra táctica contra la vida provinciana”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 27 xuño 2018, p. 29.

Recolle un escrito de Eduardo Blanco Amor publicado no xornal *La Región* en 1968 debido á apertura do edificio La Torre e do Pabellón dos deportes.

_____, “La Antioquía de la Laguna de Antela”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 5 xullo 2018, p. 35.

Dá conta da publicación pola editorial ‘Prensa Española’ do libro inédito de Vicente Risco escrito entre 1958 e 1959 titulado *Orden y Caos. Un ensayo sobre los Mitos*, onde recrea a historia da Antioquia.

_____, “Rosalía era alegre y vital para sus hijos”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 8 xullo 2018, p. 22.

Fala dos fillos que tivo Rosalía de Castro, de Gala particularmente quen describe á súa nai como ‘alegre e vital’, unha imaxe totalmente contraria á que convencionalmente se ten da autora.

_____, “Cuento chino”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 9 xullo 2018, p. 22.

Recorda o artigo de Vicente Risco de 1943 publicado na sección ‘Cosas y días’ no que dá conta da instalación dos novos sumidoiros na cidade.

_____, “A carón do lume’, de Prado Lameiro”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 16 xullo 2018, p. 41.

Informa do aniversario da publicación do poemario *A carón do lume* de Prado Lameiro e inclúe un poema desta obra.

_____, “Los judíos estudiados y vistos por Don Vicente”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 31 xullo 2018, p. 34.

Recolle unha pequena entrevista feita pola revista madrileña *Arte y Letras* a Vicente Risco en 1943 con motivo da publicación do libro *Historia de los judíos*. Afirmo que foi bastante difícil de escribir, especialmente o período entre 1910-1940, debido a escaseza de información.

_____, “Don Vicente Risco y yo”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 28 agosto 2018, p. 33.

Reproduce un artigo de José Aldea, seudónimo de Ricardo Outeiriño en *La Región*, 1948. Nel afirma que “en España hoy no hay quien diga más cosas que él ni las diga así” e que “los amigos de su tiempo dicen que tiene una edad prehistórica. Y nos hablan de sus prodigios infantiles, allá por el año ochenta, Y de sus elegancias tan provocativas de sus juveniles años”.

_____, “Ir a ver pasar nubes”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 29 agosto 2018, p. 34.

Reproducción deste artigo de Vicente Risco publicado en *La Región* en 1943. Nel afirma que “Tabaco, libros y no hace falta más. Aunque uno no haga más que ver pasar las nubes. Pero también se aprende mucho viendo pasar las nubes. Con buena fantasía, las nubes parecen cosas”.

_____, “Victoria Carballo-Calero ya es catedrática de arte”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 24 setembro 2018, p. 22.

Reproduce unha nova do 24 de setembro de 1993, na que se dá conta dunha mesa sobre narrativa galega na que participaron Xosé Neira Vilas, Manuel Rivas, Carlos Casares e Alfredo Conde e que tivo lugar no marco das Xornadas de Normalización Lingüística que se estaban a celebrar na Aula de Cultura de Caixa Ourense.

Outeiro, Mario, “Adeus ao ‘xograr da gravidade’”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 2 febreiro 2018, p. 30.

Informa do falecemento do escritor Isidro Novo. Indica que publicou obras de narrativa, poesía, ensaio e tradución. Destaca que os últimos libros que saíron do prelo foron *CO2* (2017) e *O tabú da traslenda* (2017). Aмосa, ademais, o seu labor no ámbito cultural galego.

_____, “Xabarín Club 24 horas”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 18 maio 2018, p. 26.

Principia afirmando que “non me pasa aínda a indignación trala lectura do artigo

publicado onte polo presidente da Xunta de Galicia e titulado 'A lingua que namora'. Hai que ser hipócrita para falar de incompreensión oficial ao galego (na época na que V. Moreno chegou a Galiza) cando o seu goberno asestou a maior puñada ao idioma propio dende a aprobación da Lei de Normalización Lingüística".

_____, "Na memoria de Xabier P. Docampo", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 29 xuño 2018, p. 32.

Con motivo do pasamento de Xabier P. Docampo faise un percorrido pola súa traxectoria destacando o seu labor docente e a súa participación en publicacións como *Revista Galega de Educación* ou *Nova Escola Galega*. Faise referencia aos seus libros *Cando petan na porta pola noite* e *A nena do obrigo de astracán*. Alúdese ao escritor Rubén Ruibal e ao seu libro *Limpeza de sangue* e tamén á escritora Rosa Aneiros e á súa obra *Ás de bolboreta*.

_____, "O ignoto Fontán", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/ *El Progreso*, "Opinión", p. 21, 12 agosto 2018.

Encomeza indicando que vai dedicar tres artigos a Domingo Fontán, por tratarse dunha persoa "descoñecida" mais "recoñecida nos ambientes científicos e políticos" e por estar enterrado no Panteón de Galegos Ilustres "xunto con Rosalía de Castro, Castelao, Alfredo Brañas, Francisco Asorey e Ramón Cabanillas". Salienta que dá nome a varias rúas de cidades onde viviu, que protagoniza unha novela de Marcos Calveiro merecedora do Premio de Narrativa Breve Repsol 2015 e que dará nome a un edificio da Cidade da Cultura. Matiza que, pese a ser recoñecido en vida, pesou a súa ideoloxía liberal e tamén o feito de que "a ciencia segue sen estar considerada como cultura", entre outros aspectos referidos á súa Carta Xeométrica.

_____, "Fontán, espello da Galiza", *El Progreso*, "Opinión", 19 agosto 2018, p. 20.

Recomenda a lectura da novela de Marcos Calveiro, que foi gañadora do premio Repsol 2015, para achegarse á figura de Fontán. Destácase que, malia estar ben documentada, na Fundación Domingo Fontán criticouse o tratamento persoal do personaxe coma unha persoa de moito carácter.

_____, "A luz sinódica de Otero Canto", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 26 outubro 2018, p. 32.

Faise referencia á presentación do libro de poemas *Sinódica luz* gañador do primeiro premio do I Certame de Poesía Galega 2018 de Otero Canto. Alúdese a que este escritor foi merecedor do IV Certame Literario Terras de Chamoso do Corgo coa obra *Chuchas acaroadas das vagas*. Tamén se di que o ano seguinte volveu acadar o primeiro premio coa obra *A praia amanceba*. Explícase que o poemario presentado está dividido en dúas partes: 'Sinódica luz' sobre o gozo, a soidade ou o desacougo e 'Escuridade-Mar global', sobre a reivindicación dunha sociedade centrada no factor humano e non na economía nin na globalización.

_____, "LEX. Canto pesa e como fede!", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 9 novembro 2018, p. 32.

A propósito dun artigo sobre diversos casos xudiciais e a súa resolución cítanse uns versos do poema “A xustiza pola man” incluído na obra *Follas Novas* de Rosalía de Castro.

_____, “O nacionalismo cumpre 100 anos”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 23 novembro 2018, p. 40.

No eido dun artigo sobre o centenario do Manifesto Nacionalista alúdese a diversos escritores galegos como Vicente Risco, Castelao, Losada Diéguez, Cabanillas, os irmáns Vilar Ponte, Peña Novo ou Ben-Cho-Shey. Tamén se fai referencia á celebración de varios actos entre os que destaca a representación da obra teatral *A luz da estrela que brila ó lexos*.

Pato, Cristina, “O mundo en feminino”, *La Voz de Galicia*, “A arte da inquedaanza”, 2 marzo 2018, cuberta.

No eido dunha reflexión sobre a necesidade de recuperar a historia das mulleres na sociedade, faise referencia ao libro de María Solar *Os nenos da variola* e á súa temática sobre o feito de que un grupo de nenos galegos dun orfanato coruñés, acompañados dunha enfermeira, levasen a América a vacina da variola.

_____, “Poesía e demencia”, *La Voz de Galicia*, “A arte da inquedaanza”, 13 abril 2018, contracuberta.

Faise referencia ao libro de poesía de Francisco Castro *Chamádeme Simbad* e á súa temática sobre a demencia tratada desde a perspectiva dun cativo. Tamén se alude á presentación do libro *Latexo Beat* do mesmo autor con motivo da súa participación no International Kerouac Festival.

_____, “Dorna vai e vén”, *La Voz de Galicia*, “A arte da inquedaanza”, 20 xullo 2018, contracuberta.

Rememora a celebración da iniciativa “A Inchadiña branca vela” da Asociación Cultural Dorna da Illa de-Arousa e a Fundación Rosalía de Castro, “coa que renden homenaxe tanto a Rosalía como á histórica embarcación”.

Pavón, Lalo, “Emilio Araújo, poeta de vidas e xentes”, *La Región*, “Ourense”, “Día das Letras Galegas”, “Tribuna”, 17 maio 2018, p. 15.

Dáse conta da homenaxe que o concello de Parada de Sil fixo a Emilio Araújo e alúdese á súa obra *Cinsa do vento: libro da Ribeira Sacra*.

Pazo Blanco, Xosé Manuel, “Metáfora”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 27 marzo 2018, p. 17.

Faise referencia á celebración dunha homenaxe a Ricardo Carballo Calero na Fundación Artabria.

_____, “Vicente Peña”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “O pinguelo”, 9 outubro 2018, p. 17.

Encomeza a lembranza deste asasinado “polas balas do franquismo” en 1949 en Páramo (Lugo) a quen lle renderán homenaxe en Padr3n o 18 de outubro cos versos de Manuel Curros Enr3quez, “Ai dos que levan na frente unha estrela! Ai, dos que levan no bico un cantar!”.

Pazos, Lino J., “Adhesi3ns trala morte de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 7 xaneiro 2018, p. 10.

Indica que, despois da morte de Castelao, se celebrou un funeral c3vico o 11 de maio de 1950. Destaca, ademais, diversos actos na s3a honra, tanto en Buenos Aires coma en Rianxo.

_____, “Inauguraci3n do Centro Pontevedr3s e Ourens3n en Bos Aires”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 17 xaneiro 2018, p. 12.

No contexto dunha achega sobre a inauguraci3n do Centro pontevedr3s e ourens3n en Bos Aires al3dese ao papel de Castelao no desenvolvemento do acto. Tam3n se incl3e o seguinte fragmento do Alal3 das Mari3as de Betanzos: “Te3o unha casi3a branca/ xunto a-o mar, entre loureiros/ te3o paz e te3o amor/ non hai m3is dicha no ceo”.

_____, “A Comisi3n Intersocietaria Galega de Homenaxe a Castelao (06)”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 30 xaneiro 2018, p. 11.

F3lase das propostas da Comisi3n Intersocietaria Galega de Homenaxe a Castelao, entre as que se incl3e a redacci3n dun estudo sobre o autor dividido en tres partes, coa segunda parte destinada ao estudo da s3a producci3n literaria, a cargo, respectivamente, de Luis Seoane, Eduardo Blanco Amor e Gerardo 3lvarez Gallego. Tam3n contar3a cun limiar responsabilidade de N3ñez B3a.

_____, “Galeuzca no xornal/ Opini3n gallega”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 4 febreiro 2018, p. 14.

Fala da revista *Galeuzca*, publicada entre 1945 e 1946. Destaca a colaboraci3n de Castelao, Ant3n Alonso R3os, Nunez Bua e Portela Valladares.

_____, “Libelo sobre Castelao e Curros Enr3quez”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 8 febreiro 2018, p. 11.

Faise referencia a varias publicaci3ns feitas no xornal *Nuevo Correo* sobre Curros Enr3quez e Castelao despois da s3a morte 3s que Celso Emilio Ferreiro fixo r3plica. Menci3nase que a obra de Curros Enr3quez *Aires da mi3a terra* superou en edici3ns 3 de Rosal3a de Castro.

_____, “Castelao na revista *Aturuxo*”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 28 febreiro 2018, p. 11.

D3ase noticia da sa3da ao prelo en 1935 da revista *Aturuxo* e inf3rmase de que a ilustraci3n

da capa foi feita por Castelao. Tamén se achega unha lista dos contidos da publicación salientando, no tocante a figuras da literatura galega que participan nela, as contribucións de Filgueira Valverde ou Amado Carballo.

_____, “Recoñecemento a Castelao na Habana ou París”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 4 marzo 2018, p. 11.

Recolle algunhas das homenaxes realizadas na honra de Castelao despois da súa morte. Destaca os actos en Montevideo e París e a publicación de crónicas na prensa cubana e chilena.

_____, “Monumento a Castelao en Rianxo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 25 marzo 2018, p. 13.

No eido dun artigo sobre a inauguración dun monumento de Castelao en Rianxo alúdese á presenza no evento doutros escritores como Xose Filgueira Valverde, Valentín Paz Andrade, Luís Seoane ou Otero Pedrayo.

_____, “Os vellos non deben de namorarse en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 23 xullo 2018, p. 8.

Rememora o 5 de xuño de 1985 cando acudiu á posta en escena da peza teatral a cargo do Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Eduardo Alonso. Enumera o elenco actoral e musical e resume a estrea da peza no bonaerense teatro Mayo o 14 de agosto de 1941, dirixindo a obra Varela Buxán, canda o propio Castelao. Nomea a posta en escena da peza na Habana a partir do 14 de agosto de 1971 e recolle unhas palabras de Xosé Neira Vilas sobre os actores no mes de outubro.

Pena, Xosé Ramón, “Verne, Ramón, Miguel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 24 febreiro 2018, pp. 22-23.

Informa da lectura pública de “A baía de Vigo” da obra *Vinte mil leguas baixo os mares* de Xulio Verne nun acto nas avenidas de Vigo no que se xuntaron Manolo Bragado, Bieito Ledo, Francisco Castro, Eduardo Rolland, Antonio García Teijeiro, Inma López Silva, Ramón Nicolás, María Xosé Porteiro, María Xosé Queizán, Antón Pulido e Xosé Lois Ripalda, entre outros persoeiros da cultura galega.

_____, “Matria Galicia, 1968”, *La Opinión*, “Saberes”, “Poesía”, 17 novembro 2018, p. 7.

Faise un estudo da sorte editorial do poema de Celso Emilio Ferreiro “Miña matria Galicia”, co que gañou os Xogos Florais do Idioma Galego que tiveron lugar en Bos Aires en 1968. Saliéntase que a composición apareceu no *Correo de Galicia* en 1968, que ao ano seguinte publicouna a Editorial Nós no volume *Xogos Frorais do idioma galego* e que en 2004 Ramón Nicolás incluína na obra *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa*. Alúdese á nova saída ao prelo do poema a conta da Fundación Celso Emilio Ferreiro. Faise referencia a outras obras do autor como *O soño sulagado*, *Longa noite de pedra* e *Viaxe ao país dos ananos*. Analízase a influencia da obra de Rosalía no poema premiado e reeditado.

_____, “De eleccións e de vicio”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 24 novembro 2018, p. 27.

No contexto dun artigo sobre a situación política de España faise referencia a Xosé María Díaz Castro e ao seu poema “Penélope”.

Pena Beiroa, José Antonio, “25 anos da Fundación Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al habla”, 29 xullo 2018, p. 4.

Repaso das funcións e actuacións levadas a cabo na Fundación Xosé Neira Vilas ao longo dos seus 25 anos de historia, entre as que se destacan os premios literarios que outorga a fundación.

_____, “Hasta nunca Pastor”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al habla”, 7 novembro 2018, p. 3.

No contexto dun artigo sobre a historia de diversas empresas e industrias galegas alúdese ao texto “Alba de Goria” de Castelao.

Penas, Ánxeles, “Cómo se imprime un libro”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 28 xaneiro 2018, p. 26.

Sobre a mosra “Cómo se imprime un libro”, destácanse as xoias bibliográficas e o caldo de cultuivo que supuxo para Luís Seoane a realización de proxectos con outros artistas sonados.

_____, “Alfonso Sucasas no museo de Belas Artes”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 25 marzo 2018, p. 26.

Describe a exposición do pintor e defínea, de acordo con Anxo Rei Ballesteros coma “o ser diferenciado de Galicia”.

_____, “Cincuenta anos despois do 68”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 20 maio 2018, p. 26.

No contexto dunha reflexión sobre a revolución do 68 alúdese a Celso Emilio Ferreiro e aos versos de *Longa noite de pedra*: “Hai algo que esta podre en Dinamarca / e fede que alcatrea dende sempre”.

_____, “José Suárez, os ollos que pensan”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 8 xullo 2018, p. 26.

No marco dunha reflexión sobre a mostra de fotografía do alaricense que ofrece o Museo de Belas Artes, salientáanse algunhas pezas, coma “Jaivota”, a serie “Mariñeiros”, os retratos de Alberti ou Colmeiro e unha cita de Carlos Casares sobre a súa morte.

Pérez, Lois, “Un cego no paraíso”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 113, 14 xaneiro 2018, p. 4.

Alude á tradución ao galego da obra *Vidas imaxinarias* de Schowb por parte de Samuel Solleiro na editorial Aira. Lembra tamén cando escoitou a Eladio o Cego nas Pontes xunto a Antonio Reigosa e Isidro Novo.

_____, “Termar de pé”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 132, 13 maio 2018, p. 4.

Dá conta da celebración da décima edición da Semana da Poesía Salvaxe en Ourense, onde coincidirá coa poeta Rosalía Fernández Rial. Ademais, este certame tamén lle inspiran uns versos de Manuel Antonio que cita.

_____, “A Festa de Mirman’s”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 140, 1 xullo 2018, p. 6.

Recorda a Festa dos Libros de Pontevedra onde participaron autores galegos como Santiago Lopo, que firmaba *A arte de trobar*; Diego Ameixeiras, autor de *A crueldade de abril*; e Margarita Ledo, dando charlas, entre outros.

_____, “Unha estrela no cubo de Roque Dalton”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 142, 15 xullo 2018, p. 7.

Entre outras temáticas, alude á vinculación de Roberto Bolaño con Galicia, cualifica *Un manifesto rebelde. Contra todo isto* de Manuel Rivas como “un libro luminoso do que aprender. Un lugar onde encontrar acougo” e menciona *Évame* de Carlos Oroza. Remata reproducindo esta definición de poesía, a cargo de Roque Dalton: “A poesía é o cubo do leite de cabra, onde caeu a estrela por quen todos preguntan”.

Pérez-Lema, Xoán Antón, “A derradeira lección do mestre”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cadernos da viaxe”, 8 outubro 2018, p. 14.

Principia lembrando que Castelao debuxou “A derradeira lección do mestre” para o seu álbum *Galicia Mártir* como “como denuncia internacional dos crimes da reacción fasciofranquista”. Aclara que o cadro de 1945, inspirado no debuxo, significa “a denuncia pública e universal dos asasinatos da represión franquista en Galicia, o que descualifica de vez a interpretación que del fixo Núñez Feijoo canda a súa desembalaxe para expor na Cidade da Cultura” e apunta que “o presidente rectificou o venres 5, no discurso de apertura da exposición”.

Pernas, Ramón, “Adiós, vista dos meus ollos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Nordés”, 1 setembro 2018, p. 13.

No contexto dun artigo sobre o fin do verán e a chegada do outono cítanse varios fragmentos do poema “Adios, ríos; adios, fontes” de Rosalía de Castro.

Piñeiro, Antonio, “Morar en terradentro”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 11 xaneiro 2018, p. 29.

Achégase un comentario sobre o libro *Terradentro* de Benito Reza salientando que se estrutura en tres relatos de temática policial e un epílogo. Tamén se destaca o predominio do realismo máxico na obra, a importancia dos espazos que remiten a Celanova de mediados do século XX e o protagonismo do personaxe do avogado Pepe Rial.

_____, “Vilanova das Infantes”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 13 febreiro 2018, p. 46.

Informa da publicación na revista *A Trabe de Ouro*, dirixida por Méndez Ferrín, dun artigo asinado por Ramón Lorenzo sobre o nome Vilanova das Infantes. Cita a Curros Enríquez, Luís Soto, Secundino Feijóo e o Padre Silva polo seu lugar de orixe.

_____, “Para un que tiñamos...!”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 24 marzo 2018, p. 30.

No contexto dun artigo sobre a expulsión de Ferrín do posto de presidente da RAG alúdese a Luís González Tosar e a Curros Enríquez.

_____, “Os déngaros turdios”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 28 xullo 2018, p. 40.

Partindo dunha reflexión sobre os procesos de escrita e a memoria, o autor introduce, nun xesto de homenaxe ao poeta recentemente finado, un fragmento da obra *Baixo o sol do Magreb* de Víctor Campio, no que se desenvolve a figura mitolóxica dos déngaros turdios.

_____, “Ourensanía e galeguismo”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 31 xullo 2018, p. 36.

Reflexiona sobre a idea de galeguismo e galeguidade con motivo da Festa da Palabra celebrada en Esgeva, Carballiño, na que participaron varios poñentes.

_____, “Toca o pandeiro, Amancio”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 4 setembro 2018, p. 30.

Ao tempo que se reflexiona sobre os monumentos e as súas funcións, por veces imprevistas, coméntase o xesto de Amancio Prada, ao empregar as costas da escultura broncea de Celso Emilio Ferreiro (creada por Acisclo Manzano) para acompañar unha das moitas coplas populares que o poeta lle facilitara, no marco da cerimonia de entrega do premio Celanova Casa dos Poetas.

_____, “Unha noite na eira do trigo”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 15 setembro 2018, p. 33.

Dá conta da anécdota que deu orixe á creación do primeiro poema en galego de Celso Emilio Ferreiro, “No xardín unha noite sentada...”, que despois inseriu en *Aires da miña terra*.

_____, “Territorios creativos”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 18 outubro 2018, p.

32.

No eido dun artigo que reflexiona sobre a concepción de Ourense como lugar de creación alúdese a Manuel Curros Enríquez e a Otero Pedrayo.

_____, “Tapando baches”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 30 outubro 2018, p. 29.

Reflexiónase sobre o nomeamento de Vázquez Monxardín como académico da Real Academia Galega.

_____, “... e por que non?”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 10 novembro 2018, p. 35.

No marco dunha crítica política, deféndese a necesidade de coñecer a Rosalía de Castro e “sentir de preto os seus poemas”.

_____, “A cama de Castelao”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 15 novembro 2018, p. 33.

Con motivo da súa visita ao Centro Galego de Buenos Aires comenta que puido estar ao pe a da cama na que estivo Castelao en 1950.

_____, “O ave, o ouro e o carbón”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 1 decembro 2018, p. 35.

No contexto dunha reflexión sobre a chegada do AVE que unirá Galicia e Madrid e sobre a primeira locomotora que chegou a Ourense, cítanse diversos versos de Curros Enríquez a propósito deste último suceso.

Piñeiro Docampo, J.C., “Existencialismo pero non saudade”, *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego/ Diario de Ferrol*, “Opinión”, 2 febreiro 2018, p. 25.

Reflexión política que parte da máxima filosófica do existencialismo (a existencia precede á esencia) e que para Ramón Piñeiro garda relación coa saudade.

Pinto Antón, Juan Antonio, “As árbores espertan”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, 10 maio 2018.

No contexto dun artigo sobre a celebración do día das árbores cítanse unhas verbas da obra *Sempre en Galiza* de Castelao.

_____, “Os libros que nos salvan”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, 7 xuño 2018.

Menciona a María Vitoria Moreno como a última galardoada no Día das Letras Galegas e loa a súa figura. Nomea tamén a obra de Manuel Rivas *Contra todo isto. Un manifesto rebelde* e exhorta a un maior recoñecemento da figura do autor.

Ponte, José Manuel, “Que din os eucaliptos...”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Inventario de perplejidades”, 23 febreiro 2018, p. 25.

Alúdese á creación da letra do himno galego por parte de Pondal e destácanse os piñeiros como inspiración para a súa elaboración.

_____, “La invención del sepulcro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Inventario de perplejidades”, 26 xullo 2018, p. 27.

Céntrase na historia e figura do Apóstol Santiago, con motivo da apertura ao público do Pórtico da Gloria, xa restaurado, engadindo unhas palabras de Otero Pedrayo nas que salienta a importancia crucial que cobrou Compostela tras a descuberta do sepulcro.

Porteiro, María Xosé, “O teito é de pedra”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Habitación propia”, 2 abril 2018, p. 1.

No eido dun artigo sobre a presenza de mulleres no sector cultural, fálase do Premio María Casares e dos Premios da Cultura Galega e menciónase a Xohana Torres como gañadora nos segundos. Tamén se fai referencia a que Leticia Costas gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil ou ao recoñecemento de María Reimóndez, de Inma López Silva ou do dúo poético Aldaolado.

_____, “Cabelos longos, ideas curtas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Habitación propia”, 23 outubro 2018, p. 1.

Sinala que Francisca Herrero Garrido, autora da novela *Néveda* (1920), foi a primeira muller elixida, no ano 1945, para entrar na Real Academia Galega.

Pozo Garza, Luz, “A pintora Maruxa Olavide, renovadamente abstractiva”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 abril 2018, p. 27.

Dáse noticia da exposición de pintura de Maruxa Olavide á que Luz Pozo Garza dedica os seguintes versos: “Pois os ollos son de índole floral/ coma o espírito e a alma/ e todo foi creado para o amor/ e a beleza/ A visión foi exaltada/ a un rango hierofánico:/ os ollos son de índole solar/ así vemos a luz e amamos o creado...”.

Presas, Noa, “De saber falar e saber estar”, *La Región*, “Opinión”, 6 setembro 2018, p. 34.

En resposta a un artigo precedente de Afonso Vázquez-Monxardín sobre as intervencións das e dos parlamentarios na recollida do Celanova Casa dos Poetas, reivíndicase a escolla lingüística en favor dunha linguaxe inclusiva, así como unha lembranza de Curros Enríquez que xustifica a escolla dun discurso comprometido: como cronista que sufriu a presión do poder, perseguido penalmente polos seus poemas etc.

Procopio, “Sobre efemérides, feminismos y otras cuestiones”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “El sueño de una noche de verano”, 25 xullo 2018, pp. 22-23.

No marco dunha reflexión persoal sobre varias efemérides do ano, trufada de referencias culturais diversas, recóllese unha cita de Rosalía de Castro en relación co Pórtico da Gloria.

Queipo, Xavier, “Bernardino, o neno mariñeiro”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “Opinión”, 22 febreiro 2018, p. 5.

A raíz da lectura da novela *O neno mariñeiro* (2017), de Bernardino Graña, coméntanse algunhas anécdotas persoais relacionadas co Morrazo.

_____, “Inesgotábel (G)alicia”, *Sermos Galiza*, n.º 297, “Opinión”, 24 maio 2018, p. 5.

Artéllase unha reflexión a partir de Alicia no País das Marabillas e Alicia a través do espello, aconsellando a súa lectura proveitosa para adultos, e establecendo unha relación entre Galicia e os clásicos citados, un país no que vivir apresados coma Coellos Brancos, chegando tarde a todas partes, gobernados por Raíñas Vermellas de correr paradoxal, que non avanza nin retrocede.

_____, “Onda (Observatorio da nova diáspora)”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Especial Día da Patria Galega”, “Opinión”, “Prosa do observatorio” 19 xullo 2018, p. 5.

Reflexiona con motivo das xornadas ONDA que teñen lugar en Santiago de Compostela sobre os autores en lingua galega que viven noutros países, sen querer referirse aos escritores galegos coma Castelao, Luís Seoane, Blanco Amor, que marcharon por motivos económicos e políticos, senón aos de agora.

Queixas, Mercedes, “O meu nome é o da cidade alta”, *Sermos Galiza*, n.º 278, “Opinión”, “Eu seino?”, 4 xaneiro 2018, p. 5.

Lembra o falecemento, no ano 2004, da poeta coruñesa Luísa Villalta. Destaca a existencia do Certame Literario Luísa Villalta no IES Isaac Díaz Pardo de Sada; o Premio Luísa Villalta de Iniciativas normalizadoras da Universidade da Coruña; e o Concurso de ideas Luísa Villalta de proxectos culturais pola igualdade, a cargo da Deputación da Coruña.

_____, “Li(n)deiras galegas na Suíza”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “Opinión”, “Eu seino?”, 31 maio 2018, p. 5.

Estuda as tendencias sociolingüísticas dos galegos dende os anos 60 sobre a aprendizaxe clandestina do galego, tal e como fixo María Victoria Moreno para aprender o galego cando se instalou en Galicia.

_____, “Quen garda, sempre ten”, *Sermos Galiza*, n.º 302, “Opinión”, “Eu seino?”, 28 xuño 2018, p. 5.

No contexto dunha reflexión sobre a perda en distintos ámbitos da sociedade galega alúdese ao Pergamiño Vindel e aos seguintes versos de Manuel María: “O idioma e a fala/ que nos xungue e sostén./ Se perdemos a fala/ non seremos ninguén.”

_____, “Unha historia única”, *Sermos Galiza*, n.º 306, “Opinión”, “Eu seino?”, 26 xullo 2018, p. 5.

Reflexiona sobre o paso do tempo, empregando ideas presentadas en poemas de Manuel María, Luz Pozo Garza e Rosalía de Castro. Tamén menciona o discurso “Alba de Groria” de Castelao.

Ramírez, Cristóbal, “Un libro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 21 agosto 2018, contracuberta.

Comezando pola lembranza anecdótica dun encontro con Amancio Liñares Giraut, profesor no instituto de Negreira, realízase unha sucinta loubanza e presentación dun libro por el coordinado en 2017: *Xente e terra de Barcala*. Elaborado polo alumnado do Xulián Magariños, trátase dun compendio etnográfico e histórico de indubidábel valor tendo en conta a progresiva desaparición das xeracións rurais.

Ramos, Rocío, “Feitizo na casa do pai de Balbino”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz na Fundación Neira Vilas*”, 26 abril 2018, contracuberta.

No contexto dun artigo sobre a casa natal de Neira Vilas en Vila de Cruces faise referencia á súa obra póstuma *De Gres a Cádiz*.

Reigosa, Antonio, “Como as bolboretas”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, n.º 200, contracuberta, 21 xuño 2018, p. 8.

ofrécese un símil entre a figura de Isidro Novo e as bolboretas, que desaparecen pero nunca se van.

Reigosa, Carlos G., “Cunqueiro e o Grial”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vagalume”, 16 abril 2018, p. 25.

Alúdese á obra de Álvaro Cunqueiro *Merlín e familia* así como á crenza do autor de que o Grial estaba en Galicia e en concreto no Cebreiro. Coméntase a relación desta obra coa materia artúrica e tamén se fai alusión, no eido desta temática, á obra *Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas.

_____, “O maio de hai 50 anos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vagalume”, 31 maio 2018, p. 39.

Conta cal foi o motivo de inspiración para escribir a novela *Oxford, amén*: a decepción do movemento de maio de 1968 no plano político supuxo para el unha gran vitoria vital.

_____, “Joyce e os nosos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vagalume”, 19 agosto 2018, p. 37.

Dá conta da devoción que os autores da Xeración Nós tiñan por James Joyce na súa concepción da literatura coma coma un proxecto identitario cunha visión cultural propia.

_____, “As razóns máxicas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vagalume”, 31 agosto 2018, p. 35.

Recoñece que escribiu a súa novela *Segredos de Breaña* (2016) como tentativa de emprego das técnicas da novela negra coa finalidade de “desvelar a evolución histórica dun espazo habitado -neste caso, o norte de Galicia-, descubrindo as chaves de supersticións, crenzas e datos reais que conviven e definen cada época histórica” que considera como ancoradas no mundo rural, se ben recoñece que esa descuberta se contrapón coa estendida idea de que Galicia presenta “unha cosmovisión compartida”. Afirmar que aínda se manteñen contrapostas “dúas visións do mundo: a das tradicións antigas, de raíz máxica, e a do racionalismo actual, que acredita as explicacións de feitos reais”. Apunta que cando Cunqueiro escribiu con total liberdade *Merlín e familia* xa que os lectores “non ían confundir o seu mago egrexio coa realidade de menciñas e menciñeiros do mundo real” e porque ademais “a condición esencial de Cunqueiro non habitaba no realismo, senón na propia maxia dunha literatura superior”. Lamenta que “a racionalidade urbana vai acantoando e empuxando ao esquecemento toda a rica cosmovisión rural que aínda atesoura Galicia” e reitera que segue a haber máis “talento feiticeiro nalgunhas aldeas que no complexo urbano de toda Galicia”.

_____, “Borges e Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vagalume”, 15 setembro 2018, p. 37.

Comenta que en España sempre houbo críticos que percibían unha semellanza entre Borges e Cunqueiro.

Requeixo, Armando, “Frankenstein e outros monstros”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 601, 13 xaneiro 2019, cuberta.

Repasa os principais monstros literarios dentro da literatura mundial, despois, céntrase no ámbito galego, onde destaca obras como *Un ollo de vidro*, *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, *O lobo da xente*, *O ganso pardo*, *A era de Lázaro* e *O lobishome de Candeán*.

_____, “Os reinos da palabra. Reler as alegorías”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 687, “Literatura insólita”, 1 novembro 2019, p. VII.

O autor ofrece un panorama pola literatura universal creadora de territorios fantásticos e destaca, no caso da literatura galega, *Retorno a Tagen Ata* (1971) de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Ribot, Joan, “Superheroes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Flash”, 20 outubro 2018, p. 4.

No eido dun artigo sobre a escritura de contos, faise referencia ao relato *A Capa* de Félix Caballero sobre un superheroe presentado ao Certame de Relatos Vigo histórico do 2016.

Rivadulla Corcón, X. H., “As sensacións de sentir ao poeta Isidro Novo”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, 21 xuño 2018, p. 6.

Destaca o espírito creador de Isidro Novo, que vivía en estado continuo de creación poética, de xeito que a súa figura de poeta transcende á escrita porque o é en todas as facetas da súa vida.

Rivas, Chito, “Samuel Gómez, o poeta anarquista”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 27 xaneiro 2018, p. 28.

Fálase do poeta ourensán Samuel Gómez González, realizando un percorrido pola súa vida e obra. Dise que publicou sete obras, algunhas en lingua galega e outras en castelán, e que colaborou en diversas revistas literarias. Reivindícase o recoñecemento público do escritor. Dá conta do periplo vital e bibliográfico do autor, destacando a súa faceta literaria e as circunstancias que afrontou durante o conflito da Guerra Civil.

_____, “Sergio Vences Fernández, o filósofo”, *La Región*, “Provincia”, “Testemuñas da memoria”, 27 xaneiro 2018, p. 28.

No eido dun repaso da figura de Sergio Vences Fernández menciónase a súa obra narrativa *Nas profundas augas do esquecemento* e o carácter autobiográfico da mesma.

_____, “Certame literario molgués en 1921”, *La Región*, “Opinión”, “Recuncho hebdomadario”, 23 xullo 2018, p. 31.

Entre outras actividades vinculadas a Baños de Molgas, alude ao certame literario celebrado en setembro de 1921 e no que concederon o premio de honra a Homobono González, quen leu o poema galardoado “O tren da vida”. Finaliza comentando a espontánea participación no acto de Salvador Padilla (catedrático de latín e castelán), director do Instituto de Ourense (o actual IES Otero Pedrayo).

_____, “Noite de inverno”, *La Región*, “Opinión”, “Pingas de orballo”, 11 novembro 2018, p. 48.

No eido dun artigo sobre diversas cuestións como a noite, a chuvia ou a música, menciónase a obra *A candidata* do escritor da Coruña Miguel Sande.

Riveiro Coello, Antón, “Sinaturas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “O espolón”, 26 xaneiro 2018, p. 15.

No contexto dun artigo sobre dedicatorias a lectores alúdese a Leticia Costas, Manuel Rivas, Carlos Casares, Núñez Singala, Xavier Alcalá e Antón Riveiro Coello.

_____, “Silencio regulado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “O espolón”, 3 setembro 2018, p. 14.

Arranca a columna cunha lembranza anecdótica de Carlos Casares, laiándose de que os concellos dinamarqueses quixesen regular o canto dos galos, que el equiparaba a outro tipo de sons naturais, como a chuvia ou os latexos.

Rivera, Javier, “A vixencia do Manifesto de Lugo no seu centenario”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Cultura”, 25 xullo 2018, pp. 8-9.

Logo de facer un repaso polo Manifesto de Lugo das Irmandades da Fala onde se aprobou a conmemoración do 25 de xullo como día da Patria Galega, remata o autor lembra unha anécdota entre Andrés Varela e Isaac Díaz Pardo na que o primeiro lle pediu documentación sobre o proceso da nova industria e Díaz Pardo entregoulle o *Sempre en Galiza* de Castelao en edición arxentina.

Rivera de la Cruz, Marta, “Toni Cantó tiene razón”, *El Progreso*, “Opinión”, “Billete de vuelta”, 7 outubro 2018, p. 30.

A raíz da proposta do partido político Ciudadanos para que as linguas cooficiais sexan unha barreira para ocupar postos na administración e que presentara Toni Cantó semanas atrás, comenta que falou con el e lle contou que ela mesma padecera que “los chicos de la izquierda nacionalista se pusieron como hidras porque me invitaron a leer un poema de Rosalía de Castro. Gritaron lo suyo, pero yo me fui a Padrón, leí lo que quise y recordé que Rosalía había dejado de escribir en gallego por culpa de intolerantes como ellos”. Incide en que “ni en las consellerías ni en los ayuntamientos gallegos se emplea el español, como si se usa con naturalidad en las casas, en las calles, con los amigos”.

Rodil, Ana, “Cando sae o verme do teatro”, *El Progreso*, “Opinión”, “De norte a sur”, 27 novembro 2018, p. 80.

Faise referencia a que a Asociación de Teatro Monfortino cambiou o nome polo de Viraventos e explícase que rematou as súas postas en escea coa representación da obra *Os intereses creados*. Explícase que esta obra constitúe un texto de Jacinto Benavente e que foi adaptada pola directora do grupo Paqui Abeledo. Recóllese o percorrido do grupo e faise referencia á presentación doutras obras como *Os intereses creados* e *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao.

Rodríguez, Carlos Luis, “Hola ríos, hola fontes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 15 abril 2018, p. 3.

No eido dun artigo sobre a emigración e o retorno dos emigrantes faise referencia a Rosalía de Castro e á súa visión poética deste fenómeno.

_____, “Un 68 de la leche”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 24 outubro 2018,

p. 3.

No contexto dun artigo sobre a revolta do 68 menciónase a Ramón Cabanillas e o himno que compuxo para Acción Galega.

Rodríguez, Salvador, “Canciones para un 68 gallego”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, n.º 812, “La última”, 13 maio 2018, p. 16.

Informa sobre o nacemento do movemento musical ‘Nova Canción Galega’ do que formaron parte bandas coma *Voces Ceibes* en cuxo acto de presentación en abril de 1968 participaría o poeta Manuel María.

Román, Fernando, “Rúa Lepanto ou da Obra”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 6 maio 2018, p. 20.

Percorre a historia da rúa Lepanto da cidade de Ourense, dende os seus cambios históricos até os establecementos máis salientables que pasaron por ela. No número 18 desa rúa ficou a sede de *O tío Marcos da Portela* e *El Heraldo Gallego*, dous xornais dirixidos por Valentín Lamas Carvajal. No número 27 da mesma rúa naceu Eduardo Blanco Amor.

_____, “A señorial rúa Hernán Cortés”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 27 maio 2018, p. 22.

Percorre a historia da rúa Hernán Cortés, da cidade de Ourense, a través dos seus edificios históricos. En concreto, no número 10 viviu toda a súa vida José García Mosquera e, tras a morte deste, faríao Filomena Dato. No número 27 viviu Lamas Carvajal. Ademais, sinala, nesta rúa estivo a sede dos xornais *La nacionalidad*, *Heraldo de Galicia* e *Crónica literaria*.

_____, “Rúa Padre Feijóo”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 24 xuño 2018, p. 22.

Artigo no que o autor repasa a historia da Rúa Padre Feijóo de Ourense, destaca no final do artigo que nun dos edificios da rúa, no número sete, tivo a súa sé o periódico semanal e rexionalista *As Burgas*, no cal participaron persoeiros como Santiago Álvarez de Novoa mais o seu irmán Francisco, Heráclito Pérez Placer, Filomena Dato, Curros Enríquez e Santiago Álvarez.

_____, “A praza do Corrixidor ou de Cimadevila”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 29 xullo 2018, p. 19.

Entre outros aspectos relativos á orixe e significación da praza do Corrixidor, comenta as primeiras obras nas que aparece esta praza, sobre todo a novela *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor.

_____, “A praza da Imprenta e Valentín Nóvoa”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 12 agosto 2018, p. 17.

No comentario sobre as casas que dan á praza da Imprenta ourensá, amenta que se colocou na praza “unha estatua de Castelao realizada polo escultor Manuel Bucíños en 2001” e que nesa praza exercera a avogacía dende 1844 Valentín de Nóvoa, a quen Ramón cualificara como “notable e pulcro escritor e xornalista tradicionalista”, idea que se recolle na lápida da casa natalicia sita no número 6 desa praza. Entre o labor de Nóvoa comenta que Manuel Curros Enríquez lle “lanzou foribundos ataques, alo menos en seis ocasións” ao que Nóvoa respondeu no seu xornal *La Lealtad*, subtítulo *Periódico monárquico*, sendo os escritos de ambos os escritores “contundentes á vez que críticos”.

_____, “A Praza das Damas”, *La Región*, “Ciudad”, “A Tribuna”, 9 setembro 2018, p. 14.

Tras informar que o Concello de Ourense, en sesión plenaria do 1 de febreiro de 1898, decidiu nomear “Modesto Fernández” á antiga rúa Tetuán, tamén coñecida por Praza das Damas e, anteriormente da Froita, explica que Modesto Fernández González foi colaborador xornalístico (en *Heraldo Gallego* de Orense, *Ilustración Gallega y Asturiana* de Madrid, e *Tierra Gallega* de La Habana); publicou entre outros libros *La hacienda de nuestros abuelos*, e promoveu en 1877, en Ourense, un premio literario en galego, dotado con 500 pesetas e que mereceu Manuel Curros polas obras “A Virxe do Cristal”, “Unha boda en Einibó” e “O gaiteiro de Penalta”. Reproduce así mesmo fragmentos de Otero Pedrayo, Vicente Risco e Olga Gallego Domínguez (no libro *A cidade de Ourense*) sobre a citada Praza e tamén verbas de Otero Pedrayo apuntando que fora veciño seu de edificio Florentino López Cuevillas e súa nai.

Román Alonso, Fernando, “A do Trigo, unha praza con moito avoengo”, *La Región*, “Ciudad”, “A tribuna”, 21 xaneiro 2018, p. 24.

A propósito dun estudo sobre a Praza do Trigo de Ourense recóllense as referencias de Antonio Rey Soto, Ferro Couselo, Vicente Risco e Olga Gallego en relación con este lugar.

_____, “A rúa da Barreira, na orixe de Auriabella”, *La Región*, “Ciudadanos”, “A Tribuna”, 4 febreiro 2018, p. 21.

No contexto dun artigo sobre a historia da rúa da Barreira alúdese a Otero Pedrayo e a Olga Gallego Domínguez.

_____, “Rúa San Domingos ou da Corredoira”, *La Región*, “Ciudadanos”, “La Tribuna”, 15 abril 2018, p. 16.

No contexto dun artigo sobre a historia da rúa San Domingos de Ourense alúdese a que viviu nela Filomena Dato Muruais e faise referencia ao libro *Filomena Dato: a poeta galega de entre séculos*. Tamén se explica que viviron alí Vicente Risco e López Cuevillas. Explícase que Otero Pedrayo fala desta rúa nos seus estudos sobre a cidade de Ourense.

Romero, Bieito, “Hórreos”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 23 xaneiro 2018, contracuberta.

No eido dun artigo sobre os hórreos faise referencia ás *Cantigas de Santa María* de Alfonso X O Sabio.

_____, “Aquel Madrid”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 17 abril 2018, contracuberta.

No contexto dun artigo sobre unha estadía en Madrid en 1888 alúdese á obra dramática de Marta Barcala e Xulio Lago titulada *Eu, Gulliver Ferreiro* que foi representada no Ateneo madrileño a cargo de Teatro Atlántico. Infórmase de que a peza estaba baseada na poesía de Celso Emilio Ferreiro. Tamén se di que Celso Emilio sería homenaxeado polo Día das Letras galegas o ano seguinte.

_____, “Bos Aires ten unha gaita”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 22 maio 2018, contracuberta.

Dá conta dos primeiros versos do poema “Cantiga do neno da tenda” de Federico García Lorca, un dos seis poemas que o poeta escribiría aos galegos cos que tiña contacto próximo polo exilio en Bos Aires.

_____, “O país da auga”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 29 maio 2018, contracuberta.

No marco dunha reflexión sobre a improtancia da auga en Galicia, propia dos pobos desta parte do Atlántico, e a súa ligazón coa paisaxe e o clima, remata por facer memoria dun dos títulos de Suso de Toro, “somos un dos pobos das brétemas”.

_____, “A Miro Casabella”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 14 agosto 2018, contracuberta.

Amenta textos de autores galegos por Miro Casabella caso de “Olla meu irmao”, poema de Celso Emilio sobre a figura de Castelao; e o desgarrador ‘Ti Galiza’, xunto con diferentes tipos de cantigas medievais galegas”.

Romero, Santiago, “Radio Océano, a banda sonora do atlantismo”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Caderno de verán”, n.º 36, 19 xullo 2018, p. 7.

Fai un percorrido pola historia de Radio Océano no que salienta a publicación *La Naval*, “cofundada por dous membros do grupo, na que brillaron nomes propios como o poeta Lois Pereiro, o ilustrador Miguelanxo Prado ou o cineasta Xabier Vilaverde”.

Rozas, Ramón, “Nas fauces do monstro”, *Diario de Pontevedra*, “Táboa Redonda”, n.º 115, 28 xaneiro 2018, p. 4.

Faise referencia á obra *Alma e o mar* (Galaxia, 2017) de Francisco X. Fernández Naval e coméntase o libro *Nova York: ceo e mazá* (Artepoética Press) un poemario tamén de Francisco X. Fernández Naval. Ponse de manifesto que esta última publicación pivota arredor da cidade de Nova York e no pouso que a súa configuración, sociedade, cultura, economía ou relixión deixan a quen escribe sobre ela. Sublíñase a relevancia da oposición entre os diferentes espazos emblemáticos que constitúen a cidade e os lugares opostos politicamente aos Estados Unidos espallados pola propia América, por Asia e África.

Destácase o emprego dos versos longos e a importancia que acadan na obra os conflitos e o sufrimento xerados no seo da poboación estadounidense tanto por causas alleas coma propias.

_____, “Feridas sen orificio de saída”, *Diario de Pontevedra*, 5 febreiro 2018, p. 7.

Dá conta da presentación do poemario gañador do XX Premio Francisco Anón de poesía, *Deshabitar unha casa* (2017), de Miriam Ferradáns. Indica que no acto estaban presentes a autora do prólogo, Lucía Novas, e a creadora do vídeo que acompaña as imaxes da escritora, Alba Sotelo. Sinala que a obra amosa un “imaxinario escuro e cheo de desacougo. Paxaros, sangue, lobos, infancia, feridas”.

_____, “Vivos y muertos”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, “La vida en un hilo”, p. 80, 7 febreiro 2018.

Destácanse as vivencias do autor na súa visita á illa de San Simón e fai fincapé na necesidade de entender aos escritores mortos para comprender aos vivos, mencionando, entre outros, a Carlos Oroza.

_____, “Mil versos en el camino”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 80, “La vida en un hilo”, 21 febreiro 2018.

Dá conta da celebración da editorial Visor que celebra os seus mil títulos con versos inspirados en palabras de Antonio Machado a través dunha ampla e excelsa nomina de participantes.

_____, “Os cadernos de Bragado”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 80, “A vida nun fío”, 18 abril 2018.

A raíz do cese de Manuel Bragado como director da Editorial Xerais alúdense a escritores da mesma coma Manuel Rivas ou Iria Misa e o seu libro *Segredos no solpor*.

_____, “Semente de dignidade”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 80, “A vida nun fío”, 25 abril 2018.

A propósito dunha reflexión sobre a memoria histórica e as vítimas do franquismo alúdense á tradución ao galego da obra de Manuel Rivas *Contra todo esto* e á súa próxima publicación a cargo de Editorial Xerais.

_____, “Valle-Inclán y ‘La lámpara maravillosa’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 30 abril 2018, p. 6.

A propósito da saída ao prelo da edición facsimilar do libro *La lámpara maravillosa* de Valle-Inclán a cargo da editorial Alvarellos, faise referencia á publicación anterior da edición facsimilar da obra *De catro a catro* de Manuel Antonio tamén por conta da mesma editorial.

_____, “Un burato na abstracción”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 14 maio 2018, p. 7.

Informa da publicación da obra *Tinta de luz* que realizou Berta Cáccamo en colaboración co seu irmán Pepe Cáccamo, onde mestura as composicións poéticas coa imaxe.

_____, “Hábitats humanos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Saga/Fuga”, 22 xuño 2018, p. 12.

Fala da dinamización da vida cultural que promove Pontevedra, en concreto coa celebración da segunda edición da ‘Festa dos Libros’ na que participarán quince librarías da cidade e unha de Portugal.

_____, “Letras de magnesio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 9 xullo 2018, p. 9.

Informa da exposición fotográfica de Anxo Cabada onde achega fotos de Chus Pato, Méndez Ferrín e Fina Casalderrey, entre moitos outros autores galegos, que escribiron textos para completar esta exposición.

_____, “La catedral y el niño”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 72, “A vida nun fío”, 25 xullo 2018.

A propósito da nova edición da novela *La catedral y el niño* de Eduardo Blanco Amor alúdese á obra *A Esmorga*. Tamén se menciona a relación deste autor con outros escritores galegos coma Risco, Castelao ou Otero Pedrayo e infórmase de que foi Blanco Amor quen editou os seis poemas galegos de García Lorca.

Rubia, Xoán, “A voltas coa memoria: o comezo”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 14 xaneiro 2018, p. 18.

No eido dun artigo sobre Voces Ceibes alúdese a Celso Emilio Ferreiro e ao poema “A Emigración” de Curros Enríquez.

_____, “Leite e queixo”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 1 abril 2018, p. 18.

No contexto dun artigo sobre a axuda que España recibiu dos Estados Unidos durante a posguerra cítase un fragmento da obra *Os libros arden mal* de Manuel Rivas.

_____, “O cabreo dialectal de Rosalía”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 17 xuño 2018, p. 18.

Remóntase ao saqueo pirata que se deu na Galiza antigamente con motivo das tramas de narcotráfico explicadas en *Fariña*, obra de Nacho Carretero. Estas historias, segundo as que a poboación prendía lumes para que os barcos afundiran e así atracalos, foron narradas por Rosalía de Castro nun artigo que causou bastante polémica no seu momento. O enfado de Rosalía ante esta recepción, tal e como amosa unha carta enviada a Murguía, fixo que non quixera escribir nada máis en galego.

_____, “O galego que non fala...”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 23 setembro 2018, p. 18.

Asegura que “de pouco serve argumentar que o galego chegou a ser a primeira lingua romance, popular e culta da península e que non foi casual que Alfonso X o Sabio aló polo século XIII escribira as ‘Cantigas de Santa María’ en galego ou que o Marqués de Santillana no século XV fora o primeiro en considerar a Galicia coma o berce da poesía lírica peninsular”. Lembra que “será no XIX coa presenza de Rosalía de Castro cando o galego retoma folgos da man desta muller popular e irrepetible que deu voz en galego aos ‘sin voz’”. Afirmar que “hoxe o galego, salvando honrosas excepcións segue a ser unha lingua suburbial, proletaria e mariñeira como dixo o Poeta Manuel María no seu poema ‘idioma meu’”.

Salgado, Daniel, “De odiseas e exilios”, *Sermos Galiza*, n.º 325, “fóradeserie”, “Entrementres”, 5 decembro 2018, p. 8.

Fai unha comparación entre a *Esmorga* de Blanco Amor e o *Ulises* de Joyce, facendo especial fincapé nos vínculos destes autores coas súas cidades natais, é dicir, con Ourense e Dublín.

Salgado, Fernando, “Mujeres a pie de página”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “La quilla”, 8 marzo 2018, p. 16.

No contexto dunha reflexión sobre a folga feminista e sobre a necesidade de recuperar figuras históricas femininas alúdese a Rosalía de Castro e a Castelao.

Salgado, Juan, “Ourense distingue a los mejores”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A son de mar”, 14 abril 2018, p. 3.

No contexto dun artigo no que se informa da concesión da Medalla de Ouro de Ourense a Eligio Rivas aplícanse ao gañador as seguintes palabras de Otero Pedrayo: “catador dos viños espirituales”, “eternos estudiosos ... viven sempre na curiosidade da adolescencia”.

Salgado, Rafael A., “Maestros y compañeros de Otero Pedrayo”, *La Región*, “Ourense”, “Ourense no tempo: álbum de verano”, 13 xaneiro 2018, p. 12.

Nunha serie de fotografías de estudantes do Instituto de Ourense destácase a presenza de Otero Pedrayo.

_____, “Auria en la Gran Guerra (1914-18)”, *La Región*, “Ciudad”, “Ourense no tempo: imaxes lembranzas”, 7 decembro 2018, p. 14.

No contexto dun artigo sobre a historia de Ourense durante a II Guerra Mundial alúdese a diversos escritores galegos como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Losada Diéguez, Eduardo Blanco Amor, Curros ou Lamas Carvajal.

Sánchez Andrade, Cristina, “O noxo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Alguien bajo los párpados”, 1 outubro 2018, p. 15.

Despois de afirmar que “no puedo evitar sentir lo mismo que el personaje de *O noxo* (*El asco*), uno de mis cuentos favoritos de otro escritor gallego, Eduardo Blanco Amor”, resume ese conto.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “Querido Isidro”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, n.º 200, 21 xuño 2018, p. 2.

Sentidas palabras expresadas tras o finamento do poeta Isidro Novo, destacando o uso que facía da palabra unha forte ferramenta coa que soste o noso idioma.

Sánchez Soto, Marina, “O meu Don Víctor Campio Pereira”, *La Región*, “Opinión”, 26 xullo 2018, p. 39.

Lamenta o pasamento do poeta Víctor Campio Pereira ao que describe como un home comprometido coa Galiza e a súa cultura.

Sanmartín, Goretti, “O libro galego precisa un cambio político”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Liña aberta”, 8 febreiro 2018, p. 19.

Defende o labor levado a cabo por Rosalía de Castro, Xohana Torres, Luís Seoane, Ánxel Casal, os irmáns Álvarez Blázquez, Fernández del Riego e Francisco Pillado a prol do libro galego.

Sanmartín, Xabier C., “El papel aún gana a lo digital”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Margen izquierda”, 23 abril 2018, p. 32.

Alude ao feito de que Fran Alonso, novo director da editorial Xerais, asinou a campaña da Consellería de Cultura “Non leas porque a lectura é rebelión”.

Santalices Vieira, Miguel Ángel, “No Día de Galicia”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, “Cultura”, 25 xullo 2018, p. 4.

Afirma que “todas as galegas e galegos deberiamos reler cada 25 de xullo Alba de Goria, por ser permanente fonte de inspiración, de emoción e de orgullo de sermos galegos”. Lembra que a celebración do Día de Galicia “foi proposta pola II Asemblea das Irmandades da Fala en 1919 a instancias de persoeiros da Xeración Nós como Otero Pedrayo, Risco ou Cuevillas, convencidos de que o Día de Galicia debía celebrarse coincidindo coa festividade do Apóstolo Santiago, intimamente unido á nosa historia”. Asevera que “a Castelao, e a tantos outros patriotas galegos que dedicaron unha vida de sacrificio na procura dunha Galicia mellor, os galegos de hoxe rendemos tributo de gratitude e recoñecemento” o 25 de xullo.

Santalla, María, “A lingua pide paso”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Diario del 68. El año que cambiño El Mundo”, 29 abril 2018, p. 12.

No contexto dun artigo sobre a entrada do uso do galego no ensino alúdese a Ricardo Carballo Calero e dise que foi o primeiro en dar materias en lingua galega na universidade compostelá.

Senén, Felipe, “Polo San Brais máis día verás”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 4 febreiro 2018, p. 27.

Destaca a presenza da devoción popular (anxos, demos e santos) nas obras de Cunqueiro, Manuel María, Casares e Alfredo Conde.

_____, “Luís Monteagudo (1919-2018), arqueólogo coruñés”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 18 febreiro 2018, p. 24.

Dá conta da vida do arqueólogo Luís Monteagudo e do labor desenvolvido en Galicia. Destaca que Lúgrís Freire foi alumno de seu pai, Manuel Monteagudo.

_____, “Paisaxes e paisanaxes do pintor Sucasas”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 25 febreiro 2018, p. 28.

Comenta a vida do pintor galego Alfonso Sucasas. Destaca o seu labor no semanario *A Nosa Terra* e a conexión con Blanco Amor, Laxeiro, Lúgrís e Lodeiro.

_____, “Galiza e Carmiña Martín Gaité”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 11 marzo 2018, p. 27.

No contexto dun estudo sobre a produción literaria de Martín Gaité alúdese á influencia da obra de Rosalía de Castro sobre a os escritos desta autora. Afóndase na pegada da paisaxe e da idiosincrasia galega que amosan as súas obras e menciónase a Otero Pedrayo.

_____, “García Martínez, o Seminario de Estudos Galegos e o Museo do Pobo”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 25 marzo 2018, p. 24.

No eido dun artigo sobre o Museo do Pobo Galego e a súa historia alúdese a Isaac Díaz Pardo, á obra de Celso Emilio Longa *Longa noite de pedra*, a Fermín Bouza Brey, a Xaquín Lorenzo ou a Antón Fraguas.

_____, “Día das Artes Galegas 2018 e o arquitecto pontevedrés La Sota”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 1 abril 2018, p. 24.

No contexto dun artigo sobre a homenaxe ao arquitecto La Sota polo Día das Artes Galegas do 2018 onde se repasa a súa vida e obra alúdese a escritores galegos como Castelao, Filgueira Valverde ou Losada Diéguez.

_____, “Ars Amandi ou o raio do desacougo”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 8 abril 2018, p. 26.

No eido dunha reflexión sobre o amor e o erotismo faise referencia a Manuel María.

_____, “18 abril, Día dos Monumentos: herdo pras nosas xeracións”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 15 abril 2018, p. 26.

No contexto dun artigo sobre o Consello Internacional dos Monumentos e dos Sitios e do patrimonio cultural alúdese a Otero Pedrayo, a Castelao, a Isaac Díaz Pardo ou a Luís Seoane.

_____, “Cerdeiras florecidas de abril”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 22 abril 2018, p. 27.

No eido dun artigo sobre as cerdeiras alúdese a Castelao e á presenza desta árbore nos escritos de Manuel María e Bouza Brey.

_____, “Liberté, égalité, fraternité”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 13 maio 2018, p. 26.

Repasa os últimos cincuenta anos da historia mundial reflexados na cultura popular e, en concreto, na galega. Destaca a publicación de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, os murais de Quessada, o nacemento de *Voces Ceibes*, a creación de agrupacións culturais como O Galo, O Facho, Auriense, Abrente...

_____, “Alicornos pra alentar a fantasía e a poesía”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 27 maio 2018, p. 26.

Investiga sobre figuras mitolóxicas na tradición literaria, en concreto a figura do alicornio, que xa aparece en tapices da condesa de Pardo Bazán no pazo de Meirás e que tratará Quintiá Pereira en *Alicorno, o poder do corno do unicornio na medicina tradicional galega*.

_____, “Diálogo da auga e as gárgolas, recurso con mito e arqueoloxía”, *Sermos Galiza*, n.º 299, “fóradeserie”, “Eira das Mouras”, 7 xuño 2018, pp. 2-3.

Ofrece un estudo en profundidade sobre a cultura da auga e a choiva na cultura galega ao mesmo tempo que fai referencia ás pegadas deste asunto na literatura galega como no discurso de entrada na Real Academia Galega de Fermín Bouza Brey, *A mitoloxía da auga no noroeste hispano* (1973), o propio discurso de entrada á Academia de Belas Artes de Felipe Senén, *Auga e as fontes en Galiza* (1987). Máis adiante reflexion a tamén sobre a presenza das gárgolas e, para iso, apunta a *O espello no serán*, de Ramón Otero Pedrayo así como un poema de Manuel María.

_____, “No principio foi a auga”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 10 xuño 2018, p. 26.

Reflexiona sobre a importancia fundamental da auga como creadora de vida e artelladora das comunidades. Fai unha breve escolma sobre algúns libros galegos que tratan esta temática: partindo do *De correctione rusticorum* de Martiño de Dume, pasando por *O libro da auga* (1995) de Xosé Chao Rego, *Historia de las aguas minerales de Galicia* (1995) de Fausto Galdo, *O lecer das augas, historia dos balnearios de Galicia 1700-1936* (2011) de Luís Alonso, Elvira Lindoso e Margarita Vilar e o compendio *As augas de*

Galicia (1996) publicado polo Consello da Cultura Galega.

_____, “Tenreiro Brochón, pintor do espírito da paisaxe”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 8 xullo 2018, p. 24.

Recolle a vida e obra do pintor Antonio Tenreiro Broch3n, que tivo unha importante carreira tam3n no exilio, impulsado por D3az Pardo e Lu3s Seoane, que lle abr3r3an as portas do Centro Lucense de Bos Aires.

_____, “O ‘Bosque de Galicia’, o Monte Ilicino e o Libred3n”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 19 agosto 2018, p. 25.

Entre outros aspectos vinculados coa cultura galega, salienta a integraci3n paisaxe e paisanaxe recreada por Wenceslao Fern3ndez Fl3rez en *El Bosque Animado*; nomea os bosques nos que “Cunqueiro ou 3nxel Fole se inspiraron pra seguir a tecer no tear inacabado da cultura”; alude 3 historia falsificada “contada no s3culo XII no *Calixtino* e no XIII por Xacobe de Vonigine na *Lenda Dourada*”; amenta o cap3tulo dedicado ao *Libred3n* no *Libro de Santiago* de Filgueira Valverde, ilustrado por Sesto e o feito de que tam3n inspirara a novela *Fida la hija del 3ltimo druida Carballo* do xesu3ta arque3logo Xes3s Carballo; apunta a cerna intelectual de Santiago de Compostela que amosa Otero Pedrayo en *O Espello no ser3n*, e que complementa en *Entre o Pedroso o Viso*, se ben na cidade compostelana, a morte, “s3bese infanzona, maorazga, prioira e ra3ña ... calcando nas lousas o cami3o do amor”, segundo Otero Pedrayo; e tam3n nomea a Ra3ña Lupa. Remata aseverando que “onde non hai cultura hai acultura, asepsia”.

_____, “A derradeira lecci3n do mestre Castelao”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 28 outubro 2018, p. 24.

No contexto dun artigo sobre o cadro de Castelao “A derradeira lecci3n do mestre” al3dese ao Rexurdimento, ao Padre Sarmiento, a Rosal3a, a Vicente Risco, a Pilar Garc3a Negro, a Manolo Rivas, a D3az Pardo ou a Seoane e c3tanse diversos fragmentos do himno galego. Tam3n se citan as obras *Sempre en Galiza* e *Lingua das bolboretas* de Manuel Rivas.

Seoane, Isabel, “Flipad3sima”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “Retallos”, 4 decembro 2018, p. 17.

A prop3sito dunha reflexi3n sobre a igualdade de x3nero c3tanse as seguintes verbas de Castelao: “Non vos riades, porque o conto 3 triste”.

Seoane, Lu3s, “A iron3a galega”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “136 a3os de opini3n”, “A ledicia de ler”, 22 xullo 2018, p. 17.

Recolle unha audici3n radiof3nica da revista *Galicia emigrante* que data do 22 de abril de 1956. Nela describe a importancia que ten o humor e a retransca galega tanto en autores de lingua galega (dende as cantigas medievais, pasando por Rosal3a, Pondal e Curros, at3 Castelao e Maside) como de lingua castel3 (Valle-Incl3n). Os estudos deste tema da idiosincrasia galega foron iniciados por *Iderium dun aldeano*, de Pita y S3nchez-Boado,

e que despois serían continuadas por Rafael Dieste, Ramón Piñeiro, García Sabell, entre outros.

Siro, “A muller e o demo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fío”, 10 marzo 2018, p. 13.

No contexto dunha reflexión sobre a manifestación feminista faise referencia á figura do demo e ao tratamento que lle deron os autores Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro.

_____, “Álvaro Cebreiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fío”, 28 maio 2018, p. 14.

Fala sobre a figura de Álvaro Cebreiro con motivo do nomeamento dunha rúa na honra do artista e recorda que escribiu xunto con Manuel Antonio o manifesto vangardista *Máis alá!* en 1922. O propio autor do artigo, Siro, publicou un libro no que estuda aspectos da súa obra e biografía: *Falemos de caricatura*.

_____, “O día 25 de xullo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fío”, 28 xullo 2018, p. 13.

Co gallo da celebración do Día da Patria Galega alúdese ao texto *Alba de Groria* de Castelao e a Rosalía de Castro.

Skinner, James, “Traducir un libro”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 3 novembro 2018, p. 22.

No contexto dunha reflexión sobre o labor de traducir libros faise referencia á obra de Domingo Villar *A praia dos afogados*. Tamén se alude á tradución ao galego do Ulises de Joyce a cargo de María Alonso Seisdedos.

Soto, Juan, “Porteiro Garea, siempre olvidado”, *ABC*, “Galicia”, “El garabato del torreón”, 19 marzo 2018, p. 64.

Con motivo do centenario do pasamento de Porteiro Garea, menciónase a descrición que fixo Manuel María de Pepe Benito. Menciónase a participación de Porteiro na publicación *A Nosa Terra*. Alúdese á opinión de Carballo Calero sobre Porteiro Garea e Castelao.

Souto, Xurxo, “Historia do rock & roll”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Caderno de verán”, n.º 36, 19 xullo 2018, p. 3.

No seu repaso pola historia deste xénero musical, comenta que nos anos oitenta, en Coruña, destacaba a poesía, xa que “o colectivo De Amor e Desamor enchía salas cos seus recitais. Entre eles, Lois Pereiro, un poeta punki. O seu irmán, Jonny Rotring, mesmo tiña un conxunto: Radio Océano” e tamén sinala que era tempo doutra “nova estética da que nada sabiamos pero que moito nos prestou: O Atlantismo. Dende entón seguimos a berrar. *Como o vento!*”.

Susu, “Yo también quiero navegar”, *La Opinión*, “Día de la eliminación de la violencia contra la mujer”, *Faro de Vigo*, “La mirada femenina”, 25 novembro 2018, p. 31.

Faise unha achega á figura de Penélope a través de citas dos textos *Follas Novas* de Rosalía de Castro, *Tempo de Ría* de Xohana Torres e *Circe ou o pracer do azul* de Begoña Caamaño.

Tallón, Juan “Qué vamos a hacer ahora”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 159, 25 novembro 2018, p. 5.

No contexto dunha reflexión sobre a incerteza que implica o futuro faise referencia á obra de Cid Cabido *Tres pintores*.

Teijeiro Rey, Iolanda, “Os Cidadáns e outros neurópteros lingüicidas”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 14 febreiro 2018, p. 4.

Dá conta da existencia dunha antoloxía de textos publicada no ano 1973 a prol da lingua galega. Entre eles, destaca un fragmento de Carvalho Calero.

_____, “Rosalía e o caldo das pobres”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 5 marzo 2018, p. 16.

Louva a figura de Rosalía de Castro e reflexiona criticamente sobre as homenaxes que se realizan no seu nome hoxe en día. Reproduce pequenos fragmentos das súas obras.

_____, “A patria dos buscadores de traves de ouro”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 7 agosto 2018, p. 4.

No contexto dun artigo sobre as ideas políticas de Rafael Diestee a situación social e política actual, faise referencia ás súas obras en galego *Félix Muriel* e *Viaxe e fin de don Frontán*.

_____, “En Muras, as formigas”, *Diario de Ferrol*, “Espazo libre”, 13 agosto 2018, p. 24.

Nunha columna cun marcado estilo literario, e acirrada pola contemplación dunha ringleira de formigas baixo os carballos, lembra unha obra de Xosé Luís Méndez Ferrín, *O crepúsculo e as formigas*.

_____, “Homenaxe a Ferrín”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 10 setembro 2018, p. 24.

Principia comparando dúas homenaxes privadas: a de Jean-Paul Sartre nos anos setenta e a de Méndez Ferrín nos oitenta. Detalla a importancia da figura de Méndez Ferrín, establecendo semellanzas ao modo das *Vidas paralelas* de Plutarco entre *Temps Modernes* de Sartre e *A trabe de ouro* de Ferrín, e o siamesismo de ambos os dous en canto a “literatura e política”.

Trigo, Xosé Manuel G., “Primaverizar a lingua”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Á beira do Sar”, 3 marzo 2018, p. 3.

No contexto dunha reflexión sobre a situación do galego alúdese a Álvaro Cunqueiro e á súa obra e tamén se menciona a Castelao.

_____, “Gozo e sombra”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Á beira do Sar”, 28 xullo 2018, p. 3.

Faise referencia a Antonio Fraguas e dise que vai ser o homenaxeado polo Día das Letras Galegas de 2019.

_____, “Coñecerse a si mesmo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Á beira do Sar”, 8 setembro 2018, p. 3.

No contexto dun artigo sobre lecturas de verán alúdese a Castelao e á súa obra *Cousas*.

Val, Marga do, “Benquerida Ana”, *Sermos Galiza*, n.º 320, “Opinión”, 31 outubro 2018, p. 5.

No contexto dun artigo sobre a situación política actual, faise referencia á obra *Entre dunas* e aos escritores Queipo e Fernán Vello.

_____, “Benquerido Alexander:”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “Opinión”, “E-pistola-rio”, 15 marzo 2018, p. 5.

Lembra o pasamento das escritoras galegas Mariví Villaverde, Luísa Villalta e Xela Arias.

_____, “Caro Diario Cultural:”, *Sermos Galiza*, n.º 300, “Opinión”, “E-pistola-rio”, 14 xuño 2018, p. 5.

Lamenta a disolución do *Diario cultural* xa que foi un órgano difusor de cultura que permitiu difundir as composicións de Ana Romaní, Antón Lopo, Anxo Quintela...

Varela, Amadeo, “As Letras”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Visións”, 22 xuño 2018, p. 17.

Critica o rexeitamento continuado da Real Academia de nomear a Carballo Calero como homenaxeado do Día das Letras Galegas e esixe unha explicación ao considerar que ten méritos suficientes como para merecelo.

Varela, María, “Sofá, caderno e boli”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/*El Progreso*, p. 72, “A lume maino”, 16 xaneiro 2018.

Reflexiona sobre os costumes dos escritores á hora de concentrarse para crear.

Concretamente, sinala que Fina Casalderrey se rodea de personaxes para atopar inspiración.

_____, “Desta vai!”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/*El Progreso*, p. 72, “A lume maino”, 6 marzo 2018.

A propósito dun artigo sobre as actividades que se desenvolveron na celebración do foro “As mulleres que opinan son perigosas” alúdese a un debate sobre maternidade no que participou a escritora Inma López Silva.

_____, “Soñar cos pés na terra”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/*El Progreso*, p. 72, “A lume maino”, 24 abril 2018.

Faise referencia á nova edición do recital Pontepoética e alúdese a diversos autores participantes coma Rivas e Yolanda Castaño. Tamén se fai referencia a un acto de celebración do Día do Libro e á participación nel de Tamara Andrés, Kiko Dasilva, Xesús Constela, Víctor Rivas, Eva Mejuto, Miriam Ferradáns, Manuel P. Lourido e Ana Cabaleiro.

_____, “Musa dos poetas”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “*Día de Galicia*”, “Cultura”, 25 xullo 2018, pp. 47-48.

Informa sobre a escolma de versos de Uxío Novoreyra elaborada polas poetas Yolanda Castaño, Marga Tojo, Tamara Andrés e Helena Villar Janeiro para conmemorar o 25 de xullo e a gran dificultade que isto supón tendo en conta a magnánime produción do escritor homenaxeado.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “O (duro) caso do centro galego de Buenos Aires”, *La Región*, “Opinión”, 6 xaneiro 2018, p. 30.

Con motivo da venda do edificio no que se atopa o Centro Galego de Buenos Aires, faise un pequeno percorrido pola súa historia. Destácanse, entre as pertenzas máis relevantes, o Fontán que levou Otero Pedrayo e a estatua branca de Rosalía de Castro.

_____, “Actos matutinos”, *La Región*, “Opinión”, 9 xaneiro 2018, p. 28.

Entre outros actos, dá conta da entrega do premio Otero Pedrayo a Manolo Buciños e Aciselo Manzano, no Pazo de Trasalba.

_____, “Máis sobre o Centro Galego de Buenos Aires, etc.”, *La Región*, “Opinión”, 20 xaneiro 2018, p. 28.

A propósito dun artigo sobre o peche do Centro Galego de Bos Aires afóndase na historia desta institución e alúdese ás intervencións de Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Paco del Riego, Paz Andrade ou Carlos Casares nel.

_____, “Aínda máis sobre os galegos de Buenos Aires”, *La Región*, “Opinión”, 23 xaneiro 2018, p. 29.

A propósito dun artigo sobre os centros e actividades desenvolvidas polos galegos en Bos Aires alúdese a Eduardo Blanco Amor e a Otero Pedrayo.

_____, “Suebi Aurienses”, *La Región*, “Opinión”, 3 febreiro 2018, p. 30.

No contexto dun artigo sobre unha exposición sueva, alúdese a Otero Pedrayo e a Marcos Valcárcel.

_____, “As linguas do rei”, *La Región*, “Opinión”, 17 febreiro 2018, p. 30.

Lembra a presenza dun membro da monarquía española nun acto de apertura de curso no colexio Ben-Cho-Shey, nome que evoca “a memoria de don Xosé Ramón Fernández Oxea”.

_____, “Traducir a Esmorga ao galego”, *La Región*, “Opinión”, 20 marzo 2018, p. 31.

Indica que, despois de ler a versión inglesa da obra *A Esmorga*, resultaría de interese facer unha edición en galego seguindo a normativa actual desta última lingua a partir da tradución ao inglés. Reflexiona sobre a necesidade de reeditar obras de Risco, Otero, entre outros, ou tamén *A Fiesta Baldeira* de Dieste adaptándoas á normativa actual do galego.

_____, “Elixio Rivas, un marabilloso acerto”, *La Región*, “Opinión”, 24 marzo 2018, p. 29.

No contexto dun artigo no que se informa da concesión da Medalla de Ouro de Ourense a Eligio Rivas menciónase a Eduardo Blanco Amor e tamén a Ben Cho Shey.

_____, “Patrimonio sombrío”, *La Región*, “Opinión”, 24 abril 2018, p. 31.

No eido dunha reflexión sobre o patrimonio material e inmaterial, alúdese a Otero Pedrayo, Carlos^[1]Baliñas, Xosé Luís Franco Grande, Ramón^[1]Lorenzo e Gonzalo Rodríguez Mourullo. Tamén se inclúen fragmentos dun poema que Otero Pedrayo enviou nunha carta a Xosé Luís Franco Grande.

_____, “II Festa da Vendima. Leiro, 1964”, *La Región*, “Opinión”, 5 xuño 2018, p. 29.

Informa do descubrimento na Biblioteca de Ourense dun folletín de 1964 co título *II festa d’a vendima. Ribeiro de Avia. Leiro 1964*. Conta coa participación de Otero Pedrayo con dous artigos: “Lembranza en honor de Eladio Rodríguez González” e “A vendima”. Tamén ten dúas composicións poéticas de Celso Emilio Ferreiro: “Atardecer en Leiro” e “Viño do Ribeiro”. Antón Trovar e Álvaro Cunqueiro tamén fixeron pequenas composicións para este folletín.

_____, “Unha volta ao premio de poesía Cidade de Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 7 xullo 2018, p. 36.

Ao fío do recente ditame do xurado do XXXIV premio de Poesía Cidade de Ourense, fai unha síntese da historia deste galardón e incide en que “pensen que coas bases actuais, o maior poeta que ten dado a cidade, José Ángel Valente, non se podería ter presentado”. Así mesmo afirma que “Se estivese na miña man, riparíalle mil euriños a este premio e

con eses mil recuperaríase o 'Premio de contos para a mocidade, Cidade de Ourense' que organizaba a Casa da Xuventude desde 1984 e poríalle o nome de Benito Losada, o seu creador: 'Premio Benito Losada de Contos para a Mocidade'.

_____, "A cambios no Consello da Cultura Galega", *La Región*, "Opinión", 10 xullo 2018, p. 37.

Fai referencia, con motivo do nomeamento de Rosario Álvarez como directora do Consello da Cultura de Galicia, a que escritores como Carlos Casares, Otero Pedrayo, Castelao, Alfredo Conde e outros foron parlamentarios, reafirmándose no dito de que Galiza foi construída por escritores.

_____, "Cruzar a Ponte", *La Región*, "Opinión", 21 xullo 2018, p. 38.

Partindo da lámina da Ponte Nova realizada polo debuxante David Rubín, expóñense unha serie de lembranzas sobre a súa vivencia da Ponte Nova.

_____, "Cazando menceiros", *La Región*, "Opinión", 24 xullo 2018, p. 37.

Inserido nunha reflexión sobre os horarios dilatados da época estival, introdúcese unha breve referencia á obra en castelán literario-filosófica do escritor e antropólogo galego Manuel Mandianes, *En blanco*.

_____, "Día das Galicias", *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, "Día de Galicia", "Sociedade", 25 xullo 2018, pp. 34-35.

Dá conta da relación entre os tempos actuais de cambios e transformación de esencias cos relatados por Otero Pedrayo na obra *Os camiños da vida*, concretamente no capítulo "Variación da paisaxe". Tamén reflexiona sobre a Galicia de hoxe en día e aquela do ano 1931, cando no Día de Galicia, Otero, Castelao, Paz Andrade e Ramón Cabanillas falárono no Teatro Fraga de Vigo.

_____, "O centro ourensán, nova oportunidade", *La Región*, "Opinión", 28 xullo 2018, p. 39.

Principia comentando que lle informaron dende Bos Aires que se vende o local do Centro Ourense, sito ao pé do Centro Galego e "lugar emblemático como 'casa' do galeguismo porteño, da Irmandade Galega e o Consello de Galicia, nos anos corenta e cincuenta e no solpor dos sesenta -e sede vital onde despachaba Castelao durante os seus derradeiros anos-". Salienta ademais que alí "lle fixo Blanco Amor a famosa foto na que aparece o rianxeiro cunha bandeiriña galega por riba da mesa, pouco antes de ingresar, definitivamente, no Centro Galego para morrer".

_____, "Casas de...", *La Región*, "Opinión", 20 outubro 2018, p. 33.

Dáse noticia da celebración dunhas xornadas no Pazo Museo de Otero Pedrayo organizadas pola Asociación de Casas Museo e Fundacións de Escritor. Dise que o evento incluíu uns roteiros literarios baseados n'*A Esmorga* e na obra de Carlos Casares e unha charla de Luís G. Tosar na que aludiu a Risco, a Otero Pedrayo, a Cuevillas, á Xeración Nós, a Lamas Carvajal, a Blanco Amor ou a José Ángel Valente.

_____, “XI Jinping, Otero Pedrayo e o museo”, *La Región*, “Opinión”, 27 outubro 2018, p. 33.

No eido dun artigo sobre varias cuestións de actualidade menciónase a necesidade de reforma do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Do mesmo xeito, recóllese un fragmento dunha carta de Otero Pedrayo a Filgueira Valverde na que o primeiro amosa a súa postura contraria ao abandono por parte do bispo do pazo, actual Museo Arqueolóxico.

_____, “Aqueles anos do Curros...”, *La Región*, “Opinión”, 3 novembro 2018, p. 30.

No contexto dun artigo sobre os recordos da nenez na escola alúdese a Rosalía de Castro.

_____, “Sobre o ‘Samaín’”, *La Región*, “Opinión”, 6 novembro 2018, p. 30.

Nun artigo sobre as orixes do Samaín alúdese a unha carta de Risco a Manuel Antonio sobre as vangardas poéticas.

_____, “Antón Fraguas, do SEG ao IPSEG”, *La Región*, “Opinión”, 10 novembro 2018, p. 34.

Sinala que Antón Fraguas será o homenaxeado nas Letras Galegas de 2019. Comenta a historia do Seminario de Estudos Galegos, os seus integrantes (Cuevillas, Pedrayo, Risco...) e o motivo da súa desaparición. Explica a orixe do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Destaca esta publicación periódica serviu como punto de encontro entre vellos e novos galeguistas.

_____, “A gramática de Saco, e outras Celebracións”, *La Región*, “Opinión”, 17 novembro 2018, p. 37.

Reflexiónase sobre o feito de que non se lle adicase o Día das letras Galegas a Juan Antonio Saco e Arce por ser autor da primeira gramática galega e contar con produción poética. Achéganse unha serie de causas que xustificarían este feito. Tamén se menciona que Risco, nun artigo, alude ao labor de Saco e Arce a prol da lingua galega.

_____, “Aquel discurso de Castelao...”, *La Región*, “Opinión”, 20 novembro 2018, p. 30.

Recóllese un discurso de Castelao sobre Ourense que tivo lugar no Centro Ourensán en marzo de 1945. Tamén se menciona a súa obra *Sempre en Galiza*.

_____, “Varrendo pra casa: nós e la región...”, *La Región*, “Opinión”, 27 novembro 2018, p. 29.

Faise referencia ao centenario da revista *Nós* e alúdese a escritores como Risco, Otero, Cuevillas, Lamas Carvajal, Losada Diéguez, Ferro Couselo ou Ben-Cho-Shey. Afóndase na relación destes escritores coa historia da publicación e na traxectoria da revista tendo en conta a situación política na que sae á luz.

Vázquez Pintor, Xosé, “Rosa en Iria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 3 marzo 2018, p. 24.

Faise referencia á obra poética en galego de Rosalía de Castro e á súa influencia no poemario *Seara* de Vázquez Pintor. Recóllense os seguintes versos extraídos da obra: “¿Cómo nos vai na urdime das palabras/ por tanto aniversario que trasnoita/ e anda en soño sentido nas esperas?/ E véxote sempre vir de algar canda os fulgores/ do solsticio, noite e Luz que nos amence e somos/ posuídos pola maxia das fontes e dos mares:/ versos brancos cabalados no alto coma pedra/ informe onde asubía o vento dos refachos/ que despois vai no auxilio de alguén que chama ao lonxe/ e grita : «ven axiña, non pouses, sube ao colo/ da Terra e cadra aquí con Nós un Tempo/ de silencio, encantenón outra mornura/ e antes foxe o desamor, o esquenzo, a tolería/ de non ser senon aquela sombra que acompaña:/ Rosalía na danza da risa e da intemperie/ Nunca altares”.

_____, “Na memoria de Isidro Novo”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “A fondo”, 21 xuño 2018, p. 7.

Exalta a palabra e a obra de Isidro Novo, que dignifica a nosa terra e a nosa lingua.

Veiga, Abel, “Santiago, meu amor”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Galería de palabras”, 12 agosto 2018, p. 2.

Comenta os cambios observados na cidade de Santiago de Compostela, á que volta “cada verán” e sobre a que escribira o poemario *Noites de verán*. Recoñece que a cidade compostelá lle gusta “chea de xente, e tamén no silencio da soedade da noite”.

Veiga, Marta, “No controles”, *Diario de Pontevedra*, “Nube tóxica”/ *El Progreso*, “Opinión”, 22 febreiro 2018, contracuberta.

En relación coa música pop española, cita a Darío Xohan Cabana e a Manuel María.

_____, “Mary Shelley e as reliquias da morte”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 133, 20 maio 2018, pp. 2-3.

Informa sobre a publicación, en 1988, de *Frankenstein ou o moderno prometeo* traducido ao galego por Fernando Tato Plaza para la colección Costa Oeste de Galaxia. Daquela, hai douscentos anos, marabillara aos escritores da época coma Walter Scott ou Wilson Croke. Dá conta, tamén, da publicación en 2011 de *Mary Wollstonecraft e a súa criatura artificial* en Xerais, no que María Xosé Queizán sostén que a autora trataba de desvincular o nacemento humano da preñez e o parto, proceso biolóxico que causaba mortes prematuras.

_____, “Tra Trá. O trap non é país para vellas”, *Diario de Pontevedra*, “Nube tóxica”/ *El Progreso*, “Xente de aquí”, 11 novembro 2018, p. 16.

No contexto dun artigo sobre a cantante Rosalía menciónase a Rosalía de Castro e a Castelao. Tamén se fai referencia á obra *Rosalía de Castro. Cantos de independencia de liberdade (1837-1863)* de María Xesús Lama e dise que foi merecedora do premio

Nacional de Ensaio. Por último, alúdese ao poema ‘A xustiza pola man’.

Veiga Taboada, Manuel, “Libros da prisión, a literatura como fuga”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 119, 25 febreiro 2018, p. 6.

A partir da metáfora da prisión coma símbolo do amor, reflexiónase sobre os autores que escribiron dende o cárcere, como San Juan de la Cruz ou que fixeron un retiro para escribir, como é o caso de Manuel Rivasque pasou seis meses en Irlanda para escribir *En salvaxe compañía*.

_____, “De Toro, Reixa e Pereiro, os rupturistas”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 125, 8 abril 2018, p. 6.

No eido dunha reflexión sobre os vieiros da literatura galega explícase que a do século XX estivo marcada Suso de Toro, Antón Reixa e Lois Pereiro. Afóndase no carácter innovador das achegas destes tres autores á literatura galega. Tamén se alude a Castelao.

Vello, Cándido, “Bo farrapo o da casa natal de Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Farrapos”, 20 febreiro 2018, p. 17.

Dáse conta da decisión do concello de Ferrol de rehabilitar a vivenda de Carballo Calero.

Ventura, Joaquim, “Romper con todo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 665, “Libros”, 19 abril 2018, p. VI.

No contexto dun estudo sobre a obra poética de Nicanor Parra menciónase a Vicente Risco e o seu libro *O porco de pé*. Apúntase que Celso Emilio Ferreiro lle dedicou ao poeta chileno o poema “Os meus amigos” da obra *Onde o mundo se chama Celanova* e que outro dos coñecedores da produción de Nicanor Parra foi Manuel María.

_____, “Pauto do Demo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 666, “Libros”, 26 abril 2018, p. I.

No contexto dun estudo sobre a presenza do demo na literatura alúdese, no tocante á literatura galega, á primeira cantiga de milagres de Alfonso X O Sabio escrita en galego, á obra coñecida como *Ciprianillo* ou *Libro de San Cipriano*, a Vicente Risco e ao libro de Ánxel Fole *Pauto do Demo* (1958). Infórmase de que nesta última obra o autor representa as crenzas espirituais propias de Galicia.

Vigo, Daniel, “Hay que morirse”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, “Palabra en el tiempo”, 24 xaneiro 2018, p. 26.

A propósito dunha reflexión sobre a chegada do recoñecemento artístico, literario, cultural ou social despois da morte, alúdese ás figuras Rosalía de Castro, Castelao, Pondal, Cunqueiro ou Lois Pereiro a modo de exemplo.

Villares, Alfonso, “A terra nai”, *El Progreso*, “Opinión”, 25 xullo 2018, p. 34.

No eido dunha reflexión sobre os recursos biolóxicos de Galicia alúdese a Cunqueiro e cítanse os seguintes versos de *Follas Novas* de Rosalía de Castro: “Hai nas ribeiras verdes, hai nas risoñas praias/ e nos penedos ásperos do noso inmenso mar,/ fadas de estraño nome, de encantos con sabidos, / que só con nós comparten seu prácido folgar”.

Villot, José María, “Desenfocado”, *El Ideal gallego/ Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ “Opinión”*, “El balcón del pueblo”, 9 outubro, p. 25.

Ao fío das palabras do presidente da Xunta de Galicia sobre a significación do cadro de Castelao *A derradeira lección do mestre*, incide nas advertencias da Dirección General de Prensa del Gobierno a raíz do falecemento de Castelao.

Vivero, Jorge de, “Fiesta de la Poesía”, *El Progreso*, “Opinión”, “El guirigay”, 26 xuño 2018, p. 33.

Conta a súa asistencia á Festa da Poesía de Vilafranca do Bierzo dedicada ao poeta Eugenio de Nora. O acto foi acompañado por música, lectura de poemas e procesións.

Xestoso, Manuel, “Epifanía da crítica”, *Sermos Galiza*, n.º 286, “fóradeserie”, “teatro”, 1 marzo 2018, p. 7.

No contexto dunha reflexión sobre o labor da crítica faise referencia a Carlos Santiago e á súa produción no eido teatral.

_____, “O teatro e o mundo”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “fóradeserie”, “teatro”, 22 novembro 2018, p. 7.

Achégase un comentario sobre a obra teatral de Gustavo Pernas Porto. Apúntase que constitúe unha produción centrada na exploración dos mecanismos de creación teatral e no seu impacto sobre a sociedade. Menciónase que o autor gañou varios premios de teatro: o Compostela, o María Casares, o Rafael Dieste, o da AELG, o Roberto Vidal Bolaño ou o Álvaro Cunqueiro. Sublíñase que foi un dos fundadores de Áncora Producións e alúdese ás súas obras *O galego, a mulata e o negro*; *Fábula*, *Anatomía dun hipocondríaco*, *Final de película*, *Paso de cebra*. Apúntase que foi director da peza de Pirandello *Seis personaxes na procura de autor*, nunha montaxe a cargo do CDG.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Almodóvar, María, “Ana Romaní. ‘Unha vantaxe ser muller hoxe en día? Máis ben todo o contrario”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, “Oro en paño”, 7 abril 2018, p. 18.

Anuncia que Ana Romaní pasará a ocupar a cadeira de Xohana Torres na RAG. Afirmar sentirse moi honrada porque considera que Torres é unha das grandes voces da literatura galega contemporánea e pensa mencionala no seu discurso de entrada na Academia. Comenta que o seu traballo na RAG será de promoción e defensa da lingua e cultura galegas. Cita unhas palabras de Xohana Torres do seu discurso da Academia: “as mulleres sostemos a metade do ceo” e di admirar a personaxe de Lola de *Elexías a Lola* de Xohana Torres.

Álvarez, Elisa, “Rosa Aneiros Díaz. ‘A miña primeira novela escribina nos tempos mortos na facultade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 30 abril 2018, contracuberta.

Lembra os seus tempos na carreira de Xornalismo, especialmente un ano no que lle deron clase Beiras, Barreiro Rivas e Barreiro Fernández. Conta de que xa daquela comezara a escribir a súa primeira novela e cita a Agustín Fernández Paz: “as novelas técese cos fíos da vida”.

Argibay, María, “Xosé Daniel Costas Currás. ‘As mulleres foron fundamentais na construción de Moaña”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “De cantodarea a domoio”, 25 agosto 2018, p. 5.

Anuncia o roteiro literario “As traballadoras do mar”, que da man de Costas Currás e os seus poemas pretende descubrir Moaña dende un punto de vista feminina. Adianta que lerá poemas dedicados as mulleres redeiras, mariñeiras, mariscadoras e da praza que axudaron a construír a vila, mais entre eles destaca un dedicado a Cándida Lago. Menciónanse os tres libros que ten xa publicados: *Conservas*, *Infancia de vacas mortas* e *Monicreques*.

Arias, Ana, “Fernando Franjo. ‘La gente tiene una idea rancia de los cafés”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 80, “A la última”, 16 abril 2018.

Entrevista con motivo do libro 50 cafés históricos, que pretende revalorizar o papel de locais coma o Café del Centro de Lugo, no que tiveron lugar debates de Ánxel Fole. Considera que os cafés foron os impulsores de intercambios de ideas e de movementos sociais. Menciona que foi no Café Moderno de Pontevedra onde reunían tamén intelectuais coma Castelao.

_____, “Xabier Quiroga. ‘As Brigadas do Mencer galegas son feitos claros”, *El Progreso*, “Revista”, 28 xullo 2018, p. 13.

Entrevista con motiva da tradución ao castelán da novela de Quiroga *O Cabo do Mundo*

por Ediciones B. Considera que a novela se traduciu por ser unha especie de secuela de *La casa del nazi*, que gustara e vendérase moito. En canto a documentación, comenta que o aparece nomeado o boletín *Circular polo Saviñao*, pero sobre todo *Represión franquista na provincia de Lugo: 1936-1940*, de María Xesús Souto Blanco.

_____, “Wladimir Dragossán. ‘No quiero reiterar la imagen del vampiro aunque no reniego de ella; soy un intelectual’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 18 agosto 2018, p. 12.

Fala do seu compromiso coa cultura, menciona que o seu poema “Naufraxio”, publicado pola editorial O Castro, está esgotado e anuncia a publicación do poemario *Cabaleiro da Rosa* por Juventus.

Baena, Ana, “Martíño Noriega. ‘A miña relación con Vigo está lonxe de debates entre institucións; o meu universo é o país’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 17 xaneiro 2018, p. 12.

Entrevista con motivo da presentación na librería Andel do libro *A contradición permanente. A conversa sobre cinco anos de política convulsa (2012-2017)*, que recolle as conversas sobre política entre Martíño Noriega e Daniel Salgado, apuntan, sen ningún tipo de censura. Comenta que lle dedica o libro a súa familia, a Beiras e a Compostela Aberta.

_____, “María Xosé Queizán. ‘A visión terrorífica de Frankenstein non ten que ver coa realidade, era un Prometeo’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 6 marzo 2018, p. 14.

Entrevista con motivo da charla de Quizán –que escribira *Mary Wollstonecraft Shelley e a súa criatura artificial*– sobre Mary Shelley, polo aniversario da autora inglesa. Compara a Shelley con Rosalía, xa que ambas contaban cun poeta romántico ao seu carón que deixaba desgraza ao seu paso.

_____, “Fran Alonso. ‘Sabíamos que Anaya ía a apostar pola continuidade’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 abril 2018, p. 8.

Anuncia o nomeamento de Fran Alonso coma novo director de Edicións Xerais. Comenta que deben adaptarse aos novos tempos e manter unha relación achegada cos autores, mais afirma haberá unha continuidade coa liña editorial e que seguirán contando co apoio de Anaya.

_____, “Domingo Villar. ‘Temía que trala película xa non imaxinaría a Leo Caldas como o concebira, pero non sucedeu’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 8 novembro 2018, p. 12.

Anuncia o seu novo libro, *O último barco*, ambientado na ría e na cidade de Vigo. Fala da evolución do personaxe Leo Caldas e da súa relación co seu pai.

Barba, Charo, “Ana M. Sixto Barcia. ‘A historia das mulleres está vivindo agora un dos seus grandes momentos’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 10 maio 2018, p. 18.

Informa de que Sixto Barcia vén de recibir o Premio Extraordinario de Doutoramento da USC, cunha investigación centrada nas mulleres e na cultura letrada. Fai fincapé no número de bos investigadores que hai actualmente en Galicia e na cantidade de monografías publicadas e congresos organizados, destacando os nomes de Serrana Rial García, Ofelia Rey Castelao, Mar Llinares García, Carmen Pallares Méndez, Herminia Pernas Oroza, Olga Gallego Domínguez, María Xosé Rodríguez Galdo e Pilar Cagiao Vila.

Belenda, Ana, “Chus Pato. ‘Estou enganchada a ‘The crown’”, *La Voz de Galicia*, “Muy cerca de”, 2 xaneiro 2018, p. 48.

Considera que a poesía emprega a palabra para achegarse a verdade e que escribir poesía implica un proceso de aprendizaxe e un traballo detrás. Reivindica a introdución de poesía nas aulas para os nenos.

Blanco, Xabier R., “Hablamos del Mundial con... Antón Reixa, agitador cultural. ‘El fútbol es como Kandinsky’”, *La Región*, “Deportes”, “Teléfono rojo”, 17 xuño 2018, p. 54.

Co motivo do mundial de fútbol, entrevístase a Antón Reixa sobre o fútbol: desvélanse circunstancias vitais, filias e fobias, e o elemento azaroso do xogo, lonxe do “cadro de Kandinsky” que os taboleiros dos adestradores debuxan.

_____, “Carlos G. Reigosa. ‘La Galicia urbana y la rural siguen sin dialogar’”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 16 agosto 2018, p. 32.

Anuncia a publicación en castelán por parte da editorial Harper Collins de *Secretos de Bretaña*, obra que lidia coas tensións entre os que creen firmemente nas antigas crenzas, coma a da Santa Compañía, e os que buscan destapar aos verdadeiros culpables dos crimes. Cita a opinión de Cunqueiro sobre as supersticións.

Callón, Carlos, “Francisco Rodríguez. ‘A desmitificación de Rosalía, máis aparential que real, estase a converter nun novo tópico’”, *Sermos Galiza*, n.º 326, “*Cadernos de análise*”, n.º 208, “*A Fondo. O retorno a Rosalía*”, 20 decembro 2018, pp. 2-3.

Fala dos seus primeiros estudos sobre a obra de Rosalía e dunha primeira achega influenciada polos prexuízos contra a escritora. En resposta, publicou un artigo titulado “Rosalía de Castro, cen anos de loita contra a hipocrisía burguesa”, e dispúxose a facer unha explicación contextual e global da obra de Rosalía. Afirmo que o feminismo de Rosalía ten claras febras homoeróticas e que o seu valor como escritora vai máis aló do estereotipo de poeta popular, a novelista filosófica. Comenta que actualmente Rosalía semella ser unha escritora moi aludida, mais pouco lida, e rodeada aínda de certo misterio, debido ao boicot e ao silencio dalgúns aspectos da súa obra e da falta de aclaración da súa ideoloxía.

Casanova, Jorge, “Darío Xohán Cabana. ‘No espello véxome feo’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 19 xaneiro 2018, contracuberta.

Repasa a súa infancia, na que se declaraba comunista, e a súa traxectoria profesional, de traballar en Edicións Castrelos en Vigo a encargarse das publicacións do concello en Lugo. Defínese coma poeta, máis ca coma novelista e amósase optimista sobre o futuro da lingua galega.

_____, “Bieito Ledo. ‘Eu xa estou na tardiña’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 16 novembro 2018, contracuberta.

Lembra a súa afiliación ao Círculo Ourensán Vigués e a creación dos premios da crítica. Confesa que os intelectuais que máis o impresionaron nesa época foron Filgueira Valverde, don Ramón Piñeiro e Álvaro Cunqueiro. Comenta que no 2006 editou un libro de relatos chamado *Aconteceres* e que agora está imprimindo outro que podería considerarse a súa continuación, titulado *Cavilacións*, e está composto por 55 relatos breves con prólogo do profesor Alonso Montero e portada de Antón Pulido. Conta que no libro aparecen dende Cunqueiro a García-Sabell.

Cid, Xiana, “Baldo Ramos e Pepe Cáccamo. ‘Cada uno renunció a su voz propia y buscamos la conexión’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 13 setembro 2018, p. 14.

Presentan “A dobre páxina”, a terceira parte do traballo conxunto de ambos poetas visuais. Falan do proceso creativo a dúas voces e do tipo de materiais empregados.

_____, “Yolanda Castaño. ‘É necesario ensinarlles aos rapaces a entender e manexar a poesía’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 16 outubro 2018, p. 16.

Yolanda Castaño fala das características dos seus contos e obras en verso para nenos, protagonizados por animais, femias ou machos, como un verme punk antiheroe. Considera que a poesía fomenta a educación sentimental dos pequenos.

Couso, S., “Xabier Quiroga. ‘Falo, escribo, penso, sinto e soño en galego’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Las 1001 caras de Compostela”, 11 xullo 2018, p. 25.

Informa da presentación da versión en castelán de *O cabo do mundo*, obra na que afonda nas etapas máis descoñecidos do franquismo, incluíndo parte da historia de Galicia coas Brigadas do Amencer. Cita a Celso Emilio Ferreiro. Comenta o proceso de mesturar realidade histórica e ficción. Dá conta de *La casa del nazi*, a tradución de *Izan o da saca* e da súa preocupación porque a versión en castelán se vendese máis ca galega. Aconsella aos novos escritores que escriban algo do que se sintan orgullosos.

Cuba, Laura R., “Marilar Aleixandre. ‘A idea que hai detrás de *O Diario Galego* é facer algo transversal’”, *Sermos Galiza*, n.º 290, “O Diario Galego”, 5 abril 2018, p. 14.

Marilar Aleixandre comenta a necesidade de ter un diario en galego, dada a invisibilidade da cultura e literatura galegas, e de que este recolla unha pluralidade de voces, incluíndo

as feministas.

Dobaño, Erik, “Xobier P. Docampo. ‘Describo o mundo exactamente como o coñecín’”, *Sermos Galiza*, “*Fóradeserie*”, “En primeira persoa”, 8 febreiro 2019, p. 4.

Entrevista a Xabier P. Docampo co adaxo da súa última publicación, *A nena do abrigo de astracán*, na que desvela algúns dos aspectos da súa vida como algunhas das súas preferencias literarias.

E. O., “Ramón Villares. ‘Voume coa sensación do traballo cumprido e o labor feito’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 31 maio 2018.

Ramón Villares fala das tarefas realizadas durante o seu mandato das que se sente máis orgulloso, destacando unha recompilación de fondos epistolares de moitas figuras do exilio, como Paz Andrade, e a recuperación de figuras galegas do século XX. Destaca a necesidade dunha renovación e amósase satisfeito con que unha muller ocupe a presidencia.

Escariz, Carmen, “Helena Villar Janeiro. ‘O prezo da maternidade é moi alto e a sociedade acabará nunha extinción, cando menos simbólica’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 25 outubro 2018, p. 18.

Fala do paso da muller da esfera privada á vida pública, destacando os problemas de conciliación familiar que xurdiron a partir dese momento. Vindica a necesidade dunha educación integral que inclúa escola, medios de comunicación, institucións e sociedade en xeral, e o uso da cultura como arma para loitar contra as desigualdades.

Fandiño, Xosé, “Teresa Barro. ‘A tradución era unha boa maneira de dignificar o galego’”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “*fóradeserie*”, 22 febreiro 2018, pp. 4-5.

Entrevista a Teresa Barro, viúva de Fernando Pérez Barreiro con motivo da publicación póstuma de *Poemas do carricanto*. Durante a conversa Barro comenta a dificultade de encontrar o traballo de Barreiro logo do seu pasamento porque, como sinala, era un home moi misterioso. Lembra tamén o intenso labor que tanto el coma ela fixeron desde Londres, especialmente no eido da tradución que consideraban era fundamental para a lingua galega. Así, traduciron, por exemplo, *Macbeth*, de Shakespeare. Comenta tamén a devoción que sentiu por Rosalía de Castro, a quen segue lendo e a quen considera un verdadeiro xenio.

Fernández, L., “Juanjo Lamelas. ‘La literatura me gusta en todas sus facetas y me divierte jugar con ella’”, *La Región*, “Celanova”, “Personaje del día”, 9 febreiro 2018, p. 26.

Informa da presentación da sétima novela do escritor, titulada *La selva dormida*. Conta

que se sinte un escritor libre e independente, o que lle permite escribir en galego e en castelán sobre diversos temas. Comenta que está traballando nun libro de temática divulgativa con Xerais, titulado *Cóntame un conto cuántico*.

Fernández, Elisabet, “Iñaki Anasagasti. ‘Me da mucha rabia que no se conozca la figura de Castelao en España’”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 25 xaneiro 2018, p. 10.

Lembra as cartas que atopou entre Castelao e Manuel de Irujo que empregou para o seu libro *Castelao y los vascos*. Comenta que no País Vasco chegou a promoverse un Día de Galicia e fíxose un monumento a Castelao por ser unha figura de unión entre comunidades. Fala do nacemento e fracaso de Galeuzca e da situación política actual.

_____, “Rosa Álvarez. ‘Estou na idade na que non hai papeis para min, estamos invisibilizadas’”, *La Región*, “Ourense”, “Personaxe do día”, 16 febreiro 2018, p. 9.

Recolle unha entrevista coa actriz Rosa Álvarez sobre a situación do teatro galego e das actrices galegas.

_____, “Eduardo Ananín. ‘El mundo no es justo. Nadie tendría que dejar su tierra para alcanzar la libertad’”, *La Región*, “Ciudad”, “Entrevista”, 21 marzo 2018, p. 13.

Entrevista con motivo da homenaxe a Ananín por parte do Liceo no Día da Poesía. Lembra os seus días no exilio, en Arxentina, con diversos artistas e escritores, entre os que destaca Blanco Amor, e onde se dedicou a escribir poesía de denuncia.

_____, “Antón Pulido. ‘Na Ponte que pinto, unha parella de 1918 desfruta da marabilla que trouxo o porvir’”, *La Región*, “Ourense”, “Entrevista”, 17 xullo 2018, p. 12.

En entrevista ao pintor de Amoeiro, salientan algúns recordos, como paseos con Otero, Trabazo, Prego ou Faílde. Recóllense algunhas anécdotas con Otero Pedrayo, sobre certos paraxes desde os que observar Ourense, entre outros.

_____, “Javier A. Varela. ‘As pontes empréganse moito na pintura, son un obxecto atractivo e un símbolo de unión’”, *La Región*, “Ourense”, “Entrevista”, 24 xullo 2018, p. 8.

En entrevista ao pintor Javier A. Varela, autor dunha das láminas sobre a Ponte Nova que o xornal agasalla, coméntase algún proxecto pendente, como a montaxe dunha exposición na Fundación Vicente Risco, acerca de *O porco de pé*. Trátase dunha galería de personaxes da obra, e concíbese como unha mostra monográfica permanente.

_____, “Manuel Martín González. ‘La Troya tiene que existir siempre, es la única asociación no politizada’”, *La Región*, “Ourense”, “Entrevista”, 29 xullo 2018, p. 15.

En entrevista ao presidente da Asociación Artística La Troya, revísanse algunhas das actividades históricas do colectivo fundado en 1923, entre as que figura o seu coro, certames de poesía ou equipos. Coméntanse tamén algunhas das actividades que se manteñen, como a representación de obras de teatro ou concursos en colaboración cos

institutos da zona.

_____, “*A tradución ao inglés de obras icónicas do galego é un orgullo*”, *La Región, “Ourense”*, “*O personaxe do día*”, 17 outubro 2018, p. 8.

Anuncia a súa tradución ao inglés de “Sempre en Galiza” de Castelao. Conta que fixo a súa tese sobre Otero Pedrayo. Comenta o ensaio de Castelao e remarca a súa vixencia.

Fernández, Brais, “Leticia Costas. ‘Os certames literarios son un motor que alenta a creación nos rapaces’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 2 febreiro 2018. p. 18.

Anuncia a décima edición do concurso Novos Talentos Premio Relato Curto e as xornadas literarias destinadas ao profesorado e organizadas por Cola-Cola en convenio con Política Lingüística en Santiago de Compostela, nas que participan tanto Leticia Costas coma Rosalía Fernández Rial. Costas defende que o uso de novas tecnoloxías non diminuíu a lectura e que de feito os nenos len máis a día de hoxe. Considera que debemos inculcarlles un hábito de lectura, pero intentando que non o vexan coma unha obriga, e pensa que a posibilidade de escoller dentro dunha listaxe pode motivalos, do mesmo xeito que axuda o exemplo dos pais. Comenta tamén que os certames literarios solen ser un incentivo para que os xoves se animen a escribir. Anuncia a publicación do seu próximo libro, *As peripecias de Extravaganzza Pérez*.

Fernández, Laura, “Lionel Rexes Martínez. ‘Si un neno medra vendo patróns machistas, é moi probable que os repita’”, *La Región*, “Provincia”, “Personaxe do día”, 3 maio 2018, p. 30.

Lionel Rexes presenta a súa primeira novela de ficción, *A raíña das velutinas*, que gañou o premio Manuel Lueiro Rey do Grove. Conta que a idea naceu nunhas xornadas sobre guerrilleiros da Guerra Civil ás que asistiu no ano 2016, e que o libro pretende ser unha homenaxe a quen sofre unha represión ideolóxica. Anuncia que vai rematar unha nova novela sobre o movemento poético dos séculos XIX e XX da Escola Poética do Seminario de Mondoñedo.

Fraga, Xesús, “Fran Alonso. ‘Teño claro que Anaya aposta polo proxecto de Xerais e a súa continuidade’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2018, p. 37.

Fala do seu recente cambio de subdirector a director de Edicións Xerais e dos novos obxectivos a acadar, tales como rexuvenecer coleccións e incorporar xente nova. Comenta as dificultades que atravesará o sector editorial hoxe en día.

García, Montse, “Antón Lopo. ‘Rompecos cos estereotipos da poesía’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 21 marzo 2018, p. L10.

Anuncia o comezo do festival de poesía “Alguén que Respira”, dirixido por Antón Lopo e que pretende dar visibilidade a Santiago como capital da poesía galega e berce de

Rosalía. Informa do recital que terá lugar con Andrew McMillan, Olgo Novo, Olvido García Valdés, Salvador García Bodaño, María Sevilla e María Xosé Queizán, que será a encargada de ler o manifesto. Anuncia a publicación dun libro do encontro con poemas inéditos. Considera que a poesía resiste o avance das tecnoloxías porque traballa coa verdade.

_____, “Arantza Portabales. ‘Es un triunfo que editoriales de Italia, Alemania e Israel se fijasen en mi novela’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 maio 2018, p. L10.

Comenta o éxito a nivel internacional da súa novela *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* e pensa que a clave está en que reflexa a vida cotiá na era da comunicación. Ademais, comenta que a novela está construída a base de microrrelatos, que son a súa especialidade.

_____, “Ramón Villares. ‘Fixemos un intento sistemático para converternos na casa da cultura galega’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 maio 2018, p. 36.

Ramón Villares fai un repaso dos seus doce últimos anos á fronte do Consello da Cultura Galega (CCG), destacando a pluralidade ideolóxica do Consello como algo positivo e a falta de recursos como maior punto negativo.

García, Rodri, “Manuel Rivas. ‘Esa lixeira inclinación de escoitar supera calquera invento tecnolóxico’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 abril 2018, p. 36.

Anuncia a publicación en galego do seu último libro, *Contra todo esto. Un manifesto rebelde*, que expón o proceso de descivilización ao que nos vemos sometidos e que implica a subtracción de liberdades e dereitos democráticos, xunto coa produción de odio e de inimigos. Remarca a necesidade dun inconformismo que se transforme en activismo. Reivindica o poder da palabra como ferramenta e o papel do xornalismo, moi presente no seu libro.

Gil, Francico J., “Acisclo Manzano. Crear es vivir”, *La Región*, “*La Revista*”, “Entrevista 10”, 2 febreiro 2018, pp. 2-3.

Menciona que Vicente Risco deulles o nome de “Os Artistiñas” a Jaime, José Luis e máis el. Lembra a década de 1960 en Ourense, para el a Idade de Ouro, porque converxeron moitos escritores e artistas do panorama cultural galego, como Vicente Risco e Blanco Amor, e que precisamente por iso chamaban a Ourense a Atenas de Galicia. De feito, conta que un día ía camiñando pola rúa con Carlos Casares e atopáronse con Otero Pedrayo.

_____, “Manuel Vieites. Tras cada teatro debería de haber una compañía estable”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 abril 2018, p. 12.

Manuel Vieites fala dos antecedentes da Escola Superior de Arte Dramática, incluíndo as Irmandades da Fala e a labor de Carlos Casares. Comenta tamén a situación actual da Escola, as súas especialidades, promocións e saídas profesionais.

_____, “Afonso Vázquez-Monxardín. Ilustrado do século XXI”, *La Región*, “*La Revista*”, “Entrevista 10”, 2 novembro 2018, pp. 2-3.

Conta que o seu pai tiña que ver co Auriense, con Galaxia, e que o seu avó fora subxerente da revista Nós. Lembra cando estivo no Centro Galego de Bos Aires e coñeceu a Bieito Abraia, que fora secretario de Castelao. Menciona a súa tradución do *Mago de Oz* para a colección Xabarín de Xerais.

Gómez, Melissa, “Lucía Novas. ‘Cervatos’ fala do medo ao amor e á frustración e da cultura Peter Pan posmoderna”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 28 xaneiro 2018, p. 23.

Informa da recente publicación do seu terceiro poemario, *Cervatos*, que hibrida a cultura da aldea e a urbana. Apunta que o libro trata sobre o paso do tempo, a nostalxia pola cultura de aldea, o afán de construír relacións libres e igualitarias, e que procura ser unha crítica á velocidade, ao hedonismo, á fragilidade e ao espectáculo que caracterizan a posmodernidade. Conta que existe unha “play list” do libro e tamén unha serie de fotografías de “collages”. Comenta que *Cervatos* componse de pequenos textos poéticos escritos tanto en verso coma en prosa poética.

González Liste, Ana, “Xosé Luís Méndez Ferrín. ‘A Raia está ligada co fracaso, pero tamén coa escolla da liberdade’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 655, 1 febreiro 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 604 3 febreiro 2018, p. 10, “Entrevista”.

Entrevista con motivo da recente recompilación de artigos de Ferrín publicados no *Faro de Vigo*, os cales supoñen un repaso histórico das fronteiras galegas de 1990 a 2016. Comenta que foi unha idea conxunta de Aser Álvarez da revista *Arraianos*, e da editorial Positivas. Lembra a primeira vez que colaborou co xornal aos catorce ou quince anos e fala da importancia da Raia nos seus textos coma lugar ligado ao contrabando, á fuxida de presos políticos, ás guerrillas e á súa propia infancia. Ademais afirma que en Galicia contamos con grandes críticos e críticas literarios e destaca a presenza de mulleres na nosa literatura, mencionando a Rosalía de Castro.

Hermida, Patricia, “O Ateneo Ferrolán ten a gran hemeroteca da prensa galega, como El CORREO GALLEGO”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 3 xaneiro 2018, p. 20.

Recolle unha entrevista con Fernando Veiga, bibliotecario do Ateneo ferrolán, na que fala da gran hemeroteca que posúe a institución.

_____, “Germán Castro. ‘A prensa escrita ten futuro, porque podemos desfrutar do papel dos cinco sentidos’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 8 xaneiro 2018, p. 13.

Recolle unha entrevista co xornalista Germán Castro e salienta algunha das súas obras como *Ferrolterra e as orquestras de baile* ou *Curiosidades ferrolanas*.

_____, “Miguel Toval. ‘Os libros e o galego teñen cada vez menos apoio dos gobernos’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 11 maio 2018, p. 17.

Informa de que nos seus 25 anos de traballo, Edicións Embora lanzou 400 títulos para lectores de todas as idades. Conta que foi en 1993 cando decidiron crear a editorial para publicar a recompilación de textos xornalísticos *Ferroláns* de Guillermo Lorca. Comenta a progresiva falta de apoio das administracións e gobernos no mundo editorial galego, o éxito de *Baixo as mesmas nubes* e a intención da editorial de dar a coñecer novos autores. Lembra a primeira colección da editorial, Biblioteca de Ferrolterra, que conta hoxe en día con 60 títulos.

Jaureguizar, “Ramón Villares. ‘O problema da Real Academia Galega é que se fixo espectáculo dunhas posicións diferentes’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, pp. 22-23 / *El Progreso*, “Vivir”, pp. 60-61, 28 maio 2018.

Fala do seu último ensaio, *Identidade e afectos patrios*, no que defende que Galicia é unha nación cultural polo peso que tivo a Igrexa na súa historia. Considera que a emigración para Nós foi un fracaso porque implicaba desgaleguización, e que Celso Emilio Ferreiro reforzou esa imaxe negativa con *Viaxe ao país dos ananos*.

_____, “Ángel Basanta. ‘Torrente Ballester dicía que os galegos non vemos o mundo, por iso temos que inventalo’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, pp. 26-27 / *El Progreso*, “Vivir”, pp. 58-59, 11 xuño 2018.

Conta que cando estaba na carreira de Filoloxía e tivo que organizar uns cursos da USC en Vigo, elixiu como conferenciantes a Torrente Ballester, Cunqueiro e Méndez Ferrín, aos que a partir de aí foi coñecendo. En canto á pregunta de quen inventou antes o realismo máxico, se Cunqueiro ou os suramericanos, contesta que xurdiu de maneira simultánea, que actuou “el polen de ideas”, coma o título de Villanueva, xa que Cunqueiro publicou *Merlín e familia* en 1955, o mesmo ano no que Juan Rulfo publicou *Pedro Páramo*. Comenta que cando empezou a escribir no ABC pediu facer unha crítica de *Arraios* de Ferrín e que vindicou a importancia do escritor. Finalmente, afirma que foi Darío Villanueva o que o convidou a facer crítica.

Lamas, Jorge, “Xesús Alonso Montero. ‘Dous libros de Antonio Machado descubríronme o marxismo en 1958’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2018, p. 37.

Anuncia a homenaxe a Alonso Montero da Fundación Premios da Crítica que terá lugar en Vigo coincidindo co seu 90 aniversario. Conta que dedica a súa vía a falar daqueles silenciados aos que a Xunta nunca lles dará a medalla Castelao, como Mercedes Núñez Targa, David Álvarez Carballido e Camilo de Dios.

Liste, Ana G., “Manuel Bragado. ‘Agardo un novo liderado renovado en Xerais, con brío, enerxía e intelixencia’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 35/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 28, 13 abril 2018.

Comenta a súa decisión de deixar o posto de director de Edicións Xerais para volver ás aulas e o futuro do Grupo Anaya.

López, Belén, “Rafael Quintía. ‘Nós sabemos ben se subimos ou baixamos’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 xaneiro 2018, contracuberta.

Entrevista con motivo da publicación do libro *Universos simbólicos*. Menciona a importancia dos premios e recoñecementos para alguén que non é parte da universidade ou da academia, e tamén que hoxe en día exerce de editor no selo Ad Origine. Comenta que o libro é un conxunto de artigos que falan de distintos aspectos do que el considera que configura a nosa cultura e identidade. Indica ademais que o libro conta cuns capítulos introdutorios sobre que é a cultura, sobre a importancia da lingua como vehículo de identidade e a mitoloxía como forma de explicar o mundo de maneira simbólica.

Losada, Óscar, “Najla Shami. ‘O anterior disco foi de transición, no seguinte variará a sonoridade’”, *La Opinión*, “sociedad, cultura y ocio”, 9 maio 2018, p. 33.

Anuncia a actuación de Shami nos XVII Premios Opinión da Música de Raíz. Menciónase que no seu álbum debut, *Na lingua que eu falo*, afondaba na obra de Rosalía de Castro.

M. A., “Víctor F. Freixanes. ‘Creo que o cocido é a gran catedral da cociña galega’”, *Diario de Pontevedra*, “Tempo de Cocido”, nº 30.726, “Feira do Cocido”, 3 febreiro 2018, p. 12.

Anuncia que o presidente da RAG será o pregoeiro da 50 edición da Festa do Cocido de Lalín. Freixanes lembra como antigos pregoeiros a Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Antón Fraguas, Xesús Alonso Montero e Carlos Casares. Destaca a importancia da literatura gastronómica e tamén a necesidade de achegar a Academia á xente, xa que a lingua implica comunicación e socialización.

M. O., “Xosé Luís Méndez Ferrín. ‘Existiu esa faixa, nos fociños da policía e do exército’”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Especial Día da Patria Galega”, “Entrevistas”, 19 xullo 2018, p. 7.

Conta que a idea de convocar o Día da Patria Galega de 1968 foi iniciativa da UPG e que ese día xa o fundaran as Irmandades da Fala e o impulsara Castelao. Comenta que nese ano participaron na campaña polo Día da Patria a organización estudantil antifascista ADE e a Liga Democrática.

_____, “Saleta Goi. ‘A misa era ‘ligh’, nós optamos pola reivindicación política’”, *Sermos Galiza*, n.º 365, “Especial Día da Patria Galega”, “Entrevistas”, 19 xullo 2018, p. 7.

Conta que entre os asistentes á misa por Rosalía estaban os poderes de Galaxia, Otero Pedraio, Álvarez Blázquez, os Illa Couto, os Bouza Brei, os Beiras, García Sabell e o propio Piñeiro. Lembra a misa de 1969, cando detiveron a Xaime Illa Couto.

Mariño, A., “Fran Alonso. ‘O reto é que Xerais se adapte aos tempos e entenda o que

sucede na sociedade”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 21 abril 2018.

Comenta o seu nomeamento como sucesor de Bragado en Xerais e os seus plans para a editorial. Considera que en Galicia hai poucas editoriais pero ben compenetradas, especialmente ante a gran diminución do apoio público no sector.

Martínez, Alberto, “Siro López Lorenzo. ‘Pensei que a miña actividade tiña que servir para aportar algo á nosa cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 16 xaneiro 2018, p. 18.

Informa da publicación dun libro da súa traxectoria pictórica por parte da Deputación da Coruña. Comenta que tamén escribiu contos cando a literatura galega necesitaba literatura infantil. Así mesmo, menciona que foi no *Ideal Gallego* en 1972 cando publicou o primeiro curso de galego en prensa, titulado “O tío de Xurxo”.

Martínez, Núria, “Arantza Portabales. ‘No soporto que me digan que este libro es una novela de mujeres”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xuño 2018, p. 36.

Anuncia a publicación en castelán da súa última novela, *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, e as próximas traducións da mesma ao italiano, ao alemán e ao hebreo. Anuncia tamén unha novela negra en galego en camiño. Fala do seu paso do microrrelato á novela e reivindica que o seu libro non é unha novela só para mulleres.

Martínez Pastoriza, Tamara, “Anxo Angueira. ‘Nos medios dirímese o futuro da nosa lingua”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “O Diario Galego”, 15 marzo 2018, p. 14.

Fai fincapé no seu desexo de que *O Diario Galego* sexa plural e de calidade polo futuro da nosa lingua, xa que afirma que durante o século XX o xornalismo en Galiza xogou un papel clave na impulsión da nosa literatura.

_____, “Fran Alonso. ‘Unha sociedade sen medios propios é unha sociedade muda”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “O Diario Galego”, “Conversamos con...”, 22 marzo 2018, p. 14.

Exprésalo seu desexo de que *O Diario Galego* sexa un espello da sociedade independente e crítico, xa que unha sociedade sen medios propios, opina, é unha sociedade muda privada da súa identidade e da súa lingua. Considera que un medio que empregue a nosa lingua favorecerá a normalización lingüística e a produción de libros en galego.

_____, “Paula Carballeira. ‘Pola experiencia co Sermos, teño moitas expectativas neste diario”, *Sermos Galiza*, n.º 291, “O Diario Galego”, 12 abril 2018, p. 14.

A actriz Paula Carballeira opina que o diario debería ofrecer unha pluralidade de información e unha atención especial ao ámbito cultural, coma o *Sermos*.

_____, “Alberte Blanco. ‘Se non hai pluralismo a través dos medios, seríamos unha sociedade totalitaria”, *Sermos Galiza*, n.º 291, “O Diario Galego”, 12 abril 2018, p. 14.

Pensa que *O Diario Galego* debe ser un xornal independente das grandes corporacións económicas, plural e tamén veraz, porque considera estas características requisitos fundamentais para non caer no totalitarismo. Fai fincapé en que a cultura galega de hoxe está silenciada e o idioma galego en decadencia, polo que reivindica a importancia dun medio para lle dar voz.

_____, “Xosé Ballesteros. ‘É unha alegría poder acompañar esta iniciativa”, *Sermos Galiza*, n.º 294, “*O Diario Galego*”, 3 maio 2018, p. 14.

Ballesteros celebra a publicación dun xornal en galego que espera achegue unha visión propia, dende a proximidade, e nos reforce como comunidade.

_____, “María Xosé Bravo. ‘A cultura de base fai un traballo imprescindible’”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “*Sermos Bóveda*”, 13 setembro 2018, p. 8.

Fala dos 42 anos de labor da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e fai fincapé na súa perspectiva feminista. Menciona como novidade a creación de dous clubs de lectura, un sobre literatura universal e outro sobre literatura feminista. Ademais, comenta que xa levan máis de vinte anos co grupo de teatro e que este ano realizarán un festival no Teatro Rosalía. Así mesmo, conta que o memorial Ibán Toxeiro, dedicado ás obras dramaturgas galegas de mulleres, pretende dar visibilidade á literatura actual galega.

Mato, Mar., “Margarita Ledo. ‘A capacidade autodestructiva de Galicia abráiame’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 7 xaneiro 2018.

Entrevista co motivo da obtención do Premio Otero Pedrayo, que converte a Margarita Ledo na primeira muller en recibilo. Fala da crecente presenza de mulleres na Academia, de sentirse galega por escolla propia, da representación da cultura galega e da invitación da Terra Cha á clandestinidade e á contemplación.

_____, “Cesáreo Sánchez Iglesias. ‘Só é posible coñecerse dende a soidade’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 xaneiro 2018, p. 33.

Informa da presentación na librería Cartabón do seu último poemario, *Tempo transfigurado*, que supón un percorrido por xenios da música, incluíndo a Bob Dylan e Patti Smith, xa que cada poema corresponde ou ben a un compositor ou ben a un instrumento. Destaca que no poemario está moi presente a soidade, pero nun contexto positivo de aprendizaxe e autoconecemento.

Muleiro, M., “Quico Valeiras González. ‘Non creo na existencia das musas, escribir é un proceso bastante físico’”, *La Región*, “Carballiño”, “Entrevista”, 19 febreiro 2018, p. 13.

Anuncia a publicación do seu primeiro poemario e fala da estrutura temática da obra. Conta cando empezou a interesarse pola poesía e como é o seu proceso creativo. Ademais, comenta o escaso recoñecemento institucional da poesía, contrastándoo coa aparición de autores novos.

N. N., “‘Os eidos’ son o mellor programa de man do festival”, *El Progreso*, “Revista”, 7 xullo 2018, p. 4.

Anuncia a celebración do festival “Os Eidos” organizado pola fundación Novoneyra. Fala das alusións da palabra “eidos”, xustificando a súa elección para o título. Explica en que consiste o festival, centrado principalmente en poesía salvaxe, e a iniciativa europea Litfest da que forma parte. Fala tamén dos espazos da aldea que acollen o festival e das posibles visitas á casa de Novoneyra.

Neira, Carolina, “Tensy Gesteira. ‘Os mellores libros están nas editoriais pequenas’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “De Cantodarea a Domaio”, 17 marzo 2018, p. 5.

A blogueira Tensy Gesteira fala de “Lecturafilia”, o blog de literatura que comezou no ano 2012, e do seu criterio e experiencias á hora de reseñar libros e entrevistar autores. Comenta brevemente como son os blogs de literatura en España e como logrou que o seu evolucionara.

Neira, Nieves, “Estíbaliz Espinosa. ‘Hai moitas ‘Marie Curies’ no ceo, pero non as vemos’”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, nº 18, “Día da muller na ciencia”, 7 febreiro 2018, p. 11.

Entrevista co motivo do Día da Muller e da Nena na Ciencia. Reivindica a relación entre ciencias e letras no seu último libro, *Curiosidade*, destacando que é igual de importante coñecer a Rosalía de Castro como a segunda lei da termodinámica. Menciona as mulleres científicas que aparecen na súa colección de relatos *Cápsulas de son*.

_____, “Enrique Barrera. ‘Franco tuvo una colaboración total en la deportación’”, *El Progreso*, “Revista”, 27 xaneiro 2018, p. 4.

Entrevista con motivo da publicación de *Galegos en Mauthausen*, que pretende lembrar aos 300 galegos que estiveron dentro do grupo dos 10.000 republicanos deportados coa colaboración de Franco e Petáin.

Ocampo, Elena, “Puedes hacer música celta desde el indie, el country, el rock, el pop o la electrónica”, *La Opinión*, 8 outubro 2018, contracuberta.

Afirma que na súa música fai referencias a conversas entre Cunqueiro e Polig Monja dos anos 50, e tamén a Castelao, porque viu no mundo celta unha ventá ao modernismo.

_____, “Silvia Longueira. ‘Hai unha parte de ‘Trece estampas’ que estamos revivindo’”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “*fóradeserie*”, 1 febreiro 2018, pp. 4-5.

Entrevista con motivo da exposición “Trece estampas da traizón” e da mostra “Como se imprime un libro. Grafistas e impresores en Buenos Aires 1936-1950”, organizadas por Silvia Longueria e María Antonia Pérez dentro do proxecto “Edición e compromiso”.

Conta que a exposición remata coa reprodución de *A derradeira lección do mestre* coma homenaxe a Castelao e tamén que un dos seus obxectivos é achegarnos á biblioteca persoal de Luís Seoane como parte dunha recuperación da súa obra non só pictórica, senón tamén bibliográfica.

_____, “Nacho Taibo. ‘Busquei sempre a orixinalidade’”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “*fóradserie*”, 15 marzo 2018, pp. 4-5.

Anuncia a homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), que recoñecerán a Nacho Taibo coa letra E. Lembra que o seu primeiro contacto co galego foron os libros de Manuel María e os versos de Rosalía recitas pola vella ama da casa que criara á súa nai. Comenta que con Cunqueiro atopou un galego fresco, natural e nada castelanizado. Lembra a súa amizade con Daniel Cortezón, a súa relación con Ben-Cho-Sey, con Celso Emilio e con Xosé María Álvarez Blázquez, quen publicou o seu primeiro libro, *Os inmortais*. Confesa que a historia ten un papel importante nas súas obras porque está obsesionado co tempo e coas viaxes no tempo como posibilidade para revivir. Opina que houbo un tempo no que parte da literatura galega se infantilizou porque se publicaba demasiado con vistas aos alumnos e dende o punto de vista de que estes eran bobos e que non debían tratar con problemas políticos e sociais. Comenta que é incapaz de encadrar a súa narrativa en ningún sitio, pero que o seu amigo e xornalista Óscar Iglesias a sitúa na fin da Nova Narrativa. Menciona como influencias a Cunqueiro e ao Borges fantástico e matemático.

_____, “Xusto Beramendi. ‘Non pode haber nación sen día nacional’”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Especial Día da Patria Galega”, “Entrevistas”, 19 xullo 2018, pp. 14-15.

Fala da orixe do Día da Patria Galega e da disputa pola data entre o sector laico e republicano das Irmandades, encabezado por Antón Vilar Ponte, e o sector católico e conservador, representado por Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Comenta que tras ser prohibida esta celebración durante o franquismo, comezouse a retomar nos anos cincuenta cunha misa a Rosalía o propio día 25 á que acudían membros do grupo Galaxia.

_____, “Juan Durán. ‘As orquestras públicas teñen necesariamente que cubrir unha cota de música galega’”, *Sermos Galiza*, n.º 312, “*fóradserie*”, 6 setembro 2018, pp. 4-5.

Entrevístase ao compositor galego de maior proxección internacional, Juan Durán (Vigo, 1960), en cuxa traxectoria figuran composicións como a cantata *Cantiga Finisterrae para múltiples voces*, con texto de Miguel Anxo Fernán-Vello, así como a reconstrución da ópera de Marcial del Adalid Inés e Bianca, xunto con *O arame*, segunda ópera escrita en galego. Comenta as óperas que se representaron en Galicia, e nun intre da conversa, considerando a desigual formación das e dos intelectuais en música, apunta que igual un rapaz coñece desde novo *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, debería coñecer a versión orixinal de *Negra sombra*, de Juan Montes.

_____, “Xosé Luís Méndez Ferrín. ‘A loita segue merecendo a pena’”, *Sermos Galiza*, “Política”, 4 outubro 2018, p.10.

Entrevista con motivo do 80 aniversario de Ferrín. Anúciase a próxima palestra “Ferrín e o compromiso político” que terá lugar no Ateneo Atlántico para conmemorar ao autor. Conta que tivo unha formación nacionalista fundada na lectura do *Sempre en Galiza* e

sobre todo de *A doutrina nacionalista* de Vilar Ponte. Menciona a mini-homenaxe que se lle fixo a Celso Emilio Ferreiro en Ourense coma o acto político máis forte no plano legal que se fixo en Galiza tras o franquismo.

Orge, María, “Artemisa Semedo. ‘Segue habendo racismo en Burela’”, *El Progreso*, “deVerano”, “Entrevista”, 19 agosto 2018, p. 38.

A poeta e socióloga Artemisa Semedo fala do colectivo Afrogalegas, que pretende dar voz as mulleres de ascendencia africana de Galicia, e da súa creación poética.

Pardo, Alicia, “María Xosé Queizán. ‘Vivimos nun mundo de palabras. Sen elas non existiría o feminismo, nin habería igualdade’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 xaneiro 2018, p. 6.

Anuncia a apertura do ciclo “Poemas Di(n)versos”, no que tamén participará Fatena Al Ghorra. Lembra os seus inicios na poesía con poemas de maldicir. Fala do poder das palabras en relación á causa feminista, da evolución do movemento e dos aínda presentes prexuízos.

_____, “Lucía Aldao. ‘Hai xente que non abriu un libro de poesía na súa vida e que non se perde Aldaolado’”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 13 setembro 2018, p. 11.

Anuncia o espectáculo de Aldaolado, *Cría fama e bótate a correr*, que combina poesía, música e humor. O dúo fala do que significaba para elas a poesía dos 90 e da súa evolución. Así mesmo, remarcando a relación entre a escritura e o compromiso coa sociedade e o mundo actuais.

Pérez, Uxía, “Susana Sánchez Aríns. ‘Queremos demostrar que habelas hainas’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 13 agosto 2018, p. 8.

Fala da labor de A Segá, da razón pola que decidiron organizar o Día das Mulleres nas Letras e da elección de Marica Campo como homenaxeada nesta edición.

Regueira, Mario, “Rosalía Fernández. ‘A relación entre a música e a literatura aínda ten campos por explorar’”, *Sermos Galiza*, n.º 293, “fóradeserie”, 26 abril 2018, pp. 4-5.

Anuncia o seu primeiro proxecto narrativo, *Bonus Track*. Fala do seu salto da poesía á narrativa mantendo unha vontade poética e da relación da súa obra coa música, que non é totalmente lineal, senón máis unha cuestión de azar. Menciona a obra *Máis alá* de Manuel Antonio. Reflexiona sobre a relación entre o mundo literario e a música galega, sobre a súa obra coma un *patchwork* que referencia a outras autoras e sobre a bagaxe cultural galega que cada un de nós leva dentro.

_____, “Cris Pavón. ‘É preciso un certo valor para encarar o proceso de escribir e desbotar’”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “fóradeserie”, 13 setembro 2018, pp. 4-5.

Fai un repaso da súa traxectoria literaria, destacando o difícil que lle resultou publicar a que en realidade foi a súa primeira novela, *Limiar de conciencia*, e reflexiona sobre o tema da tecnoloxía na literatura galega. Fala tamén do cambio de xénero da novela ao relato en *A orixe perdida das especies* e dunha magnificación da hipertextualidade provocada pola web.

Salgado, Daniel, “Ismael Ramos. ‘O poeta é sempre malinterpretado porque non se interpreta ben nin a si mesmo’”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “fóradeserie”, 11 xaneiro 2018, pp. 4-5.

Comenta a importancia da familia nos seus poemarios —*Lumes* e *Os fillos da fame*— como o primeiro lugar no que se conforma o suxeito. Considera que a relación entre o individuo e a sociedade é sempre violenta porque implica un constante encaixar e non ser quen e que, de feito, en todas as relacións de afecto existe violencia, incluíndo as relacións familiares. Afirmar que a súa poesía é política porque ten conciencia de clase e diferencia entre poesía de pensamento, ou poesía política, e poesía de corte confesional ou sentimental. Comenta que os seus personaxes son de clase traballadora, que están entre o urbano e o rural, e que hai unha forte presenza feminina. Conta que a súa poesía podería considerarse humanista en contraposición ao discurso posmoderno e que en *Lumes* interesoulle moito o lugar no que se coloca a voz, polo que acabou buscando un punto medio entre a distancia antropolóxica de *Os fillos da fame* e un confesionalismo máis exhibicionista. Gústalle o método de Annie Ernaux, que documenta as súas vivencias en notas e anos despois escribe o libro para poder manter unha distancia cos feitos para non caer no exhibicionismo. Opina que a poesía nova en Galiza debería fuxir dos vicios de certas tendencias das xeracións anteriores, xa que bota en falta un maior posicionamento que sexa resultado dun pensar con autonomía.

_____, “Margarita Ledo Andión ‘Galiza é un país subexposto, moi censurado’”, *Sermos Galiza*, n.º 280, “fóradeserie”, 18 xaneiro 2018, pp. 4-5.

Fala do premio Otero Pedrayo que acaba de gañar. Comenta o que significou para ela a figura de Otero Pedrayo, e a referencia a el na súa novela *Trasalba ou Violeta e o militar novo* como parte do uso do real como material na súa literatura. Menciona a *Teoría do nacionalismo* de Risco, os libros de Manuel Antonio e os de Amado Carballo como influencias. Lembra unha entrevista que lle fixo a Xaquín Lourenzo para *A Nosa Terra*.

_____, “Kathleen March. ‘Ás veces non vos decatades da forza que ten a vosa lealdade á lingua galega’”, *Sermos Galiza*, n.º 284, “fóradeserie”, 8 marzo 2018, pp. 4-5.

Comenta os cambios na consideración da figura de Rosalía que observou na súa última visita a Galicia, mencionando a librería Lila de Lilith e A SEGA. Di ser seguidora das teses doutorais de María Pilar García Negro e Francisco Rodríguez, que falan de Rosalía coma figura feminista e nacionalista. Considera que a obra de Rosalía segue vixente porque trata as relacións das persoas coa natureza, coa lingua, co traballo e coas emocións con profundidade. Conta que nunha clase sobre cine e Guerra Civil lles puxo aos seus alumnos a adaptación de *A lingua das bolboretas* de Manuel Rivas, facendo fincapé en que non era un filme español. Apunta que nos EEUU, os estudos galegos seguen medrando; un exalumno está a facer unha tese sobre os espazos urbanos na novela contemporánea galega, unha muller de Nebraska está a rematar un libro sobre Castela e

a figura do subalterno, e en Milwaukee xa teñen estudos galegos. Menciona as súas traducións ao inglés de *Arredor de si* de Pedrayo, e *Un nicho para Marilyn* e *Lume de cobiza* de Miguel Anxo Fernández, e avanza que vai presentar un traballo sobre *Confusión e morte de María Balteira* de Marica Campo.

_____, “Tareixa Campo. ‘O teatro ensina a poñerse no lugar dos demais’”, *Sermos Galiza*, n.º 295, “*fóradeserie*”, 10 maio 2018, pp. 4-5.

Entrevista co motivo do recoñecemento por parte da Mostra Internacional de Teatro da traxectoria de Tereixa Campo. Vindica a calidade do teatro afeccionado e a súa importante labor de difusión do idioma galego e de formación de canteira. Destaca as vantaxes comunicativas e sociais que proporciona o teatro e reclámao nas aulas. Fai un repaso dos seus papeis favoritos e comenta que lle ten ganas a *Medea*, de Andrés Pociña.

_____, “Isable-Clara Simó. ‘En Catalunya xa non é obrigatorio pasar por Madrid’”, *Sermos Galiza*, n.º 297, “*fóradeserie*”, 24 maio 2018, pp. 4-5.

Entrevista con motivo do recibimento do premio a Escritora Galega Universal por parte da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Destaca a súa predilección pola Xeración Nós. Confesa que é moi mala escritora de literatura infantil, e que o seu xénero favorito é a novela. Menciónase a obra *Mulleres*, na que a autora non idealiza a muller porque hai tanto vítimas coma vitimarias

_____, “Zaza Ceballos. ‘Preocupábame se o guión de ‘Contou Rosalía’ era demasiado atrevido para a televisión’”, *Sermos Galiza*, n.º 300, “*fóradeserie*”, 14 xuño 2018, pp. 2-3.

Entrevista a Zaza Ceballos, directora do primeiro telefilme sobre Rosalía de Castro: *Contou Rosalía*. Na conversa comenta que escolleu a etapa madrileña da escritora por ser unha época que, ao seu ver, concentra a todas as Rosalías. Reflexiona tamén sobre o proceso de elección da actriz protagonista e sobre a situación do audiovisual galego.

_____, “Marica Campo. ‘Sempre se pon máis en dúbida o que facemos as mulleres’”, *Sermos Galiza*, n.º 306, “*fóradeserie*”, 26 xullo 2018, pp. 4-5.

Anuncia a súa próxima publicación, *Unha misión para Clara*, un libro ecoloxista para nenos, e informa da distinción de Galega nas Letras que lle acaba de outorgar a asociación feminista A Segá. Reflexiona sobre o premio, que é só para mulleres, e fala da necesidade de recoñecer a escritoras coma Xela Arias ou Luísa Villalta no Día das Letras Galegas, pero tamén a Carvalho Calero. Fala da situación actual da literatura, en especial da cuestión de xénero. Comenta a súa traxectoria literaria e as súas influencias, mencionando a Álvaro Cunqueiro, e fala da figura de María Balteira na súa obra *Confusión e morte de María Balteira*, e do poder da literatura de modificar a historia e de intervir na realidade. Reflexiona sobre a súa poesía, mencionando as obras *Sextinario* e *Pedinche luz prestada*.

V. Lopo, Mónica, “Do cinema á literatura”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.366, “Entrevista”, 28 outubro 2019, pp. 2-3.

Entrevista ao director de cinema Alberte Pagán con motivo do galardón Premio Galicia

que concede Festival Curtocircuito de Santiago de Compostela polo seu filme *Uluru*. Durante a conversa alúdese nun momento ás súas facetas de dramaturgo con *Como foi o conto* e de poeta con *Prosopagnosia*.

Varela, Lourdes, “Uxía. ‘Novoneyra era un grande amante da música; os seus poemas teñen ritmo’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º653, “Entrevistas”, 18 xaneiro 2019, p. V.

Entrevista á cantante Uxía sobre o disco *Uxía-O* no que musica poemas da obra *Os eidos*, de Uxío Novoneyra, poemario que, asegura, sempre a acompaña en cada viaxe como inspiración. Apunta que a selección dos poemas foi moi intuitivo porque a medida que lía xa sabía a cales quería e podía poñerlles música. Afóndase no proceso de creación do disco e tamén se especifica que todas as músicas son dela e Sergio Tannus excepto a do poema “Caín as follas” que é de Emilio Cao. A cantante lembra o momento no que lle presentaron a Novoneyra en Compostela alén de sentirse contenta porque a a súa música sirva para espallar a figura do poeta do Courel a pesar de xa ser unha figura moi coñecida como Rosalía ou Manuel María.

_____, “Andrés Torres Queiruga. ‘Encrucillada’ está en sintonía total coa mensaxe do papa Francisco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 654, 25 xaneiro 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 603, 27 xaneiro 2018, p. 11, “Entrevista”.

Entrevista con motivo do 40 aniversario de *Encrucillada* e a súa recente edición de dous tomos; un deles reúne os estudos dedicados aos protagonistas do Día das Letras, e o outro recolle diferentes autores galegos que foron incluídos na revista. Considera que a preservación do idioma forma parte do compromiso da revista con Galicia e vindica a independencia da revista con respecto ás institucións eclesiásticas.

_____, “Antón e Ramón Vilar Ponte influíronse mutuamente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 657, 15 febreiro 2018, p. V.

Entrevista con motivo da publicación da biografía dos irmáns Vilar Ponte *Común temos a patria*. Martínez González conta que o seu interese por Ramón comezou cun traballo universitario, mentres que Emilio publicara varios ensaios e gañara o premio de ensaio do Centro Ramón Piñeiro con *Unha irmandade alén do sangue*, o precedente do libro actual. Vindican a Antón Vilar Ponte como figura histórica central da Galiza de comezos do século XX. Destacan o seu labor en entidades colectivas como as Irmandades da Fala e comentan que xa o propio Castelao afirmara que Antón era a orixe mesma do nacionalismo. Falan do labor plural de Antón como xornalista, académico, director de publicacións, home de teatro, escritor e político. Contan que Ramón Vilar destacou como organizador e activista das Irmandades e dedicouse á teorización nacional con *Doutrina nacionalista* e *Breviario de Autonomía*.

_____, “Manuel F. Vieites. ‘O teatro debe ser un espello no que se reflicta todo o que somos’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 656, 8 febreiro 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 606, 17 febreiro 2018, p. 9, “Entrevista”.

Entrevista con motivo da publicación de *El teatro vacío*, editado pola Asociación de Directores de escena de España. Vindica que o teatro ocupe un lugar central na vida social

e na educación, e que se potencie o rol da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Considera que o teatro debe ser un espello facendo referencia a *La vieja piel del mundo* de Rafael Dieste, no que dicía que o teatro viña da lembranza para confrontarnos co pasado, o presente e o futuro.

_____, “Rosa Álvarez. ‘Interpretar e dirixir son, para min, dúas facetas complementarias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 659, “Entrevista”, 1 marzo 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 609, “Entrevista”, 10 marzo 2018, p. 11.

Entrevista con motivo do Premio de Honra Marisa Soto que se celebra no Día do Teatro. Lembra os tempos da fundación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a creación do Centro Dramático Galego e a do Igaem. Fala das razóns que a levaron, xunto con Marisa Soto e Mabel Rivera, a fundar a compañía Teatro do Malbarate, formado integramente por mulleres. Comenta a relación entre teatro, realidade e crítica, e a situación do teatro galego actual.

_____, “Pedro Feijoo. ‘No Vigo de hoxe están presentes todas as vilas e cidades do pasado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 661, “Entrevista”, 15 marzo 2018, p. V.

Anuncia a presentación de *Camiñar o Vigo vello* no Instituto Camões. Cita a Manuel Rivas cando fala do seu avó e xornalista Manuel de la Fuente, ao que lle dedica o libro, cando di que era “o que lle puña o rabo ás cereixas”. Conta que as súas “Postais”, os artigos que publicaba no *Faro de Vigo*, resultaron unha fonte de información indispensable para indagar na historia da cidade e que o seu libro naceu precisamente de todas as lendas mesturadas coa memoria perdida coas que se criou, mencionando a Rosalía camuflándose nos números equivocados da rúa Real. Fala da necesidade de combinar informacións dos cronistas oficiais coas dos non oficiais e menciona como fontes as obras de Taboada Leal, Rodríguez Elías, Espinosa Rodríguez, Álvarez Blázquez e Lalo Vázquez Gil, mais tamén as de Amador Montenegro, Pedro Díaz, Xaime Garrido, Carlos Núñez, Jorge Lamas, Xurxo Martínez e a obra *Historia de Vigo* de José de Santiago.

_____, “Arantza Portabales. ‘A soidade e a falta de comunicación están máis patentes que nunca”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 672, 7 xuño 2018, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 621, “Entrevista”, 16 xuño 2018, p. 4.

Fala da idea que inspirou *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* e do paradoxo ao que nos enfrontamos actualmente, nunha era de comunicacións na que a xente se sente cada vez máis soa. Describe as catro mulleres protagonistas da obra e confesa a cal delas máis se asemella. Comenta a forma e o estilo da súa literatura e menciona aos autores que a inspiraron, entre os que destacan Manolo Rivas, Diego Ameixeiras e Inma López Silva.

_____, “A novela policial levanta acta das miserias da sociedade”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 624, “Entrevista”, 6 outubro 2018, p. 5.

Entrevista a Manuel Esteban, autor de *O meu nome é ninguén*, onde se trata sobre a temática da novela, a construción dos personaxes, ou o vínculo da novela coa sociedade actual. Finalmente, remata facendo un percorrido pola súa nómina de autores destacados dentro da novela negra e a policial, onde nome a Domingo Villar, Miguel Ánxo Fernández, Pedro Feijóo e Diego Ameixeiras.

_____, “Craig Patterson. “A meirande parte do discurso de Castelao aínda está vixente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 686, 25 outubro 2018, p. V.

Entrevista con motivo da presentación de *Forever in Galicia*, a primeira tradución ao inglés de *Sempre en Galiza*. Conta que dedicou a súa tese doutoral a Otero Pedrayo —*A identidade galega nas obras de Otero Pedrayo*— e que a partir dese momento comezou a interesarse máis pola obra de Castelao. Comenta a vixencia que segue a ter o texto de Castelao por ofrecer unha versión histórica alternativa á hexemónica española. Menciónase a súa anterior tradución ao inglés de *A Esmorga*.

_____, “Tensi Gesteira. ‘Máis que dun ‘boom, eu falaría dunha eclosión mundial da literatura escrita por mulleres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 690, “Entrevista”, 22 novembro 2018, p. V.

Entrevista á xornalista por mor do seu blog, *Literaturafilia*, na que toca temas de actualidade como a compoñente feminista dalgunha das publicacións do seu blog ou a visión de diferentes autoras sobre a situación da muller dentro da literatura. Por outra parte, declara a súa preferencia por autores e autoras como Míriam Ferradáns, María Reimóndez, Lucía Novas, Mari Luz Esteban e Ismael Ramos.

Veiga, Marta, “Leticia Costas. ‘A inspiración non me vén, eu vou buscala”, *El Progreso*, “Á última”, 19 febreiro 2018, p. 80.

Entrevista con motivo da súa participación no congreso “De Verne a Vigo”. Di facer entre 150 e 170 visitas escolares cada curso para ver aos seus lectores. Desminte o estereotipo romántico da inspiración, facendo fincapé no traballo e na disciplina. Comenta que a pesar de crecer falando castelán, adentrouse no galego coa colección Fóra de Xogo de Xerais e escritores coma Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Suso de Toro ou Fina Casalderrey.

_____, “Takekazu Asaka. ‘O son do castelán fáiseme moi duro; reláxame escoitar o galego con gheada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 5 marzo 2018, p. 23 / *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Literatura”, 5 marzo 2018, p. 59.

Informa da súa participación na entrega dos premios do certame Contos de Verán e da tradución ao xaponés duns relatos de Rosalía nunha edición que conta cun limiar de Anxo Angueira e un prólogo de María do Carmo Ríos Panisse. Menciona o gusto de Uxío Novoneyra polo haiku xaponés e a posible influencia deste na súa poesía. Reivindica o uso da gheada como parte do patrimonio galego.

_____, “Carlos G. Reigosa. ‘As novelas chéganme en galego todas”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta / *El Progreso*, p. 72, “Á última”, 23 xullo 2018.

Informa da tradución en castelán de *Secretos de Bretaña*, na que aproveita a mitoloxía da Galicia mindoniense, é dicir, da antiga provincia de Mondoñedo, para recrear o ambiente de Bretaña, incluíndo supersticións como a Santa Compañía, a opresión dos caciques e a violencia contra as mulleres. Fala de Crime en Compostela e do interese polas novelas negras. Anuncia a tradución ao castelán de Aníbal Malvar e Diego Ameixeiras da man de

Ramón Akal.

_____, “Marica Campo. ‘O mundo non será xusto ata que a muller ocupe o lugar que lle corresponde’”, *El Progreso*, “deVerano”, “Entrevista”, 15 agosto 2018, p. 36.

Marica Campo recibe unha homenaxe co motivo do Día das Galegas nas Letras. Fala da necesidade que tiveron os mestres da súa xeración de crear materiais en galego para as escolas, xa que no seu caso só contaban con *Memorias dun neno labrego*. Conta que botaba man da poesía e do teatro de Manuel María ela mesma escribira unha obra de teatro para os nenos titulada *Paxaros na gaiola*. Comenta o carácter popular que acadou a súa cantiga “Muller” e reivindica a necesidade de exaltar a muller e a lingua galega.

Vila, Sara, “Anxo Lorenzo. ‘Cada vez máis compromiso coa cultura galega’”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal”, 2 decembro 2018, p. 12.

Informa da edición número once de Culturgal, á que considera unha cita xa consolidada no ámbito cultural galego. Fala da convocatoria aberta de proxectos para o Xacobeo á que chaman “O teu Xacobeo” e tamén da presentación da nova edición de Escenas do Cambio por parte da Cidade da Cultura.

Villar, Carmen, “Xabier Quiroga. ‘Os escritores temos a sorte de non facer historia, senón ficción’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 xullo 2018, p. 41.

Informa da versión en castelán de *O cabo do mundo*. Opina que as traducións ao castelán véñenlle ben á literatura galega. Considera que a literatura comprométese co pasado para explicar o presente e así evitar que certas cousas se repitan no futuro.

Villar, Marta, “Manuel Dans. ‘Os neofalantes son o contraataque necesario para salvar o galego’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 abril 2018, p. 6.

Informa da recente edición do libro *Historias de neofalantes. A aventura de vivermos en galego*, que se compón de entrevistas a xente que decidiu empezar a utilizar o galego. Cítase a Castelao —“Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”— con motivo da perda de falantes do idioma galego nos últimos anos. Dans comenta que se namorou do galego lendo *A Nosa Cinza*, *A Esmorga* e a *Cabanillas*.

Viñas, María L., “Ramón Villares. ‘Castelao nunca se manifestou a favor de romper con España’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 xaneiro 2018, pp. 38-39.

Entrevista con motivo da presentación do libro *Identidade e afectos patrios*, unha obra que indaga no proceso de creación e bloqueo da identidade galega. Fai fincapé en que é unha historia da percepción social, é dicir, de como se percibe a bandeira, o himno, o mito de Santiago e outro elementos que contribúen á construción dunha identidade propia. Destaca que o libro trata tanto do que nos asemella como do que nos diferencia, xa que considera imposible ter unha identidade única.

_____, “Pilar Cernuda. ‘He visto mujeres poner raíles de tren y eso solo pasaba en Galicia con la emigración”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, 9 marzo 2018, p. 57.

Entrevista con motivo do debut como novelista de Pilar Cernuda con *Volveré a buscarte*, sobre mulleres galegas e migración. Mencionan as palabras de Rosalía “viúvas de vivos” para referirse ás mulleres que esperaban aos seus maridos emigrados.

V.8. PUBLICACIONES EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIONES E ESCRITOS VARIOS

A. B., “Un poeta vigués de regreso en Nueva York”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 febreiro 2018 p. 8.

Informa da participación de Marcos de la Fuente na edición neiorquina do Festival Kerouac de Poesía.

_____, “Unha festa para unha lingua de premio”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 setembro 2018, p. 38.

Comenta a gala “Unha lingua de premio” que organiza a Deputación de Pontevedra no Pazo Provincial. Leticia Costas foi a encargada de conducir a gala en que se homenaxearon as traxectorias de Manuel Bragado e do Festival de Poesía do Condado.

A. D., “Música, teatro e audiovisual encherán o Xuño da Cultura e das Artes ribeirense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Noia”, 25 maio 2018, p. 32.

Informa que o Concello de Ribeira volverá a vivir o vindeiro mes trinta días de gran intensidade, nos que a música, o teatro, o audiovisual, a danza, a arte, a literatura, o folclore, o baile, a festa ou a exaltación raíces culturais. A concelleira de Cultura, Herminia Pouso, foi a encargada de presentar o calendario de eventos e agradeceu a implicación das distintas asociacións, clubs, centros educativos, entidades ou organismos que conforman o tecido social do municipio, até alcanzar un total de cincuenta e oito colectivos involucrados.

A. F., “Más de 40 vigueses leyeron a Verne en la calle”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 19 febreiro 2018, p. 4.

Informa da lectura pública na rúa do capítulo “La bahía de Vigo” de Jules Verne por parte de escritores e editores como Francisco Castro de Galaxia, Manuel Bragado de Xerais e Bieito Ledo de Ir Indo para celebrar o 150 aniversario da chegada do “Nautilus” á ría.

_____, “Vigo crea un mapa literario con diez rutas de escritores y obras”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2018, p. 14.

Anuncia a creación dun mapa literario que atravesará a cidade de Vigo con dez liñas nas que hai diferentes paradas literarias, protagonizadas por autores como Jules Verne, Leticia Costas, Pedro Feijóo, Fran Alonso, Carlos Reigosa, María Lado, María Reimóndez e Álvarez Cáccamo.

_____, “Caminando con música, danza y teatro”, *El Progreso*, “Sarria”, 31 xullo 2018, p. 17.

Refírese as actividades organizadas no marco da presente edición do festival “Artes no

camiño” no que a música, a danza e o teatro axudaron a profundizar na historia de Sarria. Indícase tamén que do teatro e a performance encargouse Feira do Leste.

A. I., “Próxima mostra fotográfica do músico Abe Rábade en la sala Os Catro Gatos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 febreiro 2018, p. 25.

Anuncia a exposición fotográfica de Abe Rábade na que as 19 imaxes das que consta irán acompañadas dun palíndromo para provocar un diálogo entre imaxe e palabra.

A. I. S., “Los institutos de Santiago trabajarán dos meses sobre el Banquete de Conxo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 marzo 2018, p. 24.

Comenta a celebración do Banquete de Conxo de 1856 polo traballo do profesor Alfonso Iglesias. O Concello editou 1.500 exemplares para informar o alumnado de bacharelato de diferentes centros.

Á. I. P., “El pregón se entrega a todos los pecados”, *El Progreso*, “Entroido 2018”, “Lugo”, 10 febreiro 2018, p. 11.

Relata o pregón de entroido ofrecido pola xornalista Lourdes Abuide Valcarce, quen se disfrazou de Emilia Pardo Bazán e que xunto á compañía Achádego sacou a escena a Velázquez e a Curros Enríquez.

A. L., “Un catálogo único para la red de bibliotecas”, *La Voz de Galicia*, “Suplemento Galicia digital”, 25 outubro 2018, p. 4.

Dá conta do novo sistema de xestión bibliotecaria que integra 370 bibliotecas, entre elas bibliotecas públicas, universitarias, especializadas, institucionais e de fundacións. Menciona as obras de Celso Emilio Ferreiro e Xosé Neira Vilas dentro do amplo catálogo de máis de 1.700 títulos.

A. M., “Versos e Camelias por Rosalía de Castro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 febreiro 2018, p. 12.

Informa do acto de reivindicación da figura de Rosalía de Castro a da muller traballadora celebrado pola Deputación de Pontevedra con motivo do día da autora galega.

_____, “Alabanzas y también mucha poesía en la segunda jornada de homenaje a Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 setembro 2018, p. 38.

Coméntase a segunda xornada do ciclo dedicado ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín organizado polo Ateneo Atlántico e que tivo lugar na Casa Galega da Cultura. A xornada acolleu un debate sobre a poesía do autor en que interviron Xosé Manuel Outeiriño Gallego, Darío Xohán Cabana, Xabier Cordal Fustes, Helena de Carlos Villamarín e María do Cebreiro Rábade. Infórmase tamén sobre o tipo de intervención que realizaron

e as palabras que lle dedicaron ao homenaxeado.

A. N., “El grupo poético Brétema rinde homenaje a José Crespo Abalde”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 12 xuño 2018, p. 2.

Informa do acto de homenaxe a José Crespo (Beade, 1928), un dos membros máis lonxevos do colectivo poético, con obra en castelán, e recupera a historia da fundación do colectivo.

A. P., “Padrón, Brión e Ames presentaron a ruta As pegadas de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. Orde. O Sar”, 20 xaneiro 2018, p. 30.

Dá conta da presentación, na Feira Internacional do Turismo celebrada en Madrid, do proxecto “As pegadas de Rosalía, unha ruta rosaliana” que nace dunha iniciativa conxunta entre os alcaldes de Ames, Brión e Padrón, a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Rosalía de Castro co obxectivo de achegar a vida e obra da poeta ao conxunto da poboación.

_____, “Cotobade elixiu o Museo do Pobo Galego para o primeiro acto do ano de Antón Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 abril 2018, p. 50.

Dá conta do acto de homenaxe a Antón Fraguas no Museo do Pobo Galego, no cal se lembrou a súa figura como último integrante da Xeración Nós. Sinala que no acto participaron o presidente da RAG, o secretario xeral de Política Lingüística, Xusto Beramendi e Jorge Cubela.

_____, “Galaxia reeditará Cancioneiro de Cotobade polo Ano Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 6 decembro 2018, p. 22.

Informa da reedición da obra de Antonio Fraguas publicada en 1985 baixo o título de *Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade* da man da editorial Galaxia no marco do ano Fraguas e en paralelo á organización, por parte do Concello de Cercededo-Cotobade, dunha serie de actos de homenaxe para pór en valor a figura do escritor.

A. R., “A palabra feita música”, *O Sil*, n.º 265, xullo 2018, p. 30.

Informa da celebración do ciclo “De Perto” onde se conxugará música, poesía e narrativa. Fai alusión á poesía de Uxío Novoneyra, que será interpretada musicalmente, e á narración de *Contos de contrabando-Historias Portugalaicas* por parte de Quico Cadaval e Ana Sofía Paiva.

A. S., “Versos y 'caldo de gloria' evocan la figura Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 febreiro 2018, p. 33.

Dá conta das distintas actividades que tiveron lugar en Galicia para conmemorar a figura de Rosalía con motivo dos 181 anos do seu nacemento.

Abascal, María, “Un proxecto da RAG lembra a Castelao cun voo 3D sobre o mapa de Fontán”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 26 xullo 2018, p. 35.

Informa de que o proxecto da RAG e a Fundación Barrié para a modernización e divulgación léxica do galego, o Portal das Palabras, celebrou o 70 aniversario da derradeira alocución pública de Castelao cun vídeo en homenaxe á “Alba de Groria”, do 25 de xullo de 1948, no que se sobrevoa o mapa de Fontán en compañía dos primeiros parágrafos do autor.

_____, “A X Festa da Palabra homenaxea ao poeta falecido Víctor Campio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 29 xullo 2018, p. 34.

Dá conta da celebración da décima edición da Festa da Palabra en homenaxe ao poeta ourensán Víctor Campio, de quen a deputación reeditarán a obra *O aire, a luz e o canto. Poesía reunida*. Ademais, informa da entrega dos Premios Insua dos Poetas, que se desenvolveu no seo desta festa, e do cal resultou galardoado o escritor Bieito Iglesias.

_____, “A derradeira leición do mestre’ viaxa de Buenos Aires a Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 26 setembro 2018, p. 35.

Infórmase do comezo do traslado da obra de Alfonso Rodríguez Castelao, *A derradeira leición do mestre*, dende o Centro Galicia de Buenos Aires e que pasará a exhibirse na Cidade da Cultura do 5 de outubro ao 3 de marzo do 2019.

_____, “O Consello da Cultura Galega recrea ‘Alba de Gloria’, de Castelao, con realidade virtual”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 novembro 2018, p. 39.

Dá conta do proxecto do Consello da Cultura Galega no que se empregan recreacións sonoras e visuais, ademais de ofrecer ás persoas visitantes a posibilidade de mergullarse na historia de Galicia a través da obra do autor rianxeiro.

_____, “Alonso Montero recibe unha cálida homenaxe polo seu 90 aniversario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 decembro 2018, p. 38.

Informa da homenaxe realizada en Vigo para honrar o labor como mestre de Xesús Alonso Montero. Tamén dá conta da proxección dunha parte do documental *Cidadán Alonso Montero, o señor das palabras...* que será ampliado con datos biográficos do intelectual a través da consulta de arquivos e persoeiros relacionados.

Abelenda, Ana, “Buenos tiempos para la lírica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “De libros”, “Versos en la boca”, 13 abril 2018, pp. 4-5.

Fai unha reportaxe da poesía actual con máis éxito e refírese a tres poemarios galegos: *O cuarto das abellas* (2016) de Antía Otero, *Lumes* (2017) de Ismael Ramos e *13 Antoloxía da poesía galega próxima* (2017) de María Xesús Nogueira.

_____, “Galicia es última tendencia en libros”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “En portada”, “Cultura fresca, razón aquí”, 20 abril 2018, pp. 2-5.

Cita a Yolanda Castaño, Javier Pintor e Laura Ferrero con respecto ás súas opinións sobre a situación actual da literatura en Galicia. Menciona a única escola galega de escritura creativa, coordinada polas poetas Antía Otero e Dores Tembrás na Coruña; as editoriais Apiario, Chan da Pólvora e Aira; e tamén as librarías Moito Conto, Berbiriana, Numax, Cronopios e Trama pola súa importante contribución á literatura galega. Ademais, fai referencia ás recomendacións para o Día do Libro do poeta ao fronte de Chan da Pólvora, Quico Valeiras: *Camuflaxe* (2017), de Lupe Gómez e *Conversa ultramarina* (2010), de Lois Pereiro; e da librería Trama: *Long Play* (2017), de Lois Pérez). Xa por último, menciona o gañador do Premio Manuel Lueiro Rey: Antón Lopo con *Corpo* (2018).

_____, “Elas editan en Galicia. ‘Todas as sociedades do mundo teñen pioneiras’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “En portada”, “As mans que fan os libros”, 15 xuño 2018, pp. 2-5.

Dá conta da situación das editoras en Galicia, nun artigo que amosa palabras de Chus Gómez, Dores Tembras, Belén López e Laura Rodríguez en clave feminista e destacando o papel das mulleres dentro do sistema literario galego, especialmente no referente á literatura infantil.

Aldán, Clara, “El regalo de Luís Bará a Rajoy”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 5 xaneiro 2018, p. 13.

Informa de que o regalo de Luís Bará a Rajoy consistiu nunha biografía de Rosalía Castro publicada pola editorial Galaxia da man de María Xesús Lamas.

_____, “El Entroido, a la vuelta de la esquina”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 5 febreiro 2018, p. 9.

Dá conta da participación de Víctor Freixanes nos actos da “Feira do Cocido” de Lalín, onde asinou no libro de honra do concello.

_____, “Xurxo Souto la goza en el Museo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 9 abril 2018, p. 11.

Fai referencia ás ‘Visitas cruzadas’ ao Museo de Pontevedra a cargo de Xurxo Souto e Sés, recollendo a vitalidade do público e anunciando os convidados do domingo próximo: Iria Pinheiro e David Cortizo.

Almodóvar, María, “Diego Martínez. ‘Nos sentimos gallegos en cualquier parte dEl Mundo’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 18 xuño 2018, p. 14.

Recolle unha entrevista ao presidente da Federación de Asociacións Galegas de Arxentina na que se informa da sinatura dun acordo coa Fundación Blanco Amor, salientando o papel de Luís G. Tosar como defensor da obra do ourensán e cuxo labor á fronte do xornal Galicia. Tamén comenta a cantidade de material por tratar que queda en Arxentina.

_____, “A fonda pegada do presidente Albor enche de nostalxia a misa en lembranza a Rosalía”, *El Correo Gallego*, 26 xullo 2018, p. 12.

Dá conta da realización da misa en lembranza a Rosalía de Castro e a posterior ofrenda floral no Panteón dos Galegos Ilustres na Igrexa de San Domingos de Bonaval, coa presenza da Coral de Ruada, recente premio Trasalba. Recóllense fotografías dos asistentes a un acto celebrado por vez primeira en 1932 da man de dous galeguistas composteláns.

Alonso, Álvaro., “Belinda Washinton. ‘Galicia la llevo en el ADN, escucho falar galego y soy feliz’”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 16 agosto 2018, p. 33.

Nunha entrevista variada comenta a súa vinculación coa literatura galega a través da lectura de Rosalía de Castro.

Alonso, Rita C., “Rocío López apela a la igualdad en su pregón de la Noite Meiga de Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 26 agosto 2018, p. 18.

Informa do pregón da Noite Meiga de Sarria pronunciado pola escritora Rocío López, quen lembrou no seu discurso aos anteriores pregoeiros Álvaro Cunqueiro, Xaime López Arias, Fiz Vergara Vilariño e Uxío Novoneyra, e tamén á fundadora de Meigas e Trasgos Carmela González.

Alvarelos, Quique, “García Lorca recita, en galego, en Torrejón”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fotohistorias”, 4 novembro 2018, p. L11.

Dá conta dun recital que Federico García Lorca deu para uns amigos nunha cuneta en Torrejón cando regresaban de Alcalá de Henares e o poeta granadino quixo deleitar aos seus compañeiros cos seis poemas galegos que Lorca publicara en 1935 a través da editorial Nós.

Álvarez, E., “Reivindican a figura de Antonio Fraguas, do local ao universal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 25 abril 2018, p. L4.

Comenta a celebración do 20 aniversario do pasamento de Antón Fraguas mediante un acto no Museo do Pobo Galego presidido polo presidente da RAG Víctor Freixanes, quen indicou que Antón Fragas substituíra a Castelao en dita academia, e no que participaron Xusto Beramendi e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Álvarez, Elisa, “Son o froito da historia de amor dos meus pais coa poesía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 1 outubro 2018, p. contra cuberta.

Dá conta dun encontro coa poeta e profesora de filoloxía María do Cebreiro, quen afirma herdar esta paixón dos seus pais, tamén poetas de profesión.

Álvarez, N., “Veintiséis autores participan en el I Encuentro Literario de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 6 febreiro 2018, p. 6.

Recolle o programa do I Encontro Literario de Vigo, organizado por Andrea López e Antía Eiras.

_____, “Arte en femenino plural”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 21 agosto 2018, p. 8.

Menciona a celebración de espectáculos poéticos no Festival 85C que conmemoran mulleres creadoras. Tamén se comenta a alusión á data de nacemento de Rosalía de Castro no título do festival.

Álvarez, Natalia, “Un escenario para los poetas”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 20 febreiro 2018, p. 6.

Informa dos recitais poéticos abertos organizados por María Villar, quen tamén promoveu o I Certame de Poesía Dictum Factum e a revista poética *Dictum Factum*.

Álvarez, Mario, “El simbolismo de ‘A derradeira lección do mestre’, de Castelao, viaja a Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 17 febreiro 2018, p. 36.

Sinala a chegada a Galicia do cadro *A derradeira lección do mestre* de Castelao para formar parte da exposición “Galicia maxistral”, a cal tenta poñer en valor o mundo de Castelao.

_____, “O Ramón Piñeiro celebra vinte e cinco anos en activo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 marzo 2018, p. 43.

Destácase a conmemoración dos cinco lustros de investigación científica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades cunha rolda de prensa na que participaron Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e Manuel González, coordinador científico do centro. O programa de cinco xornadas pretende dar a coñecer a historia e transcendencia dos estudos do centro.

_____, “Galicia conmemora os días da árbore, a auga e a poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 23 marzo 2018, p. 43.

Informa da celebración por parte da Concellería de Cultura dos días mundiais da poesía, da auga e da árbore en colaboración coa Fundación Insua dos Poetas, na cal se realizou un acto con escolares e o secretario xeral de Política Lingüística, e o Concello de Santiago que apoiou o I Festival de Poesía para o Corpo. Alguén que Respira!, impulsado por Antón Lopo.

_____, “A Deputación de Ourense, co Centro Galego de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 marzo 2018, p. 38.

Dá conta da aprobación dun manifesto en defensa do Centro Gallego de Buenos Aires por parte da Deputación de Ourense, institución que subliña o obxectivo de contribuír a conservar unido o patrimonio galego.

_____, “O festival Kerouac Nova York falará galego do 3 ao 8 de abril”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 marzo 2018, p. 39.

Dá conta da celebración do festival Kerouac, no que participarán como representación galega Francisco Castro, Sheila Blanco, Marta López e Vanesa Álvarez.

_____, “Cultura homenaxea a Otero Pedrayo cun novo premio de investigación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 abril 2018, p. 38.

Fala da intención da Consellería de Cultura en crear un premio que homenaxee a labor do catedrático de Xeografía da USC, Otero Pedrayo. O premio chamarase Premio de Investigación en Cultura, Paisaxe e Patrimonio Galego Ramón Otero Pedrayo, e terá por obxectivo premiar os traballos que melloren o coñecemento xeográfico e paisaxístico de Galicia.

_____, “Aposta decidida pola consolidación real do Laboratorio de formas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 abril 2018, p. 27.

Dá conta da iniciativa do Laboratorio de Formas de Galicia de crear unha nova musealización e unha sección adicada aos seus fundadores (Díaz Pardo e Seoane) entre os varios proxectos que pretenden desenvolver arredor do Museo Carlos Maside nun afán de consolidar o seu futuro como institución.

_____, “A colección epistolar de Cela con outros autores será dixitalizada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 maio 2018, p. 38.

Informa do acordo asinado polo conselleiro de Cultura e o presidente do Consello da Cultura Galega a través do cal poñerán a disposición do público as cartas do autor galardoado co premio Nobel con escritores galegos.

_____, “O CCG recrea en ‘Alba de Gloria’ o último gran discurso de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño 2018, p. 36.

Dá conta da inauguración dunha nova mostra que recrea o derradeiro discurso de Castelao, *Alba de gloria*. Rosario Álvarez destacou a necesidade de crear un panteón que reúna tódalas grandes figuras da nosa cultura.

_____, “Un centenar de actividades nun fresco e innovador Culturalgal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño 2018, p. 37.

Informa das numerosas actividades que se desenvolveron nesta edición do Culturalgal.

_____, “A música de Manuel Feijoo, banda sonora para as nosas letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xuño 2018, p. 45.

Informa da celebración dun acto de homenaxe ao músico galego Manuel Feijóo, que serviu de marco para a presentación do terceiro volume de compilación do seu legado, *Padre Manuel Feijoo. Música da nosa terra*.

_____, “A mostra ‘Castelao Maxistral’ homenaxea no Gaiás o ensino”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 11 setembro 2018, p. 35.

Informa da inauguración da mostra *Castelao maxistral*, organizada no Gaiás en consecuencia da chegada de *A derradeira lección do mestre* a Galicia por vez primeira. Trátase dunha obra pictórica de grande valor artístico que Castelao pintou en homenaxe a Alexandre Bóveda, e que serve como marco para pór en valor o papel de tantos mestres que durante a década dos trinta do pasado século contribuíron a asentir as bases dunha educación pública.

_____, “A Ourensanía vólcase coa recuperación do instituto Padre Feijóo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 novembro 2018, p. 37.

Informa de que o Consello da Ourensanía decidiu por unanimidade, reunido na Casa dos Poetas, promover a recuperación do Instituto de Estudos e Cultura Padre Feijóo, unha entidade que existira hai décadas e permitirá coordinar e dinamizar o ambiente cultural, así como pór en valor a historia, persoeiros e legado cultural ourensán. Asistiron Luis González Tosar, Antonio Piñeiro, Miguel Anxo Fernández, Aurelio Gómez Villar e Juan Luis Saco.

_____, “Xa se pode ler en xaponés a obra completa de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da publicación da tradución do poemario *Follas novas*, de Rosalía de Castro, ao xaponés, rematando o labor de tradución ao nipón da totalidade da obra da poeta. Destácase a presentación no Centro Ramón Piñeiro e a participación de persoeiros como Manuel López, Anxo Angueira e Francisco Fernández Rei.

_____, “Último libro de 2018 de Teófilo Edicións, ‘Cuando nada esperas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 decembro 2018, p. 37.

Informa do satisfactorio peche de ano da editorial Teófilo Edicións cun total de 32 títulos publicados ao longo do 2018, destacando o último exemplar en ver a luz; *Cuando nada esperas*, un poemario do escritor Queco Fresco.

Amil, Carlos, “Na honra de Gustavo Pernas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 novembro 2018, p. 4.

Dedícanse unhas palabras a Gustavo Pernas polo seu recente pasamento. Elóxiase a figura deste dramaturgo, actor e director teatral galego e enxálzase a súa figura como gran mestre e transmisor de coñecementos.

Araújo, Emma, “Tania Veiras. ‘Con ‘Morriña’ agardamos que o público se levante e se poña a bailar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 3 marzo 2018, contracuberta.

Informa, a través dunha entrevista que amosa as palabras da artista de modo indirecto, cales son as características da obra *Morriña*, sinalando que se trata dunha obra moi diferente ao que leva experimentado. Destácase a inclusión de cancións populares dentro do espectáculo.

_____, “Antón Costa, fundador da Nova Escola Galega, recibe o caxato de Pousa Antelo”, *La Voz de Galicia*, “Área metropolitana”, 21 agosto 2018, p. L5.

Dá conta do acto de entrega do Caxato de Pousa de Antelo que dende hai sete anos se celebra en Teo para lembrar o galeguista Avelino Pousa Antelo, máis coñecido como “Lucho do peto”, e no que se premia a algún persoeiro vencellado a este teense. Nesta ocasión a réplica do mítico Caxato que portaba Pousa Antelo foi confiado ao catedrático da USC e fundador da Nova Escola Galega Antón Costa.

Arias, Cristina, “Fondo pesar na cultura chairega polo falecemento do artista Anxo Lamas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 febreiro 2018, p. 21.

Dá conta do falecemento de Anxo Lamas, pintor e autor do poemario *Tebra* (2013).

_____, “El eco de Ramón Chao sonó en su piano”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 xullo 2018, p. 19.

Dá conta do sinxelo acto na memoria de Ramón Chao ao que acudiron os seus fillos Manu e Antoine, a homenaxe consistiu nun percorrido polo Paseo dos Soños.

_____, “Memoria para mover o mundo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 xullo 2018, p. 20.

Anuncia o recoñecemento ao labor de Alfonso Blanco, impulsor da Irmandade Manuel María e fundador e coordinador de Xermolos, quen será nomeado Fillo Predilecto de Guitiriz e pasará a formar parte do Paseo dos Soños de Vilalba.

_____, “Lembranza reivindicativa contra o olvido”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 agosto 2018, p. 16.

Informa do I Memorial Irmáns da Lexía, organizado pola asociación Xermolos, a Irmandade Manuel María e os Riazor Blues, en colaboración con outras entidades culturais ou de memoria, que pretende lembrar os tres mozos apresados pola Garda Civil e asasinados na Coruña. Menciona a presenza no acto de Alfonso Blanco, coordinador de Xermolos, e doutros responsables de entidades coma María Xosé Bravo.

_____, “A I Toma Cultural de Caldaloba loita polo futuro da torre con versos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 setembro 2018, p. 12.

Dá conta da I Toma Cultural de Caldaloba, promovida polos colectivos Lareira de Soños,

Culturalia GZ e a asociación de veciños de San Martiño de Pino, na cal participaron Martiño Maseda, Branca Villar, Xesús Trashorras, José Carlos Ulloa e Ana Mar Fraga Rábade.

Arca, “Comenza o festival ‘Abride a Fiestra’ coa subida das dornas en homenaxe a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar”, 14 xullo 2018, p. 30.

Comenta o inicio do festival dedicado a Rosalía de Castro, destacando algúns dos protagonistas da fin de semana, como a proposta músico-poética Cintaadhesiva. Prevese tamén a celebración da Inchadiña Branca Vela, tradicional subida en dorna de Valga a Padrón, ou visitas guiadas por especialistas como Mercedes Peón, Pepe Barro ou o académico Xosé Luís Axeitos.

Arnáiz, Ángel, “Superabuela lectora de 106 años de edad”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 novembro 2018, p. 28.

Dá conta da existencia dunha muller que a punto de facer os 106 anos segue mantendo intacta a súa paixón pola lectura, exercicio a través do cal gusta de se deleitar con grandes clásicos da literatura universal mais tamén dos máis canónicos da nosa literatura, entre os que destaca especialmente a súa querenza por Curros e Rosalía.

Arribas, Alicia G., “Manuel Jabois: ‘O filme de Fazáns ten un fondo de tristeza moi poético’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 14 xuño 2018, p. 45.

Recóllense algunhas declaracións de Manuel Jabois, escritor do libro que serve de base e inspiración ao filme, que destaca moi positivamente o valor poético da cinta, as sensacións que esperta e a impresión de que Fazáns conseguiu contar a historia que el quixo escribir.

Ayala, María, “Galicia lembra a Rosalía con actos literarios, institucionais e ofrendas florais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2018, p. 35.

Dá conta dos distintos actos de homenaxe a Rosalía de Castro polo aniversario do nacemento da autora.

B. L., “O Museo reestrutura as salas Castelao para expoñer os orixinais do Álbum Nós”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 xaneiro 2018, p. 12.

Informa da realización de obras no Museo de Pontevedra co obxectivo de dar cabida a 50 orixinais do álbum *Nós*.

_____, “O Museo reabre o 3 de xullo a Sala Castelao co álbum Nós”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 xullo 2018, p. 15.

Anuncia a reapertura da Sala Castelao do Museo, que incorpora á exposición permanente as 50 estampas orixinais do álbum *Nós*. Celebrarase un acto institucional coa presidenta da Deputación, o alcalde, o director do Museo, Luís Caruncho e Tamara Andrés.

B. L., M. V., “A pontevedresa Fina Casalderrey faise co Premio Rosa dos Ventos”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 7 decembro 2018, p. 10.

Informa da concesión do Premio Rosa dos Ventos, outorgado polos alumnos de bacharelato do instituto Santiago Apóstol de Bos Aires, á escritora e académica Fina Casalderrey polo seu labor como defensora e difusora da lingua galega destacando, ademais, o feito de ser a primeira muller en recibir este galardón.

B. R. S., “La cultura gallega despide a la artista viguesa Berta Álvarez Caccamo, fallecida a los 54 años”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2018, p. 27.

Dá conta do pasamento da artista Berta Álvarez Caccamo, destácase o vínculo establecido entre a pintora e a intelectualidade do país como escritores, escritoras, poetas e demais artistas.

B. Y., “A Librería Nós celebra corenta anos de cultura con seis Premios Nacionais das Letras”, *El Progreso*, 12 agosto 2018, p. 16.

Informa da celebración do acto da librería de Sanxenxo no que participaron autores galardoados co Premio Nacional das Letras Alfredo Conde, Fina Casalderrey, Suso de Toro, Justo Beramendi, Leticia Costas e Antonio García Teijeiro. Ao acontecemento tamén acudiu Víctor Freixanes e houbo un sentido recordo a Xabier P. Docampo.

_____, “El plan museístico honra a Cabanillas en el LIX aniversario de su muerte”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 10 novembro 2018 p. 11.

Dá conta da celebración do acto homenaxe que tivo lugar, canda a entrega dos premios da primeira edición do Concurso de Poesía e Relato Cambados Mar de Letras, no IES Asorey.

_____, “El plan museístico de Cabanillas deberá esperar ante la demora en la tramitación de pliegos”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 30 novembro 2018, p. 12.

Informa da demora do proxecto de musealización do legado de Cabanillas previsto en Exposalnés pese a ter luz verde para a súa execución.

Baena, A., “Afonso Becerra: ‘O teatro en Vigo é unha oferta de fin de semana’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 xaneiro 2018, p. 9.

Dá conta da celebración dunha mesa redonda en torno á situación das artes escénicas na cidade de Vigo, organizada polo Ateneo Atlántico de Vigo e coordinada polo dramaturgo e director de escena Afonso Becerra na que participaron numerosas personalidades do

mundo do teatro da cidade olívica.

_____, “Armando Guerra, artista vigués y docente, da su última pincelada”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 xaneiro 2018, p. 13.

Informa do pasamento do pintor vigués Armando Guerra e recolle as palabras de Méndez Ferrín, amigo do artista.

_____, “Ocho horas seguidas para hablar y debatir sobre novelas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 31 xaneiro 2018, p. 10.

Anuncia o I Encontro Literario de Vigo no cal haberá presentacións e debates sobre obras de novela negra, literatura de fantasía, literatura romántica, novela histórica e literatura erótica.

_____, “Frontera entre el verso y el objeto”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 abril 2018, p. 14.

Informa da exposición de poesía obxectual “A dobre páxina” de Pepe Cáccamo e Baldo Ramos.

_____, “Bragado deixa Edicións Xerais ‘moi satisfeito’ tras 28 anos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 abril 2018, p. 11.

Anuncia a marcha de Manuel Bragado da dirección de Xerais tras 28 anos de xestión.

_____, “Silvia Bermúdez. ‘En los 90, Vigo ya era la avanzadilla del feminismo’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 abril 2018, p. 12.

Sinala a participación de Silvia Bermúdez nas xornadas da cátedra de Saramago da USC xunto con outras profesoras e investigadoras como María do Cebreiro.

_____, “500 músicos ‘Nas Ondas’ en la primavera del Conservatorio”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 17 abril 2018, p. 10.

Dentro do ciclo de Primavera do Conservatorio Superior, destaca a recuperación dunha peza descoñecida do compositor galego Paz Carbajal, que será interpretada no concerto correspondente á festividade das Letras Galegas.

_____, “Marcos de la Fuente. ‘En Nueva York ya aceptan abrir un puente con Vigo para mezclar artistas, idiomas y disciplinas’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 maio 2018, p. 10.

Dá conta da presenza do artista no festival Kerouac de New York, onde se mesturaron artistas de diferentes países e sistemas literarios, entre os que se atopaba o galego.

_____, “Rodrigo Romaní. ‘Onde o público ve o inicio dunha etapa, o concerto, para o músico é o final, o comezo doutro camiño’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 2 maio 2018, p. 10.

Explica diferentes facetas do autor e destaca o disco que o artista publicou no ano 2003 como homenaxe a Avilés de Taramancos.

_____, “Conmoción por la muerte de la pintora Berta Cáccamo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 maio 2018, p. 9.

Dá conta do pasamento da artista Berta Álvarez Cáccamo, destácase o vínculo establecido entre a pintora e a intelectualidade do país como escritores, escritoras, poetas e demais artistas.

_____, “As redes sociais choran a morte de Berta Cáccamo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 maio 2018, p. 15.

Dá conta do pasamento da artista Berta Álvarez Cáccamo, destácase o vínculo establecido entre a pintora e a intelectualidade do país como escritores, escritoras, poetas e demais artistas. Destácase tamén a multitude de pésames recibidos das diferentes institucións culturais do país.

_____, “Unha sorpresa para María Xosé Queizán”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 xuño 2018, p. 14.

Dá conta da festa de 147 mulleres chegadas de distintos puntos da xeografía galega para homenaxear á pioneira e escritora feminista. Recóllense fotografías e comentarios dalgunhas das asistentes como Camiño Noia, Leticia Costas, Yolanda Castaño, María Reimóndez e Chis Oliveira.

_____, “El ‘vigüismo’ envolverá la Feira do Libro en Porta do Sol”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 xuño 2018, p. 11.

Informa da celebración da segunda edición da Feira do Libro de Vigo que estará marcada polo afán de pór en valor os escritores locais. É así que entre as múltiples actividades que se desenvolverán en paralelo, como tres rutas polo Casco Vello guiadas por Pedro Feijóo, haberá unha sinatura de libros por parte de autores como María Reimóndez, Marco Calveiro ou Leticia Costas.

_____, “La Feira do Libro cerró con un incremento de ventas y visitantes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 xullo 2018, p. 7.

Celebra o peche da Feira do Libro de Vigo atendendo ás declaracións de Xurxo Patiño, da Asociación de Libreiros da cidade. Salienta a presenza de escritores vigüeses como Leticia Costas, Antonio García Teijeiro, Defreds, María Oruña ou Pedro Feijóo, así como a proximidade da Feira do Libro Antigo.

_____, “Tras 63 anos, sae o libro co método de Antía Cal”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 xuño 2018, p. 11.

Anuncia a saída do prelo de *O libro dos nenos*, obra didáctica de Antía Cal, seis décadas despois da súa concepción e editado pola Deputación de Lugo. Á presentación, no colexio rural de Gondomar que leva o seu nome, asistirá a autora e pedagoga.

_____, “La Feira do Libro abre como ‘espacio de diversidad cultural’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 xuño 2018, p. 15.

Realiza algunhas consideracións sobre o arranque da Feira do Libro de Vigo, con pregón de Manuel Bragado e un especial recordo a Xabier P. Docampo. Recóllense recomendacións e algunhas declaracións de libreiras, así como dos escritores Leticia Costas e Antonio G. Teijeiro.

_____, “O país imaxinario de Anxo Cabada”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 xullo 2018, p. 11.

Dá conta do traballo do fotógrafo Anxo Cabada, quen inmortalizou a personalidades como Agustín Fernández Paz, Xosé Neira Vilas e María do Carmo Kruckemberg. Na publicación *Letras de Magnesio* mestúranse textos dos autores e autoras canda o seu traballo fotográfico.

_____, “Unha última achega de Zulueta de Haz á Penzol”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 xullo 2018, p. 10.

Dá conta da doazón de María Teresa Fernández, quen entregou á Fundación Penzol o legado do seu defunto marido, Alfonso Zulueta de Haz, entre que se atopan catrocentos dezaoto libros e sesenta e unha caixas de documentos.

_____, “Unha vida adicada ao estudo de Rosalía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 setembro 2018, p. 12.

Informa do pasamento de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda estudosa da figura de Rosalía de Castro a quen quixeron dedicarlle unhas palabras personalidades como Anxo Angueira (presidente da Casa de Rosalía), Ramón Nicolás ou Juan Luís Saco Cid (presidente da Fundación Otero Pedrayo) entre outros.

_____, “Unha biblioteca municipal levará o nome de Xela Arias”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 outubro 2018, p. 13.

Informa do acto de renomeamento da biblioteca municipal de Chapela, que pasa a chamarse biblioteca municipal Xela Arias no 2019. A iniciativa ven da man do IES Chapela, a través do equipo da súa biblioteca. A súa proposta impúxose a outras quince candidaturas, todas mulleres, como a de Leticia Costas, Pardo Bazán, Begoña Caamaño, Teresa Moure ou María Xosé Queizán. A decisión está a espera de ser aprobada no pleno en novembro. Unha vez aprobada, organizarase un acto ao que se invitará á familia da homenaxeada a comezos do 2019.

_____, “Vigo estrea roteiro literario”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 novembro 2018, p. 11.

Informa da inauguración dun roteiro literario na Cidade de Vigo organizado pola Concellería de Normalización Lingüística e dirixido polo filólogo Xurxo Martínez co que pretende recuperar o vencello coa cidade do poeta vangardista Manoel Antonio.

_____, “Domingo Vilar, ‘Temía que trala película xa non imaxinaría a Leo Caldas como o concibira, pero non sucedeu’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 novembro 2018, p. 12.

Entrevista a Domingo Vilar co gallo da futura presentación da súa nova novela, *O último*

barco, que será publicada o seis de marzo de ano próximo.

Baena, Ana, “Unha última achega de Zulueta de Haz á Penzol”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 xullo 2018, p. 10.

Informa da doazón á Fundación Penzol dos fondos de Alfonso Zulueta de Haz por parte de Teresa Fernández, viúva do intelectual galego, nos cales se incluían 418 libros, entre eles un exemplar de *Sempre en Galiza* coa sinatura de Castelao.

_____, “Forza de xigante e alma de artista”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 xullo 2018, p. 10.

Menciona un documental sobre Celso Emilio Ferreiro.

Balo, Marta, “Que reis os daquel ano”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 897, “Reportaxe”, 6 xaneiro 2018, pp. 2-4.

Dá conta das datas de reis máis emblemáticas para diferentes persoeiros da cultura galega, entre os que se atopan Fina Casalderrey, Sabela Arán, Tacho González, Pepe Solla e Leticia Costas.

_____, “Los títulos favoritos de los pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 911, “Reportaxe”, 21 abril 2018, p. 4.

Ofrece información arredor dos títulos máis vendidos nas librerías de Pontevedra dende comezo do ano, destacando autoras como Elísabet Benavent, María Dueñas ou Camila Läckberg que obtiveron récords de venda nuns poucos días tras a súa publicación.

Balo, Marta, **Bóveda**, Lucía D. “El ocaso de las redes sociales”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 903, “Reportaxe”, 17 febreiro 2018, pp. 2-4.

Fai unha reportaxe sobre a percepción das redes sociais por parte de varias figuras públicas como os escritores Manuel Loureiro e Manuel Darriba.

_____, “Un 8 de marzo histórico”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 905, “Reportaxe”, 3 marzo 2018, pp. 2-3.

Recolle a celebración do Día Internacional da Muller no que se realizou unha folga en 177 países que foi apoiada por diferentes personalidades do mundo literario galego coma María Xosé Queizán e María Reimondez.

Bao, Pepe, “Fallece Berta Cáccamo, un referente de la abstracción”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2018, p. 38.

Menciona a colaboración de Berta Cáccamo coa editorial Chan da Pólvora e o seu traballo coma ilustradora para o poemario *Tinta de luz* (2017) do seu irmán Pepe Cáccamo.

_____, “O poeta Carlos Negro, premio dos Clubs de Lectura de 2018”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 abril 2018, p. 31.

Informa do premio dos Clubs de Lectura 2018 concedido a Carlos Negro. Tamén se dá conta de que se fixo coincidir o galardón co Día do Libro e que a data foi conmemorada coa lectura dun texto de Fran Alonso.

Bará, Milagros, “Lorenzo Novás, el mago de la fotografía”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra”, 10 xuño 2018, p. 13.

Realiza un percorrido pola vida e obra do fotógrafo da Pontevedra da primeira metade do século XX, Lorenzo Novás. Recorda o seu estudo en Peregrina, 13 con exposicións como a de Castelao, e tamén a súa asistencia a acontecementos como a apertura do sarcófago de Paio Gómez Chariño.

_____, “Demetrio Durán, el creador de decorados”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra”, 15 xullo 2018, p. 14.

Revisa a vida do ilustrador e deseñador que puxo cor a festas e eventos da Pontevedra de hai un século, lembrando obras no Café Moderno ou ilustracións súas, canda coroas de flores, con motivo do falecemento de Rosalía de Castro.

_____, “Los Cuartetos’ de Isidro Puga Otero”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra”, 2 setembro 2018, p. 9.

Revisita a vida do intérprete, profesor, pintor, empresario e compositor nado na Pontevedra de 1867. O matrimonio que formou con Amparo Otero Martínez, sobriña de Manuel Murguía, mantivo sempre unha estreita relación coa familia Murguía-Castro. Cítanse algunhas das súas composicións, como “Mágoa”, con letra do poeta Francisco Portela Pérez, “¡Vaite anduriña!” ou “Unha muiñeira para piano”.

Barciela, Alberto, “Tinto ribeiro, milagro de tierra, agua y vino”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 1 abril 2018, pp. 1-2.

Enxalza as características do viño tinto ribeiro ao que atribúe o adxectivo de “viño literario” á vez que fai referencia ao rei Alfonso X o sabio, quen solicitou para el mesmo este tipo de bebida para a celebración dunha festa de pascua.

Becerra, Javier, “Domingo Fontán será homenajeadado en el Día da Ciencia en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 16 febreiro 2018, p. 25.

Sinala a homenaxe no Día da Ciencia a Domingo Fontán por ser o creador da *Carta Geométrica de Galicia* (1834), da cal se conserva un orixinal propiedade de Otero Pedrayo no Pazo Museo de Trasalba.

Becerra, Marta, “El colegio que mira a su poeta”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 23 marzo 2018, p. 11.

Dá conta da homenaxe dedicada a Luís Pimentel no 60 aniversario do seu falecemento no colexio de Lugo que leva o seu nome. No acto participaron os escritores Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Paco Martín e a cantante Pilocho. Por outro lado, informa doutros actos escolares no Día da Poesía en Lugo, como o do colexio María Auxiliadora que conmemorou o Día da Narración Oral e da Poesía a través de lecturas do alumnado.

Bellver, Mónica G., “Literatura e música”, *O Sil*, n.º 262, “Cultura”, 6 abril 2018, p. 31.

Anuncia a Feira do Libro do Barco de Valdeorras, cuxa celebración incluírá actividades de distinta índole como contacontos e actuacións musicais.

_____, “32º Encontro de Poetas na Rúa”, *O Sil*, n.º 264, “Cultura”, 9 xuño 2018, p. 22.

Anuncia a XXXII edición do Encontro de Poetas da Rúa, organizado pola escritora e música valdeorresa M^a Carmen Gago Florenti e polo berciano Emilio Vega. Está por confirmar o número exacto e procedencia das e dos poetas.

Beramendi, Mario, “El pórtico de la Gloria exhibe su nuevo rostro con el propósito de durar siglos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2018, p. 32.

Con motivo da restauración do Pórtico da Gloria, xoia da arte románica, e da súa inauguración, faise referencia aos versos en que Rosalía de Castro chegou a preguntarse se estarían vivas as esculturas que o conforman.

Bermúdez, Sofía, “Los Arcángeles pone el broche a unas fiestas llenas de actividades”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 xaneiro 2018, p. 23.

Dá conta das actividades socioculturais celebradas no centro da terceira idade dirixido por Isabel Patiño, ao mesmo tempo, informa da representación de *As cousas do querer* por parte do grupo teatral Los Arcángeles, formado por compoñentes do mesmo centro. No acto tamén se agasallou ás familias co libro *A eternidade das palabras*.

_____, “Conciencia máxica de ser anfibio”, segundo libro de Tulipa Editora”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 maio 2018, p. 23.

Informa sobre a publicación de *Conciencia máxica de ser anfibio* (2017), de Marcé Barrientos. O texto conta con declaracións da autora do libro como da directora de Tulipa editora, Isabel Patiño. Anúnciase a data de presentación e trátanse algunhas das súas características máis salientábeis.

_____, “Tulipa Editora presenta ‘Conciencia máxica de ser anfibio’ na librería Couceiro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 maio 2018, p. 23.

Dá conta do novo libro, *Conciencia máxica de ser anfibio* (2017), da escritora Mercé

Barrientos, que será presentado na librería Couceiro de Santiago. A autora comenta que tiña o obxectivo publicar esta segunda obra da editorial en galego que trata como a infancia e o mar.

Bernárdez, Carlos. L, “As leccións do mestre”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 590, 10 febreiro 2018, p. 11.

Informa sobre a exposición de *A derradeira lección do mestre*, de Castelao. No artigo fai referencia a algunha das súas obras ensaísticas, como *Sempre en Galiza*, así como outras de carácter pictórico, artístico ou de cariz híbrido.

Blanco, Lino, “La gran iniciativa cultural viguesa”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Fue noticia en 1963”, 6 maio 2018, p. 11.

Dá conta da creación da fundación Penzol en Vigo, institución que xa cumpre os cincuenta e cinco anos de historia.

Blanco, Xabier R., “Adolfo, ‘clásico’ pero de la letra”, *La Región*, “Ourense”, “Crónica”, p. 8./ *Atlántico Diario*, “Galicia”, “Crónica”, p. 21, 18 outubro 2018.

Informa da nova versión revisada de *Juan Griego*, a primeira novela de Adolfo Domínguez, publicada en galego pola editorial Galaxia en 1992.

Borrazás, Mauro, “Desde que abrió VigoSónico hay más bandas y conciertos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 agosto 2018, p. 7.

Menciona o concurso que VigoSónico organizou en 2016 e que consistía en poñer música a poemas de Rosalía de Castro.

Bóveda, Lucía D., “Rosalía de Castro segue entre nós”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, n.º 617, “Reportaxe”, 4 marzo 2018, pp. 2-3.

Comenta a conmemoración do nacemento de Rosalía de Castro que se celebra con diferentes actos organizados polos colexios de Pontevedra.

_____, “La vida, mejor con libros”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 911, “Reportaxe”, 21 abril 2018, pp. 2-3.

A propósito da celebración do día do Libro informa da situación do hábito lector no marco do estado español a partir dun artigo realizado pola empresa Conecta Research & Consulting para la Federación de Gremios de Editores de España, concluíndo en que se deu un notábel aumento nos últimos anos até situar nun 65% a porcentaxe de poboación que denota gusto pola lectura. Así e todo, destácase o feito de estar Galicia moi por debaixo da media española pese a ter aumentado o número de lectores nos últimos anos.

Bragado, Manuel, “Xabier, o fillo de Raimundo e Teresa”, *Sermos Galiza*, n.º 302, “fóradeserie”, 28 xuño 2018, pp. 2-3.

Manuel Bragado fai un repaso da traxectoria do finado Xabier P. Docampo do que sinala foi un “dos mellores contadores de historias que coñecemos”.

Bran, Vanesa, “O mundo cultural chora o adeus de A Pipa”, *El Progreso*, “Comarcas”, 20 maio 2018, p. 16.

Informa do cese das convocatorias dos certames literarios que organizaba a Asociación A Pipa, baixo o mesmo nome, despois de case trinta anos de presenza.

Briones, Rubén G., “Lousame reivindica a figura do cura de Fruíme”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia-Muros”, 19 maio 2018, p. 31.

Recóllese o acto que tivo lugar na Igrexa de Fruíme, en Lousame, para reclamar que a Real Academia Galega lle dedique o Día das Letras Galegas a Diego Antonio Zernadas de Castro, coñecido como “o cura de Fruíme”. O propio Concello repartiu no acto a separata *Cara o III Centenario do Cura de Fruíme* mentres preparan a publicación dos seus 28 poemas galegos.

Bugallal, Isabel, “La biblioteca de Germinal”, *La Opinión*, “Tiempo recobrado”, 7 xaneiro 2018, contracuberta.

Repasa a actividade do Centro de Estudios Germinal, poñendo énfase na incautación da súa biblioteca por parte dos franquistas no 1936. O artigo fai referencia á queima de libros, que pon en relación co título *Os libros arden mal* (2014) de Manuel Rivas.

C. A., “Organizan un acto en memoria de Ramón Chao el 30 en el Paseo dos Soños vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 xuño 2018, p. 21.

Informa de que o Iescha e Amigos de Prisciliano organizan un percorrido e unha comida en memoria do escritor e xornalista de Vilalba Ramón Chao.

_____, “La Uned Sénior ampliará su oferta formativa con cursos de poesía, literatura y arte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 xullo 2018, p. 19.

Informa de que a Uned Sénior Terra Chá-Eume ampliará a súa oferta formativa en colaboración co grupo Nova Poesía Guitirica (NPG) e a plataforma Culturalia GZ. Entre os cursos ofertados, figura un obradoiro sobre a relación entre poesía e imaxe, outro de narrativa sobre microrrelatos, etc.

_____, “Xabier P. Docampo e Xosé da Flor serán recordados no Pedregal de Irima o sábado”, *El Progreso*, “A chaira”, 19 setembro 2018, p. 19.

Informa sobre unha homenaxe a título póstumo a Xabier P. Docampo e Xosé da Flor organizada pola Irmandade Manuel María e Xermolos. O acto estará enmarcado dentro da Festa da Afirmación e a Dignidade.

_____, “A asociación Avelino Díaz loita por divulgar a figura do poeta”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 decembro 2018, p. 19.

Informa da celebración dun acto de conmemoración polos 121 anos do poeta Avelino Díaz organizado pola asociación co seu mesmo nome e á que asistiron distintas personalidades entre as que destaca a presenza de Ramón Villares co obxectivo de recuperar a súa figura e editar a súa obra.

_____, “Un recital poético recauda fondos para la campaña de juguetes de Cruz Roja”, *El Progreso*, “A chaira”, 23 decembro 2018, p. 13.

Dá conta do recital poético solidario e internacional organizado por Culturalia GZ en colaboración coa Cruz Vermella e o Concello de Vilalba. Entre os participantes atopábanse Martiño Maseda e Adolfina Mesa, principais voces do acto.

C. B., “Bueu engalánase con máis de 60 alfombras florais”, *Faro de Vigo*, “Visado”, “Agenda”, 1 xuño 2018, p. 5.

No marco das actividades da Festa das Alfombras do Corpus, coméntase a actuación de Roi Casal, entendida como unha homenaxe a Neira Vilas e a toda a emigración galega a Cuba, así como a realización dunha alfombra infantil que terá como temática a figura de Os Bolechas.

_____, “Sesenta poetas claman en Guitiriz contra los incendios forestales”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 xaneiro 2018, p. 19.

Informa da estrea da terceira edición da iniciativa “Poemas Pendurados nas Farolas” de Guitiriz, baixo o lema “Lumes Nunca Máis”.

_____, “Moncho Paz substitúe a Ramón Chao á fronte de Amigos de Prisciliano”, *El Progreso*, “Vivir”, “Sociedad”, 22 xullo 2018, p. 64.

Informa da renovación da directiva da Asociación Amigos de Prisciliano e acórdase solicitarlle ao Concello de Vilalba un recoñecemento oficial á figura de Ramón Chao atendendo á súa vertente de acción no pobo e á súa traxectoria literaria.

C. C., “Román Rodríguez visita o stand de Galicia na Feira do Libro de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 maio 2018, p. 35.

Dá conta da celebración da 44ª Feira Internacional do Libro de Bos Aires, onde cultura galega dispón dun amplo stand propio visitado nestes días, entre outras personalidades, polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez.

C. F., “Se reedita ‘La catedral y el niño’, de Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 febreiro 2018, p. 37.

Informa da reedición de *La catedral y el niño* de Eduardo Blanco Amor por Libros del Asteroide.

C. G., “Arroelo propón buscar un tesouro na cidade a través de fragmentos literarios”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 16 febreiro 2018, p. 5.

Informa da actividade “En busca do tesouro” organizada por Arroelo en Pontevedra coa colaboración de distintas entidades como as editoras Xerais, Galaxia e Urco e que consiste en percorrer a cidade a través de pistas agochadas en fragmentos literarios

_____, “Miguel Anxo Fernández falou sobre o ‘xanbolismo’ no IES A Xunqueira I”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 11 abril 2018, p. 10.

Informa da charla impartida por Miguel Anxo Fernández ao alumnado do Bacharelato de Artes do IES A Xunqueira I sobre o ‘xanbolismo’, termo aplicado aos actores galegos que ocuparon papeis de ‘pailáns’ no cine español.

C. L., “Carlos Mosteiro y Anxo Rei Ballesteros ya figuran entre devanceiros en A Galea”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 2 maio 2018, p. 17.

Informa sobre a homenaxe realizada en Bealo aos escritores Carlos Mosteiro Fraga e a Anxo Rei Ballesteros, destácase a súa faceta literaria, desenvolvida na Pobra, como no caso de Eladio Oviedo Arce.

C. M., “Dúas mostras con historia e literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Ano da Lingua”, 26 setembro 2018, p. 6.

Coméntase a inauguración de dúas exposicións promovidas polo Departamento de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra. A primeira, comisariada por Carmen Carreiro e Ramón Nicolás, é *GalizAmérica* e recolle a evolución da lingua e da cultura galegas na diáspora durante os anos da ditadura. A segunda pertence ao fotógrafo Anxo Cabadas e titúlase *O imaxinario do país. Letras de magnesio. Retratos fotográficos e autorretratos literarios de escritores e escritoras*. Cabadas fusiona literatura e fotografía e homenaxea a 25 escritoras e 25 escritores relevantes na cultura galega.

C. P. R., “El IES Díaz Castro inicia los cuartos Roteiros tralas Pegadas de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 febreiro 2018, p. 19.

Informa da iniciativa, inaugurada polo IES Díaz Castro, “Roteiros tralas Pegadas de Díaz Castro” na que participará o alumnado do Mestrado de Formación do Profesorado da UDC e do grao de Educación Primaria da USC. Destaca que as coordinadoras da iniciativa son as profesoras María Miragaya, Mónica Campo, Ana María Pedreira e Olga Aguiar.

_____, “Se morren as aldeas, morre Galicia”, *El Progreso*, “deVerano”, 12 agosto 2018, p. 36.

Celebrouse a XXVIII Romaría Labrega da Chaira dos Vilares coa intención de reivindicar e pór en valor o rural galego. No acto Alfonso Blanco, coordinador de Xermolos, destacou a figura de Xosé María Díaz Castro e a súa querenza polo rural galego.

_____, “El concello estudiará si la aldea de Díaz Castro puede ser área de rehabilitación”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 outubro 2018, p. 22.

Informa da intención da corporación de Guitiriz de declarar a aldea de O Vilariño como área de rehabilitación integral. Non obstante, os plans de rehabilitación da casa do poeta Xosé María Díaz Castro, impulsada pola asociación Xermolos continúan sendo o obxectivo principal do colectivo.

_____, “La escuela de teatro de Castro de Rei inicia un nuevo curso”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 novembro 2018, p. 22.

Informa do inicio do novo curso da Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei cun único grupo de adultos cuxa matrícula continúa aberta. As clases terán lugar os mércores en horario de 20:30 a 22:30 e correrán a cargo do grupo Teatro do Miolo. Tamén se ofrece información para as persoas interesadas en participar no curso.

_____, “Raúl Galego será nomeado Chairego de Honra o día 17”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 novembro 2018, p. 23.

Informa da celebración en Vilalba dun acto de agradecemento a Raúl Galego, coñecido como o Gaiteiro Nubeiro, no que será nomeado Chairego de Honra en recoñecemento ao seu quefacer a prol da cultura galega e onde terá lugar unha mesa redonda e un xantar organizados pola asociación cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María.

_____, “Xermolos nomea Chairego de Honra de 2018 a Raúl Galego, “un mestre da cultura galega”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 novembro 2018, p. 20.

Informa do nomeamento de Raúl Galego como Chairego de Honra polo seu labor como “mestre da cultura galega”. No acto, celebrado no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba, organizado pola Irmandade Manuel María e a asociación cultural Xermolos, o galardoado avogou por “fomentar a nosa música, é a que temos que defender, como cultura que é nosa, igual que o idioma”. Para completar o acto, recitouse un poema de Xoán Xosé Fernández Abella. Nesta celebración participaron personalidades destacadas como Mero Iglesias e David Otero, ámbolos dous mestres e escritores galegos.

_____, “El V Poemas Pendurados de Farolas se centra en el recorte de libertades”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 decembro 2018, p. 18.

Informa da celebración dunha nova edición da iniciativa Poemas Pendurados de Farolas organizado en Guitiriz pola asociación cultural Lareira de Soños e o colectivo Nova Poesía Guitirica arredor dunha temática de denuncia fronte o recorte das liberdades e baixo o obxectivo de facer da poesía unha ferramenta de loita contra as inxustizas.

Caamaño, Juan, “Noia acolle a mostra 'Unha década das letras 73-82'”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia – Muros”, 9 novembro 2018, p. 32.

Anuncia a exposición *Unha década das letras 73-82*, que estará na casa da cultura Antón Avilés de Taramancos até o 14 de novembro e que contará coas obras de escritores aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas, entre eles menciona a Antón Vilar, Vicente Risco e Manuel Antonio. Anuncia tamén as Primeiras Xornadas de Cómico V de Viñetas que terán lugar no Sociedade Liceo de Noia do 16 o 18 de novembro.

Cal, Rosa, “Gallegos en Radio Liberty, Franco, Fraga y Emilio Eyré”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “Historia”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1021, “Historia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1021, “Historia”, 4 febreiro 2018, pp. 36-37.

Sinala a presenza e participación de algún galego como Antonio Reigosa na emisora cubana Radio Liberty.

Callón, Carlos, “A fondo. Seis poetas que comezan”, *Sermos Galiza*, n.º 294, “A fondo”, “Caderno de análise”, n.º 196, 3 maio 2018, p. 8.

Comenta os perfís dalgúns autores e autoras como Carlos Lixó, Arancha Nogueira, Regina Touceda, Jorge Durán, Belén Senín e Serxio Abalo. Nas diferentes entradas achéganse datos biográficos do autor así como fragmento das súas composicións poéticas.

Calveiro, P., “A novela negra ocupa o podio entre os libros electrónicos das bibliotecas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Na biblioteca”, 26 outubro 2018, p. 17.

Informa dos libros electrónicos que rexistran máis préstamos dixitais a través das bibliotecas, a través da plataforma GaliciaLe. Os autores máis lidos son Pedro Feijoo e Dolores Redondo.

_____, “Apágase unha chama da cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Compostelanos en su rincón”, 29 outubro 2018, contracuberta.

Lembra a traxectoria vital do falecido Carlos García Martínez, fundador e director do Museo do Pobo Galego, discípulo de Xaquín Lorenzo e Bouza Brey e membro da RAG.

_____, “O meu debut teatral foi facendo do lobo de ‘Carapuchiña’ no Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 outubro 2018, p. 36.

Dá conta do vínculo de María José Noia, “Fefa”, co teatro ao longo da súa vida. Deseguido, trata a situación actual da dramaturxia en Galicia.

_____, “Moitos descoñecen a fonda pegada de Rosalía de Castro en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “En primeira persoa”, 3 novembro 2018, p. contra cuberta.

Dá conta dunha actividade organizada por Turismo de Santiago para animar a ponte festiva da man da guía turística Inés Calvo, quen encarnará a Rosalía de Castro nunha visita polos puntos máis emblemáticos da cidade en relación á escritora.

_____, “Vou moito ver o mar dende Belvís”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 24 decembro 2018, cuberta.

Achega detalles sobre a biografía de Alba María Rodríguez na que se fai referencia á obra *Crear o mar en Compostela* (1993), de Marta Dacosta, mais ao disco de poemas musicados de Luis Emilio Batallán, *Aí vén o maio*.

Calveiro, P., Costoya D., Pérez R., “El terremoto festivo se sintió de norte a sur”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Festas do Apóstolo”, 26 xullo 2018, p. L2.

Informa da misa a Rosalía de Castro que se celebra na igrexa de San Domingos de Bonaval dende 1932. Comenta que o acto reuniu cerca de corenta institucións no aniversario da primeira misa en galego en lembranza a Rosalía de Castro e que acabou coa tradición ofrenda floral no Panteón dos Galegos Ilustres.

Canedo, Cibrán, “Freixanes pregonará o Cocido”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 xaneiro 2018, p. 34.

Informa de que o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, será o pregoeiro da 50ª Feira do Cocido de Lalín.

_____, “Unha posta en valor para Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 abril 2018, p. 34.

Informa da creación por parte dos concellos de Ames, Brión, Padrón e Santiago dunha nova ruta chamada “As Pegadas de Rosalía”.

_____, “As Torres do Allo abren o 17 de maio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 2018, p. 35.

Dá conta que as Torres do Allo, en Zas, ofrecerán visitas guiadas ao lugar nas que se achegarán datos sobre Vítor López-Seoane, morador do pazo, de quen se destaca a súa amizade con Manuel Murguía e con Eduardo Pondal.

_____, “Barbantia cita a los artistas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 xullo 2018, p. 36.

Anuncia a convocatoria para a exposición colectiva Barbantiarte, entre a asociación cultural Barbantia e o Museo do Gravado de Ribeira, dirixida a todas as disciplinas artísticas, de pintura a banda deseñada ou poesía visual.

_____, “Exaltación gastronómica en Aguiño”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”,

19 xullo 2018, p. 34.

Comenta que o artista Quico Cadaval e o párroco Francisco Lorenzo Mariño (a título póstumo) serán os Percebeiros de Honra na XXI Festa do Percebe de Aguño de Ribeira.

_____, “Castelao, ‘Forever in Galicia’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 outubro 2018, p. 30.

Informa da presentación, en Rianxo, da obra *Forever in Galicia*, unha adaptación en inglés do *Sempre en Galiza* realizada por Craig Patterson.

_____, “A biblioteca de Camariñas opta a premio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 outubro 2018, p. 34.

Informa de que a biblioteca municipal de Camariñas é unha das finalistas ao Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2018 grazas ao seu proxecto *O berberecho Rebecho viaxa a La Turballe*.

Cano, Rosa, “O CCG pide a máxima protección para o Centro Galego de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xaneiro 2018, p. 37.

Informa sobre a petición por parte do Consello da Cultura Galega á Xunta de Galicia para conservar o patrimonio artístico, documental, bibliográfico, musical e hemerográfico que conserva o Centro Galego de Bos Aires.

_____, “Chega ‘A derradeira leición do mestre’, cadro de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xaneiro 2018, p. 36.

Anuncia a chegada do cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao a Galicia para a súa exposición no Gaiás e sinala de xeito breve a historia do dito cadro.

_____, “Medallas do CCG a Pablo Figueroa e Ana Paula Laborinho”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 maio 2018, p. 37.

Informa da celebración dun acto de imposición de medallas que o Consello da Cultura Galega quere entregar como forma de recoñecemento a aquelas persoas que colaboraron coa institución na acción exterior de difusión e promoción da lingua e cultura galegas. É así que Pablo Figueroa xunto con Ana Paula Laborinho foron obsequiados coa concesión destas medallas.

_____, “Lixó recibe o premio de xornalismo de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 25 maio 2018, p. 53.

Infórmase da entrega do premio en Carballo a Carlos Lixó polo artigo “Alpabardas verdes”, mil douscentos cincuenta euros e a publicación do mesmo.

_____, “El sector del libro crece solo un 0,1 % y la edición en gallego hasta el 1,5%”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 14 xullo 2018, p. 37.

Coméntanse datos estatísticos e de facturación do sector español do libro, atendendo á baixada por gratuidade do libro de texto e á produción editorial por linguas, onde o galego elevou o seu volume un 1,5 %, fronte ao 7,6 % do catalán e o 9,4 % do éuscaro.

Cano, Rosa e E. P., “El director del Museo do Pobo Galego recibirá sepultura en Figueiras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 marzo 2018, p. 31.

Dá conta do pasamento do membro da RAG e director do Museo do Pobo Galego, Carlos García Martínez. Ademais, tamén era patrón fundador da Fundación Castelao, da Fundación Pedrón de Ouro e presidente do Consello Galego de Museos.

Caño, X. M. del, “Pen Galicia pide el Nobel de Literatura para Méndez Ferrín por décimo año consecutivo”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 6 xaneiro 2018, p. 30.

Dá conta da insistencia da institución Pen Galicia na proposta de Xosé Luís Méndez Ferrín como candidato ao Nobel de Literatura.

Carneiro, M., “La RAG presenta 85 cartas inéditas de Emilia Pardo Bazán de entre 1878 y 1920”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 outubro 2018, p. 32.

Informa da recuperación, por parte da Real Academia Galega, de 85 cartas inéditas de Emilia Pardo Bazán datadas entre os anos 1878 e 1920 e que recollen a correspondencia coa súa amiga Carmen Miranda.

Carou, F., “*Sermos Galiza* S.A. lanza a cabeceira De Nós”, *Sermos Galiza*, n.º 285, “Sociedade”, 22 febreiro 2018, p. 8.

Anuncia as monografías con perspectiva galega do *Sermos Galiza*, das cales a primeira irá dedicada aos masacres agrarios de comezos do s. XX e a segunda a María Victoria Moreno, con traballos de Fina Casalderrey, Marta Dacosta, Eli Ríos, Susana Sánchez Aríns, Antonio García Teijeiro, Carme Vidal, Montse Pena Presas e Mercedes Queixas.

Carrera, Rosé, “Unha placa lembra a estadía de Manuel Antonio en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 xaneiro 2018 p. 9.

Informa da instalación dunha placa no número 15 do Paseo de Alfonso XII que lembra a estadía do poeta rianxeiro en Vigo. Tamén destaca que a cidade é o único lugar xeográfico nomeado na súa obra. Na parte final do artigo fai referencia á obra *Manuel Antonio. Unha vida de rebeldía*, de Xosé Luís Axeitos.

_____, “A cidade lembra a relación de Rosalía de Castro con Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 febreiro 2018, p. 9.

Informa do paseo literario que tivo lugar en Vigo o Día de Rosalía para conmemorar a vinculación da autora coa cidade.

Carro, Ana, “La reforma de la RAG llevará el pavimento de la Ciudad Vieja al interior del edificio”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 xaneiro 2018, p. 9.

Informa da aprobación do proxecto “Umbral, entreluces y el cielo” para reformar a RAG e a Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

_____, “La luz y el entorno como protagonistas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 xuño 2018, p. 9.

Dá conta do proxecto do arquitecto Gonzalo Moure, descrito como tranquilo e respectuoso, para rehabilitar a sede da Real Academia Galega.

_____, “Acampa’ se despide con poesía”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 xuño 2018, p. 9.

Recolle as últimas actividades do proxecto Acampa pola paz e o dereito ao refuxio, instalado nos xardíns de Méndez Núñez, entre os que salienta un obradoiro de poesía e outro de primeiros auxilios.

Casanova, Ana, “A historia de Sarria en feminino”, *El Progreso*, “Sarria”, “De norte a sur”, 2 marzo 2018, p. 20.

Dá conta da existencia de diferentes mulleres de Sarria que a día de hoxe son consideradas importantes personalidades do lugar. Entre elas destaca a poeta Xela Arias ou Rosa Oñate.

Casilda, Isabel, “Las mujeres gallegas que la historia silenció”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 19 agosto 2018, pp. 2-4.

Homenaxe a mulleres galegas de distintos ámbitos profesionais e de gran relevancia histórica que foron silenciadas precisamente polo feito de seren mulleres. Fala das escritoras Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, das periodistas María Luz Morales e Sofía Casanova, da pintora Maruja Mallo e tamén da heroína popular María Pita.

Cheda, Pilar, “Cervantes celebra el 23 de abril el Día do Libro con una charla de Fernando Salgado”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 abril 2018, p. 16.

Informa da celebración do Día do Libro no concello de Cervantes cunha conferencia do xornalista Fernando Salgado.

Cid, Xiana, “A historia agochada nas tumbas”, *La Región*, “Agenda”, 9 abril 2018, p. 12.

Anuncia un roteiro literario no Cemiterio de San Francisco organizado pola Fundación Otero Pedrayo na terceira edición do “Abril Oteriano”. Sinala que no dito cemiterio repousan, ademais de Otero Pedrayo, escritores como Lamas Carbajal, Francisco

Cuevillas, Blanco Amor e Marcelo Macías.

_____, “Una cita mensual con los libros”, *La Región*, “Agenda”, 29 maio 2018, p. 22.

Dá conta da actividade do Clube de Lectura mensual, coordinado por Ángeles Rodríguez co apoio da Fundación Cum Laude. Con xuntanzas periódicas no Centro Cultural Marcos Valcárcel, reúnen-se dende 2006 para comentar diferentes obras, de cando en vez con presenza das autoras ou autores.

_____, “Un pasado histórico ‘birlado’”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación”, 30 maio 2018, p. 18.

Anuncia a presentación, na librería Eixo, da novela do escritor galego Xabier Quiroga *La casa del nazi*, versión en castelán de *Izan o da saca* (2015), que pretende levar a historia de Galicia fóra da comunidade.

_____, “Café, tostadas y un buen libro, ¿hay algo mejor?”, *La Región*, “Verano”, “Planes y enredos”, “Ourense de 5 en 5”, 27 xullo 2018, p. 24.

Realízase unha sucinta revisión da oferta literaria de autoría ourensá, revisando as últimas entregas de Rochi Nóvoa con *Instances* (2017), Arancha Nogueira con *O único lugar onde ficar inmóbil* (2018), Tamila Alem con *Tremenda muller* (2018) ou Celia Parra, da que se refire a ligazón co campo da creación audiovisual e poética.

_____, “Ribadavia déixase levar co Artificial”, *La Región*, “Verano”, 2 setembro 2018, p. 21.

Dá conta da programación do festival e indícase que cinco poetas do Kerouac desenvolveron con éxito a súa actuación de “Poesía Vertical”.

Cocho, Federico, “A gran festa da risa”, *Sermos Galiza*, n.º 283, “*Caderno de análise*”, n.º 188, “A fondo”, 8 febreiro 2018, pp. 4-6.

Recolle palabras de Méndez Ferrín e Antón Riveiro Coello acerca das celebracións do entroido.

Coira, Marta, “O xardineiro dos ingleses’, una ruta para conocer la Vilagarcía antigua”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, 30 agosto 2018, p. 26.

Dáse noticia da ruta literaria por Vilagarcía, organizada polo departamento de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra, a través da obra *O xardineiro dos ingleses* (2017) de Marcos Calveiro, e engádesse que o cemiterio se abre de forma extraordinaria para dita actividade.

Colmenero, X. L., “A Feira do Libro inaugura a festa do Lázaro en Verín”, *La Región*, “Provincia”, 17 marzo 2018, p. 27.

Informa sobre a programación da Feira do Libro en Verín, onde se destaca que a escritora Elena Gallego, criada na vila, foi pregoeira do acto ademais de levar a cabo a presentación do seu libro *O xogo de Babel*.

Colmenero, Xosé Lois, “A feira do libro de Verín rende homenaxe a Barbón e Chivite”, *La Región*, “Monterrei”, 13 marzo 2018, p. 23.

Fala das presentacións que terán lugar no concello de Verín pola celebración da segunda edición da feira do libro. Como autores destacados están Elena Gallego e Alberte Blanco, que falarán de *O xogo de Babel* (2017) e *Códice esmeralda* (2017) respectivamente.

Constenla, Tereixa, “Manuel Rivas. ‘Hoy un acto de rebelión también puede ser escuchar’”, *El País*, “Cultura”, 11 abril 2018, p. 25.

Fala sobre o libro *Contra todo isto* (2018), de Rivas, que mantén a esencia de *O lápiz do carpinteiro* (1998) e sinala que a conversa co autor se desenvolveu no Café Derby, por onde pasaron outros escritores como Cunqueiro, Novoneyra e Casares.

Corbelle, Sabela, “Desde Lugo y para la Historia”, *El Progreso*, “Lugo”, “Historias de Lugo”, 11 marzo 2018, p. 9.

Coméntase a historia de mulleres relevantes da Historia que residiron en Lugo como Amalia Álvarez Gallego, María Balteira, Rosalía de Castro ou María Castaña.

_____, “Un genio aún desconocido”, *El Progreso*, “Lugo”, “Historias de Lugo”, 1 abril 2018, p. 10.

Lóuvase a figura de Jesús Bal y Gay, que no ámbito musical galego publicou a obra *Cancioneiro Galego*, obra que transcribe composicións da música popular galega.

_____, “Los esclavos gallegos de Cuba”, *El Progreso*, “Lugo”, “Historias de Lugo”, 10 xuño 2018, p. 11.

Con motivo dunha reportaxe sobre os galegos de ollos azuis que traballaron como escravos en Cuba, na construción de vías férreas e cafetais, cítase algún traballo de Xosé Neira Vilas, coma *Memoria da emigración (III)*.

_____, “Las Irmandades da Fala sostuvieron hasta los años 60 el nacionalismo gallego”, *El Progreso*, “Lugo”, 16 outubro 2018, p. 8.

Destaca a importancia que tivo o Manifesto da Asamblea Nacionalista firmado polas Irmandades da Fala en Lugo en 1918 para a cultura e a literatura galegas, que experimentaron un segundo Rexurdimento despois da asemblea.

_____, “As Irmandiñas das que non se fala”, *El Progreso*, “Lugo”, 7 novembro 2018, p. 8.

Informa da recuperación de datos relativos á Sección Feminina das Irmandades da Fala por parte da catedrática Aurora Marco que, a través das súas investigacións, conseguiu recuperar nomes, esquecidos pola oficialidade, como os de María Miramontes, Elvira Bao Maceiras, Amparo López Jeán, Concepción González Varela, Adela Martínez García ou Micaela Chao Maciñeira.

Costa, Bea, “Cabanillas recupera o epitafio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xuño 2018, p. 41.

Informa do recente gravado duns versos de *Vento mareiro* sobre o epitafio de Ramón Cabanillas, como el mesmo encomendara á súa dona en 1915. Recóllense algunhas visicitudes ligadas ao traslado dos restos mortais ao Panteón de Galegos Ilustres e a acción de Francisco Fernández Rei, levando o caso ao padroado do Museo do Pobo Galego.

Costas, Leticia, “Na baía de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Verne y Vigo”, 18 febreiro 2019, p. 4.

Dá conta da relación de Verne coa baía de Vigo a través do libro *20.000 leguas debaixo dos mares*, obra de ficción na que o porto da cidade serve como escenario nun das súas pasaxes.

Cota, Rodrigo, “Ellos Sabrán”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Vaya semana”, 6 xaneiro 2018, p. 18.

Dá conta do falecemento de Xosé Lois Vila Fariña, cronista oficial de Vilanova, escritor, investigador e divulgador.

_____, “El local de la cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Pontevedrando... A taberna do jazz”, 31 xullo 2018, p. 10.

Realízase unha reseña do local, atendendo ás intencións do propietario, Luis Garea, e expoñendo o avultado programa cultural, que mestura recitais de poesía, presentacións de libros, música en vivo ou charlas. Na presente semana, alén dunha exposición sobre jazz, agárdase un recital con performance do poeta portugués Vítor Hugo.

Couso, Sandra, “¿Cómo fue el Banquete de Conxo?”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 abril 2018, p. 24.

Anuncia a celebración do 162 aniversario do Banquete de Conxo, no cal participaran Pondal, Aurelio Aguirre, Rosalía de Castro e Paz Novoa, a través de varias actividades como recitais, roteiros e concertos.

_____, “Emotiva gala para conmemorar 25 años de vida en el Airas Nunes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 decembro 2018, p. 24.

Informa da celebración dunha gala de aniversario no café compostela Airas Nunes,

propiedade dos irmáns e hosteleiros Xavier e Xosé Lois Freire. Foi unha noite festiva cargada de cultura cunha atractiva programación, entre a que destacan as actuacións do trío de Nani García ou do grupo Chévere.

Crespo, Carlos, “Un fértil asalto á tradición”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Música”, “Está sonando”, 19 xaneiro 2018, p. 14.

Dá conta do primeiro disco da Banda da Loba no que se mesturan xéneros e se inclúen poemas musicados.

Cruz, José, “Una muestra recuerda la obra del poeta Delgado Gurriarán”, *La Región*, “Valdeorras”, 23 xaneiro 2018, p. 22.

Informa da viaxe a Vitoria da exposición *FDG Bebedeira de ensoños*, a cal funciona como campaña reivindicativa do Día das Letras Galegas para o poeta Florencio Delgado Gurriarán.

_____, “Poesía, vino y rock llenarán el festival Silfest de O Barco”, *La Región*, “Valdeorras”, 16 maio 2018, p. 23.

Anuncia que o programa do festival, agora de carácter comarcal, incluírá quince actuacións e visitas a bodegas. Fátima Delgado e Anxo Baranga dirixirán o encontro poético, que recordará a figura de Florencio Delgado Gurriarán.

_____, “La vida de un poeta en corto”, *La Región*, “Valdeorras”, 19 xuño 2018, p. 29.

Anúnciase o inicio da rodaxe dunha curtametraxe sobre a figura do poeta Florencio Delgado Gurriarán, a cargo do director valdeorrés Domingo Díaz, que pretende mesturar documental e ficción en aproximadamente 15 minutos. A finalidade última do proxecto matriz é conseguir o Día das Letras Galegas para o escritor de Córghomo.

_____, “Córghomo lleva el arte a la fachada”, *La Región*, “Valdeorras”, 11 outubro 2018, p. 24.

Dá conta das grandes figuras literarias que o artista valdeorrés Anxo Baranga está a pintar na fachada da súa casa, entre elas, Rosalía de Castro, Florencio Delgado Gurrián, Manuel Antonio e Celso Emilio Ferreiro. Menciona a posibilidade de representar tamén na parede aos gaiteiros locais, chamados “Follas Novas”.

Cruz, Jose M., “La poesía, nuevo reclamo en el programa de verano”, *La Región*, “Valdeorras”, 23 xuño 2018, p. 29.

Dá conta da celebración dunha nova edición do ciclo cultural “De Perto”, organizado pola Concellería de Cultura e Educación de O Barco, na que se inclúe por vez primeira a poesía cun recital da poeta Olga Novo.

Cuadrado, María, “Pase, está en la casa de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Mondoñedo”, 15 novembro 2018, p. 28.

Anúnciase a apertura da Casa-Museo do escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro. Situado na praza da Catedral de Mondoñedo, a súa inauguración está prevista para finais do ano 2018 ou comezos do 2019. A vivenda xa foi rehabilitada e acondicionada para acoller tanto actos de carácter cultural como todo aquilo relacionado coa súa produción literaria. Ademais, albergará un negocio de hostalaría. Este proxecto contou coa axuda da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o propio concello.

Cuba, Laura R., “O erotismo asolaga os xardíns de Allariz”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “fóradeserie”, 13 setembro 2018, pp. 2-3.

Revisa a IX edición do Festival Internacional de Xardíns de Allariz, situado á beira do río Arnoia e obra de once paisaxistas. A erótica é o tema principal deste ano e, xa que logo, parte da creación apóiase nunha das figuras máis destacadas da poesía erótica galega, Claudio Rodríguez Fer, do que se reproducen uns versos. Asemade, o texto ábrese cunha sucinta referencia a Rosalía de Castro.

D. G., “Ofrenda floral de la corporación municipal a Curros Enríquez, Suárez Ferrín y Juana de Vega”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 novembro 2018, p. 9.

Informa da ofrenda floral do goberno coruñés en San Amaro para homenaxear a Manuel Curros Enríquez, Alfredo Suárez Ferrín e Juana de Vega o 1 de novembro para lembrar o seu meritorio labor na cidade coruñesa. Tamén se levou a cabo unha sentida homenaxe ante a Cruz dos Esquecidos así coma aos Mortos pola Liberdade.

D. P., “Poesía, interpretación musical y un vídeo sobre micromachismos, gritos contra la violencia en Forcarei”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 31 xaneiro 2018, p. 23.

Dá conta da escenificación por parte de Antía Otero da súa acción poética *Palabra en adival* dentro da actividade Violenzia Zero que tivo lugar no Ies Chano Piñeiro de Forcarei.

D. S., “O intelectual na prensa”, *Sermos Galiza*, n.º 280, “fóradeserie”, 18 xaneiro 2018, p. 3.

Dá conta da perspectiva literaria de Carlos Casares, extraída do limiar de *A ledicia de ler*, autoría da profesora Dolores Vilavedra, e de diferentes artigos publicados en *La Voz de Galicia*.

_____, “Filoloxía na medianoite do século”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “fóradeserie”, 1 febreiro 2018, p. 3.

Repasa os contidos principais do ensaio *Margot Sponer, Do galego antigo ás fronteiras*

da resistencia, ao mesmo tempo, fai un breve percorrido polo seu periplo vital.

_____, “Así se fai un poeta”, *Sermos Galiza*, n.º 284, “*fóradeserie*”, 15 febreiro 2018, p. 3.

Fai unha revisión do ensaio *Díaz Castro: poeta en formación* e da mesma figura do escritor. Reflexiona, especialmente, sobre a homenaxe das letras galegas, que achega unha imaxe e unha identidade do autor sen arestas e sen contradicións, unha visión que se afasta da realidade.

Darriba, Luz, “As santas migrantes”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “*fóradeserie*”, 11 xaneiro 2018, p. 8.

Informa do peche do ciclo “Teño unha peza” do Museo do Pobo Galego, no cal a parte da autora do artigo participaron Suso de Toro, Sés, Pepe Carreiro, Encarna Otero, Jorge Mira, Tareixa Navaza, Vero Boquete, Roberto Leal, Rubén Aramburu, Lidia Senra e Elena Ferro.

David, Juan, “Os socios do CGBA solicitarán un concurso de acredores se non hai unha oferta nun prazo de 30 días”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2018, p. 36.

Informa sobre a problemática que sofre o Centro Gallego de Buenos Aires. Dá conta da reunión exixida polo persoal do centro co goberno para que se comunique unha oferta formal polo centro.

_____, “Só Rosario Álvarez opta a renovación da presidencia do CCG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 maio 2018, p. 36.

Achega información sobre a candidatura de Rosario Álvarez á presidencia do Consello da Cultura Galega, sendo esta a única candidatura presentada para relevar a Ramón Villares na institución.

_____, “Rosario Álvarez converteuse onte na primeira muller ao fronte do CCG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 xuño 2018, p. 35.

Informa do nomeamento de Rosario Álvarez como presidenta do Consello da Cultura Galega despois do cese de Ramón Villares en tal posto. Tamén se fai referencia aos antigos presidentes da institución: Ramón Piñeiro, Xosé Filgueira Valverde, Carlos Casares e Alfonso Zulueta.

_____, “Santiago Jaureguizar álzase co galardón do Fernández del Riego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño 2018, p. 38.

Dá conta dos gañadores de dous premios de xornalismo: o Fernández del Riego recaeu en Santiago Jaureguizar polo seu artigo “Pólvora sen magnolia na discoteca Clangor” (cunha concorrencia de 25 artigos) e o Julia Camba recaeu en Ricardo F. Colmenero (cunha concorrencia de 114). Os premios son convocados por Afundación, a obra social de Abanca e o Ámbito Cultural de El Corte Inglés.

_____, “A RAG elixe a Antón Fraguas como a figura para o Día das Letras 2019”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 8 xullo 2018, p. 34.

Dá conta de que a RAG anunciou, por medio do seu presidente Víctor F. Freixanes en rolda de prensa, que será Antón Fraguas a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2019, destacando o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas e pondo en valor a súa faceta como profesor, bo narrador e dinamizador do Museo do Pobo Galego como director do mesmo.

_____, “Ampla representación da creación literaria galega na Feira de Guadalaxara”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 novembro 2018, p. 37.

Dá conta da celebración da trixésimo segunda edición da Feira Internacional do Libro de Guadalaxara, onde Rosalía Fernández, Manel Loureiro, Arantza Portabales e a ilustradora Macus Romero actúan como representantes da literatura e da cultura galegas ao mesmo tempo que promocionan os seus traballos. Todo isto mesturado cun especial protagonismo do libro galego como consecuencia da contribución da Xunta para desenvolver unha programación de actividades orientadas á proxección exterior da literatura galega.

_____, “Arrinca Culturgal, o fiel reflexo do traballo a prol da industria cultural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 decembro 2018, p. 36.

Informa do comezo da undécima edición do Culturgal no Pazo da Cultural de Pontevedra, onde se agarda que acudan unhas 15.000 persoas a gozar das máis de 140 actividades culturais que alí se ofrecen. Entre as asistentes destácase a presenza do conselleiro de Cultura e Turismo Román Rodríguez, quen insiste en salientar a importancia desta nova edición e máis a participación económica da Xunta para levala a cabo.

Dávila, Berta, “Escribir por amor”, *Sermos Galiza*, n.º 280, “fóradeserie”, 18 xaneiro 2018, p. 6.

Recolle a explicación que a poeta Berta Dávila fai do seu propio libro *A pel do mundo* (2017), un poemario que, como ela mesma di, é para ensinarlle aos rapaces a existencia dos moitos xeitos diferentes de vivir, e cuxo proceso de creación nos relata ao longo deste artigo.

Díaz, Noelia, “A Coruña olvida su patrimonio”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 marzo 2018, p. 14.

Comenta a falta de traballos de restauración dos diferentes monumentos e esculturas de Coruña que conmemoran a importantes figuras galegas como Murguía ou Castelao.

_____, “Reportaje. Las caras B de Picadillo, peripecias en el Arteixo de los años 10”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 8 abril 2018, p. 18.

Anuncia a publicación por parte de Xabier Maceiras dun libro sobre Picadillo que inclúe

máis de 150 textos entre os cales un sinala a relación entre Picadillo e Curros Enríquez.

_____, “Pastoriza recreará el golpe fallido que Juan Díaz Porlier planeó en Villariza”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 26 agosto 2018, p. 18.

Anuncia a representación en Pastoriza do golpe fallido do liberal Juan Díaz Porlier da man da compañía teatral Melandrainas, a asociación O Grilo e os escritores Henrique Rabuñal e Miguel Sande. Menciona a Xabier Maceiras, quen tivo a idea coa intención de involucrar á vila.

Díaz-Fierros, Francisco, “O nacemento de Domingo Fontán”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 15 abril 2018, p. 26.

Informa do nomeamento de Domingo Fontán como Científico Galego do 2018 pola Real Academia de Ciencias de Galicia e sinala a importancia que Otero Pedrayo lle daba á *Carta Geométrica de Galicia*.

Dopico Vale, Julia M^a, “Poesía en Narart”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 22 xullo 2018, p. 11.

Dá conta do VI Encuentro Literario Narart, no que participará o colectivo Moraima. No propio artigo cítase o poema do mesmo título de Celso Emilio Ferreiro para referirse á creación do grupo.

_____, “Araguas”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 22 xullo 2018, p. 11.

Saúda un novo libro en castelán do escritor, xornalista e doutor en Filoloxía Inglesa Vicente Araguas, titulado *Los pavos trufados*, e recentemente presentado na librería Galiano de Ferrol canda José Torregrosa. Realízase un breve percorrido polo variado da súa traxectoria e polo ton dos relatos e personaxes adolescentes deste novo volume.

E. C. G., “Homenaxe a Castelao aos 68 anos do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 10 xaneiro 2018, p. 10.

Informa da ofrenda floral da Fundación Castelao en San Domingos de Bonaval para homenaxear a Alfonso Daniel Castelao no 68 aniversario do seu pasamento. No acto estiveron presentes Valentín García, Luís Villares, Xoaquín Fernández Leiceaga, Encarna Otero, Teresa Táboas e Xesús Palmou.

_____, “Calientan motores para la Feria Goyesca que se celebrará este fin de semana”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 febreiro 2018, p. 22.

Informa da celebración dunha ofrenda ao Batallón Literario de Santiago na praza da Quintana no seo da “II Feira Goyesca-Napoleónica”.

_____, “Un amplio programa de actividades servirá para celebrar la fiesta del Banquete de Conxo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 marzo 2018, p. 21.

Coméntase a celebración con motivo do 162 aniversario do Banquete de Conxo no que haberá un Mercado del Libro e Artesanía e levarase a cabo unha visita guiada da man de Henrique Álvarez.

_____, “A RAG homenaxea hoxe a Xohana Torres cun acto literario e musical”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2018, p. 37.

Informa dun acto de homenaxe da RAG a Xohana Torres no Día da Poesía, inaugurado polo presidente da Academia Víctor F. Freixanes e no que tiveron lugar intervencións doutros membros como Marilar Aleixandre, Ana Romaní e Xesús Alonso Montero. Ademais, o acto contou coa actuación musical de Guadi Galego e Guillerme Fernández e co recital de poemas da homenaxeada por parte de poetas como Ismael Ramos, Berta Dávila ou Luz Pozo Garza.

_____, “La Biblioteca Ánxel Casal celebra su décimo aniversario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 abril 2018, p. 24.

Informa dos actos celebrados para a ocasión, entre os que figura unha sesión de contacontos con Paula Carballeira, un espectáculo musical e algunha sorpresa a socios.

_____, “La historia de la ciudad en los ‘Cadernos de Compostela’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 abril 2018, p. 25.

Anuncia o obxectivo dunha nova colección de cadernos gratuítos impulsados polo concello da cidade, que achegarán relatos diferentes, episodios, fitos e personaxes de Santiago de Compostela. O primeiro céntrase no ano 1116, sendo a responsábel do contido a investigadora Mercedes Vázquez Bertomeu.

_____, “Unha misa oficiada por Torres Queiruga abrirá os actos por Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2018, p. 36.

Anuncia unha serie de actos en homenaxe a Otero Pedrayo nos cales participarán Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Salgado, Margarita Ledo Andión, Antón Santamarina, Ramón Lorenzo, Xosé Luís Franco Grande e Carlos Baliñas.

_____, “Menos títulos, tiraxe, editoriais e axudas para o libro galego no período 2000-2016”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 abril 2018, p. 37.

Dá conta dos resultados extraídos do informe realizado polo Observatorio da Cultura Galega no tocante á edición de libros en Galicia no período 2000-2016, do que se extrae que a evolución global da cifra de libros publicados en galego ofrece unha caída dun 52,4%.

_____, “Reclaman máis nomes femininos no rueiro local”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 abril 2018, p. 22.

Informa da solicitude por parte da conselleira do BNG Gorette Sanmartín de que haxa máis mulleres dándolle nome ás rúas de Santiago e indica a proposta que ela fai de poñerlle o nome da escritora Begoña Caamaño, da sindicalista Rosa Bassave e da vítima

de violencia de xénero Elena Mihaela Marcu.

_____, “La revista australiana ‘Antípodas’ saca un número monográfico sobre Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2018, p. 38.

Dá conta da publicación do vixésimo oitavo número da revista *Antípodas*, un volume monográfico sobre a literatura galega, editado por José Miguel Alonso Giráldez e Roy C. Boland, catedrático da University of Sydney.

_____, “Vila de Cruces festexa a XXV Festa do Galo de Curral cun cartel histórico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 maio 2018, p. 44.

Recolle as particularidades da presente edición da Festa do Galo do Curral de Vila de Cruces, entre as que salienta a presentación do pasodobre “Balbino”, dedicado a Xosé Manuel Leira Vilas.

_____, “El Banquete de Conxo, eje central de una muestra de fotografías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 xuño 2018, p. 23.

Dá conta da exposición fotográfica instalada na Carballeira do Banquete de Conxo, xa inaugurada, composta por 14 imaxes e titulada *Conxo, espazos e xentes*.

ECG, “Reclaman un monumento para Ánxel Casal pola súa labor en favor da cidade”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 agosto 2018, p. 21.

Dá conta da celebración dun acto de homenaxe ao exalcalde compostelán Ánxel Casal organizado polo Bloque Nacionalista Galego que serviu de marco para insistir na petición ao Goberno de Santiago para que se faga un monumento de homenaxe a esta destacada figura da nosa cultura.

_____, “A monfortina Mónica Sánchez publica libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 agosto 2018, p. 37.

Mostra a aposta de Chan da Pólvora pola Feira do Libro de Monforte, inaugurada cun pregón de Lois Diéguez. A editora presenta o primeiro libro da poeta monfortina Mónica Sánchez, *Ad inferos* (2018); a Deputación de Lugo presenta a edición de *Os Eidos* (2018); e Teresa Moure a plaquette *Não tenho culpa de viver* (2017), ademais de acompañar a Antón Lopo na presentación de *Corpo* (2018).

_____, “Homenaxe a Borobó no 15º aniversario do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 agosto 2018, p. 39.

Informa da celebración dun acto de homenaxe en Pontecesures ao escritor e xornalista Raimundo García Domínguez, máis coñecido como Borobó.

_____, “Doan obras de Francisco Añón á Real Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 outubro 2018, p. 37.

Informa da doazón realizada por Enrique González Añón Villar á Real Academia Galega

duns documentos do poeta Francisco Añón que xa antes tivera o seu pai Enrique González Añón, derradeiro alcalde republicano de Outes.

_____, “Homenaje a Carlos García Martínez *El sábado* día 27 en el Museo do Pobo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 outubro 2018, p. 38.

Informa da homenaxe a Carlos García Martínez que terá lugar o 27 de outubro no Museo do Pobo Galego do que foi director no seu momento alén de ser tamén membro da Real Academia Galega. Á homenaxe acudirán Justo Beramendi, Francisco Calo Lourido, Encarna Otero, Carlos A. García Pos, Xosé Ramón Fandiño e Teresa Soeiro, entre outras personalidades.

_____, “Carlos Núñez profunda nas raíces da música celta nunha charla da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 outubro 2018, p. 38.

Dá conta do relatorio de Carlos Núñez sobre o celtismo na Real Academia Galega, dentro do mesmo artigo fai referencia á mención de Manuel Murguía e Álvaro Cunqueiro por parte do presidente da institución, Víctor Freixanes.

_____, “El CDG aborda la identidad en su nueva producción, ‘Neorretranca e Posmorriña’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 decembro 2018, p. 39.

Informa da nova produción do Centro Dramático Galego, *Neorretranca e Posmorriña*, un proxecto que ten como base textos de Esther F. Carrodegas e de Roi Vidal Ponte e que esta institución levará a escena a partir do mes de abril de 2019 baixo a dirección de Gena Baamonde.

E. G., “A Guarda organiza la ‘Semana por Rosalía’ con un amplio programa”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 15 febreiro 2018, p. 14.

Informa da celebración da “Semana de Rosalía” no concello da Guarda, a cal compila unha serie de actividades arredor da figura da escritora como un recital poético dos seus textos que contará ca participación de Manuel Cadilla.

_____, “María Xosé Queizán emociona con sus poemas con ritmo a estudiantes de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 10 maio 2018, p. 17.

Dá conta da celebración de varios encontros no Teatro Municipal de Tui da profesora e escritora María Xosé Queizán con grupos de alumnado do IES San Paio e do colexio público de Pazos de Reis. Neles a poeta recitou, a ritmo de rap, algunhas das súas composicións poéticas. Tamén se levou a cabo unha rolda de preguntas dos alumnos á autora.

E. I. A., “Valle-Inclán, un habitual en la colchonería de Artime”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xuño 2018, p. 26.

Faise memoria dalgúns dos costumes de Ramón del Valle-Inclán na súa cotidianidade santiaguesa, como visitar a colchonería Viuda de Artime, na compañía do seu fillo e do

pintor Carlos Maside, onde se celebraban tertulias con outros persoeiros da intelectualidade da cidade. Recóllense algunhas destas informacións en *A morte de Valle Inclán* (Edicións Xerais de Galicia, 2016).

E. O., “A perda dun ‘referente intelectual’”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 22 maio 2018, p. 33.

Dá conta do falecemento de Ramón Chao asemade que recolle declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Moncho Paz e Manuel Bragado, que lamentan a perda intelectual, literaria e política do falecido.

_____, “A Real Academia Galega de Belas Artes adicará o Día das Artes a Luís Seoane”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 xullo 2018, p. 31.

Recolle a decisión unánime da institución citada, para dedicar a Luís Seoane López o Día das Artes Galegas de 2019. Recóllese un sucinto repaso pola súa biografía, así como unha caracterización dos trazos principais da súa obra.

_____, “O Consello da Cultura recrea en realidade virtual o universo de Castelao en “Alba de Gloria””, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 novembro 2018, p. 41.

Con motivo do 70 aniversario da pronuncia do último gran discurso de Castelao en vida, o Consello da Cultura Galega pretende ofrecer ao público unha mostra multimedia que recrea virtualmente o universo do autor en “Alba de Gloria”. A mostra estará aberta ao público no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval até o 3 de febreiro. A través da realidade virtual e recreacións sonoras e visuais, os visitantes poderán mergullarse na historia de Galicia da man do propio Castelao. Entre os personaxes que aparecen nesta mostra cabe destacar figuras como Alfredo Brañas, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, entre outros.

E. O., X. M. C., “Rosario Álvarez postúlase para suceder a Villares a fronte do Consello da Cultura Galega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 maio 2018, p. 44.

Dá conta da candidatura de Rosario Álvarez á presidencia do Consello da Cultura Galega, sendo a súa a única que se postula a tal posto na institución e que tamén é avalada polo presidente saínte, Ramón Villares Paz. Destácase que probablemente a profesora Dolores Vilavedra Fernández pasaría a formar parte da nova directiva, capitaneada por Álvarez.

E. P., “Unha homenaxe lembrará hoxe a Díaz Pardo no sexto aniversario da súa morte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xaneiro 2018, p. 34.

Dá conta da homenaxe a Díaz Pardo no cemiterio de Boisaca, organizada pola Real Academia Galega, na que participarán Patricia Arias Cachero e que será clausurado por Xesús Alonso Montero. No acto Isabel Fonseca López encargárase de recitar o poema “Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados” de Lorenzo Varela.

_____, “Ofrenda floral a Isaac Díaz Pardo en el sexto aniversario de su fallecimiento”, *El*

Correo Gallego, “Tendencias”, 8 xaneiro 2018, p. 24.

Recolle a homenaxe realizada no cemiterio de Boisaca a Isaac Díaz Pardo no sexto aniversario da súa morte, no cal estiveron presentes o presidente da RAG, Víctor Freixanes, Xesús Alonso Montero e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez.

_____, “La RAG dedica el Día Mundial de la Poesía a Xohana Torres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 marzo 2018, p. 37.

Informa do acto da RAG polo Día da Poesía dedicado a Xohana Torres, no val participaron Tamara Andrés, Xosé Manuel Beiras, Berta Dávila, Franco Grande, Margarita Ledo, Carlos Negro, Ánxeles Pena, Luz Pozo Garza, Ismael Ramos e Euloxio Ruibal.

_____, “Un estudo conclúe que as mulleres galegas están na marxe da creación”, *Faro de Vigo*, “Tendencias”, 26 marzo 2018, p. 32.

Recolle os resultados do informe que a Xunta de Galicia lle encargou ao Centro da Cultura Galega e que reflicte a marxinación das mulleres na creación cultural e no recoñecemento social.

_____, “Lisboa abrirá este sábado a Biblioteca Daniel Castelao con 500 obras en galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 marzo 2018, p. 37.

Dá conta da inauguración do proxecto da Biblioteca Castelao, emprazada en Lisboa, que contará con máis de cincocentas obras en lingua galega.

_____, “María Xosé Queizán di que o prezo por rebelarse foi o de non entrar na RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 xullo 2018, p. 33.

Refírense parte das declaracións da escritora, recollidas nunha entrevista concedida a Europa Press, a propósito dunha recente homenaxe á súa traxectoria. Nelas admite ser unha persoa “incómoda, directa e crúa”, aspecto ao que ela liga non ter entrado na RAG hai anos, e repasa outras cuestións da actualidade do debate feminista en España.

E. V., “Acercar distancias y regalar posturas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 29 novembro 2018, p. 7.

Informa do xurdimento dunha iniciativa por parte do Concello de Vigo, da editorial Galaxia e do servizo de transporte urbano Vitrasa que, co obxectivo de fomentar o uso do galego e achegar á cidadanía a historia do tranvía, ten como reto entregar dous mil exemplares da novela *Adiós María* (1989) de Xohana Torres entre os viaxeiros das distintas liñas.

Elvira, S., “O Concello traballa nas Xornadas Gastronómicas Padrón literario para maio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 marzo 2018, p. 30.

Informa da preparación das “Xornadas Gastronómicas Padrón Literario” organizadas polo Concello de Padrón xunto coas Fundacións Rosalía de Castro e Camilo José Cela, as cales pretenden a través de menús e petiscos evidenciar a riqueza cultural e literaria do municipio.

Elvira, Sol, “El cocido colgó el cartel de lleno en los locales de Lalín”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 febreiro 2018, p. 26.

Dá conta da participación de Víctor Freixanes na “Feira do Cocido de Lalín”, onde asinou no libro de honra do concello e deu o pregón, no cal resaltou a importancia da lingua galega e mencionou a Otero Pedrayo, Cunqueiro, Laxeiro e Celso Emilio Ferreiro.

Erias, Alberto, **López**, Alberto, “Gran arqueólogo y filólogo gallego”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, “Obituario”, 15 febreiro 2018, p. 25.

Informa do falecemento de Luís Monteagudo García, arqueólogo e filólogo membro da RAG dende 1948. Prn

Espinosa, Estíbaliz, “Curiosidade é nome de constelación”, *Sermos Galiza*, n.º 292. “fóradeserie”, “novidade”, 19 abril 2018, p. 7.

Texto da autora no que fala sobre o a súa última publicación, *Curiosidade* (2017). Enfía coñecemento, curiosidade ciencia e poesía para explicar o seu proxecto poético. Ao mesmo tempo fai referencia a María do Cebreiro e a César Lourenzo. Finalmente, fala do seu percorrido como autora e da súa visión persoal sobre a poesía.

Estévez, C., “Suso Martínez dirixiu a última visita teatralizada”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames. Boqueixón”, 4 xuño 2018, p. 25.

Informa das visitas teatralizadas realizadas ao Pico Sacro, onde exerceu de guía o actor Suso Martínez. As experiencias narrativas centráronse en pasaxes de Castelao sobre o Monte Sagrado.

Estévez, Jose, “Cubela: ‘Queremos defender los orígenes cotobadeses de Manuel Ventura Figueroa’”, *Diario de Pontevedra*, “Comarca”, 12 xaneiro 2018, p. 12.

Informa do tributo rendido polo Concello de Cercedo-Cotobade á figura de Manuel Ventura Figueroa. Tamén destaca outros “figueroistas”, como Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro e José Fernando Filgueira Valverde.

F. D., “Mercado, Brincamoeiro, e festas de Aninovo e Reis en Amoeiro”, *La Región*, “Nadal en Amoeiro y Toén”, 22 decembro 2018, p. 42.

Dá conta da actuación da Plataforma Independente de Teatro de Amoeiro, que interpretou

as obras *A tía lambida*, *Unha cousa pola outra* e *A bodega*.

_____, “Conciertos, poesía y actuaciones de baile”, *La Región*, “Shopping nigh”, “Actividades paralelas”, 4 maio 2018, p. 13.

Dá conta das actividades ca “Shopping Nigh”, onde se celebrou un recital poético por parte de membros do Círculo Poético de Ourense en Lamas Carvajal.

_____, “Primeira biblia políglota do galego”, *La Región*, “Ourense”, “Letras galegas 2018”, 17 maio 2018, p. 12.

Dá conta da presentación dunha nova versión do Cluvi, un banco de traducións de libre acceso con 47 millóns de palabras entre o galego e outras linguas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e do festexo do seu quince aniversario. Este proxecto é desenvolvido polo Seminario de Lingüística Informática, SLI, da Universidade de Vigo. Entre as principais innovacións destaca a renovación do seu sistema de consulta e a ampliación da súa base documental coa publicación, entre outros, da primeira Biblia multilingüe dispoñíbel para o galego.

F. F., “O lado máis carrilexo de Rosalía, ao alcance de todos no Museo do Ferrocarril”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 14 xullo 2018, p. 5.

Informa da inauguración dunha exposición en torno á vida e obra de Rosalía no Museo do Ferrocarril de Vilagarcía, da man de colectivos locais coma “Rompetimóns” e “Amigos do Carril” e en colaboración coa Fundación rosaliana. Realizáronse outras actividades sobre a escritora na Praia da Covacha, e anúnciase un percorrido de embarcacións.

Fajardo, Montse, “A lección da escola asasinada polo fascismo”, *Sermos Galiza*, n.º 326, “*fóradeserie*”, “De memoria”, 13 decembro 2018, p. 11.

Dá conta da represión que sufriron os mestres republicanos a partir do golpe de estado de 1936. Destácase a Castela como profesor daquel entón e a súa obra *Sempre en Galiza*, por conter reflexións sobre o ensino imposto polo franquismo despois de facerse co poder. Tamén se nomean como partidarios dun ensino alternativo a Elvira Bao e Ánxel Casal.

Fernández, A., “Restauración y reflexión”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 agosto 2018, p. 6.

Informa da renovación, nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, dos monumentos a Curros Enríquez, Linares Rivas, Murgía, Pondal e Emilia Pardo Bazán.

Fernández, Elisabet, “Búscase caldelao auténtico”, *La Región*, “Foro La Región”, 11 xaneiro 2018, p. 22.

Dá conta das actividades realizadas na Festa dos Fachos de Castro Caldelas, entre as que

destaca o espectáculo visual consistente nun videoclip de carácter narrativo e que contén referencias a Rosalía de Castro e a Ramón Cabanillas, interpretadas polo grupo Milson's.

_____, “Anasagasti. ‘Castelao reúne lo que tiene que tener un político actual’”, *La Región*, “Foro *La Región*”, 26 xaneiro 2018, p. 8.

Recolle a intervención de Anasagasti no Foro *La Región* sobre o seu libro *Castelao y los vascos*, no cal aborda o proxecto Galeuzka e salienta as virtudes de Castelao como político.

_____, “El pasillo olvidado de la biblioteca”, *La Región*, “Entroido”, 7 febreiro 2018, p. 15.

Informa sobre o “Fondo antigo” da Biblioteca Pública Provincial de Ourense, o cal non se pode visitar porque está protexido e contén un dos primeiros exemplares de *Follas novas* de Rosalía de Castro.

_____, “O libro-xoia da nena Silviña”, *La Región*, “Ourense”, “Reportaje”, 8 febreiro 2018, p. 11.

Informa da presentación dunha obra de diversos autores, como Eduardo Blanco Amor, Camilo José Cela, Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Otero Pedrayo ou Celso Emilio Ferreiro, que en 1960 foi un agasallo a Silvia Santiago, filla de Vilardevós Silvio Santiago e que será editada por Afonso Vázquez-Monxardín e Patricia Arias Charero.

_____, “Desenmascarando la fiesta”, *La Región*, “Ciudad”, “Reportaje”, 13 febreiro 2018, p. 14.

Recolle a propósito do entroido citas de escritores como Otero Pedrayo, Blanco Amor, Silvio Santiago e Vicente Risco nas que falan desta festividade.

_____, “Las pioneras ourensanas del siglo XX: científicas, poetas o historiadoras”, *La Región*, “Ourense”, 4 marzo 2018, p. 14.

Fala das raíces comúns de diferentes mulleres pioneiras en diferentes ámbitos durante o século XX entre as que destaca no mundo das letras a poeta Carmen González Ledo, que publicou un poemario por primeira vez en 1979.

_____, “Medalla de Ouro para Carlos Casares, 'creador da linguaxe’”, *La Región*, “Ourense”, p. 13/ “Casares, 'creador da linguaxe', xa ten a súa Medalla de Ouro en Ourense”, *Atántico Diario*, “Galicia”, p. 21, 10 marzo 2018.

Informa da entrega da Medalla de Ouro da provincia de Ourense a Carlos Casares.

_____, “Dous poetas para (re)coñecer”, *La Región*, “Ciudad”, 17 marzo 2018, p. 15.

Informa da celebración no Día Mundial da Poesía de dúas homenaxes a poetas ourensáns vivos, Eduardo Ananín e Serafín Marqués.

_____, “El Puente Nuevo que cruzan tres milenials”, *La Región*, “Ourense”, 22 marzo

2018, p. 8.

Recolle as conversas con dúas alumnas e un alumno de Olga Novo no IES Blanco Amor de Ourense que grazas á súa profesora se interesaron por comezar a escribir poesía.

_____, “Tres cazatesouros na rúa do Paseo: quen o atopará?”, *La Región*, “Ourense”, 24 abril 2018, p. 17.

Recolle conversas con varias persoas que pasean pola Feira do Libro de Ourense.

_____, “Acisclo Manzano. ‘Quiero retirar de la calle mis esculturas y llevarlas al monte, no son mobiliario’”, *La Región*, “Ourense”, 13 maio 2018, p. 10.

Entrevista a Acisclo Manzano, que fala dos seus anhelos de ser poeta, ademais de citar palabras de Otero Pedrayo nas que fala de Ourense como a Atenas galega, en referencia á cantidade de ilustres intelectuais e escritores como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Carlos Casares.

_____, “Pura Vázquez, ‘a paixón pola palabra’ na historia da cidade”, *La Región*, “Ourense”, 18 maio 2018, p. 7.

Informa do acto de conmemoración do centenario do nacemento da mestra e escritora Pura Vázquez que tivo lugar no cemiterio de San Francisco en Ourense. O acto foi organizado pola Deputación e o Pen Clube de Galicia. Recóllense as palabras que lle dedicou o presidente do Pen Clube de Galicia, o vicepresidente da Deputación ou a valedora do Pobo, entre outras. O acto rematou cun recital de poemas da homenaxeada e cunha ofrenda floral fronte a súa tumba.

_____, “Los libreros hacen patria”, *La Región*, “Ourense”, 1 xuño 2018, p. 14.

Dá conta da feira do libro, levada a cabo en Ourense e onde as obras *Memorias dunha vaca marela*, *A simetría das bestas*, *As sete mortes de Leopoldo Pardo* ou *O trapecista da malla de rombos* son as máis destacadas no ámbito galego.

_____, “A cultura despide a Campio, o poeta ‘humilde’ de Garabás”, *La Región*, “Ourense”, 25 xullo 2018, p. 12.

Efectúa un breve percorrido pola traxectoria biobibliográfica do poeta de Garabás (Maside), falecido aos 90 anos, antes do recoñecemento en vida que a Ínsua dos Poetas lle tiña preparado para esta mesma semana. Recóllense algúns dos seus títulos, así como as declaracións de Cesáreo Sánchez, Xesús Alonso Montero, a RAG e algúns políticos ourensáns, que coinciden na súa aposta polo recollemento literario, a calidade lingüística da súa obra ou a pegada da infancia. Ofrecense datos relativos ao seu enterro.

_____, “600 xoias de Celso Emilio”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Reportaxe”, 10 outubro 2018, p. 15.

Informa e comenta a publicación realizada pola Fundación Celso Emilio Ferreiro do poema “Miña Matria Galicia” do escritor de Celanova. Este poema foi recoñecido co premio Rosalía nos Xogos Florais do Idioma Galego de Bos Aires en 1968.

_____, “La resaca de Lorca en Ourense”, *La Región*, “Ourense”, 15 xullo 2018, p. 10./ *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 30 outubro 2018, p. 40.

Trenzando a nova procura dos restos do poeta en Andalucía a recente aparición na editora Alvarellos da crónica íntegra da viaxe de Federico García Lorca por Castela, León e Galicia, revísanse os comentarios sobre a súa primeira parada en terras galegas, que aconteceu en Ourense. Ao mesmo tempo, subliña a amizade do poeta con Eduardo Blanco amor e fai referencia á publicación de *Seis poemas gallegos*, publicada grazas ao seu compañeiro.

Fernández, L., “Proponen el Nobel de Literatura para Ferrín”, *La Región*, “Provincia”, 11 febreiro 2018, p. 22.

Relata a celebración do II Encontro das Casas Museo e Fundacións de escritores de Galicia na Casa dos Poetas de Celanova, na que Luis González Tosar propuxo respaldar a candidatura de Méndez Ferrín ao Premio Nobel de Literatura.

_____, “Los ‘roteiros’ teatralizados regersan esta noche al casco histórico de Allariz”, *La Región*, “Provincia”, 2 agosto 2018, p. 20.

Comenta a iniciativa que, por terceiro ano consecutivo, ofrece a Asociación Alonso de Paredes coa colaboración do concello para as noites de verán na vila. Trátase de Eiró dun soño do verán e achega, cun cariz humorístico, información sobre os oficios tradicionais, os xogos, a historia ou as figuras de ilustres alaricanos, coma o Padre Feijóo.

Fernández, Laura, “Itinerarios naturales amplían los programas para escolares”, *La Región*, “Celanova”, 23 marzo 2018, p. 23.

Anuncia a iniciativa da Fundación Curros Enríquez de Celanova de recuperar a ruta literaria “Currosiana” para estudantes así como impulsar unha ornitolóxica.

_____, “Los ‘curros’ hacen piña”, *La Región*, “Celanova”, 24 maio 2018, p. 30.

Realiza unha crónica sobre a xornada de convivencia de máis dun cento de escolares galegos cuxos centros de ensino levan o nome de Curros Enríquez na vila de Celanova, organizada dende a Casa dos Poetas. Trátase da novena edición, con actividades como versións musicais da “Cantiga”, visitas á capilla de San Miguel ou á lareira dos Enríquez.

_____, “Una treintena de casas de escritores buscarán sinergías en la localidad”, *La Región*, “Celanova”, 17 outubro 2018, p. 25.

Crónica sobre o encontro anual da Asociación de Casas-Museo y de Fundaciones de Escritores de España (Acamfe) que terá lugar este ano na vila de San Rosendo e que cumpre o seu 25 aniversario. Como actividades que se desenvolverán en Celanova destacan a presentación da proposta de creación dun videoxogo baseado na novela *Arnoia*, *Arnoia* de Xosé Luís Méndez Ferrín; un coloquio sobre literatura e territorio da man de escritores como José María Paz Gago, José Benito Reza ou Baldo Ramos; percorrido

polos roteiros literarios de *A esmorga* e de Carlos Casares; e unha conferencia titulada “Otero Pedaryo y la Xeneración Nós en horizonte 2020”.

_____, “Curros y Celso Emilio Ferreiro hermanan a la villa con Rianxo”, *La Región*, “Celanova”, 19 outubro 2018, p. 29.

Informa sobre o XXV Encuentro de Asociaciones de Casas-Museo y Fundaciones de Escritores (Acamfe). Na xornada anunciouse o vínculo fraternal que se establecerá entre Celanova e Rianxo a través das súas rúas. Ao mesmo tempo, tamén se fai referencia á creación dun videoxogo que se basea na novela *Arnoia, Arnoia*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Fernández, Martín, “Premio e homenaxe para recordar a Lorca, Guerra da Cal e Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 abril 2018, p. 25.

Informa da presentación da primeira edición do Premio Lorca, Guerra da Cal, Blanco Amor a través dun acto organizado polo Casino de Santiago onde se anunciaron os finalistas, nomeadamente Ana Hidalgo, alcaldesa de París, Eric Garcetti, alcalde de Los Ángeles, e Leoluca Orlando, alcaldesa de Palaremos, á espera do fallo que será emitido o 7 de maio.

Fernández, Xurxo, “Lamprea”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 22 xaneiro 2018, p. 56.

Recolle un anaco de texto de *La Cocina Gallega* de Álvaro Cunqueiro e loa a súa figura como escritor e aficionado á cociña.

_____, “Felipe”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 19 febreiro 2018, p. 64.

Destaca o prestixio do Premio Nadal e indica que fora gañado por Álvaro Cunqueiro con *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968) e Alfredo Conde.

_____, “Pilar Eyre”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 16 abril 2018, p. 56.

Menciona a Álvaro Cunqueiro e a Raimundo García Domínguez (Borobó) como grandes referentes do periodismo.

_____, “Arantza”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 28 maio 2018, p. 56.

Reflexiona sobre a trama, forza e actualidade de *Deje su mensaje después de la señal*, versión en castelán da novela de Arantza Portabales aparecida en Galaxia no 2017, que vén de aparecer en Lumen.

_____, “Una joya que era del Sr. Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 5 agosto 2018, p. 2.

Fai un breve repaso sobre a biblioteca de Cunqueiro, da que o autor do artigo adquiriu parte dos fondos, destaca entre as obras de distinta procedencia unha publicación sobre filosofía da colección Austral, *Un libro sobre Platón*, de Antonio Tobar.

Fernández Caamaño, J. M., “El mítico Batallón Literario que luchó contra los franceses no fue el único”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Reportaje”, 18 febreiro 2018, p. 4.

Sinala que houbo máis dun Batallón Literario en Santiago de Compostela e dá conta da súa historia.

_____, “Acto literario con María X. Queizán”, *El Correo Gallego*, “Costa da Morte”, 15 marzo 2018, p. 34.

Coméntase a presentación do libro *Rosalía de Castro e o poder sexual* (2017) de María Xosé Queizán na librería Ler de Cee.

_____, “O 20 de decembro celebrarán cada ano en Ponteceso o Día do Himno”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 marzo 2018, p. 33.

Informa da decisión do concello de Ponteceso de establecer o 20 de decembro como Día do Himno en homenaxe a Pondal e Pascual Veiga.

_____, “Ramón De la Sagra, el padre Rubinos y Galo Salinas y Rodríguez, tres figuras coruñesas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Reportaje”, 22 xullo 2018, p. 6.

Realiza un retrato vital de varios coruñeses, entre eles, Galo Salinas y Rodríguez (1852-1921), o xornalista de ideoloxía rexionalista, autor de *El regionalismo gallego. Estudio social* en 1892, e fundador da *Revista Gallega*, semanario de literatura e interese rexional, que se manterá vivo por un espazo de doce anos. Fundou tamén a Escuela Regional Gallega de Declamación, cuxa primeira obra é *Filla*, de 1892, drama escrito polo propio Salinas e estrenado no teatro Rosalía de Castro en xaneiro de 1903.

_____, “Tres ilustres personajes coruñeses: políticos, periodistas y literatos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Reportaje”, 2 setembro 2018, p. 4.

Realízase unha reportaxe sobre Juan Fernández Latorre, fundador en 1882 de *La Voz de Galicia*; José Fernández Neira, quen publicou *Proezas de Galicia explicadas baja la conversación rústica de dos compadres, Chinto y Mingote, por José Fernández Neira, oficial que ha sido de número de la Secretaría de la Junta Sumprema del Serenísimos reino de Galicia en 1810*; e Gerardo Abad Conde.

Ferreira, Antón, “Homenaje al poeta guardés Gómez Alfaro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 27 novembro 2018, p. 16.

Dá conta do nomeamento do poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro como fillo adoptivo do Concello de A Guarda. Menciona a lectura dalgúns dos seus poemas recollidos nun libro editado pola editora Informaxe e o Concello de A Guarda.

Ferreiro, Celso, “Castelao ‘maxistral’”, *La Opinión*, “Opinión”, 19 outubro 2018, p. 23.

Dá conta da inauguración da exposición *Castelao maxistral* na Cidade da Cultura de Santiago, onde podemos acceder á exhibición por primeira vez en Galicia da obra pictórica *A derradeira lección do mestre*, traída dende o Centro Gallego de Buenos Aires.

Ferreiro, Manuel, “Sobre os pondalianos *Cantos da patria*”, *Sermos Galiza*, n.º 284, “*fóradeserie*”, “literatura”, 15 febreiro 2018, p. 7.

Dá conta da escolma realizada polo autor á vez que repasa os poemas de Eduardo Pondal que considera máis representativos das súas etapas poéticas ao longo da obra do bergantiñán á vez que tenta reivindicar a súa figura.

Ferreño, L., “La Librería Nós cumple 40 años como referente en el ‘sorpasso’ cultural de Sanxenxo”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 3 xullo 2018, p. 15.

Dá conta dos actos de celebración do corenta aniversario da librería Nós, que acolleu presentacións de Suso de Toro, Manuel Rivas, Pedro Feijoo, ou Xabier P. Docampo. Jaime Corral, fundador da librería, ofrece algúns datos históricos, comenta que o evento Verán Literario é xa unha referencia en Sanxenxo, renovada agora cunha xornada dedicada ao Humor en Viñetas con Gogue, Kiko Dasilva, Pepe Carreiro e Luís Dante, e que en agosto se celebrará o primeiro encontro de premios nacionais de literatura con Suso de Toro, Leticia Costas e Alfredo Conde.

_____, “Levo 12 anos gañando o premio á ristra de cebolas máis longa”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 5 setembro 2018, p. 15.

Menciona as creacións por parte dos participantes na XXXVI Feira da Cebola inspiradas en dúas figuras literarias galegas: “Rosalía tapeando en Sanxenxo”, que recibiu o segundo premio, e “Emilia Pardo Bazón”, que quedou en terceiro posto. Ademais, o primeiro lugar foi para a creación “Fariña”, que pretendía homenaxear o éxito acadado coa serie de televisión.

Fidalgo, Álex, “Fiz Vergara llega al mundo digital”, *El Progreso*, “Sarria”, “De norte a sur”, 19 agosto 2018, p. 12.

Informa do CD fotopoético elaborado pola Agrupación Ergueitos que dá conta da ruta literaria que homenaxea a Fiz Ververga Valiño en Samos.

Fidalgo Bascoy, Luis, “A misa de Rosalía”, *El Progreso*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2018, p. 4.

Dá conta da celebración da misa da tarde do 25 de xullo na igrexa de Santo Domingos de Bonaval, adicada a Rosalía de Castro. Sublíñase a vertente relixiosa, mais tamén cívica, do propio acto en relación á celebración do 25 de xullo.

Fontán, Marta, “El cura generoso guardián de la Virxe do Cristal”, *Faro de Vigo*,

“Sucesos”, “Crímenes misteriosos”, 3 xuño 2018, pp. 52-53.

Dá conta do caso acontecido en Vilanova dos Infantes, concretamente do homicidio de Don Adolfo, párroco da vila e da detención dos seus asasinados. O texto comeza cuns versos propios da tradición popular en relación á imaxe da Virxe do Cristal que o relixioso custodiaba.

Fraga, Xesús, “A derradeira morada do mestre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xaneiro 2018, p. 35.

Anuncia a viaxe do cadro de Castela *A derradeira leición do mestre* a Galicia para a súa exposición no Gaiás e recolle as palabras de Xesús Alonso Montero ante este feito, quen sinala a importancia de que o cadro quede en Galicia.

_____, “O impulso poético de Fernando Pérez-Barreiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xaneiro 2018, p. 33.

Recolle a edición dunha serie de poemas de carácter inédito escritos en galego polo tradutor e ensaísta Pérez-Barreiro da man de Espiral Maior nun volume que contén, ademais, un minucioso estudo biográfico e literario a cargo de Armando Requeixo e dun epílogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, e que deu en chamar *Poemas de Carricanto* (2017).

_____, “El templo barroco de Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2018, p. 33.

Dá conta da reedición da obra *La catedral y el niño* de Blanco Amor, considerada por Luís Solona como unha das mellores novelas do século XX a nivel nacional, e da posibilidade para este autor de ser redescuberto por unha nova xeración de lectores.

_____, “A Academia elixirá o 7 de xullo a figura homenaxeada o Día das Letras 2019”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2018, p. 35.

Anuncia o vindeiro plenario da RAG para decidir a figura homenaxeada o Día das Letras Galegas 2019. Valórase unha candidatura que leva anos sen frutificar, como a de Ricardo Carvalho Calero, e outras candidaturas do ano precedente, coma Plácido Castro, pioneiro da tradución; Eusebio Lorenzo Baleirón, Antón Fraguas, Xela Arias ou Florencio Delgado Gurriarán.

_____, “Erudito da historia e a antropoloxía de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xullo 2018, p. 35.

Fai un repaso breve pola peripecia vital do escritor, historiador e etnógrafo Antonio Fraguas co obxectivo de pór na palestra a relevancia da súa figura a propósito da homenaxe á súa figura no Día das Letras Galegas no ano 2019.

Freire, Alfonso, “La cultura gallega se pudre en el Museo Carlos Maside”, *El Correo Gallego*, “ECG dominical”, 18 marzo 2018, pp. 2-3.

Critica o abandono do Museo Carlos Maside, onde se están deteriorando pola humidade obras de Castelao, Seoane, Colmeiro, Laxeiro e outros pintores galegos de prestixio.

Frieiro, F., “Carril explora o seu lado máis ‘rosaliano’ cunha exposición e a teatralización da vida da poetisa”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 13 xullo 2018, p. 8.

Anuncia unha serie de actividades promovidas conxuntamente polos Amigos do Carril e a Fundación Rosalía: en primeiro lugar, unha exposición de 11 paneis explicativos que afondan no contexto histórico de Carril a finais do XIX e na tradición oral en torno á figura de Rosalía, e en segundo lugar, dramatización de poemas da autora e unha subida de dornas.

_____, “Cando un autor semella estar en silencio é cando está traballando”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 novembro 2018, p. 33.

Dá conta da inminente publicación da novel *O último barco*, último volume da triloxía que comezou con *A praia dos afogados* (2009) e que continuou con *Ollos de auga* (2006). No texto entérvistase ao autor para que explique determinadas cuestións da súa novela, como a súa trama e o seu ambiente.

Frieiro Vilagarcía, Fátima, “Crónica. Vendaval Sés”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 9 abril 2018, p. 17.

Recolle unha conversa coa música Sés e sinala que esta é capaz de parafrasear versos de autores como Castelao e Rosalía de Castro.

_____, “A Vilagarcía literaria da man das follas do ‘Xardineiro dos ingleses’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 24 abril 2018, p. 7.

Dá conta da celebración dun roteiro literario en Vilagarcía de Arousa con motivo do Día do Libro baseado na novela *O xardineiro dos ingleses* (2017) de Marcos Calveiro e guiado polo propio escritor.

Flowers, Margarito, “Bodas de prata del museo troyano con un documental de ‘regalo’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 15 febreiro 2018, p. 56.

Sinala a participación de Benigno Amor, director da Casa da Troia, e Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, no encontro das Casas Museo e Fundacións de Escritores de Galicia en Celanova.

_____, “Galicia y Buenos Aires estrechan lazos a través de sus mejores escritores”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 1 maio 2018, p. 56.

_____, “Amancio Prada no coge vacaciones y prepara un nuevo recital en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 3 xullo 2018, p. 56.

Recolle o paso do cantautor de Rosalía de Castro ou Federico García Lorca por algúns

actos santiagueses, como a entrega das Medallas Castelao ou un foro celebrado na Fundación Araganey, anunciando que estará de volta en agosto para ofrecer un recital en Carballo.

_____, “Éxito de una banda de Santiago enamorada de los poemas de Lorca”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 9 outubro 2018, p. 56.

Informa da presentación do novo traballo da banda compostelá Liridade Noctâmbula o 1 de novembro na sala Capitol e que musica os poemas galegos de Federico García Lorca.

Fuentes, Ana, “Alumnos de Vigo se sumergen con Nemo y Verne”, *Atántico Diario*, “Vigo”, 17 febreiro 2018, p. 9.

Sinala a participación de Leticia Costas no ciclo “De Verne a Vigo” a través dunha proposta literaria sobre o autor homenaxeado.

G. C., “Xantar Cunqueirán con homenaje a la cocina de picadillo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 decembro 2018, p. 38.

Informa da celebración, un ano máis, dos coñecidos como Xantares Cunqueiráns, onde participan distintas personalidades relacionadas coa cultura gastronómica e a cociña de calidade, e onde Cunqueiro toma un papel fundamental como referente gastronómico, independentemente da súa faceta literaria.

G. N., “O pleno da RAG nomea académica á xornalista Ana Romaní, que ocupa a vacante de Xohana Torres”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 marzo 2018, p. 36.

Anuncia o nomeamento de Ana Romaní como académica da RAG que cubrirá a cadeira de Xohana Torres. Ademais, sinala tamén a entrada na Academia da lingüista Carme Pazos Balado.

_____, “A Academia vindica a música de padre Manuel Feijoo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xuño 2018, p. 38.

Informa da presentación, por parte da RAG, dun volume que reúne as partituras que o franciscano Manuel Feijoo escribiu para autores senlleiros das letras galegas entre as que destacan as voces e sons diseñadas para dous poemas de Rosalía, “Nasín cando as prantas nasen” e “Eu cantar, cantar, cantei.

_____, “O Día das Artes Galegas 2019 renderá homenaxe ao creador Luis Seoane”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2018, p. 34.

Refire o acordo da Real Academia Galega de Belas Artes, que decidiu o pasado sábado dedicarlle o vindeiro Día das Artes Galegas a Luíís Seoane López (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), como figura multidisciplinar, dinamizador no exilio e esencial na creación do Laboratorio de Formas de Galicia. Recóllense as súas publicacións e outros datos.

_____, “Neorretranca e Posmorriña’, nova montaxe do CDG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 decembro 2018, p. 36.

Informa de que próxima produción propia do Centro Dramático Galego será *Neorretranca e Posmorriña*, un proxecto que ten como base os textos *Fantasia nº5 en sol ou non* de Esther F. Carrodegua e *Boisaca ou a divina desgraza* de Roi Vidal Ponte e que esta institución levará a escena a partir do mes de abril de 2019 baixo a dirección de Gena Baamonde no marco do programa *Dramaturxente*.

_____, “Os actores advirten un CDG baixo mínimos, con escasas produción propia e contratación de elencos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 decembro 2018, p. 35.

Informa da preocupante situación que está a atravesar o Centro Dramático Galego que resume nunha deficitaria xestión, en tanto que a produción e a contratación de actores e actrices é escasa.

Gallego, Amalia, “Luis Valle presentou o seu poemario ‘Para que eu beba’”, *Atlántico Diario*, “Vida”, “Sociedade”, n.º 1.133, 21 xaneiro 2018, p. 19.

Dá conta da presentación do compendio de poemas titulado *Para que eu beba* (2017) de Luís Valle que tivo lugar na librería Librouro. Dedicado á memoria do seu pai, o poeta e pintor lugués dialoga coa vida e a morte. Destácase a súa dobre faceta de poeta e pintor así como a súa produción nos diferentes eidos. Como poeta, Luís Valle recibiu diversos premios como o Eusebio Lorenzo Baleirón ou o Premio Lueiro Rey.

García, C., “Critican el pregón de Carnaval por ‘grosero’ y ‘fuera de lugar’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”. p. 21.

Trata a polémica arredor do pregón de entroido do escritor e dramaturgo Carlos Santiago, considerado como unha falta de respecto por aludir a cuestións relixiosas de xeito burlesco.

García, M., “O ensino a través da mirada de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Especial Castelao Maxistral”, “A exposición”, 5 outubro 2018, p. 4.

Informa da exposición *Castelao maxistral* que acollerá o Museo Gaiás e todo o que nela se poderá encontrar. Destacan especialmente os selos postais que durante a Guerra Civil o correo da República imprimiu coa lámina “A derradeira leición do mestre” recollida no número 6 do álbum *Galicia mártir* e que máis tarde en Arxentina convertería en óleo, como tamén o libro *Contos para nenos* de Vicente Risco que contén debuxos do artista.

García, Montse, “Música y palabras solidarias con implícate”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 11 xaneiro 2018, p. L10.

Informa nos implicados no acto Implícate, unha iniciativa de Implicadas no desenvolvemento e que reunirá diferentes artistas, os escritores que participarán serán

Suso de Toro, Ismael Ramos, Marda Iglesias e Isi. Tamén destaca a labor doutra autora, María Reimóndez, implicada dende a fundación da plataforma.

_____, “Poemas de Ramón Blanco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 13 xaneiro 2018, p. L11.

Informa da celebración dun recital-concerto a cargo do actor Santiago Fernández e do músico Sergio López co que se pretende recuperar e pór en valor a obra poética de Luís Seoane en tanto que se presenta como un magnífico retrato da emigración galega e do exilio.

_____, “Letras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 17 xaneiro 2018, p. L10.

Informa da presentación de *Bótame deste mar fóra* (2017), a última novela de Xosé Ricardo Losada.

_____, “Recordar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Al trasluz”, 19 xaneiro 2018, contracuberta.

Reflexiona acerca de lembrar os anos que pasaron dende certos acontecementos, como o nacemento do Museo do Pobo Galego, Chévere, Teatro do Noroeste e Talía Teatro.

_____, “A fundación ofrece una mirada nueva sobre el cómic y el arte “Retratos de Carlos Maside”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Eposición”, 25 xaneiro 2018, p. L10.

Dá conta da mostra que recolle máis dun centenar de obras de setenta e tres debuxantes na sede Afundación e que permanecerá exposta até o mes de abril.

_____, “Retratos de Carlos Maside”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicación”, 7 febreiro 2018, p. L10.

Destaca a obra *Maside. A presenza do ausente* (2017) que recompila os retratos realizados por Carlos Maside a persoeiros da cultura coetáneos a el, como Otero Pedrayo, Castelao, Ánxel Casal, Manuel Colmeiro e Manuel Antonio.

_____, “Abe Rábade. ‘A propia música pídeme explorar outras facetas’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Exposición”, 13 febreiro 2018, p. L10.

Conversa con Abe Rábade sobre a súa exposición fotográfica *Na fronteira do espello* e sinala que as fotos da dita mostra van acompañadas de cadanseu palíndromo.

_____, “A biblioteca Ánxel Casal lembra a Rosalía e novo número de ‘Follas novas’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 21 febreiro 2018, p. L10.

Informa da celebración do Día de Rosalía na biblioteca Ánxel Casal a través dun contacontos e anuncia a presentación do segundo número da revista *Follas novas* de

estudos rosalianos, editada pola Casa-Museo de Rosalía.

_____, “La prosa de ficción de Carballal Lafourcade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 7 marzo 2018, p. L11.

Fala da obra *O tesouro acobillado. De min pra vós*, do investigador César Camoira Vega, editada polo Centro Ramón Piñeiro, que contén diferentes obras de Ricardo Carballal Lafourcade.

_____, “Los institutos trabajarán sobre la cita histórica”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Banquete de Conxo”, 13 marzo 2018, p. L10.

Dá conta da preparación da conmemoración do Banquete de Conxo, xantar que tivo lugar en 1856 e no que participaron Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Murguía e Luís Rodríguez Seoane. Sinala a organización por parte do Concello de Santiago e anuncia a publicación da programación didáctica para institutos feita por Manuel Dios e Alfonso Iglesias.

_____, “El primer Festival de Poesía reunirá a más de 35 creadores”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 15 marzo 2018, p. L10.

Anuncia o Festival de Poesía para o Corpo Principal, Alguén que Respira! no teatro Principal de Santiago de Compostela, no cal participarán tanto poetas galegos como internacionais.

_____, “San Pedro celebrará en abril la Semana da Novela Negra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 15 marzo 2018, p. L10.

Anuncia a celebración da primeira Semana da Novela Negra no barrio de San Pedro, impulsada pola librería Pedreira e cuxo fío condutor será a desaparición dunha personaxe literaria de Héctor Cajaraville, misterio que contará con pistas para a súa resolución en máis de vinte establecementos do barrio. A dita celebración incluírá ademais coloquios e debates sobre a novela negra.

_____, “Elexías a Lola”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 16 marzo 2018, p. L10.

Anuncia a presentación de *Elexías a Lola*, última obra de Xohana Torres, xa falecida, na Casa das Mulleres que leva o seu nome e na cal intervirán María do Cebreiro, Ana Romaní e Lara Rozados.

_____, “A Casa de Rosalía analiza a figura da escritora e rende homenaxe a catro poetisas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 16 marzo 2018, p. L11.

Informa que os Profesores da Universidade de Vigo Xosé Henrique Costas, Rexina Veiga e Manuel Forcadela; homenaxearán na Casa de Rosalía de Castro as escritoras Xohana

Torres, María do Carme Kruckenberg, Pura Vázquez e Xela Arias con motivo da celebración do Día Internacional da Muller.

_____, “Identidad y universalidad se funden en un viaje de dos siglos por el arte gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 marzo 2018, p. 32.

Anuncia a inauguración da exposición *Galicia universal*, a cal consiste nun conxunto de obras pictóricas de distintas épocas e autores de diferentes nacionalidades, cunha gran representación de pintores galegos como Luís Seoane, Castelao e Colmeiro.

_____, “Darío Villanueva advirte dos perigos da posverdade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 20 marzo 2018, p. L10.

Dá conta da participación do presidente da RAE, Darío Villanueva, no acto de inauguración da programación do 25 aniversario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades cunha conferencia sobre a posverdade.

_____, “Antón Lopo. ‘Rompeamos cos estereotipos da poesía’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 21 marzo 2018, p. L10.

Trata sobre a iniciativa capitaneada por Antón Lopo que trata de darlle visibilidade á poesía galega, en especial á cidade de Santiago de Compostela. No acto participarán poetas como Andrew McMillan, Olga Novo, Olvido García Valdés, Salvador García Bodaño, María Sevilla e María Xosé Queizán.

_____, “Murado participará en la sesión ‘Escrita en conflicto’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festival poética”, 23 marzo 2018, p. L10.

Anuncia as actividades da terceira xornada do Festivas de Poesía para Corpo Principal, entre as que se atopan un recital de Isaac Xubín, Luisa Castro, Xabier Xil Xardón e Javier Peñafiel; unha sesión de creación literaria en zonas de conflito a cargo de Miguel-Anxo Murado e a proxección de videopoemas de artistas como Miriam Reyes ou Celia Parra.

_____, “Nélida Piñón, primera mujer honoris causa por la Universidade de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Hemeroteca”, 1 abril 2018, p. L11.

Dá conta dunha nova de hai 20 anos na que se recolle información relativa ao nomeamento da escritora Nélida Piñón doctora honoris causa pola Universidade de Santiago, converténdose, así, na primeira muller en recibir este recoñecemento.

_____, “Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 4 abril 2018, p. L11.

Informa da charla impartida por Henrique Alvarellos, editor de *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (2016), no colexio Quiroga Palacios sobre o Banquete de Conxo de 1856.

_____, “Novela negra con Leticia Costas, Diego Ameixeiras y Miguel Anxo Fernández”,

La Voz de Galicia, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 4 abril 2018, p. L11.

Informa da celebración da Semana da Novela Negra no Barrio de San Pedro, impulsada pola librería Pedreira e na cal participarán escritores e escritoras como Leticia Costas, Diego Ameixeiras, Teresa Moure, Héctor Cajaraville e Miguel Anxo Fernández.

_____, “La biblioteca Ánxel Casal celebra mañana sus 10 años”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 4 abril 2018, p. L11.

Anuncia a programación especial da Biblioteca Ánxel Casal con motivo do seu 10 aniversario, entre cuxas actividades destacan unha sesión de contacontos con Paula Carballeira e o espectáculo musical “As aventuras de Mamá cabra, contos que saen dos libros” de Gloria Mosquera.

_____, “Novela negra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 6 abril 2018, p. L10.

Anuncia o coloquio que abre a Semana da Novela Negra, con Teresa Moure, Xerardo R. Roca e Marcos Maceiras na Librería Pedreira.

_____, “Frank Soutelo, en la Semana da Novela Negra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 10 abril 2018, p. L11.

Informa da intervención do escritor, historiador e crítico de cine Miguel Anxo Fernández sobre a súa personaxe de novela negra, dentro do ciclo de actividades organizadas pola librería Pedreira. Anúncianse as intervencións de Manuel López Poy e Manel Cráneo sobre banda deseñada en galego.

_____, “Bárbara Ortuño. ‘El exilio no fue solo de intelectuales, como se pensaba, es todo el pueblo’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 12 abril 2018, contracuberta. PrnPa

Informa do achado por parte da historiadora Bárbara Ortuño da ficha de Castelao como socio do Centro Republicano Español na década dos 40. Informa da presentación de *Hacia el hondo bajo fondo...Inmigrantes y exiliados en Buenos Aires tras la Guerra Civil española* no Consello da Cultura Galega coa presenza da autora, Bárbara Ortuño, Ramón Villares e Xosé Manoel Seixas.

_____, “Nace la colección editorial ‘Cadernos de Compostela’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 13 abril 2018, p. L10.

Informa da nova colección editorial, impulsada polo Concello, que imprimirá pequenos cadernos informativos de entre 20 e 40 páxinas, ofrecendo relatos sobre a cidade (as súas festas e barrios, as protestas estudantís do 1968, os desfiles e procesións). Na presentación interviñeron Mercedes Vázquez, unha das autoras do contido, e Marcos Vigo, ilustrador e deseñador dos volumes.

_____, “Óscar Sánchez Fernández”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 13 abril 2018, p. L10.

Informa da intervención do autor de *Codex Gigas* no ciclo de actividades sobre novela negra organizadas pola librería Pedreira, acompañado de Toño Carballal.

_____, “Poesía con Rodríguez Fer y Benavente”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Exposiciones”, 13 abril 2018, p. L10.

Anuncia a exposición *Corpoética* de Claudio Rodríguez Fer na Fundación Eugenio Granell.

_____, “Elena Gallego y Héctor Cajaraville”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 14 abril 2018, p. L10.

Informa do coloquio con ambos autores na penúltima xornada da Semana da Novela Negra.

_____, “El programa Padrón Literario arranca el lunes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Actividades”, 14 abril 2018, p. L10.

Informa desta nova iniciativa do concello padronés, en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro e a Camilo José Cela, que constará dunha quincena de actividades.

_____, “Helena Villar Janeiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 18 abril 2018, p. L10.

Anuncia a presentación do último poemario da autora na Rúa do Vilar, 19, canda o seu editor Henrique Alvarellos, ademais de Margarita Ledo e Pilar Sampetro.

_____, “Rememoran ‘os anos máis felices’ de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Xornadas”, 18 abril 2018, p. L11.

Recolle sucintamente a programación das vindeiras xornadas (día 20 e 21 de abril) en torno ao período en que o polígrafo ourensán foi catedrático de Xeografía en Santiago, de 1950 a 1958. A actividade foi presentada por Xoán Luís Saco Cid, Afonso Vázquez-Monxardín e Francisco Durán.

_____, “Una muestra exhibe los tesoros bibliográficos del IES Xelmírez I”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Exposiciones”, 19 abril 2018, p. L10.

Informa da inauguración dunha mostra na Casa do Cabido, *A pegada do coñecemento*, que acollerá os fondos da biblioteca histórica do IES Arcebispo Xelmírez I, entre os que se atopan auténtica xoias bibliográficas como un exemplar de *En las orillas del Sar* de 1884, *Las obras de Pvblio Virgilio Maron* datada en 1650 ou a *Historia de la Iglesia de Santiago de Compostela* de Antonio López Ferreiro.

_____, “Novela con premio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 4 maio 2018, p. L11.

Dá conta da publicación da obra *O xardineiro dos ingleses* (2017), presentada na feira do Libro de Vilagarcía.

_____, “Cajaraville, en Ategal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 15 maio 2018, p. L11.

Dá conta do encontro do escritor co alumnado de Ategal, arredor das súas últimas obras, con mencións a María Victoria Moreno e un concerto da Coral de Santiago.

_____, “La Semana do Libro reunirá a más de treinta expositores del 1 al 10 de junio en A Quintana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 26 maio 2018, p. L10.

Informa do programa de actividades realizado durante a Semana do Libro, que nesta edición puxo o foco na poesía e en María Victoria Moreno. Participaron como asistentes autores como Marga Tojo, Carlos Negro, Eli Ríos, Teresa Moure, Daniel Salgado e Ismael Ramos.

_____, “Joyas bibliográficas en San Francisco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Patrimonio”, 30 maio 2018, p. L10.

Achega información sobre a biblioteca do convento, que reúne máis de cen mil libros, entre os que destacan setenta e dous incunables. Destaca tamén a heteroxeneidade que conforman a devandita biblioteca.

_____, “Más de 30 puestos llenarán de libros la Praza da Quintana hasta el día 10”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro de Compostela”, 1 xuño 2018, p. L10.

Dá conta da participación na Semana do Libro de Compostela, que se celebrará na Praza da Quintana e que congregará vinte editoriais, nove librarías e oito institucións repartidas en trinta e dous postos.

_____, “La Selic pone el foco en Póvoa do Varzim y en García-Bodaño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro de Compostela”, 2 xuño 2018, p. L10.

Informa sobre a oferta e acontecementos na Semana do Libro de Compostela, onde destaca o brindis rosaliano e a presentación do último libro de Xohana Torres. Por outra parte, a segunda xornada estará dedicada a homenaxear a Salvador García Bodaño.

_____, “Encuentro de clubes de lectura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 2 xuño 2018, p. L10.

Informa de que 250 docentes de toda Galicia se reuniron na Xornada dos Clubes de Lectura en Santiago de Compostela. No marco do acto, entregouse ao poeta e docente Carlos Negro o premio desta edición.

_____, “García Lorca regresa a la Praza da Quintana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro”, 5 xuño 2018, p.

L10.

Informa da presentación de *El gran viaje de estudios de García Lorca*, editado por Alvarellos. Dous monicreques darán vida aos protagonistas da publicación, García Lorca e Luis Mariscal, e acompañarán ao editor, Henrique Alvarellos. Haberá tamén obradoiros para achegar as figuras de Rosalía ou Maruja Mallo, entre outras actividades.

_____, “La Selic rememora el viaje de Lorca y suma relatos universales a su colección”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 6 xuño 2018, p. L10.

Informa da publicación dunha serie de audiolibros con relatos de autores galegos e universais, baixo o título de Liñas paralelas, en homenaxe á iniciativa homónima do escritor, tradutor e autor Pepe Sendón. Rememórase tamén a viaxe a Galicia de Federico García Lorca, da man de monicreques de Kalamburu, acompañando a presentación de *El gran viaje de estudios de García Lorca*. Prevese a presentación dun facsímile de Valle-Inclán e do *Atlas dos Hórreos de Galicia*, de Carlos Regueira Méndez.

_____, “Claudio Rodríguez Fer”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 6 xuño 2018, p. L10.

Informa da presentación, ás 19 horas na Fundación Eugenio Granell, de varias publicacións relacionadas coa exposición *Corpoética*, coma *Icebergs*, *Criptografías* e o catálogo da exposición. Estará acompañado por Cristina Fiaño e Olga Novo.

_____, “Poesía de Claudio Rodríguez Fer”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 7 xuño 2018, p. L11.

Recolle unha nota sucinta e unha fotografía da presentación de varios libros ligados á exposición *Corpoética: Icebergs* inclúe ilustracións de Eugenio Granell e *Criptografías* conta cun prólogo de Antonio Gamoneda.

_____, “Publican una edición facsimilar de una autobiografía de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro”, 6 xuño 2018, p. L10.

Informa e recolle unha fotografía da presentación de *La lámpara maravillosa*, editada polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora. Recóllense algunhas das actividades propostas pola SELIC para o presente día, como unha ruta dedicada a Fermín Bouza Brey.

_____, “Gamoneda y Knörr, en la SELIC”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro”, 9 xuño 2018, p. L10.

A SELIC encara a súa recta final coa intervención de Antonio Gamoneda, un recital de Elías Knörr, unha sesión de “Poesía en acción” coa creadora Estela Pan, un debate sobre tradución e un paseo literario en homenaxe a Ricardo Carvalho Calero.

_____, “Los versos de Gamoneda, en la SELIC y en el Xardín das Pedras que Falan”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro”, 9 xuño 2018, p. L10.

O poeta descobre a nova peza do Xardín, con versos seus gravados, e participou posteriormente nun encontro co público, no marco da SELIC. Prevese a presentación da colección de teatro por parte de Chévere e Kalandraka, así como música con aCentral Folque, e presentacións con Carlos Negro e Através Editora.

_____, “Poesía inspirada en Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 12 xuño 2018, p. L11.

Dá conta da presentación do poemario *O sol dentro da cabeza* (Laivento, 2017) na librería Pedreira, da man do autor, Suso Díaz, e Helena Villar Janeiro. Trátase de 76 poemas creados a partir da obra narrativa de Carlos Casares.

_____, “El Encontro coa Arte reúne a 29 creadores en Brión”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Este fin de semana”, 15 xuño 2018, p. L11.

Anuncia a nova edición deste Encontro organizado polo concello de Brión, que reunirá a escritores, pintores, fotógrafos e músicos, permitindo contemplar en vivo o seu traballo.

_____, “Música y poesía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Recital”, 22 xuño 2018, p. L11.

Informa do recital poético-musical, a cargo de Francisco X. Fernández Naval e Xosé Luis Fernández Carnicero, co que a librería Hurgar Artista de Bertamiráns celebra o seu primeiro aniversario.

_____, “Vivas emocionados a Galicia no adeus a Ramón Piñeiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Hemeroteca”, “Hoxe hai 28 anos”, 28 agosto 2018, p. L7.

Recolle unha imaxe e unha breve reseña sobre o adeus ao galeguista Ramón Piñeiro, con motivo do seu falecemento en 1990. Representantes de todas as forzas políticas, culturais, económicas e cidadáns despedírono no convento de Santo Domingo de Bonaval e no cemiterio de Boisaca; o alcalde impúxolle a título póstumo a medalla de ouro da cidade.

_____, “Obras de Castelao sobre o ensino únense á peza ‘A derradeira leición do mestre’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 setembro 2018, p. 34.

Dá conta da chegada do cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao, que será o protagonista dunha exposición das obras de Castelao sobre o ensino na Cidade da Cultura baixo o título de *Castelao maxistral*.

_____, “Diálogo literario entre Galicia, a Arxentina e Cuba”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Debate”, 13 setembro 2018, p. L10.

Informa sobre o encontro organizado polo Consello da Cultura Galega, no que participarán Inma López Silva, María Rosa Lojo e Mirta Yáñez coa intención de achegar conexións entre as diferentes literaturas. Tamén destaca a participación da xornalista María Xosé Porteiro.

_____, “Castelao imparte en Galicia a súa lección máis universal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Fugas*”, “*Exposición*”, “*Hoxe hai 28 anos*”, 26 outubro 2018, p. 18.

Dá conta da exposición *Castelao maxistral*, exposta no Museo da Cidade da Cultura, ademais que fai un percorrido pola biografía do autor ao mesmo tempo que fai un sucinto percorrido por algunhas das súas obras híbridas, nas que mestura imaxe e texto.

_____, “Os escritores Boullosa, Júdice, Belbel e Cano, unidos por Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 30 novembro 2018, p. 37.

Informa da celebración da duodécima edición dos premios Rosalía de Castro, outorgados polo Centro PEN- Galicia para recoñecer dende a literatura galega a autores en lingua castelá, catalá, portuguesa e vasca, que serviu de punto de encontro entre a mexicana Carmen Boullosa, o portugués Nuno Júdice, o catalán Sergi Belbel e o vasco Harkaitz Cano.

_____, “Xavier Freire. ‘Creo que nunca vai haber televisión no Airas Nunes, hai que mirar cara a cara’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*En primeira persoa*”, 4 decembro 2018, contracuberta.

Trata sobre a historia do local Airas Nunes, que chegou a ser animado por diferentes persoeiros da cultura, como Quico Cadaval, Nani García ou o grupo de teatro Chévere.

_____, “Recuperan la procesión de Santa Bolaña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Teatro*”, 22 decembro 2018, p. L11.

Anuncia a celebración da procesión laica coñecida como Santa Boloña da man da compañía Tintimán Audiovisual, á vez que dá conta de que foi impulsada por Clara Gayoso e Comba Campoi, responsables da súa recuperación após tres anos sen celebrarse.

García, Rodri, “A posibilidade de excluír a Ferrín da RAG dispara a tensión entre os académicos”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 21 marzo 2018, p. 32.

Informa da polémica existente na RAG entre os que apoian a expulsión definitiva de Ferrín por non estar en contacto coa dita institución e os que defenden que segue a ser académico. Sinala as palabras de Freixanes, presidente da institución, que remarca a idea de que en ningún momento se falou de expulsar o escritor, senón que decidiron votar que facer coa súa situación.

_____, “Caneiro, ‘filósofo da columna’, presentou ‘O país das marabillas’”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 22 marzo 2018, p. 4.

Informa da presentación en Afundación da Coruña desta recompilación de 60 columnas do autor en Auga Editora, cun título extraído do título da sección na que publica os artigos cada xoves en *La Voz de Galicia*. O libro está dedicado a Santiago Rey Fernández-Latorre e a Carlos Casares. Interviñeron Xosé Luís Vilela, Mercedes Pacheco e Román Rodríguez.

_____, “Os defensores de Ferrín afirman que a executiva da RAG tratou a súa exclusión”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 marzo 2018, p. 4.

Informa sobre o enfrontamento de posicións no seo da Real Academia Galega por mor da retirada de Xosé Luís Méndez Ferrín do portal web da institución. Tamén dá conta do homenaxe a Xohana Torres.

_____, “Maruxa Mallo, Castelao e Souto apoian a Seone nas ‘Trece estampas da traizón’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 abril 2018, p. 38.

Dá conta da exposición que a Fundación Luís Seoane acolleu nos últimos meses co gallo do 80 aniversario da publicación das *13 estampas da traizón*. Esta mostra das pinturas de Seoane estará acompañada por obras semellantes doutros artistas, nomeadamente as *Estampas* de Castelao, os *Dibujos de la guerra* de Arturo Souto ou os textos de Maruxa Mallo publicados en *La Vanguardia*.

_____, “Rosalía foise de festa coa xente do mar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2018, p. 44.

Informa da celebración da quinta edición do acto “Inchadiña branca vela” no río Ulla, o cal leva como nome un verso da poeta de Padrón, no que participaron máis de 20 embarcacións.

García, Xosé, “Lalín alén do cocido”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “fóradeserie”, 1 febreiro 2018, pp. 2-3.

Dá conta da celebración da Festa do Cocido de Lalín e, á súa vez, fai memoria da Feira do Cocido de 1969, na que Álvaro Cunqueiro deu o pregón.

García Teijeiro, Antonio, “A chave para soñar”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Verne y Vigo”, 18 febreiro 2019, p. 4.

Dá conta da relación de Verne coa baía de Vigo a través do libro 20.000 leguas debaixo dos mares, obra de ficción na que o porto da cidade serve como escenario nun das súas pasaxes.

Gil, Manuel, “Ouriol homenaxe a Avilés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Barbanza”, 16 xaneiro 2018, p. 34.

Dá conta da celebración, no coliseo Noela de Noia, dun acto de homenaxe ao escritor Antón Avilés de Taramancos co gallo do 25 aniversario do seu pasamento baixo o lema *O poeta é un cazador alucinado* e amenizado polo grupo Ouriol.

Gimeno, Maite, “Los fondos de Alfonso Zulueta de Haz, en la Fundación Penzol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 xullo 2018, p. 38.

Dá conta da consumación da donación dos fondos bibliográficos, artísticos e mobiliarios de Alfonso Zuleta de Haz á Fundación Penzol, onde estarán a disposición dos investigadores que queiran afondar no seu legado.

Gómez, Chus, “Los reyes son los libros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 xaneiro 2018, p. 10.

Dá conta da posibilidade de agasallar libros no nadal, na nova menciona algunhas obras como *A señorita Bubble* (2017), de Leticia Costas, *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (2017), de Arantza Portabales e *Que contan as ovellas para durmir?* (2007) de Kiko da Silva.

_____, “Cando a novela está acabada vén o medo a facer o ridículo e non atopar quen a publique”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 xaneiro 2018, p. 6.

Informa da participación do escritor Miguel Anxo Fernández nunha reunión do club de lectura ‘A esmorga’ do IES A Xunqueira I, onde tivo a ocasión de compartir co estudantado as peripecias que rodean á creación da súa primeira novela *Un nicho para Marilyn* (2004).

_____, “E a corna soou no Museo de ‘Punkivedra’: Medre o mar!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Visitas cruzadas no Museo de Pontevedra”, 9 abril 2018, p. 4.

Breve crónica sobre as últimas visitas guiadas ao Museo de Pontevedra, da man de Sés e Xurxo Souto, con gran éxito de público. Coméntanse as obras escollidas, de Álvarez de Sotomayor a Castelao e anúncianse os vindeiros participantes, entre os que figuran David Cortizo, Francisco Castro ou Margarita Ledo.

_____, “De cando Frida fixo o Roteiro Castelao por Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 abril 2018, p. 6.

Informa da confección por parte de alumnos dun colexio de Lugo do libro en formato acordeón *Camiñadas con Castelao* que recolle a influencia e relación entre autores como Frida Khalo e Castelao con lugares emblemáticos da cidade de Vilagarcía.

_____, “Feminismo y medio ambiente para el primer día de Selectividad”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Abau 2018”, 13 xuño 2018, p. 8.

Informa da celebración do primeiro día das probas ABAU, no referido á provincia de Pontevedra. No exame de Lingua Galega e Literatura II, unha das opcións versaba sobre un texto de Henrique Alvarellos (*Galicia en cen prodixios*, 2011), outra sobre unha tradución ao galego de Sandra Cisneros (*A casa de Mango Street*, 2008). Tamén tiveron cabida a poesía das vangardas e o teatro a finais do século XX e inicios do XXI.

Gómez, Cuca M., “Planes para ser muy feliz”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 12 xaneiro 2018, p. 70.

Informa da presentación do poemario *Se pedra na brétema*, gañador do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2016, na librería Paz de Pontevedra. Ao acto acudiu Antón Lopo, reponsábel da edición da obra na editorial Chan da pólvora.

_____, “Quiero sol para poder ir a la playa”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 19 xaneiro 2018, p. 70.

Dá conta da presentación da última publicación de Félix Caballero, *O humor en cadriños II* (2017), na librería Paz. No acto participaron Kiko da Silva e Anxa Correa.

_____, “Jornada de homenajes”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 21 xaneiro 2018, p. 70.

Informa da charla que a autora Tamara Andrés tivo na librería Paz de Pontevedra para falar da súa obra *Corpo de Antiochia* (2017).

_____, “Mi amor por los huertos ecológicos”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 xaneiro 2018, p. 70.

Informa do obradoiro “A voz das mulleres” impartido por Lidia Luna na librería Paz de Pontevedra, o cal consiste en empregar a escrita para fomentar o autocoidado das mulleres.

_____, “¡Por fin empieza el Entroido!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 febreiro 2018, pp. 70-71.

Dá conta da presentación do poemario *Galeguia* (2017) de Manuel Miragaia na Casa das Campás de Pontevedra, na que o autor estivo acompañado do escritor e presidente do Ateneo de Pontevedra, Xaime Toxo.

_____, “En busca de disfraz de unicornio”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 8 febreiro 2018, p. 62.

Dá conta do acto celebrado no Ateneo de Pontevedra, onde Nerea Mallo realizou a performance poética *Onírica*.

_____, “La intrahistoria de las murgas”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 17 febreiro 2018, p. 62.

Informa da realización no Pazo da Cultura dun obradoiro de creación literaria organizado pola AELG e dirixido por Baldo Ramos e Xosé María Álvarez Cáccamo.

_____, “Niños por la paz en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 2 marzo 2018, pp. 70-71.

Destaca diferentes eventos organizados co motivo do Encontro de Escolas UNESCO no que se celebrou a presentación de diferentes libros na actividade “Teñamos a poesía en Paz”.

_____, “Un libro para chuparse los dedos”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De

café con Cuca”, 22 marzo 2018, p. 70.

Informa da presentación en Pontevedra de *Estrelas da despensa galega* (2017) de Carolina Regueiro e de *As cousas que non queremos oír* (2017) de María Reimóndez, quen estivo acompañada pola escritora Eva Mejuto e o director de Xerais Manuel Bragado.

_____, “Fariña, el monotema”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 25 marzo 2018, p. 70.

Informa da presentación na librería Paz de Pontevedra do poemario de Lois Pérez, *Long Play* (2017), coa compañía de Santiago Lopo.

_____, “Acariciando el fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 abril 2018, p. 70.

Dá conta do encontro “Teñamos a poesía en paz” na librería Paz de Pontevedra, o cal reuniu a poetas galegas como Estíbaliz Espinosa e mexicanas, como María García Esperón.

_____, “Un mes de abril lleno de libros”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 20 abril 2018, p. 70.

Informa dun dos mellores plans para a fin de semana pontevedresa, Pontepoética, citando aos participantes dalgunhas das sesións primeiras: Manuel Rivas, Elías Portela, Filipa Leal e María Xosé Queizán.

_____, “Lecturas para días de lluvia”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lectura”, 3 maio 2018, pp. 70-71.

Informa do encontro celebrado con Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega e autor de *Cabalo de ouros* (2010), obra da que falou cos asistentes ao acto no club de lectura Cronopios.

_____, “Palillada previa al Día da Muiñeira”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 maio 2018, pp. 70-71.

Recolle unha nota sucinta, con fotografía incluída, do “Paseo pola Pontevedra literaria” do escritor Manuel Lourenzo González.

_____, “La poesía está de moda”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 1 xuño 2018, pp. 70-71.

Informa, engadindo fotografía, dunha nova sesión na Librería Paz de Pontevedra de “Teñamos a poesía en Paz”, na que Baldo Ramos e Lorena Conde presentaron os seus últimos poemarios, *Cartas dende o esquenzo* (Galaxia, 2018) e *Entullo* (Deputación da Coruña, 2017), canda a organizadora Tamara Andrés.

_____, “Hablar con las manos por un día”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 xuño 2018, pp. 70-71.

Informa, engadindo fotografía, da presentación do libro *Díaz Castro: poeta en formación (1914-1939)* (Laivento, 2017), de Emilio Xosé Ínsua López na Librería Paz.

_____, “Gran homenaje a 42 médicos”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 17 xuño 2018, pp. 70-71.

Recolle sucintamente, canda unha fotografía, a celebración dun obradoiro co poeta Ismael Ramos na Librería Paz, baixo o título “Caderno/ Postal/ Poema”.

_____, “¿Fastidiará la lluvia ‘Cinema na Lúa’?”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 3 xullo 2018, p. 62.

Informa do acto institucional que se celebrará ás sete da tarde, coincidindo coa reinauguración da Sala Castelao, coa presenza das autoridades, música de Luís Caruncho e a presenza da poeta Tamara Andrés.

_____, “Pontevedra de buena mañana”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 10 xullo 2018, p. 62.

Recolle un comentario e unha fotografía sobre a segunda edición do Festival Fala o Mar de poesía, celebrado no casco antigo de Combarro durante a fin de semana.

_____, “El yoga, mi plan para 2019”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 decembro, p. 62.

Dá conta da fusión de obras que o grupo de teatro Arume interpretou no Teatro Principal polo seus corenta anos de traxectoria.

Gómez, Joel, “Teresa Zapata. ‘Discutir sobre un libro leído ayuda a olvidar y a desconectar de problemas’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 7 xullo 2018, contracuberta.

Recolle comentarios da voluntaria que coordina o clube de lectura da Asociación Española contra o Cáncer (AECC) de Santiago de Compostela; salientanse actividades coma unha sesión de narración oral de Charo Pita e unha visita programada de Inma López Silva.

_____, “Galicia celebrará los veinte años del Nobel de Literatura de Saramago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 agosto 2018, p. 35.

Informa da celebración dos vinte anos da concesión do Nobel de Literatura a Saramago a través dunha ampla programación organizada polo Centro Cultural Portugués do Instituto Camões de Vigo que se encadra dentro das actividades internacionais que terán lugar en recoñecemento desta figura.

Gómez, Melissa, “La alameda de Marín tendrá un trono dedicado a Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 31 maio 2018, p. 59.

Dá conta da iniciativa do Concello de Marín, en colaboración co escultor Santi Castro, a través da cal o artista creará un trono de madeira adicado a Marín e á figura da poeta Rosalía de Castro. A iniciativa, xa comezada na finca de Briz extenderase, deste xeito, á totalidade do Concello.

González, Lucila, “El ocaso de las redes sociales”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 923, “Reportaxe”, “Verano 2018”, 14 xullo 2018, pp. 2-5.

Realiza unha reportaxe a diferentes persoeiros vigueses, coma actores, cociñeiros ou escritores arredor da súa planificación de verán. Leticia Costas anuncia a súa viaxe á feira do libro de Lima a finais de xullo. Pedro Feijoo desexa descansar entre Panxón e Monteferro, ou en Barcelona, e rememora momentos dos veráns da nenez.

González, M., “A Feira do Cocido de Lalín acada o medio século de vida”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “L Feira do Cocido de Lalín”, 3 febreiro 2018, p. 3.

Sinala a celebración da 50 edición da Feira do Cocido de Lalín, na cal será pregoeiro o presidente da RAG Víctor Freixanes e recolle o resultado da 24 edición do Premio de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro.

González Fernández, Isabel, “Cosimo III De’ Medici, un peregrino muy exigente”, *El Correo Gallego*, “*ECG Dominical*”, 10 xuño 2018, p. 5.

Describe a viaxe de Cósimo III de Medici a Santiago de Compostela en 1669 de acordo co testemuño de tres cronistas italianos: Lorenzo Magalotti, Filippo Corsini e Giovanni Battista Gornia. De acordo coas crónicas, o herdeiro do Duque Toscano non gostou en absoluto da súa estada na cidade santa que lle pareceu anticuada e obsoleta. Cósimo III non viu a catedral renovada, no seu canto atopouse cun tesouro pobre e uns peregrinos supersticiosos. Porén, si que amosou máis interese polas obras de enxeñaría do porto da Coruña.

Gradín, Tere, “El puchero más auténtico”, *Faro de Vigo*, “*Visado*”, “Cine”, 5 xaneiro 2018, p. 9.

Informa sobre o cocido como prato da gastronomía tradicional galega e cita palabras de Álvaro Cunqueiro sobre a receita e o método de elaboración.

_____, “Besugo en todas las mesas”, *Faro de Vigo*, “*Visado*”, n.º 818, “Sabores”, 26 xaneiro 2018, p. 10.

Dá conta do emprego por parte de Cunqueiro dun refrán que indica que a mellor época para comer o ollomol é entre San Martín e a Candelaria.

_____, “A vida no castro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 660, “Patrimonio”, 8 marzo 2018, p. IV.

Fala do interese que tivo o intelectual Otero Pedrayo co descubrimento do Parque arqueolóxico da cultura castrexa en San Cibrao, Ourense. Este descubrimento constituíu o obxecto de varias campañas dos anos cincuenta.

_____, “Gigantes de pedra”, *Faro de Vigo*, “Visado”, “Parajes”, 1 xuño 2018, p. 11.

Comentando o conxunto monumental de Santiago de Gaioso, en Outeiro de Rei, composto por enormes bloques graníticos, inclúense os versos que o poeta Manuel María dedicou a estas formacións.

_____, “Tesouro galaico”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 691, “Patrimonio”, 29 novembro 2018, p. IV.

Contén unha pequena exposición arredor do valor arquitectónico e cultural da igrexa de Santa María ubicada no lugar Mixós no concello de Monterrei, que foi declarada Monumento Histórico Artístico en 1931 e sobre a que xa aparecen citas en obras de Otero Pedrayo ou Fermín Bouza-Brey.

Gutiérrez, José Manuel, “Castelao e Bóveda pasaban por casa e eran como irmáns para os meus pais”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 novembro 2018, p. 8.

Recolle fragmentos dun coloquio onde participou Elvira Varela Bao, filla de Elvira Bao e Bernardino Varela, na Agrupación Alexandre Bóveda para subliñar a importancia que tiveron os seus pais como galeguistas durante a Guerra Civil.

H. J. P., “Manuel Bragado deixa a dirección de Xerais tras 28 anos na editora”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2018, p. 33.

Anuncia que Manuel Bragado deixa a dirección de Xerais e achega de xeito breve datos sobre a súa traxectoria profesional.

_____, “O investigador que rescatou a memoria e a voz da emigración galega en México”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 setembro 2018, p. 37.

Comenta o recoñecemento que Luís González Tosar fai do labor de Elixio Villaverde García creador da Asociación Cultural e Deportiva O Testeiro no Concello de O Carballiño pola que pasaron o teatro de Vidal Bolaño e onde se vendían os libros de Castelao, Beiras e Blanco Amor entre moitos outros.

_____, “Adeus a un pioneiro do teatro galego, peza clave na súa profesionalización”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2018, p. 37.

Informa do pasamento de Xan Cejudo ao mesmo tempo que ofrece un percorrido pola súa peripecia vital, pondo de manifesto que foi unha das figuras que máis pulou pola profesionalización do teatro galego.

_____, “Encontro internacional arredor de seis poetas universais de linguas románicas”,

La Voz de Galicia, “Cultura”, 14 decembro 2018, p. 40.

Dá conta do encontro internacional que terá lugar na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela organizada pola Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética cuxo director é Claudio Rodríguez Fer. A cita reunirá diferentes especialistas que analizarán a visión de José Ángel Valente sobre diferentes autoras e autores. Destaca no programa a intervención que realizará Carmen Blanco sobre a visión do escrito sobre Rosalía de Castro.

_____, “Galaxia rescata en formato facsimilar os tres álbums de guerra de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da edición facsimilar elaborada pola Editorial Galaxia das tres obras híbridas do autor rianxeiro, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*.

Hermida, Patricia, “Pérez-Barreiro: versos dun ferrolán na BBC”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 1 febreiro 2018, p. 53.

Informa da recuperación dunha serie de poemas de carácter inédito escritos polo xornalista e profesor universitario Pérez-Barreiro que van ser editados da man da editorial Espiral Maior, grazas ao labor do crítico Armando Requeixo e do xornalista Nicolás Vidal, baixo o título *Poemas de Carricanto* (2017).

_____, “Os últimos rebeldes da Poesía Salvaxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 abril 2018, p. 37.

Relata como se celebrou en Ferrol a semana da Poesía Salvaxe na que participaron máis de 50 poetas e músicos na súa undécima edición. O poeta creador deste evento, Karlotti, comenta en que consisten as xornadas da Palabra Encantada.

_____, “Rosalía de Castro e a paixón por Mugardos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 outubro 2018, p. 37.

Comenta o traballo de investigación do proxecto *Rosalía de Castro e a fábrica de mulleres* impulsado polas inquedanzas de Jorge Gómez co apoio do concello. O grupo de investigación analiza a estreita relación da escritora coa vila de Mugardos e pretende nun futuro publicar o libro *A festa do Seixo na beira do mar: Rosalía e a fábrica* así como realizar moitas outras actividades que homenaxearán a escritora.

Hernández, Paula, “O Centro Ramón Piñeiro acolle o legado da escritora Luísa Villalta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xullo 2018, p. 45.

Dá conta da presentación pública e da cesión do legado de Luísa Villalta por parte da familia á xestión do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, para a súa custodia, divulgación e análise. Realizouse o depósito dunha peza teatral e varios poemarios inéditos, así como seiscentas cartas dirixidas a outras persoas do mundo da cultura galega, dietarios, conferencias anotadas, apuntamentos e recepción de obra xa publicada, etc. Engádese unha breve reseña biográfica sobre a traxectoria da poeta,

música e mestra.

Huerta, María de la, “Los guardianes de las lenguas”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 18 outubro 2018, p. 28.

Menciona nun subtítulo o tributo da facultade de Filoloxía da Coruña a Pearse Hutchinson, o poeta irlandés que traduciu a Rosalía de Castro. Anuncia que na biblioteca de facultade exhibiranse extractos escritos a man polo mesmo Hutchinson.

Iglesias, A., “Inauguración de la muestra fotográfica de Abe Rábade en Os Catro Gatos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 17 febreiro 2018, p. 26.

Anuncia a inauguración da exposición fotográfica de Abe Rábade na cal se proxectará o seu videopoema “Auga”.

_____, “Exposición de Abe Rábade en la sala Os Catro Gatos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 20 febreiro 2018, p. 26.

Anuncia a primeira visita á mostra e recolle un comentario do autor sobre a porosidade entre as artes.

_____, “Acciones del Festival de poesía en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 23 marzo 2018, p. 27.

Informa das actividades incluídas no I Festival de poesía Alguén que Respira!, celebrado no Teatro Principal de Santiago de Compostela, entre cuxos participantes se atopan Isaac Xubín, Luisa Castro, Xabier Xil Xardón, Javier Peñafiel, Miguel Anxo Murado, Miriam Reyes, Cintaadhesiva e Celia Parra.

_____, “El Banquete de Conxo contará con diversas acciones preparatorias”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 abril 2018, p. 29.

Informa sobre as actividades que se levarán a cabo no Banquete de Conxo, entre os que destacan unha festa da poesía e interpretacións teatrais como actividades relacionadas coa literatura.

_____, “Un ‘Vermú aniquilatorio’ cierra la Semana de la Novela Negra”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 abril 2018, p. 29.

Comenta a actividade de clausura da Semana da Novela Negra, cun vermú na Unitaria e proxeccións de pezas clásicas do xénero. Considera que a iniciativa cultural foi un éxito.

_____, “La obra de Méndez Ferrín centra el ciclo Lecturas Poéticas en Fonseca”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 19 abril 2018, p. 26.

Informa da celebración da terceira edición do evento, en Fonseca ás 19 horas, coa presenza do homenaxeado, Xosé Luís Méndez Ferrín, así como dos poetas Chus Pato, Xabier Cordal, Daniel Salgado, Jorge Rodríguez Durán e Arancha Nogueira. Abren e

pechan o acto Xosé Manuel Salgado e Francisco Fernández Rei.

_____, “La celebración del Banquete de Conxo empieza hoy con un ‘tour’ conducido por Alvarellos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 21 abril 2018, p. 27.

Comenta o arranque da celebración ás 12 horas cunha visita guiada ao bosque do banquete da man de Henrique Alvarellos. Entre os actos da tarde, salienta a mesa redonda conducida por Marcos Lorenzo, coa participación de Xurxo Martínez, Juan José Lema, Encarna Otero e Mercedes Franqueira; así como a Festa da poesía conducida por María Lado, na que interveñen Carlos Lixó, Sofía Espiñeira, Carme da Pontragha, García MC, O Leo ou Juan Carlos Valle.

_____, “Literatura y cabra en el Banquete de Conxo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 abril 2018, p. 28.

Dá conta das próximas actividades que se desenvolverán a raíz da conmemoración do Banquete de Conxo, que será revivido a través dunha representación teatral e unha comida de confraternidade na carballeira de Conxo combinadas con música tradicional e poesía, no marco dunha fin de semana na que o barrio de Conxo acolleu unha gran festa de celebración do seu evento máis simbólico.

_____, “Recuerdo al escritor Xosé Chao Rego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 15 maio 2018, p. 27.

Informa da homenaxe ao escritor e teólogo Xosé Chao Rego na Biblioteca Pública Ánxel Casal, organizada pola Asociación Veciñal Plataforma de Galeras. Contará coa intervención do seu biógrafo, Daniel López Muñoz, o músico e poeta Mero, e outros representantes das entidades convocantes.

_____, “Teresa Moure habla de su nuevo libro en la sala Númax”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 16 maio 2018, p. 26.

Informa da presentación, en Numax, do libro editado por Através Editora en 2017. Contará coa presenza de Carmen Adán e da co-directora de Através, Teresa Crisanta.

_____, “Paseo literario con Diego Ameixeiras y proyecciones de videopoemas en el teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 31 maio 2018, p. 27.

Informa do inicio da segunda Semana do Libro de Compostela (SELIC) na praza da Quintana. No Pre-SELIC figuran actividades coma o itinerario Compostela Negra, conducido polo escritor Diego Ameixeiras, ou unha dobre sesión de proxeccións no Teatro Principal arredor de *Versogramas* (2018).

_____, “Presentación y firma de libros de ‘O Sapoconcho Coloríns’ de Maite Vázquez”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 1 xuño 2018, p. 27.

Dá conta do paseo pola Compostela Negra que aparece na literatura da man de Diego Ameixeiras, como unha das actividades previas ao comezo da Semana do Libro de

Compostela (SELIC).

_____, “Presentación de seis volúmenes del proyecto ‘Liñas Paralelas’ y música en SELIC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 5 xuño 2018, p. 27.

Dá conta do paso do proxecto *Liñas paralelas* de Pepe Sendón pola SELIC, así como da presentación de *El gran viaje de estudios de García Lorca*, editado por Alvarellos, e dun peche a conta da Cámara Municipal de Póvoa de Varzim, que achegará a música.

_____, “Cuentacuentos sobre cooperación internacional y libros en la plaza de A Quintana”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 6 xuño 2018, p. 26.

Dá conta da programación de varias actividades no marco da SELIC: monicreques, a presentación dunha edición facsimilar de *La lámpara maravillosa. Ejercicios espirituales* de Valle-Inclán e a presentación de *Atlas dos hórreos de Galicia*, de Carlos Regueira Méndez, guía que cataloga dez mil exemplares galegos.

_____, “Obras de Claudio Rodríguez Fer en la Fundación Granell”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 6 xuño 2018, p. 26.

Informa da presentación de varias obras de Claudio Rodríguez Fer relacionadas coa súa exposición *Corpoética* na Fundación Eugenio Granell: o libro de artista *Icebergs*, a plaquette *Cartografías* e o catálogo da propia exposición, deseñado por Cristina Fiaño, que conta con textos de Lily Litvak, Mnauel Fernández, Olga Novo e Antonio Gamoneda.

_____, “Presentaciones, paseos guiados, cuentacuentos y música en la praza da Quintana”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 9 xuño 2018, p. 24.

Informa das actividades que acollerá a SELIC no presente día: un clube de lectura arredor de *Culpable* (2017) de Eli Ríos, un paseo guiado por Carlos Callón sobre a homosexualidade na Idade Media, a presentación da Biblioteca de teatro, etc.

_____, “Presentaciones, cuentacuentos, cantos y rutas guiadas con poemas en el SELIC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 10 xuño 2018, p. 27.

Informa da clausura da segunda edición da SELIC con microconcertos e presentacións (*Mulleres de Gargamala*), poesía improvisada e canto con Alba María e Queco Díaz, contos de medo e a iniciativa *Rúas de Poesía*, cos poetas portugueses Isaque Ferreira, João Rios e Rui Spranger.

_____, “Clausura de la Semana do Libro Selic”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 11 xuño 2018, p. 22.

Informa do peche da segunda edición da SELIC con mesas redondas, premios, música e poesía. Inclúe unha fotografía.

Iglesias, Ana, “Compostela será el epicentro de la poesía internacional”, *El Correo*

Gallego, “Santiago”, 15 marzo 2018, p. 26.

Anuncia o festival Poesía para Corpo Principal Alguén que Respira, organizado por Antón Lopo e no que participan poetas como María Xosé Queizán, Estíbaliz Espinosa e Olga Novo.

_____, “Semana da Novela Negra en el Barrio de San Pedro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 marzo 2018, p. 26.

Anuncia a I Semana da Novela Negra promovida pola librería Pedreira e entre cuxas actividades destacan coloquios e debates con escritores como Miguel Anxo Fernández, Diego Ameixeiras, Leticia Costas e Elena Gallego, así como a resolución dun misterio creado polo escritor Héctor Cajaraville.

_____, “Locales del barrio de San Pedro se unen en un juego de suspense”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 abril 2018, p. 25.

Dá conta das actividades que se celebrarán no barrio de San Pedro, en Santiago de Compostela, e que teñen como nexo a temática da novela negra. Dentro das actividades que se levarán a cabo destacan coloquios de autores, libros cinema e talleres. As actividades están dentro do marco da I Semana da Novela Negra, iniciativa da Librería Pedreira.

_____, “Volver al pasado con cabra y café”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 abril 2018, p. 24.

Anuncia a conmemoración do Banquete de Conxo mediante unha festa gastronómica e a programación didáctica “O Banquete de Conxo de 1956. A confraternización como símbolo” realizada por Alfonso Iglesias.

_____, “Repaso a la historia de la ciudad con ‘De Quiqui Bar... a Castromil’, de Francisco Macías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 26 abril 2018, p. 26.

Expón a publicación do libro *De Quiqui Bar... a Castromil* (2017) grazas á colaboración do consorcio de Santiago e Edicións Positivas. A obra trata sobre a historia do edificio de Compostela que acolleu un símbolo de modernidade en Galicia, o Quiqui Bar.

_____, “El edificio Castromil, eje de un libro sobre el Santiago de los años 20”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 abril 2018, p. 24.

Informa da presentación en Santiago dunha obra da autoría de Francisco Macías publicada recentemente por Edicións Positivas baixo o título *De Quiqui Bar... a Castromil* (2017). Trátase dunha obra que recrea a construción, nos anos 20, dun edificio modernista na actual praza de Galicia, coñecido primeiro como Quiqui Bar e máis tarde como Edificio Castromil, que supuxo un importante punto de encontro cultural para a cidade, e o posterior desmantelamento durante o desenvolvemento dos anos 70 para construír un aparcadoiro.

_____, “Piedras con versos para poner en valor la Compostela literaria”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 maio 2018, p. 26.

Informa sobre a inauguración do proxecto “Xardín das pedras que falan”, unha idea xurdida do maxín de Suso de Toro e que tentará reivindicar a identidade literaria de Compostela. As tres primeiras pedras do complexo están adicadas ás figuras de Rosalía de Castro, Seamus Heaney e Luz Pozo Garza.

_____, “Música de Fredi Leis y grandes de la literatura gallega”, *El Correo Gallego*, “Galicia Verano”, 12 agosto 2018, p. 17.

Trata sobre a celebración de diversos actos, un concerto e a celebración dunha homenaxe da Librería Nós. Ao acto da librería acudiron persoeiros como Alfredo Conde, Fina Casalderrey, Suso de Toro, Justo Beramendi, Leticia Costas ou Antonio García Teijeiro, así como persoas vinculadas coa literatura, como Víctor Freixanes, presidente da RAG. Francisco Narla ou Pedro Feijóo acudirán na vindeira semana.

_____, “Turistas y vecinos llenaron ayer Sanxenxo en la Feira da Cebola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 setembro 2018, p. 37.

Informa da celebración da XXXVI edición da Feira da Cebola de Sanxenxo onde se repartiron numerosos premios para as mellores cebolas, mais onde tamén houbo espazo e tempo para premiar á creación artística, facéndose co galardón *As mariscadoras das nosas rías* seguido por *Rosalía tapeando en Sanxenxo* e *Emilia Pardo Bazán*.

Iglesias, Brais “Debería plantexarse adicar o día das letras galegas a Manuel Vidal”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Reportaxe”, 10 outubro 2018, p. 15.

Recolle diversas opinións de Santiago Prol, quen afirma que se debería de considerar galardoar ao autor Manuel Vidal co Día das Letras Galegas, ao mesmo tempo que fai un repaso pola súa biografía expón as razóns da súa proposta.

Iglesias, Xosé Ramón, “Dio-lo paghe”, *El Correo Gallego*, “Contrariedades”, 21 setembro 2018, p. 56.

Repasa o panorama musical galego para centrarse na figura da cantante Sés, a cal califican como un fenómeno emocional e lírico chamada a ser a Rosalía de Castro deste século.

Inglés, Álvaro, “Cuando Uxío Novoneyra sacó un 5”, *El Progreso*, “Lugo”, 3 febreiro 2018, p. 9.

Dá conta dunha serie de escritores que estudaron no actualmente chamado IES Lucus Augusti, antes coñecido como o Masculino, entre os que se atopan Cunqueiro, Novoneyra, Luís Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María, Xosé María Díaz Castro, Lorenzo Varela e Agustín Fernández Paz.

J. C., “El festival ‘De perto’ aúna en O Barco narración, poesía y canción”, *La Región*, “Valdeorras”, 23 xaneiro 2018, p. 22.

Anuncia a sexta edición do ciclo que se desenvolverá entre o 22 de xuño e o 13 de xullo, e inclúe os recitais do berciano Juan Carlos Mestre e a lucense Olga Novo, así como narración oral por María da Pontraga, Ángeles Goás, Quico Cadaval e Ana Sofía Paiva, entre outras actividades.

_____, “Una nueva asociación recuperará los ideales del Partido Galeguista”, *La Región*, “Valdeorras”, 9 xullo 2018, p. 20.

Anuncia a creación dunha entidade cultural e de defensa do patrimonio, de carácter práctico e nacionalista, que nace con oito promotores. Coméntase a anterior aposta de nome, “144 Irmaos”, en referencia ao número de militantes vilamartineses do PG en 1936. Prn

J. D., “A feira máis antiga de Galicia chega un ano máis a Mondoñedo”, *El Progreso*, “As San Lucas”, “Mondoñedo”, 16 outubro 2018, pp. 32-33.

Anuncia as homenaxes previstas a nas festas patronais de As San Lucas á figura de Álvaro Cunqueiro co título “Cabalo galego e amigos”, e a Pascual Veiga coa Fundación Pondal.

J. G., “Homenajean a Ánxel Casal por su gran obra por Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 agosto 2018, p. L5.

Informa da celebración dun acto de homenaxe a Ánxel Casal no octoxésimo segundo aniversario do seu fusilamento en Estivada da Ribeira a través dunha ofrenda floral acompañada de actuacións musicais e de intervencións de distintas personalidades que aproveitaron a ocasión para lembrar a todas as vítimas do franquismo.

J. M., “Malpica acolle os ‘Movementsos nas beiras do mar de María Antonia’, de Xosé Iglesias”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 15 maio 2018, p. 33.

Dá conta da exposición de fotografías de Xosé Iglesias, recompiladas entre as Illas Sisargas e o Cabo Prior. O nome remite a unha tendeira coruñesa que abastecía de comestibles aos mariñeiros. O autor, canda Paco de Tano, presidente da Asociación Cultural Caldeirón, ofreceron un recitado de poemas propios no acto inaugural.

J. M. R., “Ramón Blanco da a coñecer mañá en Muxía o libro ‘Se pedra na brétema’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 febreiro 2018, p. 40.

Anuncia a presentación do libro *Se pedra na brétema* de Ramón Blanco na biblioteca de Muxía, na cal participarán o escritor David Creu e o poeta e editor Antón Lopo.

J. R., “O heroe dos nenos do gueto de Varsovia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2018, p. 36.

Anuncia a obra de Antonio Pombo sobre Janusz Korczak e indica que Alonso Montero salientou a figura do antedito escritor.

_____, “José de Cora Paradela. ‘O oficio de ferreiro esixía un esforzo similar ao de mover os rodeiros na imprenta dun xornal””, *El Progreso*, “Especial Feira do Ferro”, “Riotorto”, 14 abril 2018, p. 38.

Anuncia que como pregoeiro da Feira do Ferro José de Cora aludirá a Ánxel Fole no seu discurso.

Jaureguizar, “O ‘Cancioneiro musical de Galicia’ de Sampedro Folgar queda libre de dereitos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 xaneiro 2018, p. 48.

Dá conta do anuncio da Biblioteca Nacional, que afirma que a compilación de cincocentas nove cancións populares recollidas no volume de Sampedro Folgar quedan libres de dereitos de autor, podendo ser reproducidas e difundidas.

_____, “Pombas, mazás e episodios nacionais”, *Diario de Pontevedra*, “Táboa Redonda”, 14 xaneiro 2018, p. 85.

Reflexiona sobre a situación cultural galega e o seu devir, para isto, sérvese de referencias a Castelao, Otero Pedrayo ou Isaac Díaz Pardo.

_____, “Enciso”. ‘Longa noite’ trata de como os sometidos ao poder se adaptan a el”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Cine”, 2 febreiro 2018, p. 61.

Anuncia o filme de Eloy Enciso que trata dun grupo de fuxidos da posguerra, que fai referencia co título ao poemario *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, ao mesmo tempo que contén alusións ao escritor Ramón de Valenzuela.

_____, “Narla. ‘A novela trata o comercio dos templarios coas reliquias””, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Literatura”, 17 febreiro 2018, p. 47.

En conversa con Francisco Narla, comenta a novela *Laín, el bastardo* cuxa personaxe principal é Martín Códax.

_____, “Blanco Amor’. Empecé ‘La catedral y el niño’ porque me rompí una pierna”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 21 febreiro 2018, p. 54/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 21 febreiro 2018, p. 59.

Comenta que Libros del Asteroide publica a novela en castelán de Blanco Amor que debería destacar ao seu autor coma un dos máis relevantes dentro da narrativa da súa época. Recolle tamén as circunstancias que provocaron a creación da obra e o seu contido.

_____, “Nacho Carretero. ‘Fun denunciado por tres liñas nun libro de 358 páxinas””, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 febreiro 2018, p. 55.

Relata a controversia polo secuestro do libro *Fariña* de Nacho Carretero e o apoio

mostrado por diferentes personalidades galegas cara o autor.

_____, “Las sorpresas de Federico en Galicia”, *El Progreso*, “Vivir”, 2 marzo 2018, p. 52.

Fala da influencia de Galicia, especulando que puido ser un dos múltiples motivos que inclinaron a Lorca a dedicarse ao mundo literario despois dunha visita por diferentes paisaxes galegos no 1916. Prn

_____, “De penas, de amores, de imposibles”, *El Progreso*, “Vivir”, 2 marzo 2018, p. 53.

Destaca a influencia que tivo Galicia sobre o poeta García Lorca que o levou a facer varias viaxes por diferentes zonas e incluso o impulsou a componden poemas en lingua galega.

_____, “Manuel Bragado deixa a dirección de Xerais nunha reestruturación”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 abril 2018, p. 55/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 13 abril 2018, p. 67.

Anuncia a marcha de Bragado da dirección de Xerais para dedicarse ao ensino mais continuando cun posto de asesor dentro da editorial. Achega de xeito breve a traxectoria de Bragado na devandita editorial, sinalando que comezou a traballar con Xela Arias ou que os últimos libros cos que traballou son *Principios de incerteza* de Pilar Ortega e *Novena Nursia* de Héctor Cajaraville.

_____, “A las codificadas de Luís Seoane”, *El Progreso*, “Arte”, “Cultura”, “Vivir”, 20 abril 2018, p. 57.

Informa sobre a mostra na sala de exposicións da Deputación de Lugo de sete pezas da mostra “Luis Seoane. Deseño e diferenza”. As pezas poderán verse até o 30 de xuño.

_____, “Fran Alonso: ‘Nin son Bragado nin podo selo, el foi un monstro da edición’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 51/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, p. 69, 21 abril 2018.

Informa dun cambio na directiva de Edicións Xerais que, a partir de agora, é asumida por Fran Alonso, até este momento subdirector do grupo editorial, en substitución do cesado Manuel Bragado e co obxectivo de paliar a crise que atravesaba a empresa potenciando a publicación de ficción escrita por autores galegos.

_____, “Lugo non terá Feira do Libro tras a renuncia en bloque das sete librarías locais”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 12 maio 2018, p. 69.

Achega información sobre a decisión das sete librarías de Lugo de renunciar a organizar a Feira do Libro por diferentes circunstancias persoais dos libeiros e libeiras en cuestión.

_____, “Adeus a Xabier Docampo, o último gran narrador popular”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Literatura”, p. 53/ *El Progreso*, “Literatura”, “Vivir”, p. 45, 27 xuño 2018.

Dá conta do pasamento do autor e percorre os seus logros no eido cultural, ao mesmo

tempo, cita palabras e opinións de intelectuais como Paco Martín, Marcos Calveiro ou Manuel Bragado. Finalmente, fai un percorrido por algunhas das súas principais obras ao longo do artigo.

_____, “Alfonso Armada. ‘Nunca esqueceré a man erguida dunha rapaza viva entre centos de cadáveres en Ruanda’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 2 xullo 2018, pp. 36-37.

Conversa co xornalista e escritor vigués en torno á súa nenez, inicios no teatro coa compañía Artello (onde coincidiu con Morris), viaxes, traballo xornalístico e próximos proxectos, entre os que se conta *Por carreteras secundarias*, unha crónica en castelán sobre “a España ignorada e sen autovías”, que nace dunha visita á terra de Uxío Novoneyra, o Courel.

_____, “Os cinco disparos de Paco del Riego”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 144, 29 xullo 2018, p. 8.

Encomeza reproducindo unha anécdota de Ramón M^a del Valle-Inclán reproducida en *Conversas con Paco del Riego* de Perfecto Conde e, a seguir, aclara que o autor desminte que Del Riego lle comentara que non publicara o diálogo que mantiveran en 2008 e que achega “unha visión sorprendente” dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Considera que o autor esgrime “unha excusa impropia dun periodista” para xustificar non publicalo antes, que “acerta coas preguntas mais non se molesta en afondar nelas”, que non editou a entrevista quizais por “conservar a frescura”, que o discurso de Del Riego é “verosímil” e que “decidiu usar a oportunidade que lle ofrecía un periodista para fixar o mapa do que foran a súa biografía, o seu esforzo entregado polo país e as súas relacións con outros axentes culturais”. Destaca dous temas nas respostas (o perdón e a traizón), cualifica a Ramón Piñeiro como “conciliador con toda idea allea, mesmo co anarquismo” se ben critica que asustase politicamente a líderes potenciais como X.L. Méndez Ferrín e Xosé Manuel Beiras cos seus odios cara ao marxismo, xustifica o comportamento do “estafador” Álvaro Cunqueiro e tamén que Filgueira Valverde “se cubrixe amablemente de franquismo” e considera a Vicente Risco como un traidor, a quen define como “budista”, “covarde” e “pusilánime”. Tamén critica Del Riego que Celso Emilio Ferreiro descubrixe nun artigo xornalístico que el se agochaba baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana e que Carlos Casares aceptase que Piñeiro o elixise para desprazar a Del Riego como director da Editorial Galaxia xa que Casares era un “pragmático” e tamén “non era moi afeccionado á disciplina de traballo”. Jaureguizar remata sintetizando unha anécdota referida ao pintor Urbano Lugrís, a súa “debilidade”.

_____, “Constantino Bértolo. ‘Ahora los escritores son marca ya antes de empezar a escribir’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, pp. 42-43/ *El Progreso*, “Vivir”, “Literatura”, pp. 52-53, 13 agosto 2018.

Entrevista a Constantino Bértolo, quen menciona coma obras épicas galegas *Contra Maquieiro* de Ferrín, *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro e *Covadonga* de Xosé Rubinos, e a Murguía coma escritor non de historia, senón de política. Menciona tamén a Curros, Pondal, Rosalía, Cunqueiro e Ferrín como as súas primeiras achegas á literatura galega.

_____, “Carlos Núñez. ‘Conformabámonos con que o celta era un imaxinario de cen anos,

como o flamenco”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Música”, 15 outubro 2018, pp. 58-59.

Menciona ao Padre Sarmiento polas súas referencias ao celta, a Murgía por reconectar Galicia co celtismo, e a Alfonso X, en cuxas cantigas predominaba a música celta.

_____, “Isidro Novo daralle nome á Biblioteca Municipal de Lugo e será homenaxeado”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 19 outubro 2018, p. 75.

Anuncia a homenaxe a Isidro Novo, quen dará nome á Biblioteca Municipal de Lugo o 3 de novembro. Indica que haberá unha serie de actos coordinados por Antonio Reigosa e Lois Pérez, entre eles, un recital no Vello Cárcere no que haberá poesía de Xoán Neira, David Otero, Xosé Lois García, Lois Diéguez, Toño Núñez, Alberte Momán, Xoán Xosé Fernández Abella, Martiño Maseda e José Blázquez e no que tamén le lerán pezas doutros autores como Xosé Miranda ou María Xosé Lamas.

Jaureguizar, Santiago, “Os cinco disparos de Paco del Riego”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 144, 29 xullo 2018, p. 8.

Encomeza reproducindo unha anécdota de Ramón M^a del Valle-Inclán reproducida en *Conversas con Paco del Riego* de Perfecto Conde e, a seguir, aclara que o autor desminte que Del Riego lle comentara que non publicara o diálogo que mantiveran en 2008 e que achega “unha visión sorprendente” dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Considera que o autor esgrime “unha excusa impropia dun periodista” para xustificar non publicalo antes, que “acerta coas preguntas mais non se molesta en afondar nelas”, que non editou a entrevista quizais por “conservar a frescura”, que o discurso de Del Riego é “verosímil” e que “decidiu usar a oportunidade que lle ofrecía un periodista para fixar o mapa do que foran a súa biografía, o seu esforzo entregado polo país e as súas relacións con outros axentes culturais”. Destaca dous temas nas respostas (o perdón e a traizón), cualifica a Ramón Piñeiro como “conciliador con toda idea allea, mesmo co anarquismo” se ben critica que asustase politicamente a líderes potenciais como X.L. Méndez Ferrín e Xosé Manuel Beiras cos seus odios cara ao marxismo, xustifica o comportamento do “estafador” Álvaro Cunqueiro e tamén que Filgueira Valverde “se cubrixe amablemente de franquismo” e considera a Vicente Risco como un traidor, a quen define como “budista”, “covarde” e “pusilánime”. Tamén critica Del Riego que Celso Emilio Ferreiro descubrixe nun artigo xornalístico que el se agochaba baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana e que Carlos Casares aceptase que Piñeiro o elixise para desprazar a Del Riego como director da Editorial Galaxia xa que Casares era un “pragmático” e tamén “non era moi afeccionado á disciplina de traballo”. Jaureguizar remata sintetizando unha anécdota referida ao pintor Urbano Lugrís, a súa “debilidade”.

Jiménez, Irene, “Manuel Rivas: ‘En España parece haber obsesión por controlar hasta las coplas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2018, p. 38.

Aborda a nova obra de Rivas, *Contra todo isto: Un manifesto rebelde*, na que o autor ataca a desigualdade, o retroceso, o rearme, o machismo e a corrupción.

_____, “Argentina garantiza que protexerá todo o patrimonio do CGBA”, *El Correo*

Gallego, “Tendencias”, 8 maio 2018, p. 39.

Informa da celebración dunha xuntanza entre o conselleiro de cultura da Xunta, Román Rodríguez, e o seu homólogo arxentino para tratar diversos temas culturais de interese tanto para Galicia como para o país austral, e da que o representante arxentino saíu co firme compromiso de conservar, difundir e exhibir o extenso e valioso patrimonio cultural, artístico e bibliográfico do Centro Galego de Buenos Aires.

_____, “Rosario Álvarez será hoxe a primeira presidenta do CCG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 maio 2018, p. 37.

Dá conta do nomeamento da profesora Rosario Álvarez, antiga directora do Instituto da Lingua Galega (ILG), como primeira presidenta do Consello da Cultura Galega,

_____, “Luis Seoane será o protagonista do Día das Artes Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xullo 2018, p. 37.

Anuncia a escolla efectuada pola Real Academia Galega das Belas Artes en sesión ordinaria, que pretende homenaxear e difundir a figura de Luís Seoane, teórico de arte, creador, deseñador, caricaturista, debuxante e pintor, a través do Día das Artes Galegas no próximo ano.

_____, “Carlos G. Reigosa presenta ‘Secretos de Bretaña’, ‘noir’ de la Galicia más profunda”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 xullo 2018, p. 35.

Recóllense declaracións do autor galego (A Pastoriza, 1948) en torno á súa última obra de ficción en castelán, un thriller ambientado nunha aldea da costa norte galega.

_____, “Carvalho Calero e Fraguas volven polarizar a Academia de cara ao Día das Letras 2019”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xullo 2018, p. 33.

Dá conta da disxuntiva na que se ve envolta a Real Academia Galega con motivo da escolla do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019, xa que o debate está polarizado entre os seus membros, quen terán que escoller, por medio dunha votación secreta, entre os dous candidatos, nomeadamente Carvalho Calero e Antonio Fraguas.

L. C., “La escritora Raquel Castro será la pregonera de la romería de A Franqueira”, *Faro de Vigo*, “Condado – Paradanta”, “Área Metropolitana”, 24 agosto 2018, p. 14.

Coméntase que a autora, licenciada en filoloxía galego-portuguesa e hispánica, dirixe o grupo de teatro amador Ata Sempre, de Alxén. Engádese que Castro fará unha homenaxe a Ramón Cabanillas, autor que peregrinou á Franqueira (ao igual que Otero Pedrayo, Faustino Rey Romero ou Eduardo Blanco Amor) e onde recolleu romances posteriormente publicados en *Romaxes da Franqueira*.

_____, “La poeta porriñesa Beatriz Alonso participa en el certamen Versat i Fest de Valencia”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área Metropolitana”, “Porriño- Mos”, 4 decembro 2018, p. 15.

Informa da presenza da escritora porriñesa, Beatriz Alonso Cabaleiro, no certame Versat i Fest de Valencia como primeira escritora galega en acudir a este evento, onde levará a cabo un recital para concurso mais tamén onde poderá deleitar ao público con outras obras inéditas e da súa autoría.

L. F., “La Ínsua dos Poetas mantiene este sábado el homenaje a Víctor Campio, tras su repentina muerte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xullo 2018 p. 38.

Informa que a Fundación Ínsua dos Poetas tiña proxectada unha homenaxe por vez primeira a un escritor en vida. O escollido era o poeta Víctor Campio Pereira, mais este faleceu de forma repentina e o tributo mantívose a título póstumo. Engade que se lle dedicará unha escultura da autoría de Luis G. Tosar, denominada “Caste”, inspirada nun poema do homenaxeado.

_____, “La Ínsua dos Poetas, lugar mágico de artistas y literatos”, *Faro de Vigo*, “Faro Verano”, “Sociedad”, 29 xullo 2018, p. 42.

Dá conta da homenaxe ao recente falecido Víctor Campio na X Festa da Palabra de o Carballiño. Anuncia ademais a figura a homenaxear na próxima edición, o poeta Antón Tobar.

L. G., “Entre verde y letras”, *Diario de Pontevedra*, “Évenres!”, “fin_de_semana”, p. 7/*El Progreso*, “d_finde”, “d_ruta”, p. 41, 26 outubro 2018.

Achega información de interese turístico relativa ao Carballiño e os lugares que se poden visitar seguindo os camiños literarios trazados polos grandes escritores de antano, xa que nesta vila se ambientan, entre outras, as obras *O cisne de Vilamorta* de Pardo Bazán e *Cantigueiro de Orcellón* de Manuel María.

L. P., “La escritora sarriana Sonia Márpez gana dos premios de poesía”, *El Progreso*, “Sarria”, 13 xaneiro 2018, p. 19.

Informa de que a escritora sarriana, Sonia Márpez, gañou os premios de poesía dos certames Xuventude crea por unha parte e do Jóvenes Creadores de Salamanca pola outra, cos textos *O abeiro* para o primeiro e *Subsuelo* para o segundo.

_____, “La sarriana Sonia Marpez publica su primer poemario, ‘Demolición’”, *El Progreso*, “Sarria”, 1 maio 2018, p. 15.

Anuncia a publicación por parte de Ergueitos dun catálogo sobre a ruta Fiz Vergara Vilariño, no traballo recóllense trece esculturas de Primitivo Lareu, Jesús Otero-Yglesias, Manuel Buciños, Álvaro de la Vega, Violeta Bernardo, Miguel Macía, Fernando Yáñez, Mónica Alonso, Paco Poy, Caxigueiro, Eduardo Valiña, Paco Pestana e Manolo Caamaño.

L. R., “A Gala Rosalía de Castro convoca o 23 de febreiro a Abe Rábade, Uxía e Najla

Shami”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xaneiro 2018, p. 33.

Informa da celebración, na Coruña, da Gala Rosalía con motivo da conmemoración do seu nacemento e que servirá como un espazo de confluencia entre voz e música da man dos músicos Abe Rábade, Najla Shami e Uxía onde e da voz poética de Anxo Angueira entre outros.

_____, “La Fundación Plácido Castro y Terra de Asorei se unen para potenciar y divulgar su figura y obra”, *Diario de Arousa*, “Cambados – O Salnés”, 1 agosto 2018, p. 11.

Informa de que Adegas Terra de Asorei asinou até 2022 un convenio de colaboración coa Fundación Plácido Castro, mediante o que prestará a súa imaxe, instalacións e apoio económico. Asistiron a filla do escritor e tradutor de Corcubión, presidenta da Fundación, e o seu homólogo na sociedade vinícola, que salientaron aspectos deste persoeiro ponte entre Galicia e a cultura anglosaxona.

L. T., “Luis Emilio Batallán. ‘Algunas letras de reggaeton son infames y faltan al respeto a la mujer’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 febreiro 2018, p. 15.

Entrevista ao músico Luis Emilio Batallán, afonda na seu vínculo coa poesía galega de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, Cabanillas ou Álvaro Cunqueiro, a través das súas versións musicadas.

_____, “Bergondo hace suya a Filomena Dato en el ‘cabodano’ de su adiós en Moruxo”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 27 febreiro 2018, p. 16. Prn

Dá conta do acto de conmemoración a escritora ourensá Filomena Dato que tivo lugar en Bergondo con motivo do octoxésimo segundo aniversario da súa morte.

Lamas, Jorge, “A homenaxe a Alonso Montero enalza o seu labor como profesor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2018, p. 37.

Dá conta sobre a homenaxe celebrada en Vigo en honra a Xesús Alonso Montero, un acto organizado polos Premios da crítica, co apoio da Universidade de Santiago de Compostela, de Vigo e d’A Coruña, ademais da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega. Entre os poñentes detaca a intervención de Víctor Fernández Freixanes.

Larriba, Elena, “O Museo de Pontevedra dá a benvida aos debuxos orixinais do ‘Álbum Nós’”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 4 xullo 2018, p. 33.

Comenta a chegada dos debuxos orixinais do Álbum Nós ás Salas Castelao do Museo de Pontevedra, cincuenta estampas desaparecidas durante oitenta anos até seren localizadas nunha colección privada. Coméntanse as vicisitudes e percorrido dos orixinais, así como a benvida que lles deron os representantes das principais institucións culturais de Galicia.

Leiceaga, Xoaquín F., “Común a patria, común a loita”/ *El Progreso*, “Día de Galicia”,

25 xullo 2018, p. 4.

Reflexiona sobre a festividade do 25 de xullo en Galicia e, ao final do artigo, fai referencia a uns versos de Celso Emilio Ferreiro, que serven para darlle título ao mesmo artigo, extraídos do seu poema “Irmaus”.

Lema, X. M., “Carballo abre hasta el domingo la Praza dos Libros con descuentos y actividades”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte-Xallas”, 6 xullo 2018, p. 34.

Dá conta das actividades celebradas na localidade na “Prazas dos Libros”. Destácase a asistencia de personalidades como Manuel Rivas, Pedro Feijóo, Enma Pedreira, Miro Villar, Eli Ríos e Xan Fraga.

Lema, Manuel X., “Maridaje entre literatura y mar en un hotel fisterrán”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 17 xullo 2018, p. 33.

Informa de que os nomes de cada un dos cuartos do hotel Bela Fisterra renden homenaxe á unión entre a literatura e o mar (dende *Catro*, en recordo de *De catro a catro*, até *Moby Dick* de Melville). Un dos cuartos, *Marea viva*, estará amadriñado durante os próximos meses pola poeta e xestora cultural Yolanda Castaño.

Lemos, A. “Xurxo Patiño, director de la Feria del Libro: ‘Resalto el éxito de los autores vigueses’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 11 xullo 2018 p. 8.

Recolle o balance xeral da Feira do Libro da man do seu máximo responsábel, que resalta o éxito dos autores vigueses, coma Leticia Costas ou Antonio García Teijeiro. Destaca o éxito da ruta guiada por Pedro Feijoo, cuxas prazas para visita guiada se cubriron o primeiro día da feira.

Liste, Ana G., “Uns Mestre Mateo de óperas primas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 marzo, p. 37.

Dá conta das principais obras que participarán na decimo sexta edición dos Premios Mestre Mateo. moitas delas cun vínculo directo coa literatura galega, como poden ser *Castelao, de chumbo a verba*, de Miguel López, ou a *Estación violenta*, dirixida por Anxo Fazáns.

_____, “Méndez Ferrín presenta en Vigo os seus artigos sobre as fronteiras de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 marzo 2018, p. 37.

Coméntase a presentación de artigos de Méndez Ferrín baixo o título *Arraiano entre arraianos*, obra que conta cun prólogo de Xosé Benito Reza.

_____, “Recital Interxeracional en homenaxe a Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 abril 2018, p. 35.

Informa da celebración dun recital de poesía en homenaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín no seo da terceira edición das Lecturas Poéticas en Fonseca organizadas pola poeta e vicedecana da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela María do Cebreiro e no que se deu un encontro entre distintas voces xa consagradas da poesía galega con outras incipientes.

_____, “Un Día do Libro ‘en precario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 abril 2018, p. 37/
La Opinión, “Sociedad, cultura y ocio”, 24 abril 2018, p. 33.

Aproveitando a celebración do Día do Libro conversa con libeiros e editores, como Fran Alono e Francisco Castro sobre a situación precaria do libro galego.

_____, “Chega a Vigo ‘A estación violenta”, *Faro de Vigo*, “Visado”, “Cine”, 1 xuño 2018, p. 6.

Anuncia a estrea da película de Anxos Fazáns nos Multicines Norte de Vigo, acompañada dun coloquio. No corpo da noticia, lembra a conexión coa novela homónima que o xornalista Manuel Jabois escribiu na súa xuventude.

_____, “Alonso Montero fronte ao seu legado”, *Faro de Vigo*, “Saberes”, n.º 619, “Cine”, 2 xuño 2018, p. 2/
Faro de Vigo, “El sábado”, n.º 1069, p. 1

Anúnciase a estrea da película sobre a traxectoria de Xesús Alonso Montero “Cidadán Alonso Montero. O señor das Palabras”, dirixida por Xan Leira coa produtora Acuarela Comunicación, no Auditorio Afundación de Vigo, coincidindo co seu noventa aniversario. Coméntase que este documental supón un repaso á súa biografía para mostrar cales son os eixos temáticos da súa experiencia vital, dun xeito cronolóxico e partindo dunha reflexión actual do protagonista. Engádense que no documental tamén participan outras voces como os seus alumnos Ramón Nicolás, Dolores Vilavedra, Inma López Silva, Perfecto Conde, Ana Acuña Trabazo; músicos como José Luis Rivas Cruz “Mini” e Baldomero Iglesias “Mero”; así como o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García, o presidente da RAG, Víctor Freixanes, o presidente da RAE, Darío Villanueva, a vicepresidenta do CCG, Rosario Álvarez, o presidente da Fundación Premios da Crítica, Bieito Ledo, e de José Gómez Alén da Fundación 10 de marzo.

_____, “Genes como robles”, *Faro de Vigo*, “estela”, n.º 818, “Reportaxe”, 24 xuño 2018/
La Opinión, “El Domingo”, n.º 889, 22 xullo 2018, pp. 2-3.

Cita inicialmente a Rosalía de Castro, cuns versos do poemario *En las orillas del Sar* referidos aos carballos, no marco dunha reportaxe sobre avances científicos na comprensión da súa lonxevidade. Recolle as palabras de Blanco Amor ante a exposición fotográfica de José Suárez.

Liste, Ana G. e **Ocampo**, Elena “Ferrín asegura que non contestará ao ultimato da RAG sobre a súa reincorporación”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 marzo 2018, p. 35.

Recolle as declaracións de Méndez Ferrín con respecto ao ultimato da RAG sobre a súa reincorporación, feito ante o que afirma que non vai facer nada e que xa non ten ningún

vínculo coa institución.

Lizcano, Rocío, “De Monet a Banksy sin salir de Galicia”, *ABC*, “Galicia”, 17 marzo 2018, pp. 64-65.

Anuncia a exposición pictórica do Museo Centro Gaiás, a cal agrupa máis de cento noventa pezas de cento dezanove autores entre os que se atopan galegos como Isaac Díaz Pardo, Castelao, Urbano Lugrís, Colmeiro e estranxeiros como Monet ou Banksy.

_____, “Julio Verne, un viajero en Vigo”, *ABC*, “Galicia”, 6 maio 2018, p. 85.

Achega información diversa sobre as diferentes estancias de Jules Verne en Vigo ademais de comentar a inclusión da cidade como topos literario dentro da súa coñecida narrativa *20.000 leguas de viaxe submarina*.

Longueira, T., “Ponteceso. La cuna de Pondal ofrece parajes únicos”, *La Voz de Galicia*, “Especial turismo en la Costa da Morte”, 31 maio 2018, p. 12.

Con motivo dun breve repaso polos atractivos da localidade, comeza por lembrarse o seu estatuto de cidade natal de Eduardo Pondal, alicerce fundamental do Rexurdimento e autor do himno galego.

López, Ana, “Galicia homenaxea a Alejandro de la Sota, uno de los arquitectos más notables del XX”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 15 abril 2018, p. 35.

Dá conta da homenaxe ao arquitecto Alejandro de La Sota na cuarta edición do Día das Artes Galegas, na cal Celestino García, vicepresidente da Real Academia Galega de Belas Artes, comentou a súa traxectoria sinalando a relación do arquitecto con Castelao e Alexandre Bóveda.

López, Belén, “Unha campaña en change.org pide que o Sexto Edificio leve o nome de Moldes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 xaneiro 2018, p. 11.

Menciona como propostas para o Sexto Edificio do Museo de Pontevedra os nomes de Xosé Filgueira Valverde e de Alfonso Rodríguez Castelao.

_____, “A poesía galega sobe un ‘chanzo’ da man dun pontevedrés”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 xaneiro 2018, p. 15.

Dá conta do proxecto Chanzo, iniciado a partir da Editorial Chan da Pólvora e que será dirixido polo pontevedrés Alexandre Fernández Peón e Antón Blanco Casas. O proxecto iníciase como un medio alternativo a través do cal canalizar diferentes expresións poéticas.

_____, “O Culturgal de Pontevedra eríxese como insignia cultural de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 31 xaneiro 2018, p. 50.

Destaca que o CulturGal está entre os eventos máis destacados para o Observatorio de la Cultura de la Fundación Contemporánea.

_____, “De la Sota, Valle-Inclán e José Solla protagonizarán o ano expositivo do Museo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 febreiro 2018, p. 15.

Informa da exposición que o Museo de Pontevedra acollerá arredor da estadía de Carlos Maside en Combarro e que estará constituída por debuxos, apuntes, notas, acuarelas e óleos desta experiencia.

_____, “Pontevedra ‘rosalíase’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 24 febreiro 2018, p. 49.

Informa da lectura colectiva de poemas e o reparto de camelias que adianta a celebración de Día de Rosalía na Deputación de Pontevedra. A programación levouse a cabo na rúa que leva o nome nome da poeta.

_____, “Solla faille o caldo a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 904, “Reportaje”, “Quitamerendas”, 24 febreiro 2018, p. 8.

Anuncia a elaboración do Caldo da Gloria por parte do chef de Poio Pepe Solla con motivo da celebración do Día de Rosalía.

_____, “Tralas pegadas de Lupa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 17 marzo 2018, p. 12.

Dá conta do documental *Lupa. Na procura do mito da Raíña Loba* de Rafael Quintía, o cal explora á personaxe do *Códice Calixtino* encargada de recibir os restos do Apóstolo na súa chegada a Santiago.

_____, “Sés, Iria Pinheiro e Margarita Ledo farán de guías no Museo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 marzo 2018, p. 15.

Anuncia a segunda edición do ciclo “Visitas cruzadas” no Museo de Pontevedra, o cal consiste en que personaxes da cultura fagan de guías polo museo. Sinala que nesta edición participarán o editor Francisco Castro, a escritora Margarita Ledo, a música Sés e varias actrices como Nieves Rodríguez e Iria Pinheiro.

_____, “Manuel Rivas e Juan Carlos Mestre virán a PontePoética 2018”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 13 abril 2018, p. 13.

Anuncia a celebración do festival PontePoética, organizado pola poeta Yolanda Castaño e no que participarán autores como Manuel Rivas, Juan Carlos Mestre, María Xosé Queizán, Elías Portela e Míriam Ferradáns.

_____, “Ramón Villares: ‘Ser nación cultural non é pouco’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 18 abril 2018, p. 13.

Anuncia a presentación en Pontevedra do libro *Identidade e afectos patrios* (2017) de Ramón Villares, cuxo limiar se titula “Lavrar a imaxe de Galicia” facendo referencia a

un título de Paz Andrade, coa presenza de Fina Casalderrey e Xosé Fortes.

_____, “As librerías de Pontevedra celebran o 23 de abril a cuberto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 abril 2018, p. 12.

Recóllense parte das actividades que se celebrarán o 23 de abril: sinaturas de libros de Adrián Morgade, agasallos para os lectores, vermú ou ciclos de conversas con escritores e xornalistas. Tamén dá conta do I Congreso Internacional de Mediación Lectora “Mulleres de conto”.

_____, “Son as autoras mulleres as que están á vangarda da poesía galega”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 abril 2018, p. 12.

Informa da celebración dunha nova edición do festival Pontepoética no Teatro Principal de Pontevedra organizado polo Ateneo e o máis polo Concello e coordinado por Yolanda Castaño como un espazo de encontro entre poéticas de realidades lingüísticas moi diversas entre as que aparecen o galego, o castelán, o portugués, o catalán, o vasco, o inglés e o occitano como linguas para o coñecemento e o entendemento.

_____, “Xulio Amigo recupera a presidencia de Culturgal tralo paso de Bragado”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 abril 2018, p. 10.

Informa da volta de Xulio Amigo á presidencia de Culturgal tras a renuncia de Bragado.

_____, “Invocando a Edgar Allan Poe”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 xuño 2018, p. 12.

Dá conta do debut literario da nova revista Ligeia, título coincidente co dun relato curto de Edgar Allan Poe, e que tratará sobre literatura galega mais cunha perspectiva aberta ao ámbito internacional.

_____, “Carlos Núñez ofrecerá o concerto central do Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 xuño 2018, p. 12.

Anúncianse algunhas das propostas para o vindeiro Culturgal, entre as que figuran a presenza de Carlos Núñez, a selección de Inversa Teatro con “Sofía e as postsocráticas” e dous espectáculos de carácter familiar presentados pola editorial Galaxia, Oviravai e Xoán Curiel.

_____, “A Festa dos Libros traerá a 60 autores á Praza da Ferrería”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 xuño 2018, p. 12.

Anúncianse a II Festa dos Libros de Pontevedra, iniciativa do Concello e das librarías da cidade, coa convidada Traga-Mundos de Vila Real. Contará coa presenza de Marga Tojo (*Cara de velocidade*, 2018), Lois Pérez (*Long Play*, 2017), Diego Ameixeiras (*A crueldade de abril*, 2018), Pedro Feijoo (*Sen piedade*, 2018) e Suso de Toro (*Fóra de si*, 2018), así como actividades específicas arredor de temáticas LGTBI.

_____, “Santiago Jaureguizar gaña o Premio Fernández del Riego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 xuño 2018, p. 52.

Coméntase o fallo do Premio de Xornalismo Fernández del Riego, que recae no xornalista de *El Progreso* polo artigo “Pólvora sen magnolia na discoteca Clangor”, publicado en decembro de 2017. Recóllense intervencións de Alfredo Conde, Víctor F. Freixanes ou o director do Ámbito Cultural El Corte Inglés, que salienta a ligazón entre literatura e xornalismo. Trátanse tamén a concorrencia de mulleres ou a composición do xurado.

_____, “Pontevedra súmase á petición da Segra para adicarlle o Día das Letras a Xela Arias”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 xuño 2018, p. 57.

Refire o apoio público do Concello de Pontevedra á iniciativa posta en marcha pola plataforma feminista de crítica literaria A Segra para que o vindeiro Día das Letras Galegas sexa dedicado a Xela Arias. Ponse en marcha un cancelo nas redes sociais para axudar na divulgación, entre outras accións.

_____, “Un paseo por Vilanova de Alba”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 xullo 2018, p. 15.

Dá conta do roteiro literario realizado por Víctor Freixanes na vila na que o autor ambientou a súa novela de 1982, *O triángulo inscrito na circunferencia*, dentro do ciclo Paseos pola Pontevedra literaria. Estivo acompañado por escritores como Adolfo Caamaño ou Eva Mejuto, libeiros como Xaime Corral e Manuel Seijas, e a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez. Coa información tamén se achega unha descripción de parte do roteiro.

_____, “O Museo de Pontevedra e Nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 xullo 2018, p. 51.

Recolle a efeméride da incorporación de orixinais do *Álbum Nós* ao Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, con salas reformuladas para a ocasión. Salienta o peso que o Museo gaña como referente no que a Castelao se refire, único persoeiro, xunto con Manuel Quiroga, que conta cun espazo propio. Recóllense declaracións dos conservadores e algunha novidade, coma a exposición do manuscrito orixinal do *Sempre en Galiza* dedicado a Bóveda.

_____, “Rosario Álvarez. ‘A cultura galega non se pode medir só en termos de lingua’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 xullo 2018, pp. 8-9.

Entrevista a Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e antiga directora do Instituto da Lingua Galega (ILG).

_____, “O Culturgal entrégase ao público”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 10 xullo 2018, p. 10.

Anuncia a celebración da XI Feira das Industrias Culturais de Galicia en Pontevedra e menciona ao novo presidente da asociación Culturgal, Xulio Amigo.

_____, “Unha potencia en premios literarios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 setembro 2018, p. 48.

Informa da festa das letras que se celebra en Pontevedra o 26 de setembro e fai unha listaxe dos 17 galardoados con premios literarios aos que se homenaxea no acto. Informa de que a escritora Leticia Costas vai presidir a gala e de que se fará unha homenaxe ao editor Manuel Bragado, ex-director de Xerais, e ao Festival de Poesía do Condado.

_____, “Con barqueira e remador’ incorpora o árabe e o bengalí ás súas linguas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 26 setembro 2018, p. 45.

Infórmase do Obradoiro Internacional de Tradución Poética coordinado por Yolanda Castaño que terá lugar na illa de San Simón entre o 1 e 6 de outubro. Entre as novidades do programa destácase a participación do recentemente galardoado co Premio da Cultura Galega, o escritor Xosé María Álvarez Cáccamo.

_____, “A propósito de Pancho Varela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 5 outubro 2018, p. 58.

Informa do libro que publicou Carlos Solla sobre a figura de Pancho Varela, compromisario de Izquierda Republicana en Cercedo. O título do volume é *Así aprenderán a non ter ideas*, publicado por Edicións Morgante no 2016.

_____, “O Salón do Libro homenaxeará ao escritor Antonio García Teijeiro”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 27 novembro 2018, p. 7.

Dá conta da escolla de Antonio García Teijeiro como autor homenaxeado no XX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Destaca como logro do autor o seu recoñecemento, no ano anterior, co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Poemar o mar*.

_____, “A Casa de Rosalía faise co Premio do Público de Culturalgal 2018”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 27 novembro 2018, p. 7.

Dá conta do galardón á Casa de Rosalía por parte do público do Culturalgal de 2018.

_____, “Saramago regresa a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 decembro 2018, p. 12.

Anuncia a celebración das III Xornadas Internacionais da Cátedra José Saramago na cidade de Pontevedra co gallo do 20º aniversario do seu premio Nobel, cunha programación composta de catro conferencias e quince comunicacións que pretenden revisar a figura do escritor dun xeito transversal baixo o título ‘Saramago nos 20 anos do Premio Nobel: literatura, arte e política’.

López, Belén, Rozas, Ramón, “Dezasete xeitos de nomear o amencer”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 27 setembro 2018, p. 57.

Coméntase a gala “Unha lingua de premio” que organiza a Deputación de Pontevedra no Pazo Provincial. O acto contou coa actuación de Xardín Desordenado que musicou textos de Valentín Paz Andrade, Olga Novo, María Victoria Moreno e Carlos Casares. Leticia Costas foi a encargada de conducir a gala en que se homenaxeou as traxectorias de

Manuel Bragado e do Festival de Poesía do Condado.

López, Gustavo, “Antón Lopo. ‘Este festival reúne en Santiago a mellor poesía do mundo’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 marzo 2018, p. 24.

Anuncia o Festival de Poesía para Corpo Principal organizado por Antón Lopo e no que participaron poetas como María Xosé Queizán, Estíbaliz Espinosa, Olga Novo, Isaac Xubín, Luísa Castro e Xabier Xil Xardón.

López, Rafa, “Invitados de enero en el Club FARO”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xaneiro 2018, p. 39.

Dá conta da conferencia de Beto Luaces, titulada “Vicvs, Unha novela negra viguesa con raíces na serra do Suído” e que fai referencia ao seu libro *Vicvs, un lugar do común*.

López, Raquel, “Galicia debuxa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 656, “Banda deseñada”, 8 febreiro 2018, p. II.

Repasa, co gallo da celebración do “Día da ilustración”, os debuxantes galegos máis destacados ao longo da historia, afondando nas figuras de Camilo Díaz Baliño, Isaac Díaz Pardo e Rodríguez Castelao. Facendo referencia a algunha das súas obras.

López, Ruth, “A colección Gil Varela, Luís Seoane e Puchades, no programa do Museo lugues”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Arte”, 18 xaneiro 2018, p. 83.

Anuncia a exposición no Museo de Lugo de cadros de Luís Seoane, Puchades e Gil Varela no Ano do Patrimonio Europeo.

_____, “Ramón Villares fala do seu ensaio sobre a identidade galega en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 15 febreiro 2018, p. 46.

Informa da presentación *Identidade e afectos patrios*, o novo ensaio do catedrático Ramón Villares que, editado por Galaxia, pretende explicar a conformación da identidade de Galicia a través da súa historia.

_____, “Os Diplomáticos interpretan os seus poemas favoritos hoxe na Casa de Manuel María”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 17 marzo 2018, p. 53.

Informa dunha actuación dos Diplomáticos de Montealto na Casa Museo de Manuel María na cal interpretarán os seus poemas favoritos, pertencentes a escritores como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Teresa Ramiro e Manuel Rivas.

_____, “Alvarellos recuerda que Lorca vio ‘el Miño corriendo dulcísicamente’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 22 marzo 2018, p. 52.

Informa da presentación en Lugo da obra *El gran viaje de estudios de García Lorca* da

Editorial Alvarellos, na cal se recollen as crónicas da viaxe a Galicia de Lorca e a súa impresión favorábel acerca desta terra e a súa lingua, o que o levaría a escribir os *Seis poemas galegos* publicados pola editorial Nós.

_____, “El Lugo de los años 50, 60 y 70 regresa al Círculo en las caricaturas de Pepe Mouriz”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 11 abril 2018, p. 50.

Informa da creación dunha colección de caricaturas feitas por Pepe Mouriz que aluden a personaxes importantes como Maruja Mallo, Carvalho Calero, Francisco Rivera Manso ou Amable Veiga.

_____, “Rosario Álvarez convértese na primeira presidenta do Consello da Cultura Galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 55/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 52, 1 xuño 2018.

Dá conta do nomeamento da profesora Rosario Álvarez, antiga directora do Instituto da Lingua Galega (ILG), como primeira presidenta do Consello da Cultura Galega,

_____, “Anxos Fazáns. ‘Esta cinta ensinoume a estar triste e soa’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 5 xuño 2018, p. 51.

Recóllense algunhas declaracións da directora Anxos Fazáns, tras presentar nos cines Abella de Lugo a súa ópera prima, *A estación violenta*, baseada no libro homónimo de Manuel Jabois. Comenta diferentes escollos e aspectos, como a perspectiva “autorial”, malia a traballar cun texto precedente.

_____, “Redel cierra con una charla en Lugo un curso sobre edición literaria”, “Vivir”, 14 xuño 2018, p. 43.

Anuncia a visita de Enrique Redel, director da editorial Impedimenta, ao curso de edición que estivo a se desenvolver en Lugo, convocado pola Área de Cultura da Deputación e a fundación Uxío Novoneyra. O editor será interpelado por Branca Novoneyra e polo público asistente.

_____, “Unha cita na casa de Uxío Novoneyra”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 21 agosto 2018, p. 32.

Informa sobre a celebración da cuarta edición do Festival dos Eidos, que integrará este ano a aldea de Paderne. As poetas convidadas nesta edición serán Olga Novo, Tálata Rodríguez, Teresa Moure, Olalla Cociña, Xiana Arias, Celia Parra, Nieves Neira, Marco Paone, Paul Casey, Ciaran MacArtain, Michael O Callaghan, Sue Cosgrave, Kady Darcy, Rosy Oreagan e Julie Goo.

_____, “O modisto Adolfo Domínguez reescribe a novela ‘Juan Griego’, que apareceu en 1992”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 19 outubro 2018, p. 5.

Dá conta da presentación dunha nova versión da novela *Juan Griego*, de Adolfo Domínguez, na que o autor afirma ter traballado durante vinte cinco anos.

_____, “Salvador Sobral e Lois Pérez actúan nos premios Ari(t)mar o mércores”, *El*

Progreso, “Vivir”, “Cultura”, 26 outubro 2018, p. 53.

Infórmase de que o cantante luso Salvador Sobral e o lucense Lois Pérez actuarán o mércores na gala dos Premios da Música e da Poesía Galego portuguesas Ari(t)mar presentados por Carlos Meixide e Iria Pinheiro. A actuación, de carácter gratuíta, terá lugar o mércores 31 de outubro no Auditorio de Galicia na capital galega. Os galardóns, promovidos pola Escola de Idiomas de Santiago de Compostela, teñen a finalidade de achegar a cultura e a lingua galega e portuguesa. Na categoría de poesía a escollida en galego foi “Blues do rei Bergman= B.B. King”(2017), escrito por Lois Pérez para o poemario “Long play”. En portugués, o premiado foi o escritor Alexandre Brea coa peza “XXXI. Com o ritmo da chuva”, que forma parte de “O libro de ontem” (2017).

_____, “Achádego celebra cunha gala os seus 30 anos sobre os escenarios o luns”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 6 decembro 2018, p. 57.

Anuncia a celebración dunha gala de teatro no auditorio Gustavo Freire de Lugo co gallo do trixésimo aniversario da compañía de teatro Achádego en paralelo á realización dun percorrido pola cidade lucense con outros grupos teatrais iniciado na conmemoración do Día Mundial do Teatro. Ademais ofrece detalles arredor da compañía, por exemplo no relativo á súa historia ou ao seu elenco.

López, Ruth, Martín, Carmen, “O modisto Adolfo Domínguez reescribe a novela ‘Juan Griego’, que apareceu en 1992”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 19 outubro 2018, p. 75.

Anuncia a versión revisada da primeira novela do deseñador Adolfo Domínguez, *Juan Griego*, que fora publicada pola editorial Galaxia en 1992.

López, Silvia, “Outeiro de Rei revitaliza a cultura popular”, *El Progreso*, “Comarcas”, 15 xullo 2018, p. 12.

Informa da celebración do Convivio da Cultura en Outeiro de rei, onde a figura de Manuel María serviu de nexo durante as actividades da quinta edición.

_____, “Miguel Silva. ‘O galego é unha lingua para dicir de todo, non é unha lingua de museo’”, *El Progreso*, “deVerano”, “Entrevista”, 24 agosto 2018, p. 40.

Nunha entrevista ao youtubeiro galego Miguel Silva, este afirma que na súa canle pon en diálogo autores clásicos coa cultura máis actual, por exemplo Camila Cabello con Rosalía de Castro ou Castelao cos memes.

López, Siro, “Carta a Rafael González”, *El Ideal Gallego*, “Centenario”, 6 maio 2018, p. 164.

A propósito dunha carta de despedida do autor do artigo ao que fora director do xornal *El Ideal Gallego*, Rafael González, recóllense os nomes dos primeiros colaboradores desta publicación, entre os que se atopan personalidades como Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole ou Carballo Calero.

López, Uxía, “Padrón, Ames y Brión convierten en ruta turística los escenarios de la vida de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 20 xaneiro 2018, p. L6.

Anuncia a inauguración por parte dos Concellos de Padrón, Ames e Brión dunha nova ruta turística e cultural polos escenarios da vida de Rosalía de Castro baixo o nome de “As pegadas de Rosalía”.

_____, “El Corte Inglés súmase aos actos e doará racións do Caldo de Gloria”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día de Rosalía”, 20 febreiro 2018, p. L10.

Anuncia a participación do Corte Inglés na conmemoración do Día de Rosalía mediante a acollida do espectáculo de monicreques “A vida de Rosalía” e a acción solidaria de doar racións de Caldo de Gloria a entidades benéficas.

_____, “Gastronomía para lembrar a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Aniversario do nacemento da autora de ‘Follas Novas’”, 23 febreiro 2018, p. L10.

Informa da conmemoración do nacemento de Rosalía pola Fundación Rosalía de Castro de Padrón, que consistiu en cociñar Caldo da Gloria. A esta iniciativa tamén se uniron os comedores escolares de Ames e Teo.

_____, “Múltiples actos de aniversario para Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día de Rosalía”, 24 febreiro 2018, p. L10.

Informa das actividades que teñen lugar para festexar o aniversario de Rosalía de Castro no seu cento oitenta e un aniversario. Os actos principais foron levados a cabo en Padrón e Santiago de Compostela, entre as citas secundarias atópanse Concellos como Ames, Brión ou Rois.

_____, “Caldo de gloria á saúde de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2018, p. 38.

Comenta a conmemoración do día de Rosalía co caldo da gloria, o cal a propia autora deixara por escrito no seu poema “Miña casaña, meu lar”.

_____, “*Música, teatro e poesía para lembrar a Rosalía o 15 de xullo*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xullo 2018, p. 34.

Presenta a orixinal proposta da Fundación Rosalía de Castro para a conmemoración do pasamento da escritora: alén da tradicional subida en dorna dende Valga polos ríos Ulla e Sar, un festival chamado “Abride a fiestra” que congregará música, poesía, monicreques e improvisación oral.

_____, “Padrón, Ames y Brión reforzarán la proyección de la Ruta Rosaliana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 2 novembro 2018, p. L8.

Dá conta da iniciativa de reforzar a proxección turística da Ruta Rosaliana por parte dos Concellos de Padrón, Ames e Brión. Estes Concellos acordaron solicitar axudas que permitan aumentar a sinalización dos diferentes lugares que recorre a ruta. Tamén se informa que, estes tres Concellos en colaboración con Galicia Es+ propóñense realizar un percorrido alternativo que permita realizar o devandito roteiro a pé ou en bicicleta.

López Viñas, María, “Freixanes: ‘non son un Balbino, fun educado en castelán; son neofalante’”, *El Progreso*, “Cultura”, 23 novembro 2018, p. 64.

Dá conta da celebración da conferencia “Perspectivas de futuro para a lingua galega”, na que o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, se contrapuxo á figura de Balbino, personaxe da célebre obra de Neira Vilas, por ser educado en castelán.

Lorenzo, Sofía, “Antón Fraguas é elixido pola Real Academia Galega para as Letras 2019”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 8 xullo 2018, p. 50.

Informa da escolla de Antón Fraguas Fraguas por parte da RAG para protagonizar o Día das Letras Galegas do 2019. Indica que a candidatura de Fraguas se impuxo sobre a de Ricardo Carvalho Calero. Menciona a Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino como grandes referentes de Fraguas.

_____, “Felisa López y Baldo Ramos llenan de contenido ‘Libros deshabitados’ en Nova Rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir”, “Cultura”, 28 outubro 2018, p. 40.

Comenta a mostra que se inaugurou na galería Nova Rúa de Lugo e que consiste na intervención da artista Felisa López, en forma de libros-escultura, a partir dos trazos sobre papel do poeta Baldo Ramos.

_____, “O Novo Cinema Galego non é tan novo, cumpriu anos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir”, “Cultura”, 24 novembro 2018, p. 69.

Dá conta da reunión e o intercambio de opinións de actores, cineastas e dramaturgos ao remate das tres xornadas de Experiencias Teatrais, iniciativa de Achádego Teatro.

Losada, Andrés, “La preservación y universalización del patrimonio gallego”, *La Voz de Galicia*, “Suplemento Galicia digital”, 25 outubro 2018, pp. 2-3.

Dá conta do proxecto Memoria Dixital de Galicia impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo e a Amtega. Menciona coma institucións da memoria o Consello da Cultura Galega, a RAG e o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento.

Losada, Óscar, “Un canto ao humor”, *La Opinión*, “Letras galegas”, 6 xaneiro 2018, p. 9.

Fai un repaso ao contido no libro *Regueifa en Bergantiños* de Alba María Rodríguez,

centrándose na regueifa e nos mecanismos do humor galego.

Loureiro, Ramón, “El pintor gallego que llenó de luz las tertulias del café Gijón y la literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xaneiro 2018, p. 33.

Dá conta do pasamento de José González Collado, no artigo destácase a súa amizade con Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester e Miguel Carlos Vidal.

Luaña, Susana, “Piadoso, familiar e moi compostelán”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 8 marzo 2018, p. L5.

Informa da presentación do libro Olimpio Pérez, *Unha historia da Compostela moderna de Xoán López Facal*, no cal inclúe un primeiro capítulo que se artella como unha recreación da Compostela decimonónica na que aparece, entre outras, Rosalía de Castro.

_____, “Palabras que escriben a piedra la memoria”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “La voz de mi barrio”, 2 abril 2018, p. L7.

Repasa a memoria de Santiago de Compostela a través de establecementos e tradicións para pechar o texto cunha cita de Álvaro Cunqueiro: “Compostela é a eternidade”.

Luengo, Diego, “Antonio Muñoz Molina. ‘Denuncio que vivimos en un mundo que crea contaminación, basura y ansiedad’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 21 marzo 2018, p. 37.

Informa da presentación da última obra de Antonio Muñoz Molina na UNED da Coruña acompañado por Javier Pintor e Xavier Seoane.

M. A. C., “Pontevedra es protagonista en el Teatro Rialto a través de la campaña ‘Somos historias’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 marzo 2018, p. 8.

Informa dun acto en Pontevedra para dar coñecer os atractivos turísticos da cidade entre os cales se nomeou a unha serie de escritores que escribiron sobre Pontevedra, como Mendiño, Martín Códax, Xoan de Cangas e Rosalía de Castro.

M. A. N., “La poeta Luz Pozo recibe emocionada el título de Hija Adoptiva de Viveiro”, *El Progreso*, “A Mariña”, 19 novembro 2018, p. 16.

Dá conta do nomeamento da poeta Luz Pozo Garza como Filla Adoptiva de Viveiro. O acto, celebrado no teatro Pastor Díaz de Viveiro, reuniu a grandes personalidades da cultura galega como o presidente da Real Academia Galega Victor Freixanes, e a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco. Na celebración, a poeta lembrou a súa infancia en Viveiro e agradeceu a todos a súa asistencia. A homenaxeada tamén recitou dous dos seus poemas, “Pazo de Tor” e outro dedicado a súa

nai, e recibiu a medalla da cidade e un ramo de flores.

M. B., “Milanés canta con Batallán”, *Diario de Pontevedra*, “Évenres!”, “Fin de semana”, 16 febreiro 2018, p. 6/ *El Progreso*, “d_finde”, “d_nocheydía”, 16 febreiro 2018, p. 40.

Sinala o disco *Aí vén o maio* (1975) de Luís Emilio Batallan, no cal aparecen musicados poemas de Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro e Curros Enríquez.

M. D., “As Quendas dijeron adiós con empanadas, caballos y poesía”, *El Progreso*, “A Mariña”, 2 maio 2018, p. 15.

M. F., “Nadjwan Darwish. ‘Es una pena que Rosalía aún no esté traducida al árabe’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xuño 2018, p. 22.

Dá conta das declaracións do poeta palestino Nadjwan Darwish, de viaxe en Galicia, e que afirma que é unha magoa que a poesía de Rosalía de Castro non se atope traducida aínda ao árabe.

M. G., “Este sábado homenaxean a Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, 9 xaneiro 2018, p. 30.

Informa do acto en homenaxe ao escritor e poeta Avilés de Taramancos, o cal consistirá nun recital multidisciplinar de Poesía, Música e pintura no coliseo de Noia. O recital foi titulado como *O poeta é un cazador alucinado*.

_____, “Núñez Singala recrea nunha novela a traxedia do ‘Santa Isabel’ en Sálvora”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Barbanza”, 13 xaneiro 2018, p. 31.

Informa da celebración, no salón de actos do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira, dun acto de presentación da libro *Noite de Temporal* de Manuel Núñez Singala, novela non ficcional que recrea a traxedia do *Santa Isabel* na illa de Sálvora.

_____, “Tres alcaldes, finalistas do novo premio Lorca, Guerra da Cal, Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 abril 2018, p. 37.

Recolle a creación do Premio Lorca, Guerra da Cal, Blanco Amor que pretende fomentar o diálogo tomando como punto de partida a visita de Lorca a Compostela, e a colaboración entre as tres figuras mencionadas, que daría lugar aos *Seis poemas galegos*.

_____, “O home que atopou a súa Troia”, *La Voz de Galicia*, “Área Metropolitana”, “Obituario”, 29 xuño 2018, L7.

Recoñécese o labor realizado polo finado Manuel Maneiro Castañeda como colaborador nas escavacións arqueolóxicas en Barbanza e como docente no colexio de infantil e primaria de Ramallosa, no Concello de Teo. Sinálase que os seus compañeiros despedírono coas seguintes palabras de Manuel Antonio “A alba nova sorprendeu-me cacheando ante os loceiros unha despedida que se me perdeu”.

M. G. I., “Da Galicia da diáspora á territorial. A viaxe á orixe 73 anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Especial Castealo Maxistral”, 5 outubro 2018, p. 2.

Análise sobre as orixes da obra de Castelao *A derradeira leición do mestre* que chega ao Museo Gaiás dende Bos Aires con motivo da exposición *Castelao maxistral*. Destácase, entre outras cuestións, que foi en Valencia onde debuxou os seus álbums de guerra *Atila en Galicia* e *Galicia mártir*.

M. G. M., “Nunca pasan de moda y son de talla única”, *Diario de Ferrol*, p. 36/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 4 xaneiro 2018.

Recomenda a literatura como agasallo de nadal, ao mesmo tempo, fai unha referencia aos libros máis vendidos, *O xardineiro dos ingleses*, de Marcos Calveiro, e *Nube de neve* de Xabier P. Docampo.

_____, “Al Ghorra, Antonio Gamoneda, Queizán o Frank Báez estarán en el ciclo Poetas Di(n)versos”, *El Ideal Gallego*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedade”, 17 xaneiro 2018.

Informa da presentación do ciclo Poetas Di(n)versos pola Concellería de Culturas, que comenza o 22 de xaneiro, conta cun recital o mes e remata o 19 marzo. Menciónase a Yolanda Castaño coma coordinadora e a participación no ciclo de María Xosé Queizán e Lois Pérez, quen recentemente publicou o poemario *Long Play*.

_____, “El penalti que marcó a una ciudad entera”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, “Reportaje”, 24 xaneiro 2018, p. 37.

Anuncia o documental *A loita* de Simón Casal sobre un partido de fútbol que se converteu en histórico. Sinala que no dito filme aparecerán os xornalistas Manuel Rivas e Xosé Hermida.

_____, “La poesía de Seoane sale desnuda al estrado y con un teclado en la mano”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, “Reportaje”, 26 xaneiro 2018, p. 36.

Informa sobre o acto celebrado no Teatro Colón, titulado “Episodios dunha vella historia”, no cal Santiago Fernández e Sergio López interpretarán algúns dos seus poemas, homenaxeando deste xeito ao poliédrico artista galego.

_____, “La Diputación ofrece en mayo visitas guiadas por las tripas del Colón”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 7 abril 2018.

Anuncia a iniciativa da Deputación, na que se expoñerán obras fílmicas, teatrais e culturais.

_____, “In Nave Civitas recuerda a Paco Souto al lado del mar en el que faenó y del que escribió”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 8 abril 2018, p. 15.

Dá conta dun acto de homenaxe a Paco Souto no primeiro aniversario da súa morte realizado polo colectivo In Nave Civitas.

_____, “Francisco Narla. ‘El trovador de gesta era el más admirado’”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 11 abril 2018.

Anuncia a presentación da obra *Lain. El Bastardo*, que pretende dar a coñecer á personaxe de Martín Códax.

_____, “Talleres, lecturas y suelta de libros por el día 23”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 21 abril 2018, p. 36.

Comenta algunhas das actividades previstas para festividade, que xiran en torno ao Pergamiño Vindel, o espectáculo “Veneris Dies” de Casa Hamlet, contacontos baseados en historias de An Alfaya ou clásicos infantís.

_____, “Nace ‘Cóctel de Letras’, que marida creaciones de Luis Veira y escritores del país”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 1 xuño 2018, p. 37.

Dá conta da actividade celebrada en A Coruña, onde se entrevistará de xeito alternativo a diferentes persoeiros e persoeiras das letras, nesta ocasión, debut da iniciativa, participou Arantza Portabales.

_____, “A cuadraxésimo sétima Feira do Libro moverá preto de 100.000 exemplares do 1 ao 10 de agosto”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 37, “Sociedad”, 28 xullo 2018.

Anuncia trinta e sesenta e oito actividades programadas para a presente edición da Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez, con Xavier Senín como pregoeiro e o lema “Ler sen fronteiras” en homenaxe a María Victoria Moreno. Recóllense algunhas das presentacións esperadas, como *Cantar de corpos*, de Correa Corredoira; *Galicia en bus*, de María Reimóndez, *Fálame do silencio*, de Pablo L. Orosa ou *Contra todo isto*, de Manuel Rivas, todos eles editados no presente ano.

_____, “Los especializados en libros antiguos se quejan del trato desigual y la falta de coordinación”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 14 agosto 2018, p. 36.

Menciona diferentes librarías especializadas en libros de fondo e fóra de catálogo que participan na Feira do libro Antigo e de Ocasión, entre elas Fiandón e O Recuncho.

_____, “Los pesos ‘pluma’ se enfrentan *El sábado* a un ring poético lleno de flores”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 23 agosto 2018.

Anuncia a terceira edición do combate poético organizado polo colectivo Sen Ánimo de Nome no que se confrontan dezaseis poetas de verso libre que poden levar ata cinco composicións anotadas. Menciona a Pepa Díaz coma presentadora do evento.

_____, “El palacio vigilado por cuatro mujeres cumple cien años siendo ayuntamiento”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego/ Diario de Arousa*, pp. 36-37, “Sociedad”, 8

setembro 2018.

Fai unha reportaxe do palacio de María a Pita e sinala a presenza de Rosalía de Castro, María Pita, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán no teito do salón de plenos.

_____, “Embarazada chegoume unha inspiración que non tivera antes”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 18 setembro 2018, p. 36.

Dá conta do acto celebrado na Coruña en homenaxe a Manuel María, onde se musicarán dous poemas sen título do libro *Escolmas de poetas de Outeiro de Rei*. No evento participará Susana Seivane coa presentación do seu novo disco, *Fa*.

_____, “Un billete de ida nada máis para ‘A derradeira lección do mestre’, de Castelao”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 6 outubro 2018, p. 37.

Comenta a relevancia da chegada da obra de Castelao, *A derradeira lección do mestre*, ao Museo Gaiás. Sinala que a obra foi orixinalmente unha lámina pertencente a un dos tres álbums de guerra que Castelao creou para denunciar a represión que existía en Galicia durante a Guerra Civil, concretamente a *Galicia mártir* e que despois decidiu facer a óleo a obra na Arxentina con motivo do Día de los Mártires Gallegos. Os outros dous son *Atila en Galiza* (que creou en Valencia xunto con *Galicia mártir*) e *Milicianos* editado en Nova York.

M. M., “López-Barxas leva a súa obra ata Ler Librerías”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago”, 11 xaneiro 2018, p. 29.

Informa da presentación da última obra Paco López-Barxas na librería Ler.

_____, “Visibilización, tributo, visita e gala amesá por Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 18 febreiro 2018, p. 32.

Informa de varias actividades promovidas dende o Concello de Ames para homenaxear e visibilizar a figura de Rosalía de Castro, entre as que destaca “Viaxando con Rosalía”, unha excursión poética á casa da escritora dirixida por María López Sández.

_____, “La escuela habanera de Santaballa acoge un acto en recuerdo de Rosalía de Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, “Vilalba”, 22 febreiro 2018, p. 19.

Anuncia o evento que terá lugar o 24 de febreiro en Vilalba para lembrar a figura de Rosalía de Castro e que incluírá un recital de poemas en feminino.

_____, “Varios restaurantes ofrecerán menú con cabra por la fiesta del Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 abril 2018, p. L4.

Retomando a tradición da cabra como prato tradicional das festas nos barrios santiagueses, repartiranse tapas a quen se acheguen a recordar o brindado de Pondal, Aurelio Aguirre e demais galegos.

_____, “Parada de Sil nombra al escritor Antonio Carreño hijo predilecto”, *La Región*, “Provincia”, 25 abril 2018, p. 28.

Anuncia un acto de homenaxe por parte do Concello de Parada de Sil ao escritor Antonio Carreño, no cal o nomearán fillo predilecto do municipio.

_____, “Unas 2.000 firmas apoyan la candidatura de Avelino Díaz para las Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 maio 2018, p. 1.

Indícase que a Asociación Cultural Avelino Díaz presentou na Real Academia Galega un total de 2.421 firmas apoiando a candidatura do poeta de Meira para as Letras Galegas 2019.

_____, “Xardín Desordenado actúa el día 5 en la Casa Habanera de Guitiriz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 outubro 2018, p. 17.

Informa da actuación que terá lugar o 5 de outubro na Casa Habanera de Guitiriz do grupo vigués Xardín Desordenado que servirá para conmemorar o vixésimo oitavo aniversario do pasamento do escritor Xosé María Díaz Castro.

_____, “La escuela habanera de Santaballa acoge un acto en recuerdo de Rosalía de Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 outubro 2018, p. 19.

Informa dos actos que terán lugar dentro do evento que ten como propósito honrar á figura de Rosalía de Castro. Entre os actos previstos destácase un recital poético en feminino. Tamén se informa da lectura do manifesto Abrir a fiestra composto por María Reimóndez.

M. M. L., “Literatura que dá arrepiós”, *El Progreso*, “Lugo”, 28 abril 2018, p. 11.

Dá conta do ciclo “Contos de Medo” organizado pola biblioteca do colexio María Auxiliadora de Lugo, que consistente nunha lectura ambientada e ás veces bilingüe. Menciona dúas historias do libro *As mans do medo* de Xosé Miranda e a lectura bilingüe de “O elefante que tiña medo da escuridade” entre as obras escollidas.

M. M. O., “Ames rindió homenaje a su poeta Fraga”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 marzo 2018, p. 30.

Dá conta do acto de homenaxe por parte do Concello de Ames á poeta Filomena Fraga con motivo do Día da Muller.

M. N., “Seafest cerró su segunda edición con 120.000 asistentes”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 9 xullo 2018, p. 12.

Sinala a participación dos Bolechas e Pepe Carreiro na segunda edición do Seafest en Vigo para presentar o seu último libro.

M. R., “El begontés Pablo Veiga recoge en un libro cien artículos sobre la comarca”, *El*

Progreso, “A chaira”, 22 xaneiro 2018, p. 17.

Dá conta da publicación do compilatorio de artigos de opinión de Pablo Veiga e que foi presentado na biblioteca da Escola Oficial de Idiomas.

M. V. I., “Ferrín segue a centrar as polémicas na RAG cinco anos despois de renunciar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 21 marzo 2018, p. 54/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 21 marzo 2018, p. 65.

Dá conta da polémica levantada na RAG arredor da dimisión de Ferrín despois de cinco anos, lembrando como fora a súa renuncia, e sinalando que un grupo de académicos entre os que se atopan Xosé Luís Axeitos, Chus Pato, Manuel González, Euloxio Ruibal, Paco Fernández Rei, Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Regueira e Manuel Rivas, asinaron un manifesto solicitando a reincorporación do nome do escritor á listaxe de académicos da páxina web.

M. V., “Unha intervención anónima leva a Rosalía de Castro, Mallo e Pardo Bazán á Tertulia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 10 xaneiro 2018, p. 46.

Informa dun acto reivindicativo no que as esculturas da composición chamada A tertulia, composta por persoeiros como Castelao, Manuel Quiroga, Carlos Casares, Valentín Paz Andrade e Ramón Cabanillas apareceron ataviadas con roupa de muller e as caras de autoras referentes da cultura galega como Rosalía de Castro, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Maruja Mallo, e María Vinyals.

_____, “Lucía Novas presenta hoxe en Pontevedra o poemario ‘Cervatos’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 10 xaneiro 2018, p. 46.

Informa da publicación e presentación de *Cervatos*, poemario da autoría de Lucía Novas e editado por Kalandraka, no Espazo Nemonon, onde os escritores Xesús Constenla, Manuel Lourenzo González e Luís Rei acompañaron a autora.

M. V., S. V., S. A., “¿Y ahora qué?”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “8M, el día después”, 10 marzo 2018, pp. 6-7.

Relata o as vivencias e repercusións despois das protestas do 8 de marzo que contaron cun gran apoio por parte de diferentes persoeiras, entre elas destácanse no eido literario a Montse Fajardo, Fina Casalderrey, María Campos e Andrea Bayer.

Malvido, Gemma, “Marcela e Elisa, unha rúa de Náutica”, *La Opinión*, “A Coruña”, 13 maio 2018, p. 8.

Dá conta da iniciativa do Concello da Coruña, a través da cal se rendeu homenaxe a “todas as Mariapitas da cidade”, en lembranza de todas as veciñas que “defenderon o progreso e a autonomía dunha terra brava”. Destaca o cambio de nome dun dos viais do polígono de Náutica, que pasará a chamarse Marcela e Elisa.

_____, “A primeira Feira do Libro, con Xabier P. Docampo na memoria”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 agosto 2018, p. 7.

Comenta o inicio desta edición da Feira do Libro na Coruña, coa lembranza de Xabier P. Docampo moi presente no pregón ofrecido por Xavier Senín, que lembrou a súa infancia, pero tamén o seu labor a prol da divulgación da lingua galega. Tamén se recollen algunhas declaracións do alcalde, que lembrou os oitenta clubs de lectura coruñeses, nos que participan máis de mil persoas, na súa maioría mulleres.

_____, “Baile en Cecebre, como hai cen anos”, *La Opinión*, “Cambre/ Culleredo”, 15 agosto 2018, p. 12.

Comenta a recuperación, de man de Pedro Lamas, da formación A Música de Cecebre, co repertorio das bandas que tocaban un século atrás na comarca. Sinálase que no domingo inmediato ao aniversario da publicación de *El bosque animado* tocarán unha peza dun poema escrito en galego por Wenceslao Fernández Flórez, “A última nota”, con música de Mauricio Farto. Tamén se entregarán os premios do Concurso Literario de Lendas de Misterio, en colaboración co Círculo de Ares.

_____, “Maruxa, a vida silenciada”, *La Opinión*, “A Coruña”, 19 agosto 2018, p. 11.

Informa da exposición organizada pola Fundación Luis Seoane que destacará a importancia de Maruxa Fernández, muller de Seoane, no legado do artista. Menciona outras mulleres silenciadas ás que se fará homenaxe na exposición coma Carmen Muñoz, a esposa de Rafael Dieste.

Manteiga M., “López-Barxas e Pintado guían en Xallas polos segredos dos parques de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago”, 12 xaneiro 2018, p. 29.

Dá conta da presentación de *Nemo e sabela polos parques de Compostela*, a última publicación de Francisco López-Barxas na librería Ler.

Mariño, A., “FARO, el taller de la obra de Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 10 xaneiro 2018 p. 6.

Dá conta da publicación de *No obradoiro do falador*, unha compilación de artigos de Álvaro Cunqueiro no *Faro de Vigo*, editada por Xosé Henrique Costas e Iago Castro.

_____, “Álvarez: ‘Espero que ser muller non sexa o único factor que avale a miña candidatura’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 xuño 2018 p. 43.

Informa sobre a investidura de Rosario Álvarez como presidenta do Consello da Cultura Galega, nas súas declaracións subliña que agarda que “ser muller non sexa o único factor que avale a súa candidatura.

_____, “La RAE reabre heridas con Sangenjo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La*

Opinión, “Sociedad, cultura & ocio”, p. 30, 7 xuño 2018.

Con motivo dun chío da RAE sobre o uso non oficial dos topónimos que recomendaba empregar “Sanjenjo”, mentres a única forma oficial galega recoñecida segundo a lexislación vixente é “Sanxenxo”, recóllense as opinións de Xosé Luis Méndez Ferrín, Francisco Castro, Leticia Costas e Fran Alonso.

_____, “Noventa años de las primeras viñetas en FARO de un jovencísimo Laxeiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xuño 2018, p. 35.

Dá conta da inauguración da exposición *Los monos de Laxeiro, obra humorística en prensa* así como da publicación por Laiovento dun libro homónimo no que se reproducen as corenta e nove viñetas publicadas polo artista, acompañadas estas por textos firmados por Manuel Igrexas, comisario da exposición, Félix Caballero e Javier Pérez Buján, director artístico da Fundación Laxeiro. Comenta que a exposición recolle por vez primeira as viñetas de Laxeiro publicadas en *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*.

_____, “El Ateneo Atlántico rinde homenaje a Méndez Ferrín por su legado cultural y político”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 setembro 2018, p. 14.

Anuncia a homenaxe que o Ateneo Atlántico lle fará a Méndez Ferrín con motivo do seu oitenta aniversario. Informa de que haberá catro mesas de debate organizadas en torno a súa acción periodística, narrativa, poética e política.

_____, “Ferrín, o xornalista que sempre negou ser”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 setembro 2018, p. 36.

Dá conta do traballo de Xosé Luís Méndez Ferrín como xornalista e informa da súa produción neste eido, a cal excede os mil douscentos artigos publicados. Asemade, tamén se fai referencia a algunhas das súas obras, como *Estirpe*, *Arnoia*, *Arnoia* ou *Retorno a Tagen Ata*.

_____, “Ferrín, o poeta ‘inconmesurable’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 setembro 2018, p. 36.

Comenta a segunda xornada do ciclo dedicado ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín organizado polo Ateneo Atlántico e que tivo lugar na Casa Galega da Cultura. A xornada acolleu un debate sobre a poesía do autor en que interviron Xosé Manuel Outeiriño Gallego, Darío Xohán Cabana, Xabier Cordal Fustes, Helena de Carlos Villamarín e María do Cebreiro Rábade e infórmase sobre o tipo de intervención que realizaron e as palabras que lle dedicaron a Méndez Ferrín.

_____, “A prosa de Ferrín como eixo cultural”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 outubro 2018, p. 38.

Comenta a terceira xornada do ciclo adicado ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín organizado polo Ateneo Atlántico e que tivo lugar na Casa Galega da Cultura. A xornada acolleu un debate sobre a narrativa do autor en que interviron Rexina Rodríguez Vega, Anxo Angueira Viturro, Xosé Ramón Pena e Ana Salgado e informa sobre o tipo de intervención que realizaron e as palabras que lle dedicaron ao Méndez Ferrín.

_____, “A política pecha os ‘mundos’ de Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 outubro 2018, p. 36.

Informa da celebración da cuarta e derradeira mesa de debate en torno á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín que organiza o Ateneo Atlántico con motivo do seu oitenta aniversario no marco do ciclo chamado “Os mundos de Ferrín” e que culminará facendo un repaso pola súa faceta política baixo o título “A nación da clase obreira”.

Marquina, C., “Rosalía nunca esquecida”, *La Región*, “Ourense”, “Crónica”, 25 febreiro 2018, p. 16.

Dá conta das celebracións que tiveron lugar en Ourense para conmemorar a Rosalía de Castro, destacando a súa relevancia coma escritora feminista.

Marquina, Cristina, “Cantigas galegas resoan no mar”, *La Región*, “Agenda”, 17 abril 2018, p. 22.

Informa da presentación no Liceo de Ourense da obra *Os cantos do mar* de Dorothé Schubarth, musicóloga e coautora, con Antón Santamarina, do *Cancioneiro Popular Galego*.

Martín, Gerardo, “Fadrique, gran empresario y buen corazón con adversarios”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 febreiro 2018, p. 10.

Salienta a figura de Eugenio Fadrique pola súa participación xunto con Paz Andrade na creación do xornal vigués *Atlántico*.

Martín, Toni, “Una mesa redonda sobre la Semana da Novela Negra”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 abril 2018, p. 24.

Sinala a participación de Teresa Moure, Xerardo Roca, Marcos Maceira, Héctor Cajaraville, Diego Ameixeiras, Miguel Anxo Fernández e Jorge Bóveda na Semana da Novela Negra de Santiago.

_____, “Compostela será la capital del café histórico con unas jornadas en la Fundación Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 abril 2018, p. 24.

Con motivo do anuncio das Xornadas “Os cafés, patrimonio cultural a través do tempo”, recóllense declaracións do director e anúncianse algúns dos participantes, coma o escritor Alfredo Conde, canda baristas, chefs ou profesores.

Martín Rodrigo, Inés, “Luis García Montero: ‘Este no es un destino político’”, *ABC*, “ABC del Verano”, “Cultura”, 20 xullo 2018, p. 60.

Anuncia o nomeamento de Luis García Montero como director do Instituto Cervantes e entrevista ao poeta.

Martínez, Koro, “Chamamento de auxilio ante a posible perda dun símbolo identitario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 marzo 2018, p. 38.

Informa da débeda económica que acumula o Centro Galego de Bos Aires e da iniciativa social que exige ás autoridades galegas e españolas que eviten a súa venda.

_____, “Todos os grupos da Cámara, co Centro Galego de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2018, p. 36.

Anuncia da adhesión de todos os grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia ao Manifesto pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires.

Martínez Coello, Miguel A., “Hemingway y el hotel suizo”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 8 abril 2018, p. 4.

Comenta a admiración de Carlos Casares por Hemingway pola súa directa relación con Galicia, que o levou a dedicarlle a obra *Hemingway en Galicia* (1999).

Martínez González, Xurxo, “Saco y arce, 1868”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 685, “Filoloxía”, 18 outubro 2018, p. VII.

No marco dunha breve reflexión sobre a figura de Saco y Arce, autor da primeira gramática galega, introdúcense uns versos de Pondal incluídos no poema ‘O dolmen de Dombate’.

Martínez Pastoriza, Tamara, “Un ano de novos (e vellos) desafíos para a cultura galega”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “fóradeserie”, 11 xaneiro 2018, p. 2.

Recolle as palabras de distintas personalidades da cultura galega para reflexionar sobre a situación da mesma, entre as que están o escritor Suso de Toro, a actriz Mónica Caamaño, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega Cesáreo Sánchez Iglesias e a profesora da USC Margarita Ledo.

_____, “Barbadás tornarase violeta coa súa I Romaría Feminista”, *Sermos Galiza*, n.º 42, “Caderno de Verán”, “Barbadás. Quéreo. Víveo”, 30 agosto 2018, pp. 2-3.

Anuncia a celebración da I Romaría Feminista no Concello de Barbadás o 29 de setembro, coa que se pretende promover o momento feminista e a reflexión conxunta a través de distintas actividades que inclúen dende debates a espectáculos musicais, teatrais e recitais de poesía. Destácase a peza de microteatro “Sofía” interpretada por Marta Pérez e o recital de poesía “Dúas gamberras e un micro” representado por Nuria Vil e Vanesa Glemsel.

Mato, Mar, “Las novedosas guías y cuadernos de viaje artísticos revolucionan Galicia y el Camino”, *La Opinión*, “Galicia”, 7 xaneiro 2018, p. 18.

Dá conta da publicación de tres novas guías de viaxe ilustradas, *Así é Santiago*, de Fermín Solís, *Guía ilustrada da Praza* e *Guía ilustrada de las iglesias* de Joaquín González Dorao, *Santiago de Compostela en acuarelas*, de Eduardo Baamonde e *Camiña-camiño. De Porto a Santiago* de Fernanda Lamelas, Teresa Ruivo, Isabell Seidel e Blanca Escrigas. Ao mesmo tempo, tamén fai un repaso por publicacións anteriores do subxénero.

_____, “Máis de 2.200 obras chave da cultura galega están en risco en Bos Aires”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 14 xaneiro 2018, p. 34.

Dá conta da petición do consello da Cultura Galega para a conservación e protección para os bens culturais do Centro Gallego de Bos Aires.

_____, “O consello da Cultura ultima unha mostra sobre Castelao”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 xaneiro 2018, p. 36/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 14 xaneiro 2018, p. 35.

Dá conta sobre a futura mostra sobre Castelao na que traballa o Consello da Cultura Galega.

_____, “Cuando Twitter vuela bajo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xaneiro 2018, pp. 39-40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 21 xaneiro 2018, pp. 34-35.

Recolle as opinións de Suso de Toro, Manuel Gago, Lorenzo Silva e Ivan Ferreiro sobre a evolución de twitter.

_____, “Beto Luaces: ‘A pesar do perdido, Vigo ten unha gran riqueza arquitectónica””, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 xaneiro 2018, p. 33.

Informa da presentación da primeira novela do autor no Club Faro. No artigo destácase o vínculo entre o contido do libro mais a arquitectura viguesa.

_____, “La gran revolución del ‘toxo’ gallego”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 28 xaneiro 2018, p. 33.

Fai alusión á representación do toxo por parte de Manuel María na súa obra *Berenguela*.

Méndez, A. “Once precursoras que abrieron camino”, *Faro de Vigo*, “Gran Vigo”, “Vigo”, 10 xuño 2018, pp. 2-3.

Nunha reportaxe anunciada na cuberta, *Faro de Vigo* reúne a once mulleres que desafiaron as cotas masculinas nos seus sectores. No campo das letras e as humanidades, Leticia Costas, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, e Antía Cal, pedagoga e fundadora da Escuela, valoran os pasos dados na sociedade.

Méndez, Antonio, “Vuelve el periódico que ‘zuzurraba la bandana’ al caciquismo”, *ABC*, “Galicia”, 26 agosto 2018, p. 59.

Anuncia o renovado *Picaraño*, que poderá ser lido a partir de finais de ano e que se presenta coma revista cultural de carácter local.

Méndez, M., “La tierra que cantó Uxío Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 16 agosto 2018, p. 35.

Trata sobre a vindeira entrega da guía “Un día en” que fai referencia ás terras do Courel, as cales son postas en relación coa poética de Uxío Novoneyra, na cal se describe parte dos lugares que contempla a guía.

Méndez, Mila, “A Real Academia reconece a Fraguas por recompilar e dignificar a linguaxe do pobo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xullo 2018, p. 35.

Dá conta da escolla do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019 tras unha votación entre os integrantes da RAG que deixou fóra a Carballo Calero en favor de Antonio Fraguas, quen si terá este recoñecemento pola súa actividade incesante como escritor, historiador e etnógrafo.

Méndez, O., “La Feira do Libro se nutre de ‘vigüismo’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 20 xuño 2018, p. 11.

Informa da XLIV Feira do Libro de Vigo, na que os organizadores pretenden destacar a figura de autores locais. Menciona a visita guiada encabezada polo escritor Pedro Feijoo polas zonas do Casco Vello que recolle en *Camiñar o Vigo vello*.

_____, “Los libros ‘vigüeses’ toman Porta do Sol”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 28 xuño 2018, p. 7.

Recóllense algúns datos sobre a Feira do Libro de Vigo, establecida dende o presente día en Porta do Sol e centrada nos autores locais: haberá visitas guiadas con Pedro Feijoo, un pregón inaugural de Manuel Bragado e presentacións de autores coma Leticia Costas, Anxo Fariña, Fran Alonso, Henrique Dacosta, etc.

Menéndez, Antonio, “Lorca viaja de nuevo a Galicia”, *ABC*, “Galicia”, 7 xuño 2018, p. 65.

Repasa o percorrido feito por Federico García Lorca por Galicia e León, ademais, destaca a presentación do libro *El gran viaje de estudios de García Lorca*, presentada un mes antes da publicación do artigo en cuestión.

Menéndez, Nacho G., “La escritora paramesa Celia Díaz Núñez recibe la distinción de Hija Adoptiva de Quiroga”, *El Progreso*, “Comarcas”, 18 maio 2018, p. 14.

Informa da entrega a Celia Díaz Núñez da distinción de Filla Adoptiva do Concello de Quiroga pola súa dilatada carreira literaria, comprometida co galego e con Quiroga.

Montáns, Lucía, “A loita feminina na literatura”, *La Región*, “Agenda”, 6 marzo 2018, p. 18.

Recolle fragmentos da charla que a escritora ourensá Celia Díaz Núñez deu no colexio Salesianos de Ourense, na que fixo un repaso pola situación discriminatoria que experimentaban escritoras como Rosalía de Castro e as que se seguen experimentando a día de hoxe por diversos estigmas, como a identificación da literatura de mulleres co sentimental.

_____, “Luís Valle. ‘Temos que ser máis felices’”, *La Región*, “Agenda”, “Poesía”, 19 abril 2018, p. 18.

Informa da presentación do terceiro poemario de Luís Valle.

_____, “As ondas da radio estarán na rúa”, *La Región*, “Agenda”, “Veránearte”, 4 xullo 2018, p. 18.

Presenta o proxecto Radio Liverdade, aproveitando a súa presenza no marco das actividades de VeránEarte 2018, e salienta un dos seus programas estrela, o espazo cultural-musical “A Toupeira”, dirixido por un rapaz que traballa na Arca da Noe, e que fai entrevistas cos artistas que se achegan ao local.

_____, “Suspense, amor ou thriller psicolóxico... con firma ourensá”, *La Región*, “Verano”, “Ourense de 5 en 5”, 10 xullo 2018, p. 26.

Presenta cinco obras de cinco escritoras e escritores da cidade: catro delas en castelán, e *Terradentro* (Xerais, 2017) de Xosé Benito Reza, ofrecendo unha reseña mínima do contido desta novela ambientada a mediados do século XX nunha vila galega.

_____, “A visión difusa dos veráns da nenez”, *La Región*, “Agenda”, “Exposición”, 24 xullo 2018, p. 18.

Anuncia a exposición “Territorio acoutado”, da mestra e poeta Olga Patiño, man a man coas fotografías de Carlos Lorenzo. A idea parte dun traballo anterior do fotógrafo con Baldo Ramos sobre a Ramallosa, que imantou a curiosidade da escritora. Canda a exposición de 21 pezas de imaxe e texto na Casa dos Poetas de Celanova, édítase un libro de artista con poemas manuscritos, copias das fotografías, etc.

_____, “A visión difusa dos veráns da nenez”, *La Región*, “Agenda”, “Exposición”, 24 xullo 2018, p. 18.

Xunto co anuncio da exposición “Territorio acoutado”, da mestra e poeta Olga Patiño, man a man coas fotografías de Carlos Lorenzo (que parte dun traballo anterior do fotógrafo con Baldo Ramos sobre a Ramallosa, que imantou a curiosidade da escritora), coméntase a edición dun libro de artista editado en Espiral Maior no 2017, con poemas

manuscritos, copias das fotografías, etc. Coméntanse algúns aspectos sobre a relacións das imaxes, poéticas e difusas, cos textos, que procuran transparentar a memoria da nenez en Carral.

_____, “Ilustracións para Celso Emilio”, *La Región*, “Agenda”, “Exposición en Allariz”, 27 xullo 2018, p. 18.

Dá conta da exposición de Manolo Figueiras inspirada no libro de poemas *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro, unha colección homónima composta por once cadros. Comenta que o libro “reflexa a dureza dos anos 50, a nivel social e político, e como se lle derrubaron os ideais que tiña sobre a xuventude.

_____, “Música para Rosalía”, *La Región*, “Agenda”; “Concierto”, 7 decembro 2018, p. 20.

Informa da actuación do Trío Rosalía no Teatro Principal de Ourense enmarcada na celebración da segunda edición do III Ciclo Lírico de Ourense.

Montero, Tamara, “Mil Isaacs máis para a nosa terra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 8 xaneiro 2018, p. L4.

Dá conta da homenaxe a Isaac Díaz Pardo no aniversario do seu pasamento, na cal María do Cebreiro recitou o poema “Camiño do vento” e onde leu Claudio Rodríguez Fer. Loa a figura do homenaxeado.

_____, “Os alalás porán no bico un cantar a preto de 500 rapaces en Betanzos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 marzo 2018, p. 33.

Dá conta que a iniciativa “No bico un cantar” celebra a súa sexta edición fará que medio millón de cativos reciten alalás das Mariñas de Muxía e Camariñas. Tamén se estreará *Alalá á vella maneira* de Manuel Rivas coa música de Teresa Bretal.

_____, “Antonio Fraguas, o picheleiro de Cotobade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Homenaxe ao escritor, etnógrafo e historiador”, 23 abril 2018, p. L2.

Informa da celebración, ao longo do ano 2019, dunha serie de actos en lembranza do escritor Antonio Fraguas, quen será homenaxeado vinte anos despois do seu pasamento por toda unha vida de compromiso con Galicia e a cultura galega.

_____, “Manuel Pombo. ‘En mi vida había visto a tanta gente’”, *La Voz de Galicia*, “Yo estuve allí”, 30 maio 2018, contracuberta.

Repasa, dende a perspectiva do que foi o presentador do evento, Manuel Pombo, o acto fundacional da Nova Canción Galega nun acto que superou as expectativas e que, co paso do tempo, se converteu nun acontecemento histórico.

_____, “O Consello da Cultura abre unha etapa ‘de continuidade, non de continuísmo’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xuño 2018, contracuberta.

Dá conta do nomeamento de Rosario Álvarez como nova presidenta do Consello da Cultura Galega. Destaca a súa estratexia, baseada na “continuidade” mais non no “continuísmo” e afirma que a transición será tranquila. Non obstante, destaca algunhas das eivas que pretende arranxar baixo a presidencia, como é ampliar o espectro de consideración cultural do Consello, dar máis relevancia á diáspora cultural galega ou reforzar o eido dixital na mesma institución.

_____, “La buscadora de tesoros literarios”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xullo 2018, p. 42.

Dá conta da actividade profesional de Lourdes Díaz, unha axente literaria directora de Rolling Words que presentou na librería Cronoscopio de Compostela o seu traballo e onde tivo a oportunidade de reunirse cos autores galegos cos que traballa, entre os que se atopan Manuel Gago e Arantza Portabales.

_____, “Prisciliano más allá de la leyenda”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 setembro 2018, p. 34.

Dá conta dun congreso sobre Prisciliano, dirixido por Pedro López Barja e José Carlos Sánchez. No artigo faise referencia á Xeración Nós e a Castelao como os principais impulsores da súa figura como mártir.

_____, “La biblioteca que subió un piso”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 13 outubro 2018, p. L6.

Cita a descrición que fixo Murguía das librerías da biblioteca da Facultade de Historia.

_____, “Alba de Gloria’ cobra vida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 novembro 2018, p. 36.

Recolle información relativa á exposición ‘Alba de Gloria’ promovida polo Consello da Cultura Galega para conmemorar os 70 anos do derradeiro discurso de Castelao a través da experiencia que ofrecen as novas tecnoloxías en materia de realidade virtual.

_____, “Castelao, da tradición ao ‘big data’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 novembro 2018, p. 35.

Informa da inauguración dunha mostra na igrexa de San Domingos que baixo o título de “Alba de Gloria” e valéndose das novas tecnoloxías e da documentación do Consello da Cultura pretende achegar dun novo xeito o discurso sobranceiro que Castelao pronunciou en xullo de 1948.

_____, “O 35% dos directivos culturais acceden ao seu posto por libre designación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 decembro 2018, p. 35.

Informa da situación no ámbito da contratación dos directivos culturais, onde prevalece o sector público e a libre designación en detrimento do concurso público, para reflexionar sobre a transparencia e lexitimidade destes procesos de selección e concluír que en Galicia se fai dun xeito razoábel.

_____, “As Follas Novas do afastado Oriente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 decembro 2018, p. 37.

Informa da publicación e presentación da tradución de *Follas Novas*, de Rosalía de Castro, ao xaponés da man de Takekazu Asaka. A presentación tivo lugar no Centro Ramón Piñeiro. Tamén se dá conta da publicación doutras obras galegas na lingua nipoa, como *Os eidos* de Uxío Novoneyra ou *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

Monteagudo, Alaitz, “O Parlamento defende salvar o Centro Galego de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 22 marzo 2018, p. 36.

Informa da adhesión do Parlamento de Galicia ao Manifesto pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires, apoiado tamén por institucións como o Consello da Cultura Galega, a RAG e as universidades galegas.

Mosquera Graña, Sara, “Una hora de ‘poesía vertical’ en el festival de Kerouac”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 setembro 2018, p. 8.

Anuncia as actividades de poesía que forman parte do festival Kerouac da cidade de Vigo, mencionando a participación dos poetas Brais Nogueira, Irea Vecino e Marcos de la Fuente.

Mosteiro, M., “La librería Vetusta se despide sin prisas”, *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, “Santiago”, 1 febreiro 2018, p. L2.

Anuncia o peche da librería Vetusta, situada na Rúa Nova de Santiago de Compostela.

Mosteiro, Marga, “El Banquete de Conxo recupera su plató”, *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, “Santiago”, 23 febreiro 2018, p. L2.

Menciona a presenza de Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro no Banquete de Conxo o 2 de marzo de 1856. Prn

_____, “A la moda del año 1856”, *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Romería del Banquete de Conxo”, 17 abril 2018, p. L10.

Informa da recreación do Banquete, que reuniu a Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Luis Rodríguez Seoane e Rosalía, que se celebrará o 21 de abril. Detállanse aspectos da celebración, así como o funcionamento dous obradoiros de confección de traxes da época.

_____, “Manuel Fajín. ‘Si alguien sigue con el Gamela, me quedo un mes y le enseño las recetas’”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 abril 2018, p. L4.

Ao fío da nova sobre o posíbel peche do local, o propietario fai memoria dalgunhas das anécdotas e orixe dos pratos, coma “Río Bravo”, nomeado a partir da obra na que Ron,

de Chévere, que aparecera polo local e pedira un prato de setas, estaba a traballar nese momento.

_____, “Conxo ensaya el brindis del Banquete con una amplia oferta de actividades culturales”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festa do Banquete de Conxo”, 21 abril 2018, p. L10.

Informa da celebración dunha xornada festiva e cultural como anticipo á conmemoración do Banquete de Conxo, onde terán lugar numerosas actividades como un mercado de libros, unha visita guiada ao bosque onde se desenvolveu o primeiro Banquete, unha mesa redonda, actividades infantís ou eventos musicais de rap e regueifa.

_____, “Un paseo para leer sin fronteras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 21 abril 2018, p. L10.

Dá conta da inauguración da Feira do Libro de Galicia na paseo da Alameda de Santiago de Compostela, así como da programación que acompañará a este evento, entre a que destacan as exposicións, as firmas de libros ou as sesións de contacontos para o público infantil.

_____, “Un paseo por la historia para abrir boca antes del Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 22 abril 2018, p. L2.

Dá conta do éxito do roteiro pedagóxico dirixido polo historiador e xornalista Henrique Alvarellos celebrado a propósito da conmemoración do Banquete de Conxo e que será revivido a través dunha representación teatral e unha comida de confraternidade tal e como fixeran os escritores galegos decimonónicos que organizaron este encontro.

_____, “Quince perspectivas de la Festa do Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Exposición”, 21 xuño 2018, p. L10.

Informa da inauguración dunha mostra de fotografías no Parque do Banquete de Conxo, da autoría de quince fotógrafos afeccionados, que dan mostra da última edición da recreación do Banquete de Conxo.

_____, “A música, os bailes e as letras son parte do noso patrimonio inmaterial”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 29 xuño 2018, p. contra cuberta.

Informa da presentación do novo disco do coro Cantigas e Agarimos cuxo título, *O corazón aberto*, forma parte do poema “En pé” de Ramón Cabanillas.

Mouriño Almeida, Jacobo, “Samil convida a ler en galego”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 14 xullo 2018, p. 12.

Anuncia que a biblioteca de praia Libros ao Sol achegará un variado catálogo de seiscentos títulos durante todo o mes, alén de actividades. Hai literatura infantil e xuvenil, ensaio, poesía, teatro e narrativa para adultos, con editoras coma Galaxia, Xerais, Elvira ou Ir Indo, nunha mistura entre clásicos e contemporáneos.

Muleiro, M., “El colegio Virxe da Saleta celebra su 50 aniversario”, *La Región*, “Carballiño”, 27 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da homenaxe ao escritor Ramón Caride por parte do CEIP Virxe da Saleta de Cea, a cal se materializou no feito de poñerlle o seu nome á biblioteca do centro.

_____, “Décima edición do Día da Auga na Insua dos Poetas”, *La Región*, “Carballiño”, 23 marzo 2018, p. 26.

Informa da participación de alumnado de distintos centros educativos na celebración do Día da Auga na Insua dos Poetas. En dito acto cada centro aportou unha palabra relacionada ca auga e cos seus usos e finalmente plantaron unha árbore ao pé do escenario, da estatua de Rosalía de Castro e da Fonte das Sete Palabras.

_____, “La Insua dos Poetas acogerá la escultura ‘As Donas do Varón’”, *La Región*, “Carballiño”, 12 maio 2018, p. 33.

Informa do cambio de lugar da escultura de Acisclo Manzano, que tras unha restauración e limpeza, pasa do Eixo do Ribeiro á Insua dos Poetas, no Irixo. Recóllese o descontento do colectivo veciñal de San Félix, que a reclama como patrimonio propio e anuncia medidas legais.

_____, “Un nuevo grupo de teatro creará una casa escénica”, *La Región*, “Carballiño”, 5 setembro 2018, p. 27.

Anuncia o novo grupo de teatro Dar Trela, que pretende fomentar a cultura do municipio carballés e se estrea nas festas patronais coa representación da obra *Pepa Loba*.

_____, “Ernesto Chao, Soto Dapena y Luis Tosar, premios Arenteira”, *La Región*, “Carballiño”, 20 outubro, p. 29.

Menciona a Luis Tosar González, fundador da Insua dos Poetas, como premiados na sétima edición do Galardón Arenteira.

N. D., “Reportaje. ‘Arteixo reivindica la figura de Murguía, su ‘vecino’ más ilustre”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 19 maio 2018, p. 14.

Repasa a relación de Manuel Murguía co Concello de Arteixo, como localidade natalicia do autor, onde se homenaxea a súa figura mediante unha ofrenda floral cada 17 de maio.

N. N., “Mil primaveras para a casa de Cunqueiro”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 5.

Achega información sobre a vivenda do autor e do seu estado actual, convertida nunha casa museo.

_____, “A loita para que a casa dun poeta sexa de todos”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 5.

Achega información sobre a vivenda do autor e do seu deteriorado estado actual, non obstante, destácase o labor da fundación Xermolos, quen busca reunir fondos para levar a cabo unha restauración

_____, “Aí ven o maio de flores cuberto”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 32, 23 maio 2018, p. 2.

A propósito da celebración da festa dos Maíos o autor do artigo rescata un poema de Curros Enríquez titulado “O maio” para dar conta desta peculiar e milenaria tradición.

Nadal, Laura, “¿Qué será del Centro Gallego?”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 19 febreiro 2018, p. 14.

Informa da crítica situación do Centro Galego de Bos Aires, que se atopa ante o perigo de ter que ser vendido, e da reacción na súa defensa por parte de institucións e persoeiros da cultura galega, como os reitores das universidades, o presidente e os expresidentes da RAG e escritores como Manuel Rivas, Luís González Tosar e Suso de Toro.

Neira, C., “Unha festa no presente para non olvidarse do pasado”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 16 agosto 2018, p. 20.

Celébrase unha nova edición das “freguifestas” impulsadas polo Concello de Bueu, no acto participaron diversos artistas entre os que se atopaba Xurxo Souto, gran recompilador da tradición popular galega, o cal acompañou cunha narración á guía da ruta, a fotógrafa Alba Sotelo.

Neira, Carolina, “Anxos Fazáns. ‘Conseguimos que se reflectise a atmosfera que xera o libro’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “De Cantodarea a Domaio”, 2 xuño 2018, p. 5.

Entrevista á directora Anxos Fazáns (Seixo, 1992) con motivo da súa primeira longametraxe, na que se enfocan cuestións como a adaptación á linguaxe fílmica da novela de Manuel Jabois *A estación violenta* que serve como base.

_____, “Máis que un trivial galego”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, 22 agosto 2018, p. 23.

Dá conta da posta en venta do primeiro xogo de mesa integramente en galego que foi presentado no día de onte nun evento organizado pola Librería Miranda, e que conta cunha categoría de preguntas sobre Lingua e Literatura.

_____, “Valores sociales y cultura donde antes solo había anuncios”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 15 setembro 2018, p. 3.

Recóllese unha iniciativa da Fundación Juan XXIII de Marín que consiste na ilustración de 97 marquesiñas da vila con creacións de Kiko da Silva que reflicten historias marinenses. A nova recolle reflexións do propio da Silva que pretende crear con isto o propio Google Maps de Marín.

Neira, N., “As casas das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 2.

Repasa o vínculo existente entre algúns dos e das autoras e as súas vivendas, en especial cos galardoados co Día das Letras Galegas. Destácase que en Galicia existen case trinta entidades que divulgan o legado dos autores dende o seu espazo natal, ao mesmo tempo, identifícase a casa como unha compoñente poética que percorre con forza a historia da literatura galega. Préstase especial atención ás figuras de Uxío Novoneyra, Manuel María, María Mariño, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Díaz Castro.

Neira, Nieves, “O aturulo da curuxa pide axuda ao longo do 2018”, *Diario de Pontevedra*, “EP junior”, nº 14, “Tema da semana”, 10 xaneiro 2018, p. 2.

Fala da curuxa e sinala a súa presenza no imaxinario popular, nas lendas, nos refráns e incluso na literatura, citando uns versos de Novoneyra nos cales ten presenza esta ave.

_____, “A curuxa pide axuda”, *Diario de Pontevedra*, “Diario Verde”, nº 12, “Medio ambiente”, “Biodiversidade”, “En perigo”, 25 xaneiro 2018, p. 6.

Fala da curuxa e sinala a súa presenza no imaxinario popular, nas lendas, nos refráns e incluso na literatura, citando uns versos de Novoneyra nos que se menciona á curuxa mais o seu canto.

_____, “Celebremos el cumpleaños de Concepción Arenal”, *El Progreso*, “Epjunior”, nº 17, “Tema de la semana”, 31 xaneiro 2018, pp. 2-3.

Resalta a figura de Concepción Arenal e inclúe un artigo de Rosalía de Castro titulado “Las literatas” no cal denuncia as críticas ás que están sometidas as mulleres escritoras.

_____, “De pedra e cal vella”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 4.

Achega información sobre a vivenda de Uxío Novoneyra e do seu estado actual, onde a fundación Novoneyra garda e difundo o seu legado.

_____, “A Chaira... ou a Arcadia”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 4.

Achega información sobre a vivenda do autor e do seu estado actual, convertida nunha casa museo.

_____, “O mar do Courel dende a fiestra de María Mariño”, *El Progreso*, “Revista”, 12 maio 2018, p. 5.

Achega información sobre a vivenda da autora e do seu estado actual, tamén se comenta que a casa fica próxima ao fogar de Uxío Novoneyra.

_____, “Quen xace no cemiterio?”, *El Progreso*, “Revista”, 27 outubro 2018, p. 2-5.

Dá conta dalgunhas das lápidas máis emblemáticas de poetas galegos, como é o caso de Manuel María, Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, Lois Pereiro, Ánxel Fole, Pimentel ou Uxío Novoneyra, de quen se rescatan uns versos sobre a morte para pórllle peche ao texto.

_____, “Un Lorca inédito”, *El Progreso/ Diario de Pontevedra*, “Táboa Redonda”, n.º 154, 4 novembro 2018, p. 4.

Informa da publicación pola editorial Chan de Pólvora de *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca o 28 de xuño. Indica que foi en 1935 cando a editorial Nós publicou os poemas de Lorca que elevaban ao galego coma lingua internacional da lírica. Menciona as achegas que Méndez Ferrín, Isabel Bugallal, Antón Lopo, Arturo Casas, Xosé Sánchez Reboledo e Arcadio López Casanova fixeron á edición.

Nespereira, Antonio, “La pérdida de eventos supone también un agujero económico”, *La Región*, “Ourense”, “La sangría cultural de Ourense”, 1 agosto 2018, p. 4.

En relación coa caída de parte dos eventos culturais fixos no calendario anual da cidade, valórase o sector en cifras, considerando mil seiscentas vinte dúas persoas afiliadas á Seguridade Social con diferentes epígrafes de cultura e creación artística. Recóllense declaracións de Xan Rodríguez, do colectivo O sorriso de Daniel, e do presidente de comerciantes do centro.

Nespereira, Mario, “Se vende una Galicia en Buenos Aires”, *ABC*, “Galicia”, 28 xaneiro 2018, p. 80.

Recolle as palabras de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, con respecto á venta do Centro Galego de Bos Aires, lugar de gran valor para os galegos debido a que alí morreu Castelao e sepublicaron libros prohibidos en Galicia naquel momento, como o de Fernández del Riego.

_____, “El hombre que puso rostro a Galicia”, *ABC*, “Galicia”, 11 marzo 2018, p. 65.

Resalta a figura de Domingo Fontán, o primeiro en elaborar un mapa con precisión científica sobre o relevo de Galicia empregando como punto de referencia a Catedral de Santiago, e cita a Otero Pedrayo, grazas á importancia que este deu ao seu traballo cartográfico.

_____, “La policromía se estaba perdiendo; en unos años nos íbamos a quedar sin nada”, *ABC*, “Galicia”, 1 xullo 2018, p. 75.

Recolle declaracións da experta Ana Laborde, que relata os dez anos dedicados a devolver a cor á obra do pórtico do Mestre Mateo, obra que no seu día Otero Pedrayo comparou coa *Summa Teologica* ou a *Divina Comedia* de Dante. Recóllense datos e pormenores da situación precedente e actual.

_____, “Castelao ya imparte en Galicia”, *ABC*, “Galicia”, 6 outubro 2018, p. 60.

Comenta a relevancia da chegada da obra de Castelao, *A derradeira leición do mestre*, ao Museo Gaiás. Sinala que a obra foi orixinalmente unha lámina pertencente a un dos tres álbums de guerra que Castelao creou para denunciar a represión que existía en Galicia durante a Guerra Civil, concretamente a *Galicia mártir* e que despois decidiu ampliar a facer a óleo en Arxentina con motivo do Día de los Mártires Gallegos. Os outros dous son *Atila en Galiza* (que creou en Valencia xunto con *Galicia mártir*) e *Milicianos* editado en Nova York.

Nicolás, Ramón, “O proxecto de Aira: a imaxinación ao poder”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Galego”, “Libros para o verán”, 5 xaneiro 2018, p. 8.

Saúda un novo proxecto editorial galego, Aira, que agroma da man da experiencia lectora da librería Aira das Letras, lanzando tres títulos: a banda deseñada *Alter-Nativo* (2017) de Jorge Campos, o poemario *Curiosidade* (2017) de Estíbaliz Espinosa e un ilustrado *Vidas imaxinarias* (2017) de Marcel Schwob. Cun limiar esclarecedor de Xosé Miranda, estes relatos que irmandan ficción, realidade e historia, acompañanse da interpretación visual dun elenco de profesionais da ilustración galegos, de Jacobo Fernández Serrano a Dani Padrón.

_____, “As vidas colgadas nun contestador automático”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Galego”, “Libros. Galego”, 30 marzo 2018, p. 8.

Análise da obra *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* da autora Arantza Portabales publicado en *Galaxia* no 2015.

_____, “Dez libros que axudarán a non esquecer este verán”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Galego”, “Libros para o verán”, 8 xuño 2018, pp. 8-9.

Destácanse os narradores e narradoras en galego encadrados dentro dos diferentes xéneros nos que adoitan verter a súa escrita. En canto á novela negra faise referencia a Pedro Feijoo, a Diego Ameixeiras, a Miguel Anxo Fernández, a Lito Vila, Antonio Tinzón ou Beto Luaces. Dentro do xénero intimista destácanse a Helena Villar Janeiro e a Pilar Ortega. Finalmente, no referente á autoría con traducións ao galego noménanse a Margaret Atwood e a Neil Gaiman.

Novás, G., “Luis Huici, el sastre que alentó la vanguardia en el arte gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2018, p. 37.

Informa da inauguración da exposición sobre Luis Huici e afirma que no seu taller se acollían reunións e faladoiros dun grupo de creadores no que destacan, entre outros, Luís Seoane, Urbano Lugrís, Francisco Miguel e Álvaro Cebreiro. Engade que participou tamén como ilustrador nos primeiros números da revista cultural *Alfar*, aparecida na Coruña nos anos 20.

Novoa, Raúl, “Chega a Vigo a mostra do fotógrafo Anxo Cabada”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Faro Verano”, 29 xullo 2018, p. 42.

Anuncia a exposición “O imaxinario do país. Letras de magnesio. Retratos fotográficos e autorretratos literarios de escritores e escritoras” na Casa das Artes de Vigo, que conta con textos literarios dos autores e autoras retratados. Indica ademais a presenza do escritor Antonio García Teijeiro no acto de apertura.

Novoneyra, Branca, “Na Catedral de Santiago de Compostela”, *El Correo Gallego*, “especial”, 8 setembro 2018, p. 26.

Cita versos de Rosalía de Castro sobre as estatuas do Pórtico de Gloria e o sol entrando polas vidreira, e tamén uns versos nos que se dirixe ao Mestre Mateo.

Noya, C., “Multitudinario y soleado Banquete de Conxo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 abril 2018, p. 18.

Informa da exitosa conmemoración do Banquete de Conxo a onde acudiron numerosos asistentes que puideron desfrutar, entre outras actividades, do pregón de Marisa Álvarez, a actuación musical da Banda Municipal de Música de Santiago ou da representación teatral do propio Banquete a cargo dos Quinquilláns.

Núñez Feijóo, Alberto, “O día da Galicia real e soñada”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Galicia”, p. 18/ *Faro de Vigo*, “Opinión”, p. 28, 25 xullo 2018.

Menciona a facultade de “anosar” descrita por Álvaro Cunqueiro.

Núñez Sobrino, Ángel, “Vivencia de lo rural”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 7 xaneiro 2018, p. 6.

Dá conta da relación especial dos galegos co mundo rural que existe. Non obstante, destaca a importancia da obra de Otero Pedrayo sobre a paisaxe e a aldea galegas.

O. B. - Vilagarcía, “El actor Carlos Blanco asiste al ‘revolucionario’ acto de leer un libro secuestrado”, *Diario de Arousa*, “Arousa”, 2 marzo 2018, p. 8.

Informa da celebración dun acto de lectura como repulsa ao secuestro de *Fariña* do escritor Nacho Carretero organizado en Vilagarcía polos catro centros de ensino medio desta vila e a que asistiu con especial protagonismo Carlos Blanco, un dos protagonistas da adaptación televisiva deste libro.

_____, “Los premios literarios, de investigación y periodísticos tendrán su fiesta promovida por la Diputación”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 20 setembro 2018, p. 8.

Anuncia que a gala, que está organizada polo departamento de Cultura e Lingua da

Deputación de Pontevedra, terá lugar o 26 de setembro no Pazo Provincial e será presentada pola escritora Leticia Costas. Informa da interpretación de poemas musicados por parte da banda Xardín Desordenado e dunha peza teatral por parte das actrices Iria Pinheiro e Ailén Keidelman. Menciona a presenza na gala do escritor Marcos Calveiro, gañador do Manuel García Barros grazas á súa novela *O xardineiro dos ingleses*.

Obelleiro, M., “Revolución rosaliana ao longo da Galiza”, *Sermos Galiza*, nº 285, “Tema de primeira”, 22 febreiro 2018, pp. 2-3.

Informa da celebración de diferentes actos en diferentes puntos de Galicia en conmemoración con motivo dos cento vinte e cinco anos da morte de Rosalía. A celebración ten como obxectivo dar a coñecer a súa obra e recordar a súa figura.

_____, “Purificámonos no solsticio de verán”, *Sermos Galiza*, nº 301, 21 xuño 2018, pp. 2-3.

No marco dunha reflexión antropolóxica sobre as bases históricas e simbólicas da festividade do San Xoán en Galicia, acompañada de refráns e cantigas tradicionais, así como de declaracións do antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro e do arqueólogo Felipe-Senén ou referencias de Vitor Vaqueiro, lémbrense as flores humildes dos ramalletes da véspera do San Xoán, cantadas por Manuel María, Uxío Novoneyra ou Noriega Varela.

Ocampo, E., “Ramón Villares. ‘Voume coa sensación do traballo cumprido e o labor feito’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 31 maio 2018.

Repasa en palabras de Ramón Villares os principais fitos da súa etapa como presidente do Consello da Cultura Galega ademais de salientar a capacidade de Rosario Álvarez, a súa sucesora no cargo e quen, segundo Villares, foi unha candidatura de consenso.

_____, “Adeus a Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura e renovador pedagóxico”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 xuño 2018, p. 37.

Da conta do falecemento de Xabier P. Docampo, quen no seu día foi Premio Nacional de Literatura infantil. No texto cítanse palabras de achegados ao autor no ámbito cultural, como Manuel Bragado, Fina Casalderrey, Leticia Costas e Manuel Rivas.

_____, “Antón Fraguas será o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2019”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 34, 8 xullo 2018.

Informa da escolla de Antón Fraguas como homenaxeado no Día das Letras Galegas do vindeiro ano 2019, quen se impuxo á candidatura de Carvalho Calero.

_____, “A RAG recrea o voo figurado de Castelao en ‘Alba de Groria’ sobre o mapa de Fontán”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 31/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 24, 26 xullo 2018.

Informa de que a Real Academia Galega, nun traballo conxunto coa Fundación Barrié,

lembra o discurso pronunciado por Castelao o 25 de xullo de 1948 en Bos Aires cun vídeo que segue o percorrido narrado en “Alba de Groria” sobre a carta xeométrica de Fontán. Reflexiónase tamén sobre as orixes da “alba” e a significación deste discurso.

_____, “Hojas que nacen en otoño”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 1 octubre 2018, p. 15.

Dá conta das principais publicacións de comezo de outono, entre as que se atopan *Iridium*, de Francisco Castro, *Herdeiros da Crus. A cuadrilla de Pepa a Loba*, de Díaz Ageitos, *Pantallas*, de Celia Parra, *Galicia no labirinto da nova política, de Nunca Más ás Mareas*, de Xoán Hermida, *O meu nome é ninguén*, de Manuel Esteban e *Non o saben as estrelas*, de Diego Alfonsín.

_____, “Kerouac se lleva de calle la poesía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 outubro 2018, p. 31.

Comenta os diferentes actos que tiveron lugar no marco do Festival de poesía Kerouac celebrado en Vigo entre as que destaca a performance de Iria Sobrado *O Estado Crú*, mestura de textos poéticos con actuación en vivo.

Ocampo, Elena, “Rodríguez. ‘A historia dos galegos non ten parangón con ningún país do mundo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 20 marzo 2018, p. 33.

Informa do coloquio no Club Faro sobre a obra de Salvador Rodríguez titulada *Historias de galegos extraordinarios*, publicada no 2017.

_____, “Adiós al periodista Ramón Chao, faro de la intelectualidad gallega en Francia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 maio 2018, p. 37.

Comenta o acto que se realizou na memoria de Ramón Chao nunha homenaxe que se estendeu coa camiñada polo Paseo dos Soños e a música de O Lago de Conto. Engádesse que no acto participou a familia Chao con discursos para render homenaxe ao recentemente falecido.

_____, “Morre o xornalista Ramón Chao, faro da intelectualidade galega en Francia”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 22 maio 2018, p. 33.

Comenta o acto que se realizou na memoria de Ramón Chao nunha homenaxe que se estendeu coa camiñada polo Paseo dos Soños e a música de O Lago de Conto. Engádesse que no acto participou a familia Chao con discursos para render homenaxe ao recentemente falecido.

_____, “Elena Medel. ‘Hay poemas ajenos que deslumbran y conversaciones con lectores que iluminan’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Faro Verano”, 23 xullo 2018, p. 21.

Entrevista a Elena Medel, unha das poetas españolas que participaron no festival vigués PoemaRia, preguntando pola situación da poesía, o proxecto “Cien de cien”, a proximidade entre unha editora como La Bella Varsovia e Apiario ou a recente poesía galega, onde cita a coordinación dun número sobre poesía galega nova unha década atrás

ou a publicación da tradución de *Celebración* de Gonzalo Hermo na súa editora, da man de Miriam Reyes.

Oliva, M., “Rosalía mira hacia la ensenada desde la Alameda de Chapela”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 xullo 2018, p. 7.

Dá conta da inauguración dunha estatua de Rosalía de Castro na Alameda de Chapela. No acto estiveron presentes o escultor, Toni Ferrer, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García e o deputado autonómico Alberto Pazos.

Oliveira, A., “Ofrenda al Batallón Literario para abrir la II Feria Napoleónica”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 febreiro 2018, p. 25.

Informa da ofrenda realizada ao Batallón Literario de Santiago no seo da “II Feira Goyesca Napoleónica- La Victoria de Santiago”.

Olmos, Iván, “Verín recolle o galardón á mellor biblioteca de España”, *La Región*, “Monterrei”, 30 xaneiro 2018, p. 24.

Anuncia a entrega do premio á Biblioteca de Verín como a mellor de España e sinala Verín como lugar de tradición de impresores e berce do primeiro libro impreso de Galicia.

Orgaz, Ángel, “Da comienzo el desmantelamiento del Centro Galego de Buenos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 6 abril 2018, p. 36.

Informa sobre o estado do Centro Gallego de Buenos Aires, onde se está desmantelando o edificio de todo aquel material preciso para atender aos pacientes. O desaloxo da maquinaria, dos arquivos e demais material do centro está motivado pola presión para a súa venda.

_____, “El Centro Galego bonaerense vuelve a controlar la obra social emigrante”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 abril 2018, p. 36.

Dá conta de acordos chegados entre o goberno arxentino e o galego para salvar o Centro Galego de Bos Aires.

_____, “Denuncias de diversas irregularidades en la intervención del CGBA”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2018, p. 36.

Dá conta das irregularidades acontecidas na intervención do Centro Gallego de Buenos Aires, onde se denuncia unha presunta manipulación das eleccións da última asemblea, onde unha alternativa proposta pola Agrupación Breogán entrou a votación fóra de prazo. Os socio claman contra a implicación de Martín Moyano na trama.

Orge, María, “Joyas de Castelao, Azorín o Pío Baroja, en la Feira do Libro Antigo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 3 xullo 2018, p. 38.

Presenta a vixésimo sétima edición da Feira do Libro Antigo, instalada na Praza Maior de Lugo até o 15 de xullo, con participación das librarías locais e presenza de oito postos chegados de diferentes puntos de España, comentando que pode atoparse unha segunda edición de *Sempre en Galiza* de Castelao, así como libros autografados.

_____, “Marica Campo, a señora das letras”, *El Progreso*, “deVerano”, 16 agosto 2018, p. 31.

Faise referencia á homenaxe a Marica Campo con motivo do Día das Galegas nas Letras, iniciativa que parte da plataforma de crítica literaria feminista A Segá, referindo o prolífico da súa obra. Destacan outros nomes de homenaxeadas en anteriores edicións como Dorothe Schubart, María Victoria Moreno, María Xosé Queizán e Patricia Janeiro.

Orosa, Pablo L., “Un festival metropolitano y femenino”, *La Opinión*, “A Coruña”, 1 febreiro 2018, p. 10.

Anuncia o festival “Elas son artistas” financiado co proxecto de axudas Luísa Villalta, o cal ten como obxectivo avalar iniciativas culturais que fomenten a igualdade de xénero e fagan visíbel o papel da muller.

Oriols, J. M., “Cuando el vino gallego conquistó la literatura”, *La Voz de Galicia*, “Hum! Revista de vinos y gastronomía”, nº 369, “Para saber más”, 4 marzo 2018, pp. 20-21.

Recolle a diferentes escritores de España que recollen a influencia do viño ourensán, como Alfonso X nas súas cantigas profanas ou Álvaro Cunqueiro.

Otero, Marta, “Haikus, teatro y aforismos con una mirada diferente”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 xuño 2018, p. 10.

O grupo Olladas Literarias, que arrincou hai dous anos co poeta e dramaturgo Lino Braxe como un obradoiro de escrita creativa para persoas con discapacidade visual, presentou na sede da ONCE o último dos seus proxectos, un caderno recompilatorio de haikus, *Aún-Mada-Aínda*. Representouse tamén a peza *Nas Nubes* de Begoña Lomba. Recóllense consideracións sobre o obradoiro, aberto ao narrativo, os aforismos ou o xénero dramático.

Outeiriño, Maribel, “Los ‘Tovar’ de poesía”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 15 febreiro 2018, p. 38.

Anuncia a entrega do premio “Tovar” de poesía a Xulio López Valcárcel polo poema “Espacio”.

_____, “¿De quién es el espolón?”, *La Región*, “Ciudad”, “Crónica”, 14 marzo 2018, p. 13.

Comenta obras de autores galegos importantes, como *Guía de Orense* de Ramón Otero Pedrayo, ou *El Orense Perdurable* de Anselmo López Morais sobre o espolón da praza maior de Ourense.

Outeiro, M., “Lugo acolle a exposición do libro ‘Elas’, que inclúe serigrafías de Sabela Arias”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza- A Estrada”, 17 xuño 2018, p. 32.

Anuncia que o vello cárcere de Lugo serve como marco da presentación da exposición permanente de *Elas*, proxecto derivado do volume no que Aurora Marco ofrecía unha visión da vida e obra de mulleres galegas. A propia Aurora Marco impartiu ademais unha conferencia.

P. O. C., “Unha exposición de máis de 50 pezas ensalza a obra de Camilo Díaz Baliño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 xaneiro 2018, p. 38.

Dá conta da inauguración dunha exposición na Cidade da Cultura que a Biblioteca de Galicia adica ao artista Camilo Díaz Baliño co gallo do festexo do Día da Ilustración baixo o título *Camilo Díaz Baliño, a xenialidade truncada*.

P. P., “O PSOE de Xinzo solicita que o 24 de febreiro sexa o Día de Rosalía”, *La Región*, “Provincia”, 23 febreiro 2018, p. 29.

Dá conta da proposta do PSOE de Xinzo de Limia na que propón celebrar o Día de Rosalía o 24 de febreiro.

_____, “O PP de Xinzo propón adicarlle o Día das Letras a Antón Tovar”, *La Región*, “A Limia”, 5 abril 2018, p. 27.

Informa da proposta do PP de Xinzo de adicarlle o Día das Letras Galegas a Antón Tovar.

_____, “El PSOE de Rairiz quiere dedicar un museo a Tovar”, *La Región*, “A Limia”, 5 abril 2018, p. 27.

Informa sobre a intención do PSOE de Rairiz de recuperar o premio de poesía adicado ao poeta Tovar ademais da fundación dunha mostra permanente sobre a figura deste na súa aldea natal. Ademais desta iniciativa destácase a vindicación de Tovar como persoeiro merecedor de ser galardoado co Día das Letras Galegas.

P. V., “Darío Villanueva recibe un recoñecemento como embaixador de Cunqueiro”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 4 marzo 2018, p. 57.

Menciona a creación dun premio literario por parte do goberno de Mondoñedo e tamén da transformación en casa museo da vivenda onde Álvaro Cunqueiro habitou nas décadas dos corenta e dos cincuenta e onde escribiu obras coma *Merlín e Familia*.

_____, “La catedral acogió ayer las Solemnnes Vísperas y un recital poético-eucarístico”,

El Progreso, “Lugo”, 10 xuño 2018, p. 6.

Informa da celebración na catedral lucense dun recital poético-eucarístico, a “Summa Poética”, con acompañamento musical, no que se presentou un libro recompilación dos poemas gañadores de anteriores edicións do concurso de poesía eucarística.

Palomanes, Paula, “Delfín Caseiro Nogueiras. ‘As manifestacións culturais foron o máis afectado pola crise’”, *La Región*, “A Limia”, “Personaje del día”, 1 abril 2018, p. 25.

Repasa, da man de Delfín Caseiro Nogueiras, presidente do Museo da Limia de Vilar de Santos, algúns dos proxectos que se levarán a cabo no Concello, entre os que destaca unha biblioteca especializada en autoras e autores limiaos.

_____, “A historia da comarca xa ten o seu lugar na Biblioteca da Limia”, *La Región*, “Provincia”, “A Limia”, 5 maio 2018, p. 24.

Informa sobre a inauguración da biblioteca de Vilar de Santos, proxecto no que se implicou o Museo da Limia de Vilar de Santos. Destácase a asistencia de persoeiros vinculados ao mundo da cultura galega como Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega, o deputado de cultura de Ourense, Manuel Doval.

_____, “Manuel Mandianes Castro. ‘Hai moita xente con carreira que non teñen a educación que hai nas aldeas’”, *La Región*, “A Limia”, “Personaje del día”, 9 xuño 2018, p. 25.

Con motivo da publicación e presentación da súa primeira novela, *En Blanco*, entrevístase a Manuel Mandianes sobre épocas pasadas, tradición, cultura e identidade.

_____, “Un tesouro para Calvos de Randín”, *La Región*, “A Limia”, 31 xullo 2018, p. 29.

Informa de que o xornalista Alfonso S. Palomares, en tempos presidente da axencia EFE, nacido en Calvos de Randín, doará a súa colección de fotos inéditas e sete mil libros ao seu Concello natal.

Parada, Patricia, “El PAAR reivindica el valor del arte rupestre gallego en agosto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 15 agosto 2018, p. 21.

Anuncia un programa de actividades en torno ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR) de Campo Lameiro durante o mes de agosto. Celebraranse visitas teatralizadas baixo o título “O retorno”, a cargo das compañías “Os Quinquilláns” e “Volta e Dálle Teatro”.

Pardo, Alicia, “Xacobe Martínez. ‘Ser músico en Galicia é unha maldición, lévase anos castigando a práctica cultural’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 9 xaneiro 2018. p. 10.

Recolle unha entrevista cos compoñentes do grupo Sumrrá na que reflexionan sobre a

precariedade dos músicos e músicas en Galicia e indican que o seu novo disco presenta a reivindicación de figuras femininas como Rosalía de Castro.

_____, “As estrelas que nunca se apagan”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 18 xaneiro 2018. p. 10.

Dá conta do recital celebrado como homenaxe ao poeta e escritor Antón Avilés de Taramancos, titulado “O poeta é un cazador de soños”, celebrado no teatro Colón. O acto foi levado coa participación do Grupo Ouriol e de poetas como Eva Veiga, tratando así de render homenaxe a Avilés de Taramancos conmemorando a súa figura despois de vinte e cinco anos despois da súa morte.

_____, “Sumrrá. ‘Ser músico en Galicia é unha maldición’”, *Faro de Vigo*, “Visado”, nº 817, “Música”, 19 xaneiro 2018, p. 6.

En conversa cos compoñentes do grupo Sumrrá, informa de que dedican un tema a Rosalía de Castro.

_____, “Cinco artistas sen fronteiras musicais”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 21 xaneiro 2018, p. 13.

Anuncia un concerto d’A banda da Loba, cuxo proxecto musical contén interpretación de poemas de Celso Emilio Ferreiro, Rosalía Fernández Rial e Celia Parra, e sinala que estas dúas poetas participarán na actuación recitando.

_____, “Dúas irmás separadas polo Atlántico”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 febreiro 2018. p. 11.

Informa do espectáculo *Son galego, son cubano* de Roi Casal, que consiste nunha homenaxe a Xosé Neira Vilas a partir dos seus textos en mestura con melodías tradicionais.

_____, “Luis Emilio Batallán. ‘La situación de la canción gallega es complicada. No hay apoyo real al idioma’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 12 febreiro 2018. p. 8.

Dá conta da relación do músico con diversos poetas, entre os que destaca Álvaro Cunqueiro. Deseguido, fala sobre o Premio da Crítica Galega gañado no ano 2017.

_____, “Antonio Gamoneda. ‘La poesía no es un adorno que se pone a la vida, es la vida misma, un hecho biológico’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 18 febreiro 2018, p. 8.

En conversa co poeta Antonio Gamoneda anuncia a súa participación no ciclo “Poetas Di(n)versos” xunto á poeta Dores Tembrás.

_____, “A rede clandestina das mulleres das Atochas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 marzo 2018. p. 11.

Anuncia a celebración da segunda edición de *Libros a monte* organizada pola plataforma A Segra, na cal participará a escritora Beatriz Maceda e tentará homenaxear ás mulleres

libertarias que marcaron a historia da Coruña.

_____, “Un torrente de arte, música y letras”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita’18”, 1 agosto 2018. p. 10.

Comenta algunhas das actividades que marcarán o programa das Festas de María Pita, entre ilustración, literatura, teatro e recreacións históricas, alén de concertos. Comenta o inicio da Feira do Libro en Méndez Núñez, da man de Xavier Senín, con 34 casetas e preto de 250 convidados.

_____, “Unha barricada de arte contra a represión”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita’18”, 23 agosto 2018, p. 10.

Informa da peza audiovisual *Mulleres Muro* de Pepe Galán, na que se intercalan versos firmados por Luís Pimentel en *Cunetas*.

_____, “Unha cidade de tinta e ficción”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 4 setembro 2018, p. 9.

Anúnciase o regreso dos “Paseos pola Coruña Literaria”, roteiros guiados por creadores e organizados pola AELG e o Servizo de Normalización Lingüística. Na edición en curso, participarán con roteiros Antonio Tizón, da man da súa última novela *Un home extraño*; Antía Yáñez, da man de *Senlleiras*; Diana Varela, rescatando a biografía de figuras femininas da cidade e Olga Patiño, facendo paradas en espazos que remiten ao seu traballo poético.

_____, “Una cura para los océanos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 6 setembro 2018, p. 11.

Anuncia o encontro literario *Palabras que baten coma ondas*, que terá lugar no Festival Mar de Mares, no que Manuel Rivas, Rosa Aneiros e Suso Lista encargaranse de establecer conexións entre as súas obras e o mar.

_____, “Dez anos de lembranza”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 12 setembro 2018, p. 9.

Anuncia a interpretación musical de dous poemas de Manuel María coa que a gaiteira Susana Seivane pretende render homenaxe ao escritor na X edición do festival “Lúas de outono”. Indícase, ademais, que ambos temas están incluídos no seu novo disco *Fa*.

_____, “As mordazas da escritura”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 5 novembro 2018, p. 8.

Anuncia o *Proxecto Libertas*, impulsado polo Pen Clube, que consiste nunha exposición itinerante sobre a censura que poderá visitarse este mes de novembro no espazo Normal da Universidade da Coruña. Menciona a Xosé Luís Méndez Ferrín coma unha das figuras protagonistas da exposición. Indica que escritores como Laura García Lorca, Manuel Rivas, María Xosé Queizán ou Paco Lobatón aportaron as súas impresións para acompañar as imaxes da exposición.

_____, “Un paseo con Elisa e Marcela”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 novembro 2018, p. 10.

Anuncia a posta en escena da vida de Elisa e Marcela, o primeiro matrimonio homosexual rexistrado en España, da man da compañía teatral A Panadería, que conñistirá nunha ruta teatralizada pola cidade da Coruña e nun segundo pase final de *Elisa e Marcela* no teatro Colón.

Paz, B., “Chévere y Diana López participan en las actividades contra la violencia machista en Lalín”, *Diario de Pontevedra*, “Deza, Tabeirós”, 6 novembro 2018, p. 25.

Informa do inicio das actividades organizadas polo Concello de Lalín co gallo do Día Internacional Contra as Violencias Machistas, entre as que se atopan unha actuación do grupo de teatro Chévere e a proxección da curtametraxe ‘Feminazi’ de Diana López.

Paz, Blanca, “Lalín estrena un corto para ensalzar la Feira do Cocido en su 50 aniversario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 xaneiro 2018, p. 48.

Dá conta da curtametraxe presentada polo Concello de Lalín sobre os cincuenta anos da Feira do Cocido. Indica que o documental comeza con Álvaro Cunqueiro dando o pregón e indaga nos textos de Cunqueiro como gastrónomo.

_____, “Freixanes pide más pregoneras en la cita de la ‘gran catedral da gastronomía galega’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Pregón”, 5 febreiro 2018, p. 21.

Relata o pregón de Víctor Freixanes, presidente da RAG, na “Feira do Cocido de Lalín”, no cal mencionou a Álvarez Blázquez e a Cunqueiro arredor do porco e a Rosalía de Castro como figura base da cultura galega para pedir máis pregoeiras neste evento.

Paz, Moncho, “Ramón Chao (1935-2018). Periodista forjado en suelo francés”, *ABC*, “Galicia”, “Agenda”, “Necrológicas y esquelas”, 22 maio 2018, p. 58.

Achega algúns dos principais fitos dentro do percorrido biográfico de Ramón Chao, finado ao que se lle adica a necrolóxica en cuestión. O texto destaca o vencello de Chao coa cultura galega, para a que sempre prestou os seus servizos dende Francia.

_____, “Ramón Chao Rego (1935-2018)”, *El Correo Gallego*, “Medios”, “Tribuna libre”, 22 maio 2018, p. 53.

Achega algúns dos principais fitos dentro do percorrido biográfico de Ramón Chao, finado ao que se lle adica a necrolóxica en cuestión. O texto destaca o vencello de Chao coa cultura galega, para a que sempre prestou os seus servizos dende Francia.

Pazos, Manuel, “Manuel del Río Botana”, *Sermos Galiza*, nº 283, “fóra de serie”, 8 febreiro 2018, p. 11.

Sinala o labor de recuperación da figura de Manuel del Río Botana, enlace da resistencia antifranquista, por parte da Asociación Cultural Obradoiro da Historia e salienta a presenza dun verso de Lorenzo Varela na súa lápida.

Pena, Xosé Ramón, “Matria Galicia, 1968”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 688, 8 novembro 2018, p. I.

A propósito do quincuaxésimo aniversario da celebración dos Xogos Florais do Idioma Galego que tiveron lugar en Bos Aires en 1968 rescata a composición “Miña Matria Galicia” do poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro, quen obtivo o Premio Rosalía adicado á modalidade de “Canto á muller galega”.

Penelas, S., “Emigración atlántica a través da literatura”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 setembro 2018, p. 8.

Anuncia a celebración na Universidade de Vigo do XIII Congreso Internacional de la Asociación Española de Estudos Literarios Hispanoamericanos, no cal se inclúe unha mesa dedicada á editorial Galaxia e á literatura galega, coa presenza do escritor Xavier Alcalá e da profesora Dolores Vilavedra.

Pérez, Cristina, “Alfonso Blanco Torrado. ‘Síntome orgulloso do voluntariado, do compromiso dos mozos co pobo; iso é Xermolos’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 agosto 2018, pp. 16-17.

Entrevista a Alonso Blanco Torrado, coordinador de Xermolos, quen menciona a Díaz Castro e comenta que o deu a coñecer a Manuel María, Méndez Ferrín a Ramón Piñeiro.

Pérez, Raquel C., “Nathalie Budiño. ‘De facer a loucura e saltar ao baleiro coa librería, tiña que ser no barrio’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primeira persona”, 26 xullo 2018, contracuberta.

Entrevístase a Nathalie Budiño co gallo da apertura da librería “Os mundos de Carlota” no barrio de San Pedro. Coméntase a súa concepción das librarías, polivalentes, capaces de ser sala de teatro, de exposicións, ou espazo de cata literaria. Entre outras actividades, no día do Orgullo LGTBI gravou un relato en lingua de signos.

Pereira, Nonito, “El trío Azougue, música sin límites”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 1.036, “todo Música”, 7 xaneiro 2018, p. 47.

Informa da composición do grupo e da súa traxectoria. Ao mesmo tempo, dá conta da participación de Xurxo Souto como convidado especial no proxecto, recitando un poema de Eduiardo Pondal na canción que pecha o disco.

Pérez, Adrián, “La Feria del Libro pone el foco sobre los autores gallegos”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 5 xullo 2018, p. 15.

Dá conta da incidencia dos autores galegos na Feria do Libro tanto en publicacións en galego como en castelán, entre os que destacan Pedro Feijóo como autor con obra en galego.

Pérez, Cristina, “Mestres en idade escolar”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 abril 2018, p. 20.

Dá conta de dous roteiros literarios de Xosé María Díaz Castro levados a cabo polos alumnos do IES Poeta Días Castro baixo o nome de “A aldea do neno Pepe” e “A fábrica dos poetas”.

_____, “Unha parroquia na procura da memoria”, *El Progreso*, “A Chaira”, 29 xullo 2018, p. 15.

Informa da labor de concienciación con respecto á represión franquista levado a cabo pola Asociación Cultural Xermolos, liderada por Alfonso Blanco, cura de Santa Mariña de Lagostelle, en Guitiriz, e cita a presenza de Helena Villar Janeiro, que aplaude a iniciativa, contando ela tamén con familiares enterrados en similares circunstancias.

Pérez, Elisa, “Xaime Corral, 40 anos entre libros”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, 6 xullo 2018, p. 50.

Dá conta das catro décadas que a librería Nós cumpre en Sanxenxo, destácase o número de actividades celebradas e organizadas pola librería ao longo da historia e do seu papel referencia no gremio do libro.

Pérez, Mariló, “Rosalía, dende o cello e o piano”, *La Región*, “Agenda”, 26 agosto 2018, p. 22.

Afírmase que o primeiro traballo do grupo musical fundado en 2017, “Miña Almiña”, está composto por dez cantigas seleccionadas do poemario de Rosalía de Castro, *Follas Novas*, que elas mesmas musicaron.

_____, “Folk poético con tintes feministas”, *La Región*, “Agenda”, 18 decembro 2018, p. 20.

Anuncia a actuación do grupo A banda da Loba no Auditorio de Ourense, destácase que interpretarán un disco no que se atopan influencias feministas que conflúen coas letras dos poemarios de Celso Emilio Ferreiro e Rosalía de Castro.

Pérez, Raquel C., “Nove poemas de García Lorca para alumear a noite compostelá”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 20 xullo 2018, p. L7.

Anuncia a actuación na praza do Toural de Liricidade Noctámbula, banda liderada por Ramón Rey, no ciclo “Compostela É Música!”. Entre as cancións do primeiro álbum salientan os poemas galegos de Federico García Lorca, abordados dende un punto de vista emocional, e lonxe da música de cantautor.

_____, “Francisco Macías. ‘Descobres cen anos despois que os vinte en Santiago foron interesantes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 21 xullo 2018, contracuberta.

Recolle declaracións do escritor e editor Paco Macías, facendo un repaso pola súa traxectoria, coa fundación de Edicións Positivas xunto a Xelís de Toro, cunha liña experimental, a súa implicación en asociacións como Compostela Literaria e a recente publicación de *De Quiqui Bar... ao Castromil* (2017), da que prepara presentacións neste momento. A historia xira arredor da figura do arquitecto que deseñou tan emblemático edificio Castromil, o coruñés Ramón González Villar.

Pinacho, Antonio, “La alamedade Chapela levará el nombre de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, 28 xaneiro 2018, p. 15.

Informa de que a alameda de Chapela levará o nome de Rosalía de Castro.

_____, “La alameda de Chapela levará el nombre de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, 25 febreiro 2018, p. 12.

Informa do acto de renomeamento da praza da alameda de Chapela, que pasa a chamarse Rosalía de Castro.

_____, “La alameda de Redondela recuperará el nombre de Castelao tras su reforma”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, 2 setembro 2018, p. 14.

Coméntase que unha vez rematada a obra se colocará unha placa co nome de “Alameda Alfonso Daniel Rodríguez Castelao”, denominación deste recinto xa existente dende antes do ano 1960.

_____, “Redondela nombra como ‘Hijo Adoptivo’ al escritor y periodista Diego San José”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela- Soutomaior- Pazos de Borbén- Fornelos de Montes”, 1 decembro 2018, p. 16.

Dá conta da proposta que case unha vintena de colectivos levaron ante o Concello de Redondela, e aprobada en pleno por unanimidade, de nomear como Fillo Adoptivo desta vila ao escritor e periodista Diego San José, quen deixou unha prolífica obra literaria e xornalística ao longo da súa vida a cal os e as veciñas de Redondela queren pór de relevo.

Piñón, Elena, “Cuatro mil firmas por el Centro Gallego de Buenos Aires”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, *El Correo Gallego*, 26 febreiro 2018, p. 11.

Informa da recollida de firmas para exixir ás autoridades que preserven o Centro Galego

de Bos Aires. Destaca que a petición foi firmada polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares e os tres reitores das universidades galegas.

_____, “Piden la absolución del joven acusado de desorden público”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, *El Correo Gallego*, 15 marzo 2018, p. 14.

Relata o caso de Emilio Cao por ser detido nunha manifestación pacífica en Madrid o 22 de marzo. Escritores como Manuel Rivas, Suso de Toro e Marilar Aleixandre, entre outras personalidades, apoian a absolución do mozo.

Plaza, Vicente, “Abel Veiga alcanzó en 2017 los sesenta libros editados”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 xaneiro 2018, p. 37.

Dá conta das publicacións do editor Xabier Veiga, porén, destaca a vindeira publicación do propio autor, *Xerfas esvaídas*, poemario que xa entregou a Teófilo Ediciones.

_____, “Movemento a favor da permanencia de Ferrín na Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2018, p. 37.

Informa da publicación dun comunicado asinado por un grupo de membros da RAG, formado por Xosé Lúis Axeitos, Chus Pato, Darío Xohán Cabana, Francisco Fernández Rei, Manuel González González e Euloxio Ruibal, no que defenden a permanencia de Méndez Ferrín na Academia e solicitan para el un tratamento semellante ao que a institución lle ofreceu a outros membros en situacións parecidas.

Porto, G., “Con Gondomar en el corazón”, *Faro de Vigo*, “Redondela. Val Miñor”, “Área Metropolitana”, 19 xuño 2018, p. 12.

Comenta a visita da pedagoga Antía Cal a Gondomar, lugar marcado pola súa amizade co poeta Victoriano Taibo, antigo mestre no lugar. Alí presentou a edición de *O libro dos nenos*, verdadeira enciclopedia de xeografía en galego para público escolar.

Porto, Héctor J., “A grande arte galega na Arxentina”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xaneiro 2018, p. 32.

Dá conta da reivindicación por parte de persoeiros da cultura galega, os cales aproveitaron a exposición no Gaiás sobre *A derradeira leición do mestre* xunto con outros cadros de Castelao, para solicitar que as obras do autor rianxeiro e a doutros pintores galegos queden definitivamente en Galicia.

_____, “Carlos Maside, o retratista da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 febreiro 2018, p. 38.

Informa da publicación do libro *Maside. A presenza da ausencia*, un tomo que conta con cento noventa reproducións de retratos do autor precedidos dun texto introdutorio de Mercedes Rozas.

_____, “Rosalía retratada por Luisa Carnés”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2018, p. 25.

Achega información sobre a produción da biografía de Rosalía de Castro elaborada por Luisa Carnés e que volve a saír á palestra para revisar a visión tradicional sobre a autora.

Prada, A., “Reimprímense douscentos exemplares do libro ‘Terra de Melide’, editado no 1933”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 xullo 2018, p. 28.

Dá conta da reimpresión da obra, que parte dunha iniciativa de doce antigos alumnos do IES de Melide.

_____, “Última xornada do festival ‘Abride a fiestra’ en Padrón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 xullo 2018, p. 28.

Describe as actividades realizadas, e as que se celebrarán neste derradeiro día do novo festival organizado pola Fundación Rosalía de Castro: unha xornada de portas abertas, feira con produtos rosalianos, actuacións musicais, espectáculos de monicreques con Larraitz Urruzola, a proxección do filme *Pelerinaxes* e recital de Ana Blanco, Nuria Vil, Ismael Ramos, Paula Antía Rei e Cinta Adhesiva.

Prada, Alba, “Gran parte de Área celebra o 181 aniversario de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 febreiro 2018, p. 36.

Celebración do 181 aniversario de Rosalía de Castro con representacións de diferentes obras da autora ou actos nos que participan alumnos de diferentes colexios do lugar.

_____, “Padrón despide a festa adicada a Rosalía con Mercedes Peón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 xullo 2018, p. 22.

Dá conta da celebración de “Abride a Fiestra” en Padrón, festa á que asistiron máis de tres mil persoas. O presidente da Fundación Rosalía de Castro destaca que non se agardaba unha unha acollida tan boa. Entre os actos o máis aplaudido foi a proxección do filme *Pelerinaxe lírica aos lugares rosalianos*.

Prado-Vilar, Francisco, “Una mañana perpetua”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Tribuna”, 3 xullo 2018, p. 33.

Con motivo da restauración do pórtico da Gloria e como adianto dun libro especializado sobre a materia, recóllense algunhas citas de Álvaro Cunqueiro ou Manuel Rivas sobre o tratamento da pedra en Santiago e, concretamente, sobre esta construción.

Prego, C., “El vandalismo golpea el arte urbano”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 17 xaneiro 2018, p. 3.

Informa dunha onda de vandalismo na cidade de Vigo que está deturpando os numerosos murais que, por iniciativa do Concello, pouco a pouco foron enchendo as paredes da cidade conformando un gran museo ao aire libre e que hoxe aparecen estragados por causa de pintadas e sinaturas, chegando a aparecer mesmo unha esvástica nazi.

_____, “El mural ahora de más peso a Kruckenberg”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 1 setembro 2018, p. 4.

Informa da reelaboración do mural da calle Roupeiro que homenaxea a poetisa María do Carme Kruckenberg da man do artista MM Puhinger, quen xa tivera que restaurala noutras tres ocasións por mor de actos vandálicos. Nesta ocasión, o mural cubriuse cunha pátina contra pintadas.

R. B., “Ana Eire. ‘La poesía gallega en español merece su espacio’”, *ABC*, “Galicia”, 11 marzo 2018, p. 83.

Relata que a editorial sevillana Renacimiento publicou a primeira antoloxía sobre escritores e escritoras galegos que escriben en castelán.

R. C., “Una revolución que se olvidó de las mujeres pero trajo a Sartre”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 maio 2018, p. 17.

Dá conta da tradución da obra *La putain respectueuse*, de Jean Paul Sartre, por man de María Xosé Queizán e que foi representada polo Teatro Popular Galego. Tamén se fala dalgúns fitos biográficos da autora, como foi a descuberta de Simon de Beauvoir na súa estancia no país galo.

_____, “Conocer a Verne al amparo de la noche y unir poesía y música”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 agosto 2018, p. 11.

Fálase da “Noite Branca”, unha proposta que tenta atraer xente ós museos, ao Museo do Mar de Vigo, onde se adica unha exposición á obra de Jules Verne. Gozouse de concertos que se conxugaron coa poesía de Raquel Lima, Samuel L. París e Marcos de la Fuente, que recitaron ao ritmo de rap e de música electrónica.

R. C. P., S. L., “Dona Rosalía y don Ramón nos muestran un Santiago diferente”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Música”, 14 xullo 2018, p. L7.

Dá conta das visitas guiadas que o Concello e Turismo de Santiago de Compostela organizan con Suso Martínez e Belén Espiñeira, dando vida a Valle Inclán e Rosalía de Castro, en castelán e galego respectivamente. A parella presenta a cidade salientando certos lugares e acompañada de música.

R. F. V., “Cando o museo colga o cartel de ‘completo’”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.064, 21 abril 2018, p. 4.

Informa que no museo de Pontevedra esta a levarse a cabo a iniciativa “Visitas Cruzadas”, na que dous persoeiros de diferentes eidos culturais crean un itinerario propio que fai que os dous grupos crúcense a media hora do percorrido. Despois os visitantes están convidados a uns petiscos para comentar os diferentes itinerarios.

R. L., “O nariz dun notario”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 116, 4 febreiro 2018, p. 4.

Achega unha pequena síntese da novela *O nariz dun notario*, de Edmond About, traducida ao galego pola editorial Hugin e Munin, na que expón o fío argumental da novela.

_____, “A traba”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 116, 4 febreiro 2018, p. 4.

Achega unha breve síntese da temática da obra *A traba*, de Mary Cholondeley, editada en galego pola editorial Hugin e Munin.

_____, “La USC celebra hoy una jornada sobre la paz con ponencias, música y poesía”, *El Progreso*, “Lugo”, 19 outubro 2018, p. 11.

Dá conta da xornada celebrada no auditorio da Casa do Saber, no que houbo un recital poético da man de Claudio Rodríguez Fer.

_____, “Falece Gustavo Pernas Cora, figura fundamental do teatro galego”, *El Progreso*, “Esquelas”, 30 outubro 2018, p. 73.

Anuncia o falecemento de Gustavo Pernas Cora, ao mesmo tempo, o artigo fai un sucinto repaso da súa labor no eido do teatro e a dramaturxia, como foi a fundación da compañía Áncora Producións.

_____, “Saco Arce foi autor do Rexurdimento”, *El Progreso*, “Cultura”, 23 novembro 2018, p. 64.

Informa sobre a xuntanza da Real Academia Galega na cidade de Ourense co gallo do cento cincuenta aniversario da *Gramática gallega* de Saco Arce, ao mesmo tempo, compárase ao gramático coa figura de Rosalía de Castro como autores do rexurdimento.

R. M., “El Concello retirará las medallas concedidas a una decena de ministros del franquismo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 19 xullo 2018, L2.

Informa da retirada de condecoracións municipais a ministros do franquismo, así como no nomeamento de alcalde de honra a Ánxel Casal Gosenxe, e o posíbel recoñecemento como fillos adoptivos a Federico García Lorca, Begoña Caamaño, Xohana Torres, o empresario Ramón Castromil e Bibiano Morón e Benedicto García de Voces Ceibes. Unha das medallas de ouro recaerá en Cantigas e Agarimos.

R. T., “O 1 de setembro ‘Festival da Poesía do Condado’”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 20 agosto 2018, p. 16.

Anuncia a trixésimo segunda edición do Festival da Poesía no Condado, organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva do Condado.

Ramil, A. e E. Ocampo, “Un referente con estilo ‘único’”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 23 febreiro 2018, p. 29.

Informa do falecemento do viñetista galego Antonio Fraguas de Pablo, ao mesmo tempo, recolle declaracións doutros humoristas gráficos de Galicia sobre o mesmo.

_____, “A RAG, á espera de Ferrín”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 21 marzo 2018, p. 31.

Informa do debate xerado na RAG arredor da permanencia ou non de Ferrín na institución despois da súa renuncia, cinco anos atrás, e tras a solicitude por parte de varios académicos de que se restaure o seu nome na listaxe da web.

Ramil, Ana, “A RAG, á espera de Ferrín”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 21 marzo 2018, p. 31.

Dá conta das porcentaxes en canto a libros publicados en linguas cooficiais, destácase o descenso das publicacións en galego que caen un cincuenta e tres por cento nos últimos dez anos. Os datos foron publicados polo INE no seu informe *Producción editorial de libros*.

Ramos, José M, “Dos Penedos á Muiñada na capital de Terra de Soneira”, *El Correo Gallego*, 22 outubro 2018, p. 3.

Dá conta sobre a andaina reivindicativa polos cumios pétreos de Pasarela e Traba, na que participou Manuel Rivas, asemade que se representou a obra *Rapsodas* de Raquel Queizán para os máis cativos.

_____, “Arte que amosa as vidas de xentes de antano e de hoxe”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 outubro 2018, p. 34.

Informa que o Estudo Garabato, de Carballo, e a Galería Stoupa, de Cee, convidan este mes aos amantes da arte a descubrir tempos pasados e tamén presentes a través da ollada dos artistas do colectivo Míolos e do muradán Fernando Rei. Na mostra achégase información sobre as compañías itinerantes, das que consta actividade dende o século XVI.

_____, “Novas misións pedagóxicas en Malpica 85 anos despois”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 outubro 2018, p. 34.

Informa da celebración dunhas novas misións pedagóxicas en Malpica oitenta e cinco

anos despois de que chegaran a vila por vez primeira coa representación de *A doncela guerreira* de Rafael Dieste, cunha extensa programación cultural para todos os públicos.

_____, “Ponteceso oficializa o 20-D como o Día do Himno Galego”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 18 decembro 2018, p. 32.

Ramos, Rocío, “La Feira do Cocido también reivindica a la mujer”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 5 febreiro 2018, p. 23.

Recolle a reivindicación de que as mulleres teñan maior protagonismo na “Feira do Cocido” que Víctor Freixanes, presidente da RAG, expresou no seu pregón.

Reboredo, Arturo, “El colegio de Rábade quiere llamarse Xabier Docampo”, *La Región*, “Comarcas”, 19 decembro 2018, p. 15.

Dá conta da iniciativa do centro, que busca recoñecerse coa figura do narrador local Xabier Docampo.

Reboiro, X. A., “Homenaxe da cultura ó poeta Víctor Campio”, *La Región*, “Provincia”, 29 xullo 2018, p. 40.

Recóllese información e fotografías sobre o desenvolvemento da décima edición da “Festa da Palabra”, en homenaxe ao poeta Víctor Campio, recentemente falecido. Na cita celebrouse un recital poético, así como a descuberta dunha peza escultórica en homenaxe ao poeta.

Reboreda, Alberte, “Sobre pasos, portos e poldras. Vaos tradicionais e cursos de auga”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 657, “Patrimonio”, 15 febreiro 2018, p. II.

Recolle a información cultural achegada sobre os pasos, ou poldras, por diferentes persoeiros da cultura galega ou que fan referencias a estes vaos tradicionais como é o caso de Vicente Risco, Xosé Luís Méndez Ferrín, Daniel Pino ou Anxo Angueira.

Reboyras, Arturo, “Tres meses con palas y piquetas para derribar el histórico Castromil”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xullo 2018, p. 18.

Rememora, axudado de fotografías, a destrución en 1975 do edificio modernista situado na praza de Xelmírez, decisión polémica xa na altura, e recolle algunhas declaracións de Francisco Macías, autor de *De Quiqui Bar... a Castromil*.

Reigosa, Carlos G., “Cita con Noriega Varela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2018, p. 37.

Fai un repaso breve pola peripecia vital do poeta Antonio Noriega Varela co obxectivo

de por na palestra a relevancia da súa figura a propósito da chegada do centésimo quincuaxésimo aniversario do seu nacemento no ano 2019. Prn

Rendueles, María, “A Fundación Rosalía estrea o festival ‘Abride a fiestra’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 xullo 2018, p. 34.

Dá conta da presentación do novo festival en Padrón, na Casa da Matanza, arredor da poeta e da súa obra. Están programadas visitas guiadas por especialistas como Xosé Luís Axeitos ou Pilar García Negro, actuacións musicais, o espectáculo de monicreques *A viaxe de Rosalía* de Larraitz Urruzola ou a proxección do filme *Pelerinaxe lírica aos lugares rosalianos*, comentada por Xosé Manuel Beiras.

Rey, Lucía, “Viveiro volcouse no nomeamento de Luz Pozo como filla adoptiva”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 novembro 2018, p. 28.

Anuncia o nomeamento de Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922-) como filla adoptiva de Viveiro nunha emotiva homenaxe á poeta, ensaísta e académica. Ao acto, que tivo lugar no Teatro Pastor Díaz, acudiron cidadáns, familiares da galardoada e numerosas autoridades políticas e sociais como o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, e a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco. Ademais, sinala que a autora deixou por escrito unhas verbas dedicadas a Viveiro no libro de honra do Concello.

Rivera, Paco, “Manuel Otero Besteiro. ‘Mi hermano se merecía un mayor reconocimiento en su tierra’”, *El Progreso*, “Revista”, “Cena y copa”, 9 xuño 2018, pp. 22-23.

Con motivo dunha reportaxe a Manuel Otero Besteiro, un dos cinco irmáns do sobresaínte e mediático escultor lucense Francisco Otero Besteiro, recóllese unha apreciación de Manuel, non exenta de reivindicación: a única creación de seu irmán que figura á vista é o monumento a Luís Pimentel da Praza Maior.

_____, “A cultura é un dereito fundamental, e ás veces esquecese”, *El Progreso*, “Revista”, “Cena y copa”, 29 setembro 2018, p. 24-25.

Destaca a figura de Paloma Lugilde Rodríguez, profesora de teatro, danza e outras disciplinas relacionadas coas artes escénicas. Palome comenta a Paco Rivera no seu encontro que nuns días farálle unha ofrenda a Rosalía de Castro.

Roca, María, “Cien años en pos del progreso agrario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 3 agosto 2018, p. 16.

Realizando unha reflexión sobre a Cooperativa do Campo de Santaballa, creada un século atrás como sindicato agrario católico, cítanse os versos que Caetano Arias López, no seu poema “Unha romaxe galega”, dedicou á entidade.

Rodríguez, Ángeles, “Miguel Garrido de Vega. ‘Tiro das raíces do terror rural galego’”, *O Sil*, n.º 262, “Cultura”, 6 abril 2018, p. 32.

En conversa co autor, fala da novela *Meigallo* e sinala como referentes do xénero de terror en Galicia a Cunqueiro, Dieste, Risco e Fole.

_____, “Emilio Araújo. ‘Esta homenaxe vai para a xente da labranza’”, *O Sil*, n.º 264, “Cultura”, 9 xuño 2018, p. 19.

Informa do recoñecemento por parte do Concello de Parada de Sil ao etnógrafo, poeta e fotógrafo Emilio Arauxo. A organización destacou a súa contribución ao acervo cultural e agradeceu a difusión do Concello a través da súa obra literaria.

Rodríguez, Cristina, “Comprensión e crítica da lectura”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 132, “Aulas abertas”, 15 febreiro 2018, p. 34.

Dá conta da lectura da obra *Izan o da saca* de Xabier Quiroga por parte de escolares ourensáns con motivo da “XI edición das Tertulias literarias en galego”, así como da participación do autor da obra na última xornada deste programa.

Rodríguez, J. C., “Un museo flotante en Muros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2018, p. 29.

Recóllese parte do poema “A nave do tempo” de Antón Avilés de Taramancos, para dar conta da creación dunha nova mariña para uso exclusivo de embarcacións tradicionais galegas, levada a cabo por Portos de Galicia tras peticións diversas, e destinada a exhibir unha parte importante da cultura e o patrimonio marítimos.

Rodríguez, R. D., “El ‘ser’ femenino de la ciudad”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 marzo 2018, p. 11.

Informa sobre a recolección de figuras femininas importantes que axudaron o desenvolvemento de Coruña pola man do escritor Chisco Fernández Naval. Destácanse no eido literario a Concepción Arenal, e Sofía Casanova.

Rodríguez, Salvador, “Patrimonio de Galicia en América”, *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 867, “A Coruña”, 28 xaneiro 2018, pp. 2-3.

Sinala a chegada a Galicia do cadro *A derradeira lección do mestre* de Castelao e comenta o patrimonio galego existente fóra debido ao fenómeno migratorio.

_____, “El libro de los 2.324 gallegos”, *Faro de Vigo*, “estela”, n.º 814, “Reportaje”, 27 maio 2018, pp. 2-3/ *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 882, 3 xuño 2018, pp. 2-3.

Achega información sobre a nova edición do Dicionario da Real Academia de Historia,

que inclúe a vida de vinte sete galegos ilustres, entre os que se atopan Diego Xelmirez ou o Mestre Mateo.

_____, “Las gafas viguesas de Castelao”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 846, “Reportaje”, 28 outubro 2018, pp. 2-3.

Dá conta da relación que Castelao mantivo con Vigo ao longo da súa vida, o artigo xorde dunha anécdota do propio Castelao, quen deixou esquecidas as lentes no despacho do avogado Roberto González Pastoriza no ano 1936 e que non puido recuperar polo comezo da Guerra Civil e da súa condición de exiliado.

Rodríguez, Susana, “Ilusiones que no se olvidan”, *El Progreso*, “*Revista*”, 6 xaneiro de 2018, pp. 2-4.

Comenta os agasallos que recibiron dos Reis Magos o ex-xogador de baloncesto profesional Manel Sánchez, o escritor Paco Martín, Nora Real, empresaria xubilada e expresidenta da Asociación de Autónomas de Lugo, a profesora xubilada e escritora Antía Cal e a escritora Carmen Blanco. Todos os agasallos, uns máis desexados ca outros, finalmente resultaron fundamentais nas vidas de cada un deles.

Rodríguez, Xosé Manoel, “O Outono Fotográfico de Ourense desaparece logo de trinta e cinco anos”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 31 xullo 2018, p. 37.

Informa da desaparición do Outono Fotográfico, creado en 1983 da man de Benito Losada. Dende a coordinación (Xosé Lois Vázquez e Vitor Nieves) denúnciase a falta de axuda do Concello, que entre outros, segue sen pagar a cantidade acordada para a publicación do último catálogo. Repásanse outras iniciativas, tamén legado do antigo director da Casa da Xuventude, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Maio Xove, ou o Concurso de Relatos para a Mocidade Cidade de Ourense.

Rojas, Victoria, “Luísa Villalta, unha voz comprometida”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 29 xullo 2018, p. 36.

Informa sobre a cesión do legado de Luísa Villalta ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por parte da familia da autora. Destácase o acto no que estiveron presentes a nai da persoeira, María Gómez Castro, e Susana Villalta Gómez, irmá dela e Manuel González González como coordinador do centro, Armando Requeixo Cuba como secretario e Valentín García como secretario xeral de Política Lingüística.

Romero, L., “La voluntad de Cabanillas con su epitafio se cumple medio siglo después”, *Diario de Arousa*, “*Cambados*”, 16 xuño 2018, p. 9.

Informa do cumprimento dunha das últimas vontades do “poeta da raza”: que na súa lápida figurasen, en letra redonda, os versos dun dos primeiros textos de *Vento mareiro*, conseguido agora grazas á achega económica dunha parente. Dá conta das xestións e recolle declaracións de Francisco Fernández Rei, que visitou a tumba canda unha das

netas do poeta, Aurora Vidal Cabanillas.

Rozas, Ramón, “Outra lección”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine nº 170”, 8 outubro 2018, p. 7.

Comenta a relevancia da chegada da obra de Castelao, *A derradeira lección do mestre*, ao Museo Gaiás. Sinala que a obra foi orixinalmente unha lámina pertencente a un dos tres álbums de guerra que Castelao creou para denunciar a represión que existía en Galicia durante a Guerra Civil, concretamente a *Galicia mártir* e que despois decidiu ampliar e facer a óleo en Arxentina con motivo do Día de los Mártires Gallegos. Os outros dous son *Atila en Galiza* (que creou en Valencia xunto con *Galicia mártir*) e *Milicianos* editado en Nova York.

S. C., “Una fiesta de ayer, hoy y siempre”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2018”, 5 outubro 2018, p. 6.

Comenta a apertura das festas do San Froilán de Lugo de cuxo pregón se ocupou o xornalista Manuel Lombao. No seu discurso Lombao destacou a figura do poeta Luís Pimentel e Manuel María do que dixo ser “o poeta máis popular por cercano ao pobo”.

S. E., “Padrón, Amos y Brión presentan en Fitur ‘As pegadas de Rosalía’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza- A Estrada- O Sar”, 15 xaneiro 2018, p. 21.

Dá conta do proxecto exposto na Feria Internacional de Turismo, *As pegadas de Rosalía*, que trata de achegar a vida de Rosalía de Castro á toda a poboación e se desenvolve nun itinerario cultural a partir dun roteiro xa existente e deseñado polo intelectual dodrense Avelino Abuín de Tembra.

_____, “Las padronesas rinden su homenaje a Rosalía con el corto ‘Caldo de Gloria’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza- A Estrada- O Sar”, 21 febreiro 2018, p. 32.

Sinala de entre os actos polo Día de Rosalía organizados polo Concello de Padrón a proxección da curtametraxe *Caldo de gloria* realizada por diferentes mulleres do Concello.

_____, “A Estrada abre esta noite cun recital os actos para homenaxear a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza – A Estrada – O Sar – Trazo – Melide”, 27 febreiro 2018, p. 30.

Anuncia o recital que terá lugar no MOME para homenaxear a Rosalía de Castro e que contará coa participación do alumnado de A Estrada.

_____, “Presentada a curta ‘Caldo de Gloria’ feita por padronesas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar. Trazo. Melide”, 27 febreiro 2018, p. 30.

Informa da representación no auditorio de Padrón da curtametraxe *Caldo da Gloria* con

motivo do centésimo octoséximo primeiro aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

S. E., S. S., M. G., “Recitais, ofrendas, caldos e plantacións para Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 febreiro 2018, p. 34.

Dá conta dos diversos actos que tiveron lugar en distintos Concellos da comarca, destacando os de Padrón, Rois e Lousame, para conmemorar a figura de Rosalía de Castro polo aniversario do seu nacemento.

S. G. R., “Carballo recibe el legado de Alfredo Brañas: cartas, documentos, libros y fotografías”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 febreiro 2018, p. 39.

Dá conta da chegada dos documentos, cartas, libros e fotografías de Alfredo Brañas a Carballo para ser expostos no Museo de Bergantiños.

S. S., “Muíños presidirá hoxe ó mediodía a ofrenda a Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Noia”, 28 xaneiro 2018, p. 28.

Dá conta dos actos que se celebrarán en honra a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no seu sexaxésimo oitavo cabodano. O acto institucional conta coa presenza do alcalde da vila, Adolfo Muíños, e no que se fará unha ofrenda floral.

_____, “A Pobra honrará a Rosalía con un musical escénico”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 13 febreiro 2018, p. 33.

Informa das actividades incluídas no programa do Día de Rosalía no Concello da Pobra, entre as cales destaca un recital poético na praza que leva o nome da autora homenaxeada e o musical *Rosalía, unha vida* de María Torres e José. M. Pizón.

_____, “Isorna será hoy el escenario de una ruta poética dedicada a Faustino Rei Romero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 14 abril 2018, p. 32.

Anuncia unha ruta poética, da man de Xosé Agrelo Romero, baixo o título “Isorna, un tesouro, Asados”, realizando paradas nos lugares en que o poeta Faustino Rei Romero deixou pegada literaria. A continuación haberá un recital poético, “Escolanía de melros”.

_____, “El Pecha Kucha puso en valor 5 exitosas iniciativas culturales”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 14 abril 2018, p. 32.

Dá conta da celebración do evento. Entre as iniciativas culturais nomeadas figura a Romaría das Letras de Boiro.

_____, “Isorna celebrará el día 3 el Festival de Poesía Mariñeira Mar de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 29 maio 2018, p. 31.

Anuncia a celebración do III Festival de Poesía Mariñeira Mar de Galicia, organizado por

Xosé Agrelo Romero en Isorna (Rianxo). Constará dunha homenaxe a veciñas afogadas no 1906 e de dous recitais.

_____, “Un poeta irlandés impartirá un taller de escrita creativa de 3 días en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 31 maio 2018, p. 32.

Informa sobre o encontro *Song of myself* (Canto de min mesmo) é o título do obradoiro de escrita que se vai levar a cabo en Rianxo, conducido polo poeta irlandés Keith Payne, como parte das actividades realizadas no programa da Residencia de Escritores, organizado por Axóuxere Editora e o Concello rianxeiro.

_____, “Rianxo lembrará cun coloquio o traslado do busto de Castelao dende Montevideo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza – Muros – Noia”, 30 agosto 2018, p. 30.

Coméntase que para lembrar o traslado do busto de Castelao se realizará un faladoiro no que intervirán Yolanda Díaz Gallego (co-fundadora do Padroado da Cultura Galega no Uruguai), Raquel García Abuín (concelleira), Mónica López Rodríguez (concelleira), e Adolfo Muíños (alcalde de Rianxo); e que se proxectará o documental “Yolanda sempre en Galiza”.

S. S., “El obradoiro literario de Riveiro Coello atrae a quinceañeros y septuagenarios”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 6 setembro 2018, p. 31.

Informa da presentación do obradoiro de creación literaria *As historias no espello* que será impartido en Rianxo polo escritor Antón Riveiro Coello, quen contará, nunha das sesións, coa axuda do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes.

S. V., “Nace Ligeia, unha revista de literatura, poesía e xornalismo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Letras Galegas 2018”, 15 maio 2018, p. 5.

Dá conta do nacemento da revista Ligeia, que contén colaboracións internacionais de poetas, xornalistas, escritores e escritoras de carácter internacional, mais tamén conta coa participación de destacadas figuras dentro do sistema literario galego como poden ser Marta Dacosta, Oriana Méndez, Arancha Nogueira, Amauta Castro, Eli Ríos ou Enma Pedreira.

_____, “Víctor Freixanes protagoniza mañá unha nova entrega dos Paseos Literarios pola cidade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 29 xuño 2018, p. 13.

Informa do paseo literario que realizará Víctor Freixanes arredor da súa obra *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) dentro do proxecto Paseos Literarios que organiza o Concello de Pontevedra e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega.

Sáez, Lara, “Fariña’ vuelve a liderar en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 3 agosto 2018, p. 12.

Coincidindo coa chegada das vacacións do verán, efectúase un repaso polas librarías pontevedresas para comprobar as listas de vendas. No referido a libro en galego, nos primeiros postos segue a colocarse *Fariña* (2017), tamén na versión en galego de Xerais, e entre os títulos ligados ás biografías femininas, *Pioneiras, galegas que abriron camiño* (2017).

Salgado, Daniel, “A exploración lírica do desexo. Queipo adéntrase na poesía erótica”, *Sermos Galiza*, n.º 283, “fóradeserie”, 8 febreiro 2018, pp. 2-3.

Informa da publicación de *Home invisible* último libro de Xabier Queipo, gañador do Premio Illas Sisargas e que se engloba dentro da coñecida como literatura erótica, cunha poesía que debuxa o triángulo entre desexo, amor e sexo.

_____, “Poemas da vida danada”, *Sermos Galiza*, n.º 292, “fóradeserie”, 19 abril 2018, pp. 2-3.

Menciona distintas obras de Baldo Ramos, *A árbore da cegueira* (2002), *Diario de una despedida* (2005), *Palabras para un baleiro* (2009) e *Cartografía do exilio* (2014). Menciona tamén a obra *Río alzhéimer* (2013) de Carlos Pereira Martínez. Cita versos de *O deserto*, de María do Cebreiro e menciona a súa primeira obra de 1998, *O estadio do espello*. Menciona a obra de Lois Pereiro *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e a de Xabier cordal *trasmuta* (2012).

_____, “As múltiples vías cara á lectura”, *Sermos Galiza*, “Sociedade”, “Pedagogía”, 18 outubro 2018, pp. 8-9.

Menciónase as obras de Agustín Fernández Paz, Leticia Costas ou Carlos Negro entre as máis escollidas nos clubs de lectura, e a Leticia Costas como escritora de literatura infantil e xuvenil que máis vende, por encima de Pedro Feijoo. Fai tamén unha referencia ao Vigo de *Ollos de auga*, a novela negra de Domingos Villar.

_____, “A Feira das mil industrias culturais”, *Sermos Galiza*, n.º 324, “fóradeserie”, 29 novembro 2018, pp. 2-3.

Menciona a participación de Manuel Rivas, Leticia Costas, Iolanda Zúñiga, María Reimóndez, Francisco Castro e Yolanda Castaño na 11ª edición do Culturgal, que se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra do 30 de novembro ao 2 de decembro.

Salgado, Fernando, “La séptima Feira Tradicional abre el programa festivo de Caldas de Reis”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 12 agosto 2018, p. 29.

Informa da celebración da sétima edición da Feira Tradicional de Caldas de Reis, onde terán lugar diversas actuacións musicais, mostras de gastronomía, etc. Cabe destacar o espectáculo da man do músico e compositor Roi Casal titulado “Son galego, Son cubano” que ten como tema principal a Cuba e ao escritor Xosé Neira Vilas.

Salgado, Juan, “Juan Blanco Valdés. ‘As editoriais son os buques insignia das

universidades”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 2 xullo 2018, p. 16.

Recolle unha entrevista ao director do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, na que se revisan os cometidos do Servizo, a súa historia e afianzamento nos anos oitenta, a súa non pertenza á Asociación Galega de Editores, as revistas que se editan e algunhas das coleccións abertas, como Clásicos do Pensamento Universal (baixo dirección de Darío Villanueva).

Salgado Saenz, Luis María, “Juventud brillante y trágica”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 21 marzo 2018, p. 2.

Destaca a figura de Enrique Amado, quen se relacionou con escritores como Castelao, participou no proxecto “Biblioteca de Escritores Gallegos” xunto con Murguía Basilio Álvarez e Antonio Rey Soto, entre outros.

Sampedro, Domingos, “Rosario Álvarez estrea cargo chamando a ‘regaleguizar’ á xente máis moza”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 xuño 2018, p. 41.

Recolle parte das declaracións de Rosario Álvarez ante a comisión de Cultura no Parlamento. As súas tres liñas de traballo serán: integrar a cultura humanística e a científica, prestar atención e apoio aos axentes culturais e chegar a novos públicos con novos formatos de comunicación.

Sande, Miguel, “Fóisenos un dos iniciadores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 outubro 2018, p. 37.

Informa do pasamento de Gustavo Pernas, a quen se lle reconece o mérito de ter adicado toda unha vida ao teatro xunto con Ánxela Abalo a través da compañía Áncora Producións que eles mesmos fundaron e coa que levaron á escena numerosos textos de produción propia, chegando a obter múltiples premios.

Sandoval Rey, Antonio, “Pon un río na túa vida”, *La Voz de Galicia*, “La voz de la escuela”, nº 1171, 17 xaneiro 2018, p. 4.

A propósito dun especial de medio ambiente para escolares o autor do artigo fai alusión a unha frase mítica de Álvaro Cunqueiro na que describe a Galicia como “a terra dos mil ríos”.

Sanmartín C., Xabier, “Roi Casal, mar de son galego e son cubano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xaneiro 2018, p. 25.

Anuncia o disco de Roi Casal *Son galego, son cubano* no cal teñen presenza textos de Neira Vilas.

Sanmartín C., Xabi, “Ana Romaní, académica numeraria electa de la RAG”, *El Correo*

Gallego, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 18 marzo 2018, p. 38.

Anuncia a entrada na RAG da xornalista Ana Romaní, encargada do programa cultural da radio galega *Diario Cultural*, que ocupará a vacante de Xohana Torres.

Santalices Vieira, Miguel Ángel, “No día de Galicia”, *El Progreso*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2018, p. 4.

Dá conta e describe algunhas das características da festividade de Galicia, para facer mención á súa orixe lembra que os principais impulsores do festa tal e como se entende hoxe xurdiu de persoeiros das Irmandades da Fala e da Xeración Nós como Otero Pedrayo, Cuevillas ou Vicente Risco.

Santos, A. de, “Trece estampas de la traición’ el álbum más político de Seoane, se expone en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 outubro 2018, p. 36.

Informa da exposición da obra de Seone na Fundación Laxeiro grazas ao traballo da Fundación Luis Seoane. A mostra tamén inclúe obra plástica, textos e artigos doutros artistas como Manuel Colmeiro, Maruja Mallo, Arturo Souto e Castelao, ademais de abundante documentación e bibliografía.

Santos, Ágatha de, “Fallece a los 71 años el cantautor gallego Benedicto, cofundador de Voces Ceibes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 35, 5 xuño 2018.

Recolle a nova do falecemento de Benedicto García Villar, músico, profesor e defensor do galego, un dos fundadores de Voces Ceibes e impulsor da Nova Canción Galega. Expresan o seu pesar diferentes figuras, coma Vicente Araguas, que destaca o tema “Enterro do neno pobre”, un poema de Luis Pimentel musicado polo artista.

_____, “Ha sido una pérdida irremplazable”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 maio 2018, p. 38.

Trata diferentes declaracións de persoeiros da cultura comentando o falecemento repentino de Berta Caccamo. Reúne palabras de Menchu Lamas, David Barro, Asunta Rodríguez, Javier Buján, Antón Castro, Carlos L. Bernárdez e Ignacio Pérez-Jofre.

_____, “El feminismo rinde tributo a Queizán”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xuño 2018, p. 41.

Dá conta da homenaxe que feministas de toda Galicia deron en Vigo a María Xosé Queizán, como escritora, mestra e pioneira do movemento. Recóllense declaracións da protagonista, sorprendida e emocionada, así como unha listaxe das escritoras, cineastas, xornalistas, profesoras e cantantes presentes. Houbo intervencións que repasaron a súa traxectoria literaria.

_____, “La poesía toma la calle en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 xullo 2018, p. 40.

Dá conta da xornada de apertura da III edición de PoemaRia, encabezada por Dores Tembrás e Elena Medel, teatro con “Pluriversos” e a proxección de “Versogramas”. Engádense presenzas da segunda xornada, como as poetas Andreia C. Faria e Elisabete Marques (Portugal), Annamaria Crowe Serrano (Irlanda) e Miriam Ferradans (Bueu), alén do espectáculo “Danza de pé crebado” do colectivo A Artística, baseado na antoloxía poética dalgunhas voces últimas da poesía galega a través dunha proposta seleccionada por Antón Lopo. Ofrécense datos sobre o nacemento do festival, lugares etc.

_____, “Trece estampas de la traición’ el álbum más político de Seoane, se expone en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 outubro 2018, p. 40.

Informa da exposición da obra de Seoane na Fundación Laxeiro grazas ao traballo da Fundación Luis Seoane. A mostra tamén inclúe obra plástica, textos e artigos doutros artistas como Manuel Colmeiro, Maruja Mallo, Arturo Souto e Castelao, ademais de abundante documentación e bibliografía.

_____, “Fallece a los 87 años el hostelero y pintor tomiñés mario Rodríguez”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 xaneiro 2018, p. 30.

Menciona que o pintor foi amigo de Blanco Amor, Luís Seoane e Valentín Paz Andrade e foi o encargado de levarlle as medicinas a Castelao durante o último ano de vida do escritor.

_____, “El techo de cristal de la cultura gallega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “La presencia femenina en el ámbito cultural”, p. 30/*La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 27 marzo 2018.

Dá conta do informe “Diagnose da Cultura Galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI” elaborado polo Observatorio do Consello da Cultura Galega (CCG) e cita as opinións de M^a Xosé Porteiro, escritora e coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG e da escritora An Alfaya.

_____, “Poetas gallegos destacan su compromiso poético y social”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 novembro 2018, p. 41.

Recóllense as opinións dos poetas galegos Leticia Costas e Antonio García Teijeiro sobre o feito de que o Premio Cervantes 2018 fora concedido a unha muller, neste caso, a poeta uruguaia Ida Vitale. Ámbos os dous poetas amosan a súa satisfacción ante a decisión do tribunal do certame por ser unha muller quen gañase o premio. Con todo, defenden o recoñecemento público da muller así como a súa visibilización en todos os eidos.

_____, “Las artes escénicas del Camino del Norte crean su propia ruta con cien compañías”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, “Proyecto para crear un circuito teatral”, 22 novembro 2018, p. 59.

Anuncia a iniciativa “Camino Escena Norte” promovida por distintas asociacións de artes escénicas de Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco, que pretenden impulsar a dinamización cultural entre as comunidades seguindo a tradicional ruta do Camiño de Santiago.

Santos, Amara, “La poetisa de la diversidad”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 27 maio 2018, p. 9.

Dá conta dalgúns dos proxectos no se que se leva involucrado Beatriz Alonso, dende a elaboración de proxectos de carácter híbrido até a súa participación no Festival Kerouac.

_____, “La viuda de Alfonso Zulueta dona libros, documentos y arte a la Fundación Penzol”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 11 xullo 2018, p. 4.

Dá conta da doazón por parte de María Teresa Fernández, viúva de Alfonso Zulueta, á Fundación Penzol. Entre os obxectos doados figuran catrocentos dezaoto libros, incluíndo un exemplar de *Sempre en Galiza* firmado por Castelao. Indica que os obxectos estarán expostos de forma permanente na Casa da Cultura Galega.

_____, “Los fuegos de Bouzas más literarios homenajean a Verne”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 16 xullo 2018, p. 4.

Dá conta do espectáculo pirotécnico de Bouzas e do acto no que se encadra. Maximiliano Queizán foi este ano partícipe da selección musical, na anterior edición xa participara recitando os versos de Manuel Forcadela.

_____, “Las reliquias literarias ocultas entre obras centenarias”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 25 xullo 2018, p. 12.

Indica que con motivo da celebración da Feira do Libro Antigo e de Ocasión na Alameda viguesa se poñen á disposición das persoas, entre outros, mapas antigos de Galicia que datan de 1600 e 1750, e unha segunda edición de *Sempre en Galiza*, de Castelao.

_____, “La literatura de la emigración”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 setembro 2018, p. 9.

Informa da celebración do XIII Congreso Internacional de la Asociación Española de Estudios Literarios Hispanoamericanos na Universidade de Vigo, no cal se inclúe unha mesa sobre a editorial Galaxia e a literatura galega de emigración, na que estiveron presentes o escritor Xavier Alcalá e a coordinadora do *Diccionario de Literatura Galega* Dolores Vilavedra. Anuncia que Vilavedra está preparando un libro sobre Neira Vilas e indica que Alcalá trata o tema da emigración nos seus libros “Voltar” e “Fábula”.

_____, “Margaritas para autoras ‘rebeldes y transgresoras’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 16 outubro 2018, p. 10.

Informa da celebración do “Día de las escritoras”, iniciativa da Biblioteca Nacional de España dende 2016, foi acollida pola Biblioteca Xosé Neira Vilas nesta nova edición baixo o lema “Rebeldes y transgresoras” co obxectivo de fomentar o legado literario e cultural das mulleres escritoras, regalando flores aos usuarios da biblioteca que leven libros escritos por elas.

_____, “La poesía visual que abre mentes”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 31 outubro 2018, p. 12.

Dá conta do Proxecto Almenara de poesía experimental, considerada unha segunda fase do proxecto Caligrama. Indica que a iniciativa parte do pedagogo e poeta vigués David Fernández e ten lugar na Casa Galega da Cultura, aínda que Fernández pretende levar a cabo o proxecto por Galiza e tamén por Europa e América.

Senén, Felipe, “Eira das Mouras. Ao redor das serpes na cultura galega”, *Sermos Galiza*, n.º 316, “fóradeserie”, 4 outubro 2018, pp. 2-3.

O arqueólogo e museólogo Felipe-Senén recolle o temática das serpes nos mitos e lendas galegas e cita a obra *Os oestrinnios, os Saefes e a ofiolatría en Galicia* de Florentino López Cuevillas entre outros.

Seoane, Luis, “Novas axudas a festivais e certames afeccionados”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 agosto 2018, p. 38.

Destaca a resolución das axudas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado. Entre outros, figuran o Festival dos Eidos da Fundación Uxío Novoneyra, a I Mostra de Teatro Afeccionado para Persoas con Discapacidade SuperArte de Viveiro, a XII Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros, A II Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Noia ou a VIII Semana de Teatro Cómico Vila de Sarria.

_____, “La gallega Ana Romaní, Premio Nacional de Periodismo Cultural”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 26 setembro 2018, p. 53.

Informa da concesión do Premio Nacional de Periodismo á poeta e xornalista galega Ana Romaní, de quen o xurado destacou a súa larga traxectoria e traballo na promoción da cultura e da radio sempre dende unha óptica feminista e de compromiso social.

Silva, Toni, “No busquéis a Rafael en su tumba”, *La Voz de Galicia*, 16 agosto 2018, p. 15.

Infórmase sobre o paradeiro descoñecido de Rafael Seoane, quen finxiu a súa propia morte emprazando unha lápida co seu nome no cemiterio de Bergondo para disporse a viaxar á illa de Kiritimati, lugar escollido polo autor para vivir o lapso final da súa vida. A súa obra fica custodiada no mesmo Concello.

Silva Costoyas, Rafael, “El P. Isorna y el canónigo Precedo en el corazón de Santiago”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, “Domingo”, 18 febreiro 2018, p. 3.

Salienta a figura do P. Isorna, membro da RAG e relacionado epistolarmente con Cabanillas, Cunqueiro e Cotarelo Valledor. Sinala as estatuas de Carballo Calero e de Ánxel Fole que hai en Santiago de Compostela.

Silver, Brais, “O presidente da Real Academia Galega será o pregoeiro da festa nunha edición histórica”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 2 febreiro 2018, p. 38.

Anuncia a participación de Víctor Freixanes como pregoeiro na Feira do Cocido de Lalín.

Souto, Suso, “Centos de persoas visitan en Rianxo un orixinal belén de lan”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 6 xaneiro 2018, p. 32.

Dá conta do belén exposto en Rianxo, conformado por figuras de la entre as que se atopan persoeiros relevantes da cultura galega como Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio ou a propia Xosefina Castelao, irmá do autor rianxeiro.

_____, “Un taller artístico fusiona poesía, creación escénica, música e danza en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 25 marzo 2018, p. 36.

Anuncia a posta en marcha por parte do Concello de Rianxo do proxecto Juana de Ibarbourou-Docencia, producido pola aCentral Folque e dirixido a persoas interesadas na experimentación con poesía, danza, música e creación escénica.

_____, “As once olladas femininas a ‘Alba de Groria’ de Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 maio 2018, p. 34.

Informa do traballo realizado por un grupo de mulleres artistas do Barbanza, que ilustraron o discurso “Alba de groria”, de Castelao, pronunciado en Arxentina en 1948. A publicación presentouse onte no Museo do Gravado de Ribeira, onde se expoñen as vinte obras, as reproducións gozan do consentimento da Editorial Galaxia e da familia do ilustre rianxeiro.

Sotelino, Begoña R., “Al Sinsal ya solo le queda un secreto”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Un no parar”, 28 xullo 2018, p. 36.

Dá conta da celebración da segunda edición do festival Sinsal San Simón, un encontro mundialmente coñecido mais caracterizado polo misterio que xira entorno ao seu cartaz.

Souto, S., “Rianxo amplía el sendero literario con tres monolitos dedicados a Rey Romero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 6 outubro 2018, p. 31.

Informa da presentación por parte da concelleira de Turismo de Rianxo, Adelina Ces, dos tres novos monolitos da senda literaria do paseo marítimo da vila dedicados ao escritor Faustino Rey Romero nos que se poderán ler fragmentos dalgunhas das súas obras. Estes monolitos uniranse aos xa dedicados a Manuel Antonio, Rafael Dieste, Castelao e Brea Segade.

Souto, Suso, “Carrodegas presentou en Rianxo ‘Na butaca’, poesía e teatro en torno ó Alzheimer”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 18 febreiro 2018, p. 36.

Informa da presentación, na biblioteca municipal de Rianxo, do libro *Na butaca. Sinfonía Número Tres en Dor Maior*, da escritora Esther F. Carrodegua, quen destinará o vinte por cento das vendas a Agadea. Trátase dunha peza teatral en ton poético que xira en torno ao esquecemento e as demencias dende un punto de vista optimista e filosófico.

Tébar, R., “Pregón para anunciar la Romería de A Franqueira”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 24 agosto 2018, p. 25.

Coméntase que a escritora e profesora Raquel Castro será a encargada de dar o pregón, intitulado “Ramón Cabanillas, un poeta na Franqueira”, onde fará referencia ao libro *Romaxes da Franqueira*. Engádesse que entre as publicacións máis recentes de Castro figuran as novelas *Nº atómico 74* e *Bestiario doméstico*, os dous de 2017.

Tébar, Roma, “El Festival de Cans promueve el concurso ‘Ollo de Vidro’”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 7 febreiro 2018, p. 17.

Sinala a creación do concurso “Ollo de vidro” no seo do “Festival de Cans”, empregando o título da obra de Castelao, para booktrailers e bookyoutubers co obxectivo de fomentar a lectura en galego.

Torna, Cilia, “A patria galega desterrada: o 25 de Xullo no exilio”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “Especial Día da Patria Galega”, “A Diáspora”, “Memoria”, 19 xullo 2018, pp. 10-11.

Menciona a fundación da Irmandade Galega en 1941 en Arxentina, impulsada polo autor de *Sempre en Galiza*, Castelao, a influencia deste último tamén da creación do Consello de Galiza en 1944, e o famoso discurso *Alba de Gloria* que Castelao pronunciou o 25 de xullo de 1948.

Torre, Sonia, “Un festival muy ‘implicado’ con El Mundo que le rodea”, *La Región*, “Galicia”, “Memoria de la emigración”, 12 xaneiro 2018, p. 15.

Informa da celebración do evento “Implicáte” no Teatro Principal de Santiago. No acto participarán artistas vencellados á cultura galega entre os que destacan escritores como Suso de Toro, Ismael Ramos, Alicia Fernández e Verónica Martínez.

_____, “O eco das amazonas’ una explosión creativa”, *Atlántico Diario*, p. 28/ *La Región*, “Ciudad”, 23 febreiro 2018, p. 14.

Dá conta da exposición de Baldomero Moreiras, adicada ás mulleres, asemade, houbo actividades paralelas como un recital de Chus Pato.

_____, “Bernardo en Salvador”, *La Región*, “La revista”, “Con arte”, 23 marzo 2018, p. 15.

Anuncia *Salvador*, o novo proxecto teatral e audiovisual de Borja Fernández, intérprete, autor e director da obra que considera a última parte da Triloxía 666. Prn

_____, “Los socios buscarán en el juzgado una solución al Centro Gallego bonaerense”, *Atlántico Diario*, p. 28/ *La Región*, “Galicia”, “Memoria de la emigración”, 25 marzo 2018, p. 34.

Informa sobre a situación económica do Centro Gallego de Buenos Aires ademais da decisión de celebrar unha nova asemblea para decidir o seu futuro, programada para o 12 de abril.

_____, “111 años de historia en peligro”, *Atlántico Diario*, p. 29/ *La Región*, “Galicia”, “Memoria de la emigración”, 25 marzo 2018, p. 35.

Lembra a historia do Centro Galego de Bos Aires e sinala as dificultades económicas que causaron que se puxera en venta.

_____, “Los socios del Centro Gallego de Buenos Aires deciden su futuro”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 45/ *La Región*, “Sociedad”, 12 abril 2018, p. 63.

Dá conta das negociacións para evitar a venta do Centro Galego de Bos Aires.

_____, “El Centro Gallego bonaerense aplaza la decisión de venta”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 43/ *La Región*, “Sociedad”, 14 abril 2018, p. 61.

Anuncia a decisión da asemblea de socios do Centro Galego de Bos Aires de adiar a súa venta.

_____, “El Centro Gallego decidirá hoy su venta”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 44/ *La Región*, “Sociedad”, 8 maio 2018, p. 59.

Anuncia a reunión que se celebrará para decidir sobre a posíbel venta do histórico Centro Galego de Bos Aires. Destácase a Luís González Tosar como defensor da postura que pretende conservar o centro.

Toro, Felipe de, “Feijóo presenta en EL CORREO el libro de artículos de Albor”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 15 febreiro 2018, p. 11.

Anuncia a presentación por parte de Núñez Feijóo do libro *Comentarios y recuerdos* no salón de actos de *El Correo Gallego*, obra que recolle artigos de Fernández Albor no que teñen presenza Manuel Fraga, Xosé Cuíña e Ramón Piñeiro.

Tubío, Olaia, “Definiríanos como unha familia”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 11 decembro 2018, p. 57.

Recolle a clausura do festexo do trixésimo aniversario da compañía de teatro Achádego, iniciada en marzo polo Día Mundial do Teatro e rematada no auditorio Gustavo Freire de Lugo coa celebración dunha gala cargada de sorpresas. Ao mesmo tempo fai un breve

panorámica do que foi ese percorrido teatral desenvolvido entre os dous feitos antes sinalados.

U. L., “Pasos de peóns para lembrar a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Área Metropolitana”, 21 febreiro 2018, p.

Informa da celebración do Día de Rosalía no Concello de Padrón a través de actividades como a proxección da curtametraxe *Caldo de Gloria*, o espectáculo de monicreques *A viaxe de Rosalía* e a iniciativa de pintar os pasos de peóns da vila con versos da autora.

Uz, Carmen, “Lugilde reuniu a cultura nunha vindicativa e tenra ofrenda a Rosalía”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2018”, 8 outubro 2018, p. 2.

Comenta a ofrenda a Rosalía de Castro que tivo lugar no Domingo das Mozas de Lugo en que Paloma Lugilde se encargou de ler un discurso no que citou o texto “As literatas” e no que soaron versos de *Follas Novas* musicados polo finado músico Narf. Lugilde aproveitou tamén a ocasión para recordar ao falecido escritor Isidro Novo.

V. M. R., “A nova executiva do CCG apunta ao reto da era dixital e a ‘Galicia global’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 6 xullo 2018, p. 64.

Informa sobre os futuros proxectos e liñas nas que incidirá o Consello da Cultura Galega co nomeamento dunha nova directiva. Destácase o papel que deberá xogar a institución en temas de actualidade como a era dixital ou a “Galicia Global”. Por outra parte, destácase que María Xosé Porteiro, Dolores Vilavedra e Xosé Manoel Seixas completan a directiva.

V. P., “Castelao ya tiene placa en su avenida”, *Faro de Vigo*, “Condado – Paradanta”, “Área Metropolitana”, 30 xaneiro 2018, p. 14.

Informa da inauguración dunha placa en homenaxe a Castelao na avenida de Pontearreas que leva o seu nome.

_____, “La Praza Maior acogerá la segunda Feira do Libro de Pontearreas por cuatro días”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Condado-Paradanta”, 21 xullo 2018, p. 16.

Dá conta dalgunhas das actividades que se celebrarán na segunda edición da Feira do Libro de Pontearreas, con pregón a cargo de Isabel Blanco, visitas guiadas pola ruta “Seraogna, a terra de Pexegueiro”, a presentación do libro do Garaxe Hermético *O picoto do pai* (2017), e doutros volumes de Marta Dacosta, Luz Beloso, Ramón Nicolás, Roi Vidal ou Manoel da Costa Pardo.

Varela, Lourdes, “Uxía. ‘Novoneyra era un grande amante da música; os seus poemas teñen ritmo’”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 602, “Entrevista”, 20 xaneiro 2018, p. 7.

Entrevista á cantautora Uxía, quen no seu último disco, “Uxía-O”, fai unha homenaxe ao poeta Uxío Novoneyra. Menciona *Os Eidos* como fonte de inspiración e indica que xa lles puxera música a poemas de Rosalía de Castro e Manuel María.

_____, “Manel Loureiro. ‘As miñas novelas sempre contan algo que resoa dentro de min’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 677, XXXX, 12 xullo 2018, p. V.

En conversa co escritor Manuel Loureiro, considerado como un verdadeiro éxito de vendas en España e Estados Unidos, débátese a influencia do cine, os elementos de terror, o que de biográfico hai na literatura fantástica ou a chegada ao galego de catro das súas novelas, grazas a Urco Editora, e tras traducións ao coreano ou o armenio. Dá conta da emigración da sociedade galega en Cataluña así como das conexións entre ámbalas dúas culturas a través da figura do poeta catalán Jacint Verdaguer. No artigo faise referencia a personalidades como Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo ou Castelao. Tamén se fala da tradución da obra *L’ Atlàntida*, de Verdaguer, ao galego por mans de Nuria Camps Casals. Tamén se referencia ao autor Manuel Rodríguez López e á súa obra *Galegos en Catalunya*.

Varela, Suso, “Literatura para los desfavorecidos”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 2 febreiro 2018, p. 25.

Dá conta da intención da Deputación de Lugo mais da Fundación Uxío Novoneyra de pór en marcha un programa da Unión Europea para levar libros e autores galegos a colectivos en exclusión social.

Vázquez, Álex, “Na Fonsagrada anúnciase en galego”, *El Progreso*, “Comarcas”, 16 xullo 2018, p. 10.

Informa da exposición organizada no Museo Etnográfico Comarcal da Fonsagrada, que alberga unha ampla colección de anuncios de empresas e pequenos negocios que apostaron por empregar o galego. Na exposición destácase, entre outras obras, unha promoción da editorial Céltiga que anunciaba o libro *Un ollo de vidro*, de Rodríguez Castelao.

Vázquez, Gladys, “Futuro. Os nenos do milenio toman o mando de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Especial Día de Galicia”, 25 xullo 2018, pp. 2-5.

No marco dunha reportaxe sobre algúns rapaces nados arredor do 2000 en Galicia, interesados por distintos ámbitos laborais e culturais, recóllense algunhas impresións de Xíán Lois Alcayde Dans (A Coruña, 1997) quen agarda a edición da súa segunda obra e comenta que a primeira, *Camiños na sombra* (Edicións Fervenza, 2016), se publicou cando el tiña dezaoitto anos.

Vázquez, S., “Bergondo honra á Poetisa das Mariñas”, *La Opinión*, “Sada/ Betanzos”, 27 febreiro 2018, p. 17.

Informa da homenaxe a Filomena Dato organizada de forma conxunta polo Concello de Bergondo, a RAG e as asociacións Irmáns Suárez Picallo e Lisístrata.

_____, “Nacho Taibo, homenaxeado na casa”, *La Opinión*, “Oleiros”, 25 maio 2018, p. 13.

Dá conta da homenaxe celebrada no IES Neira Vilas para louvar o traballo de Nacho Taibo, iniciativa na que colaborou a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Vázquez, Sara, “Libros contados de primeira man”, *La Opinión*, “Cambre/ Culleredo”, 28 marzo 2018, p. 12.

Anuncia a creación dun club de lectura en Culleredo coordinado polo escritor Alfredo Ferreiro e que se centrará na lectura de textos de autores galegos vivos para despois poder conversar con eles sobre as súas obras.

Veiga, Eva, “Gustavo Pernas: deconstruír o estacido”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 decembro 2018, p. 29.

Nova en recordo do dramaturgo Gustavo Pernas co gallo do seu pasamento na que se fai unha pequena achega do seu legado facendo especial fincapé na súa última obra, *36 personaxes e un can*.

Veiga, Marta, “Diana Toucedo. ‘Quixen darlles volume ás xentes do Courel, non distorsionar as súas voces”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 26 xaneiro 2018, p. 56/
El Progreso, “Cultura”, “Vivir”, 26 xaneiro 2018, p. 53.

Anuncia a película *Trinta lumes* de Diana Toucedo, gravada na terra de Uxío Novoneyra.

_____, “Baleas’ é en parte unha viaxe de volta ao meu eu arxentino”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 1 febreiro 2018, p. 52.

Dá conta da presentación, na librería Trama de Lugo, do poemario *Baleas* de Eduardo Estévez, unha obra que se ofrece como un recurso de volta ás orixes do seu autor mesturado coa fascinación do mesmo polos cetáceos.

_____, “Négome a cantar determinados textos; é unha elección consciente”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Música”, 8 febreiro 2018, p. 52.

Dá conta da publicación do último traballo do artista Xabier Díaz. Para explicar o seu novo proxecto cita á poeta Míriam Ferradáns, quen describe a “Noró” a través dunha lenda.

_____, “Era como a primavera desta cidade de neboeiros e tantas veces griseira”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 24 maio 2018, p. 42.

Dáse conta da presentación no Vello Cárcere de Lugo de *CO₂* (Positivas, 2017), de Isidro Novo, após o seu pasamento. Indícase que na presentación participaron Antonio Reigosa, Francisco Macías e Lois Pérez, e que leron poemas Area, a neta do autor, a carón de Marica Campo, Darío Xohán Cabana, Luis Valle, Toño Núñez e Xosé Miranda.

_____, “Antía Cal. ‘Díxenlle a meu pai que era unha inxustiza que eu quedase na casa a fregar e os meus irmáns, non”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 xuño 2018, pp. 26-27/ *El Progreso*, “Vivir”, “Pedagogía”, 4 xuño 2018, pp. 60-61.

Achega información sobre determinadas etapas da biografía da educadora e escritora Antía Cal. Destaca a publicación de *O libro dos nenos*, de carácter didáctico.

_____, “Aurora Marco. ‘Era xusto que as mulleres encarceradas aquí volvesen entrar pola porta grande”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Memoria”, 15 xuño 2018, p. 56.

Recolle a inauguración dun espazo feminino no Vello Cárcere coa exposición permanente “Elas”, cunha intención análoga á do libro homónimo publicado por A Xanela editorial dous anos atrás, que recolle a vida de 410 mulleres galegas, dende Exeria a 1975.

_____, “Santiago Jaureguizar. ‘O Santiago de 1983 a 1986 é o meu paraíso perdido, era como un futuro sen final”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 53/ *El Progreso*, “Comunicación”, “Vivir”, p. 73, 20 xuño 2018.

Recolle declaracións do gañador do Fernández del Riego, cun artigo publicado no “*Táboa Redonda*” que el coordina, peza na que fai memoria dos anos 80, os anos da modernidade en Santiago de Compostela, e do incidente da bomba na discoteca Clangor. Reprodúcese o artigo gañador embaixo, así como reflexións de interese sobre o cariz do suplemento no que o artigo se insire.

_____, “Alfonso Otero Regal: ‘Non me considero artista; son só un traballador plástico”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 xullo 2018, p. 43.

Informa da inauguración da mostra “Hai mulleres” do artista Alfonso Otero Regal na Capela de Santa María de Lugo. Indica que a mostra se completa cun libro no que distintos escritores achegaron os seus textos sobre mulleres poetas, novelistas e xornalistas, entre eles Javier Rivera, Xavier Lombardero e Xoán Neira.

Vence, Javier, “Aplazada hasta el día 24 la decisión sobre la venta del Centro Gallego de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 14 abril 2018, p. 10.

Anuncia a decisión da asemblea de socios do Centro Galego de Bos Aires de adiar a súa venda.

_____, “La Xunta garantiza el patrimonio del Centro Gallego de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 3 maio 2018, p. 10.

Ponse de manifesto a situación na que se encontra o centro Galego de Buenos Aires, que ultimamente esta sufrindo as repercusións dun posíbel cambio de propietario.

_____, “Homenaje a Blanco Amor en la Feria del Libro de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 6 maio 2018, p. 36.

Dá conta da homenaxe celebrada en Buenos Aires para louvar a figura do escritor, xornalista e intelectual Eduardo Blanco Amor. A celebración coincide co nonaxésimo aniversario da publicación de *Romances Galegos*, obra escrita na cidade arxentina e que contou coa axuda da Sociedad Argentina de Escritores y de la Academia Argentina de Letras.

_____, “O cuarto 202, no que en 1950 faleceu Castelao en Buenos Aires, clausurado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 setembro 2018, p. 35.

Dá conta, a propósito da clausura do cuarto no que pereceu Castelao, da dramática situación que está a atravesar o Centro Gallego de Buenos Aires ao mesmo tempo que informa das iniciativas institucionais e populares para buscar unha solución a esta circunstancia.

Vidal, Alberto, “La cultura sale en defensa del Centro Galego de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 14 febreiro 2018, p. 11.

Dá conta dun manifesto asinado por persoeiros da cultura galega como Víctor Freixanes, Manuel Rivas, Suso de Toro, Luis González Tosar, Inma López, Méndez Ferrín e Alonso Montero na defensa do Centro Galego de Bos Aires.

Vila, Sara, “Alejandro de la Sota converte a Boa Vila na capital das Belas Artes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día das artes galegas”, 15 abril 2018, pp. 10-11.

Recolle o acto de homenaxe a Alejandro de la Sota na cuarta edición do Día das Artes Galegas, o cal tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra e no que Celestino García Braña lembrou a traxectoria sinalando que a relación con seu pai levouno a coñecer a Castelao e a Alexandre Bóveda.

_____, “De la Sota artellou un xeito de pensar a arquitectura desde o seu presente”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Artes”, 15 abril 2018, p. 52.

Dá conta sobre a iniciativa levada a cabo por Laura Goldar, quen comezou a espallar versos entre as flores dun parterre que Puri Moreira comezou a encher de flores en 2017. A iniciativa trata de retomar o feito polo poeta Manuel Cuña Novás, quen colocaba versos nos xardíns de Casto Sampedro. Entre os versos que locen no parterre atópanse algúns de escritores insignes da literatura galega, Como Rosalía de Castro, Uxío Novoneyra, Olga Novo, Manuel rivas e Luz Pozo Garza.

_____, “O Museo segundo Iria Pinheiro e David Cortizo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 16 abril 2018, p. 6.

O Museo de Pontevedra vén de inaugurar a sesión Visitas Cruzadas, unha nova sección do sexto Edificio da man da actriz Iria Pinheiro e mais do director de Urco Editora David

Cortizo, quen se encargan de guiar aos visitantes a través das súas propias interpretacións e reflexións arredor dalgunhas pezas expostas na sala que eles mesmos escolleron de acordo aos seus gustos e intereses.

_____, “Non hai instrumentos para retirar títulos nobiliarios”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 abril 2018, p. 8.

Informa arredor da elaboración por parte do pontevedrés Ernesto Vázquez-Rey dunha tese de doutoramento sobre a aplicación da Ley de Memoria Histórica nos concellos, investigación que leva ao seu autor a abrir o debate sobre a retirada de condecoracións a antigos cargos franquistas, situando no foco de atención ao escritor e intelectual Xosé Filgueira Valverde.

_____, “Sé que las palabras son el único refugio ético y moral que tiene la vida”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 abril 2018, p. 15.

Informa da presenza do Premio Nacional de Poesía Juan Carlos Mestre no Festival PontePoética celebrado na cidade de Pontevedra, onde reflexionou sobre as relacións entre as distintas artes, sobre a situación actual e a importancia da poesía, sobre a súa relación identitaria coa lingua galega e, sobre todo, polo papel da literatura como arma de recuperación da memoria.

_____, “A estación violenta’ estréase mañá nos cines de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 31 maio 2018, p. 57.

Anuncia a estrea do filme dirixido pola pontevedresa Anxos Fazáns, e baseado nunha novela de Manuel Jabois homónima (Edicións Morgante, 2008). Recóllense comentarios dunha presentación entre directora, produtor e algúns actores.

_____, “Libros e calor na primeira fin de semana do verán”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 xuño 2018, p. 8.

Informa da celebración dunha nova edición da Festa dos Libros na que libreiros e lectores da cidade de Pontevedra poden vender e mercar dende os clásicos ás últimas novidades ao mesmo tempo que disfrutan de outras actividades como presentacións de libros, coloquios, charlas ou obradoiros infantís.

_____, “Festa con libros, paseos e música jazz”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 xuño 2018, p. 8.

Informa da celebración dunha nova edición da Festa dos Libros na que libreiros e lectores da cidade de Pontevedra poden vender e mercar dende os clásicos ás últimas novidades ao mesmo tempo que poderán disfrutar da asistencia de Xesús Alonso Montero, Julián Rodríguez Novo, Kiko da Silva, Arantza Portabales e Suso de Toro.

_____, “Unha ducia de meses cheos de cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 decembro 2018, p. 10.

Informa da programación mensual no plano cultural para a cidade de Pontevedra ao longo do ano 2019, marcada pola abundante oferta de literatura, música, teatro e exposicións,

entre as que destacan os concertos de Lila Downs e do grupo de rock Morgan, a celebración do vixésimo aniversario do Salón do Libro ou o festexo do Día das Letras Galegas en homenaxe a Antón Fraguas.

Vilas, Alberto, “La capital de los gallegos y los turistas”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, “Cartas desde... Santiago”, “Crónica”, p. 39/ *La Región*, p. 47/ *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, p. 26, “Galicia”, 20 agosto 2018.

Comenta que unha actriz caracterizada como Rosalía de Castro interaccionou durante o mes de xullo cos turistas do casco histórico de Santiago para achegalos á obra da escritora.

Vilasánchez, María Antón, “Empoderamento sobre nós mesmas”, *El Correo Gallego*, “Especial Apóstol 2018”, p. 48.

Cita as coñecidas palabras de Rosalía de Castro sobre a liberdade de pensamento.

Villanueva, E., “Esta ciudad ya es verniana”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 19 febreiro 2018, p. 4.

Recolle a lectura pública do capítulo “La bahía de Vigo” de Jules Verne por parte de escritoras como María Xosé Queizán, Iria Misa e Leticia Costas, e editores como Francisco Castro de Galaxia.

Villar, C., “Los tres rectores instan a defender el Centro Gallego de Buenos Aires”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 13 febreiro 2018, p. 21.

Dá conta do manifesto asinado o 29 de xaneiro en Rianxo, conmemorando o centésimo trixésimo segundo aniversario do nacemento de Castelao, en defensa da protección do Centro Galego de Bos Aires e que foi asinado por numerosas personalidades e institucións da cultura galega, como os escritores Manuel Rivas, Suso de Toro e Luis González Tosar ou o presidente e expresidentes da RAG.

_____, “Los rectores y el Consello da Cultura instan a defender el Centro Gallego de Buenos Aires”, *La Opinión*, “Galicia”, 13 febreiro 2018, p. 19.

Sinala a existencia dun manifesto asinado o 29 de xaneiro en Rianxo aproveitando o centésimo trixésimo segundo aniversario do nacemento de Castelao, que consiste en reivindicar a importancia de salvar o Centro Galego de Bos Aires, e que foi asinado por escritores como Manuel Rivas, Suso de Toro ou Luís González Tosar así como polos representantes de institucións como a RAG, o Consello da Cultura e as tres universidades galegas.

_____, “Ni un rincón de Galicia sin su nombre”, *Faro de Vigo*, p. 18/*La Opinión*, p. 17, “Galicia”, 15 agosto 2018.

Anuncia o lanzamento dunha aplicación móbil, da man da Xunta de Galicia e a Real

Academia Galega, que permitirá ás e aos cidadáns colaborar na recompilación de topónimos de terras, fontes ou regatos, para o que lembra inicialmente, e en contraste, o “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro, carentes de maior definición.

Villar, M., “Chamábase José Varela Bouza”, *La Opinión*, “La gran Coruña”, “Miño”, 28 xaneiro 2018, p. 15.

Anuncia a publicación do libro *Cando pasou o que pasou* (2017) escrito pola investigadora e escritora Rosario Regueira Cereijo na editorial Toxosoutos. A obra, que pertence á narrativa histórica, conta a historia dun represaliado do réxime franquista, José Varela Bouza, coñecido como Pepe “O Lobo”, condenado a morte polo réxime. O libro foi presentado hai unhas semanas en Miño nunha homenaxe organizada polo BNG na honra desta vítima do franquismo que cumpre neste 2018 oitenta anos dende a súa fuxida do cárcere.

_____, “O 16 de xuño, Festa da Libertatia”, *La Opinión*, “Oleiros”, 7 xuño 2018, p. 13.

A comunidade artística aberta de Oleiros Libertatia organiza unha festa de inauguración con obradoiros autoxestionados, xantar popular, música, improvisacións e recitais, un deles a cargo de Manuel González Prieto con *A profecía e o xogo dos espellos*.

Villar, O. D., “Literatura con Riveiro na Baña e Jorge López en Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 3 marzo 2018, p. 30.

Dá conta da celebración, na Baña, dun café literario organizado polo club literario Ars Legendi do CPI da Baña co escritor Antón Riveiro, así como da presentación, en Negreira, do libro *Como axudo a Antón?* de Isabel Ponte e Jorge López.

Viñas, L., María, “Xoel López. ‘Componer en gallego me lleva a O Courel’”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 64, 9 xullo 2018, “A la última”.

Coméntanse algúns cambios na traxectoria do autor, repasando tamén o momento no que xorden algunhas composicións en galego, como “A serea e o mariñeiro”, “Serpes” ou “Durme”, ligadas parcialmente á morriña dos veráns no Courel, sendo o seu avó da Fonsagrada.

_____, “Ramón Lamote’ tivo éxito porque ao final os localismos son unha carallada”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 12 xullo 2018, p. 44.

Saliéntase a tradución ao inglés por unha editora búlgara do clásico da literatura xuvenil galega *Das cousas de Ramón Lamote*, e destácanse outras subvencións para tradución recentemente resoltas, como unha antoloxía poética de Yolanda Castaño ao serbio, *Dos soños teimosos* de Uxío Novoneyra ao francés, *A peste* por parte da editora luguesa Hungin & Munin e Alejandro Tobar, ou *Como se fai unha rapaza* de Caitlin Moran por Rinoceronte Editora.

X. C., "Música, poesía e danza tradicional, a proposta cultural de Vivir Vilamarín", *La Región*, "Verano", "Provincia Activa", 21 agosto 2018, p. 18.

Informa das distintas actividades culturais que terán lugar na nova edición dos "Encontros Culturais na Casa da Raña" organizados pola asociación Vivir Vilamarín na parroquia de Orbán, entre elas, un contacontos a cargo da pianista Susana Otero e da poeta Silvia Penas e un "Slam Poetry".

_____, "Queco Díaz. 'Esta é unha proposta interxeracional, para pequenos, xente nova e persoas maiores", *La Región*, "Verano", "Provincia activa", "Personaxe do día", 24 agosto 2018, p. 18.

Entrevista a Queco Díaz, portavoz da asociación "Vivir Vilamarín", con motivo dos III Encontros Culturais. Anuncia a celebración dun "poetry slam" no que o público escollerá ao poeta gañador.

X. F., "Un caldo de gloria para celebrar a Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 febreiro 2018, p. 33.

Sinala a celebración do Día de Rosalía coa elaboración dun caldo de gloria e bolos do pote, como din os versos de Rosalía de Castro, por Pepe Solla no Hostal dos Reis Católicos así como unha ofrenda floral na Alameda de Santiago.

_____, "Rosalía volveu convocar o pobo na súa casa-museo da Matanza en Padrón", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 xullo 2018, p. 25.

Informa das actividades levadas a cabo na casa-museo de Rosalía de Castro, na Matanza, Padrón, baixo o lema *Abride a fiestra*. No acto proxectouse o documental *Pelerinaxe lírica aos lugares rosalianos*, comentado por Xosé Manuel Beiras.

X. L. C., "O último premio Planeta estará nas Xornadas de Novela Histórica", *La Región*, "Monterrei", 5 abril 2018, p. 22.

Informa sobre a xuntanza organizada na Biblioteca municipal do Concello de Verín, na cal tamén colaborou Saga (Sociedade antropolóxica galega), e que levará á vila a autores e autoras de gran relevancia.

_____, "Mandianes abre as I Xornadas de Novela Histórica de Verín", *La Región*, "Monterrei", 25 maio 2018, p. 26.

Infórmase do acto de inauguración das I Xornadas de Novela Histórica de Verín a cargo de Manuel Mandianes, científico titular do CSIC e director do Instituto de Estudos Sociais en Barcelona, e de Diego Lourenzo, tenente alcalde de Verín. Engádesse que no evento participarán seis autores de primeira fila dentro deste xénero, como o premio planeta Javier Sierra.

_____, "O Tangaraño de Xunqueira de Ambía chega á súa quinta edición", *La Región*,

“Provincia”, 2 xuño 2018, p. 35.

Informa da programación do Tangaraño Cultural, organizado pola poeta Rochi Nóvoa. Haberá concertos, contacontos, cantautores, a proxección do documental *Un país de cinzas* e as intervencións de Víctor Gulías, Adela Figueroa, Xurxo Valcárcel, Carlos Rafael, Horacio Villar, Elena Pulgarín e a propia Rochi Nóvoa.

_____, “Un documental repasará as historias da Raia Seca”, *La Región*, “Provincia”, 4 setembro 2018, p. 27.

Anuncia a presentación do proxecto audiovisual independente “A Memoria da Raia”, da autoría de Iris Justo Rodríguez e Miriam González Francisco, que inclúe unha exposición fotográfica e unha revista monográfica deseñada por Andrea Justo Pérez. As historias testemuñais dos protagonistas entreveranse con textos de escritores raianos coma Ferreira de Castro, Silvio Santiago, Bento da Cruz e Antonio Fernández.

X. M. P., “O *Diario Galego* dá o primeiro paso”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “Sociedade”, 1 febreiro 2018, pp. 6-8.

Informa da celebración do acto de presentación de *O Diario Galego*, que *Sermos Galiza*, proxecta lanzar en 2019. Entre os asistentes atopábanse representantes de organizacións e entidades do tecido económico, social, cultural e político do país.

Xián, X., “Área botouse ás rúas para gabar a literatura galega”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 maio 2018, p. 34.

Informa dos diferentes actos que tiveron lugar con motivo do Día das Letras Galegas nas vilas de Boqueixón, Noia, Outes, Cee, Couto (Ponteceso), Paiosaco (Laracha), Teo e Boiro.

Xil, Antón, “Paco Lores, un grovense en Bos Aires...”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 23 maio 2018, p. 6.

Dá conta da concesión da medalla do Consello da Cultura Galega ao grovense Francisco Lores Mascato, Paganiní, polo labor desempeñado en materia de cultura durante a súa estancia en Bos Aires, así como polo seu compromiso social e o seu esforzo inesgotábel na defensa dos dereitos dos galegos residentes na Reina de la Plata.

Yáñez, B. “El futuro museo Cabanillas amplía sus fondos gracias a la familia Pillado”, *Diario de Ferrol*, p. 21/ *El Ideal Gallego*, p. 21, “Galicia”, 1 xuño 2018.

Dá conta da recollida de materiais para a creación do Museo Cabanillas, entre as doazóns destaca a colaboración da familia Pillado, que cederon multitude de materiais ao Concello de Cambados.

Yzquierdo Perrín, Ramón, “La obra de Maestro Mateo en Compostela”, *El Correo Gallego*, “especial”, 8 setembro 2018, p. 24.

Menciona como Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro plasmaron as esculturas naturalistas do Pórtico da Gloria nas súas obras.

Z. R., “Manuel Vidal, un erudito en la sombra”, *ABC*, “Galicia”, 13 maio 2018, p. 82.

Dá conta da obra sobre Manuel Vidal publicada por Santiago Prol, na que reivindica que a figura do presbítero ten méritos suficientes como para ser recoñecido coa homenaxe do Día das Letras Galegas.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Caritón de Afrodísias, *Historia de Calírroe*, trad. e introd. Ana Gloria Rodríguez Alonso, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 19, maio 2018, 190 pp. (ISBN: 978-84-17388-02-7).

Caritón de Afrodísias, escritor grego do século I d.C., é o autor desta novela, considerada a primeira de Occidente que se conserva íntegra, e escrita orixinalmente en grego antigo. Segundo se indica na introdución, esta tradución ao galego completa o repertorio de obras inaugurais dos distintos xéneros literarios occidentais emprendido pola editorial. Apúntase ademais que aínda que a data de composición da novela ten sido obxecto de controversia, os testemuños achados amosan que na súa época debeu ter ampla difusión, aínda que posteriormente caeu no esquecemento á sombra doutras máis barrocas e refinadas que resultaban máis do gusto dos bizantinos. A temática da narración, estruturada en oito libros, narrada por unha voz externa e ambientada en Siracusa arredor do 400 a.C, baséase no enredo amoroso entre Calírroe, a filla do xeneral Hermócrates, e Quéreas, dous mozos nobres e garridos, que casan tras namorárense nunha festa en honra de Afrodita a pesar das reticencias paternas. Os demais pretendentes de Calírroe maquinan unha intriga para facerlle crer a Quéreas que a muller o engana, e el, celoso, dálle unha patada e ela semella morta, aínda que máis tarde recupera o sentido e é secuestrada polo pirata Terón, quen a vende en Mileto ao servente de Dionisio, o rico señor da cidade. Este acaba namorándose de Calírroe, embarazada de Quéreas, e ela acorda aceptar o casoiro pensando no futuro do seu fillo. Namentres, en Siracusa, Quéreas descobre que Calírroe está viva e parte na súa busca. Tras múltiples peripecias e perigos, Quéreas atópase por fin coa súa amada na illa de Arados, e ambos tornan a Siracusa. Como trazos característicos da narración salientan a elaborada estrutura do relato, o seu estilo vivo, a linealidade da trama, sen relatos inseridos, e a grande presenza dos diálogos e soliloquios.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “Un malquerer do século I, en galego”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación”, 19 outubro 2018, p. 20.

Informa da tradución ao galego, por parte da profesora e tradutora Ana Gloria Rodríguez Alonso, da primeira novela de Occidente que se conserva íntegra. Trátase de *Historia de Calírroe*, de Caritón de Afrodísias, que materializa o desexo da tradutora de tender pontes entre a literatura galega e o resto de literaturas, neste caso a grega clásica

Pociña, Andrés, *Tres obras teatrais*, pról. e ed. María Teresa Amado, Santiago de

Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 363, 116 pp. (ISBN: 84-84874-15-7).

Tres obras teatrais, de Andrés Pociña (Lugo, 1947), reúne por vez primeira os textos teatrais “Medea en Camariñas”, “Unha tardiña en Mitilene” e “Antígona ante os xuíces”. Trátase de tres pezas que abrollan do mundo grecolatino e que comparten como protagonistas principais tres heroínas, tres mulleres, mais cunha visión actualizada e máis contemporánea das súas historias e figuras. O libro ábrese cun limiar e estudo introdutorio realizado por María Teresa Amado Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela). No Limiar, Amado Rodríguez afirma que é esta a primeira vez que as tres pezas son publicadas en lingua galega, mais que si saíran a lume en castelán, en italiano e no caso de “Unha tardiña en Mitilene”, tamén en portugués. Logo, Amado Rodríguez achega unha análise breve de cada unha das tres pezas teatrais que conforman o libro na cal se dá conta da trama e das características principais de cada peza, por separado. A seguir, engádese un apartado no que se recollen as edicións, as estreas e a bibliografía de cada unha das obras. A primeira das pezas, “Medea en Camariñas”, é un relato breve en primeira persoa co que Pociña obtivo un accésit do premio Modesto R. Figueirido en 2001 (Fundación Pedrón de Ouro) e estreada en 2005. Un monólogo dramático no que se desmitifica a historia de Medea. A peza ten como protagonista unha muller, Medea, xa de idade avanzada, que mediante un monólogo -só ouvimos a voz de Medea- narra as manipulacións e falsidades que se contan da súa vida ás mulleres de Camariñas. Aínda que só ouvimos a voz de Medea, o “Dramatis personae” está composto pola protagonista, Uxía, Marica, Rosina, Ermitas, Elpidia e outras mulleres (que nunca serán máis de dez en total). O acto desenvólvese nun único espazo, o lavadoiro público que se pode situar nunha vila de Galiza. Esta renovación do mito ten no fondo as Medeas do grego Eurípides e do romano Séneca. A segunda das pezas, “Unha tardiña en Mitilene”, representouse co título “Atardecer en Mitilene” en 2010. Esta obra achega á persoa destinataria as conversas da poeta Safo coas discípulas que viven con ela, coas que fala sobre poesía, música, política, amizade, amor... En “Unha tardiña en Mitilene”, Pociña refai no marco da vida cotiá un universo sáfico mediante certos fragmentos conservados da autora grega, Safo, e emprégaos como hipotextos da propia obra. Móstrase unha mestra Safo madura, vestida de branco, e cun grupo de seis alumnas nun patio de Lesbos. Por último, “Antígona ante os xuíces”, foi estreada en 2017, en italiano, no escenario do Mausoleo de Cicerón en Formia. Trátase dunha nova visión da vida de Antígona, o personaxe mitolóxico, no seu enfrontamento a un tribunal e ao pobo de Tebas para defender o seu comportamento. Esta “Antígona ante os xuíces” está inspirada no episodio segundo da *Antígona*, no cal leva á heroína onda Creonte polo garda que vixiaba o cadáver de Polinices. Pociña muda o escenario e, no canto de enfrontar a Antígona co rei, convérteo nun xuízo cun tribunal de cinco persoas e un coro que representa a poboación de Tebas.

VI.2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ N OU COLABORACIÓ NS FIXAS

Abilleira Sanmartín, Xosé, “A propósito de Teucro”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Tribuna abierta”, 1 setembro 2018, p. 9.

Revive a historia da fundación da cidade de Pontevedra a través de varios escritos: a tradución de Evaristo de Sela, os artigos de Aquilino Iglesia Alvariño en *La Noche* (1948) e de Luís Amado Carballo en *El Pueblo Gallego* (1924), así como obras de historiadores coma Pedro de Medina, Sarmiento e Manuel Lourenzo.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1 NARRATIVA

VII.1.1 NARRADORES GALEGOS

Andrade, Adriana, *Milladoiro de contos*, ilust. Teresa García Fernández, A Coruña: Edicións Embora, col. O Globo, xuño 2018, 96 pp. (ISBN: 978-84-16456-79-6).

Obra de Adriana Andrade (Cerqueda, 1977) publicada por Edicións Embora na colección O Globo. O libro constitúe un conxunto de sete relatos curtos ilustrados por Teresa García Fernández. Os contos están narrados en terceira persoa e presentan un argumento que vai desde o realismo ata a fantasía. A temática dos contos é diversa, aínda que todos teñen en común a aparición na historia do Milladoiro das Pozacas como fonte de maxia principal en relación aos feitos narrados. No libro inclúense relatos sobre a noite de Reis, sobre pantasmas, sobre animais coma o Sapo que quería ser ra, sobre princesas e tamén sobre xente corrente. Nas diferentes historias que compoñen a obra destaca a necesidade de coidar o medio ambiente e de valorar as consecuencias das accións dos seres humanos sobre el. Cada relato vai acompañado de varias ilustracións en branco e negro relativas ao desenvolvemento dos feitos presentados.

Referencias varias:

- Marta Villar, “Cerqueda sabe facer parroquia”, *La Opinión*, 25 agosto 2018, contracuberta.

Informa das diferentes iniciativas que están a desenvolver os veciños de Cerqueda (Malpica de Bergantiños) para recuperar a tradición do traballo comunal. En relación a isto, salientase o libro de relatos titulado *Milladoiro de contos* da escritora Adriana Andrade, obra inspirada nesta parroquia á que pertence a autora.

Aleixandre, Marilar, *A filla do minotauro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 107, [lectorado mozo], outubro 2018, 188 pp. (ISBN: 978-84-9151-189-2).

Obra de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) gañadora do XI Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2017 que foi publicada por Editorial Galaxia na colección Costa Oeste. O argumento deste libro baséase na existencia dunha organización clandestina destinada a salvar obras de arte. A historia está protagonizada por unha moza chamada Miranda que se caracteriza pola súa valentía e intelixencia. Coa colaboración doutro personaxe, de nome Antelmo, a protagonista está disposta a agochar un documento do legado cultural de Sicilia para preservar o patrimonio histórico do lugar, en concreto, o legado da literatura oral, da arte e da ciencia, de xeito que non caia nas mans dos traficantes de tesouros arqueolóxicos da mafia siciliana. A partir de este feito xorden outras historias de temática variada sobre aventuras, amor, natureza, historia, mitos clásicos, narracións orais, inventos, matemáticas, feminidade ou misterios que narran diferentes voces e que aparecen relacionadas entre si a través da figura de Miranda.

Alonso Diz, Miguel Ángel, *Música no faiado*, ilust. Laura Tova, Vigo: Edicións Xerais

de Galicia, col. Merlín, n.º 272, lectorado a partir de 11 anos, novembro 2018, 129 pp. (ISBN: 978-84-9121-409-0).

Obra de Miguel Ángel Alonso Diz (Madrid, 1976) publicada por Edicións Xerais na colección Merlín. Trátase dunha historia na que se mesturan a música e a memoria. O argumento pivota arredor de dous personaxes protagonistas, os irmáns Lucía e Miguel, que unha tarde de chuvia sinten uns ruídos no faiado e, deste xeito, descubren unha historia familiar oculta durante anos. Os rapaces coñecen as figuras do bisavó Aquilino que emigrou aos Estados Unidos antes de comezar a Guerra Civil ou as vivencias relacionados coa avoa Carme e co avó Estevo, que marcharon a Inglaterra a mediados da década dos sesenta. A través das historias dos seus familiares, os dous irmáns, entran en contacto con feitos constitutivos da historia como a represión da posguerra, a emigración, o racismo ou o medo. Ao mesmo tempo, a obra ofrece un percorrido pola música do século XX.

Álvarez Lázaro, Francisco, *Un neno na emigración*, ilustr. Marta Iglesias, A Estrada: Edicións Fervenza, 36 pp. (ISBN: 978-84-17094-30-0).

Obra de Francisco Álvarez Lázaro (A Guarda, 1957) publicada por Edicións Fervenza e ilustrada por Marta Iglesias. O libro preséntase simultaneamente en tres idiomas: galego, castelán e inglés. Trátase dunha historia realista, narrada por unha voz omnisciente en terceira persoa, que conta a historia de Breogán, un neno galego que de cativo foi vivir a Nova York. Nesta cidade, o protagonista entra en contacto con outros nenos de diferentes nacionalidades que coma el, ademais de falar en inglés, non esquecen a súa lingua materna nin tempouco o lugar onde naceron. A través dunha serie de fotos, Breogán lembra a súa visita a distintas localizacións de Galicia como Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Ourense, Lugo ou Pontevedra. O desenvolvemento da historia aparece acompañado de diversas ilustracións a cor que representan o contido do texto a través, fundamentalmente, de figuras humanas e animais.

Babarro González, Xoán, *A estraña aventura de Manoliño Singapur*, ilustr. María Brenn, Ferrol: Edicións Embora, col. O Globo, xaneiro 2018, 82 pp. (ISBN: 978-84-16456-75-8).

Obra de Xoán Babarro González (Calvelo, 1947) publicada por Edicións Embora na colección O Globo. Trátase dun conto narrado en terceira persoa que desenvolve a súa temática no eido da ciencia ficción. O libro presenta a historia de Manoliño, un rapaz que se ve impulsado a facer unha viaxe virtual ao visualizar como unha aveláña impacta na pantalla do seu ordenador deixando un círculo de po, que o protagonista interpreta como un sinal de axuda. Na viaxe, o protagonista faise amigo dun can ao que bautiza co nome de Cambises e co que comparte unha serie de aventuras como a fuxida dos electro cidadáns ou a tentativa de que as persoas teñan unha vida máis afastada da tecnoloxía. A obra conta coas ilustracións de María Brenn (1994) feitas a lapis, en branco e negro.

Barreira Freije, Andrea, *Palabra de bruxa*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 102, [mocidade], xuño 2018, 168 pp. (ISBN: 978-84-9151-181-6).

Obra de Andrea Barreira Freije (Fonsagrada, 1986) publicada pola Editorial Galaxia na colección Costa Oeste. A historia céntrase no mundo dos aquelarres e no papel das mulleres bruxas. O argumento do libro discorre arredor da figura das Xanas, as mulleres que rexentan o muíño na aldea de Queixumes e que, en virtude dos seus oficios relacionados coa menciña, cumpren co labor de contribuír coas persoas que lles solicitan axuda. A situación muda cando chega Pío Salazar á vila e decide xulgar ante a Inquisición a Berenice, a última muller da casa das Xanas, por bruxa. A partir deste feito, a historia desenvólvese en dous tempos. Por unha banda, nárrese o xuízo da protagonista, onde se pon de manifesto que os cargos atribuídos teñen que ver coa súa condición de muller, a súa sabedoría, liberdade e afouteza. Por outra banda, recupéranse os antecedentes que conduciron ao xuízo, que contribúen a trazar unha panorámica histórica e a ofrecer unha reflexión sobre a desigualdade social entre homes e mulleres.

Recensións:

- Patrícia Porto, “Berenice, muller...”, *Luzes*, n.º 60, “As libreiras”, setembro 2018, p. 89.

Comenta que a obra trata sobre o xuízo da protagonista ante a Inquisición e explica que os cargos atribuídos á protagonista teñen que ver coa súa condición de muller e mais coa súa sabedoría, liberdade e afouteza relacionadas coa súa consideración de bruxa. Fai referencia á correspondencia entre a temática desta obra e o libro anterior da autora *Non hai luz sen escuridade* e destaca que a novela explora os vínculos entre mulleres e á relevancia da protagonista sobre o espazo que habita debido aos seus diversos oficios relacionados coa menciña. Por último, sinala que a obra sae do prelo na colección Costa Oeste de Editorial Galaxia e que vai dirixida á mocidade.

Referencias varias:

- Álex Vázquez, “Andrea Barreira Freije. ‘Gústame acordarme da miña terra ao escribir as miñas obras’”, *El Progreso*, “Comarcas”, 26 agosto 2018, p. 11.

Entrevista á escritora e licenciada en xornalismo Andrea Barreira Freije que acaba de publicar o seu último libro *Palabra de bruxa* (Galaxia). Nela destácase, fundamentalmente, a temática fantástica do libro e a evidente presenza da paisaxe montañesa lucense como unha constante na súa obra.

- A. Baena, “Andrea Barreira. ‘Este libro xorde do meu enfado co mundo, pois as mulleres se xulgan polo que fan e polo que non’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 28 novembro 2018, p. 13.

Entrevista á xornalista fonsagradina Andrea Barreira, autora do libro *Palabra de bruxa* no que se tratan cuestións relacionadas fundamentalmente coa temática, a trama e os personaxes da novela.

Blanco, Isabel, *María Vinyals. Un talento rebelde*, ilustr. Luz Beloso, Vigo: Edicións Belagua, maio 2018, 125 pp. (ISBN: 978-84-946959-7-1).

Libro de Isabel Blanco que, a xeito de biografía novelada e ilustrada, recolle os principais fitos da vida de María Vinyals. Coméntase o carácter polifacético da figura de María Vinyals, destacando as súas vertentes de escritora, articulista e pioneira do feminismo. A

autora presenta a vida e o pensamento da protagonista por boca dunha pantasma que é a encargada de presentar os sucesos máis relevantes da vida e obra de María Vinyals.

Blanco, Manuel e **Jácome**, Avelino, *As andrómedas e outros contos*, ilust. Martínez Coello, Ourense: A Formiga Rabicha, decembro 2018, 208 pp. (ISBN: 978-84-936432-6-3).

Obra de Manuel Blanco e Avelino Jácome. Trátase dun libro que se achega á realidade da sociedade galega da posguerra a través de trinta e dous relatos curtos narrados por dous rapaces. Dende a perspectiva dos dous cativos, a obra ofrece dúas visións diferentes e complementarias da historia real de dúas familias procedentes do interior de Galicia durante a ditadura. Por unha parte, mediante a mirada dun dos cativos, o libro dá conta das dificultades e dos logros que acompañaron os galegos emigrantes. Por outra banda, a través da ollada do outro cativo, a obra presenta os problemas e as ledicias dos galegos que enfrontaron a pobreza da súa terra natal. A temática do libro abrangue a emigración, a tradición, as supersticións, a morte, o paso do tempo ou a loita e a perseverancia dos homes e das mulleres para acadar un mundo mellor, tanto lonxe da terra natal coma dentro das súas fronteiras. A obra inclúe as ilustracións do pintor Martínez Coello que acompañan e exemplifican certos episodios narrados.

Cajaraville, Héctor, *Kusuma*, ilust. María Sánchez Lires, Premio Merlín de Literatura Infantil 2018, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 273, lectorado a partir de 9 anos, outubro 2018, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-410-6).

Novela de Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2018. A obra, publicada por edicións Xerais de Galicia na colección Merlín, pivota arredor da desprotección das persoas migrantes e desde o punto de vista da ecoloxía. Nesta novela, a través dun narrador en terceira persoa e das intervencións dos personaxes, cóntase a historia de Kusuma, un faisán femia procedente da selva de Kaltim que ten que fuxir do seu lugar de orixe debido á agresividade do mundo industrializado. Na obra, que combina o realismo e a fantasía, as palmeiras ocupan o fogar de Kusuma e cada vez quedan menos árbores fortes nas que vivir. Debido a esta situación, a protagonista sabe que non ten futuro na súa terra nin tampouco o teñen as crías que espera. Por este motivo, decide embarcar nun mercante que a vai levar ata Galicia. Na terra de acollida terá que loitar contra os prexuízos e demostrar o seu valor e dereito a ser unha máis. Esta obra conta coas ilustracións de María Sánchez Lires (A Coruña, 1973) que combina as cores e a xeometría para darlles forma.

Referencias varias:

- N. N., “A migración e a ecoloxía cos ollos dunha faisán”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 44, 7 novembro 2018, p. 3.

Dá conta da publicación de *Kusuma* de Héctor Cajaraville, unha novela gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2018 que se artella desde a temática da desprotección das persoas migrantes e desde o punto de vista da ecoloxía.

Canal, Alberto, *O trapecista de malla de rombos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, lectorado mozo, 216 pp. (ISBN: 978-84-9121-302-4).

Novela de Alberto Canal (Ourense, 1967) publicada por Edicións Xerais. A obra conta a historia de Iupanki, un rapaz que acaba de facer dez anos e que quere ser o trapecista principal do Circo de los Muchachos. Con este propósito debe acudir á nación de Benposta, un país utópico gobernado por nenos, pois trátase do lugar no que está situada a escola do circo. Non obstante, alí descobre xente estraña que pretende acabar coa utopía que axudaron a construír nenos de diferentes partes do mundo. Ademais, Iupanki vai coñecer a contorsionista Nuna e namorarse dela. Á fin, toma a determinación de cumprir co obxectivo de arredar o circo das mans dos poderosos para garantir que os artistas da malla de rombos teñan a oportunidade de continuar desenvolvendo o espectáculo en calquera lugar do planeta. O libro está narrado desde unha perspectiva infantil caracterizada pola inocencia e o carácter soñador do protagonista. A novela pretende constituír unha homenaxe a Benposta, o primeiro proxecto de escola de circo en Galicia que, baseándose nos ideais do compromiso e a ilusión, estaba xestionado pola mocidade e forma parte da memoria colectiva de diversas xeracións.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O circo de Benposta salta a unha gran novela”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros. Galego”, 18 maio 2018, p. 8.

Reflexiona sobre a diversidade de argumentos que se tratan na novelística do escritor ourensán Alberto Canal e recensiona a súa última achega *O trapecista da malla de rombos* (Xerais, 2018). Trata aspectos relacionados cos personaxes da novela e o xogo entre realidade e ficción presente nela.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “El talento local bailó en una soleada fiesta de los libros”, *La Región*, “Ourense”, 3 xuño 2018, p. 16.

Sinala que os lectores clausuraron a Feira do Libro de Ourense na rúa do Paseo cunha aposta por títulos e autores galegos, e mercando literatura infantil e xuvenil, e cítanse as obras en galego *O trapecista da malla de rombos* (2018), de Alberto Canal, e *O coelliño branco* (2017).

Canosa, María, *Caderno de lúas*, ilustr. Dani Padrón, A Coruña: Bululú, 36 pp. (ISBN: 978-84-9454-943-4).

Álbum ilustrado con textos de María Canosa (Cee, 1978) e debuxos de Dani Padrón (Ourense, 1983). A obra constituí un breve diario que reflicte os achados da protagonista acerca da Lúa, que vai cambiando de forma ao longo da época estival. A cativa debuxa, escribe e pregunta a seu avó sobre a realidade que lle foi descuberta e achega datos científicos. A historia está narrada en primeira persoa para reproducir a voz da infancia e inclúe expresións, dúbidas ou aclaracións entre parénteses, para reforzar a expresión da voz infantil e facer verosímil a historia en formato diario. Ademais da narración, o libro inclúe nas derradeiras páxinas pequenos poemas de versos breves e rimados. Tamén hai

outra voz narrativa externa que presenta os personaxes. O texto reproducese mecanografado e manuscrito. As ilustracións de Dani Padrón ofrecen un xogo de imaxes coas dúas voces narradoras: unha externa que ilustra os personaxes e a lúa e a outra que representa as anotacións e os debuxos que a protagonista fai no seu caderno.

Recensións:

- Raquel Senra, “Un verán debuxando as caras da lúa”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 xullo 2018, p. 6.

Salienta que *Caderno de lúas* é un libro ilustrado que publicou a editorial Bululú e que se presenta como un breve diario que reflicte os achados da protagonista sobre a Lúa e os seus cambios. Tamén destaca que as verbas de María Canosa (Cee, 1978) son un bico para quen lee. Despois de ofrecer datos da traxectoria da autora na LIX céntrase na historia que se conta facendo que o receptor se fixe nas voces narrativas, nos poemas intercalados e no texto mecanografado e manuscrito. Comenta que nun primeiro momento é desconcertante por crear a sensación de estar ante dúas voces que narran. Así e todo, xera un dinamismo na lectura e resulta moi atractivo atopar esta dualidade. Pasa logo a falar do ilustrador Dani Padrón (Ourense, 1983), da súa traxectoria e no xogo de imaxes que usa neste álbum para reflectir dúas voces narradoras: unha externa que ilustra os personaxes e a lúa con liñas definidas e tons pasteis, coas que establece un diálogo complementario entre as ilustracións e o texto; a outra voz é a da protagonista e nelas emprega trazos espontáneos e marcados que xogan a representar as anotacións e os debuxos que a nena plasma no seu caderno.

- José Corderí, “*Caderno de lúas, con...*”, *Luzes*, n.º 58, “As libreiras”, xullo 2018, p. 87.

Ofrece unha recensión da obra *Caderno de lúas* (Editorial Bululú, 2018) con textos de María Canosa e ilustracións de Dani Padrón. Destaca a relevancia da ilustración da capa da obra. Informa de que o libro constitúe un diario que unha meniña recibiu de agasallo e que emprega para verter as súas inquedanzas e superar insomnio. Por último, apunta tamén que a obra inclúe a relación da protagonista co seu avó que lle ensina a comprender as faces da lúa.

- M^a Jesús Fernández, “*Caderno de lúas*”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 285, setembro-outubro 2018, p. 73.

M^a Jesús Fernández indica que se trata dunha obra en primeira persoa, cunha “deliciosa voz infantil”, que explica as cousas que vai aprendendo sobre o satélite coa axuda do seu avó. Salienta o traballo do ilustrador, que permite diferenciar as partes do caderno e os debuxos e manuscritos da nena.

Canosa, María, *O ladrón de voces*, ilustr. Noemí López, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado autónomo], 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-16456-88-8).

Álbum ilustrado con textos de María Canosa (Cee, 1978) e debuxos de Noemí López (Lugo, 1974). A obra presenta a historia de dous cativos, chamados Marcos e Sofía, que teñen cada un unha personalidade marcada pola súa capacidade de imaxinación e polo seu desexo de soñar. Por unha banda, Marcos quere ser un cazador de nubes, de maneira

que as poida levar onde estas sexan máis necesarias. Por outra banda, Sofía entusiásmase coas estrelas e cando, xunto con outros compañeiros, perde a voz, aínda que non a posibilidade de se comunicar con palabras, encamiñase a que os seus desvelos concorran nun propósito conxunto que os levará a solucionar un misterio botando man da inventiva e da pericia. A obra constitúe unha reflexión dirixida á infancia sobre a importancia das palabras e do seu significado así como sobre a relevancia da comunicación e do uso da lingua.

Caride, Ramón, *Sara ten un segredo*, ilustr. María Lires, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 69, lectorado de 8 anos en diante, maio 2018, 64 pp. (ISBN: 978-84-9121-384-0).

Novela de Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) publicada por Edicións Xerais na colección Sopa de Libros. A obra conta a historia de Sara, unha nena de sete anos que vive na cidade e cursa segundo de Primaria. Á protagonista gústalle a música e tamén pasar tempo na aldea cos seus avós. Non obstante, un día a súa rutina comeza a sufrir mudanzas cando lle comezan a faltar xoguetes e outros obxectos ou lle aparecen cambiados de sitio. Entón, Sara descobre que unha criatura coñecida como tareco é a responsable e que, entre as súas capacidades, conta coa posibilidade de transformarse en calquera obxecto. A Sara o tareco resúltalle un ser divertido e, desde que o descobre na súa casa, desenvolve, grazas a el, un mundo propio empregando a súa imaxinación.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas axudamos á terra*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], marzo 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-697-8032-9). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil co cambio climático e as súas consecuencias. Dunha maneira didáctica, sinxela e divertida, o libro achega aos máis novos os conceptos de economía circular, cambio climático ou os tres “R”, referidos á redución do consumo, á reutilización de produtos e á reciclaxe de residuos. A obra tamén afonda no coidado da terra, no uso responsable da auga, no coidado das mascotas ou na protección do medio ambiente xerando menos lixo. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, amosando como a acción dos humanos está a cambiar o clima e poñendo en perigo a vida, de xeito que se precisa a colaboración de todos para salvagardar o planeta.

Referencias varias:

- Rosa Cano, “Os Bolechas’ explican aos nenos as consecuencias do cambio climático”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 17 xullo 2018, p. 35.

Informa da presentación do libro *Os Bolechas axudan á terra*, un libro didáctico que achega aos máis pequenos a tomar conciencia das consecuencias do cambio climático. Esta iniciativa contou co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

_____, *Os Bolechas celebran o 850º aniversario de Noia*, ilustrado do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], febreiro 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-697-8031-2). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil co coñecemento da historia e dos lugares máis representativos do concello de Noia, co gallo da celebración do aniversario da fundación desta vila. Dunha maneira didáctica, sinxela e divertida, o libro achega os máis novos os a diferentes espazos do concello de Noia que operan como referentes da vila, como a Tasca Típica, a praza da Fanequeira, o Tapal, a Alameda, a praia de Testal, A Barquiña e o Joaquín Vieita, que aparece representado coma un barco que serve de vivenda. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, dando conta da historia, as características e a relevancia dos diferentes espazos singulares do concello de Noia.

Referencias varias:

- M. Gil, “Una guía de Os Bolechas celebra en 850 aniversario de la fundación de Noia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza-Noia”, 3 abril 2018, p. 31.

Dá conta da presentación do libro-guía *Os Bolechas celebran o 850º aniversario de Noia* da man da fundación de Noia. Por esta razón, a Concellaría de Cultura noiesá repartirá dous mil exemplares do libro entre os escolares da zona.

_____, *Os Bolechas comen peixe*, ilustrado do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], xuño 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-09-01817-8). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda co patrocinio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), da Consellería do Mar da Xunta de Galicia e da OPPF-4. A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil co consumo de peixe. Dunha maneira didáctica, sinxela e divertida, o libro achega aos máis novos os beneficios dunha alimentación na que estea presente o peixe e tamén dá conta da importancia da proteína do pescado para a saúde. A obra tamén afonda no coñecemento sobre as distintas especies de peixe. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, amosando a importancia da presenza do peixe na dieta dos máis novos.

_____, *Os Bolechas fan cosuas de madeira*, ilustrado do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], col Guías, novembro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-17702-42-7). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda que conta co financiamento da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA). A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil coa importancia que ten o coidado da nosa contorna para poder gozar de todos os produtos

derivados do monte. O libro conta a historia dos Bolechas que, estando na casa dos curmáns Sarela e Ying e do curmán Kofi ven un paporrubio na horta e deciden facerlle unha casa de madeira. O libro afonda na relevancia dos obxectos que se fan en madeira e presenta diferentes especies de árbores que existen en Galicia. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, amosando a importancia da presenza e da utilidade da madeira e dos produtos que se obteñen dela.

_____, *Os Bolechas van a Lugo*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-697-8088-6). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. Trátase dunha publicación que forma parte dunha serie centrada en diferentes lugares de Galicia, a xeito de guías turísticas, cun propósito didáctico. Dunha maneira sinxela e divertida, a obra presenta as personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, unha familia de seis irmáns, Carlos, as xemelgas Loli e Pili, Braulio, Sonia e Tatá, que xunto ao seu can, Chispa, de viaxe pola cidade de Lugo. A obra constitúe unha defensa á igualdade entre homes e mulleres. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Os Bolechas más lucenses”, *El Progreso*, “Lugo”, 9 maio 2018, p. 13.

Indica que o Concello de Lugo edita *Os Bolechas van a Lugo* no que se traballa a prol da igualdade entre homes e mulleres e que se distribuirá nas bibliotecas, colexios públicos, escolas infantís e asociacións.

_____, *Os Bolechas van a Santiago de Compostela (Go to Santiago de Compostela)*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda/Consortio de Santiago, [lectorado autónomo], xullo 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-16753-32-1). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. Trátase dunha publicación bilingüe en galego e inglés que forma parte dunha serie centrada en diferentes lugares de Galicia, a xeito de guías turísticas, cun propósito didáctico. Dunha maneira sinxela e divertida, a obra presenta as personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas cando van facer o tramo final do Camiño de Santiago coas súas amigas Antía e Carne e co seu amigo Nicolás. Todos eles vanse guiar polas frechas amarelas que hai repartidas pola cidade para non se perder. Non obstante, as frechas andan a xogar e o grupo terá que arranxarse para chegar á catedral. A historia comeza en San Domingos de Bonaval e avanza por varias rúas e espazos representativos da cidade como son Porta do Camiño, Casas Reais, a rúa Travesa, a praza de Cervantes, Acibechería, o Burgo das Nacións, o Hostal dos Reis Católicos ou a fonte de Praterías. O libro remata cun plano onde aparece debuxado o percorrido dos personaxes.

_____, *Os Bolechas van ás Illas Atlánticas*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda/Xunta de Galicia, [lectorado autónomo], abril 2018, col. Guías, 32 pp.

(ISBN: 978-84-697-8089-3). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. Trátase dunha publicación que forma parte dunha serie centrada en diferentes lugares de Galicia, a xeito de guías turísticas, cun propósito didáctico. Dunha maneira sinxela e divertida, a obra presenta as personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas (agás a Tatá que é moi pequeno e o can Chispa) no porto de Vigo, onde embarcan, xunto coa súa mestra Clara e o resto dos seus compañeiros da escola para ir de excursión ás Illas Cíes. Despois dunha viaxe en barco na que descubren un golfiño que salta no mar diante deles, desembarcan na illa de Monteagudo e diríxense á do Faro. De camiño dedícanse a debuxar os animais e a vexetación que atopan e tamén van buscando un príncipe encantado. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, amosando a riqueza da flora e da fauna que albergan as Illas Cíes que, xunto coa de Ons, a de Sálvora e a de Cortegada constitúen o Parque Nacional das Illas Atlánticas. O libro inclúe pictogramas para facilitar a lectura ao público infantil e remata cunha unidade didáctica e inclúe unha serie de recomendacións para viaxar polo parque.

Referencias varias:

- C. V., “Viaxe aos tesouros galegos”, *Diario de Arousa*, “Arousa”, 29 abril 2018, p. 19.

Informa da visita cultural feita polo alumnado de diferentes colexios da provincia de Pontevedra ás Illas Cíes na compañía de Os Bolechas. Esta iniciativa, promovida pola Consellería de Cultura e por Política Lingüística, levouse a cabo con motivo da celebración do Día do Libro. Con este tipo de iniciativas, preténdese fomentar a lectura entre os máis novos e apoiar a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Natural.

- Mario Álvarez, “Impulso ás candidaturas Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas cos Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 abril 2018, p. 39.

Informa da visita cultural feita polo alumnado de diferentes colexios da provincia de Pontevedra ás Illas Cíes na compañía de Os Bolechas. Esta iniciativa, promovida pola Consellería de Cultura e por Política Lingüística, levouse a cabo con motivo da celebración do Día do Libro. Con este tipo de iniciativas, preténdese fomentar a lectura entre os máis novos e apoiar a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade. Así mesmo, tamén se sinala que durante a visita se repartiu a cada alumno a guía titulada *Os Bolechas van ás Illas Atlánticas* (2108).

- Manu Otero, “Unha guía do paraíso para os nenos”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 29 abril 2018, p. 28.

Dá conta da visita guiada dun cento de escolares galegos ás Illas Cíes, acompañados de Os Bolechas, con motivo da celebración do Día do Libro. Durante a excursión, repartíronse entre os alumnos exemplares dunha guía sobre as Illas Atlánticas protagonizada polos Bolechas titulada *Os Bolechas van ás Illas Atlánticas* (2018), que contén un total de 32 páxinas.

_____, *Os Bolechas fan un barrio multiecolóxico en Lugo*, ilustrado polo autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], decembro 2018, 32 pp. (ISBN:

978-84-17702-54-0). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda. A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil coa construción de vivendas e contornas urbanas de maneira ecolóxica e sostible. Desde unha perspectiva didáctica, sinxela e divertida, o libro achega aos máis novos as tarefas promovidas polo proxecto europeo Life Lugo + Biodinámico impulsado polo Concello de Lugo. O libro presenta a planificación ecolóxica e sostible en cidades de tamaño medio e afonda no uso de recursos naturais de Galicia e na potenciación da economía verde. A obra inclúe a construción do primeiro edificio público con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico ou a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “La vida es puro juego”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 29 decembro 2018, p. 6.

Informa da doazón de xoguetes por parte de AFundación de Abanca á Cruz Roja de Lugo para os nenos máis desfavorecidos. Saliéntase, así mesmo, a presentación dun novo conto de Os Bolechas celebrada no concello de Lugo.

_____, *Os Bolechas. O oso celíaco de Sonia*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], decembro 2018, 24 pp. (ISBN: 9788417702519). ■

Libro de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) editado por Edicións Bolanda a raíz da colaboración entre a Asociación de Celíacos de Galicia (Acega) e Mercadona. A través das personaxes que constitúen o grupo dos Bolechas, a obra pretende familiarizar o público infantil coa enfermidade da celiaquía dunha maneira didáctica, sinxela e amena. A finalidade do libro é dar a coñecer como é a vida dun cativo que ten que comer alimentos sen glute. A historia está protagonizada por Ana, unha veciña dos Bolechas que é celíaca. A través de xogos, esta personaxe vailles ensinando ao grupo dos Bolechas como se diagnostica e trata a súa enfermidade, poñendo énfase na alimentación. As ilustracións do autor retratan as diferentes personaxes dos Bolechas e acompañan e exemplifican a temática da obra, describindo a súa vida cotiá de Ana.

Castro, Francisco, *Iridium*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 104, [lectorado mozo], setembro 2018, 108 pp. (ISBN: 978-84-9151-193-9).

Novela de Francisco Castro (Vigo, 1966) publicada pola Editorial Galaxia na colección Costa Oeste que trata a problemática do Dano Cerebral Adquirido. A obra conta, a través de diversos narradores en primeira persoa e o emprego dunha linguaxe coloquial, a historia de Iris, unha adolescente de primeiro de bacharelato que sofre un cambio radical na súa vida a raíz dun accidente de tráfico. Despois de ter que gardar cama durante sete meses e debido a que o accidente lle deixou importantes secuelas cerebrais, a protagonista deberá volver aprender case todas as actividades que xa sabía realizar, mesmo as rutinas

cotiás que antes facía de forma automática. Os obxectivos e as posibilidades coas que contaba Iris cambian de xeito radical tras o accidente, dado que sofre unha discapacidade. Non obstante, a súa necesidade de vivir a vida de forma intensa, lévaa a descubrir un novo camiño a través de Instagram, rede na que terá milleiros de seguidores en todo o mundo que ignoran o que lle pasa. A novela tamén se centra nas vivencias amorosas da protagonista, das amizades que forxa a pesar dos atrancos e da discriminación cara as persoas discapacitadas físicas e psíquicas, da inxustiza e, sobre todo, do menosprezo que padecen as persoas consideradas diferentes.

Recensións:

- A. Mariño, “Un amor juvenil trazado al margen de las barreras”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 setembro 2018, p. 40.

Indica a publicación da última novela de Francisco Castro que trata de amor e amizade xuvenil, mais tamén de discriminación e redes sociais, enfocada nas persoas con dano cerebral e discapacidades en xeral, documentándose na Federación Galega de Dano Cerebral e a Asociación Alento para compoñer o personaxe protagonista.

- Ramón Nicolás, “Olladas que fan sentir diferente”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 12 outubro 2018, p. 8.

Comenta a preferencia do autor pola temática do amor, tratada de diferentes xeitos e enfoques. Deseguido pasa a comentar algunhas das cuestións argumentais da historia ou características das personaxes principais.

- María Navarro, “Coloquial, directa, fresca”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 683, “Libros”, 4 outubro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 625, “Letras galegas”, 13 outubro 2018, p. 7.

Comenta algúns dos principais elementos da novela como son o argumento que guía a historia, os formatos narrativos empregados para expresar o devir dentro da novela. Tamén se comentan algunhas das características da personaxe protagonista.

- Vicente Araguas, “Adolescentes”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.067/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.067, “máis Libros”, 23 decembro 2018, p. 32.

Reflexiona sobre a temática dos adolescentes, denominando a novela “nouvelle” debido a súa extensión e ofrece un breve resumo da mesma.

Referencias varias:

- M. Obelleiro, “Francisco Castro ‘Escribo para cambiar o mundo’”, *Sermos Galiza*, n.º 315, “fóradeserie”, 27 setembro 2018, pp. 4-5.

Entrevístase a Francisco Castro quen fala do éxito da novela *Iridium*, que se achega ao dereito a vivir e amar das persoas con dano cerebral e que axuda a reflexionar, do labor de documentación e das claves para facer unha obra atractiva. Tamén fai un balanço dos dous anos como Director Xeral de Galaxia e do sistema literario galego actual que é de

“altísimo nivel” cun grande talento.

- Ana Baena, “Francisco Castro. 'Hoxe non se pode escribir unha novela protagonizada por mozos sen redes sociais”, *Atlántico*, “Vigo”, “Entrevista”, 26 setembro 2018, p. 14.

Entrevista ao escritor vigués Francisco Castro con motivo do acto de presentación do seu último libro *Iridium*, unha novela de liteartura xuvenil. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa estrutura interna da novela, narrada en primeira persoa, a relevancia dos personaxes que a protagonizan, Iris e Mario, a importancia do profesor de literatura, sobre a influencia das novas tecnoloxías no relato e o final aberto da novela e a posibilidade dunha segunda entrega do libro.

- Jorge Lamas, “Francisco Castro. ‘Non hai libros que aborden o amor e o sexo desde calquera clase de disfunción”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 outubro 2018, p. 38.

Entrevista ao escritor e director xeral da editorial Galaxia, Francisco Castro, con motivo da publicación do seu último libro *Iridium*. Nela, o autor trata cuestións sobre a novela que ten como protagonista a unha moza con danos cerebrais. O autor coloca o foco sobre a visibilización das persoas con diversidade funcional e avoga polo seu recoñecemento na sociedade. Saliéntase tamén a importancia que teñen as redes sociais na trama da novela.

- Francisco Castro, “Compendio de pánicos”, *Sermos Galiza*, n.º 325, “fóradeserie”, “novidade”, 5 decembro 2019, p. 7.

O autor comenta o súa intención de contar a verdade nesta novela que vai máis alá de Andrea para fixarse na mirada dos outros.

Costas, Leticia, *As peripecias de Extravaganzza Pérez*, ilustr. Óscar Villán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 66, lectorado de 10 anos en diante, febreiro 2018, 200 pp. (ISBN: 978-84-9121-312-3).

Relato preadolescente de formación e de aventuras da autoría de Leticia Costas (Vigo, 1979), protagonizado pola filla dunha familia singular e cuxa estrutura responde ao modelo clásico de presentación (“Breve nota de como comeza esta historia”) e peche cun “Epílogo” no que se narra o momento actual, posterior á aventura viaxeira e de formación da protagonista, que conforma o nó do relato. O relato sitúase en Vila Soño, nunha casa zoolóxico alcumada *Casa Pavo* polos veciños, onde viven os investigadores Cocó Pérez e Sebastián Pérez e a súa filla, quen chegou ao mundo coa rareza de levar lentes. No Ano do Pelicano os pais emprenden unha aventura para unha longa tempada, á que se suma con posterioridade a filla, cando vai na súa procura, facéndose eco da mensaxe da nai: se despois de dúas semanas non recibiu novas deles, debe abrir cunha chave dourada unha caixa que lle deixan en custodia e viaxar na súa busca. A partir deste detonante, *Extravaganzza* principia unha dobre viaxe: física, nun globo flamengostático cara á Illa das Esculturas; e iniciática, na que desenvolve as súas capacidades de autoestima, responsabilidade, respecto polo medio, compañeirismo e diálogo cos benefactores animais que coñece en Nocturnia, Océano Verdura, Ilusión Ártica, Selvática e Selvática Profunda, antes da meta da Illa das Esculturas. O relato complementase co á parte intitulado “Escribiron e debuxaron” nos que a autora textual e o autor icónico responden

a unhas preguntas referidas ao proceso de creación da autora.

Recensións:

- Grácia Santórum, “Unha nova conquista”, *Luzes*, n.º 57, “As libreas”, xuño 2018, p. 89.

Explica que se trata dunha novela, dirixida a público infantil e xuvenil, que narra as aventuras da protagonista a raíz do seu interese pola natureza e pola preservación dos animais que corren perigo de se extinguir a conta das accións do ser humano. Coméntase que a novela foi escrita respondendo ao eslogan do Salón do Libro de Pontevedra “Canta bichería!”. Reflexiona sobre o pouso ecolóxico da obra e afonda no feito de que a protagonista presente unha minusvalía coa que decide vivir por razóns afectivas.

Referencias varias:

- Belén López, “Xerais lanza á rúa dous títulos da colección do Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 febreiro 2018, p. 13.

Informa da chegada ás librarías de dúas novas publicacións *As peripecias de Extravaganzza Pérez* e *Escaquis e Romeu* a cargo da editorial Xerais e encadradas na colección do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Tamén se salienta que esta colección non terá continuidade polo que non se engadirá ningún novo título á serie.

- Alicia Pardo, “Dous mundos cheos de palabras”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 26 abril 2018, p. 12.

Informa da publicación de dúas obras literarias, *As peripecias de Extravaganzza Pérez* e *Escaquis e Romeu*, de Leticia Costas e Antonio Manuel Fraga, respectivamente. Ámbolos dous libros dirixidos ao público xuvenil, incrementan así a produción de obras pertencentes á literatura infantil e xuvenil galega.

_____, *A balada dos unicornios*, ilust. Mónica Armiño, Premio Lazarillo 2017, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Camaleón, lectorado de 8 anos en diante, setembro 2018, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-405-2).

Novela de Leticia Costas (Vigo, 1979) gañadora da 3ª Edición do Premio Lazarillo 2017, do Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil 2018 e do Premio Fervenzas Literarias á Mellor capa de LIX do 2018. A través dunha voz narrativa en terceira persoa, a obra, publicada por Edicións Xerais na colección Camaleón, conta a historia de Ágata McLeod, unha rapaza que estuda na Escola de Artefactos e Oficios, que pretende liberar ao seu amigo León da dirixente da escola, un gran corvo femia chamado Cornelia. León esta a piques de converterse en xenio, pero corre o risco de morrer porque Cornelia quere apoderarse do seu poder a través do asasino coñecido como o Destripador. Para liberar a León, Ágata atravesará o País dos Cans na compañía do robot Tic-Tac e de Nuno, o irmán de León, ata chegar onda o ermitán, un ser poderoso que lle axudará a salvar ao seu amigo da morte. No seu camiño tamén atopará á raíña Wendy que vencerá a Cornelia. Deste xeito, Ágata rematará dirixindo a Escola de Artefactos e Oficios.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Maxia e fabulación ‘steampunk’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 5 outubro 2018, p. 8.

Recensiona a obra literaria *A balada dos unicornios* (Xerais, 2018) da escritora viguesa Leticia Costas. Nela, Ramón Nicolás desenvolve cuestións relacionadas coa asentada traxectoria literaria da propia autora, premiada con numerosos galardóns, coa discursividade, o contexto da novela e os personaxes da novela (todos eles femininos), enmarcada na estética do *steampunk*. Así pois, en palabras do propio Ramón Nicolás: “tamén se aprende aquí que os unicornios poden cantar e axudar a cambiar o mundo”.

- María Navarro, “Desde envolturas máxicas. Chiscadelas á arte viva”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 690, “Libros”, 11 outubro 2018, p. VI.

Desenvolve cuestións relacionadas co argumento, os personaxes e a temática da novela. A obra está protagonizada por unha adolescente chamada Ágata McLeod, unhas das mellores alumnas da Escola de Artefactos e Oficios, que deberá emprender unha viaxe chea de misterios e aventuras. A obra ten como eixos temáticos a amizade, a busca da felicidade e a xustiza. Por último, comenta o empregados recursos estilísticos que enriquecen a obra, tales como o uso das imaxes sinestésicas, minuciosas descrições ou chiscadelas á arte viva.

- Fran P. Lorenzo, “Fera humanidade”, *Tempos Novos*, n.º 259, “Protexa”, decembro 2018, p. 84.

Recensión da obra *A balada dos unicornios* (Xerais, 2018). Fai referencia a que o libro anterior da autora *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (Xerais, 2015) está marcado pola intriga e o carácter cosmopolita e foi galardoado co Premio Lazarillo. Informa de que *A balada dos unicornios* tamén recibiu o Premio Lazarillo. Destaca que a obra trata temas coma o pasamento, a enfermidade, o terror, o valor ou a paixón. Explica que o argumento da obra xira arredor das aventuras dunha moza que viaxa por diferentes universos imaxinarios nun Londres definido pola súa ambientación fantástica e vitoriana que recorda tamén a Vigo. Resalta a pegada da intriga na obra. Apúntase que o libro afonda no concepto de humanidade. No tocante ao estilo subliña o ton poético e a moderación.

Referencias varias:

- Nicolás Carreira, “Leticia Costas publica en castelán ‘A balada dos unicornios’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, pp. 47/ El Progreso, “Cultura”, “Vivir”, p. 45, 12 setembro 2018.

Informa sucintamente da publicación do libro en castelán, da man do selo Anaya, como corresponde ao gañador do premio Lazarillo de Creación Literaria en 2017. Repásanse brevemente as escollas estéticas e temáticas do volume ‘steampunk’, no que a autora nos traslada a un Londres victoriano nunha novela de ciencia e fantasía, verdadeira representación da loita do ben e do mal cunha literatura coidada.

- Ana Baena, “Leticia Costas. ‘A fantasía permite falar de calquera cousa, dá a liberdade

que non se atopa noutro rexistro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 10 outubro 2018, p. 12.

Entrevista á escritora viguesa Leticia Costas con motivo da presentación da súa última novela *A balada dos unicornios*. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa súa asentada traxectoria literaria, a súa contribución na Literatura infantil e xuvenil galega, a temática que trata nas súas obras e a súa recepción, a influencia da temática fantástica para abordar algúns dos temas da obra, as referencias literarias a outros personaxes, o contexto onde se sitúa a novela e o deseño editorial que caracteriza ao libro.

_____, *Pepa a Loba*, ilustr. Eva Agra, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Mulleres bravas da nosa historia, n.º 5, lectorado autónomo, novembro 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-948755-9-5).

Obra de Leticia Costas (Vigo, 1979) publicada por Urco Editora na colección Mulleres Bravas da Nosa Historia. O libro conta a historia de Xela, unha nena que de maior quere ser bandoleira a pesar das reticencias da súa nai con respecto a esa determinación. A raíz do seu desexo, a protagonista acode a onde a súa avoa e senta ao seu carón para escoitar as historias que se contan sobre a bandoleira galega coñecida como Pepa a loba. Deste xeito, descobre a personalidade de Pepa a Loba, caracterizada pola valentía e a superación dos atrancos cos que se foi atopando na súa vida. Da mesma maneira, descobre as súas fazañas, entre as que destaca o feito de capitanear unha gavela de homes e de prestar axuda a quen máis o precisase. O libro pretende achegar á infancia a realidade e o mito que conforman a figura de Pepa a Loba.

Dacosta, Henrique, *Á deriva*, Vigo: Belagua Ediciones, lectorado mozo, abril 2018, 87 pp. (ISBN: 978-84-946959-6-4).

Obra de Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) publicada por Belagua Ediciones. O libro inclúe seis relatos breves sobre un conglomerado de vidas que desenvolven historias diferenciadas con temáticas en común nas que se mestura o realismo coa fantasía e a ironía coa comicidade. Nos diferentes contos destaca a presenza do mar e da cidade de Ferrol coa súa bisbarra, pois, ou ben resultan protagonistas da historia ou ben operan a modo de ambientación. Tamén enñan os diferentes relatos a presenza do pasado, mediante a memoria ou mediante acontecementos históricos como o accidente da Discoverer Enterprise que desfixo a Ponte das Pías, o fusilamento de Amada García no castelo de San Filipe despois de parir ou as vivencias da navegante Isabel de Barreto polos Mares do Sur. Outras historias inclúen a relación dun pescador chamado Belarmino co mar e a súa vontade de cazar un robalo, a traxedia que ameaza a unha familia na Noite de Reis ou os amores entre un fareiro e unha serea. Por último, a unidade temática da obra vén dada polo pouso de sufrimento presente en todos os relatos e o protagonismo que adquiren neles individuos marxinais da sociedade.

Dios, Olga de, *Monstro Rosa*, ilustr. da autora, Zaragoza: Apila Ediciones, lectorado a partir de 3 anos, abril 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-17028-07-7).

Álbum ilustrado de Olga de Dios Ruiz (San Sebastián, Guipúzcoa, 1979) publicado por

Apila Ediciones. Trátase dunha obra que pretende achegar ao público lector infantil a riqueza que supón a diversidade. O libro, a través dun narrador en terceira persoa, recolle a historia da vida dun monstro que é diferente, pois no lugar onde naceu todo é branco, desde os monstros ata os edificios nos que viven. Non obstante, el é de cor rosa e tan grande que non colle dentro dun deses edificios. Por este motivo, o protagonista emprende unha viaxe na procura de diferentes lugares, ata que atopa un onde todos os habitantes son diferentes e teñen habilidades distintas. Deste xeito, o libro presenta un feixe de personaxes: dende os monstros iguais e de cor branco, agás o protagonista, ata as máis diversas figuras. Entre estas últimas destacan unha rá, un paxaro ou mesmo un monstro azul, que habitan o recuncho de diferentes cores, onde cada personaxe desenvolveu as súas propias habilidades que o singularizan e identifican. A obra remata co protagonista dándolles a benvida a ese lugar aos seus antigos veciños e veciñas de cor branca.

Duncan, Xosé, *As lembranzas perdidas no lago Antelväri*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 100, [mocidade], febreiro 2018, 232 pp. (ISBN: 978-84-9151-160-1).

Volume de Xosé Duncan (Chorente, 1970) que se estrutura en vinte e catro capítulos e mais un epílogo nos que se relata narra a historia dunhas criaturas de luz que habitan as profundidades dun lago situado nas Fragas do Antelväri. A verdadeira natureza deses entes revélase a partir das vivencias de cada un dos habitantes do lugar. Preséntase unha sociedade rexida por una misteriosa organización, a Asociación, destinada a facerse cargo de anciáns e doentes. Entre os diversos personaxes destaca o vello Olavi, que se traslada a vivir ás marxes do lago para fuxir dos seus recordos. A raíz da súa historia, amósanse outros habitantes da vila, coma os traballadores de correos Makie e Pil, as viúvas Helena e Ylva ou a dirixente da Asociación, Laura Xiada. Tamén a conta da chegada de dúas personaxes foráneas, o estudoso de fenómenos paranormais Xabier e a aspirante a reporteira Linda Negreira, descubrirase o alcance do poder da Asociación, a súa relación coas criaturas do lago e a natureza e o poder deses seres. En cada capítulo, Xosé Duncan achega unha reflexión de carácter universal sobre os diferentes condicionantes da existencia humana coma o paso do tempo, a soidade, a morte, a sede de poder, a opresión social ou as lembranzas como principio constitutivo da humanidade.

Recensións:

- Alba Rozas, “Xosé Duncan revela o que nos fai humanos”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 maio 2018, p. 4.

Dise que Galaxia acaba de publicar *As lembranzas perdidas no lago Antelväri* de Xosé Duncan na súa colección Costa Oeste. Explícase que a novela narra a historia dunhas estrañas criaturas luminosas que habitan as profundidades do lago situado nas Fragas do Antelväri, unha vila do norte desde onde se pode contemplar a aurora boreal. Saliéntase que, a través da relación entre os múltiples personaxes e o lago, o lector descobre unha sociedade rexida por una misteriosa organización, a Asociación, destinada, desde a súa orixe, a facerse cargo de anciáns e enfermos e capaz de controlar desde os medios de comunicación ata a sanidade, alén das fronteiras da vila. Faise fincapé na relevancia dos diversos personaxes e na relevancia que adquiren na obra temas coma o paso do tempo, a soidade, a morte ou a sede de poder.

El hematocrítico, *O lobo con botas*, ilust. Alberto Vázquez, trad. Anair Rodríguez Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, lectorado autónomo, abril 2018, 72 pp. (ISBN: 978-84-9121-389-5).

Obra de El Hematocrítico, traducida ao galego por Anair Rodríguez Rodríguez, ilustrada por Alberto Vázquez e publicada por Edicións Xerais de Galicia na colección Pequeno Merlín. Este libro supón a continuación da primeira entrega do mesmo autor, titulada *Feliz feroz. O lobiño riquiño* (2016), na que rompe co estereotipo do lobo malo dos contos, ofrecendo un lobiño bo que monta unha pastelería e que lle ensina ao seu tío Lobo Feroz a respectar as diferenzas. Neste segundo título, o tío é dono dunha xastrería e debe buscar solucións para o seu negocio, xa que está en crise. As posibilidades pasan por diversificar o seu traballo, aproveitando o éxito que ten o Gato con Botas entre a infancia do bosque que, ao igual que o seu sobriño, queren vestir o sombreiro, levar a espada e calzar as botas do admirado heroe felino. Trátase dunha proposta que pretende achegar á infancia, desde unha perspectiva didáctica e divertida, a través de gatos, lobos e xigantes, os perigos do consumismo.

- Carmen Ferreira, “Cando os lobos non son o que parecen”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xuño 2018, p. 5.

Dáse noticia de que, despois de publicar *Feliz feroz. O lobiño riquiño* (2016), Edicións Xerais de Galicia saca do prelo unha nova entrega de El Hematocrítico titulada *O lobo con botas*, con ilustracións do artista coruñés Alberto Vázquez. Explícase que na primeira o autor rompe co estereotipo do lobo malo dos contos, ofrecendo un lobiño bo que monta unha pastelería e que lle ensina ao seu tío Lobo Feroz a respectar as diferenzas. Dise que, na segunda entrega, o tío é dono dunha xastrería e debe buscar solucións para o seu negocio que está en crise.

Evan Freijedo, Alba de e Javier Domínguez Pérez, *Naturizo. Un fogar para marmelo*, ilust. dos autores, Ourense: Edicións Linteo, col. Naturizo, n.º 5 [lectorado autónomo], novembro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-8494772863).

Obra de Alba Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez publicada por Edicións Linteo. Trátase da quinta entrega da colección Naturizo. O libro conta a historia dun ourizo cacho chamado naturizo que vive na Serra de San Mamede do Macizo central ourensán. Neste lugar comparte aventuras cos seus amigos e tamén con personaxes novos. Todos eles viven historias enfiadas pola amizade, o coidado ao medio ambiente, a axuda e o respecto aos demais. Neste caso, o canciño Marmelo aparece perdido na serra, un día de sol de outono, tremendo de frío. O can estraña o seu fogar e será Naturizo quen lle axude a atopar un novo. A obra vén acompañada dun caderno de actividades entre as que destacan as manualidades e os exercicios de comprensión. Todas elas están pensadas para que o público lector infantil traballe de xeito independente ou con pais e profesores.

Referencias varias:

- Mónica V. Lopo, “Alba De Evan Freijedo, Javier Domínguez Pérez. ‘Os valores da vida con Naturizo’”, *La Región*, “Vida. Suplemento de sociedad”, n.º 2.338, “En confianza”, 15 abril 2018, pp. 2-3.

Entrevista a Alba de Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez, autores da colección de

contos “Naturizo”, un conxunto de cinco libros dirixidos ao público infantil. Nela, abórdanse cuestións relacionadas co contido de cada un dos libros e a finalidade que perseguen, así coma doutros proxectos que están a desenvolver os autores.

- C. R. “Naturizo, unha ferramenta ideal para traballar na aula ou na casa”, *La Región*, “*Xornal escolar*”, n.º 141, “Hiperactivos”, 25 abril 2018, p. 2.

Dá conta da publicación dunha colección de contos infantís titulada “Naturizo” da man dos escritores ourensáns Alba de Evan e Javier Domínguez. Protagonizada por un ourizo cacho, destaca polo seu carácter medioambiental e a súa variedade temática. Estes contos tamén incorporan un caderno de actividades para os cativos.

Fariña, Anxo, *Os Megatoxos e a batalla de Rande*, ilustr. Anxo Fariña, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, Megatoxos, nº 5, lectorado a partir de 11 anos, xaneiro 2018, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-298-0).

Obra de Anxo Fariña (Vigo, 1977) publicada por Edicións Xerais de Galicia. Trátase do sexto título da saga dos Megatoxos, que narra as aventuras protagonizadas por un grupo de adolescentes con poderes extraordinarios, adquiridos tras ser picados por un toxo, e que viaxan no tempo a diferentes lugares para atopar o antídoto. Nesta ocasión os protagonistas van de excursión ás ruínas militares de Cabo Silleiro, viaxan á batalla naval de Rande, acontecida o 23 de outubro de 1702 na Ría de Vigo, onde Ruxe, Faísca, Ninfa, Lúa e os xemelgos viven aventuras enfiadas pola amizade e o amor e descubren a existencia dun novo galeón “O Indomable”, que non figura nos rexistros pero que porta unha arma capaz de cambiar a historia.

Recensións:

- Xesús Fraga, “O inesgotable tesouro de Rande”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 febreiro 2018, p. 27.

Fala do argumento da última entrega da serie dos Megatoxos, que se centra na descuberta dos galeóns afundidos na ría de Vigo, e das peculiaridades dos protagonistas que sofren unha mutación xenética. Ademais salienta que o logro da serie se debe á diversión e aventuras e á evolución propia dos protagonistas. Por último fala de posibles escenarios para futuras entregas.

- Carmen Ferreira, “Os Megatoxos e a batalla de Rande”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xuño 2018, p. 6.

Dáse conta de que Edicións Xerais de Galicia acaba de publicar o sexto título da saga dos Megatoxos, creada por Anxo Fariña. Explícase que a saga narra as aventuras protagonizadas por un grupo de adolescentes con poderes extraordinarios que adquiriron tras ser picados por un toxo e que viaxan no tempo a diferentes lugares para atopar o antídoto. Alúdese aos títulos anteriores: Os Megatoxos e o aprendiz de druída, Os Megatoxos e os templarios da luz, Os Megatoxos e a cara oculta da lúa, Os Megatoxos e o dragón de xade e Os Megatoxos e a espada esmeralda. Anótase que Os Megatoxos e a batalla de Rande conta a excursión dos protagonistas ás ruínas militares de Cabo Silleiro e á batalla naval de Rande, onde coñecerán a existencia dun novo galeón.

Referencias varias:

- Ana G. Liste, “Anxo Fariña. ‘Fáltalle unha película á Ría de Vigo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 febreiro 2019, p. 33.

Dá conta da presentación da obra *Os Megatoxos e a batalla de Rande*, de Anxo Fariña. O artigo en cuestión trátase dunha entrevista na que atende ás últimas publicacións do autor, á capacidade prolífica deste ou como intenta plasmar diferentes elementos nas súas obras para a interpretación da mocidade.

- Cuca M. Gómez, “Quién fuera niño otra vez”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 2 abril 2018, pp. 54-55.

Dá conta da presentación do volume no Espazo Lector Nobel de Pontevedra, salientando a presenza de Rande como telón de fondo e a formación en Belas Artes do autor.

Fernández Castro, Juan Andrés, *Guendufe o anano*, ilustr. Gabriel Iglesias Sanmartín, A Estrada: Edicións Fervenza, [lectorado autónomo] outubro 2018, 44 pp. (ISBN: 978-84-17094-41-6).

Obra de Juan Andrés Fernández Castro publicada por Edicións Fervenza. O libro constitúe un relato breve protagonizado por un anano chamado Guendufe que evita a presenza dos adultos humanos pero que chega a facer amizade cos cativos sen que se decaten os maiores. Nesta obra, Guendufe, despois dunha etapa de aprendizaxe, abandona a ferraría que lle foi asignada. Tras ser atrapado por unha aguia e estar a piques de perder a vida por iso, coñece a un rapaz chamado Daniel e faise amigo del e do seu irmán pequeno. Os cativos dánlle alimento e protección e xuntos inician unha viaxe a un sitio coñecido como O Areal, marcado pola desolación. Nese lugar, ao pé das ruínas dun castelo, os tres viven aventuras enfiadas polo seu carácter extraordinario. Non obstante, ao cabo, o anano Guendufe debe regresar ao seu mundo subterráneo onde remata a historia de xeito inesperado.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A viaxe heroica de Guendufe”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.066 / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.066, “máis Libros”, 16 decembro 2018 p. 30.

Destaca a ampla traxectoria do autor no eido da investigación historiográfica galega así como a súa incursión na literatura de ficción con esta obra. O autor reflexiona sobre o receptor a quen vai dirixido o libro, aborda a temática e a estrutura da obra, a influencias que se reflicten nela e, por último, reflexiona sobre o deseño gráfico do volume.

Fernández Naval, Francisco X., *Os contos da avoa Pepa*, ilustr. Manolo Figueiras, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, lectorado a partir de 9 a 12 anos, 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-8464-436-1).

Obra de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) publicada por Kalandraka Editora na colección Seteleguas. O libro narra en terceira persoa as anécdotas da infancia da avoa Pepa, de xeito que se describen, entre outros detalles, a casa na que naceu, a vexetación da contorna, os paxaros, o río ou as festas da vila. Tamén inclúe historias de antes do seu nacemento. Entre elas, destacan as vivencias na emigración do seu avó Bintil, que tivo que marchar a Cuba, da súa familia cando o seu pai ten que ir á guerra ou as relativas ao pasado dos seus irmáns. Trátase de historias que foron pasando oralmente de xeración en xeración ata formar parte do patrimonio da memoria. Todas elas transmiten os medos, as ledicias, os desexos e as preocupacións dunha familia do rural galego. Os relatos dan conta dese contexto sen adiantos tecnolóxicos nin comodidades, caracterizado polas tradicións, fábulas, as adiviñas, os refráns ou a riqueza culinaria, animal e paisaxística.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “O libro que naceu dun soño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2018, p. 38.

Coméntanse aspectos como a temática e a estrutura da obra e tamén se destaca o labor de Manolo Figueiras, encargado das ilustracións da obra.

Fernández Rey, Ángela, *Chitón ata a Fin da Terra*, ilust. Anabel Montouto, A Estrada: Edicións Fervenza, lectorado autónomo, xuño 2018, 64 pp. (ISBN: 978-84-17094-34-8).

Obra de Ángela Fernández Rey (Ourense) publicada por Edicións Fervenza. O libro, narrado en terceira persoa, conta a historia de Chitón, un pequeno morcego acabado de nacer que quere saír da súa cova polo día para ver o mundo que hai fóra dela. O protagonista coñece a unha gaiyota chamada Gavi e pídlle que lle mostre a contorna de Fisterra, que é o lugar onde se desenvolve o conto. Chitón acaba convencendo a Gavi, pero a gaiyota explícalle que os morcegos son animais nocturnos que só poden saír de noite, pois polo día están expostos a grandes perigos. Ao final, Chitón sobre ao lombo de Gavi e ambos os dous saen de excursión para ver, a vista de paxaro, as marabillas do lugar no que habitan. Acompañan o texto as ilustracións de Anabel Montouto que contribúen a complementar a lectura.

Referencias varias:

- Gonzalo Gay, “Ángela Fernández Rey. ‘Escribir para los niños es difícil, son el lector más exigente’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 20 xuño 2018, p. 19.

Entrevista á escritora ourensá Ángela Fernández Rey con motivo da presentación do seu segundo libro infantil *Chitón ata a Fin da Terra*. Nela, desenvólvense diferentes cuestións relacionadas coa temática do libro e o público ao que vai dirixido, a importancia que tivo o premio Pura e Dora Vázquez na súa carreira literaria, de onde xurdiu o seu gusto pola escritura, a importancia das ilustracións na obra e os seus futuros proxectos literarios.

- Montse García, “Ángela Fernández Rey”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 21 xuño 2018, p. L10.

Informa da presentación da obra en Bertamiráns, coa autora acompañada polo escritor Armando Requeixo, Valentín García, e mais a ilustradora, Anabel Montouto. Contará tamén con actuación musical.

- Mónica V. Lopo, “Ángela Fernández Rey. ‘Aventuras para os cativos’”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.356, “En confianza”, 19 agosto 2018, pp. 2-3.

Entrevístase á autora que fala da súa paixón por escribir, do argumento da obra e da súa acollida polo lector infantil ao tratar a amizade, o respecto e a sinceridade, da dificultade da escrita para nenos, do que significou para a súa traxectoria recibir o Premio Pura e Dora Vázquez e dos seus últimos proxectos.

- Ángela Fernández, “Cumprir coa tradición”, *La Región*, “*Nadal 2018*”, “La navidad de... Ángela Fernández”, 24 decembro 2018, p. 95.

Fai referencia ao segundo libro infantil da autora, *Chitón ata a Fin da Terra*.

Fernández-Trelles, Sabela, *O ladrón de soños*, ilust. Alicia Suárez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, [lectorado autónomo], maio 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-378-9).

Novela de Sabela Fernández-Trelles publicada por Edicións Xerais na colección Pequeno Merlín. O libro pretende achegar ao lector infantil a importancia de coñecer as persoas antes de se facer unha idea equivocada sobre elas e as súas intencións, para así comprobar que as aparencias poden resultar enganosas. A trama da novela desenvólvese na cidade de Soñovai, onde o Mago Uxío é quen se encarga de entreter e facer sorrir os nenos para que teñan uns soños maravillosos nos que poidan facer realidade as súas fantasías. Un día descobre que un ladrón, un pouco desorganizado e despistado, quere apoderarse de todos os soños bos e consegue detelo antes de que cumpra os seus plans. O que non sabe é que o ladrón pretende regalárillelos aos nenos dunha cidade veciña que só teñen pesadelos. Iso converteraos en grandes amigos e aliados. As ilustracións dinámicas e a cor de Alicia Suárez (Pontevedra, 1974) acompañan a historia.

Recensións:

- Giulia Vezaro, “O ladrón de soños de Sabela Fernández Trelles”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 xullo 2018, p. 6.

Infórmase da publicación da obra *O ladrón de soños* (Xerais, 2018) de Sabela Fernández Trelles na colección “Pequeno Merlín”. Explícase que o libro achega á infancia unha reflexión sobre a importancia de coñecer a alguén antes de facernos unha idea equivocada sobre quen é e as súas intencións. Dise que a trama transcorre na cidade de Soñovai, onde o Mago Uxío se encarga de entreter e facer sorrir os nenos para que teñan soños maravillosos ata que descobre un ladrón. Este quere apoderarse de todos os soños para regalárillelos aos nenos dunha cidade veciña que só teñen pesadelos. Anótase que acompañan a historia as ilustracións dinámicas e a cor de Alicia Suárez.

- María Navarro, “Trasfondo altruísta. Con enxeño e habilidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro*

da Cultura", n.º 679, "Libros", 6 setembro 2018, p. VI.

Desenvolve cuestións relacionadas cos personaxes da novela, en concreto, cos protagonistas e o antagonista (caracterizándoos como "convencionais") o espazo onde se sitúa a acción (na cidade de Soñovai). Destácase a importancia que vai cobrar o mundo onírico na obra e ese xogo entre a realidade e a fantasía cuxas fronteiras resultan difusas. Tamén se cita outras obras da autora, Sabela Fernández Trelles, tales como *Augusta e os seus medos*, *O dragón Pepón* ou *As aventuras de Mariña e Lucas*. Remata sinalando que as ilustracións que acompañan ao texto pertencen a Alicia Suárez.

Fraga, Antonio Manuel, *Escaquis e Romeu*, ilustr. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 67, lectorado de 10 anos en diante, febreiro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-313-0).

Obra de Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976) publicada por Edicións Xerais de Galicia na colección Sopa de Libros. O libro conta a historia de Romeu, o barbeiro dun pobo do norte que sofre burlas e abusos por parte dos seus veciños. Ao protagonista aparéceselle unha criatura chamada Escaquis que ten poutas e cornos e pode trazar portas que existen na memoria dos demais e que conducen a outra dimensión do mundo. Nela, Romeu e outra xente coma el poden arranxar os problemas que padecen. Escaquis non só axudará a Romeu, senón tamén ao varredor Sven, a unha escritora e á familia de Marmelos nos seus desencontros cos caseiros, cos matóns Peiteadiños, cos problemas de peso e saúde ou mesmo coas dificultades de instalarse a vivir nunha vila nova. Non obstante, un día aparece un porco mestre chamado Bacoriño para levar á casa a Escaquis. Daquela o grupo deberá emprender unha viaxe ata a Illa Burato na procura do sitio en que a Gran Curuxa recolla á criatura e a leve ao seu lugar de orixe. Deste xeito, a obra enfaa temáticas como a bondade, a esperanza ou a fantasía como liberación.

Referencias varias:

- Belén López, "Xerais lanza á rúa dous títulos da colección do Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 8 febreiro 2018, p. 13.

Informa da chegada ás librarías de dúas novas publicacións *As peripecias de Extravaganzza Pérez* e *Escaquis e Romeu* a cargo da editorial Xerais e encadradas na colección do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Tamén se salienta que esta colección non terá continuidade polo que non se engadirá ningún novo título á serie.

_____, *No corazón da balea*, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Editorial Tambre, col. Alta Delta. Serie Vermella, n.º 25, lectorado a partir de 5 anos, abril 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-9046-326-0).

Obra de Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976) publicada por Editorial Tambre. O libro conta, en primeira persoa e a través dos diálogos dos personaxes, a historia de dous irmáns, chamados Aicé e Reibax, que viven na illa Pepereta. Unha mañá chama a atención dos irmáns a carpa dun antigo cirto e, en lugar de acudir á escola, diríxense a el. Ao entrar atopan un submarino con forma de balea, pregúntanse que fai alí e mergúllanse nun proceso de resolución de varios enigmas para dar coa orixe do descubrimento. A obra

constitúe un relato fantástico que pon de manifesto a importancia da imaxinación e da creatividade, xa que os protagonistas deben resolver diversas adiviñas para descubrir que esconde o submarino con forma de balea. O texto vai acompañado das ilustracións a cor de Xan López Domínguez (1957) que representan as distintas personaxes do relato así como os acontecementos máis relevantes da historia.

_____, *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, ilustr. Víctor Rivas, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco xuvenil, [mocidade], novembro 2018, 253 pp. (ISBN: 9788494875533).

Obra de Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976) publicada por Urco Editora. O libro conta, en primeira persoa e a través dos diálogos dos personaxes, a historia de Suso, un neno de trece anos que en 1933 vai pasar o verán nas colonias do Sanatorio Marítimo de Oza por mor dun problema de saúde. Durante o traxecto en tren cara ao seu destino, descobre un misterioso caderno, o *Liber bestiarium scientificus* de Anxos Nogueirosa. A autora desta obra é a tía de Tila, unha rapaza das colonias coa que se converterá na amiga e incluso no amor do protagonista. A través do motivo do bestiario, os dous rapaces descubren un compendio de animais fabulosos que achegan ao público lector unha visión naturalista e fantástica do imaxinario mitolóxico galego. Ademais, este tipo de estudo serve na obra para render tributo á docencia e á investigación encabezada por mulleres como a científica galega Ángeles Alvariño e a mestra Elvira Bao. A temática do libro pivota arredor das tradicións, do mundo rural e da loita das mulleres para conseguir ter os mesmos dereitos que os homes. Acompañan o texto as ilustracións de Víctor Rivas (Pontevedra, 1965) que plasman, entre outras, as distintas criaturas do bestiario.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Antonio Fraga. ‘Sigo a ter a sensación de que estou no comezo. Aínda me considero un autor novel’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 17 decembro 2018, p. 7.

Na entrevista analízanse diferentes cuestións relacionadas coa estrutura da obra como os personaxes e o espazo. Así mesmo, salientase a importancia das personaxes femininas no seu libro e a traxectoria literaria do autor, galardoado co I Premio María Victoria Moreno.

Fragoso, José, *A miña voz*, trad. Laura Sousa Sánchez, pról. Manuela Carmena, ilustr. do autor, Madrid: Narval Editores, col. Álbum ilustrado, lectorado a partir de 3 anos, marzo 2018, 40 pp. (ISBN: 978-8494819360).

Obra de José Frago (Madrid, 1975) sobre a transcendencia das palabras ditas e a relevancia de todas as voces independentemente da súa procedencia ou de quen sexa o que fala. O libro constitúe, desde unha perspectiva didáctica e amena, unha reflexión sobre a capacidade que supón a voz humana para nomear o mundo e desenvolver con ela múltiples tarefas. Nas primeiras páxinas, a obra ofrece diversos textos para que o público lector infantil xogue, converse e experimente coa súa voz. Nas seguintes salientase a importancia da voz para configurar a personalidade, para cambiar a mellor o mundo ou para conseguir os propios obxectivos. O libro incide tamén no modo en que se din as palabras, de xeito que as boas formas contribuirán a que os demais escoiten e acepten a

perspectiva dun ou dunha aínda que non a compartan. Xunto co texto sitúanse as ilustracións do autor que axudan a comprender o contido. De feito, o libro recolle que hai persoas que nacen sen poder falar e aínda así poden comunicarse a través da linguaxe de signos e, a continuación, recóllese, acompañado de ilustracións, o abecedario das persoas mudas.

Gallego Esperanza, Mercedes, *O Froilán*, ilustrado por Ana M^a Mon, Ourense: E/A, lectorado autónomo, xaneiro 2018, 134 pp. (ISBN: 978-8469790342).

Obra de Mercedes Gallego Esperanza dividida en once capítulos que recolle as memorias dun gato chamado Froilán desde pequeno ata adulto. O libro narra como o gato foi regalado de cría a un rapaz de cidade que se fartou del cando o animal medrou. O rapaz xunto coa súa familia decide desfacerse del e abandonalo no monte, mais nese momento unha veciña apiádase do gato e entrégallo a unha nova familia. O animal vai vivir a unha casa de campo da que pode entrar e saír cando queira e protagoniza un feixe de aventuras. Ademais descobre que se pode comunicar de xeito telepático coa súa ama e decide ditalle as súas memorias que inclúen, entre outras, as súas primeiras saídas fóra do valado, a historia do sapo Padeixón ao que tiveron que darlle un escarmento para que deixase de molestar ás ras do estanque, a vinganza do rato sobre a cadela Clío, coa que tiña problemas, o plan dos raposos para desbaratar a cacería ou a curación das pitas dun galiñeiro. A temática da obra enfía a humanidade do gato protagonista e a empatía con outros animais coa preocupación polo medio ambiente. Acompañan o texto as ilustracións de Ana M^a Mon que plasman situacións e personaxes.

Recensións:

- María Navarro, “Prosa áxil. Da relación simbiótica das especies”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 664, “Libros”, 12 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 613, “Libros”, 21 abril 2018, p. 10.

Desenvolve cuestións relacionadas co argumento e os personaxes da novela protagonizada polo galo Froilán. Ao longo de once capítulos que relatán as anécdotas e lembranzas do galo desde pequeno até ser adulto reflexiónase sobre a igualdade, a convivencia ou o respecto. Por último, Navarro remata facendo alusión ao estilo sinxelo e áxil da novela e á importancia das ilustracións de Ana M^a Mon Delgado que acompañan e complementan ao texto.

García Turnes, Beatriz, *O ouro das lúas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 103, [mocidade], xuño 2018, 268 pp. (ISBN: 978-84-9151-186-1).

Beatriz García Turnes (Santiago de Compostela, 1973) dedica a obra aos seus fillos Ana, Beatriz e Xosé. O libro trata temas como a desconfianza, o amor, a envexa, o sometemento, a discriminación, a desigualdade de xénero, etc. A partir dun narrador omnisciente en primeira persoa, a autora relata a historia de Tide, a serva da sacerdotisa Ura que se ve na obriga de acompañar á súa señora na viaxe de peregrinación ao Templo do Sol Nacente –templo dedicado ao deus Moluc. O traxecto iníciase a comezos da primavera, no mes de marzo e, durante o mesmo o séquito de Ura ten que afrontar aos diferentes perigos que os perseguen. Ao chegar ao seu destino, á cidade de Erel, Ura e a súa criada Tide descubren a existencia dun libro –o *Libro das orixes*– que demostraría a igualdade entre sacerdotisas e sacerdotes –motivo polo que Ura decidira emprender esta

longa viaxe. Ao pouco, Ura e o bibliotecario que custodiaba ao libro aparecen mortos en estrañas circunstancias. Tide vai facer todo o posible por coñecer a verdade e cumprir a promesa que lle fixo á súa superior antes de morrer. Finalmente, decide marchar co servente Noúr e seren felices e libres. Estilisticamente, a autora bota man do monólogo interior alternándoo co diálogo entre os distintos personaxes. A obra estrutúrase en tres partes claramente diferenciadas: unha primeira, intitulada “a viaxe” (que conta con dezanove capítulos), unha segunda, co título de “o destino” (composto por vinte e oito capítulos) e unha derradeira, o epílogo.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Camiños abertos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.045/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.045, “máis Libros”, 22 xullo 2018, p. 30.

Recensiona a obra narrativa *O ouro das lúas* (Galaxia, 2018) da escritora Beatriz García Turnes. Nela, Armando Requeixo desenvolve cuestións relacionadas coas coordenadas espazo-temporais da novela, situada nun tempo pasado nun vasto imperio que se estende desde o Occidente do Templo das dúas Lúas ata o Oriente do Templo do Sol Nacente; a interesante trama, baseada nunha peregrinación chea de peripecias. A este respecto, Requeixo encadra a obra na modalidade narrativa do *bildungsroman* ou tamén chamada novela de iniciación, protagonizada por unha personaxe infantil feminina chamada Tide. Ademais, tamén se salienta a denuncia e a crítica social e a problemática do xénero. Destácase tamén o estilo e a linguaxe empregada pola escritora, “unha prosa fluínte que cose con finura descrición e diálogo”. En palabras do propio Armando Requeixo, “*O ouro das dúas lúas* ten a virtude de engaiolar polo misterio e transportarnos a un tempo remoto, cheo de resonancias fascinantes”.

Referencias varias:

- Montse García, “O ouro das lúas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 21 setembro 2018, p. L11.

Informa da presentación da novela *O ouro das lúas* (Galaxia, 2018) da escritora compostelá Beatriz García Turnes. No acto, que tivo lugar na librería Couceiro, participaron Armando Requeixo e a editora Malores Villanueva.

Gómez, Ana B. e Ignacio **Hernández**, *Jules Verne e o pesadelo de Xulia*, ilust. Ignacio Hernández, Vigo: Lobito Bueno, lectorado autónomo, xaneiro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-944248-5-4).

Obra de Ana B. Gómez e Ignacio Hernández protagonizada por unha personaxe feminina chamada Xulia. O conto transcurre en Vigo, cando Xulia sofre un forte pesadelo. A raíz disto, a protagonista xunto co seu avó comezarán unha fascinante aventura e viaxarán no tempo xunto ao arquicoñecido personaxe Jules Verne.

Referencias varias:

- Ana Fuentes, “Lobito Bueno, una editorial que hace activismo cultural”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 19 marzo 2018, p. 10.

Informa da creación dunha nova liña de produtos de calidade dirixida ao público infantil e xuvenil da man da editorial viguesa Lobito Bueno, a cargo de Ana B. Gómez e Matilde Corral, e fai un repaso pola produción literaria da editorial, que xa conta con seis libros no mercado. Ademais, refírese á existencia dunha colección dedicada a Jules Verne con dous libros xa publicados como son *20.000 leguas de Verne a Vigo* e *Jules Verne e o pesadelo de Xulia* (2018).

González Costa, Teresa, *A noite das bicicletas*, ilust. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 269, lectorado de 11 anos en diante, abril 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-369-7).

Obra de Teresa González Costa (*O Grove*, 1975) publicada por Edicións Xerais na colección Merlín. O libro conta a historia dun grupo de saltimbanquis que chegan a unha cidade para entreter á xente da vila. O protagonista é un rapaz que se chama Raymond e ten unha paixón incontrolable que son as bicicletas e as carreiras. Nesta cidade namórase da filla do alcalde, Valentina, e o seu pai, xunto coa nai e o futuro prometido dela, intentan estragar os plans do rapaz que se ve salvado pola súa namorada, quen participa na carreira no seu lugar. A historia está narrada por unha das irmás de Raymond que é unha apaixonada dos paxaros. A obra representa o contraste entre o mundo dos saltimbanquis (a imaxe da simplicidade do día a día, da sinxeleza da vida e da tenrura relacionada á familia, á amizade e ó amor) e o da aristocracia, cuxas únicas preocupacións son as aparencias. Estes dous aspectos crean situacións de humor, risa e ironía. Outro tema que sobresaé na obra é a importancia dos soños e a forza que algúns teñen para conseguir logralos. O texto vai acompañado coas ilustracións de Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) que atinxen a os momentos máis importantes da historia.

Recensións:

- Giulia Vezzaro, “A noite das bicicletas”, de Teresa González Costa”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 setembro 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *A noite das bicicletas* (Xerais, 2018) de Teresa González Costa. Dise que a autora gañou varios premios, entre os que se destacan o Premio Álvaro Cunqueiro, o Premio Manuel María (conseguidos no ano 2008 e, en 2010 respectivamente) e o Premio Merlín de Literatura Infantil pola obra *A filla do ladrón de bicicletas*, precuela do libro presentado. Explícase que a novela trata a historia dun grupo de saltimbanquis que chegan a unha cidade para entreter á xente da vila. Destácase que o protagonista é un rapaz que se chama Raymond e que ten unha paixón que son as bicicletas e as carreiras. Apúntase que se namora da filla do alcalde, Valentina, e o seu pai, xunto coa nai e o futuro prometido dela, intentan estragar os plans do rapaz que se ve salvado pola súa namorada quen participa na carreira no seu lugar. Saliéntase que a obra representa o contraste entre o mundo dos saltimbanquis e o da aristocracia e que nela predominan o humor e a ironía. Anótase que vai acompañada das ilustracións de Jacobo Fernández Serrano.

Gracián, Ánxela, *As voces da auga*, ilust. Aynara Pereiro, VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira 2018, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 33,

[mocidade], novembro 2018, 184 pp. (ISBN: 978-84-9995-300-7).

Novela de Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968) gañadora do VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira 2018. A obra, publicada por Baía Edicións na colección Meiga Moira, conta coas ilustracións de Aynara Pereiro. A través dun narrador omnisciente en terceira persoa, combinando a técnica do monólogo interior da protagonista co diálogo entre os distintos personaxes, a obra aborda diferentes temáticas como a desigualdade de xénero e a discriminación, venda e explotación da muller. A novela está ambientada na China comunista de Deng Xiaoping e presenta a figura dunha adolescente de catorce anos chamada Li que loita por sobrevivir nun mundo de homes e que defende a súa liberdade individual como muller na China do momento. Abandonada ao nacer á beira do río Lijiang, Li é coidada polo ancián Wei Su que a protexe como a unha filla. Ante o férreo control dos comités de planificación familiar do goberno, Wei Su decide fuxir con ela a un lugar illado onde fosen descoñecidos para o resto e poder así comezar unha nova vida. Ao lado do río Lijiang levantaron unha cabana e sobrevivían co traballo do pai nos arrozais. O pai, canso de ter que estar escondendo a súa filla e vivindo como se fosen criminais, decide presentar a Li en sociedade na coñecida Festa da Alma dos Bois. Un día, o ancián Wei Su enferma e Li enseguida vai ao bosque a recoller plantas para curar a seu pai. Nese momento, aparece Thep, o capataz que dirixía os arrozais onde traballaba Wei Su, e intenta secuestrala para posteriormente ser vendida a un amigo seu de Hong Kong. Li consegue escapar del e agóchase no bosque ata abrir o día, momento no que decide buscar a unha amiga de seu pai para pedirlle axuda. Tempo despois, Li regresa xunta seu pai e os seus amigos, esta vez, para vivir libre e sen medo.

López, Carlos, *Guau guau guau!*, ilust. Eva Seoane, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, lectorado de 6 a 8 anos, xaneiro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-16456-73-4).

Obra de Carlos López (Boimorto, 1967) con ilustracións de Eva Seoane publicada por Edicións Embora na colección Fardel dos soños. O libro presenta, a través dun narrador omnisciente en terceira persoa e os diálogos dos personaxes, un feixe de historias diferentes protagonizadas por cans. Trátase dunha obra que mestura a temática fantástica coa realista, xa que, por unha banda, describe situacións que se deron ou se dan na realidade, como a viaxe de Laika ao espazo ou o traballo dos cans policía, dos que buscan trufas, dos que guían a persoas cegas e mesmo da existencia de aparatos con rodas para facilitar a mobilidade de cans que non teñen patas traseiras. Por outra banda, tamén se describen situacións fantásticas sobre cans que falan, len o xornal ou teñen un tamaño excesivo, como é o caso dun can salchicha tan longo que, aínda ao rematar o paseo, non sacara o corpo enteiro da casa, ou dun can policía, grande coma un cabalo, que non aprobou o exame pero foi escollido para ser a montura dun oficial. As historias van acompañadas das ilustracións de Eva Seoane (Ferrol) e recollen as escenas máis relevantes de cada historia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Outro can dunha estirpe marabillosa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 20 abril 2018, p. 8.

Comenta o argumento que se desenvolve no libro, composto por un conxunto de vinte breves historias protagonizadas por cans e cadelas, capaces de faceren cousas

extraordinarias grazas ao seu enxeño. A través destas historias, o autor trata o tema da superación e melancolía. Así, Nicolás salienta a divertida combinación entre humor e reflexión que se dá en toda a obra.

López, Iago, *O cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas*, ilust. Macus Romero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, febreiro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-9121-301-7).

Álbum ilustrado con texto de Iago López (Ourense, 1977) e debuxos de Macus Romero (Santiago de Compostela, 1984). O libro narra, en terceira persoa e a través das voces das diferentes personaxes que interveñen en numerosos diálogos, a historia de Martiño, un cociñeiro con barba de cor laranxa que traballa no castelo do rei. Co gallo do aniversario do monarca, Martiño quere elaborar a súa mellor receita, a saber, unha torta de cenorias. Non obstante, á hora de cociñar a torta, descobre que as cenorias desapareceron. Xa que logo, Martiño verase envolto nunha serie de misterios que deberá resolver para atopar as cenorias e tamén nunha carreira contrarreloxo para que a torta chegue a tempo para o festexo. Finalmente, Martiño terá que resolver a situación facendo unha torta de amoras cos fillos do rei. O conto caracterízase a nivel estilístico pola repetición de fragmentos. Acompañan a historia as ilustracións a cor e a dobre páxina de Macus Romero, facilitándolle ao público lector ao que vai dirixida a obra a comprensión do texto.

Referencias varias:

- V. P., “La Praza Maior acogerá la segunda Feira do Libro de Ponteareas por cuatro días”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Condado-Paradanta”, 21 xullo 2018, p. 16.

Informa da celebración da II Feira do Libro de Ponteareas que terá lugar na Praza Maior. Esta iniciativa, que contará con diferentes presentacións, firmas de autores e visitas guiadas para os máis novos, persegue un dobre obxectivo: fomentar a lectura e a promoción dos libeiros e escritores tanto noveles como consagrados. No acto, participarán figuras relevantes do eido literario e cultural galego como a escritora Isabel Blanco, Iago López para presentar o seu libro *O cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas* (2018), Kiko da Silva que presenta *O picoto do pai* (2017), outros autores para presentar as súas obras como J. M. Ledo, Marta Dacosta, Luz Beloso, D’Angelo, Ramón Nicolás, Roi Vidal e Manoel da Costa Pardo, entre outros escritores. Ademais, tamén se salienta a visita guiada por “Seraogna, a terra de Pexegueiro”.

Losada Cortizas, Sabela, *Vermella*, ilust. Minia Regos, A Coruña: Baía Edicións, I Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola igualdade, col. Conto x conto, lectorado a partir de 6 anos, outubro 2018, 26 pp. (ISBN: 9788499952987).

Álbum ilustrado con texto de Sabela Losada Cortizas (Santiago de Compostela) e debuxos de Minia Regos. O libro conta, mediante un narrador en terceira persoa e a través dos diálogos dos diferentes personaxes, a historia de Leo, un cativo que atopa unhas manchas de sangue no baño e, ante este estraño suceso para el, comeza unha investigación para tratar de descubrir que aconteceu e se hai feridos. No conto interveñen tamén outras personaxes como a súa mellor amiga Flor e diferentes membros da súa familia, como a súa irmá Xulia e o seu pai. Finalmente, o protagonista descobre que non hai vítimas, pois

as manchas débense a que a súa irmá Xulia ten a regra. A conta do suceso, dáse unha explicación na obra, desde unha perspectiva didáctica e divulgativa, deste proceso biolóxico. Acompañan o texto as ilustracións a dobre páxina e a cor de Minia Regos que contribúen a que o público lector ao que vai dirixido o libro comprenda a historia.

Loureiro, Ánxela, *Choiva de ras*, ilustr. Xosé Tomás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 268, lectorado de 9 anos en diante, abril 2018, 136 pp. (ISBN: 978-84-9121-368-0).

Novela fantástico–realista de Ánxela Loureiro (Ferrol, 1956) que se inicia coa seguinte dedicatoria: “Choiva de agarimos para o meu neto Leo que inicia a súa andaina e para a miña neta Chloe que vén de camino”. Divídese en once capítulos e nela, por medio dun narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes, preséntase a historia de RaMona, unha ra que actúa de maneira diferente ás demais, pois gústalle poñer flores nas orellas para non escoitar a xente, cantar e inventar rimas ou non levar os ovos ao estanque, que é o que fan as outras ras. Un día, a protagonista debe facer fronte a unha loba, que rematará sendo a súa amiga, e tamén a unha cobra, unha toupa, voitres e falcóns ata rematar librando unha loita pola supervivencia persoal e das súas crías, que ten que levar ao estanque para que se reúnan cos pais, tal como prometeu. Nesta aventura tamén atopará o amor. O relato textual acompáñase das ilustracións figurativas realizadas por Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971).

Recensións:

- M^a Jesús Fernández, “Choiva de ras”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 285, setembro-outubro 2018, p. 74.

Describe o argumento da obra, na que unha ra, RaMona, que decide non ter fillos, se ve na obriga de coidar dos cágados dunha compañeira. Destaca o ton humorístico de *Choiva de ras*, cun humor conseguido a través do argumento e do uso da linguaxe. Salienta a personalidade da protagonista, que rompe estereotipos e chega a ser aceptada pola comunidade.

Maceiras, Andrea, *O que sei do silencio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 177, [mocidade], xuño 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-402-1).

Novela de Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) publicada por Edicións Xerais na colección Fóra de Xogo. A obra narra a historia de Delia, unha adolescente que decide escribir nun blog a historia de Silke, unha compañeira de clase procedente de Suecia, cos pais separados, que chegou ao instituto hai pouco. Aínda que ao principio Silke é acollida con agarimo polos seus compañeiros, tres rapazas chamadas Xulia, Lara e Daniela comezarán a acosala por mor dos celos e as envexas. Nas entradas do seu blog, Delia relata o que lle vai acontecendo no seu día a día. Finalmente, tras unha investigación levada a cabo pola dirección do centro escolar, chega o tempo das consecuencias para os acosadores. A autora introduce pasaxes dun libro de contos de fadas cuxa escritora foi tamén vítima de acoso infantil.

Mallo, Patricia, *Os Fantom*, ilustrado por Alba Cid, I Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro, Vigo: Editorial Galaxia, colección *Árbore*, n.º 224, lectorado de 9 a 12 anos, decembro 2018, 152 pp. (ISBN: 978-84-9151-256-1). ■

Novela de Patricia Mallo (Vigo, 1985) galardoada co I Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro. A obra, publicada por Editorial Galaxia na colección *Árbore*, conta a historia dunha familia de fantasmas que durante unha visita ao campo santo é absorbida por un burato e chega á Cidade Xardín, no mundo dos vivos, onde se ve atrapada. O protagonista da novela é Fill Fantom que se presenta dicindo que ten dez anos e que vive no Máis Aló. El e a súa familia protagonizan unha serie de aventuras no Mundo dos Vivos e tamén viven varias experiencias aterradoras no camiño de volta cara ao Inframundo. Na trama destaca o uso do humor e resólvense varias situacións nas que se descobre que nada é o que parecía. A novela pretende constituír una defensa da aceptación da identidade persoal, caracterizada pola súa singularidade. Acompañan o texto as ilustracións de Alba Cid (Ourense, 1989) que representan os membros da familia Fantom e as extraordinarias anécdotas nas que se ven envoltos.

Martínez Lorenzo, Luísa, *Puf! Vaia peido... Seres sorprendentes con nomes ben ocorrentes*, Vigo: Editorial Galaxia, ilustrado pola autora, colección *Varios*, lectorado a partir de 6 anos, novembro 2018, 76 pp. (ISBN: 978-84-9151-270-7).

Álbum ilustrado de Luísa Martínez Lorenzo, responsable do texto e dos debuxos. A obra constitúe unha recompilación de nomes populares que se utilizan para denominar diversos animais, plantas ou fungos da contorna natural. Trátase de nomes que, nun primeiro achegamento, inducen a pensar noutras ideas diferentes e desatinadas. Deste xeito, na obra predominan a ironía e o humor. O libro tamén inclúe detalles sobre o modo de vida dos diferentes animais, plantas e fungos que aparecen nas súas páxinas coa pretensión de achegar ao público lector infantil ao que vai dirixido estes coñecementos desde unha perspectiva didáctica e amena. Acompañan o texto as ilustracións da propia autora que contribúen á comprensión do contido.

Mene, Álex, *A raíña das tortas*, ilustrado por Blanca Crespán, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, colección *Verdemar*, [lectorado autónomo], 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-16460-37-3).

Libro de Álex Mene e Blanca Crespán que presentan unha proposta lúdica e didáctica para que os máis pequenos disfruten da cociña acompañados das súas familias para así aprender dos posibles erros que cometan na elaboración dos pratos. Martiño, o protagonista do conto, é o encargado de cocinar, coa axuda da súa nai, ofrecendo receitas sinxelas e fáciles de elaborar. Como complemento ao texto, achéganse ilustracións cheas de cor e expresividade que enriquecen o texto e fan máis dinámica a lectura aos máis novos.

Recensións:

- María Navarro, “Divertido relato”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 672, “Libros”, 7 xuño 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 621, “*Letras galegas*”, 16 xuño 2018, p. 5.

Informa da publicación de *A raíña das tortas* escrito por Álex Mene e ilustrado por Blanca González Crespán, un conto cargado de optimismo que pretende ensinar aos máis cativos a percibir o aspecto favorable das cousas e de que todo pode ter unha solución se nos empeñamos en buscala.

- Ana G. Liste, “Cativos sen medo aos erros”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1073, 23 xuño 2018, p. 3

Apunta que este álbum ilustrado de Álex Mene e Blanca González normaliza situacións cotiáns e dá conta do seu argumento. Tamén salienta que propón máis liberdade no proceso de aprendizaxe para traballar a xestión dos erros e que a historia se compenetra coas ilustracións.

Referencias varias:

- Marta Neira, “Alvarellos Editora incorpórase á Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 13 maio 2018, p. 4.

Comenta a aparición dunha nova colección de libros destinados ao público infantil chamada “Verdemar”, pertencente á editorial Alvarellos Editora con motivo da publicación do conto infantil *A raíña das tortas*, dos autores vigueses Álex Mene e Blanca Crespán.

Misa Peralba, Iria, *Segredos no Solpor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 174, lectorado mozo, marzo 2018, 200 pp. (ISBN: 978-84-9121-327-7).

Novela de Iria Misa (Gondomar, 1983) publicada por Edicións Xerais na colección Fóra de Xogo. A obra ambiéntase na vila costeira de Bico, onde unha rapaza chamada Lucía é atropelada cerca do hotel O Solpor a mesma noite na que a protagonista da novela, Mara, filla dos propietarios do hotel, sae de festa co seu amigo Tucho ocultándollo aos seus pais. Non obstante, Mara é descuberta pola súa nai saíndo do hotel co rapaz e, como castigo, debe ordenar a antiga habitación do seu tío Paco, falecido hai pouco. Cando a policía chega ao hotel, procurando a persoa responsable do atropelo, Mara vese envolta na investigación e chega a sospeitar de Tucho, xa que descobre que a mesma noite que foron de troula atopárono golpeando a súa anterior parella. Mara enfróntase ao rapaz e el ameázaa pero descártao como responsable da morte de Lucía. Ademais, comeza unha relación sentimental con Antón, un mozo que está a pasar as noites no hotel coa súa nai e o seu padrastro. Conforme se van citando, Mara decátase de que o rapaz está a ser maltratado polo padrastro. Por outra parte, na habitación do seu tío Paco atopa fotografías e cartas de amor e, coa axuda de Antón, acaba descubrindo que o amor de seu tío foi outro home chamado Eladio que, tempo atrás, estivera hospedado no hotel coa súa familia. Por último, a policía resolve que o causante da morte de Lucía foi o pai de Antón e lévano detido.

Recensións:

- Mario Regueira, “Novela de verán”, *Sermos Galiza*, n.º 292, “*fóradeserie*”, 19 abril 2018, p. 8.

Recensiona a novela *Segredos no solpor* de Iria Misa, a segunda novela publicada pola autora. Nesta recensión, ofrécese un breve resumo da obra e coméntanse os acertos e erros que, segundo Regueira, contén o libro.

- Vicente Araguas, “Demasiadas cousas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.035/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.035, “máis Libros”, 13 maio 2018, p. 32.

Amosa unha actitude crítica coa novela que, segundo el, carece de coherencia e cohesión, producindo así a confusión do lector. Con todo, recoñece na autora un estilo relativamente eficaz e unha certa capacidade de síntese.

Referencias varias:

- N. P., “Iria Misa. ‘Gustaríame axudar con esta novela a que os mozos recoñezan a violencia machista’”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Valmiñor”, 13 abril 2018, p. 15.

Entrevista á escritora baionesa Iria Misa con motivo da publicación da súa derradeira obra *Segredos no Solpor* (Edicións Xerais, 2018) dirixida ao público infante-xuvenil. Nela, desenvólvense aspectos referidos á temática e ao espazo da novela, sen deixar á marxe a súa laureada traxectoria literaria.

Misa, Iria, *Mamá, quero ser Ziggy Stardust*, ilust. de Alba Barreiro, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro infantil, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 70, lectorado a partir de 10 anos, setembro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-415-1).

Novela de Iria Misa (Gondomar, 1983) publicada por Edicións Xerais na colección Sopa de Libros. A obra foi galardoada co Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro infantil 2018 e conta coas ilustracións de Alba Barreiro (Cangas do Morrazo, 1996). A novela narra a historia de Aine, un adolescente que naceu con corpo de nena pero que se sente neno e que, para fuxir da realidade que o oprime, crea un amigo imaxinario ao que chama Thomas. Nunha viaxe cos seus pais, Aine coñece a figura do músico David Bowie e axiña se identifica con ela. A partir dese momento, Aine e o seu amigo imaxinario dan en se disfrazar do personaxe creado por Bowie, chamado Ziggy Stardust, e finxen actuar enriba da cama coma se dun escenario se tratase. O pai e a familia de Aine non o comprenden, pois consideran que se trata dunha nena que teima en vestir e actuar coma un neno. Non obstante, a súa nai Fran vaine comprender e decidirá deixar o seu marido. Aine ten que ir a varios psicólogos e padece o rexeitamento dos compañeiros da escola e tamén das súas familias pero, ao final, consegue ser aceptado ao actuar na festa de fin de curso disfrazado de Ziggy Stardust e, daquela, deixa de recorrer ao seu amigo imaxinario.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Ler a diferenza”, *Sermos Galiza*, n.º 316, “fóradeserie”, “letra miúda”, 4 outubro 2018, p. 7.

Comenta as novidades literarias que van saír do prelo como son *Iridium* (Galaxia, 2018) de Francisco Castro e *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* (Xerais, 2018) da escritora Iria Misa, con ilustracións de Alba Barreiro. En primeiro lugar, coméntase a creación dunha nova colección de libros infantís titulada “María Fumaça” da editorial Galaxia. Tamén se citan outras obras de temática análoga, dirixidas aos máis novos, como *Ás de mosca para Anxo* (Xerais) de Fina Casalderrey, *Titiritesa* (OQO) de Xerardo Quintiá e Maurizio A. Quarello ou *O corazón da maxia* (Xerais) de Xavier Estévez. Sobre as novelas *Iridium* e *Mamá quero ser Ziggy Stardust* ofrécese unha sucinta recensión de cada unha delas, nas que se tratan cuestións relacionadas coa temática e os personaxes. Ámbalas dúas están protagonizadas por personaxes adolescentes con diversidade funcional que loitan por superar as barreiras sociais e os estereotipos.

- Mario Regueira, “O regreso do camaleón”, *Sermos Galiza*, n.º 318, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 18 outubro 2018, p. 6.

Trata aspectos relacionados coa temática da novela baseada na mudanza de xénero que ten como protagonista unha nena chamada Aine. Saliéntase que se trata dun libro dirixido ao público infantil e xuvenil, especialmente. Segundo Regueira, os paratextos do libro son un elemento clave que reflicte a relación entre o ensino e a problemática que rodea ao tema. Tamén se comenta que a historia está narrada en terceira persoa que se complementa coa voz da protagonista. Relacionado coa temática das persoas transxénero, aparecen outros subtemas como a incompreensión familiar ou o acoso na escola.

Referencias varias:

- Neli Pillado, “Iria Misa Peralba. ‘Canto antes falemos cos nenos da diversidade sexual, antes a normalizarán’”, *Faro de Vigo*, 26 outubro 2018, ‘p. 67.

Con motivo da presentación da última novela, finalista do premio Agustín Fernández Paz, Iria Misa fala do seu argumento que trata a infancia dunha persoa transexual e indica que quere romper a división por xéneros. Tamén sinala que buscou unha maneira desenfadada de trasladar un tema complicado a través da música.

Nogueira Campo, Pablo, *Nube branca quere ser astronauta*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Baía Edicións, col. ContoxConto, lectorado a partir de 6 anos, maio 2018, 22 pp. (ISBN: 9788499952840).

Obra de Pablo Nogueira Campo (Carballiño, 1987) publicada por Baía Edicións na colección ContoxConto. O libro conta a historia da india Nube Branca, que vive nunha reserva india na súa tipi e construíu un foguete espacial con materiais que atopou no chan, pois quere ser astronauta, viaxar ata a Lúa e visitar as estrelas e os planetas do sistema solar. Non obstante, un día, tratando de prender o foguete nunha cacharela queda sen el e a piques está de se queimar, así que opta por lle pedir axuda a varios dos seus amigos para conseguir o seu propósito: a tartaruga Clarisa, o elefante Cacharrante, o camaleón Antón ou o león Ramón. Todos eles tratan de que Nube Branca faga a súa viaxe espacial sen éxito. Finalmente, pídenlle consello ao sabio Octavio, un indio namorado da arte que chama a un pintor para axudar a cativa. O pintor faille un cadro con todos os planetas do sistema solar que quere coñecer Nube Branca e cumpre así o soño da rapaza.

Recensións:

- Mario Regueira, “Ansias e problemas”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “*fóradeserie*”, “Libros”, 21 xuño 2018, p. 6.

Dá conta do dilema da protagonista de *Nube Branca*, quen se debate entre a tradición indíxena da que forma parte e o seu desexo de ser astronauta. Menciona o papel da imaxinación como punto clave da historia e a inclusión de xogos, preguntas e propostas de baile e ruídos. Fala tamén do protagonista de *O Gatipetro*, atrapado entre as esixencias do seu pai e as chanzas do seu irmán por mor do monstro felino que o fai mollar a cama.

Referencias varias:

- Mónica V. Lopo, “Contos con actividades”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2358, “En confianza”, 9 setembro 2018, pp. 2-3.

Entrevista a Pablo Nogueira Campo, autor da obra *Nube Branca quiere ser astronauta* dirixida aos lectores máis novos. Nela, trátanse cuestións relacionadas coa estrutura, o contido e a finalidade do libro así coma dos futuros proxectos do escritor.

Núñez, Toño, *A gotiña viaxeira*, ilustr. Miguel Anxo Macía, Santiago: Edicións Fervenza, lectorado de 6 a 8 anos, novembro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-17094-46-1).

Álbum ilustrado de Toño Núñez (Vilameixide, Galicia, 1959) publicado por Edicións Fervenza. A obra narra, en terceira persoa e a través das voces das personaxes, a historia dunha pequena gota de auga chamada Plis, que vive coas súas amigas no mar e goza xogando a saltar nas ondas e a fuxir dos barcos e dos peixes. Un día, a protagonista e as súas amigas deciden ir á praia e xogar coa areia e despois deitanse tomar o sol ata que, sen decatarse, Plis vaise evaporando e aparece no ceo, con outras gotas que non coñece. Unha delas explícalle que se teñen que xuntar moitas para que a nube se encha e caian de novo todas xuntas. Plis remata caendo sobre unha margarida case murcha nun campo de Vilameixide e consegue que a flor reviva. A margarida agradécelle que a regase e Plis vai esvarando polo campo ata chegar a un regato onde se xunta con outras gotas para chegar nadando ao río Navia e, por fin, ao mar. De volta nel, vai cantando de ola en ola ata dar coas súas amigas e cando as atopa cóntalles a súa viaxe. Acompañan o texto as ilustracións de Miguel Anxo Macía (Lugo, 1955) que amosan, de maneira figurativa, as distintas personaxes da historia e os diferentes momentos da viaxe da protagonista. A obra inclúe un CD con material audiovisual composto de imaxes, narración e cancións.

Referencias varias:

- A. C., “Varios artistas editan un cuento canción sobre el ciclo del agua”, *El Progreso*, “Lugo”, 21 decembro 2018, p. 10.

Dá conta da presentación do conto canción *A gotiña viaxeira* (Edicións Fervenza) que tivo lugar no Museo Interactivo de la Historia de Lugo (MIHL). Desta obra, baixo a dirección do escritor e docente Toño Núñez e dirixida aos máis novos, salientase a súa temática e o seu carácter interdisciplinar,. Tamén se destaca dela a incorporación de ilustracións a cargo do pintor Miguel Anxo Macía, así como dun audiovisual filmado e

editado por Xosé Reigosa.

Núñez Singala, Sabela, *Relatos en potencia*, Albacete: Uno Editorial, xullo 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-17487-52-2).

Obra de Sabela Núñez Singala (Lugo) composta de doce relatos relacionados co Sáhara. A recompilación xorde co propósito de colaborar coa rede de bibliobuses e bibliotecas do Sáhara. A obra divídese en doce capítulos que se corresponden con cada un dos relatos da obra e que levan por título unha potencia, de xeito que o valor que ten esta potencia determina o número de palabras de cada conto. Entre eles destaca o último, con 2048 palabras, que se basea na experiencia biográfica da autora, pois céntrase nos campamentos de Tinduf e nos nenos que viven neles. Trátase de cativos que, a pesar da súa pobreza, conseguen alegrarse e ter ganas de aprender. Na mesma liña, todos os relatos narran distintas historias destinadas a sorprender e a entreter ao lector.

Referencias varias:

- Marta Mancebo, “Palabras unidas polo Sáhara”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 novembro 2018, p. 17.

Infórmase da publicación de *Relatos en potencia*, por parte da autora Sabela Núñez Singala, sendo distribuído por Uno editorial. Os beneficios íntegros da obra irán destinados para a adquisición de libros para a biblioteca de Dajla.

López-Barxas, Paco, *A historia de Ramón*, ilust, Isabel Pintado, Santiago de Compostela: Teófilo Comunicación, lectorado a partir de 8 anos, 2018, 50 pp. (ISBN: 9788494776373).

Obra de Francisco López-Barxas (Ponte Barxas, Padrenda, 1952) publicada por Teófilo Comunicación. O libro, a través dunha voz narrativa en terceira persoa, conta a vida e a obra de Otero Pedrayo desde o seu nacemento ata a súa morte. O texto parte dun relato autobiográfico que Ramón Otero Pedrayo publicou en 1979 co título *A historia dun neno*. A función principal da obra é a de achegar o público lector infantil á figura de Otero Pedrayo e á relevancia da súa traxectoria biográfica e literaria para a historia de Galicia. O libro inclúe referencias ao entorno familiar do autor, entre elas, destaca pola súa recorrencia ao longo da obra a mención á auracaria, unha árbore que o seu proxenitor plantou cando naceu Otero Pedrayo e que o autor consideraba o seu irmán xemelgo. Do mesmo xeito, a obra afonda na personalidade de Otero Pedrayo, nas súas inxerencias e intereses e no seu labor literario e cultural. O libro remata cunha sección de información biográfica e literaria arredor da figura de Ramón Otero Pedrayo, acompañada de varias fotografías, na que se fundamenta a historia. Xunto co texto preséntanse as ilustracións de Isabel Pintado (Madrid, 1964) que plasman detalles sobre o percorrido vital do autor.

Lozano Garbala, David, *Descoñecidos*, A Coruña: Edicións Rodeira, col. Periscopio, n.º 20, [mocidade], marzo 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-8349-545-2).

Novela de David Lozano (Zaragoza, 1974) galardoada co Premio Edebé de Literatura

Xuvenil. A obra conta, a través dun narrador en terceira persoa, a historia de dous adolescentes, Lara e Wilde, que teñen unha cita a cegas no McDonald's da estación de Sants, en Barcelona, despois de varias semanas intercambiando mensaxes polas redes. Para recoñecerse, os dous levan o libro *Carta a unha descoñecida* de Stefan Zweig. Ao mesmo tempo, non moi lonxe de alí, a policía atopa o cadáver desfigurado dun mozo que caeu dunha ponte e debe averiguar se se trata dun asasinato ou dun suicido. As investigacións policiais vinculan o cadáver con Lara e conducen, en primeiro lugar, á figura do seu ex mozo, acusado de manter con ela unha relación abusiva e de chegar a ameazar a rapaza con suicidarse. Non obstante, os axentes descubren que o adolescente morto é a persoa que se citou con Lara a través das redes sociais e que un compañeiro del está suplantando a súa identidade. Cando Lara e Wilde abandonan o McDonald's e se dirixen a un aparcadoiro, a moza tamén descobre que está a ser enganada e foxe. Finalmente, a policía chega a tempo de salvar a Lara da persecución e do intento de agresión do mozo que se fixo pasar por Wilde.

Osés, Beatriz, *Son unha noz*, trad., María Xesús Gómez Sanjurjo, ilustr. Jordi Sempere, A Coruña: Rodeira, col. Tucán Serie Laranxa, n.º 8, lectorado autónomo, febreiro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-8349-544-5).

Obra de Beatriz Osés (Madrid, 1972) galardoada co premio Edebé de Literatura Infantil, traducida ao galego por María Xesús Gómez Sanjurjo e publicada por Rodeira na colección Tucán. O libro conta a historia de Omar, un neno inmigrante que perdeu os seus pais durante a fuxida da guerra e que, coa súa dozura e sensibilidade, consegue que os maiores vexan máis aló dos seus límites e empecen a querer e a perdoarse a si mesmos e aos demais. Na procura dunhas condicións de vida mellores noutro país, o protagonista refúxiase en Italia (país moi afectado pola inmigración ilegal) na nogueira da avogada Rosana Marinetti e coñece aos seus veciños: o botánico William Peterson, coa súa cuestionable sabedoría sobre as plantas, Madame Juliette Lambert, especialista en tecidos; e o zapateiro do olfacto infalible Fabrizio Gabrielli. Todos eles, por distintas razóns, cóllenlle moito cariño ao pequeno. A avogada, coa axuda das declaracións dos seus veciños, consegue demostrar, nun xuízo disparatado e cheo de ironía e comicidade, que Omar é unha noz porque caeu da mesma árbore e que, segundo unha lei do século XIX, a custodia é súa por ter acontecido o feito nun terreo da súa propiedade. O texto vai acompañado das ilustracións de Jordi Sempere (Barcelona, 1963) que constitúen debuxos feitos con cores e trazos a lapis que, inseridos entre capítulos, resumen os acontecementos.

Recensións:

- Giulia Vezaro, “Son unha noz, de Beatriz Osés”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, outubro 2018, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *Son unha noz* (Rodeira, 2018) de Beatriz Osés. Dise que o libro foi galardoado co premio Edebé de Literatura Infantil e que foi traducido ao galego por María Xesús Gómez Sanjurjo. Explícase que a obra conta a historia de Omar, un neno inmigrante que perdeu os seus pais durante a fuxida da guerra. Destácase que o protagonista, na procura dunhas condicións de vida mellores noutro país, refúxiase en Italia (país que se está vendo moi afectado polo tema da inmigración ilegal) na nogueira da avogada Rosana Marinetti. Anótase que, deste xeito, o rapaz coñece os veciños e que

todos eles lle van coller, por distintas razóns, moito cariño. Saliéntase que a avogada consegue demostrar, nun xuízo disparatado e cheo de ironía e comicidade, que Omar é unha noz porque caeu da mesma árbore e que, segundo unha lei do século XIX, ela ten a súa custodia por ter acontecido o feito nun terreo da súa propiedade. Por último, indícase que o texto vai acompañado, en cada capítulo e a modo de resumo, das ilustracións de Jordi Sempere, que mesturan cores e trazos feitos con lapis.

Paz Limia, Jacobo, *A meiga chuchona*, ilust. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. ContoxConto, lectorado autónomo, outubro 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-9995-299-4).

Conto infantil de Jacobo Paz Limia (A Coruña, 1979) inspirado na figura mitolóxica da meiga chuchona e protagonizada por unha personaxe feminina que vive coa súa avoa. A cativa escoita ruídos arrepiantes durante a noite que proceden da meiga chuchona. Trátase dunha divertida proposta dirixida aos máis pequenos que mestura o humor e fantasía.

Paz Limia, Jacobo, *O gatipetro*, ilust. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. ContoxConto, lectorado a partir de 6 anos, maio 2018, 34 pp. (ISBN: 978-84-9995-285-7).

Conto infantil de Jacobo Paz Limia inspirado na figura mitolóxica do imaxinario popular galego coñecido como o gatipetro, o responsable de que os máis novos mexen na cama. O relato está protagonizado por un personaxe infantil masculino que debe descubrir quen é o que está a mexar na súa cama e o que está inculcando a el. Isto provoca as burlas da súa familia polo que terá que investigar quen é o responsable.

Pedreira, Ugia e **Rougier**, Pierrot, *A comuna del barruzo*, ilust. Mónica Justo, Santiago de Compostela: A Central Folque, col. Tinta imaxinaria, n.º 1, lectorado autónomo, 2018, 22 pp. (ISBN: 978-84-947718-9-7). Contén CD.

Primeiro libro-CD en galego asturiano de Ugia Pedreira e Pierrot Rougier que recolle dez cancións protagonizadas por dez seres que habitan a zona do Eo-Navia. Os debuxos complementan ao texto aludindo a diferentes sitios físicos e á cultura patrimonial e inmaterial da zona. Amósansenos xogos e alternativas saudables inseridos na natureza. A comuna traballa para aumentar a sensibilidade auditiva dos máis novos mais tamén dos adultos, facendo especial fincapé nos valores da autoestima e a aceptación do diferente.

Pombo Graña, Andrés, *O segredo das burgas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 109, lectorado mozo, decembro 2018, 168 pp. (ISBN: 978-84-9151-271-4).

Novela de Andrés Pombo Graña (Ourense, 1988) publicada por Editorial Galaxia na colección Costa Oeste. Trátase dunha novela que enfa diferentes temáticas como son a historia da cidade de Ourense, a bruxería, a corrupción ou o misterio. A historia pivota arredor dos segredos que agochan as pedras de Ourense, en concreto, menciónanse as catro aras de pedra que se atopan na piscina termal, pois cada unha delas está adicada a un espírito gardián. Pola novela discorren diferentes espazos emblemáticos da cidade como son o antigo hotel San Martín, a antiga porta da cidade da que quedan as ruínas en

Xulio Preto Nespereira, o parque de San Lázaro ou a praza Maior. Na historia interveñen diferentes personaxes fantásticos que dan conta dun Ourense descoñecido que agocha baixo as pedras un mundo de meigas, trasnos e demos. Esta realidade agocha segredos polos que algunhas persoas poderían chegar a matar, de xeito que no libro aparecen demos que aprenden a ser mellores e humanos que poñen a súa existencia ao servizo de propósitos satánicos.

Reimóndez, María, *O xeito das froitas*, ilust. Alicia Varela, Santiago de Compostela: Santillana/Obradoiro, col. Serie morada, lectorado a partir de 8 anos, setembro 2018, 152 pp. (ISBN: 978-84-16834-19-8).

Novela de María Reimóndez (Lugo, 1975) con ilustracións de Alicia Varela (Xixón). A obra narra a historia de Iris, unha nena autónoma e con moita personalidade á que non lle importan as impresións que produce nos demais. A protagonista é a única que fala galego na súa clase, tamén se fai preguntas que os demais non se formulan, vive en paralelo á realidade e non comprende o mundo adulto. Ademais débese enfrontar a un entorno familiar complexo, cun pai e unha nai que perden o traballo e un irmán adolescente preocupado pola aparencia física e a roupa. Non obstante, a familia conta coa axuda da avoa que vive nunha casa na aldea. Ao irse vivir con ela, Iris pode traballar na xastraría do seu avó, o seu irmán consegue facer a súa propia roupa sen atender a prexuízos e a súa nai imparte clases de inglés. Entón, a protagonista atopa unha mazá feita con retallos e inicia unha relación especial coas froitas grazas a esta mazá de peluche que a leva de viaxe cada noite. As froitas axúdanlle a comprender os cambios que suceden na súa vida e como poden supoñer un novo comezo. Trátase dun libro que enfía outros xeitos de vivir desde a perspectiva do humor, da fantasía e da esperanza.

_____, *Fóra do normal*, ilust. Antonio Seijas, Primeiro Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 175, lectorado mozo, xuño 2018, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-401-4).

■

Novela de María Reimóndez (Lugo, 1975) que conta coas ilustracións de Antonio Seijas (Ferrol, 1976) e foi publicada por Edicións Xerais de Galicia. A obra foi galardoada co Primeiro Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade. Trátase dun libro dividido en catro apartados. Nel, a través dunha voz narradora en primeira persoa que plasma os seus sentimentos e reflexións, pónense sobre a mesa a realidade das liberdades sexuais, así como as situacións que a mocidade ten que afrontar por non encaixar no que se entende por norma. Alén de defender as diferentes orientacións sexuais, a obra constitúe unha defensa da xente do rural ou dos trazos lingüísticos da fala, ao tempo que invita a reflexionar sobre o emprego do xénero gramatical. No libro establécese un paralelismo cos heroes e heroínas dos cómics, cunha narración na que están presentes onomatopeas e descrições gráficas das reaccións dos personaxes que remiten a este xénero literario. A novela constitúe unha reflexión sobre a identidade e a súa aceptación e sobre a importancia de gozar de boas amizades e do apoio familiar. As ilustracións de Antonio Seijas (Ferrol, 1976) apuntan a relación do libro coa banda deseñada e serven para presentar os catro apartados nos que se divide.

Recensións:

- Raquel Senra, “Mudar de corpo conflito a corpo fogar”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 outubro 2018, p. 5.

Achégase unha recensión da obra *Fóra de lugar* de María Reimóndez (Lugo, 1975). Explícase que foi galardoada co Iº Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade. Dáse conta de que o libro constitúe unha reflexión sobre a diversidade, xa que pon sobre a mesa a realidade das liberdades sexuais, así como as situacións que a mocidade ten que afrontar por non encaixar no que se considera normal. Afóndase no feito de que o libro supón unha defensa das diferentes orientacións sexuais, da xente do rural ou dos trazos lingüísticos e dise que tamén invita a reflexionar sobre o emprego do xénero gramatical, a través da voz narradora en primeira persoa. Anótase o paralelismo da obra co xénero da banda deseñada tanto mediante o texto como a través das ilustracións.

Referencias varias:

- M. R., “María Reimóndez presenta en Vilalba la obra ganadora del I Premio Agustín Fernández Paz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 setembro 2018, p. 17.

Comenta o acto de presentación en Vilalba da obra gañadora do I Premio Agustín Fernández Paz e indica que conta con ilustracións de Antonio Seijas e que aborda o conflito entre identidade e corpo do mozo protagonista, tratando a transfobia, o bullying, o machismo e o desuso da lingua galega.

Robledo, Miguel, *O tempo metereolóxico*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: A Mesa pola Normalización Lingüística, lectorado de 0 a 6 anos, outubro 2018, 23 pp. (ISBN: 978-84-09-04278-4). ♦

Álbum ilustrado con texto e debuxos de Miguel Robledo (Ourense, 1970) publicado pola Mesa Pola Normalización Lingüística. O libro forma parte, xunto con *O abecedario*, *As aves* e *Os peixes e outra fauna mariña* do proxecto didáctico que constitúe a liña de publicacións coas que A Mesa Pola Normalización Lingüística pretende suplir a falta de materiais didácticos en galego para a etapa de 0 a 6 anos e con eles potenciar o uso de vocabulario en lingua galega. A obra, mediante breves secuencias de texto, contribúe a que o público lector infantil ao que vai destinada identifique e coñeza o nome que reciben en galego diferentes fenómenos meteorolóxicos como o sol, as nubes, a brétema ou a sarabia. Tamén explica as consecuencias dos mesmos indicando, por exemplo, se vai frío ou calor. As ilustracións a cor de Miguel Robledo resultan fundamentais para a comprensión do significado do vocabulario que achega a obra.

Rodríguez Rodríguez, Anaír e Nuria Díaz, *Pioneiras. Galegas que abriron camiño*, ilust. Nuria Díaz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, febreiro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-9121-310-9).

Obra de Anaír Rodríguez Rodríguez (Vigo, 1978) e Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa, 1982) publicada por Edicións Xerais na colección Pequeno Merlín. O libro permite coñecer a vida de doce mulleres que conseguiron vencer barreiras que lles estaban impostas ao seu xénero no tempo en que viviron. As autoras achéganlle ao público lector

infantil os trazos máis importantes da primeira escritora, Exeria; da primeira almiranta, Isabel Barreto; da enfermeira en misión internacional Isabel Zendal; da correspondente de guerra Sofía Casanova; das primeiras protagonistas dunha voda entre mulleres, Marcela e Elisa; de Irene González, primeira futbolista nun equipo masculino; da gaitreira Áurea Rodríguez; da directora de xornal M^a Luz Morales; da doutora Olimpia Valencia; da camioneira Celia Rivas e da primeira científica nun buque de investigación internacional Ánxeles Alvariño. Trátase en todos os casos de biografías de curta extensión que visualizan o papel destas mulleres pioneiras.

Recensións:

- Ana González Liste, “Las gallegas (casi) olvidadas”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, 17 febreiro 2018, p. 3./ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 607, “Lecturas”, 24 febreiro 2017, p. 4.

Recensiona a obra *Pioneiras. Galegas que abriron camiño* (Edicións Xerais) da escritora viguesa Anaír Rodríguez e da ilustradora Nuria Díaz. O libro, protagonizado por doce mulleres galegas adiantadas ao seu tempo, coloca o foco na invisibilización da muller ao longo da historia. Destácase tamén que para a compilación das notas biográficas das protagonistas, a autora contou coa axuda do “Álbum de mulleres” do Consello da Cultura Galega.

- Mario Regueira, “Referentes visíbeis”, *Sermos Galiza*, n.º 287, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 8 marzo 2018, p. 6.

Indica que esta obra axuda a romper coa invisibilidade dada a figuras femininas da nosa realidade máis inmediata ao dar a coñecer figuras que fican escurecidas polo tratamento subsidiario dado á historia de Galicia, ademais de resaltar aspectos e ámbitos frecuentemente marxinalizados e pioneiras en eidos como o fútbol e a condución de camións. Apunta que conta cun formato álbum e cos retratos de Nuria Díaz e reprocha a falta de coherencia dalgúns criterios e de pioneiras na literatura galega.

- Francisco Martínez Bouzas, “Pioneiras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 20 marzo 2018, p. 38.

Recensiona a obra *Pioneiras, Galegas que abriron camiño* (Edicións Xerais, 2018) da autoría de Anaír Rodríguez, con ilustracións de Nuria Díaz. Este libro-álbum rescata do esquecemento a vida de doce mulleres galegas que marcaron un fito na historia polo seu incesante labor. Ofrécese unha visión global da temática que se aborda no volume e preséntase, de xeito sumario, cada unha das doce personaxes femininas que protagonizan a obra. Para o crítico literario, Martínez Bouzas, “elas forman parte do noso pobo e cómpre que teñan visibilidade porque fixeron aquilo que era a súa vocación”.

- Marta Neira, “Salientando o labor pioneiro das mulleres”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 xullo 2018, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *Pioneiras. Galegas que abriron camiño* a cargo de Anaír Rodríguez e Nuria Díaz. Explícase que o libro permite coñecer a vida de doce mulleres que conseguiron vencer barreiras que lles estaban impostas ao seu xénero no tempo en que viviron. Recóllese que as mulleres foron a primeira escritora, Exeria; a primeira almiranta, Isabel Barreto; a enfermeira en misión internacional Isabel Zendal; a

correspondente de guerra Sofía Casanova; as primeiras protagonistas dunha voda entre mulleres, Marcela e Elisa; a primeira futbolista nun equipo masculino, Irene González; a gaitreira Áurea Rodríguez; a directora de xornal M^a Luz Morales; a doutora Olimpia Valencia; a camioneira Celia Rivas e a primeira científica nun buque de investigación internacional Ánxeles Alvariño.

Referencias varias:

- Mila Méndez, “Elas son as grandes pioneiras galegas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Doce mulleres impresionantes”, 2 marzo 2018, pp. 4-5.

Recolle as palabras de Anaír Rodríguez quen recolle nun libro ilustrado por Nuria Díaz titulado *Pioneiras* as vidas dunha ducia de mulleres dedicadas á medicina, o deporte, o xornalismo, a ciencia, a literatura, a historia e a navegación que se conforma como homenaxe a “galegas que abriron camiño” en diferentes disciplinas para “facer reflexionar sobre a falta de referentes femininos”. Fai unha breve achega biográfica delas e salienta o “minucioso traballo de documentación” e o éxito que está a ter.

- Manuel Bragado, “Olimpia Valencia e outras pioneiras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 6 marzo 2018, p. 24.

Dá conta da traxectoria profesional de Olimpia Valencia López, a primeira muller galega en obter a licenciatura de Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela. Tamén se destaca a súa inclusión na nómina de mulleres que aparecen compiladas no álbum *Pioneiras* (Xerais, 2018), escrito por Anaír Rodríguez e ilustrado por Nuria Díaz.

- Anaír Rodríguez, “Pioneiras. ‘Unha voda sen home’”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º Especial Semana de la Prensa, 7 marzo 2018 p. 5.

Dá conta da mención especial que a editorial Xerais fai á historia de amor de Elisa e Marcela no libro *Pioneiras. Galegas que abriron camiño*, un álbum recopilatorio dedicado ao importante labor das mulleres galegas que durante séculos foron silenciadas.

- Noelia Díaz, “‘Pioneiras’, un libro para aportar referentes femininos desde la infancia”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 8 marzo 2018, p. 37.

Dá conta da presentación do libro *Pioneiras. Mulleres que abriron camiño* (Edicións Xerais) da autora viguesa Anaír Rodríguez, na librería Lume, na Coruña. Con ilustracións de Nuria Díaz, o volume recolle a traxectoria de doce mulleres que marcaron un fito na historia de Galicia.

- Belén López, “México achega catro exposicións ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 marzo 2018, p. 53.

Comenta catro mostras que viaxan dende México, país convidado, até o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Di que “Pintacuentos” reúne 142 obras de 49 ilustradores contemporáneos dende os anos 40 aos 80; que “68 voces” recompila contos indíxenas da tradición oral e contemporáneos, reinterpretados por ilustradores mexicanos; que haberá unha exposición cos 20 carteis finalistas do Concurso Nacional Invitemos a Leer da Feria Internacional del Libro Infantil y Juvenil de Ciudad de México; e que

“Keren Tá Merced. Cultura en resistencia” é unha mostra do mercado dese barrio. Por último, indica que haberá catro exposicións galegas, como “Pioneiras Galegas que abriron camiño” baseada no libro homónimo, ademais dos traballos do Máster de Ilustración da Universidade de Vigo e “Os soños na gaiola”.

- Belén López, “Anaír Rodríguez. ‘O feminismo deu un salto. Hai que aproveitalo’”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 80, 23 abril 2018.

Entrevista na que se tratan diferentes cuestións referidas á obra, salientando o labor de todas aquelas mulleres precursoras galegas e o seu recoñecemento.

- E. Ocampo, “Rodríguez. ‘Non hai referentes femininos porque non se valoran e non se difunden’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 5 maio 2018, p. 37.

Dá conta da publicación da obra *Pioneiras* (Xerais, 2018) da editora e escritora viguesa Anaír Rodríguez, con ilustracións de Nuria Díaz, que pretende recuperar do esquecemento a historia de doce mulleres galegas pioneiras.

- Ana Abelenda, “Anaír Rodríguez. ‘A onda feminista non é un bluf’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 10 xullo 2018, contracuberta.

Entrevista á editora de Xerais Anaír Rodríguez con motivo da publicación do seu último libro *Pioneiras. Galegas que abriron camiño*. Nela coméntanse diferentes aspectos relacionados coa traxectoria profesional da autora, a pervivencia dos estereotipos na infancia, o movemento feminista así como sobre as súas preferencias literarias.

Romero Rodríguez, Alberto, *Aloianos*, Tui: Gráficas Juvia, lectorado autónomo, abril 2018, 232 pp. (ISBN: 978-84-09-01702-7).

Obra de Alberto Romero Rodríguez que reúne diversas historias arredor do Monte Aloia. Neste libro, o autor emprega o xentilicio ‘aloianos’ para se referir ás persoas que coidaron do Monte Aloia, en particular, aos pastores de Prado, Morgadáns, Frinxo e Peitieiros que fai cen anos, a toque de corneta, xuntaban as súas ovellas para que pacesen. Entre estes pastores destaca o avó do propio autor, Xosé da Pousa, de Frinxo e tamén o enxeñeiro de montes Rafael Areses. O libro recolle como os pastores lles poñían nome aos diferentes espazos e inclúe un total de seiscentos cincuenta topónimos de diferentes lugares do parque natural. Ademais, a obra inclúe lendas que se foron transmitindo de xeración en xeración, como a da Pedra Moura, concibida como o lugar onde se agochaban os mouros invasores; a da Crus do Romero, onde morreu o dono dunha canteira, ou o relato sobre o labor que realizan as formigas medianas do país. Trátase dun libro dirixido ao público infantil, xa que nel o autor tamén explica como eran os colexios de fai sesenta anos e de que medios dispoñían os alumnos para facer os seus traballos.

Referencias varias:

- Judit Bernárdez, “Más de dos mil títulos integrarán la XXI Feira do Libro Galego en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 12 maio 2018, p. 15.

Coméntase o número de postos, actividades e inauguración da Feira do Libro. Algunhas

das librarías anuncian escollas de libros portugueses e de autores tudenses, así como *Nova Nursia* (2018) ou *Aloianos* (2018).

- E. G., “Un nuevo libro narra historias humanas, lugares y personajes del monte Aloia”, *Faro de Vigo*, “Baixo miño”, “Área Metropolitana”, “Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas”, 27 abril 2018, p. 16.

Dá conta da presentación do libro *Aloianos* do escritor Alberto Romero. O acto terá lugar o 5 de maio no Centro Cultural de Randufe, ao que asistirán destacadas personalidades como o académico Xosé Luis Méndez Ferrín. O autor recomenda moi especialmente o libro ao público infantil debido ás numerosas referencias e alusións que se fan sobre o sistema educativo e os colexios existentes na época.

Rueda, Blas, *Lola e as 21 vacas*, ilust. Blanca Millán, Vigo: Triqueta Verde, 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-941860-6-6).

Álbum fantástico de Blas Rueda narrado en 3ª persoa. A historia trata sobre Lola, unha nena que se encontraba pintando na súa habitación cando de súpeto comeza a escoitar uns rúidos estraños. Parecían ser muxidos, polo que se da conta de que se lle escapan 21 vacas do costureiro por toda a casa, as cales ten que atopar e gardar antes de que cheguen os seus pais. A súa ilustradora é Blanca Millán e son ilustracións figurativas.

Sánchez Calveiro, Marcos, *Pablo e as pombas*, Pontevedra: Edicións Tambre / Edelvives, col. Ala Delta – Serie Verde, abril 2018, 130 pp. (ISBN: 978-84-9046--328-4).

Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) narra a chegada de Picasso á Coruña en outubro de 1891, con 10 anos acabados de facer, debido a que lle concederan ao pai a praza de profesor na Escola de Belas Artes. A historia mostra como o rapaz axiña se adaptará á cidade e dará mostras do seu carácter curioso e inqueda. Ademais, dá conta de como A Coruña simbolizou o xermolo da súa paixón pola pintura, cidade na que fará a súa primeira exposición e na que vivirá o seu primeiro amor.

Serantes, Arantxa, *O valor das ideas: a precursora do libro electrónico. Pequena biografía de Ángela Ruiz Robles*, ilust. Tania Solla, Pontevedra: Lela Edicións, col. Mulleres galegas, n.º 5, lectorado a partir de 6 anos, decembro 2018, 31 pp. (ISBN: 978-84-946043-3-1). (96)

Biografía con tendencia realista escrita por Arantxa Serantes (Ferrol, 1982) e ilustrada por Tania Solla. Esta pequena biografía narra a vida de Ángela Ruiz Robles (Villamanín, 1895- Ferrol, 1975), a precursora do libro electrónico, en 3ª persoa, nela, explica como a esta mestra se lle ocorreu a idea do libro electrónico en 1962, unha idea moi avanzada para a época; Serante tamén trata o tema de como Ángela Ruiz Robles concibía a educación e o importante que era para ela a mesma. Ademais, explica os logros e títulos que recibiu na súa vida, como pode ser a creación dunha metodoloxía ideo-visual de ensino-aprendizaxe moi preto dos sistemas pedagóxicos actuais. Finalmente, o libro cerrase cunha carta escrita pola bisneta de Ángela Ruiz Robles dirixida a mesma, na que

explica como avanzou a tecnoloxía na actualidade. Serante, trata dita biografía dende unha perspectiva máis sinxela, a través da cal pretende chegar os máis cativos e resultarlle máis doada e interesante de ler, por outra banda, as ilustracións, realizadas por Tania Solla, son unha gran axuda para comprender o texto, aínda que non son esenciais, de todos modos, crea unha maior interacción entre texto-ilustración e unha maior facilidade de atención, comprensión e curiosidade cara os máis cativos. Trátanse dunhas ilustracións en cores cálidos sobre fondo moi claros, o cal axuda a súa visualización.

Taboada, Carlos, *A biblioteca de Pedrarcana*, ilust. Carlos Taboada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 270, lectorado a partir de 11 anos, abril 2018, 216 pp. (ISBN: 978-84-9121-370-3).

Obra de Carlos Taboada (Pontevedra, 1979) publicada por Edicións Xerais na colección Merlín galardoada co Premio Merlín de Literatura Infantil de 2017. O libro narra a historia da cidade de Pedrarcana, na que nunca pasa nada e na que a xente non practica ningún tipo de actividade e parece estar mergullada nunha eterna tristura. A situación empeza a cambiar cando Alexandra, a bibliotecaria, esquece o seu misterioso libro da tapa vermella no tranvía e o mestre Mauricio dedícase a lelo. O poder da palabra escrita fai que este saia do seu estado de cativerio mental e dea a súa primeira clase animada, na que fala da historia da súa cidade e da importancia que esta ten para o presente e o futuro. A partir dese momento, os tres irmáns Artai, Xela e Sabela, fan todo o posible para devolver a Pedrarcana ao seu estado orixinal e á xente as súas ganas de vivir. A obra pretende constituír unha reflexión sobre a importancia da lectura, da cultura e do pasado. O texto vai acompañado con ilustracións do propio autor que mostran a diferenza entre as persoas que len, representadas en cor, e as que non o fan, pintadas en cores máis apagadas.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Contra o eterno fastío”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.036/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.036, “máis Libros”, 20 maio 2018, p. 35.

Recensionada a obra *A biblioteca de Pedrarcana* (Xerais) do escritor Carlos Taboada. Nela, Armando Requeixo desenvolve cuestións relacionadas co público ao que vai dirixida a novela, o espazo (na cidade imaxinaria de Pedrarcana de Leria) e os protagonistas (personaxes adolescentes guiados polos adultos) así como a organización da obra, composta por breves capítulos. Destácase tamén a orixinalidade da trama (a cal incorpora o relato de aventuras piratas e a procura dun tesouro agochado) así como da presenza de referencias literarias, cinematográficas e musicais. A plasticidade das descrições do libro fan da novela “unha sorte de plano-secuencia para dar logo paso a unha arquitectura de escenas que se suceden de xeito encadeado”. Requeixo tamén subliña a orixinalidade das ilustracións do propio autor así como a innovación que supón a incorporación de mapas ao inicio e remate da narración e de pequenos debuxos nos encabezados de páxina.

- Giulia Vezaro, “A biblioteca de Pedrarcana”, de Carlos Taboada, unha obra en defensa da cultura”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 outubro 2018, p. 5.

Destaca que o libro foi finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil de 2017 e ofrece

un resumo del. Apunta que as aventuras incluídas conseguen que o lectorado non poida deixalo e que a mensaxe da obra, a importancia da lectura, da cultura e do pasado, represéntase a si mesma. Destaca tamén as ilustracións do autor, sobre as que di seren divertidas e animadas, ao tempo que mostran a diferenza entre as persoas que len, representadas en cor, e as que non o fan, pintadas en cores máis apagadas.

- María Navarro, “Desexos, tristezas, ilusións... O feitizo dos libros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 686, “Libros”, 25 outubro 2018, p. VI.

Desenvolve cuestións relacionadas co espazo, a temática e os personaxes que conforman a novela. Predominan dous espazos: un exterior (a cidade de Pedrarcana de Leria) e outro interior (a biblioteca), no que se sitúan os personaxes, na monótona rutina do día a día da que fuxirán a través da lectura dos libros que conforman a biblioteca. Segundo Navarro, trátase dunha historia que “entretén, divírte, engaiola e distrae”. Finalmente, a autora salienta que o libro foi finalista do Premio Merlín 2017 de Literatura Infantil.

Referencias varias:

- B. L., “Carlos Taboada debuta como autor en solitario con ‘A biblioteca de Pedrarcana’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 abril 2018, p. 13.

Destácase que a obra foi finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil 2017 e ofrécese, tamén, un breve resumo da obra.

Tobaruela, Pere, *Auga e lume*, ilustr. Víctor Boullón, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, lectorado autónomo, novembro 2018, 222 pp. (ISBN: 978-84-9995-301-4).

Novela de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) cuxa protagonista é Deva, unha moza galaicorromana, e Paulo, un rapaz do século XXI, asomados a unha profecía que ameaza con acabar coa humanidade e todo xirará arredor dun pergamiño de comezos do século IV, cando as terras galegas formaban parte da provincia romana da *Gallaecia*, que ambos os dous encontran.

Tobaruela, Pere, *A boa e a avoa*, ilustr. Víctor Boullón, Ferrol: Edicións Fervenza, col. O Globo, lectorado autónomo, xuño 2018, 68 pp. (ISBN: 978-84-16456-81-9).

Novela de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) que presenta unha historia que mestura personaxes do século IV con personaxes da actualidade para tentar vencer o mal, o Lume. Paulo e o seu amigo Fórmula E teñen que desenvolverse a carón de personaxes do século IV, como a Dama da Auga, Deva, adolescente con poderes especiais, e enfrontaren un exército de lume que ameaza con destruír todo. O libro presenta unha mitoloxía que reflexiona sobre o ben e o mal.

Toro, Xelís de, *A porta dourada*, ilustr. de Pablo Rosendo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 71, lectorado a partir de 10 anos, setembro 2018, 224 pp. (ISBN: 978-84-9121-416-8).

Novela de aventuras con tendencia fantástico-realista de Xelís de Toro (1962, Santiago

de Compostela) cuxa narradora é unha nena que se encontra no hospital por causa dun golpe moi forte que sufriu cabeza. A forte febre que sofre fai que comece a delirar e falar de peixes parlantes, portas douradas e sereas, e a pesar de que os pais se amosan moi nerviosos, os médicos din que non hai por que preocuparse. Ao longo da novela coñeceremos diferentes aventuras vividas entre a protagonista e o seu pai cando os domingos saen xuntos a pescar. O mar e o río son centrais neste libro e representáanse como espazos de ensoñación, lugares para inventar, para pensar e inventar contos.

Vázquez, Maite, *O sapoconcho Coloríns*, ilustr. da autora, Ourense: A Formiga Rabicha, 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-936432-3-2).

Obra ilustrada e escrita por Maite Vázquez que trata sobre os efectos que provocan os incendios no medio ambiente e que, ao tempo, reflexiona sobre como todos e todas nós podemos servir de solución perante ese problema. Ademais, a historia trata de dar a coñecer a especie en perigo de extinción desde o ano 1999: o sapoconcho.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Presentación y firma de libros de ‘O Sapoconcho Coloríns’ de Maite Vázquez”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 1 xuño 2018, p. 27.

Informa da presentación do libro en El Corte Inglés, á que asistirá a autora, acompañada por Valentín García, o editor Miguel Ángel Martínez Coello e o director de Publicacións Orixe – A Formiga Rabicha, Avelino Jácome. A temática xira en torno aos incendios, a reutilización e o respecto polo medio ambiente, e prevese un obradoiro con rapazada.

Vázquez Álvarez, David Daniel, *Brian, o Chinés*, ilustr. Andrés Meixide, Ferrol: Edicións Embora, col. O Globo, xaneiro 2018, 144 pp. (ISBN: 978-84-16456-60-4).

Novela realista de David Daniel Vázquez Álvarez (Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 1953) que narra en primeira persoa a vida de Brian, un neno con síndrome de down, ao longo dos seus dezaioito anos. Brian é un neno que desde moi pequeno empezou a notar que non era igual aos demais. Os seus amigos chamábano “chinés”, xa que unha das súas características físicas máis destacables eran os ollos. Non logrou acabar toda a súa etapa educativa, mais dáselle moi ben os coches e comezou un ciclo de mecánica para finalmente traballar no taller dun amigo de seu pai... Ao longo deses dezaioito anos o noso protagonista vive na súa propia pel todos os sentimentos posibles, a rabia, a ira, os ciúmes (pola chegada ao mundo da súa irmá Marta), amor... pero sobre todo interese polos demais. A medida que vai pasando o tempo ao longo da obra, pódese percibir nel un cambio canto á súa forma de actuar ante novas situacións e o control das súas emocións. Finalmente, Brian acaba aceptando que é diferente e que é iso mesmo o que o fai tan especial. As ilustracións de Andrés Meixide acompañan a evolución do protagonista non sempre posúen as mesmas dimensións, senón que van variando dependendo do seu estado emocional.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Novela de David Vázquez”, *O Sil*, n.º 263, maio 2018, p. 26.

Dá conta da presentación do libro *Brian, o Chinés* do escritor valdeorrés David Vázquez Álvarez, que tivo lugar no CEIP Condese de Fenosa do Barco de Valdeorras. Esta obra foi galardoada co I Premio Xosé Neira Vilas de relato curto. No acto de presentación, participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, Miguel Toval, Juan Andrés Fernández Castro e Luis Reimóndez.

Villar Janeiro, Helena, *Amor por catro. Cantos amores primeiros*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mociidade], maio 2018, 136 pp. (ISBN: 978-84-9151-166-3).

Libro que recolle catro relatos de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) de tendencia realista nos que se narran diferentes historias sobre o amor ambientadas na actualidade e a maioría en Santiago de Compostela. A primeira historia titúlase "A moza de Jamaa Al Fna" contada por un narrador omnisciente. Jamal é un mozo de Marrakech que traballa nunha pequena tenda de xastrería co seu pai. Un día no zoco namora dunha rapaza con tan só mirala, pero xamais volve vela e, para a súa desgraza, a súa nai concértalle matrimonio cunha moza filla dunha amiga súa que tamén está namorada doutro rapaz. Ambos os dous tratan de buscar unha solución e finalmente deciden gardar o segredo e, sen dicir nada, Jamal desaparece. "Os ollos de Galahaz" é o título do segundo relato e nel Alicia, unha das protagonistas, conta a historia de como xunto ao seu irmán e un grupo de compañeiros deciden facer o Camiño de Santiago para demostrar aos seus pais que xa son persoas adultas. O que comeza como una experiencia nefasta para Alicia acaba converténdose en algo marabilloso para ela, xa que coñece a un rapaz británico que está a facer o camiño cos seus pais e do cal namora. O seguinte relato, "Do diario de Chus", está contada a través dun diario, o que escribe Chus durante as súas vacacións. Nel aparecen os días de nadal, as ceas, a loita por conseguir permiso para saír en fin de ano etc. Mais tamén fala da súa familia, os seus amigos e Gustavo, o rapaz que lle gusta pero que só lle fai caso para pedirlle apuntamentos. O último relato titúlase "Unha tenda benéfica" e conta como Loxa abre unha tendiña na que vende artigos de segunda man para recadar cartos e que así o seu irmán poida regresar de Barcelona onde fuxiu en segredo coa súa moza. O primeiro día chega á tenda un ancián que se entende moi ben con Loxa e préstalle os cartos que necesita.

Recensións:

- María Navarro, “O cotián como acontecemento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 677, “Libros”, 12 xullo 2018, p. VI.

Recensionada a última novela de Helena Villar, que ten como eixo central catro historias de amor entre adolescentes. Para comezar, fai un breve percorrido pola produción literaria da autora de *Patapau*, *O día que choveu de noite*, *Vermiño*, *A canción do Rei* ou *Viaxe a Illa Redonda*, todos eles dirixidos ao público infanto-xuvenil. De temática cotiá, narra acontecementos da vida diaria de varios mozos no tocante ás primeiras relacións amorosas. Así, Jamal namora de Salima, Alicia de Jacques, Chus de Gustavo e Fuco de Maía. A obra acolle reflexións, ensinanzas, aprendizaxes e estratexias a prol de mozos e maiores. O libro está configurado de xeito tradicional, cunha introdución, o nó e o desenlace. Por última, coméntase que se emprega unha linguaxe sinxela e coidada pero, nalgúns momentos, tamén se inclúen voces pertencentes ao rexistro coloquial.

Referencias varias:

- R. Loureiro, “Amor por catro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 maio 2018, p. 27.

Ofrece unha breve recensión da última obra publicada pola escritora Helena Villar Janeiro titulada *Amor por catro*. Comenta cuestións relacionadas co contido e a organización formal da novela, así como ao público ao que vai dirixida. Segundo Loureiro, trátase dun libro no que “a narrativa se converte nun camiño para mirar máis alá de toda evidencia ata chegar á cerna do corazón”.

Yano, Mencía, *Vacacións na aldea*, ilust. Amelia Vila, Ourense: Meiga Ediciones, lectorado a partir de 5 anos, outubro 2018, 34 pp. (ISBN: 978-84-948877-2-7).

Conto de Ofir Rodríguez Noya, máis coñecida como Mencía Yano (A Rúa, 1961) que conta aventuras que pasaron ela e os seus netos nos veráns en San Martiño do Bolo. Narra as noites do avó tocando a guitarra, as tardes pintando cos netos e as diferentes actividades que facían os catro xuntos mentres os pais seguían na cidade por motivos laborais. O libro procura ser un alegato á infancia sen tecnoloxía, onde o wifi e as pantallas non existen.

Referencias varias:

- Xiana Cid, “Mencía Yano. ‘Pasé de la literatura erótica a la infantil para que me lean mis nietos’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 4 decembro 2018, p. 14.

Entrevista á escritora Mencía Yano, pseudónimo literario de Ofir Enríquez. Nela salientáanse os motivos de pasar do eido da literatura para adultos, concretamente da erótica, para comezar a escribir literatura infantil, alén de tratárense cuestións relacionadas co seu conto “Vacacións na aldea”.

Yáñez Rodríguez, Antía, *A reconquista*, ilust. Ana Pedreira, Premio Fina Casalderrey de Literatura infantil pola igualdade (2018), A Coruña: Baía Edicións, col. Conto x conto, 2018, 26 pp. (ISBN: 9788499952970).

Álbum ilustrado de Antía Yáñez (Burela, 1991) que localiza o espazo da súa historia no patio do colexio de Lúa, a protagonista, que se encontra tomado polo fútbol, un deporte maioritariamente masculino. Os demais nenos da escola senten que deben xogar ao fútbol aínda que non lles guste e as nenas entretéñense, ben pasan o tempo véndoos xogar, ben entretéñense con outros xogos que precisen pouco espazo. Porén, un día todo muda cando Lúa se farta ao ver como os nenos increpan e berran a unha rapaza que entra no campo de fútbol a buscar unha pelota que se lle escapou. Todo isto provoca que, como reacción, as rapazas comecen a organizarse para ocupar cada vez máis espazo do patio do colexio a modo de protesta. A historia trata temas como os estereotipos de xénero, o respecto e a sororidade.

VII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Os ollos do tangaleirón*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 106, [mocidade], setembro 2018, 184 pp. (ISBN: 978-84-9151-196-0).

Obra premiada en 1999 co Premio Barco de Vapor que narra as diferentes situacións ás que se terá que afrontar unha moza para poder completar a súa investigación en criptozooloxía sobre o Tangaleirón. A historia trata de concienciar sobre cuestións medioambientais e que reivindica o papel das mulleres na nosa sociedade, ao tempo que presenta as dificultades presentes no seu cotián debidas ao seu xénero.

P. DoCampo, Xabier, *A chave das noces*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 154, [lectorado mozo], novembro 2018, 176 pp. (ISBN: 978-84-91-21-412-0).

Xabier P. Docampo (Rábade, 1946-A Coruña, 2018) ofrécenos un relato de xénero negro, ambientado na Galicia urbana e protagonizado por un mozo aprendiz de detective que retrata a marxinalidade, a inxustiza e a opresión nos ambientes suburbanos dunha sociedade que está a sufrir grandes transformacións publicado por primeira vez en 1987 en Vía Láctea.

Recensións:

- Blanca-Ana Roig, “Marxinalidade e problemáticas sociais todavía vixentes”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2018, p. 6.

Parabeniza a Edicións Xerais de Galicia por recuperar a novela de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946-A Coruña, 2018), xa que, comenta, xunto a outros autores como Agustín Fernández Paz configura unha xeración fundamental para o recoñecemento e consolidación da LIX, que tivo que abrir camiño nunha época chea de carencias e dificultades.

Torres, Xohana, *Pericles e a balea*, ilustr. Sheila Santa, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 7, [lectorado autónomo], xuño 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-9151-184-7). (108)

Conto de Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931-Vigo, 2017) publicada por primeira vez en 1983 que se achega á vida da xente do mar dun xeito lúdico e que ademais establece un diálogo intertextual entre elementos da tradición oral (xogos de palabras, cantares e lendas) e personaxes tomados da Biblia e das culturas fenicia e grega para dalos a coñecer aos máis novos, como a relación que se establece entre Pericles-Ulises e a particular Penélope, unha muller-balea emparentada coas míticas sereas, que namora o heroe navegante da historia.

Recensións:

- Carmen Ferreira, “O encanto de *Pericles e a balea* e a pegada feminista”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 xullo 2018, p. 6.

Comenta o recuperación do conto de Xohana Torres por parte da sobre o que di ser un texto fundamental na conformación da Literatura Infantil e Xuvenil galega e achega unha breve sinopse da obra, destacando dela a súa proximidade á vida da xente do mar dun xeito lúdico e que ademais establece un diálogo intertextual entre elementos da tradición oral (xogos de palabras, cantares e lendas) e personaxes tomados da Biblia e das culturas fenicia e grega para dalos a coñecer aos máis novos, como a relación que se establece entre Pericles-Ulises e a particular Penélope, unha muller-balea emparentada coas míticas sereas, que namora o heroe navegante da historia. Estas referencias confiren á narración diferentes niveis de lectura que permiten asentar mitos e símbolos no imaxinario infantil e percibir os xogos de subversión, sen obviar unha perspectiva feminista.

- Mario Regueira, “Navegantes míticos”, *Sermos Galiza*, n.º 305, “fóradeserie”, 19 xullo 2018, p. 6.

Recensiona a reedición comentada da obra narrativa *Pericles e a balea* (Galaxia, 2018) da escritora Xohana Torres, con ilustracións de Sheila Santana. Nela, Mario Regueira trata aqueles aspectos máis relevantes relacionados coa biografía da autora, a publicación desta novela, un conto curto cuxo estilo “aposta pola sinxeleza e un aire que aposta pola complicidade co público obxectivo”, e ofrece un breve comentario sobre os personaxes, neste caso, sobre Pericles, unha figura central na obra. Saliéntase a consideración da novela que fan autoras como Montse Pena Presas cualificándoa como “unha das primeiras narracións feministas da literatura infantil galega”.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Esopo, *Fábulas de Esopo*, versión de Xosé Ballesteros, ilust. Dani Padrón, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sete Leguas, lectorado a partir de 5 anos, xullo 2018, 56 pp. (ISBN: 978-84-8464-405-7).

Trátase de historias breves e exemplares protagonizadas por animais humanizados que se pechan cunha ensinanza final sobre os defectos humanos. Reúne unha selección daquelas fábulas máis coñecidas que se ofrecen cun estilo narrativo actual e nas que se reprobán a preguiza, ambición, mentira... ao tempo que louvan o esforzo, a prudencia, a bondade ou a astucia. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983) son figurativas, cheas de cores e expresividade que transmiten o humor das historias.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Do amor e da literatura”, *Sermos Galiza*, n.º 312, “fóradeserie”, 6 setembro 2018, p. 7.

Recensiona as adaptacións das obras *A árbore xenerosa* (Kalandraka, 2015), traducida ao galego por Chema Heras, e *Fábulas de Esopo* (Kalandraka), adaptadas por Xosé Ballesteros e ilustradas por Dani Padrón. *A árbore xenerosa* trátase dun álbum ilustrado, dirixido a un público infantil, cun protagonista infantil masculino, que conta con ilustracións de Silverstein en branco e negro. Pola súa banda, as *Fábulas de Esopo* conta historias de animais cunha ensinanza final, tamén dirixida ao público infantil.

- Carmen Ferreira, “Historias eternas para lectores actuais”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 outubro 2018, p. 5.

Felicita a Kalandraka por ofrecer a adaptación ao galego dunha obra clásica grega recomendada para lectorado a partir de cinco anos e ofrece unha sinopse da obra e unha descrición detallada das ilustracións que a acompañan.

Patacrúa, *Paco papán*, ilust. Evelyn Daviddi, Pontevedra: OQO Editora, lectorado autónomo, febreiro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-9871-591-0).

Reedición da adaptación do conto xudeu publicado por primeira vez en 2007. Narra a historia dun neno chamado Paco Papán ao que a nai manda ir traballar para conseguir unha paga. Paco proba diferentes oficios, mais é tan lacazán que ningún traballo lle gusta e sempre fai mil trasnadas. Non obstante, Paco non desiste porque é moi optimista e todo se resolverá cando chega á casa do enterrador.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Una jornada cargada de palabras”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 abril 2018, p. 12.

Dá conta da celebración do Día do Libro que contou con numerosos descontos, agasallos e actividades literarias por parte de oito librarías da Coruña. Entre as obras recomendadas

sobresaen *Paco papán* (2018) de Patacrúa e *O grúfalo* (2013) de Julia Donaldson e Axel Scheffner, ámbolos dous dirixidos ao público infantil.

Southey, Robert, *Os tres osos*, ilust. Miguel Tanco, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, lectorado prelector, 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-8464-664-8).

Conto tradicional adaptado a partir da versión publicada en 1837 polo poeta inglés Robert Southey. Desta vez é unha nena, e non unha anciá, a que entra sen permiso na casa dos osos. Estes son presentados como animais refinados e pacíficos, a diferenza de quen invade o seu fogar. A historia axuda a reflexionar sobre a familia, o parentesco, o fogar e a boa e má educación. As ilustracións destacan pola sinxeleza e detallismo a través da técnica do collage para representar tanto os personaxes como os espazos do libro.

Recensións:

- Carmen Ferreira, “Remozando contos da transmisión oral a álbums”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 26 agosto 2018, p. 6.

Comenta que os contos da transmisión oral conforman un gorentoso material para crear exitosos álbums dirixidos a prelectores e primeiros lectores e que, por ese motivo, a editorial Kalandraka dedica a colección “Os contos do trasno” a adaptar coñecidos contos populares entre os que se encontra este conto de Robert Southey.

Verne, Jules, *20.000 leguas baixo dos mares*, adapt. Asociación Juan XXIII, ilust. Miguel Rocha, Vigo: Editorial Galaxia, col. Lectura fácil, n.º 1, xuño 2018, 148 pp. (ISBN: 978-84-9151-182-3).

Novela de aventuras de Jules Verne (Nantes, 1828) na que se relata a batalla de Rande. A adaptación correu a cargo da Asociación Juan XXIII de Pontevedra, baixo a coordinación do pedagogo Diego Chapela, validada polo Club de Lectura da Asociación, e con ilustracións de Miguel Rocha.

Recensións:

- Marta Neira, “Unha nova colección pra animar á lectura”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 setembro 2018, p. 6.

Comenta que a editorial Galaxia vén de inaugurar unha nova colección co nome “Lectura Fácil” co obxectivo de incentivar e fomentar a lectura en galego entre o lectorado con dificultades lectoras entre a que se encontra a novela de Jules Verne.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Sae a primeira obra da colección Lectura Fácil en lingua galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 xuño 2018, p. 38.

Dá conta da publicación da primeira obra da colección Lectura Fácil da man da editorial

Galaxia titulada *20.000 leguas baixo os mares* do escritor francés Jules Verne. A presentación desta tradución en lingua galega tivo lugar en Rande e contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

VII.1.4. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

Álvarez Álvarez, Francisco, *Vasoiras Barreiro*, trad. María Dolores Estévez Álvarez, ilustr. Antonio Rodríguez, A Estrada: Edicións Fervenza, 50 pp. (ISBN: 978-84-17094-39-3).

Novela fantástico-realista de Francisco Álvarez Álvarez (A Guarda, 1957) que comeza coa visita de Lourenzo, un neno de 7 anos de idade que reside en Nova York, á casa de seus avós que viven nunha pequena aldea galega. É alí onde Lourenzo descobre a existencia dunha vasoira moi vella, que xa levaba na casa moitos anos e que unha noite, mentres durmía, iluminouse de cor vermella mentres aparecían gravadas no seu mango as palabras “Vasoiras Barreiro”. Ao día seguinte pola mañá, buscou de novo a vasoira para comprobar o seu estado cando descubriu que o nome do mango seguía alí. Foi esa mesma noite cando se decidiu a coller a vasoira e comezar a voar. Mentres esta aventura daba comezo, Lourenzo comezou a botar en falla aos seus amigos Anxo e Alba, polo que decidiu ir despertalos e emprender unha viaxe por todo o mundo. A función que desempeñaron durante esta volta polo planeta foi axudar a persoas que se atopaban en distintas situacións de perigo e de inxustiza como a de axudar a inmigrantes a cruzar a fronteira dun país a outro ou deter a un ladrón dun banco. Tras rematar a súa viaxe na vasoira voadora, Lourenzo foi deixando aos seus amigos nas súas camas e, finalmente, el tamén se botou a durmir aínda que xa case amencera. Ao día seguinte, os tres nenos espertaron moi cansos e non sabían moi ben se todo aquilo que viviran foi un soño ou foi real, aínda que no telexornal estaban a saír novas sobre os inmigrantes que cruzaron fronteiras grazas a unha vasoira voadora.

Álvarez de Eulate, Carlos, *Uxía é Uxía*, trad. Ana Fachal, ilustr. Marta Fábrega, Madrid: Bruño, col. Alta Mar, n.º 33, lectorado a partir de 6 anos, marzo 2018, 20 pp. (ISBN: 978-8469623169).

Conto de Carlos Álvarez de Eulate que narra a historia de Uxía, unha nena á que lle encanta disfrazarse como algúns dos seus bonecos porque: a superheroína Anxelina, o boneco detective, o pirata, o astronauta ou o robot. Quere ser coma eles e cada vez que se disfraza inventa aventuras trepidantes grazas á súa imaxinación. Todo muda cando un día a nai lle agasalla unha boneca moi especial.

Ahlberg, Janet&Allan, *Os esqueletos divertidos (Funnybones, 1980)*, trad. Sandra e Óscar Senra Gómez, ilustr. Janet e Allan Ahlberg, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], 2018, [32 pp.] (ISBN 978-84-8464-384-5).

Historia de Janet&Allan Ahlberg (Inglaterra, 1938) protagonizada polos esqueletos dun home, un neno e un can que saen pasear e asustar a xente de noite. Non obstante, non conseguen o seu obxectivo xa que son simpáticos e alegres. Xogan, cantan e danse sustos os uns aos outros. O libro procura, a través do humor, desacralizar o tema da morte con naturalidade e sinxeleza.

Recensións:

- María Navarro, “Polos roteiros do inframundo. Divertido, simpático, engaiolante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 687 “Libros”, 1 novembro 2019, p. VI.

Comenta, co gallo do Samaín, algunhas das características da obra en cuestión, como son o ambiente e a temática, o argumento que dirixe e enfía a historia e algunhas das características dos protagonistas da obra.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Cuentos para pasarlo de medo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros. Para niños valientes”, 26 outubro 2018, p. 5.

Con motivo da celebración do Samaín, recomenda distintas obras literarias: *Os esqueletos divertidos* (Kalandraka), citando un pasaxe da obra na que os esqueletos deciden saír e asustar a xente. *Mortiña* (Hércules Ediciones), que vai dunha zombi macabra rodeada de letras e cores. *Un, dous, tres, vampiro es ti* (Kalandraka), un conto con unicornios, hienas e crocodilos que non dan medo.

Alonso, Fernando, *A árbore dos soños*, trad. Ramón Nicolás, ilustr. Emilio Urberuaga,, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sete Leguas, [lectorado autónomo], 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-8464-371-5).

Historia de Fernando Alonso que conta como un home comeza a escribir cinco relatos protagonizados por árbores como acto de solidariedade ao enterarse de que un home fora detido por escribir nun xornal sobre árbores e paxaros. Coas historias que crea sobre unha árbore namorada, outra no patio dunha escola, un semáforo e un bonsai que desexan ser árbores e unha árbore soñadora pretende esixirlle ao xuíz a absolución do home detido.

Bartiková, Petra, *A árbore*, trad. María Reimóndez, ilustr. Martin Sojdr, A Coruña: Baía Edicións, lectorado autónomo, novembro 2018, 16 pp. (ISBN: 978-84-9995-289-5).

Conto de Petra Bartiková que narra a vida dentro dunha árbore. O vento que zoa, as pólas que abanean, o cuco que canta no seu niño... O libro presenta as árbores como casas e pretende ensinar o valor da natureza e familiarizar os máis pequenos sobre a importancia de coidar e conservar o medio ambiente.

_____, *A colmea*, trad. María Reimóndez, ilustr. Martin Sojdr, A Coruña: Baía Edicións, lectorado autónomo, novembro 2018, 16 pp. (ISBN: 978-84-9995-290-1).

Conto de Petra Bartiková que narra a vida dunha abella dentro dunha colmea. Como voa de flor en flor en primavera ou como recolle o pole que logo reparte coas súas amigas na colmea e como o transforman en mel. O libro pretende familiarizar o lectorado máis infantil co mundo da natureza.

_____, *O formigueiro*, trad. María Reimóndez, ilustr. Magdalena Taková, A Coruña: Baía

Edicións, lectorado autónomo, novembro 2018, 16 pp. (ISBN: 978-84-9995-291-8).

Conto de Petra Bartiková que narra a vida dunha formiga no formigueiro. Como na primavera se deita para quentar o corpo e logo levar a calor ao formigueiro ou como sobe e baixa as árbores na procura de comida. O libro pretende familiarizar o lectorado máis infantil co mundo da natureza

Bonilla, Rocío, *Irmáns*, trad. Elvira Riveiro Tobío, ilust. da autora, Alzira: Editorial Algar, col. Álbumes ilustrados, n.º 7, lectorado a partir de 3 anos, 2018, 46 pp. (ISBN: 978-84-9142-149-8).

Álbum ilustrado de Rocío Bonilla (1970) que trata a relación de amor-odio entre irmáns na infancia, ofrecendo o punto de vista do irmán pequeno e do irmán maior. Nesta liña, a obra pode lerse tanto de dereita a esquerda (para coñecer a versión de un dos irmáns) ou de esquerda a dereita (para coñecer a versión do outro) até que a historia conflúe nunhas páxinas centrais comúns.

Benman, Ilan, *A meniña furacán e o meniño esponxa*, ilust. Lucía Serrano, Valencia: Algar Editorial, col. Álbumes ilustrados en galego, n.º 8, [prelectorado] 32 pp. (ISBN: 978-84-9142-243-3).

Álbum ilustrado con texto de Ilan Benman (Israel, 1973) e debuxos de Lucía Serrano dirixido ao público infantil. A obra presenta a historia de dous cativos, un neno e unha nena, que se caracterizan por ter personalidades opostas. Por unha parte, a nena ten folgos para estar desenvolvendo diferentes actividades que teñen repercusións sobre o seu entorno en todo momento. Por outra parte, o meniño prefire estar quieto e observar. Non obstante, tanto a meniña como o neno son intelixentes e divertidos, de xeito que chegan a facerse amigos e as diferenzas nas súas respectivas maneiras de ser convértense en fonte de aprendizaxe. O desenvolvemento da historia vai acompañado polas ilustracións a cor de Lucía Serrano que contribúen a salientar o contraste entre o comportamento de ambos os dous rapaces.

Brown, Peter, *A miña profe é un monstro! (My Teacher is a Monster! No, I am Not, 2014)*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Verdemar, [prelectorado e lectorado autónomo], 2018, [40 pp.](ISBN: 978-84-16460-39-7).

Álbum ilustrado de Peter Brown (Dublín, 1935) que conta a historia de Brais e a complexa relación que ten coa súa nova profesora, a "profe Lola". Ela é un monstro real, de pel verde e dentes enormes. Lola sempre o castiga e Brais sempre quere fuxir dela, ata que un día atopa no parque e comezan a falar e pasar a tarde xuntos e Brais descobre que a profesora non é como el pensaba. O conto fomenta o diálogo, convida a loitar contra os prexuízos e ensina a entender que os prexuízos enganan.

Referencias varias:

- Marta Neira, “Alvarellos Editora incorpórase á Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 maio 2018, p. 4.

Comenta a boa nova que significa sempre a chegada dunha nova de libros dirixidos aos máis novos e con intención de quedar para encher ocos no sistema literario galego e en galego ofrecendo continuidade e innovacións. Indica que aínda que aínda que Alvarellos Editora comezou a colección “Verdemar” con dúas obras dispares no ano 2017, uns preliteros, artefactos ou produtos preliterarios que levan á lectura, e que agora, apunta, perflábase con propostas como a de Peter Brown.

Bruno, Pep, *A noite das mudanzas (La noche de los cambios)*, trad. Marisa Núñez, ilustr. Lucie Müllerová, Pontevedra: OQO editora, [lectorado autónomo], outubro 2018, [33] pp. (ISBN: 978-84-9871-611-5).

Conto de Pep Bruno (Barcelona, 1971) que conta o que lle aconteceu ao granxeiro Leiro cando unha noite non conseguía durmir porque esquecera beber o seu vaso de leite e decidiu ir muxir a vaca e non atopa ningún animal no sitio que lle correspondería. A historia pretende achegar os animais da granxa dunha maneira lúdica.

Cantini, Barbara, *Mortiña. Unha historia para esmedrellarse de risa*, trad. Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González, ilustr. Barbara Cantini, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, n.º 20, lectorado autónomo, outubro 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-949176-1-5).

Libro de Barbara Cantini protagonizado por unha personaxe feminina chamada Mortiña, unha nena que é diferente ás demais xa que é unha zombi. Á protagonista gustaríalle ter amigos da súa idade cos que poder divertirse e xogar pero a súa tía prohibiulle relacionarse coa xente por medo a asustala. Todo cambiará coa celebración da festa de Halloween, momento no que todos descubrirán que Mortiña é unha zombi e que non necesita disfrazarse.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Cuentos para pasarlo de medo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros. Para niños valientes”, 26 outubro 2018, p. 5.

Con motivo da celebración do Samaín, recomenda distintas obras literarias: *Os esqueletos divertidos* (Kalandraka), citando un pasaxe da obra na que os esqueletos deciden saír e asustar a xente. *Mortiña* (Hércules Ediciones), que vai dunha zombi macabra rodeada de letras e cores. *Un, dous, tres, vampiro es ti* (Kalandraka), un conto con unicornios, hienas e crocodilos que non dan medo.

Carroll, Lewis, *A través do espello e o que Alicia alí encontrou*, trad. Xavier Queipo, ilustr. Fausto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, lectorado a partir de 6 anos, 2018, 168 pp. (ISBN: 978-84-947348-6-1).

Segundo volume das aventuras de Alicia que recolle algunhas das súas aventuras máis sonadas: o encontro con Ovo Redondo, o xardín das flores que falan ou o poema de Galimatán. O libro está acompañado polas collages de Fausto Isorna.

Recensións:

- Carlos Crespo, “Alicia, en galego e cunha mirada adulta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 11 maio 2018, p. 8.

Infórmase da publicación da publicación de *A través do espello e o que Alicia alí encontrou* do autor Lewis Carrol. Editado en galego por El Patito Editorial e traducida por Xabier Queibo. Na mesma data celébrase unha exposición na tenda de Sargadelos en Santiago de Compostela, onde o artista Fausto Isorna mostrou os seus colaxes para os libros publicados na devandita editorial.

Chambers, Daniel H., *Unha longa viaxe (Un largo viaje)*, ilustr. Federico Delicado, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-8464-410-1).

Álbum realista de Daniel Hernández Chambers (Tenerife, 1972) con dúas familias como personaxes principais: unha familia de aves que migra por un lado e outra que foxe da súa cidade. A historia trata de dúas viaxes que transcorren paralelamente: unha gansa e o seu fillo emprenden o traxecto migratorio cara ás terras cálidas do sur, mentres que unha familia que habita nun territorio en guerra emprende camiño cara ao norte para fuxir. Ambas as dúas aventuras reflicten o terror dos viaxeiros máis novos perante todo o que está por vir (inclemencias meteorolóxicas, canseira, falta de alimentos etc.) en contraposición coa esperanza dos adultos por chegar a un lugar mellor para a súa familia. Para rematar, o último reto é atravesar o mar que é o punto no que se cruzan ambas as familias para así poder chegar ao seu destino.

Recensións:

- María Navarro, “Pinceladas de alento. Por un mundo sen lindes”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 682, “Libros”, 27 setembro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 624, “Letras galegas”, 6 outubro 2018, p. 3.

Comenta que a obra trata cuestións relacionadas coa temática (baseada na migración humana e animal e os dereitos humanos), o discurso narrativo (onde ten unha presenza fundamental o diálogo entre os distintos personaxes) e o público ao que vai dirixido, aos máis novos. Sinálase que a finalidade da novela é concienciar aos máis novos sobre o fenómeno da migración e as súas consecuencias. Por último, salientase a importancia que cobra o aspecto plástico e visual da obra, a través da singularidade das cores, as imaxes e a simboloxía capaces de comunicar todo tipo de sensacións e sentimentos ao lector

Charlip, Remy, *Onde están todos?*, trad. Rafael Salgueiro e Susana Collazo, ilustr. do autor, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, lectorado a partir de 2 anos, setembro 2018, 48 pp. (ISBN: 978-8494827877).

Un libro que se caracteriza pola súa sinxeleza á hora de tratar os temas e cun ritmo singular. Trátase dunha obra ilustrada nos anos 60 que nunca antes fora publicada. Os seus protagonistas son os elementos da natureza: o sol, a terra, o ceo, os paxaros etc.

Sublíñase no texto a importancia do sol como elemento que provoca que haxa animal mais tamén humana.

Coppo, Marianna, *Unha historia*, trad. Xosé Ballesteros, ilustr. da autora, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, lectorado autónomo, xullo 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-8464-398-2).

Álbum de Marianna Coppo (Roma, 1990) que comeza cunha páxina en branco e, a seguir, presenta a unha serie de animais que agardan a que algo suceda mentres un deles toma a iniciativa e debuxa a súa propia historia. Todos acaban por decatarse que están dentro dun libro e, por tanto, agardan a ver que lles depara o conto pero pasa o tempo e non acontece nada. Deciden seguir esperando e falan entre eles moi molestos pola tardanza da súa historia. Un dos personaxes, un coello rosa, decide comezar a debuxar porque se aburre e, pouco a pouco, os seus debuxos van enchendo as páxinas e cobrando vida.

De Pennart, Geoffrey, *Sofía, a vaca namorada da música*, trad. María Luísa Madriñán, Lugo: Monterroso Editorial, 34 pp. (ISBN: 978-84-09-07624-6).

Conto de Geoffrey de Pennart (Francia, 1951) que narra a historia dunha vaca, Sofía, pianista e cantante que marcha da súa vila á cidade para participar nun concurso de música e unirse a unha orquestra. Proba sorte en diferentes asociacións e rexéitana, mais grazas ao seu espírito de loita non cansará ata conseguir o seu propósito. O conto pon en valor o esforzo, a constancia, a tenacidade, o compañeirismo e a tolerancia para poder acadar os obxectivos que unha persoa se propón.

Garzón Córdoba, Laura, *Tikismikis*, trad. María Jesús Gómez Sanjurjo, ilustr. Xan López Domínguez, A Coruña: Rodeira, col. Tren azul. Os meus contos favoritos, lectorado a partir de 3 anos, 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-8349-555-1). (142)

Libro protagonizado por un trasgo moi traveso ao que lle encanta agochar e remexer nas cousas dos demais, poñendo todo ao revés. Destaca polo seu compoñente máxico e lúdico que fai que os máis pequenos se divirtan coas anécdotas do pequeno trasgo.

Grahame, Kenneth, *O vento nos salgueiros*, trad. Estela Villar, Cangas do Morrazo: Sushi Books, lectorado autónomo, xullo 2018, 213 pp. (ISBN: 978-84-16884-14-8). ■

Novela de Kenneth Grahame (Reino Unido, 1859) que presenta a catro animais que viven á beira do río, cada un deles coas súas características: un sapo, un rato, un porco teixo e unha toupa. As súas diferentes personalidades recrean a diversidade humana e nállanse as súas aventuras á beira do río e a súa ocupación máis importante: salvar ao sapo de todos os líos nos que se mete. A historia recrea a sociedade vitoriana e defende valores como a amizade e a lealdade. Tamén hai unha vertente satírica coa que é posible descubrir algúns personaxes e clases da sociedade británica contemporánea do autor. Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura do ano 2017.

Jansson, Tove, *O libro do verán*, ilustrado por Tove Jansson, traducido por Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi books, lectorado autónomo, abril 2018, 154 pp. (ISBN: 978-84-16884-12-4). ■

Libro de Tove Jansson (Finlandia, 1914) composto por diferentes historias curtas que tratan a relación dunha nena, chamada Sofía, coa súa avoa octoxenaria, unha relación estreita e intensa que se desenvolve na illa salvaxe do Golfo de Finlandia. A obra presenta as súas conversas nas que a natureza ten unha forte presenza: falan sobre o mar, a luz, os animais...

Kelly, Jacqueline, *O curioso mundo de Calpurnia Tate*, traducido por Carlos Acevedo, ilustrado por April Ward, Vigo: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, lectorado autónomo, 2018, 352 pp. (ISBN: 978-84-16721-17-7). ■

Novela de Jacqueline Kelly (Nova Zelanda) que comeza no punto no que terminaba a anterior entrega: *A evolución de Calpurnia Tate*. Trátase dun novo relato mais cos elementos do anterior: Callie Vee quere seguir, a pesar da oposición familiar, a vocación do seu avó, o capitán Walter Tate, e continuar os seus estudos científicos. Nunha das súas investigacións, Callie topa cunha ave estraña porque non é común na costa da súa vila, Caldwell, e que malia que ela recibe con alegría, o avó tómaa como sinal de advertencia xa que significa a chegada dun forte temporal que podería afectar gravemente á illa de Galveston onde viven familiares deles. Ademais disto, outros elementos terán unha importancia significativa nesta novela: a chegada da súa curmá Aggie, a do Dr. Pritzker, un veterinario que espertará a curiosidade polos animais de Callie, e a do seu irmán Travis que vivirá moitas aventuras con ela. Canto á estrutura do libro, cada capítulo comeza cun fragmento da novela de Charles Darwin, *A viaxe do Beagle* (1839)

Kolu, Siri, *Os Bandiden*, Cangas do Morrazo: Sushi Books, novembro 2018, lectorado autónomo, 216 pp. (ISBN: 978-84-16884-18-6). ■

Libro infantil de Siri Kolu (Finlandia, 1972) que xira arredor da protagonista feminina Vilja, que marcha de vacacións á casa da súa avoa acompañada dos pais e da súa irmá. Durante a viaxe, a pequena Vilja é secuestrada polos Bandiden, unha familia de estafalarios ladróns de doces, botín que prefiren antes ca os cartos. A protagonista pasará un verán do máis emocionante con eles e comerá grandes cantidades de doces. Durante o tempo que está prisioneira dos Bandiden, coñecerá outra maneira de vivir diferente á convencional.

Kroeber Le Guin, Ursula, *Os libros de Terramar. Un feiticeiro de Terramar*, ilustrado por Víctor Rivas, Santiago de Compostela: Urco editora, col. Urco xuvenil, vol. I, [mocidade], outubro 2018, 290 pp. (ISBN: 978-84-948755-5-7).

Libro protagonizado por un personaxe infantil masculino chamado Gabián, que ten unhas habilidades máxicas que lle levan a formarse como feiticeiro na escola de Roke, onde se forman todos os magos. No entanto, a súa aprendizaxe verase freada pola aparición accidental dunha misteriosa sombra que vai querer apoderarse del. A historia ten lugar en Terramar, un inmenso arquipélago situado no medio dun océano sen límites precisos.

Kulot, Daniela, *Bromas na escuridade (Munkeln im Dunkeln)*, Thienemann-Esslinger GmbH, Stuttgart, 2016), ilustrada da autora, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, lectorado a partir de 5 anos, xullo 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-401-9)

Álbum De Daniela Kulot (Schongau, Alemaña, 1966) que ten como protagonistas tres amigos: o oso Baldo, o verme Ringo e a lebre Herminia. Un narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes dan conta do que lle acontece e do que senten (alegría, tristeza, medo etc.) os tres pequenos a primeira vez que dormen xuntos na casa dun deles: cean, xogan a disfrazarse de pantasma, lavan os dentes, poñen os pixamas, fan batallas de almofadas, escoitan un conto da man de papá oso, asústanse cunha sombra que pensan que é unha pantasma, mais que resulta ser a planta que o pai verme e a nai lebre lle fixeron aos pais do osiño Baldoe, finalmente, dormen contentos e tranquilos. Á mañá seguinte almorzan moi contentos todos xuntos e despois marchan para as súas casas. As ilustracións da autora presentan os protagonistas en diferentes escenas.

Lammers, Pim, *O año que é un porquiño*, trad. María Alonso Seisdedos e Antón Vialle, ilustrada por Milja Praagman, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas Lecturas de Hércules, lectorado a partir de 6 anos, febreiro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-947023-9-6).

A obra *O año que é un porquiño* é un conto fantástico, escrito por Pim Lammers (nacido o 2 de outubro de 1993) e Milja Praagman (nacida o 3 de abril de 1971 en Amsterdam). O conto está narrado polo narrador en 3ª persoa, xunto cos personaxes mediante o uso de diálogos. O conto serve para tratar a propia identidade e conta a historia dun año que lle gusta meterse na lama cos porquiños e afirma que é un porquiño e non un año. O resto das ovellas e porquiños asómbranse e rinse del, e o granxeiro que non entende nada decide levalo ao veterinario. Tras diversas probas, o médico afirma que é un porquiño e quíttalle a la e volve para o charco de lama feliz. O conto é ilustrado por Milja Praagman. Unha mesma ilustración ocupa as dúas páxinas, como no formato álbum; as cores utilizadas son predominantemente cálidas e suaves, aínda que tamén hai, en menor medida, cores escuras. O texto está escrito intercalando frases en letras minúsculas e frases en letras maiúsculas e utilízanse tamén onomatopeas.

Lindgren, Astrid, *Pippi Mediaslongas embarca (Pippi Långstrump går ombord)*, 1946), trad. David A. Álvarez, ilustrada por Ingrid Vang Nyman, Pontevedra: Editorial Kalandraka, [lectorado autónomo e mocidade], novembro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-8464-423-1).

■

Conto da coñecida personaxe de Astrid Lindgren (Suecia, 1907), Pippi Mediaslongas. Desta vez, Pippi quere viaxar co seu pai, Efraim Mediaslongas, ata a illa de Korakora, mais a súa posible marcha deixa moi triste os seus amigos. A historia presenta unha Pippi que rompe cos estereotipos de xénero. Trátase dunha nena rebelde, transgresora, independente e extrovertida, e que actúa de forma contestataria fronte aos maiores.

Lionni, Leo, *Paso a paso (Inc by Inch)*, 1988), trad. Xosé Manuel González, ilustrada polo autor, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Tras os montes, [prelectorado e lectorado

autónomo], [32 pp.] (ISBN: 978-84-8464-378-4).

Álbum ilustrado de Leo Lionni (Ámsterdam, 1910) que ten como protagonista unha eiruga que, co seu enxeño, ten que loitar para non ser devorada por diferentes aves. O conto pretende resultar de aprendizaxe sobre a supervivencia para os máis pequenos e cuestiona a dicotomía entre o material e o intanxible e o cuantificable e inabarcable.

López López, Xabier, *O segredo da vella librería*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore-Galaxia, n.º 222, lectorado a partir de 10 anos, febreiro 2018, 216 pp. (ISBN: 978-84-9151-169-4).

Novela de Xabier López López (Bergondo, 1974) que reivindica a verdadeira natureza dos libros. Gustavo, o protagonista, pendente de poder conseguir diñeiro para a supervivencia da súa familia, non acaba de entender o que lle conta o misterioso libreiro sobre viaxar sen moverse do sitio, ata que por fin el mesmo se ve inmerso en abraiantes mundos, onde vive milleiras de aventuras. A novela tamén agocha un segredo, un crime e uns criminais que o levan a cabo, intentando afastar os libros dos seus lectores, todo pola terrible obsesión duns cantos de ser máis ricos á conta de empobrecer aínda máis aos que xa o son, económica e culturalmente.

Recensións:

- Mario Regueira, “A deriva dos libros”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “fóradeserie”, 31 maio 2018, p. 6.

Recensiona unha nova reedición da novela *O segredo da vella librería* (Galaxia, 2018) do escritor Xabier López López. Primeiramente, Regueira ofrece un breve percorrido pola notable traxectoria literaria do autor, destacando aqueles aspectos chave da súa carreira literaria, para logo afondar en cuestións relacionadas cos personaxes da obra, protagonizada por un personaxe masculino e infantil, o espazo, o tempo e a temática, a cal xira arredor dos libros. Para Regueira, o máis destacable da obra é “a capacidade do autor para crear un universo ben definido, cheo de referencias á nosa realidade, pero coa súa propia autonomía”. Aínda así, Regueira amósase crítico co desenlace do libro, o cal sería “forzado” e carecería de toda intriga.

- Rocío G. Pedreira, “O segredo da vella librería, de Xabier López López”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 setembro 2018, p. 6.

Comenta que a editorial Galaxia vén de publicar, na súa colección “Árbore” dirixida a nenos a partir de 10 anos, esta a novela. Ofrece unha sinopse da obra e indica que se trata dun libro que achega con coidado e tenrura o fantástico e marabilloso mundo dos libros a lectores en potencia que, acompañada das fermosas ilustracións a modo de bosquejos a lapis en ton sepia de Xosé Tomás (A Coruña, 1971), fan unha simbiose perfecta que dá como resultado unha obra moi interesante para os que, paseniño, se deixan atrapar pola maxia dos libros.

Referencias varias:

- Marta Otero, “Las librerías todavía viven”, *La Opinión*, “Sada/ Betanzos”, 16 xuño 2018, p. 15.

Dá conta do acto de presentación da obra *O segredo da vella librería* do escritor betanceiro Xabier López López, con ilustracións de Xosé Tomás, que pretende ser unha homenaxe ao oficio do libreiro. No acto, que tivo lugar na librería Biblos de Betanzos, participou tamén a editora Malores Villanueva.

Macfarlane, Robert, Donwood, Santley, Richards, Dan, *Corredoira*, trad. Xesús Fraga, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Faktoría K, decembro 2018, 56 pp. (ISBN: 978-84-16721-29-0). ■

Relato realista de Robert Macfarlane (1976), cuxa voz narradora é en primeira persoa, sendo o propio autor un dos protagonistas da historia, xunto con Roger Deakin (escritor e ecoloxista), Stanley Donwood (artista plástico) e Dan Richards (escritor). O principal argumento é a exploración dunha corredoira en Dorset (Inglaterra), realizada polo autor e Roger Deakin nun primeiro momento e anos máis tarde o propio autor volta con Stanley Donwood e Dan Richards. Relátanse fenómenos naturais, descubrimentos arqueolóxicos, así como algunhas reflexións acerca das pegadas dos antepasados naquelas zonas, amosando as emocións provocadas no autor. O ilustrador é Adrià Fruitós, nado en Barcelona en 1984 pero residente en Francia. Tanto na cuberta como no interior do libro, o que ilustra son corredoiras, acordes co título da obra e coa narración que se vai facendo. A cor da cuberta é verde, pois quizais está relacionada coa das corredoiras, mentres que as ilustracións que aparecen posteriormente están todas realizadas en cor negra. Dende un punto de vista persoal, non recomendaría esta obra porque a min non me gustou. A historia e as experiencias que relata si me parecen interesantes pero non a maneira de abordalas, pois ao lelo dábase a impresión de que non había un fío condutor da historia, senón a simple visita á corredoira. A pesar diso, creo que é un relato no que se abordan cuestións de diversa índole e cunha gran riqueza de vocabulario.

Mckee, David, *Elmer (Elmer, 1989)*, ilust. Autor, trad. Xosé Ballesteros González, Pontevedra: Kalandraka Editora [prelectorado e lectorado autónomo], 2018, [32 pp], (ISBN 976-84-8464-380-7).

Álbum de David McKee (Devon, 1935) que presenta a historia dun elefante que se ve distinto aos demais pois non é gris senón multicolor, e que está inspirado na obra plástica de Paul Klee. Na busca de ser igual có resto da manda, aprenderá a importancia de ser un mesmo. O protagonista, farto de facer rir e das burlas do resto de elefantes por ser diferente, decide pintarse con bagas para ser coma os demais. Non obstante, cando parece un elefante corrente dáse de conta de que os demais o seguen acollendo da mesma maneira, demostrando que a personalidade é o máis importante e que ser diferente tamén é unha virtude. Así, co apoio dos seus compañeiros logra superar a inseguridade e tristura que tiña ao principio debido ao seu aspecto.

Recensións:

- Mónica Pazos, “Elmer, un elefante diferente”, *Sermos Galiza*, n.º 295, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 10 maio 2018, p. 7.

Recensiona a obra *Elmer*, unha tradución ao galego a cargo de Xosé Manuel González do clásico David McKee. A obra, pertencente á colección da editorial Kalandraka “Tras os montes”, que ten como temática a diversidade e as diferenzas. En primeiro lugar, ofrece un breve percorrido da traxectoria literaria do escritor británico David McKee, para logo citar algunhas das traducións ao galego doutras obras deste autor clásico tales como *Branco e negro*. Tamén desenvolve cuestións relacionadas coa temática e os personaxes (protagonizado por un elefante multicolor) da obra, sinala a data do 26 de maio que se vai celebrar o Día Mundial de Elmer e salienta a orixinalidade e o colorido das ilustracións que acompañan ao texto.

- Carmen Ferreira, “Elmer, o elefante de cores, contra as diferenzas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 abril 2018, p. 4.

Indica que se trata da entrañable e emotiva historia dun elefante que se ve distinto aos demais pois non é gris senón multicolor, inspirado na obra plástica de Paul Klee. Ademais, comenta que se trata dunha obra que supera o paso do tempo e que incide en temas de actualidade, como a diversidade e o respecto cara ao outro, ao tempo que promove valores fundamentais como a solidariedade, a amizade e a aceptación.

Referencias varias:

- Belén López, “Kalandraka cumpre 20 anos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 abril 2018, p. 41.

Comenta a traxectoria de Kalandraka Editora durante os seus vinte anos que conta con proxección internacional e está posicionada dentro das cen primeiras firmas do sector editorial estatal. Apunta o long-seller *A que sabe a lúa?*, os principais premios conseguidos e os seus últimos proxectos como a XVIII Campaña Municipal de Animación á Lectura do Concello de Santiago, a IX edición do Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, ademais das novidades *Elmer*, de David McKee e *Cara de velocidade*, de Marga Tojo.

Padullés, Estefanía, *A manchas ou a raias?*, trad. Charo Baleirón Sónora, ilustr. da autora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, n.º 19, lectorado autónomo, setembro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-948619-9-4).

Álbum de tendencia fantástica da autora Estefanía Padullés. A voz é narrativa e en terceira persoa, excepto cando falan os dous personaxes do libro. Este libro conta como conviven montos animais nunha selva, pero todos repente algo en común, que teñen manchas. Estaban separados por un río dos animais de raias, aos que los tiñan moito medo. Un día Leopardo paseando na noite coñece a Gresa e fanse mellores amigas e pouco despois dase conta de que ten raias, xa que é unha tigresa. Leopardo dase conta de que o feito de ter raias non é un impedimento para a súa amizade, e convence ao resto dos animais de manchas da selva e todos fixéronse grandes amigos. A ilustradora é a propia Estefanía Padullés. No libro podemos ver algo que o case característico e son os cores empregados, as tonalidades rosas, moradas, azuis e amarelas.

Praagman, Milja, *Porque te quero moito*, trad. María Alonso Seisdedos e Antón Vialle, ilustr. da autora, A Coruña: Hércules Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado a partir de 6 anos, setembro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-948619-6-3).

Álbum de Milja Praagman (Ámsterdam, 1971) que conta a historia dunha nena chamada Ibi e a súa avoa con quen vai de paseo pola cidade describindo todo o que ve. A través do relato de Ibi, vemos como viaxa en metro, como ve diferentes tendas, como vai ao museo, ao parque... Ademais de ir contando todo o que se vai atopando, tamén fai fincapé nas cousas que máis lle sorprenden. Ao final da obra móstrase como Ibi veu o mundo enteiro durante o paseo, e en cambio a súa avoa só tivera ollos para ela. As ilustracións xogan un papel fundamental, xa que acompañan o que se relata na historia. Outro detalle a destacar é a tipografía empregada, ca cal se xoga co uso de maiúsculas e minúsculas, así como dándolle unha cor diferente a aquel texto que se quere destacar.

Pintadera, Fran, *Cándido e os demais (Cándido y los demás)*, XI Premio Compostela de álbum ilustrado 2018, ilustr. Christiam Inajara, Pontevedra/Santiago de Compostela, Kalandraka Editora/Concello de Santiago de Compostela [lectorado autónomo], 36 pp. (ISBN 976-84-8464-420-0). ■

Álbum ilustrado de Fran Pintadera, traducido do español, que conta a historia de Cándido, un rapaz que ás veces se sente mal e quere pasar desaparcibido. O conto reflexiona sobre a diversidade, sobre como vemos aos demais e como os demais nos ven a nós sen que en realidade existan tantos elementos que afasten unhas persoas das outras.

Ribeiro, João Manuel, *A casa grande. Manifesto de Cidadanía*, trad. Ánxela Gracián, ilustr. Ricardo Rodrigues, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas Lecturas de Hércules, lectorado a partir de 6 anos, xaneiro 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-947770-4-2).

Obra de João Manuel Ribeiro (Oliveira de Azeméis, 1968). Baixo o símbolo dunha casa que se atopa sempre aberta e que, por tanto, está accesible para todo o mundo, o escritor introduce un contexto metafórico onde trata temas tan relevantes como a lingua, a cor, a raza, a relixión e as latitudes. A través de breves parágrafos o autor vai entrelaza os diferentes temas para crear un ambiente apracible e apetecible para o lector, onde cada mensaxe vai debidamente inserida dentro dunha ilustración que reflicte e acompaña de forma divertida e sinxela o texto.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Casa aberta”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésía”, n.º 1.025/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.025, “máis Libros”, 4 marzo 2018, p. 30.

Recensiona a tradución ao galego da novela *A Casa Grande* (Hércules de Ediciones, 2018) do autor portugués Joao Manuel Ribeiro. O autor do artigo, Armando Requeixo, enxalza a escrita do autor, considerándoa como “unha das máis sobresaíntes do panorama infantoxuvenil ibérico” e reconece a orixinalidade do comezo e do peche da obra. Así mesmo, Requeixo insire a obra dentro da “literatura para a educación emocional” e reconece o bo facer tanto do ilustrador do libro, Ricardo Rodrigues, como da tradutora Ánxela Gracián.

Referencias varias:

- Nair Vide, “A Casa Grande’ que acolle a todos”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 6 maio 2018, p. 6.

Ofrece unha sinopse da obra e indica que a súa finalidade é ensinar aos máis pequenos que o mundo, se queremos, é sinxelo e transparente, xa que é un espazo onde o importante é falar unha lingua universal centrada na verdade, o amor e o perdón. Remata indicando que o libro fainos reflexionar e querer unha Casa Grande no noso futuro onde “a única condición para permanecer na Casa/é a de non fechar nada/nin se fechar a nada”, e que se trata dunha obra que recolle un conxunto de bos consellos que nos orientan e convidan a ser uns bos cidadáns desde ben pequenos.

- G.S.M., “Hércules de Ediciones publica ‘A casa grande”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 febreiro 2018, p. 36.

Dá conta da publicación do libro *A Casa Grande* (Hércules de Ediciones) do autor Joao Manuel Ribeiro, con ilustracións de Ricardo Rodrigues. Coméntase a temática do libro así como ao público a quen vai dirixida a obra, asegurando que se trata dun libro “onde se pode aprender a ser un maiúsculo cidadán que soña sen medo a envellecer e vive con intensidade”.

- Montse García, “‘A casa grande”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 4 marzo 2018, p. L11.

Informa da presentación desta obra que trata das distintas linguas e crenzas na biblioteca Afundación na que o autor foi acompañado do crítico literario Armando Requeixo.

Riggs, Ramson, *Contos para nenos peculiares*, trad. Moisés Barcia, ilustr., Andrew Davidson, Cangas do Morrazo: Sushi Books, lectorado autónomo, outubro 2018, 230 pp. (ISBN: 978-84-16884-15-5).

Dez contos protagonizados por xente peculiar, persoas estrañas con capacidades peculiares e non humanos escritos por Ramson Riggs (Estados Unidos, 1979). O libro forma parte dunha triloxía de Ramson, *O fogar de Miss Peregrine*, e preséntase como unha colección de mitos e peculiaridades que ensina valores como a diversidade e a defensa da identidade de cada persoa.

Roman, José Carlos, *Lobiños*, trad. Laura Sousa, ilustr. David R. Lorenzo, Madrid: Narval Editores, lectorado a partir de 3 anos, xullo 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-949282-2-2).

Conto de José Carlos Román (Cádiz, 1972) que narra a historia dun neno que descobre que no bosque, ao igual que na vida, a cousas non sempre son o que parecen.

Ruiz García, Pedro, *Rumbo á Terra*, trad. Ana Fachal, ilustr. Francesc Rovira, Madrid: Editorial Bruño, col. Alta Mar, n.º 37, lectorado autónomo, marzo 2018, 240 pp. (ISBN: 978-84-696-2320-6).

Novela de Pedro Ruíz García (Cuenca, 1978) situada no 2017 e que conta a historia de tres rapaces de once anos, Saturno, Modesto e Irache, que están a piques de emprender unha viaxe á Terra, mais o que encontran á súa chegada non é o que esperaran: o Norte é inhabitable e o Sur é un lugar desértico e contaminado. Non obstante, cando xa asumiran que terían que vivir nun lugar así, acontece un feito inesperado que fará que sospeiten que non sabían toda a verdade.

Sandoval, Antonio, *A torre*, ilustr. Adrià Fruitós, trad. Xesús Fraga, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Vitamina N. Factoría K, lectorado xuvenil e adulto, setembro 2018, 240 pp. (ISBN: 978-84-16721-27-6).

Obra de Antonio Sandoval (A Coruña, 1967) que presenta todo un percorrido pola Torre de Hércules da Coruña e á súa contorna. A partir dun paseo nun día de abril o autor vai mesturando sensacións, descrições da natureza, relatos históricos e míticos, reflexións de actualidade e consideracións sobre como debe cambiar a forma na que a nosa especie valora e se relaciona coa biodiversidade.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A torre de Hércules nunca brillou tanto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 19 outubro 2018, p. 8.

Comeza ofrecendo información editorial relevante como a editorial que presenta o libro, Factoría K, cuxa tradución corre a cargo de Xesús Fraga, e insírese dentro dunha nova colección chamada Vitamina N. Segundo o autor, trátase dunha obra concibida como “unha sorte de caderno de campo, que ás veces é un diario e outras unha crónica de viaxes”. No volume trázase un percorrido heteroxéneo e imprevisible que combina historia e arte que ten como eixo central a torre de Hércules.

- Ramón Rozas, “A torre”, *Diario de Pontevedra*, “évenres!”, “fin de semana”, p. 8/ *El Progreso*, “Vivir. Cultura”, p. 76, 19 outubro 2018.

Destaca o significado da Torre de Hércules que recolle Antonio Sandoval en *A torre* a modo de diario con “fondas pegadas poéticas”. Indica que realiza reflexións sobre a política, socioloxía, economía, ciencia, medios de comunicación e ecoloxismo.

Referencias varias:

- M. G. M., “El paseo por la Torre que Sandoval quiso contar”, *El ideal gallego/ Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ “Sociedad”, “Reportaje”, 15 setembro 2018, p. 36.*

Fai unha reportaxe sobre *A Torre* e menciona a homenaxe literaria que o autor lle fai á Torre de Hércules. Sandoval comenta que é un espazo especial entre a cidade e a natureza onde tanto as aves migratorias coma el poden repousar e tamén un lugar moi vinculado a un pasado remoto.

Schami, Rafik, *Un puñado de estrelas*, trad. Moisés Barcia, ilustr. Tove Jansson, Cangas do Morrazo: Sushi books, lectorado autónomo, xuño 2018, 223 pp. (ISBN: 978-84-16884-13-1). ■

Novela do autor sirio Rafik Schami (Damasco, 1946) que relata o diario dun adolescente que escribe nun xornal do barrio antigo de Damasco no que denuncia inxustizas, a desaparición de veciños no cárcere, a presenza de axentes secretos e no que reflexiona sobre a procura da liberdade a través do amor e da literatura, mais, sobre todo, desde o compromiso social e político.

Sierra i Fabra, Jordi, *Berta Mir detective. O caso do falso accidente*, trad. Xesús Domínguez Dono, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 105, lectorado autónomo, setembro 2018, 270 pp. (ISBN: 978-84-9151-192-2). ■

Novela xuvenil, detectivesca e de formación de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947), que constitúe a quinta entrega da serie “Berta Mir detective”, cuxa protagonista é unha moza afouta, independente, reservada e crítica coa contorna. A novela principia co ingreso médico do pai de Berta que provoca que esta investigue as causas do accidente entre os arquivos de tres casos abertos de seu pai. Como consecuencia deste detonante colle as rendas da súa vida adulta e racha co “medo, a soidade, a impotencia”. A novela presenta un final aberto en varios dos planos do discurso, caso do elo de Berta coa avoa paterna, o futuro da axencia de detectives do pai, as amizades e os amores de Berta, entre outros.

Stewart, Lizzy, *Hai un tigre no xardín*, trad. Javier M. Blanco, ilustr. da autora, Vigo: Triqueta Verde, lectorado a partir de 3 anos, xullo 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-941860-4-2).

Álbum ilustrado fantástico-realista de Lizzy Stewart (South-east London, 1985) que conta a historia dunha nena que tiña por rutina debuxar animais, comer bolos e charlar coa súa avoa, quen unha tarde lle propón ir buscar un tigre no xardín. A rapaza xunto á súa mascota, a xirafa Fifi, decide emprender a aventura, sabendo que case seguro é unha broma. Non obstante, na profundidade da vexetación leva moitas sorpresas para ela e a súa fermosa mascota: atopan con diversos animais e plantas que ela consideraba que non existían no seu xardín como, por exemplo, o oso, as plantas que devoran nenos ou mesmo o tigre. Unha vez rematada a aventura, Fifi e máis ela regresan a casa e cóntalle todo o acontecido a súa avoa, a cal dubida da existencia e vivencia de todo o que a neta lle contou, así que a rapaza decide levar a avoa ao cuarto de baño a mostrarlle que tamén hai unha serea na bañeira. O conto trata sobre a maxia e a imaxinación da infancia e sobre a importancia de deixalas voar libremente.

Timmers, Leo, *Unha casa para Tom*, trad. Elvira Ribeiro Tobío, ilustr. do autor, Alzira: Editorial Algar, 2018, 51 pp. (ISBN: 978-84-9142-131-3).

Álbum ilustrado de Leo Timmers (Bélxica, 1970) que conta a historia de Tom, un gato que vive nunha fermosa casa e que apenas sae da casa cando ve a mariposa Vera preto da ventá porque sente vontade de correr con ela. Un día aceptou xogar con ela e seguiuna desde o chan mentres ela facía peripecias no aire, mais cando cansou quixo regresar a casa e non soubo como e Tom comezou a deambular pola cidade topándose con todo tipo de situacións estranas ás que finalmente Vera lle axudará. A obra de Timmers reflexiona

sobre o poder da amizade.

Tolkien, J. R. R., *O señor dos aneis* (*The Lord of the Rings*, 1954-1955), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Avanzado, abril 2018, 890 pp. (ISBN: 978-84-16884-17-9).

A editorial Sushi Books revisou e actualizou a tradución xa existente desta triloxía, realizada por Moisés Barcia e publicada en Xerais na colección Fóra de xogo en tres tomos –*A irmandade do anel* (2001), *As dúas torres* (2002) e *O regreso do rei* (2002)–, para poñer no mercado unha nova edición de luxo que presenta as tres partes nun só volume, cunha cuberta en cartoné forrada en símil pel e estampación en ouro. *O señor dos aneis* é unha das obras máis lidas e influentes da literatura universal, con máis de 150 millóns de exemplares vendidos en todo o mundo. Ambientada na Terra Media, un orixinal mundo de ficción no que habitan elfos, hobbits, ananos e humanos, a trama conta como o heroe, o hobbit Frodo Bulseiro, non dubida en arriscar a súa vida para asegurar a continuidade do seu universo ao emprender unha viaxe cuxo obxectivo é destruír o Anel Único e, canda el, o seu creador, o señor escuro Sauron. Escrita por J. R. R. Tolkien (John Ronald Reuel Tolkien, Bloemfontein, 1892-Bournemouth, 1973) como unha secuela de *O Hobbit* (1937), a obra bebe dos contos de fadas e da mitoloxía nórdica e conforma un sorprendente mundo de ficción que, ademais de crear unha completa xeografía, incorpora linguaxes propias e un imaxinario de seu.

Twain, Mark, *Unha historia detectivesca de dobre canón*, trad. Antía Veres Gesto, Vigo: Faktoría K de Libros, col. Narrativa K, lectorado mozo, agosto 2018, 94 pp. (ISBN: 978-84-15250-96-8).

Novela curta de Mark Twain (Florida, 1835) que recupera o detective Sherlock Homes e localízao en California durante unhas vacacións onde ten novas dun crime acontecido no campo mineiro onde traballa o seu sobriño, Fetlock Jones. Na mesma vila californiana vive o vello Flint Buckner, asasinado cando alguén fai voar a súa cabana con el dentro, e Archy Stillman, un mozo cun do moi semellante ao de Homes. Ambos os dous poñeran en xogo todos os seus enxeños para tentar descubrir quen foi o asasino.

Ungerer, Tomi, *Novos amigos* (*Neue Freunde*, 2007), trad. Sandra e Óscar Senra Gómez, ilustr. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo] 2018, [34 pp. (ISBN: 978-84-8464-415-6).

Álbum ilustrado fantástico-realista de Tomi Ungerer (Estrasburgo, 28 de novembro de 1931-Cork, 9 de febreiro de 2019), que narra, a través dunha voz en terceira persoa, a amizade entre un neno e unha nena procedentes de familias inmigrantes (árabes e asiáticos). Estes dous nenos, como non conseguían soliacizar no seu novo barrio, deciden construír diferentes bonecos para non se sentiren sós. A masiva elaboración de xoguetes chama a atención de todos os nenos do barrio e mesmo do alcalde da cidade, o que provoca que as súas creacións rematen nunha exposición, proporcionándolles unha fama que lles posibilitará un futuro como escultor e modista famosos. Toda a historia está acompañada por ilustracións do propio autor que axudan a comprender a historia o mellor posible.

Valios i Buñuel, Ignasi, *Os piratas. Conto para ler ás escuras*, trad. Anaír Rodríguez, ilustr. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2018, 20 pp. (ISBN: 978-84-9121-424-3).

Este conto de Ignasi Valios i Buñuel (Lleida, 1963) recupera as clásicas historias de piratas con patas de pau e loros no ombro. Estes piratas ondean a súa bandeira cunha caveira, utilizan os seus cañóns cando o precisan e na procura de tesouros vivirán mil aventuras. Porén, a principal característica deste libro é que se pode ler ás escuras se o lectorado pon o libro aberto baixo un foco de luz, xa que as páxinas conseguen iluminarse.

Ventura, Antonio, *Nina e Antón*, Mención no IX Premio Compostela Internacional de Álbum Ilustrado, ilustr. Alejandra Estrada, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], marzo 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-8464-374-6).

Álbum de Antonio Ventura (Madrid, 1954) que ten como protagonista a pequena Nina, quen le un conto a Antón, o seu gato. Aínda que escoitou moitas veces esa historia, o felino está disposto a escoitala una vez máis, pois sabe que a Nina lle gusta moito. Mais como todos os gatos, non para quieto e aí comeza o galimatías. A tenra voz de Nina mestúrase cos desenfadados pensamentos de Antón, creando unha ilusión de diálogo, ao redor do libro, entre os dous personaxes. Mais, que libro é ese que causa tanto barullo entre os protagonistas? O álbum, no que hai acenos a unha autora clásica da Literatura infantil e xuvenil franco-belga, Gabrielle Vincent, fala da curiosidade infantil, os animais e a amizade; tamén da lectura e da súa capacidade para potenciar a imaxinación. O texto acompáñase das ilustracións de beleza sutil case minimalista de Alejandra Estrada (Medellín, Colombia, 1982) que crean un vínculo cromático co texto, invitando os pequenos lectores non só a contemplar os debuxos, senón a encher o espazo coa súa imaxinación.

Recensións:

- Kenya Pineda, “Libros para imaginar”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xuño 2018, p. 5.

Comenta que se trata dun tenro e enxeñoso álbum ilustrado, que recibirá unha Mención no IX Premio Compostela Internacional de Álbum Ilustrado. Ofrece unha sinopse do libro e engade que nel hai unha "chiscadela" a unha autora clásica da LIX franco-belga, Gabrielle Vincent que os lectores espabilados saberán identificar. Indica tamén que as ilustracións son dunha beleza sutil que roza co minimalista e que conseguen crear un vínculo cromático co texto, invitando aos pequenos lectores non só a contemplar os debuxos, senón a encher o espazo coa súa imaxinación. Destaca que a obra se caracteriza pola economía de recursos e a escolla case preciosista dos elementos que emprega, conxugando riqueza textual con imaxes intuitivas, que consegue transmitir a importancia da lectura para potenciar a imaxinación, mais que tamén, de maneira secundaria, fala sobre a curiosidade infantil, os animais e a amizade.

Vincent, Gabrielle, *O Nadal de Ernesto e Celestina*, trad. Tamara Andrés, ilustrada pola autora, Pontevedra: Kalandraka Editorial, col. Tras os montes, lectorado autónomo, novembro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-8464-418-7).

Álbum de Gabrielle Vincent (Bruselas, 1928- Bruselas 2000) que conta e ilustra a historia de Ernesto e de como a súa amiga Celestina consegue que celebren o Nadal a través dos diálogos dos personaxes en primeira persoa. Celestina quere celebrar unha gran festa polo Nadal con todos os seus amigos, tal e como Ernesto lle prometerá, pero agora xa non o ve tan claro. Pensa que para celebrar a festa precisan de moitos cartos para a árbore, os pasteis, a música... e fai demasiado frío. Pouco a pouco, Celestina insiste e convence a Ernesto de que non é necesario ter cartos, senón que eles mesmos poden conseguir todo o que precisan para a gran festa. A árbore collerana no bosque, a comida elaboraran eles mesmos, os agasallos serán feitos a man, e a música...cantando e bailando organizaran unha gran festa. Con todo listo, chegan os convidados o gran convite de Nadal. Pero non todos están contentos xa que un dos seus amigos critica a festa que con tanto entusiasmo prepararon Ernesto e Celestina. Os amigos animan a Celestina e continúan bailando e cantando sen parar, hasta Ernesto se disfrazou de Papa Noel e conta contos... Xa rematada a festa, felicitan a Ernesto e Celestina por esta gran festividade de Nadal. Mesmo o amigo descontento o pasou en grande e espera que se repita o ano que ven. As ilustracións que acompañan a historia dispóñense por viñetas como se dun cómic se tratar e os trazos de lapis que as conforman dan movemento a uns personaxes cheos de cores cálidas.

Vila Sexto, Carlos, *As crónicas do viaxante: o pasaxeiro 19*, trad. Belén Rodríguez Suárez, A Coruña: Edicións Rodeira, outubro 2018, 351 pp. (ISBN: 978-84-8349-546-9).

Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) conta a historia dun rapaz que esperta ao carón dun cadáver nun cuarto dun tren que bordea o mar Cantábrico. O protagonista non lembra nada, nin o seu nome, mais descobre que se lle atribúe o crime. O seu primeiro impulso é fuxir da escena do crime, pero cando comprende que alguén o incriminou no asasinato, non lle queda outra que permanecer a bordo e intentar aclarar o misterio, sen poder baixar dun tren no que todos o perseguen e non ten moito onde se agochar. Trátase da primeira parte dunha triloxía con historias diferentes mais co mesmo fío condutor. Mestura o misterio e o sobrenatural, realidade e fantasía.

Referencias varias:

- Xosé Manoel Rodríguez, “Carlos Vila Sexto. “Antes de escribir imaxino as imaxes xa rodadas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 novembro 2018, p. 36.

Realízase unha entrevista a Carlos Vila Sexto na que fala do argumento da novela *O pasaxeiro 19*, primeira entrega dunha triloxía que se inspira en Agatha Christie, e da súa escrita semellante a un guión de cine ou televisión.

Williams, David, *O rapaz do vestido*, trad. Moisés Barcia, ilustrado por Quentin Blake, Cangas do Morrazo: Sushi books, marzo 2018, 160 pp. (ISBN: 978-84-16884-09-4).

David Williamns (Surrey, 1971) conta a vida de Dennis, un neno de doce anos cunha complexa vida: foi abandonado pola súa nai, non se entende moi ben co irmán, o pai está

deprimido e na súa casa existe unha norma que impide os abrazos. Só hai dúas cousas que o fan feliz: o fútbol (é o dianteiro do equipo de fútbol do colexio) e a moda (adora a revista Vogue). Durante unha detención, Dennis coñece a Lisa, a rapaza máis guapa da escola, á que tamén lle interesa moito a moda, e fanse moi amigos. Un día na casa dela Lisa convece a Dennis para que se poña un vestido e vaia ao colexio finxindo ser unha alumna de intercambio. É a partir dese momento que a vida de Dennis se transforma nalgo extraordinario. O libro reflexiona sobre os roles de xénero, os estereotipos e o respecto.

Willis, Jeanne, *A promesa do cabezolo*, trad. Marta Pérez e Quique Alvarellos, ilustr. Tony Ross, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Verdemar, [lectorado autónomo], abril 2018, 28 pp. (ISBN: 978-84-16460-38-0).

Historia de Jeanne Willis (St Albans, 1959) que conta a historia de amor entre unha larva de ra e unha bolboreta, así como das súas metamorfoses, polo que o conto reflexiona sobre o ciclo da vida e os seus cambios. O libro está ilustrado por Tony Ross (Londres, 1938) con imaxes vibrantes e cheas de cor.

Referencias varias:

- Marta Neira, “Alvarellos Editora incorpórase á Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 maio 2018, p. 4.

Comenta a boa nova que significa sempre a chegada dunha nova de libros dirixidos aos máis novos e con intención de quedar para encher ocos no sistema literario galego e en galego ofrecendo continuidade e innovacións. Indica que aínda que aínda que Alvarellos Editora comezou a colección “Verdemar” con dúas obras dispaes no ano 2017, uns preliter, artefactos ou produtos preliterarios que levan á lectura, agora perfílase máis con propostas como a de Jeanne Willis e Tony Ross.

VII.2 POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Alonso, Fran, *Street Poems*, Vigo: Editorial Xerais, col. Sopa de Libros, n.º 68, lectorado a partir de 12 anos, abril 2018, 112 pp. (ISBN: 978-84-9121-367-3).

Obra de poesía xuvenil de Fran Alonso (Vigo, 1963) publicada na colección “Sopa de Libros” de Edicións Xerais de Galicia. Neste poemario, o autor utiliza graffiti como fondo e forma dos textos, que son maioritariamente descripcións minuciosas de persoas ou obxectos. Deste xeito, os poemas configúranse como representacións verbais de pezas plásticas coas que se pretende destacar a liberdade de expresión e o uso do humor e da ironía ou de recursos estilísticos como as aliteracións e os xogos de palabras. Trátase dun libro de poemas cunha configuración na que destacan a exploración das potencialidades do diálogo intermedia e interartístico vinculados á tradición literaria galega, a dimensión visual e lúdica da obra e a actualización e ampliación do concepto de poesía para todo tipo de públicos. Neste poemario, o autor fotografa exemplos de *street art* de ámbitos culturais diversos, evidenciando a vitalidade e universalidade do fenómeno, e inclúe unha relación final coa localización e autoría das intervencións artísticas.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Cando a rúa nos fala”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 132, 13 maio 2018, p. 6.

Recensiona a obra poética *Street Poems* do poeta Fran Alonso. Nela, Ramón Rozas desenvolve cuestións relacionadas coa destacada traxectoria literaria do poeta, cita algúns dos seus poemarios máis destacados, a importancia que se lle conceden ás fotografías que acompañan ao texto (na súa maioría graffitis e pintadas), sobre a temática, principalmente sobre o existencialismo, a linguaxe de síntese e próxima ao lector adolescente. Tamén se dedican unhas palabras ao deseño e a estrutura externa do libro “no que as palabras invaden as fotografías de diferentes maneiras, dende tipografías variadas”.

- María Navarro, “Directo e coloquial. Poesía que xorde da alma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 670, “Libros”, 24 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 619, “Libros”, 2 xuño 2018, p. 10.

Desenvolve aspectos relacionados coa estrutura formal do poemario como o seu atractivo deseño mais tamén con respecto ao contido. Navarro destaca o emprego dunha linguaxe directa e coloquial, reflectindo “a íntima relación que se establece entre a idea e a súa expresión” e sinala tópicos como a liberdade, o desasosego, o paso do tempo, a miseria humana ou o labor de escribir. Tamén se fai alusión á mestura que se dá entre a imaxinería dos versos e a crítica que encerran os mesmos. Destaca tamén o xogo que o autor fai coa disposición gráfica dos versos.

- Armando Requeixo, “Poesía canalla”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.039/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.039, “máis Libros”, 10 xuño 2018, p. 30.

Recensiona da obra *Street Poems* do poeta Fran Alonso. Requeixo ofrécenos un breve percorrido pola traxectoria literaria do autor, citando algúns dos seus títulos máis coñecidos, para logo pasar a cuestións relacionadas coa publicación do seu derradeiro poemario. Desenvolve os motivos literarios tratados nas composicións, comenta o deseño e a organización dos poemas así como a linguaxe empregada polo poeta. Deixa claro que se trata dunha obra que homenaxe ás grandes figuras literarias, que destaca pola súa variada temática e pola orixinalidade dos poemas. Segundo Requeixo, esta obra “non deixará indiferente e moito ben ha facer ás mozas e mozos”.

- Alba Cid, “Poesía feroz no espazo público”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 xullo 2018, p. 6.

Salienta a continuidade e sorpresa, o xogo e compromiso deste poemario dirixido a lectores a partir de 12 anos, en *Street Poems* reverbera o carácter urbano, transmedia e político do graffiti e da instalación en calquera cidade do mundo.

- Mario Regueira, “As paredes da cidade”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 13 setembro 2018, p. 6.

Comeza a súa recensión facendo un breve percorrido pola traxectoria literaria do poeta Fran Alonso e cita algunhas das súas obras máis coñecidas como son o libro dixital *Poetic@*, o poemario *Terraza*, *Cidades*, *O meu gato é un poeta*, *Poemas birollos para ler cos ollos* ou *Poetízate*. A súa última achega é *Street Poems* (Xerais, 2018), un libro de poemas que contén fotografías de *street art*. Aas composicións pretenden reflectir o espírito colectivo, xogando moitas veces con alcumes. Tamén se comentan os tópicos literarios que se desenvolven no poemario (a proclama, a defensa dos dereitos humanos e referencias á nosa historia literaria). Segundo Regueira, este volume destaca “polo seu formato e pola predominancia das imaxes”.

Referencias varias:

- N. Neira, “Fran Alonso demostra que a poesía está na rúa”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 29, 2 maio 2018, p. 11.

Comenta o último libro publicado por Fran Alonso *Street Poems* (Xerais, 2018), obra que combina o mundo do graffiti con outras intervencións urbanas co texto poético. Os versos que conforman o libro, destinado ao público infantil, teñen todos eles carácter rebelde e desafiante, vencellado co “underground”.

- Xesús Fraga, “Versos rebeldes escritos con spray”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2018, p. 38.

Comenta a obra *Street Poems* do poeta Fran Alonso dirixida ao público mozo na que se mestura a poesía co graffiti, unindo así a arte poética coa arte urbana. A esencia deste libro sintetízaa o poeta en tres palabras: “misterio, emoción, enigma”. Tamén se alude a outros poemarios do autor dirixidos á mocidade como *Cidades*, *Poemas birollos para ler cos ollos* ou *O meu gato é un poeta*.

Amil, Chuches, *Monstros, con ou sen consentimento*, ilust. Manel Cráneo, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [lectorado autónomo], xuño 2018, 24 pp.

(ISBN: 978-84-9151-177-9). **Inclúe CD.**

Libro disco de Chuches Amil con contos musicados para a infancia que ilustra Manel Cráneo. A obra, editada ao coidado de Malores Villanueva e publicada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, reúne un conxunto dez contos ou cancións cantadas sobre diferentes monstros. O libro presenta un conxunto de monstros orixinais como lobos bos, robots, seres larpeiros ou personaxes musicais baixo os títulos dos contos cantados “Rock sideral”, “Son un lobo bon”, “Este robot é unha máquina”, “Ñam-ñam” ou “O monstro-orquestra”. A obra tamén inclúe os monstros da Noite de Samaín ou as criaturas que festexan o Nadal no conto “Merry christmas peludos”. Ademais, o libro remata co texto “Con ou sen consentimento”, que supón un manifesto en defensa dos dereitos da infancia a existir, a rir, a soñar ou mesmo a berrar. Á súa vez, os distintos monstros dos contos cantados serven para achegar á infancia a diversos estilos musicais xa que se desenvolven segundo diferentes ritmos como os do blues, do rock, do pop ou do swing.

Blanco, Concha, *Macedonia de versos*, ilust. Lidia Nokonoko, Allariz: Aira Editorial, [lectorado autónomo], 2018, [36] pp. (ISBN: 978-84-947807-3-8).

Libro de poesía infantil de Concha Blanco (Cee, 1950) arredor do mundo das froitas. A obra presenta, a través de dezaioito poemas acompañados de ilustracións, distintas pezas de froita, dende o seu nome, que se corresponde co título das diferentes composicións, até as súas características físicas, como poden ser a cor ou o sabor, que integran os diferentes versos. Nalgúns casos tamén se inclúen datos como o lugar onde se cultiva unha determinada froita ou as festas que se poden celebrar en torno a ela en Galicia. O fío condutor dos poemas é a cesta da cociña, que opera como obxecto no que aparecen recollidas as distintas froitas. A voz poética opina sobre cada unha delas e establece relacións entre as súas características empregando o humor e os xogos de palabras. As ilustracións axústanse ao contido dos poemas e inclúen ademais debuxos nenos e nenas que van explorando as distintas froitas en cada caso.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “A feira das mil industrias culturais”, *Sermos Galiza*, n.º 324, “fóradeserie”, 29 novembro 2018, pp. 2-3.

Faise referencia á publicación do libro de poesía infantil titulado *Macedonia de versos* cuxa autora é Concha Blanco e que presenta o mundo das froitas.

Blanco, Isabel, *As receitas de rosaura*, 3º premio Fervenzas Literarias 2017 mellor libro Literatura Infantil, ilust. Luz Beloso, Vigo: Editorial Belagua, col. Rosaura, nº 1, lectorado a partir de 5 anos, abril 2018, 112 pp. (ISBN: 978-84-946959-4-0).

Álbum ilustrado con texto de Isabel Blanco que conta cos debuxos de Luz Beloso. Trátase dun libro de receitas escritas en verso e en galego para nenos e nenas con diversidade funcional. A obra conta a historia de Rosaura, unha cociñeira que, mentres hai lúa chea e a xente durme, fai receitas de cociña a ritmo de muiñeira. O libro comeza cunha listaxe do material necesario para a elaboración dos pratos. A continuación, presenta un total de seis receitas dirixidas ao público infantil para que poida achegarse ao mundo da

gastronomía. As receitas constitúen poemas de versos octosílabos que, mediante unha linguaxe sinxela e cunha voz lírica en segunda persoa do singular ou en primeira do plural, presentan o proceso de preparación dos pratos de maneira didáctica e con detalle. Trátase de receitas sinxelas feitas con produtos frescos e saudables, aptas para a preparación por parte do público ao que vai dirixida a obra, de xeito que pode contar coa colaboración do público adulto para a súa elaboración. As ilustracións de Luz Beloso retratan a cociñeira e acompañan e exemplifican o proceso de preparación de cada prato amosando os seus respectivos ingredientes.

Recensións:

- María Navarro, “Fragrante e rechamante. Felices na cociña”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 675, “Libros”, 28 xuño 2018, p. VI.

Desenvolve cuestións relacionadas co contido e os personaxes do volume, configurada arredor de versos octosílabos seguindo a estrutura dos textos prescritivos. Así mesmo, tamén salienta o carácter didáctico xa que explica minuciosamente como facer cada unha das receitas. A autora emprega unha linguaxe sinxela a través de frases curtas, enunciadas polaa segunda persoa do singular que, ás veces, se combina co plural maiestético. A autora dedícalle o libro a súa filla, que conta con ilustracións de Luz Beloso.

_____, *Rosaura, cesteira de Mondariz*, ilust. Luz Beloso, Vigo: Editorial Belagua, col. Rosaura, n.º 3, lectorado a partir de 5 anos, xullo 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-946959-8-8).

Álbum ilustrado con texto de Isabel Blanco e debuxos de Luz Beloso. Trátase dunha obra, escrita en verso, que ten como finalidade dar a coñecer e difundir o antigo oficio dos cesteiros que proliferaron na vila de Mondariz. O libro conta a historia de como a protagonista, Rosaura, foi percorrendo diferentes terras cargada coas súas cestas na procura dun lugar onde se establecer. A historia desencadéase a raíz dun soño da protagonista no que ve o lugar onde vivir e ser feliz. Despois, debuxa o seu soño nun papel cun anaco de xiz e chega á vila de Mondariz, que acadou sona a conta da cestería. Mediante unha linguaxe sinxela, o álbum presenta o proceso de confección dos cestos de maneira didáctica e con detalle. A obra constitúese coma unha serie de estampas que recollen as distintas fases e técnicas de elaboración destes produtos de xeito que poidan ser difundidas entre o público lector infantil ao que vai dirixida a obra. As ilustracións a cor de Luz Beloso retratan a Rosaura na súa viaxe e acompañan e exemplifican a confección de cestería amosando este proceso.

Referencias varias:

- V. P., “Un libro divulga la cestería en Mondariz”, *Faro de Vigo*, “Condado. Paradanta”, “Área Metropolitana”, “Pontareas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 25 agosto 2018, p. 13.

Dá conta da presentación do libro *Rosaura, cesteira de Mondariz* (editorial Belagua) da escritora Isabel Blanco e a ilustradora Luz Beloso, que ten como finalidade subliñar e difundir o tradicional oficio da cestería entre os máis novos. O acto tivo lugar na sala Arte Nostrum en Mondariz a cargo do alcalde da localidade, Xoán Carlos Montes Bugarín, e

a directora da editorial Belagua, Edurne Baines.

_____, *Rosaura e o mar*, ilust. Luz Beloso, Vigo: Edicións Belagua, col. Rosaura, n.º 2, lectorado a partir de 5 anos, abril 2018, 36 pp. (ISBN: 978-84-946959-5-7).

Álbum ilustrado con texto de Isabel Blanco e debuxos de Luz Beloso. Trátase dunha obra, escrita en verso, que pretende constituir unha homenaxe ás traballadoras do mar e difundir o seu labor entre o público lector infantil. O libro presenta á protagonista Rosaura desenvolvendo diferentes tarefas relacionadas co mar e amosando os seus coñecementos sobre elas dunha maneira didáctica e con detalle. Entre outras actividades, aparece pescando, mariscando, arranxando redes, vendendo nas lonxas ou traballando nas conserveiras. Mediante unha linguaxe sinxela, o álbum dá conta dos oficios do mar que se desempeñan en Galicia co propósito de estimular a imaxinación do público lector infantil ao que vai dirixido a través da divulgación de aspectos relacionados coa súa realidade social próxima. As ilustracións a cor de Luz Beloso retratan a Rosaura e exemplifican as diferentes funcións que a protagonista desempeña ao longo de toda a obra.

Boquete, Manuel, *A fiestra dos soños*, música Ramón Feáns, adapt. Malores Villanueva, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore/galaxia, [prelectorado e lectorado autónomo], febreiro 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-079-6). **Contén CD.**

Libro disco de Manuel Boquete con poemas ilustrados e musicados para a infancia. A obra, editada ao coidado de Malores Villanueva e publicada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, reúne un conxunto de trece poemas. As composicións configúranse en torno a un mesmo fío temático que é a exhaltación da natureza. O libro contén un CD que recolle a versión musicada dos poemas en formato concerto, con voz de Nadia Fonseca, Manolo Boquete na guitarra, Ramón Feáns nos teclados, Roberto Grandal no acordeón e Dani Riveiro na percusión. Deste xeito, os poemas preséntanse como cancións de diversos ritmos, tolanidades e influencias musicais. Estas cancións abranguen dende a música popular de diferentes partes do mundo, que atinxe a todos os textos para lles dar unidade, até as melodías particulares que, xunto coa letra de cada texto, converten as cancións en pezas exclusivas do proxecto tendo en conta a adecuación ao público ao que van destinadas.

Budde, Nadia, *Un dous tres, vampiro ti es*, versión de Xosé Ballesteros, ilust. Nadia Budde, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Acartonados, lectorado a partir de 3 anos, 2018, 20 pp. (ISBN 978-84-8464-393-7).

Álbum poético que presenta a historia duns vampiros e outros seres que destaca polo seu carácter rimado a través do esquema que divide os diferentes personaxes en función das características que presentan entre os que destacan todos os relacionados coa temática do Samaín. As ilustracións defínense por presentar os personaxes con grandes trazos e en cores sólidas.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Cuentos para pasarlo de medo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros. Para niños valientes”, 26 outubro 2018, p. 5.

Con motivo da celebración do Samaín, recomenda distintas obras literarias: *Os esqueletos divertidos* (Kalandraka), citando un pasaxe da obra na que os esqueletos deciden saír e asustar a xente. *Mortiña* (Hércules Ediciones), que vai dunha zombi macabra rodeada de letras e cores. *Un, dous, tres, vampiro es ti* (Kalandraka), un conto con unicornios, hienas e crocodilos que non dan medo.

Cortizas Amado, Antón, *Non trabes na lingua*, ilustr. Pepa Prieto, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore, n.º 225, lectorado a partir de 8 anos, 111 pp. (ISBN: 978-84-9151-274-5).

Libro de poesía de Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) baseado nos trabalinguas. Trátase dunha obra para a infancia na que se exploran as posibilidades da lingua galega no eido da expresividade e da creación. No libro empréganse as formas poéticas propias da literatura popular de tradición oral que representan os xogos de palabras, de xeito que, no eido estilístico, proliferan as combinacións de fonemas similares, as aliteracións e as rimas. A estes recursos súmase o emprego da ironía e do humor na maioría das composicións. A obra reúne un conxunto de trabalinguas compostos polo propio autor, outros recollidos en diversos lugares de Galicia (como Carnota, Pontedeume, Murgados ou Ferrol, entre outras localizacións) e un grupo de composicións elaboradas polos alumnos e alumnas do CEIP Unión Mugardesa. A temática dos trabalinguas atinxe a diversos temas e abrangue dende a tradición até a actualidade.

Curiel, Xoán e a **Banda do Verán**, *A casa do terror*, ilustr. Iria Fafián, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore, n.º 33, [prelectorado e lectorado autónomo], outubro 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-199-1). Contén CD.

Libro disco a cargo de Xoán Curiel e a Banda do Verán que constitúe un espectáculo musical con ritmos rock, funky, ska e reggae e que combina as cancións con elementos teatrais, de danza e de clown. O elenco do espectáculo conta con Xoan Curiel na guitarra eléctrica, na guitarra española e na voz; con Jara Ortiz na voz; con Carlos Freire na batería; con Álex Salgueiro no teclado e nas programacións; con Antón Fernández no baixo e con Marta Alonso na danza e na voz. A obra, editada ao coidado de Malores Villanueva e publicada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, presenta un grupo de amigos que se ve obrigado a pasar unha noite nunha casa encantada. A partir de esta circunstancia, xorden unha serie de aventuras coas que se pon de manifesto a perspectiva do terror desde un punto de vista lúdico e humorístico, a través de múltiples personaxes de feitura orixinal e diversa como as pultas sombies, o lobo lover, os ratatiburóns, os gativampiros, o monstro da lavadora ou a pantasma con asma, entre outros. O argumento serve para poñer en valor a amizade e a capacidade de superación do medo.

Díaz, Pablo, *Coas miñas mans*, ilustr. Lucía Cobo, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [lectorado autónomo], xuño 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-183-0). Inclúe CD.

Libro disco de Pablo Díaz con poemas musicados para a infancia e ilustrados por Lucía

Cobo. A obra, editada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, reúne un conxunto de quince poemas. O fío condutor das composicións é o uso das mans como ferramenta comunicativa para escribir, debuxar, pintar, contar ou sentir. Ademais, o libro presenta temas diversos e de carácter lúdico como a primavera, os xogos, as mascotas ou as festas populares como o San Froilán. Na obra, as composicións presentan diferentes voces poéticas, de xeito que os poemas titulados “Coas miñas mans”, “Vou facer figuriñas de papel”, “Fonte de sorrisos”, “O meu papaventos” e “O meu amoriño” aparecen en primeira persoa do singular, mentres que os poemas “Viva a primaveira”, “Cinco comidas”, “As vogais” e “Namorados no solpor” desenvólvense en primeira persoa do plural. Por último, os poemas “A lúa”, “Evaristo, o can”, “As cores”, “Avelaiñas”, “Chove en Galiza” e “1 2 3” preséntanse en terceira persoa do singular. As ilustracións do libro acompañan a cada composición e desenvolven aspectos da súa temática específica, servindo para resaltar o carácter didáctico da obra.

Referencias varias:

- M. G. M., “Pablo Díaz. ‘Os nenos cantarán: Quero ser un chaval cowboy’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 22 agosto 2018, p. 37.

Comenta a traxectoria literaria do poeta coruñés Pablo Díaz, sinalando algúns datos relevantes do autor, así como da publicación do seu libro disco intitulado *Coas miñas mans* (Galaxia, 2018), dirixido aos máis novos.

- M. G. M., “Por aquelas primeiras que saían en Xuxán e Cernadas”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 23 agosto 2018, p. 37.

Dá conta da celebración da Festa da Fresa que tivo lugar en Xuxán, Eirís de Abaixo e Cernadas. Nela organizáronse contacontos, obradoiros medio ambientais e a presentación o libro-disco de poesía titulado “Coas miñas mans” de Pablo Díaz.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *Soneto no alfabeto*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 99, xaneiro 2018, 64 pp. (ISBN: 978-84-9151-153-3).

Libro de poesía de Xoán Carlos Domínguez Alberte (Ramirás, 1966) publicado por Editorial Galaxia na colección Costa Oeste para a mocidade. O poemario iníciase cun decálogo de “Intencións” que supoñen o conxunto de motivos que subxacen á creación do mesmo, poñendo énfase no público destinatario da obra como transmisor e sustento da lingua galega. A obra componse de vinte e dous poemas que se corresponden coas diferentes letras do alfabeto galego dende o A ata o Z. Trátase en todos os casos de composicións nas que a letra do título serve para desenvolver aliteracións, repeticións, estruturas paralelísticas bimembres, anáforas ou paranomasias de acordo, maioritariamente, coa forma métrica clásica do soneto hendecasílabo que alterna estrofas en cuartetos ou serventesios cos tercetos. En cambio, as composicións X e Z constitúen sonetos de arte menor en octosílabos con cuartetos e redondillas. A temática do libro, coa voz lírica en terceira persoa, xira arredor da lingua, da escrita, da natureza, das prantas, dos animais, do mundo labrego e do mar, do paso do tempo, do amor ou dos seres fantásticos.

Recensións:

- Delfín Caseiro, “Xoán Carlos Domínguez Alberte: ‘Soneto no alfabeto’”, *La Región*, “Provincia”, “La tribuna”, 21 marzo 2018, p. 27.

Recensiona a obra poética *Soneto no alfabeto* (Galaxia, 2018) do poeta ourensán Xoán Carlos Domínguez Alberte e coméntase a traxectoria literaria do autor, destacando a súa grande actividade en iniciativas culturais e proxectos educativos. Do poemario trátanse cuestións en relación a súa estrutura formal, a temática e o estilo poético, fundamentalmente. Segundo o profesor Caseiro, o libro comeza con dúas chiscadelas poéticas aos escritores Federico García Lorca e Manuel Antonio e trátase dunha “homenaxe á fala”, con continuas paronomasias. De entre tódolos sonetos que conforman a obra, Caseiro destaca o soneto do Q pola súa orixinalidade.

- María Navarro, “Apuntando aos sentidos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 665, “Libros”, 19 abril 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 614, “Libros”, 28 abril 2018, p. 10.

Recensiona a obra poética *Soneto no alfabeto* (Galaxia, 2018) do poeta X. C Domínguez Alberte. En primeiro lugar, ofrece un breve percorrido pola traxectoria literaria do escritor, citando algúns dos seus traballos máis destacados, para logo centrarse en aspectos relacionados con a estrutura formal do libro que consta de 22 poemas, comenta o verso e a rima, e destaca a musicalidade e o simbolismo que caracteriza aos versos. En palabras da propia María Navarro, “os versos van deste modo engaiolando e sorprendendo o lector”.

- Ramón Nicolás, “Quen dixo que o soneto está pasado de moda”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 4 maio 2018, p. 8.

Recensiona a obra poética *Soneto no alfabeto* (Galaxia, 2018) do escritor Xoán C. Domínguez Alberte. Nela, Ramón Nicolás trata diferentes cuestións referidas ao carácter intertextual da obra, que introduce referencias directas a outros autores como Petrarca ou Camões, a estrutura interna do libro, marcado polo soneto, así como o público ao que vai dirixido, principalmente un público xuvenil. Tamén se fai referencia ao emprego por parte do poeta de numerosas figuras literarias (paronomasias, aliteracións...) coas que consegue dar axilidade e fluidez aos poemas.

- Miro Villar, “Un sonetario para a mocidade”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 86-87.

Menciona que a primeira obra de sonetos en galego foi *Do outono* (1924) de Gonzalo López Abente. Destacan os sonetos que María Victoria Moreno inclúe na súa obra *Elexías de luz* (2006) e tamén os destinados á infancia e á xuventude que integran as obras *Animal sen fel* (1998) de Fiz Vergara Vilariño, *Sonetos á xeometría* (1998) de Vicente Piñeiro González, *Chove nos versos* (2004) de Antonio García Teijeiro ou *Zoonetos* (2017) de Antón Cortizas. Informa de que a obra comeza con dez xustificacións sobre a súa escrita, recollidas nun apartado que se titula “Intencións”. Apunta que integran a obra vinte e dous poemas ordenados e titulados seguindo as letras do alfabeto. Sinala a influencia de Manuel Antonio e de Rosalía de Castro na obra. Destaca os trazos estilísticos e métricos do libro, destacando o uso de aliteracións, repeticións, anáforas ou paralelismos, así como a combinación de sonetos de arte maior e menor cun predominio dos primeiros. Informa

de que a temática da obra xira arredor da natureza, o paso do tempo, o intimismo, o amor, a lingua, a escrita e a metaliteratura.

Referencias varias:

- Laura Fernández, “Xoán Carlos Domínguez Alberte. ‘O papel do auténtico creador radica en construír unha obra que faga pensar’”, *La Región*, “Celanova”, “Personaxe do día”, 5 marzo 2018, p. 16.

Dáse noticia da publicación da segunda edición da obra poética *Soneto no alfabeto* do poeta Xoán Carlos Domínguez Alberte.

- Montse García, “Xoán Carlos Domínguez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 15 maio 2018, p. L10.

Anuncia sucintamente a presentación do volume. O autor estará acompañado por Miro Villar.

- Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Soneto no alfabeto”, *Sermos Galiza*, n.º 300, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 14 xuño 2018, p. 7.

Comenta a publicación da segunda edición da obra poética *Soneto no alfabeto* do poeta Xoán Carlos Domínguez Alberte, gañador do I Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey en 2017 con *O segredo mellor gardado*. O autor céntrase, principalmente, no contido, a finalidade, o estilo e a estrutura formal do libro. Non deixa a marxe cuestións referidas á recepción da obra así como a importante tarefa de dar visibilidade á poesía na vida social. En palabras do propio Domínguez Alberte, “son dos que defendo e reivindico decote o extraordinario valor da poesía nos nosos tempos”.

- Mariló Pérez, “O poder comunicativo da poesía”, *La Región*, “Agenda”, “Poesía”, 28 setembro 2018, p. 22.

Informa da presentación de *Cartas dende o esquezno* de Baldo Ramos e *Soneto no alfabeto* de Xoán Carlos Domínguez Alberte na Casa dos Poetas de Celanova.

Fernández, Ana María, *Ring, ring... Quen rima?*, ilust. Enrique López López, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, [lectorado autónomo], 2018, [56 pp.] (ISBN: 978-84-947770-9-7).

Obra de Ana M^a Fernández Martínez (Palma de Mallorca, 1949) publicada por Hércules Ediciones e ilustrada por Enrique López López. O libro consta de corenta e seis poemas que presentan diferentes mundos rimados de diversas cores, cheiros e sabores. O vínculo entre as diferentes composicións do poemario é o cable dun teléfono rosa que abre o libro e que empata cun teléfono azul ao remate do mesmo. O fío telefónico convértese no nexo de unión das aventuras presentadas, constituídas por diferentes historias rimadas. Este cable percorre mares e prados, atravesas portas e ventás e mesmo campás extractoras, del penduran chaves e calcetíns, chega a ser camiño de galos, caracois, músicos e paxaros e nel enléanse linguas de sapo, eirugas, raios de sol e colas de cabalo. Polo tanto, o fío telefónico serve como condutor de historias debuxadas e encadeadas onde se suceden

personaxes e escenarios diversos. Ademais, os debuxos de Enrique López López acompañan cada poema apoiando o texto.

Recensións:

- Olalla Cortizas, “Aventuras por cable, poesía por etapas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 setembro 2018, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *Ring, Ring...! Quen rima?* (2018, Hércules Ediciones) de Ana M^a Fernández Martínez. Menciónase que a autora foi galardoada en 2001 co Premio Lazarillo e en 2003 co The White Ravens polo seu poemario *Amar e outros verbos*. Dise que a obra presentada consta de corenta e seis poemas ilustrados por Enrique López López. Explícase que nos poemas se desenvolven diferentes mundos de diversas cores, cheiros e sabores. Saliéntase que o vínculo entre as diferentes composicións do poemario é o cable dun teléfono rosa que empata cun teléfono azul, deste xeito, o fío telefónico convértese no nexo de unión das aventuras presentadas, constituídas por diferentes historias rimadas onde se suceden personaxes e escenarios diversos. Sinálanse as conexións do libro con outras obras de arte como a Gran ola de Kanaawa, de K. Hokusai.

González Graña, Fernando, *Zapatos máxicos*, ilust. Alberto Piñeiro Gonzalvos, Alfonso Uzal Montero, Álvaro Fernández Barreiro, Amalia López Brea “Luchi”, Carlos Uzal Cabanas, Francisco Ameijeiras Sánchez, Gabriela Lusquiños Santos, Manuel Fragoso, Manuel Riviera Rendo, María Rubio Pardo, Mario Touceda Torres, Puri Togariños, Ramiro Cimadevila, Rebeca Solla Maquiería, Regina Touceda Rey, Susana Perol Caldelas e Xaquín Blanco Chao, Pontevedra: Edicións Fervenza, [lectorado autónomo], xuño 2018, 72 pp. (ISBN: 978-84-17094-35-5).

Poemario de Fernando González Graña (Cuntis, 1962) dirixido á infancia. A obra achega unha reflexión tanto sobre os grandes descubrimentos da humanidade como sobre as minucias cotiás que arrodean as persoas. As composicións combinan a trascendencia coa insignificancia do ser humano e afondan nunha percepción da vida como percorrido de alegría e entretemento. A temática do libro abrangue dende o mundo animal, a natureza e os fenómenos naturais até a vida cotiá das crianzas, os xogos, as festas ou lendas e fábulas. As composicións, nos que alternan as voces poéticas, presentan abondosas repeticións e rimas, así como estruturas paralelísticas que reforzan o carácter musical dos versos. Nas ilustracións empréganse diferentes técnicas artísticas coma o debuxo, a pintura, o colaxe ou a fotografía.

Referencias varias:

- Clara Aldán, “Cita con la literatura en Cuntis”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 29 xuño 2018, p. 15.

Clara Aldán convida á presentación do último libro de Fernando González Graña. Dise que a cita tivo lugar o día da publicación da noticia, ás 20:30h, no balneario Termas de Cuntis. Ademais de coñecer a historia de “Zapatos máxicos” tamén se puideron coñecer os 17 ilustradores que participaron.

Morlán Vieites, Rosalía, *O dragón Antón e o sapo Rosendo*, ilust. Gabriel Iglesias (Pontevedra, 1979), Estrada: Edicións Ferverza, [lectorado autónomo], decembro 2018, pp. [48] (ISBN: 978-84-17094-53-9).

Poemario de Rosalía Morlán Vieites (Trazo, 1959) dirixido ao público infantil que conta coas ilustracións de Gabriel Iglesias. A obra constitúe un relato ilustrado no que se presentan, a través de diversos poemas, as dúas personaxes protagonistas, o dragón Antón e o sapo Rosendo, que habitan no compostelán Castelo de Rocha Forte desde hai séculos até que unha noite de verán deciden fuxir. O propósito da súa marcha é o de visitar diversas localidades de toda Galicia, o de descubrir como é a vida alén da fortaleza e tamén o de atopar a risa, a casa do vento e a fada dos caramelos. Deste xeito, ambas as dúas personaxes vivirán diversas aventuras nas que farán amigos tanto humanos coma animais que lles axudarán a ampliar os seus coñecementos. Nas súas viaxes contribuirán de xeito solidario e ecolóxico con outros seres e descubrirán a fermosura e a variedade de paisaxes do patrimonio galego que se presentan para eles como novos lugares cheos de maxia e sorpresas.

Negro, Carlos, *Aplicación instantánea*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 178, [mocidade], outubro 2018, 88 pp. (ISBN: 978-84-9121-413-7).

Poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970) galardoado co Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. A obra recrea nas súas páxinas unha rede social e transporta ao público lector xuvenil a un escenario dixital actual. A temática das composicións é variada e constitúe principalmente unha reflexión sobre as emocións e os estados de ánimo, afondando na xestión da dor ou da acritude, pero tamén supón unha meditación sobre outros asuntos como a lingua galega, as mulleres, a natureza ou a igualdade. Destaca a riqueza do vocabulario empregado e a sinxeleza da sintaxe para erguer a poesía como ferramenta de comunicación que conecta a mocidade coa literatura a partir de avatares da realidade pragmática que lles toca vivir coma a orde establecida, o rebumbio do entretemento ou o discurso único e obsoleto. Os poemas simulan as canles nas que navega o público lector e a mensaxe chega a eles en forma de post ou stories.

Recensións:

- Raquel Senra, “Un bálsamo de versos a converter en trending topic”, *El correo gallego, ECG*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *Aplicación instantánea* (Xerais, 2018) de Carlos Negro. Explícase que o libro foi galardoado co Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. Faise referencia a anteriores obras do autor como *Far-west*, *Makinaria* ou *Tundra* e ás coleccións de poemas *Cultivos transxénicos* ou *Penúltimas tendencias*, galardoadas co I Premio de poesía Victoriano Taibo e co VII Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu respectivamente. Dise que *Aplicación instantánea* constitúe un conxunto de poemas con aspecto de rede social que transportan a un escenario dixital da actualidade polo seu formato de post ou stories. Destácase que a obra vai dirixida á mocidade e que a súa temática pivota arredor das emocións, afondando na xestión da dor ou da acritude, a partir da realidade pragmática dos lectores. Saliéntase a riqueza léxica da obra e a sinxeleza da sintaxe. Dise que a cuberta do libro foi deseñada por Carlos Serra e que o título mestura

capturas de pantallas das redes sociais e unha pintada sobre un muro da rúa.

- Mario Regueira, “Versos de carpeta”, *Sermos Galiza*, n.º 326, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 13 decembro 2018, p. 6.

Trátanse cuestións relacionadas con este libro de poemas como son a temática de adolescentes e as novas tecnoloxías, cuxo formato se inspira no deseño de redes sociais como Instagram ou Twitter.

- Ramón Rozas, “A esperanza na poesía”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 163, 23 decembro 2018, p. 4.

Salienta o amplo coñecemento e a traxectoria literaria do autor, así como diferentes cuestións relacionadas co libro: o tipo de receptor, o estilo poético, a linguaxe empregada e a temática da obra.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “A feira das mil industrias culturais”, *Sermos Galiza*, n.º 324, “fóradeserie”, 29 novembro 2018, pp. 2-3.

Dáse noticia da publicación da obra *Aplicación instantánea* (Xerais, 2018) de Carlos Negro, entre outras.

Pirilampo, *Serpe de cristal*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [prelectorado e lectorado autónomo], marzo 2018, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-163-2). **Inclúe CD**.

Libro disco do proxecto de música infantil Pirilampo, liderado por Xosé Lois Seixo, con poemas musicados para a infancia que ilustra Federico Fernández. A obra, editada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, reúne once cancións nas que toman a palabra diferentes animais como a abella, o golfinho, a píntega, o reiseñor, a bubela, a serpe sapeira, o tritón e outros peixes. O libro disco presenta unha vertente de fantasía e baséase na humanización da natureza propia da tradición cultural e literaria galega. Trátase dunha achega que reflicte a preocupación pola natureza xa que se centra en animais da contorna galega que están ameazados, sobre todo réptiles e anfibios. O acompañamento musical dos textos corre a cargo de Cristina Romualdo, Galina Botnar, Sergio Franqueira, Tito Barbeito e Xurxo Souto con frautas, gaitas, acordeón, guitarras e percusión. Ademais, a obra conta cun prólogo de María Pilar García Negro.

Pita, Charo, *No país do vento*, ilust. Óscar Villán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/galaxia, serie Sonárbore, [lectorado autónomo], 2018, [28 pp.] (ISBN: 978-84-9151-176-2). **Inclúe CD**.

Libro disco de Charo Pita (1966) con poemas musicados para a infancia que ilustra Óscar Villán (1972). A obra, editada por Galaxia dentro da colección Sonárbore, céntrase nos habitantes e nos sucesos que ocorren no País do Vento, así como nas características deste lugar. Trátase dunha obra que presenta un país de brisas e asubíos cunha ampla variedade

de personaxes, entre outros, unha científica poeta que explora o lugar, noivas, donas, magas, bruxas ou tolas que danzan ao ritmo dunha canción tradicional do país, unha familia de papaventos na procura de espazos imaxinarios aos que viaxar ou unha xirafa que desexa ser araña e unha araña que quere ser xirafa. Especial atención teñen as razóns polas que unhas pitas chegaron ata o lugar e como todos os integrantes as acolleron sen xulgalas. Os textos acompañanse das ilustracións, a cores cálidas, nas que as plumas, que semellan estar voando por todo o País do Vento, teñen gran protagonismo. O espectáculo musical que acompaña o texto conta con Charo Pita, responsable da voz, dos textos e da música; María Faltri, a cargo da voz, da percusión e dos arranxos vocais; Jorge Juncal, responsable do acordeón, teclado, arranxos e produción musical; Javier Fernández, a cargo da batería, percusións e arranxos musicais e Juansy Santomé, responsable do contrabaixo e do baixo eléctrico.

Romero, Miguel Anxo, *Poemas con Canela*, ilust. Leandro Lamas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, xaneiro 2018, 28 pp. (ISBN: 978-84-16456-70-3). **Contén CD.**

Libro-disco composto por doce poemas de Miguel Anxo Romero ilustrado por Leandro Lamas (Narón, 1973) e musicados pola pianista Bárbara Mourelo. Trátase dun poemario dirixido ao público infantil e xuvenil que se caracteriza polas rimas sonoras, o ritmo coidado a presenza dos animais. Tamén destaca o emprego da onomatopeia nas composicións. O libro-CD inclúe o traballo de Bárbara Mourelo e a voz de Ana Rey.

Recensións:

- Mario Regueira, “Entre os bichos e o dereito á diferenza”, *Sermos Galiza*, n.º 310, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 23 agosto 2018, p. 6.

Recensiona o libro-disco *Poemas con canela* (Embora, 2018) do profesor Miguel A. Romero e o pintor e ilustrador Leandro Lamas. Nela, Mario Regueira comenta diferentes cuestións relacionadas coa traxectoria literaria de ambos autores, referíndose as súas dúas primeiras achegas ao eido literario tales como *Pompas de cores* e *Unha ollada a Viladoce*. Este poemario, dirixido ao público infantil e xuvenil, caracterízase polas rimas sonoras, un ritmo moi coidado e unha gran presenza dos animais. Tamén se destaca o emprego da figura literaria da onomatopeia nas composicións. Ao tratarse dun libro-CD a obra inclúe o traballo de Bárbara Mourelo e a voz de Ana Rey.

Tojo, Marga, *Cara de velocidade*, ilust. María Hergueta, X Premio de poesía para nenas e nenos Ciudad de Orihuela, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. O Globo, [lectorado autónomo], 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-8464-376-0).

Poemario fantástico-realista de Marga Tojo (Santiago de Compostela) que acolle vinte poemas que tematicamente non teñen relación entre eles. Trátase dun percorrido a través da cidade que leva á protagonista a descubrir que o tesouro que anda buscando non está fóra, no exterior, nin nas cousas, senón que está dentro de cada persoa, e dela tamén. Mediante accións cotiás o libro viaxa por diferentes lugares como a cociña, o comedor ou as estacións do metro, e neles pónense sobre a mesa diversos temas: a diversidade, o paro, o existencialismo, o poder da fantasía, a igualdade... Todas estas reflexións sobre o mundo

creado polos adultos, están aderezados con toques musicais e moito humor. O poemario transcribe o mundo desde o punto de vista das crianzas empregando a primeira persoa, versos sen rima e unha linguaxe próxima e impregnada de toques de humor. En ocasións, aparecen referencias musicais, notas explicativas e mesmo un enigma. Os textos acompañanse das ilustracións de María Hergueta (Valencia, 1984), a cal opta por unhas ilustracións carácter de bosquejo, con trazos soltos e repetidos, lembrando os debuxos da infancia. Predominan as cores azul, vermella e amarela. As ilustracións serven como acompañamento ao texto, mais non achegan información extra, polo que os poemas poderían ser entendidos á perfección sen elas.

Recensións:

- Mario Regueira, “Superheroínas de bairro”, *Sermos Galiza*, n.º 290, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 5 abril 2018, p. 8.

Recensiona a obra *Cara de velocidade* (Kalandraka, 2018) da poetisa Marga Tojo, con ilustracións de María Hergueta. Mario Regueira aclara o contido do libro e o público ao que vai dirixido, especialmente ao máis novos, e trata aspectos relacionados cos personaxes da obra, explicando que se trata dunha obra protagonizada por unha nena. Non deixa á marxe a importancia que ten o mundo da fantasía e os soños nas composicións así como o merecido galardón “Premio de poesía para niñas y niños, Ciudad de Orihuela” pola tradución desta obra ao castelán. Seguindo palabras do propio Regueira, esta obra é “sen dúbida unha das obras de literatura infantil máis fermosas e logradas do que vai de ano”.

- Raquel Senra, “Ver, pensar e sentir coa mirada da infancia”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xuño 2018, p. 6.

Explica que a obra gañou o X Premio de poesía para nenas e nenos Ciudad de Orihuela e que foi publicada pola editorial Kalandraka o pasado mes de marzo. Di que a obra foi escrita inicialmente en lingua galega e posteriormente traducida ao castelán para participar neste certame que loa a figura de Miguel Hernández. Ofrece unha sinopse do poemario e comenta con detalle as ilustracións que acompañan cada texto. Por último, indica que se trata dunha obra que defende as crianzas e o seu xeito de pensar.

- Lara Rozados, “Conversa con Marga Tojo”, *Tempos Novos*, n.º 257, “protexa”, outubro 2018, pp. 76-78.

Co gallo da publicación do poemario *Cara de velocidade* (Kalandraka, 2018) de Marga Tojo que foi galardoado co X Premio Cidade de Orihuela de Poesía para Nenos e Nenas, na que se tratan, en relación á literatura galega, as seguintes cuestións: as orixes do poemario nas situacións cotiás da infancia, a xénese do libro e tamén do ensaio *Maternidade fóra de catálogo* en relación á súa biografía, a relevancia do espazo urbano para o poemario, a contraposición que supón o pouso de esperanza deste libro con respecto á súa obra anterior *Últimos brúidos* que aparece descrito como unha distopía e, por último, a relevancia da música no poemario.

- Lara Rozados, “A poesía agóchase na sopa de letras”, *Tempos Novos*, n.º 257, “Protexa”, outubro 2018, p. 79.

Explica que a obra foi galardoada co X Premio de Poesía para Nenas e Nenos Cidade de Orihuela. Di que a obra conta a través de poemas a historia dunha rapariga que describe o mundo que a arrodea mediante a imaxinación e a fantasía. Pon en relación esta obra coa anterior da autora *Últimos brúidos* e informa de que se trata dunha distopía apocalíptica. Alude ao pouso de esperanza de *Cara de velocidade*. No tocante ao estilo destaca o emprego de versos breves, rimas internas, o uso simbólico da fonética e o ritmo musical. Fai referencia a que a obra *Fóra do normal* de María Reimóndez foi galardoada co premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola igualdade 2017.

- M^a Jesús Fernández, “Cara de velocidade”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 286, novembro-décembro 2018, p. 58.

Indica que é o primeiro poemario de de Marga Tojo, galardoado co Premio de Poesía para Niños y Niñas Ciudad de Orihuela 2017. Son vinte poemas nos que unha voz infantil vai transformando a realidade cotiá nun universo propio no que as cousas gozan de novas calidades. Esta voz infantil, salienta, acada un “alto nivel lírico”. Canto á forma, indica que o poemario prescinde da rima e métrica clásicas. Finalmente, loa a edición de Kalandraka e invita á lectura da obra incluso ao lectorado adulto.

Referencias varias:

- Belén López, “Kalandraka cumpre 20 anos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 abril 2018, p. 41.

Informa da celebración do vinte aniversario da editorial pontevedresa Kalandraka. Dá conta da súa importancia xa que se trata da editorial galega con maior proxección internacional e salientase a novela long-seller *A que sabe a lúa?* de Michael Grejniec por se atopar entre as dez obras deste selo máis vendida a través da rede. Destácanse, tamén, dous libros que proximamente sairán no prelo: *Elmer*, do autor británico David Mckee, e *Cara de velocidade*, de Marga Tojo, galardoado co último Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos.

- Marta Neira, “Feira da Selic”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xuño 2018, p. 6.

Comenta as diferentes actividades relacionadas coa LIX que tiveron lugar na Semana do Libro de Compostela (SELIC), celebrada do 1 ao 10 de xuño na praza da Quintana, entre as que se inclúe a presentación do poemario de Marga Tojo.

Varela Gestoso, Mónica Inés, *Un mundo quentiño*, ilustrado por Amalia López Brea ‘Luchi’, A Estrada: Edicións Fervenza, 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-17094-52-2).

Poemario infantil de Mónica Inés Varela Gestoso (Vilanova de Arousa, 1968) que explora todo o que nos rodea: caracois nos estantes dos libros, landras e bugallos na alfombra do salón, formigas no chineiro da cociña... para descubrir a maxia do cotián. O libro conta coas ilustracións de Amalia López (Silleda).

Veiga, Ramón D., *É tempo de Entroido!*, ilustrado por David Sierra, Vigo: Edicións Xerais de

Galicia, novembro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-9121-406-9).

Álbum ilustrado de Ramón Veiga (1968) que presenta as figuras e símbolos máis representativos do entroido galego: figuras tradicionais dos cigarróns, boteiros, volantes, peliqueiros, máscaras, troiteiros, labardeiros, vergalleiros, pantallas, felos ou osos, sen faltaren madamas e galáns, os xenerais do Ulla... acompañados dun breve texto rimado e con moitas alusións gastronómicas. O libro, ademais, complétase con outros formatos lúdicos dispoñibles na web da editora como unha canción de Isabel Fernández Reviriego inspirada no propio libro ou un karaoke.

VII.2.2. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Alonso, José Ramón, *A Osa*, trad. Laura Sousa Sánchez; ilustr. Lucía Cobo, Madrid: Narval, 2018, 24 pp. (ISBN 978-84-948765-5-4).

Álbum ilustrado de José Ramón Alonso (Valladolid) que trata o ciclo da vida e da natureza a través de Osa, o animal protagonista que escapa de todos os estereotipos. O libro devén un poema visual grazas ás ilustracións de Lucía Cobo que debuxa dentro de Osa todas as marabillas da natureza para simbolizar como esta a protexe e como se vai fundindo con cada unha das estacións. Cada páxina introduce un aspecto diferente da vida de Osa e as súas características a través dun ritmo cautivador que descobre o ciclo da vida.

Fox, Mem, *Dez dedos nas mans e dez dedas nos pés*, trad. Chema Heras, ilustr. Helen Oxenbury, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado], [40 pp.] (ISBN: 978-84-8464-382-1).

Álbum de Mem Fox (Melbourne, 1946) insiste no feito de que todos os bebés nacen iguais. A obra caracterízase por un argumento que, grazas á súa sinxeleza e a unhas ilustracións realizadas con trazo fino e tonalidades suaves, logra atrapar a atención dos máis pequenos. O relato sucede de maneira acumulativa, ofrecendo unha rima sosegada que invita á narración falada e expresiva. O ritmo repetitivo camiña cara ao desenvolvemento final co nacemento do fillo da narradora. O álbum traballa a diversidade, pois cada bebé ten distinta pel, trazos, roupas e procedencia.

Recensións:

- María Vidal, “Unha obra sobre a igualdade dos bebés de todo o mundo”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 xullo 2018, p. 6.

Comenta que Mem Fox é coñecida por escribir obras dirixidas ao público infantil que foron premiadas e traducidas a varias linguas, ofrece unha sinopse do álbum e indica que constitúe un recurso literario moi interesante para traballar, na escola e na familia, aspectos sobre a diversidade.

Rico Ródenas, Jorge, *Tomás o bromista*, trad., Manuela Rodríguez, ilustr. Anna Laura Cantone, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Libros para soñar, lectorado a partir de 5-6 anos, febreiro 2018, 40 pp. (ISBN: 978-84-8464-369-2).

Álbum ilustrado con textos de Jorge Rico Ródenas (Elche, 1977) e debuxos de Anna Laura Cantone (Alexandria, Italia, 1977). O libro foi traducido ao galego por Manuela Rodríguez e publicado por Kalandraka Editora na colección Libros para soñar. A través do recurso á rima, á repetición e ao humor, a obra conta a historia de Tomás, un neno ao que lle encanta disfrazarse para asustar as persoas que van de visita á súa casa. O cativo usa calquera material para crear os seus disfraces: unha manta, un nobelo de la, unha caixa de cartón ou mesmo plásticos. Deste xeito, convértese en león, crocodilo, abella, elefante, touro ou lobo. Non obstante, un día, os visitantes deciden xuntarse diante da casa do

protagonista para amedrentalo cun disfrace de monstro de sete cabezas e Tomás asústase tanto que non se volve disfrazar nin sobresaltar ninguén. A historia vai acompañada das ilustracións a cor de Anna Laura Cantone, que representan os protagonistas e os diferentes escenarios da casa, tanto no interior, coma no exterior. Nestes debuxos destaca o uso da técnica do colaxe, mesturada con diferentes técnicas de pintura.

Recensións:

- María Navarro, “Con dobre atractivo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 661, “Libros”, 15 marzo 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 610, “Lecturas”, 24 marzo 2018, p. 10.

Indica que este conto transporta a infancia a un espazo cotiá capaz de converterse nun lugar divertido con imaxinación. Salienta o enxeño do rapaz, a sinxeleza da lingua unida ao emprego de rimas cun esquema acumulativo e o final sorprendente desta historia que “resulta moi substancial dende a perspectiva pedagóxica”. Tamén comenta a proposta plástica que reforza o ton lúdico do texto.

VII.2.3. ANTOLOXÍAS

Neira, Xoán, *Gaiola aberta. Escolma de poesía infantil (1997-2017)*, ed. Armando Requeixo, A Coruña: Baía Edicións, abril 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9995-287-1).

Antoloxía poética do autor Xoán Neira (Lugo, 1953), cunha tendencia fantástica e realista, dirixida a un público infantil e xuvenil. A edición do libro e o limiar están asinadas por Armando Requeixo. O conxunto poético de *Gaiola aberta* está formado por poemas pertencentes aos poemarios: *Recreos* (1997), *Xiz de cor* (2004), *Farrapos de nube* (2007), *No cubil da lúa* (2009), *Un niño no xardín* (2012) e *Chafarís* (2017). Os poemas succédense de maneira cronolóxica, polo que o libro comeza con tres poemas pertencentes ao libro *Recreos*. Os dous primeiros poemas deste libro presentan a temática do Nadal en forma de panxoliña e cantiga, e o terceiro trata sobre a primavera. A continuación, aparecen sete poemas pertencentes ao libro *Xiz de cor* que falan sobre medios de transporte (o tren e o barco), a lúa, obxectos relacionados a xogos da nenez (o carrusel, un xiz de cor) e, por último, sobre os soños. Estes textos mostran unha gran riqueza léxica relacionada coas temáticas tratadas, como por exemplo os estados da lúa. No terceiro conxunto de poemas, pertencentes á obra *Farrapos de nube*, topamos numerosos textos que falan sobre distintos fenómenos meteorolóxicos, elementos ligados á natureza, dous que fan referencia a lugares da vila onde vivía, e un último dedicado ao seu avó. Os oito poemas pertencentes á súa obra *No cubil da lúa* tratan todos eles sobre animais que viven no bosque, descritos á perfección e falando sobre os seus peculiares comportamentos na súa vida cotiá. Nestes textos topamos numerosos adxectivos e moito vocabulario relacionado con estes animais do bosque. Contra o final do libro topamos a selección de poemas pertencente a *Un niño no xardín* que destaca por posuír unha serie de poemas inspirados en lugares, animais, fenómenos meteorolóxicos e obxectos que o autor observa dende o seu xardín; no remate desta selección achamos catro poemas, cada un deles dedicados a unha estación do ano. O último conxunto de poemas que conforma o libro pertence a *Chafarís* e topamos poemas que falan sobre obxectos da vida cotiá (reloxo, pan ou o Chafarís), sobre animais voadores (o morcego, o peto e as aves migratorias) e tamén un sobre as estrelas do ceo.

Recensións:

- M. S., “Gaiola aberta’, boa poesía infantil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 outubro 2018, p. 25.

Indica que se trata dunha “magnífica escolma de poesía infantil” que resume a produción poética de Xoán Neira e que é ideal para iniciarse na lectura. Tamén apunta que da selección se encargou o crítico literario Armando Requeixo.

- N. Neira, “Xoán Neira escolma a súa poesía infantil e xuvenil”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 42, 24 outubro 2018, p. 9.

Dáse noticia da publicación da obra *Gaiola aberta. Escolma de poesía infantil (1997-2017)* de Xoán Neira e explícase que o libro constitúe un poemario dirixido á infancia con textos procedentes de libros anteriores do autor.

- Emilio Xosé Insúa, “Gaiola aberta. escolma de poesía infantil (1997-2017)”, de Xoán

Neira”, Aulas libres, “para ver, para ouvir, para ler”, no 11, 2018, p. 28.

Comenta que a obra constitúe un poemario dirixido á infancia cun total de cincuenta textos procedentes dos seguintes libros anteriores do autor: *Recreos* (1997), *Xiz de cor* (2004), *Farrapos de nube* (2007), *No cubil da lúa* (2009), *Un niño no xardín* (2012) e *Chafarís* (2017). Ofrece un percorrido pola traxectoria literaria do autor salientando as obras individuais *Memoria e soño* (1996), *Nas varandas do abrente* (2000) *Ás catro augas* (2004) e *Linguaxes* (2005). Tamén sinala, entre as obras colectivas nas que participou *Alma de beiramar* (2003), *Negra sombra. Intervención contra a marea negra* (2003), *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo* (2003), *A Coruña á luz das letras* (2008) ou *Xistral*. Apunta que a temática da obra está baseada na natureza e no cotián e fai fincapé na visualidade, na ollada novidosa da realidade e no carácter meditativo das composicións. Entre os trazos estilísticos destacan a brevidade, a rima asonante, as aliteracións e a escolla léxica.

Referencias varias:

- Marica Campo, “Abrámoslles a gaiola”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 33/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 25, “A tecelá en outono”, 27 xullo 2018.

Recensiona a obra poética *Gaiola aberta* do escritor lugués Xoán Neira, autor de seis libros de poesía dirixida aos máis cativos. Nela, desenvólvense cuestións referidas ao contido da obra, unha escolma feita e prologada por Armando Requeixo para conmemorar o 50 aniversario da publicación de *Os soños na gaiola* de Manuel María. Trátase, pois, dunha obra con abondosas referencias á natureza e as experiencias da infancia. Así, en palabras de Marica Campo: “A lectura ensina a conversar coas persoas e coas cousas que, se as escoitamos, tamén nos falan”.

- Nicolás Carreira, “Neste poemario saldo unha débeda con Manuel María”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 setembro 2018, p. 50.

Informa da presentación da obra poética *Gaiola aberta (Escolma de poesía infantil 1997-2017)* do escritor Xoán Neira que tivo lugar na librería Trama. Este compendio recupera 50 poemas infantís de seis libros publicados ao longo destes vinte anos. Ao acto asistiron persoeiros relevantes no eido da cultura e literatura como o escritor Xosé Miranda e a directora da Editorial Baía, Belén López.

- Montse García, “Xoán Neira”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 4 decembro 2018, L7.

Informa da presentación da obra poética *Gaiola aberta (Escolma de poesía infantil 1997-2017)* do escritor Xoán Neira na Librería Couceiro.

Ribeiro, João Manuel, *Os dereitos das crianças. Antoloxía poética*, ilustr. João Vaz Carvalho, Porto: Trinta Por Uma Linha, abril 2018 lectorado autónomo, 90 pp. (ISBN: 978-989-99996-1-19).

Antoloxía de João Manuel Ribeiro (Portugal, 1968) que reúne poemas de dezaioito poetas portugueses e galegos. Os pertencentes ao sistema literario infantil e xuvenil galego que

se reproducen son de Suso Díaz, Alfredo Ferreiro e Antonio García Teijeiro. Os poemas galegos son once e permiten descubrir características poéticas da súa produción e ver como saben, con sensibilidade, achegar aos máis novos emocións para que as saiban xestionar.

Rico Varela, Manuel, *Eu ben vin, virivín. Cancioneiro infantil para dicir, contar e cantar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], 2018, 109 pp. (ISBN: 978-84-9121-408-3). Contén CD.

Cancioneiro de tradición oral infantil de Manuel Rico Vereá (Boimorto, 1948) acompañado dun documento sonoro creado polo Obradoiro Experimental de Música Tradicional, formado por Nani García e Manuel Rico. Ao longo da obra aparecen cancións e recitados, pero cabe mencionar que nas partes nas que o autor narra o que o libro recolle e as distintas actividades didácticas, aparece unha voz en terceira persoa. Os personaxes que aparecen ao longo do cancionero son animais, pois son os principais protagonistas das cancións e recitados. Ademais, desde a páxina 58 ata a 97 aparecen distintas actividades didácticas para realizar coas distintas rimas e cancións e, despois, aparecen outros encadeados propios de Galicia. Os textos do cancionero aparecen acompañados de ilustracións con cores vivas, atraentes e suxestivas de David Rodríguez.

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Castro, Raquel, *A formiga fóra do carreiro*, ilust. Ángela Álvarez Paula, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 223, novembro 2018, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-198-4).

Peza teatral, escrita por Raquel Castro (Alxén, 1971) e ilustrada por Ángela Álvarez (Ourense, 1997), que está conformada por dous actos. Ten como protagonista unha formiga obreira que soña con atopar o seu destino. Cansa de ir sempre polo carreiro, sairá deste na busca dunha nova vida, mais a súa decisión provocará que se teña que enfrontar a diferentes animais que non deixan de dicirlle o que debe facer e como debe actuar, cando ela o que quere é ser libre e feliz. No final da obra aparecerá un personaxe moi peculiar que lle ofrecerá unha lección de vida grazas á cal a formiga obreira entenderá que o destino non se atopa, senón que está no interior. A formiga terminará escoitándose a si mesma e darase conta de que, quizais, a paixón pola cociña pode estar sempre no seu destino. As ilustracións figurativas de Ángela Álvarez presentan cores cálidas e representan diferentes escenas da historia narrada.

Castro Paredes, Fernando, *A derradeira bala*, Iº Certame de Obras Teatrais Roberto Vidal Bolaño 2018, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 108, [mocidade], outubro 2018, 81 pp. (ISBN: 978-84-9151-200-4).

Peza teatral realista do profesor Fernando Castro Paredes (Asturias, 1975) que, con doses humorísticas, se achega á historia dun soldado que quere abandonar a guerra pola música. No intento de abandonar o conflito, Luciano, que é o nome do soldado protagonista, é pillado *in fraganti* pola súa comandante e sentenciado a morte por fusilamento, casualmente coa última bala do seu fusil. Son varios os personaxes que tenta darlle morte, mais tamén diferentes os argumentos que emprega o soldado para tentar evitar ese dramático final. Así, as súas compañeiras, as xemelgas, non queren ser as encargadas de darlle morte, polo que o protagonista tenta aproveitar ese momento de fraqueza para que o deixen libre. Coa sarxento, apélase a que o silencio das trincheiras é porque a guerra rematou e os inimigos abandonaron a guerra, polo que non hai motivo para seguir alí e non irse. Os acontecementos vanse precipitando até que os e as personaxes, agás o Sarxento Unamuno, están convencidas de que realmente o inimigo se retirou, polo que Luciano pode quedar libre. A isto oponse o Sarxento, quen discute fortemente coa Comandante, á que lle dispara, e quen recibe un disparo dunha das xemelgas. Finalmente o Sarxento morre e todos se dispoñen a irse cando, de súpeto, escoitan como os inimigos veñen a atacalos, decatándose así de que o que contaba Luciano eran soamente ilusións. A peza presenta na cuberta unha foto, de Shutterstock, que anticipa a temática do texto teatral. Trátase dunha imaxe en branco e negro na que aparecen tres soldados, no interior dunha trincheira, cun gramófono no medio. No interior, o texto non presenta ilustracións.

Cortegoso, Santiago, *Contiños da terra*, ilust. Manuel Fragoso, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar, n.º 103, [lectorado autónomo], 58 pp. (ISBN: 978-84-17094-51-5).

Peza realista de Santiago Cortegoso (Domaio, Moaña, 1974) que recompila algúns dos relatos publicados por Manuel García Barros baixo o pseudónimo de Ken Keirades (Ulla, Berres, A Estrada, 1876 - Callobre, A Estrada, 1972). O libro conta cunha introdución de Carlos Loureiro Rodríguez onde se menciona a orixe dos “contiños” que se van presentar, seguida dunha explicación da escena e dos personaxes que van ir aparecendo na obra teatral. A continuación, aparecen doce escenas nas que as voces son os diversos personaxes. O fío condutor das mesmas é o seguinte: Manu, acompañado da súa nai e malia a negativa inicial desta, vai visitar o seu avó á residencia de anciáns coa intención de preguntarlle por algúns contos para un traballo de clase. Ao chegar, o avó comeza a explicarlle onde escoitou eses relatos e, de seguido, cóntallos. Entre estas historias atópase a de Ciridonio ou a do Tío Zanfona (dous homes moi avariciosos). Todos os contos están englobados, a súa vez, nunha historia que lle pasou ao avó nunha pensión cun tenente, unha mesoneira e un defunto. A obra remata cunha pregunta que Manu lle fai á nai sobre a razón da súa negativa á visita, que provoca no lectorado pensamentos sobre a memoria e cultura popular, e cun fragmento do avó que lembra o seu pasado. O texto acompáñase de tres ilustracións figurativas realizadas por Manuel Frago (A Estrada, 1956).

Díaz Núñez, Celia, *O castelo de Pena Redonda o máis tolo da contorna*, Obra gañadora do Concurso de Teatro infantil 2016 convocado pola asociación cultural O Facho, ilust. Ricardo Cid Paz, Edicións Fervenza, col. A Pinguela Teatro Escolar, nº 102, [lectorado autónomo], Outubro 2018, 67 pp, (ISBN: 978-84-17094-45-4). ■

Peza fantástica de Celia Díaz Núñez (As Eiras, O páramo, Lugo, 1961). A obra conta cos seguintes personaxes: Lourenzo, o bufón real; O rei Ramiro I; A Raíña Doña Elvira; A princesa Catarina; Aspirino (médico real); Serafina (científica real); Monsieur Pomme de Terre (cociñeiro real); Lopo (contable real); e Pancho (príncipe enfeitizado). A peza presenta a historia dunha familia real que ten graves problemas económicos debido a que os reis malgastan os cartos: o rei dedícase a celebrar grandes banquetes con cantidades enormes de comida e a raíña merca múltiples pezas de xoias. Un día o contable real explícalles que xa non quedan cartos nas arcas reais, polo que os reis deciden que a súa filla debe buscar un mozo rico e casar con el para solucionar os seus problemas. En cambio, á princesa encantaríalle viaxar e poder coñecer o mundo, polo que non está de acordo coa decisión dos seus pais. Un día, o bufón da corte atopa unha ra que fala nun dos estanques do xardín. A ra explícalles que é un príncipe portugués que está enfeitizado e que a única solución para o seu problema é que unha rapaza que estea namorada del lle dea un bico de amor verdadeiro. A princesa Catarina, tras unha gran conversa coa ra, acábase namorando del e dálle un bico. O feitizo desfaiase e a princesa e o príncipe marchan viaxar xuntos polo mundo. Acompañan o texto as ilustracións de Ricardo Cid Paz (Ourense, 1974).

Labraña, Carlos, *A fada pirata*, ilust. María Xosé Díaz, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar, n.º 101, lectorado autónomo, 2018, 30 pp. (ISBN: 978-84-17094-40-9).

Peza fantástica de Carlos Labraña Barrero (Cedeira, A Coruña, 1969). A obra presenta os seguintes personaxes: o Trasnó, o Anano, a Fada e o Mago. A peza conta a historia dun trasno e dun anano que encontran un barco pirata na beira da súa illa e, ao exploralo,

atópanse cunha fada que parece moi enferma. Por este motivo, píndenlle axuda ao seu amo o Mago. Mentres, a fada esperta e cóntalle ao Trasnó que ela é unha nena disfrazada e que ten un tesouro: os soños, que garda nos seus libros. Cando chega o Mago e descubre os libros da fada quere desfacerse deles, pois considera que son moi perigosos. A fada, enfadada, decide volver ao mar co seu barco e convence ao Trasnó e ao Anano de que vaian con ela, aprendan a ler e así poidan ter soños. Tamén lle deixa un libro ao Mago, para que o lea e volva a crer nos soños. Acompañan a obra as ilustracións a cor de María Xosé Díaz (Catoira, Pontevedra, 1949).

Reigosa, Carlos, *A soidade do asasino*, imaxes Leopoldo Fernández Ortega, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 175, lectorado mozo, marzo 2018, 65 pp. (ISBN: 978-84-9121-328-4).

Peza dramática de Carlos G. Reigosa (Pastoriza, Lugo, 1948). O libro presenta a historia dun asasino que mata por encargo. A historia desenvólvese integramente no mesmo escenario, sen divisións estruturais. Iníciase coa conversa entre dous estraños: o verdugo Víctor, asasino vocacional, e a súa vítima, un transgresor chamado Claudio. Víctor, contratado por unha persoa misteriosa, a modo de mercenario, confesa non ser quen de matar desta vez, amosando, ademais, a súa incredulidade e receo polo acontecido. Con cada ameaza, comentario e burla preséntanse os personaxes, as súas debilidades e a historia que os fixo chegar ata o intre no que se atopan. Malia que raia a tolemia, a relación de confianza que acaban establecendo entre eles desemboca nunha resolución do conflito baseada na cordialidade e no respecto.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Sicarios”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.029/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.029, “máis Libros”, 1 abril 2018, p. 30.

Logo de loar a traxectoria literaria do autor xa que, segundo a súa opinión, con cada título consegue abrir espazos ignotos para a súa escrita, pasa a analizar con profundidade a obra. “un texto de tensión máxima, que consegue manter alerta o lector dende a primeira ata a derradeira páxina, intrigado por saber cal será o desenlace a tan inquietante situación”. Ademais, comenta que a incorporación da obra na colección de Galaxia dedicada ao público infantil e xuvenil non lle parece de todo acaída e que considera que atende máis a “criterios comerciais que propiamente literarios”.

- Diego Ameixeiras, “Asasinos desterrados”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “1.080 almas”, 13 abril 2018, p. 8.

Desenvolve cuestións relacionadas coa trama e os personaxes que se deixan levar pola violencia. Como ben sinala o autor “[todos] podemos converternos en asasinos se temos unha arma á man”. A obra de teatro trata temas como a morte, a violencia, a soidade ou a debilidade humana.

- Verónica Pousada Pardo, “A soidade do asasino’, silencio e sangue”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 decembro 2018.

Despois de recordar que o escritor e xornalista galego Carlos G. Reigosa (Pastoriza, Lugo, 1948), xa publicara obras como *Irmán Rei Artur* (1987) e *Dous máis dous* (1998), salientase que retorna á Literatura Infantil e Xuvenil coa peza *A soidade do asasino*, na que, de novo, a violencia e o quebrantamento da lei son os puntos de referencia dun escritor que será sempre recordado como o autor da pioneira novela policíaca *Crime en Compostela* (1984), coa que conseguiu o 1º Premio Xerais de Novela. Dise que afonda nunha realidade que racha estereotipos. Descríbese a obra e dise que “a flagrante resolución que se aproxima páxina a páxina mestúrase coa relación de confianza, cordialidade e respecto que vai nacendo entre eles, raiando a tolemia” pois son dous homes fronte a fronte, condenados ao silencio e á soidade na que viven e respiran, obrigados a pagar un alto prezo polo sangue que enchoupa as súas mans. Pese a coñecer o inevitable destino, ambos desenvolven un complexo papel a prol da propia supervivencia. Remátase afirmando que *A soidade do asasino* regálanos un remate épico que evoca as traxedias gregas con tinturas cinematográficas, sen lecturas planas, que sorprende, marca e manipula, convertendo tamén o lector ou lectora en cómplice de asasinato.

VII.3.2. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “referencias varias”.

VII.3.2.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

12 doces de outono, Ciclo

Ciclo teatral e musical para un público infantil e familiar que se celebra de xeito gratuito os domingos de novembro en doce Centros SocioCulturais de Santiago: Ensanche, Santa Marta, Vite, Amio, Fontiñas, Rocha, Conxo, Castiñeiriño, A Gracia, Marrozos, Lavacolla e Laraño. No ano 2018 participaron das compañías Baobab Teatro, con *Fíos*; Xarope Tulú, con *A miña primeira viaxe teatral*; a Tropa de Trapo, con *O ritmo do camiño*; Elefante Elegante, con *Tristán cara de can*; Os Quinquillans Teatro, con *Por que é salgada a auga do mar?*; Caramuxo Teatro, con *Feo!*; Pablo Díaz, con *Xente miúda, moita fartura*; Paco Nogueiras, con *Brinca Vai!*; Migallas Teatro, con *Contos nas orellas*; Paula Carballeira, con *Contos de nenas que poden cambiar o mundo*; Marta Ortiz, con *Cores*; e Anxo Moure, con *O Nubinete e o paraugas Dameaugas*.

Alter Ego, IIIº Mostra de teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación Teatral Criaturas coa colaboración do Concello de Rianxo. A edición de 2018 tivo lugar durante o meses de setembro e outubro no auditorio e na biblioteca municipal. A edición deste ano contou coas compañías Ditirambo Teatro, coa peza *Anónima 18*; Anxo Fariña, con *Gliz, o pastor de nubes e o pintor de flores*; A Tequerreté, con *O enredo*; Os Kabramakabra (Escola de Teatro Airiños), con *A morte está escrita*; Trotaconventos Teatro, con *Historias de reloxo*; Fátima Fernández, con *Contos pop-up*; Grupo Municipal de Riveira, con *Cousas, de Castelao*; e coa Agrupación Teatral Criaturas, con *As salvaxes*.

Alxén, XIXª Xornadas de teatro de

Organizadas Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2018, que se celebrou os días 11, 12, 18 e 19 de maio no centro cultural da localidade, contou coas seguintes actuacións: *Descontrol hospitalario*, de Sans Fins de Rebordáns; *Estes zocos non son para min*, de Alxén; e *Noites de conto e comedia*, de Cándido Pazó. A programación infantil correu da man do grupo infantil Ata Sempre con *Xogando ao xadrez* e do Mago Paco con *O cinematomago*.

Arteixo, XVIª Mostra de teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2018 celebrouse entre o 6 de abril e o 18 de maio co seguinte programa: Grupo de Expresión Teatral SS.SS, con *Como di vostede?*; Ditirambo Teatro, con *Anónima 18*; Faíscas, *Un fiambre, unha rosca e un can can*; e Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'rei*; e Malasombra Teatro, con *D.E.P.* Ademais a programación infantil contou co Alumnado do Obradoiro Cultural de Teatro infantil de Meicende, con *Érase unha vez...*; Erica González, con *A sala do Catapumchinpum*; e ES3HA2, con *O soño dunha xoaniña*.

Artistas de rúa, XIX Festival de

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Redondela, celébrase na Alameda da vila. A edición do 2018 tivo lugar o 3 de agosto e ofreceu actividades para todos os públicos. Actuaron as compañías galegas *Aviador EZ*, de Projeto EZ; *Don Gelati*, de Culturactiva; *A vida tola*, de Pistacatro; e *Oh! Olimpíadas*, de *Desincronacidas*.

Arzúa, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2018 celebrouse durante os meses de outubro e novembro e contou coa seguinte representación: *Sénior*, de Culturactiva. Ademais, o ciclo contou tamén cunha programación infantil que contou coas seguintes pezas: *Os Rockenstein*, de Malasombra Producións; *O camiño dos paxaros*, de Magín Blanco; *Contos do recreo*, de Redrum Teatro; *Leonardo e os fontaneiros*, de Ubú Teatro; e *Logos*, de Lucecús Teatro.

Bande, XXIIIº Encontros de teatro Escolar e Amateur de

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2018, que transcorreu entre os días 14, 15, 16 e 18 de maio, participou o alumnado do CEIP Xaquín Lourenzo, con *O misterio das sombras*; do CEIP San Marcos, con *Ratonciños en apuros*; do CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey, con *O formigueiro do Bencho*; CEIP Plurilingüe dos Blancos, con *Zongalo quirico*; do Seminario Menor Diocesano A Inmaculada, con *Historia dun bosque consumido*; do CEIP Padre Feijóo, con *Os Carballo*; do CEIP Manuel Sueiro, con *Ondiñas veñen e van*; do CEIP Curros Enríquez, con *Morte natural*; CEIP do Xurés, con *As tres cabazas*; do E. T. Santo Ángel, con *80 días*; do Santo Ángel, con *As malas formas de Carapuchiña*; do Caixa Desastre, con *Superhéroes*; e do Oreteiro, con *Caixa pazpalo*.

Bebescena

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina desde o 2013. Ademais de postas en escena leváronse a cabo diversos talleres e conferencias familiares. Nesta edición do ano 2018 representáronse as seguintes pezas teatrais: *Puño puñete*, de Baobab Teatro; *La de Lúa*, de Ñás Teatro; e *Na casa*, de Caramuxo teatro. Tamén

participaron as compañías foráneas Zigzag Danza, con *Xardín segredo*; Teloncillo, con *Muuu*; e La Clá con *Solete*.

Referencias varias:

- M.G.M., “Los ciclos Todo Público y Bebescena comienzan el 27 y 28 con propuestas de danza y teatrales”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 10 xaneiro 2018, p. 36.

Dá conta da programación escénica dos ciclos Todo Público e Bebescena dende finais de xaneiro ata maio no Fórum Metropolitano e no centro Ágora. Menciona a participación de Limiar Teatro o 3 de febreiro con “O Conto da Azuzaina”, de Elefante Elegante o 24 de marzo con “Danza da Choiva” e de Sarabela Teatro o 14 de abril con “O secuestro da bibliotecaria”. Menciona tamén, para nenos de cero a tres anos, as representacións “Bathtime” de Katarsis o 28 de xaneiro, “Na Casa” de Caramuxo Teatro o 4 de marzo, “La de Lúa” de Ñas Teatro o 18 de marzo e “Puño Puñete” de Baobab o 8 de abril.

- Alicia Pardo, “Un mundo de descubrimentos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “ciudad y Cultura”, 28 xaneiro 2018, p. 10.

Dá conta da oferta cultural da Coruña que conta con contacontos, concertos e pezas teatrais, como *Bathtime* de Katarsis ou *Muiñada* de Galeatro, indicando as características que deben de ter as pezas pensadas para a infancia como a importancia do decorado e argumento, así como un ambiente suave para favorecer a aprendizaxe a través da experiencia do teatro.

Begonte, VIº Ciclo de teatro de

Levado a cabo por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación Cultural de Illán e dentro do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo. A edición de 2018, que tivo lugar os días 22 de setembro, 20 outubro e o 20 de novembro na Casa da Cultura e no local social da Asociación de Veciñas do Castro, contou coas seguintes representacións: *Manancial de fantasía*, de Alentía Teatro; *Eres único: teatro contra o bullying*, de A Mariña; e *Xogo revolto*, de Marionetas Trécola.

Referencias varias:

- C. P. R., “Trécola cerra o ciclo de teatro de Castiñeiro Milenario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 novembro 2018, p. 20.

Informa de que a compañía de marionetas Trécola será a encargada de pechar a sexta edición do Festival de Teatro de Castiñeiro Milenario coa representación “Xogo revolto”, cuxo tema principal é o acoso escolar. A representación, que terá lugar no colexio de Baamonde o martes 20 de novembro, contará coa asistencia do alumnado deste centro así como do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte.

Ben veñas Maio, XXIIª Semana teatral

Mostra teatral ofrecida polos alumnos dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupo de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2018, que tivo lugar entre os días 8 e 10 de maio estivo dedicada á figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, María Victoria Moreno.

Boiro, Mostra de teatro Escolar

Mostra organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Boiro orientada aos centros de ensino. A edición de 2018 tivo lugar os días 20, 21, 22 e 23 de novembro na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro e contou coas seguintes representacións: *Rubicundo*, de Teatro dos Ghazafellos; *A danza da choiva*, de Elefante Elegante; *Pum, pum*, de Baobab Teatro; e *Ela*, de Caramuxo Teatro.

Referencias varias:

- J. C., “Comeza a mostra Teatro Escolar para os alumnos de Boiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 20 novembro 2018, p. 32.

Informa do inicio desta mostra do Concello de Boiro.

Buxiganga, Circuitos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2018 participaron 50 concellos que acolleron as actuacións dos 40 grupos de teatro amateur da provincia que se indican a seguir: Grupo Humorístico Trípode, con *A panxoliña máis fermosa*; Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal, con *A farsa do Bululú*; A Rabela Teatro, con *As consultas do Doutor Baldomero* Bautista; Colectivo Cultural Ollomao, con *Enciclopedia Álvarez*; O Torques, con *Donde as dan as toman*; Os Baluros, con *Menciñeiro á forza*; Os Trocos, con *Farsa plautina*; A Mariña, con *Eres único: teatro contra o bullying*; Ardora Amor filial; O Bordelo, con *Depende*; Argalleiras Teatro, con *Comedia bífida*; Centro Teatral Faro-Miño, con *Langreira de amor*; Sacarina, con *Madialeva*; A Adala, con *Elixir de xuventude*; A Adala Infantil, con *Mamasiña que medo!*; Axóuxeres, con *Non casei con todos*; O Batán, con *Bicos de vinagre*; O Centiño, con *Zume de amorodios*; Pico do Castro, con *Matías está tolo*; Torta de Millo, con *Innovetin... ou algo*; Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*; Curuxan, con *Improdecete*; Grupo de Teatro Down, con *Soño dunha noite de verán*; Hipócrata Teatro, con *Hotel desencanto*; Nostrum Cai, con *Romani ite domum*; Nova Escena Teatro, con *As fillas de Eva*; Os Palimoquiños, con *Borrallina*; Os Pinchacarneiros, con *A ola de ouro*; Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde, con *O parto de Calandrino*; Ti e máis Eu Teatro, con *A troita do río...*

; Grupo de Teatro Afeccionado Monfortino, con *Os intereses creados*; Teatreir@s, con *Cumprimento de contrato*; A Peneda, con *A cea dos idiotas*; Escola de Teatro Falcatrueiros, con *As monxas e a María*; Alentía Teatro, con *Manancial de fantasía*; Metátese Teatro, con *O euromillón*; Unidade do Zono, con *Tren a Nápoles*; Lume Escénico, con *Hotel rosamar*; Grupo de Teatro Augas do Sil, con *Un día nas portas do ceo*; e Rebuldeira Teatro, con *Delicadas*

Cambados, Ciclo de teatro Infantil de

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados que forma parte da iniciativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Agadic. Na edición de 2018, celebrada durante os domingos de febreiro e marzo, representáronse as pezas *O segredo do tendal*, de Raquel Queizás; *Os Rockenstein* e *Os fabulosos Cleaners*, de Malasombra Producións; e a versión de Sherlock Holmes de Cayetano Lledó.

Cangas, XXXV^a Mostra Internacional de teatro Cómico e Festivo

Fundada en 1984 pola Asociación Cultural Xiria. Organizada pola Asociación Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Ningures Produción. Está actualmente patrocinada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais de exposicións, obradoiros, encontros e eventos como o “Revoltallo en Pedra”, no que se dan cita moitas das asociación culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas “Mulleres en Acción” (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio “Xiria”, co que se destaca o labor teatral dunha persoa ou a traxectoria dunha agrupación; este ano recaeu en Mabel Rivera. A edición de 2018, que se celebrou do 29 de xuño ao 8 de xullo no auditorio municipal, contou coa participación do Centro Dramático Galego, con *Divinas palabras revolution*; *A leituga* de EME2 Producións; *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegas e Cía. ButacaZero; *Teatro invisible* de Materile Teatro. A programación infantil contou cos seguintes espectáculos: *Paraíso pintado* de Pepa Plana; *Nómades*, de Xarope Tulú. Tamén estivo presente a compañía italiana Lucchettino, con *Maghi per una notte*.

Referencias varias:

- Vanesa M. Sotelo, “Irmandade entre a MITCFC e o Singlot Festival”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivals”, n.º 95, 2018, pp. 47-48.

No contexto dunha crónica sobre a cuarta edición do Singlot Festival celebrado en Cataluña, ponse en relación este evento coa Mostra Internacional de Teatro Comico e Festivo de Cangas do Morrazo aludindo a que ambos os dous pivotan arredor as artes escénicas e a comedia.

- Manuel Xestoso, “XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Isto non é unha crónica”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivals”, n.º 95, 2018, pp. 45-46.

Achega un percorrido pola traxectoria da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co gallo da súa trixésimo quinta edición. No tocante á dramaturxia galega destaca as pezas *Laboratorio de estremenias* de Mónica Camaño ou *Silda e Hadrián*, de Casilda Alfaro e Adrián Ríos. Fai referencia á obra *Divinas palabras revolution* como peza de Chévere para o CDG e ao seu encadramento na definición de comedia e menciona tamén que tivo lugar a representación da obra *A leituga* a cargo de

Emedous.

- A. B. de Becerreá, “XXXV MITCF de Cangas do Morrazo”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 66.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante 35 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas do Morrazo. No tocante á literatura galega, dá conta da posta en escena das seguintes obras de temática seria con trazos de humor: *Divinas Palabras Revolution* do CDG arredor da moralidade, *A leituga* de EME2 Producións sobre a eutanasia, *Na butaca [fantasía nº 3 en dor maior]* de Esther F. Carrodegas e Cía. *ButacaZero* sobre o alzheimer e *Teatro invisible* de Materile Teatro sobre o teatro, a existencia e a morte. Tamén informa de que as obras cómicas con riscos maravillosos, de parodia, da pantomima ou da simulación foron: *Paraíso pintado* de Pepa Plana, *Nómades* da Cía. Xarope Tulu, o II Torneo de Dramaturxia de Galiza, cinguido á comedia breve, *Silda e Hadrián* de Casilda Alfaro e Adrián Ríos e *Monstruación* de Enconarte Producións.

Caranza, Ciclo de teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol, coa colaboración da Deputación da Coruña e coordinado por Ti e Máis Eu Teatro. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e durante a celebración outórgase o Premio do Público. A edición de 2018 tivo lugar durante os meses de novembro e decembro e contou coas seguintes representacións: *A cantante calva*, de Corifeo Teatro; *Pai, respóstame*, de Ti e Máis Eu Teatro; *Un caso complicado*, de Cantigas da Terra; e *As pretendentas do Rei Centolo*, de Bradomín Teatro. Ademais representárase para público infantil a peza *Un nadal de neve e soños*, de Ti e Máis Eu Teatro.

Carballiño, X Festival de títeres

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello ourensán de Carballiño. A edición de 2018 celebrouse durante o mes de agosto e contou coa celebración de obradoiros da man dalgunhas das compañías participantes. Representáronse as pezas infantís *O soño do rato* e *Historias do mar*, de Títeres Intres; *Tita*, de Títeres Babaluva; *A familia unida*, de Micromina Teatro; *Ghop!*, de Teatro ao cubo; *Lolo e ratoa* e *Totilates*, de Trécola Teatro.

Carballo, Teatro en Ruta

Organizado pola concellaría de Cultura de Carballo o ciclo desenvolverase por cinco parroquias de Carballo (Cances, Rus, Verdillo, Sofán e Ardaña) durante o mes de novembro. A edición deste ano contou coas seguintes representacións: *Canto te quero* e *O fontaneiro*, de Vagalume Animación.

Carballo, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2018, celebrada dende febreiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, contou coa participación de A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'Rei*; e Teatro do Atlántico, con *Helena: xuízo a unha lurpia*. Tamén contou con dúas representacións para público infantil: *A galiña azul* de Tanxarina Teatro e *Danza da choiva*, de Elefante Elegante.

Carballo, Verán Cultural

Ciclo de teatro familiar organizado polo concello de Carballo (A Coruña), co apoio da Deputación da Coruña. A edición de 2018 tivo lugar no mes de agosto e contou coa actuación de Magín Blanco co seu espectáculo *A nena e o grilo*.

Cariño, XLIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2018, celebrada entre o 11 e o 17 de agosto, participou Natalia Outeiro, co seu espectáculo *Pajarito. A vida tola*, e as compañías Culturactiva, coa peza *Saaabor!*; Contraproducións, con *Commedia. Un xoguete para Goldoni*; A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Mofa e Befá, con *Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira*; Redrum Teatro, con *A canción do elefante*; e Chévere, con *Río Bravo*. Tamén contou cos espectáculos para público infantil: *Pum, Pum!*, de Baobab Teatro; *Planeta Ardora*, de Trompicallo; *Lúa*, de Ghazafellos Teatro; *A horta de Balbina*, de María Fumaça.

Colorín, Colorado

Ciclo de teatro infantil promovido pola concellaría de Cultura da Estrada. A edición de 2018 celebrouse os días 26, 27, 28 e 29 de decembro e contou cos seguintes espectáculos galegos *Retrete cabarete*, de O Retrete de Dorian Gray; *Baleadas*, de Traspediante e cos estranxeiros *Piedra a piedra*, de El Teatre de l'Home e *Screen man*.

Cultura no Camiño

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2018 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas dende o 16 de abril até o 30 de setembro cun total de 342 actuacións.

Referencias varias:

- X. M. Lema, "Teatro, cine, literatura y fotografía este mes en la Primavera Cultural", *El*

Correo Gallego, “Área Compostela”, “Comarca de Santiago-A Barcala-Xallas”, 5 maio 2018, p. 28.

Informa da inauguración dunha nova edición da Primavera Cultural, organizada polo Concello de Santa Comba. Entre as actuacións, destácase a peza teatral *Enredando con Pakolas*, de Pakolas e *María e os ollos alabarados*, baseada nunha obra de María Victoria Moreno.

Daniel Cortezón, XVIª Mostra de Teatro Afeccionado ESTE ANO 2018 DEDICADO A PÚBLICO INFANTIL

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo que recibe o seu nome do escritor ribeirense Daniel Cortezón Álvarez. A edición de 2018, que tivo lugar entre os días 14 e 28 de outubro, contou coa presenza de Trécola Teatro, con *Choruma*; A Adala Infantil, do grupo de teatro de Fazouro, con *Ai mamaciña, que medo*; e Agrupación Ollomao, con *Cabeza de dragón*.

Domingos do Principal, Ciclo de teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos desta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2018 as actuacións tiveron lugar entre o 21 de xaneiro e o 11 de marzo. Participaron as compañías galegas Ghazafellos, con *Rubicundo*; Píscore, con *Concerto singular*; Teatro ó Cubo, con *O faiado*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas: Unahoramenos (Canarias), Mumusic Circus (Cataluña), Spasmo Teatro (Salamanca).

Referencias varias:

- Lucía D. Bóveda, “Tempo de gozar do mellor teatro”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 611, 21 xaneiro 2018, pp. 2-3.

Informa da inauguración do ciclo de teatro “Os Domingos do Principal” de Pontevedra. Esta edición contou con numerosas actividades teatrais, de danza, monicreques, etc. Entre as actuacións, destácanse as dos grupos Teatro dos Ghazafellos coa súa obra “Rubicundo”, Spasmo Teatro con “Mundo Lirondo” e Teatro ó Cubo con “O Faiado”.

- Cuca M. Gómez, “Fiestón en Ponte Caldelas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 29 xaneiro 2018, pp. 34-35.

Entre outras actividades, informa da representación da peza *Rubicundo*, a cargo da compañía Ghazafellos dentro dos Domingos do Principal, e resume o seu argumento.

- Olga Fernández, “Amigoos’, nova cita dos Domingos do Principal”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, 11 febreiro 2018, p. 4.

Apunta que o espectáculo é “unha travesía xestual e musical” polas vidas de un home e unha muller que tecen un mundo “irreal de poesía e complicidade” con “momentos de delirio de disparate entre bailes e acrobacia”.

Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Na edición de 2018 participaron as compañías galegas Larei Lará, con *Brancaneves e os 7*; e Caramuxo Teatro, con *Redondo*. Tamén contou coa participación das compañías foráneas APP Creacións, A La Sombrita, Gabriela González López, La Gaviota e Teatro Arbolé.

Estrada, VIº Festival de teatro Escolar da

Certame organizado pola Aula de Teatro Avelaíñas Teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, o clube de lectura Retelladores do Galiñeiro, a Asociación A Rapa das Bestas de Sabucedo, o equipo de Dinamización Lingüística, a Asociación Cultural A Fervenza de Ouzande e o Concello da Estrada. Na edición de 2018, celebrada o día 29 de abril, representouse o espectáculo *Un planeta literario máxico*, de Avelaíñas Teatro, Escola Municipal de Teatro de Laxe, Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, Aula de Teatro CPI de Touro e Aula de Teatro do IES Antón Fraguas de Santiago.

FalaRedes

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para a dinamización lingüística. No ano 2018 representáronse as pezas *Terrícolas igualiños, igualiñas*, de Os Bolechas; *Asubíos*, de Elefante Elegante; *A casa do terror*, de Son+d2; *Os Bolechas e o amigo Monte*, de Os Bolechas; *Enredando con Pakolas*, de Pakolas; e *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, de Matrioska teatro.

Referencias varias:

- Luis Seoane, “Recta final de ‘Falaredes’ ata setembro en seis vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 xullo 2018, p. 37.

Apunta que o programa de dinamización lingüística FalaRedes se despide coas funcións *Os Bolechas e o amigo Monte* e *A casa do terror*, de Xoán Curiel, ademais de indicar onde se pode atopar información do evento en Internet.

Familirúa

Organizado polo Concello da Coruña no marco das festas de María Pita. A edición de 2018, celebrada polas rúas da cidade entre o 1 e o 16 de agosto, contou cos seguintes

espectáculos: *Brinca vai! De aquí e acolá*, de Paco Nogueiras; *AsacoCirco*, de Asaco Circo Show; *Romaría*, de Raquel Queizás; e *Música de contos*, de Marian Ledesma.

FESTEIA, III Ciclo de teatro de Obxectos e Monicreques

Festival de teatro orientado ao público familiar que se celebra desde 2016 promovido pola Concellaría de Cultura do Concello de Ferrol. A edición de 2018, que tivo lugar entre os meses de outubro e novembro, contou coas seguintes representacións: *A galiña azul* de Tanxarina; *O soño na gaiola*, de Títeres Alakrán; e *Branca neves*, de Títeres Cachirulo.

Festiclown

Festival internacional de clown que comezou en Galicia e que pouco a pouco, desde o 2011, foise expandindo a diferentes cidades do mundo. A edición galega de 2018 tivo lugar, por cuarto ano consecutivo, en Vilagarcía de Arousa, concretamente entre os días 9 e 13 de agosto, e contou cos seguintes espectáculos: *Saaabor!*, de Culturactiva; *Código*, de Dani García; e *Animacreques*, de Catropés.

FIOT, XXVIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2018, celebrada dende o 28 de setembro até o 31 de outubro, concedeuse o galardón honorífico “Xograr de Outono” a Miguel de Lira. Participaron as compañías galegas Contraproduccións, con *Commedia*; Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán, con *Somos criminais*; Manoliño Nguema, con *Ngoan ntangan, dous mundos que se tocan*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Ron Lalá (Madrid), La Joven Compañía (Madrid), La Tristura (Madrid), Pentación espectáculos (Madrid), La Trócola Circ (Valencia), Suttotos (Arxentina), Compagnia Baccalá (Suíza), Serena Producciones (Madrid), La Abducción e Buxman Producciones (Madrid), El Pavón Teatro Kamikaze (Madrid) La Zona (Madrid) Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o IX Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. O Ciclo OTNI, mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, contou coas compañías Théâtre national de Wallonie-Bruxelles, Theatre Lliure, Teatros del Canal (Bélxica, Cataluña e Madrid), Borja Fernández (Galicia), con *Salvador*; e Íntims Produccions (Cataluña) Na XX edición Rúa dos Contos, ciclo celebrado en locais de hostalería, ademais de monólogos e música, representáronse as pezas galegas *Contos de contrabando*, de Avelino González; *Como ser armario empotrado*, de Marcos Pereiro; *En crudo*, de Peter Punk; *Como cho conto*, Cándido Pazó; e *Historias da fronteira*, de Lois Pérez; *Papar sen cancelas*, de Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei; *A musicleta*, de Pulpiño Viascón; e *Camaré sonambulante*, de Antón Coucheiro.

Referencias varias:

- Marta López, Cristina Viu, “Carballo, meca del teatro en Galicia con la 27.ª edición del festival de otoño FIOT”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 outubro 2018, p. 37.

Dá conta da programación da 27ª edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT). Destácase a actividade Rúa dos Contos a cargo de David Amor, Monoulious Dop e o trío formado por Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei, que conta con monólogos que se desenvolverán en diferentes establecementos de Carballo.

Galicia Escena Pro, Vª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2018 celebrouse entre os días 11 e 14 de xuño e contou coas seguintes pezas e compañías: *A leituga*, de Eme2; *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica*, de Ibuprofeno Teatro; *Cranios privilexiados... ou a crítica da razón perralleira*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Elisa e Marcela*, de A Panadaría; *Fillos do sol*, de Contraproducións; *O rei morre*, de Sarabela Teatro; e *O servidor de dous amos*, de Talía Teatro. En canto á oferta teatral para público familiar, as propostas seleccionadas son *A galiña azul*, de Tanxarina; *Bathtime*, de Katarsis Educación-Teatro; *Patapatum*, de Elefante Elegante, e *Planeta Ardora*, de Títeres Trompicallo. Ademais, o festival desenvolve unha sesión dedicada a que diferentes compañías presenten aos programadores un avance dos proxectos nos que están comezando a traballar cara á vindeira temporada. Nesta edición os títulos escollidos foron *Alma (non é hippie)*, de Colectivo Verticalia; *Anatomía dunha serea*, de Iria Pinheiro; *Arnoia, Arnoia: o circo da casa pequena*, de Quico Cadaval; *Auga que non vas beber*, de Inacio Vilariño; *Cinco mulleres que comen tortilla*, de Javier Lojo; *In Between*, de Mikel Arístegui; *Insumisión*, de Gema Ulloa; *Involución*, de Alfredo Muño; *Liberto*, de María Vázquez; e *Sofía e as postsocráticas*, de Marta Pérez.

Galicreques, XXIVº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de “Galicreques” adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2019, que tivo lugar entre o 13 e o 21 de outubro, contou coa participación de *Toque de caixa* e *Alforria* pasarrúas de Boca de Cao; *Orellas de Trapo*, de Títeres Brincadeira; *Cantamos?*, de Luís Vallecillo; *As xeneralas da Ulla*, de Títeres Cachirulo; *Réquiem por un monicreque*, e de Os Monicreques de Kukas; *A auga que non vas beber*, de Fantoques Baj..

Gondomar, Nadal,

Mostra de teatro de títeres para toda a familia organizadas polo concello de Gondomar para celebrar o Nadal. Na edición de 2018 representáronse para público infantil *O mundo máxico de Pinocho*, de Educa Teatro Producións e *O conto de Azuzaina*. Para o público adulto representouse o espectáculo *Eroski Paraíso* de Chévere.

Gran teatro para os máis pequenos, II

Organizado polo Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A edición de 2018, celebrada entre os meses de decembro e xaneiro, contou cos seguintes espectáculos: *A casa do avó*, de Tanxarina Teatro; *Ela*, de Caramuxo Teatro; e *Animais de compañía*, de Teatro do Noraeste.

Intercentros, XXXIIIº Certame de teatro

Ciclo teatral que se celebra na cidade de Santiago de Compostela e galardoa a grupos de teatro de centros escolares. A edición de 2018 celebrouse os días 7, 8, 21 e 22 de maio. Participaron o IES Eduardo Pondal, coa peza *Odisea*; o CPI Plurilingüe Eusebio Lourenzo Baleirón (Dodro) con *A arboriña de Nadal*; o IES Rosalía de Castro, con *Pelagatos* e *Ágora*; IES Antón Fraguas, *Universo de lectura* e *As instancias da morte*; o IES Pontepedriña, con *Over the rainbow*; o IES Xelmírez I, con *Punto de fuga*; o CPI Dices-Rois, con *A taberna do Chato*; o CEIP de Roxos, con *Restaurante Farruco*; O CEEPR Aspanaes, con *Así é o meu corazón*; o Colexio San Jorge, con *Monstros*; e o CEIP López Ferreiro, con *Rillotes*.

Itineranta, IX Festival de Espectáculos de Rúa Itinerantes

Programa de animación teatral de rúa organizado pola concellería de festas do concello de Pontevedra. A edición de 2018 celebrouse entre os días 7, 8 e 9 de agosto. Nela representáronse pezas como *Psycodelia*, de Troula Animación; e *A tropa do Doutor Milagre*, de Inventi Teatro. Participaron tamén as compañías foráneas Asaco Producciones (Mérida), Yera Teatro (Granada), Remue Menage (París, Francia), Scura Splats (Castellón), Discípulos de Morales (Badalona) e Bambolea (Madrid).

Referencias varias:

- Sara Vila, “O circo, o lume e o teatro tomarán a cidade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 4 agosto 2018, p. 50.

Ofrece a programación e rutas da IX edición de Itineranta que se celebra en Boa Vila co obxectivo de animar a participación da xente na rúa.

Laxe, XIª Mostra de Outono de teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe en colaboración coa Asociación Folerpas Teatro. A edición de 2018 os días 21 e 28 de outubro e 4 e 11 de novembro no salón de actos municipal. As pezas representadas este ano foron: *Os*

fabulosos cleaners, da Compañía Malasombra; *2010*, de Sen Cancelas Teatro; *Dora e Lola*, de Metatese Teatro (Palas de Rei); e *Cambiouche ben o conto*, do Grupo de Teatro APEM (Carballo).

Lugo-Ourense, XVIIIª Mostra de teatro Grecolatino

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. A edición de 2018 de Lugo, celebrada o 5 de marzo no Auditorio Gustavo Freire, contou coa representación das pezas *Hécuba* de Eurípides e *Miles gloriosus* de Plauto a cargo de Noite Bohemia (A Coruña). A edición de Ourense, celebrada os días 9 e 10 de abril no Auditorio Municipal, contou coas pezas *Anfitrión*, de Plauto, a cargo do Grupo Noite Bohemia (Coruña).

Malpica, XIVª Mostra de teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica. A edición de 2018, que tivo lugar do 26 de outubro ao 30 de novembro, acolleu as representacións seguintes: *Falar sen cancelas*, de Culturactiva; *O caso é ter saúde*, de Malasombra Producións; e *Fillos do sol*, de Contraproducións. En canto á programación infantil dentro da Mostra a programación contou con *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *A casa do Terror*, de Xoán Curiel e a Banda do Verán; e *Sopa de sapo*, de Talía Teatro.

Mámoa de Luou, XIXº Mes do teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou, Teo. A edición de 2018, celebrada entre o 4 e o 25 de novembro, contou coa participación das compañías de Fantoques Baj, con *Auga que non vas beber*; O Aturuxo de Malpóneme, con *Terapia de Bar*; O Grupo de Teatro Xuvenil do Concello de Teo, con *A vida nun fío*; e Chumpá Teatro, con *Intocables. A comedia*.

María José Jove, XVIº Festival de títeres

Organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2018 celebrada os días 27 e 28 de decembro tanto na propia Fundación María José Jove como no Forum Metropolitano, participaron as compañías galegas Títeres Cachirulo, con *Alicia no país das maravillas* e Fantoques Baj, con *O castiñeiro do Apalpador*. Tamén participaron as compañías foráneas El Retrete de Dorian Gray, APP Creacións,

MIT, XXXIVª Mostra Internacional de teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual

e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2018, celebrada entre os días 14 e 22 de xullo, contou coa presenza das compañías galegas Contraproducións, con *Commedia, un xoguete para Goldoni*; Inventi Teatro, con *A tropa do Doutor Milagre*; A Panadería, *Elisa e Marcela*; Teatro do Vilar, con *Non se chora*; e das compañías foráneas La Trocola (Valencia), Pippo Delbono (Italia), Micomisión (Madrid), Projecto EZ (Portugal), Los Colochos (México), Euroscena (Castilla La Mancha e Madrid), Teatre Tot Terreny (Cataluña), Rodrigo Cuevas (Asturias), Blind Summit Theatre (Reino Unido). Ademais representáronse para o público infantil as pezas *A gata con zocos*, da Cova das Letras e Banda La Lira de Ribadavia.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Teatro en Ribadavia”, *O SIL*, “Cultura”, xullo 2018, p. 29.

Informa da chegada dunha nova edición da MIT de Ribadavia, sobre a que comenta a programación, un festival cuxas liñas mestras son, apunta, a comedia, o musical, as linguaxes híbridas e a diversidade.

- Eufrasio Lucena Muñoz, “MIT de Ribadavia. Amor e compromiso pola escenografía made in Galicia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Festivals”, n.º 95, 2018, pp. 49-51. No contexto dun artigo sobre os recoñecementos á escenografía galega na trinta e catro edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT-Ribadavia) menciona a figuras relevantes da literatura galega que desenvolveron as súas actividades nese eido como Luís Seoane, Roberto Vidal Bolaño ou Camilo Díaz Baliño. No tocante á dramaturxia galega, alude ás compañías Chévere, Matarile, A Panadaría ou ao CDG. Tamén fai referencia ás obras *Martes de Carnaval*, *O feo*, *Tras Tannhäuser* ou *O mundo Persistente*.

- Afonso Becerra de Becerreá, “34 MIT Ribadavia. Cada ano, mellor”, *Tempos Novos*, n.º 255, “crónica”, agosto 2018, pp. 62-65.

Panorámica sobre as actuacións teatrais levadas a cabo durante a 34 MIT Ribadavia 2018. No tocante á literatura galega, destaca a posta en escena de *Commedia, un xoguete para Goldoni* e fai referencia á súa estrea vinte e cinco anos antes na Mostra de Ribadavia. Sinálase que se trata dunha peza dirixida por Cándido Pazó e que constitúe unha mostra de comedia italiana. Salienta que a temática da peza xira arredor das aventuras dun protagonista que deixa de lembrar a conta dun anel e sublíñase o seu carácter cómico e metateatral. Dá conta tamén da posta en escena da obra *Elisa e Marcela* a cargo da compañía teatral A Panadaría. Alúdese a que a peza foi galardoada cos Premios María Casares e á grande cantidade de postas en escena da mesma. Explica que a obra gañou o Premio do Público desta 34 MIT e que se trata dunha comedia convencional cun enfoque queer e destácase o seu carácter fragmentario así como a mestura que se leva cabo nela de teatro físico, musical ou da pantomima, entre outras modalidades. Di que a obra presenta o primeiro matrimonio rexistrado entre mulleres e na fuxida que esta unión ocasionou. Apúntase que a peza *O día no que bicar a terra* de Avelina Pérez gañou o 13

Premio Abrente.

MITEU, XXIIIª Mostra Internacional de teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición: outorgado este ano na Aula Universitaria de Lugo e a súa peza *WK*. Posteriormente engadiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Suso Díaz”, que este ano recaeu en Manolo Alcántara. Ademais, a organización do festival otorgou o seu premio especial a Tareixa Campo. Na edición de 2018, que se celebrou entre o 12 e o 28 de abril participaron as compañías galegas Rosaura (Aula de Teatro Universitaria de Ourense), con *Sen pés nin cabeza*; Cordelia (Aula Universitaria de Ourense), con *A nosa cociña*; Compañía de Teatro USC, con *Wk*; Contraproducións SL, con *O tolleito de Inishmaan*; Aula de Teatro da USC, con *Pasar por Nida*; Aula de Teatro da UVI, con *Paraíso*; e Palimoco Teatro, con *Medea, salvaxe?*. Ademais representouse, para o público infantil, a peza (*Du)as viaxes de Gulliver*, de Geppeto (Aula de Teatro Infantil de Ourense).

Referencias varias:

- C. M., “A retranca de Quico Cadaval abre a MITEU”, *La Región*, “Ciudadanos”, 12 abril 2018, p. 16

Informa da inauguración da 23ª edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU) no Teatro Principal de Ourense. A programación conta con 28 espectáculos e abranguerá ata o 28 de abril.

Monecadas, V Festival

Organizado polo Concello de Brión e Titiriteiros da Comarca. A edición de 2018, celebrada durante o mes de setembro na carballeira de Santa Minia, contou coa presenza das compañías Títeres Cachirulos con *A cabeza do dragón*, Viravolta Títeres con *O galo Quirico e os seus amigos*; e Fantoques Baj, con *Tío Misericordia*.

MOTECES, XIIª Mostra de teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de establecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centros de ensino, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. A edición de 2018 celebrouse entre os días 3 e 11 de maio no salón de actos da Escola Municipal de Artes Escénicas. Participaron os seguintes grupos teatrais de alumnado dos seguintes centros: o IES Lagoas, con *Alicia*; o CPR Santo Ángel, con *Superhéroes*; e o IES Universidade Laboral, con *Vocación de Adrián Silva*.

MOTESMO, XXII^a Mostra de teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Conta co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra, dos concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. A edición de 2018, que tivo lugar do 25 ao 27 de abril, contou coa participación do grupo A Réplika de María, unha coprodución do Obradoiro de Teatro IES María Soliño e o grupo de teatro A Réplica do IES Rodeira con *Arredor de ti*; Comediantes anónimos, do IES Johan Carballeira de Bueu, con *Vodkavil*; Grupo Dramatic@s de A Paralaia, con *Comedia bífida*; grupo de teatro do IES As Barxas, con *Fobofobias*; e Asmpasim, con *Sons e silencios*.

MOTI, XV^a Mostra de teatro Infantil de Ourense

Mostra organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), dende o ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal e o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2018, celebrada o día 21 e do 26 ao 30 de decembro, contou coa participación das compañías Caramuxo Teatro, con *Ela*; Tanxarina Teatro, con *A galiña azul*; Eme2 Producións, con *Contacreques*; e Elefante Elegante, con *Danza da choiva*. Tamén asistiron as compañías La Espiral Mágica (Madrid), Jean Philippe Kikolas (Castela e León), Markeliñe (Euskadi) e We Tum Tum (Portugal).

Narón e Ferrol, XXXIV Mostra de teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse á organización o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), agora substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e da Deputación da Coruña. A edición de 2018 tivo lugar entre finais de outubro e finais de novembro e contou coas seguintes compañías: Tanxarina Teatro, con *A galiña azul*; Teatro dos Ghazafellos, con *A nena e o grilo*; e Talía Teatro, con *Bicos con lingua*.

Negreira, Ciclo de teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña chega representacións de grupos afeccionados e profesionais. A edición de 2018 desenvolveuse durante os meses de abril, maio e xuño. Contou coa participación de Aturuxo de Melpómene, con *Misterios*; Ainé Produccións, con *Os coleccionistas*; Malasombra Teatro, con *O caso é ter saúde*; Metátese Teatro, con *Dora e Lola*, Ainé Produccións, con *A culpa é do sistema*; Aquelando Teatro, con *Lisístrata*; e Debullando Teatro, con *E ti, de quen ves sendo*. Ademais, a programación infantil contou coa Escola Municipal de Teatro de Negreira, coa peza *Selfies a Go Go*; e coa Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *Asemblea de ratos* e *O cerebro tolo*.

Noia, IIª Mostra de teatro Infantil e Xuvenil

Organizada polo Concello de Noia en colaboración coa Deputación. A edición de 2018 celebrouse durante os días 21, 22 e 23 de setembro no Teatro Coliseo Noela e contou coa participación da Agrupación Teatral Criaturas, con *As salvaxes*; co Grupo de Teatro A barquiña azul, con *Nunca xulgues un libro pola súa portada*; Teatrando Alecrín, con *Feliz 1990!*; e a Asociación Matacanáis de Teatro Noia, con *Quen anda aí?*

Núbebes, VI Festival das

Organizado pola compañía Baobab co apoio do Concello de Pontevedra. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. A edición de 2018 celebrouse os días 21, 22, 23, 29 e 30 de setembro en distintos espazos da cidade de Pontevedra. Participaron as compañías Baobab Teatro, con *Durme Roque, durme* e *Puño Puñete*; Atenea García, con *Bichocas*; Caramuxo Teatro, con *Redondo*; Eugenia Manzanera, con *Historias con Candela*; Charo Pita, con *A pitiña Cocoricoricoricó*; Xarope Tulú, con *A miña primeira viaxe*; e Caxoto, con *Levántate, Xan!!*

Referencias varias:

- Belén López, “A cidade dos bebés”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 setembro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración da 6ª edición do Festival de Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra, Núbebes. A programación contou con diferentes espectáculos da man da compañía Baobab con *Durme, Roque, durme*, o espectáculo de contacontos de Atenea García *Bichocas* e Caramuxo Teatro con *Redondo*.

Nun Local, IIIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2018 tivo lugar o 15, 16, 17 e 18 de marzo en

diferentes espazos do casco vello da cidade e Vigo e contou coa presenza de Moito Morro Teatro, coa peza de microteatro *A boneca*; e *SOS*, de Careco Teatro. Tamén contou cunha programación orientada a público infantil que contou coa peza, *Tilintilona*, de O Baúl da Tía Lola.

Ordes, Verán Cultural

Ciclo de teatro familiar organizado polo concello de Ordes (A Coruña). A edición de 2018 tivo lugar entre o día 1 e o 17 do mes de agosto. Representáronse o espectáculo de clown *Ritmo refugallo*; a peza para bebés *A alfombra máxica*, de Títeres Babaluva; o espectáculo de monicresques *As mil e unha noites*, de Teatro dos Ghazafellos; e o espectáculo *Xan Perillán compra queixo, compra pan*, de Monicresques Kukas.

Oroso, Outono Cultural de

Organizado polo Concello de Oroso no Centro Cultural de Sigüeiro. A edición de 2018, celebrada durante os meses de outubro, novembro e decembro, incluíu diversas actividades: música, danza, maxia, exposicións e teatro. No tocante ao teatro contou coa participación de Butaca Zero, coa peza *Camiños*; e Culturactiva, con *Sénior*. Tamén contou cunha programación infantil da man de Trompicallo, coa peza *O día que chegou unha nube e choveu* e Malasombra Producións, con *Os Rockenstein*.

Outes, Outono teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2018 celebrouse do 30 de setembro ao 22 de decembro no auditorio da Casa da Cultura e contou coas seguintes representacións: *O furancho*, de Ibutrofeno Teatro; *A leituga*, de Eme2; *Alegría na corte*, de Teatro Galego de Berna; *Commedia*, de Contraproducións: *Maniféstate!*, de Andaravía Teatro; *Romeo e Xulieta*, de Teatro Airiños; e *Autoestopista intergaláctico* e *Arnoia*, de Pistacatro Productora de Soños. Ademais, tamén houbo unha programación infantil no que participaron as seguintes compañías: Elefante Elefante, con *Danza da choiva*; Magín Blanco, con *O camiño dos paxaros*; Pérez & Fernández, con *O poder de Amabel*; Teatro dos Ghazafellos, con *Bon appetit*; Teatro ó Cubo, con *O faiado*; Paco Nogueiras, con *Brinca, vai!*; e Urdime S. Coop. Edega, con *Martiña Soñadora*.

Palas de Rei, XIXª Mostra Internacional de Teatro Amador “teatro no camiño de Santiago”

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2018, celebrada entre os días 23 de agosto e 2 de setembro, entregouse o Premio Careón ao escritor e dinamizador da cultura galega Carlos Callón e o Premio Máscara ao grupo teatral Chévere pola súa traxectoria. Participaron os grupos Caxigos

Teatro (Curtis), coa peza *Os supergaleguistas*; Debullando Teatro (Negreira), coa peza *E ti de quen vés sendo?*; Soledad Felloza, con *Xeografía do imaxinario*; Son d'Aldea, con *As novas na aldea*; Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *A farsa do bululú*; *Nas mans dos contos*, de Alentía Teatro; e *Fíos!*, de Metátese Teatro.

Referencias varias:

- Mónica Vázquez, “Teatro Amador, en Palas”, *La Región*, “*La Revista*”, “*Con Arte*”, 31 agosto 2018, p. 15.

Dá conta da 19ª edición da Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei na que participaron diferentes obras: *Xeografía do imaxinario*, a cargo do grupo Soledad Felloza; *As novas na aldea*, do grupo Son d'Aldea xunto con Metátese Teatro e *A farsa do bululú* do Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla.

Pequespectacular, XVI Edición Nadal

Ciclo de espectáculos para un público familiar organizado polo concello de Carballo para as datas de Nadal. A edición de 2018 celebrouse entre 12 e o 28 de decembro e participaron as seguintes compañías: a galega Gramola Gominola, con *Cancións para desafinar*, a rioxana El Perro Azul, con *Peter Pan* y *Wendy*; e o mago Cayetano Lledó coa súa versión de Sherlock Holmes.

Plis Plas, IIº Festival

Iniciativa de *Plis Plas, la guía de los niños* e a Escola de Música Mundo Sonoro que conta co patrocinio do Concello de Vigo e da Deputación. O festival inclúe espectáculos teatrais, concertos, obradoiros, contacontos e xogos. Na edición de 2018 que se celebrou durante os días 12 e 13 de maio en Navia déronse as seguintes representacións: *Illas e camiños*, de Magín Blanco; *A música da auga*, de Servando Barreiro e Anxo Moure; *Asacocirco Show*, de AsacoCirco; *Brinca vai! De aquí e acolá* e *Bule, bule*, de Paco Nogueiras; e *Peor imposible*, de Peter Punk.

Poio Escena, IVº Ciclo de teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Desde a edición de 2013 cambiou o formato, pasando de celebrarse nun mes a ofrecer un programa ao longo de medio ano con representacións o último venres de cada mes. Así, na edición de 2018 tiveron lugar as seguintes representacións: *A mirada das...bolboretas!*, de Lohengrín Teatro; *Ubú*, de Moura Teatro; *A ópera de a patacón*, de Avelaíño Teatro; *A fermosa Dorotea*, Fonte da Tella.

Ponteatro, IVº Ciclo

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal. A edición de 2018, celebrouse entre o 4 outubro e o 20 de decembro e contou coas seguintes compañías: Eme2, con *A leituga*; A Panadería, con *Elisa e Marcela*; Redrum Teatro, con *Invisibles* e *Estás aí?*; e Grupo Chévere con *Goldi libre*. Tamén se representou para público infantil a peza *Tropical*, de Elefante Elefante.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Son protagonistas del...¡presente!” , *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 27 outubro 2018, pp. 62-63.

Infórmase da representación da peza *Goldi Libre!* por parte da compañía Chévere ao abeiro do ciclo Ponteatro.

As Pontes, Nadal

Mostra de teatro e doutras actividades lúdicas para toda a familia organizadas polo concello coruñés de As Pontes para celebrar o Nadal. Na edición de 2018 tivo lugar o espectáculo de monicreques *O castiñeiro do Apalpador*, de Fantoques Baj.

Porriño, Ciclo de teatro Afeccionado do

Ciclo de teatro afeccionado do Porriño dentro do circuito da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA). A edición do 2018 tivo lugar os días 8 e 9 de xuño e contou co espectáculo *En venda*, de O Trasnó Teatro e *Quero ser maior*, de Axouxere Teatro.

Porriño, Circuito Galego de teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro cultural do Porriño. Na edición de 2018, celebrada entre o 8 e o 17 de xuño, participaron as compañías O Trasnó Teatro, coa peza *En venda*; Axouxere Teatro, con *Quero ser maior!*; Max Teatro, con *Cousas de matrimonio*; e Andaravía Teatro, con *Moito barullo e poucas carolas*. Tamén contou cunha representación para público infantil da man de Atrezo Teatro coa peza *As laranxas... non, non... cala*.

Porto do Son, Novembro Cultural

Organizado polo Concello de Porto do Son, inclúe espectáculos musicais e teatro. A edición de 2018, celebrouse durante o mes de novembro na Casa da Cultura de Porto do Son. Contou coa participación das compañías Grupo de Teatro de Ribeira, con *Cousas de Castela*; e Contraproducións, con *Nacidas libres*. Ademais tamén se representou a peza *Os Rockenstein*; de Malasombra Producións.

Rianxo, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco as presentacións literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2018 celebrouse durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro e contou coas seguintes postas en escena: *Anónima 18*, de Ditirambo Teatro; *A morte está escrita*, de Os Kabramakabra; *Historia do reloxo*, de Trotaconventos Teatro; *Cousas de Castelao*, de Grupo de Teatro Municipal de Ribeira; *As salvaxes*, da Agrupación Teatral Criaturas; *Pelos na lingua*, de Talía Teatro; *Fillos do sol*, de Contraproducións; *De abrentes e ocasos*, de Teatro do Atlántico; *Language planning*, de Os Quinquilláns; e *Commedia*, de Contraproducións. Ademais, representáronse para o público infantil, *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; e *O enredo*, de A Tequerreté Teatro.

Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIXº Festival Internacional de títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e amosa as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2018 tivo lugar dende o 14 até o 20 de maio e contou coa representación da peza galega *A galiña azul*, de Tanxarina Teatro. O festival tamén contou coas compañías foráneas Alex Mihailovski, con *Mr Barti*; Stephem Mottram, con *The parachute* e *Mira la pelota*; Arriba las Hu!Manos, con *Un botón en mi cabeza*; Periferia Teatro, con *Vuela pluma*; Alauda Teatro, con *Cristóbal Purchinela*; e Títeres Etcétera.

A Rúa é vosa, VI Festival Cómico Festivo

Certame organizado polo Concello de Monforte de Lemos, a Deputación de Lugo e Boneca Lareta Producións. Celebrado desde o 2018, a edición deste ano acolleu, durante os días 12, 13, 14, 15 e 16 de agosto, os seguintes espectáculos: *Uxía a Lambona e a Banda Lambona*, espectáculo infantil músico-literario; Cirkote e Kicirke, espectáculos que conxugan circo, comedia, música e artes visuais; Mago Charly Braun; Inconfundibles, circo; e *Clowntamination*, espectáculo clown.

Salceda de Caselas, Nadal

Mostra de teatro e doutras actividades lúdicas para toda a familia organizadas polo Concello de Salceda de Caselas para celebrar o Nadal. Na edición de 2018, celebrada entre o 2 de decembro e o 5 de xaneiro, tiveron lugar os seguintes espectáculos: *Volta á maxia*, de Dani García; *Contos e lerias*, de Vero Rilo; e *O paxe real*, de Caxoto contacontos.

Sarria, VIIIª Semana de teatro

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. Na edición de 2018, celebrada os días 3, 3 e 5 de agosto, contou con seis representacións. Participaron as compañías Ibuprofeno Teatro, con *Raclette* e a Aula de Teatro de Sarria, con *Milagre no convento*. Canto á programación infantil representáronse as pezas *Maria Faltri-Picadisco Infantill*, de Urdime e *Radio Bule Bule*, de Paco Nogueiras.

O **Seixo**, XXVIIIª Xornadas de teatro Afeccionado en galego

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos. Na edición de 2018, celebrada do 6 ao 10 de decembro no local social de Bello Piñeiro, representáronse as seguintes pezas: *Ulises*, de Xosé María Pérez Parallé (C.E.I.M. de Fene); *A invitada*, de A Pombiña (Pedroso); e *O de menos é o nome*, de Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos).

Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, Xornadas de teatro da

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos, a Deputación da Coruña e Novacaixagalicia. Nesta edición de 2018, celebrada entre o 6 e o 9 de decembro, participou o grupo afeccionado da asociación Teruca Bouza con *Rosalía, poeta na beira do mar*; A Xanela do Maxín, con *As aventuras de Gale*. Tamén se representaron *All you need is war*, de El Catre Teatro e *El florido pensil*, de O Maxolo.

Teatro con G

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Carvalho Calero e no Teatro Jofre. No ano 2018 celebrouse entre o 8 de maio e o 30 de outubro. Contou coa participación das compañías Caramuxo Teatro, con *Pavillón lino*; Teatro dos Ghazafellos, con *Frankeinstein* e *As mil e unha noites*; IES Carballo Calero, con *Ferrol 1925*; CPR Tirso de Molina, con *Na busca do arco da vella* e *O dragón*; CEIP Isaac Peral e CEIP Os Casais, con *O mundo das cores*, *Restaurante Farruco* e *Zapping*; CPR Ludy con *O país dos mandóns*, *O principião*, *Rosiña a sordiña* e *Os doutores da inseguridade social*; e CEIP A Gándara, con *A festa no faiado*, *Xosé*, *Rocío* e *Un país calquera*. Tamén contou coa representación da peza *Cranios privilexiados* de Mofa e Befá destinada a público adulto.

Ciclo **Teatro&Danza** de Santiago de Compostela

Organizado pola Concellaría de Acción Cultural o ciclo desenvolverase no Teatro Principal de Santiago de Compostela, no Auditorio de Galicia e na sala Agustín Magán (CSC de Santa Marta). O ciclo, que decorreu entre o 24 de xaneiro e o 26 de maio, contou coa presenza das seguintes compañías: Mofa e Beja, con *Cranios privilexiados ou crítica*

da razón perralleira; Talía Teatro, con *O servidor de dous anos*, de Godoni; IIMaquinario, con *Resaca*; e Ibuprofeno Teatro, con *Casa O'Rei*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil coas pezas *O conto da azuzaina*, de Limiar e *Pum Pum!*, de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “La agenda semestral apuesta por las compañías gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2018, p. 26.

Informa da inauguración do ciclo Teatro&Danza que contará con máis de 18 espectáculos e 26 funcións. O ciclo vai ter lugar na Sala Agustín Magán, no Centro Sociocultural de Santa Marta de Santiago de Compostela. O programa iniciarase co novo traballo de Mofa e Befá *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*. Tamén se destaca a participación da compañía Talía Teatro co estreo da súa comedia *O servidor de dous anos*.

Teatro en Ruta, ciclo

Organizado pola concellaría de Cultura de Carballo o ciclo desenvolverase por cinco parroquias de Carballo (Cances, Rus, Verdillo, Sofán e Ardaña) durante o mes de novembro. A edición deste ano contou coas seguintes representacións: *Canto te quero* e *O fontaneiro*, de Vagalume Animación.

Referencias varias:

- J. M. R., “Teatro en Ruta polos centros sociais de cinco parroquias de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 9 novembro 2018, p. 33.

Informa da posta en marcha da iniciativa Teatro en Ruta, da man da Concellaría de Cultura de Carballo, que percorrerá diferentes centros sociais de cinco parroquias do municipio. Entre as actuacións, destácanse as dos grupos Vagalume Animación con *Canto te quero* e Redrum Teatro con *A canción de elefante*.

Teatrofilia, XVIª Mostra de teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2018, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 2 até o 24 de marzo, participaron as seguintes compañías: Aula de Teatro da USC, con *Pasar por Nida*; Grupo de Teatro Mediogüevo, con *Só ante a Perigos*; Achádego Teatro, con *Balas sobre Broadway*; Andaravía Teatro, con *Moito barullo e poucas carolas*; A Flor de Aldriz, con *O último baile do Sr. José da Cunha*; Colectivo Cultural Ollomao, con *Enciclopedia Álvarez*; Grupo de Teatro de maiores do Centro Social de Vedro, con *Contos de zapatilla*; e Teatro Airiños, con *Romeo e Xulieta*. Ademais, contou tamén cunha programación infantil no que se representaron as seguintes pezas: *Bernarda*, de Lohengrín Teatro; *Alén*,

de Paso de Valverde; *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *O sono de Nadal*, de Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra); *Non máis muros*, de Teatro d'Ulla e máis aló; e *Un, dous, tres, acción!*, de Grupo de Teatro da A.C. Cotomanguelo (Orazo).

Teo, XI Mes do teatro de

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Teo, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2018 celebrouse durante o mes de outubro e contou coas seguintes compañías e pezas: Sarabela Teatro, con *Normas para saber vivir na sociedade actual*; Asociación Prosaúde Mental, con *Full Monty*; Obradoiro de Teatro Municipal de Teo, con *A vida nun fío*; e Grupo Chévere con *Anatomía dunha serea*. A edición tamén contou cunha programación infantil coas pezas *A cabeza do dragón*, de Títeres Cachirulo; *Pum, pum*, de Baobab Teatro; *Como axudo a Antón?*, de Biosbardos; *Contos vivos que fan poesía*, de Chío Couto; *A alfombra máxica*, de Babaluva Teatro; e *A casa do terror*, de Xoán Curiel.

Titerentroido, Festival de Contos tradicionais

Festival de contos tradicionais de Lalín cuxa edición de 2018 tivo lugar entre os días 10 e 13 de febreiro no Museo Ramón Aller da vila. O festival contou coa participación de Títeres Alakrán, con *Os soños na gaiola*; Baychimo Teatro, con *Contos en verso para nenos perversos*; Os Contos do Pablísimo, con *Mans*; e Elefante Elegante, con *Lobo bobo*.

Titiriberia, III Festival de títeres Ibéricos

Organizado pola Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego. Celebrouse en Teo entre os días 4 e 11 de novembro e contou coas seguintes representacións: *A familia unida*, de Micromina Títeres; *Todos ao balcón*, de Viravolta Títeres; *Auga que non vas beber*, de Fantoques Baj; *Barriga Verde ataca de novo*, de Títeres Alakrán, e *Dona Barriga Verde*, de Larraitz Producións Artísticas.

Titirideza, XVII Festival de títeres

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. Na edición de 2018, celebrada entre os días 23 e 25 de agosto, contou coas seguintes representacións: *A galiña azul*, de Tanxarina Títeres; *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *A familia unida*, de Micromina Títeres; *Jiñol*, de Títeres Trompicallo; e *Hakuna Matata*, de Troula Animación.

Ti-ti ritando de emoción, XIª Mostra de títeres e Riveira

A edición de 2018, celebrada durante o mes de abril na Praza do Concello da vila, contou coa presenza das compañías Bandullo azul, coa peza *Filipa cos contos*; Teatro do

Andamio, con *Carapuchiña no faiado*; Títeres Cascanueces, con *A festa de Barriga Verde*; e Duende Sico con *Menudos tres porquiños* e *A mestra Tomasa e os libros*.

Todo Público, Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo colectivo “Todo Público” no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. Cada edición deste ciclo dá comezo a finais de ano para extenderse até ben entrado o ano seguinte. A edición do 2018 tivo lugar os días 27 de xaneiro, 3 de febreiro, 24 de marzo, 14 de abril e 12 de maio. O programa contou cos seguintes espectáculos: *Capercita: lo que nunca se contó*, de Teloncillo; *O conto da azuzaina*, de Limiar Teatro; *Danza da choiva*, de Elefante Elegante; *O secuestro da bibliotecaria*, de Sarabela Teatro; e *Garbancito en la barriga del buey*, de La gotera en Lazotea.

Tomiño, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. A edición de 2018, celebrada durante os meses de outubro e novembro no Auditorio de Goián incluíu concertos, cinema, teatro e exposicións. Participaron as compañías Culturactiva, con *Sénior*; Cándido Pazó, con *Historias que veñen e van*; Matrioska Teatro, con *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*; Contraproducións, con *Os fillos do sol*; e A Panadería, con *Elisa e Marcela*. Ademais, tamén houbo unha programación dedicada ao público infantil coas seguintes pezas: *Roedores*, de Redrum Teatro; *As fedellas purpurina e brillante*, da Agrupación de Teatro de Pontevedra; *Aire*, de María Fumaça; *O nadal!*, de Migallas Teatro; e *Os tres porquiños*, de Educateatro Produccións;

Touro, IXº Festival do teatro Escolar de

Organizado polo Concello de Touro. Nesta edición de 2018, celebrada o 31 de marzo, na casa da cultura da localidade, a Aula de Teatro do CPI Fonte Díaz de Touro, O Obradoiro Municipal de Teatro de Pallas de Rei, A Escola Municipal de Teatro de Laxe, A Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaiñas Teatro e A Aula de Teatro do IES Antonio Fraguas Fraguas representaron a peza *Vogando nos contos*.

Val do Dubra, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Val do Dubra en colaboración coa Rede de Bibliotecas de Galicia e a Deputación de Coruña. A edición de 2018, celebrada no auditorio municipal de Bembibre durante os meses de outubro, novembro e decembro contou coas seguintes representacións: *Sénior*, de Culturaactiva; *2010*, de Sen Cancelas Teatro; *A noite do capador*, de Os Dous Ardebullo; e *Nabiza Girl*, de Culturaactiva. Ademais, houbo unha programación infantil que contou coas seguintes compañías: Ghazafellos, con *A máquina do tempo*; Teatro ao Cubo, con *O faiado*; e Xarope Tulú, con *Estrafalaria*.

Valladares teatral, XIIº Ciclo de Teatro Aficionado

Organizado pola Área de Cultura do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co patrocinio da Xunta de Galicia. Na edición de 2018, celebrada os sábados do mes de outubro no auditorio do C. V. C de Valladares, representáronse as pezas *A túa tenrura*, *Molotov*, de Axóuxere Teatro e *Cousas de matrimonio*, de Max Teatro. Tamén se representou para público familiar *Balas sobre Broadway*, de Achádego Teatro.

Vigocultura

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2018, celebrouse durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril. A programación infantil contou coas seguintes representacións: *A tropa do Doutor Milagre*, de Educa Teatro Producións; *Aguratrat*, de Pérez&Fernández; *Lua*, de Ghazafellos; *Os rockenstein*, de Malasombra Producións; *As bombas e o xeneral*, de Tanxarina Títeres; *Ela*, de Caramuxo Teatro; *Xurdefet*, de Berrobambán; e *Danza da choiva*, de Elefante Elegante.

Vimianzo, Sábados de outono de

Ciclo de teatro, maxia e música organizado polo Concello de Vimianzo todos os sábados dos meses de outubro, novembro e decembro (do 6 de outubro ao 2 de decembro) na Casa da Cultura da localidade. Na edición de 2018 participaron as compañías ButacaZero, con *Camiños*; Eme2 Producións&Arte, con *A leituga*; Os Náufragos Teatro, con *Castrapo*; Pistacatro, con *Outono*; Redrum Producciones, con *A canción do elefante*; Talía Teatro, con *O servidor de dous anos*; Quico Cadaval, con *Os inocentes*; e Contraproduccións, con *Fillos do sol*. Ademais, representouse para o público infantil *Tropical*, de Elefante Elegante.

Xosé Agrelo, XIIª Mostra de teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2018 tivo lugar dende o 23 de abril até o 19 de maio no auditorio municipal con representacións e contacontos. Participaron as compañías Martabelas Teatro, con *A cousa de Bernarda Alba*; Grupo de Teatro O Xeito, *Caralavada e Chourisón*; Grupo de Teatro Sueiro, con *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo*; Teatro Solidario As Insuas, *Chorima*; Aquelando Teatro, *Lisístrata*; e O Que Faltaba Teatro da Asociación de Veciños O Ferrollo de Trasdacosta, *Aurora*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil no que participaron as seguintes compañías: CEIP Ramón de Artaza, *Búscame unha estrela, por favor*; Debullando Teatro, con *E ti de que ves sendo*; Teatro Ramón de Artaza, con *Xa non teño medo*; CEIP Ricardo Tobío de Esteiro, *O espantallo*

VII.3.2.2 ESTREAS

VII.3.2.2.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Alentía Teatro: *Terra*, texto e dirección Afonso García

Barafunda Animación: *Bañistas despistados*

Elefante Elegante (1): *Asubíos*

Referencias varias:

- S. N., “Asubios’ en el medio natural”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con arte”, 7 decembro 2018, p. 15.

Salienta que a peza está inspirada no universo de Mia Couto e no conto “O frautista de Hamelin”, dos Grimm, e que trata sobre o medio natural e o modo de vivir en harmonía con el. Fai un breve resumo do argumento.

Elefante Elegante (2): *Cada home é unha raza*

Elefante Elegante (3): *Patapatúm*

ESAD Galicia: *M. 4. A. 4.*

Fantoches Baj: *Auga que non vas beber*

Monicreques de **Kukas**: *Arlequina*

Monicreques de **Kukas (1)**: *Réquiem por un monicreque*, texto Roi Vidal, dirección de Isabel Rey.

Referencias varias:

- ECG, “Os monicreques de Kukas, no Salón Teatro desde mañá e ata este domingo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xaneiro 2018, p. 36.

Dá conta da representación *Réquiem por un monicreque*, unha montaxe que leva a escena os textos de Roi Vidal ponte, asistente de dirección, e que dirixe Isabel Rei. Comenta tamén que a obra foi galardoada co premio Barriga Verde 2016 e que se trata dun dos 31 espectáculos que recibiu as axudas da Agadic en 2017 para a produción escénica galega. Xa por último fai unha breve sinopse.

- Montse García, “Isabel Rei. ‘Facemos unha homenaxe aos oficios teatrais’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Títeres”, 12 xaneiro 2018, p. L10.

Sinala o punto de partida desta peza de Os Monicreques de Kukas que se define como “unha obra de teatro dentro do teatro” cunha trama de intriga e crítica social ao amosar

as miserias humanas e as diferenzas de clases, conformándose nunha homenaxe ao teatro. Indica que a peza escrita por Roi Vidal recibiu o Premio Barriga Verde e lembra os inicios da compañía. Por último, fala do proxecto de musealización do seu patrimonio.

Monicreques de **Kukas** (2): *Trebellos, perellos e fedellos*

Larraitz Produccións Artísticas: *Dona Barriga verde*

Lila Teatro: *Segundo caviloso*

Referencias varias:

- N. G. M., “Talleres por la tradición”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2018”, 9 outubro 2018, p. 7.

Indica que na segunda edición de Cultura e Tradición no Camiño se desenvolverán actividades e obradoiros, como a actuación de *Segundo caviloso*, a cargo de Lila Teatro dentro do San Froilán Miúdo.

María Fumaça: *As que máis molan*

Os Bolechas (1): *Terrícolas. Igualiños, igualiñas.*

Referencias varias:

- C. P. R., “Os Bolechas estrenan su espectáculo sobre la igualdad en Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 decembro 2018, p. 15.

Apunta o argumento deste espectáculo dentro do programa FalaRedes. Indica que está protagonizado polos Bolechas e que busca concienciar na igualdade e no coidado do medio.

- J. M. R., “A Laracha acolle o espectáculo de Os Bolechas e o pase do filme ‘Sicixia’”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 7 decembro 2018, p. 32.

Indica que a Casa da Cultura da Laracha acolle o espectáculo *Terrícolas igualiños igualiñas* dos Bolechas sobre os valores que promove a Constitución Española.

Pedras de Cartón: *Lázaro de Tormes*, dirección Juan Rodríguez

Pérez&Fernández: *Aguratrat*

Raquel Queizás: *Raposadas*

Referencias varias:

- Rosa Cano, “Ler conta moito’: 56 actos este mes en 35 concellos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 agosto 2018, p. 37.

Salienta a importancia da dinamización da lectura do programa Ler conta moito que achega actividades a 35 concellos, entre elas o contacontos “Raposadas”, o espectáculo

Pobre poesía de Xoán Curiel, *As parábolas de Pakolas*, *Xan Perillán e a maleta máxica...* ademais de obradoiros creativos, narración oral, danza, exposicións...

- Alba Prada, "Obradoiros, contacontos ou teatro este outono en Touro", *El Correo Gallego*, "Área Compostela", "Deza-Touro", 14 outubro 2018, p. 29.

Dentro da programación de outono do Concello de Touro, que inclúe obradoiros, contacontos, teatro, exposicións, teatro e faladoiros, apunta os contacontos de Raquel Queizás, que acolle contos de tradición oral con obxectos e monicreques, e de TrinkeTrinke, ademais do espectáculo de música, cantigas e contos *Puño Puñete*, a representación sobre a igualdade de xénero *Iriña Bailarina* de Ghazafellos e a peza *O lobo e a lúa* de Baobab Teatro.

Sarabela Teatro: *Proxecto Noé*

Referencias varias:

- F. D., "Conciertos y campamento infantil", *La Región*, "Extra Nadal", "Nadal en A Peroxa", "Programa", 22 decembro 2018, p. 36.

Salienta dentro o programa de Nadal da Peroxa a obra *Proxecto Noé*, de Sarabela Teatro.

- C. R., "Teatro a cargo de Sarabela", *La Región*, "Extra Nadal", "Nadal en Xunqueira de Ambía", "Programa", 22 decembro 2018, p. 16.

Presenta o programa festivo de Xunqueira, que acolle esta montaxe teatral.

Titereficiós: *Cantos, contos, contas*, texto Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño

Trécola Teatro: *Amodiño, amodiño*

Trécola Teatro (2): *Xogo revoltó*

Referencias Varias:

- C. P. R., "Trécola cerra o ciclo de teatro de Castiñeiro Milenario", *El Progreso*, "A Chaira", 18 novembro 2018, p. 20.

Informa de que a compañía de marionetas Trécola será a encargada de pechar a sexta edición do Festival de Teatro de Castiñeiro Milenario coa representación *Xogo revoltó*, cuxo tema principal é o acoso escolar. A representación, que terá lugar no colexio de Baamonde o martes 20 de novembro, contará coa asistencia do alumnado deste centro así como do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte.

- C. Pérez, "Marionetas Trécola representa 'Xogo revoltó' para los escolares begonteses", *El Progreso*, "A Chaira", 21 novembro 2018, p. 20.

Sinala que o alumnado e profesorado do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte e do CEIP de Baamonde assistiron, dentro do Festival de Teatro da Asociación Castiñeiro Milenario, á representación da peza de monicreques *Xogo revoltó* de Marionetas Trécola, sobre o acoso escolar.

Trinke Trinke Teatro (3): *Non máis guerras*

A **Xanela do Maxín:** *Apalpador e a nena sen medo*

Referencias varias:

- J. M. R., “Monicreques co Apalpador na vila de Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 12 decembro 2018, p. 34.

Anuncia o contacontos con monicreques *Apalpador e a nena sen medo*, producido por Celtia Figueiras e representado por A Xanela do Maxín.

Xarope Tulú (1): *María e os ollos alabarados*

Referencias varias:

- M. M. O., “concursos, teatro y curso en la capital xalleira dentro de la Primavera Cultural”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 9 maio 2018, p. 30.

Divulga o programa da Primavera Cultural do Concello de Santa Comba que homenaxea a María Victoria Moreno. Apunta que se representará o espectáculo de monicreques *Pum Pum* de Baobab Teatro e a obra *María e os ollos alabarados* de Xarope Tulú.

Xarope Tulú (2): *Nómades*

Referencias varias:

- Seve Nieves, “Nómades’ y el movimiento”, *La Región*, “La Revista”, “Con arte”, 30 novembro 2018, p. 15.

Comenta que é un espectáculo de carácter visual no que se relacionan movemento, escenografía e luz e que presenta o nomadismo como ruptura dos moldes impostos.

Xerpo Teatro: *Eu árbore*, dirección Irene Moreira

VII. 3. 2. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

VII. 3. 3. 1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Títeres Alacrán: *Os soños na gaiola*

Teatro **Avento:** *O mago de Oz*, dirección Xoán Abreu

Teatro **Avento:** *Aladino e a lampada maravillosa*

Referencias varias:

- Fernando Franco, “A troupa do doctor Alegre”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 26 xaneiro 2018, p. 10.

Dá conta da programación teatral para a fin de semana na cidade de Vigo, onde as compañías Artika e Teatro Ensalle ofrecen espectáculos infantís baixo os títulos *Aladino e a lampada maravillosa*, *Masa madre + Sal Marina* e *A Troupa do Doctor Alegre*.

Títeres **Babaluva:** *A alfombra máxica*

Títeres **Babaluva** (1): *Lume*, texto Alberto Varela Ferreiro, dirección Mariza Basso.

Títeres **Babaluva** (2): *O Crebanoces*, baseado na obra homónima de Hoffmann.

Baobab Teatro (1): *Bailando cos contos*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Baobab Teatro (2): *Contos para un caldiño*

Baobab Teatro (2): *Luppo*

Baobab Teatro (3): *O lobo e a lúa*

Baobab Teatro (4): *Pum pum*

Referencias varias:

- Montse García, “Once funciones teatrales para niños y adultos”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Ames”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Recolle a programación teatral para o primeiro semestre do ano do concello de Ames, entre a que destacan as pezas para o público infantil con pezas como *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* da compañía Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desafortado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

Baobab Teatro (5): Puño Puñete

Referencias varias:

- B.L., “A Rede Galega de Teatros ofrecerá 27 actuacións na cidade ata o mes e xuño”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 xaneiro 2018, p. 12.

Sinala as actuacións do ciclo “Domingos do Principal” no que se poderán gozar as pezas teatrais en galego *O Faiado* de Teatro Ó Cubo, *O secuestro da bibliotecaria* de Sarabela Teatro, *Rosa Caramelo e outras historias* de Talía Teatro, *Puño Puñete 2* de Baobab Teatro; e os espectáculos musicais *O camiño dos paxaros* de Magín Blanco, a nova proposta de María Fumaça e *Radio Bulebule* de Paco Nogueiras.

- Belén López, “Baobab saca os puños”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 abril 2018, p. 12.

Salienta a estrea dentro da programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra do espectáculo *Puño Puñete* que reúne cantigas tradicionais e orixinais e que se complementará cun disco.

- Belén López, “O XIX Salón do Libro Infantil e Xuvenil pecha cun balance de 30.000 visitantes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 30 abril 2018, p. 22.

Fai un balanço das actividades celebradas no XIX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e indica a estrea deste espectáculo musical co que se pecha este evento. Recolle as opinións de Carme Fouces, concelleira de Cultura e de Eva Mejuto, coordinadora do Salón.

- M. Outeiro, “Los amaianos anticiparán las fiestas navideñas con cuentacuentos y teatro”,

El Correo Gallego, “Área Compostela”, “Ames”, 4 decembro 2018, p. 30.

Dentro da programación do Nadal do Concello de Ames que contará con contacontos, apunta a representación desta peza de Baobab Teatro, entre outras actividades.

- Montse García, “Talleres, teatro e música con Nadal en Rede”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “En galego”, 14 decembro 2018, p. L11.

Faise eco do programa de dinamización lingüística Nadal en Rede que conta con teatro, música e obradoiros en dez concellos da área compostelá, como o espectáculo de Baobab Teatro.

Barafunda Animación (1): *Antón o Apalpador*

Barafunda Animación (2): *Preséntame un pallaso*

Barafunda Animación (3): *Xan das ondas*

O Baúl da tía tola: *Estrazalonia*

Berrobambán: *Xurdefet*, texto de Paula Carballeira, dirección Chiqui Pereira.

BocAberta: *A tropa Trapalleira (Pequena trapallada e algunha que outra batalla)*

Referencias varias:

-Mariló Pérez, “Comedia para superar o conflito”, *La Región*, “Agenda”, 7 outubro 2018, p. 22.

Indica que se emprega “un humor absurdo para invitar á reflexión sobre o ilóxico das guerras e a importancia do diálogo e da tolerancia” e que é un “exercicio teatral colorista e dinámico” con dúas lecturas: unha cómica e outra reflexiva e crítica para os adultos. Fai un breve repaso histórico pola compañía compostelá BocAberta.

Títeres **Cachirulo** (1): *A cabeza do dragón*,

Títeres **Cachirulo** (2): *O libro da selva*, texto Rudyard Kipling.

Títeres **Cachirulo** (2): *As xeneralas do Ulla*

Caramuxo Teatro (1): *Feo!*

Caramuxo Teatro (3): *Glub Glub*

Caramuxo Teatro (2): *Mensaxe sen botella*

Caramuxo Teatro: *Pavillón Lino*

Caramuxo Teatro (3): *Zapatos*

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “En galego desde a infancia”, *La Opinión*, “ A Coruña”, “Cultura y ciudad”, 31 agosto 2018, p. 9.

Resume a programación de Apego, un proxecto pensado para a socialización temperá en lingua galega dunha forma lúdica e didáctica, que inclúe teatro, música, danza e obradoiros con consellos pedagóxicos, espectáculos, arrollos e material audiovisual. Indica que na Festa do Apego participarán Caramuxo Teatro con *Zapatos*, Baobab Teatro, Pesdelán e Pakolas. A seguir, sinala algunhas das actividades que se van a celebrar na próxima tempada, como o curso de cantos de berce Radio Bulebule de Paco Nogueiras e o Cantacontos de Migallas Teatro, para romper os prexuízos coa lingua.

Danthea Teatro: *Cincenta*

Referencias varias:

- M. G., “Cincenta’ pecha o ciclo de teatro de Nadal en Familia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 11 xaneiro 2018, p. 32.

Apunta que a programación de Nadal do Concello de Muros se pecha con esta peza de Danthea teatro dentro do ciclo Teatro de Nadal en Familia.

Producións **Dispersas**: *O souto dos prodixios*, dirección Diego Freire

Educa Teatro Produccións (1): *Carapuchiña vermella*

Educa Teatro Produccións (2): *O mundo máxico de Pinocho*

Educa Teatro Produccións (3): *Os tres porquiños*

Referencias varias:

- Sonia Torre, “Tres cerditos y un lobo buscando nuevos retos”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con Arte”, 5 xaneiro 2018, p. 15.

Dá conta da estrea dunha peza teatral modernizada sobre o conto clásico de *Os tres porquiños*, a cargo da compañía teatral Educateatro Produccións. A obra, dirixida ao público infantil, terá lugar no Auditorio Municipal de Ourense.

- Juan Caamaño, “Xogos tradicionais, teatro, cancións e magosto para os pequenos de Lousame”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Noia-Muros”, 25 outubro 2018, p. 32.

Dá conta da función que tivo lugar no Coliseo Noela de Noia.

- J. C., “A música e o teatro enchen esta fin de semana varios municipios do Concello noiés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia, Muros”, 2 novembro 2018, p. 32.

Informa da posta en escena de varios espectáculos infantís no entorno da comarca de Noia, entre os que atopamos a peza *Os Tres Porquiños*, a obra *Historias de Reloxo* da compañía Trocaventos e por último obra dramática *O poder de Amabel*.

- A. Ferreira, “Tomiño ofrece teatro, talleres y la cabalgata”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 29 decembro 2018, p. 22.

Na programación de Nadal de Tomiño, salienta o espectáculo *Cantacontos*, de Migallas Teatro, no que se mesturan contos tradicionais e propios con música, cancións e sons; e a peza *Os tres porquiños*, de Educateatro Produccións que adapta esta fábula.

Elefante Elegante: *Danza da choiva*

Referencias varias:

- Montse García,, “Once funciones teatrales para niños y adultos”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Ames”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Recolle a programación teatral para o primeiro semestre do ano do concello de Ames, entre a que destacan as pezas para o público infantil con pezas como *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* da compañía Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Produccións.

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a

programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desaforado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O'Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

Elefante elegante (2): *Lobo bobo*

Referencias varias:

- M. M. G., “Concurso de disfraces lalinense o luns e Titirentroido este mes con catro pezas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza.A Estrada.O Sar”, 7 febreiro 2018, p. 33.

Indica que dentro do Titirentroido se representan as pezas *Os soños na gaiola* de Títeres Alakrana e *Lobo bobo* de Elefante Elegante.

Elefante Elegante (3): *Tristán cara de can*

Erica Esmorís: *O poder de Amabel*

Referencias varias:

- J. C., “A música e o teatro enchen esta fin de semana varios municipios do Concello noiés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia, Muros”, 2 novembro 2018, p. 32.

Informa da posta en escena de varios espectáculos infantís no entorno da comarca de Noia, entre os que atopamos a peza *Os Tres Porquiños*, a obra *Historias de Reloxo* da compañía Trocaventos e por último obra dramática *O poder de Amabel*.

Fantoches Baj: *Tío Miseria*

Fantoches Baj: *O castiñeiro do Apalpador*

Fantoches Baj: *Os golfiños e o xigante*

Referencias varias:

- Rubén Balmaseda, “Fantoches Baj pone en escena en el MIHL ‘Os golfiños e o xigante’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 4 xaneiro 2018, p. 8.

Informa da actuación do grupo de marionetas “Fantoches Baj”, dirixido por Ignacio

Vilariño, no MIHLde Lugo, onde se porá en escena a peza *Os golfiños e o xigante*. Saliéntase que esta actividade encádrase dentro da programación Brinqueiro de Nadal do Concello lugués.

- Cuca M. Gómez, “Homenaje a Fuxan aos Ventos”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Vivir Aquí”, “De café con Cuca”, 15 xaneiro 2018, pp. 34-35.

Dá conta da actuación de Fantoques Baj coa peza *Os golfiños e o xigante* no marco do ciclo “Faise camiño ao andar” da Banda de Música de Pontevedra.

Fantoques Baj (1): *Rodari Rodari (Contos do tranvía)*

Teatro **Filmado**: *A avelaiña*, dirección Millán Picouto

Fulano, Mengano e Citano: *Top Manta*

Teatro dos **Ghazafellos**: *Rubicundo*, adaptación Pepablo Patiño, texto María Canosa

Galeatro: *Muiñada*

Galitoo: *Güela Güela*

Geppetto. Aula de Teatro Infantil do Campus de Ourense (2): *Os soños de Xulia*

Teatro dos **Ghazafellos** (1): *Iriña bailarina*

Referencias varias:

- J. M., “Iriña Bailarina’, de Ghazafellos, chega mañá ao Museo de Corme”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 29 decembro 2018, p. 34.

Informa deste espectáculo teatral que busca reflexionar sobre a igualdade de xénero, o cambio de roles e os estereotipos sociais e que se basea no conto de Cristina Justo e Paloma Rodríguez.

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *As mil e unha noites*

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *Bon Appétit*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *Acuario*, texto de María Canosa.

Monicreques de **Kukas** (1): *A frauta máxica no maxín*, dirección Marcelino de Santiago

Monicreques de Kukas (2): *Xan Perillán compra queixo, compra pan*.

Monicreques de **Kukas** (3): *Xan Perillán e a maleta máxica*, texto Marcelino de Santiago, dirección de Isabel Rey

Larraitz Urrozola, María (1): *Babacontos*

Larraitz Urrozola, María (2): *O Quebranoces*

Limiar Teatro: *O conto da azuzaina*

Limiar Teatro: *Verbum Fahrenheit*

Magín Blanco: *A nena e o grilo nun barquiño*

Magín Blanco: *O camiño dos paxaros*, dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Cualquier cosa es posible”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 23 abril 2018, pp. 34-35.

Informa da celebración do Día do Libro na cidade pontevedresa que contou cunha variada programación (espectáculos de maxia, talleres de poesía e coloquios en librarías). Entre os espectáculos, destácase “O camiño dos paxaros” a cargo de Magín Blanco, que tivo lugar no Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

- Pepe Porta, “Teatro e música chegan da man de Vive o Camiño á Ruta portuguesa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 agosto 2018, p. 25.

Faise eco do programa festivo Vive o Camiño no que se inclúen contacontos sobre as árbores do camino Portugués a cargo de Anxo Moure e outro de Celso Fernández Sanmartín; ademais do espectáculo *Camiños*, de Magín Blanco, que mestura canción, contos, poemas e textos.

Malasombra Producións: *Os fabulosos CLEANERS*

Referencias varias:

- Montse García, “Once funcións teatrales para niños y adultos”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Ames”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Recolle a programación teatral para o primeiro semestre do ano do concello de Ames, entre a que destacan as pezas para o público infantil con pezas como *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* da compañía Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

- Montse García, “Espectáculos con debate como epílogo”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Dáse conta de que a programación de teatro e danza do Concello de Santiago inclúe a posta en escena das obras *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira* a cargo de Mofa e Befá. Tamén se informa de que a área de cultura de Ames presentou a programación teatral do semestre, que inclúe as obras *Nacidas Libres*, *House desaforado* de Teatro do Morcego, *Elisa e Marcela* de A Panadaría e *Casa O’Rei* de Ibuprofeno Teatro. Dise que dentro da programación infantil representaranse as pezas *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* de Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

Malasombra Producións (2): *Misión Sapiens*, texto José Luís Prieto, dirección Maros Orsi

Malasombra Producións (3): *Go on*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Magín Teatro: *Gatuxo*

Magín Teatro: *A nena e o grilo no país das apertas*

Mamá Cabra: *As aventuras de Mamá cabra, contos que saen dos libros*

Referencias varias:

- Montse García, “La biblioteca Ánxel Casal celebra mañana sus 10 años”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 4 abril 2018, p. L11.

Anuncia a programación especial da Biblioteca Ánxel Casal con motivo do seu 10 aniversario, entre cuxas actividades destacan unha sesión de contacontos con Paula Carballeira e o espectáculo musical “As aventuras de Mamá cabra, contos que saen dos libros” de Gloria Mosquera.

Mamá Cabra: *O paxaro amigo-Músicas para a paz*

Referencias varias:

- M. G., “O grupo musical Mamá Cabra actúa este sábado polo Día da Paz”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Muros. Noia”, 24 xaneiro 2018, p. 32.

Dá conta deste espectáculo músico-teatral para público infantil e familiar con motivo do Día da Paz.

- ECG, “O Teatro Municipal de Tui ofrecerá seis espectáculos de febreiro ata marzo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 xaneiro 2018, p. 39.

Salienta entre as actuacións no Teatro Municipal de Tui o musical familiar *O paxaro amigo-Músicas para a paz* de Mamá Cabra.

Migallas Teatro: *O libro máxico*

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “Un tesoro pirata en forma de libro”, *La Región*, “Agenda”, 24 marzo 2018, p. 18.

Ofrece un resumo argumental desta exitosa peza teatral que fomenta a imaxinación e a lectura a través dunha historia de piratas e que reflexiona sobre o abandono animal.

Migallas Teatro (1): *Pan de millo*

Migallas Teatro: *¡Canta connosco!*

Miriñaque: *Cucu Kaiku*

Mofa e Befá: *O pior de Mofa e Befá*

Nelson Quinteiro: *Pequeno cabaret infantil*

Teatro do **Noroeste:** *Animais de compañía*

Referencias varias:

- Montse García,, “Once funciones teatrales para niños y adultos”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Ames”, 18 xaneiro 2018, p. L10.

Recolle a programación teatral para o primeiro semestre do ano do concello de Ames, entre a que destacan as pezas para o público infantil con pezas como *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste, *A danza da choiva* da compañía Elefante Elegante, *PUM PUM* de Baobab Teatro e *Os fabulosos CLEANERS* de Malasombra Producións.

Teatro **Ó Cubo:** *O faiado*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Mañana de teatro y tarde de cine”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 5 marzo 2018, pp. 34-35.

Entre outras actividades de lecer, resume o argumento da peza *O faiado* dentro do ciclo Domingos do Principal.

Os Bolechas (2): *Un conto de Nadal*

Referencias varias:

- C. R., “Xira de Os Bolechas”, *La Región*, “xornal escolar”, n.º 127, “hiperactivos”, “Axenda de actividades”, 10 xaneiro 2018, p. 2.

Informa da xira dos Bolechas co seu espectáculo *Un conto de Nadal* no que os seis intrépidos irmáns teñen que resolver o misterio da desaparición do camello dos Reis Magos.

Paco Nogueiras: *Radio Bulebule*

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Música e animacións para xente miúda”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 2 xaneiro 2018, p. 6.

Indica que *Brinca vai! 2.0* de Paco Nogueiras quere poñer en valor a cultural galega, repasando as festas cun compoñente audiovisual e con animacións do ilustrador sen esquecer o humor e as melodías de todos os estilos, ao tempo que recupera figuras como o Apalpador, criticando a desaparición do galego nos centros. Tamén apunta a peza *Radio Bulebule*.

- ECG, “As bibliotecas públicas ofrecen ata 135 actividades en ‘Ler conta moito’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 setembro 2018, p. 38.

Recolle a programación que se vai celebrar en noventa localidades galegas dentro do programa de dinamización da lectura “Ler conta moito”, promovido pola Secretaría Xeral de Cultura. Salienta Radio Bulebule de Paco Nogueiras, o obradoiro de creación de libro ilustrado de Minia Regos, o conto de maxia *O neno que quería ser mago*, o espectáculo

Amodiño, amodiño, de Trécola Teatro, contacontos en verso de Yolanda Castaño, *A cabeza do dragón*, de Títeres Cachirulo e *Os contos do chupete*, de Migallas Teatro. Indica os concellos participantes, así como o orzamento, as características dos destinatarios e a descrición xeral do programa, que conta con obradoiros creativos, narración oral, actividades de dinamización con música, teatro, danza e exposicións.

Paco Nogueiras: *Brinca vai!*

Palimoco Teatro: *Queres que cho conte?*

Pallasos en Rebeldía: *O valo*, texto Carlos Labraña

Peter Punk (1): *Peor Imposible*

Peter Punk (1): *Chungo Ke Te Kagas*

Pistacatro Productora de Soños: *Outono*

Píscore Teatro: *Concerto singular*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Teatro y zorza con la pequena Ainhoa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 19 febreiro 2018, pp. 34-35.

Entre outras actividades culturais, comenta o espectáculo *Concerto singular* de Píscore dentro da programación de Domingos do Principal.

Os **Quinquillans Teatro (1):** *Por que é salgada a auga do mar?*

Os **Quinquilláns Teatro:** *Espantallo amigo*, texto Xosé Neira Vilas, adaptación de Tito Vizoso

Raquel Queizás: *O Segredo do Tendal*

Raquel Queizás (1): *O eco das pedras*

Referencias varias:

- J. M. R, “Chega a Cee o espectáculo de Queizás ‘O eco das pedras’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 outubro 2018, p. 33.

Sinala que Raquel Queizás presenta este espectáculo de narración oral no que participará alumnado de Primaria do CEIP Eugenio López, CPR Manuela Rial e Aspadex.

Redrum Teatro: *A nena que quería navegar*, dirección Álex Sampayo

Redrum Teatro: *Roedores*, dirección e texto Alex Sampayo

Referencias varias:

- J. C., “Actividades de música, cine e teatro chegan co Nadal Cultural a Noia”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Noia.Muros”, 12 decembro 2018, p. 32.

Entre as actividades do Nadal Cultural de Noia, salienta a obra de teatro familiar *Roedores*.

Sarabela Teatro: *O secuestro da bibliotecaria*

Sarabela Teatro: *O rei morre*

Títeres **Seisdedos**: *Cocer e cantar*

Teatro da **Semente** (1): *Chíos*

Teatro da **Semente** (2): *Viaxe a Dadá*

Talía Teatro: *Sopa de sapo*

Talía Teatro: *Rosa caramelo e outras historias*, texto Adela Turín, dirección Paula Carballeira

Tanxarina Teatro: *Trogloditas*

Referencias varias:

- F. Frieiro, “A filosofía cómica de “Mofa e Befá” abre o ciclo de teatro galego no Auditorio”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 xaneiro 2018, p. 8.

Dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza *Nacidas libres*. Tamén dá conta da programación teatral que conformará o ciclo de teatro galego no Auditorio de Vilagarcía, entre a que destaca a peza para o público infantil *Trogloditas* da compañía Tanxarina.

Tanxarina Teatro: *A galiña azul*, dirección Tareixa Campos, texto Carlos Casares

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Carballo segue formando desde o berce con Apego”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, 23 xaneiro 2018, p. 35.

Fai un repaso histórico por este programa que busca socializar en galego á infancia mediante contacontos, música, xogos e obradoiros e describe algunhas das actividades, como as postas en escena *As illas do tesouro*, *Aventuras na cociña* e *Non máis guerras*, de Trinke trinke; o espectáculo musical *Fíos do querer*, de Cé Orquesta Pantasma; as sesións de contacontos *As aventuras de Mamá Cabra*, *Contos vellos, novos finais*, de Caxoto; a peza *A galiña azul*, de Tanxarina; o concerto Radio bulebule de Paco Nogueiras e o contacontos teatral *Danza da cohovía*, de Elefante Elegante. Logo apunta os concellos participantes e mais información para a inscrición

- Ruth López, “Agadic y Concello programan cinco obras de teatro y danza en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 18 outubro 2018, p. 45.

Apunta que dentro do ciclo de teatro do Concello de Lugo se porán es escena *A galiña azul*, de Tanxarina; *A biblioteca máxica*, de Mundo Piruleta; *O agasallo de Anya*, de Títeres Trécola e *Uxío no país de Patadecabra*, de Expresión Produccións.

- A. Iglesias, “Relatos, música, marionetas y dulces de otoño en la agenda de ocio de los escolares”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 novembro 2018, p. 25.

Dentro do programa Apego, informa dun contacontos de Caxoto sobre o medo e das temáticas das postas en escena *A galiña azul* de Tanxarina, *A máquina do tempo* de Teatro dos Ghazafellos e *Unha presa de castañas* de Caxoto.

- ECG, “Representación teatral en Abanca para escolares”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 novembro 2018, p. 26.

Informa da representación de *A galiña azul* no Auditorio Abanca que contará coa asistencia de máis de 600 escolares. Lembra tamén que a obra foi Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2018.

- Cuca M. Gómez, “Ir al teatro desde pequeños”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 decembro 2018, pp. 54-55.

Lembra cando ía de pequena ao teatro con motivo da representación no Auditorio Sede Afundación de Pontevedra d’*A galiña azul*, de Tanxarina, unha peza sobre a diversidade e a solidariedade que gañou o Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2018 e o Fetén ao Mellor Espectáculo de Monicreques 2018.

A **Trastenda dos Contos**: *O Apalpador conta con vós*

Referencias varias:

- J. C., “El año teatral de O Barco finaliza con tres obras de teatro familiar”, *La Región*, “Provincia”, “Valdeorras”, 22 decembro 2018, p. 26.

Sinala que tres obras de teatro familiar pechan o ano do Teatro Lauro Olmo: *Patapatún*, de Elefante Elegante, un espectáculo “de teatro visual, sin música”; *Le Cirque*, do mago Cayetano Lledó que recupera a Monsieur Lafayette; e *O Apalpador*, de Trastenda dos Contos, sobre a orixe e dedicación deste personaxe do Nadal galego.

- S. N., “Teatro, cine y música”, *La Región*, “Extra”, “Nadal de O Barco”, “Programa”, 22 decembro 2018, p. 73.

Dentro da programación do Nadal do Barco, salienta que é relevante o teatro, pois represéntase *Patapatum* e o espectáculo de maxia *Le Cirque*, ademais de *O Apalpador conta con vós*, de A Trastenda dos Contos.

Trécola Teatro : *As exploradoras*

Trécola Teatro: *Choruma*

Trécola Teatro (1): *O agasallo de Anya*

Os Tres Tenedores (1): *Cocido sinfónico*

Trinke Trinke Teatro (1): *As illas do tesouro*

Trinke Trinke Teatro (2): *Aventuras na cociña*

Tropicallo: *O día que chegou unha nube e choveu*

Tropicallo (1): *Rumpelstikin, o anano saltarín*

Tropicallo (2): *Jiñol*

A tropa de trapo: *Contamos todas*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Fin de semana de Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 1 decembro 2018, pp. 62-63.

Apunta que A Tropa de Trapo representou a peza *Contamos Todas* no IES de Poio.

A tropa de trapo: *Antía, Wamba e o ritmo do camiño*

Troula Animación: *SubUmbra*

Referencias varias:

- M. X. Blanco, “Viaje al pasado en Porto do Son”, *La Voz de Galicia*, “Al Sol”, “En la calle”, 28 xullo 2018, p. 33.

Dentro do programa da Feira Celta de Porto do Son, apunta o espectáculo de Troula Teatro *Subumbra*.

Viravolta Títeres (3): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

A Xanela do Maxín: *Pequena Lúa*, texto Celtia Figueiras, dirección Luis Vallecillo

A Xanela do Maxín (1): *O murmurio do mar*

A Xanela do Maxín (3): *Titeremusicontos*

A Xanela do Maxín (1): *Caixa de Nuk*

Viravolta Títeres: *A maleta de Don Attilio*

Xarope Tulú (3): *O cardume*

V.4. CÓMIC

V.4.1. GALEGOS

Alves, Abel, *A tumba de Breogán*, ilust. Abel Alves e Esteban Tolj, A Coruña: Demo Editorial, 2018, 100 pp. (ISBN: 978-84-947396-7-3).

Obra de Abel Alves (Ferrol, 1981) con ilustracións tamén de Esteban Tolj (Santa Fe, Arxentina, 1964). O libro pivota arredor do achádego, no ano 1870, dunhas táboas de madeira cunha inscrición en latín de Cayo Sebio Lupo, arquitecto da Torre de Hércules, a raíz dunhas reformas neste monumento. A inscrición ten que ver co lugar onde descansan os restos da figura castrexa e lendaria de Breogán na cidade Brigantia. O poeta Eduardo Pondal emprenderá a busca do sepulcro e contará coa axuda do salteador Antón Dedo d'Ouro. Os dous rivalizarán cun grupo de carlistas e xente da igrexa. Na obra destaca a presenza de figuras e localizacións relevantes relacionadas coa cidade da Coruña como poden ser Manuel Murguía ou Rosalía de Castro ou, no tocante aos espazos, a propia Torre de Hércules e a Colexiata de Santa María do Campo.

Cráneo, Manel, *Os Áridos 2. Lagartiño e o futuro da canteira*, ilust. do autor, ARIGAL (ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS), 2018, 24 pp. (Dep. Legal: C 2174-2018).

Banda deseñada de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) que se centra na recuperación dunha canteira despois de rematadas as actividades de extracción de áridos nese tipo de contorna. O protagonista do libro é un camión dumper chamado Lagartiño que grazas a unha anduriña dos rochedos, de nome Roque, vai ir achando as vantaxes ambientais que implica a transformación de canteiras en parques naturais, tanto para humanos como para animais, así como as diferentes posibilidades económicas, laborais e sociais que estes últimos ofrecen. Lagartiño e Roque faranse amigos e irán xuntos a diferentes lugares que antes foron canteiras coma o Pazo da Ópera na Coruña, o polígono industrial de Salvaterra de Miño ou as Areeiras da Limia en Ourense.

Referencias varias:

- S. Riveiro, “A novena arte ensina coas súas viñetas ós nenos que as canteiras son sostibles”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 6 decembro 2018, p. 16.

Informa da publicación da segunda edición do volume do cómic *Lagartiño* e do segundo número da serie *Lagartiño e o futuro da canteira*. Dise que a presentación tivo lugar na sala Eisenman da Cidade da Cultura. Coméntase que ambos os dous traballos atópanse colgados na web de Arigalna para a súa consulta.

Da Silva, Kiko e Pablo Prado, *Os berros da motocicleta*, Pontevedra: Concello de Pontevedra e O Garaxe Hermético, col. A memoria das mulleres, n.º 1, outubro 2018, 48 pp. ♦

Proxecto de banda deseñada sobre a vida de Josefina Arruti con guión de Kiko da Silva (Vigo, 1979) e debuxos de Pablo Prado. O libro conta cun prólogo de Montse Fajardo (Vilagarcía de Arousa, 1973) que operou de asesora histórica. A obra responde ao propósito de recuperar, divulgar e poñer en valor a biografía da protagonista e a súa relación coa cidade e a comarca de Pontevedra, en especial polo papel desempeñado na Guerra Civil e no Franquismo. Deste xeito, o libro expón a vida de Josefina Arruti, casada co primeiro alcalde republicano de Pontevedra, Bibiano Fernández, e pivota arredor do seu papel tras o estoupido da Guerra Civil, cando é detida e despois sofre arresto domiciliario, destacando a súa axuda ás persoas represaliadas.

Referencias varias:

- Belén López, “Josefina Arruty en banda deseñada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 abril 2018, p. 13.

Informa da publicación do cómic *Os berros da motocicleta* (2018) sobre a biografía de Josefina Arruty, cuxos autores son Kiko da Silva e Pablo Prado. Déixase claro que se trata do primeiro título dunha colección dentro do programa “A memoria das mulleres”, organizada polo Concello de Pontevedra, en colaboración co colexio O Garaxe Hermético. A presentación do libro tivo lugar no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra na que participou Montse Fajardo.

- Cuca M. Gómez, “Celebremos Santa Katabirra”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 abril 2018, pp. 70-71.

Dáse noticia da publicación do cómic *Os berros da motocicleta* (2018) sobre a biografía de Josefina Arruty, cuxos autores son Kiko da Silva e Pablo Prado.

De Río, Anémona, *tam*, Pontevedra: Retranca Editora, xaneiro 2018, 78 pp. (ISBN: 978-84-941632-6-5).

Banda deseñada de Aldara Álvarez García (Vigo, 1995) que presenta a historia da rapariga chamada Tam. A trama desencadéase cando a protagonista recibe un día un convite para asistir a unha cea de antigos alumnos á que tamén vai ir Hevin, un mozo que lle gusta. Esta situación xéralle a Tam dúbidas e inseguridades sobre a súa aparencia, de modo que chega dudar se asistirá ou non ao evento. A temática da obra pivota arredor do conflito entre os cánones de beleza impostos socialmente sobre o aspecto físico das mulleres e a opresión que xeran fronte á naturalidade. A obra presenta un deseño manga dos debuxos combinado cunha estrutura correspondente á da banda deseñada occidental.

Recensións:

- Isabel G. Aviión, “*tam*: manga orixinal en galego”, *Aulas libres*, “para ver, para ouvir, para ler”, n.º 10, 2018, pp. 37-38.

Comentario desta obra de Aldara Álvarez García no que indica que constitúe o primeiro álbum manga escrito en lingua galega. Informa de que o libro trata, a través da figura dunha protagonista, do conflito entre as normas sobre o aspecto físico das mulleres que imperan na sociedade e a ausencia de artificios. Resalta que a obra presenta un deseño

manga dos debuxos, mentres que a estrutura é a das bandas deseñadas occidentais. Destaca a necesidade de que o libro se difunda non só entre as lectoras adolescentes ás que vai dirixido senón tamén entre o lectorado de banda deseñada xuvenil e adulto en xeral.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Siempre nos quedan las murgas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 14 febreiro 2018, p. 58.

Informa da celebración do Entroido que trae consigo numerosas actividades dirixidas aos máis novos, entre as cales se salienta a presentación da primeira obra de banda deseñada galega titulada *Tam* da ilustradora Anémona del Río, que tivo lugar na librería Paz de Pontevedra.

Lema, Bea, *O corpo de Cristo*, XII Premio Castelao da Deputación da Coruña 2017, A Coruña: Deputación da Coruña, abril 2018, 40 pp. (ISBN: 978-8-498123-20-3). ■

Primeira obra de banda deseñada de Bea Lema (A Coruña, 1985). Trátase dunha novela gráfica de carácter autobiográfico. O argumento do libro xira arredor da personaxe de Vera, unha nena que fai fronte diariamente aos problemas que supón convivir coa patoloxía mental da súa nai, Adela. Adela preséntase como unha persoa hipersensible, desconfiada e marcada por unha tendencia paranoica, razón pola cal parece estar convencida de que o seu fillo, Alfredo, é un drogadicto. Conforme a tensión e o malestar crecen no seu fogar, Vera envorca os seus esforzos, ao longo de varios anos, en convencer a súa nai de que se medique. Finalmente, Adela decide seguir os consellos da súa filla, pero Vera segue a preocuparse polo seu estado de saúde e ten que asegurarse, en moitas ocasións, de que súa nai continúa co tratamento. Cando á protagonista lle ofrecen unha bolsa para viaxar a Roma, a nai comprende que, a partir dese momento, a responsabilidade recaerá unicamente nela mesma.

Recensións:

- Patrícia Porto, “*O corpo de cristo, é...*”, *Luzes*, n.º 58, “As libreiras”, xullo 2018, p. 87.

Comenta que a obra foi galardoada co XII Premio Castelao de Banda Deseñada da Deputación da Coruña en 2017 e explica que recolle os testemuños dunha filla arredor da enfermidade mental da súa nai. Informa de que a obra afonda, a través de diálogos e escenas, na relación da filla coa nai que non asume a enfermidade e na ausencia do pai. Destaca a sinxeleza dos debuxos en branco e negro.

Referencias varias:

- A. C., “La lucha contra las enfermedades mentales, en dibujos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 21 marzo 2018, p. 12.

Comenta a novela gráfica *O corpo de Cristo* da ilustradora Bea Lema, gañadora do Premio Castelao de Banda Deseñada, indicando que é un traballo autobiográfico que trata as enfermidades mentais para darlle visibilidade sen exceso de dramatismo. Indica que é

a primeira muller en obter este galardón e que na presentación destacouse a calidade na técnica dos debuxos e a obxectividade empregada. Apunta outras obras da autora como *Pasado ou futuro?* (2015) e *O diario de Raquel* (2015), ademais de participar no proxecto Ilustradanza e ser seleccionada no Concurso Internacional de Iustración do Festival Valladolid Ilustrado.

- Montse García, “Bea Lema”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 20 xuño 2018, p. L10.

Anuncia a presentación da obra, novela gráfica gañadora do Premio Castelao da Deputación da Coruña, na librería Numax. A autora estará acompañada por Goretti Sanmartín, responsable de cultura do organismo provincial.

- ECG, “Lousame acolle a obra gañadora nos Premios Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia-Muros-Barbanza”, 7 xullo 2018, p. 34.

Informa de que a casa da cultura de Lousame acollerá a exposición de vinte paneis d’*O corpo de Cristo*, obra na que a coruñesa amosa a resiliencia dunha nena fronte aos problemas adultos, e explora as patoloxías mentais.

- María Orge, “Bea Lema. ‘A sociedade esconde os problemas mentais, seguen a ser un tabú’”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 26 xullo 2018, p. 10/ *El Progreso*, “deVerano”, 24 xullo 2018, p. 44, “Entrevista”.

Entrevista á autora con motivo da súa última publicación. Nela reflexiona sobre o tema principal da obra, as enfermidades mentais que, segundo ela, seguen a ser un tabú social por medo ao rexeitamento. Doutra banda, comenta tamén a situación das ilustradoras xa que foi a primeira muller en gañar o premio Castelao.

- Kenya Pineda, “Unha banda deseñada para ler sen edulcorantes”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 decembro 2018, p.

Achégase unha recensión da obra *O corpo de Cristo* na que se explica que a protagonista Vera vive con seus pais e co seu irmán maior, Alfredo, pero é ela a que pasa a maior parte do tempo coa súa nai na casa. Explícase como a rapaza se vai decatando de que a súa nai ten unha enfermidade mental e apúntase que a obra ten carácter autobiográfico. Dise que o libro trata os problemas derivados do enfrontamento a unha enfermidade mental como o silencio, a falta de información, o medo ao illamento social, as relacións familiares e a negación. Destácase que a obra, en branco e negro, está construída a partir de pequenos relatos e que a autora Bea Lema (A Coruña, 1985) foi galardoada co XII Premio Banda Deseñada Castelao da Deputación da Coruña.

Mauricio, Enrique, *A detective Peregrina e o insólito "caso Antón Fraguas"*, ilust. Carlos Roberto Álvarez Taboada, Pontevedra: Lela Edicións, col. BD, lectorado a partir de 6 anos, outubro 2018, 32 pp. (ISBN: 978-84-946043-6-2).

Obra de Enrique Mauricio (Pontevedra, 1977) e Carlos Roberto Álvarez Taboada (Pontevedra, 1979) que protagoniza a rapariga Peregrina. A obra pivota arredor dunha serie de misterios que atinxen á cidade de Pontevedra, na que comezan a desaparecer os oficios

tradicionais. A protagonista Peregrina, co seu amigo Roque e o seu can Magnun, vai tratar de que se recuperen e, a raíz deste propósito descobre a figura do autor Antón Fraguas, a quen se adica o Día das Letras Galegas. O libro inclúe datos sobre a vida e a obra deste escritor.

_____, *A detective Peregrina e o misterio do torque*, ilust. Carlos Taboada, Pontevedra: Lela Edicións, col. BD, lectorado a partir de 6 anos, xaneiro 2018, 31 pp. (ISBN: 978-84-946043-5-5).

Obra de Enrique Mauricio (Pontevedra, 1977) e Carlos Roberto Álvarez Taboada (Pontevedra, 1979) que protagoniza a rapariga Peregrina. Na compañía do seu can Magnun e do seu amigo Roque, Peregrina vai resolver unha serie de misterios que, neste libro, sirven para divulgar e achegar ao público infantil, dun xeito lúdico, obras do Museo de Pontevedra relacionadas coa cultura castrexa. O libro complementase ao final con actividades didácticas.

Prado, Miguelanxo, *Valdeorras*, ilust. do autor, A Coruña: El Patito Editorial, col. Fondo, xullo 2018, 80 pp. (ISBN: 978-8494734892).

Obra de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958). Trátase dun caderno de viaxe ilustrado no que o autor relata a súa experiencia persoal visitando os paraxes de Valdeorras. O libro comeza cunha presentación do territorio de Valdeorras, co autor describindo en que lugar xeográfico se atopa, a orixe dos seus topónimos ou a importancia e recoñecemento do que goza a agricultura vinícola como fonte principal de riqueza. A obra supón un percorrido dos distintos espazos que compoñen á comarca, deténdose nalgúns dos monumentos máis importantes, como é o caso do mosteiro de San Miguel, da capela de Outarelo, da Ponte de Sobradelo, da Casa Grande de Viloira, do Castelo do Bolo ou da Igrexa de Santo Estevo, entre outros. Co texto acompañando en todo momento por ilustracións, a obra representa unha guía de distintos paraxes e do seu patrimonio, destacando o prestixio da denominación de orixe vitícola.

Referencias varias:

- María Bueno, “Miguelanxo Prado. ‘O viño intensifica a nosa lembranza dunha paisaxe’”, *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 887, “Galicia en vinos”, 8 xullo 2018, pp. 8-9.

Entrevista a Miguelanxo Prado, ilustrador e autor de cómics, que publicou o seu caderno de viaxes *Valdeorras*. Nela, abórdanse cuestións relacionadas co proceso de creación da obra e a comarca que a inspirou.

Rial Santos, Manuel, *Unha historia de Vimianzo*, ilust. Rubén Rial Santos, A Coruña: Deputación da Coruña, xuño 2018, 48 pp. ♦

Obra de Rubén Rial (Basilea, 1991) que consta de vinte ilustracións acompañadas de vinte textos. Trátase dun libro que presenta as etapas máis relevantes da historia do concello de Vimianzo e as súas parroquias, desde o Neolítico ata a actualidade. O libro, a partir dun traballo de documentación previo recollido na bibliografía final, pretende ofrecer aos

lectores unha representación realista de lugares, patrimonio e acontecementos desta vila, entre outros, os Penedos de Pasarela, a anta de Pedra Cuberta, os petróglifos de Outeiro do Recosto ou o Castro do Sino.

Referencias varias:

- J. M. R., “Presentada a obra gráfica que narra a historia de Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 19 xuño 2018, p. 33.

Comenta sucintamente a presentación desta obra, que recolle a historia de Vimianzo desde o Neolítico, nun acto presidido polo alcalde, Manuel Antelo, e o autor, Rubén Rial. Asistiu alumnado do IES Terra de Soneira.

Tokio, *Gol. Aventuras no mar*, ilustr. do autor, A Coruña: Demo Editorial, 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-947396-8-2).

Nokio (1964) presenta un monllo de historias autoconclusivas en que o protagonista é o arroz “Gol”. As historias están tratadas con transparencia, enxeño e verosimilitude, mais tamén con doses de humor. A obra transmite unha mensaxe ecolóxica que vai desde a denuncia polo tratamento inadecuado do noso medio natural ata a defensa polo respecto cara ás diversas especies mariñas.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “As mil vidas da banda deseñada galega”, *Sermos Galiza*, n.º 310, “fóradeserie”, 23 agosto 2018, pp. 2-3.

No marco dunha reportaxe sobre o vizoso intre creativo da banda deseñada galega, pexado por complexos problemas estruturais, recóllense declaracións de Alfredo López, Tokio de nome artístico e colaborador con cadriños humorísticos no semanario que recolle a reportaxe. Vén de presentar o seu último traballo no Viñetas desde o Atlántico e reflexiona sobre as dificultades das editoras pequenas e a escena actual.

Tomás, Xosé, *Animalia 1. Verde*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín cómics, n.º 1, maio 2018, 54 pp. (ISBN: 978-84-9121-385-7).

Banda deseñada de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) que presenta os animais que habitan a selva, os bosques e as pradeiras. Cada páxina preséntase como un relato auto-conclusivo cheo de humor que convida a observar con detalle os animais, a súa forma de vivir, de interactuar con outros animais e os perigos da vida salvaxe, caracterizándoos na súa diversidade.

Recensións:

- Kenya Pineda, “Animalia’, unha lectura do máis salvaxe”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 xullo 2018, p. 6.

Comenta que esta banda deseñada é a primeira entrega dunha serie recollida na colección

“Merlín Cómics” de Edicións Xerais de Galicia. Apunta que Xosé Tomás é ilustrador, profesor e autor de máis dunha vintena de libros e que o resultado desta obra é divertido e instrutivo, destacando o convite que lanza a reflexionar sobre a nosa maneira de ver os animais e de relacionalos con eles.

- Esther Gómez, “A sedutora creatividade...”, *Luzes*, nº 60, “As libreiras”, setembro 2018, p. 88.

Comenta que se trata da primeira obra dunha triloxía dirixida á infancia e explica que, a través de ilustracións de animais, o autor trata diferentes temáticas coma o temor, as rarezas, a intelixencia, a brutalidade, a impasibilidade, o desamparo ou os desvelos. Resalta o carácter conclusivo das historias así como a súa elaboración a partir dunha selva de animais sen leis e, por último, destaca o recurso á ironía, á diversión, á singularidade e ao enxeño.

VV. AA., *Intraterra*, Pontevedra: Garaxe Hermético, 2018, 66 pp. (ISBN: 978-84-8457-485-4).

Libro da escola profesional de banda deseñada de Pontevedra na que participan un total de 25 alumnos: Ana Pumares, Atenea Agular Ferradás, Ángel Verísimo Pazos, Bea Bendaña Bermejo, Carlos Fandiño Soto, Damián Gómez Figueiras, Daniel Zamudio, Fenando Mármol Fernández-Ayala, Hugo Feal Permuy, Iago Fernández Falcón, Jacobo Troitiño Lubiáns, Laura da Silva Irago, Lorena Abilleira Acevedo, Luz Fraga Constenla, Marcos Pérez Rial, Clara Muñiz Cameán, Olalla González Barja, Pablo Lloveres Tembrás, Ramón Fernández Ameijeiras, Rosa Magdalena Fernández, Sabela Domínguez Costa, Samuel López Cabana, Tere García Fernández, Werónica Hanczyc e Yaiza Martínez Piñeiro. Todos e todas eles presentan, de maneira conxunta, a historia da comunidade de persoas que residen no Búnker 0018 nunha devastada tundra rusa e como esa sociedade vese conmocionada por un asasinato. Non obstante, a chegada da inspectora Collins desvela que o que semellaba ser un entorno de paz, apenas é un refuxio para o crime.

Varela Ferreiro, Alberto, *Ulf de Jakobsland. Os viquingos en Galicia*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2018, 80 pp. (ISBN: 978-84-9121-423-6).

Novela gráfica de Alberto Varela Ferreiro que trata a historia dos viquingos na Galicia da Alta Idade Media, por aquel entón coñecida como Jakbsland. O libro céntrase na chegada ao Faro Brigantium dun conde danés, antigo xefe viquingo agora convertido ao cristianismo, como primeira etapa da súa peregrinación ata Santiago de Compostela. É o final da súa vida e o final dun tempo; as novas crenzas mestúranse cos deuses ancestrais e as vellas lembranzas, coas novas.

Referencias varias:

- X. Fraga, “O cómic inspírase na historia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da influencia que exerce a historiografía galega, máis concretamente a Idade

Media, nos dous cómics titulados *Ulf de Jakobsland. Os vikingos en Galicia* (Xerais) do autor Alberto Varela Ferreiro e *La Espada de San Eufrasio* (Diábolo Ediciones) dos guionistas Pepe Rey e Manuel López.

V.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Bechdel, Alison, *Fun home. Unha familia traxicómica*, trad. Belén Poutón, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, xuño 2018, 240 pp. (ISBN: 978-84-17388-03-4).

Novela gráfica autobiográfica de Alison Bechdel (Pensilvania, 1960) que narra a infancia e xuventude da autora na Pensilvania rural. A obra céntrase na evolución da protagonista, nas súas vivencias, na da súa sexualidade e na procura do seu propio lugar no cotián da súa peculiar familiar, mais, especialmente, trata a complexa relación que mantén co pai, Bruce Bechdel. O pai é profesor de inglés e responsable dunha funeraria e Alison acabará por descubrir que o matrimonio con súa nai era unha farsa xa que el era homosexual, dato que coñece unha vez que ela se confesa lesbiana. A narración está chea de ironía e, ademais, permite coñecer a vida dos Estados Unidos nas décadas dos 60 e 70 tratando temas como a orientación sexual, os roles de xénero e o suicidio dunha maneira non crítica que deixa que o lectorado se posicione perante o tema.

Recensións:

- Raquel López, “Fun Home entre nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 677, “Banda deseñada”, 12 xullo 2018, p. II.

Recensiona o cómic *Fun Home* traducido ao galego da escritora Alison Bechdel. Nela, desenvólense cuestións relacionadas coa traxectoria vital e profesional da autora, o contido da obra, pois é una novela autobiográfica e as coordenadas espazo-temporais, situado na Pennsylvania rural. En canto aos personaxes, Raquel López salienta a pouca visibilidade que se lle dá ao personaxe feminino da nai.

Belatz, *O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia*, trad. Manel Cráneo, ilustr. da autora, A Coruña: Demo Editorial, 2018, 140 pp. (ISBN: 978-84-947396-3-7).

Mikel Belatz (Pamplona, 1974) conta a biografía de Lucio Urtubia, anarquista exiliado en Francia se enfrontou ao First National City Bank. A súa vida foi unha loita constante e o seu legado é o tesouro que leva por título a obra. O autor basea o seu traballo en charlas e entrevistas e recrea con nitidez e minuciosidade as accións, lugares, personaxes e sucesos que marcaron a vida de Lucio. Conta as súas vivencias máis coñecidas e as súas aventuras máis descoñecidas: a súa infancia en Cascante, as primeiras expropiacións de bancos, a forma de librarse da policía, cuestións familiares e persoais, a coñecida negociación co Citibank ou as diversas formas para pasar a fronteira.

Recensións:

- Pablo L. Orosa, “Lucio Urtubia, o albanel que tombou a Citibank”, *Luzes*, n.º 61, “Ás ceibas”, outubro 2018, pp. 71-75.

Análise da novela gráfica *O tesouro de Lucio* (Demo Editorial, 2018) de Mikel Belatz baseada na traxectoria biográfica de Lucio Urtubia, que inclúe fragmentos da obra. Comenta que o negocio de saqueo que levaba a cabo o protagonista supuxo o seu exilio en Francia. Ademais, explica como desenvolveu a súa ideoloxía anarquista e como

comezou a cometer roubos en entidades bancarias. Doutra banda, conta como o protagonista se dedicou á falsificación, dando o seu apoio a exiliados e a accións políticas de esquerda ou contra o réxime franquista, e como a través da falsificación de documentos dirixiu unha operación de roubo dos anarquistas ao Citibank. Por último, informa do seu encarceramento e das condicións da súa liberación posterior.

- Manu Barreiro, “Ás veces a vontade dun só home pode facer tremer un imperio”, *Tempos Novos*, n.º 257, “Masa Crítica”, outubro 2018, p. 84-86.

Ofrécese unha recensión da obra de banda deseñada *O tesouro de Lucio* (Demo Editorial, 2018) de Belatz, pseudónimo de Mikel Santos. Explícase que a obra constitúe unha biografía de Lucio Urtubia, un anarquista que viviu a guerra civil e a represión da ditadura. Anótase que a obra recolle dende o paso do protagonista pola milicia onde se dedicaba ao contrabando de materiais; a súa fuxida a Francia onde levou a cabo actividades a prol do anarquismo e do anticapitalismo, a pesar das detencións e o tempo preso; até que conseguiu estafar o *First National City Bank* con falsificacións. Destácase o recurso aos saltos temporais para manter o suspense da trama. Sinálase a relación da obra coa banda deseñada de Francia e Bélxica ou coa doutros autores coma Paco Roca. Apúntase o equilibrio entre o carácter histórico, ideolóxico, reflexivo e de divertimento da obra. Faise referencia á publicación da obra tamén en catalán e euskera.

Delisle, Guy, *Pyongyang*, trad. Belén Poutón. Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, 2018, 184 pp. (ISBN: 978-84-92866-96-0). ■

Novela gráfica de Guy Delisle (Québec, 1966) cuxo protagonista é Deslise que de maneira autobiográfica conta a súa experiencia en Pyongyang mentres traballaba para unha produtora de debuxos animados. O libro está ilustrado en branco e negro, cun ritmo narrativo parsimonioso e cinematográfico, e documenta con claridade unha realidade oficial –ditada polo réxime, en constante conflito coa natureza da vida, a lóxica e a verdade.

Recensións:

- Xulio Carballo, “*Pyongyang*, de Guy Delisle”, *Sermos Galiza*, “*fóradeserie*”, n.º 287, “Da banda de acolá”, 8 marzo 2018, p. 8.

Salienta a banda deseñada como medio para reflectir os conflitos e detense no xornalista Guy Delis quen debulla nas súas obras as impresións e anécdotas do choque cultural que vive durante as súas estancias en Shenzhen, Rangún ou Xerusalén. Indica que nesta obra relata cunha “espontánea ironía” o día a día nesta cidade norcoreana en 2003 coas tensións culturais e sociais nun complexo microcosmos “inzado de restriccións e inquietantes simetrías”. Apunta que é unha “narración maxistral, cunha descrición sinxela e detallada e cun discurso sincero que deixa un necesario pouso de reflexión”.

- Kenya Pineda, “Un retrato de Pyongyang con humor crítico”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 9 setembro 2018, p. 4.

Comenta que Delisle narra de xeito autobiográfico, con humor e unha ollada

occidentalista, a súa experiencia en Pyongyang mentres traballaba para unha produtora de debuxos animados. Apunta tamén que se van cumprir quince anos da súa primeira edición, mais que eesta banda deseñada segue vixente. Indica que a historia está contada en branco e negro, cun ritmo narrativo parsimonioso e cinematográfico, e que pode ser moi instrutiva, xa que documenta con claridade unha realidade oficial en constante conflito coa natureza da vida, a lóxica e a verdade. Xa por último, sinala que esta obra convida a reflexionar, con grande ironía, na obra *1984*, de George Orwell.

Gosciny, René, *Astérix e Cleopatra*, ilust. Albert Uderzo, trad. M^a Isabel Soto López e Xavier Senín Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os álbums de Astérix en galego, n.º 6, [lectorado mozo], setembro 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-296-6).

Cómic de René Gosciny (París, 1926-1977) xunto co debuxante Albert Uderzo (Fismes, 1927) pertencente á serie de aventuras en banda deseñada protagonizada no ano 50 a.C. polos dous galos da Galia, Astérix e Obélix, publicada orixinariamente na revista *Pilote* en 1959. Neste número, Astérix e Obélix teñen a misión de construír en Exipto un palacio para Cleopatra, co fin de demostrar a grandeza dese imperio a Xulio César.

Recensións:

- Carmen Ferreira, “As aventuras de Astérix, de novo en galego”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 25 novembro 2018, p. 6.

Comenta que Edicións Xerais de Galicia segue sumando títulos traducidos ao galego á serie de aventuras en banda deseñada protagonizada no ano 50 a.C. polos dous galos máis famosos da Galia e que neste número Astérix e Obélix teñen a misión de construír en Exipto un palacio para Cleopatra, co fin de demostrar a grandeza dese imperio a Xulio César.

Gosciny, R., *Astérix. O combate dos xefes*, ilust. Albert Uderzo, trad. María Isabel Soto López e Xavier Senín Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Astérix, n.º 7, [lectorado mozo], setembro 2018, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-297-3).

Cómic de René Gosciny (París, 1926-1977) xunto co debuxante Albert Uderzo (Fismes, 1927) pertencente á serie de aventuras en banda deseñada protagonizada no ano 50 a.C. polos dous galos da Galia, Astérix e Obélix, publicada orixinariamente na revista *Pilote* en 1959. Neste número, Astérix adentra o xefe galo Abraracúrcix para que se enfrente a outro xefe galo e descubrirose o que pasou realmente coa poción máxica.

Recensións:

- Carmen Ferreira, “As aventuras de Astérix, de novo en galego”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 25 novembro 2018, p. 6.

Comenta que Edicións Xerais de Galicia segue sumando títulos traducidos ao galego á serie de aventuras en banda deseñada protagonizada no ano 50 a.C. polos dous galos máis famosos da Galia e que neste número Astérix adentra o xefe galo Abraracúrcix para que se enfrente a outro xefe galo e descubrirose o que pasou realmente coa poción máxica.

VII.5 ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Fernández-Vázquez, Mar (coord.), *De letras e de imaxes nas aulas de Primaria*, ilustrada por Francisco Javier Cabo Villaverde, A Coruña/Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/ Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Bibliodidáctica. Humanidades e Ciencias Sociais, n.º 2, decembro 2018, 237 pp. (ISBN: 978-84-949176-3-9). ■

Monográfico de autoría colectiva no que estudosos e docentes de Didáctica reflexionan sobre distintos aspectos referidos á metodoloxía e á práctica docente da literatura e da ilustración no ensino primario. Estrutúrase en dous amplos apartados: Educación literaria e Educación artística, se ben o estudo de Rocío García-Pedreira presenta trazos correspondentes a ambas as tipoloxías da educación. Ábrese co “Limiar” (pp. 5-9) de Blanca-Ana Roig Rechou no que se aleda da publicación desta monografía cando “a lectura literaria parece que non é unha actividade básica para atopar resposta a cuestións que nos asombran, resposta que escritores, poetas, narradores, ilustradores, docentes e estudosos en xeral, nos foron dando e seguen a facelo no transcurso dos tempos”. Apunta que os catorce traballos teñen “como base fundamental a Literatura Infantil e Xuvenil” e reflicten que “se ben a Literatura, como manifestaron moitos estudosos, non se pode ensinar no sentido de crear literatura, ‘sí que se puede estudiar y enseñar fenomenológicamente la ontología y la epistemología de la obra literaria. Qué es y cómo se accede a ella mediante un acto de cocreación, que es la lectura’, como afirma Darío Villanueva (Viñas, 2018: 340)”, refire a finalidade da colección “Bibliodidáctica” do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (ICE-USC) e sinala que a monografía tenta “cubrir baleiros que moitos profesionais de distintas disciplinas reclaman para que se lles axude no seu labor de mediación”. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes traballos no primeiro bloque “Educación literaria”:

-Eulalia Agrelo-Costas, “Literatura, lectura, competencias e formación docente: ao redor da educación literaria no ensino primario”, pp. 13-32.

Tras unhas “breves consideracións dos futuros docentes de educación primaria sobre a literatura no ensino” e “olladas múltiples sobre a literatura e a lectura”, adéntrase no “nobelo da competencia en comunicación lingüística” ao fío das “directrices lexislativas que enmarcan o ensino actual e co pensamento posto nese docente-mediador” e da metodoloxía da Educación literaria. Afirmar que o docente de Educación Primaria “debe ser un lector habitual e adquirir coñecementos do fenómeno literario mediante a consulta de historias, estudos teóricos e publicacións periódicas que se aproximen á literatura propia e á universal, especialmente, á infantil” e así mesmo “se deberá prover de técnicas, estratexias e recursos para configurar espazos de encontros significativos e satisfactorios coa literatura e a animación lectora”, mais sen descoidar “a adquisición dunha formación mínima sobre o proceso lector e a evolución psicolóxica do individuo no que atinxe á lectura”. Aposta porque o docente manteña “dous fundamentos básicos”: un tirado de

Darío Villanueva (*Curso de teoría de la literatura*, 1994: 12), quen afirma que “quizá el método inmediato y urgente que debe ser rescatado para la enseñanza de la literatura sea el de la lectura: aprender a leer literariamente otra vez”, e o segundo de Pedro Cerrillo (*Literatura Infantil y Juvenil y educación literaria*, 2007: 20-21), para quen “probablemente, lo que hoy se necesite, más que enseñar literatura –de acuerdo al concepto tradicional referido– sea enseñar a apreciar la literatura, o, en todo caso, poner a los alumnos en disposición de poder apreciarla y valorarla”.

-Mar Fernández-Vázquez, “De letras: Carlos Casares”, pp. 33-50.

Logo de afirmar que “as letras son a cerna da biobibliografía de Carlos Casares Mouriño”, detense en analizar “as súas facetas como alumno, lector, docente, escritor, tradutor, editor literario e xestor cultural” xa que conforman o macrotexto temático casariano. Conclúe que Casares se define “por un completo polifacetismo que achega luz á reconfiguración da Literatura galega como sistema literario e á apertura da cultura galega fóra das súas marxes xeográficas” e que, pese a que non abordou as facetas casarianas de “conferenciante, político e parlamentario, crítico literario, autor de semblanzas biográficas, investigador literario, entre outras tamén vinculadas ás letras en sentido laxo”, as citadas sete facetas comentadas permiten constatar que “a cultura galega desde 1965 a 2002 non se comprende en profundidade sen analizar a figura de Carlos Casares Mouriño”. Remata aseverando que “non se comprenderá o verdadeiro alcance da figura de Carlos Casares Mouriño na cultura galega ata a publicación de material aínda inédito (textos de autor, textos traducidos, conferencias, datos biográficos, epistolarios, galeradas etc.) e a análise da súa pegada na escrita de autores posteriores”.

- Carmen Ferreira-Boo, “Traballando intertextualidades a partir de versións, adaptacións e reescrituras de contos dos irmáns Grimm”, pp. 51-73.

Tras amentar o labor lingüístico, folklorista e etnográfico realizado polos irmáns Jacob e Wilhelm Grimm e os catro tipos de reescritura propostos por Caterina Valriu en “Reescriptures de les rondalles en el s. XXI (2000-2009)” (2010: 13-30) para explicar o aproveitamento e uso dos escritores de Literatura Infantil e Xuvenil das “características temáticas, estruturais e estilísticas dos contos de transmisión oral”, enumera os contos dos irmáns Grimm na LIX en galego. A seguir atende as “reescrituras referenciais (versións e adaptacións) en formato álbum”, as “reescrituras ideolóxicas, lúdicas e humanizadoras” e detense na reescritura lúdica “*Matapitos. com*, de Gloria Sánchez”. Conclúe que “os contos dos irmáns Grimm supoñen unha rica fonte de inspiración para os escritores e manteñen unha gran vitalidade, adaptándose a novos tempos e formatos editoriais”, establece dúas tendencias de reescrituras deses contos e propón “actividades didácticas, lúdicas e motivadoras baseadas no xogo que desenvolvan a expresión e comprensión oral e escrita á vez que enxalcen o valor da imaxinación, a fantasía e a creatividade para un adecuado desenvolvemento psico-social do neno”.

- Rocío G-Pedreira, “Intertextos plurais: o papel das reescrituras fílmicas na creación de lectores”, pp. 75-91.

Tras a premisa inicial “cinema e literatura utilizan dúas linguaxes artísticas distintas pero con dimensións ou ámbitos de existencia parellos que permite a proliferación de obras que pasan dun código a outro, especialmente no caso de novelas que son recreadas na gran pantalla”, atende “as reescrituras fílmicas” para a infancia e enumera os elementos

existentes na tipoloxía de usos, e detense así mesmo na “construción de intertextos lectores plurais”. Conclúe que “os textos audiovisuais da cultura de masas transformaron de maneira perentoria o sistema de acceso das persoas á información e ao coñecemento en todas as súas vertentes” e incide, ao fío da lexislación educativa vixente, en que “as aprendizaxes referidas tanto ao cinema coma ao seu tratamento didáctico non deberían depender do interese particular dos profesionais pola temática e da formación afastada das titulacións académicas que, aparentemente, deberían darlles as ferramentas básicas necesarias para poder levar a cabo o seu traballo de maneira eficiente”.

- Ánxela Gracián, “Unha mirada ética e estética do mundo. *A casa grande (manifesto de cidadanía)*, de João Manuel Ribeiro”, pp. 93-109.

Tras un marco teórico sobre “a longa discusión entre a ética e estética da arte” dende a Antigüidade clásica grecolatina, comenta *A casa grande (manifesto de cidadanía)*, de João Manuel Ribeiro, xa que asegura “a educación estética aos múltiples mundos da literatura” e “a da educación ética cos mundos posibles do texto, ampliando o diálogo entre a nenez e a colectividade, amosándolles como é o mundo real e o ideal, isto é, como se desexaría que fose e como debemos actuar para construílo”. Conclúe que “a literatura preséntase como unha actividade que permite asumir con sentido ético, non soamente as identidades senón tamén as alteridades, cunha capacidade para revelar novos comportamentos revolucionariamente innovadores respecto dos patróns de referencia que forman parte do coñecemento que o home ten do mundo”.

- Isabel Mociño González, “Educación inclusiva e Literatura Infantil e Xuvenil: motivación, representación e adaptación ante a discapacidade”, pp. 111-126.

Principia aseverando que “as representacións simbólicas das ficcións contribúen a formar e modificar crenzas, actitudes e opinións, o que configura unha escala de valores na que a igualdade de oportunidades e o respecto á diferenza teñen que ser prioritarias” e que na “creación dun contexto de aprendizaxe inclusivo desde o marco dun currículo común, a literatura é unha vía para derrubar barreiras, como a do acceso á lectura, ao coñecemento, á recreación de universos e ao goce da imaxinación”. A seguir detense “nas potencialidades de obras infantís e xuvenís desde a perspectiva do estímulo e exploración sensorial”, logo “na representación que ao longo do tempo se fixo das persoas discapacitadas” e, por último, repasa “aquelas obras adaptadas a necesidades específicas ou que son susceptibles de emprego por parte de persoas con diversidade funcional”. Demostra que “queda moito por facer” e asevera que “é necesaria unha maior implicación da sociedade en xeral e da institución escolar en particular, adoptando un enfoque educativo baseado na valoración da diversidade como elemento enriquecedor do proceso de ensinanza aprendizaxe e do desenvolvemento humano, onde aprendan uns dos outros, independentemente das súas condicións persoais, sociais e culturais”, que “lograr o desenvolvemento integral das persoas é facelo a través das súas diferentes vertentes: afectiva, cognitiva e social, nun proceso continuo e permanente que persiga formar persoas máis libres e autónomas”, que “favorecer a lectura entre a infancia con discapacidade é unha obriga social” e que “promover o éxito escolar e incrementar a motivación do alumnado é garantir a súa incorporación á vida escolar e social, ademais de contribuír á consecución dun clima positivo para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe nas aulas e no centro, o que tamén é preciso facer na lingua propia de Galicia, o galego”, entre outras conclusións.

-Marta Neira Rodríguez, “Algúns materiais para a aprendizaxe da lectura e da escritura en galego”, pp. 127-145.

A partir da premisa “unha idea amplamente estendida é que o sistema escolar é clave para a aprendizaxe da lectura e da escritura” e do ronsel dalgúns “métodos dispoñibles para os mediadores a finais dos anos setenta e nos anos oitenta” do século XX descritos por C. Ares, X. Arias Méndez e B.-A. Roig Rechou na *Revista Galega de Educación*, “Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, I” (1987a) e “Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, II” (1987b), ofrece a seguir unha descrición dalgúns “materiais para a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega”. Conclúe que, “malia a escritura e a lectura seren uns obxectivos a lograr na etapa de Educación Primaria”, “a escolla dos materiais descritos e analizados se dirixen ou están pensados, fundamentalmente, para a etapa de Educación Infantil, especialmente os que se puxeron en circulación no século XXI” e advirte que “o descoñecemento da súa existencia por parte dos futuros docentes pode levalos a considerar como orixinais e novidosos materiais que non o son e mesmo a crear pola súa conta materias xa deseñados e publicados”.

-Verónica Pousada-Pardo, “A fraseoloxía a través da LIX”, pp. 147-155.

A partir das premisas “a necesidade de que esta disciplina teña un oco real nos diversos niveis de ensino da lingua, deixando atrás a percepción de ser un mero abaloiro ou entretemento co que enfeitar as aulas” e “pese a que a fraseoloxía goza de boa saúde e consideración no ámbito das linguas estranxeiras, existe un enorme baleiro no seu estudo no marco da lingua materna”, elaborou un corpus tras analizar as obras galegas merecedoras do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en busca de unidades fraseolóxicas relacionadas coa velocidade. Localizou “catorce expresións, algunhas recorrentes ao longo dos volumes ou repetidas en máis dunha obra, o que pode interpretarse como un síntoma da súa frecuencia e produtividade na lingua” e presenta “os casos atopados atendendo á motivación e ao significado”, estruturados en “Fenómenos atmosféricos” (as expresións *Coma un lóstrego*, *Coma un alustre* e *Ir/Marchar/... fungada, -o*), “Máquinas” (as expresións *A toda pastilla*, *A todo trapo* e *Coma un foguete*), “Armas” (as expresións *Coma unha metralleta*, *Ir/Saír/... disparada, -o*, *Ir/Saír/... escopetada, -o* e *A toda mecha*) e “Outras realidades” (as expresións *A fume de carozo*, *A lume de biqueira*, *Andar/Ir/... mangada, -o* e *A ritmo de caracol*). Conclúe que “a incorporación da fraseoloxía na aula permitiría ampliar o vocabulario (meteoroloxía, industria...); desenvolver a comprensión metafórica; coñecer aspectos culturais, históricos e tradicionais dunha cultura; e entrar en contacto coa realidade rural (que para moitos nenos e nenas resulta completamente descoñecida e allea)”.

-Juan José Varela Tembra, “O *Kamishibai* como recurso para a promoción da lectura”, pp. 157-167.

Ao fío da aseveración inicial de que “a comprensión lectora e a promoción da lectura nas aulas de primaria é un elemento fundamental na aprendizaxe dos nosos nenos e nenas”, propón o emprego do *Kamishibai* “como ferramenta motivadora e provista dun gran trasfondo social”. Detense en explicar “a sociedade moderna receptora da tradición oral e escrita”, “a lectura como promotora da equidade”, a “narración oral, lectura e emprego do *kamishibai*”, “qué é e o porqué do *kamishibai*?”, “o *kamishibai* como mediador”, “o *Kamishibai* como elemento narrativo”, “o *Kamishibai* como achega á promoción da lectura” e “o *Kamishibai* na rede”. Conclúe que “o *Kamishibai*, como o libro, é un obxecto

cultural que axuda a prolongar o pensamento, a imaxinación, a memoria, a historia, a reflexión, o espírito das vidas que alimentan as narracións, as historias que percorren e viven no teatro de papel que logo de seren narradas unha e outra vez chegan a ese imaxinario social que tanto debe ser preservado para os nosos cativos”. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes traballos no primeiro bloque “Educación artística”:

- Vicente Blanco e Salvador Cidrás, “A educación artística en primaria: respectar a creatividade”, pp. 171-177.

A partir da premisa “a arte é unha ferramenta moi importante para cuestionar o mundo no que vivimos porque permite crear alternativas á marxe da convención e dos estereotipos dominantes”, detéñense nos “enfoques de educación artística na escola” e ofrecen “propostas de talleres de educación artística” realizadas polo alumnado da Facultade de Formación de Profesorado: a cabana primitiva, o corpo humano, e rexistro de texturas e ilustración con elementos da natureza e a cidade.

-Sergio Clavero Ibáñez de Garayo, “Educar a mirada. Alfabetización cinematográfica na Educación Primaria”, pp. 179-193.

Tras atender a sociedade dixital e a alfabetización dixital, céntrase na “educación audiovisual no currículo de Primaria” e ofrece unha “Metodoloxía. Contidos e procesos creativos”: Proxecto Aturuxo Films, Obxectivos, Estrutura, contidos e temporalización (atendendo a Sintaxe cinematográfica, Análise da creación e Proceso creativo cinematográfico) e Ferramentas dixitais. Achega “propostas pedagóxicas” nas que se teña en conta o Plan de formación de profesorado no centro, a Colección de cinema, as Proxeccións cinematográficas de curtametraxes e longametraxes e a Creación cinematográfica (tanto a Creación individual coma a Creación colectiva). Conclúe que “para o correcto desenvolvemento da ‘Educación audiovisual’ non é suficiente unha introdución curricular en Educación Primaria senón que é necesario priorizar conceptos e sinalar o coñecemento da linguaxe do cinema como fundamento para o impulso dunha cidadanía de mirada máis atenta e reflexiva nesta sociedade dixital do século XXI” e incide en que “como educadores debemos descubrir o potencial do noso alumnado con metodoloxías máis activas e unha estrutura de contidos e actividades perfectamente deseñada para que experimenten nun proceso de creación que deixe pegada na súa aprendizaxe”.

-Carmen Franco-Vázquez e Silvia Capelo Álvarez, “De imaxes: Carlos Casares”, pp. 195-210.

Ofrecen “un percorrido polas imaxes que acompañaron as obras que Carlos Casares escribiu con destino a un lectorado infanto-xuvenil”: *A galiña azul*, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, *O can Rin e o lobo Crispín*, a Colección Toribio, *Lolo anda en bicicleta*, *O galo de Antioquía*, *A vida de Ánxel Fole* e *Un polbo xigante*. Inciden en que “a evolución do libro infantil en lingua galega (moi limitada cando comezaron a editarse as primeiras obras de Casares, alá polo ano 1968) foi exponencial, avanzándose, para mellor, en todo o referido á edición, divulgación e consolidación do libro”. Centran as conclusións en dous aspectos: “a paulatina consideración dos ilustradores como parte importante da autoría da obra” e “os continuos avances técnicos que permitiron que as imaxes e a cor das ilustracións fosen fáciles de incorporar nas edicións infantís”.

-Estella Freire Pérez e Candela Rajal Alonso, “Cadernos de Cidade. Unha proposta didáctica”, pp. 211-223.

Céntranse nos “Cadernos de Cidade”, entendidos como “proposta didáctica de elaboración de pequenos manuais de trazado individuais que achegan o deseño urbanístico e arquitectónico ao estudantado, convidando á reflexión e posta en común sobre as transformacións do espazo urbano”. A partir das premisas de partida “O espazo do coidado e o Coidado do espazo”, abordan “Identidade e Memoria: A deriva na cidade como estratexia de aproximación” e “O libro-obxecto e os cadernos de cidade. Formas e Formatos” e ofrecen dúas propostas de experimentación: “Mapas do Cotián e Almas á deriva”.

-Cristina Trigo Martínez, Olalla Cortizas e Guillermo Calviño Santos, “De cadernos e de imaxes: camiños pola educación artística”, pp. 225-237.

A partir da premisa “a educación artística, exposta como camiño ao longo da vida, non segue un itinerario ríxido de paradas estipuladas”, céntranse nos “libro de artista, os cadernos de viaxe” por seren “un xeito de reflexionar sobre os procesos”. Detéñense nos “Cadernos de viaxe” e “O Caderno Artivista” que levan anos propoñendo ao alumnado dende a área de didáctica da expresión plástica da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago nos últimos cursos académicos. Así mesmo ofrecen “a cámara fotográfica como caderno de viaxe”.

Macedo, Ana Cristina, Marta **Neira Rodríguez** e Sara **Reis da Silva** (coords.), *Primeiros Leitores, Primeiros Poemas*, ilust. da cuberta Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, Porto (Portugal): Tropelias & Companhia/ inED (Centro de Investigación e Inovação em Educação-ESE-IP Porto, novembro 2018, 203 pp. (ISBN: 978-989-8582-69-0). ■

Volume monográfico centrado na presenza e impacto da poesía nos lectores máis novos. Nel desenvólense cuestións como os formatos editoriais destas obras dirixidas a un público infantil, a mediación e promoción que se fai destes libros, a súa presenza na escola etc. Está coordinado polas investigadoras que forman parte da Rede Temática “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, acóllense os seguintes traballos:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Eucación Emocional. A poesía nas escolas infantís. María Victoria Moreno e Antonio García Teijeiro”, “Estudos e Notas”, pp. 113-133.

Despois de reflexións e apostas sobre o que se entende por Educación emocional, Educación literaria, Preliters, Poesía, tendo en conta o facer doutros estudosos citados, céntrase este traballo nas emocións, sentimentos, valores... transmitidos en dous poemarios: *Eu conto ti cantas*, de María Victoria Moreno, e *Poemar o mar*, de Antonio García Teijeiro. Trátase dunha achega á obra de dous escritores galegos homenaxeados no ano 2017: a primeira, co recoñecemento do Día das Letras Galegas 2018; o segundo, co Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil do Estado español 2017.

-Mar Fernández-Vázquez, “Poemas para ‘Primeiros lectores’ na ‘Montaña encantada’ de Everest Galicia”, “Estudos e Notas”, pp. 135-147.

Principia aseverando que “os primeiros lectores ocupan un chanzo primordial no ámbito da lectura no século XXI”, antes de resaltar a prioridade de que os mediadores incidan na necesidade de ler poesía e de romper con tres prexuízos estereotipados sobre a poesía esgrimidos por Jean-Pierre Siméon. A seguir céntrase nos dez poemarios dirixidos á franxa de idade “primeiros lectores” da colección “Montaña encantada” existentes no catálogo da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, e que comenta á luz da educación literaria e artística, da formación de lectores competentes e dos recursos máis salientábeis dos poemarios elixidos. Conclúe que a ducia de poemarios analizados “reflicten as dificultades de marcar lindes entre franxas etarias moi próximas, como son os primeiros lectores e o lectorado autónomo” e o necesario rol activo dos mediadores para seleccionar obras e das editoriais para “seguir a repensar o destinatario a quen se queren dirixir en primeira instancia”.

- M^a del Carmen Ferreira Boo, “Aproveitamento didáctico da poesía infantil na etapa de Educación Infantil: a colección ‘Do Berce á Lúa’ de Kalandraka Editora”, “Estudios e Notas”, pp. 149-161.

Saliéntase a importancia de introducir a poesía na Educación Infantil, etapa na que a infancia se pon en contacto co texto literario dende unha vertente lúdica, mais que supón o momento idóneo para a aprendizaxe das convencións da literatura. Nesta etapa destácase o uso do Cancioneiro Infantil e tamén de obras poéticas de nova creación que imitan as características da poesía de transmisión oral, por exemplo, a colección “Do berce á Lúa”, composta por oito títulos da autoría de Antonio Rubio, que se presentan como poemas, ilustrados por Óscar Villán, cos que achegar a poesía ao prelectorado dun xeito lúdico e interdisciplinar, unindo a literatura coa pintura.

- Juan José Varela Tembra, Lourdes Hernández Delgado e Gabriel Sánchez Sánchez, “Poesía infantil e ensinanza de linguas. A obra *Niños Raros* como pretexto de aprendizaxe”, “Estudios e Notas”, pp. 163- 170.

O obxectivo desta achega é analizar un texto de Literatura infantil: *Niños raros*. Sinálase que esta obra catalogada como poesía infantil é un libro onde os versos e a ilustración actúan de modo coordinado, permitindo ao lectorado unha experiencia estética e sensorial acorde coa súa idade e coas súas expectativas lúdicas e de aprendizaxe. Afóndase no contido do libro, así como nas súas posibilidades didácticas no contexto da educación lingüística e literaria. Tómase como referente o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, sinalando o valor que pode ter o citado libro de poesía como pretexto para levar a cabo actividades encamiñadas ao desenvolvemento de habilidades lingüísticas do alumnado en distintas linguas, redundando na súa formación integral como persoas.

- Estella Leticia Freire Pérez, “Mundos obxectos. Poesía visual no cotiá”, “Estudios e Notas”, pp. 171- 178.

Preséntase a proposta Mundos Obxectos: Poesía Visual no Cotiá que traballa nas fronteiras entre a representación, o decíbel e o visíbel no debuxo infantil e de como estes límites se dilúen en manifestacións próximas ao concepto de poesía visual. Coméntase que as primeiras mostras de expresión gráfica na infancia teñen ademais dun forte contido plástico e matérico, un contido narrativo moi potente que emana da imaxe e se converte en verbas e historias onde imaxe, forma e palabra funcionan como un único elemento.

Destácase que traballar estas cuestións dende os primeiros anos é fundamental para fomentar a autoexpresión e a imaxinación, a expresividade, a oralidade e a interrelación imaxe-palabra. Esta dualidade debe ser tratada dende unha óptica pluridireccional, afastada da convención e ligada ao imaxinario persoal, onde a experiencia vivencial sexa a detonante dos significados e significantes. Coméntase que a proposta *Mundos Obxectos: Poesía Visual no Cotiá* se traduce na sentación do desenvolvemento dun obradoiro na que os obxectos máis insignificantes da nosa contorna se converten en elementos potenciadores da expresión plástica, visual e narrativa das producións infantís.

Pena Presas, Montse, *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 360, 2018, 172 pp. (ISBN: 978-84-8487-404-1).

Ensaio que xira arredor de dúas ideas fundamentais: a pegada dos feminismos nas obras literarias dirixidas ao público infantil e xuvenil e a tarefa das mulleres pioneiras na defensa da coeducación e dunha literatura igualitaria en Galicia. Nel, recupéranse nomes de activistas críticas e autoras que apostaron por unha literatura de muller, cuxas obras estivesen protagonizadas por personaxes femininas e coméntanse novas liñas temáticas que apostan pola igualdade na produción literaria infantil e xuvenil galega. A súa finalidade é, segundo palabras da propia Pena Presas, “aprender e ensinar”.

Recensións:

- Pilar Ponte, “LIX e feminismos. Ler para aprender e ensinar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, “Libros”, 13 setembro 2018, p. VI.

En primeiro lugar, comeza salientando que se trata dun monográfico cuxa finalidade é “unha obra para aprender e ensinar”. Cualifica o volume como un ensaio fundamental que debería empregarse como manual de uso para docentes e público en xeral. Coméntanse os tres obxectivos que a autora sadense sinala no seu monográfico: definir un corpus teórico que permita pór de manifesto a relación existente entre o feminismo e os estudos de LIX no contexto galego; visibilizar o labor daqueles grupos feministas e de mulleres docentes que na procura dunha educación igualitaria; e analizar os textos literarios infantís e xuvenís no eido galego para logo comprobar o impacto que tivo neles o movemento feminista. Distínguense dúas partes do monográfico: a primeira “Movemento feminista, coeducación e crítica de literatura infantil en Galicia” e a segunda intitulada “O impacto dos feminismos na literatura infantil galega”. A autora comenta a clasificación que propón Pena Presas da LIX galega distinguindo catro etapas. Para finalizar, indícase que o volume contén unha listaxe de posibles liñas de investigación de interese para desenvolver nun futuro.

- Marta Neira, “A pegada feminista na Literatura Infantil e Xuvenil galega”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 2 decembro 2018, p. 6.

Hai uns meses publicouse en Laiovento *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena, un ensaio de imprescindible lectura para quen queira coeducar e coñecer a pegada feminista na literatura escrita en lingua galega para os máis novos. A monografía recolle parte da tese de doutoramento desta profesora da USC, defendida

en 2016 e dirixida pola profesora de Filoloxía Dolores Vilavedra e polo profesor de Ciencias da Educación Bieito Silva. Divídese en dous grandes apartados: no primeiro deles faise un achegamento aos vencellos entre o movemento feminista, coeducación e literatura infantil no contexto galego; mentres que no segundo se establecen catro etapas para o impacto dos feminismos na literatura infantil galega e se ofrece unha visión panorámica dos textos que representarían cada unha delas. É unha obra necesaria que cubre un baleiro na crítica académica aplicada á LIX.

- Amanda Rei, “Para un estudo contemporáneo da literatura galega”, *Grial*, n.º 220, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2018, p. 87.

Salienta que a obra ten como fundamento o vínculo entre o movemento político do feminismo e a creación literaria galega para os máis novos. Especifica que a obra está dividida en dúas partes: a primeira remite a obras educativas en galego que apostan polo ensino igualitario e que recolle a repercusión do movemento feminista na escola e na entrada de voces femininas no sistema literario galego; e a segunda parte inclúe unha división cronolóxica da produción literaria infantil e xuvenil en catro etapas. Sinala que estas etapas abranguen a perspectiva masculina, a irrupción do feminismo, o protagonismo das mulleres e a relación entre o feminismo e outros movementos destinados a visibilizar minorías. Por último, reflexiona sobre a relevancia do estudo para a comprensión da literatura galega.

- Antía Marante Arias, “Un libro que fala de libros”, *Tempos Novos*, n.º 257, “protexta”, outubro 2018, p. 82.

Ofrécese unha recensión da obra *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia* (Laivento, 2018) de Montse Pena Presas. Explícase que constitúe unha obra de ensaio froito da tese doutoral da autora sobre o vínculo entre o feminismo e os libros de literatura galega dirixidos aos máis novos. Cóntase que a obra está dividida en dous apartados “Movemento feminista, coeducación e crítica na literatura infantil en Galicia” e “O impacto dos feminismos na literatura infantil galega” que exploran a aproximación e o pouso do feminismo na literatura infantil e xuvenil galega. Menciónanse distintas fontes bibliográficas ás que a autora acode. Destácase o seu estudo sobre o movemento feminista e a educación. Saliéntase a división cronolóxica da produción literaria infantil e xuvenil que chega atendendo á análise das publicacións dende 1927 a hoxe en día. Resáltase o pouso crítico da obra.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI*, ilustrada da cuberta e interiores Francisco Cabo Villaverde, Vigo/ Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2018, 512 pp. (ISBN: 978-84-9121-473-1). ♦

Nova monografía da Rede LIJMI coordinada por Marta Neira Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto López e centrada, como o seu título anticipa, na actividade das mulleres na literatura dirixida aos máis novos do século XXI, se ben, nalgúns dos traballos que acolle, aparecen referencias necesarias a períodos anteriores. Primeiramente ofrece un conxunto de cinco estudos panorámicos que teñen como obxecto de análise o labor das mulleres nas literaturas castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca no século XXI. A estes súmanselle un par de traballos máis centrados nas literaturas brasileira e mexicana.

A continuación, como vén sendo habitual en moitos dos volumes que integran a colección á que pertence esta monografía, preséntase, no apartado “Unha selección para a educación literaria”, un conxunto de oitenta e sete obras de autoría feminina que dá conta do bo facer das mulleres nas literaturas dos ámbitos ibérico (literaturas castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca) e iberoamericano (literaturas brasileira e mexicana). Trátase de obras de autoras que, segundo o criterio que privilexie cada ámbito, se poden corresponder con voces femininas xa consolidadas, con produción literaria no século XX e continuidade no XXI, ou con novas voces que iniciaron a súa andaina neste último século. No apartado “Comentarios cara a formación lectora” estúdanse un total de vinte e cinco obras consideradas representativas da produción de autoría feminina; obras narrativas, poéticas ou dramáticas que visualizan o papel das mulleres nas literaturas infantís e xuvenís dos ámbitos castelán, catalán, galego, portugués, vasco, brasileiro e mexicano e que foron publicadas, na súa maioría, no século XXI. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega ou en galego acóllense os seguintes traballos:

- Carmen Ferreira Boo, Carmen Franco-Vázquez e Marta Neira Rodríguez, “As mulleres na LIX galega do século XXI”, pp. 67-104.

Panorámica na que Ferreira Boo, Franco-Vázquez e Neira Rodríguez estudan as autoras en función da xeración literaria á que pertencen e establecen a clasificación “Voces consolidadas” ou “Novas voces” para dar conta da produción narrativa, poética e dramática publicada no século XXI. No seu traballo ofrecen tamén unha panorámica sobre o estado da ilustración feminina na LIX galega que parte daquelas artistas máis destacadas e con presenza nas editoriais galegas do século XXI.

- Mar Fernández-Vázquez, “Patrimonio cultural dende a ollada feminina: *A filla do Minotauro* (2018), de Marilar Aleixandre”, pp. 223-235.

Tras sintetizar as abondosas facetas desenvolvidas por Marilar Aleixandre, coméntase a súa última narración, a primeira dunha escritora recoñecida co premio Raíña Lupa: *A filla do Minotauro* (Editorial Galaxia, 2018), novela de literatura de fronteiras, entre o lectorado xuvenil e o público adulto. Ofrécese unha lectura focalizada na reescritura ideolóxica e instrumental de obras clásicas da literatura universal e analízase o rol das mulleres como protagonistas e antagonistas relevantes na transformación de conflitos e na protección e salvagarda do patrimonio cultural.

- Juan José Varela Tembra, “A diversión e a fantasía feita espectáculo teatral para público familiar: *O refugallo* (2013), de Paula Carballeira”, pp.315-322.

Análise de *O Refugallo*, peza gañadora do VI Premio Manuel María de literatura dramática infantil en 2011. Coméntase que é unha obra que nos fai reflexionar sobre o mal costume que temos de dar por inservíbeis obxectos que aínda teñen vida útil, pero dominados polo consumismo van para o caldeiro do lixo. Unha mensaxe de moi fondo calado, que leva a formular a seguinte cuestión: é transferíbel a definición anterior ao ámbito humano? Pódense considerar as persoas un produto residual, algo que sobra e carente de valor? É á conclusión á que se chega despois da análise da obra, pois, segundo Varela Tembra, desgraciadamente, estamos nun mundo que se converteu nunha sociedade de consumo feroz e despiadado no que mesmo os nenos (e calquera considerado non produtivo) son abandonados sen o menor signo de remorso.

- Armando Requeixo, “A chamada da esperanza: guerra e superación en *Historia da*

bicicleta dun home lagarto (2014), de Fina Casalderrey”, pp. 323-334.

Achegamento crítico ás principais características e elementos definitorios de *Historia da bicicleta dun home lagarto*, novela de Fina Casalderrey publicada en 2014. Primeiramente sinálanse as orixes nas que afinca a obra e infórmase da súa recepción inicial e das traducións ás que deu lugar. A seguir, analízanse as temáticas presentes no relato, o papel que neste xogan os diferentes personaxes principais e, por último, a súa estrutura e estilo.

- Ánxela Rodríguez Rodríguez “Unha aposta pola sensorialidade visual e sonora das palabras: *Ring, Ring* (2018), de Ana María Fernández”, pp. 375-382.

Análise de *Ring, Ring*, da escritora Ana María Fernández, unha aposta pola poesía infantil de carácter lúdico-poético, sen renunciar a unha sinxela e, no entanto, fonda reflexión filosófica do mundo, con imaxes de esvaído trazo surrealista e con recursos de intertextualidade formal e conceptual coa poesía de tradición oral, elementos todos que favorecen o resultado dunha obra considerada fonda e interesante coa que achegar a poesía aos máis novos.

VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

García Padrino, Jaime, *Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015)*, Madrid: Marcial Pons, Ediciones de Historia, 2018, 689 pp. (ISBN: 978-84-16662-51-7).

Historia da Literatura Infantil e Xuvenil da autoría de Jaime García Padrino, escrita en lingua castelá, que se divide en catro partes: “La Literatura Infantil en la sociedad de posguerra (1939-1952); “La recuperación de la Literatura Infantil española (1952-1970)”; “Dos décadas prodigiosas para la Literatura Infantil y Juvenil (1970-1990)” e “Una Literatura Infantil y Juvenil para el siglo XXI (1990-2015)”. Nela o autor madrileño achégase á produción literaria infantil e xuvenil de autoría galega, de maneira que autores e autoras pertencentes a diferentes xeracións da LIX galega son abordados e/ou citados. É o caso de An Alfaya, Fina Casalderrey, Carlos Casares, Antón Cortizas, Margot Chamorro, Xabier P. Docampo, Anxo Fariña, Ana María Fernández, Agustín Fernández Paz, Ana María Galego Gen, Santiago Jaureguizar ou Paco Martín, por citar algúns exemplos. Tamén son nomeados e recollidos na bibliografía diferentes investigadores e investigadores, tal é o caso de Blanca-Ana Roig Rechou, por citar un só exemplo dos recollidos.

Recensións:

- Mar Fernández Vázquez, “García Padrino, J. (2018) Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015)”, *Anuario de investigación en literatura infantil y juvenil*, nº 16, 2018, pp. 159-162.

Mar Fernández Vázquez repasa a traxectoria de Jaime García Padrino antes de presentar *Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015)*. Explica que se divide en catro partes coas súas correspondentes subseccións e os contidos recollidos en cada unha. Indica que esta obra de investigación conxuga todas as liñas de investigación que o autor abordou ó longo da súa traxectoria e que ofrece precisos comentarios como mediador privilexiado.

Petit, Michèle, *Ler o mundo*, trad. Fernando Moreiras, Pontevedra: Kalandraka editora, 2018, 184 pp. (ISBN: 978-84-8464-412-5). ■

Ofrece unha reflexión a favor da literatura e da arte, en todas as súas formas, coa intención de que chegue a formar parte da vida cotiá, especialmente da vida diaria das rapazas e rapaces. A obra xorde como un acto de rebeldía ao comprobar que a lectura se está a converter nun instrumento para conseguir rendibilidade inmediata, como se a utilidade fose o seu único obxectivo. Entre as obras literarias citadas, fai alusión á tradución ao galego da obra de Michèle Petit.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “O misterio de dar de ler”, *Sermos Galiza*, nº 320, “fóradeserie”,

“letras miúdas”, 31 outubro 2018, p. 7.

Menciona, con motivo da tradución ao galego da obra de Michèle Petit, as funcións que *Ler o mundo* lle outorga á literatura e, entre elas, fai referencia á literatura coma ferramenta de aprendizaxe e de expresión dun mesmo, de desenvolvemento da empatía e da conciencia crítica e de creación dun refuxio para clases sociais tradicionalmente excluídas.

VII. 5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Arias Chachero, Patricia, “No silencio abafante da posguerra”, *Grial*, n.º 218, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2018, pp. 81-82.

Ofrece unha recensión da obra *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017) de Xavier P. DoCampo. Fai referencia ás obras anteriores do autor *O misterio das badaladas* (1986), *A chave das noces* (1998), *Cando petan na porta pola noite* (1994) e *O país adormentado* (2012). Di que *A nena do abrigo de astracán* constiúe unha obra para o público adulto, ambientada na década dos corenta e protagonizada por unha rapaza que vai vivir cos seus padriños á vila de Ribadaínsua trala morte dos seus pais. Explica que van debullando, a través dun narrador omnisciente, as situacións de coerción propias da posguerra que padecen diferentes habitantes da vila e a determinación da protagonista de lles facer fronte.

Barreiro, Manu, “13 grolos da nova BD galega”, *Tempos Novos*, n.º 248, “Masa crítica”, xaneiro 2018, pp. 81-82.

Recensión da obra *Licor café* (Demo Editorial, 2017) de varios autores. Explica que a obra inclúe trece historias breves de banda deseñada de autores galegos. Dise que o vínculo entre as diferentes historias e a bebida que dá título ao libro. Resáltase a variedade, a actualidade, a complexidade e o carácter vangardista das historias incluídas que abranguen dende o tradicional até o conceptual, dende o urbanismo até a ruralidade galegos ou dende o surreal ao real. Anótase a influencia do manga e da ciencia ficción sobre as propostas. Reflexiónase sobre a influencia do Colectivo Polaquia e o seu labor relacionado coa autoedición e os fanzines en relación á obra dos novos creadores de banda deseñada galega.

_____, “Memoria gráfica da nosa BD”, *Tempos Novos*, n.º 252, “Masa Crítica”, maio 2018, pp. 86-87.

Recensión da obra *BDG70. A revolta do cómic galego* (Universidade da Coruña, 2017) de varios autores. Fai referencia a que esta obra xorde, por unha parte, a raíz da tese de doutoramento de Xulio Carballo Dopico sobre banda deseñada galega e, por outra, a raíz dunha exposición co mesmo nome que tivo lugar no 2016 na sala Normal da Universidade da Coruña. Sinala que as características da banda deseñada galega que aparecen recollidas na obra son o pouso reivindicativo, intelectual e popular. Destaca as obras *O home que falaba vegliota* de Reimundo Patiño e *O Emigrante* de Xanquín Marín, así como a produción doutros autores de banda deseñada coma Pepe Barro, Xosé Díaz, Antón Patiño, Pablo Oitabén, Fran Jaraba ou Pepe Carreiro. Di que a obra tamén inclúe publicacións periódicas nas que participaron Fran Jaraba ou Miguelanxo Prado. Resalta a temática de ciencia ficción da banda deseñada para denunciar as inxustizas sociais. Por último, reflexiona sobre o valor histórico da obra.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Crónica da cultura”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 206, xaneiro-febreiro 2018, pp. 98-109.

Achega unha crónica sobre diversos fitos da cultura galega. No tocante á literatura galega, salienta a conmemoración do corenta aniversario da saída ao prelo da revista *Encrucillada* o 19 de xaneiro na Real Academia Galega. Destaca que Alberto Ramos Ríos gañou a XVII edición do Premio Risco de Creación Literaria coa obra *A simetría das bestas* que xira arredor das dificultades económicas e sociais da actualidade. Apunta que Marilar Aleixandre gañou o Premio Raíña Lupa coa obra *A filla do Minotauro* sobre unha entidade que resgarda obras artísticas. Di que Andrea Maceiras foi finalista do mesmo premio coa obra *Como bágoas de Dragón*. Informa de que Estíbaliz Espinosa gañou o Premio de Poesía Afundación coa obra *As neuronas irmás*. Comenta que Méndez Ferrín recibiu o Premio Voz e Liberdade e Margarita Ledo Andián o Premio Otero Pedrayo. Dá conta de que Diego Alfonsín Rivero gañou o Premio Manuel Lueiro Rey coa obra *Non o saben as estrelas* e que Antón Rodríguez Lopo gañou o Premio Manuel Loureiro Rey coa obra *Corpo*.

Fernández, M^a Jesús, “Panorama. Galicia: Premios, adioses... y una buena producción”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 285, setembro-outubro 2018, pp. 48-63.

María Jesús Fernández comeza o seu artigo sobre o panorama da literatura infantil e xuvenil galega en 2018 recordando o falecemento de Xabier P. Docampo e a súa obra literaria. Faise eco da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil 2017 a Antonio García Teijeiro con *Poemar o mar* e a dedicatoria do Día das Letras Galegas a María Victoria Moreno. Repasa tamén obra literaria da autora e salienta as publicacións de varias bibliografías: *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito, Doce cartas a María Victoria Moreno, A voz insurrecta. María Victoria Moreno entre a literatura e a vida e María Victoria Moreno: Sementadora de futuro*. No que concirne á literatura para adolescentes e adultos xoves no xénero narrativo, destaca a María Reimóndez, con *Fóra do normal*; a Iria Misa, con *Segredos no solpor*; a Andrea Maceiras, con *O que sei do silencio*; a Helena Villar Janeiro, con *Amor por catro*; a Marcos Calveiro, con *Días azuis, sol de infancia*; a Alberto Canal, con *O trapequista da malla de rombos*; a Manuel Núñez Singala, con *Noite de temporal*; a Manuel Lourenzo González, con *Ceiba de luz*; a Xosé Duncan, con *As lembranzas perdidas no lago Antelväri* e a Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre con *Imaxina animais*. En poesía e teatro, resalta *A soidade do asasino*, de Carlos G. Reigosa; *Street poems*, de Fran Alonso e *Soneto no alfabeto* de Xoán Carlos Domínguez Alberte. Canto ás traducións, menciona *A terra de Ana*, de Jostein Gaarder; *Verdade*, de Care Santos; *Descoñecidos*, de David Lozano; *Coraline*, de Neil Gaiman; *O curioso mundo de Calpurnia Tate* e *Nemo, o xigante de pedra*, de Davide Morosinotto. Para lectores de oito a doce anos, destaca os poemarios *Tinta de luz*, de Berta e Pepe Cáccamo e *Cara de velocidade*, de Marga Tojo. Menciona tamén *Ring, ring...! Quen chama?* de Ana María Fernández. En canto á narrativa nesta franxa de idade, salienta *Mael. Máis alá da Fraga de Cornanda*, de Uxía Meirama; *A señorita Bubble, Os arquivos secretos de Escarlatina e As peripecias de Extravaganza Pérez*, de Leticia Costas; *Escaqueis e Rome,u* de Antonio Fraga e Jacobo Fernández Serrano; *Muriel* de María Canosa; *A noite das biciletas*, de Teresa González Costa; *Do meu nome e outras trapalladas*, de Antonio Yáñez Casal; *Hugo e o ladrón pantasma*, de Carlos Vila Sexto; *O segredo da vella librería*, de Xabier López López; *Choiva de ras* de Ánxela Loureiro e *Os Megatoxos e a Batalla de Rande*, de Anxo Fariña. En teatro, menciona *O valo*, de Carlos Labraña. Canto a cómic, recolle *Animalia 1. Verde*, de Xosé Tomás e *Xinfu na maldición guauchuky*, de Adrián Morgade. En non ficción, destaca *Pioneiras*.

Galegas que abriron camiño de Anaír Rodríguez e a colección Mulleres Bravas da Nosa Historia de Urco Editora, así como *Bos días, Maruja. 12 estampas dunha pintora, Onde vai Carlos e María Victoria, terra adiante* de Xosé A. Perozo e *Unha gota é un océano. Manual de bos usos da auga* de Llerena Perozo Porteiro. En traducións, destaca *O lapis máxico de Malala*, de Malala Yousafzai; *A árbore dos somos*, de Fernando Alonso e Emilio Urberuaga e *O segredo do avó*, de Carles Cano e Federico Delgado. En cómic, menciona *Astérix en Italia* e *Inventario ilustrado dos dinosauros*, de Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel. Para os primeiros lectores, destaca os álbums *O branco non pinta*, de Antía Otero e María Brenn; *As estrambóticas aventuras do barón de Münchhausen*, de Carlos López e David Pintor; *Cadernos de lúas*, de María Canosa e Dani Padrón; *Un máis*, de Olalla González e Marc Taeger; *Animais de compañía*, de Lourenzo González e Óscar Villán; *Xandra a landra que quería voar*, de Mercedes Queixas e Paula Pereira; *Os Wombis*, de Emilia Rebumbio e Irene Sanjuán e *Pericles e a balea*, reedición do libro escrito en 1983 por Xohana Torres. Canto ós libros disco, salienta *Serpe de Cristal*, de Federico Fernández; *Eu cocino, ti cocinas?*, do grupo Pirlampo; *Monstros con ou sen consentimento*, de Chuches Amil; *Coas miñas mans*, de Pablo Díaz; *Radio Bule-Bule*, de Paco Nogueiras e David Pintor; *O coelliño que quería un pastel*, de Ramon Besora, Fina Casalderrey e Zuzana Celej; *Telma, Leire e os coellos sabios*, de Xosé Antonio Perozo e Viki Berre e *Vanesa no quiere ser princesa* de Xosé Antonio Perozo e Jaime Asensi; *5 minutos*, de María Lado con ilustracións de Nove Noel; *O lobo con botas*, de El Hematocrítico e Alberto Vázquez; *O cocineiro Martiño e as cenorias desaparecidas*, de Iago López e Macus Romero; *O ladrón de soños*, de Sabela Fernández Trelles e Sabela Alicia Suárez; *Violeta quere ser vampira*, de Ramón D. Veiga e David Sierra e *O pintor de flores* e *Onde está Nubebebé?*, ambos de Anxo Fariña. No que concirne aos clásicos traducidos ao galego, destaca *Elmer*, de David McKee; *Allumete*, de Tomi Ungerer; *Paso a paso*, de Leo Lionni; *Miguel, conto exemplar*, *Os caimáns van de paseo*, *Sopa de polo con arroz* e *O un era Xoán*, de Maurice Sendak; *Dez dedos nas mans e dez dedos nos pés*, de Helen Oxembury e Men Foz, *As tres curuxiñas*, de Martin Waddell e Patrick Benson e *Saltón no camiño*, de Arnold Lobel. En libros-álbum traducidos, menciona *Bromas na escuridade*, de Daniela Kulot; *Por que?*, de Nikolai Popov; *A horta de Simón*, de Rocío Alejandro e *Nina y Antón*, de Antonio Ventura con ilustracións de Alejandra Estrada. Finaliza o seu panorama do ano homenaxando á recentemente falecida Christine Nöstlinger.

Fidalgo Giráldez, Andrea, “Unha ollada inocente sobre a posguerra”, *Tempos Novos*, n.º 254, “protexta”, xullo 2018, pp. 81-82.

Recensión sobre a obra *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017) de Xabier P. DoCampo. Fai referencia á traxectoria do autor no ámbito da literatura infantil e xuvenil. Explica que *A nena do abrigo de astracán* é unha novela dirixida a un público xuvenil e adulto e destaca que a temática da obra xira arredor da posguerra e o pouso documental da narración. Di que a protagonista da novela é unha nena que adoita ir ao cine para despois contarlle as películas a un familiar. Comenta que a obra consta de sete capítulos co título dos filmes que viu a protagonista. Anota que a perspectiva da protagonista baseada na inocencia é a que lle outorga unidade á obra que achega unha visión dos habitantes da vila de Ribadeínsula marcada polas inxustizas da ditadura ou a ideoloxía do nacionalcatolicismo.

Iglesias, Óscar, “A frenética escena da BD galega autoeditada”, *Luzes*, nº 52, “Reportaxe”, xaneiro 2018, pp. 76-81.

Achega un estudo sobre o estado da edición da banda deseñada galega. Fai referencia aos festivais de banda deseñada Autobán celebrado na Coruña, No Tengo Mamá celebrado en Vigo, Au/Ou celebrado en Ourense, Magosto gráfico celebrado na Coruña e Fun Fun Fun celebrado en Santiago de Compostela. Tamén menciona o stand Noroeste BD a cargo de Demo Editorial e David Calviño. Ofrece un percorrido pola evolución da banda deseñada galega dende a década dos oitenta até a actualidade, aludindo aos seguintes fanzines: *Xofre* (1979) de Miguelanxo Prado, Fran Jaraba e Xan López Domínguez; os sete números de *Frente Comixario* (1989-1993) que deu lugar ás Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e a *O fanzine das xornadas* (1994-2012) dirixido por Henrique Torreiro; *BD Banda* de Kiko Dasilva e Anxo Paz ou *Barsowia*. Tamén inclúe as principais características dos fanzines actuais e da súa situación editorial.

Iglesias, Óscar, “David Rubín: “Vivimos nun monte de merda xestionado por catro privilexiados”, *Luzes*, nº 58, “Entrevista”, xullo 2018, pp. 79-85.

No contexto dunha entrevista ao autor de banda deseñada David Rubín sobre a súa obra en castelán e inglés menciona a outros autores de banda deseñada galega actual coma Miguelanxo Prado, Xulia Pisón, Dani Xove, Kike J. Díaz, Xulia Vicente, Luis Yang ou Cristian Fojón.

Lis, Xaime, “Viñetas desde o atlántico 2018. A festa da banda deseñada”, *Tempos Novos*, n.º 256, “Todo é peixe”, setembro 2018, pp. 42-45.

Crónica arredor da XXI edición de Viñetas desde o Atlántico. No tocante á literatura galega, destaca a presenza dos autores de banda deseñada David Rubín, Emma Ríos, Tirso Cons ou Xosé Tomás. Tamén fai alusión ao fanzine *Barsowia*. Anota que David Rubín anunciou a saída do prelo da súa obra en galego *A tetería do oso malaio* a cargo de Demo Editorial. Resalta que o evento acolleu a exposición *Squeeze-Oh!* que acolleu obras de autores de banda deseñada galega como Begoña García- Alén, Berto Fojo, Andrés Magán, Óscar Raña, Brais Rodríguez, Cynthia Alfonso, Santi Z., Luís Yang e Los Bravú. Destaca a importancia que tivo a autoedición de banda deseñada galega tanto neste festival coma no Autobán. Fai referencia ás propostas de banda deseñada galega que se deron a coñecer no festival: *O tesouro de Lucio* de Mikel Santos sobre a biografía de Lucio Urtubia e a recompilación de tiras gráficas irónicas e humorísticas titulada *Mas futvol por favor* de Leandro Barea. Do mesmo xeito, sinala a saída da revista de banda deseñada en galego *A viñeta de Schrödinger* e a continuación do fanzine de terror e ciencia ficción *Altar Mutante*.

Pena Presas, Montse, “22 Segundos”, *Revista Galega de Educación*, n.º 70, “Outras lecturas”, 2018, pp. 98-99.

Recensión da obra *22 Segundos* (2017, Xerais) de Eva Mejuto. Destaca que constitúe un libro arredor da temática transxénero e que presenta o conflito de xénero dunha adolescente que verte a través das redes sociais o seu proceso de identificación e

transformación co xénero oposto. Destaca a curta extensión dos capítulos, a velocidade no desenvolvemento da trama que xira arredor do proceso de aceptación, apoio familiar e escolar e acompañamento profesional e persoal. Apunta a relevancia das personaxes secundarias que conforman o entorno do protagonista e o acompañan no seu cambio. Comenta que a obra *Benquerida catástrofe* (2007) de Teresa Moure trata a mesma temática dirixida a público adulto.

Ramos Rodríguez, Xosé e Costa Rico, Antón “Panoraula”, *Revista Galega de Educación*, n.º 72, “Panoraula”, 2018, pp. 88-91.

Panorámica sobre diferentes eventos destacados en relación ao ensino durante o ano 2018. No tocante á literatura galega destaca a saída do prelo da revista de banda deseñada en galego *A viñeta de Schrödinger* e de *Aulas libres*. *Revista de pensamento, información e debate do STEG*. Fai referencia tamén ao pasamento do escritor Xabier P. Docampo.

Ramos Rodríguez, Xosé e Costa Rico, Antón, “Panoraula”, *Revista Galega de Educación*, n.º 70, “Panoraula”, 2018, pp. 89-91.

Achega unha panorámica sobre diferentes eventos destacados en relación ao ensino durante o ano 2018. No tocante á literatura galega destaca a exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar en Vigo. Doutra banda, apunta que Paco Martín pasou a ser socio de honra de Galix e que Antonio García Teijeiro recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil pola súa obra *Poemar o mar*. Destaca tamén a publicación das obras *Tonecho* de Xaquín Marín, os libro-cd para a infancia *Camiños* de Magín Blanco e *Picariños* con textos poéticos de Pura e Dora Vázquez.

Sampedro, Pilar, “Abalamos a árbore da que debía comezar a caer froito” Entrevista a Paco Martín”, *Revista Galega de Educación*, n.º 70, “Entrevista”, 2018, pp. 50-52.

Entrevista ao escritor Paco Martín na que se menciona que o autor converteuse en socio de Honra de GALIX no 2017 e que resultou galardoado co Premio Nacional de Literatura Xuvenil en 1986 co libro *Das cousas de Ramón Lamote*. Apunta tamén que fora galardoado co premio Barco de Vapor pola mesma obra en 1984. Sinala que este libro foi o primeiro escrito en galego en entrar na Lista de Honra do IBBY en 1986 e na Lista dos White Ravens. Destaca a temática, social, crítica e humorística da obra e fai referencia a que xeración lamote está integrada por Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Xavier Senín e o propio Paco Martín. Menciona outras obras do autor coma *Muxicas no espello*, *Das novas cousas de Ramón Lamote*, *O libro das adiviñas*, *Lembranza nova de vellos mesteres*, *Medio burato*, *Auga para encher un cesto*, *No cadeixo* ou *E agora cun ceo de lama*. Do mesmo xeito, alude a que Alfredo Conde gañou o premio nacional de narrativa con *Xa vai o grifón no vento* e a outros escritores da literatura galega coma Neira Vilas, Xohán Cabana ou Lois Diéguez.

Tato, Maribel “Quero comezar as...”, *Luzes*, n.º 53, “As libeiras”, febreiro 2018, p. 89.

Fai referencia á caracterización da protagonista da obra destacando a súa liberdade,

independencia, rebeldía e simpatía. Afonda en que a cativa protagonista reside soa nunha vivenda abandonada. Alude a que a obra orixinal foi publicada en 1945 e criticada por rachar co prototipo de rapaza virtuosa. Sinala a relevancia desta obra na literatura europea así como o ideal de liberdade que promove.

VII. 5. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Agrelo, Eulalia, “Dunha pobre infancia á heroicidade: Os nenos da varíola”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 4 febreiro 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *Os nenos da varíola* de María Solar (Compostela, 1970). Dise que a autora se retrotraeu ao ano 1803 para recrear a aventura duns nenos dos hospicios de Madrid, A Coruña e Santiago que puxeron a vida en risco para levar a vacina da varíola ás terras americanas. Saliéntase que a maioría dos vinte e sete capítulos da novela xiran ao redor dos preparativos afrontados pola Real Expedición Filantrópica da Vacina, que alteran por completo os hábitos do hospicio coruñés dirixido por Isabel Zendal.

Amarante, Celestino, “As hiperbólicas laranxas, corenta e cinco anos despois”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 marzo 2018, p. 7.

Dáse conta da publicación do facsímile da peza infantil *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, co gallo do homenaxe do Consello da Cultura Galega a Carlos Casares. Dise que a edición contén un libro co limiar de Ramón Villares; un estudo de Montse Penas Presas, a reprodución facsimilar e postais das ilustracións de Luís Seoane.

Carballo, Xulio, “Os lobos de Moeche”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 11 xaneiro 2018, p. 8.

Salienta a terceira edición do cómic *Os lobos de Moeche* de Manel Cráneo, que conmemora os 550º aniversario das revoltas irmandiñas e que ofrece material que explica o proceso creativo. Resume que presenta de forma retrospectiva as lembranzas de Martín da Ponte Ferreira e o seu irmán Lopo.

_____, “Alter·Nativo”, *Sermos Galiza*, n.º 283, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 8 febreiro 2018, p. 8.

Comenta *Alter Nativo*, obra de banda deseñada de Jorge Campos, salientando o seu ton desenfadado, atrevido e alternativo e a herdanza das clásicas novelas de náufragos. Indica que se inicia dun modo arquetípico e resume o seu argumento, salientando as diversas alternativas que ofrece o texto e a simultaneidade de accións no tempo e espazo, o que permite a interacción entre a historia e o lector. Por último, apunta o trazo limpo dos debuxos en formato apaisado en acordeón a dobre páxina que “posibilita distintos ritmos de lectura”.

Cortizas, Olalla, “Arnold Lobel, a poética do camiño”, *EEl Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 4 febreiro 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *Saltón no camiño* de Arnold Lobel (Los Ángeles, 1933-Nova York, 1987). Explícase que constitúe un evocador conxunto de seis relatos para nenos e adultos cun saltón como protagonista. Dise que a obra foi editada este ano 2017 por Kalandraka na colección “Tras os Montes”, dedicada á recuperación de clásicos contemporáneos. Saliéntase que se compón de seis relatos, “O Club”, “Unha casa nova”, “A varredora”, “A viaxe”, “Sempre” e “Pola tarde”, onde cada historia individual é, ao mesmo tempo, a etapa dun mesmo camiño, o que percorre o protagonista. Anótase que cada etapa achega novos personaxes e situacións que, desde unha ollada inxenua e amable, son capaces de animar reflexións profundas e favorecer cambios de perspectiva desde os que mirar o cotiá con outros ollos.

Fernández, M^a Jesús, “O branco non pinta”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 285, setembro-outubro 2018, p. 72.

Recensiona a obra *O branco non pinta*, de Antía Otero con ilustracións de María Brenn. Explica que se trata dun álbum no que se presentan a unha nai e a unha filla dialogando e pintando. Destaca as ilustracións en tons cálidos de María Brenn e a efectividade que logra a lectura á hora de chamar ao sono.

Fernández, Paula, “Arqueoloxía e aventura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 657, “Libros”, 15 febreiro 2018, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 607, “Lecturas”, 24 febreiro 2018, p. 10.

A autora recensiona a novela *A ánfora exipcia* (Tambre, 2017) da autora An Alfaya, con ilustracións de Ramón Trigo. Dirixida ao público xuvenil, Fernández desenvolve cuestións relacionadas coa trama, protagonizada por Roque, o espazo, o estilo e a temporalidade do discurso. Tamén se sinala que a autora estivo bebeu das novelas policíaca e de misterio para a creación da obra. Fernández remata a súa recensión afirmando que “o tema, os personaxes principais e a escrita [...], fan atractiva a novela”.

Fernández-Vázquez, Mar, “A palabra, unha subversión ante o pensamento único”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 1 abril 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *As palabras feridas* (Galaxia, col. Costa Oeste) de Jordi Sierra i Fabra. Explícase que constitúe unha novela de aprendizaxe que se basea na defensa da liberdade e na que a palabra funciona como motivo, argumento, leitmotiv e recurso estrutural. Dise que o título remite ao tema principal, silenciado na maior parte da novela a causa das opresivas medidas do “Gran Pai” durante a revolución e o posterior “sistema de reeducación” para impoñer á forza o seu pensamento único, disfrazado de “ben común” para a colectividade, co fin de afastala do decadente mundo occidental. Saliéntanse as palabras feridas de Wang Zhu, personaxe que desencadea o conflito, o preso 139 ao que o “sistema” tenta reducir a “un número en lugar de corazón”, por ser “un líder na sombra”.

_____, “A LIX galega, na Historia crítica actual”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 29 xullo 2018, p. 6.

Fálase do repaso que Jaime García Padrino fixo das obras *Literatura mayor de edad* (Pedro Cerrillo, 2013), *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (Xerais, 2015) e *Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015)* (Marcial Pons, 2018). No tocante á literatura galega, dise que este mediador destaca na poesía, a Manuel María na “renovada sensibilidad” e “evolución”, as irmás Pura e Dora Vázquez e Manuel María na “evolución”, Palmira Boullosa, David Otero, Antonio García Teijeiro e Ana M^a Fernández na “renovación”, Gloria Sánchez, García Teijeiro, Ana M^a, Babarro e Fran Alonso, e os antólogos, na innovación desde 1990. Explícase que, na narrativa, García Padrino salienta o pioneiro Neira Vilas, Docampo no “auge de la aventura” e Paco Martín e Docampo na “Nueva Fantasía”; e no teatro, Manuel María na orixe, Casares no “impulso”, e a “normalización” actual grazas ao estímulo de varias coleccións e a un escaso número de autores.

Ferreira, Carmen, “María Canosa reivindica a figura dos avós en ‘Muriel’”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 abril 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *Muriel* de María Canosa (Cee, 1978) publicada en outubro de 2017 por Edicións Xerais de Galicia. Dise que a obra foi gañadora do Premio Merlín. Explícase que o libro está estruturado en vinte e cinco capítulos e que reivindica a figura dos avós, grazas aos recordos de Muriel, o neno protagonista, que bota de menos a súa avoa, as conversas, os contos, os pasteis e os bicos máxicos que compartían e da que lle queda como recordo o carballo que ela plantara para el. Saliéntase que, na compañía dun raposo chamado Blim, Muriel descifra o verdadeiro valor da amizade e das relacións persoais, mergúllase na aventura da descuberta e do proceso de madureza e enfróntase aos seus medos. Anótase que acompañan o relato as ilustracións da artista plástica Lucía Cobo (Lugo, 1982).

_____, “Anuario Iberoamericano sobre el libro Infantil y Juvenil 2017”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 maio 2018, p. 4.

Infórmase de que, desde o ano 2004, a Fundación SM publica un anuario que acolle datos importantes sobre o sector editorial en España e Iberoamérica, información estatística, premios, tendencias, éxitos do ano e as claves para unha análise profunda da Literatura Infantil e Xuvenil. Apúntase que *O Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2017* ofrece panorámicas dos anos 2015 e 2016 en dezaseis artigos de especialistas de doce países iberoamericanos e, como novidade, inclúe un artigo sobre a LIX en Ecuador e outro sobre Estados Unidos. Saliéntase que, no caso da panorámica da LIX galega, Isabel Soto e Xavier Senín reparan na perda de dous escritores fundamentais, Agustín Fernández Paz e Xosé Neira Vilas, enumeran os galardoados nos diferentes premios e as principais novas, para despois repasar a oferta temática de títulos de narrativa, poesía, teatro, tradución e cómic.

_____, “Un novo volume para a formación dos mediadores”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 setembro 2018, p. 4.

Infórmase de que o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela acaba de publicar en libro electrónico o número 4 da colección “Cadernos do mediador” do Instituto de Ciencias da Educación, baixo o título *Guerras e*

conflitos sociais de onte e de hoxe (literatura e arte), coordinado por Rocío García Pedreira, María Josefa Porteiro e Verónica Pousada Pardo. Dise que o monográfico ofrece vinte e cinco traballos de investigadores brasileiros, españois e portugueses que tratan as temáticas dos conflitos bélicos e sociais e as súas consecuencias en obras de Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “Remozando contos populares a álbums”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 setembro 2018, p. 6.

Dise que a editorial Kalandraka dedica a colección “Os contos do trasno” a adaptar coñecidos contos populares agora cunha dobre narrativa textual e visual e que neste ano se publicaron tres dos seus títulos máis exitosos: *Os sete cabritos*, adaptado por Xosé Ballesteros a partir do conto dos irmáns Grimm e ilustrado por Sofía F. Rodríguez e Ana Míguez; *Os tres osos*, tamén de Ballesteros, a partir da versión de Robert Southey, e con proposta gráfica de Miguel Tanco; e *Garavanciño*, con adaptación de Olalla González e ilustracións de Marc Taeger.

_____, “Para traballar un tema tabú: a violencia de xénero”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 novembro 2018, p. 6.

Infórmase da publicación da obra *Produção Literária Juvenil e Infantil contemporânea: Reflexões acerca da pós-modernidade* coordinada por Maurício Silva, Diana Navas e Eliana Aperecida Galvão Ribeira Ferreira. Dise que o libro conta con dez traballos que se dirixen a profesores, mediadores da lectura en xeral e lectores. No tocante á literatura galega, recóllese o estudo realizado por Blanca-Ana Roig Rechou sobre *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre e *Zapatos de tacón*, de Lidya Boyunga Nunes, obras nas que a violencia de xénero se recrea con realismo e que ofrecen reflexións, dúbidas e solucións á mesma.

_____, “Volven as aventuras do coelliño branco”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 decembro 2018, p. 6.

Dise que a editorial Kalandraka recupera e actualiza na colección “Os contos do trasno” o álbum *O coelliño branco*. Explícase que constitúe unha adaptación a partir dun conto popular portugués realizada por Xosé Ballesteros (Vigo, 1965) con ilustracións de Óscar Villán (Ourense, 1972). Dise que a obra gañou o 1º Premio Nacional de Ilustración en 1999, entre outros. Anótase que este álbum tamén se publicou na colección “Makakiños”, en colaboración coa Asociación BATA. Explícase que conta a historia do coelliño branco, que busca axuda noutros animais para reconquistar o seu fogar, ocupado pola terrible cabra.

García, Rocío, “Roles femininos e Guerras mundiais”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 abril 2018, p. 4.

Dáse noticia da publicación do monográfico *Guerras mundiais na literatura infantil e xuvenil galega. Roles femininos* coordinado por Eulalia Agrelo e editada polo ICE (Instituto de Ciencias da Educación-USC) na colección “Materiais didácticos”. Explícase que, dos traballos que se ofrecen, os mediadores entre o libro e a lectura poden sacar información sobre obras nas que se recrean as grandes guerras mundiais e os roles das

mulleres nelas. Dise que o volume está constituído por catorce traballos de investigadores galegos e portugueses que achegan comentarios fundamentais para recomendar lecturas sobre esta temática.

_____, “Representacións do mundo árabe na LIX”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 abril 2018, p. 4.

Dise que os membros e colaboradores da Rede Temática “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), na súa última monografía publicada por Edicións Xerais de Galicia a finais do pasado ano, analizan a pegada da cultura árabe na LIX. Infórmase de que, tras un artigo teórico da profesora portuguesa Cláudia Sousa Pereira no que presenta o que se entende por mundo árabe e musulmán, acóllense cinco achegas panorámicas (castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca) do marco ibérico e dúas iberoamericanas (brasileira e mexicana). Dise que logo se ofrecen vinte e tres comentarios cara á formación lectora de obras representativas desta temática. Anótase que se pecha o volume con dous artigos dedicados a comentar a representación do mundo árabe nas ilustracións da Literatura Infantil e Xuvenil e no cinema occidental.

_____, “Ocultar o doloroso pasado como forma de sobrevivir”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xuño 2018, p. 5.

Explícase que Marcos S. Calveiro (Vilargarcía de Arousa, 1968) publicou en 2017 dúas narracións enraizadas na súa biografía e con temáticas abordadas por vez primeira na súa escrita. Apúntase que se trata de feitos históricos acaecidos na súa vila natal no inicio do século XX na novela para adultos *O xardín dos ingleses*, e da guerra civil española na novela xuvenil *Días azuis, sol da infancia*. Sobre esta última dise que constitúe unha novela de formación, exemplo de guerra vivida e recordada, e que presenta unha fórmula compositiva (un caderno escrito pola nai de Nico para reconstruír a historia de seu pai Nicasio) que non se descobre ata a última páxina. Saliéntase que a obra se caracteriza pola riqueza léxica, a sintaxe traballada e o gusto pola reiteración de frases e de elementos significativos para o fluír da trama. Dáse conta de que, para marcar o paso do tempo e a circularidade da historia narrada, basea a estrutura da trama na alternancia, xa da primeira e terceira persoas narrativas, xa nos saltos temporais desde o presente do neto nos capítulos impares ao pasado do avó nos capítulos pares. Destácase que, para resolver o conflito, Nico avanza nas pescudas para descubrir o significado oculto do agasallo dun mangado de pirixel unindo obxectos dispares e sen relación aparente, atesourados polo avó nunha caixa gardada na súa casa de Manzanares.

López, Raquel, “O nome di case todo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 664, “Banda deseñada”, 12 abril 2018, p. II.

Informa da inauguración do *I Encontro de Banda Deseñada Histórica de Galicia*, unha proposta impulsada polo Concello de Lugo en colaboración co portal web www.historiadegalicia.gal e a editorial Demo. Así mesmo, tamén fai un percorrido pola traxectoria profesional do autor de banda deseñada Manel Cráneo (A Coruña, 1973), sendo un dos responsables desta iniciativa. Infórmase de que os talleres prácticos e obradoiros terán lugar no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL).

_____, “Viñetas de *Beowulf*”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 670, “Banda

deseñada”, 24 maio 2018, p. II

Dá conta da concesión do Premio da Industria do Cómic Will Eisner ao escritor ourensán de banda deseñada David Rubín á “Mellor adaptación” por *Beowulf*. Tamén se informa doutros autores galegos que foron nominados no pasado como Miguelanxo Prado ou Emma Ríos.

Martínez, Tamara, “Sabela Barreto, almiranta dos mares”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “Sermos Escola”, 15 marzo 2018, p. 6.

Comenta a publicación da obra *Sabela. Almiranta dos mares do sur* (editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 2017) do escritor Arturo Iglesias, con ilustracións de Xosé Tomás. Esta monografía reivindica a importancia das mulleres dentro do masculinizado mundo dos exploradores. A autora desenvolve cuestións referidas á temática do volume, a importancia dos personaxes femininos, sobre todo, da protagonista Sabela, a peculiar discursividade do relato e as fontes consultadas polo autor para achegarse á biografía do personaxe histórico de Sabela. Así mesmo, tamén se recollen declaracións do autor en relación a este libro, declarando que o propósito desta obra é “animar á xente nova a facer o que lle apeteza”.

Navarro, María, “Eficiente combinación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 668, “Libros”, 10 maio 2018, p. VI/ *La Opinión*, “Saberés”, n.º 617, “Libros”, 19 maio 2018, p. 10.

Informa da publicación de *Lica* de Beatriz fraga, unha obra cargada de sorpresa que meterá aos rapaces nun xogo de pesquisa para averiguar a identidade de quen se esconde baixo o nome de Lica.

Neira, Marta, “Ruptura de roles. A cazadora de estrelas, de María Canosa”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “*ELOS de lectura*”, 11 marzo 2018, p. 7.

Achégase unha recensión do libro *A cazadora de estrelas* (Xerais, 2017) de María Canosa (Cee, 1978). Dise que a obra está dividida en vinte capítulos e que presenta unha protagonista, Megumi, cazadora de puntería certa, intelixente, valente e arriscada, que non dubida en mudar o seu físico e romper coas normas da sociedade na que vive, e mesmo abandonala, por lealdade á súa compañeira, a egua Turrón. Anótase que a amazona e a súa besta destacan polo bo facer na caza de estrelas, permitida unicamente ás mulleres de cabelo louro que, a diferenza dos homes, non poden ocupar postos directivos ou de representación na comunidade na que viven. Dáse conta de que esa habelencia das protagonistas provoca a envexa dos compañeiros, especialmente de Zeus, quen non dubida en recorrer a malas artes para superar a Megumi. Explícase que o amor por Turrón e por eses corpos celestes con luz propia que a moza captura, lévana a indagar sobre o traballo realizado no Observatorio de estrelas da comunidade que, para sorpresa da protagonista, está moi lonxe do esperado e desexado. Saliéntase que as súas descubertas a conducen a enfrontarse a máxima autoridade da comunidade, quen finalmente resultará un aliado con quen a cazadora de estrelas argallará as ideas necesarias

para mudar a sociedade na que viven e na que o aspecto físico é unha cuestión que condiciona a vida, sobre todo das mulleres.

_____, “Feira da Selic”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xuño 2018, p. 6.

Dáse noticia da celebración da segunda edición da Semana do Libro de Compostela (SELIC) que, desde o día 1 ao 10 de xuño, acolleu na praza da Quintana diferentes actividades, tales como exposicións e presentacións de libros, grupos de traballo, actividades infantís, obradoiros e rutas e sesións musicais. Dise que, en relación directa coa LIX, neste proxecto singular, alternativa ás feiras do libro tradicionais que aposta pola posta en valor do libro en galego, pero tamén das librarías e editoriais compostelás, presentáronse o poemario *Cara de velocidade*, de Marga Tojo, e o álbum *Manuela*, de Javier Martínez e Carmen Queralt. Infórmase de que tamén se realizaron, entre outras actividades dirixidas aos máis novos, contacontos a cargo de Mercedes Queixas (*Xandra e a landra que quería voar*) e Eli Ríos, esta última ao redor de María Victoria Moreno, así como obradoiros de ilustración, impartidos por Eva Agra, Enrique López e Blanca Millán.

_____, “Para saber máis: Dous estudos de Pedro Cerrillo”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 setembro 2018, p. 4.

Infórmase de que, no ano 2017, Pedro C. Cerrillo publicou *La memoria olvidada. Estudios de poesía popular infantil* (Bonilla Artigas Editores) e co seu colaborador César Sánchez Ortiz, *Cancioneiro popular infantil en educación*. Dise que ambas as dúas constitúen obras referenciais para o estudo da lírica de transmisión oral e para os mediadores docentes que queren traballar con ela nos centros educativos. Explícase que no primeiro se insiste en que a poesía lírica popular se está a perder e en que constitúe un patrimonio que sustenta a memoria polo que non se pode abandonar. Anótase que no segundo volume se ofrece unha guía práctica para perpetuar a memoria a través do traballo nas aulas de infantil e primaria.

Neira, N., “Luz de tinta na pel, tinta de luz no papel”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 33, “Libros”, 30 maio 2018, p. 11.

Recensiona a obra *Tinta de luz*, premiada na Gala do Libro Galego, da pintora Berta Cáccamo e do seu irmán, o poeta e escritor Pepe Cáccamo, dirixida ao público infantil. Neira desenvolve cuestións relacionadas co deseño da cuberta, destacando o xogo de cores que se fai na mesma, aclara que o título foi extraído dun dos poemas de Pepe Cáccamo, e tamén dedica unhas palabras ao estilo e a linguaxe empregada polos autores. A este respecto, N. Neira destaca o seguinte: “o poeta e a pintora tamén ensinan en *Tinta de luz* que é posible contar unha historia coa cor e coa forma”.

Nicolás, Ramón, “O mellor da protagonista do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “En galego”, 12 xaneiro 2018, p. 8.

Recensiona a obra *O amor e as palabras* (Editorial Urco, 2017) da polifacética María

Victoria Moreno. Ramón Nicolás ofrece unha breve contextualización da autora así como do libro e recoñece que para el, este libro é “o mellor da autora en pequenas píululas”, destacando polo seu carácter innovador tanto na forma como no contido. Tamén se detén en comentar os personaxes que conforman o libro, cun claro protagonismo xuvenil e feminino, así como o estilo e a linguaxe empregada pola homenaxeada que, en palabras do propio Nicolás, foi unha “pioneira destacada da literatura infantil galega”.

_____, “En Galicia, Enid Blyton é un home”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “En galego”, 23 marzo 2018, p. 6.

Recensiona a obra *Guitiriz* (Editorial Autoedición, 2017) do escritor Carlos Meixide, dirixida a un público infanto-xuvenil. Nela, Ramón Nicolás, en primeiro lugar, ofrece un breve repaso pola traxectoria literaria do xornalista e narrador para logo comentar que se trata dunha continuación das novelas xuvenís *Ons* e *Cans* que se atopa a medio camiño entre a novela de aventuras e a novela de misterio, sen esquecer a súa grande carga social.

Pazos, Mónica, “Divertido calendario de Sendak”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 11 xaneiro 2018, p. 7.

Recensiona a obra poética *Sopa de polo con arroz* (2017) do escritor Maurice Sendak (1928-2012), galardoado con diferentes premios e autor de referencia na LIX. Trátase dunha versión de Xosé Ballesteros que perseguir un fin didáctico: axudar a que os máis novos aprendan dun xeito divertido os meses do ano. Saliéntase, tamén, a orixinalidade das ilustracións que acompañan ós textos, o peculiar estilo do autor así como a novidosa estrutura interna da obra. Seguindo as palabras do propio autor, trátase dun “libro de poesía con ritmo, humor e divertido”.

_____, “Xogar coas cores”, *Sermos Galiza*, n.º 283, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 8 febreiro 2018, p. 7.

Recensiona a primeira obra infantil de Antía Otero, con ilustracións de María Brenn, *O branco non pinta* (Editorial Apiario, 2017), dirixida ao público máis novo. Fai, tamén, un breve percorrido pola traxectoria profesional da autora e coméntanse outros títulos que teñen como eixo central as cores, tales como *Pequeno azul e pequeno amarelo*, *O soño de Matías* ou o *O monstro de cores*, entre outros moitos. Remata o estudo, asegurando que se trata dun libro que “fomenta a imaxinación e a creatividade”.

_____, “Pippi Mediaslongas, unha lectura imprescindible”, *Sermos Galiza*, n.º 287, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 8 marzo 2018, p. 7.

Recensiona a obra *Pippi Mediaslongas* (Kalandraka, 2017) da autora Astrid Lindgren, traducida por David Álvarez. Ademais de facer fincapé en que se trata da segunda reimpresión da obra, trátanse aspectos relacionados coa temática, os personaxes, a traxectoria profesional da autora, a recepción da obra na época e o impacto que supuxo a obra no panorama literario do momento. En palabras da propia Mónica Pazos, “a publicación de Pippi foi un sopro de aire fresco na literatura infantil pola fantasía e o atrevemento”.

_____, “A landra soñadora”, *Sermos Galiza*, n.º 291, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 12

abril 2018, p. 7.

Recensiona a obra *Xandra, a landra que quería voar* (Urco Editora, 2017) da escritora Mercedes Queizas Zas, con ilustracións de Paula Pereira Carreiro. En primeiro lugar, Mónica Pazos ofrece un breve percorrido pola extensa e intensa traxectoria literaria desta autora de ensaio, citando algúns dos seus títulos máis coñecidos, para logo tratar cuestións relacionadas con este libro infantil, do que se destaca que é a súa primeira obra de literatura para os máis novos, comenta o seu contido, os personaxes, o espazo e o tempo da acción. Tamén se alude a súa discursividade, sen esquecer a importancia que vai o compoñente musical na narración. Seguindo palabras da propia Pazos, “este álbum ilustrado é moi recomendábel, pois transmite a importancia de soñar”.

Pousada, Verónica, “O gatiño nocturno’. Do desamparo á esperanza”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 marzo 2018, p. 7.

Achégase unha recensión da obra, ilustrada e escrita por Sonja Danowski, *O gatiño nocturno* (Lata de Sal, 2017). Dise que o libro presenta a historia de Toni, un neno que doa todos os seus xoguetes á tómbola solidaria que celebra o centro de acollida de animais para recadar fondos. Explícase que alí coñece a Valentín, un gato que adora a música e que deseguido pasa a ser da súa familia. Saliéntase que a obra reflicte a necesidade de que a sociedade consumista perciba o valor dos sentimentos por riba das posesións materiais e de que valore os animais como seres vivos, non coma obxectos.

_____, “Intemporal Gramática da Fantasía”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xuño 2018, p. 5.

Infórmase de que a editorial Kalandraka recupera na colección “Manuais” *Gramática da fantasía*, traducida ao galego no ano 1999 e editada orixinariamente no ano 1973. Dise que nela o mestre e escritor italiano Gianni Rodari (1920-1980), froito do interese pola literatura infantil, mostra os procedementos e técnicas a seguir para inventar historias, xogando cos contos da transmisión oral, de maneira que xurdan novas versións humorísticas, transgresoras, lúdicas e paródicas. Saliéntase que constitúe un valioso manual que debería ser de obrigada referencia e consulta para todos aqueles adultos que traballan cos nenos e que os poñen en contacto coa literatura, especialmente docentes.

Regueira, Mario, “O Titanic de Sálvora”, *Sermos Galiza*, n.º 279, “fóradserie”, “ao pé da letra”, 11 xaneiro 2018, p. 6.

Indica que Manuel Núñez Singala recupera a traxedia do naufraxio do vapor Santa Isabel diante da illa de Sálvora en *Noite de temporal* (Santillana, 2017), unha novela breve cunha “documentación minuciosa e exhaustiva” sobre este suceso que conta cun protagonista colectivo a modo de novela-documental. Porén critica esa obsesión pola documentación que non deixa a liberdade necesaria para seducir ao tempo que imprime ton frío.

_____, “Entre dous mundos”, *Sermos Galiza*, n.º 284, “fóradserie”, “ao pé da letra”, 15 febreiro 2018, p. 6.

Comenta que *Kibuko* (Santillana, 2017), de Xavier Estévez representa as dimensións do realismo e a fantasía en paralelo para “aprender a mirar a cotidianidade con ollos novos” e a “facernos voar a un mundo completamente imaxinario”. Tamén resume o seu argumento que se basea nun misterio, un reto e unha visión nova e dúas historias paralelas que mostran como os dous universos se relacionan nas figuras da nena Sara e do monstro Kibuko no mundo dos soños e que reinterpretan a vida de Sara. Por último salienta que é unha “novela interesante, cunha temática con personalidade propia e capaz de deitar un fío de intriga”.

Reis, Sara, “Contando de un a dez con Maurice Sendak”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 marzo 2018, p. 7.

Infórmase de que Kalandraka sacou do prelo *O un era Xoán. Un libro para contar* de Maurice Sendak (1928-2012), orixinalmente publicado en 1962. Explícase que na obra, partindo dun momento de lectura en sosego, solitaria, silenciosa e individual, Xoán vive a entrada en escena de varios personaxes animais (rato, gato, can, tartaruga, macaco, merlo e tigre) e un ladrón. Dise que a solución para a algarabía é contar de atrás para adiante, de modo que van saíndo os “invasores”, deixando que Xoán lea atentamente. Explícase que na obra se xoga coa gradación crecente e decrecente, coa secuencia numérica que coincide cos momentos de acción e coa introdución dos personaxes. Destácase a fixeza do escenario, no que se representa sempre a Xoán e ao que se van sumando detalles visuais.

Reis da Silva, Sara, “A sorprendente familia de ‘Un máis’, de Olalla González e Marc Taeger”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 4 febreiro 2018, p. 4.

Achégase a recensión do libro, publicado por Kalandraka, *Un Máis*, de Olalla González (Marín, 1977) e Marc Taeger (Berna, 1963). Dise que constitúe un conto de animais que ficcionaliza, dun modo divertido, un conxunto de tópicos e/ou de valores intemporais. Coméntase que González e Taeger poñen en escena un pequeno coello, inicialmente fillo único e ansioso por superar esa condición, e a súa nai que vai ter un bebé. Dáse conta de que, personificados e marcadamente ben dispostos, estes personaxes animais dialogan, intercambiando palabras sinxelas sempre ao redor do momento no que o pequeno coello terá finalmente un irmán. Saliéntase que a interacción celebrada entre estes co-protagonistas e as restantes figuras animais (un picapau, un esquío, un oso e unha ovella), cómplices do “segredo”, que participan igualmente na acción, caracterízase pola vivacidade e polo humor sutil. Anótase que a narrativa se asenta na reiteración e no paralelismo, manifestos nos sucesivos diálogos do pequeno coello con súa nai, nos encontros cos distintos animais e, inclusive, nas propias brincadeiras ou xogos que vai imaxinando.

_____, “Caracol, onde estás?”, de Tomi Ungerer”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 febreiro 2018, p. 6.

Ofrécese unha recensión da obra *Caracol, onde estás?* de Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931). Dise que en 1962 saíu a lume a primeira edición do libro, recuperado por Kalandraka e situado na liña de *Onde está o meu zapato?* (1964), xa dado a coñecer nunha

reedición publicada pola mesma editorial en 2014. Coméntase que o título representa o punto de partida ou o reto que se lanza ao lector: percorrer as páxinas do volume ou a secuencia de ilustracións, sen palabras, en que se basea, e chegar ao seu final cunha resposta, no presente e na primeira persoa, declarada polo propio protagonista, xa introducido desde o título. Explícase que se pretende que aquel que le a obra descubra nas diversas formas que integran as ilustracións representacións coincidentes cun caracol.

_____, “Crocodilos con letras: un alfabeto de Maurice Sendak”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 abril 2018, p. 5.

Infórmase de que, en 2017, Kalandraka Editora, no seu labor de recuperación da produción de Maurice Sendak (1928-2012), publica *Vida de Crocodilo*, un alfabeto que viu a luz orixinalmente en 1962. Dise que, estruturado a partir do abecedario, o texto verbal artéllase con cadros visuais, cromaticamente contidos, todos dominados por unha familia de crocodilos. Anótase que palabras e ilustracións están marcados polo humor do insólito dalgunhas situacións cotiás recreadas destes animais personificados. Saliéntase o discurso conciso e simple en primeira persoa do plural aderezado de rimas e repeticións fónicas, con aliteracións e asonancias, que conforman un estimulante xogo de sons que favorece a memorización.

_____, “Percurso da literatura infantojuvenil” de Tropelías&Companhia”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 xullo 2018, p. 6.

Dise que a colección “Percurso da Literatura InfantoJuvenil”, editada por Tropelías&C^a (e o entusiasmo e persistencia do seu editor, João Manuel Ribeiro), conta xa con máis de ducia e media de volumes que dan voz á educación e á crítica literaria na área da literatura para a infancia e xuventude (LIX), propondo un conxunto de estudos asinados por algúns dos máis recoñecidos investigadores ibéricos desta área. Anótase que José António Gomes, Blanca-Ana Roig Rechou, Ana Margarida Ramos ou Sara Reis da Silva, entre outros, teñen divulgado nesta colección as investigacións sobre autores e obras, textos clásicos e temas variados, como a Guerra Civil española, a ilustración na LIX ou a educación literaria.

Requeixo, Armando, “A maxia da vida”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.027/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.027, “máis Libros”, 18 marzo 2018, p. 30.

A recensión festexa a publicación de *Formigas, risas, flores e dinosauros* (Euloxio R. Ruibal, 2017) e comenta detidamente cata un dos catro contos que compoñen o libro e que define como “catro contos de imaxinación gurgullante, inzados de sucesos extraordinarios e protagonistas humanos, animais e mesmo vexetais”.

_____, “Chafariz de versos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 1.031/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.031, “máis Libros”, 15 abril 2018 p. 30.

Comenta a estrutura formal do libro, que mestura texto e imaxe, aborda o contido de carácter cotián do mesmo, incorporando elementos pertencentes á vida cotiá, e sobresa o estilo innovador do escritor que combina o rexistro culto co coloquial así como os

elementos reais e fantásticos. Finalmente, Requeixo escolle tres composicións da obra e ofrece un comentario das mesmas.

_____, “O legado Docampo. Palabras para noventa carballos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 676, “Literatura”, 5 xullo 2018, p. VII.

Comenta o legado literario do autor Xabier P. Docampo e destaca algúns dos seus títulos pertencentes á Literatura Infantil e Xuvenil galega tales como *O misterio das badaladas* (1986), *A chave das nozes* (1988), *Cando petan á porta pola noite* (1994), *O pazo baleiro* (1997), *Catro cartas* (2000), *Un conto de tres noites* (2001), *Bolboretas* (2004), *O libro das viaxes imaxinarias* (2008) e *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017).

Ribeiro, João Manuel, “Un baúl sorprendente lleno de poesía”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 abril 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *O baúl de Domingos Quintas* (Hércules de Ediciones, 2017) de Xoán Babarro (Maceda, 1947). Dise que constitúe un bestiario que comeza cun relato, repartido nun inciso inicial “Cabalgando sobre bolboretas” e noutro final “A saquetiña das ilusións”, que xustifica o título da colectánea. Explícase que o baúl do bisavó Domingos Quintas, carpinteiro, gardaba “unha sorpresa ben diferente (...): unha colección de cortizas de bido (...)” na que “figuraban versos gravados cunha técnica de madeira queimada”, todos “relacionados con animais”, algúns “a modo de adiviñas”. Anótase que o contido do baúl é o libro que se limita “a transcribir as poesías respectando a orde na que as achei, que (...) non responde a ningún criterio; xa que figuran mesturadas as diferentes ordes de animais, que é, por outra parte, como tamén as encontramos na propia natureza”. Infórmase de que entre os dous incisos do relato se insiren sesenta e catro poemas de cariz popular, a nivel de contido e de forma, sobre animais “entre o chan verde e o ceo azul”, que o poeta anota con citas de versos populares, tradicionais e de autor. Por último, salientase que o inciso final, referíndose a un manuscrito asinado o 2 de setembro de 1940, encontrado no baúl, é un desafío a que o lector constrúa a súa saquetiña de ilusións. Destácase que a obra conta coas ilustracións de Estefanía Padullés.

Roig, Blanca, “Kalandraka e os personaxes clásicos”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 maio 2018, p. 4.

Infórmase de que *Nunú xoga* e *Nunú no xardín* son os dous primeiros títulos dunha serie de libros de cartón, protagonizados por un pequeno elefante, que Kalandraka ofrece para prelectores e primeiros lectores. Dise que os volumes foron escritos por Cally Strong (Bonn, 1977), ilustrados por Constanze v. Kitzing (Göttingen, 1980) e traducidos para o galego por Xosé Ballesteros. Explícase que o primeiro título incide na importancia do xogo individual e colectivo para estimular a imaxinación, mentres que o segundo experimenta cos cinco sentidos a través da natureza.

Roig, Blanca-Ana, “Para saber máis: Pedro Cerrillo”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 xullo 2018, p. 6.

Dáse conta do pasamento de Pedro C. Cerrillo. Explícase que foi un dos investigadores

españóis que máis fixo por visualizar a Literatura Infantil e Xuvenil desde a Universidade. Dise que foi o creador do CEPLI (Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil) na Universidade de Castilla-La Mancha. Coméntase que, desde esta plataforma, puxo en marcha cursos de verán pioneiros, creou unha colección de monografías de referencia (Col. Arcadia), un Máster que durante anos ocupou o centro da temática, a revista *OCNOS* ou o premio de poesía “Luna de aire”. Anótase que foi o autor de monografías sobre Literatura de transmisión oral, Cancioneiro Infantil, Mediadores, Lectura e Literatura Infantil xunto con creación literarias. Destácase que foi un dos fundadores de Rede de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou.

_____, “Pippi Mediaslongas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 xullo 2018, p. 6.

Explícase que, tras publicar *Pippi Mediaslongas*, traducida por David Álvarez e Premio Gala do Libro 2018 de Tradución ao galego, a editorial Kalandraka saca do prelo, na colección “7 Leguas Especiais”, *Pippi Mediaslongas embarca*. Dise que constitúe unha nova aventura desta nena rebelde, independente, transgresora e divertida creada pola escritora sueca Astrid Lindgren (1907-2002), Premio Hans Christian Andersen en 1958, que restaura as ilustracións orixinais de Ingrid Vang Nyman (Vejen, 1916-Copenhague, 1956). Anótase que a protagonista segue a explorar coa súa imaxinación os límites da realidade e cuestionar o establecido con espontaneidade e humor. Saliéntase que, coa visita de seu pai, Efraim Mediaslongas, a protagonista ten a intención de viaxar ata illa Korakora.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “Para saber máis: a colección ‘Arcadia’”, *El Correo Gallego*, “Literatura infantil e xuvenil”, “Elos de lectura”, 23 setembro 2018, p. 6.

Dáse noticia de que, no ano 2000 a Universidad de Castilla-La Mancha, en colaboración co CEPLI (Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil), creaba a colección “Arcadia”, dirixida por Pedro C. Cerrillo, para editar traballos centrados na investigación sobre Literatura Infantil e Xuvenil e a Lectura. Saliéntase que un bo número de investigadores de diferentes centros españois e internacionais teñen contribuído a ampliar o catálogo con obras de referencia sobre o Cancioneiro Infantil, a influencia da literatura de transmisión oral, o intertexto lector, a ilustración, os valores e a lectura, a análise da narración, a poesía ou as bibliotecas na formación do hábito lector. Explícase que, na actualidade, a colección vai polo número 28 que leva por título *Ángeles, demonios y otros seres de ultratumba: las paradojas del ateísmo en la literatura juvenil*, no que Eliacer Cansino analiza a orixe e simbolismo destas figuras relixiosas.

Rozas, Alba, “Unha segunda oportunidade para o noso planeta”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 abril 2018, p. 4.

Achégase unha recensión da obra *A increíble viaxe de Noa* (Contos Estraños, 2017) de Fernando M. Cimadevila (Santiago de Compostela, 1977). Dise que a novela constitúe a historia de Noa, unha nena absorbida pola rutina da burbulla tecnolóxica que é a súa cidade. Advírtese de que a vida da moza muda de súpeto o día que foxe do fogar cos seus pais e asome o encargo de trasladar un precioso obxecto ao cabo do mundo. Explícase

que Noa inicia unha viaxe de procura e descubrimento sen comprender as verdadeiras razóns da súa encomenda, os poderes do obxecto que porta ou a natureza hostil da contorna. Anótase que viaxa sempre na compañía do seu can, Martin, e que vai contar no camiño coa axuda de novas amizades, coma o anticuado androide Rory ou o Xinete do Vento chamado Artay. Dáse conta de que, a través das aventuras da protagonista, despréganse ante o lector os efectos devastadores da contaminación, o uso inadecuado e desproporcionado da tecnoloxía, a ambición desmedida, a tolemia, o instinto de supervivencia, a capacidade de cooperación social, a bondade ou o amor.

_____, “As raíces dun clásico da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 novembro 2018, p. 6.

Achégase unha recensión do libro *De Gres a Cádiz* de Xosé Neira Vilas (Gres, 1928-2015). Dise que constitúe unha obra inédita e póstuma, na que o propio autor, a través dunha ampla variedade de estampas, dá conta das súas principais vivencias no agro galego, desde o seu nacemento ata a súa partida a Cádiz para emigrar a América. Coméntase que, a través de relatos breves, Neira Vilas presenta tanto familiares, amigos e coñecidos, coma aquelas persoas, a medio camiño entre o mito e a realidade, que deixaron pegada nel e que lle permiten perfilar o retrato da sociedade rural galega da Guerra Civil e da posguerra. Saliéntase que, xunto con estes cadros, aparecen os de sucesos extraordinarios coma o voo do cepelín ou a visión da luz da aurora boreal, equiparables ás marabillas dunha vida cotiá marcada polos xogos, a escola, a música, o teatro, as romarías e toda sorte de crenzas e rituais. Anótase que son dúas as variables que se manteñen ao longo de toda a obra: o espazo, co predominio do rural sobre as esporádicas viaxes á cidade, e o tempo, medido a través dos intereses do protagonista, que abranguen desde a talla de xoguetes e o gusto pola lectura ata o espertar do amor e as ansias de emigrar. Dise que o estilo da obra é sinxelo, marcado polo lirismo e a riqueza léxica.

Senra Fernández, Raquel, “Cando a arte se apropia da rúa e abrollan amizades”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 febreiro 2018, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *Avións de papel* de Xavier Estévez (Bruxelas, 1969). Dise que o libro ten como fío condutor o emprego da arte urbana como expresión para embelecer o entorno, así como para reivindicar ou expresar certas realidades. Explicase que os personaxes da historia están moi ben definidos e que o autor consegue poñer o lector na súa pel para que sinta os seus medos e inseguridades, as súas ledicias e degoxos. Dáse conta de que é unha historia con dous narradores, que se identifican polo emprego dunha tipografía en redonda e cursiva, facendo o percorrido polas palabras moi ameno. Saliéntase que a través deles se coñecen os misterios e as inxustizas que acontecen nunha vila costeira. Apúntase que o responsable das ilustracións é Marcos Viso (Ourense, 1973). Por último, recóllese que o conta cunha sección ao final na que se recollen fotografías de diferentes murais realizados na comunidade galega.

_____, “Ai, Pippi! Canta falta nos fan nenas coma ti”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 abril 2018, p. 5.

Infórmase de que a obra *Pippi Mediaslongas*, publicada orixinalmente en 1945, conta as

aventuras dunha cativa maleducada e mentireira, mais está chea de humor, de liberdade e de xustiza cara aos máis débiles e os animais. Dise que Pippi non convive con adultos que lle digan o que está ben ou mal, polo que o seu universo está cheo de posibilidades ou, canda menos, de posibilidades diferentes ás que calquera crianza pode ter. Saliéntase que a historia rompe con todos os estereotipos e abre o debate sobre o carácter adoutrinante da Literatura Infantil e Xuvenil. Explícase que a autora sueca Astrid Lindgren (Vimmerby, 1907-Estocolmo, 2002), gañadora do Premio Hans Christian Andersen en 1958, defendeu os dereitos da infancia e das mulleres, así como dos animais, nesta serie literaria. Coméntase que a narración en terceira persoa e omnisciente cóntanos todo o que pasa pola mente dos personaxes e combínase con diálogos que aportan dinamismo e fan a lectura moi amena. Apúntase que o responsable da tradución ao galego foi David Álvarez Martínez (A Estrada, 1972) e que a artista Ingrid Vang Nyman (Vejen, 1916-Copenhague, 1956) realizou as ilustracións.

Vezzaro, Giulia, “Eco-guerreiros’ para salvar o mundo”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 febreiro 2018, p. 6.

Achégase unha recensión da obra *O Señor Péssimo é o Máximo* de João Manuel Ribeiro (1968). Explícase que constitúe unha historia desencadeada a partir do desastre producido na costa galega polo afundimento do *Prestige* para sensibilizarnos cara ao futuro. Anótase que, coincidindo co décimo quinto aniversario da catástrofe, a pequena novela foi traducida ao galego por Ánxela Gracián e publicada na editorial Hércules de Ediciones na súa colección “Novas lecturas de Hércules”. Saliéntase que o libro conta a historia da familia do señor Péssimo, composta pola súa muller e dous fillos, que está gozando duns días de vacacións na preciosa costa galega cando o afundimento do buque *Prestige* desencadea un profundo cambio interior no pai que se envorcará por completo no labor de intentar cambiar e salvar o mundo, conseguindo arrastrar a toda a familia na súa renovada sensibilidade e entrega, chegando a ser recoñecido por O Máximo. Dáse conta de que a historia, narrada desde o punto de vista do fillo menor, non se limita a unha simple acumulación de consellos ecolóxicos, senón que quere, recorrendo ao humor e ao ritmo narrativo, achegar o lectorado á autoconciencia.

_____, “O galego e a espontaneidade para contar as tradicións”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 marzo 2018, p. 7.

Achégase unha recensión da obra *Formigas, risas, flores e dinosauros* de Euloxio Rodríguez Ruibal (Ordes, 1945), publicada na editorial Galaxia na colección “Árbore”. Dise que o autor logrou nesta pequena obra composta por catro breves contos que, a través da imaxinación máis natural, tanto adultos coma nenos compartan visións da vida que non se poderían aceptar e comprender no mundo real. Indícase que os relatos se titulan “A formiga revirada”, “O xardín de Claudia”, “Unha triste perda” e “Santi e máis Iago”. Saliéntase que serven para rir, reflexionar, aprender e ensinar se se teñen en consideración a calidade da escritura e a cantidade de temas tratados: a familia e os amigos, a liberdade e a xustiza, as diferenzas raciais, a forza para loitar no que cremos, a pouca importancia do material fronte ao que realmente nos fai felices e a falta de prexuizos.

_____, “Ceiba de Luz’, de Manuel Lourenzo González”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 abril 2018, p. 5.

Achégase unha recensión da obra que obtivo o Premio Jules Verne *Ceiba de Luz* (Xerais,

2017) de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955) publicada na colección xuvenil “Fóra de Xogo”. Explícase que a historia conta a aventura dun grupo de dezaoto persoas entre españolas e peruanas, todas eminencias recoñecidas nos seus campos científicos que, despois do descubrimento dunha pequena estatua de ouro macizo con características precolombinas, organiza unha expedición á selva amazónica durante dous meses que lles levará a achar a lendaria El Dorado. Dise que á ambientación latinoamericana se debe parte do título, pois a ceiba é unha das plantas autóctonas do Amazonas, considerada sagrada por moitas tribos da zona. Coméntase que a narración corre a cargo dun narrador extradiexético onmisciente e, en xeral, transcorre de xeito lineal. Destácase a cantidade de detalles relacionados coa historia, as tradicións e a natureza deses lugares, cos que o autor completa a lectura. En canto ao estilo, sublíñase o emprego do diálogo que axuda a coñecer e entender as relacións entre personaxes.

Vide Diéguez, Nair, “Xerais reedita ‘Conta saldada’ de Suso de Toro”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 abril 2018, p. 4.

Dise que, no mes de xuño de 2017, Edicións Xerais de Galicia reeditou a obra de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) *Conta saldada* na colección Fóra de xogo. Explícase que a primeira edición é de 1996. Anótase que a obra recolle as claves poéticas do autor, ofrece reflexións sobre a identidade, as convencións sociais, a cobiza, a hipocrisía e a violencia a través dunha moza protagonista que tenta vingarse do asasinato do pai. Menciónase a obra *A sombra cazadora* (Xerais, 1994) do mesmo autor.

Vieites, Manuel F., “Anilij: anuario”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 662, “Literatura infantil-xuvenil”, 22 marzo 2018, p. VIII.

Fai un repaso pola creación da asociación que promove a investigación en literatura infantil e xuvenil e as actividades organizadas, como a publicación do seu *Anuario* dende 2001 que salienta pola diversidade dos artigos, a densidade temática e a variedade de sistemas literarios analizados. Tamén salienta os grupos que traballan a prol da LIX en Galicia dende as universidades de Vigo e Santiago de Compostela, este último dirixido pola profesora Blanca-Ana Roig, que se preocupan pola importancia da lectura e a comprensión lectora, ao igual que o CEPLI da Universidade de Castilla La Mancha.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Aldán, Clara, “¡Escarlatina está viva!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra” “Y además”, 26 abril 2018, p. 15.

Comenta a obra *Escarlatina, a cociñeira defunta* da escritora Leticia Costas, un libro dirixido aos máis novos e protagonizado por personaxes do inframundo.

_____, “¡Bienvenido, Artai!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra” “Y además”, 20 maio 2018, p. 15.

Salienta unha anécdota vivida pola escritora viguesa Leticia Costas, autora da obra *Escarlatina y Esmeraldina* con un dos seus fans nun dos seus encontros co público lector infantil.

Alonso, Fran, “Disoltas nas veas”, *Sermos Galiza*, n. ° 298, “A Fondo. Caderno de análise”, n.º 198, 31 maio 2018, p. 6.

Enxalza a expresividade da linguaxe empregada por Manuel María na súa obra *Os sonhos na gaiola* que a través das palabras consegue evocar todo un conxunto de imaxes pictóricas e sublimes que “son as membranas que sosteñen o sangue da poesía infantil galega e circulan disoltas polas nosas veas”.

Bragado, Manuel, “Leticia e Antonio, Vigueses Distinguidos”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 27 marzo 2018, p. 22.

Dá conta da proposta de nomeamento como Vigueses Distinguidos aos escritores vigueses Leticia Costas e Antonio García Teijeiro, por parte do alcalde de Vigo, Abel Caballero. Faise tamén un breve percorrido por cadansúa prolífica traxectoria literaria, salientando algúns dos seus títulos máis coñecidos así como os premios que obtiveron cada un deles. Para Bragado, esta distinción supón “a constatación do éxito colectivo de todas as participantes nos proxectos da literatura infantil e xuvenil”.

Braxe, Lino, “Cando John Lennon coñeceu a Valle Inclán falaron de Midas”, *La Opinión*, “Opinión”, 9 abril 2018, p. 12.

Alude á presentación do libro *Cando John Lennon coñeceu a Vallé Inclán* (2017) de Beatriz Maceda que terá lugar na librería Lume. Ademais, achega a sinopse da novela e apunta que lle resulta “valente e orixinal”.

Campo, Marica, “Casando contrarios”, *Sermos Galiza*, n. ° 298, “A Fondo. Caderno de análise”, n.º 198, 31 maio 2018, p. 6.

Ofrece un breve comentario sobre o poemario *Os sonhos na gaiola* do poeta Manuel María

con motivo da conmemoración do cincuenta aniversario da publicación do volume.

Canosa, María, “A túa cerdeira”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 28 xuño 2018, p. 17.

Comenta a influencia que tivo para María Canosa o coñecido libro *O misterio das baladas* do escritor Xabier P. DoCampo e a relevancia que supuxo a súa aparición no sistema literario da LIX galega. Así, en palabras da propia María Canosa: “Unha voz que nos agasallou historias maravilosas, que posibilitou unha apertura na literatura infantil e xuvenil en galego”.

Carballo, Xulio, “A Banda Deseñada no ensino (I)”, *Sermos Galiza*, n.º 291, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 12 abril 2018, p. 8.

Salienta a escasa saúde que goza a banda deseñada na educación en Galicia coa análise dos recursos que hai nas bibliotecas dos centros e que se poden empregar como ferramenta educativa, malia que parte do profesorado a vexa con “pouco empaque cultural e de mero contido lúdico” e incluso a prohiban como escolla nas horas de lectura. Honra a memoria de Agustín Fernández Paz, pioneiro en levar a banda deseñada ás aulas e sendo autor de manuais de referencia para a formación do profesorado con diferentes aplicacións nas aulas.

_____, “A banda deseñada no ensino (II)”, *Sermos Galiza*, n.º 320, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 31 outubro 2018, p. 7.

Cita o ensaio *Os cómics nas aulas* de Agustín Fernández Paz, que falaba da forte carga ideolóxica coa que contan os cómics. Fala da súa evolución dende unha ideoloxía conservadora e patriótica a unha antitotalitarista.

Casalderrey, Fina, “Un arrichado soñador”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Literatura”, p. 53/ *El Progreso*, “Literatura”, “Vivir”, p. 45, 27 xuño 2018.

Fai unha homenaxe a unha das figuras fundamentais dentro da LIX galega como foi o escritor Xabier P. DoCampo e sinala aqueles fitos máis importantes da súa traxectoria vital e profesional. Tamén se citan algunhas das súas obras máis laureadas como *O misterio das badaladas*, *A nena do abrigo de astracán* ou *Cando petan na porta pola noite*, entre outros numerosos títulos.

Castro Ratón, Xosé, “Cousa de encantamento”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 5 abril 2018, p. 6.

Reflexiona sobre a celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (DILIX), do éxito que están a acadar os autores e autoras galegas de LIX e da importancia de asociacións e proxectos que impulsen a literatura infantil e xuvenil galega. Tamén fai alusión á próxima Festa das Letras que contará coa obra de María Victoria Moreno así como a notable perda de bibliotecas públicas que tivo lugar nos últimos anos.

_____, “A lingua na mocidade”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 21 xuño 2018, p. 6.

No marco dunha reflexión sobre a diminución do uso do galego entre a mocidade, na Xeración Z, marcada pola perda da transmisión familiar, celébrase a iniciativa dos Bolechas en colaboración coa Deputación de Pontevedra, cuxa Área de Cultura ofrece a mostra “Gatiños, Ghatiñas, Gatíos. Xeitos de falarmos o galego” para achegar a diversidade e riqueza do idioma á rapazada.

_____, “Cando a morte peta na porta”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 28 xuño 2018, p. 6.

Ofrece datos relevantes sobre a biografía e a produción literaria do recoñecido escritor Xabier P. DoCampo. Cítanse algunhas das súas obras máis destacadas tales como *O misterio das badaladas*, *A nena do abrigo de astracán* ou *Cando petan na porta pola noite*, entre outros numerosos títulos. Destácase del o seu perfil poliédrico e activo tanto na cultura como na literatura galegas. Segundo o autor, “Paco DoCampo foi merecedor de premios e recoñecementos en máis dunha ducia de ocasións”.

Cota, Rodrigo, “Viviendo del cuento”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 xaneiro 2018, p. 8.

Fai un repaso polo labor cultural da empresa pontevedresa Polo correo do Vento, a cargo de Carlos Taboada e Enrique Mauricio, autores de Mariquiña, a carteira andoriña. Comenta que se dedican a ser contacontos e que actualmente están enredados nun cómic para o Museo de Pontevedra e nunha colección “Mulleres galegas” no seu propio selo editorial Lela. Tamén salienta que promoven a lingua e cultura galegas por Galicia e o resto do mundo.

Fernández, Paula, “Arqueoloxía e aventura”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 607, 24 febreiro 2018, p. 10.

Recolle unha recensión da novela para o público infantoxuvenil *A ánfora exipcia* de An Alfaya, unha obra que recolle unha historia que bebe da novela policíaca e de misterio.

Fernández Rial, Rosalía, “Escoito voces”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “A Fondo. Caderno de análise”, n.º 198, 31 maio 2018, p. 6.

Comenta o paisaxismo, mesturado co simbolismo, a musicalidade (a través do emprego de novidosas metáforas) e o ritmo da obra poética *Os sonhos na gaiola* de Manuel María. Tamén destaca a profunda pegada que deixou a obra na autora, afirmando o seguinte: “Non esaxero se afirmo que Os Sonhos de Manuel María e a guitarra de Vaamonde marcaron para sempre a miña perspectiva de poeta e artista”.

Fernández Vázquez, Mar, “Viñetas desde o Atlántico 2018”, *El Correo Gallego*,

“ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 setembro 2018, p. 4.

Dáse noticia de que baixo a dirección de Miguelanxo Prado estase a celebrar na Coruña o Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” que acaba de cumprir 21 anos e que nel participarán autores como Emma Ríos, David Rubín, José Ramón Sánchez, premio Nacional de Ilustración 2014, Ángel de la Calle, Homs, Xosé Tomás, Tirso Cons e tres autoras con peso no panorama actual: Belén Ortega, Mamen Moreu e Cristina Durán, entre outros.

Franco, Fernando, “Hoy, cita con Sánchez Ferlosio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 xaneiro 2018, p. 12.

Informa da presentación, na librería Andel de Vigo, do poemario *Poemas galego ao Ché*, unha obra colectiva que recolle 21 composicións adicadas a figura do Ché editada pola Asociación de Amizade Galego Cubana Francisco Villamil e pola Asociación Galego Bolivariana Hugo Chávez.

_____, “La más rica asamblea teatral”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 xaneiro 2018, p. 10.

Informa da celebración dunha mesa redonda que xirará en torno á situación das artes escénicas na cidade de Vigo, organizada o Ateneo Atlántico de Vigo e coordinada polo dramaturgo e director de escena Afonso Becerra.

_____, “Entre Leticia y Antonio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 31 xaneiro 2018, p. 11.

Informa do encontro do autor con Leticia Costas e con Antonio García Teijeiro, receptes premios de Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “Impresionante José Suárez”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 15 febreiro 2018, p. 9.

Comenta a exposición fotográfica de José Suárez, de quen sinala que era amigo de Seoane e Blanco Amor.

_____, “Verne, ¿dónde está el Nautilus?”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 febreiro 2018, p. 11.

Anuncia o acto “Vigo lee a Verne” consistente na lectura pública deste escritor organizada polo Concello de Vigo e as editoriais Galaxia, Xerais, Ir Indo e Lobito Bueno.

_____, “José Suárez, unos ojos que piensan tras la cámara”, *Faro de Vigo*, “estela”, n.º 800, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 18 febreiro 2018, p. 16.

Recolle as palabras de Blanco Amor ante a exposición fotográfica de José Suárez.

_____, “Entre Vigo hoy y Cataluña ayer”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 febreiro 2018, p. 11.

Informa do coloquio de Xurxo Martínez sobre *A Estirpe dos Chao e a cultura viguesa* na EMAO de Vigo.

_____, “El documental de Antía Cal”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 febreiro 2018, p. 11.

Recomenda o documental *A palabra xusta* sobre a historia de Antía Cal.

_____, “Una cita con ‘Frankenstein’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 marzo 2018, p. 9.

Coméntase a charla que terá lugar no Ateneo Atlántico pola man de María Xosé Queizán, quen falará sobre a obra da escritora inglesa Mary Shelley.

_____, “En New York, Vanesa y Marco”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 marzo 2018, p. 11.

Dá conta que os artistas vigueses tentan volver a Vigo en Mayo para organizar a próxima edición do Festival Kerouac de poesía. Vanesa xa pintara un mural con Rosalía de Castro na Casa de Galicia e encóntrase agora elaborando outro de Castelao.

_____, “Atentos, llega ‘A arte no cómic’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 20 abril 2018, p. 9.

Informa da exposición de banda deseñada “A arte no cómic”, que contará con achegas dun total de 73 artistas deste eido.

_____, “Mis encuentros en el tren”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 24 abril 2018, p. 10.

Relata o seu encontro con Antonio García Teijeiro, gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil, en cuxa entrega de premios estaban Darío Villanueva e César Antonio Molina.

_____, “De Nueva York a Madrid, poeta”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 25 abril 2018, p. 10.

Comenta a estada en Madrid de Marcos de la Fuente, poeta e organizador xunto con Vanesa Álvarez do “Festival Kerouac de Poesía”, celebrado en Nova York e no que estivo presente o director de Galaxia Francisco Castro.

_____, “Las epifanías libertarias de Iria”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 8 maio 2018, p. 9.

Dá conta da publicación en internet dunha “guarnición de retallos” de Manuel Antonio, que inclúe recortes de poemas e de prensa gardada polo escritor rianxeiro.

_____, “Manuel García ‘Magar’”, *Faro de Vigo*, “estela”, n.º 816, “Memorias”, 10 xuño 2018, p. 14.

Entretece as declaracións dun dos fotógrafos de Faro de Vigo entre 1961 e 2000. Entre anécdotas vitais e reflexións sobre a importancia da fotografía, aparecen lembranzas de Cunqueiro, un dos directores do xornal, a quen o mentado acompañou nunha viaxe xacobeá entre O Cebreiro e Compostela, con demoradas etapas gastronómicas e parada en Samos.

_____, “Lo del cómic, que se va...”, *Faro de Vigo*, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 xuño 2018, p. 11.

Informa da clausura da exposición “El arte en el cómic” na sede da Fundación con éxito de visitantes, á vez que anuncia a presentación do volume *O picoto do pai* (2017), traballo de fin de curso da Escola de Banda Deseñada O Garaxe Hermético dirixida polo ilustrador Kiko da Silva.

_____, “Stella Maris, poeta en vuelo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 xuño 2018, p. 11.

Ao fío das viaxes da poeta Stella Maris para presentar en Estrasburgo o seu último poemario, cita a festa celebrada en homenaxe a María Xosé Queizán en Vigo.

_____, “Un mágico reto: música para los poemas de Celso Emilio”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 817, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 17 xuño 2018, p. 16.

Infórmase da apertura da convocatoria do II Premio Celso Emilio Ferreiro de Poemas Musicados, dotado con tres mil euros. Engádese que o xurado está conformado por Raquel Ferreiro, Ramón Nicolás, Manuel Bragado, Lorena López Cobas, Juan Durán, Silvia Penas e César del Caño.

_____, “Ese mapa literario de Vigo/ Y vuelvo a la Feria del Libro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 4 xullo 2018, p. 8.

Anúnciase, en relación coa Feira do Libro de Vigo, unha conversación entre Leticia Costas e Fran Alonso, “Mulleres revolucionarias na obra de Leticia Costas”; recóllese a sorpresa e o agrado ante o mapa literario de Vigo en forma de tríptico que se regala na Feira, adobiado en cada parada cun fragmento da obra de autores vigueses, salientando ser este un traballo de 6 meses, obra de Anxo Alberte, Susana Rodríguez, Mar García e Noelia Candal.

_____, “O iluminario do país galego”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 19 agosto 2018, p. 8.

Recórdase que continúa aberto “O iluminario do país” na Casa das Artes, cincuenta retratos de escritoras e escritores galegos da man de Anxo Cabada.

_____, “Memoria monumental del amor y los poetas/ ¡Hola, Iolanda Zúñiga!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 agosto 2018, p. 8.

Cítanse os monumentos a poetas existentes en Vigo: Rosalía, Curros Enríquez, Martín Códax, e interrógase sobre a posibilidade de dedicar un a Carlos Oroza. Por outra banda, reproducécese a fotografía de Anxo Cabada á novelista Iolanda Zúñiga, para recomendar a

visita á exposición “O imaxinario do país” na Casa das Artes.

_____, “Una cocina para templarios/ Y los Feminismos de Galaxia”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 novembro 2018, p. 11.

Dá conta da nova colección de Galaxia, “Feminismos”, que abre a colección con obras de Chis Oliveira e Amada Traba, Inma López e Carme Adán.

_____, “Huete entre Cáccamo y Ledo/ Desde Michigan, Antón Reixa”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 novembro 2018, p. 11.

Dá conta da publicación de *As artes da vida de Ánxel Huete*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Ao mesmo tempo, fai referencia a Antón Reixa e á publicación da súa obra *Michigan, acaso Michigan*.

_____, Fernando, “¡Qué muestra, “Arte no cómic!””, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 4 maio 2018, p. 11.

Dá conta da exposición *A arte no cómic* na sede de Afundación de Vigo, cuxo comisario, Asier Mensuro, conseguiu reunir máis de 200 obras de historietas de medio mundo.

G. Torres, Camilo, “Literatura para crianzas e Os soños na gaiola”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “*Cadernos de análise*”, n.º 198, “A fondo”, 31 maio 2018, p. 2.

Reflexiona sobre o baleiro que estaba a sufrir a literatura infantil e xuvenil galega no eido da poesía no momento en que Manuel María publica *Os soños na gaiola*, obra dirixida aos máis pequenos. Ofrece detalles interesantes acerca do contexto da obra, citando títulos galegos e tamén de fóra de Galicia, trata a cuestión da recepción da obra no seu tempo, e a xenealoxía editorial da obra, destacando a publicación dunha nova edición en 1972 da man da editorial Ediciones Celta e a aparición en 1978 dun dobre álbum sobre a obra de Suso Vaamonde.

García, Montse, “Leticia Costas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “En familia”, 7 abril 2018, p. L10.

Informa da participación da escritora Leticia Costas na Semana da Novela Negra cun obradoiro baixo o título do seu libro *Escarlatina, a cociñeira defunta*.

García Teijeiro, Antonio, “Xabier P. Docampo foi unha persoa única. Un rebelde con causa”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, 27 xuño 2018, p. 29.

Comenta a figura do escritor Xabier P. Docampo e a súa importancia na literatura galega, en concreto, na LIX galega. Tamén destaca o seu importante labor a prol dun ensino de calidade e a súa defensa da lingua galega.

_____, “Abrir o mundo”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “*A Fondo. Caderno de análise*”, n.º 198, 31 maio 2018, p. 6.

Trata aspectos fundamentais como a recepción que, segundo Teijeiro, estaría dirixida aos máis pequenos, a paisaxe literaria con expresivas imaxes baseadas en “cidades con castelos, dorna tan xentil e tan lixeira”, etc., que reflicten a maxia da poesía de Manuel María.

Jaureguizar, Santiago, “Amigos que publican fotos con Xabier”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 140, 1 xullo 2018, p. 8.

Reflexiona sobre a importancia da figura de Xabier P. Docampo na literatura e cultura galegas, as amizades que tivo o autor e lembra algunhas anécdotas persoais co escritor rabadense.

López, Raquel, “Memoria dos Mumin”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 680, “Banda deseñada”, 13 setembro 2018, p. II.

Salienta as traducións ao galego das obras *A chegada do cometa* e *O sombreiro do mago*, da escritora finesa Tove Jansson, a cargo do selo editorial Sushi Books. Este selo vén cubrir o oco da literatura infantil e xuvenil traducida ou propia, cun público adolescente. Tamén se fai alusión á saída do prelo da obra *O libro do verán*.

Navarro, María, “Sinxela e desconfiada”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 604, 3 febreiro 2018, p. 11. â

Informa da publicación de *Xinfu* na maldición de Guauchuky de Adrián Morgade, un libro no que o lector mozo vai ter a oportunidade de apreciar unha forma de arte visual na que a imaxe e o texto están intimamente relacionados.

Nicolás, Ramón, “Xabier e a irmandade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Obituario”, 27 xuño 2018, p. 36.

Coa nova do falecemento do escritor Xabier P. Docampo, o autor dedícalle unhas palabras de agradecemento sobre todo pola noción do termo "irmandade" que, ao seu modo de ver, herdaremos da súa produción literaria especialmente polas obras *O libro das viaxes imaxinarias* e *A nena do abrigo de astracán*.

Queixas, Mercedes, “De Boloña a Pontevedra”, *Sermos Galiza*, n.º 290, “Opinión”, 5 abril 2018, p. 5.

Comenta o XIX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que contará con numerosas actividades culturais arredor do libro e a lectura, que leva como subtítulo “Mulleres de conto”. Esta nova edición pretende render homenaxe a todas aquelas mulleres que conforman o mundo da LIX galega. Lémbrenos tamén a celebración do I Congreso Internacional de Mediación Lectora que vai ter lugar nos próximos días.

_____, “Versos de onte para nenos e nenas de hoxe”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “A Fondo. Caderno de análise”, n.º 198, 31 maio 2018, contracapa.

Recensiona a obra poética *Os soños na gaiola* do poeta Manuel María con motivo da conmemoración dos 50 anos da súa publicación. Destaca a importancia da lectura sobre todo nos máis novos.

Rozas, Ramón, “Libros, bosquejos e o arrecendo da poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Saga/Fuga”, 13 abril 2018, p. 9.

Comenta a programación do XIX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, unha edición dedicada ás mulleres protagonistas dos contos. Tamén se nos informa de que tivo lugar a presentación da programación do proxecto PontePoética da man do Ateneo de Pontevedra e Yolanda Castaño.

Souto, Xurxo, “Os soños que soan”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “Cadernos de análise”, n.º 198, “A fondo”, 31 maio 2018, p. 7.

Ofrece un percorrido polas versións musicais da obra *Os soños na gaiola* do poeta Manuel María, como unha das figuras referentes da literatura infantil galega. O licenciado en Filoloxía Clásica, Xurxo Souto, preséntanos relevantes datos sobre os proxectos musicais arredor da obra de Manuel María e cita algúns dos discos máis salientables baseados na figura do autor. Souto tamén dedica unhas palabras á última iniciativa musical levada a cabo o pasado ano a cargo da Casa-Museo Manuel María que foi a versión orquestral da obra titulada *Os soños na gaiola en concerto*.

VII. 5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelenda, Ana, “Érica Esmorís. ‘Nunca camiñei tan orgullosa como cando ía acompañada da miña cadela’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 12 xuño 2018, contracuberta.

Entrevista á escritora Érica Esmoris, galardoada co premio Merlín por *Nena e mar* (Xerais, 2015), na que se tratan diferentes cuestións relacionadas co nomeamento do novo ministro de cultura Mâxim Huerta, recomendacións de libros para o Presidente do Goberno, sobre a súa paixón pola escritura, sobre os premios que obtivo e sinalan algúns feitos relevantes da biografía da autora.

_____, “Andrea Maceiras. ‘Encántame o día que ten 25 horas’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 9 novembro 2018, contracuberta.

Menciona que na súa última novela, *O que sei do silencio*, o silencio aparece como elemento negativo, aínda que polo xeral o considera positivo por implicar calma e reflexión. Lembra cando un profesor lle contou que a súa historia *Nubes de evolución* lle dera esperanza a unha rapaza cando superaba un grave trastorno alimenticio.

Baena, A., “Antonio García Teijeiro. ‘Estou ilusionado e moi feliz porque sen ser localista, si me sinto moi vigués’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, “Vigueses distinguidos 2018”, 27 marzo 2018, p. 5.

Con motivo do galardón como Vigués Distinguido, Antonio García Teijeiro escusa a súa ausencia por ter que dar unha conferencia na Biblioteca Nacional no ciclo dos Premios Nacionais, mostra a súa emoción e agradecemento, fala do momento dourado da literatura galega e da acollida da poesía polo público infantil.

Baena, Ana, “Leticia Costas. ‘En Vigo sempre están a xurdir novas voces literarias con repercusión’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, “Vigueses distinguidos 2018”, 27 marzo 2018, p. 5.

Entrevista á escritora Leticia Costas con motivo do seu nomeamento como Viguesa Distinguida na que se desenvolven cuestións relacionadas con este galardón. Segundo a escritora, este premio é importante porque supón “a posta en valor do Concello de Vigo pola literatura infantil”.

Bellver G., Mónica, “Un traballo entre vital e educativo”, *O Sil*, n.º 262, “Cultura”, 6 abril 2018, p. 31.

Entrevista ao músico Magín Blanco con motivo da publicación da súa última obra *Camiños* (2017), un proxecto que mestura a música coa literatura e o teatro. Nela, faise unha breve presentación do autor, ofrecendo algúns datos biográficos, para logo tratar cuestións relacionadas co contido e a recepción da obra. Bellver subliña tamén a colaboración de certos persoeiros relevantes no eido da cultura galega na elaboración do

libro.

Bermúdez, Sofía, “Francisco Alvite. ‘La educación en Agasalle es vivencial, creativa y motivadora’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 outubro 2018, p. 19.

Realízase unha entrevista con Francisco Alvite no que describe o proxecto educativo Agasalle que busca unha educación vivencial, creativa e motivadora, fala da educación actual e da publicación do libro-disco *A xente corrente* (2015), ademais da organización de concertos e contacontos.

Bragado, Manuel, “Leticia Costas: “O que precisa a rapazada son lentes violetas””, *Luzes*, n.º 60, “Entrevista”, setembro 2018, pp. 69-75.

Achega unha entrevista á escritora Leticia Costa na que dá conta da relación entre a súa biografía e a súa escrita. No tocante á literatura galega, menciónanse, entre os seus referentes, *A sombra cazadora* de Suso de Toro e *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz. Alude á tradución ao italiano da súa obra *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, ao seu poemario *Xardín de inverno*, á súa primeira obra *Unha estrela no vento* e á obra *O corazón de Xúpiter*. Fai referencia a outros autores como Jacobo Fernández Serrano ou Antonio Manuel Fraga. Incide na concepción da literatura infantil e xuvenil como xénero independente que defende a escritora e na relevancia da rebeldía e o apoderamento das mulleres presentes nas súas obras *Unha estrela no vento*; *O corazón de Xúpiter*; *Escarlatina, a cociñeira defunta*; *Recinto gris*; *As peripecias de Extravaganzza Pérez*; *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*; *A señorita Bubble* e *A balada dos unicornios*. Salienta como referentes da súa escrita Marga Rodríguez Marcuño, Manuela Pena e María Xosé Queizán. Destaca a importancia da morte, do humor, da ciencia, do macabro, da natureza, da diversidade, da igualdade ou da pegada social na obra de Leticia Costas en relación á obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*; *A señorita Bubble*; *As peripecias de Extravaganzza Pérez*; *A balada dos unicornios*; *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*; *Un animal chamado néboa*; *Recinto gris* ou *O corazón de Xúpiter*. Comenta que *Escarlatina, a cociñeira defunta* foi galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Alude á obra *A nena do abrigo de Astracán* de Xavier Docampo e a outros autores como Manuel Rivas ou Suso de Toro. Por último, fai referencia á tradución ao inglés de *Un animal chamado néboa*.

Del Pont, Ariandna, **González**, Carlos e **González**, Mario, “Manel Cráneo. ‘Non é preciso ser un gran debuxante para ser un bo autor de cómic’”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 30, 9 maio 2018, p. 4.

Recolle a entrevista realizada por tres alumnos de 4º de ESO do IES de Quiroga a Manel Cráneo con motivo do Día da Ilustración. Nela, abórdanse cuestións referidas aos seus comezos no mundo do cómic, as súas preferencias literarias e os seus proxectos de futuro.

E. V., “Antonio García Teijeiro. ‘Los niños no deben vivir de espaldas a la lectura o a la poesía’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Celebración de la Reconquista. Vigueses distinguidos”, 30 marzo 2018, p. 7.

Entrevista ao escritor Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Nela desenvólvense cuestións relacionadas coa presenza da cidade viguesa na súa produción literaria, a literatura infantil e xuvenil como xénero literario e a situación que está a vivir a LIX galega.

_____, “Leticia Costas. ‘A poco que escarbes en Vigo das con novas historias y secretos’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Celebración de la Reconquista. Vigueses distinguidos”, 30 marzo 2018, p. 7.

Entrevista á escritora Leticia Costas, con motivo da publicación de novos proxectos da autora. Nela, pónense de relevo cuestións relacionadas cos galardóns que recibiu ao longo da súa carreira literaria, a influencia que exerce a cidade de Vigo nas súas obras, a súa predilección pola literatura infantil e xuvenil ou a cuestión da normalización da lingua galega.

Fernández, Elisabet, “Xosé Lois González ‘Carrabouxo.’O Carrabouxo é tan vello! Retratou o AVE, as termas, a autovía... e a Ponte Nova Tamén”, *La Región*, “Ourense”, “100 años del Puente Nuevo”, “Entrevista”, 26 xuño 2018, p. 13.

Entrevista ao humorista gráfico Xosé Lois González “Carrabouxo”. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa traxectoria artística do autor e a importancia do personaxe do Carrabouxo tanto no eido do cómic coma na sociedade.

_____, “Elena Seijo. ‘Los niños son niños, no tontos; en teatro se les habla de miedos’”, *La Región*, “Ciudad”, “Personaje del día”, 12 xaneiro 2018, p. 11.

Entrevista á actriz ourensá e directora da Aula de Teatro Universitario Infantil Gepetto do Campus de Ourense Elena Seijo. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa aparición deste tipo de teatro universitario dirixido aos máis cativos, a procedencia do alumnado que participa nesta iniciativa, as franxas de idade están destinadas este tipo de teatro, a temática que se trata nas pezas e o número de alumnos que hai cada ano.

Fernández, Laura, “Xoán Carlos Domínguez Alberte. ‘O papel do auténtico creador radica en construír unha obra que faga pensar’”, *La Región*, “Celanova”, “Personaxe do día”, 5 marzo 2018, p. 16.

Con motivo da publicación de *Soneto no alfabeto* (2018), faise unha entrevista ao escritor Xoán Carlos Domínguez na que fala da importancia de facer poesía xuvenil pola súa “inmensa capacidade expresiva”, de cómo xurdiu a idea de xogar co soneto, do papel do escritor tradicional na era das novas tecnoloxías, da súa extensa bibliografía, das datas de presentación deste poemario e dos seus proxectos presentes.

García, Montse, “Xosé Antonio Perozo. ‘O mellor escaparate da cultura galega hoxe é a literatura infantil e xuvenil’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 abril 2018, p. 27.

Entrevista ao escritor e presidente das entidades OEPLI e GÁLIX Xosé Antonio Perozo con motivo do Día Internacional do Libro Infantil. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas co importante labor que se exerce desde os colexios e as familias por fomentar o amor pola lectura, a proxección de autores galegos no panorama literario actual, a visibilidade da literatura infantil e xuvenil ou a influencia das novas tecnoloxías no eido literario.

Gil, Francisco J., Tatán R. Cunha. Actor y titiritero”, *La Región*, “*La Revista*”, “Entrevista 10”, 28 setembro 2018, pp. 2-3.

Lembra a súa primeira experiencia como actor facendo de monicrequeiro con *O Demo Rapatú*, obra que máis tarde coa súa compañía Taranxina chegou a facer con monicreques. Comenta que fixo teatro con Suso de Toro no movemento comunista. Lembra a fundación de Taranxina con Esther Cabacés, Marga Maderal, Elías González Araújo e Miguel Borines, e as posteriores colaboracións con Xoan Rafael Vilas e Pablo Giráldez Pastor. Conta que o seu primeiro espectáculo foi “Un, dous catro... 24, Mariquiña ten un gato”, que a compañía reproduce distintos formatos, dende marionetas de hilo a monicreques e actores, mencionando o espectáculo de calle “Coca, a volta da besta” que fixeron no ano 1989. Menciona tamén a última colaboración externa que fixeron, “A Galiña Azul”. Fai fincapé en que os temas do seu repertorio non están enfocados aos nenos, porque tratan temas da nosa sociedade actual, coma o dos desafuzamentos en “A Casa do Avó”, e pretenden desenvolver un espírito crítico.

Hernández, Paula, “Olaya Naveira. ‘O reto é conseguir a atención dos pequenos e dicir algo máis aos pais’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 21 agosto 2018, contracuberta.

Entrevista á ilustradora Olaya Naveira con motivo da súa participación en obras como *Lobishome* (2016) ou *Maruxaina* (2017). Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa súa paixón polo debuxo, a dificultade á hora de ilustrar para o público infantil, o proceso da ilustración editorial, sobre os seus proxectos futuros ou o papel das redes sociais no labor de difusión da ilustración.

López, Belén, “David Cortizo. ‘Á literatura galega non lle queda outra que estar na vangarda’”, *Diario de Pontevedra*, “A última”, 11 marzo 2018, p. 11.

Conta que Urco Editora comezou especializándose en fantasía e ciencia ficción, traducindo ao galego *Apocalipsis Z* de Manuel Loureiro, e como se pasou a intentar reforzar a presenza de autores galegos no selo, ata que xorde con Andrea Jamardo a colección “Mulleres bravas”, que marcou un antes e un despois na historia da editorial. Comenta que actualmente o catálogo xeral de novidades conta cunha gran maioría de escritoras e que están traballando na conmemoración do 17 de maio dedicado a María Victoria Moreno.

_____, “Gabriel Pacheco. ‘Los mitos nos siguen explicando’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Salón do libro”, 17 abril 2018, p. 13.

Entrevista ao ilustrador mexicano Gabriel Pacheco, unha das figuras referenciais no eido da ilustración internacional, con motivo da presentación en Pontevedra do seu derradeiro libro *Ícaro en el corazón de Dédalo*. Nela, trátanse cuestións relacionadas coa súa traxectoria artística, co xurdimento da obra e a confrontación entre mito e as redes sociais, entre outros aspectos. Tamén se salienta o excelente labor da editorial Kalandraka, un dos selos editoriais máis importantes de Galicia, segundo o entrevistado.

M. A., “Carme Fouces. ‘O Salón do Libro é unha peza clave do que significa para nós a Cultura’”, *Diario de Pontevedra*, “*Suplemento do Diario de Pontevedra*”, n.º 30787, “Salón do Libro”, 6 abril 2018, p. 5.

Entrevista á concelleira de Cultura de Pontevedra, Carme Fouces, con motivo da celebración da súa estrea como organizadora do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa organización do evento, o segredo do éxito desta iniciativa, a súa postura con respecto á finalidade reivindicativa do evento así como as actividades que forman parte da programación desta edición.

Mariño, A., “Antonio García Teijeiro. ‘É moi bonito escoitar os aplausos a un libro de poesía escrito en galego’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 36.

Informa do diploma que lles foi entregado en Atenas a Antonio García Teijeiro e a Antonio Reigosa polo libro *Lendo lendas, digo versos*. Conta que é un libro xuvenil de poemas composto de vinte lendas escritas por Reigosa que foron pasadas a verso por el mesmo. Anuncia a próxima publicación das reedicións de *Paseniño, paseniño* e de *Ventos*, ao que engadiu unha ducia de poemas novos.

Marquina, Cristina, “Leticia Costas. ‘Teño a fortuna de vivir moitas vidas gracias aos libros que escribo e leo’”, *La Región*, “Ciudad”, “Personaxe do día”, 22 marzo 2018, p. 11.

Entrevista á escritora Leticia Costas, galardoada con numerosos premios como o Premio Merlín de Literatura Infantil e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do 2015. Nela, trátanse diferentes cuestións relacionadas co seu gusto pola escritura, as fontes de onde extrae as ideas para os seus libros, a importancia da lectura na idade adolescente e a importancia de fomentar a lectura entre os máis novos.

N. N., “Alicia García Cabaleiro. ‘Coñecínme mellor a través de autores e personaxes’”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 39, “Entrevista”, 3 outubro 2018, p. 8

Entrevista á actriz Alicia García Cabaleiro, integrante da compañía teatral Palimoco. Nela, desenvólvense cuestións relacionadas coa súa asidua participación no festival “Cartografía en movemento”, a temáticas das súas pezas teatrais, os espazos teatrais onde actuou ou a importancia que ten para ela colaborar na compañía Palimoco.

_____, “Josefina Torres Pereiro. ‘Quixemos facer unha obra que fose un reto para nós’”,

El Progreso, “*El Progreso junior*”, n.º ???, 19 decembro 2018, p. 8.

Entrevista á actriz Josefina Torres Pereiro, pertencente ao grupo artístico Palimoquiños creadores da peza titulada *Así que pasen cinco anos*, gañadora do premio Xuventude Crea. Nela, salientáanse diferentes cuestións relacionadas co proceso creativo da obra teatral, así como coas súas próximas actuacións.

_____, “Xacobe Bruña Alonso. ‘Gústame o teatro porque permite poñerse noutra pel’”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 42, “Entrevista”, 24 outubro 2018, p. 12.

Entrevista ao actor Xacobe Bruña Alonso, membro da compañía teatral Palimoco. Nela, trátanse cuestións sobre os proxectos teatrais nos que está mergullado, as obras teatrais nas que participou ou que lle aportan o teatro e a danza.

Rivera, Paco, “Paco Martín. ‘Son escritor porque me gusta compartir os meus soños’”, *El Progreso*, “Revista”, 20 xaneiro 2018, p. 22.

O escritor fala do vínculo entre a patria e a infancia, da súa obra *Das cousas de Ramón Lamote*, que foi o primeiro libro escrito en galego en gañar un Premio Nacional de Literatura, da importancia dos soños da que falara Cunqueiro, do bo nivel da cultura galega e, ao mesmo tempo, da dificultade para un escritor de vivir das súas obras.

Rodríguez, María, “Mario Diz. ‘Cada parte da obra alude ós personaxes principais do conto’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 6 abril 2018, p. 56.

Entrevista a Mario Diz, compositor da melodía para o conto “Catrina e Dona Francisca”, e protagonista do concerto inaugural do XIX Salón Internacional do Libro de Pontevedra 2018. Nela, trátanse cuestións relacionadas co contido deste relato musicado, os instrumentos que forman parte da orquestra, a súa opinión con respecto á finalidade que persegue esta nova edición do Salón do Libro, entre outras cuestións.

Salgado, Daniel, “Antón Cortizas. ‘O que máis me interesa é falar do problema da lingua, porque temos que tomar unha determinación’”, *Sermos Galiza*, n.º 278, “*Sermos Escola*”, n.º 4, 4 xaneiro 2018, p. 6.

Entrevista con motivo da publicación de *Anatomía da Lingua*, un libro de poemas sobre a lingua. Comenta que a poesía cumpre como analxésico para curar a nosa preocupación pola lingua, e tamén como medio de denuncia. Destaca tamén a dimensión lúdica do libro e da literatura en xeral, que permite transmitir o galego. Menciónase a Manuel María como exemplo de escritor que tamén publicou unha obra sobre o idioma: *A esencia máis nosa*.

VII. 5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., “El cómic también es una cuestión de género”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 xuño 2018, p. 8.

Informa da participación das ilustradoras Begoña García-Alén e Ana Galvañ nunha mesa redonda sobre a presenza da muller no eido do cómic. A mesa redonda celebrouse no centro social Afundación, dentro da programación paralela da exposición “Arte no cómic”.

A. F., “Espectáculo infantil el sábado 14 en el centro cultural guardés”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 abril 2018, p. 15.

Informa da estrea da peza teatral *Vai ser boa!* a cargo do grupo Migallas Teatro e dirixida ao público infantil. O espectáculo vai ter lugar no Centro Cultural de A Guarda e está baseado no libro-disco infantil “Pan de millo” da editorial Kalandraka.

A. P., “Oviravai ocupará o Auditorio e as rúas con ‘Paio e o poder da música’”, *La Región*, “Xornal Escolar”, n.º 163, “hiperactivos”, “axenda de actividades”, 12 decembro 2018, p. 2.

Sinala que *Paio e o poder da música*, da compañía Oviravai ofrece un novo e particular personaxe: o Oso Aurelio.

AS-PG, “Mulleres de conto. XIII Semana do Libro e da Lectura en Carballo”, *Sermos Galiza*, n.º 295, “*Sermos Escola*”, n.º 6, 10 maio 2018, p. 3.

Comenta a iniciativa para o fomento da lectura dirixida a toda a comunidade comunicativa que se desenvolve en Carballo e que na XIII Semana do Libro e da Lectura do concello tivo como protagonistas ás mulleres. Formaron parte da programación, entre outros, Migallas Teatro, Polo Correo do Vento, Luceús Teatro, Eli Ríos, Soledad Felloza...

Abascal, María, “Día do Libro Infantil e Xuvenil con actividades para os máis novos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 abril 2018, p. 30.

Dá conta da celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil que trae consigo numerosas actividades dirixidas aos máis novos cuxo obxectivo é fomentar o amor pola lectura. A programación conta con contacontos, obradoiros, mostras bibliográficas, espectáculos ou agasallos, que terán lugar nas bibliotecas da maior parte de Galicia.

Abelenda, Ana, “Elas editan en Galicia. ‘Todas as sociedades do mundo teñen pioneiras’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “En portada”, “As mans que fan os libros”, 15 xuño 2018, pp. 2-5.

Salienta o peso feminino no mundo do libro ao falar con catro editoras (Laura Rodríguez, Dores Tembrás, Chus Gómez e Belén López) que comentan a aparición de pequenos selos independentes e cuestións económicas e a irrupción do e-book. Tamén apuntan a creación do patrimonio cultural e a función de servizo social, ademais das liñas de traballo cara a igualdade ou a descompensación cara ás mulleres na nómina de autores de Literatura Infantil e Xuvenil, con nomes como Úrsula Heinze e Leticia Costas.

_____, “¡Sí, señor, esa soy yo!”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Lo último de Pippi Calzaslargas”, 13 xullo 2018, pp. 6-7.

Revisa a vitalidade da personaxe Pippi Mediaslongas, editada a edición de Kalandraka no 2017 e achegando outras obras

_____, “Cuentos para pasarlo de miedo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros. Para niños valientes”, 26 outubro 2018, p. 5.

Con motivo da celebración do Samaín, recomenda distintas obras literarias: *Onde viven os monstros* (Kalandraka), no que Max aprende dos seus pesadelos. *Os contos de terror do Tío Montague* (Sushi Books), cargados de pánico psicolóxico. *As Bruxas* (Xerais), que é so para os máis valentes. E de Leticia Costas, *Escarlatina, a cociñeira defunta* e *Os arquivos secretos de Escarlatina*, que contén un misterio para descifrar.

Álvarez, Mario, “Nexos analizará este sábado as claves da animación en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 febreiro 2018, p. 37.

Anuncia a celebración do ciclo de cultura contemporánea Nexos que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia. Esta iniciativa pretende analizar as claves da explosión creativa na banda deseñada e animación no contexto galego. Nel participarán Alberto Vázquez e Manel Cráneo, Premio Nacional de Cómic e creador do proxecto Planeta Mincha.

_____, “Catrocentos escolares visitan a Cámara galega cos Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 abril 2018, p. 38.

Dá conta da segunda xornada de portas abertas ao Parlamento de Galicia na que participaron arredor de catrocentos estudantes de Educación Infantil e Primaria de centros de toda Galicia. Durante a visita, guiada polos personaxes dos Bolechas, organizáronse diferentes actividades para os máis pequenos como quebracabezas ou a visualización de materiais audiovisuais.

_____, “Homenaxe de trescentos escolares a Pura Vázquez na Ínsua dos Poetas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 22 maio 2018, p. 36.

Dá conta da homenaxe polo centenario do nacemento da escritora de literatura infanto-xuvenil Pura Vázquez que tivo lugar na Ínsua dos Poetas (O Carballiño). Nesta iniciativa participaron arredor de trescentos escolares e profesores de distintos centros educativos da provincia de Ourense, ademais do presidente da Deputación ou do secretario xeral de Política Lingüística, entre outras personalidades relevantes do ámbito cultural.

_____, “Fallece a los 72 años de edad el escritor Xabier P. Docampo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 xuño 2018, p. 35.

Informa do pasamento do escritor Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Ofrécese un breve percorrido pola biografía e a traxectoria profesional do autor. Saliéntase del que acompañou o seu labor de docente coa creación literaria e a promoción da lingua e cultura galegas, así como a súa participación como coautor en libros e diverso material para a aprendizaxe da lingua galega.

_____, “Os Bolechas, polo uso dos xoguetes sen estereotipos sexistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 1 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da presentación da campaña titulada “Xoguetes para a igualdade. Xogamos iguais” celebrada en Santiago de Compostela e destinada aos máis novos. Destácase que a campaña estivo promovida pola Secretaría Xeral de Igualdade en colaboración coa Dirección Xeral de Comercio, e que participaron tamén os personaxes dos libros de Os Bolechas.

Álvarez, Natalia, “El poeta Antonio García Teijeiro inaugura la biblioteca del CEIP Fonte Escura”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 1 maio 2018, p. 2.

Informa da inauguración da biblioteca do CEIP Fonte Escura da man do poeta Antonio García Teijeiro que leva por nome “Os soños do pirata”, nome escollido polo alumnado do centro. Ao acto asistiron personalidades como o alcalde de Vigo, o xefe territorial da Consellería de Educación, a concelleira de Educación e a presidenta da AMPA. Destácase que este novo espazo forma parte da Rede de Bibliotecas Inclusivas de Galicia.

Araújo, E., “Contacontos, obradoiros e feira”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro de Ames”, 17 abril 2018, p. L10.

Recolle algunhas das actividades programadas, como a presentación dos libros de 2017 *O valo*, de Carlos Labraña; *Pon un psiquiatra na túa vida e xa verás*, de Úrsula Heinze; obradoiros de libro ilustrado; a actividade “Literatura na praza”, etc.

Arnáiz, Ángel, “A gran familia dos Bolechas ensina aos cativos a coidar os nosos montes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 17 xuño 2018, p. 38.

Informa da estrea da xira de Os Bolechas titulada “Os Bolechas e o amigo monte”cuxo fin é ensinarlles aos cativos a coidar do monte. O espectáculo tivo lugar en Monforte de Lemos e percorrerá 21 concellos galegos. Destácase que o que se pretende con este tipo de iniciativas culturais é impulsar a lingua galega e concienciar sobre o medio natural.

Ayala, María, “Os escolares galegos viven o Entroido cos Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 febreiro 2018, p. 39.

Infórmase que se pon en marcha unha páxina web sobre o Entroido

osbolechas.gal/Entroido na que se inclúe material dirixido á infancia, como unha unidade didáctica, o Caderno de Actividades, receitas típicas e vídeos.

B. L., “Eva Mejuto impartirá o obradoiro 'Escrita ilustrada' no Pazo da Cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 setembro 2018, p. 11.

Anuncia que a escritora e xornalista Eva Mejuto será a encargada de impartir o obradoiro da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega (AELG) que terá lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra dende o 21 de setembro ata o 14 de decembro. Indica que deste xeito a autora de *22 segundos* recollerá o testemuño de Baldo Ramos e Carlos Negro.

_____, “Las XXIII Jornadas del cómic de Avilés se rinden a Kiko da Silva”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 13 setembro 2018, p. 11.

Dá conta da celebración das XXIII Xornadas do cómic celebradas en Avilés en homenaxe ao debuxante pontevedrés Kiko da Silva. Así mesmo, tamén se anuncia a publicación para 2022 da súa primeira novela gráfica titulada *Bajo la sombra de las piedras flotantes* da man de Norma Editorial e dirixida a un público amplo e diverso.

_____, “O Garaxe Hermético participará nun concurso europeo de ilustración e BD”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 marzo 2019, p. 12.

Informa da participación da escola de banda deseñada pontevedresa O Garaxe Hermético no European Comic Schools Contest 2018, sendo un dos concursos europeos máis importantes de ilustración e banda deseñada.

Baena, A., “El deseo de libertad que marca el rumbo de la ciudad”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Vigueses distinguidos 2018”, 4 abril 2018, pp. 12-13.

Describe a gala e entrega de galardóns dos Vigueses Distinguidos, entre eles os escritores Leticia Costas e Antonio García Teijeiro polo seu traballo a prol da literatura en galego.

_____, “A festa das letras nas Cíes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2018, p. 15.

Dá conta da visita cultural levada a cabo polos alumnos de Vigo, Vilagarcía, Bueu e Ribeira ás Illas Cíes con motivo da celebración do Día do Libro, acompañados polos personaxes de Os Bolechas. Esta iniciativa, promovida pola Consellería de Educación, ten como obxectivo fomentar a lectura entre os máis novos e apoiar a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio Natural.

_____, “Neste mar navegan os barcos da nosa vida”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “La ciudad al detalle”, 13 decembro, p. 15.

Informa do acto celebrado pola inauguración da valla de Pereira, onde Leticia Costas leu un capítulo de *Jules Verne e as mulleres planta* (2016). Destácase que a temática das frases do valado sempre buscan relación entre a cidade, o mar e a pesca.

Badía, Carmen, “Lecturas en gallego a pie de playa”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 xullo 2018 p. 6.

Informa da campaña “Os libros ao sol”, impulsada pola Concellería de Normalización Lingüística e pola de Xuventude de Vigo para fomentar a lectura en galego, disponibilizando 582 títulos en Samil durante o mes de xullo. Entre os máis demandados da rapazada están a serie dos Bolechas e *Un día de caca de vaca* (2006), de Fina Casalderrey. Recóllense opinións de usuarias e usuarios.

Bautista, Rafa, “Humor, terapia ‘Elemental’”, *La Voz de Galicia*, 13 abril 2018, contracuberta.

Informa da saída do prelo da revista dominical *Elemental* do xornal *La Voz de Galicia*, creada polos debuxantes Pinto e Chinto. A revista de humor e lecer contará con numerosos pasatempos e un apartado titulado “A miña viñeta” na que se publicarán as tiras cómicas enviadas polos lectores.

Becerra, Marta, “Diversión para comenzar el año”, *El Progreso*, “El despertador”, “Lugo”, 3 xaneiro 2018, p. 6.

Informa das diversas actividades que se levaron a cabo con motivo da celebración de aninovo na cidade de Lugo. Entre os diferentes eventos, destácase o espectáculo musical “As aventuras de Mamá Cabra”, baseado no libro de Gloria Mosquera, destinado ao público máis novo.

Blanco, Manuel, “De cómo dejar el chupete y soñar en el intento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cuentos ilustrados”, 26 xaneiro 2018, pp. 18-19.

Informa da publicación da colección de contos infantís en lingua galega titulada *Os Wombis* da man de catro creativos coruñeses, editada por Galaxia.

Bóveda, Lucía D., “Con abril chega o Salón do Libro!”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, n.º 621, “Reportaxe”, 1 abril 2018, pp. 2-3.

Salienta a celebración esperada en abril do Salón do Libro baixo o lema “Mulleres de Contos” e a presentación da súa programación pola súa mascota, o lobo Orbil. Apunta que pretende facer unha homenaxe ás mulleres da literatura infantil e tamén á escritora María Victoria Moreno e que México está convidado, dando a coñecer a súa cultura e literatura por medio de diferentes actividades e obradoiros coas que a infancia e xuventude aprenderán moitas cousas. Fai un repaso breve polas principais actividades e exposicións.

_____, “As mulleres teñen moito que contar!”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, n.º 623, “Reportaxe”, “Álbum”, 15 abril 2018, pp. 2-5.

Presenta unha longa reportaxe sobre a celebración en Pontevedra do Salón do Libro no que se celebran contacontos, obradoiros, espectáculos e outras actividades. Salienta a visita guiada “Mulleres de contos”, na que se percorre o papel da muller na literatura como escritora, ilustradora, narradora, profesora e lectora, e a homenaxe a María Victoria Moreno. Tamén sinala que participa México como país convidado, presente na decoración do Pazo da Cultura. Por último comenta o obradoiro “Mario pensaba que o galego non servía para nada...”, organizado por membros de Polo Correo do Vento para alumnado de Primaria.

C. N., “O Mestre Landín organiza unha nova edición da Feira dos Libros Usados”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 13 xuño 2018, p. 24.

Informa da nova edición desta feira do IES Mestre Landín, en colaboración co resto de centros educativos de Marín, onde se intercambian arredor de 5.000 volumes. Este ano, contará coa participación de Raquel Queizás como contacontos, cun espectáculo ligado á escritora María Victoria Moreno.

C. R., “Encontros con... Celia Díaz Núñez”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 136, 14 marzo 2018, p. 2.

Informa da celebración das X Xornadas da Lingua en Salesianos Ourense, que contou cunha nova sesión de “Encontros con...” na que participou a escritora ourensá Celia Díaz Núñez. A sesión estivo dedicada ao labor das mulleres escritoras ao longo da historia. O evento tivo lugar na Aula Magna do colexio Salesianos.

_____, “Libros de Don Bosco para todas as idades e en todos os idiomas, en Amencer”, *La Región*, “xornalescolar”, n.º 128, “hiperactivos. axenda de actividades”, 17 xaneiro 2018, p. 2.

Dá conta dunha exposición sobre libros que versan sobre a vida e o pensamento de San Xoán Bosco en diversas linguas, algúns deles banda deseñada.

C. V., “Viaxe aos tesouros galegos”, *Diario de Arousa*, “Arousa”, 29 abril 2018, p. 19.

Comenta a iniciativa da Consellería de Cultura dunha viaxe ás Illas Cíes dos colexios de Vilagarcía, Riberia, Vigo e Bueu na compañía dos Bolechas co obxectivo de defender e recuperar os tesouros de Galicia (paisaxe, arquitectura, festas e lingua) no marco das accións de promoción da candidatura Cíes Illas Atlánticas para Patrimonio da Unesco. Resume o argumento do novo libro dos Bolechas que inclúe pictogramas para facilitar a lectura e unha unidade didáctica con recomendacións.

Canedo, Cibrán, “Contos para o mundo en Ponteceso”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 xuño 2018, p. 34.

Informa do programa que, coordinado pola Área de Normalización Lingüística, se celebrará na biblioteca municipal de Ponteceso, levando espectáculos dirixidos á

rapazada de 3 a 12 anos da man de Mamá Cabra e o proxecto Apego.

_____, “Os Bolechas viaxarán ata Teo mañá”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xuño 2018, p. 40.

Refire a próxima cita cos Bolechas no concello de Teo, que, como entidade pertencente á Rede de Dinamización Lingüística, recibe no auditorio aos personaxes de Pepe Carreiro para protagonizar unha nova aventura e concienciar á rapazada da importancia de coidar o monte.

_____, “Un taller para ilustrar historias”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 setembro 2018, p. 34.

Informa do remate do obradoiro *Ilustrando historias*, que as artistas Julia Ferradás e Vanessa Loureiro capitanearon en Lalín dentro do programa cultural de agosto, cunha gran demanda e visos de continuidade.

Cano, Rosa, “Los lectores de ‘Os Bolechas’ viajan a las Illas Cíes gracias al día del libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 21 abril 2018, p. 36.

Informa da visita cultural que Os Bolechas fixeron cos máis novos ás Illas Cíes con motivo da celebración do Día do Libro. Unha proposta da Xunta que persegue unha dobre finalidade: por unha banda, impulsar á lectura entre os máis cativos e, por outra, a difusión da candidatura a Patrimonio Natural das Illas Cíes.

Carou, F. “Sermos Galiza S.A. lanza a cabeceira De Nós”, *Sermos Galiza*, nº 285, “Sociedade”, 22 febreiro 2018, p. 8.

Anuncia as monografías con perspectiva galega do *Sermos Galiza*, das cales a primeira irá dedicada aos masacres agrarios de comezos do s. XX e a segunda a María Victoria Moreno, con traballos de Fina Casalderrey, Marta Dacosta, Eli Ríos, Susana Sánchez Aríns, Antonio García Teijeiro, Carme Vidal, Montse Pena Presas e Mercedes Queixas.

Carreira, Sara, “Un instituto lleno de vida”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 21 maio 2018, p. 8.

Dá conta da inauguración de novas aulas no instituto David Buján de Cambre que levarán o nome de diferentes figuras relevantes da literatura galega como son o Padre Sarmiento, Manuel María, Eduardo Pondal e Andrea Maceiras. Esta iniciativa, proposta polo equipo de Dinamización Lingüística, contou coa participación de diferentes invitados, entre os cales, da escritora Andrea Maceiras.

Castiñeira, Paula, “La fábrica del cómic *made in Galicia*”, *ABC*, “Galicia”, 2 xullo 2018, p. 65.

Comenta a importancia da escola de banda deseñada O Garaxe Hermético por ser o

primeiro centro profesional de cómic e ilustración en Galicia. Recóllense, así mesmo, comentarios e percepcións dalgúns dos alumnos que forman parte desta escola, sendo “unha oportunidade única” para todos eles. Sinálase, ademais, que o centro, anualmente, publican libros colectivos, o último deles titulado *O Picoto do Pai* (2017).

Castro, Victoria, “Ríos y Rubín: las Américas desde Galicia gracias al cómic”, *Atlántico Diario*, p. 36, *La Región*, p. 79, “Sociedad”, 12 agosto 2018.

Os debuxantes Emma Ríos e David Rubín acudiron como convidados a “Viñetas desde o Atlántico”, o salón cómic internacional celebrado n’A Coruña. Alí destacaron que a súa actividade artística permítelles vivir como profesionais e adicarse ao que máis lles gusta.

Colmenero, Xosé Lois, “A Biblioteca de Verín logra un novo galardón europeo pola labor transfronteiriza”, *La Región*, “Provincia”, 23 agosto 2018, p. 32.

Anuncia o galardón do “Alto Patrocinio do Parlamento Europeo” que a Biblioteca Pública Municipal do concello de Verín vén de lograr pola súa actividade transfronteiriza “Convive coas linguas”, xornada de contacontos e manualidades na que participa rapazada da localidade veciña de Chaves.

Cruz, José, “Una exposición reivindica el Día das Letras para Gurriarán”, *La Región*, “Valdeorras”, 24 maio 2018, p. 28.

Dá conta da mostra *As Letras de Florencio*, que divulga a vida e obra do escritor do Córcomo nos centros educativos valdeorreses e acolle a participación do alumnado con debuxos, posto que os organizadores asignaron a cada centro un poema dos libros “Bebedeira” e “Cantarenas”. Alén do Día das Letras Galegas, reivindícase a creación dunha fundación.

D. C., “La ‘Feira na Eira!’ de Galeras apostará por el público familiar e infantil este fin de semana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 25 xullo 2018, p. L3.

Comenta que na programación do festival infantil, inserido nas festas do Apóstolo, se inclúen espectáculos de artistas coñecidos da música infantil galega, como son Pakolas ou Uxía Lambona e a Banda Molona, entre outros, ademais da narradora Vero Rilo con historias da tradición oral.

Delgado, Juan Carlos, “Un ‘lujo’ literario gallego”, *ABC*, “Agenda”, “Necrológicas”, 27 xuño 2018, p. 58.

Dá conta do pasamento do escritor lucense Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 1995. Ofrécese un breve percorrido pola biografía e a traxectoria profesional do autor. Saliéntase del que acompañou o seu labor de docente coa creación literaria e a promoción da lingua e cultura galegas, así como a súa participación como coautor en libros e diverso material para a aprendizaxe da lingua

galega. De igual xeito, tamén se fai fincapé na exitosa recepción que tiveron moitas das súas obras que foron traducidas ao castelán, o catalán e o éuscaro.

ECC, “Gastronomía infantil en Área Central con ‘Feliz Feroz’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 febreiro 2018, p. 22.

Dá conta da celebración da proposta cultural “Cocinando cuentos”, que terá lugar no centro comercial Área Central, dirixida aos máis cativos, que contará cun contacontos do libro *Feliz feroz: O lobiño riquiño* (2016) e prepararán apetitosos pratos baseados neste conto infantil.

_____, “Más de 4.500 niños participaron en la Campaña de Animación a la lectura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 maio 2018, p. 27.

Dá conta da celebración da XVIII edición da Campaña de Animación á Lectura en Santiago, organizada polo concello e a editorial Kalandraka. Entre as múltiples actividades literarias que se levaron a cabo para os máis novos, destácase a exposición protagonizada polo libro *A horta de Simón*, obra gañadora do X Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados de Kalandraka.

_____, “Agosto de ‘Viñetas desde o Atlántico’ en A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xullo 2018, p. 38.

Dá conta da celebración da 21ª edición do salón internacional do cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que se celebrará na cidade da Coruña. Nela, participarán autores xa consagrados como son Emma Ríos ou David Rubín, entre outros. No acto participarán o concelleiro de Cultura, José Manuel Sande, xunto co director do Salón, Miguelanxo Prado.

F. D., “Más de 2.500 títulos de libros infantiles”, *La Región*, “Zonas vivas”, “Zampacontos”, 31 maio 2018, p. 10.

Salienta o catálogo da librería ourensá Zampacontos e as actividades de animación á lectura que realiza para os máis pequenos.

_____, “Ludoteca, teatro y fiesta de Reyes”, *La Región*, “Extra Nadal”, “Nadal en Coles”, “Programa”, 22 decembro 2018, p. 34.

Apunta, dentro das actividades programadas para o Nadal do Concello de Coles, a representación de *Outro conto no millo*, da Escola de Teatro de Coles.

F. E., Pablo, “Arte urbano y castaños en el Carlos Casares de Nigrán”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 24 abril 2018, p. 24.

Informa da inauguración dun mural sobre a figura de Carlos Casares no CEIP de Nigrán Carlos Casares, coincidindo co Día Internacional do Libro. Sublíñase que o mural recolle elementos dos contos infantís do autor, entre os que se citan “A galiña azul”, “As laranxas

máis laranxas de tódalas laranxas”, “O lobo Crispín” ou “Lolo anda en bicicleta”.

Fdez, Brais, “O festival Titiribeira dobra a súa aposta”, *El Correo Gallego*, “San Martiño Teo”, “10 e 11 de novembro”, 10 novembro 2018, p. 33.

Informa de que a terceira edición do festival Titiribeira. Olladas sobre os cristovos chega á súa derradeira xornada. O festival está organizado pola Asociación Cultural Morreu o Demo coa colaboración da Deputación da Coruña. A edición deste ano contou con 12 funcións Títeres Alakrán, Seisdedos Marionetas, Os monicreques de Kukas...), unha mesa redonda e dous obradoiros.

Fernández, Elisabet, “El talento local bailó en una soleada fiesta de los libros”, *La Región*, “Ourense”, 3 xuño 2018, p. 16.

Sinala que os lectores clausuraron a Feira do Libro de Ourense na rúa do Paseo cunha aposta por títulos e autores galegos, e mercado literatura infantil e xuvenil, e cítanse as obras en galego *O trapecista da malla de rombos* (2018), de Alberto Canal, e *O coelliño branco* (2017).

_____, “Once + 1 historias para enmarcar”, *La Región*, “Ourense”, “100 años del Puente Nuevo”, 10 xuño 2018, p. 18.

Con motivo dos 100 anos da Ponte Nova, o xornal reúne once láminas con cadansúa visión artística desta obra de enxeñaría, encargadas a ilustradores galegos coma David Rubín, Manuel Caride ou Xosé Lois González ‘O Carrabouxo’.

_____, “David Rubín. La gente que cruza el Puente Nuevo a diario es quien da sentido y vida al monumento”, *La Región*, “Ourense”, “100 años del Puente Nuevo”, 10 xullo 2018, p. 8.

Recóllense algúns recordos e impresións de David Rubín sobre a Ponte Nova, a lámina que creou a partir dela, a riqueza arquitectónica de Ourense na que non descarta inspirarse e os seus próximos proxectos artísticos.

Fernández, Sandra, “Un paseo con superhéroes”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, “A Coruña”, 31 xullo 2018, p. 10.

Recóllense declaracións de David Rubín, que realizou canda David Aja a exposición “Superpoderes”, que inaugura na Coruña con 350 obras que reflexionan sobre a figura do superheroe ao longo do século XXI. Dialoga tamén sobre o xénero e as súas obras.

Fernández, Victoria, “Un respiro frente a la crisis”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 285, setembro-outubro 2018, pp. 8-16.

Nun artigo no que reflexiona sobre o panorama xeral da literatura infantil e xuvenil no 2017-2018, faise eco do Premio Nacional conseguido por Antonio García Teijeiro co

poemario *Poemar o mar*.

_____, “Adiós 2018, bienvenido 2019”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 286, novembro-desembro 2018, p. 5.

Despedindo o ano 2018, lembra o pasamento de Xabier P. Docampo., a quen considera un dos pais da nova LIX galega.

Fernández Caamaño, J. M., “La librería Arenas, setenta años al servicio de la ciudad de La Coruña”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xullo 2018, p. 4.

Informa da historia da librería Arenas e da importante contribución do seu fundador, Fernando Arenas Quintela, ao ambiente cultural coruñés da época. Destácase, tamén, o seu labor editorial, publicando en 1963 o cómic de *Asterix* en lingua galega.

Fernández Vázquez, Mar, “Viñetas desde o Atlántico 2018”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 setembro 2018, p. 4.

Dáse noticia de que baixo a dirección do artista gráfico Miguelanxo Prado estase a celebrar na Coruña o Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Saliéntase a participación no evento dos autores Emma Ríos e David Rubín, José Ramón Sánchez, premio Nacional de Ilustración 2014, Ángel de la Calle, Homs, Xosé Tomás, Tirso Cons e tres autoras con peso no panorama actual: Belén Ortega, Mamen Moreu e Cristina Durán, entre outros.

Ferreiro, David, “Patricia Núñez. ‘O Faiado busca fomentar a creatividade’”, *El Progreso*, “Emergentes”, 5 xullo 2018, p. 14.

Entrevista á creadora de “O faiado de Nin”, para nenos a partir de 5 anos, un obradoiro no que se fomenta a creatividade e a lectura a partir da reciclaxe.

Fraga, Xesús, “Castelao: raíces, árbore e froitos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xaneiro 2018, p. 25.

Informa sobre o remate da tese de Miguel Anxo Seixas, adicada á biografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e a intención do autor de publicala nun futuro próximo.

_____, “A voz que prendía o lume dos contos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xuño 2018, p. 36.

Comenta a figura do escritor Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil con motivo do seu recente pasamento. Ofrécese un breve percorrido pola biografía e a traxectoria profesional do autor. Remátase esta homenaxe sinalando tres títulos clave na súa produción literaria como son *Cando petan na porta pola noite* (Xerais, 1994), *O pazo baleiro* (Xerais, 1997) e *Bolboretas* (Everest, 2004), dos cales ofrece un sumario comentario de cada un deles.

F. Friero - Vilagarcía, “Reportaxe. Os Bolechas desembarcan en Arousa coa diversión en galego”, *Diario de Arousa*, “Arousa”, 16 xuño 2018, p. 8.

Informa da chegada da nova exposición protagonizada polos Bolechas á explanada do Auditorio de Vilagarcía. Trátase dunha exposición interactiva, centrada nas variedades dialectais do galego e dirixida ao público potencial dos Bolechas.

Fuentes, Ana, “Lobito Bueno, una editorial que hace activismo cultural”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 19 marzo 2018, p. 10.

Salienta a iniciativa desta editorial con produtos de calidade que traballan a igualdade e diversidade con dúas liñas diferenciadas: libros culturais ou creativos e os científicos, ademais da colección de Julio Verne con dous títulos: *20.000 leguas de Verne a Vigo* e *Jules Verne e o pesadelo de Xulia* (2018). Comenta o argumento e temática dalgunhas obras e o boom da literatura infantil con Vigo como capital editorial.

_____, “Antonio Teijeiro y Leticia Costas serán Vigueses Distinguidos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 marzo 2018, p. 6.

Dá conta do nomeamento como Vigués Distinguido de Leticia Costas e Antonio Teijeiro, ámbolos dous escritores vigueses galardoados co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 2015 e 2017, respectivamente, co fin de recoñecer o seu talento e a súa encomiable traxectoria literaria. De igual xeito, sinálase que se outorgará o mesmo título ós colexios Doctor Fleming e Canicouva e infórmasenos de que a medalla da cidade recaerá para a Asociación Diálogos 90.

Gallego, Amalia, “Los vigueses premiados en 2017”, *Atlántico Diario*, “Vida”, “Crónica” 7 xaneiro 2018, p. 23.

Fai un repaso dos autores e autoras viguesas premiadas en 2017, entre os que destaca a Antonio García Teijeiro como gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Juvenil pola súa obra *Poemar o mar* (2016).

_____, “Sesión pinchadiscos para los niños en “Libros para soñar”, *Atlántico Diario*, “Vida”, “Sociedad”, nº 1.133, 21 xaneiro 2018, p. 10.

Alúdese á sesión de pinchadiscos que se vai levar a cabo en “Libros para soñar” dirixida ao público infantil con motivo da presentación do libro *Balea* (2016) dos autores Federico Fernández e Germán González, publicado en formato acordeón por Kalandraka. Os autores apostan así por unha posta en escena diferente e innovadora para a presentación da súa obra. A música e a cultura do grafiti son elementos fundamentais no libro que presenta a figura dun cetáceo mecánico mergullado no mar.

García, Antonio, “Ribeira abre la Feira do Libro con el orgullo de su consolidación”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 22 xuño 2018, p. 36.

Refire a apertura da cuarta Feira do Libro de Ribeira, que contou coa escritora e actriz Paula Carballeira para o pregón, quen recordou os seus vínculos co municipio por medio do conto infantil *Volcán, o cabalo salvaxe da illa de Sálvora* (2016). Recolle os nomes das persoas que interviñeron na inauguración.

García, Montse, “Día do Libro Infantil en la biblioteca Ánxel Casal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 1 abril 2018, p. L10.

Anuncia o espectáculo musical “Camiños” de Magín Blanco na biblioteca Ánxel Casal no Día do Libro Infantil.

_____, “Cuentacuentos, exposiciones y talleres para animar a la lectura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Educación”, 4 abril 2018, p. L10.

Informa da presentación da XVIII campaña municipal de Animación á Lectura, promovida polo Concello de Santiago e a editorial Kalandraka, que terá como tema principal o estudo da obra de Rocío Alejandro *A horta de Simón* (2017), título gañador da X edición do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. Esta iniciativa inclúe talleres, sesións de contacontos e visitas guiadas a fábrica de Sargadelos. Sinálase, tamén, que xa está aberto o prazo para presentar as propostas literarias para a XI edición deste premio.

_____, “La biblioteca Ánxel Casal cumple 10 años con 40.000 socios”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Décimo aniversario”, 6 abril 2018, p. L11.

Revísanse as actividades que constituíron o festexo da primeira década de actividade da biblioteca santiaguesa, conducidas por Paula Carballeira a con música de Mamá Cabra.

_____, “Pitusa Semifusa e os estilos musicais”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 13 abril 2018, p. L10.

Anuncia a presentación do libro-CD citado, cun pequeno concerto a cargo de Olga Brañas, na librería Chan da Pólvora.

_____, “Ritmo musical para los más pequeños”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 14 abril 2018, p. L11.

Dá conta da presentación do libro-CD *Pitusa Semifusa e os estilos musicais* (2017), na librería Chan da Pólvora, adobiado cun pequeno concerto a cargo da autora.

_____, “Cajaraville, en Ategal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 15 maio 2018, p. L11.

Dá conta do encontro do escritor co alumnado de Ategal, arredor das súas últimas obras, con mencións a María Victoria Moreno e un concerto da Coral de Santiago.

_____, “Cuatro ilustradoras dibujan los parques compostelanos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 2 xuño 2018, p. L10.

Informa do proxecto O Camiño Urbano, que culminará coa publicación dun volume que recolla o atractivo verde da cidade a través das láminas de catro ilustradoras: Celia Burgos, Nanda Cabaleiro, Ana Luisa Franzão e Maru Godas.

Gómez, Chus, “Los reyes son los libros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 xaneiro 2018, p. 10.

Dá conta da posibilidade de agasallar libros no nadal, na nova menciona algunhas obras como *A señorita Bubble* (2017), de Leticia Costas, *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (2017), de Arantza Portabales e *Que contan as ovellas para durmir?* (2007) de Kiko da Silva.

_____, “De cando Frida fixo o Roteiro Castelao por Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 abril 2018, p. 6.

Informa da confección por parte de alumnos dun colexio de Lugo do libro en formato acordeón *Camiñadas con Castelao* que recolle a influencia e relación entre autores como Frida Khalo e Castelao con lugares emblemáticos da cidade de Vilagarcía.

Gómez, Cuca M., “Citas pendientes tras la Navidad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 xaneiro 2018, pp. 62-63.

Dá conta de diferentes eventos literarios, como a presentación do libro *El diario de Ertélion. El asalto* de David Gago na librería Paz de Pontevedra; a “Camiñada con Castelao”, percorrido polos recunchos de Castelao na cidade e a reunión de Enrique Monteagudo, autor do libro *Todo canto fomos*, cos alumnos do IES Torrente Ballester.

_____, “¡Por fin empieza el Entroido!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 febreiro 2018, pp. 70-71.

Entre outras actividades enmarcadas no Entroido, salienta a presentación de *Xandra, a landra que quería voar* (2017).

_____, “Baile de camelia”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 23 febreiro 2018, pp. 70-71.

Informa da visita da escritora Leticia Costas ao Colexio SEK-Atlántico para participar nun coloquio co alumnado.

_____, “Lamprea por vacaciones”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 marzo 2018, pp. 46-47.

Informa da visita da poeta Míriam Ferradán ao CEIP A Torre de Cela, onde impartiu

diversos obradoiros de poesía para o alumnado do centro.

_____, “Llenazo de Ismael en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 abril 2018, pp. 34-35.

Informa da variedade de actividades que a programación do domingo no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra incluía, entre obradoiros (con Valeria Gallo e Martha Riva Palacio), contacontos e encontros con autores.

_____, “Reencuentros que alegran el día”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 abril 2018, pp. 66-67.

Recóllense algunhas imaxes do Salón do Libro que se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra, con obradoiros de elaboración de máscaras mexicanas e caveiras, encontros entre narradores sobre a lectura ou unha entrevista de cativos á escritora e xornalista María Solar.

_____, “Mimosas’ en Augal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 12 abril 2018, pp. 66-67.

Informa do obradoiro realizado pola ilustradora mexicana Cecilia Rébora na librería Pataka Frita, tras a celebración do Salón do Libro.

_____, “Haciendo planes primaverales”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 abril 2018, pp. 70-71.

Recolle algunhas das actividades dirixidas a rapazada da Sétima Feira, no Mercado de Abastos, coma obradoiros sobre Rosalía e Frida; recolle tamén a exitosa intervención de Paco Nogueiras con *Radio Bule Bule* (2017) no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

_____, “Una tarde en el Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 14 abril 2018, pp. 62-63.

Recóllense algunhas das actividades do día precedente no Salón do Libro da cidade, coma unha xincana literaria con 180 participantes mozos de diversos clubs de lectura de Galicia. Tamén houbo encontros con Leticia Costas, Anxo Fariña, María Reimóndez, Tamara Andrés e Fran Alonso.

_____, “Largo domingo de churrasco”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 16 abril 2018, pp. 34-35.

Informa do estreno do espectáculo musical Moraima de Marcelo Dobode, destinado a público bebé, no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

_____, “Esto sí que son espantapájaros”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 maio 2018, pp. 62-63.

Recolle dúas fotografías, canda a información de que a mostra dos Bolechas “Gatiños, Ghatiñas, Gatíos. Xeitos de falarnos o galego” se clausura en Pontevedra con case 4.000

visitantes, para trasladarse á comarca do Deza.

_____, “Me gustan las mujeres ‘bravas’”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 31 maio 2018, pp. 70-71.

Dá conta da presentación da colección de libros titulada “Mulleres bravas da nosa historia” da man da editorial Urco Editora, que tivo lugar na librería Paz, en Pontevedra. No acto, participaron as escritoras Elvira Ribeiro e María Reimóndez, a ilustradora Eva Agra e a editora Andrea Jamardo. Esta serie de libros está protagonizada por mulleres como María Victoria Moreno, Rosalía de Castro, Maruxa Mallo e Xulia Minguillón.

Gómez, Melissa, “Bueu acogerá mañana la I Feira da Ciencia e Literatura”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 13 abril 2018, p. 22.

Anuncia a I Feira da Ciencia e Literatura organizada polo IES Johán Carballeira que pretende amosar a relación entre literatura e ciencia a través de obras como *Os nenos da varíola* (2017) de María Solar.

Gómez Longo, C. A., “Los superhéroes reviven en A Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 agosto 2018, p. 39.

Presenta a mostra “Superpoderes”, que os ilustradores David Rubín e David Aja prepararon na Coruña, como aperitivo a Viñetas desde o Atlántico na sede de Afundación. Recóllense algunhas declaracións sobre David Rubín, a súa traxectoria e os superheroes, figura sobre a que esta exposición permite reflexionar.

Granda, Claudia, “Las ilustraciones del dibujante David Pintor llegan a Asturias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2018, p. 36.

Dá conta da exposición artística do ilustrador David Pintor que compila os últimos traballos que fixo no eido editorial. A inauguración desta exposición tivo lugar na biblioteca Ramón Pérez de Ayala de Oviedo baixo o nome “Ilustrando a tientas”.

Iglesias, A., “Conferencia de Marilar Aleixandre en el Ateneo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 3 abril 2018, p. 26.

Informa da charla impartida por Marilar Aleixandre baixo o título “É infantil a literatura infantil?” no Ateneo de Santiago no Día do Libro Infantil e Xuvenil.

_____, “Tertulia en el Aeroclub con la escritora María Solar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 12 abril 2018, p. 25.

Anuncia unha tertulia coa escritora, que tratará sobre “A expedición Balmis. Os 22 nenos galegos que levaron a vacina da varíola a América”, tema que centra un dos seus últimos libros.

Iglesias, Ana, “Diversión en familia en el parque de Galeras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 xullo 2018, p. 24.

Recóllense algunhas das propostas lúdicas da programación infantil de “Feira na Eira!”, organizadas desde a Concellería de Acción Cultural. Para o día presente prevese unha actuación de Pakolas coas súas parábolas, protagonizada por Paco Cerdeira, así como a actuación de Uxía Lambona e a Banda Molona.

J. M. R., “Na biblioteca Francisco Mayán ‘en xuño, ler tamén conta moito’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 xuño 2018, p. 33.

Anuncia o programa da biblioteca de Cee, marcado pola representación da obra de Teatro Ghazafellos *A máquina do tempo*, con asistencia de colexios, e do espectáculo *Camiños* de Magín Blanco.

Jaureguizar, “Manuel María corrixiu coa súa navalla esta edición e ‘Os soños da gaiola’”, *El Progreso*, “Literatura”, “Cultura”, “Vivir”, 20 febreiro 2018, p. 5.

Informa da publicación da 4ª edición do poemario *Os soños na gaiola* de Manuel María con motivo do 50 aniversario da publicación da primeira edición. Destácase a súa importancia no sistema literario galego e tamén se detallan as modificacións que incorporou o poeta nesta edición.

_____, “Carlos Meixide: ‘Guitiriz ten algo plácido porque non ten rumores’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 17 marzo 2018, p. 53.

Dá conta da presentación en Lugo da novela *Guitiriz* (2017), de Carlos Meixide protagonizada polos Cinco de Ons, resume o seu argumento e repasa a traxectoria profesional do autor que se dedica á edición galega. Apunta o maxisterio de Enid Blyton presente na triloxía de Meixide.

_____, “Adeus a Xabier Docampo, o último gran narrador popular”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Literatura”, p. 53/ *El Progreso*, “Literatura”, “Vivir”, p. 45, 27 xuño 2018.

Dá conta do pasamento do escritor e contador Xabier Docampo aos 72 anos de idade. Destácase a súa importancia como pioneiro da literatura popular infantil e xuvenil en lingua galega e por ser o gañador do Premio Nacional de Literatura en 1995. Entre as numerosas obras citadas do autor, sobresa a súa derradeira novela *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017).

L. R., “Cambados editará un libro infantil sobre Cabanillas y digitaliza su legado”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 7 novembro 2018, p. 8.

Salienta as actividades do Concello de Cambados que conmemoran o aniversario de falecemento de Ramón Cabanillas, como é a entrega do premio “Mar de Letras”, o roteiro

Cabanillas e a publicación dun libro para achegar este escritor á infancia, ademais da dixitalización do seu legado.

L. Romero Vilanova, “Enórmic Banda cumpre 13+5 anos de talento dende os pupitres”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 7 xuño 2018, p. 11.

Dá conta da presentación do número 13+5 da revista de historietas do IES do Salnés “Enórmic Banda”, caracterizado pola súa variada temática e con homenaxes á escritora María Victoria Moreno. Este número acolle 25 historietas en galego creadas polo alumnado do centro e pretende fomentar o uso do galego entre a mocidade a través do cómic.

L. Viñas, María, “Ramón Lamote’ tivo éxito porque ao final os localismos son unha carallada”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 12 xullo 2018, p. 44.

Con motivo da subvención para a tradución ao inglés por unha editora búlgara do clásico da literatura xuvenil galega *Das cousas de Ramón Lamote*, recóllense declaracións do autor e destácanse outras subvencións para tradución recentemente resoltas, como *Dragal IV. A estirpe do dragón* de Elena Gallego para o inglés en Small Stations Press ou a tradución de *Pipi Mediaslongas* por Kalandraka.

Lage Fernández, Juan José, “O bo humor de Christine Nöstlinger”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 136, “literatura”, 14 marzo 2018, p. 6.

Coméntase a traxectoria vital e profesional da escritora alemá Christine Nöstlinger, galardoada con numerosos premios de literatura infantil e xuvenil. Faise un percorrido pola súa biografía e o seu quefacer literario, sinalando aqueles aspectos máis relevantes da súa traxectoria literaria. En relación á súa produción literaria, salientanse cinco das súas obras que foron traducidas ao galego: *Unha historia familiar* (Editorial Oxford), *Querida avoa, a túa Susi* (Editorial SM), *Un* (Xerais), *Horario de clase* (Galaxia) e *Intercambio cun inglés* (Planeta e Oxford).

Lema, Xosé M., “Cuentacuentos con Perozo y López-Barxas en Xallas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 maio 2018, p. 30.

Informa da celebración dunha sesión de contacontos na libraría Ler de Santa Comba na que participaron os autores Francisco López-Barxas e Xosé Antón Perozo. Cada escritor falou de cadansúa obra, *Pedro, ladrón de historias* (Auga Editora, 2017) e *Vanesa non quere ser princesa* (Auga Editora, 2017), respectivamente.

López, Belén, “Elas fan banda deseñada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 xaneiro 2018, p. 10.

Comenta a entrevista a tres autoras de cómic galego Anémona del Río, Zaida Novoa e Bea Gregores que se están a formar ben na escola O Garaxe Hermético, de Kiko da Silva,

ben na facultade de Belas Artes. Estas tres mulleres supoñen unha nova xeración de autoras galegas que piden paso no mundo do cómic. As tres coinciden na eclosión dunha xeración de mulleres que comezan a abrirse paso no mundo do cómic -tradicionalmente de homes- pero que aínda falta moito por camiñar, asegurando que “a tecnoloxía e as redes sociais axudáronnos moito”.

_____, “O Salón do Libro acollerá un Congreso Internacional de Mediación Lectora”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 febreiro 2018, p. 12.

Dá conta da celebración do I Congreso Internacional de Mediación Lectora, que se enmarca nunha nova edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra baixo o lema “Dar de ler”, que contará coa participación de figuras relevantes como Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre. Neste Congreso, infórmase que terá un papel destacado a figura da homenaxeada co Día das Letras Galegas, María Victoria Moreno. O evento contará tamén con participacións de México e Portugal con persoeiros como Rocío Kuri ou Mafalda Milhoes. O acto de presentación desta iniciativa cultural estivo presidido pola concelleira de Cultura, Carme Fouces, o decano da facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Vicente Romo, e a mestra Eulalia Agrelo. Esta proposta está organizada conxuntamente polo Concello de Pontevedra, A Universidade de Vigo e a rede de Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano (LIJMI).

_____, “México achega catro exposicións ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 marzo 2018, p. 53.

Comenta catro mostras que viaxan dende México, país convidado, até o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Di que “Pintacuentos” reúne 142 obras de 49 ilustradores contemporáneos dende os anos 40 aos 80; que “68 voces” recompila contos indíxenas da tradición oral e contemporáneos, reinterpretados por ilustradores mexicanos; que haberá unha exposición cos 20 carteis finalistas do Concurso Nacional Invitemos a Leer da Feria Internacional del Libro Infantil y Juvenil de Ciudad de México; e que “Keren Tá Merced. Cultura en resistencia” é unha mostra do mercado dese barrio. Por último, indica que haberá catro exposicións galegas, como “Pioneiras Galegas que abriron camiño” baseada no libro homónimo, ademais dos traballos do Máster de Ilustración da Universidade de Vigo e “Os soños na gaiola”.

_____, “México tomará o Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 15 marzo 2018, p. 11.

Dá conta da celebración do XIX Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que contará con máis de 60 actividades, entre as que destacan as achegas do país mexicano. Tamén se aclara que catro librarías galegas como son Seijas, Patakafrita, Paz e Cronopios acollerán encontros con autores e presentacións literarias.

_____, “Pontevedra prepárase para a onda expansiva do Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 marzo 2018, p. 55.

Informa da celebración do XIX Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra baixo o lema “Mulleres de conto”, que vai ter lugar entre os días 6 e 29 de abril no Pazo da Cultura da cidade pontevedresa. O evento, dirixido aos máis novos, trae consigo numerosas actividades, entre as cales destacan dous espectáculos, congresos de

mediación lectora, conferencias, obradoiros, a posta en marcha dunha Escola de Nais e Pais, encontros con autores como Leticia Costas, Anxo Fariña ou Fran Alonso, así como diferentes espectáculos teatrais tales como *O secuestro da bibliotecaria* a cargo do grupo Sarabela, *Rosa Caramelo* de Talía e *Emilia* de Teatro del Barrio. Preténdese, así, fomentar a lectura entre os máis cativos así como proxectar ao exterior a cultura galega.

_____, “Kalandraka cumpre 20 anos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 abril 2018, p. 41.

Informa da celebración do vinte aniversario da editorial pontevedresa Kalandraka. Dá conta da súa importancia xa que se trata da editorial galega con maior proxección internacional e salientase a novela long-seller *A que sabe a lúa?* de Michael Grejniec por se atopar entre as dez obras deste selo máis vendida a través da rede. Destácanse, tamén, dous libros que proximamente sairán no prelo: *Elmer*, do autor británico David Mckee, e *Cara de velocidade*, de Marga Tojo, galardoado co último Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos.

_____, “A ilustración mexicana ocupa o Museo na véspera da apertura do Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 abril 2018, p. 12.

Dá conta da participación de México no XIX Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. As representantes da delegación mexicana desprazadas a Pontevedra foron as ilustradoras mexicanas Valeria Gallo e Cecilia Rébora, que foron as encargadas de presentar os proxectos mexicanos nesta nova edición do certame.

_____, “Pontevedra, capital literaria de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 8 abril 2018, pp. 10-11.

Apunta os lugares e datas nos que se celebra o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, que conta con máis de 150 actividades e que se desenvolve baixo o lema “Mulleres de conto” con México como país convidado. Sinala as I Xornadas Profesionais da Ilustración, o Congreso Internacional de Mediación Lectora e a posta en marcha dunha Escola de Nais e Pais. Tamén describe os espectáculos escénicos para bebés *Bath Time*, “unha interpretación chaplinesca” de Katarsis Educación e Teatro, e *Mar adiante*, adaptación da obra de M^a Victoria Moreno con cantigas, música, danza e monicreques a cargo de Odaiko e Fantoques Baj. Salienta a aposta polos contacontos que conectan coa tradición oral galega e mexicana, como “Contos que cruzan océanos, e obradoiros, como “68 voces”, “Libros de cartón”, “Poesía debuxada” e “Mitos ilustrados”, entre outras actividades.

_____, “Palabras antibalas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 10 abril 2018, p. 13.

Dá conta da inauguración do ciclo formativo “A lectura é unha arma cargada de futuro”, proposto polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil. A iniciativa está dirixida a profesores, pais e público en xeral. Infórmase da participación das mediadoras mexicanas Alondra Ramírez e María Guiexhooba que presentaron os seus proxectos de dinamización lectora en contextos de violencia e exclusión social.

_____, “As librerías de Pontevedra celebran o 23 de abril a cuberto”, *Diario de*

Pontevedra, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 abril 2018, p. 12.

Informa da celebración do I Congreso Internacional de Mediación Lectora “Mulleres de conto”, dentro do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, mencionando algúns dos participantes (Isabel Mociño, Carmen Ferreira, Carlos Negro, Rocío Kuri e Cris de Caldas).

_____, “Pontevedra decláralle o seu amor incondicional aos libros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 abril 2018, p. 11.

Dá conta da celebración do Día do Libro na cidade pontevedresa na que trece librarías da cidade organizaron unha programación de actividades culturais. Recóllese tamén a proclamación do escritor coruñés Antonio Manuel Fraga como o gañador do I Certame María Victoria Moreno, organizado polo Concello e a editorial Urco, pola súa última novela *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*.

_____, “Os Bolechas falan con gheada e seseo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 maio 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración da exposición titulada “Gatiños, Ghatiñas, gatiós. Xeitos de falarmos galego” organizada pola Deputación de Pontevedra e celebrada na cidade pontevedresa. Esta mostra pretende divulgar as variedades dialectais da lingua galega da man dos personaxes de Os Bolechas.

_____, “Kiko da Silva expón o seu traballo no Instituto Cervantes de Munich”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 xuño 2018, p. 12.

Dá conta da exposición da obra de Kiko da Silva que tivo lugar no Instituto Cervantes de Munich. Nela, o ilustrador presenta preto de medio cento de debuxos da súa novela gráfica inédita *Bajo la sombra de las piedras flotantes* no Festival de Cómic da cidade alemá. Así mesmo, tamén se salienta a publicación dunha nova revista de banda deseñada en lingua galega baixo a dirección de Kiko da Silva titulada “A viñeta de Schrödinger”.

_____, “Un Salón do Libro revolucionario”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 setembro 2018, p. 11.

Comenta a programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que convida a Portugal e que presenta as bases do II Premio Internacional de Ilustración do Salón. Tamén apunta que o eixe temático é a revolución.

_____, “Kalandraka faise canle de televisión”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 28 setembro 2018, p. 56.

Dá conta da estrea dun espazo de audiovisual en liña da man da editorial pontevedresa Kalandraka. Esta pioneira iniciativa, dedicada ao eido da literatura infantil e xuvenil, terá como linguas vehiculares o galego e o castelán. A súa presentación tivo lugar no Espazo Nemonon da cidade.

_____, “Os libros son terapéuticos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 outubro 2018, p. 8.

Comenta o coloquio entre o director de Kalandraka e presidente da Asociación Galega de Editoras Xosé Ballesteros e o crítico Ramón Rozas que tivo como eixo central o seu labor como editor da editorial. A charla, que tivo lugar no salón de actos da Casa das Campás, na Universidade de Vigo, encádrase na 5ª edición de Conversas na Uvi.

_____, “Queremos que a lusofonía inunde Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 3 novembro 2018, p. 13.

Informa da presentación en Portugal da próxima edición do Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra na emblemática librería Lello. Indica que baixo o lema “A revolución” este ano tende pontes coa literatura portuguesa.

M. A., “O Salón do Libro traza o seu guión internacional con 150 actividades”, *Diario de Pontevedra*, “Suplemento do Diario de Pontevedra”, nº. 30787, 6 abril 2018, pp. 2-3.

Salienta a aposta do Salón do Libro por implicar a familias e centros escolares no fomento da lectura nesta nova edición renovada dedicada ao labor realizado polas mulleres na literatura, na internacionalización, con México como país invitado, e á potenciar o público xuvenil. Describe algunhas das actividades que se realizarán como os espectáculos para bebés *Bath Time*, de Katarsis Teatro, *Puño Puñete*, de Baobab e *Mar adiante*, de Odaiko e Fantoques Baj. Tamén nomea os distintos obradoiros, encontros con autoras e espectáculos teatrais, como *O secuestro da bibliotecaria*, de Sarabela, *Rosa Caramelo*, de Talía Teatro e *Emilia*, de Teatro del Barrio. Señala a presenza feminina e a perspectiva de xénero como eixos fundamentais, destacando as actividades en homenaxe á autora María Victoria Moreno: contacontos de Polo Correo do Vento, “María e os ollos alabarados”, de Xarope Lulú, “Ruta propia”, de Raquel Queizás; e a presentación de *A muller que durmía pouco e soñaba moito*, de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre. Por último, indica que se fallará o Premio de Narrativa Xuvenil María Victoria Moreno e que tamén se farán obradoiros de ilustración.

M. G. M., “Falece na Coruña o escritor e mestre Xabier P. Docampo aos 72 anos”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 27 xuño 2018, p. 3.

Dá conta do pasamento do escritor e mestre Xabier P. Docampo aos 72 anos de idade na cidade da Coruña. Así mesmo, fai un percorrido pola vida e traxectoria do autor, destacando os aspectos máis relevantes da súa biografía e quefacer literario. Tamén se salienta o férreo compromiso do autor coa lingua galega e o seu destacado labor como difusor da literatura infantil e xuvenil.

_____, “Viñetas desde o Atlántico traerá a sus primeros invitados ya consagrados”, *Diario de Ferrol*, p. 36/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 4 xullo 2018.

Informa da celebración da 21ª edición do salón internacional do cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que se celebrará na cidade da Coruña. Destácase que se organizarán talleres infantís e de iniciación, conferencias e exposicións que terán como eixo central a banda deseñada.

_____, “Dos ‘davides’ y el mismo apellido de ‘artista’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 4 xullo 2018, p. 37.

Trézanse declaracións de Asier Mensuro, comisario da exposición “Superpoderes. David Aja y David Rubín” sobre o que de innovador e artístico hai no proceder de ambos os dous ilustradores. Así, destácanse influencias e logros, como os catro premios Eisner aos que o ourensán está nominado, ou a pegada do cómic francés, xaponés, Jack Kirby ou Frank Miller. Na exposición, aperitivo das Viñetas desde o Atlántico, revísase a icona do superheroe.

_____, “Prado habla en la apertura del salón del cómic de una ciudad viviendo ‘neste xogo en clave de viñeta’”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 7 agosto 2018, p. 37.

Dáse conta da programación e actividades de Viñetas desde o Atlántico, ademais dos creadores cos que contará, como Mamen Moreu, Josep Homs e Belén Ortega dos que se alientan os seus traballos e galardóns máis coñecidos.

M. N., “Os Bolechas convidan a falar”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 decembro 2018, p. 12.

Dá conta da inauguración dunha exposición titulada “Gatiños, Ghatiñas, Gatíos. Xeitos de falarmos galego” sobre os personaxes infantís Os Bolechas na defensa da lingua galega. O acto, celebrado en Vigo e organizado pola Deputación de Pontevedra no marco do Ano da Lingua, contou con xogos interactivos de carácter lingüístico destinados aos máis pequenos. Á mostra asistiron o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal, o deputado de Cooperación, Carlos López Font, e Tomás Valín, en representación da Editorial Bolanda.

M. M., “Paco Nogueiras presenta en A Magdalena su espectáculo ‘Brinca vai’”, *La Región*, “A Chaira”, “Vilalba”, 27 xullo 2018, p. 17.

Anuncia unha actuación de Paco Nogueiras na área recreativa A Magdalena de Vilalba, dirixida ao público familiar e gratuíta, dentro do programa Verán Activo.

M. Manav Gambhir, “El Atlántico se llena de Viñetas”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 5 xullo 2018, p. 9.

Informa da presentación da 21ª edición do salón internacional do cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que se celebrará na cidade da Coruña. Nela, participarán autores xa consagrados como son Emma Ríos ou David Rubín, entre outros. Saliéntase, tamén, que o cómic independente terá o seu espazo nunha das cinco sedes das exposicións de Viñetas. Entre os autores máis novos, destácase a presenza de artistas como Cristina Durán, Belén Ortega ou Mamen Moreau.

M. Muleiro, “Pura Vázquez, poesía e natureza”, *La Región*, “Carballiño”, 22 maio 2018,

p. 23.

Informa da homenaxe polo centenario do nacemento de Pura Vázquez, unha das figuras máis destacadas da literatura infantil e xuvenil. O acto, celebrado na Insua dos Poetas en A Esgueva (O Carballiño), tamén conmemorou o Día mundial da Diversidade Cultural e o Día Europeo da Rede Natura. Esta iniciativa, dirixida aos máis pequenos, contou coa participación dos alumnos de varios centros escolares galegos así como da asistencia do presidente da Deputación ou o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, entre outros persoeiros destacados do eido cultural.

Marquina, Cristina, “Unha ventá ó mundo das tradicións”, *La Región*, “Agenda”; “Libro”, 17 febreiro 2018, p. 20.

Anuncia a presentación do libro *O baúl de Domingos Quintas* do escritor e mestre Xoán Babarro que terá lugar na librería Eixo en Ourense. Tamén se informa sobre a estrutura e organización da obra, con ilustracións de Estefanía Padullés. O libro está dirixido, principalmente, a lectores infantís e xuvenís, mais tamén ao público adulto. Ademais, salientase a importancia da transmisión da literatura de tradición oral de xeración en xeración.

Martínez Pastoriza, Tamara, “XIX Salón do Libro de Pontevedra. Unha cidade con ‘mulleres de conto’”, *Sermos Galiza*, n.º 291, “Sermos Escola”, 12 abril 2018, pp. 2-3.

Repasa a programación e actividades do XIX Salón do Libro de Pontevedra que trata o traballo e presenza das mulleres na Literatura Infantil e Xuvenil e que ten a México como país convidado cunha potente industria literaria e cunha diversidade lingüística e cultural. Tamén indica que paralelamente ao salón se celebra o I Congreso Internacional de Mediación Lectora en colaboración coas Universidades de Vigo e Santiago de Compostela para implicar a profesorado e futuros docentes no fomento da lectura e que contará con obradoiros sobre análise de personaxes femininas, teatro, poesía, crítica feminista etc. Sinala que outra novidade é o Concurso Internacional de Ilustración que gañou a viguesa Ana Villegas. Por último, presenta as principais actividades e salienta a actividade homenaxe a María Victoria Moreno consistente nun contacontos ilustrado e mais a presentación do libro *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*, de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre.

_____, “Libros infantís e xuvenís ceibes de estereotipos sexistas”, *Sermos Galiza*, n.º 301, “Sociedade”, 21 xuño 2018, p. 8.

Informa da participación da Universidade de Vigo no proxecto internacional denominado “Gender Identity: Child Readers and Library Collections, G-Book”. Destácase tamén que este catálogo en liña de bibliografía europea de libros infantís e xuvenís foi un dos proxectos gañadores de Creative Europa (un programa marco da Comisión Europea). Saliéntase, así mesmo, a participación da universidade viguesa como única institución de ensino superior do estado nun proxecto destas características. A iniciativa ten como obxectivo promover a igualdade de xénero e a eliminación de estereotipos. Tamén se informa da colaboración no proxecto da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil.

Montero, Luis, “Os Bolechas, Fantoques Baj, A Roda, Uxía e María do ceo pechan o Nadal en Rede”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xaneiro 2018, p. 35.

Dá conta das últimas actividades que pecharán a sexta edición do programa de dinamización lingüística “Nadal en Rede” que percorrerá 41 localidades galegas. Entre elas, salientase o espectáculo de monicreques a cargo do grupo Fantoques Baj titulado *O castiñeiro do Apalpador*, a actuación do grupo A Roda co seu espectáculo *Picariño* (concerto que incorpora a poesía de Pura e Dora Vázquez) e a actuación dos Bolechas cun espectáculo teatral titulado *Un conto de Nadal* destinado ao público infantil.

Moledo, Alba, “Entre a gheada e o seseo cos Bolechas”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 629, “Reportaxe”, 27 maio 2018, pp. 2-3.

Describe a inauguración da exposición “Gatiños, ghatiñas, gatiós. Xeitos de falarmos galego” animada polos personaxes dos Bolechas que achegaron as variantes dialectais á infancia de Pontevedra por medio de diferentes xogos e actividades. Logo repasa as datas e lugares que percorrerá a exposición.

_____, “Veraneando no universo dos libros”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 634, “Reportaxe”, 1 xullo 2018, pp. 2-3.

Informa da inauguración da segunda edición da Festa dos Libros que tivo lugar na cidade pontevedresa. Coméntase que os máis novos puideron desfrutar de presentación de libros da man das librarías participantes. Entre as obras citadas, destácanse *Verde* (2018), o primeiro número da serie “Animalia”, *O ladrón de soños* (Xerais, 2018), *Monstros, con ou sen consentimento* (Galaxia, 2018), *O libro da selva* (Sushi Books, 2014), *O hobbit* (Sushi Books, 2018) e *Pippi Mediaslongas* (Kalandraka, 2017).

N. N., “O día que naceu Rosalía”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 20, 21 febreiro 2018, p. 11.

Lémbrase a figura da escritora Rosalía de Castro polo 181 aniversario do seu nacemento, considerada como a “nai” das letras galegas. Faise unha homenaxe a esta autora fundacional da literatura galega, sinalando e comentando os aspectos máis relevantes da súa biografía e traxectoria literaria.

_____, “Todas as flores do mundo en tres versos e 17 sílabas”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 24, “Día Mundial da Poesía”, 21 marzo 2018, p. 11.

Ofrécese unha explicación dos chamados “haikus”, que son textos poéticos orixinatorios en Xapón formados por tres versos de cinco, sete e cinco sílabas xaponesas, sumando un total de dezasete, cuxa temática fundamental é a natureza. Así mesmo, tamén se refire a un dos máximos expoñentes deste tipo de poesía, como é Basho, e achega un dos seus “haikus” máis coñecidos, elaborando un comentario sobre el no que se fai alusión a súa peculiar organización formal e a súa temática. Tamén se fai referencia a outros autores de “haikus” como Issa Kobayashi ou Masaoka Shiki. Achegados a este tipo de poesía, tamén

se nomean autores no contexto galego como son Uxío Novoneyra e Consuelo García Devesa.

_____, “Porque non todo o que é verde é bosque...”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 34, 6 xuño 2018, pp. 2-3.

No marco dunha reflexión sobre o ecosistema dos bosques, ao destacar algúns únicos na súa diversidade, como a Devesa da Rogueira, introdúcense uns versos de Uxío Novoneyra.

Naranjo, Carmen, “As historias de mulleres e a natureza protagonizan o Día do Libro Infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Xente a diario”, 2 abril 2018, p. 37 / *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 2 abril 2018, p. 35.

Informa da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil que trae consigo numerosas novidades editoriais para os máis novos. Entre as próximas publicacións destácanse títulos como *Apestoso tío Muffin* do escritor Pedro Mañas (obra gañadora do premio Anaya de Literatura Infantil e Xuvenil) e o libro *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro (que obtivo o premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017) do que se publicou a tradución ao castelán. Así mesmo, salientase a notable exportación do sistema editorial galego de obras de literatura infantil e xuvenil.

Neira, Nieves, “Como sopraría as candeas Lewis Carroll?”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 16, 24 xaneiro 2018, p. 11.

Coméntase a traxectoria literaria do autor de *Alicia no país das maravillas* Charles Lutwidge Dodgson. Ofrecense algúns datos relevantes sobre a súa biografía así como da súa produción literaria. Reflexiónase tamén sobre o xermolo da súa obra máis importante así como dalgúns aspectos relacionados coa súa temática e os personaxes.

Nicolás, Ramón, “Dez libros que non axudarán a non esquecer este verán”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Galego”, “Libros para o verán”, 8 xuño 2018, pp. 8-9.

Comenta dez títulos de narrativa, entre eles *Amor por catro*, de Helena Villar Janeiro que condensa en catro relatos historias de primeiros amores; a segunda entrega protagonizada por Calpurnia Tate de Jacqueline Kelly; e a relación singular entre avoa e neta que se reflicte en *O libro do verán*, de Tove Jansson.

Núñez Centella, Moncho, “El tiempo femenino”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.177, 7 marzo 2018, p. 8.

Comenta a presenza feminina nas pinturas de Castelao e faise unha defensa da igualdade de xénero e a importancia do labor de todas aquelas mulleres que destacaron nos diferentes ámbitos sociais. Entre elas, destácanse figuras como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Victoria Kent ou Rosalía de Castro.

Ocampo, Carlos, “Libros de verán para todas as idades”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.190, 13 xuño 2018, p. 6.

Propón unha listaxe de libros recomendados e ofrécenos un breve comentario de cada unha das obras seleccionadas, todas elas dirixidas a un público infantil e xuvenil. Entre as cales, cómpre destacar os seguintes títulos: *Por que?* do autor Nikolai Popov, *Elmer* de David Mckee, *Anagnórise* de María Victoria Moreno, *Ring, Ring...!Quen rima?* (Hércules de Ediciones, 2018) de Ana María Fernández, *O segredo da vella librería* (Galaxia, 2018) de Xabier López López, *O curioso mundo de Calpurnia Tate* (Factoría K de Libros, 2018) de Jacqueline Kelly e *Eu conto, ti cantas...* de María Victoria Moreno.

Ocampo, E., A. **Rodríguez** e A. **M.**, “Adeus ao escritor Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, 27 xuño 2018, p. 29.

Recolle a triste noticia do pasamento do recoñecido escritor Xabier P. Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Destácase o seu importante labor no sistema literario galego e cítanse algunhas das súas obras máis importantes como *O misterio das badaladas* ou *A nena do abrigo de astracán*, entre outras moitas. Tamén se fai referencia á multitude de personalidades pertencentes ao eido literario e cultural que quixeron renderlle homenaxe a este excelente “contador de contos”, entre os que cómpre destacar a Leticia Costas ou Manuel Rivas, entre outros.

Ó. M., “Caballero suma a los escritores Leticia Costas y García Teijeiro a la lista de Vigueses Distinguidos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 23 marzo 2018, p. 4.

Anuncia o nomeamento de Vigués Distinguido aos autores vigueses de literatura infanto-xuvenil Leticia Costas e Antonio Teijeiro co fin de poñer de relevo a importancia das súas respectivas traxectorias literarias. Tamén se sinala que se propoñerán os colexios Fleming e Canicouva para o recibimento do mesmo galardón. A estes súmanse outros candidatos como o clube Montañeiros Celta, a Asociación de Amas de Casa ou Consumo Agarimo, entre outros.

Orge, María, “Collidos coas mans na masa”, *El Progreso*, “deVerano”, “Cousas de aquí”, 23 agosto 2018, p. 34.

Dá conta da celebración dunha nova edición da Ágora Cultural dirixida especialmente ao público infantil. Esta edición, promovida polo Concello e a Deputación de Lugo, contou con diferentes espectáculos como pallasos, marionetas e ata magos, co fin de ensinarlles valores aos máis novos.

Otero, A., “El nuevo sistema de visitas a Cíes, inactivo para reservarlas a un mes de la temporada alta”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 20 abril 2018, p. 5.

Dá conta da visita guiada que fará o alumnado de varios centros pontevedreses ás Illas

Cíes con motivo das tarefas de promoción da súa candidatura como Patrimonio da Humanidade. Os máis novos participarán na actividade de dinamización lingüística “Os Bolechas van ás Illas Atlánticas”.

Palomanes, Paula, “Trans-formar’ el mundo en favor de la libertad”, *La Región*, “A Limia”, 26 maio 2018, p. 26.

Dá conta da celebración dunhas xornadas sobre igualdade de xénero dirixidas ao alumnado do IES Cidade de Antioquía de Xinzo. A iniciativa, organizada polos orientadores do instituto, contou coa participación de Canela Cafuné e da escritora Eva Mejuto. Cítase tamén a obra *22 segundos*, un libro que ten como eixo central a transexualidade e protagonizado por unha protagonista infantil. Trátase da primeira obra literaria escrita en lingua galega.

Pardo, Alicia, “Una jornada cargada de palabras”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 abril 2018, p. 12.

Dá conta da celebración do Día do Libro que contou con numerosos descontos, agasallos e actividades literarias por parte de oito librarías da Coruña. Entre as obras recomendadas sobresaen *Paco papán* (2018) de Patacrúa e *O grúfalo* (2013) de Julia Donaldson e Axel Scheffner, ámbolos dous dirixidos ao público infantil.

Pardo Iglesias, Santiago, “A historia dun neno sen nenez”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 20 maio 2018, p. 7.

Recolle o relato curto titulado “A historia dun neno sen nenez” de Santiago Pardo Iglesias, un alumno do colexio compostelá La Salle, protagonizado por un neno chamado Mbemba que malia as desigualdades e as condicións precarias nas que se atopa, loita con todas as súas forzas por conseguir unha vida dun neno.

Paz, Blanca, “Lalín organiza talleres de ilustración y banda diseñada en su Semana do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 19 abril 2018, p. 53.

Informa da programación cultural proposta polo Concello de Lalín con motivo da celebración do Día do Libro, que contará con numerosas actividades como talleres de ilustración e de banda deseñada dirixidas especialmente ao público infantil e xuvenil.

Pena Presas, Montse, “As rúas do vento ceibe”, *Sermos Galiza*, n.º 298, “A fondo. 50 anos de Os soños na gaiola”, “Caderno de análise”, n.º 198, 31 maio 2018, p. 3.

Comeza comentando a xeneoloxía editorial da obra, sinalando as diferentes reimpresións que tivo o poemario, indicando a súa recepción (obra destinada aos máis novos) e a temática baseada no mundo rural. En relación con isto, Pena Presas alude á publicación no seu día da obra *As rúas do vento ceibe* (1979), obra cun claro enfoque didáctico-crítico, estruturado en catro partes que reflicten as mudanzas que sufriu Galicia no período

existente entre a saída do prelo do primeiro poemario do autor e este segundo. Referíndose a obra *As rúas do vento ceibe* a autora finaliza destacando que “o seu éxito non foi o mesmo que o de *Os soños na gaiola*”.

Pereira, Nonito, “A ‘encantadora’ voz de María do Ceo, na Coruña”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.033/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.033, “máis Libros”, 29 abril 2018, p. 43.

Informa da actuación teatral da cantante portuguesa María do Ceo, en colaboración co grupo Rum Rum Teatro. Unha espectáculo dirixido aos máis pequenos no que presentará cancións do seu álbum “Cancións para nenos e nenas” (2017), en clara homenaxe a Xosé Neira Vilas, a Suso Vaamonde e a Carlos Casares.

Pérez, Adrián, “No verán... Un conto’ para los niños de Vigo”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 11 xullo 2018, p. 15.

Dá conta da nova edición do programa “No verán... Un conto”, organizada polo Concello de Vigo e o Servizo de Normalización Lingüística. Informa da presentación da obra “Periplo Atlántico” por parte dos artistas do colectivo Polo correo do vento.

Pérez Maldonado, Marcos, “A noite é necesaria”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, n.º 1.191, 20 xuño 2018, pp. 4-5.

Dá conta do estreo da película “A noite é necesaria”, cuxo título está inspirado nos coñecidos versos do poeta Antonio Díaz Castro. Infórmase de que a súa proxección vai ter lugar no planetario da Casa das Ciencias na Coruña.

Pérez, Mariló, “Contos de intriga, sen tabúes”, *La Región*, “Agenda”, 18 setembro 2018, p. 20.

Informa sobre a participación de Antía Yáñez no acto “Recate na biblioteca”, un contacontos celebrado na biblioteca de Vilar de Santos. No artigo faise referencia ás súas dúas obras publicadas: *O misterio de Portomarín* e *Senlleira*.

Pillado, Neli, “Dez anos fabricando lectores en Gondomar”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Área Metropolitana”, “Baiona. Gondomar. Nigrán. Oia”, 24 xaneiro 2018, p. 14.

Fala da importancia do proxecto Espazo Lectura do Val Miñor que ofrece actividades para fomentar a lectura, como o clube de lectura Comando Le, e salienta os actos conmemorativos do décimo aniversario nos que participarán os escritores Marcos López Concepción e María Reimóndez.

Pintor, David, “Ana Juan. ‘La ilustración me permite expresarme y tener una relación con el mundo’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2018, p. 36.

Recóllese unha entrevista coa ilustradora valencíá Ana Juan, que inaugura na Coruña unha mostra da súa obra baixo o título “Debuxando ao alén”, que descobre o proceso creativo dunha adaptación libre de Brancaneves, así como de *Otra vuelta de tuerca*.

Piñeiro, Á., “En Vilaboa, de agasallo unha dos Bolechas”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada”, “La noche más mágica”, 6 xaneiro 2018, p. 7.

Indica que en Vilaboa os Reis Magos agasallaron á infancia cun exemplar protagonizado polos Bolechas.

_____, “Los más pequeños y los aficionados al deporte ya gozan del cocido lalinense”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 29 xaneiro 2018, p. 22.

Dá conta da celebración dunha nova edición da Feira do Cocido de Lalín dedicada fundamentalmente aos máis cativos, que puideron desfrutar de numerosas actividades culturais.

Plaza, Vicente, “Os Bolechas abren a exposición ‘Xeitos de falarmos galego’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 maio 2018, p. 37.

Dá conta da inauguración da exposición titulada “Gatiños, Ghatiñas, Gatíos. Xeitos de falarmos galego”, que tivo lugar na cidade pontevedresa, contou coa presenza dos coñecidos personaxes de Pepe Carreiro Os Bolechas. Esta iniciativa, de carácter didáctico, organizada pola Deputación de Pontevedra, pretende achegar a través do universo Bolechas a riqueza do idioma galego a todas as comarcas da provincia.

Portela, Suso, “García Teijeiro: ‘un libro de poesía na habitación de cada neno’”, *Faro de Vigo*, “a escola do Faro”, n.º 365, “Ti participas”, 16 xaneiro 2018, pp. 4-5.

Dá conta da celebración do concurso escolar Faro da Escola, no marco do cal o Premio Nacional de Lieratura Infantil y Juvenil, Antonio García Teijeiro, visitou varios colexios de Redondela para animar aos máis cativos a ler poesía.

_____, “A emotiva homenaxe do colexio Divino Salvador a un gran poeta”, *Faro de Vigo*, “a escola do Faro”, n.º 366, “Ti participas”, 30 xaneiro 2018, pp. 4-5.

Dá conta da homenaxe celebrada ao poeta vigués Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa obra *Poemar o mar*. O acto estivo organizado polo colexio Divino Salvador de Coruxo no que participaron personalidades como o escritor Jordi Sierra i Fabra ou Helena Pérez, entre outros.

Presedo, Andrea, C. A., “Viñetas desde o Atlántico repasará este año su propia historia de 21 años”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2018, p. 33.

Dá conta da celebración da 21ª edición do salón internacional do cómic “Viñetas desde o

Atlántico”, impulsado polo Concello da Coruña. Esta nova edición, que terá lugar na cidade da Coruña, serve como homenaxe aos primeiros pasos do festival, que se remonta ao ano 1997. Entre a lista de autores convidados destacan Emma Ríos ou David Rubín, entre outros. Nesta edición, os participantes poderán desfrutar do traballo de tres artistas como Cristina Durán, Belén Ortega e Mamen Moreau.

Ramos, J. M., “Fran Gómez conta hoxe en Carballo a aventura do Dakar”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 febreiro 2018, p. 40.

Sinala que haberá un encontro en Carballo con Anxo Fariña para falar de *4 Xinetes*.

Rodríguez, Ana, “Un verano de cuentos viajeros por toda la ciudad”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 10 xullo 2018, p. 3.

Informa da inauguración do programa titulado “No verán... un conto” organizado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Esta iniciativa, que se desenvolverá durante o verán, presentará catorce espectáculos en diferentes puntos do concello vigués. Este proxecto, dirixido a un público infantil, ten como obxectivo dinamizar o emprego da lingua galega a través de atractivas historias.

_____, “Un recorrido de cuentos por la ciudad”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 24 xullo 2018, p. 2.

Anuncia a programación de “No verán... un conto”, que ofrece o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, coa presenza de Anxo Moure e Servando Barreiro con “A música da auga”, Cé Orquestra Pantasma, o “Xarope de contos”, Pakolas Gominolas, Miguel Anxo Alonso Diz con “Un sombreiro cheo de contos” ou “A pita amarela e a estrela salgadiña”.

S. P., “Ocho estrellas gallegas del público infantil protagonizan el segundo Festival Plis Plas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 2 maio 2018, p. 6.

Dá conta da celebración da segunda edición do Festival Plis Plas que tivo lugar no barrio de Navia, en Vigo. O programa está composto por concertos, teatro, contacontos e talleres para os máis novos. Entre os persoeiros que participaron nesta iniciativa, destácanse Magín Blanco, o grupo Cuarteto Caramuxo, Servando Barreiro e Anxo Moure (que presentaron o seu novo libro-CD *A música da auga*) e Paco Nogueiras cos seus espectáculos *Brinca Vai!e Bule Bule*.

S. S., “Radio Bulebule encherá de diversión o Teatro Elma”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 17 abril 2018, p. 31.

Dá conta do espectáculo teatral *Radio Bulebule* a cargo do Teatro Elma de A Pobra do Caramiñal. Este espectáculo, baseado no libro-Cd-Dvd co mesmo nome, é unha iniciativa da editorial Kalandraka Editora. O evento está organizado pola concellaría de Cultura da Pobra do Caramiñal, en colaboración co Programa do AGADIC Cultura no Camiño da

Xunta de Galicia.

S. Prado, “Os Bolechas, pola igualdade”, *La Región*, “Extra”, “Nadal 2018”, “Campanña para nenos”, 24 decembro 2018, p. 46.

Dá conta da presentación da campaña titulada “Xoguetes para a igualdade” celebrada en Santiago de Compostela e destinada aos máis novos. Destácase que a campaña estivo promovida pola Secretaría Xeral de Igualdade en colaboración coa Dirección Xeral de Comercio, participando tamén os personaxes dos libros de Os Bolechas, así como do financiamento do libro titulado *Máis alá do azul e do rosa*.

Sanmartín C., Xabier, “La saga ‘Millennium’ marca el inicio del 21 salón del cómic de A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 agosto 2018, p. 35.

Describe as diferentes actividades da programación do XXI salón do cómic Viñetas desde o Atlántico que se celebra na Coruña, salientando a participación de Josep Homs e Belén Ortega, creadores da banda deseñada inspirada na serie Millennium, de Stieg Larsson, e de Emma Ríos e David Rubín, ademais da exposición dos orixinais d’*O corpo de Cristo*, de Beatriz Lema, último premio Castelao de Banda Deseñada.

Santos, Ágatha de, “Trece estampas sobre la traición” muestra en Vigo al Luis Seoane más combativo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 outubro 2018, p. 40.

Dá conta da exposición en Vigo do álbum de Seone na Fundación Laxeiro, onde tamén se expoñen obras de Castelao, Manuel colmeiro e Arturo Souto.

_____, “Kalandraka salta a la red”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 8 novembro 2018, p. 51.

Salienta a posta en marcha da canle dixital por parte da editorial Kalandraka para promocionar a Literatura Infantil e Xuvenil e fomentar o hábito lector. Indica que pretende ser unha ferramenta de información e formación para creadores e profesionais do libro e da lectura. Apunta entre os contidos a reportaxe con motivo do vinte aniversario da publicación de *O coelliño branco* e a entrevista a Roberto Innocenti.

Salgado, Daniel, “O mundo das cancións pequenas”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “fóradeserie”, 15 marzo 2018, pp. 2-3.

Salienta a explosión dos libros discos dirixidos á infancia e explica a necesidade de compoñer cancións infantís para estimular a concentración auditiva, como o proxecto de Pitusa Semifusa que no seu segundo volume explora as músicas populares urbanas ou as óperas pop futuristas de Miguel Mosqueira *Sira e o robot. Adventures on Titan* (2015) e *Sira e o robot. Crazy Times on Planet Earth* (2017) que empregan unha linguaxe directa para facilitar a aprendizaxe das linguas á cativada. Tamén sinala os traballos precursores de Mamá Cabra, María Fumaça e Pablo Díaz; de Magín Blanco que no seu último traballo *Camiños* (2017) reúne dez escritores e os debuxos de Leandro Lamas; e de Paco

Nogueiras con *Brinca vai!* (2014). Por último, salienta o labor do xornalista Suso Iglesias, creador do fenómeno Xabarín Club que achegou o pop e rock galego á rapazada; e do pioneiro Suso Vaamonde que musicou vinte e seis poemas do poemario *Os soños na gaiola* (1968).

_____, “As mil vidas da banda deseñada galega”, *Sermos Galiza*, n.º 310, “fóradeserie”, 23 agosto 2018, pp. 2-3.

Fai un repaso pola banda deseñada actual que pasa por dificultades editoriais e falta de apoio institucional, mais cun vizoso momento creativo no que salienta o premio Castela, o salón Viñetas desde o Atlántico ou creadores como Kiko da Silva, quen fundou a primeira escola de banda deseñada galega, ademais de publicar a revista *A viñeta de Schrödinger* e traballar na novela gráfica *Baixo a sombra das pedras flotantes*. Tamén destaca a Tokio quen acaba de presentar *Aventuras no mar* e Manel Cráneo, responsable de Demo Editorial. Por último, repasa a escena galega actual coa aparición de David Rubín, Emma Ríos, Oliver Añón coa primeira obra individual *Canción para afundir flores no mar* e Bea Lema con *O corpo de Cristo*, salientando a irrupción de mulleres.

Sánchez, Manuel Alba, “Visitando A Coruña con fins artísticos”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 24, “Escola de Prensa”, 21 marzo 2018, p. 4.

Dá conta da visita cultural dos alumnos e alumnas da ESO e o Bacharelato do IES de Quiroga á cidade da Coruña para facer diferentes actividades culturais. Entre elas, destácanse as visitas a sede de Afundación para ver unha exposición sobre cómic, na que se destacan as obras de autores galegos como Brais Rodríguez e Miguelanxo Prado, e á sede da Real Academia Galega para facer a presentación dunha versión do conto “Las medias rojas” de Emilia Pardo Bazán, á que asistiron a directora da Casa Museo da autora e a académica Marilar Aleixandre.

Sánchez, O., “El libro que descubre a los niños los ‘monstros’ de la ciudad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 1 abril 2018, p. L6.

Comenta a obra *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (Kalandraka, 2007) do escritor Paco López-Barxas e o ilustrador Kiko da Silva. O libro propón un didáctico percorrido literario protagonizado por dous gatos que convidan aos máis cativos a coñecer aqueles aspectos máis descoñecidos e interesantes da cidade compostelá.

Seoane, L., “Superpoderes’, nueva muestra de Afundación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 agosto 2018, p. 46.

Presenta a mostra que acolle a sede de Afundación coruñesa ata setembro, con obras orixinais de dous autores recoñecidos internacionalmente no ámbito da banda deseñada, o ourensán David Rubín e o vallisoletano David Aja. Grazas a ela, ademais de seren observábeis os procesos de creación de ambos, pode trazarse unha reflexión sobre a figura do superheroe no século XXI.

Seoane, Luis, “Miguelanxo Prado: ‘Es un orgullo ver como todas las salas se llenan’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Cicencia. Cultura. Ocio”, 14 agosto 2018, p. 36.

Comenta que o director de Viñetas desde o Atlántico salienta o éxito da súa vinte e unha edición á que evidenciou a riqueza creativa e o talento das novas xeracións e a consolidación editorial deste sector.

Simón Gómez, M., “O xornal volverá ás aulas en setembro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.191, 20 xuño 2018, p. 6.

Comenta a finalización do programa Prensa-Escola no presente curso escolar, un modo de traballar co diario nas aulas, e ofrece algúns exemplos de actividades desenvoltas no presente ano: así, o alumnado do CPI Julia Becerra Malvar chegou a aproveitar a visita de Leticia Costas para crear parte dos contidos.

Varela, María, “Así se fixo a mellor curta do mundo”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 633, “Reportaxe”, 24 xuño 2018, pp. 2-3.

Recóllense pormenores do proxecto audiovisual desenvolto polo CEIP A Xunqueira II, cuxo alumnado desenvolveu nos últimos dous meses unha curtametraxe en stop motion baseada no conto de Susanna Isern *A mellor sopa do mundo* (OQO, 2015). Coméntase o proceso, os materiais, a receita ou a necesaria titorización por parte do profesorado.

Vila, Sara, “36 quilómetros de fío para tecer historias”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 marzo 2018, p. 10.

Dá conta da celebración do XIX Salón do Libro Infantil e Xuvenil que vai ter lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra. Dísenos que se acondicionarán catro salas para contacontos, unha biblioteca, varios espazos adicados a México (o país convidado) e varias exposicións vencelladas a presenza da muller. Así mesmo, tamén se subliña a importancia que vai ter nesta edición a figura de María Victoria Moreno, contando cun espazo dedicado ao seu intenso labor.

Vilariño, Paula, “Roma conquista al cómic”, *El Progreso*, “Arde Lucus MMXVIII”, “Del 15 al 17 de junio de 2018”, 17 xuño 2018, p. VI.

Dá conta do I Encontro de Banda Deseñada Histórica de Galicia, no que participarán sete ilustradores especializados no cómic: Víctor Boullón, Tokio (Miguel Fernández), Tomás Guerrero, Pepe Carreiro e Manel Cráneo. Esta iniciativa tivo lugar na capital luguesa con motivo da festa romana do Arde Lucus 2018. Saliéntase que os resultados deste encontro poderanse ver nuns días nas redes sociais.

X. L. C., “Homenaxe de 300 escolares a Pura Vázquez na Ínsua dos Poetas”, *La Región*, “Provincia”, 21 maio 2018, p. 18.

Informa da homenaxe polo centenario do nacemento de Pura Vázquez, unha das figuras máis destacadas da literatura infantil e xuvenil. O acto, no que participaron 300 escolares de diferentes centros educativos ourensáns, terá lugar na Ínsua dos Poetas (O Carballiño). Esta iniciativa que leva por título “Centenario de Pura Vázquez: pioneira da literatura infantil, mestra exemplar” contará coa presenza do presidente da Deputación de Ourense e do secretario de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII. 1. RECOMPILACIONES, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Paz Antón, Xosé Ramón, *Tradición Oral en Salceda de Caselas. Tomo I. Descricións*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2018, 166 pp. (ISBN: 978-84-8457-481-1). ♦

Tras unhas presentacións institucionais, Xosé Ramón Paz (Porriño, 1957) explica no “Limiar” que se achega ao folclore musical e á literatura popular en Salceda de Caselas dende unha ollada descritiva e outra recompilatoria de todos os materiais coñecidos da tradición oral para poñer en valor e divulgar o patrimonio inmaterial, agradecendo a todos os que axudaron e colaboraron neste traballo. Neste primeiro volume con materiais de hemeroteca, entrevistas, arquivos, fotografías e bibliografía, achégase ás prácticas folclóricas, biografías de músicos e danzantes e á evolución de costumes. Así describe o material atopado que conforma un cancionero local, analizando os cantos infantís, os cantos de labores e oficios, os seráns, as coplas locais, as festas anuais (baixar a cruz, romarías, cantos de cegos e romances), as cornetadas ou cencerradas, o ciclo de Nadal (bandos, os ranchos de Reis, as rondallas, o canto de Pinfanía), o Entroido (coa figura dos cabaleiros e o rancho de Entroido; e a incorporación de novos elementos como comparsas, desfiles e carrozas), a danza e a súa conservación na emigración, a relación da música tradicional coas bandas e a existencia dunha relevante literatura popular non cantada, caso das adiviñas, os refráns, os ditos, os contos e as lendas.

_____, *Tradición Oral en Salceda de Caselas. Tomo II. Catálogo*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2018, 166 pp. (ISBN: 978-84-8457-482-8). Contén CD. ♦

Neste segundo volume ofrécese un catálogo de bens culturais de patrimonio inmaterial de Salceda de Caselas, integrando nunha base de datos todos os ítems coñecidos. Así configúrase como unha compilación de diversos materiais e manifestacións da tradición oral en dúas partes: a primeira segue a clasificación do *Cancioneiro Popular Galego* e toma o formato dun cancionero, dividido en seis apartados que inclúen “Cantos infantís” (arrollos, coplas, muiñeiras, xogos, romances infantís, acumulativos/enumerativos, recitativos infantís, trabalinguas), “Labores e oficios”, “Coplas populares” (para cantar, bailar e tocar, de relación, de animais, de prantas, de comer e beber, de prendas, do corpo e de nacer e morrer), “Romances tradicionais, cantos narrativos e dialogados”, “Festas anuais” (Ciclo de Nadal, Entroido, Pasión, Santos, Romarías, Parodias de Oración) e “Curiosidades”; a segunda, denominada “Outra literatura oral”, é unha clasificación propia de adiviñas, refráns, ditos tópicos, descrición de xogos, contos, lendas, vida e morte, traballos e divertimentos. Válese dunha variedade de formatos de diversas fontes, publicadas e inéditas, como son textos, partituras, gravacións, discos, artigos de prensa, fotografías e vídeos. Conclúe cun “Anexo documental e de fontes” que contén a “Relación de informantes”, “Relación de Colectores”, “Protagonistas da música e danza populares”, “Relación de documentos de audio e partituras”, “Relación de vídeos (música/danza/traballos e divertimentos)”, “Cadro clasificatorio do catálogo”, “Outros traballos relacionados coa tradición oral” e “Bibliografía e outras fontes”.

Rodríguez Cruz, José, *O Couto Mixto. Aspectos folclóricos*, Pedrón de Ouro 2015, Santiago de Compostela: Edicións Laidvento, col. Ensaio, n.º 361, 2018, 85 pp. (ISBN: 978-84-8487-406-5).

Tras unhas dedicatorias a Xosé González Martínez, a Luís Manuel García Mañá, aos veciños do Couto Mixto e aos informantes, Luís Manuel García Mañá ofrece unha breve presentación coas claves desta obra de José Rodríguez Cruz (A Gudiña), estruturada en sete partes, e Antón Lourenco explica a orixe e historia do Couto Mixto. Logo Rodríguez Cruz presenta esta terra de maxia e lenda e reproduce en “Relatos” (pp. 17-38) vinte e catro historias realistas que falan do comercio en Meaus, do contrabando, das relacións na fronteira, do trilito, do tabaco, do liño, do pastoreo, da botica, da presenza do lobo e da Santa Compañía, dos ladróns e do accidente aéreo na serra. En “Contos” (pp. 39-46) salienta a tradición de contar contos no fiadeiro e recolle seis contos: “O compadre portugués e a mula”, “Cousas entre compadres”, “O raposo e o galo”, “O mozo namorado”, “O lobo, a ovella e a añaña” e “O tesouro da forxa”. No apartado “Lendas” (pp. 47-63) transcribe dezanove sobre tesouros, mouros, penedos, a Raíña Loba e o lobishome: “Batalla no Campo de Ourique”, “Os Penedos da Raíña Loba (Covas-Os Blancos)”, “Un agocho de moedas”, “O tesouro das Chozas”, “O tesouro da Férrea”, “O tesouro da Ponte Vella”, “O tesouro do camiño da Igoncha”, “Lenda da Torre”, “A fonte encantada da Torre”, “O Penedo da Moura”, “Os Penedos dos Mouros”, “O nome do río Salas”, “O Penedo da Campa dos Mouros”, “A pía do Rei na Picoña”, “O Penedo da Bicha”, “A aldea de Pena”, “A Raíña e os atributos do Couto Mixto”, “A francesada” e “Unha historia do home-lobo”. Nos seguintes apartados acolle composicións en verso como “4. O grilo e o león” (p. 65), “5. Responso e repartición do burro” (pp. 67-70), “6. Himno do Couto Mixto” (p. 71) e pecha o volume cun último apartado “Algúns exemplos de fala e toponimia” (pp. 73-81) no que reúne os nomes das partes do carro tradicional, o xugo e o arado; topónimos e vocabulario da zona.

Referencias varias:

- Lucía Montáns, “Cento cincuenta anos sen privilexios”, *La Región*, “Agenda”, “Presentación libro”, 3 xullo 2018, p. 18.

Faise eco da presentación da recompilación *O Couto Mixto. Aspectos folclóricos*, de José Rodríguez Cruz que reúne lendas e toponimias deste territorio. Fai unha breve achega biográfica do autor.

VV. AA., *O rol da muller na literatura de tradición oral. Actas da XI Xornada de Literatura de Tradición Oral*, A Coruña: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, col. Escrita contemporánea, n.º AB, decembro 2018, 121 pp. (ISSN: 1889-9579).

Contén CD. ♦

Tras unhas presentacións institucionais por parte de Darío Campos, presidente da Deputación de Lugo, de Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, e de Lois Pérez e Antonio Reigosa, coordinadores das xornadas, ofrécense as seguintes achegas en canto á literatura galega:

- Camiño Noia, “A muller habelenciosa dos contos orais: princesas e labregas”, pp. 13-

Tomando como corpus os contos rexistrados no *Catálogo tipolóxico de contos galegos de tradición oral* (2010), realiza unha pequena achega á caracterización da figura da muller na narrativa oral a partir de tres niveis de análise, establecidas por Jean Jorgensen: textual, contextual e metatextual. Logo explica o paso da literatura oral á escrita debido ao éxito das obras de Perrault e Marie Cathérine d’Aulnoy que puxeron de moda os contos de fées por toda Europa, creando o personaxe feminino das fées, ademais da masiva emigración de hugonotes franceses que espallaron estes contos e o papel da adaptación dos irmáns Grimm á mentalidade infantil. Despois comenta a realidade do mundo rural que se reflicte na narrativa oral como cadros de vida das comunidades rurais, na que salienta o motivo da fame. En canto á concepción da muller na sociedade rural galega, indica a conexión coa natureza polo don da fertilidade que tamén lle permite comunicarse con animais e mortos, ademais da importancia que ten na institución familiar coas funcións de procrear e coidar a prole e de realizar as tarefas cotiás. Salienta que a imaxe da muller que ofrecen os contos se describe en relación co home e reproduce o modelo tradicional de coidar da casa e da familia, ser modista ou menciñeira (bruxa) e buscar un home para casar. Distingue a muller nos contos de maxia dos realistas. Nos primeiros, metáforas dos comportamentos sociais e persoais, que se desenvolven nun contexto animista, a presenza da muller é constante como protagonista en contos femininos de estrutura circular e como axudante do heroe nos masculinos de estrutura linear; con función de mediadora pasiva ou heroína dedicada, amable e xenerosa que escasamente toma a iniciativa de aventura senón é pola súa xenerosidade, por fuxir dun agresor sexual ou por fracasaren os irmáns. Nos segundos, os máis numerosos, a muller ten papel relevante “como protagonista ou coprotagonista en parella matrimonial para mostrar: conflitos de poder, a habilidade da muller fronte ó marido, infidelidades, probas de cariño” (p. 19), aparecendo escasamente a violencia na parella e mostrándose como habilidosa fronte ao home inxenuo e inútil e, tamén, como adúltera ou nos contos de curas como mulleres casadas coas que manteñen relacións sexuais e que adoitan tomar a iniciativa para divertirse, sacar proveito de situacións comprometidas e remediar a miseria familiar.

- Estefanía A. Lodeiro Paz, “Muller que sabe latín, non serve para min”, pp. 25-41.

Explica primeiramente os roles de xénero en relación coa división sexual do traballo e os estereotipos de xénero sobre características, actitudes e aptitudes de mulleres e homes que imponen modelos e estigmatizan a quen se aparta deles. Logo trata a violencia de xénero e o uso da linguaxe para perpetuar valores antigos, como é o caso do refraneiro. A seguir, comenta e analiza a muller no refraneiro galego que fala da violencia de xénero, incidindo en tres aspectos: a imaxe das características e capacidades, as virtudes da muller ideal e a lexitimación da violencia. Con respecto ás características, son negativas: as mulleres son estúpidas, mentireiras, indiscretas, desconfiadas, malas e manipuladoras; cousificándoas e ridiculizándoas nos distintos roles (mozas, sogras, noras...). En canto ás características da muller ideal, propugna modelo patriarcal e androcéntrico que segue código social imposta, sendo unha muller calada, discreta, iletrada, ignorante, traballadora, casta, pura, recatada, honrada, abnegada e obediente. Por último, lexitima a violencia de xénero, colocando a muller ao mesmo nivel que os animais, atribuíndolle características negativas e comportamentos inadecuados, desvalorizándoa e ridiculizándoa, ademais de aconsellar a violencia sexual e xustificando a física para manter o sistema patriarcal. Conclúe que o refraneiro perpetúa o sistema patriarcal, establecendo un modelo de muller acorde cos

intereses dos homes, minusvalorando a súa intelixencia, limitando a liberdade e mobilidade e lexitimando a violencia física e sexual.

- Anxos Sumai, “Meigas: mulleres sanadoras contra a orde masculina”, pp. 47-65.

Explica o proceso de caza de bruxas que tivo lugar en Europa do século XV ao XVIII e no que a meiga, sabia ou curandeira é demonizada, como exemplifica coa lenda de meigas na aldea de Oeste que corrían con cabalos salvaxes e que se transforman en bruxas que se xuntan co demo, facendo pesquisa entre as narradoras máis anciás do lugar. Logo fala da dicotomía meiga boa/bruxa mala e caracteriza as dúas figuras en canto ao seu aspecto físico, cualidades, funcións e poderes, para profundar na caza de bruxas como fenómeno histórico con connotacións relixiosas, mais tamén de índole política, coa intención de modernizar o antigo réxime, homoxeneizar a cultura e eliminar as crenzas antigas. Segundo Sumai, isto explicaría a relación da queima de bruxas e a descolonización, o control da fertilidade das curandeiras co infanticidio e o coñecemento de remedios naturais para a saúde co afastamento do coñecemento médico-científico; e as situaría próximas ao priscilianismo, debilitando o poder da autoridade.

- Faia Díaz Novo, “Pendientes de Ouro Negro. Mulleres e wolframio”, pp. 67-87.

Recolle, a modo de actos escénicos, as historias de diferentes mulleres (maría de Fetós, Concepción, Hermosinda, Carmen e Milagros) que traballaron recollendo wolframio, ademais das achegas da artista Eva Lootz e das investigadoras Encarna Otero e Carme Blanco. Reproduce tamén as coplas cantadas na mina.

- Lupe Blanco, “Regueifa 2.0. Educando en igualdade. As mulleres e a regueifa”, p.. 95-111.

Describe a regueifa, un xénero exclusivamente dos homes até que Leonarda de Tallo a comezos do século XX se atreveu a competir. Reivindica o uso da regueifa para traballar a igualdade de xénero e transcribe a regueifa entre Alba María e Lupe Blanco.

VIII. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Neira, V. “Terra e Alma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 661, 15 marzo 2018, p. VIII.

Faise referencia ao libro-disco de Moisés Quintas Suárez (2017).

Pena, Xosé Ramón“Xurisdición de abellas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 681, 20 setembro 2018, p. VI.

Logo dunha pequena achega bibliográfica de Xosé Lois Ripalda, comenta *A cultura do mel* (Ir Indo, 2018), un roteiro en tres apartados sobre este manxar no que fai unha síntese histórica da apicultura, explica a organización da colmea e describe as ferramentas do apicultor, para logo falar da mitoloxía do mel, recoller refráns, ditos, cantigas, lendas, contos e frases célebres sobre as abellas e o mel. Por último, na terceira parte indica que presenta un conxunto de receitas feitas con ese alimento.

Regueira, Mario, “Quen non vai de viva”, *Sermos Galiza*, n.º 297, “*fóradserie*”, “ao pé da letra”, 24 maio 2018, p. 6.

Dáse conta da publicación do libro, destacando o seu valor dentro dos estudos etnográficos a pesar de que o seu texto non foi actualizado. Coméntase o exhaustivo da comparación con outros territorios e culturas de mitos e rituais propios, e da importancia destes referentes ao trasmundo.

Requeixo, Armando, “Xohana Torres e o berce inmovente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 1.033/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.033, “máis Libros”, 29 abril 2018, p. 30.

Infórmase sobre a publicación póstuma desta monografía. Destácanse diversos puntos nela presentes, como a descrición inicial da comarca na que se atopa o santuario ou a pormenorizada análise de mitos e ritos relacionados co santuario e a peregrinaxe que a el se fai.

VIII. 3. PUBLICACIONES EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIONES FIXAS

Albán, Calixto, “A lenda do pimpín e a chasca”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 xuño 2018, p. 11.

Fala da conexión dos paxaros coas lendas, cantigas e contos e logo explica o canto do pimpín e da chasca, transcribindo a lenda sobre a diferenza dos cánticos destes dous paxaros.

_____, “Lenda de terra de Montes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Tradiciones...”, 26 xullo 2018, p. 6.

Salienta a importancia das lendas como base dos primeiros traballos folclóricos que amosan mitos e tradicións. Logo fai unha clasificación das lendas e indica unha característica das de terra de montes: a temática da pasaxe bíblica da fuxida da Virxe María, San Xosé e o Neno a Exipto como forma de sacralizar plantas, animais, fontes, ríos, pedras etc. Por último, transcribe dúas lendas da aldea de Vilán en Fornelos de Montes.

_____, “De seráns a vendimas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Arraial...”, 23 agosto 2018, p. 7.

Realiza un percorrido polo calendario agrícola da aldea, reparando nos labores que se realizan, como é o caso dos fiadeiros, dos seráns e das añas ou vesadas. Descríbense estas actividades nas que había un tempo para o divertimento, para o baile, a música e o xogo, e para escoitar historias a carón da lareira, ademais de celebrarse desafíos e regueifas.

Aldán, Clara, “La sapiencia de nuestros ancestros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 2 marzo 2018, p. 15.

Reflexiona sobre o uso do refraneiro popular por parte do senador lalinense José Crespo, quen nas súas comparencias e discursos bota man deste recurso popular. Tamén salienta a presentación do libro *De mouros, mours e tesouros. A comarca de Deza* (2017), de Xoán Carlos García Porral.

Canedo, Cibrán “O segredo do castro de Doade”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 4 decembro 2018, p. 35.

Comenta o contido do libro de Manuel Blanco, que recolle as campañas arqueolóxicas dos últimos cinco anos xunto cos mitos que os rodean.

García, Montse, “Una noche de miedo servirá como aperitivo del Festival Atlántica”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral”, 13 marzo 2018, p. L10.

Informa de que o espectáculo “Noite de medo” serve de apertura ao Festival Atlántica, no que participarán Vero Rilo, Soledad Felloza, María Rouco, María Pereira, Laura Escuela e Carmen Conde. Tamén describe a gala inaugural.

_____, “Seis citas con la narración oral”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festival Atlántica”, 16 marzo 2018, p. L10.

Cita os espectáculos que terán lugar na terceira xornada do Festival Atlántica.

_____, “El Festival Atlántica baja hoy el telón”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral”, 17 marzo 2018, p. L10.

Enumera as actividades dirixidas a distinto público na xornada de clausura do Festival Atlántica.

_____, “El Festival Atlántica rozó los 5.500 asistentes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral”, 23 marzo 2018, L10.

Salienta o éxito de público deste Festival de narración oral que entregou a Cornamusa de Honra a Quico Cadaval.

_____, “O folclore galego reivindicase no Gaiás”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 xuño 2018, L13.

Informa do primeiro Encontro Galego de Cultura Popular celebrado na Cidade da Cultura e describe as actividades encadradas nel como o Foliadón e a interpretación conxunta do Himno Galego.

_____, “El Ateneo celebra una fiesta por sus diez años”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 xuño 2018, L10.

O Ateneo celebra o seu décimo aniversario na Sala Capitol, cun festival que mestura música e narración oral. Presentado por Xosé Luis Bernal, Farruco, contará coa participación da narradora oral Soledad Felloza, xunto con diversas actuacións musicais.

Gómez, Cuca M., “Los lunes son emocionantes”, *Diario de Pontevedra*, “Gente A Diario”, “De café con Cuca”, 17 xaneiro 2018, p. 66.

Entre outras cuestións, salienta a presentación da obra antropolóxica *Universos simbólicos. Olladas ao redor da cultura e da identidade galega*, de Rafael Quintiá, que reúne textos sobre a cultura e identidade galega, mitoloxía, simbolismo, crenzas, etc.

González Martínez, Xosé, “Treixadura”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión”, 19 abril 2018, p. 28.

Comenta o concerto de presentación do novo disco do grupo Treixadura que cualifica como “a agrupación que mellor representa a nosa tradición musical”, pois fixo bailar e transmitiu a forza emotiva do cancionero popular por igual a nenos e maiores. Indica que

Inda canto! recolle un repertorio variado de foliadas, pasodobres e muiñeiras “en tempos nos que os ventos da globalización ameazan a nosa singularidade cultural”. Tamén sinala os compoñentes da agrupación e os concertos que darán, aproveitando para criticar a contratación de actuacións vulgares de orquestras para as festas no canto de grupos como Treixadura que transmiten sentimentos.

_____, “O matiz de ‘Cantigas e agarimos”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n”, 21 agosto 2018, p. 34 / *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, 25 agosto 2018, p. 25 / *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, 29 agosto, p. 27 / *El Progreso*, “Opini3n”, 29 agosto 2018, p. 27.

Salienta o matiz musical da agrupaci3n Cantigas e Agarimos que conta cunha discografía marabillosa e un “arquivo de partituras que é un fermoso tesouro musical do cancionero popular galego” que recuperaron Marcial del Adalid, Castro Sampedro ou Jesús Bal y Gay. Indica que o grupo fundouno as Irmandades da Fala en 1921 e que obtivo a Medalla de Ouro recentemente.

Piñeiro, A., “Portalén e os outros arrepíos da comarca”, *Diario de Pontevedra*, “De Norte a Sur”, 1 novembro 2018, contracuberta.

Salienta Portalén, lugar incluído en *50 lugares mágicos de Galicia*, de Carlos Fernández, situado no Monte Seixo e que di a tradici3n que se debe cruzar de Norte a Sur, facer unha ofrenda e preguntar o que se quere saber ao defunto elixido.

Pérez, Lois, “Festival Atlántica: conte pra min, Mabale!”, *El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 122, 18 marzo 2018, p. 5.

Salienta a transmisi3n da narrativa oral como construcci3n da memoria individual e colectiva, para logo centrarse no Festival de Narraci3n Oral Atlántica, dirixido por Soledad Felloza, que contará con contadoras de diferentes lugares do mundo e que terá lugar en Santiago de Compostela.

_____, “Cabalos na alborada”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 138, 17 xuño 2018, p. 5.

Lembra os bares que percorría de mozo e o simbolismo das portas, como as do cárcere de Lugo onde se celebrou a Gala dos mestres da memoria que distingue a persoas que preservan e transmiten a literatura oral.

Romero, Bieito, “A zanfona”, *La Voz de Galicia*, “O son do ar”, 28 agosto 2018, contracuberta.

Realiza unha valoraci3n en torno á zanfona e ao seu son, así como a súa posíbel orixe e entrada en Galicia, desde a mítica gravaci3n de Faustino Santalices, editada en 1976 por Columbia, lembrando a asociaci3n do instrumento cos peregrinos, como don Gaiferos de Mormaltán ou Guillermo X.

Rozas, Ramón, “O nome do vento”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, “A vida nun fío”, p. 80, 4 abril 2018.

Describe a música e voces de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre no último disco que recupera e moderniza os ritmos galegos de diferentes lugares como Queimadelos, Malpica, Manzaneda, Vimianzo, A Fonsagrada, León e Zamora para reivindicar a identidade cultural.

Sánchez Rei, Xosé Manuel, “A música tradicional e a ACAB”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “*Sermos Bóveda*”, n.º 2, “A fondo”, 13 setembro 2018, pp. 2-3.

Salienta a ricaz tradición musical galega, dotada de instrumentos cun grande simbolismo nacionalista, como indica Moncho do Orzán no seu estudo *Farruco de Montrove e os gaiteiros da Coruña* (2017). Tamén destaca a poesía e o canto tradicional como parte dese patrimonio que ofrecen información sobre aspectos culturais, lingüísticos, históricos ou socioeconómicos dos séculos XVIII-XIX, como é o caso da loita pola igualdade entre homes e mulleres e as relacións eróticas. Tamén comenta o aproveitamento deste material para a calidade da lingua e a constatación de feitos históricos.

Senén, Felipe, “Coitados vilancicos galegos... identidade enordecida”, *Sermos Galiza*, n.º 278, “*fóradeserie*”, “Eira das Mouras”, 4 xaneiro 2018, pp. 2-3.

Reflexiona sobre a tradición de cantar panxoliñas e Cantos de Reis en galego ademais dos Cantos de Aninovo, que se remonta aos autos sacramentais medievais con toques mozárabes polo leixaprén. Indica que son manifestacións que se rescataron de arquivos de catedrais.

_____, “Andar ás xaneiras’, cousa de gatos e agoiros...”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 14 xaneiro 2018, p. 25.

Fai un percorrido polas celebracións de xaneiro, o significado dese mes relacionado co deus Xano e a apertura cara un tempo novo, o canto das xaneiras, cantos de escarnio, e o simbolismo do gato, asociado co demo. Tamén indica contos e cantos populares protagonizados por gatos e describe gatos ilustres e outros literarios, como o gatapedro de Cunqueiro ou o Gato da Tía Trécola de Ánxel Fole.

_____, “Alicornos pra alentar a fantasía e a poesía”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 27 maio 2018, p. 26.

Investiga sobre figuras mitolóxicas na tradición literaria, en concreto a figura do alicornio, que xa aparece en tapices da condessa de Pardo Bazán no pazo de Meirás e que tratará Quintiá Pereira en *Alicorno, o poder do corno do unicornio na medicina tradicional galega*.

_____, “Historias e contos arredor do ‘Can do Demo’”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 1 xullo 2018, p. 27.

Con motivo de que o antropólogo Richard Marsh lle escriba para tratar do Urco, fala da orixe deste mito, de que é fonte de inspiración de novelas e películas, da súa representación e simbolismo. Lamenta que nin Cunqueiro nin Fole mencionen o Urco e relaciónao con tradicións célticas e clásicas, mencionando o *Diccionario dos seres míticos galegos* que recolle a historia deste personaxe lendario.

_____, “Romaría en Padrón: o Santiaguíño do Monte”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 22 xullo 2018, p. 26.

Con motivo das romarías polo Dia do Ap3stolo en Padr3n conta lendas que rodean ao ciclo do Ap3stolo, como son *Fida la hija del 3ltimo druida Galaico* de Xes3s Carballo Garc3a onde describe a Galiza do s3culo I en plena cristianizaci3n, mitos que forman parte dos escritos de *Feitos dos Ap3stolos*. Tam3n reivindica o interese cultural, xeogr3fico que 3 a vila de Padr3n, onde naceron ou se inspiraron autores como Rosal3a de Castro, Nicasio Pajares, Camilo Jos3 Cella. Menciona tam3n que esta rex3n de Padr3n aparece na *Geograf3a de Galicia* de Ux3o Carr3.

_____, “Arredor das serpes na cultura galega”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 2 setembro 2018, p. 29.

Reflexiona sobre a etimolox3a e simbolismo da serpe desde a tradici3n b3blica e a mitolox3a greco-latina, reparando no estudo arqueol3xico galaico-portugu3s de Florentino L3pez Cuevillas ao redor da celtizaci3n de Galicia, na representaci3n das serpes en petroglifos, nas s3as propiedades curativas e nas lendas e contos populares.

_____, “Libro m3xico do San Cibrao”, *Sermos Galiza*, n.3 312, “f3radeserie”, 6 setembro 2018, pp. 2-3.

Fala do contido do *Libro magno do San Cibrao*, co3ecido como O Ciprianillo, un grimorio que recolle o saber popular e que se atribuíu a San Cibrao. Di que a igrexa declarou as s3as receitas e superstici3ns como anatema. Logo comenta pormenorizadamente o contido que acollen os tres libros nos que se divide.

_____, “Xeograf3a Sacra Galega”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 18 novembro 2018, p. 24.

Fai un percorrido por lugares m3xicos naturais de Galicia que dende a Prehistoria recibiron cultos e que co tempo se cristianizaron.

V3zquez-Monxard3n, Afonso, “O Apalpador (e a Apalpadora)”, *La Regi3n*, “Opini3n”, 22 decembro 2018, p. 36.

Reflexiona sobre o parecido entre as palabras tradici3n e traiz3n. Sobre as tradici3ns, indica que son mutables e que se poden crear, exemplificando co Apalpador, figura que non aparece nos principais estudos sobre a cultura popular de etn3grafos e antrop3logos galegos. Considera negativa a difusi3n que se est3 a facer desta figura e da correspondente feminina Apalpadora.

X. M. S. R., “A muller e o canto tradicional”, *Sermos Galiza*, n.º 313, “*Sermos Bóveda*”, n.º 2, “A fondo”, 13 setembro 2018, pp. 4-5.

Fala do matiz misóxino dalgúns cantos tradicionais galegos que describen tratamento sexistas das mulleres, fronte a outros que ponderan a figura feminina e salienta este material para traballar cara a igualdade, transcribindo unha pequena mostra sacada de *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII-XIX* (2017), de Xosé Manuel Sánchez Rei.

VIII. 4. PUBLICACIONES EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Gago, Manuel, “Arcanos de mármore”, *Diario de Pontevedra /El Progreso*, “Táboa Redonda”, “SeiSentidos”, n.º 123, 25 marzo 2018, p. 5.

Entre outras cuestións, salienta a nova xeración de contadores, formada por María da Pontraghá, Vero Rilo e Lois Pérez.

García, Montse, “Soledad Felloza. ‘En cada casa galega hai un contador de historias’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 14 marzo 2018, p. L10.

Entrevístase á directora do Festival Atlántica, Soledad Felloza, que fala do tipo de público, do que achega ao espazo cultural galego, da diferenza entre monologuista e narrador oral, da importancia de manter a identidade propia e do feito de Galicia ser un “territorio tremendamente rico en mitoloxía”.

_____, “Carmen Conde. ‘Se a un velorio lle quitas o morto, pode ser unha festa’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral”, 12 xuño 2018, p. L10.

Entrevístase á guionista Carmen Conde, finalista no concurso estatal de slam poético e organizadora da gala benéfica na que actuarán Quico Cadaval, Vero Rilo, Avelino González, Ángeles Goás e Celso Fernández Sanmartín. Fala da idea de basearse en mortes absurdas, de romper co tabú de falar da morte e das historias que máis a marcaron.

Gómez, Melissa, “Benito Salgado Delgado. ‘A xente viña de traballar nas fincas e ía cantar ás tabernas’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “De Cantodarea a Domaio”, 3 febreiro 2018, p. 5.

Reproduce unha entrevista a Benito Salgado, fundador do grupo de cantos de taberna “Os Saljariteiros” na que explica como naceu o grupo, de onde provén o seu nome, da posta en marcha dos “Cantos da Taberna”, de como eran antano e de que cancións se poden escoitar, ademais de futuros proxectos

Malvido, Gemma, “Xosé Manuel Sánchez Rei. ‘Os cantares tradicionais ofrecen información preciosa da vida na Coruña doutros tempos’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 maio 2018, p. 10.

Acolle unha entrevista a Xosé Manuel Sánchez Rei, autor de *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII e XIX* (2017), unha compilación de cantigas esquecidas no franquismo con selo feminino. Fala da importancia da música tradicional para saber do lecer, de cuestións económicas, etnográficas, históricas, lingüísticas, dialectais e sociolóxicas da cidade, sinala varias etapas temporais para diferenciar as cantigas e indica que o patrimonio inmaterial foi transmitido por mulleres que deixaron pegada tamén na composición e, por último, introduce correccións nos textos recuperando

as formas lexítimas galegas.

Neira, Carolina, “Jose Iglesias. ‘A día de hoxe case nin coñecemos ao veciño do lado’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “De Cantodarea a Domaio”, 20 xaneiro 2018, p. 5.

Faise unha entrevista ao presidente da Asociación folclórica Pousos da Area que busca recuperar o serán tradicional e que explica como e cando se perderon debido aos cambios nas formas de ocio e á perda do concepto de comunidade. Sinala que o obxectivo principal da asociación é a “promoción, estudo e a difusión da música tradicional”, buscando informantes que canten e toquen e consultando arquivos. Tamén indica que se perdeu case todo o folclore de Marín e anima á xente a participar no serán.

Obelleiro, M. “Xosé Manuel Sánchez Rei. ‘Moitos avós e avoas son ‘reintegradas’ e non o saben’”, *Sermos Galiza*, n.º 278, “fóradeserie”, 1 abril 2018, pp. 4-5.

Anuncia a recente publicación de *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII e XIX*, e conta que a idea xorde do proxecto da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda de recuperar a toponimia menor, no que el mesmo participou buscando microtopónimos en cantares tradicionais. Comenta que adaptou as cantigas ortograficamente ao galego actual e cambiou, cando era posible, algúns españolismos, xa que considera que as estrofas hibridizadas non reflicten a cultura galega, senón un proceso de colonización. Afirmar que o libro recolle máis de 400 textos e conta que en Galicia existen cantares para todas as situacións da vida e que algúns deles incluso relatan momentos históricos da Idade Media coma o asasinato do arcebispo Sueiro Gómez de Toledo. Destaca o papel das mulleres no canto e transmisión das cantigas, mencionando as opinións da Sarmiento, González Besada e Murguía sobre o rol de poetas das mulleres galegas.

R. Cuba, Laura, “Sole Felloza. ‘Espero que O Diario Galego sexa unha voz clara, cunha identidade galega’”, *Sermos Galiza*, n.º 288, “O Diario Galego”, 15 marzo 2018, p. 14.

Realízase unha entrevista á contadora Sole Felloza que desexa que *O Diario Galego* dea conta da cultura galega, por exemplo da tradición oral.

_____, “Xabier Díaz. ‘Teño a sensación de que na música tradicional son unha especie de converso’”, *Sermos Galiza*, n.º 292, “fóradeserie”, 19 abril 2018, pp. 4-5.

Con motivo da presentación do último disco de Xabier Díaz, realízase unha entrevista na que fala do seu proceso de creación e da procedencia das cancións de gravacións de traballos de campo feitas desde finais dos anos oitenta. Logo fala da programación de concertos, da acollida recibida noutros países, do panorama da música actual, da glorificación da música e baile de tempos pasados que non deixa ver o relevo xeracional que se está a dar e da eliminación de coplas machistas para facer máis inclusiva a tradición.

Villar, Marta, “Rescate do tío Farruco de Montrove”, *La Opinión*, “Oleiros”, 1 xullo 2018, p. 18.

Salienta a presentación do libro sobre a vida do gaitero o Tío Farruco de Montrove de Moncho do Orzán. Fai unha achega biográfica deste personaxe e di que a obra inclúe unha escolma de partituras e un CD con gravacións.

VIII. 5. PUBLICACIONES EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIONES E ESCRITOS VARIOS

A. R., “Os rituais da morte nas Terras de Viana do Bolo”, *O Sil*, n.º 265, xullo 2018, p. 26.

Faise referencia ao contribución de Carlos X. Ares ao libro *Achegas ao Patrimonio Inmaterial Galego*. Explícase que estuda os rituais relacionados coa morte nas terras de Viana do Bolo a partir de textos de Nicolás Tenorio, Laureano Prieto ou Manuel Xusto.

Araújo, Emma, “Vedra mantiene la tradición del ‘burro de palla’ con coplas de escarnio a la puerta del Concello”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 15 febreiro 2018, p. L6.

Describe a tradición de Vedra do burro de palla no Entroido do Ulla que se acompaña de coplas de escarnio.

Arca, “O Atlántida volve a Lalín e vaise celebrar entre o 13 e o 18 de marzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza- A Estrada- O Sar”, 20 febreiro 2018, p. 32.

Anuncia a programación da sexta edición do Festival Atlántica e a súa presentación.

_____, “O Atlántica recala en Lalín con catro espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza- A Estrada- O Sar”, 14 marzo 2018, p. 31.

Enumera os catro espectáculos do Festival Atlántica que se celebran en Lalín, nos que actuarán a salmantina Noelia Carioca, o camerunés Bonifacio Ofogo e o galego Avelino González

Argibay, María, “A parroquia de Ermelo réndese á primeira ‘Freguifesta’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 26 xullo 2018, p. 19.

Comenta o desenvolvemento da primeira Freguifesta, que contou cunha procesión-ruta fotográfica da man de Alba Sotelo e o Bardo Abelardo, xograr medieval que loubou a tradición do lugar. Houbo tamén contacontos para os máis cativos, que fixeron fincapé na historias, nas tradicións e no coidado do medio ambiente. A música correu a cargo de Vento Mareiro Forza 5 con cantos de taberna.

B. L., “Aquí e alá, Mistura, Os Chispas do Lérez e Vento mareiro apúntanse aos VII Cantos de taberna”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 xaneiro 2018, p. 12.

Informa das datas de celebración da sétima edición do certame Cantos de taberna que busca crear afección ao redor da canción popular galega e fomentar a creación de novos grupos, como a agrupación OS Chispas do Lérez.

_____, “Sete Falares convida a percorrer as rúas de noite entre contos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 9 xuño 2018, p. 12.

Fala da actividade “Ruta de historias” dentro do Encontro Internacional de Contadores de Historias Sete Falares que consiste en percorrer as rúas de Pontevedra escoitando contos de boca de contadores de diferentes lugares xeográficos.

B. R., “Os amesáns xa teñen os premios da Regueifesta”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames”, 2 maio 2018, p. 29.

Informa da gala de remate do proxecto Enreguéifate que tivo lugar no Auditorio de Galicia, na que dous grupos de Ames gañaron o premio a regueifa mellor falada e a máis reivindicativa.

Bernal López, Xosé Lois, “Don Virxilio, máis que un mestre”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 xaneiro 2018, p. 20.

Salienta a homenaxe que o alumnado lle vai facer ao profesor de latín don Virxilio e lembra as veladas que organizara no Colexio Minerva, onde naceu o Trío Faneca que cantaba coplas de cego. Comenta a capacidade didáctica, a sabedoría e bonhomía do profesor e recorda algunhas anécdotas.

Borrazás, Mauro, “El hombre que más quema en Galicia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 xullo 2018, p. 8.

Informa da historia do conxuro da queimada, que se consideraba anónimo e que foi escrito por Mariano Marcos Abalo no ano 1967 coa idea de dotar de certa ritualidade as queimadas que se tomaban nas festas. Di que aumentou as estrofas en 1974, que non cobra nada pola propiedade intelectual e que se dedica a facer a cerimonia da queimada.

_____, “La música de taberna regresa a la Finca de San Roque”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 xullo 2018, p. 19.

Resume a programación da décimo primeira edición do certame Cancións dos Nossos Barrios, que reúne os tradicionais cantos de taberna vigueses co obxectivo de “fomentar el folclore y la cultura propias”, ademais de recuperar cancións que son memoria histórica de Vigo. Realiza un breve percorrido pola historia deste certame.

C. Méndez, “La valiente María Castaña”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 xullo 2018, p. 14.

Revisa a historia desta personaxe histórica, ligada á localidade de Cereixa, na Pobra do Brollón. Recóllense declaracións de Xosé Gago e Xurxo Ayán, que ofrecen visitas guiadas tras os seus pasos, e tamén aseveracións do escritor Lois Diéguez sobre a distorsión en torno a ela. Cervantes e Manuel Risco mencionárona nas súas obras.

C. P. R., “Lendas para ver e conversar”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 xuño 2018, p. 24.

Indica que dez historias da tradición oral luguesa foron escollidas polo ilustrador Marcos Vigo para a mostra Madia Lenda: os avisos da morte, a loba branca do Courel, o Pozo do Olo de Begonte, Pontes da Gatín de Becerreá, a Cova da Serpe de Guitiriz, a Lagoa de Cospeito, a Cova do Rei Cintolo de Mondoñedo, o lobishome de Cervantes, Galazz e o Santo Grial e o Crime de Legua Dereita de Vilalba. Salienta que pretende dar a coñecer a riqueza da tradición oral de Lugo e que quere realizar unha compilación de lendas galegas, ilustralas e recollelas nun libro.

Canedo, Cibrán, “Obradoiros de regueifa en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 marzo 2018, p. 35.

Informa do proxecto Enreguéifate que organiza obradoiros de regueifas dende a igualdade e a diversidade en Carballo para o alumnado dos seus institutos.

Cano, Rosa, “Baile, música e tradición no Serán 01, Encontro Galego do Cultura Popular”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 maio 2018, p. 40.

Recolle a programación do Serán 01. I Encontro Galego de Cultura Popular, baile e música tradicional con máis de 45 espectáculos para protexer o patrimonio inmaterial.

ECC., “Nueva edición del certamen de regueifas comarcal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 marzo 2018, p. 21.

Faise eco dunha nova edición do certame Enreguéifate do concello de Santiago e indica que conta con dúas categorías. Ademais dá conta das bases do certame en canto a prazos, lingua, duración e inscrición.

Fernández, Elisabet, “O poeta olvidado dos Maios”, *La Región*, “Sociedad”, 3 maio 2018, p. 19.

Lémbrase de Armando Iglesias Moure quen escribiu coplas para os Maios durante sesenta anos e se despidiu en 2010. Indícase os distintos temas polémicos que tratou e faise unha breve reseña biográfica deste persoeiro esquecido.

Fuentes, Ana, “Arrólate, contos e música con bebés”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 xuño 2018, p. 6.

Indica que dentro da proposta de lecer do verán en Vigo, denominada “Vigo arrólate”, haberá contos, música, teatro, xogos e espectáculos, entre eles as sesión de contacontos de Bea Campos: “Contos do chupete” para bebés con música, literatura infantil, expresión dramática e tradición oral e “Contos do colo”; e Soledad Felloza con “A viaxe de Lup”.

García, Montse “Publican un ensaio inédito de Xohana Torres do ano 1972”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2018, p. 34.

Dáse conta da publicación do libro na sede da Fundación Eugenio Granell de Santiago. Recóllense as declaracións de Xosé Puga, editor, que indica que era un libro especial para a autora pola súa relación co que consideraba o único mito universal galego; tamén as de Goretta Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña, que indica que con esta publicación a entidade pretende facer unha homenaxe á autora e un acto de desagravio por non tela publicado décadas atrás, cando recibiu un premio da propia Deputación.

Gómez, Cuca M., “Una tarde de compras y cuentos”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 8 xuño 2018, p. 62.

Dá conta do inicio do ciclo Sete Falares en espazos singulares da cidade de Pontevedra. Acollerá os relatos de contadores de Camerún, Portugal ou Zamora. A quenda da narración galega comezou coa sesión a cargo de Quico Cadaval, da que se inclúe unha fotografía.

_____, “Libros, libros... y nada más”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 xuño 2018, pp. 62-63.

Recolle unha breve nota e dúas fotografías do concerto-espectáculo “Paus de cego” do lucense Francisco do Romualdo. Trátase dunha montaxe baseada nos cantares de cego, enmarcada nos actos do Día da ONCE.

_____, “Volver a ser como una niña”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 xuño 2018, p. 38.

Recolle a clausura do ciclo Sete Falares na cidade pontevedresa, cos contadores Sofía Maul, Susana Cecílio, Boniface Ofogo, Guti, Quico Cadaval e Pavís Pavós.

_____, “Tic tac, empieza la cuenta atrás”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 28 agosto 2018, p. 54.

Con dúas fotografías e unha nota sucinta, dá conta do inicio do programa de artes escénicas “Vive o Camiño”, estreado na praza do Teucro con éxito de público, canda o contacontos Celso Fernández Sanmartín e Najla Shami Dúo, encargada da música.

Gómez, María, “Las ‘Coplas de Cego’ del marinense José Solla, son ‘una puerta al Paraíso’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 agosto 2018, p. 8.

Comenta a exposición “Coplas de Cego” do pintor José Solla no Museo de Pontevedra, que alude ás historias que lembra escoitar da boca dos cegos que pedían limosna no camiño ás feiras.

Gómez, Melissa, “Os de Sempre’ de Marín vuelven a la carga en el Carnaval 2018”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 30 xaneiro 2018, p. 19.

Informa que o grupo “Os de Sempre”, creado en 19 e cun paréntese de 1982 a 2002, cantarán cancións satíricas sobre a vida dos mariñeiros con humor e ritmo durante a celebración do Entroido.

Hermida, Rocío, “Cantos de Taberna para iniciar o Entroido”, *Diario de Pontevedra*, “Entroido”, nº 30.732, 9 febreiro 2018, p. 6.

Dá conta da programación do Entroido da vila de Marín na que se celebrará a primeira edición de “Cantos de Taberna” dedicados aos gaiteiros “Os de Marín”.

Iglesias, Ana, “Quince narradores en escena para abrir el Festival Atlántica”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 marzo 2018, p. 26.

Salienta a inauguración da sexta edición do Festival Atlántica, citando a procedencia dos narradores que participarán, os lugares onde se celebrará e a web na que hai toda a información.

J. C., “El festival ‘De perto’ aúna en O Barco narración, poesía y canción”, *La Región*, “Valdeorras”, 23 xaneiro 2018, p. 22.

Anuncia a sexta edición do ciclo que se desenvolverá entre o 22 de xuño e o 13 de xullo, e inclúe os recitais do berciano Juan Carlos Mestre e a lucense Olga Novo, así como narración oral por María da Pontragha, Ángeles Goás, Quico Cadaval e Ana Sofía Paiva, entre outras actividades.

_____, “O festival Zona da Zanfona arranca hoxe en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia-Barbanza”, 4 xullo 2018, p. 32.

Ofrécese a programación da catorce edición do festival da zanfona de Rianxo que contará cun curso de improvisación oral con Alba María e Benito Lobariñas.

J. P., “Continúan os obradoiros de regueifas do Concello da Baña”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 5 maio 2018, p. 28.

Tras acoller un obradoiro de regueifas, o centro social da Baña agarda por un segundo de Olalla Liñares, organizado polo Concello en colaboración coa Deputación da Coruña e a Xunta.

J. V., “Fin de semana a ritmo tradicional”, *La Región*, “IX Certame Celtibérico de Gaitas”, “Manzaneda”, 26 xullo 2018, p. 3.

Describe o programa da novena edición do Certame Celtibérico de Gaitas que se celebrou

en Manzaneda. Entre as actividades, salienta o Serán da Seitura no que se recuperan tradicionais cánticos que se reunirán no *Cancioneiro da Seitura de Manzaneda*.

L. A. R., “Alumnos de A Pinguela crean una aplicación con leyendas de la zona”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 xuño 2018, p. 10.

Comenta que o alumnado de terceiro da ESO do instituto A Pinguela de Monforte deseñou unha app para consultar lendas que recompilaron sobre a Ribeira Sacra, unha iniciativa que contou co apoio do Plan Nacional de Educación y Patrimonio. Nomea o título das lendas que xa se poden ler e indica en que consistiu o traballo de recollida de datos.

L. P., “Unos 160 músicos de toda Galicia participan en la Estremonía Cantada”, *El Progreso*, “Sarria”, 18 marzo 2018, p. 15.

Informa da celebración do quinto certame de musical tradicional Estremonía Cantada no que participaron quince grupos.

_____, “Unos 150 músicos llevan los cantos de taberna a O Incio”, *El Progreso*, “Sarria”, 13 maio 2018, p. 20.

Informa da segunda edición de Cantos de Taberna de O Incio, nomeando os grupos participantes.

López, Belén, “Aí está, aí está... o árbol de Navidad”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Pontevedra vive el entroido”, 13 febreiro 2018, p. 3.

Analiza os distintos temas da actualidade tratados no XXVII Concurso de Murgas de Pontevedra.

_____, “Escóitase o toque de leghón en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 maio 2018, p. 13.

Indica que a asociación cultural Trépia celebra a VII Aña Urbana que recupera manifestacións tradicionais das comarcas de Mondariz e Condado-Paradanta, como os cantares da sementeira. Tamén fala da presentación do libro-CD *Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral* (2017), de Guillermo Ignacio e Xulia Feixoo, unha obra de investigación, compilación e divulgación da música galega de tradición oral.

_____, “Sete anos de ‘Sete Falares’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 maio 2018, p. 13.

Fala do sétimo Encontro de Contadores de Pontevedra e nomea os participantes, ademais de ofrecer a historia e finalidade deste encontro, xunto cunha pequena reseña biográfica de cada un dos contadores e a programación.

_____, “A música de tradición oral en Galicia escríbese en feminino”, *Diario de*

Pontevedra, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 xuño 2018, p. 13.

Informa da homenaxe a María Grande Sobral no XIX Memorial Ricardo Portela, facendo fincapé en que é a primeira edición do certame adicada a unha muller.

López, Ruth, “A xornada de literatura oral de Lugo achégase hoxe ás mulleres”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 27 outubro 2018, p. 81.

Indica a temática e as participantes na xornada de Literatura Oral de Lugo e resume o seu programa que tratará sobre a muller imaxinada e de carne e óso e a visión e papel secundario que recibe desde a literatura oral.

Manteiga, M., “Henningsen fala de folclore en Ordes...50 anos despois”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 febreiro 2018, p. 41.

Dá conta da presentación do libro CD no Museo do Pobo Galego, un proxecto asinado por Xavier Groba e Sergio de la Ossa que inclúe pezas e cantares recompilados polo investigador nórdico Gustav Henningsen. Indica que acolle coplas, muiñeiras, tonadas, romances, recitados, cantares de reis e regueifas. Ademais dunha ampla colección de fotografías antigas, así como explicacións e notas dos cadernos de campo. Describe os contidos da obra e achega unha breve biografía do antropólogo coas súas investigacións máis importantes.

Martín, T., “Última semana para participar en el segundo certamen de regueifas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 abril 2018, p. 25.

Informa dos prazos, premios e requisitos de participación da segunda edición do certame de regueifas Enreguéifate.

M. G., “Carnota prepárase para un Entroido regueifeiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza- Muros- Noia”, 24 xaneiro 2018, p. 32.

Informa da iniciativa do Concello de Carnota de celebrar xornadas de traballo con regueifeiros profesionais.

M. G. M., “Quico Cadaval. ‘Temos historias de personaxes fabulosos que vendemos e exportamos’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 17 marzo 2018, p. 44.

Fala da actuación na Coruña deste actor e das súas nominacións aos María Casares pola peza *A cabeza do dragón*.

M. M., “Presentación del libro-CD ‘Terra e alma’ en el Museo Etnolóxico”, *La Región*, “O Ribeiro”, 16 xuño 2018, p. 28.

Informa da presentación do libro-CD *Terra e alma* (2017) de Moisés Quintas Suárez, con ilustracións de Carlos Valcárcel Gay, acompañado de música e da proxección de fotografías. O volume mestura varias artes coa natureza e a música dos *alalás*.

Montáns, Lucía, “Foliada nos bares do Casco Vello”, *La Región*, “Agenda”, 14 xuño 2018, p. 22.

Indica que a V edición de Cantos de Taberna quere promover a música tradicional galega e os cantares tradicionais.

Mosteiro, Marga, “Más de 20 artistas llenarán de historias los escenarios de ocho localidades”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Espectáculo. Festival Internacional de Narración Oral Atlántica”, 20 febreiro 2018, p. L10.

Describe a axenda de actuacións do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica que se desenvolverá en diferentes lugares da xeografía galega. Indica as datas e lugares de celebración, a procedencia dos contadores, entre eles os galegos Quico Cadaval, Lois Pérez, Paula Carballeira, María da Pontragha, Celso Sanmartín, Cándido Pazó, Charo Pita, Avelino González, Manuel Gago e Soledad Felloza.

Mosteiro, Marga e R. C. Pérez, “Más de 200 cacharelas para San Xoán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 22 xuño 2018, p. L2.

Realízase unha previsión das fogueiras que se estenderán pola cidade, dos cortes de tráfico e das actividades programadas na praza de Mazarelos, que inclúen unha sesión de narración oral a cargo de Soledad Felloza, así como o depósito do “lume sagrado” por parte da comitiva da raíña Alda.

Muleiro, M., “El evento musical Cantos de Taberna llenó los bares”, *La Región*, “Carballiño”, 21 xaneiro 2018, p. 34.

Indica os bares e os grupos musicais participantes nos Cantos de Taberna.

N. N., “Os tesouros que brillan na cultura oral galega”, *El Progreso*, “*El Progreso junior*”, n.º 48, 5 decembro 2018, p. 3.

Fala do motivo de tesouros soterrados presente en lendas galegas e do Congreso de arqueoloxía no que a investigadora Beatriz Comendador ofreceu un relatorio sobre o ouro mitolóxico. Logo ofrece un glosario cos termos “mouro”, “mouras”, “trabe de ouro”, “metales vivos” e “alquimia”.

Neira, Carolina, “A despedida dos cantares nos bares”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 29 maio 2018, p. 18.

Salienta o éxito da iniciativa dos Cantos de Taberna en Marín celebrada durante catro meses e nomea os grupos que participaron.

Núñez Centella, Moncho, “Hay personas sin hogar”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, n.º 1200, “conceptos”, 28 novembro 2018, p. 8.

Con motivo do Día Mundial das persoas sin fogar, fala da etimoloxía e simboloxía da palabra lar, estudadas polo Padre Sarmiento e por Eladio Rodríguez.

Otero, Marta, “La romería del arraigo”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 setembro 2018, p. 6.

Indica que se celebra a segunda edición de “A Romaría” co obxectivo de exaltar a cultura comunitaria e ofrece a programación de actividades, entre elas a sesión de Contos da taberna a cargo de Xurxo Souto.

Palomanes, Paula, “El día que Os Blancos se vengó de su Reina Loba”, *La Región*, “A Limia”, 1 agosto 2018, p. 33.

Alude á orixe da lenda da Reina Loba da comarca da Limia que conta Alexander de los Ríos no seu portal “Vía Lethes” e que ten vínculos coa Raíña Lupa e o Apóstolo Santiago.

_____, “Pasión por la historia de Xinzo”, *La Región*, “A Limia”, 25 xullo 2018, p. 39.

Salienta o labor investigador de Miro Martínez, quen no seu blog recolle investigacións sobre a historia da comarca da Limia, lendas e historias.

Palleiro, Verónica, “Gargamala llega a las librerías”, *Faro de Vigo*, “Condado-Paradanta”, 24 xaneiro 2018, p. 13.

Indica que a parroquia de Gargamala é unha das máis ricas na conservación de cantigas tradicionais e a etnomusicóloga Xulia Feixó e o folclorista Guillermo Ignacio se trasladaron alí para recompilar pezas de cantareiras, como xogos, nanas, cantares de Reis e das labores agrícolas, que recollen en *Mulleres de Gargamala! Pandereteiras de tradición oral*.

Pardo, Alicia, “Historias de sempre ao carón do lume”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 marzo 2018, p. 10.

Sinala que Cándido Pazó, Quico Cadaval e Celos Fernández Sanmartín recrearán a tradición oral no carón da lareira no espectáculo *Contos na lareira*, da man de Rababiero Promocións. Comenta o repertorio dos narradores que mesturan obras propias coa tradición oral con doses de improvisación. Por último indica que entre 1995 e 2010 houbo unha explosión de contacontos para adultos, unha tendencia que vai a menos, pois a “tradición oral xa non se pode recuperar, pero si se pode reivindicar que a palabra é tamén

unha maneira de comunicación creativa”.

_____, “Os contos como encontro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 abril 2018, p. 10.

Salienta que a tradición oral continúa grazas a espectáculos como “Falando a boca chea”, no que na súa segunda edición participan os máis destacados narradores galegos como Quico Cadaval, Chus Álvarez, Celso Fernández... Describe os lugares, participantes e horarios onde se celebrarán as distintas xornadas.

_____, “Un fogar para o folclore”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita ‘18”, 21 agosto 2018, p. 9.

Comenta a programación das Festas de María Pita, indicando entre outras actividades a presentación da obra etnográfica sobre cultura musical galega *Mulleres de Gargamala*, de Xulia Feixóo e Guillermo Ignacio.

_____, “Unha loanza á música popular”, *La Opinión*, “A Coruña”, 10 setembro 2018, p. 7.

Comenta a programación das actividades que se van realizar na FoliAgra, entre elas a Foliada das Tabernas, como unha “forte aposta polo patrimonio cultural galego”.

Pérez, Elisa, “Cultura nos Cons’ volve mesturar música e paisaxe na Illa de Arousa”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, 23 agosto 2018, p. 26.

Fala da programación da terceira edición do espectáculo “Cultura nos Cons” no que actuarán Carlos Blanco e Celso Sanmartín.

Pérez, Mariló, “Saco e Arce, un activista do galego no XIX”, *La Región*, “Agenda”, “Conmemoración”, 22 novembro 2018, p. 20.

Lémbrese, con motivo do 150 aniversario da primeira gramática en lingua galega, o labor de Juan Antonio Saco Arce e infórmase da exposición de manuscritos e cartas que repasa a vida deste intelectual, o primeiro crítico literario da época cunha produción poética íntegra en galego a partir de 1875, ademais de recoller a paremioloxía galega.

Prada, A., “Dous grupos de Ames resultaron premiados no concurso de regueifas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 abril 2018, p. 30.

Faise eco dos grupos gañadores no proxecto Enreguéifate, co obxectivo de difundir a improvisación oral en verso e promover o uso da lingua galega.

Prada, Alba, “A Foliada de Melide traerá o mellor da música tradicional”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 abril 2018, p. 36.

Faise eco da décimo cuarta edición da Foliada de Melide, organizada pola asociación O

Castelo, que reúne música, tradición e cultura propia. Preséntase a programación deste evento coas datas de celebración e os participantes, que contará tamén co concurso de cantos de taberna, un obradoiro de baile tradicional, actuacións de agrupacións musicais, unha mostra de artesanía e instrumentos, ademais dunha charla e a presentación do libro-CD *O gaiteiro de Santo Xusto. Sons da Ulla*, de Bruno Villamor.

R. G., “Baixo os arcos da ponte”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Para ler”, 28 decembro 2018, p. 36.

Comenta a cuarta entrega do cancionero popular eumés *Baixo os arcos da ponte* (2017), de Xosé Paz Fernández, que reúne cantos do Nadal, maios e Entroido. Indica que o limiar é de Eva Veiga.

Ramos, J. M., “Faladoiros a carón do lume nun novo Inverno Ancestral”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 decembro 2018, p. 35.

Comenta as actividades do sexto Inverno Ancestral da asociación Senda Nova para poñer en valor o patrimonio inmaterial da Costa da Morte e facilitar a transmisión oral a carón da lareira. Entre elas, salienta a programación dos faladoiros do ciclo Historias do Inverno e a visita do Apalpador.

Reboiro, X. A., “Leiro crea un arquivo para divulgar su historia”, *La Región*, “A Limia”, 25 xullo 2018, p. 38.

Informa de que a responsábel da Oficina Municipal de Turismo ten en marcha a creación dun arquivo sobre o patrimonio histórico e artístico, os recursos naturais e a cultura popular do concello de Leiro. Neste traballo de investigación, a veciñanza tamén colabora, achegando libros e tamén ofrecendo antigas lendas sobre Leiro e o seu entorno, que se transmitiron por tradición oral nas súas familias e localidades de orixe.

Reigosa, Antonio, “Muller que sabe latín, non serve para min”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 25 outubro 2018, p. 45.

Informa da celebración das IX Xornadas de Literatura Oral que van tratar do rol da muller na literatura de tradición oral. Enumera as distintas intervencións, como Camiño Noia que falará da imaxe arquetípica da muller na cultura tradicional galega; Estefanía Lodeiro quen comentará o refraneiro popular e a imaxe que reflicte da muller; Anxos Sumai, que tratará das meigas e do seu papel; Faia Díaz, sobre as mulleres e o negocio do wolframio; e, por último, actuarán as regueifeiras Alba María e Lupe Blanco.

Roca, María, “Diez grupos animarán los cantos de taberna de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 setembro 2018, p. 15.

Preséntase a xuntanza de dez grupos musicais en Vilalba con motivo da celebración dos cantos da taberna promovidos pola agrupación Entre Lusco e Fusco.

Rodríguez, Ángeles, “Oralidade e poética”, *O Sil*, n.º 263, maio 2018, p. 22.

Fala da sexta edición do ciclo “De Perto” do Barco que incide na oralidade con oito espectáculos da man da poeta Olga Novo, María de Pontraghá, Juan Carlos Mestre, Ángeles Goás, Ana Sofía Pavia e Quico Cadaval.

Rodríguez, Cristina, “Difusión de lendas”, *La Región*, “*Xornal escolar*”, n.º 162, “cole a cole”, “follas de vida. Actividade interxeneracional”, 5 decembro 2018, pp. 4-5.

Indica que nas III Xornadas de Dinamización do Medio Rural o alumnado do CEIP Plurilingüe Eulogio Gómez Franqueira e o Fogar Residencial de San Amaro traballou conxuntamente nunha serie de actividades: o proxecto Follas de Vida, que consiste na recollida de lendas en boca dos máis maiores; “A Galiza encantada. Lendas e mitos”, na que un experto recolleu lendas, “Interpretando as nosas lendas”; e, por último, a montaxe sobre o libro máxico *O Ciprianillo*.

Rois, Susana, “Xa vén o Apalpador!”, *Sermos Galiza*, n.º 326, 12 decembro 2018, pp. 2-3.

Explica a tradición do Apalpador no solsticio de inverno das montañas de Lugo e Ourense, que non conta con documentación ata que o recuperou José André López que investigou ao redor da lenda desa figura na aldea de Romeor do Courel. Indica que esta figura cunha función protectora se está a recuperar no Nadal galego, pois cumpre un papel fundamental na exaltación da cultura propia. Logo comenta o contido da lenda do Apalpador e das cantigas que falan del, que sufriron proceso de aculturación cristiá, e explica o rito do Apalpador

Santos, Amara, “El rescatador del folclore gallego”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 22 xullo 2018, p. 6.

Salienta o labor realizado desde os anos noventa por Luis Prego quen percorreu toda Galicia, sobre todo a provincia de Pontevedra, para que non se perdesen bailes, lendas, xogos e cancións tradicionais (cantigas de Nadal, cantos de Reis, de Antroido...) e que emprega na actualidade nas súas aulas. Fala da recuperación dos seráns, xornadas de pandeireta, baile e contos que se realizaban nos pobos despois de gardar o gando; e tamén da desconfianza da xente. Por último, indica que Prego ten recompilado todo ese material folclórico en dous libros.

S. N., “Leilía, homenaje a la tradición oral de las mujeres gallegas”, *La Región*, “Verano”, “Agenda de ocio”, 26 agosto 2018, p. 38.

Informa do espectáculo “ConSentimentos” que se configura en homenaxe ás mulleres que conservaron e transmitiron a tradición oral galega.

S. V., “A primavera fará hoxe acto de presenza na Praza da Ferraría coa Festa dos Maios”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 maio 2018, p. 11.

Informa que se celebra en Pontevedra a Festa dos Maios na que actuarán agrupacións culturais, centros educativos e outros colectivos que recibirán distintos galardóns en función da retransmisión na letra, o ritmo e a entoación.

Vila, Sara, “Os do Val do Léziz repiten outro ano como gañadores do Concurso de Murgas”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Pontevedra vive el entroido”, 16 febreiro 2018, pp.8-9.

Nomea as agrupacións murgueiras que gañaron o Concurso de Murgas do Val do Léziz e resume os temas tratados nas coplas cantadas nas súas actuacións.

Veiga, Marta, “Moisés Quintas e Carlos Valcárcel unen música e fotografía nunha viaxe polo alalá e o pobo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 29 abril 2018, p. 51.

Fala do proceso de creación do libro CD *Terra e alma* (2017), de Moisés Quintas axudado por Carlos Valcárcel, que recolle alalás galegos, un xénero moi antigo emparentado co canto gregoriano.

_____, “Anxos Sumai. ‘Unha muller foi procesada por ir recibir a beizón dun carballo antes cá de Deus’”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir Aquí”, p. 59./ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 outubro 2018, p. 57.

Resume o relatorio que Anxos Sumai pronunciou nas Xornadas de Tradición Oral sobre o esquecemento das tradicións vencelladas ás curandeiras e ás plantas medicinais, como a celidonia, uvas de can, ruda, estramonio... ademais de reparar na conexión das curandeiras coa natureza e os procesos da Inquisición en Galicia que as perseguiu como bruxas e herexes, confundindo os conceptos de meiga e bruxa.

X. L. C., “Contos de taberna polas rúas de Verín para pór fin ás xornadas de Nova Era”, *La Región*, “Verano”, “Provincia activa”, 18 agosto 2018, p. 16.

Indica que a Asociación Cultural de Música Tradicional de Monterrei celebra as II Xornadas Culturais Nova Era para achegar a música tradicional galega a todos os públicos e dinamizar a vida social da vila. Resume a programación que terá lugar, salientando entre as actividades o “II Cantos de Taberna Nova Era”.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado “Publicacións en revistas” deste *Informe*.

AULAS LIBRES. Revista de Pensamento, Información e Debate do STEG
(ISSN: 2340-8618/ DL: C-2092-2013).

Revista editada polo Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) que naceu en novembro de 2013, ao tirar do prelo o seu primeiro número, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino e mais co obxectivo de aglutinar vontades, suscitar reflexións e arroupar loitas xustas. A súa periodicidade é semestral e repártese de xeito gratuíto. Está dirixida pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG, coordinada por Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal, e mais presenta a Rosa Herraiz Cabanas como deseñadora e maquetadora. En 2018 publicáronse os números 10 e 11, no que aparecen as seccións “editorial”, “acción sindical”, “experiencias de aula” e “texto literario” como fixas. Nas seccións “texto literario” achéganse, no número 10 o poema *limiar* de María Victoria Moreno, e no número 11 o poema *a última lección*, de Manuel Álvarez Torneiro. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compañía, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, M^a Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun “Limiar” de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección “Aires de fóra”, dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; “Cuarto acto”, que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 denominouse “O alustro dun lustro”, e “Publicacións no Barbanza”. No ano 2017 publicouse o número 13, no que figuran na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este número estrutúrase nas seccións “Limiar”, “Aires de fóra” e “Barbantia, ano XIII”. No ano 2018 saíu do prelo o número 14. Este número engade unha nova sección intitulada “Relación de socias/os”. Na primeira sección deste número 14 inclúese unha obra de creación baseada nunha peza teatral, dividida en seis actos baixo o título de “Almas que non dan pena” (pp. 205-238), de Emilio García Portosín. Na sección “Aires de fóra”, baixo o título “*Mémoires d’un Veuf (1886) – Choix de Textes – Paul Verlaine*” (pp. 241-264), inclúese a tradución dunha escolma de poemas de Paul Verlaine realizada por Eme Cartea e encabezada polo prólogo de Román Arén, xunto cos orixinais en francés. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do Boletín da Real Academia Galega, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título Boletín da Real Academia Galega, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e aprecióuse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No ano 2017, a revista conta cun Consello de Redacción integrado por Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo Romero, Rosario Álvarez Blanco, Margarita Ledo Andión e Andrés Torres Queiruga. No ano 2018, a revista conta cun Consello de Redacción integrado por Víctor Fernández Freixanes, Henrique Monteagudo Romero, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Andrés Torres Queiruga. Neste mesmo ano, publicouse o número 378 dedicado á figura de Carlos Casares. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

CONTOS ESTRANOS

(ISBN: 978-84-939712-0-5)

Revista de creación que comezou a súa andaina no ano 2011, baixo a dirección e coordinación de Fernando M. Cimadevila, centrada na publicación de narracións, poemas e ilustracións de fantasía e ciencia ficción. Cada número sae ao prelo ao abeiro dunha temática específica. A revista divídese nas seccións fixas “Limiar”, “A nosa portada”, “Contos”, “Novela” e “Tradución”, aínda que outros números inclúen outras seccións coma “Microcontos” ou “Poesía e tradución”. No ano 2018, saíu á rúa o número 14, volume 12, intitulado “Visitantes de Alén da Lúa acabados de aterrar nun prato voador”, que inclúe os textos narrativos “O Examinador” de Eva Moreda, “O Presente” de Eva Moreda, “O Asteroide” de Xosé R. Cortés, “A impactante, arrepiente, asolagante e lumbricante invasión dos pampíns” de Roberto A. Rodríguez, “Unha exploración rutineira” de Josep María Tudela Navarro, “Não é o que ignoras o motivo da tua queda, mas o que pensas saber” de Luís Filipe Silva, “Orquestra cascuda” de Manuel Ángel Gayoso Peña, “Setestrelo” de Xerardo Méndez, “Ovo” de Marcos López Concepción e os textos poéticos “Polar” de Jonathan Costas, “Visitante do Alén” de Ramiro Torres e “A Nosa Luz” de Nuria Otero.

DORNA. Expresión Poética Galega

(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, M^a Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dende o número 32, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, David Pérez González, Lorena López López e Mario Regueira. Dende o número 39, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, Ismael Ramos, Lorena López López e Mario Regueira. No 2018 o comité de redacción está constituído por Alba Cid e Ismael Ramos. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: “Creación”, “Voces de fóra” e “Poéticas”. En 2018 saíu do prelo o número 41, que acolle na sección de “Creación” os textos poéticos “stand-by” de Afra Torrado; “De peixes e outras vísceras” de Ana Varela Miño; “NATUREZA MORTA DE DÚAS MAZÁS E UN COITELLO (A HUMANIDADE EN TRES ACTOS)” de Belén Senín; “Cheguei tarde...” de Celso Fernández Sanmartín; “Eurídice”, “O tremor” de Gonzalo Hermo; “A fotografía” de Ismael Ramos; “poema azul” de Lara Dopazo Ruibal; “SANTA MARIÑA DE AUGASANTAS” de María do Cebreiro; “prohibido pintar” e “cubríanos...” de María Lado; “OUTONO” de Miriam Ferradáns; “Fronteira” de Olalla Tuñas; “Cartofilia” de Paula Antía Rey; “A ILLA” de Quico Valeiras; os textos en prosa “Sempre había patacas” de Ana Cabaleiro; “Perdices e perdices” de Ana R. Figueiredo; “Fosfato de Calcio” de Rexina Vega; “A ESFERA FRÍA” de Xabier Queipo; “INFANCIAS” e “ESTILO PLOP” e “IRA” de Xosé Carlos Carracedo Porto; os textos poéticos “malcriada” de Esther F. Carrodeguas; “ESCENA ÚNICA. TRES MULLERES E UN SOLDADO.” de Paula Carballeira. Na sección “Voces de fóra” preséntase baixo o título “Eugenio Montale (1896-1981): Poemas para unha viaxe a Cinque Terre e Xénova” unha escolma bilingüe italiano-galego de Eugenio Montale traducida por Miro Villar xunto cunha breve introdución á figura do autor e aos textos. Os poemas que se ofrecen son: “Verso Finistère”, “Portovenere”, “Verso Tellaro”, “Vecchi versi”, “Lo sai: debbo riperderti e non posso...”, “Molti anni, e uno più duro sopra il lago...”, “Che cos’è la realtà...”, “Corso Dogali”, “MONOLOGO” e “Càffaro”. Na sección “Poéticas” recóllense os seguintes textos dedicados a Camille Claudel e André Bretón: “Diálogos imposibles” de Claudio Rodríguez Fer e “Eu Camille, ti André./ Eu André, ti Camille.” de Olga Novo.

ENCRUCILLADA. Revista galega de pensamento cristián
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castela, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. No ano 2017 a secretaria da revista pasa a ser Elvira Santos Pena. Consta das seguintes seccións fixas: “Guieiro”, “Estudos”, “Achegas”, “Crónicas”, “Recensións”, “Libros chegados á redacción” e “Ilustracións”, porén, outras, como “Rostros”, “In memoriam”, “Experiencias”, “Documentos”, “Xanela” ou “Editorial” (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional,

porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2015, a sección fixa “Libros chegados á redacción” é substituída pola sección “Libros chegados”. No ano 2016, desaparece a sección “Libros chegados”. No ano 2018 apareceron os números 206 (xaneiro-febreiro), 207 (marzo-abril), 208 (maio-xuño), 209 (setembro-outubro) e 210 (novembro-décembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- E. P., “A revista Encrucillada celebra mañá corenta anos cun acto solemne na RAG”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 18 xaneiro 2018, p. 85.

Anuncia a celebración do 40 aniversario da revista *Encrucillada* a través dun acto na RAG e a publicación da monografía *As Letras Galegas na Encrucillada*.

FERROLANÁLISIS. Revista de Pensamiento y Cultura (ISSN: 1576-4540) (DL: C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfíz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. No ano 2015 quedou a dirección en mans de Siro López Lorenzo e María Jesús Rico substituíu no consello de redacción a Fernando Bores Gamundi. No ano 2016, deixou o consello de redacción Luis Mera Naveiras. Neste mesmo ano publicouse o número 30, que consta de oito seccións: “Literatura”, “Perfís de Ferrolterra”, “Comunicación”, “Arte e arquitectura”, “Historia”, “Pensamento e política”, “Ciencia e tecnoloxía” e “Currícula”. A correspondente publicación pertencente ao ano 2017 quedou deserta ata o ano 2018 que saíu á luz o número 31. No ano 2018 quedou a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto e Germán Castro Tomé pasou a ocupar a Presidencia de Honra. Este número presenta as seguintes seccións: “Ferrolterra. Historia”, “Ferrolterra. Perfís”, “Comunicación”, “Cervantes”, “Lingua e Literatura”, “Artes”, “Ollares” e “Currícula”. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Publicación de periodicidade anual –presentada sempre no mes de decembro– editada pola entidade non lucrativa “Fundación Rosalía de Castro”, xunto coa colaboración de Casa de Rosalía. Comezou a súa andaina no 2016 baixo a dirección de Xosé Luís Axeitos cuxa finalidade era converterse nun referente nos estudos sobre a autora a nivel internacional. Esta revista publícase en formato dixital e en papel. No seu consello de redacción figuran María Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, Anxo Angueira, Xosé Carlos Beiró, Carmen Blanco e María Pilar García Negro. O comité científico está integrado por Xosé Ramón Barreiro, Luís Cochón, Catherine Davies, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, María Xesús Lama, Aurora López, Kathleen N. March, Marina Mayoral, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camiño Noia, Andrés Pociña, María do Cebreiro Rábade Villar, Francisco Rodríguez, Ana R. Fischer e Dolores Vilavedra. O número 1 contou co patrocinio do Concello de Rianxo e o número 2 co do Concello de Padrón. Acolle seis seccións fixas: “Artigos”, “Textos e documentos”, “Recensións”, “Bibliografía”, “Varia” e “Casa de Rosalía”, que anticipan o contido claramente literario da revista pero sen deixar a marxe outras preocupacións propias da cultura e da socioloxía literarias (lectores, recepción, historiografía, etc.). O formato dixital permite achegar na sección “Novidades”, as publicacións, traducións e estudos que vaian saíndo publicados ao longo do ano, e algunhas das mesmas serán incluídas nalgunha das seccións da versión impresa. Está aberta a toda posibilidade de colaboración e intercambio con persoas, institucións e entidades de ámbito cultural e social interesadas en fomentar e divulgar a vida e obra de Rosalía de Castro. En 2016 saíu do prelo o número 1, cuxa segunda sección intitulada “Textos e documentos” incorpora dúas cartas: a primeira delas escrita por Alfredo Vicenti a Manuel Murguía (pp. 124-143) a cargo de María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e, a segunda, escrita por Manuel Murguía e dirixida a súa muller Rosalía de Castro (pp. 144-158) a cargo de Diego Rodríguez González, ámbalas dúas acompañadas da súa transcripción e a copia do documento orixinal. No 2017 saíu á luz o número 2, onde Carmen Blanco deixa o consello de redacción. Este número segundo acolle na sección “Textos e documentos” un corpus epistolar da familia Murguía-Castro xunto con tres epístolas de Indalecio Armesto, Ramón Campio Hermida e Castro e Alejandro Chao, a cargo de Xosé Luís Axeitos (pp. 166-186), coas súas transcripcións e orixinais. En 2018 saíu do prelo o número 3, ano no que se produce o pasamento de María Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, sendo substituída por Lydia Fontoira. No que é de interese para a literatura galega, na sección “Textos e documentos”, acóllese o guiión cinematográfico do filme para televisión *Contou Rosalía* de Raúl Veiga Rouriz, estreado en maio de 2018 (pp. 130-184). Na sección “Varia” acóllense dous poemas: un de Alexandre Nerium baixo o título “Rosalía encheu de lúas do mar a Bastabales o camiño” (pp. 238-239), e o outro de Antonio Rey Soto dedicado a Rosalía con música de Margarita Viso, intitulado “Música para A Rosalía, poema de Antonio Rey Soto” (pp. 240-246). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M. Villar, “Cantas cousas de Rosalía que aínda non sabes”, *La Opinión*, “A Coruña”, 6 xuño 2018, p. 8.

Faise referencia á publicación do segundo número da revista de estudos rosalianos *Follas*

Novas na sede da Asociación Alexandre Bóveda. Destácanse os contidos deste novo número da revista relacionados con Padrón e a vida e a obra de Rosalía. Infórmase de que o director da revista é Xosé Luís Axeitos.

- Montse García, “Nuevo número de la revista ‘Follas Novas’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 8 maio 2018, p. L10.

Faise referencia á presentación na librería Couceiro do segundo número da revista *Follas Novas* editada pola Fundación Rosalía de Castro.

GALEGOS

(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación de gran formato aparecida no ano 2008 e editada por Ensenada de Ézaro Edicións. Comezou a ser trimestral até 2010. Logo, no ano 2011 pasou a ser cuatrimestral. En 2012 e 2013 publicábase cada seis meses e a partir de 2014 en diante converteuse nunha revista de publicación anual. Na actualidade está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O equipo de redacción está composto por Mar Balseiro e Ana Díaz. O seu contido divídese nas seguintes seccións: “Entrevistas”, “Crónicas”, “Noticias”, “Artigos”, “Humor”, un “Caderno” monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e “Encarte”, onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2014 desaparece a sección “Encarte”. No ano 2017 publicouse o número 23/I e desaparece a sección “Humor”. No ano 2018 saíu do prelo o número 24/I que incorpora unha nova sección, “Persoeiros”, dedicada a Raimundo García Domínguez “Borobó”. Neste mesmo volume, a sección “Caderno” é un monográfico dedicado ao Pergamiño Vindel. Por este motivo, o número vén acompañado, ademais, dun CD titulado “Pergamiño Vindel” que presenta un compendio de cantigas promovido e editado pola Universidade de Vigo co apoio de Ézaro Edicións. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- E. P., “Unas 150.000 personas en las actividades sobre el Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2018, p. 38.

Informa sobre a edición dun número especial da revista *Galegos* para conmemorar a exposición do Pergamiño Vindel.

- S. Penelas, “Más de 15.000 participantes en los actos del Vindel organizados por el rectorado”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 19 abril 2018, p. 8.

Noticia da chegada do Pergamiño Vindel á Morgan Library en perfectas condicións, que abre a porta a futuras colaboracións con esta institución. Fala da publicación dun especial da revista *Gallegos* dedicada a este documento, e recolle as declaracións do reitor Salustiano Mato que sinalou a participación de máis de 15.000 persoas nas actividades promovidas pola Universidade de Vigo.

GRIAL. Revista Galega de Cultura
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa supuxo un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como “Carta do editor”, “O rego da cultura”, “Entrevista” ou “Conversa con”, “Documentos”, “Creación”, “Crónica”, “O espello das letras”, “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía” ou “Comunicación e novas tecnoloxías”, “Arquitectura e artes plásticas”. Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2015 as seccións “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía”, “Comunicación e novas tecnoloxías” e “Arquitectura e artes plásticas” son substituídas por “Ciencia e técnica”, “Comunicación e sociedade” e tamén se introducen as seccións “Historia e memoria”, “Temas do noso tempo” e “Fotografía e artes plásticas”. No ano 2018 saíron á rúa os números: 217 (xaneiro, febreiro, marzo), 218 (abril, maio, xuño), 219 (xullo, agosto, setembro) e 220 (outubro, novembro, decembro). O número 217, intitulado “Ciencia e tecnoloxía. Para unha nova comprensión do mundo”, recolle na sección “Creación” unha selección de textos poéticos intitulada “Planimetría para un espazo baldeiro” (pp. 67-69) de Paula Antía Rei e un texto narrativo intitulado “A camiseta” (pp. 71-73) de Iago Méndez. No número 218, intitulado “No V centenario da Reforma protestante, 1517-2017”, reproducense na sección “Creación” un texto narrativo intitulado “Avó” (pp. 73-75) de Lois Alcayde Dans e outro de Vanesa Sotelo intitulado “Laika” (pp. 77-79). O número 219, intitulado “Comunicar en Galicia”, acolle na sección de “Creación” unha selección de textos poéticos de Brais Lamela intitulada “Hábitat” (pp. 87-89) e un texto narrativo de Iván García Campos intitulado “Froitas falsas” (pp. 91-94). O número 220, intitulado “Ler cidades, transitar textos. Berlín, Viena, París, Dublín, Santiago de Compostela e as cidades de Tolkien”, acolle na sección de “Creación” unha selección de textos poéticos de Manuel Darriba intitulada “Esbozos no outono do 18” (pp. 71-73) e un texto narrativo de Antón Lopo intitulado “A folla da árbore bodhi” (pp. 75-77). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

LUZES
(DL: C 2260-2013).

Publicación mensual editada dende decembro do 2013, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro e coordinada por Iago Martínez, que xorde como resposta contra a crise dos medios de comunicación. Conta cun suplemento cultural no interior, “República”, e coas seguintes seccións variábeis “Manifesto”, “Cartafol”, “Episodios galegos”, “Aquí un amigo”, “Entrevista”, “Ás ceibas”, “Reportaxe”, “Diario dun repunante”, “Debates intrépidos”, “Seres míticos”, “7 Estralos”, “En portada”, “Profundidade de campo”, “Perfil”, “Mundo papel”, “Creación”, “Retrovisor”, “Así somos”, “Caixa postal” e “A franquear en destino”. No ano 2014, desaparecen as seccións “En portada”, “Perfil” e “Así somos” e incorpóranse as seccións “Mundo papel”, “Cablegramas” “O pobo elixido”, “Colofón”, “Crónica”, “Non ficción” e “Retrato”. No ano 2018, saíron do prelo os números 52 (xaneiro), 53 (febreiro), 54 (marzo), 55 (abril), 56 (maio), 57 (xuño), 58 (xullo), 59 (agosto), 60 (setembro), 61 (outubro), 62 (novembro) e 63 (decembro). No número 52, a sección “Creación” contén o texto “Monólogo do bicho planetariamente abandonado” de Antón Reixa. No número 53, a sección “Creación” contén os textos poéticos “Anel de picas (Barállame)” de Xurxo Chapela. No número 54, a sección “Creación” contén o texto ensaístico “Maternidade fóra de catálogo” de Marga Tojo. No número 55, a sección “Creación” contén os textos narrativos “Odio as mans frías” de Silvia Camesella Gesteira, “O milagre” de Héctor Cajaraville, “Cousas que pasan” de Ceres Serea, “Desexo concedido” de Nee Barros Fernández, “Unha hora” de Teo Alonso Vidal, “Clase Media 2.0” de Suso Bahamonde Trillo, “Espiritismo” de Víctor Grande Estévez, “Babel II” de Federico Limeres Arias, “Se non tivese medo” de Cruz López Martínez, “Ratos” de Juan C. Morales Rodríguez, “A derrota” de Sandra Rey Soto, “Lección de xeografía” de Lionel Rexes Martínez, “As liñas das túas mans” de Elena Verde Nistal e “As verbas perdidas” de Manuela Vicente Fernández. No número 57, a sección “Creación” contén o texto narrativo “Fálame do silencio”, de Pablo L. Orosa. No número 60, a sección “Creación” acolle o texto narrativo “O xenio indomable”, de Xosé Antonio Fraga.

No número 61, a sección “Creación” acolle o texto narrativo “Guías caninos”, de Bieito Iglesias. No número 62, a sección “Creación” acolle o texto narrativo “Hotel para coleccionistas discretos”, de Diego Giráldez. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste informe.

LVCENSIA. Miscelánea de Cultura e Investigación
(ISSN: 1130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A revista consta de catro seccións intituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2014 saíron do prelo os números 48 e 49 e incorpóranse ao consello de redacción Óscar González Murado e Luisa Doval García. No número 51 abandonan o consello de redacción Daniel García García, Manuel Castro Gay, David Gil Mato e Argimiro López Rivas. A partir do número 51 (vol. XXVI) desaparecen as seccións “Estudios” e “Comentarios”, que pasan a formar parte do corpo xeral da revista. No ano 2017 saíron do prelo os números 54 (vol. XXVII) e 55 (vol.

XXVIII). No ano 2018 publicáronse os números 56 (vol. XXVIII) e 57 (vol. XXIX) que manteñen as dúas seccións fixas: “Texto” e “Libros”. Nos números 56 e 57 abandona o consello de redacción Nicandro Ares Vázquez e conta cun equipo de asesores conformado por Luciano Armas Vázquez, Mario Vázquez Carballo, José Antonio González García, Antonio Negro Expósito, Ramón Piñeiro Campos, José Antonio Ferreiro Varela, Daniel García García, Manuel Castro Gay, David Gil Mato e Argimiro López Rivas. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN (ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Rosalía Fernández Rial, Xiana Lastra Pernas, Ana M^a Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e M^a Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais. Publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: “O tema”, parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, “Entrevista”, “Novas tecnoloxías”, “A escola rural”, “Experiencias”, “Recursos do contorno”, “Pais e nais”, “Xoguetainas e brinquetainas”, “Panoraula” e “Recensións”. No ano 2015 desaparecen as seccións “Recursos do contorno” e “Pais e nais”, incluíndo as seccións “A lingua”, “Pensar o ensino”, “Investigación”, “Educación social e escola” e “As outras escolas”. No ano 2016 volve a aparecer a sección “Recursos do contorno”. No ano 2018 o consello de redacción pasa a estar composto por Antón Costa Rico, Rosalía Fernández Rial, Emilio Ínsua López, Xiana Lastra Pernas, Mónica Martínez Baleirón, Xosé Ramos Rodríguez, Pilar Sampetro Martínez e Francisco Veiga García. Ademais retómanse as seccións “Pais e nais”, “A lingua”, “Pensar o ensino”, “Investigación”, “Educación social e escola” e “As outras escolas”. Neste ano 2018 publicáronse os números 70 (marzo), 71 (xuño) e 72 (decembro). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE TEATRO (ISSN: 113-956 X//1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”, que recibiu a Medalla ADE no ano 2006. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo e recibe o apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, iniciamente semestral, na actualidade é trimestral. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira,

cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e actuando como secretarios Che Mariño e dende o número 28 Mª José Vilas Rodas que é relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 apreciouse un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra de Becerreá, Casilda García, Antón Lamapereira, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual, Gonzalo Rodríguez e, a partir do número 57, tamén Che Mariño. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presentaba as seguintes seccións: “Editorial”, “Opinións desde a butaca”, “IGAEM”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda”, “En cartel” e “Ficheiro”. No número 54 apreciouse un cambio nas seccións, que pasaron a ser: “Cómico”, “Editorial”, “Espazos”, “Festivais”, “En danza”, “Documentos” e “Espectáculos”, sen unha estrutura estábel e variando a súa aparición. Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de “Textos teatrais”, no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2018 apareceron os números 94 e 95. Na sección “Textos teatrais” do número 94 aparece o texto “Arquivos de realidade” de Francisco Oti e Julio Fer, precedido dunha introdución a cargo de Roberto Pascual. Na sección “Textos teatrais” do número 95 aparece o texto “Arde, hedra” de Francisco Javier Suárez Lema traducido por Antía Veres Gesto, precedido dunha introdución a cargo de Afonso Becerra de Becerreá. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Mario Regueira, “Os negativos da Historia”, *Sermos Galiza*, nº. 317, “ao pé da letra”, 11 outubro 2018, p. 6.

Faise unha aproximación ao argumento da obra *Arquivos de realidade* publicada no número 94 de *Erregueté. Revista Galega de Teatro*. Explícase que a obra está baseada nun filme que á súa vez se inspira nun conto e que trata sobre a represión social que implicaron a Guerra Civil e a ditadura franquista. Infórmase de que a peza foi finalista da edición de 2015 do Premio Abrente de Textos Teatrais.

TEMPOS NOVOS. Revista mensual de información para o debate (ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis “Opinión”, “Cataventos”, “A Contratempo”, “Horizontes” e “Voces e culturas”. En cada número de decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é

peixe”, “Editoriais”, “En Foco”, “Carta de axuste”, “Entrevista”, “As claves”, “Tres en raia”, “¡Guau Guau!”, “Debate”, “Entreculturas”, “Crítica”, “Redes cívicas”, “Espiral innovadora” e “Sen corsé”. Engadiu ademais a sección “Dossier TN”. *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexa*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: “proVisión” (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), “proTagonista” (entrevistas), “proPostas” (recomendación de obras), “proLogo” (centrada nun autor), “proNtuario” (os libros dos lectores), “proNome” (entrevistas), “proPulsión” (produción literaria dun país), “proXectil” (achegas literarias de internet) e “proCura” (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexa*, coordinado por Ana Salgado, publicou o número 19. No ano 2013 a revista sacou do prelo doce números, do 188 ao 199, coas seccións habituais: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editorial”, “Dossier TN”, “En Foco”, “Carta do director”, “Entrevista”, “E digo eu...”, “As claves”, “Entreculturas”, “Arredores”, “Altermundo”, “Crítica”, “Bengalas canadenses”. No ano 2014 integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Natalia Poncela e Chus Martínez (Arte), Martín Pawley (Cinema), Aurelio Castro (Libros), Xoán Manuel Estévez (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 200 ao 211 e desaparecen as seccións “Obertura”, “Carta do director”, “Entreculturas” e “Altermundo” que son substituídas por “Cultura e pensamento” e “Noticias de ningures”. Neste mesmo ano, do suplemento *Protexa*, coordinado por Rexina Vega, desaparecen as seccións “proVisión” (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), “proLogo” (centrada nun autor), “proNtuario” (os libros dos lectores), “proNome” (entrevistas), “proXectil” (achegas literarias de internet) e “proCura” (novidades editoriais) e aparecen as seccións “Lonxe de nós e dentro” (literatura estranxeira), “ConTexto” (recensións de obras), “Cara e cruz” (dúas recensións sobre a mesma obra) e “ProMundo” (sobre cultura). No ano 2015 tamén integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Sara Torreiro, Pacho Rey Tristán, Tareixa Barberena, Darío Janeiro, Cibrán Tenreiro, María Villamarín, Xaquín Marín, Nacho Hortas, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 212 ao 224 e desaparecen as seccións “Bengalas canadenses” e “Noticias de ningures” que son substituídas por “O café na trincheira”. Neste mesmo ano, do suplemento *Protexa*, coordinado por Rexina Vega e Manuel Forcadela, desaparecen as seccións “Lonxe de nós e dentro” (literatura estranxeira), “ConTexto” (recensións de obras), “Cara e cruz” (dúas recensións sobre a mesma obra) e “ProMundo” (sobre cultura) e aparecen as seccións “ProTagonista” (centrada nun autor), “ProPostas” (recensións de obras) e “ProPulsión” (sobre literatura galega). No ano 2016 tamén integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Cibrán Tenreiro, Xaquín Marín, Nacho Hortas, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro, Inma López Silva, Xoán Manuel Estévez, Teresa Cuñas, Carlos Rego, Grial Parga, Chus Martínez, Martín Pawley e Manuel Barreiro. Neste mesmo ano, do suplemento *Protexa*, coordinado por Rexina Vega e Manuel Forcadela, desaparece a sección “ProPulsión”. No 2016, a revista sacou do prelo doce números, do 224 ao 235. No ano 2017 pasan a integrar o comité de redacción e contidos Andrea Álvarez, Manoel Barbeitos, Gonzalo Rodríguez, Carlos Montenegro, Manuel M. Barreiro e Miguel Vázquez Freire. Neste mesmo ano, mantéñense como seccións estábeis “todo é peixe”, “e digo eu”, “Guau, guau”, “Protexa” e a sección “Felinas” deixa paso a “Gabinete de curiosidades”. No ano 2018, a revista sacou do prelo doce números, do 248 ao 259. Os artigos referidos á literatura galega

atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TRABE DE OURO, A. *Publicación Galega de Pensamento Crítico*
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico fundada en 1990 e editada por Sotelo Blanco Edicións. Comezou sendo de periodicidade trimestral pero na actualidade é cuatrimestral. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Na actualidade, conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Baixo a secretaría están Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”. No ano 2017 publicáronse os números 105 (maio, xuño, xullo e agosto) e 106 (setembro, outubro, novembro e decembro). Desde o número 105 pasou a ser editada por Atlántica de Información e Comunicación de Galicia. No ano 2018 saíron do prelo os números 107 (xaneiro, febreiro, marzo e abril), 108 (maio, xuño, xullo e agosto) e 109 (setembro, outubro, novembro e decembro). No número 107, na sección “Cuestións”, acóllese un estudo de Concepción Álvarez Pousa titulado “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da terra vianesa” (pp. 43-66) que presenta unha breve compilación de coplas recollidas por Laureano Prieto e que forman parte da obra non venal *Coplas nosas que don Laureano recadou*. Do mesmo xeito, a sección “Textos”, achega a tradución ao galego dunha escolma de poemas da autora irlandesa Lorna Shaughnessy a cargo de Daniel Salgado baixo o título “Lorna Shaughnessy, poesía das vencidas. Unha escolma” (pp. 119-130). No número 108, a sección “Textos”, incorpora unha proposta de edición de Anxo Angueira da peza teatral *O Entremés Gallego*, acompañada dunha listaxe onde explica os criterios de transcripción (pp. 139-156), baixo o título “*O Entremés Gallego* (ca. 1708-1712): unha descuberta extraordinaria”. No número 109, a sección “Textos”, incorpora o poema “Miña matria Galicia” de Celso Emilio Ferreiro (pp. 99-102), galardoado co premio “Rosalía” nos Xogos Frorae do Idioma Galego en Bos Aires en 1968. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M. H., “A vixía do pensar crítico en galego”, *La Opinión*, “Sociedad, Cultura y Ocio”, 16 marzo 2018, p. 31.

Dáse conta da publicación do número 106 da revista *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico*. Infórmase de que a publicación deixa de ser editada por Sotelo Blanco e pasa a ser o selo de Atlántica de Información e Comunicación de Galicia o que se fai cargo da súa saída ao prelo.

- Francisco Fernández Rei, “O mestre Laureano Prieto, segundo Concepción Álvarez Pousa”, *O Sil*, n.º 264, “Opinión”, 9 xuño 2018, p. 24.

Infórmase de que o número 107 de *A trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*, dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín, inclúe o artigo titulado “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa” a cargo de Concepción Álvarez Pousa. No tocante á literatura galega, dáse conta neste artigo de que Laureano Prieto foi o autor da obra *Contos vianeses* na que recolleu mostras da literatura popular das terras de Viana.

A VIÑETA DE SCHRÖDINGER. Revista de Banda Deseñada
(ISSN: 2605-2180) (DL: C 1180-2018).

Publicación de periodicidade trimestral de banda deseñada galega editada pola Mesa de Normalización Lingüística e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG). Nace coa intención de dar visibilidade á banda deseñada galega de autores/as galegos/as e achegar e promover a súa lectura entre o público xuvenil e adulto. O director é Kiko da Silva e a encargada da revisión lingüística é Mónica Pazos. No 2018 publícanse os números 1 e 2. As cubertas destes dous primeiros volumes da revista correron a cargo do ilustrador Miguel Robledo. O número 1 reúne doce obras de creación tituladas: *Os merlos encandeados*, de Miguelanxo Prado; *Estrela Nai*, de Fran Bueno; *Arquivos paranormais*, de Kiko da Silva; *Distopías*, de Kohell; *Lessons to de heroes*, de Fernando Llor e Zaida Novoa; *Schrödinger alive*, de Miguel Rojo e Pablo Prado; *Schrödinger dead*, de Miguel Rojo e Fonso Barreiro; *Demos de area*, de Aldara e Joan Casaramona; *BD Entrevista Sarah Andersen*, de Roberto M. Lamosa; *Ratas do peirao*, de Antonio M. Fraga e Víctor Rivas; *Mincha, aprendiz maldita*, de Fernando Llor e Miriam Iglesias; e *Astrocito*, de Miguel Porto. O primeiro número foi seleccionado para os Premios Fervenzas Literarias ao mellor cómic de 2018. O número dous acolle, ademais das viñetas xa presentadas no número anterior, tres cómics máis cos seguintes títulos: *Architeuthis*, de Miguelanxo Prado; *BD Entrevista Albert Montey*s, de Roberto M. Lamosa e *Cantares galegos*, de Fernando Ruibal.

Referencias varias:

- Xulio Carballo, “Novidades da BD”, *Sermos Galiza*, n.º 312, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 6 setembro 2018, p. 8.

Faise referencia á presentación de varias obras de banda deseñada e mais da revista *A viñeta de Schrödinger* co gallo da celebración do festival Viñetas desde o Atlántico.

- J. C., “As primeiras xornadas do cómic enchen o Liceo noiés”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Noia.Muros”, 20 novembro 2018, p. 33.

Alúdese á exposición da revista *A viñeta de Schrödinger* durante a celebración da primeira edición das xornadas do cómic V de Viñetas no Liceo de Noia.

- Laura Rodríguez Cuba, “Entrevista a Kiko da Silva. A viñeta de Schrödinger: como se fai e por que”, *Sermos Galiza*, n.º 323, “*Sermos escola*”, n.º 8, 22 novembro 2018, pp. 6-7.

Ofrécese unha entrevista feita a Kiko da Silva na que se fala do xurdimento da revista de banda deseñada *A viñeta de Schrödinger*, das súas características, da súa estrutura e dos

seus contidos. Deste xeito afóndase en diferentes aspectos relacionados coa publicación como as razóns que motivaron a aparición da mesma o público ao que vai destinada ou posibles cambios de temática ou formato.

X. PREMIOS

X. 1. NARRATIVA

Certame de microrrelatos da biblioteca municipal de **A Guarda**

O Concello da Guarda, no seo da campaña “Abril Mes do Libro” e co gallo do Día internacional do Libro Infantil e Xuvenil e o Día internacional do Libro, convoca o Certame de microrrelatos da biblioteca municipal da Guarda. O Certame está aberto á cidadanía e sen límites de idade. Os traballos poderán presentarse, do 1 ao 18 de abril, tanto no departamento de Cultura do Concello como na Biblioteca Municipal. Os textos deberán ser escritos en lingua galega. O tema dos microrrelatos é libre e a extensión da obra será de cento cincuenta palabras máximo, sen incluír o título. Os textos deben ser de autoría orixinal e inédita e os traballos presentaranse en formato papel. Os premios concederanse o día 21 de abril e farase a entrega dun agasallo a todas as persoas participantes e os traballos serán expostos do 19 ao 29 de abril no Centro Cultural. Os premios concederanse o día 21 de abril de 2017 e farase a entrega dun agasallo a todas as persoas participantes e os traballos expoñeranse do 19 ao 29 de abril no Centro Cultural.

Premio de Narración Curta **Álvaro Paradela**

A Sociedade Artística Ferrolana convoca dende 1993 este premio coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. Para participar, hai que enviar textos inéditos de temática libre, en lingua castelá ou galega, cunha extensión máxima de tres folios ao apartado de correos 339 (15480, Ferrol) ou ao correo electrónico info@sociedadeferrolana.es. O premio é simbólico, sen dotación económica, e consiste nunha placa conmemorativa e nun artigo sobre o gañador na revista *Poesía Galicia*. En 2017 concedéuselle a Ramón Luis González Reverter, natural de Tortosa, polo traballo titulado "Un comensal inesperado".

XVII Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certame, ao que poden concorrer escritores maiores de idade de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa, xunto coa publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Os orixinais, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, por cuadruplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200 Noia, A Coruña). Estabéllese que a Editorial Toxosoutos publicará a obra galardoada renunciando os autores/as aos dereitos da primeira edición, tanto en galego como noutros idiomas de posible publicación por parte da devandita editora. Na edición

correspondente ao ano 2017 o prazo de entrega de orixinais rematou o 7 de abril. O xurado, composto por D. José Pérez Martínez alcalde do Concello de Noia, presidente; Dona Mariña Pérez Rei, profesora e escritora; Dona M Concepción Allut Vidal, traballadora do Concello de Noia; D. Agustín Agra Barreiro, profesor e escritor; D. Xosé Lastra Murais, profesor e escritor; e D. Xavier Castro Rodríguez, profesor e codirector da revista Casa da Gramática do IES “Virxe do Mar” de Noia. Por unanimidade o xurado decidiu declarar deserto este ano o concurso ao que se presentaron un total de once traballos. O xurado emitiu publicamente o seu veredicto o día 19 de maio de 2017.

III Premio **Antón Risco de Literatura Fantástica**

Urco Editora, a Fundación Vicente Risco, Auga Editora, Âncora Editora, Sacauntos Cooperativa Gráfica, Librería Aira das Letras, Livraria Traga-mundos, Pastelería Fina Rei e A Fábrica de Vilanova, convocan conxuntamente o III Premio Antón Risco de Literatura Fantástica co obxectivo de homenaxear o escritor Antón Martínez-Risco Fernández, continuador da literatura fantástica do seu pai, Vicente Risco. Pode presentarse calquera persoa cun texto inédito, escrito en galego ou portugués e cunha extensión entre cento cincuenta mil e seiscientos mil caracteres con espazos. Os orixinais, en formato DIN-A4 e letra Times ou semellante de corpo 12 e a dobre espazo, deben entregarse na sede de Urco Editora (Rúa do Avío, n.º 11 baixo, 15705 Santiago de Compostela), baixo plica. O prazo de entrega remata o día 30 de outubro de 2017. O premio consiste en 3.000 euros e a publicación do libro. Urco Editora e Âncora Editora serán as encargadas da edición e publicación da mesma en lingua galega ou portuguesa e Auga Editora da tradución, edición e publicación en lingua española. O fallo do xurado tivo lugar en Allariz, na Fundación Vicente Risco, durante o mes de febreiro de 2018. O sábado 24 de febreiro de 2018, reunido en Allariz o xurado do III premio Antón Risco de Literatura Fantástica, composto por César Lorenzo Gil, Lois Pérez Diéguez, Llerena Perozo Porteiro (con voto delegado), Fausta Cardoso Pereira, gañadora da anterior edición (con voto delegado) e actuando como secretario con voz e sen voto Tomás González Ahola, en representación da Fundación Vicente Risco e Âncora Editora. Resólvese outorgar o premio á obra *Os mouros do Pico Sacro*, de Luis Rodríguez Rivera.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Nuevos libros fantásticos sazonados con mouros y sioas ‘New Campbell’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 27 febreiro 2018, p. 56.

Dá conta de que do veredicto do III Premio Antón Risco de Literatura que dediciu concederlle o galardón a Luís Rodríguez Rivera pola obra *Os mouros do Pico Sacro*. Informa de que o xurado estivo composto por César Lorenzo Gil, Lois Pérez Diéguez, Llerena Perozo Porteiro e Fausta Cardoso Pereira, gañadora da anterior edición. Tamén comenta que o xurado recomendou a publicación do traballo *Sopas New Campbell* polo que pedíña ao autor ou autora que se estaba interesada na súa publicación se puxese en contacto coa organización.

IV Certame de Relato Curto Biblioteca Pública **Antonio Odriozola**

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola convoca este premio dende o ano

2014 co obxectivo de fomentar a creación literaria no ámbito da biblioteca pública e servir como canle de difusión de novos valores. Pode enviar o seu relato orixinal e inédito, en castelán ou galego, calquera persoa maior de dezaseis anos. Os textos, cunha extensión máxima de tres páxinas escritas con letra Arial de tamaño 11 e interliñado 1,5, deben entregarse na biblioteca de maneira presencial ou por correo ordinario, sen asinar, cun pseudónimo e con plica, entre o 1 de setembro e o 10 de outubro de 2017. Outórganse tres premios, consistentes nun lote de libros e na difusión dos tres traballos gañadores por parte da biblioteca. O xurado está composto pola directora da biblioteca (presidenta), un técnico da biblioteca e unha persoa relacionada co mundo libreiro (vogais) e un usuario da propia biblioteca (secretario). As persoas gañadoras desta cuarta edición foron: 1º Premio: *Otra sensibilidad* de Nicolás Vázquez Ben; 2º Premio: *Voces dunha historia* de Ramón Torres Chaves; 3º Premio: *Os soños de Manel* de Juan C. Suárez Méndez. A entrega dos premios tivo lugar o 24 de outubro, coincidindo co Día da Biblioteca.

XX Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole. Anteriormente premiaba relatos curtos e constaba de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderan a 1.000 e 500 euros en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convocaba a modalidade de textos escritos en galego e outorgábanse tres premios de 1.500, 1.000 e 500 euros. No ano 2013, o Concello de Lugo decidiu transformalo nun certame de novela curta ou conxunto de relatos e premiar un único traballo con 4.000 euros, ademais da súa publicación en Edicións Xerais de Galicia. Poden concorrer obras orixinais e inéditas de tema libre, escritas en galego segundo a normativa RAG-ILG. A extensión debe situarse entre os cincuenta e os cen folios, equivalentes respectivamente a noventa mil e cento oitenta mil caracteres con espazos. Os traballos deben presentarse mecanografados por unha soa cara, por triplicado, no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1, CP 27001) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior e con plica. Cada autor pode presentar o número de traballos que desexe, en envíos separados. Nesta XX edición, correspondente ao ano 2017, o prazo de presentación pechou o venres 29 de decembro. Os membros do xurado reuníronse no Salón de Comisións baixo a presidencia, con voz e sen voto, da Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre. Estivo composto pola filóloga, escritora e guionista Carmen Conde, o mestre, dramaturgo, poeta, narrador oral e contador de historias Lois Pérez, e o ensaísta, crítico e editor, director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado. Acordou outorgarlle o premio á obra *Tres pintores*, de Xosé Cid Cabido. En anteriores edicións recibiron este premio: Xoán Xosé Piñeiro, por *O valedor* (2008); Alberto Gómez Aneiro, por *Encontros e desencontros* (2009); Chelo Suárez, por *Recantos* (2010); Luz Darriba, por *Fáltasme* (2011); Mercedes Leobalde, por *Funambulistas* (2013); Alexandre Alonso Alonso, por *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* (2014); Héctor Cajaraville, por *Once portas* (2015); e Pilar Ortega Pereiro, por *Principio de incerteza* (2017).

XXIII Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro

crea no ano 1995 este premio literario, con tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta unha estatuíña conmemorativa, un diploma e 3.000 euros. O xurado confórmase por estudantes de secundaria do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos por sorteo. Nesta XXIII edición os institutos escollidos para formar o xurado foron: IES Nosa Sra. Dos Ollos Grandes de Lugo, IES Agra do Orzán da Coruña, IES Valle-Inclán de Pontevedra, IES San Mamede de Maceda, IES Xelmírez I de Santiago de Compostela, Hockerill Anglo European College de Londres (Inglaterra), Lycée Saint François Xavier de Vannes (Francia), Grimmelshausen Gymnasium de Gelnhausen (Alemaña), Escola Secundaria de Santa Comba Dão (Portugal), Colexio nº 1558 Rosalía de Castro de Moscú (Rusia) e o IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Nesta convocatoria as novelas finalistas eran, na modalidade de lingua galega, *Non hai outro camiño*, de Isaac Xubín (Ed. Xerais, 2016), *Nordeste*, de Daniel Asorey (Ed. Galaxia, 2016) e *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo (Ed. Galaxia, 2016). As obras galardoadas foron: en lingua galega, a novela *Todo canto fomos* (Ed. Galaxia, 2016), de Xosé Monteagudo (Moraña, 1965); en lingua castelá, *Patria* (Ed. Tusquets, 2016) de Fernando Aramburu (San Sebastián, 1959); e en lingua estranxeira *Morir en primavera* (Ed. Libros del Asteroide, 2016), de Ralf Rothmann (Schleswig, 1953).

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Aramburu, Monteagudo y Rothmann recogen en marzo sus Premios San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 febreiro 2018, p. 24.

Comenta o acto de entrega dos premios San Clemente Rosalía-Abanca á que os tres galardoados xa confirmaron a súa asistencia así como as diferentes actividades que se sucederán no IES Rosalía de Castro con motivo da visita dos escritores.

- Ana Iglesias, “La gran fiesta literaria del IES Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 marzo 2018, p. 25.

Dá conta no acto de entrega dos premios San Clemente Rosalía-Abanca que terán lugar no instituto Rosalía, edición na que Xosé Monteagudo resultou o galardoado galego.

- E.P, “Aramburu alerta de que ‘un exceso de prohibición infantiliza’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 marzo 2018, p. 38.

Comenta que os diferentes galardoados co premio San Clemente Rosalía-Abanca expresaron o seu parecer sobre a censura a raíz do acontecido coa obra *Fariña*. Así, Xosé Monteagudo sinalou que os escritores seguen a sentirse libres de escribir sobre o que queiran.

- Tamara Montero, “El premio San Clemente demuestra que la literatura no es cuestión de edad”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2018, p. 37.

Con motivo da entrega do premio San Clemente Rosalía-Abanca recóllense as palabras, entre outros, do galardoado pola súa obra *Todo canto fomos*, Xosé Monteagudo, sobre a literatura infantil e xuvenil etiqueta que non considera necesaria porque, segundo o seu punto de vista, os lectores non teñen que ter unha determinada idade para empezar a

apreciar a literatura. Ademais, apunta que Monteagudo sinalou que non os creadores non deben caer no politicamente correcto.

- Carmela García, “El Premio San Clemente mantiene viva la pasión lectora de los jóvenes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 marzo 2018, p. 28.

Informa do acto de entrega dos premios San Clemente Rosalía-Abanca que tivo lugar no auditorio Abanca e que estivo presidido por Alberto Núñez Feijóo. O galego galardoado deste ano foi Xosé Monteagudo e quen no seu discurso, a raíz do caso de *Fariña*, defendeu a liberdade que coa que aínda contan hoxe en día os escritores para escribir o que queiran.

- S. Couso, “Fernando Aramburu. ‘Mi novela abrió un debate que hace veinte años hubiera sido imposible’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 marzo 2018, p. 25.

Menciona o acto de entrega dos premios San Clemente Rosalía-Abanca que tivo lugar no IES Rosalía de Castro e, acto seguido, dá conta dun encontro que tivo lugar no centro entre Fernando Aramburu, un dos galardoados deste ano xunto ao galego Xosé Monteagudo, e o alumnado.

- Joel Gómez, “O premio San Clemente implica nesta edición a dezanove centros de seis países”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 febreiro 2018, p. 32.

Dáse noticia da entrega da 23ª edición do premio literario Arcebispo Juan de San Clemente Rosalía-Abanca. Explícase que as obras galardoadas foron *Morir en primavera* do alemán Ralf Rothmann, na modalidade de lingua estranxeira, *Patria* de Fernando Aramburu en castelán e *Todo canto fomos* de Xosé Monteagudo en galego.

- E. C. G., “Maratón de lectura y teatro en el IES Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 abril 2018, p. 25 / 23 abril, p. 19.

Informa da realización dunha maratón de lectura no IES de Rosalía que consistirá en leer as tres obras premiadas na última edición do Premio San Clemente Rosalía Abanca, nomeadamente *Todo canto fomos* de Xosé Monteagudo, *Patria* de Fernando Aramburu e *Morir en primavera* de Ralf Rothmann.

- ABC, “Nueve escritores finalistas para los premios San Clemente-Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 maio 2018, p. 66.

Dáse conta de que as seguintes obras escritas en galego son finalistas da XXIV edición do Premio San Clemente Rosalía-Abanca: *Alma e o mar* de Francisco X. Fernández Naval (Editorial Galaxia), *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* de Arantza Portabales Santomé (Editorial Galaxia) e *O xardineiro dos ingleses* de Marcos Calveiro (Editorial Galaxia).

- M. García, “El alemán Ralf Rothmann recibirá el Premio San Clemente el 14 de junio”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 maio 2018, p. L4.

Explícase que o escritor alemán Ralf Rothmann foi galardoado co Premio San Clemente pola novela *Morir en primavera*. Explícase que os outros galardoados foron Fernando Aramburu e Xosé Monteagudo. Tamén se recolle que os finalistas da nova edición deste premio son, en lingua galega, Francisco X. Fernández Naval, Arantza Portabales Santomé

e Marcos Calveiro.

- Paula Castiñeira, “El premio de los alumnos”, *ABC*, “Galicia”, 18 xuño 2018, p. 65.

Dáse conta da convocatoria do XXIII do Premio Literario San Clemente. Explícase que se remonta aos anos 80 e que son os alumnos o xurado responsable de escoller a mellor novela do ano en galego, en castelán e en lingua estranxeira.

- Borja Casal, “La verdad que solo cuentan los niños”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 setembro 2018, p. 27.

No marco dunha reflexión sobre os personaxes xuvenís na ficción, cita o galardón que nos ocupa, na súa edición de 2017, referindo a presenza de estudantado na escolla e a obra de Ralf Rothmann (1953), *Morrer en primavera*.

- ECG, “O instituto Rosalía acolle hoxe o fallo da edición XXIV do premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 outubro 2018, p. 25.

Informa de que o fallo do XXIV premio San Clemente Rosalía Abanca terá lugar no salón de claustros do instituto Rosalía de Castro e que na modalidade en lingua galega concorren *Alma e o mar*, de Francisco X. Fernández Naval; *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, de Arantza Portabales; e *O xardineiro dos ingleses*, de Marcos Calveiro.

- Rosa Martínez, “Marcos Calveiro, Pedro Mairal y Han Kang se hacen con el San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 outubro 2018, p. 42.

Comenta que o estudantado de seis institutos galegos e outros cinco de Francia, Alemaña, Portugal, Rusia e Gran Bretaña dediciu que a obra galega galardoada co premio San Clemente Rosalía Abanca fora *O xardineiro dos ingleses*, de Marcos Calveiro. Apunta de que na modalidade galega, esta novela comenta con *Alma e mar*, de Francisco X. Fernández Naval, e *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, de Arantza Portabales. Da obra de Calveiro o xurado destacou o seu realismo e a empatía que esperta no lectorado ao tempo que introduce unha faceta da Primeira Guerra Mundial que non adoita aparecer nos libros, a galega.

XII Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC) sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, aberto ao público en xeral e ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con corpo 12 de Times New Roman. Os traballos deben ir acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo e no interior unha folla con nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, envíanse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, nº1, 15704 Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar

deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O premio tivo unha dotación en metálico de 500 euros, patrocinado polo Instituto Policlínico La Rosaleda, e un diploma acreditativo. Nesta XII edición o prazo de admisión dos traballos estivo aberto entre o 15 de setembro e o 15 de novembro de 2017. A premiada foi Rocío Leira Castro (Cee-A Coruña, 1979), por *Paxaros caídos*.

Referencias varias:

- ECG, “Rocío Leira Castro álzase co premio de relato curto Alumni USC 2018”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 abril 2018, p. 38.

Infórmase de que Rocío Leira Castro foi a gañadora da duodécima edición do Premio Relato Curto que convoca a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni) co texto *Paxaros caídos*. Explícase que o xurado estaba integrado polo xornalista Xesús Fraga, a gañadora da edición anterior María González Blanco, a socia de Alumni Raquel Fernández Rodríguez e a secretaria da asociación. Destácase que o texto trata desde unha perspectiva infantil a temática da violencia de xénero.

- Montse García, “Rocío Leira gaña o Premio Relato Curto de Alumni USC”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 18 abril 2018, p. L10.

Infórmase de que Rocío Leira Castro foi a gañadora da duodécima edición do Premio Relato Curto que convoca a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni) co texto *Paxaros caídos*. Destácase que o texto trata a temática da violencia de xénero.

- A. Iglesias, “Entrega del Premio de Relato Curto de Alumni a Rocío Leira Castro en Filosofía”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 22 maio 2018, p. 26.

Dáse noticia da entrega do XII Premio Relato Curto que outorga a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC. Explícase que a gañadora do premio foi Rocío Leira Castro co seu texto *Paxaros caídos*. Dise que o texto trata a temática da violencia de xénero desde unha perspectiva infantil. Alúdese a que o xurado estivo composto polo periodista Xesús Fraga, a gañadora da anterior edición María González Blanco e a socia da asociación Raquel Fernández Rodríguez.

- Rocío Leira Castro, “Paxaros caídos”, *El Correo Gallego*, “*ECG Dominical*”, 27 maio 2018, p. 7.

Reprodúcese o texto gañador do XII Premio Relato Curto que outorga a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC, da autoría de Rocío Leira Castro e co título *Paxaros Caídos*. O texto trata a violencia de xénero desde unha perspectiva infantil e a través da figura dunha bailarina nunha caixa de música que remata escachada a golpes.

- Margarito Flowers, “Premio de relato corto a cargo de los antiguos estudiantes de la USC”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 28 outubro 2018, p. 60.

Informa da convocatoria e das bases da XII edición do Premio de Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade e Santiago de Compostela.

X Concurso Literario de Relato curto da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** (AGACS)

Organizado pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS) e o Grupo Correo, está dirixido a autoría de calquera nacionalidade con obras inéditas e non premiadas, escritas en calquera lingua sobre un tema relacionado co Camiño de Santiago, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco. Os traballos deben entregarse segundo o sistema de plica na Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Rúa Costa Nova de Abaixo, nº17, 15705, Santiago de Compostela). Estabelécense tres premios, de 300, 200 e 100 euros, concedidos por un xurado composto por persoeiros de recoñecida solvencia no mundo da crítica literaria. Os relatos premiados foron publicados na páxina web da AGACS. Nesta edición de 2017 o primeiro galardón foi para *Mariposas mutantes*, de Lourdes Aso Torralba; o segundo para *O camiño das estrelas*, de Mónica Penas Vázquez, e o terceiro para *Historia de un caminante*, de Francisco Javier Aparicio Ruiz.

II Concurso **Balbino de relatos “O rural galego”**

A empresa Técnicas & Gramaxe, SL, coa conformidade da Fundación Xosé Neira Vilas e en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura, a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Vila de Cruces e Boqueixón, convoca a segunda edición deste premio anual co obxectivo de promover a lingua e literatura galegas. Poden participar nel tódalas persoas que presenten traballos en lingua galega que xiren arredor da temática do rural galego. Os textos deben ser orixinais e inéditos, cunha extensión comprendida entre os cen mil e os cento oitenta mil caracteres con espazos, e deben entregarse por correo electrónico ou postal, segundo o sistema de plica, que se enviará por correo ordinario nos dous casos. O premio consiste na entrega de 1.500 euros e a publicación da obra gañadora por Edicións Fervenza. Nesta segunda edición, a data de presentación dos traballos rematou o 30 de xuño de 2017. O xurado, composto por Rosalía Morlán, Ánxela Gracián e Armando Requeixo, outorgou por unanimidade o premio a Ricardo Cid Paz, polo relato *De que falarán as árbores*.

XXXVII Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de 12.000 euros e unha obra escultórica. Até a edición correspondente ao ano 2014, a organización do premio adxudicábase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que era o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. Dende a edición XXXV a organización corre a cargo da Deputación Provincial de Ourense. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografiados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte doce). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema Deputación

de Ourense (Rúa Progreso, n.º 32, 32003, Ourense), facendo constar no exterior “Para o XXXVI Premio Blanco-Amor”. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicárase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros, que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para Daniel Cortezón en 1981 por *A vila sulagada* (1981); Víctor Fernández Freixanes en 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983 por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984 por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985 por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986 por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987 por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988 por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989 por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990 por *Río Sil* (1990); Fran Alonso en 1991 por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992 por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993 por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994 por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou); Xavier Lorenzo Tomé en 1996 por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997 por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998 por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999 por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000 por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001 por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002 por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003 por *Orixé* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004 por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005 por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006 por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en 2007 por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009 por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010 por *O imposible de desatar* (2010); Manuel Lourenzo González en 2011 por *ATL* (2012); Ignacio Vidal Portabales en 2012 por *Dióxenes en Dolorida* (2013); Jorge Llorca en 2013 por *O violín de Rembrandt* (2014); Fran P. Lorenzo en 2014, por *Cabalos e lobos* (2015); Xavier Queipo en 2015, por *Os Kowa*; e Miguel Anxo Fernández en 2016 por *Blues para Moraima* (2017). O prazo de entrega de orixinais rematou o 14 de setembro (aniversario do nacemento en Ourense de Eduardo Blanco-Amor). O xurado, Luis González Tosar, presidente; Alba Cid Fernández, secretaria, e como vogais Xosé Carlos Caneiro, César Lorenzo Gil e Montse Pena Presas, acordou declarar deserta a presente edición, ao abeiro da cláusula oitava das bases reguladoras da convocatoria, que establece que poderá declararse deserto o premio de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

Referencias varias:

- Koro Martínez, “Manuel Portas gaña coa novela ‘Por puntos’ o premio Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 decembro 2018, p. 39.

Informa da concesión do Premio Blanco Amor na súa XXXVII edición ao escritor Manuel Portas pola súa novela *Por puntos* presentada baixo o lema *Melquíades Sancristovo* e elixida entre 24 traballos presentados ao premio.

I Certame de Relato Curto **Biblioteca de Pazos de Borbén**

Dirixido a estudantado de Educación Primaria e Secundaria dos colexios do concello. A data límite de presentación dos traballos é o 23 de novembro e os textos deberán estar

escritos en lingua galega.

Como un máis dos actos que a Escola Galega de Administración Pública, EGAP, organiza para honrar as letras galegas e a Antón Fraguas Fraguas convócase, un ano máis, o premio de literatura infantil e xuvenil co obxecto de que os nenos e nenas galegos teñan a oportunidade de demostrar a súa capacidade para redactar en lingua galega e de exercitar a súa imaxinación para concibir historias e desenvolver as súas habilidades neste idioma. Poderán optar aos premios os nenos e nenas galegos con idades comprendidas entre estas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos. Os contos deberán redactarse en lingua galega e a súa temática será libre, á elección das persoas participantes. Os textos deberán ser presentados en folios A4, mecanografados por unha soa cara, a un espazo e medio, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12 e cunha extensión mínima dun folio e máxima de cinco. En cada categoría existirán tres premios en metálico coa dotación económica de 250, 200 e 150 euros respectivamente. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (PR775A). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Premio de Relatos Curtos O Cabaleiro das Cunchas, convocado pola Vila de Bouzas

Certame literario convocado pola Irmandade das Donas e Cabaleiros de Bouzas co obxectivo de promocionar a cultura A este premio poderán concorrer todos os autores que o desexen, excepto a persoa gañadora da edición anterior, cun relato escrito, en Poesía ou Prosa, en calquera dos idiomas que son oficiais na Península Ibérica: galego, castelán, portugués, catalán e euskera co tema único da: “Lenda do Cabaleiro das Cunchas de Bouzas”. Os relatos, serán orixinais e inéditos en todos os formatos, tanto en papel como dixital, terán una extensión non inferior a tres follas nin superior a quince. Serán presentados en texto formateado con letra de tamaño 14 e espaciado dobre, en Times New Roman. Poderán presentarse de dous modos: en papel, con tres copias, debidamente grampadas ou encadernadas, ou con un arquivo gravado en CD en formato PDF, seguindo as mesmas normas que se detallan no segundo apartado das bases. Os relatos enviaranse antes do 30 de Maio de 2019, facendo constar no sobre IV Concurso de Relatos Curtos do “Cabaleiro das Cunchas” da Vila de Bouzas, ao seguinte enderezo: Cofradía del Santísimo Cristo de los Afligidos de Bouzas. Rúa/ San Miguel, nº 1- Baixo. CP: 36208 – Bouzas – Vigo. Presentaranse baixo o sistema de plica acompañados dunha declaración xurada asinada polo/a autor/a onde declare a súa autoría sobre o relato, así como a súa orixinalidade. Establécese un único premio dotado con mil cincocentos euros: 1.500 euros. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que os relatos presentados non reúnen a calidade suficiente. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da posible primeira edición de ata un máximo de 1.500 exemplares do texto ganador. Estes dereitos corresponderalle en exclusiva á entidade organizadora deste premio. O Xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito das nosas letras. A entrega do premio terá lugar nun acto público que se realizará na vila de Bouzas o venres anterior ao terceiro domingo do mes do Apóstolo, na noite máxica do Cabaleiro das Cunchas.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Un premio literario de Bouzas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 20 marzo 2018, p. 9.

Explícanse as bases da terceira edición do premio de relato curto *O cabaleiro das cunchas* que convoca a Vila de Bouzas. Dise que poden participar relatos escritos en calquera idioma da península e que os textos deben basearse na lenda do cabaleiro, non deben ter máis de 15 folios nin menos de 3 a corpo 14 e deben entregarse antes do 30 de maio na confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas.

XXVIII Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografiados a dobre espazo en formato *word* e tipo de letra Arial tamaño doce. Hai que envialos por quintuplicado, con lema e plica, ao rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón-A Coruña). O premio está dotado de 1.500 euros e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. O prazo de presentación rematou o 15 de xullo. O xurado estivo presidido pola concelleira de Cultura de Padrón, Lorena Couso; e integrado polo profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) Anxo Abuín González, o tamén profesor na mesma facultade Juan Casas Rigal, a profesora da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo Carmen Becerra Suárez, a licenciada en Filoloxía Inglesa Beatriz Vázquez Lorenzo, o funcionario da Consellería de Cultura Carlos Arias Iglesias, e a funcionaria do Concello de Padrón María Cruz Taboada Álvarez. Na edición de 2017 Miguel Ángel Carmona del Barco (Badaxoz, 1979) resultou gañador polo seu relato *Sin Cicerone*, presentado baixo o lema “Mandelbrot”.

II Concurso Literario **Cáncer de Mama**

A Unidade de Patoloxía Mamaria do Hospital Universitario Lucus Augusti (UMA) e a Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) convocan a segunda edición deste certame de relatos anual sobre o cancro de mama, co obxectivo de sensibilizar á poboación ante esta enfermidade e servir de axuda ás persoas afectadas. Poden presentarse traballos en lingua galega ou castelá inéditos, cunha extensión entre tres mil e catro mil cincocentos caracteres, a dobre espazo e por unha cara. Os exemplares remitiranse por correo postal á Xerencia do Hospital Universitario Lucus Augusti (Rúa Ulises Romero, n.º 1, 27003, Lugo), asinados con pseudónimo e con plica, até o 15 de xaneiro de 2018. O texto gañador recibirá un premio de 2.500 euros, patrocinados pola Empresa Suministros La Rondae. A deliberación será o 4 de febreiro e o relato gañador publicárase no xornal *El Progreso*, con motivo do Día Mundial Contra o Cancro.

XII Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Convocado polo Liceo de Ourense, leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e céntrase na modalidade de microrrelato. Contaba con dúas categorías, unha

para maiores e outra para menores de vinte e cinco anos, cunha dotación económica de 600 euros para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a 1.500 euros para o primeiro premio. Nesta XI edición de 2012 centrouse por primeira vez nunha temática concreta: “a gastronomía” e contou co patrocinio do Grupo Cuevas. Podía concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán, vinculados ao ámbito da gastronomía, a cociña ou calquera das súas manifestacións, a alimentación en xeral ou a referencias culinarias. Quedaban excluídos os recetarios ou guías. Os orixinais non podían superar unha extensión máxima de mil cincocentos caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 11 de maio, na secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, n.º 5, 32005 Ourense). Cada orixinal tiña que ir baixo lema e acompañado dun sobre pechado co nome completo, enderezo, teléfono do autor e o título definitivo da obra. A gañadora foi Pilar Ortega Pereiro por “Gangrena”.

Concurso de **Cartas de amor en galego** da Biblioteca Ánxel Casal

O Concurso de Cartas de Amor en Galego, promovido pola Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, ten por obxectivo fomentar a creación literaria e actuar como canle para a difusión de novos valores. Poderán presentar os seus traballos as persoas maiores de 14 anos. Os criterios de valoración serán a orixinalidade no tratamento da temática amorosa e no emprego de técnicas e figuras literarias e o uso correcto da gramática e da ortografía. Cada participante poderá presentar unha única carta en lingua galega. Esta deberá ser orixinal e inédita, non téndose reproducido ou difundido previamente en ningún tipo de soporte ou medio (publicacións escritas, páxinas web, redes sociais, etc.) A extensión máxima admitida é dunha páxina escrita a ordenador con fonte Arial de tamaño 11 e interliñado de 1,5. Os traballos deberán depositarse no buzón habilitado no mostrador de Información do andar baixo da Biblioteca. A carta de amor presentárase segundo o sistema de plica. No exterior do mesmo o participante deberá escribir "VI Concurso de Cartas de Amor + o pseudónimo" O prazo de presentación dos traballos iníciase o 1 de febreiro e remata o 14 de febreiro de 2018. Os premios consisten en tres lotes de libros de diferente tamaño que serán entregados ás persoas gañadoras. A resolución do xurado farase pública o mércores 21 de febreiro ás 19.00 h no vestíbulo da Biblioteca. Nese momento leranse as obras gañadoras en voz alta e falaremos sobre o amor e o proceso de creación das cartas cos autores e co público que se queira sumar ao evento Os traballos gañadores (e, no seu caso, aqueles que o xurado considere máis interesantes de entre os non premiados) poderán ser expostos na Biblioteca e en diferentes canles da Biblioteca en Internet. As cartas premiadas quedarán en poder da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal para pasar a formar parte dos seus fondos. A Biblioteca resérvase o dereito de reprodución (por calquera medio), exposición e calquera outro dereito de explotación que poidera corresponderlle de acordo cos obxectivos fixados no concurso. En todos os casos a Biblioteca indicará o/a autor/a.

Referencias varias:

- Montse García, “Concurso de cartas de amor en galego”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 1 febreiro 2018, p. L10.

Anúnciase que a biblioteca pública Ánxel Casal organiza un concurso de cartas de amor en galego no que poden participar as persoas maiores de 14 anos. Dise que a extensión

máxima admitida é unha páxina escrita a ordenador, que o prazo para presentar as obras remata o 14 de febreiro e que haberá tres galardóns.

XII Premio Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado de 3.000 euros, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan, en 2004; *A Menulara*, de Simonetta Agnello, en 2005; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, en 2006; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro, en 2007; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith, en 2008; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters, en 2009; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi, en 2010; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, en 2011; *La cena*, de Herman Koch, en 2012; *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère, en 2013; *El insólito peregrinaje de Harold Fry*, de Rachel Joyce, en 2015. Na edición correspondente ao ano 2016 o gañador foi *Capital* de John Lanchester.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Jonathan Coe gana el Premio del Casino con su ‘Expo 58’”, *El Correo Gallego*, 17 xullo 2018, p. 25.

Dáse conta de que Jonathan Coe foi o gañador do XIII Premio de Novela Europea Casino de Santiago coa súa obra *Expo 58*. Explicase que as obras finalistas foron *Cicatriz*, de Juan Gómez-Jurado; *Valor*, de Clara Uson, *La guitarra azul*, de John Banville y *O ultimo dia de Terranova*, de Manuel Rivas. Destácase que Jonathan Coe gañara no ano 2003 o IX Premio Literario San Clemente pola obra *O club dos canallas*.

VI Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola Área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa vixente, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio comporta unha contía de 3.000 euros, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Os gañadores nas pasadas

convocatorias foron: en 2007, *As mellores intencións* (2008), de Begoña Paz; en 2009, *Vertixes*, de José Ignacio Silva Regueira; en 2011, *Orlando pendurado* (2012), de María Goretti Fariña Caamaño; e en 2013, *A liña azul* (2014), de David Pobra; en 2015, *A cacería*, de Amadeo López Cobas; en 2017, *Un home estraño*, de Antonio Tizón.

Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Convocado pola Asociación de Estudos Universitarios por primeira vez en 2013, poden presentarse persoas sen límite de idade e de calquera país de procedencia. Os microrrelatos teñen que ser orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, e poden estar escritos en galego ou en español. Cada persoa pode presentar catro microrrelatos, dos cales só poderá ser escollido un, se reúne a calidade suficiente. Deben ter unha extensión de entre cen e trescentas palabras en Times New Roman tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas e enviarse por correo electrónico ao enderezo asociación.estudios@gmail.com en formato doc ou en odt. Envíanse dous arquivos: un denominado “Datos”, no que aparecen os datos persoais do autor, nome e apelidos, pseudónimo, DNI, enderezo postal, correo electrónico e teléfono; outro denominado Microrrelato, no que se inclúe o/os microrrelatos, o título e o pseudónimo. O xurado, formado por filólogos e escritores, selecciona un os microrrelatos finalistas (un por autor) e designa entre eles o gañador e o mellor microrrelato local, se for o caso. O premio para o gañador do certame é de 300 euros. O microrrelato premiado é publicado, xunto co mellor microrrelato local e cos finalistas nun libro colectivo, propiedade da entidade organizadora, polo que os autores aceptan ceder todos os dereitos. Nas dúas primeiras edicións de 2013 e 2014 resultaron gañadores relatos escritos en castelán. En 2015 non se convocou.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Organízao o profesorado do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o benestar social. Está aberto ao alumnado de educación primaria e secundaria e ao público en xeral. En 2014 levaba seis edicións pero en 2015 non se convocou.

Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

O Departamento de Cultura do Concello de Cambre convoca por primeira vez en 2012 este certame, que concede ao seu gañador un premio de 300 euros. Os relatos, sobre o Nadal, en castelán ou galego, deben ser orixinais e inéditos, e non premiados en calquera outro certame. Valórase especialmente a exaltación dos valores tradicionais do Nadal. A extensión non pode ser superior a oito páxinas, tamaño DIN-A4, nin inferior a catro e admítase tan só un relato por autor, mecanografado a dobre espazo, letra de corpo 12 tipo Times New Roman, en formato DIN-A4, por unha soa cara e debidamente grampado. O relato debe presentarse, por triplicado, nun sobre no que se especifique o título da obra e pseudónimo do autor dirixido ao Concello de Cambre. Área de Cultura e Turismo, Urbanización A Barcala, rúa Río Barcés 8, 15660 Cambre. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de presentación de traballos rematou o 16 de decembro.

XIV Premio de Narración Curta **Concello de Marín**

Convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Marín, para celebrar o Día das Letras Galegas. Neste certame de convocatoria bianual poderán concorrer todos/as os/as autores/as de ámbito nacional. Cómpre que os traballos cumpran cos seguintes requisitos: Que sexan en lingua galega, orixinais e inéditos. Cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas tamaño DIN A4 mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara, polo menos, as cinco primeiras. A temática será libre. O prazo: os relatos presentaranse antes das 13.00 h do día 20 de abril. Hanse de remitir á Comisión de Cultura do Concello de Marín, indicando no sobre “XV Premio de Narración Curta Concello de Marín”. Concederáse un único premio de 1.000 euros ao que se lle aplicará a retención prevista na normativa (21%). O xurado publicará o seu fallo nos medios de comunicación e poñeráse en contacto co/a autor/a, quen se compromete acudir ao Concello de Marín para recoller o premio o 17.05.2018, Día das Letras Galegas, dentro dos actos organizados por mor do exaltación da nosa lingua. A concesión do premio non implica a perda dos dereitos de autor/a sobre o traballo premiado. O Concello de Marín resérvase o dereito de publicar total ou parcialmente o traballo premiado. Se os traballos que presentaren non reuniren a suficiente calidade, o xurado propondrá declarar deserto o premio.

Referencias varias:

- Melissa Gómez, “O XV Premio de Narración Curta concederá un galardón de mil euros”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 25 xaneiro 2018, p. 23.

Indica as bases do XV Premio de Narración Curta do concello de Marín que convoca o goberno municipal cada dous anos con motivo do Día das Letras Galegas.

XV Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, cunha extensión máxima de dez páxinas, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante, que deben enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620 Mugardos). Existen tres categorías: unha até os doce anos, que terá como premio un bono de 100 euros para mercar libros en galego; outra entre os trece e os dezasete anos (incluídos), na que se opta a un vale de 200 euros; e unha para maiores de dezoito anos, que pode gañar un bono de 400 euros. O prazo de entrega de orixinais foi durante todo o mes de marzo e a decisión do xurado fíxose pública o 17 de maio. Na edición de 2017 o xurado decidiu por unanimidade conceder na categoría de menores de até doce anos o premio a Nuria Gómez García por “Maia e o lago”, e unha mención especial para Mateo Porto Sánchez, con *Unha historia dixital*; trece a dezasete anos a Eva Salvado Fernández, con *A muller do vestido vermello*, e unha mención de honra a Iago Mora Arcas, por *Éxtase*; e adultos a Eva Castro Outeiriño, por *Causa e efecto*.

V Concurso de microrrelatos **Concello de Parada de Sil**

Certame convocado polo Concello de Parada de Sil, grazas á doazón de Eugenio Prieto Pérez. As bases indican que os microrrelatos serán de tema e estilo libre, escritos en galego ou castelán, orixinais e inéditos. A extensión do texto non excederá as dúas centas palabras. Existen dous premios: o primeiro de 1.000 e o segundo de 500 euros. Nesta edición e por primeira vez ábrese a posibilidade a presentación dos traballos por correo electrónico e límitase a un texto por autor. Nesta edición o gañador resultou ser o ponferradino Ricardo Alonso Montero, co relato titulado *Serenata de Otoño*. Valeria Lucía Deluca acadou o segundo premio con *La venganza de las Palabras*.

Referencias varias:

- X. L. C., “593 microrrelatos participan no concurso literario de Parada do Sil”, *La Región*, “Provincia”, 17 marzo 2018, p. 27.

Informa da afluencia de participación no concurso de microrrelatos do concello de Parada de Sil, para o que se recibiron 593 textos de múltiples países que o xurado valorará e fallará a finais de abril.

XV Certame de Relato Curto do Concello de Quiroga

A oficina de xuventude do Concello de Quiroga organiza este certame, no que poden participar todas as persoas que o desexen con relatos curtos de tema libre escritos en castelán ou en galego, cunha extensión máxima de vinte folios e mínima de dous, mecanografados por unha soa cara, por duplicado e sen sinatura. Os datos da autoría, dirección e teléfono deben presentarse segundo o sistema de plica, indicando a categoría na que participa, xuvenil (menores de dezaioito anos) ou para persoas adultas (a partir de dezaioito anos). Os traballos pódense enviar por correo ou entregarse persoalmente na Casa de Cultura de Quiroga ou na Oficina de Información Xuvenil. Prémianse os tres mellores relatos de cada categoría e o galardón consiste nun lector de libros electrónicos para o primeiro premio, un libro de relatos para o segundo e unha placa conmemorativa para o terceiro. Na edición correspondente ao ano 2017 o prazo de admisión rematou o 10 de decembro.

XV Certame de cartas de amor Concello de Quiroga

Convocado pola oficina de Xuventude do Concello de Quiroga. Cada participante poderá enviar os traballos que desexe, referidos ao sentimento do amor, e escritos en galego ou en castelán. Os traballos non deberán superar os dous folios mecanografados por unha soa cara, e se acompañarán dunha plica, na que se incluírán o nome e apelidos do autor ou autora, dirección e teléfono. No exterior do sobre indicárase o título da carta e a categoría na que participa. O certame inclúe unha categoría xuvenil ata 30 anos, e outra senior a partir de 31. A organización establece un primeiro premio consistente nun e-book, un segundo premio que será un lote de libros, e unha placa conmemorativa como terceiro premio. Os traballos poden entregarse persoalmente, ou ben por correo postal na Casa da Cultura ou na Oficina de Información Xuvenil de Quiroga. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Quiroga, que poderá realizar unha publicación conxunta coas cartas galardoadas ao longo de varias edicións. •

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Palabras para namorar”, *O Sil*, n.º 260, “San Valentín”, febreiro 2018, p. 38.

Comenta os dous premios literarios que se convocan con motivo do Día dos Namorados e que teñen como obxectivo a romoción e difusión da lingua galega: o XV certame de cartas de amor do Concello de Quiroga e o certame Lingua de Namorar da secretaría xeral de Política Lingüística.

Concurso de **Contos de Fantasía** de Curtras

Concurso convocado pola organización Curtas Fest e que estará adicado á Fantasía en xeral, e ao abraiante mundo creado por J.R.R. Tolkien para *O Señor dos Aneis* e *O Hobbit* en particular, poñemos en marcha un concurso de contos de fantasía en galego que, ademais de render homenaxe ao autor británico, trasladará a Galicia a súa mitoloxía e criaturas. Porque a Terra Media ben podería ser o noso máximo país. O xurado, composto por Jorge del Oro, Xosé Duncan e Josué Ramos, elixirá 10 contos que se publicarán nun volume que se presentará na 46 edición do Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa, CURTAS 2018. Os contos deberán ser inéditos, escritos en galego, e ambientados en Galicia, valorándose a inclusión da Comarca do Salnés e de Vilagarcía de Arousa, así como a utilización da mitoloxía e as criaturas creadas por Tolkien. Presentaranse en formato .DOC por correo electrónico a contos@curtas.org. A extensión máxima será de cinco mil palabras e a mínima de dúas mil palabras, cun tamaño de letra 12, e sen interliñado especial. O prazo para presentar os contos remata o 30 de abril de 2018. Os gañadores daránse a coñecer o 17 de maio de 2018.

Referencias varias:

- L. R., “Anacos”, ‘Perennis e Caducifolios’ y ‘O segredo de Héj’ ganan el Concurso de Contos de Fantasía”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 20 maio 2018, p. 7.

Dá conta do fallo do Concurso de Contos de Fantasía. Informa do gañador, dos finalistas, e da comopsición do xurado.

IV Certame de Contos de verán

Certame de contos que organiza o xornal *El Progreso*. Pódense presentar traballos de temática libre, inéditos na súa totalidade e escritos en lingua galega segundo a normativa oficial vixente. A extensión dos relatos non pode ser inferior aos tres mil caracteres nin superior aos catro mil, incluídos os espazos. Os contos elixidos por un xurado designado para o efecto publícanse no xornal durante os meses de xullo e agosto. Pódense enviar cantos contos se queiran, se ben só se publica un por persoa. Os orixinais envíanse ao enderezo electrónico contosdeveran@elprogreso.es ou por correo postal ao diario *El Progreso*, rúa Ribadeo, n.º 5, 27002 Lugo. Pódense acompañar dunha fotografía da autora ou autor, que se publica xunto ao relato. Estabelécense dous premios: un primeiro dotado de 1.000 euros e un segundo con 500 euros; os impostos correspondentes corren a cargo

das persoas gañadoras. A entrega deste concurso faise sempre nunha data próxima ao 24 de febreiro, no aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. O xurado cualificador componse dun xornalista representante d'*El Progreso* e por outras dúas persoas relacionadas co ámbito da literatura galega e do xornalismo. Na edición correspondente ao ano 2017, o prazo de admisión rematou o 15 de agosto e o xurado, encabezado polo escritor e presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, e integrado polo subdirector d'*El Progreso*, Tito Diéguez, e os xornalistas Santiago Jaureguizar e Marta Veiga, acordou concederlle o primeiro galardón ao conto titulado *Minnesota*, de Lionel Rexes, e o segundo premio ao relato titulado *Lambetadas*, de María José López Sánchez.

Referencias varias:

- Ruth López, “El Progreso convoca a sexta edición dos Contos de Verán”, *El Progreso*, “Comunicación”, “Vivir”, 12 xuño 2018, p. 61.

Dáse noticia de que o xornal *El Progreso* concova a sexta edición do seu concurso de relato curto Contos de Verán, que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta. Explícase que o concurso recibe textos de temática libre, inéditos, escritos en galego, cunha extensión non inferior a 3.000 caracteres nin superior a 4.000, espazos incluídos. Dise que haberá dous premios. Explícase que os gañadores da edición de 2017 foron Lionel Rexes co texto *Minnesota* e María José López Sánchez co texto *Lambetadas*.

- Alberte Momán Naval, “A Catedral”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 17 xullo 2018, p. 42.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Alberte Momán Naval, titulado “A Catedral”.

- Noa Andrade, “Castro paredes encaladas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 18 xullo 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Noa Andrade, titulado “Catro paredes encaladas”.

- Marta Borrajo Zon, “Amnesia”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 xullo 2018, p. 54.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Borrajo Zon, titulado “Amnesia”.

- Minda A. Méndez Comba, “As ras de Caínzos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 xullo 2018, p. 44.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Minda A. Méndez Comba, titulado “As ras de Caínzos”.

- Antonio Pérez Fra, “Sarela e a fraga”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 xullo 2018, p. 46.

Reproduce o conto “Sarela e a fraga” de Antonio Pérez Fra participante no concurso

“Contos de verán” do xornal. Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Antonio Pérez Fra, titulado “Sarela e a fraga”.

- Marta Sánchez Sánchez, “O legado”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 31 xullo 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Sánchez Sánchez, titulado “O legado”.

- Raquel Pardo, “A luz da Bugalla”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 1 agosto 2018, p. 40.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Raquel Pardo, titulado “A luz da Bugalla”.

- José López Fernández, “Iste escabroso presente ou aquel añorado pasado?”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 8 agosto 2018, p. 32.

Reproducécese o conto de José López Fernández, titulado “Iste escabroso presente ou aquel añorado pasado?” no marco do concurso “Relatos de Verán” do xornal.

- Marta Sánchez Sánchez, “O inimigo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 14 agosto 2018, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Sánchez Sánchez, titulado “O inimigo”.

- Jesús Rey Modia, “Ai”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2018, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Jesús Rey Modia, titulado “Ai”.

- Pepa Barrios, “Morte en primavera”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2018, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Pepa Barrios, titulado “Morte en primavera”.

- Sergio Rivas, “O monte está que arde”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2018, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Sergio Rivas, titulado “O monte está que arde”.

- Carmen Rodríguez Rozas, “Os meus gatos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Carmen Rodríguez Rozas, titulado “Os meus gatos”.

- Jazmín Ayleen Malvaso, “Un conto de bullying”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Jazmín Ayleen Malvaso, titulado “Un conto de bullying”.

- Ana Isabel Núñez Canda, “É malo que todos me queiran?”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2018, p. 44.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ana Isabel Núñez Canda, titulado “É malo que todos me queiran?”.

- Ana Félix, “O intruso”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2018, p. 45.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ana Félix, titulado “O intruso”.

- Miguel Cumbras, “Como o ciclista”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2018, p. 42.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Miguel Cumbras, titulado “Como o ciclista”.

- Pedro Rielo, “Tras o sorriso de Daniel”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2018, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Pedro Rielo, titulado “Tras o sorriso de Daniel”.

- Rubén Iglesias Seoane, “Un xardín para Zeltia”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2018, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Rubén Iglesias Seoane, titulado “Un xardín para Zeltia”.

- Ana Isabel Núñez Canda, “Déixaa que baile”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ana Isabel Núñez Canda, titulado “Déixaa que baile”.

- Marta Sánchez Sánchez, “Creando recordos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2018, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Sánchez Sánchez, titulado “Creando recordos”.

- María M. Cendán, “Sucesos inolvidables”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de

verán”, 29 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María M. Cendán, titulado “Sucesos inolvidables”.

- Miguel Cumbras Álvarez, “O camiño”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Miguel Cumbras Álvarez, titulado “O camiño”.

- Gracia Arestes, “Sol e ceo azul para sempre”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 31 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Gracia Arestes, titulado “Sol e ceo azul para sempre”.

- Nuria Devesa Núñez, “Eles”, *El Progreso*, “Vivir”, “Comunicación”, 4 setembro 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Nuria Devesa Núñez, titulado “Eles”.

- María José López Sánchez, “A man esquerda”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 6 setembro 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María José López Sánchez, titulado “A man esquerda”.

- Reyes Barrio, “O que o pasado esconde”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 setembro 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Reyes Barrio, titulado “O que o pasado esconde”.

- Víctor Manuel Armesto Aparicio, “Dime que todo foi un soño!”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 setembro 2018, p. 42.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Víctor Manuel Armesto Aparicio, titulado “Dime que todo foi un soño!”.

- Martiño Maseda, “A culpa”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 setembro 2018, p. 48.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Martiño Maseda, titulado “A culpa”.

- Víctor Lombardía Basanta, “Amizade de verán”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por

Víctor Lombardía Basanta, titulado “Amizade de verán”.

- Ruth López, “Pepa Barrios gaña Contos de Verán cun relato ‘entre a vida e o loito’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 22 decembro 2018, p. 74.

Dá conta da concesión do primeiro premio na sexta edición do Certame Contos de Verán, promovido polo xornal *El Progreso* e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Pilar Barreiro polo seu relato *Morte en primavera*. Infórmase que os autores saíron gañadores da quinta edición do certame Contos de Verán organizado polo diario El Progreso. A obras gañadoras foron *Minnesota* e *Lambetadas* de acordo co xurado composto polo presidente do PEN Galicia, Luís González Tosar e o subdirector do diario, Tito Diéguez entre outros.

Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos e fomentar a escritura. Estabélense tres categorías: A, até dezaseis anos; B, para mozos de nove a quince anos e C, para maiores desta idade. A temática é libre e o texto debe estar elaborado integramente en galego. Deben ser textos orixinais dun mínimo de dous folios manuscritos ou mecanografados, en forma de pequena historia ou conto, que poidan ser relatados do xeito en que o facían os devanceiros nas noites invernaís a carón da lareira. Preséntanse baixo pseudónimo cos datos persoais nun sobre pechado no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, n.º 3, 36660 Moraña). Concédense dous premios en cada categoría: un lote de libros e un diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario e a presentación e inclusión de ilustracións. Na edición correspondente ao 2015 a data límite de entrega dos traballos rematou o 7 de maio. A resolución dáse a coñecer nun acto o Día das Letras Galegas.

I Certamen Literario de Relatos Cortos-**Crecente**

Concurso organizado polo Club de Lectura Elefantes de Papel e o Concello de Vigo. O xurado estivo formado por Berto e María, escritores de Elefantes de Papel; Juan J. Prieto, escritor; Cristina Troncoso, xornalista; e Pepa, xuíza de paz de Bueu. Os textos publícanse na web do Concello www.crecente.es, e o premio consiste nun lote de libros. Os gañadores escóllense no marco do Agosto Cultural, o 11 de agosto, nunha noite de lectura de 13 textos preseleccionados, con sete gañadores finais, tres do público e catro do xurado. Internamente, os integrantes do clube de lectura escollen o relato de Belén Arias García, titulado “Rojo”, valorando a súa orixinalidade e lectura.

Referencias varias:

- Belén Arias García, “Rojo”, *Atlántico Diario*, “Verano”, “Primer certamen literario de relatos cortos-Crecente”, 23 agosto 2018, p. 18.

Sección que acolle o relato gañador da primeira edición do Certamen Literario de Relatos Cortos-Crecente. Reprodúcese o realizado por Belén Arias García, titulado “Rojo”.

- Roma Tébar, “Impulso a la lectura desde la Biblioteca de Crecente”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana. Condado/Louriña”, 4 agosto 2018, p. 24.

Comenta o labor do clube de lectura Elefantes de papel da Biblioteca Municipal de Crecente e apunta que entre as actividades que están a desenvolver encóntrase o primeiro Certame Litreario de Relatos Cortos que veñen de convocar e sobre o que se apuntan as bases.

Certame Microrrelatos en Galego **EOI de Pontevedra**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EOI de Pontevedra, en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, convoca o Certame de Microrrelato en Galego “EOI de Pontevedra”. As persoas participantes deberán crear un texto literario de cento cincuenta palabras como máximo *in situ*, durante dúas horas, a partir da “inspiración” que lles suxiran 3 palabras escollidas no momento de comezar a proba. Poderán participar no concurso todas as persoas que o desexen (sexan ou non alumnado da EOI de Pontevedra).

Os premios consisten en vales para mercar libros, compactos ou DVDs en lingua galega, dun importe de 200, 150 e 100 euros respectivamente, ademais da posibilidade do xurado de conceder dous accesits de 50 euros.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “¡Que viva el albariño!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 14 marzo 2018, pp. 66-67.

Dá conta da celebración do IX Certame de Microrrelato en Galego organizado pola Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, “Ellos conseguirán transformarlo”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 10 maio 2018, pp. 70-71.

Dá conta da entrega de premios do certame no salón de actos da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. No acto de entrega participou o concelleiro de normalización lingüística Alberto Oubiña.

Concurso de fotorrelatos A **Farixa**

Certame convocado polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca do Centro de Formación Profesional A Farixa. Os traballos presentados deberán ser orixinais, inéditos, escritos en galego ou castelán e cunha extensión máxima de cinco folios. Estabelécense tres categorías: primeiro premio de 1.500 euros, segundo premio de 1.000 e terceiro premio de 500.

XXX Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como

recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Dende a décimo cuarta convocatoria e até a edición correspondente ao ano 2015, outorgábase un único premio dotado de 25.000 euros e a publicación da obra, ao que podían concorrer indistintamente traballos en galego e en castelán. Na edición de 2016 establécense dúas modalidades, unha en lingua galega e outra en lingua castelá, cun premio de 25.000 euros para cada unha delas. Os orixinais poden ser de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos polas dúas caras e acompañados de plica. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial de A Coruña (Avda. Porto da Coruña, n.º 2, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Victor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008; *Luns*, de Eli Ríos (2016). Na edición correspondente ao ano 2017, o prazo de presentación finalizou o 10 de xuño e o xurado, composto por Antón Riveiro Coello, Montse Dopico, María Reimóndez, Armando Requeixo e a gañadora da edición anterior, Eli Ríos, presidido pola vicepresidenta e responsábel da área de Cultura da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei e coa xefa de servizo, Mercedes Fernández Albalat como secretaria, acordou por maioría outorgar o premio da modalidade en lingua galega a Manuel Antonio Piñeiro Fernández pola novela *A través do fume*.

Referencias varias:

- M.G.M., “O bergondés Xabier López consegue o XXX Torrente Ballester en galego pola novela ‘900’”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 8 novembro 2018.

Informa de que Xabier López fíxose co XXX Premio Torrente Ballester de novela con 900 sobre a que o xurado dixo que se trata dunha novela río dunha saga familiar narrada con intelixencia, ironía e humor. A novela percorrer a historia de Galicia e Europa desde o século XIX ata a posguerra do século pasado. Ofrece tamén o currículo literario do autor.

- X. Fraga, “Unha saga familiar dálle a Xabier López o premio Torrente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 novembro 2018, p. 34.

Informa sobre o galardón outorgado a Xabier López López, gañador do premio Torrente Ballester da novela en galego. Destácanse outras obras publicadas polo autor como os vínculo desta obra coa obra *Os camiños da vida* de Ramón Otero Pedrayo.

XIX Concurso **Hipercurtos Contos**

Organizado pola Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, coa colaboración da Deputación da Coruña. Consta de tres categorías: a) nenos e nenas até trece anos; b)

mozos e mozas entre catorce e trinta anos; e c) maiores de trinta anos. Os hipercurtos contos deben estar escritos en galego, ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de cento setenta e cinco palabras. A temática é libre e deben presentarse segundo o sistema de plica, engadindo unha copia do DNI. No exterior do sobre debe estar escrito o título do hipercurto conto entregado e a data de nacemento do autor ou autora. Cada participante pode presentar o número de hipercurtos contos que desexe. Os premios (consistentes en vales que se poderán cambiar por libros, discos ou outros produtos galegos nos establecementos que se indicarán aos premiados) quedan establecidos por categorías do seguinte xeito: a) 70 euros; b) 130 euros; e c) 100 euros. Hai tamén un accésit de 60 euros para o membro da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia mellor clasificado. Os premios son únicos e indivisíbeis. O xurado estará composto polos membros da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia que a comisión Galiza designe. A xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras, pódese declarar deserto algún premio. Todos os hipercurtos contos deben ser entregados na secretaría técnica da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia (na rúa Belvís, n.º 2, 15703 Santiago de Compostela; teléfono.: 981 582 243), en man ou por correo (mellor certificado), facendo constar no exterior do sobre ‘Concurso de hipercurtos contos’. Os textos enviados ao concurso pasan a ser propiedade da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, renunciando os seus autores e autoras aos seus dereitos como tales. O xurado está composto polos membros da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia que designe a comisión.

Certame Literario **Hoxe e Mañá** do centro cultural Ignacio Rey-Stolle de Bazar, Castro de Rei

Con motivo do cincuentenario do Teleclub-Centro Cultural de BAZAR (Castro de Rei), e o centenario da igrexa parroquial, o Centro cultural Ignacio Rey-Stolle convoca o concurso Hoxe e mañá, como homenaxe e lembranza aos Certames literarios que este centro ten convocado, e ao seu periódico *Onte, mañá e hoxe*, que tanta vida nos ten proporcionado, noméandose así para destacar que se chega agora ao que entón era un afastado futuro. O Certame, que está patrocinado pola Fundación Bals da Ponte de Outeiro, rexeráse polas seguintes bases: Premiaranse traballos en prosa, en galego, de calquera xénero: creación literaria, ensaio, historia... inéditos, de extensión libre, que aborden temas relacionados con Bazar, a súa historia, a vida na parroquia, o papel do centro cultural... que sirvan para mellor coñecer a terra, a vida e as xentes de Bazar. Os traballos, faranse chegar ao Centro Cultural Ignacio Rey Stolle, persoalmente, por correo, ou por correo electrónico a certamebazar@galiciadigital.com. A extensión dos traballos será libre. Quen entregue o traballo de xeito físico deberá acompañar tamén o texto en versión dixital, cunha fotografía e datos do autor ou autora. Todos os traballos presentados serán publicados na sección de opinión de www.galiciadigital.com, e os premiados ou seleccionados serán publicados total ou parcialmente no libro que se confeccione coa historia dos primeiros cincuenta anos do Centro Cultural e os cen da igrexa parroquial. Os traballos han ser recibidos antes do 15 de marzo de 2018, sendo publicados na Plataforma dixital indicada antes do 31 de marzo do presente ano. Un xurado designado ao efecto, formado por directivos da entidade convocante e patrocinadora, do concello de Castro de Rei, e do mundo lucense da cultura, concederá os seguintes premios: un primeiro premio, dotado con 500 euros e trofeo, para o traballo que se considere máis relevante entre os presentados, un segundo premio de 250 euros e trofeo para o traballo que se considere lle segue en méritos ao que obtivese o primeiro premio. Un premio

especial dotado con 250 euros e trofeo para o mellor traballo do que sexa autor un estudante do Concello de Castro de Rei. Así mesmo, o xurado poderá conceder os Accésits ou Mencións de honra, dotados con trofeo, que estime convenientes. O fallo do xurado darase a coñecer no decurso do mes de abril de 2018.

Referencias varias:

- M. R., “El centro cultural Rey-Stolle convoca un certamen literario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 febreiro 2018, p. 17.

Infórmase de que o centro cultural Ignacio Rey-Stolle de Bazar, de Castro de Rei, organiza, xunto coa Fundación Blas da Ponte de Outeiro, o Certame Literario Hoxe e Mañá. Dise que ao certame poden presentarse traballos de temática relacionada con Bazar, a súa historia, a vida na parroquia ou o papel do centro cultural. Tamén se especifica que as obras deben estar escritas en prosa, en galego e ser orixinais, aínda que a extensión e o xénero son libres. Destácase que haberá un primeiro e un segundo premio e dous recoñecementos: para o mellor traballo de estudantes de secundaria e primara de Castro de Rei, respectivamente. Apúntase que o prazo de presentación das obras remata o 15 de marzo e que serán publicadas na web Galicia Digital e as premiadas nun libro.

- C. P. R., “Antonio Cendán imponse no certame literario do centro cultural de Bazar”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 maio 2018, p. 20.

Informa da concesión do primeiro premio do certame literario do centro cultural de Bazar ao xornalista Antonio Cendán Fraga co seu traballo *Breve historia de Bazar e o seu teleclub* e do segundo premio a Benito Ónega Quintela polo seu traballo *O mago*.

I Concurso de Relato Breve **Iconografías sobre Marineda** (da Casa-museo Emilia Pardo Bazán e Marineda City).

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e o centro comercial Marineda City convocan o Concurso Iconografías sobre Marineda, que premiará en tres modalidades os mellores relatos e a mellor fotografía inspirados na cidade da Coruña. Os galardóns, cada un deles dotados de 1.000 euros, pretenden contribuír a estimular a creación artística baseada en referentes reais ou imaxinarios da Coruña, a cidade natal de Emilia Pardo Bazán, a escritora que bautizou literariamente a localidade como Marineda.

O prazo de presentación dos orixinais permanecerá aberto ata o vindeiro 31 de agosto para a modalidade fotográfica e o 3 de setembro para as modalidades de relato breve. A entrega dos premios terá lugar o 21 de setembro de 2018 no acto de celebración do 167 aniversario do nacemento da autora. Ademais do premio en metálico, as persoas gañadoras verán publicadas cadansúa obra nunha edición preparada pola Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. O Concurso Iconografías sobre Marineda establece dous premios de relato breve, un en galego e outro en castelán. As persoas que desexen participar deberán facelo cun único texto orixinal e inédito e cunha extensión máxima de catro mil caracteres.

Premio Literario **Illa Nova de Narrativa** 2018

A Editorial Galaxia convoca o Premio Literario Illa Nova de Narrativa 2019 para autores e autoras menores de trinta e cinco anos co obxectivo de estimular a creación. En 1957 a Editorial Galaxia botou a andar a colección Illa Nova, coa que pretendían dar continuidade ao proxecto da editora a través das novas xeracións, sempre con vontade de renovación. Xohana Torres, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Luís Franco Grande, Bernardino Graña, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán ou Carlos Casares foron algúns deses novos valores que publicaron na colección onde saíron algunhas das principais obras do que se deu en chamar “Nova Narrativa Galega”. Con esta mesma finalidade de abrir un camiño a quen está comezando no mundo da creación literaria, en 2017 nacía o Premio Illa Nova de Narrativa, que este ano acada a súa terceira edición. Poderán optar ao premio as persoas menores de 35 anos na data da resolución do premio, de calquera nacionalidade ou procedencia, sempre que as obras se presenten en lingua galega, conforme á normativa vixente, sexan orixinais, rigorosamente inéditas e non fosen premiadas en ningún outro certame, nin en parte nin na súa totalidade. Poderán concorrer novelas ou un conxunto de relatos cunha extensión mínima de cen páxinas, tamaño DIN A4, mecanografadas en Times New Roman 12 a dobre espazo por unha soa cara. Deberán enviarse seis copias impresas, encadernadas ou cosidas, e copia dixital en CD coa obra en formato PDF ao enderezo: Premio Illa Nova de Narrativa, Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204 – Vigo. O prazo de admisión de orixinais pecharase o 14 de xaneiro de 2019. A participación efectuarase seguindo o sistema de plica. O xurado estará composto por lectores/as e persoas do mundo cultural e literario galego. Serán un total de cinco membros e un secretario ou secretaria en representación da Editorial Galaxia con voz, pero sen voto. O xurado terá plena facultade para interpretar as presentes bases naqueles supostos que o precisen. O premio outorgarase á obra que por unanimidade ou, no seu defecto, por maioría de votos, sexa considerada merecedora da distinción. O xurado pode declarar deserto o premio. A decisión do xurado será inapelable e farase pública nun acto en Vigo que se celebrará en abril, reservando a entidade organizadora o dereito a modificar esta data ou lugar se así o considera. Entregarase un único premio, indivisible, de 3,000 euros (suxeitos ás retencións fiscais correspondentes). O autor ou a autora recibirá, ademais, unha escultura simbólica conmemorativa do Premio Illa Nova de Narrativa. A cantidade recibida computará en concepto de adianto de dereitos de autoría. A obra premiada será editada e comercializada pola Editorial Galaxia na súa colección Literaria. A Editorial Galaxia reserva, durante o prazo dun mes a partir do día en que se faga pública a decisión, un dereito de adquisición preferente da edición de calquera obra presentada ao premio que, sen alcanzar o galardón, sexa considerada de interese, previa subscripción do oportuno acordo entre as partes.

Referencias varias:

- A. S., “La lucense Antía Yáñez gana el Illa Nova de Narrativa con la novela ‘Senlleiras’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 abril 2018, p. 45.

Dáse conta de que Antía Yáñez vén de gañar a segunda edición do premio Illa Nova que convoca a editorial Galaxia coa obra *Senlleiras*. Explícase que a novela trata sobre a violencia de xénero e que a gañadora da anterior edición foi Vanesa Santiago.

- Héctor J. Porto, “Antía Yáñez, premio Illa Nova pola súa novela ‘Senlleiras’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2018, p. 39.

Dáse conta de que Antía Yáñez vén de gañar a segunda edición do premio Illa Nova que

convoca a editorial Galaxia coa obra *Senlleiras*. Explícase que o premio leva o nome dunha colección desta editorial inaugurada en 1957 e na que publicaron Xohana Torres, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Carlos Casares. Dise que a gañadora da anterior edición foi Vanesa Santiago co libro *A vida sinxela de Marcelo Firmamento*. Infórmase de que Antía Yáñez foi a autora dunha novela anterior titulada *O misterio de Portomarín*. Alúdese a que a novela gañadora do premio combina a temática de misterio coa feminista.

VII Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. En edicións anteriores había dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de oito centas palabras e máxima de mil cincocentas; microrrelatos, cunha extensión máxima de cincocentas palabras), mais actualmente o concurso ten unha única modalidade competitiva: Relato curto dunha extensión máxima de oitocentas palabras que estea inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de dezoito anos) e xuvenil (de doce a dezasete anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional désígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Na edición correspondente ao ano 2017 o prazo de entrega rematou o 17 de maio. Os premios outorgáronse en xuño de 2017, nun acto. O xurado decidiu premiar os seguintes relatos en lingua galega *O químico*, de Xoán Martínez González, na categoría de adultos; e *Gran de pole*, de Saioa Zozaya Fernández na categoría xuvenil. Na edición de 2018, presentáronse un total de 23 relatos en galego, e resultou gañadora Julia Nieto Mantiñán, coa obra “Sempre no meu corazón, Ada”.

Referencias varias:

- M. Manav Gambhir, “Julia Nieto Mantiñán. ‘No quería hacer el relato sobre las míticas mujeres científicas, busqué en internet y elegí una”, *La Opinión*, “Sada/ Betanzos”, 3 xullo 2018, p. 16.

Explícase que Julia Nieto, alumna do instituto Francisco Aguiar de Betanzos, foi gañadora do primeiro premio xuvenil en galego da oitava edición de ‘Inspiraciencia’, un concurso organizado polo Consello Superior de Investigación Científica (CSIC) cun relato en galego sobre Ada Byron.

XIV Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadruplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu fallo o día 17 de maio. O premio está dotado de 1.000 euros e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por *Goodbye, my friend*; en 2005, Enma Pedreira, por *Cabare vermello feridor*; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por *Borisov 61*, e Ricardo Losada, por *Rianxo é meu*; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por *Arredor de Marta*; en 2008, M^a Cristina Pavón Mauriz, por *A braga fantástica*, e Xosé Francisco Pais López, por *Coctel La Chapelle*; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por *Cada vez que atravesas a porta...*; en 2010, Agustín Agra, por *Círculo Lítico*; en 2011, María Xesús Blanco, por *Naia* e Carlos Mosteiro Fraga, por *Vladimir*; e en 2012 quedou deserto. Na edición correspondente ao ano 2017 o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril e o acto de entrega realizouse o 17 de maio, Día das Letras Galegas. O gañador foi Xosé Sobral Amoedo, con *Diaños da brétema*.

Referencias varias:

- M. G., “Piñeiro Fernández gañou o Certame de Relatos Liceo con ‘Fábula no chanco’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Muros – Noia”, 20 maio 2018, p. 34.

Dá conta de que Manuel Antonio Piñeiro gañou o XV certame de relatos Liceo de Noia pola obra *Fábula no chanco*. Informa da composición do xurado, lembra que o autor xa gañara o premio Torrente Ballester o ano anterior con *A través do fume* e sinala que o acto de entrega do galardón tivo lugar na sede do Liceo de Noia ao que asistiron o presidente da sociedade, Óscar Prego, e os compoñentes do xurado.

XV Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa vixente, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada. Os traballos remitiranse á Lonxa Literaria ao correo electrónico lonxaliteraria@yahoo.com. Ao correo adxuntaráselle dous arquivos,

un co relato e outro cos datos persoais da persoa autora. Convócase unha única categoría dotada co premio dun lote de conservas da ría e pódense conceder até dous accésits. Manuel Sánchez Gálvez (Vigo) gañou co microrrelato *Oito minutos* en 2017; no ano 2016 as persoas premiadas foron: na categoría de adultos, Lois Blanco Araúxo por *As veces, Bonaval*; e na categoría xuvenil, ex-aequo para María Carballido Cerqueiro por *Supermarcos* e María Rozados Balboa por *Quen son eu*. Na edición correspondente ao ano 2017 a gañadora foi Emma Pedreira, co relato titulado *Lelalela*.

VII Certame de relatos O lugar onde vivo

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, convoca dende o ano 2011 este certame de relatos, xunto a un de fotografía e outro de curtametraxes (este último dende 2012), que en conxunto se denominan Premios polo Territorio e que se enmarcan dentro da campaña “Ponte no medio. Móvete polo territorio”, co obxectivo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra. Estes concursos pretenden facer participativa á cidadanía galega na reivindicación dunha ordenación territorial sustentábel na que se freen as prácticas especulativas dos poderes privados sobre o territorio en conivencia coa administración pública, e na que se propoñan alternativas máis coherentes coa defensa ambiental, coa cohesión social e coa posta en valor do patrimonio cultural galego. Os relatos curtos poden ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias, sempre e cando o eixe do relato xire arredor das visións que a poboación galega ten sobre o lugar no que vive: como é, como foi, como quixera que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas por este etc. Cada participante pode presentar un máximo de dous relatos inéditos en lingua galega, que hai que enviar por correo postal ao enderezo de ADEGA Lugo. Existen dúas categorías: xuvenil e persoas adultas. Os premios consisten nun diploma e 250 euros na categoría adulta e nun diploma e 200 euros na xuvenil. O xurado valora a orixinalidade, a calidade literaria, a coherencia do código lingüístico empregado e que o territorio galego figure no relato. Na edición correspondente ao ano 2017 o prazo de presentación de traballos rematou o 15 de setembro. O acto de entrega tivo lugar o 21 de decembro. Os premiados foron: na categoría de adultos, Rafael Lobelle González (Chantada), por *Na Regueira de Xigonde*; na categoría xuvenil, Sandra Ferreiro García (A Estrada), por *A praia dos meus records*.

XXX Premio de Novela Manuel García Barros (Ken Keirades)

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola citada casa editora. Os orixinais e inéditos en galego segundo a normativa vixente deben ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680 A Estrada, Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel

Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por *Talego* (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, *ex aequo* Alfonso Álvarez Caccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por *Shakespeare destilado* (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011); en 2012, Santiago Lopo por *Hora Zulu* (2012); en 2013, Anxos Sumai por *A lúa da colleita* (2013); en 2014, Alberto Ramos por *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (2014); en 2015, Manuel Portas por *Lourenço Xograr*; en 2016, Miguel Sande por *A candidata*. Na edición correspondente ao ano 2017, o xurado formado por Inma Otero Varela, Carlos González de Lema Malvar, Armando Requeixo Cuba, Mario Iván Regueira Fernández e Carlos Loureiro Rodríguez como secretario, concedeuulle o galardón a Marcos Sánchez Calveiro por *O xardineiro dos ingleses*.

Referencias varias:

- Sol Elvira, “Ana Cabaleiro álzase co García Barros coa novela ‘As Ramonas’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 19 xullo 2018, p. 30.

Dáse conta de que Ana Cabaleiro gañou a XXX edición do Premio de Novela García Barros, convocado polo Concello da Estrada, coa súa obra *As Ramonas*. Destácase o protagonismo da muller na obra. Explícase que o xurado estivo conformado pola filóloga Eulalia Agrelo, o poeta e editor Carlos González de Lema Malvar, o escritor e crítico Armando Requeixo, a poeta e xornalista Olalla Cociña e o escritor Carlos Loureiro. Alúdese á primeira obra de Ana Cabaleiro titulada *De sapos e sereas*. Saliéntase que a obra premiada conta a historia dunha fotógrafa e do seu crecemento persoal e profesional.

- J. B., “As Ramonas’ de Ana Cabaleiro gañan o premio García Barros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xullo 2018, p. 37.

Dáse conta de que Ana Cabaleiro gañou a XXX edición do Premio de Novela García Barros, convocado polo Concello da Estrada, coa súa obra *As Ramonas*. Dise que a novela conta a historia dunha fotógrafa nun momento profesional e persoal determinante e que a obra será publicada pola editorial Galaxia.

- B. Casal, X. F., “Ana Cabaleiro. ‘Gústame traballar co mundo que me toca vivir’”, *La*

Voz de Galicia, “Cultura”, 30 xullo 2018, p. 27.

Informa da concesión do premio García Barros de novela a Ana Cabaleiro (Silleda, 1974) pola súa obra *As Ramonas*, narración cuxa protagonista é unha fotógrafa de vodas que busca transcender na vida a través da arte.

- Cuca M. Gómez, “Novos cinemas llega a su final”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Vivir aquí”, “De café con Cuca”, 15 decembro 2018, pp. 62-63.

Informa da concesión do Premio de Novela Manuel García Barros a Ana Cabaleiro pola súa obra *As Ramonas*.

XXIV Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un lema. Hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 euros e a publicación por parte da editora Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes de Sotelo Blanco Edicións. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con *Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012); en 2012, Juan Tallón, por *Fin de Poema* (2013); en 2013, declarouse deserto; en 2014, Antonio Pichel Beleiro, por *Xente que nunca antes morrera* (2014); en Manuel Antonio Piñeiro Fernández pola súa obra *O Noiro*; e en 2016 Lionel Rexes pola obra *A*

velutinas. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado, composto por Manuel Quintáns Suárez como presidente, Ánxela Gracián, Mario Regueira, Lionel Rexes, Manuel Bragado e Armando Requeixo, decidiu premiar a Diego Alfonsín Rivero por *Non*

o saben as estrelas.

XXVI Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este certame dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar Manuel Murguía. Conta coa colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e, dende 2017, coa Asociación Galega da Crítica (AGC) para incluír de forma estable un membro no xurado. En edicións pasadas concedíase un premio de 3.700 euros, mais na actualidade establécense tres: un primeiro premio dotado con 4.000 euros, un segundo de 500 e un terceiro de 300. Poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios con letra Arial tamaño 12, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadruplicado, xunto cunha copia electrónica nun CD, ao concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142 Arteixo, A Coruña), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: ex aequo para Xesús Manuel Marcos con *Fuxidos* en 1992 e para Joel Gómez con *Para un clima supremo*; ex aequo para Xavier Alcalá con *Relación de feitos de sangue* e José Antonio Lozano con *Retrato antigo: pinturas e superficies* en 1993; Xesús Manuel Marcos con *A cela de arame* en 1994; Isidro Novo con *Cabalos do demo* en 1995; Antón Riveiro Coello con *O nome do espello* en 1996; Marilar Aleixandre con *Desaforados muños* en 1997; ex aequo para Alfonso Álvarez Cáccamo con *Cannis fugit* e Xosé Luís Álvarez con *Amencer* en 1998; ex aequo para Manoel Riveiro Loureiro con *O río da tristura* e David Pérez Iglesias con *Sámago fascismo* en 1999; ex aequo para Xosé Luís Vázquez Somoza, por *A fervenza* e Xosé Carlos Caneiro por *As flores en Irlanda* en 2000; ex aequo para Rosa Aneiros con *Mares de Xabre* e Xosé Luís Martínez Pereiro por *Palamades e a Bestia Ladradora* en 2001; ex aequo para Emma Pedreira por *A flor perfeita* e Daniel Asorey por *Soñar pedras con fútbol* en 2002; ex aequo para Bieito Iglesias con *Comentario ó Apocalipse* e para Paula Sano Vicente por *As idades dela* en 2003; ex aequo para Xosé Luís Álvarez con *Detrás dos meus ollos* e Xaime Domínguez Tojo por *A casa dos alicerces mariños* en 2004; Inma López Silva con *Aqueles que retratan o vento* en 2005; Xesús Manuel Marcos con *A caída da folla* en 2006; Miriam Rodríguez Debaso con *Mentras espero* en 2007; Alva Martínez Teixeira por *Un domingo amarelo para dentro* en 2008; Samuel Solleiro con *Caída de Abraham Rosenblath* en 2009; Andrés Pociña Pérez con *As dúas vellas do Iguasú* en 2010; en 2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato *A muller que deu a volta arredor de si mesma*, de Clara Isabel Rodríguez Giráldez; o segundo premio a *Unha viaxe de inverno*, de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a *Eu xogo a que se crean que lles creo*, de Antom Labranha; Roberto A. Rodrigues por *O home que falaba na lingua do océano*, en 2012; Juan Tallón por *Consanguíneo*, en 2013; Adolfo Caamaño por *A gueisha no bosque de bambú*, en 2014; Antonio Piñeiro por *O pau na roda*, en 2015; e Diego Giráldez (O Porriño, 1976), por *Hai patios de luces tristes*, o segundo premio foi para *O mérito da chuva*, de Carlos Quiroga, e o terceiro para *A aranha de Sidney*, de José António Lozano. Na edición de 2017 a presentación dos traballos rematou o 28 de febreiro de 2017. O xurado, composto por Anxos Sumai (escritora e representante da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), Beatriz Rodríguez Rodríguez (profesora da Universidade de Vigo e representante da Asociación Galega da Crítica), Diego Giráldez

(gañador da 25ª edición) e Alfredo Ferreiro Salgueiro (coordinador literario, que asistiu como secretario, con voz e sen voto), decidiu entregar o primeiro premio ao relato *A semântica oculta de Mrs. Hockett*, de Teresa Moure Pereiro.

VIII Certame de Relatos de Muller **Matilde Bares**

A Concellaría de Igualdade de Bueu recupera este certame de relatos convocado por primeira vez no 2005 con motivo da celebración do 8 de marzo e suspendido no 2011. Recuperouse en 2017, despois de seis anos. O premio estará dotado con 1.500 euros, e a persoa gañadora darase a coñecer en febreiro de 2018. Organizado a través do CIM pola Concellaría da Muller de Bueu en homenaxe a esta profesora buenense que realizou un destacado labor profesional e persoal no municipio. Dotado cun único premio de 600 euros, que ascende actualmente aos 1.500 euros, só se poderán presentar relatos en galego (en edicións anteriores aceptábanse dúas modalidades lingüísticas: galego e castelán). Os traballos presentados só podían estar nunha das dúas linguas, debendo ser orixinais e inéditos e non premiados con anterioridade noutro concurso ou certame. Podían presentarse concursantes, maiores de idade e residentes en Galicia e debían axustarse á temática da muller, valorándose o tratamento da igualdade de oportunidades entre os dous sexos, a corresponsabilidade nas obrigas familiares e a violencia de xénero. Os criterios de selección foron a orixinalidade no tratamento do tema, a expresión e a utilización dunha linguaxe non sexista. As obras debían entregarse ou enviarse por correo por cuadruplicado antes do 30 de abril no Rexistro Xeral do Concello de Bueu (Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu-Pontevedra), seguindo o sistema de plica Presentáronse en soporte papel e informático cunha extensión non inferior a vinte folios nin superior a corenta. Na primeira edición a gañadora foi Rosa María Martínez Dios co relato *Dúas cunchas*; seguidamente, Xurso Sierra Veloso, con *As dúbidas de María*; Xosé Alfredo Naz Fernández, con *Círculo*, Serafín Parceró Pérez, con “Ollos de cinsa”; María del Carmen Caramés Gorgal, con “Días de namorar” e Alexandre Alonso Alonso con *Xénero imperfecto*. Nesta edición de 2017 o prazo de presentación rematou o 25 de novembro. O xurado composto por Lucía Muradas Arcay, Salvador Otero Castro e Fátima Álvarez González, decidiu declarar deserto o premio.

V Certame **MicroCatrorrelatos**

Concurso organizado polo Café De Catro a Catro de Vigo, en colaboración coa Asociación Cultural Catropatacos, Edicións Xerais, Editorial Galaxia e Editorial Elvira. Os traballos presentados estarán escritos en galego, de temática libre, orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cen e máxima de mil cincocentos caracteres (espazos incluídos). Celebráronse catro eliminatorias previas cun xurado formado por persoas relacionadas coa cultura galega. Este xurado escollerá oito microrrelatos que serán lidas polos seus autores ou autoras nun acto público e serán valoradas polo público asistente que poderá outorgar un, dous ou tres puntos ás obras máis salientábeis. Haberá dous gañadores, o votado polo público e o votado polo xurado. O premio consiste en 300 euros para o primeiro premio, e 200 euros para o segundo. Na edición correspondente ao ano 2015 resultou gañadora Paula Xirasola co conto *Boneca de farrapo*. En 2017 resultou gañador Fran Fernández Davila, con *As balas de Kock*.

Certame de **Micro-relatos convocado por PuntoGal e a Real Academia Galega**

A ASOCIACIÓN PUNTOGAL e A REAL ACADEMIA GALEGA organizan conxuntamente un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital. Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade. Os menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

Sobre os textos/microrrelatos, os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos, o tema é libre, cada participante poderá presentar un máximo de dous microrrelatos. As obras terán como máximo 200 palabras (título incluído), que poderán acompañarse de imaxes, ligazóns ou vídeos. Os textos presentaranse co seguinte formato: .docx, Arial, 12 puntos, interliñado 1,15. As normas sobre o envío de textos indican que os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao enderezo

actividades@academia.gal. No correo deberá figurar como asunto: Certame de microrrelatos Infantil/Xuvenil/Adultos (a categoría que corresponda), e

acompañarase de dous documentos (A e B) en formato DOC, no primeiro nomearase co Título do microrrelato e conterá o texto do microrrelato sen sinatura e baixo un pseudónimo, no segundo documento nomearase do seguinte xeito: Título do microrrelato-Pseudónimo, e conterá os datos persoais da persoa concursante: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico, teléfono e copia dixital do DNI. No caso de que o concursante sexa menor de idade, xuntarase a maiores unha autorización asinada polo pai, a nai ou o/a titor/a legal cos seus datos correspondentes. Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso. O prazo para a presentación de textos estará aberto desde as 00:01 horas do 1 de febreiro ata as 23:59 horas do 28 de febreiro. Establécense tres categorías Infantil: ata once anos Xuvenil: de doce a dezasete anos Adultos/as: a partir dos 18 anos.

Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías. Na categoría de Infantil o primeiro premio consta de Lego Boost, un lote de libros, un dominio gratuío .gal durante un ano e merchandising de PuntoGal, un segundo premio consistente nun lote de libros infantís, un dominio gratuío .gal durante un ano e merchandising de PuntoGal e un terceiro premio dun lote de libros e merchandising de PuntoGal. Na categoría Xuvenil concederase un primeiro premio que consiste nunha Play Station 4, un lote de libros, un dominio gratuío .gal durante un ano e merchandising de PuntoGal. O segundo premio consiste nunha Kindle, un lote de libros, un dominio gratuío .gal durante un ano e merchandising de PuntoGal e o terceiro premio contén un lote de libros e merchandising de PuntoGal. Na categoría Persoas adultas entregarase un primeiro premio que consta dun MacBook Air 13.3 SG/1.6GHZ, un lote de libros, un dominio gratuío .gal durante un ano, merchandising de PuntoGal e un lote de publicacións da revista Luzes, para o segundo premiado entregarase un Kindle 6wifi negro ou modelo similar, un lote de libros, un dominio gratuío .gal durante un ano, merchandising de PuntoGal e un lote de publicacións da revista Luzes e, finalmente un terceiro premio que consta dun lote de libros, merchandising de PuntoGal e un lote de publicacións da revista Luzes. O dominio gratuío entregarase cun código de desconto que se poderá permutar nun rexistrador indicado por PuntoGal. No caso dos menores o dominio será rexistrado polo pai, nai ou titor/a legal. A organización reserva o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada. Non se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin cederse a outra persoa distinta da gañadora. Os modelos e as características concretas dos dispositivos que forman parte dos distintos premios poden consultarse na web www.asociacion.gal. O xurado estará formado por dous membros da Real Academia Galega, dous membros da Asociación PuntoGal e un

membro do comité de redacción da revista Luzes. Terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera. A composición deste farase pública canda a resolución do premio. O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública. A decisión do xurado darase a coñecer o día 22 de abril de 2019 a través dunha nota de prensa que se incorporará nas páxinas web das entidades convocantes, www.academia.gal e www.asociacion.gal, e nas súas redes sociais. A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas web e nas redes sociais. Igualmente, a revista Luzes publicará os relatos gañadores e unha escolma doutros textos presentados ao concurso.

Referencias varias:

- Rosa Cano, “La RAG y PuntoGal premian relatos que impulsan el gallego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 abril 2018, p. 44.

Dáse conta de que a Real Academia Galega e PuntoGal escolleron os gañadores dun concurso para proxectar o galego en Internet. Dise que o primeiro premio foi para Silvia Camesella Gesteira polo texto *Odio as mans frías*, o segundo premio foi para Héctor Cajaraville polo texto *O milagre* e o terceiro premio foi para Ceres Serea Manso Acuña con *Cousas que pasan*. Explícase que outros dous terceiros premios foron para Nee Barros Fernández, de 15 anos, polo relato *Desexo concedido* e para Teo Alonso Vidal, de 10 anos, por *Unha hora*. Infórmase de que o xurado estivo composto polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o presidente de PuntoGal e académico Manuel González, a escritora e académica Helena Villar Janeiro, o director de PuntoGal Darío Janeiro e a poeta, editora e membro do comité e redacción de *Luzes*, Dores Tembrás.

VII Certame Microrrelatos Feiraco

O Certame de Microrrelatos créase co fin de promover o coñecemento, o uso e a divulgación do idioma galego, realizará, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Poderán participar na promoción todas aquelas persoas maiores de 13 anos, con residencia en Galicia, que cumpran os seguintes requisitos establecidos nas bases. O concurso desenvolverase do mércores 2 de maio ao domingo 20 de maio de 2018, ambos os dous inclusive, a través dunha aplicación específica instalada na páxina web de Feiraco: www.feiraco.gal. Por causa de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, Feiraco poderá decidir, en calquera momento, a interrupción e/ou finalización anticipada desta promoción, sen que os participantes poidan efectuar ningunha reclamación. Na presente convocatoria establecemos dúas categorías de participación: xuvenil e adultos. Un xurado de Feiraco elixirá tres gañadores en cada unha delas, seis gañadores en total. Na categoría xuvenil. O primeiro premio, unha fin de semana no Pazo de Lestrove (cedido por Pousadas de Compostela, en Padrón), con aloxamento dunha noite para tres persoas (menor acompañado de dous adultos) en habitación dobre e cea incluída (datas por confirmar co establecemento hoteleiro, en función da súa dispoñibilidade) e un cartel chapado vintage edición especial conmemorativa de Feiraco: "Practica a lectura". O segundo e o terceiro

premios, un lote de libros de literatura galega xuvenil, cedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, valorados en 150 euros e un lote de produtos Feiraco valorado en 25 euros. Na categoría de adultos, o primeiro premio, unha fin de semana no Pazo de Lestrove (cedido por Pousadas de Compostela, en Padrón), con aloxamento dunha noite para dúas persoas en habitación dobre e cea incluída e un cartel chapado vintage edición especial conmemorativa de Feiraco: "Practica a lectura". O segundo e o terceiro premios, un lote de libros de literatura galega xuvenil, cedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, valorados en 150 euros; un lote de produtos Feiraco valorado en 25 euros; e un cartel chapado Vintage edición especial conmemorativa de Feiraco: Practica a lectura". Optarán ao premio da presente promoción todas aquelas persoas maiores de 13 anos, con residencia na comunidade autónoma de Galicia, que cumpran os seguintes requisitos. Compartir na aplicación do concurso, que estará subida á web de Feiraco, un relato breve orixinal, escrito en galego, que comece coa seguinte frase: "Subiu ata o faiado da casa e alí... ", e que teña unha extensión total máxima de cincocentos caracteres incluídos espazos e a frase inicial proposta. Facer constar de forma expresa a súa vontade de participar, comunicar a súa solicitude de participación durante os días sinalados nestas bases legais, e rexistrarse na forma indicada na aplicación do concurso na páxina web de Feiraco, ben co seu correo electrónico ou ben co seu perfil de facebook, e indicar os seguintes datos: nome e apelidos, categoría na que desexan participar: xuvenil ou adultos, no caso de menores de idade, declaración de contar co consentimento do seu titor/a legal para participar no devandito concurso, enderezo electrónico de contacto e teléfono e cidade. As inscricións que estean debidamente cubertas serán numeradas por orde de recepción. Todos os participantes deberán compartir na aplicación do concurso da páxina de Feiraco un relato breve de cincocentos caracteres como máximo, incluídos os espazos; orixinal do autor; escrito en galego e que inclúa como primeira frase "Subiu ata o faiado da casa e alí...".

Establecemos dúas categorías de participación: categoría xuvenil, para participantes de entre trece e dezoito anos, e a categoría adultos, para participantes de dezanove anos en adiante. As obras recibidas serán distribuídas na categoría xuvenil ou na de adultos en función da idade comunicada polo usuario á hora de subir a súa participación e cubrir os datos. Feiraco poderá instar a exclusión da promoción todos aqueles relatos breves inapropiados, inadecuados que incumpran o establecido nas presentes bases, que puidesen atentar á dignidade das persoas ou que vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución. Un xurado de Feiraco Lácteos e a Secretaría Xeral de Política Lingüística será o encargado de seleccionar os tres relatos gañadores da categoría xuvenil e os tres relatos gañadores da categoría adultos. O xurado valorará os textos presentados de acordo a tres criterios. Cada un destes criterios recibirá unha puntuación por separado de un a dez puntos, sendo dez o máximo de puntuación obtida en cada caso. A puntuación final de cada relato realizarase a partir da suma das valoracións do xurado aplicando a seguinte proporcionalidade: a orixinalidade e creatividade da historia equivale ao 50% da nota final, o coidado da redacción equivale ao 25% da nota final, o uso correcto da lingua galega, de acordo coas vixentes normas morfolóxicas e ortográficas aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003 equivale ao 25% da nota final. A decisión do xurado será inapelábel. O 1 de xuño de 2018 daranse a coñecer os 3 relatos gañadores de cada categoría na páxina de fans de Feiraco en Facebook: [Facebook.com/feiracolacteos](https://www.facebook.com/feiracolacteos). Contactarase cos 6 gañadores do concurso para a aceptación do premio, vía telefónica ou por correo electrónico, e deberán facilitarlle á compañía unha copia do seu DNI e confirmara aceptación do premio, para a súa remisión. Feiraco resérvase o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin os participantes nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases. Terán a condición de suplente os participantes

clasificados inmediatamente posterior a algún agraciado por orde de puntuación. Para a remisión dos premios aos gañadores dos relatos de ambas as dúas categorías, celébrase un acto oficial de entrega de premios. A data, aínda por determinar, comunicárase con anticipación aos gañadores.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Amplio programa de Feiraco no Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2018, p. 37.

Entre as iniciativas de Feiraco en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, figura o VII Certame de Microrrelato, que á súa habitual categoría de maiores de 19 anos, incorpora unha infantil-xuvenil (dos 13 aos 18). O microrrelato terá inicio nun fragmento de *A festa no faiado*, de María Victoria Moreno.

- M. M., “Certame de Microrrelatos das Letras con Feiraco”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 16 maio 2018, p. 30.

Informa da convocatoria da sétima edición do Certame de Microrrelatos das Letras organizado por Feiraco e que premiará con estancias ou lotes de libros a quen escriba o microrrelato máis orixinal a partir da frase “Subiu ata o faiado da casa e alí...” da obra *A festa no faiado* de María Victoria Moreno.

XLIII Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear Xaquín Lorenzo “Xocas”. Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografiados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos envíanse sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780, Santiago de Compostela) ou ao Concello de Vilagarcía de Arousa (Concellaría de Cultura-Auditorio, Avda. da Mariña, n.º 27, 36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). O tema é libre, pero téñense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Outórgase un primeiro premio de 1.000 euros e dous accésits de 400 cada un. Se así se estima, poden recomendarse algunhas narracións para a súa publicación nun tomo bianual coas obras premiadas, até hai pouco editados por Edicións do Castro e na actualidade pola Editorial Toxosoutos. O xurado está formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A enquisa*; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980,

Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeiras de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidosa que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodegas, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*; en 2012, Miguel Anxo Martínez por *As casas baratas*; en 2013, María Cristina Pavón Mauriz, por *Cara a Tiananmen Square*; en 2014 Eli Ríos, por *Remexido de patacas*; en 2015 Adolfo Caamaño, por *Pinball do Pombal*; e en 2016 Miguel Anxo Martínez Oubiña, por *A vinganza de Valdedeus*, e dous segundos premios a Iris María Gey López, por *Cranios privilexiados*, e a Enma Pedreira, por *Poder de alumear*. Na edición correspondente ao ano 2017 outorgáronselle premios a Ariadna Fernández González polo seu relato *Secuestro*, Lionel Rexes Martínez por *O tempo dos pexegos* e a Xerardo Vidal polo seu *Vilaquinte*.

VI Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegou a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos “Mulleres Progresistas” 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de dezaseis anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, en galego segundo a normativa vixente, cuxo tema será o empoderamento das mulleres, entendido consonte á estratexia definida na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing nos seus tres niveis de transformación: o individual, posibilitador de cambios orientados á consecución dun maior autorrespeito e confianza, así como de poder de negociación dos propios intereses; o colectivo, posibilitador dos cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns e, por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar as mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero

existentes. Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato ten que ter unha natureza narrativa e non de mera proclama. Son valorados aspectos como a calidade literaria e a orixinalidade das obras, así como de adecuación ao tema central do concurso. Os microrrelatos deben levar título e ter un máximo de cen palabras (excluído o propio título). As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atender contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. As autoras responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato. Segundo o número e calidade dos orixinais recibidos désígnanse entre cinco e dez finalistas, entre as que se elixen os premios do certame: 1º Premio: 300 euros, figura e diploma, 2º Premio: 200 euros e diploma, e 3º Premio: 100 euros. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O fallo do xurado publícase o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima. O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estima dignos de difusión, son colgados na *web* da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os seus dereitos editoriais sobre estes á entidade organizadora. Na edición de 2017 recibiu o primeiro premio o microrrelato *Metamorfose*, de Emma Pedreira Lombardía; o segundo premio foi para *A fiestra con memoria*, de Pilar Vilaboy Freire; e o terceiro premio para *Seo materno*, de Ana Padín Calviño.

Premio Nacional de Narrativa

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

III Premio de Narración Curta Nélica Piñón

O Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Consellaría de Cultura convocan este premio de relato curto co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega e honrar as raíces galegas da escritora Nélica Piñón. Os concursantes deberán ser maiores de dezaioito anos, que presenten relatos en lingua galega, orixinais e inéditos, cun mínimo de sete e un máximo de quince páxinas, en corpo doce e con tipo de letra Times New Roman, grampados e encadernados. Os relatos enviaranse baixo pseudónimo ou lema ao enderezo Concello de Cotobade, Consellaría de Cultura, Chan 11, Carballedo, CP- 36856, Cotobade. Tamén se ofrece a posibilidade de envialos por correo electrónico. O premio estaba dotado de 6.000 euros, mais na actualidade é de 4.000 euros para o primeiro premio e mais con dous accésits de 1.000 euros cada un, ademais da publicación das obras seleccionadas. Na primeira edición, celebrada no ano 2014, o xurado, composto por Armando Requeixo, Fina Casalderrey e Carmen Villarino, outorgou o premio a Jesús Castro Yáñez por *O vello e o Minotauro*. Na segunda edición, o xurado, composto polo presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar, a profesora de Lingua Galega e Literatura Malores Villanueva Gesteira e a xornalista e

escritora Ana Cabaleiro López, galardoou Daniel Asorey Vilar, por *Anatema*, e os accésits para Rosendo Cid, por *37 vidas breves*, e Xesús Fraga por *Roller Girl*. A III edición inda non foi convocada.

Referencias varias:

- Á. Piñeiro, “Nélida Piñón defende a volta ao ‘centro da memoria’ na entrega do premio que amadriña”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 12 setembro 2018, p. 16.

Dáse noticia de que Daniel Asorey foi o gañador do II Premio de Narración Curta Nélida Piñón co relato *Anatema*. Explícase que o xurado estivo composto por Malores Villanueva, Luís González Tosar e Ana Cabaleiro. Dise que ademais do gañador concedéronse dous accésits ás obras *Roller Girl* de Xesús Fraga e *37 vidas breves* de Rosendo Cid.

III Premio Literario de Relato Nortear

Concurso promovido pola Consellaría de Cultura, a Dirección Rexional de Cultura do Norte e Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal. Ten como principal obxectivo incentivar a creatividade da mocidade escritora de Galicia e do norte do país veciño. Poden participar todas as persoas nadas ou empadroadas na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia con idades comprendidas entre os dezaseis e trinta e seis anos. Os relatos deberán ser orixinais, inéditos e escritos en portugués ou galego, cunha extensión comprendida entre as cinco mil e as oito mil palabras. O premio consiste en 2.000 euros e a publicación da obra en edición bilingüe. Nesta edición correspondente ao ano 2017, o prazo de entrega rematou o día 30 de abril. A obra foi seleccionada entre un total de trinta e un traballos presentados, de autores e de autoras entre os dezaseis e os trinta e seis anos de Galiza e do Norte de Portugal. Presidido por Carla Sofia Amado, directora do Instituto Camões e integrado por Carlos Arias, en representación da Secretaría Xeral de Cultura; pola escritora galega Inma López Silva, polo escritor portugués João Pedro Mésseder; pola Editora Edítame, representada por Carlos Lopes e por Celeste Pereira, o xurado seleccionou o relato *34, Rue Saint Jacques* da escritora lucense Cecilia Fernández Santomé.

II Premio de Novela Camiño de Santiago

Premio convocado pola Academia Xacobeá en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co patrocinio de Naturgy SDG, S.A. cuxa obra gañadora será publicada pola Editorial Galaxia, co fin de promover e divulgar o Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo. Será outorgado un único premio dotado de 6.000 euros suxeitos ás retencións legais que resulten aplicables. O gañador ou gañadora recibirá tamén un diploma acreditativo e verá a súa obra publicada en castelán e galego. A obra en castelán será publicada pola Editorial Galaxia no seu selo Mar Maior, e a obra en galego será publicada na colección literaria da Editorial Galaxia. Ademais faranse entrega de vinte exemplares ao autor ou autora gañadora. Así mesmo, establécese un accésit sen dotación económica para a mellor obra literaria presentada na lingua que non obteña o primeiro premio, ao que se lle concederá tamén diploma acreditativo. O Camiño

de Santiago será o tema referencial para a ficción narrativa, que deberá de estar presente, de maneira notoria na novela na súa vertente física, histórica, cultural, social ou imaxinaria. Poderanse presentar novelas, relatos e conxuntos de relatos. As obras presentaranse en papel nun sobre xeral donde conste “I Premio de Novela Camiño de Santiago”. Os orixinais serán enviados por duplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A4, polas dúas caras, numerados, grapados ou encadernados. A novela terá unha extensión mínima de duascentas páxinas a dobre espazo e letra arial doce, con marxes non superiores a tres centímetros. As novelas enviaranse antes do 30 de outubro de 2018, á seguinte dirección: Academia Xacobeá. Pazo de San Roque, número 2, 5781 Santiago de Compostela. O xurado estará composto por cinco personalidades do mundo literario designados pola Academia Xacobeá, un deles, en representación da Editorial Galaxia. Actuará como secretario do Xurado, con voz e sen voto, unha persoa designada a tal efecto. A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Academia Xacobeá. No acto público da entrega do premio estarán presentes representantes da entidade convocante, das institucións colaboradoras e da editorial, así como dos membros do xurado e o gañador ou gañadora.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “La promoción del Camino de Santiago a través de la literatura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xullo 2018, p. 26.

Dáse noticia de que a Academia Xacobeá, coa colaboración de editorial Galaxia, creou o I Premio de Novela Camino de Santiago e destácase que a obra premiada será publicada tanto en galego coma en castelán.

- P. Calveiro, “Nace un nuevo certamen literario en Galicia, con el Camino de Santiago como tema referencial”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xullo 2018, p. 37.

Informa da creación dun novo premio literario por parte da Asociación Xacobeá en colaboración coa Consellería de Cultura que, baixo o título de premio do Camiño de Santiago, trata de promover a narrativa e a experiencia xacobeá.

- A. Oliveira, “Carlos Meixide gaña o Premio de Novela Camiño de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 decembro 2018, p. 24.

Informa da concesión do Premio de Novela Camiño de Santiago ao escritor e xornalista Carlos Meixide pola súa obra *Camiños de paixón* por parte da Asociación Xacobeá en colaboración coa Consellería de Cultura e co compromiso de publicación da peza premiada por parte da editorial Galaxia.

XVII Premio de Novela por entregas

La Voz de Galicia e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e

85 no Polígono Industrial de Sabón (15142 Arteixo, A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabéllese un único premio dotado de 6.000 euros e a publicación da novela na sección de “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdeg Galicia.es). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta “Relatos de verán”, que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de Beatriz Goldar* (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocase* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008, por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía Secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011); Fran Alonso, en 2012, por *A punta de pistola* (2012); Francisco Castro, en 2013, por *O corazón da Branca de Neve* (2013); María Reimóndez, en 2014, por *A dúbida* (2014); Arantza Portabales Santomé, en 2015, por *Sobrevivindo*; Blanca Riestra, en 2016, por *Noire Compostela* (2016); e en 2017 a obra gañadora foi *A senda de sal* (2017), de Francisco Javier Fernández Davila (Canido, Vigo, 1974).

III Concurso de relatos **Parque das Illas Atlánticas**

Certame convocado pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia co obxectivo de celebrar o Día Mundial dos Animais. Presenta dúas categorías: xuvenil (de entre dez e dezasete anos) e adultos (maiores de dezaioito anos); e dúas modalidades: relatos curtos (mínimo de novecentas palabras e máximo de mil cincocentas) e microrrelatos (inferior a cincocentas palabras). A temática dos relatos deberá estar relacionada cos valores e o patrimonio do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, como a súa flora e fauna, paisaxe, tradición, lendas e historias sobre os distintos arquipélagos que constitúen o Parque Nacional. Os relatos deberán enviarse baixo pseudónimo, ben por correo ordinario (Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Rúa Oliva 3, Vigo 36202) ou por e-mail ao enderezo iatlanticas@xunta.es. Nesta III edición o prazo de presentación estivo aberto até o 21 de decembro de 2017. O premio consistirá nunha visita ao Parque Nacional e un lote de material divulgativo relacionado con espazos protexidos. Os textos premiados editaranse en libro, entregándolle cinco exemplares da publicación ás persoas gañadoras, tres aos clasificados e un a cada participante.

XVI Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou os escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección “Páxinas literarias”. Estas páxinas incluiron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio “Novela por entregas”. Dende ese ano, *La Voz de*

Galicia e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico relatos@lavo.es. Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns dous mil cen caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. As persoas lectoras de *La Voz de Galicia* serán as encargadas de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de dezaseis anos e maiores de dezaseis anos. Os premios na XVI edición de 2017 foron: para os maiores de dezaseis anos, un bono para unha viaxe a Dublín, elixida pola UNESCO como Cidade da Literatura, para dúas persoas; para os menores desta idade unha *tablet*. O prazo de presentación foi dende o 15 de xuño até o 15 de xullo de 2017.

Referencias varias:

- María Alejandra Barco Tojo, “Agosto do 36”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Alejandra Barco Tojo, titulado “Agosto do 36”.

- Faustino Arnáiz Moreno, “Avinza das amizades da aldea”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Faustino Arnáiz Moreno, titulado “Avinza das amizades da aldea”.

- Beni Vidal Tomé, “Xogar ás mareas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Beni Vidal Tomé, titulado “Xogar ás mareas”.

- Eva Cabanelas Dopazo, “10.000 quilómetros”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Eva Cabanelas Dopazo, titulado “10.000 quilómetros”.

- Manuel Iglesias Nanín, “O momento”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Manuel Iglesias Nanín, titulado “O momento”.

- Berta Soliño Costas, “Non sei que facer coas mans”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de

verán”, 2 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Berta Soliño Costas, titulado “Non sei que facer coas mans”.

- Sole Gondar, “Bo día”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Sole Gondar, titulado “Bo día”.

- Celestino Pérez Recarey, “Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Celestino Pérez Recarey, titulado “Rosalía”.

- Anabel Rodríguez Rodríguez, “Rodrigo volve á casa”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Anabel Rodríguez Rodríguez, titulado “Rodrigo volve á casa”.

- José Manuel Míllara Pérez, “A vida pinta estraños tapices”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 4 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por José Manuel Míllara Pérez, titulado “A vida pinta estraños tapices”.

- Ana María Barca Becerra, “O falar do recordo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2018, p. 39.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ana María Barca Becerra, titulado “O falar do recordo”.

- Lita Rivas Folgar, “De Cronos a Kairos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2018, p. 39.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Lita Rivas Folgar, titulado “De Cronos a Kairos”.

- Melanie Ertl González, “Meiga”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Melanie Ertl González, titulado “Meiga”.

- Jesús Garabato Rodríguez, “O rastro do tempo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por

Jesús Garabato Rodríguez, titulado “O rastro do tempo” .

- María Mercedes García Filloy, “Sempre!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Mercedes García Filloy , titulado “Sempre!”.

- Iago Alonso Álvarez, “Un día na lama”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Iago Alonso Álvarez, titulado “Un día na lama”.

- Rafael García Ramos, “Coller un cabuxo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 7 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Rafael García Ramos, titulado “Coller un cabuxo”.

- Emilio Rafael Herrero Oya, “O policía e o vagabundo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Emilio Rafael Herrero Oya, titulado “O policía e o vagabundo”.

- Ramiro Ouviaña Ouviaña, “The Ramones”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 9 agosto 2018, p. 37.

Reproducécese o relato “The Ramones” de Ramiro Ouviaña Ouviaña participante no concurso “Relatos de verán” do xornal. Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ramiro Ouviaña Ouviaña, titulado “The Ramones”.

- Antón Sobral, “Mar da tranquilidade”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Antón Sobral, titulado “Mar da tranquilidade”.

- Elvira Sánchez Barreiro, “Primeira comunión”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Elvira Sánchez Barreiro, titulado “Primeira comunión”.

- Carlos Platas Seixas, “Unha historia de amor”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Carlos Platas Seixas, titulado “Unha historia de amor”.

- José Luis Figueira Touriño, “A nena e a librería”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por José Luis Figueira Touriño, titulado “A nena e a librería”.

- Lucía Dalama Gómez, “Emigras ou traballas?”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Lucía Dalama Gómez, titulado “Emigras ou traballas?”.

- María Hermida Martínez, “O vestido verde”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Hermida Martínez, titulado “O vestido verde”.

- Argimiro Corral Acebo, “Cuspe marelo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 14 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Argimiro Corral Acebo, titulado “Cuspe marelo”.

- Hadrián Félix Neira Varela, “Rumbo á esperanza”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 15 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Hadrián Félix Neira Varela, titulado “Rumbo á esperanza”.

- Pablo Nogueira Campo, “O final”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 15 agosto 2018, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Pablo Nogueira Campo, titulado “O final”.

- Marco Domínguez Sáenz-Díez, “As Portas de Tanhauser”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Marco Domínguez Sáenz-Díez, titulado “As portas de Tanhauser”.

- Diego Casal García, “Esvaecer”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Diego Casal García, titulado “Esvaecer”.

- Lucía Ramiro Taboada, “Tempo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto

2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Lucía Ramiro Taboada, titulado “Tempo”.

- Isaac Campos Paseiro, “Bartoliña”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Isaac Campos Paseiro, titulado “Bartoliña”.

- María Pilar Garrido Aláez, “Club Selene”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 17 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Pilar Garrido Aláez, titulado “Club Selene”.

- Alejandra Sánchez Mozo, “15h 52min”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 18 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Alejandra Sánchez Mozo, titulado “15h 52min”.

- Mencía Pérez Cifuentes, “Leo, o león vexetariano”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Mencía Pérez Cifuentes, titulado “Leo, o león vexetariano”.

- María Dolores Guerrero Rico, “Un segredo no Nadal”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 20 agosto 2018, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Dolores Guerrero Rico, titulado “Un segredo no Nadal”.

- Andrea Ramos Casal, “Amence”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Andrea Ramos Casal, titulado “Amence”.

- J. David Collazo Dubra, “Quero vivir”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por J. David Collazo Dubra, titulado “Quero vivir”.

- Manuel Adrián López Candamio, “Manuel é moito Manuel”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Manuel Adrián López Candamio, titulado “Manuel é moito Manuel”.

- María Lago Fariñá, “Rodas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Lago Fariñá, titulado “Rodas”.

- María Victoria Vieiro Aller, “Nunca choveu que non escampara!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2018, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Victoria Vieiro Aller, titulado “Nunca choveu que non escampara!”.

- J. Antonio Gíao Caramés, “Gundián”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 22 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por J. Antonio Gíao Caramés, titulado “Gundián”.

- Fernando Vilaboa Bernárdez, “Leticia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 23 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Fernando Vilaboa Bernárdez, titulado “Leticia”.

- M.^a del Carmen Besteiro Fernández, “Os veráns de cando fomos nenos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 24 agosto 2018, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por M.^a del Carmen Besteiro Fernández, titulado “Os veráns de cando fomos nenos”.

- Eladio Munín Barreiro, “Contos da tía Amalia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Eladio Munín Barreiro, titulado “Contos da tía Amalia”.

- Ramón Sampedro Muñiz, “Unha arca no mallante”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 26 agosto 2018, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Ramón Sampedro Muñiz, titulado “Unha arca no mallante”.

- María Calvar Giráldez, “A ledicia nuns xeados”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2018, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por María Calvar Giráldez, titulado “A ledicia nuns xeados”.

- Andrea Costas Díaz, “Moito máis que un paraugas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2018, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Andrea Costas Díaz, titulado “Moito máis que un paraugas”.

- Xan Reyes, “Troia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Xan Reyes, titulado “Troia”.

- M. G. G. Charabiscas, “O teu son”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por M. G. G. Charabiscas, titulado “O teu son”.

- Yago Barriuso Veleiro, “Heil Hitler!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2018, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Yago Barriuso Veleiro, titulado “Heil Hitler!”.

- Sandra Pillado Muriel, “Ser perigosamente inesquecible”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Sandra Pillado Muriel, titulado “Ser perigosamente inesquecible”.

- Alba Reigada Tierro, “Plof, plof, plof”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Reigada Tierro, titulado “Plof, plof, plof”.

- Miguel Rodríguez Castillo, “O intruso”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2018, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Miguel Rodríguez Castillo, titulado “O intruso”.

- Manuel Vila Falcón, “Alzhéimer”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 31 agosto 2018, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante o verán. Neste caso reproducécese o realizado por Manuel Vila Falcón, titulado “Alzhéimer”.

XI Premio Narrativa Breve Repsol

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Anteriormente estaba dotado dun premio de 6.000 euros, na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 euros e no ano 2013 até os 12.000, ademais da publicación da obra na Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e todas as autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, participárase seguindo o sistema de plica e dirixirse ao Complexo Industrial Repsol YPF (Apartado 700, 15080 A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritoras e escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; *Microbios e outros paquidermos*, de Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011; *A forma das nubes*, de María López Sánchez, en 2012; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila, en 2013; e *A diagonal dos tolos*, de Santiago Lopo, en 2014; en 2015 Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), por *Fontán* (2015); en 2016 Daniel Asorey (Santiago de Compostela, 1970), por *Nordeste* (2016). Na edición de 2017 fíxose co premio Xose Antonio Neira Cruz, por *O sono das sereas* (2017).

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Antón Lopo gaña o premio Repsol de novela cunha ‘crítica á familia’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 50. / *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 26 setembro 2018, p. 45.

Comenta a novela *Extraordinario* pola que Antón Lopo vén de gañar o Premio Narrativa Breve Repsol e que trata sobre “un home duns cincuenta anos que traballa acompañando a clientes e que asume que debe solucionar a soidade da súa nai, que está enferma”. Relaciona a temática da novela coa vida persoal de Lopo, que tamén ten unha nai enferma da que se ocupa a súa irmá e conta que o proceso de escrita da obra xurdiu no 2014 durante unha viaxe á India.

- Luis Seoane, “Premio de Narrativa Breve Repsol, a Lopo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 setembro 2018, p. 37.

Comenta o fallo do Premio de Narrativa Breve Repsol que se deu a collecer nun acto no que estiveron presentes Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, Gonzalo Vázquez, director da Área Institucional da Fundación Repsol e o portavoz do xurado, Xoan Babarro. Indica que o xurado puxo en valor a riqueza lingüística da obra, entre outras cuestións, ofrece unha sinopse da novela e unha breve biografía literaria de Antón Lopo, gañador do premio.

- G. N., “O escritor Antón Lopo recolle o premio de narrativa breve Repsol polo seu relato ‘Extraordinario’, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 decembro 2018, p. 36.

Informa da concesión do Premio de Narrativa Breve Repsol ao escritor e xornalista Antón Lopo polo seu relato *Extraordinario*, do que o xurado destacou a súa solidez e mestría narrativa.

- Mario Álvarez, “Entregan a Lopo o Repsol de Narrativa Breve en galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2018, p. 39.

Informa da concesión do Premio Repsol de Narrativa Breve ao escritor e xornalista Antón Lopo polo seu relato *Extraordinario*, quen, xunto coa dotación económica, terá a posibilidade de ver publicada a súa peza pola editorial Xerais.

XVII Certame Literario de Novela Os Viadutos

Organizado polo Departamento de Xuventude do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os dezaioito e os trinta e cinco anos que presenten orixinais, inéditos escritos en galego, cunha extensión mínima de quince folios e máxima de vinte. Os orixinais enviaranse nun sobre ao Departamento de Xuventude (Paseo da Xunqueira s/n, 36800, Redondela, Pontevedra). No interior deben incluírse catro copias en papel e outra en soporte dixital, sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e un sobre pechado cos datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabéllese un primeiro premio de 1.200 euros e un segundo de 600. coa posibilidade de dous accésits sen dotación económica. Os premios inclúen a publicación da obra seleccionada. Na XVII edición as obras tiñan que ser enviadas antes do 3 de marzo de 2017 ao Departamento de Xuventude do Concello de Redondela. O galardón desta edición recaeu en Daniel Martínez Mariño, co seu relato *O profesor de piano*; Antía Yáñez Rodríguez, con *Pobonovo* foi a finalista; Beatriz López Dorado e Roi Vilar Ponte obtiveron os dous accésit concedidos neste premio, cos seus textos, respectivamente: *As vacas non usan stiletos* e *As tres mortes (por asfixia) de Ester V. Lavandeira*.

Referencias varias:

- I. L. M., “A novela ‘Os bicos feridos’, de Anna R. Figueiredo, gaña o premio Viadutos de Redondela”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 xullo 2018, p. 32.

Explícase que Anna R. Figueiredo foi a gañadora do Premio Viadutos de Novela, que organiza o Concello de Redondela xunto coa editorial Galaxia, pola obra *Os bicos feridos*. Dise que a novela conta a historia dunha moza emigrada a Londres e que será publicada na colección Literaria de Galaxia. Infórmase de que o Premio Viadutos de Novela naceu a partir do Premio de Relatos Curtos Os Viadutos, que rematou no 2017.

XVII Premio Vicente Risco de Creación Literaria, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de

Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, pode variar entre os cento cincuenta e trescentos folios. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo e seguindo o sistema de plica. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011; *Todos os días*, de Alberto Manuel Ramos Ríos, en 2012; *As escaleiras do gran hotel*, de Rubén Martínez Alonso, en 2013; e *A verdade nos espellos*, de Rubén Eyré, en 2014; *Transición*, de Pablo Fernández Barba, en 2015; *Os donos das cinsas*, de Benigno Yáñez Pérez, en 2016. Na edición de 2017 o xurado, composto por Pablo Fernández Barba, gañador da pasada edición, Carlos Rafael Ramos, poeta e activista cultural, Llerena Perozo Porteiro, crítica literaria, David Cortizo Conde, editor de Urco Editora, Luís Martínez-Risco Daviña, en representación da Fundación Vicente Risco, concedeu o galardón á obra *A simetría das bestas* de Alberto Ramos.

IV Certame Nacional de Relatos **Vigo Histórico**

A Asociación de Comerciantes Vigo Histórico, coa colaboración da Editorial Elvira, convoca este premio dirixido a maiores de idade que presenten obras en castelán ou galego. O tema será libre pero a acción debe transcorrer na zona histórica de Vigo. Os relatos deberán ser inéditos, orixinais, cunha extensión mínima de catro folios e máxima de oito. Enviaranse por email a info@editorialelvira.es. A partir desta IV edición, o Certame de relatos Vigo Histórico terá primeiro e segundo premio, ademais de catro accésits. Darase un primeiro premio (cunha dotación de mil euros) e poderanse conceder até cinco accésits, un para cada xénero narrativo (negro, erótico/romántico, fantástico/terror, humor e costumista) onde se poidan incluír os relatos. A Editorial Elvira publicará un libro co relato gañador e os cinco accésits en caso de habelos e calquera outro relato que sexa merecente de ser publicado. Na edición de 2017 o xurado composto polos escritores Leticia Costas e Julio Alonso, o pintor Antón Pulido, o editor Bieito Ledo, as filólogas Concepción Varela e Patricia Meira e os xornalistas Noelia Otero y Jacobo Buceta. O galardón foi para María Rodríguez, polo relato *1972*.

Referencias varias:

- A. Baena, “Una historia de la ‘otra Movidá’ cautiva al jurado de Vigo Histórico”, *Atlántico*, “Vigo, 5 outubro 2018, p. 17.

Dá conta do fallo do certame Vigo histórico que deron a coñecer Leticia Costas e Jacobo Buceta, membros do xurado, e de que se sacará un libro cos textos seleccionados. Recolle tamén os accésis que conceceu o xurado e recóllense as palabras do gañador Rodrigo Rey cando recibiu a nova.

Certame de novela curta **Vila de Negreira**

A Concellería de Cultura de Negreira organiza este certame, dirixido a mozas e mozos galegos ou residentes maiores de quince anos que presenten unha novela curta orixinal, inédita, escrita en galego e non premiada noutro certame. Deben dirixirse á Delegación de Cultura (Casa da Cultura, 1º andar, CP: 15830, Negreira) tres copias do orixinal, de entre quince e corenta folios, escrito a máquina ou a ordenador, con tipo de letra Times New Roman, a dobre espazo e por unha soa cara, e con soporte informático (diskette ou CD). Cada orixinal debe levar o seu título e o pseudónimo do autor e irá acompañado dun sobre pechado que conteña os seus datos persoais (nome, apelidos, fotocopia do DNI, un breve currículo, enderezo e teléfono) e leve escrito por fóra o título ou o pseudónimo do autor. Este certame consta dos seguintes premios: un galardón de 500 euros e un accésit de 100. No ano 2013 tivo lugar a cuarta edición e prazo de presentación de traballos estivo aberto do 24 de maio ao 14 de novembro, mais finalmente foi ampliado até o 12 de decembro. O acto de entrega tivo lugar no Centro Sociocultural o 21 de decembro e a novela gañadora foi *Cita con Lola*, de Rocío Leira Castro. Na mesma xornada literaria fallouse e entregouse o premio de poesía Xosé M. López Ardeiro.

XXXIV Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais deben ser presentados por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo), segundo o sistema de plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado de 15.000 euros, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do*

frío (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de inverno* (2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011; *Tonas de laranxa* (2012), de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, en 2012; *Cadeas* (2013), de Xabier López López, en 2013; *Dende o conflito* (2014), de María Reimóndez, en 2014; *De remate* (2015), de Héctor Cajaraville, en 2015; e anuel Esteban Domínguez (Vigo, 1971) pola obra *A ira dos mansos* (2016). No ano 2017 o xurado, composto por Ana González Liste (xornalista), Marcos Lorenzo (xestor cultural), Diana Pastoriza (profesora de inglés da EOI e asesora TIC no CAFI), Lois Pérez Díaz (mestre e contador de historias), Afra Torrado (poeta e estudante de Belas Artes) e Fran Alonso (secretario do xurado), en representación de Xerais, con voz e sen voto, decidiu galardoar a *A arte de trobar* (2017), de Santiago Lopo, elixida entre as corenta e dúas obras a concurso.

Referencias varias:

- E. P., “Presentadas 92 obras candidatas a los Xerais 2018”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 maio 2018, p. 39.

Dáse conta de que 92 obras compiten nos Premios Xerais 2018 e de que o fallo, tanto na modalidade de novela como nas xuvenís, será o 2 de xuño tras a reunión do xurado o 25 de maio.

- Rosé Carrera, “Emma Pedreira gaña o Xerais cunha novela sobre Romasanta”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 xuño 2018, p. 8.

Informa da concesión do Premio Xerais de Novela 2018 a Emma Pedreira pola súa obra *Besta do seu sangue*, do Premio Merlín de Literatura Infantil a Héctor Cajaraville por *Kusuma* e do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Carlos Negro por *Aplicación instantánea*.

- R. Carrera, “Emma Pedreira’ Son unha curiosa da psicoloxía do sociópata e quería saber que podía pasar pola súa cabeza”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 xuño 2018, p. 8.

Informa da concesión do Premio Xerais de Novela 2018 a Emma Pedreira pola súa obra *Besta do seu sangue*, do Premio Merlín de Literatura Infantil a Héctor Cajaraville por *Kusuma* e do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Carlos Negro por *Aplicación instantánea*.

- E. P., “Emma Pedreira, Carlos Negro e Héctor Cajaraville gañan os premios Xerais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xuño 2018, p. 42.

Informa da concesión do Premio Xerais de Novela 2018 a Emma Pedreira pola súa obra

Besta do seu sangue, do Premio Merlín de Literatura Infantil a Héctor Cajaraville por *Kusuma* e do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Carlos Negro por *Aplicación instantánea*.

- Jorge Lamas, “Emma Pedreira, Carlos Negro e Héctor Cajaraville, os novos premios de Xerais”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xuño 2018, p. 38.

Informa da concesión do Premio Xerais de Novela 2018 a Emma Pedreira pola súa obra *Besta do seu sangue*, do Premio Merlín de Literatura Infantil a Héctor Cajaraville por *Kusuma* e do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Carlos Negro por *Aplicación instantánea*.

- Elena Ocampo, “Emma Pedreira, Carlos Negro e Héctor Cajaraville gañan os Premios Xerais 2018”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, p. 41/ *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46, 3 xuño 2018.

Informa da concesión do Premio Xerais de Novela 2018 a Emma Pedreira pola súa obra *Besta do seu sangue*, do Premio Merlín de Literatura Infantil a Héctor Cajaraville por *Kusuma* e do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil a Carlos Negro por *Aplicación instantánea*.

- J. L., “Emma Pedreira’ Consegúin o desleixo de Romasanta coa linguaxe poética”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xuño 2019, o, 38.

Entrevista á gañadora do Premio Xerais de Novela da presente edición. Ao longo da entrevista a autora fala sobre a novela, como se desenvolve o percorrido narrativo desta, a linguaxe poética empregada. Asemade, tamén se tocan cuestións como a dificultade de abordar unha temática tan recorrida na literatura galega e o cambio que supón para a autora o recibir este galardón.

II Premio Xosé Neira Vilas de novela curta

A Fundación Xosé Neira Vilas, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convoca o Premio Xosé Neira Vilas de novela curta, no que poderán participar todos aqueles autores e autoras con textos escritos en galego da literatura infantil e xuvenil. Os traballos terán que ser inéditos e ter unha extensión de entre cincuenta e cento cincuenta páxinas. O premio ten unha dotación de 1.000 euros e publicación da obra gañadora. O prazo de admisión nesta segunda edición rematou o 17 de outubro de 2017 e a entrega do premio foi o 3 de novembro de 2017. A I edición do Premio Xosé Neira Vilas de novela curta para nenos a David Daniel Vázquez Álvarez por *Diario de Brian, o chinés*. Na segunda edición do premio o xurado, composto polo presidente da Fundación Luís Reimóndez, os membros do padroado Rosalía Morlán, Fernando Redondo e Juan Andrés Fernández, e o crítico literario Armando Requeixo, galardoaron An Alfaya por *O Home de negro*.

X. 2. POESÍA

XVI Premio de Poesía **Afundación**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia e dende 2014, logo da bancarización da caixa, pasou a denominarse Afundación. Conta coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e até agora estaba dotado de 12.000 euros, que na edición de 2013 pasaron a ser 6.000 euros. Ademais implica a publicación da obra gañadora na colección “Arte de Trobar”, editada polo PEN Clube de Galicia e a Afundación. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Centro Social Afundación, avenida Policarpo Sanz, nº 24, 36202 Vigo, Pontevedra. En anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía por *Antítese da ruína*; en 2011 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; en 2012 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; en 2013 Yolanda Castaño por *A segunda lingua*; e en 2014 Elías Portela por *Bazar de traidores*; en 2015 Miguel Anxo Fernán Vello, por *Duración da penumbra*; e en 2016 Olalla Cociña por *Vestir a noite*. A resolución do xurado na edición correspondente ao ano 2017, acordou que a obra galardoada pertencía á autora Estíbaliz Espinosa con *As neuronas irmás*. O xurado da XXVI edición, integrado por Luís González Tosar, presidente do Centro Pen de Galicia, como presidente; Xabier Castro Martínez, como secretario; Xosé Ramón Pena como crítico e as escritoras Alba Cid e Estíbaliz Espinosa (gañadora da última edición), Manuel Guede Oliva e Luciano Rodríguez, decidiu premiar a obra titulada *A vida salvaxe*, do poeta Gonzalo Hermo.

Referencias varias:

- Héctor J. Porto, “Gonzalo Hermo. ‘Eu son un narrador frustrado’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xullo 2018, p. 37.

Dáse noticia de que Gonzalo Hermo obtivo o Premio Afundación coa súa obra *A vida salvaxe*. Alúdese ás anteriores obras do autor *Crac* (2011) e *Celebración* (2014). Achégase unha entrevista na que se destaca a temática do libro relacionada coa natureza e coa experiencia persoal. Tamén se salienta o papel da poesía na sociedade actual e mencionase outra produción poética galega como son as cantigas medievais ou a obra de Rosalía.

XIV Concurso de poesía **Anomar**

A Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día, a señora Ramona, a persoa máis vella da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas vellas que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido en tres categorías segundo a idade: a primeira, de oito a doce anos; a segunda, de trece a dezasete; e a terceira para maiores de dezaoto. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos, escritos en galego. Pódense enviar por correo postal ao enderezo da asociación (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894 Os Tilos, Teo), nun sobre sen remite, co nome da categoría á que se presenta, que debe conter o traballo e outro sobre pequeno onde conste o título do poema e os datos do autor. Tamén se poden entregar por correo electrónico a arcostilos@arcostilos.org. Estabéllese un premio para cada categoría, consistente nun lote de libros. Nesta edición do ano 2017, o xurado, composto por Ánxela Fernández Rey, Chelo Suárez Muíños e Sabela Rodríguez Reino, acordou premiar os seguintes poemas: na 1ª categoría, *A Gata Saleta*, do alumnado de 6º de Primaria do CEIP Barouta (Ames); na 2ª categoría, *Atrapados*, de Lucía Amarelo Ginzo; e na 3ª categoría, *Alicia encadeada*, de María Crsitina Rodríguez Andrade.

XI Certame de Poesía **Antón Zapata García**

O Departamento de Cultura do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden participar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, cun máximo de tres composicións con título, escritas en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, cun mínimo de vinte versos, que deben estar inéditos e ir asinados cun pseudónimo. Estabéllese tres categorías segundo a idade: infantil, até once anos; xuvenil, dos doce aos vinte cinco anos; e adultos, a partir dos vinte cinco anos. As obras deben enviarse preferentemente por correo postal ao Departamento de Cultura do Concello de Laxe (Avda. Cesáreo Pondal, nº 26, 15117 Laxe, A Coruña). O sobre debe conter, xunto co poema ou poemas presentados, outro sobre lacrado cos datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. O premio, un para cada unha das tres categorías, consiste nun diploma, un agasallo institucional e un lote de libros. En 2016 os textos gañadores foron: na categoría infantil, *O poeta da Terra Chá*, de Beatriz Amado Cibreiro; na categoría xuvenil, *Mar de amor, mar de muerte*, de Mariña Prieto Mato; e na categoría adulta, *Canción das Laxes*, de Dolores Torrano Vicente. Na edición correspondente ao ano 2017 as persoas gañadoras foron, na categoría adultos, *Amnesia Temporal* de Obdulio Alonso López; na categoría xuvenil *As almas que se rizan* de Dario Miranda Pastoriza; e na categoría infantil, *Buscando* de Camilo - Pablo Rodríguez Espasandín.

XXI Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación

e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, son dirixidos, baixo lema, por cuadruplicado, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de trescentos versos e un máximo de oitocentos, ao Concello da Estrada (Praza da Constitución, s/n, 36680, A Estrada-Pontevedra) xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio aumentou en 2008 a súa contía a 2.000 euros. Este galardón foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña Xosé Luna Sanmartín, Helena Salgueiro Golán ou Elvira Riveiro, entre outros. En 2015 a obra gañadora foi *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores* (2013), de Silvia Penas (Vigo, 1980); en 2016, *INEM*, de Rocío Leira Castro (A Pereiriña, Cee, 1979). Na edición correspondente ao ano 2017 os orixinais tiñan que ser entregados no Concello da Estrada antes do 12 de maio de 2017. O xurado, composto por Rosalía Morlán Vieites, Dolores Araújo Arias (Noni), Guadalupe Porto Gañete, David Otero Fernández e Clara Iglesias Cortizo, decidiron que a obra gañadora era *As idades perdidas*, de M^a Carmen Caramés Gorgal.

Referencias varias:

- B. Paz, “Xurxo Alonso gaña por segunda vez o Premio Avelina Valladares de poesía”, *Diario de Pontevedra*, 27 setembro 2018, p. 29.

Dáse conta de que o pintor Xurxo García é o novo gañador do XXII Premio de poesía Avelina Valladares cunha obra presentada baixo o lema “No interior do vento”. Destácase que constitúe un poemario de temática existencial e que a entrega do premio terá lugar en decembro.

- C. G., “Noite de poesía no acto do premio Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar. Ordes”, 2 decembro 2018, p. 32.

Informa da concesión do Premio de Poesía Avelino Valladares ao escritor e pintor Xurxo Alonso polo seu poemario *No interior do vento*, seleccionado entre unha ducia de obras entre outras razóns polo espectacular uso da linguaxe.

I Certame de Debuxo e Poesía **Avelino Díaz**

Os Concellos de Meira e Riotorto coa colaboración da Asociación Cultural "Avelino Díaz", convocaron o I Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, coa finalidade de honrar o Poeta de Meira, de dar a coñecer a poesía de Avelino e de fomentar a creatividade e o gustopola poesía. Poderán participar todos os autores e autoras que o desexen cunha única obra. Establécense as seguintes categorías: A) tres a oito anos B) nove a doce anos C) trece a dezasete anos D) de dezaioito anos en adiante. Na categoría A só se poderá participar na modalidade de debuxo e nas categorías B, C e D, só na modalidade de poesía. Os debuxos serán de formato e temática libre. Os poemas presentaranse escritos en lingua galega. Terán una extensión mínima de dúas estrofas ou oito versos e máxima de doce estrofas ou cincuenta versos. Presentaranse escritos a ordenador, a dobre espazo, por una soa cara; tamaño de letra doce, tipo “Arial”. Poderán estar ilustrados con debuxos. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro concurso ou certame literario. Serán de temática e métrica libre. O prazo de presentación de orixinais nesta primeira edición rematou o 16 de marzo de 2017. O

xurado, composto por Vitoria Quiroga, Marica Campo, Xosé Otero Campo e Montserrat Vidal, seleccionou como obras gañadoras: na categoría A (debuxo), o gañador foi Adrián Illanes Lema, seguido de Sara Figueiro Portabales e Javier Núñez Fernández. O primeiro premio na B (poesía) foi para Inés Barcia Mosquera, o segundo para Andrea Vázquez Camino e o terceiro para Sergio Méndez Alonso, cun accésit para Xela Martínez Domínguez; na categoría C (poesía), foi para Natalia Lema, de Vimianzo, Iria Barreiro, de Melide, e Antía López, de Lugo, foron segunda e terceira. Na categoría de maiores de dezaioito anos (poesía), o vencedor foi Emilio Silva Otero, por diante de Manuel Celso Matalobos, de Lugo, e Yoani Jartín, de Meira.

Referencias varias:

- C. P. R., “Convocado el II Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, con premios para niños y adultos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 marzo 2018, p. 18.

Infórmase de que os concellos de Meira e Riotorto, coa colaboración da Asociación Cultural Avelino Díaz, convocan a segunda edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto á participación de menores, en tres categorías segundo a idade, e de maiores de 18 anos. Explícase que os poemas deben presentarse en galego cunha extensión mínima de oito versos e unha máxima de 60, escritos a ordenador con letra Arial 12. Infórmase de que o prazo está aberto ata o 17 de maio e que os datos deben ser remitidos en sobre pechado co nome da obra á Asociación Cultural Avelino Díaz, Rúa Federico González s/n 27240 Meira (Lugo). Dise que os premios serán lotes de material escolar ou libros.

- C. A., “Los premios del II Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz se entregarán el 21”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 xuño 2018, p. 17.

Dáse conta de que terá lugar a entrega dos premios do II Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz o día 21 de xuño. Explícase que o xurado estivo composto por Xosé Otero Canto, María José Fernández, Jesús Trahorras e Montserrat Vidal. Dise que na categoría de tres a oito anos gañaron Daniela Prieto, do CEIP Avelino Díaz de Meira e Enea Rivas e Zoe González do CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo. Infórmase de que na categoría de nove a doce anos o premio foi para Mara Fiallega, do CEIP de Riotorto; para Rut busto, do CEIP Agro do Muíño e para Xela Martínez do CEIP Illa Verde. Na categoría de 13 a 17 anos o premio foi para Jorge Moral, de O Barco de Valdeorras; para Antía López, do IES Lucus Augusti de Lugo e para Nataliza González, de Galén Centro Educativo. Por último, alúdese a que na categoría de maiores de 18 anos os gañadores foron Martiño Maseda, Emilio Silva e Natalia Lema.

Premio de Poesía sobre la Mar *Brisa marina*

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana, co patrocinio de Gauzón Ibérica, premia poemas de temática relacionada co mar. No ano 2013 entregáronse os galardóns relativos aos anos 2011 e 2012. En 2015 resultou gañador Francisco Álvarez Koki por *El espíritu del mar....* No 2014 non foi convocado. O Premio de poesía sobre la Mar, *Brisa Marina, 2017*, concedéuselle ao profesor ferrolano, residente en Granada, Francisco Martínez Sánchez, polo seu poema titulado *Mar*. O xurado, ademais nesta ocasión, concedeu un accésit á poeta coruñesa Esther Lopez Castro, polo seu poema titulado *Musa de realengo*.

XXXIII Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, excluindo aos gañadores das cinco edicións anteriores, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, estean escritos en galego ou en portugués e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados e presentado segundo o sistema de plica. Ademais, débese incluír un sobre pechado no que figuren os datos persoais do autor. Entregarase no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado até o 22 de abril. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 euros e a publicación da obra. Entre os escritores gañadores deste certame, atópanse, entre outros Millán Picouto, Darío Xoán Cabana, Xosé Gómez Alfaro, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Rodríguez Barrio, Miguel Anxo Fernán-Vello, Amadeu Baptista ou Eva Veiga. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado, composto por M.^a Hercília Agarez, en representación do Grémio literario Vila Realense, Sara Martiñá, profesora de Lingua e Literatura; Luis González Tosar, escritor e presidente do PEN Galicia; Edelmiro Vázquez Naval, poeta ourensán e Xurxo Alonso, gañador da edición anterior e que manda a súa decisión por escrito; como secretaria, a técnica de Normalización Lingüística do Concello de Ourense Mónica Fernández Valencia, con voz e sen voto, e actuando como presidenta, a concelleira de Cultura M.^a Belén Iglesias Cortés, concedeu o premio a Joaquim Fernando Rana Fitas, polo seu traballo *Subversiva liturgia das mãos*.

Referencias varias:

- Brais Iglesias, “O allaricense Carlos da Aira gaña o Cidade de Ourense cunha poesía de ‘protesta’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 6 xullo 2018, p. 18.

Dáse conta de que Carlos da Aira vén de gañar o 34 Premio de Poesía Cidade de Ourense que organiza este Concello coa obra *Prender os fachos, compoñer os ósos*. Explícase que constitúe un libro de poemas sobre a denuncia do despoboamento do rural e do autoodio.

XLII Certame de Poesía sobre o Nadal do **Concello de Begonte**

Convocado polo Concello de Begonte dentro da programación cultural de Nadal. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán. O tema dos traballos ha ser o de o Nadal, dende calquera punto de vista, e é libre a construción dos poemas e a medida dos versos. Valóranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén. Concédense os seguintes premios: o Premio Begonte de Poesía, dotado de 600 euros e unha estatuíña de Sargadelos, e un segundo premio dotado de 300 euros e unha estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais faise por triplicado ao Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado. Todos os traballos deben presentarse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais da autora ou autor. No 2016 os gañadores foron *Xesús ficou espidiño*, de Xosé Otero Canto de Lugo, primeiro premio; *Bo nadal*, presentado por Baldomero Iglesias Dobarrio, de Mero, segundo premio; mención de honra aos poemas: *Sonetos por la rosa de los vientos*,

a Dios recién nacido en Begonte, de Antonio-Esteban González Alonso (León); e *Navideñas, gloria y paz...*, presentado por Jesús Rial Ferreiros (O Pino). Na edición correspondente ao ano 2017 gañou o certame *Xesús e o Malabarista*, presentado por Xosé Otero Canto de Lugo. O segundo premio foi para Cántiga de Viaxeiros, presentado por Laura López Esteban, de Lugo. Ademais, e pola calidade dos traballos presentados, concedeuse cadansúa mención de honra, con estatuíña de Sargadelos, aos poemas: *Nadal de agora e sempre*, de Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero); *Panxoliñas ó Belén de Begonte*, presentado por María Felicidad Roca Coira; e *Viva la Navidad*, presentado por Lázaro Domínguez Gallego.

Referencias varias:

- M. M., “Xosé Otero Canto gaña o Certame Nacional de Poesía do belén de Begonte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 xaneiro 2018, p. 19.

Dá conta da concesión do primeiro premio do XLIII Certame Nacional de Poesía do belén de Begondo a Xosé Otero Canto polo seu poema ‘Xesús e o malabarista’ e da entrega dun segundo trofeo a Laura López Esteban por ‘Cántiga de viaxeiros’.

XX Concurso de Poesía Concello de Carral

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado dun único galardón de 1.200 euros, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 euros, e a posibilidade de publicación da obra gañadora na colección de poesía da editora Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, rúa de Paleo, n.º 17, 15175 Carral, A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e participando segundo o sistema de plica, engadindo tamén copia do DNI. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de píntegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de Sherezade*; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c’est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*; en 2012, Roi Vidal Ponte por *Teatro*; en 2013, Dores Tembrás por *Cronoloxía da urxencia*; e en 2014, Oriana Méndez por *O que precede a caída é branco*; en 2015, *Soño e vértice*, de Eva Veiga; en 2016 Modesto Fraga, por *Devalar sen pel*. Na edición de 2017 o xurado, composto por Margarita Ramilo Varela concelleira de Cultura, por delegación puntual desta Alcaldía (presidenta), Xosé Luis Mosquera Camba (Poeta gañador do XX Concurso de poesía Concello de Carral), Mercedes Queixas Zas (Poeta), Verónica Martínez Delgado (Escritora) (como vogais) e Carlos Lorenzo Pérez (técnico municipal de Cultura) (secretario), galardoou a Xosé Luis Mosquera Camba, pola súa obra titulada *Das árbores tropicais e do amor*.

Referencias varias:

- R. L., “La Xunta destaca el ‘prestigio’ del Certamen de Poesía de Carral”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 10 xaneiro 2018, p. 17.

Dá conta da rolda de prensa na que Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e José Luís Fernández Mouriño, alcalde de Carral, presentaron a XXI edición do premio de poesía do concello. Informa de que lembraron os obxectivos do certame, as bases, de prazo de presentación dos traballos e da contía do premio. Ademais, fixeron un repaso sobre a historia do certame, comentando que serviu para a proxección de poetas hoxe en día consolidados na literatura galega.

- Brais Iglesias, “Xabier Cid. ‘Levo meses repartindo comida en bici, tiña que sacar algo de aí’”, *La Región*, “Ourense”, 26 maio 2018, p. 13.

Dáse conta de que Xabier Cid foi o gañador do XXI Premio de Poesía do Concello de Carral coa súa obra *As bicis*. Achégase unha entrevista ao autor na que se afonda no carácter autobiográfico da obra e alúdese á temática do libro arredor da morte e do amor. Tamén se fai referencia ao eu lírico feminino da obra.

X Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

A Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos convoca este certame de poesía en galego con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). Contaba coas modalidades de maiores de dezoito anos e menores de idade e no ano 2013 pasou a ter tres categorías: até os doce anos, de trece a dezasete anos e maiores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN-A4 por unha cara e o corpo de letra catorce a dobre espazo. Diríxense por duplicado e seguindo o sistema de plica a esta concellaría do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620 Mugardos, A Coruña) durante o mes de febreiro. O galardón consiste en vales para mercar libros por valor de 40, 60 e 100 euros segundo a categoría. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado decidiu conceder o premio da categoría até doce anos, inclusive a Martín Pazos Ocampo, por *A vida*, cunha mención especial a Blanca Gago Suárez, por *A música na vida*; na categoría de trece a dezasete anos, inclusive o premio foi declarado deserto; na categoría iguais ou maiores de dezoito anos, o gañador foi Alberto Font Gallardo, por *Escolio aos xustos*, cunha mención especial a José Ramón Sánchez Varela, por *Queiroas*. A entrega de premios foi o sábado, 25 de marzo no Salón de Plenos do Concello de Mugardos.

XLIII Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convoca este certame. En edicións anteriores concedíanse dous premios dotados de 3.000 euros e 1.000 euros, xunto cunha flor natural e un diploma. Na presente edición consta dun único premio indivisible de 7000 euros, flor natural e diploma. As obrigacións fiscais que se deriven do premio serán responsabilidade única do autor ou autora. Ademais, a obra gañadora é publicada por Alvarellos Editora. Poden concorrer todos os autores de

calquera nacionalidade e condición que presenten orixinais e inéditos, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre, escritos en galego. Os orixinais preséntanse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e envíanse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800 Vilalba, Lugo). Na edición correspondente ao ano 2017 o ditame do xurado difundíuse nos medios de comunicación o 22 de agosto e o acto de entrega tivo lugar o 30 de agosto, coincidindo coas festas patronais de San Ramón e Santa María. O xurado, formado por Darío Villanueva, presidente da Real Academia Española; Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega; e Fidel Fernán-Vello, director de Radio Principal-Vilalba e Monforte, José Antonio Pita Paz, concelleiro de Cultura do Concello de Vilalba; xunto a Xulio Xiz, escritor e xornalista que actúa como secretario, concedeu o primeiro premio a Emma Pedreira Lombardía por *Antídoto*.

Referencias varias:

- C. P. R., “Convocado el XLIV Certame Literario de Vilalba, con un único premio de 7.000 euros”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 maio 2018, p. 23.

Informa da convocatoria da XLIV edición do Certame Literario de Vilalba e achega as bases, a contía do premio e o prazos de presentación.

- Cristina Pérez, “De vocación e de oficio son escritor en galego”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 agosto 2018, p. 16.

Dáse conta de que Alexandre Lago Barcala gañou o XLIV Certame Literario de Vilalba co poemario *Cartafol de miraxes*. Explícase que foi galardoado xa antes co Premio Díaz Jácome. Dise que a obra galardoada será publicada por Alvarellos editora e que o autor colabora coa compañía Teatro do Atlántico. Achégase unha entrevista ao autor na que sedestaca, no tocante á literatura galega, a temática da obra premiada que pivota arredor do desengano.

Certame **Cores con palabras**

Convócase este certame poético-pictórico por iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de cincuenta e cinco anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de trinta versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así como unha fotocopia do carné de identidade do autor. As obras poden entregarse ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9:00 a 14:00 horas no Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680 A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das cincuenta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. A composición do xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poesía galega, así como por membros da

organización. Estabelécense tres premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo.

III Premio de Poesía **Díaz Castro**

Certame convocado polo Concello de Guitiriz para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega. Poderán concorrer a este certame as persoas que envíen traballos en lingua galega, orixinais e inéditos, de temática libre e cunha extensión mínima de cincocentos versos. Os participantes deberán enviar catro exemplares da obra ao enderezo do Concello de Guitiriz. O prazo de entrega rematou o 31 de decembro de 2015. Habería un único e indivisíbel premio de 2.000 euros. O premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. Na edición correspondente ao ano 2017, o xurado, integrado por Ánxela Gracián, Miguel Anxo Fernán Vello e Armando Requeixo, premiou Xurxo Alonso, por *Oracións profanas*.

Referencias varias:

- C. P. R., “Xurxo Alonso gaña o Díaz Castro de Poesía con ‘Oracións profanas’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 marzo 2018, p. 18.

Dáse noticia de que Xurxo Alonso gañou o III Premio de Xosé María Díaz Castro de Poesía co poemario titulado *Oracións profanas*. Destácase que a temática da obra é o destino humano e alúdese ao seu libro *Vento de cinco cidades*. Tamén se di que gañou o XXXII Premio de Poesía Cidade de Ourense 2016 e que é pintor. Apúntase que o xurado, composto por Ánxela Gracián, Miguel Anxo Fernán Vello e Armando Requeixo salientou o enfoque dos trinta poemas a modo de oráculo, a riqueza léxica e a estrutura da obra. Recóllese que o libro gañador será publicado na editorial Espiral Maior.

- Xosé Castro Ratón, “Poesía para reflexionar”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 15 marzo 2018, p. 6.

Dáse conta de que Xurxo Alonso recibiu en Guitiriz o Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro coa obra de trinta poemas titulada *Oracións profanas*.

- C. P. R., “El Concello de Guitiriz convoca el cuarto Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 novembro 2018, p. 16.

Dá conta do acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia que tivo lugar nun hotel de Vigo. Indica que na modalidade literaria premiouse a novela de Xabier P. Docampo, *A nena do abrigo de astracán*, e que foi o seu fillo o encargado en recoller o galardón; e sobre o premio das Artes Escénicas que recibiu a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Canga apunta que o xurado destacou a súa programación de calidade e a súa aposta comprometida a prol da igualdade materializada no proxecto “Mulleres en Acción”.

XVIII Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre a mocidade. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740 Mondoñedo, Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 euros, un segundo de 600 e un terceiro de 300, ademais dunha placa e diploma para todas as persoas galardoadas. En 2015 os gañadores foron: Mateo Buján con *Ti víchesme o outro día*; Antía Juncal con *Turxencia na pel*; e o terceiro premio para Raúl Costas Pereira con *Actualidade*. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 19 de novembro. En 2016: Alba Sánchez Ares, con *De Ela*; Tamara Andrés Padín, de Poio, *O suicidio da camelia*. Daniel Irimia Yáñez, de Cospeito, por su obra *Resoar de amor e morte*. Na edición de 2017 o primeiro premio foi para María Belén Senín Santiago, por *A Culpa*; o segundo premio, recaeu na obra *Transgredir a alma* de Iris Carro González; e o terceiro premio acadouno Héctor Acebo Bello coa obra *A carriola do merlo*.

Referencias varias:

- Clara Aldán, “Xocas, entre la realeza de España”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Ademais”, “A praza da verdura”, 1 decembro 2018, p. 14.

Dá conta da concesión do Premio de Poesía Varela Jacóme na súa XVIII edición a Belén Senenín polo seu poemario *A culpa*, articulado a través de tres figuras Eva, Pandora e Lilith.

- Isabel García, “Mondoñedo suma tres novos poetas cos premios adicados a Díaz Jácome”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 2 decembro 2018, p. 52.

Informa da concesión do primeiro, segundo e terceiro Premio de Poesía Díaz Jácome a Berta Dávila pola obra *Limiar*, a Alexandre Fernández por *Crónica bélica da devastación en cinco minutos* e a Laura López por *Renacer*.

IV Certame de Poesía Eucarística Corpus 2018

Concurso organizado pola Diocese de Lugo e o Lucense Eucharisticum Centrum no que poden participar todas as persoas que o desexen con composicións escritas en castelán ou en galego, unha soa ou varias, cunha extensión mínima de cincuenta versos e máxima de douscentos versos. Consta de tres categorías diferenciadas: Categoría infantil (ata quince anos), Categoría xuvenil (ata dezoito anos) e Categoría adultos (maiores de dezoito anos), con premios dos 250 aos 600 euros.

Referencias varias:

- David Ferreiro, “Vanesa Ferreiro Blanco. ‘O libro recolle os gañadores de todos os certames’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 4 xullo 2018, p. 10.

Dáse conta da presentación do libro *Poesía eucarística* e explícase que recolle os textos gañadores do Concurso de Poesía Eucarística convocado polo Lucense Eucharisticum Centrum. Dise que o escritor lucense Carlos Pérez foi gañador do primeiro certame.

XXX Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais, de temática libre e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro, rúa Tallós, n.º 32, 15981 Dodro, A Coruña. Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988 por *O matiz esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989 por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990 por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en 1991 por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992 por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993 por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994 por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995 por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996 por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997 por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998 por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999 por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000 por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001 por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002 por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003 por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004 por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005 por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006 por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007 por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008 por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009 por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010 por *Palabras, palabras e palabras*; Isaac Fernández Fernández en 2011 por *Con gume de folla húmida*; Serxio Iglesias en 2012 por *Viaxe ao interior da fenda*; Cristina Ferreiro en 2013 por *As paisaxes eléctricas*; Ramón Neto en 2014 por *Zonas de tránsito*. Xerardo Quintiá en 2015 por *Fornelos & Fornelos, segunda fundación*; en 2016 Ramón Blanco Fernández, por *Se pedra na brétema*. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado premiou a Estevo Creus, por *O lugar que non hai*, un galardón que xa conseguira en 1998 con *Teoría do lugar*.

Referencias varias:

- A. P., “Carlos Penela recibiu o premio Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. Deza. O Sar”, 23 decembro 2018, p. 27.

Informa da concesión do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón durante a gala da súa XXXI edición ao escritor Carlos Penela polo seu poemario *Ese tépedo vento que pasa*

sobre o mundo.

I Concurso de Poesía **Florencio Delgado Gurriarán**

O Concello de Vilamartín de Valdeorras coa subvención da Deputación de Ourense e en cooperación coa Comisión de Planeamento do Proxecto As Letras de Florencio convoca o premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán. Dentro dos actos de homenaxe ao autor e de difusión de súa figura e obra ponse en marcha esta iniciativa co gallo de fomentar a escrita en lingua galega así como a divulgación dos seus autores e autoras. É obxecto das presente bases a concesión dun premio-subvención aos gañadores do concurso “I Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán”. O concurso resolverase nun único premio de 3000 euros mais a publicación da obra no formato que o Proxecto As Letras de Florencio e o Concello de Vilamartín consideren. O importe do premio enténdese íntegro e, polo tanto, suxeito a retencións a conta, derivadas da aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os textos presentados deberán estar escritos en lingua galega. Os textos presentaranse mecanografiados en folios tamaño DIN A 4 a dobre cara. Entregaranse seis copias da obra co formulario de inscrición correctamente cuberto, no caso de presentación física a través de Rexistro ou Correo Postal. Os orixinais presentados deberán ser textos orixinais e inéditos, cun mínimo de trinta versos e un máximo de douscentos versos. Poden presentar escritos persoas de calquera nacionalidade, agás aquelas que xa foran premiadas nas cinco anteriores convocatorias. Cada persoa pode presentar máis dun texto a concurso, sempre e cando cumpra os requisitos aquí descritos. O Concello de Vilamartín de Valdeorras considera o premio un adianto polos dereitos de autoría e resérvase o dereito de publicación da primeira edición en papel do texto seleccionado, así como dos cinco finalistas, cunha tirada duns mil exemplares dos cales a persoa gañadora recibirá cincuenta exemplares. Transcorridos dous anos ou ao finalizar a tirada inicial de publicación os autores quedan libres para contratar futuras edicións. Os traballos non premiados serán gardados no arquivo para posibles traballos de análise e investigación, máis nunca para a súa publicación sen permiso previo (asinado no mesmo ano natural) ás persoas propietarias. Serán publicados xunto ao gañador as cinco obras finalistas, baixo as mesmas condicións e cesións de dereitos que o texto gañador, xa descritas. No caso de ser premiado, o gañador comprométese a declarar baixo a súa responsabilidade o carácter inédito e non premiado da súa obra; así como o seu total sometemento ás bases do concurso. O/a gañador/a acepta pórse a disposición da organización do concurso para a promoción e difusión do premio e da obra inédita. A persoa gañadora autoriza o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Vilamartín de Valdeorras cunha finalidade estatística. A inscrición no concurso realizarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na páxina do proxecto (<https://asletrasdeflorencio.gal/premio-de-poesia/>). Opcionalmente poderanse presentar a inscrición presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo común ou ben a través do correo postal. No caso de elixir a opción de correo postal ou a través de rexistro, o sobre debe conter seis copias e un sobre aparte co formulario de inscrición e máis un documento de identificación (DNI, Pasaporte, Tarxeta de residencia ou similar) e deberá ser enviado ao seguinte enderezo coa indicación: I Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán. O Prazo improrrogable de presentación dos textos será ata o 15 de setembro de 2018 seguindo as indicacións xa explicadas. A convocatoria ao premio queda aberta o mesmo día da súa publicación. O xurado do Premio será nomeado pola Comisión de Planeamento do Proxecto As Letras de Florencio e estará integrado por personalidades

da literatura galega e a persoa gañadora do ano anterior (vixente a partir deste ano) amais do Irmán Maior da Irmandade de Florencio Delgado Gurriarán, neste ano Anxo Baranga. A publicación dos membros do xurado farase un mes despois da publicación das presentes Bases do Concurso. O xurado resérvase o dereito a declarar nulo o concurso no caso de que os textos presentados non reúnan méritos suficientes ou que os textos non cumpran as normas establecidas. O fallo do Xurado producirase, salvo causa debidamente xustificada, o 29 de setembro do ano en curso. O fallo do Xurado farase público na web municipal www.vilamartindevaldeorras.es, na páxina web asletrasdeflorencio.gal, sen prexuízo de que se poida comunicar a través doutras canles de comunicación. A partir da data de publicación do fallo, os autores que fosen propostos terán que presentar, no prazo máximo de 10 días naturais, escrito no que comuniquen a súa aceptación conforme ao modelo previsto no anexo I. En caso de non aceptar dentro do referido prazo quedará sen efecto o premio proposto, pasándose a premiar ao seguinte mellor clasificado. O fallo do Xurado deberá ser aprobado por resolución de Alcaldía, que resolverá o procedemento previa comprobación de que o premiado se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello e previo ditame da Comisión correspondente.

Referencias varias:

- José Cruz, “La Diputación instauration el ‘Gurriarán’ de poesía”, *La Región*, “Valdeorras”, 8 xuño 2018, p. 27.

Dáse noticia da creación do premio de poesía Florencio Delgado Gurriarán e explícase que o certame contará só cun gañador aínda que se publicarán as obras de cinco finalistas. Dise que as obras deben estar en galego e non deben pasar dos 300 versos. Faise referencia ao proxecto “As Letras de Florencio” que pretende difundir a obra deste intelectual e reivindicar que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

-J. C., “Jorge Moral gana el Premio Florencio Delgado Gurriarán”, *La Región*, “Valdeorras”, 30 setembro 2018, p. 25.

Informa de que a entrega do Premio Florencio Delgado Gurriarán de poesía tivo lugar no Centro Cultural Avenida da Rúa. Informa do premiado, dos finalistas e da composición do xurado. Apunta que se presentaron un total de 58 obras por correo postal, das que o xurado descartou 25 por non cumpriren cos requisitos que marcaban as bases; e 135 por correo electrónico, das que foron descartadas 24.

- Mónica G. Bellver, “A gala, na Rúa o 29 de setembro”, *O Sil*, n.º 267, “Cultura”, setembro 2018, p. 27.

Dise que o 15 de setembro remata o prazo de presentación ao I Concurso de Poesía Florencio Delgado Gurriarán que organiza “As letras de Florencio”. Explícase que os textos presentados deben ser orixinais e inéditos en galego dun mínimo de 30 versos e un máximo de 300. Destácase que o xurado estará composto por Anxo Baranga, David D. Vázquez Álvarez, María Xosé Silvar e Olga Novo. Alúdese a que Olga Novo gañou o Premio Losada Diéguez co seu segundo libro *Nós nus*. Por último, explícase que se dará a coñecer o gañador do premio o 29 de setembro e no acto participarán as poetas Lucía Aldao e María Lado.

XXI Certame **Francisco Añón de Poesía**

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estableceéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos cun premio dun vale de 90 euros en libros e a publicación da obra; B) para os de oito a nove anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema; C) para os nenos de dez a once anos cun premio dun vale de 150 euros en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 euros en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 euros e publicación da obra; e F) para os maiores de dezaioito anos cun cheque por valor de 1.000 euros e publicación da obra. En todas as categorías considerouse a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades E e F estableceuse unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían ser presentados baixo o sistema de plica engadindo unha copia do DNI. Os traballos entregáronse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes). Na edición correspondente ao ano 2017 presentáronse catrocentas dez obras, e a gañadora foi Ana Belén Varela Miño, de Narón, por *Asombrario*.

XXXI Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libre, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado, cunha extensión entre trinta e cen versos, ao apartado de correos 3, 36780, A Guarda (Pontevedra). Estabelécense tres premios dotados de 360, 120 e 60 euros respectivamente e unha placa conmemorativa, ademais da concesión dun accésit. Na edición correspondente ao ano 2017, o xurado, composto por Chuny Vázquez Vicente, poetisa e pintora; Gloria Inés Vázquez Castro, mestra de Educación Primaria; María Soledad Diz Amil, licenciada en Xeografía e Historia e bibliotecaria do Concello da Guarda; Florentina Andrés Álvarez, profesora e doutora en Ciencias Políticas, e Fátima Pérez Sobrino, licenciada en Filoloxía Hispánica, acordou premiar aos seguintes poetas: 1º Premio: Isaura Lago Álvarez, de Redondela, polo poema *Meu fillo, meu corpo*; 2º Premio: Rocío Leira Castro, de Cee (A Coruña), polo poema *Ruinas habitadas*; 3º Premio: Ramón Sandoval, de Vigo, polo poema *Náufrago das cidades*.

XVIII Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007 este premio estaba dotado de 3.000 euros, que se aumentaron na edición 2008 até 6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Marta Prieto. Os traballos, orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, deben dirixirse, por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo ao Concello de Sarria, rúa Maior, 14, 27600 Sarria, Lugo. En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por

Cantos da seiva; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia* e Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*; Cristina Ferreiro en 2012 por *Abecedario póstumo*; Eva Veiga en 2013 por *A distancia do tambor*; e Marcos Abalde en 2014 por *Oenach*; en 2015 o galardón foi para Charo Lopes (Boiro) pola súa obra *De como acontece a fin do mundo*; en 2016 foi para Carlos Negro (Lalín, 1970) por *Tundra*. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado, composto polos poetas Charo Lopes, Estevo Creus e Olalla Cociña, anteriores gañadores do premio Fiz Vergara e, como secretaria, María Casar e como presidenta a concelleira de cultura, Mónica López (as dúas con voz e sen voto), acordou premiar Lara Dopazo Ruibal por *Claus e o alacrán*.

Referencias varias:

-L. P., “Unas 70 obras concurren al premio de poesía Fiz Vergara, que se falla este mes”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 xuño 2018, p. 15.

Dá conta do número de obras presentadas a certame e do fallo do xurado, que se fará público un mes despois da nova, tamén se achegan datos do xurado, que estará integrado por Cesáreo Sánchez Iglesias, Eli Ríos e Lucía Novas.

-C. A., “Emma Pedreira presenta el libro con el que ganó el certamen vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 agosto 2018, p. 18.

Dáse conta da presentación da obra *Antídoto* de Emma Pedreira coa que gañou o Premio de Poesía do Certame Literario de Vilalba no ano 2017. Explícase que durante o acto terá lugar o fallo do xurado con respecto ao XLIV Premio de Poesía deste concello.

-Álex Fidalgo, “Emma Pedreira. ‘Fiz Vergara debería ser tido en conta de cara ás Letras Galegas’”, *El Progreso*, “Sarria”, 10 xullo 2018, p. 18.

Dáse conta de que Emma Pedreira gañou o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, convocado pola agrupación Ergueitos e o Concello sarriao en memoria do autor, coa súa obra *Voces Ágrafas*. Ofrécese unha entrevista a autora na que, no tocante á literatura galega, destácase que foi gañadora deste mesmo premio trece anos antes, reivindicase a figura de Fiz Vergara Vilariño como escritor e indícase que Emma Pedreira gañou o Premio Xerais 2018, o Premio da Crítica no apartado da lingua galega e o Premio Microrrelatos Mulleres Progresistas de Vigo. Por último, coméntase que a obra premiada é de temática social e adquire relevancia o tratamento humorístico.

-A. C. V., “El premio Fiz Vergara llega a su mayoría de edad con Pedreira como ganadora”, *El progreso*, “Sarria”, 11 novembro 2018, p. 16.

Informa de que trece anos máis tarde de gañar o premio Fiz Vergara pola obra *Casa de orfas*, Emma Pedreira volve resultar a gañadora deste certame por *As voces ágrafas* que o xurado calificou de poemario redondo e perfecto. Comenta que o acto de entrega tivo lugar no salón de plenos do consistorio de Sarria e que contou con membros do xurado como Lucía Novas e Eli Ríos, a concelleira de cultura, Mónica López, e a presidenta de Ergueitos, María Casar.

IV Premio de Poesía **Gonzalo López Abente**

Convocado por primeira vez no ano 2013 pola Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria da Xunta de Galicia. Poden concorrer ao autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados deben ser inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poden estar premiados en ningún outro concurso de poesía. A extensión dos textos presentados non pode ser inferior a catrocentos versos. Os orixinais deben ser entregados por cuadruplicado seguindo o sistema de plica e envialos á dirección: Fundación Gonzalo López Abente, Rúa Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras 15124 Muxía, A Coruña. O xurado está composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actúa un representante da fundación. O premio ten unha dotación única de 2.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente, e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada é propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no Premio de Poesía Gonzalo López Abente. En anteriores edicións foron premiados Daniel Salgado, por *Dos tempos sombrizos (Diario)* (2013), Laureano Xoaquín Araujo Cardalda, por *Os días condenados* (2014) e *S/t* (2016), de Emma Pedreira (A Coruña, 1978). Na edición correspondente ao ano 2017 gañou Eli Ríos (Elisabeth Ríos Liste) coa obra *Culpable*.

XII Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 euros, que na actualidade ascende a 1.000 euros, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección “Caldeirón” e a entrega de trinta exemplares ao gañador. Poden optar ao premio participantes de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscentos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara e grampados, presentados segundo o sistema de plica. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica, avenida Emilio González López, 15113 Malpica, A Coruña. Os galardóns entréganse durante a Cea das Letras, un acto no que tamén se presenta a obra premiada o ano anterior. En edicións anteriores obtiveron o galardón: *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán por *Baile Átha Cliath*; Emma Pedreira por *Xoguetes póstumos*; Eduardo Estévez e Eli Ríos por *Rúa da cancela*; María Lado por *Amantes*; en 2011, Elvira Riveiro Tobío por *Carnia haikai*; en 2012, Mercedes Leobalde García por *Chamádeme Eva*; en 2013, Ramón Nieto por *Dominio Público* e recibiu unha mención Verónica Martínez Delgado por *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*; en 2014, Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán por *O episodio*; en 2015, Mário J. Herrero Valeiro por *A razão do perverso*, e en 2016, *O Home Invisíbel*, de Xavier Queipo. Na edición correspondente ao ano 2017 os galardóns recaeron en Andrea Nunes Brións (Marín, 1984) e María Rosendo (Vigo, 1984).

Referencias varias:

- M. Obelleiro, “Mario Regueira. ‘Á literatura galega fáltalle un estado propio’”, *Sermos Galiza*, n.º 322, “fóradeserie”, 15 novembro 2018, pp. 4-5.

Entrevista a Mario Regueira con motivo do premio de poesía erótica Illas Sisargas que vén de gañar por *Marco Livorno*. Apunta que o erotismo sempre foi un tema transversal nas súas obras, mais que esta é a primeira que o presenta como central. Sobre o poemario sinala que trata dun home italiano, Marco, concretamente da vila de Livorno, que chega a Ferrol e que alén de xogar partidos de fútbol dedícase a pasar “polas camas de máis da metade do barrio”. O personaxe, explica, “reactiva unha cidade derrotada, un barrio periférico, a través da sexualidade, das ganas de vivir e da camaradería”. Na conversa tamén fala sobre a súa novela *L’affiche rouge* para explicar como a pegada xeracional é unha constante na súa escrita. A seguir, tamén fala de *O silencio* para dicir como bebe da historia mais dunha maneira non sistémica e como o libro fala da guerra sen bombas que representou a crise económica. A respecto da literatura galega actual sinala o vangardismo da poesía erótica de Cris Pavón ou Emma Pedreira a respecto da doutros sistemas literarios como o español ou o portugués.

XVIII Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 este premio mais o homónimo de xornalismo celébranse paralelamente. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 euros e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Deben remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930 Bueu, Pontevedra) coa indicación “Premio de Poesía Johán Carballeira”. O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003 por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011); Berta Dávila Fernández en 2012 por *Raíz da fenda* (2013); Marta Dacosta en 2013 por *Un lago escuro* (2014); María Carmen Caramés Gorgal en 2014 por *Dos días escuros* (2015); e Ismael Ramos; en 2015 por *Os fillos da fame* (2016); e en 2016 *A elegancia do século*, de Pura Tejelo. Na edición de 2017 o xurado, constituído polas escritoras Pura Tejelo e Antía Otero, e o escritor e crítico Ramón Nicolás, acordou conceder o premio a María Reimóndez, por *Galicia en bus*.

III Certame **Lingua de namorar**

Concurso convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías. Cada participante poderán enviar un máximo de dúas mensaxes escritas en lingua galega, en prosa ou verso, cunha extensión máxima de trescentos cincuenta caracteres. Estabelécense tres premios por cada unha das categorías: categoría A (catorce a dezanove anos) e categoría B (vinte a trinta e cinco anos). Os premios consisten en produtos tecnolóxicos (cámaras, tablets...). As premiadas na categoría A foron: o primeiro premio para *Eternidade*, de Sara Caride Blanco, o segundo premio para *Escribindo poesía*, de Inés Amado Rodríguez, e o terceiro para *Foliada de mel*, de Ana Barros Fernández, e cunha mención de horna para *En galego*, de Anabel López Blanco; na categoría B: o primeiro premio levouno *Ti, produto de risco*, de Diego Arranz Fernández; o segundo foi para *De Rosalía a Benedetti*, de Estefanía González López; e o terceiro para *Contando*, de Rubén Barreira Blanco.

Referencias varias:

- Rosa Cano, “Chega o novo certame de ‘Lingua de namorar’ para falar do amor 2.0”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xaneiro 2018, p. 38.

Dá conta da rolda de prensa na que se anunciou a convocatoria da sexta edición do premio Lingua de namorar onde se anunciou, entre outras cuestións, que a entrega de premios terá lugar no Museo do Mar de Vigo con motivo da estada do Pergamiño Vindel.

- Montse García, “En busca dos trobadores do XXI”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2018, p. 33.

Dá conta da convocatoria da sexta edición do concurso Lingua de namorar que este ano queren vincular ao pergamiño Vindel con motivo da súa estada no Museo do Mar de Vigo. Por este motivo, Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, quere lembrar a creatividade de Martín Codax e animar á participación. Comenta as bases e o prazo de presentación.

- R. L., “Política Lingüística e Xuventude sacan un novo certame Lingua de Namorar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 16 xaneiro 2018, p. 39.

Informa da convocatoria da sexta edición do certame Lingua de Namorar por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Dirección Xeral de Xuventude no que máis de medio millar de mozos e mozas participan cada ano compartindo declaracións de amor a través da rede.

- R. L., “O certame de declaracións Lingua de Namorar premia voces femininas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 febreiro 2018, p. 51.

Informa sobre a participación no certame como das gañadoras das diferentes categorías; na categoría A as gañadoras foron Nee Barros, con *Muiñeira*, Ania Ferreira, por *Tes lume?*, e Uxía Martínez por *Amor adiantado*. Na categoría B acadaron premios Teresa Pérez por *Infinito*, Aitana Iglesias, por *Fagamos melodía*, e Iria Carreira por *Terroristas*.

- María Ayala, “O galego, ‘un idioma con historia e con futuro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 febreiro 2018, p. 36.

Dá conta do acto de entrega dos premios *Lingua de namorar* que tivo lugar no Museo do Mar de Galicia ao lado do Pergamiño Vindel. Román Rodríguez, quen presidiu o acto, destacou a importancia de manter o galego como lingua dos afectos e as relacións persoais. Por último, coméntanse as persoas gañadoras en cada unha das categorías.

- M. N., “Lingua de namorar’ premiou as mellores mensaxes de amor”, *La Región*, “Sociedad”, 15 febreiro 2018, p. 69.

Dáse conta de que tivo lugar a entrega dos premios correspondentes ao concurso Lingua de Namorar, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de promover o uso do galego entre mozos e mozas nas súas relacións e na tecnoloxía. Explícase que, na categoría de 14 a 19 anos, resultaron gañadores do primeiro, segundo e terceiro premio, *Muiñeira* de Nee Barros Fernández, *Tes lume?* de Ania Ferreira Longueira e *Amor adiantado* de Uxía Martínez Cabadas. Dise que na categoría de autores entre 20 e 35 anos foron premiados *Infinito* de Teresa Pérez Lousame, *Fagamos melodía* de Aitana Iglesias Márquez e *Terroristas* de Iria Carreira Pazos. Ademais reproducense os textos premiados.

- B. R. Sotelino, “Elas saben lingua de namorar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2018, p. 34

Dáse noticia de que tivo lugar a entrega dos premios correspondentes ao concurso Lingua de Namorar, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para promover o galego mediante declaracións de amor na rede. Explícase que na categoría A, de 14 a 19 anos, resultaron gañadores do primeiro, segundo e terceiro premio, *Muiñeira* de Nee Barros Fernández, *Tes lume?* de Ania Ferreira Longueira e *Amor adiantado* de Uxía Martínez Cabadas. Dise que na categoría B, de autores entre 20 e 35 anos, foron premiados *Infinito* de Teresa Pérez Lousame, *Fagamos melodía* de Aitana Iglesias Márquez e *Terroristas* de Iria Carreira Pazos.

- E. Ocampo, “Román Rodríguez. ‘O galego é lingua de pergamiños e tamén de whatsapps”, *La Región*, “Sociedad, cultura y ocio”, 15 febreiro 2018, p. 32/ *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 febreiro 2018, p. 33.

Infórmase de que tivo lugar a entrega dos premios correspondentes ao concurso Lingua de Namorar, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Explícase que na categoría A, de 14 a 19 anos, resultaron gañadores do primeiro, segundo e terceiro premio, *Muiñeira* de Nee Barros Fernández, *Tes lume?* de Ania Ferreira Longueira e *Amor adiantado* de Uxía Martínez Cabadas. Dise que na categoría B, de autores entre 20 e 35 anos, foron premiados *Infinito* de Teresa Pérez Lousame, *Fagamos melodía* de Aitana Iglesias Márquez e *Terroristas* de Iria Carreira Pazos.

- M. N., “As mellores mensaxes de amor xa teñen premio”, *Atlántico Diário*, “Vigo”, 15 febreiro 2018, p. 13.

Dáse conta de que tivo lugar a entrega dos premios correspondentes ao concurso Lingua de Namorar, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de promover o

uso do galego entre mozos e mozas nas súas relacións e na tecnoloxía. Explícase que, na categoría de 14 a 19 anos, resultaron gañadores do primeiro, segundo e terceiro premio, *Muiñeira* de Nee Barros Fernández, *Tes lume?* de Ania Ferreira Longueira e *Amor adiantado* de Uxía Martínez Cabadas. Dise que na categoría de autores entre 20 e 35 anos foron premiados *Infinito* de Teresa Pérez Lousame, *Fagamos melodía* de Aitana Iglesias Márquez e *Terroristas* de Iria Carreira Pazos. Ademais reproducense os textos premiados.

VI Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Pode concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao ditame do xurado e teñen que ter unha extensión máxima de cento cincuenta versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo. Os orixinais deben presentarse segundo o sistema de plica, engadindo tamén unha fotocopia do DNI. O xurado está composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do Concello con voz e sen voto que actuará como secretario. A decisión do xurado dáse a coñecer nos distintos medios de comunicación e é comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado. A entrega do premio ten lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, 1.500 euros, placa e diploma; o segundo, 600 euros, placa e diploma; e o terceiro premio: 300 euros, placa e diploma. No caso de que as obras presentadas non acaden o nivel esixíbel, poden declararse desertos. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Na edición correspondente ao ano 2017 levou o premio Lorena Souto con *Coleópteros*, mentres que o segundo premio foi para *Álbum*, de Emilio Salgado Freire, e o terceiro para *Queiroas* de Xosé Ramón Sánchez Varela.

VI Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocaron en 2012 a primeira edición do premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriúndo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar catro exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao enderezo: Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Concello de Fornelos de Montes. Praza da Igrexa, nº. 1, 36847 Fornelos de Montes, Pontevedra. Debese seguir o sistema de plica, engadindo unha fotocopia do DNI. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2.500 euros. O xurado pode declarar deserto

o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. A obra galardoada publícase dentro da colección “Manuel Lueiro Rey”, da Editorial Sotelo Blanco. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos de edición desta en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. En 2017 o xurado, formado por Luís Cochón, en calidade de presidente, e por Silvia Penas, Mercedes Queixas, Armando Requeixo e Ramón Rozas como vocais, ademais de por Carmen Carreiro, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, que actuou como secretaria con voz e sen voto, decidiu outorgar por unanimidade o premio a Antón Lopo, por *Corpo*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Antón Lopo. ‘No corpo caben historias, lugares e persoas’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 25 xaneiro 2018, p. 59 / *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 25 xaneiro 2018, p. 44.

Comenta como Antón Lopo recibiu a nova de gañar o premio Lueiro Rey de poesía e apunta que o poeta baixou a comprar unha primeira edición de *Os eidos* de Uxío Novoneyra escritor para el esencial e ao que lle dedicou a biografía *A distancia do lobo* (2010). Apunta que a súa obra *Corpo* impúxose aos trinta e un traballos presentados este ano, unha obra que fala do corpo como contedor de historias, lugares e persoas. Indica que o poemario está dividido en catro partes: unha dedicada ás praias das illas meridionais de Galicia, outra inspirada na Ribiera Sacra, unha terceira de temática marítima e a cuarta e última dedicada ao poeta, a quen escribe.

- Laura Nadal, “Antón Lopo ‘A precariedade é síntoma de implicación. E a implicación, característica da xenerosidade’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 5 febreiro 2018, p. 14.

Anúnciase que Antón Lopo gañou a VI edición do Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía con *Corpo*. Conta que é un libro sobre a morte e a verdade e sobre o sublime e o amor, mais, sobre todo, unha autopoética na que se funden territorio, lingua, poema e corpo nunha única entidade nómade e inundable chamada nona. Menciona o seu traballo de editor nos anos que dirixiu o suplemento Revista das Letras. Considera que a poesía non é exactamente literatura porque non está só pensada para ser lida e que é por iso que a crise da lectura non a afectou tanto. Fala do ano e medio de traballo con Manolo Martínez en Chan da Pólvora e fai un repaso da súa produción. Afirmar que lograron crear un catálogo único no ámbito editorial galego e menciona os poemarios Seica si de Emilio Araújo, Camuflaxe de Lupe Gómez, e Ultramarino de Jesús Castro Yáñez. Ademais conta que publicaron a poetas de referencia coma Francisco Cortegoso, Chus Pato, María do Cebreiro e Carlos Lema, ao mesmo tempo que a novas promesas coma Lada Dopazo e Antón Blanco. Menciona tamén dentro dos logros da editorial a publicación do libro Tinta de luz de Berta e Pepe Cáccamo e a recuperación da correspondencia de Suárez Picallo con Blanco Amor.

Premio de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa

convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón contaba con dous premios, un de 500 euros e outro de 300, mais no ano 2013 viu reducida a súa contía a 300 e 200 euros, respectivamente. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895 Teo, A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, *Elexía dos aléns*, de Adolfo Caamaño Vázquez; en 2009, *De novo a náusea*, de Celia Parra Díaz; en 2011, María Lado; en 2013, *O Gume do coitelo*, de Berta Roca Abuín; en 2015, *Ubicuidade e Ucronía*, de Óscar García Ramos; e en 2016 non correspondía convocatoria deste premio. En 2017 levou o primeiro premio María Teresa Iglesias Yugat, pola obra *Nos arrabales do tempo*, mentres que o segundo premio foi para Claudia Castro por *Ela, muller en construción*.

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e a súa extensión mínima é de trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en Word ou OpenOffice por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: Premio de poesía “Miguel González Garcés”, título da obra e lema ou pseudónimo. As obras deben presentarse segundo o sistema de plica, por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Rúa Alférez Provisional n.º 2, 15006 A Coruña). O premio está dotado de 6.500 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaioito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (1991), de Xavier R. Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en 1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998), de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé M^a Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010; *As lavandas adaptación a todo erro de navegación* (2013), de Ramón Neto en 2011; *Arte de fuga*, de Carlos Penela en 2014; *Entullo*, de Lorena Conde Martínez en 2016. No ano 2017 non lle correspondeu convocatoria.

Referencias varias:

- ECG, “Ríos gaña o González Garcés de poesía, cita da Diputación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 outubro 2018, p. 2018.

Informa de que Eli Ríos vén de gañar o XXIX Premio Miguel González Garcés de poesía convocado pola Deputación da Coruña por *Ningunha tortilla é mala* e que Silvia Penas, con *Subministro* foi a finalista. Apunta que o xurado destacou o humor e a retranscrición do poemario de Ríos e a actualización do mito da torre de Babel do poemario de Penas.

II Premio **Mondoñedo 10**

Convocado dende 2016 pola asociación As San Lucas con colaboración co colectivo Mondoñedo É... ten o obxectivo de establecer vínculos permanentes entre a cidade e o concello que lles dá nome coas mellores obras de creación cultural. O premio irá variando de categoría cada ano, galardoando, deste xeito, a mellor creación cultural en cadansúa modalidade publicada nos últimos dez anos. Entre as diferentes modalidades establécense na seguinte orde, narrativa, poesía, teatro, ensaio, música, plástica, artes visuais, tradución, xornalismo cultural e mellor persoa, proxecto ou colectivo. Na primeira edición do premio a obra premiada foi *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas. Na segunda edición a obra galardoada foi *Hordas de escritura*, de Chus Pato, como mellor obra de poesía. O xurado do premio estivo composto por Antonio Reigosa Carreiras como presidente, Francisco Fernández Rei, Dolores Vilavedra Fernández, Mercedes Queixas Zas, Bieito Iglesias Araújo, Henrique Alvarellos Casas, Antón Pedreira Mirás,, Armando Requeixo Cuba como vogais e, finalmente, Francisco Javier Bouso Bouso como secretario.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

V Certame de poesía **Nuestra musa, la camelia**

Certame lírico que convoca dende o ano 2013 o Pazo da Saleta. As obras deberán estar inspiradas na flor da camelia. Os textos presentados deben ser orixinais e inéditos, cun máximo de dous poemas por autor, escritos en castelán ou galego e cunha extensión entre catro e corenta versos cada poema. O premio consiste nun diploma ilustrado por Amai Rodríguez e dúas entradas para a visita guiada ao xardín. Na edición correspondente ao ano 2017 o gañador foi Gener Barjola Bizarro, (Vilanova i la Geltrú, 1983), co poema *De Okinawa a Pontevedra*.

III Certame Poético **Rosalía de Castro**

Concurso convocado polo Concello de Padrón. Os traballos presentados deben estar en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, inédito e orixinal. O premio está dotado de 1.500 euros. As obras débense presentar por quintuplicado baixo o sistema de plica no que conste: Premio Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema. O prazo de presentación remata o 15 de marzo e os traballos deberán ser enviados ao Concello de Padrón, Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do concello e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegado/a de cultura e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación ou eido cultural, que serán nomeados por resolución do/a alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria e da corporación ou funcionario/a no/a que delegue. Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a

concesión de calquera premio que obtela a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. O premio será entregado no mes de maio. A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data próxima ao dito día. Na edición correspondente ao ano 2017 o premio quedou deserto.

Referencias varias:

- S. E., “La valenciana Milagros Pérez gana el premio de poesía Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 maio 2017, p. 31.

Dá conta de que Milagros Clotilde Pérez Villanueva foi a gañadora do IV Certame Poético Rosalía de Castro pola súa obra *Onde dá a volta o aire*, seleccionado entre os 24 presentados. O xurado destacou que se trata dun texto moi orixinal cunha linguaxe chea de lirismo.

XXXII Certame de poesía en lingua galega Rosalía de Castro

Concurso organizado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà, coa colaboración da Xunta de Galicia, Diputació de Barcelona, Generalitat de Catalunya e o Ajuntamen de Cornellà de Llobregat. O poema presentado debe estar en galego, cunha extensión entre trinta e cen versos. Os premios consisten en 500, 300 e 200 euros. Na XXXI edición, concedéuselle o Primeiro premio: Amauta Castro, de Girona, polo seu poema titulado “Da pel sae o escuro”; Segundo premio: Juan Lorenzo Collado López, de Albacete, polo poema “Nas pestanas da rúa”; Terceiro premio: Arsenio Iglesias Pazos, de Bilbao, polo seu traballo “Principio ou final do poema”.

I Premio de poesía Torre de Caldaloba

Convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino en colaboración con culturalia GZ, os premios divídense en dúas categorías, unha pra maiores de 18 anos e outra para maiores de idade. Os premios da categoría de menores consiste nun lote de libros e unha tablet para o primeiro premiado e nun lote de libros e un libro electrónico para o segundo. No caso dos maiores de idade outorgarase un premio de 1.500 euros e a publicación da obra e un segundo premio que consiste nun accésit a publicación da obra. As bases do certamen dictaminan que os poemas deben presentarse en lingua galega, en formato dixital con temática e métrica libre e cunha extensión mínima de trescentos versos e máxima de seiscentos. O prezo de entrega remata o 4 de outubro de 2018 e os exemplares deben entregarse por triplicado na seguinte dirección: Concello de Cospeito sito en Avda. Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo.

Referencias varias:

- Cristina Arias, “El concurso de poesía Torre de Caldaloba se estrena con éxito con más de 50 trabajos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 outubro 2018, p. 13.

Comenta a grande acollida que tivo a primeira edición do concurso de poesía Torre de Caldaloba xa que recibiu 52 traballos e que isto provocou que o xurado decidira pospoñer o prazo no que dará a coñecer o fallo xa que precisarán de máis tempo do previsto para ler todas as obras.

- C. P. R., “Xesús Rábade Paredes gaña o I Concurso de Poesía torre de Caldaloba de Cospeito”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 decembro 2018, p. 21.

Dá conta da concesión do primeiro premio do I Concurso de Poesía Torre de Caldaloba ao escritor Xesús Rábade Paredes polo seu poemario *Torre de Caldaloba en Terras de Valverde*, do cal o xurado destacou a súa riqueza no contido histórico e antropolóxico.

- C. P. R., “O certame Torre de Caldaloba reivindica cultura e patrimonio”, *El Progreso*, “A Chaira”, 16 decembro 2018, p. 14.

Dá conta da concesión do primeiro, segundo e terceiro premio do Certame Torre de Caldaloba ao escritor Xesús Rábade Paredes, ao tamén escritor Paulino Peña e a prematura creadora da Pobra do Caramiñal Andrea Sanjurjo.

XI Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), diríxese a calquera persoa que presente un poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos deben enviarse por cuadruplicado á Aula de Cultura Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380 Gondomar, Pontevedra). O premio consiste nunha dotación de 3.000 euros, unha escultura da autoría de Fino Lorenzo e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM “Victoriano Taibo”. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos Negro, con *Cultivos transxénicos*; en 2009, *ex aequo* para M^a Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*; en 2010, M^a Goretti Fariña Caamaño con *Devastacións dispoñibles*; en 2011 Carlos Solla con *Holocausto Zaoe*; en 2012, M^a Concepción Álvarez Lebrede con *Distancias e Simetrías*; en 2013, Ramón Sandoval con *Territorios estraños*; e en 2014, Lara Rozados con *O caderno amarelo*; en 2015, Iñaki Varela Pazos, con *Do outro lado das portas*; e en 2016 Xosé Iglesias Lamela por *A relixión do mar*. Na edición correspondente ao ano 2017 O xurado do X Premio de Poesía Victoriano Taibo, formado polos profesores e escritores Xulián Maure, Iria Misa, Gonzalo Navaza, Xosé Iglesias Lamela e Marta Dacosta acordou concederlle o galardón ao poeta de Cee Rafa Vilar polo poemario titulado *Erosións*.

I Certame de Micropoesía **Vilariñas**

A asociación sociocultural Lareira de Soños e Nova Poesía Guitírica (NPG) únense para crear o primeiro Certame de Micropoesía dá Chaira Vilariñas, un nome co que queren honrar ao poeta Xosé Martía Díaz Castro. O prazo para presentar as obras pechouse o 31 de marzo de 2017. Nas bases indícase que se poden presentar todas as persoas interesadas,

xa que a participación é gratuíta, a través do correo electrónico dosvillares@gmail.com ou do Messenger do Facebook dos Villares, Lareira de Soños (www.facebook.com/osvillares). Cada persoa poderá presentar un máximo de dous micropoemas, que serán de temática libre e deberán estar escritos en galego. A súa extensión será dun mínimo de dous versos e un máximo de cinco, sen incluír o título.

As persoas que conforman o xurado, poetas de NPG, farán público o seu veredicto nas dúas semanas posteriores ao peche do prazo para presentar as obras. Haberá unha persoa gañadora, cuxo premio será un trofeo acreditativo, a edición da súa obra no blogue poético e un lote de libros de poesía de autoría galega. O xurado tamén poderá facer mencións especiais, que non recibirán compensación ou premio, e unha selección dos mellores micropoemas para realizar unha posíbel antoloxía. Farase un acto poético público cos premiados e outros poetas invitados. A entrega de premios desta primeira edición foi o 2 de decembro, na igrexa dos Villares (Guitiriz). O Primeiro premio corresponde a Andrea Araújo Alonso, por *Teño un pintor*; o segundo premio foi para o xornalista Pedro Rielo Lamela, de Pontevedra, con *Gran carballo*; e en terceiro lugar, Toño Núñez Álvarez, de Navia de Suarna e residente en Lugo, con *Abrín os ollos*.

Referencias varias:

- C. P. R., “Beatriz Dourado gana el certamen Vilariñas 2018, al que concurren 200 micropoesías”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 decembro 2018, p. 22.

Dá conta da concesión do primeiro premio do Certame Vilariñas 2018 de micropoesía de A Chaira a Beatriz Dourado polas composicións “Declaración” e “360”, que foron as dúas creacións máis votadas polo público.

XXVII Xogos Florais María Pita

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, n.º 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de dezaioito anos) cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 euros; e xuvenil (menores de dezaioito anos) cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 euros. Na edición correspondente ao ano 2017 o lema era *A grandeza de xenerosidade* e foi dedicado á figura de Eusebio da Guarda co gallo do cento vinte aniversario do seu falecemento. Nesta XXVI edición a autora do poema gañador foi Rosa Maria Sarmiento Fernandez cun texto en castelán, e na edición junior o premio quedou deserto.

VI Certame de Poesía Xosé María López “Ardeiro”

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López “Ardeiro”, poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con

anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre trescentos cincuenta e setecentos versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, segundo o sistema de plica. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura, 1ª Planta, 15830 Negreira, A Coruña. O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de cento cincuenta exemplares. Pola súa banda, o segundo clasificado recibirá 300 euros. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do concello que designe o alcalde. En edicións pasadas foron premiados Rafael Lema, por *Alturas do monte Pindo* (2013) e Yolanda López López, por *Paisaxes subterráneas* (2014); en 2015 premiouse *Obituario*, de Rocío Leira (Cee, 1979). Na edición correspondente a teense Claudia Castro gañou o premio coa obra *Ser, corazón e boca*; mentres que o segundo premio foi para o escritor Raúl Gómez Pato, con *Círculo*. O xurado desta sexta edición estivo constituído polo catedrático de Lingua e Literatura José A. Ponte Far, o poeta Xulio L. Valcárcel, a poeta Diana Varela Puñal e as docentes de Lingua e Literatura María Rey e María López Sánchez.

Referencias varias:

- M. M., “Raúl Gómez Pato gañou o premio de poesía Ardeiro onte en Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 decembro 2018, p. 30.

Dá conta da concesión do primeiro Premio de Poesía Ardeiro de Negreira durante a gala da súa sétima edición ao ourensán Raúl Gómez Pato polo seu poemario *Residuos de chamuscamentos*.

XXX Certame Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse poemas (catro como máximo) inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola Editorial Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 600 euros e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xosé María Pérez Parallé. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o xurado, formado por Estíbaliz Espinosa, Estevo Creus e Fran Cortegoso, concedeu o galardón a Jesús Castro Yáñez polo seu poemario *Os nomes e os himnos*. Na edición de 2017 foi premiado Carlos Lixó Gómez (Ribeira, 1991) por *Murallas de pedra sen cemento que duran para sempre*.

X. 3. TEATRO

XII Premio Abrente para Textos Teatrais

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos “Concursos de textos teatrais” da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega segundo a normativa vixente. Estabéllese un premio único e indivisíbel, dotado de 3.000 euros, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, preséntanse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, dirixidas ao Concello de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400 Ribadavia, Ourense). Na edición correspondente ao ano 2017, o xurado, formado pola actriz Sheyla Fariña, a directora e actriz Diana Mera, o dramaturgo Ernesto Is (Premio Abrente da edición anterior), a concelleira de Cultura de Ribadavia María Touza e Roberto Pascual, Director da MIT, decidiron por unanimidade premiar co Abrente 2017 o texto titulado *Poesía (materiais para montar unha escena de cama)*, de Roi Vidal Ponte.

Referencias varias:

- M. M., “Nueva edición del premio a obras teatrales Abrente”, *La Región*, “Verano”, 3 marzo 2018, p. 26.

Informa de que a Mostra Internacional de Teatro vén de presentar as bases, que indica con pormenor, do premio Abrente cuxo obxectivo é mesturar as novas xeracións cos expertos dramaturgos máis veteranos e promover o xénero teatral entre os colectivos sociais.

- X. A. Reboiro, “Baile de palabras e emoción”, *La Región*, “Verano”, “Mostra de Teatro Internacional”, 21 xullo 2018, p. 27.

Infórmase de que Avelina Pérez vén de gañar o Premio Abrente de Textos Teatrais co texto *O día no que bicar a terra*. Explícase que o xurado estivo composto polas actrices Iria Azevedo e Melania Cruz, o dramaturgo Roi Vidal, o director Roberto Pascual e a concelleira de Cultura María López Touza. Destácase o carácter crítico da peza e dise que vai ser publicada na Colección Abrente da MIT a cargo da editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas.

XIX Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o

ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas de AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Os textos deben ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo segundo o sistema de plica. O premio está dotado de 6.000 euros e a obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e no coidado da lingua. Dende o ano 2013 pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000 *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en 2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; en 2012 *Isobaras* (2013), de Gustavo Pernas Cora; en 2013 non houbo convocatoria; e en 2014 *Raclette* (2015), de Santiago Cortegoso. En 2015 non houbo convocatoria e en 2016 foi premiada a obra *Suite Artabria*, de Manuel María Lourenzo Pérez. No ano actual non corresponde convocatoria.

Referencias varias:

- Juan David, “Os Cunqueiro e Manuel María, para AveLina Pérez e Paula Carballeira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 novembro 2018, p. 38.

Comenta o fallo dos premios teatrais galegos. Indica que o Álvaro Cunquero recaeu en AveLina Pérez por *As oito da tarde, cando morren as nais*; o Manuel María en Paula Carballeira, por *Somos os monstros*; e o Barriga Verde ficou deserto. Indica a composición do xurado e informa de que este ano presentáronse un total de 75 textos: 39 para o Álvaro Cunqueiro, 13 para o Manuel María e 23 para o Barriga Verde (14 na modalidade infantil e 9 na de adultos).

XIII Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro**

de Monicreques

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil. É o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dous apartados, dotados de 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 euros en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo segundo o sistema de plica a AGADIC (Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. Dende o ano 2013 pasou a ser bienal. En anteriores edicións resultaron galardoadas na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Titanic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appetit*, de Begoña García Ferreira; e en 2012 *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans. E na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; e en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2011 e en 2012 o premio quedou deserto; e en 2014 *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer. En 2016 foi para *Marcha fúnebre para un monicreque*, de Roi Vidal Ponte, na modalidade de adultos; e *Os golfiños e o xigante*, de Ignacio Vilariño Sanmartín, na modalidade para o público infantil. A edición XIII do premio ten como prazo de presentación do 29 de decembro de 2017 até o 10 de maio de 2018.

XI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico

Convócanos a Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e édítase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e as escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia e calquera das sociedades que comprende (Televisión de Galicia e Radio Galega). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios

para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan segundo o sistema de os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural “Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico”, San Marcos, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña. Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras son de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega, que valoraron especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométese a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. Para tal fin os autores premiados e finalistas entenden cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo Centro Dramático Galego. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira en 2012; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Mariana Carballal en 2013; e *A primeira vez* de Carmen Blanco Sanjurjo, e *Explotados*, de César Carracedo, en 2014; en 2015 foi para “Evasión”, de Clara Gayo; e o premio da audiencia recaeu en Avelina Pérez por “Non teño espello no baño”; en 2016 o galardón foi para *O quinto inverno*, de Eva F. Ferreira, e o premio da audiencia recaeu en *Un bo final*, de Carolina Alba Castro. Na edición de 2017 o premio do xurado recaeu en *Psicofonías*, de Marcos Abalde, e o premio da audiencia foi para *Alianzas*, de Avelina Pérez.

XXVIII Premios do **Festival de Teatro Galego (FETEGA)**

Outorgados pola Asociación Cultural Fetega durante a celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: Isabel Risco (mellor actriz); Celso Fernández Sanmartín (mellor actor); “O furancho”, de Ibuprofeno Teatro (mellor espectáculo); e Roberto Vidal Bolaño (premio de honra). Na edición correspondente ao ano 2016 os gañadores foron: Pepa Barreiro (Mellor Actriz); *Mundo Villalustre* (Mellor Actor); *Ensaio sobre a cegueira*, de Sarabela Teatro (Mellor Espectáculo); e Antonio Durán “Morris” (Premio de Honra). Na edición de 2017 o premio de honra recaeu en Carlos Blanco.

VI Premio de teatro **A Guerra da Independencia en Valga**

Convócao o Concello de Valga dende o ano 2009 para obras inéditas en galego nas que

o autor presenta un texto que será representado ao aire libre por actores e actrices afeccionados. O tema debe gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas. O escenario de representación é o recinto da Capela da Saúde. Os orixinais deben presentarse mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo, xunto a un sobre cos datos persoais e enviarse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, n.º 14, 36645 Valga, Pontevedra). Estabéllese un único premio de 600 euros que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valórase a viabilidade da súa posta en escena. Na edición de 2017 a gañadora foi *Unha aldea Guerrilleira*, de Marcela Rodríguez.

I Premio de Teatro **Laudamuco**

Primeira edición do premio de Teatro Laudamuco convocado polo Concello de Brión en colaboración coa Academia Galega de Teatro e Edicións Positivas para textos teatrais en homenaxe a Roberto Vidal Bolaño. O galardón está dotado con 7000 euros e a edición da obra. O premio está aberto a autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra dramática inédita, nunca antes premiada e escrita en lingua galega. O prazo de entrega remata o 15 de febreiro do 2019.

Referencias varias:

- M. M., “Brión convoca o primeiro premio de teatro Laudamuco”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Comarca de Santiago-A Barcala-Xallas”, 25 outubro 2018, p. 30.

Informa da convocatoria do premeiro premio de teatro Laudamuco. Dá conta da contía do premio e de que o prazo de presentación pechará o 15 de febreiro de 2019.

- M. Manteiga, “Brión dotará o galardón Laudamuco para textos teatrais con 7.000 euros”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Comarca de Santiago-A Barcala-Xallas”, 6 novembro 2018, p. 29.

Dá conta do I Premio Laudamuco para Textos Teatrais que vén de convocar o Concello de Brión co apoio da Academia Galega de Teatro e de Edicións Positivas co obxectivo de estimular e apoiar a crecía dramática en lingua galega e de recoñecer a figura de Roberto Vidal Bolaño. Indica as bases e comenta que *Laudamuco, señor de ningures* foi a obra coa que o teatro galego iniciou a súa singradura en 1978.

XXI Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolto pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as

produccións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación/Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz Secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. O galardón consiste nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta edición de 2017 foron premiadas: *O tolleito de Inishmaan*, de Contraproducións e Fiot Carballo (5): mellor iluminación (Afonso Castro), mellor adaptación/tradución (Cándido Pazó, Santi Romay, Alberto Rodríguez), mellor actriz secundaria (María Roja), mellor actor secundario (Evaristo Calvo), mellor actor protagonista (Santi Romay); *Eroski Paraíso*, de Chévere (4): mellor música orixinal (Terbutalina), mellor actriz protagonista (Patricia de Lorenzo), mellor dirección (Xron) e mellor espectáculo; *Voaxa e Carmín*, de ButacaZero e Eme2 (2): mellor maquillaxe (Trini F. Silva) e mellor vestiario (Mari Seoane); *Danza da choiva*, de Elefante Elegante (1): mellor espectáculo infantil; *Foucellas*, de Talía Teatro (1): mellor escenografía (Dani Trillo); e *Raclette*, de Ibuprofeno Teatro (1): mellor texto orixinal (Santiago Cortegoso).

Referencias varias:

- ECG, “Un total de 32 espectáculos concorrerán aos XXII Premios de Teatro María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 xaneiro 2018, p. 33.

Dá conta de que o prazo de inscrición para concorrer aos XXII Premios de Teatro María Casares xa rematou e que o farán un total de 32 espectáculos e máis de 400 profesionais para as catorce categorías existentes.

- E.P., “Más de 32 espectáculos y 400 profesionales concurren a los María Casares de Teatro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 xaneiro 2018, p. 40.

Informa de que comeza o proceso de votación para escoller os finalistas que optarán aos XXII Premios María Casares cuxa entrega se celebrará o 21 de marzo. Na primeira fase concorrerán 32 espectáculos e máis de 400 profesionais dos que se escollerán os finalistas para cada unha das catorce categorías existentes.

- Cuca M. Gómez, “Baile de la camelia”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 2 febreiro 2018, pp. 70-71.

Informa da celebración dunha festa previa á entrega de galardóns dos Premios María Casares, á que acudiron os nomeados, entre os que destacan Davide González e Andrea Bayer, membros da compañía pontevedresa Baobab.

-E. P., “La actriz Rosa Álvarez recibirá el premio ‘Marisa Soto’ en la gala de los Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 febreiro 2018, p. 37.

Informa da entrega do premio “Marisa Soto” de Teatro á actriz Rosa Álvarez na XXII edición dos premios “María Casares”.

- M. G. M., “Nueve obras optarán a premio en la 22 gala de los María Casares en la que se repasarán los 40 años de teatro”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, p. 44/ *Diario de Ferrol*, p. 45, 17 marzo 2018.

Ofrece a listaxe das obras que optan aos premios María Casares, e comenta que a gala estará conducida por Talía Teatro con motivo do seu trixésimo aniversario.

XVII Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. En anteriores edicións foron premiados Roberto Vidal Bolaño (2001), Susana Dans (2002), Rosa Álvarez (2003), Manuel Lourenzo (2004), Xan Cejudo (2005), Ana Valles (2006), Luísa Merelas (2007), Xosé Manuel Olveira “Pico” (2008), Gonzalo Uriarte (2009), Víctor Mosqueira (2010), Patricia de Lorenzo (2011), Gustavo Pernas (2012), Mónica Camaño (2013), Marta Pérez (2014), María Barcala (2015) e Nuria Sotelo Rodríguez (2016). Nesta edición de 2017, o xurado, conformado pola concelleira de Cultura de Padrón, Lorena Couso, como presidenta; como vogais, a escritora e profesora da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia Inma López Silva; o actor e profesor da Universidade da Coruña Carlos Caetano Biscainho Fernandez; o dramaturgo, profesor da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia, membro do Consello Asesor do Centro Dramático Galego e membro do Consello de Redacción da Revista Galega de Teatro, Alfonso Becerra Rojo; o profesor da Escola Superior de Arte Dramático Roberto Pascual Rodríguez; a actriz, doutora universitaria e especialista en teatro de obxectos Comba Campoy García; e a animadora social do Concello de Padrón, María Cruz Taboada Álvarez, como secretaria, galardoaron Eduardo Rodríguez Cunha.

Referencias varias:

- S.E., “O titiriteiro ‘Tatán’ gaña o Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “A Estrada- Ordes- Melide- Sar”, 8 febreiro 2018, p. 31.

Comenta que o xurado valorou a súa longa traxectoria e o maxisterio no teatro de obxectos, así como o seu traballo de base en Redondela onde conseguiu crear novos públicos para o teatro a través da Mostra Internacional de Títeres da vila. Ademais, tamén comenta a composición do xurado.

- U. L., “O actor Eduardo Rodríguez Cunha, ‘Tatán’, gaña o premio teatral Maruxa Villanueva”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 8 febreiro 2018, p. L6.

Informa de que o galardoado este ano co premio Maruxa Villanueva de interpretación teatral foi Eduardo Rodríguez Cunha, Tatán, sobre o que o xurado destacou a súa longa traxectoria e o maxisterio no teatro de obxectos. Ademais, puxeron en valor a internacionalización da produción galega de teatro de obxectos que conseguiu Cunha, con

especial atención á lusofonía.

- A. P., “O titiriteiro coñecido como Tatán recibiu en Padrón o premio Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Ordes- Padrón-Touro”, 29 outubro 2018, p. 24.

Informa de que o titiriteiro e actor Eduardo Alberto Rodríguez vén de recibir o XVII Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva e que é a primeira vez que este galardón, recae nun titiriteiro. Dá conta da composición do xurado e indica que a entrega tivo lugar no auditorio municipal ao rematar a representación da obra *A galiña azul*, compañía da que Tatán é fundador e da que forma parte.

XX Premios MAX de las Artes Escénicas

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Dende a edición de 2014 desapareceu a categoría de Mellor Autor Teatral en Galego.

Premio Nacional de Teatro

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

IV Premio Pegada de Teatro Radiofónico

Certame convocado pola Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), dende o seu Departamento de Normalización Lingüística, que pretende promover a creación dramática en galego, no formato de teatro radiofónico. Colaboran Radio ECCA e AGADIC. Os traballos presentados deben ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega. A adaptación dos traballos non poderán superar os dez minutos nin ser inferior aos cinco minutos. O gañador en 2015 foi Julio Peláez, por *A cunquiña*; en 2016 Avelina Pérez, por *Eu controlo*. Na edición correspondente ao ano 2017 foi galardoado César No, co texto *Camiños de luz*, mentres que o texto *Bestiario*, presentado por Ernesto Is, foi recoñecido cun accésit.

XVII Premio de Teatro Rafael Dieste

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a

creatividade no ámbito do teatro por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999 unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado de 6.500 euros. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaioito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, segundo o sistema de plica. Os participantes teñen a obriga de comunicar á deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímense positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre “Premio de Teatro Rafael Dieste”. En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei, Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995; *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; e *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011; e *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, de Zé Paredes e Xosé Manuel Pacho Blanco. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Roberto Salgueiro con *Como mil cachiños de vidro que a dor escurece*. No ano 2016 non lle correspondeu convocatoria. Na edición de 2017 o galardón recaeu en Ernesto Is, por *Despois das ondas*.

Certame de textos teatrais **Roberto Vidal Bolaño**

Este certame nace pola necesidade de fomentar a escrita de textos teatrais dirixidos ao alumnado de ESO e Bacharelato. Por iso, o IES Ribeira do Louro e a Editorial Galaxia, convocan este certame coa finalidade de crear un fondo de textos teatrais susceptibles de ser representados por alumnado do ensino secundario. Poderán concorrer ao Certame todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutros certames, que estean escritos en lingua galega. As obras serán de temática e extensión libre, se ben hai que ter en conta que van ser interpretadas por alumnos e alumnas de entre doce e dezaioito anos. Cada autor poderá presentar máis dunha obra. O premio constará dun diploma acreditativo e a edición e publicación da obra gañadora a cargo da Editorial Galaxia. A tal efecto a editorial asinará co gañador ou gañadora o correspondente contrato da edición. O premio poderá quedar deserto se a

calidade das obras presentadas non é a axeitada segundo o criterio do xurado. O prazo de presentación de orixinais remata o 1 de abril de 2018. O envío das obras farase a través de correo electrónico ies.ribeira.louro.@edu.xunta.es, especificando no envío “Certame de textos teatrais Roberto Vidal Bolaño”. Enviaranse dous arquivos: un coa obra (con título e lema) e outro coa plica (no que constará o nome e apelidos do autor, lema, título e breve sinopse da obra, teléfono e email). O xurado estará conformado polo EDL do IES Ribeira do Louro, profesionais do teatro e un representante da Editorial Galaxia que prestarán especial atención á innovación dramaturxica, as novas linguaxes contemporáneas e a singularidade temática das pezas. As obras gañadoras daranse a coñecer no mes de xuño de 2018 e farase un acto de entrega de diplomas, nun lugar que se convirá a tal efecto, na última semana dese mes. Se durante o tempo de presentación e deliberación a obra presentada recibise algún premio ou fose editada, o autor deberá comunicalo á organización do certame, xa que este feito será motivo de exclusión do presente concurso.

Referencias varias:

- A. Baena, “Fernando Castro Paredes. ‘Gañar o premio adicado a Vidal Bolaño é o que máis ilusión me fai”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 xuño 2018, p. 14.

Dise que Fernando Castro Paredes gañou o primeiro Certame de Textos Teatrais Roberto Vidal Bolaño, organizado pola editorial Galaxia en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro coa finalidade de fomentar a escrita de textos teatrais dirixidos a un público mozo. Infórmase de que o xurado estivo composto por Esther F. Carrodegas, Roi Vidal, Paula Carballeira, Manuel Núñez Singala, Delio García Represas e a dramaturga Raquel Castro como secretaria con voz, pero sen voto e que outorgaron o premio á obra *A derradeira bala*. Destácase a temática do amor e a guerra presente na obra e mais o seu tratamento lúdico. Faise referencia á figura e á obra de Roberto Vidal Bolaño. Alúdese a que Fernando Castro xa recibira antes o Premio de Textos Teatrais Varela Buxán coa obra *Pallaso*.

- J. M. R., “Premio literario para el profesor Fernando Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 xuño 2018, p. 33.

Dise que Fernando Castro Paredes, reponsable do grupo de teatro Tuéjele do IES Fernando Blanco, gañou o primeiro Certame de Textos Teatrais Roberto Vidal Bolaño, organizado pola editorial Galaxia, coa obra *A derradeira bala*. Alúdese a que xa recibira antes o Premio de Textos Teatrais Varela Buxán coa obra *Pallaso*.

- L. C., “Estudiantes porriñeses interpretarán textos teatrales surgidos de un certamen”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Louriña”, 11 xullo 2018, p. 11.

Dáse noticia de que o IES Ribeira do Louro e a editorial Galaxia inauguraron un certame de textos teatrais de temática e extensión libre, onde se valora a innovación dramaturxica. Explícase que formaron parte do xurado Esther F. Carrodegas, Roi Vidal, Paula Carballeira, Manuel Núñez Singala, Delio García Represas e Raquel Castro. Destácase que a obra gañadora foi *A última bala* de Fernando Castro Paredes.

VII Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á

creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nados ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir “Catoira” no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, n.º 6, 36612 Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 euros, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 euros, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un representante da USC e un da Consellaría de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. Teñen preferencia as persoas residentes en Catoira. En anteriores edicións gañou o premio Marcos Abalde Covelo por *A saga de Iacobusland*. Na edición correspondente ao ano 2017 gañou *Eternidade*, de Alba Carla Villanuestre.

V Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira así como referente na vida cultural galega, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural, contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato PDF e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, n.º 104, 36680 A Estrada, Pontevedra), indicando no sobre Premio MOME de Teatro “Varela Buxán”. A dotación económica é de 1.000 euros para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Frago. A entrega de premios ten lugar nun acto público que se celebra o 25 de setembro, en conmemoración do aniversario do pasamento de Manuel D. Varela Buxán. En anteriores edicións, os

galardóns foron para: Teresa González Costa en 2011 por *Madeira de gañador*; Xosé Lois García en 2012 por *A cerna*; Santiago Cortegoso en 2013 por *Smoke on the water*; e Ana María Carreira Varela en 2014 por *Un intre antes do solpor*. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto Santiago Cortegoso, Ana María Carreira, Xosé Lueiro e Henrique Vázquez acordou por unanimidade conceder o premio de teatro á obra *Oito epitafios por Troia*, da autoría de Marcos Abalde (Vigo, 1982). Na edición de 2017 resultou gañador Fernando Castro Paredes, por *Pallaso*.

Referencias varias:

- B. P., “Fernando Castro recogerá el día 7 en A Estrada el Premio de Teatro Varela Buxán”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 31 xaneiro 2018, p. 50.

Informa da concesión do Premio de Teatro Varela Buxán a Fernando Castro Paredes pola peza *Pallaso* por parte da Escola de Artes Escénicas da Estrada, en colaboración coa Fundación Cultural da Estrada.

Premio Xenaro Marínhas de Teatro Breve

Convocado pola Asociación Cultural *Alexandre Bóveda* conforme as seguintes bases: os orixinais estarán escritos en galego e a temática será libre; as obras presentadas terán un máximo de 10 folios, en tipo de letra *Times New Roman*, e cun tamaño de letra de 12; ou ben mecanografados a dobre espazo. Establécense un 1º Premio e dous accésits, os cales serán publicados nos *Cadernos de Teatro Alexandre Bóveda*. Asemade o 1º Premio será estreado, en formato de lectura dramatizada, por *ACAB Teatro*, o grupo teatral da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. O prazo de admisión de orixinais rematará o 1 de maio de 2018 e serán enviados ao seguinte enderezo: *Asociación Cultural Alexandre Bóveda. Rúa dos Olmos, 16-18, 1º – 15003 – A Coruña*, figurando dentro do sobre dúas copias, outro sobre no que constará no seu exterior o lema co que se presenta o traballo, e no seu interior, os datos do participante: nome, enderezo, título da obra e teléfono de contacto. O xurado estará formado por profesionais do sector de recoñecido prestixio. Nesta edición, o día 15 de xuño, no local da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña, tivo lugar a reunión do xurado que estivo composto por Xosé Manuel Rabón, director de escena tanto de ópera como de teatro, Sabela Hermida, actriz e autora de diferentes traballos sobre o oficio teatral e Lino Braxe, dramaturgo e director de escena quen actuou como secretario do xurado. Falláronse un 1º Premio e dous accésits. O 1º Premio recaeu na obra *Fashion Victims* da que resultou gañador José Luís Baños de Cos. O 1º Accésit foi para a peza *Albatros en terra* da autoría de Albert G. Aneiros e o 2º Accésit recaeu no texto *No ventre da balea* de Fernando Castro Paredes. O texto gañador foi posto en escena en formato de lectura dramatizada, mentres que as tres pezas serán publicadas no 1º Caderno de Teatro Xenaro Marínhas del Valle.

Referencias varias:

- M. G. M., “ACAB Teatro ofrece ‘Exilio’, con textos de Dieste, Castelao e Seoane”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 20 marzo 2018, p. 37.

Dá conta da representación da peza *Exilio* que terá lugar no centro Ágora da Coruña con motivo do vixésimo aniversario da agrupación Alexandre Bóveda do que o colectivo

ACAB forma parte. Apúntase tamén que esta peza foi merecedora do Premio Xenaro Mariñas .

Premio Xograr de Outono

Galardón que concede o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) a persoas ou entidades que desenvolvan un papel activo na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. En anteriores edicións resultaron gañadores Roberto Vidal Bolaño (2002), Artur Trillo (2004), Celso Parada (2005), Víctor Mosqueira (2006), Quico Cadaval (2007), Dorotea Bárcena (2008), Cándido Pazó (2009), Paula Carballeira (2010), Marcelino de Santiago “Kukas” (2011), Alberto Gende (2012), Xosé Manuel Oliveira “Pico” (2013) e Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán” (2014), Susana Dans (2015) e Miguel de Lira (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 a gañadora foi Mónica Camaño (Cangas, 1971).

X. 4. INVESTIGACIÓN

XX Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. Conta cun único galardón dotado de 1.140 euros, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria. A lingua empregada nos traballos será a galega. Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan obtido ningún premio anteriormente. Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. A extensión dos traballos será dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cen, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren. As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume, (Rúa Real, 17 - 15600 Pontedeume - A Coruña) baixo o sistema de plica. O prazo de presentación remata o 25 de xuño de 2018. A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicárase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación. A resolución final do xurado darase a coñecer o día 28 de setembro de 2018. O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado. Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes. O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases. Na edición correspondente ao ano 2017 non se anunciaron gañadores.

XI Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consiste en 3.000 euros, ademais da publicación polo Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras; Juan Manuel Sobrado Vázquez; Xosé Luís Vázquez Somoza, José Luis Díaz Castroverde Lodeiro e Claudio Otero Eiriz, Javier Gómez Vila, María del Mar Neira González e Tamara González López. Na edición correspondente ao ano 2017 a gañadora foi Alberta Fernández, por *Traslado de tres templos románicos no Condado de Pallares*.

XI Premio de Investigación **Manuel Iglesias**

A Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo convoca este premio de investigación, co obxectivo de manter o legado intelectual, cultural e relixioso de Manuel Iglesias. Poderán presentarse traballos de investigación que traten sobre a figura de San Rosendo, a Idade Media galega en xeral, a diócese de Mondoñedo ou o Mosteiro de Celanova. Estabelécese un único premio, dotado de 1.500 euros. Considérase a posibilidade de establecer outra modalidade na que se recoñeza a unha personalidade ou institución polo seu labor nas áreas mencionadas. Na edición correspondente ao ano 2015 o premio foi para Manuel Rey Olleros por *La música en el manuscrito 9 de Silos: propio del tiempo*. Na edición correspondente ao ano 2016 o premio foi para Antonio Bonet Correa. En 2017, foille entregado o galardón á Fundación San Rosendo por mérito aos seus vintecinco anos de investigación.

XI Premio **Manuel Murguía de Ensaio**

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”, está dotado dun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. A presentación debe ser feita, preferentemente, en formato dixital, por medio dun CD que inclúa a seguinte inscrición: Premio de ensaio “Manuel Murguía”, título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto pode ser Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, as obras deben entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. A obra preséntase baixo o sistema de plica, polo que debe achegarse un sobre á parte en cuxo exterior figure o título da obra e o lema ou pseudónimo do seu autor e no interior unha copia do NIF, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico e, ademais, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez en 1998; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro en 1999; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González en 2000; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas en 2002; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado en 2004; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares en 2006; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden en 2008; *E fíxose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada en 2010; en 2011 e 2012 non houbo convocatoria; e *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*, de Diego Conde Gómez en 2013; en 2015 gañou Marcelino Agís Villaverde polo traballo *Historia do pensamento galego contemporáneo*. Na edición de 2017 o xurado estaba composto por África López Souto, Ana Torres Jack, Uxío-Bregán Diéguez, Helena Miguélez e o gañador da última edición, Marcelino Agís, premiaron Raúl Soutelo e José Manuel Vázquez Lijó por *O son que coñeceu Ramón*

Caamaño, entre dezaseis propostas presentadas.

Premio Nacional de Ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Ana Teresa Roca, “María Xesús Lama gana el Nacional de Ensayo”, *El País*, “Cultura”, 9 novembro 2018, p. 28.

Dá conta de que María Xesús Lama fíxose co premio nacional de ensaio polo seu traballo *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)* sobre a que o xurado destacou que axuda a romper coa imaxe tradicional da Rosalía de Castro romántica e chorona, xa que Lamas demostra que era unha escritora lúcida, independente e defensora da liberdade, a igualdade e a xustiza social. Ofrece tamén un breve currículo da gañadora.

- Jaureguizar, “A luguesa Lama gaña o Nacional de Ensayo cunha obra sobre Rosalía”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 9 novembro 2018, p. 52.

Dá conta de que María Xesús Lama fíxose co premio nacional de ensaio polo seu traballo *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)* sobre a que o xurado destacou que axuda a romper coa imaxe tradicional da Rosalía de Castro romántica e chorona, xa que Lamas demostra que era unha escritora lúcida, independente e defensora da liberdade, a igualdade e a xustiza social. Apunta que Lama xa publicara a primeira parte da biografía que abrangue desde o seu nacemento ata a publicación de *Cantares gallegos* e que a súa investigación xa comezara en 2013 cando se cumprían 150 anos do debut da poeta. Lama desminte no seu traballo, ademais, o carácter apagado de Rosalía de Castro e a súa dependencia de Manuel Murguía para desenvolver a súa carreira literaria.

- Xesús Fraga, “María Xesús Lama. ‘O tóxico da rosalia chorona beneficia á sociedade de valores conservadores’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2018, p. 38.

Entrevista a María Xesús Lama con motivo do premio nacional de ensaio que vén de gañar polo seu traballo *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Comenta a sorpresa que ata este momento non se afrontara un traballo biográfico da autora e de que aínda así non conta, de momento, co posto que merece no ámbito da literatura española. Apunta que a convivencia entre as linguas do Estado era moito mellor na época de *Cantares gallegos* xa que Rosalía publicaba textos seus na prensa de Madrid, cousa que, segundo a autora, agora sería impensable.

I Premio de Ensaio Ramón Baltar Feijóo

Convocado pola Fundación Rosalía de Castro co obxectivo de contribuír ao fomento do estudo do período histórico relativo ao fondo documental que leva o seu nome e que foi depositado no Arquivo da Casa de Rosalía pola familia Baltar García-Peñuela, que vai

desde o Rexurdimento ata a Xeración Nós. O premio pretende honrar os valores de protección e mecenado da familia para con Padrón, coa cultura galega en xeral e para con figuras de tanta relevancia coma Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Alfonso Daniel R. Castelao. O galardón terá carácter bianual e poderán concorrer a el todas aquelas obras de ensaio ou investigación publicadas ao longo dos anos 2016 e 2017, sexan libros ou documentais, sempre que estean en relación con algún aspecto do fondo documental, sexa cronolóxico e que vaia do Rexurdimento á Xeración Nós, ou sexa temático: historia e literatura deste período ou referida a Padrón. As obras poderán ser presentadas a concurso tanto polas editoriais ou produtoras como polos membros do xurado constituído. O prazo de presentación rematará o 30 de xuño de 2018. O xurado será designado pola Fundación entre personalidades do mundo da cultura e membros da propia institución. Actuará como secretario do premio o secretario da Fundación. O xurado reunirse ao longo do segundo cuadrimestre do ano 2018 e a súa decisión será inapelábel. A entrega do premio, que será honorífico (diploma e insignias da Casa de Rosalía), terá lugar no transcurso dun acto literario a celebrar no auditorio da Fundación Rosalía de Castro. Nesta primeira edición os gañadores foron María Xesús Lama pola obra *Cantos de independencia e liberdade* (Galaxia, 2017) e Emilio Ínsua pola obra *A nosa Terra é nosa!: A xeira das Irmandades da Fala 1916-1931* (Baía Ensaio, 2016).

Referencias varias:

- Claudia Estévez, “Premio Baltar Feijóo a Emilio Ínsua e María Xesús Lama”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “O Sar”, 29 decembro 2018, p. 31.

Informa da concesión do primeiro premio de Ensaio Ramón Baltar Feijóo a María Xesús Lama *Cantos de independencia e liberdade* (Galaxia, 2017) por e a Emilio Ínsua por *A nosa Terra é nosa!: A xeira das Irmandades da Fala 1916-1931* (Baía Ensaio, 2016).

- G. N., “María Xesús Lama e Emilio Insua gañan ‘ex aequo’ o premio Ramón Baltar Feijóo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2019, p. 37.

Informa das obras galardonadas polo premio, impulsado pola Fundación Rosalía de Castro. Por unha parte premiouse *Cantos de independencia e liberdade*, biografía de Rosalía de Castro da man de María Xesús Lama, e *A nosa terra é nosa*, de Emilio Insua, unha obra arredor das Irmandades da Fala.

XVII Premio de Ensaio Ramón Piñeiro

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de

carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, n.º 44, 36204 Vigo). Estabéllese un único premio, consistente en 3.000 euros, outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e vinganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, de María López Sández en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011; *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela en 2012; *Da natureza dos escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer no diálogo con Karl Marx*, de José María Durán en 2013; e *Barthes Filósofo*, de Luís G. Soto en 2014; en 2015 Santiago Lamas e Alfonso Mato coa obra titulada *De camiños, viaxeiros e camiñantes. Peregrinos de Nós ao cabo do mundo*; e en 2016 foi Rafael Quintía pola obra *Mariña, de deusa a santa. A advocación de Santa Mariña na cristianización da Gallaecia*. Na edición de 2017 o xurado composto por Dolores Vilavedra, Luís Alonso Girgado, Manuel Núñez Singala, Inma López Silva e Carlos Lema, premiou Xosé Constenla Vega, por *O colapso territorial en Galiza. Unha lectura dende o espazo da construción social do país*.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “Materiais para pensar este tempo e este país”, *Sermos Galiza*, n.º 306 “fóradeserie”, 26 xullo 2018, p. 2-3.

Dá conta dos ensaios publicados sobre Galicia no ano presente. Destácase por unha banda *Maternidade fóra de catálogo* e *O colapso territorial en Galiza*, de Xosé Constenla, galardoado co premio Ramón Piñeiro de Ensaio.

- Juan David, “Os amorodos de Bergman’ danlle a Fernando Redondo o Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 decembro 2018, p. 40.

Dá conta da concesión do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio ao profesor e xornalista Fernando Redondo pola súa obra *Os amorodos de Bergman*, que será publicada pola editorial Galaxia o próximo ano.

XXII Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, estaba dotado de 6.000 euros, que na convocatoria de 2013 se viron reducidos a 4.500 euros, ademais da publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, n.º 77, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por *Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitás. A configuración da homosexualidade na Idade Media*; a Xosé Manuel González Reboredo en 2012 por *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado, presente e perspectivas de futuro*, a Laura Tato Fontaiña por *Do teatro ao cinema* en 2013; a Luzía Oca González por *Caboverdianas en Burela (1978-2008), migración, relación de xénero e intervención social*; en 2015 a Rafael Quintía por *Análise estrutural e simbólica do mito da moura galega*; e en 2016 a Roberto Fernández Álvarez pola obra *Enfermos pobres, médicos tristes*. Na edición correspondente ao ano 2017 a obra *Usos e desusos das terras do Tourém, transformações socioterritoriais em uma aldeia rural fronteiriça do norte de Portugal com a Galiza*, de Diego Amoedo Martínez.

Referencias varias:

- Laura Fernández, “Diego Amoedo Martínez. ‘O rural é un mundo vivo, que se repensa e adecúa ás novas formas produtivas’”, *La Región*, “Celanova”, “Personaxe do día”, 20 febreiro 2018, p. 27.

Infórmase de que Diego Amoedo Martínez foi galardoado co XXII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais polo seu traballo *Usos e desusos das terras de Tourén*. Achégase unha entrevista a Diego Amoedo na que se destaca que o obxectivo do traballo foi o estudo das transformacións sociais e territoriais na aldea de Tourén no concello de Montalegre de Portugal. Tamén se tratan outros temas como os motivos de achegamento ao lugar escollido para o estudo, as conclusións do traballo, as posibilidades de aplicación ao rural de Ourense e a biografía do autor.

V Premio Xermade na Historia

Os/as interesados/as poderán participar a nivel individual ou como colectivo. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexe. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Xermade (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, arquitectura, etc). Haberá dous premios: un primeiro, dotado con 2.000 euros, e un segundo, dotado con 1.000 euros. Os traballos deberán ser entregados no rexistro do Concello de Xermade baixo o sistema de plica. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación: Curriculum Vitae dos solicitantes ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo ou grupo. Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: xermade.org. Deberase entregar orixinal en papel e copia en CD, en formato PDF ou Word, fonte Times New Roman, corpo doce, DIN A4. A extensión dos traballos será dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de catrocentos. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán. Os traballos deberán ser realizados e presentados e en lingua galega. A data límite de presentación dos traballos será o día 15 de febreiro de 2019. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Xermade, e catro vogais: Presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do concello de Xermade. A composición do xurado determinarase por resolución de alcaldía que se fará pública antes do 15 de marzo de 2019. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Xermade a aceptación do Premio no prazo de oito días naturais a partir da data da comunicación da concesión do mesmo. As obras premiadas poderán ser editadas polo Concello dentro do prazo dun ano; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida. A Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermade poderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación co traballo. Así mesmo, poderán deixar sen efecto o premio se o beneficiario incumpre as obrigacións sinaladas nas bases.

Referencias varias:

- M. R., “Abierto el plazo para presentar trabajos al Xermade na Historia”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 xuño 2018, p. 20.

Dáse conta de que xa está aberto o prazo para presentar traballos ao Premio Xermade na Historia convocado polo Concello de Xermade, a asociación de vecinos de Cabreiros, a Facultade de Ciencias da Educación da USC e a Deputación. Explícase que o premio conta con dous galardóns e que o prazo de presentación remata o 15 de febreiro de 2019. Dise que os gañadores da cuarta edición foron Javier Gómez Vila e Antonio Riveira co traballo *Xermade na Prehistoria. A paisaxe arqueolóxica no Paleolítico, megalitismo e Calcolítico*. Alúdese a que o segundo premio foi para María José Rodríguez García coa obra *Patrimonio artístico-relixioso do concello de Xermade: igrexas, capelas e ermidas*.

- C. P. R., “Xermade na Historia apuesta por publicar las obras premiadas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 xuño 2018, p. 18.

Dáse noticia de que foi a entrega de premios do IV Xermade na Historia. Dise que os gañadores foron, por unha banda, Javier Gómez Vila e Antonio Riveira, cun estudo que recolle 159 mámoas e, por outra banda, María José Rodríguez cun estudo que recolle todas as capillas, ermitas e igrexas de Xermade. Por último, anúnciase a convocatoria do premio V Xermade na Historia.

X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

XXXII Premio Antón Losada Diéguez

A Fundación Antón Losada Diéguez organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de “Creación literaria”, a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos daquela verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*; Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* en 2012; Begoña Camaño por *Morgana en Esmelle* en 2013; e Cesáreo Sánchez por *Caderno do Nilo* en 2014. Na modalidade de “Investigación”, en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A arte relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia social da lingua galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*, Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011; Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo* en 2012; Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* en 2013; e Antón Cortizas por *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais* en 2014; en 2015 o galardón foi para Diego Ameixeiras por *Conduce rápido* e na modalidade de investigación levou o galardón Ana Acuña por *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*; e en 2016 na modalidade

de creación literaria o galardón foi para Leticia Costas por *Un animal chamado néboa* e na modalidade de investigación levou o galardón Xosé Fernández Fernández por *Vicente Risco. Mestre de mestres*. Na edición correspondente ao ano 2017 concorreron ao galardón corenta e dúas obras (trinta en creación literaria e doce en investigación e ensaio) e o xurado, presidido por Diego Fernández Nogueira e composto por Xoán Babarro González, Pegerto Saavedra Fernández, Francisco Fariña Busto, Luis González Tosar, Ana Patricia Torres Madureira, María do Carme Silva Domínguez e Carlos Paulo Martínez Pereiro, coa ausencia de Xosé Henrique Costas González e con Julia Rodríguez Fernández como secretaria, premiou *Aqueles días en que éramos malas*, de Inma López Silva, e a publicación *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*, de Xosé Ramón Pena, resultaron gañadoras nas modalidades de creación literaria e investigación e ensaio, respectivamente.

Referencias varias:

- M. M., “Axeitos y Reza, premios Antón Losada Diéguez”, *La Región*, “Carballiño”, 29 abril 2018, p. 31.

Infórmase de que o gañador da 33 edición do premio Antón Losada Diéguez foi Xosé Luís Axeito coa súa obra *Manuel Antonio. Unha vida de rebeldía* no tocante ao ensaio. No tocante á creación o gañador foi Xosé Benito Reza coa súa obra *Terradentro*.

- M. M., “Reza y Axeitos recogen el premio Antón Losada”, *La Región*, “Carballiño”, 10 xuño 2018, p. 34.

Dáse conta de que Xosé Luís Axeitos, coa obra *Manuel Antonio. Unha vida de rebeldía*, e José Benito Reza, coa obra *Terradentro*, foron os gañadores da 33ª edición do premio Antón Losada Diéguez nas modalidades de investigación e creación respectivamente. Faise referencia a que Méndez Ferrín estivo presente no acto e foi gañador anteriormente do premio Antón Losada Diéguez e do Sereo da Cultura Galega outorgado pola Asociación Cultural Barbantía. Cóntase que presentou o acto Roberto Pascual Rodríguez, profesor e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e que Darío Rodríguez fixo unha representación teatral na que uniu a biografía de Losada Diéguez cun recital dalgunhas das súas pezas.

- X. L. Méndez Ferrín, “Doce de abóbora”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 15 xuño 2018, p. 25.

Recolle a etimoloxía de diferentes topónimos galegos con motivo da celebración dos premios Losada Diéguez no seu pazo de Boborás, outorgados a X. B. Reza e a X. L. Axeitos. Reivindica que non hai uns Premios Nacionais de Literatura ou cultura galega dados pola Xunta de Galicia.

Premio da **Gala do libro galego** da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza este premio, que recoñece os mellores libros publicados o ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que elixen a obra literaria premiada. No ano 2006 creouse o I Premio

Internacional AELG, baixo o lema “Escritor Galego Universal”. Na edición de 2007 aumentaron as categorías, e pasáronse a premiar obras de Literatura infantil e xuvenil, Teatro, Narrativa, Poesía, Tradución, Ensaio, e Traxectoria xornalística cultural co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2009 contou coa novidade do galardón da categoría de “Blog literario”. Na edición correspondente ao ano 2017 os gañadores nas distintas categorías foron: en ensaio *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*, de Mercedes Queixas, en tradución *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña* de Henrique Harguindey Banet, en proxecto literario na rede premiouse á Segá, Plataforma de Crítica Literaria, en Literatura infantil e xuvenil, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* de Leticia Costas, en iniciativa bibliográfica *Aulas sen paredes* De Rosalía Fernández Rial. En iniciativa cultural ou de fomento da lectura *Ciclo Vermú entre libros* da Libraría Paz, en libro ilustrado *Canta connosco* de Óscar Villán, en teatro *Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada* de Carlos Labraña, en xornalismo cultural Zig-Zag, en narrativa *Todo canto fomos* de Xosé Monteagudo e, finalmente, en poesía *O cuarto das abellas* de Antía Otero.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “A AELG distingue a Taibo Simó, Luz Fandiño e Pazos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, Ciencia, Cultura, Ocio”, 18 febreiro 2018, p. 38.

Comenta o fallo dos premios anuais da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e sinala que, dunha banda, que o galardón Escritor na súa terra-Letra E foi para Xoán Ignacio Taibo pola obra de toda unha vida; e, doutra, na Sección de Literatura Oral recoñeceu-se como Mestra e Mestre da Memoria a Luz Fandiño e Manuel Pazos.

- E. P., “Simó recibe con orgullo a distinción como Escritora Galega Universal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 maio 2018, p. 36.

Informa do premio que se lle concederá á escritora valenciana Isabel-Clara Simó na III Gala do Libro e apunta que entre os finalistas ás máis de catorce categorías existentes encóntranse escritoras como Teresa Moure, Rosa Aneiros ou Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Montse García, “Isabel-Clara Simó. ‘Es un alegrón ser Escritora Galega Universal’”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos os públicos”, “Literatura”, 19 maio 2018, p. L10.

Informa do premio que se lle concederá á escritora valenciana Isabel-Clara Simó na III Gala do Libro e apunta que no mesmo evento entregáranse os galardóns das catorce categorías existentes.

Concurso Literario **Beariz 2018**

As obras deben ser orixinais, inéditas e cunha extensión entre catro e doce follas mecanografiadas, a dobre espazo e unha soa cara. Será entregado orixinal e tres copias. As obras presentáranse seguindo o sistema de plica e debe achegarse unha declaración xurada de que o traballo non está publicado e foi elaborado especificamente para o certame en cuestión. As obras depositáranse nas oficinas do Concello de Beariz de nove

da mañá a catro da tarde. A data límite de presentación remata o 3 de agosto. O fallo do xurado terá lugar o 13 de agosto ás oito da tarde no Salón de Actos do Concello. O tema das obras será libre, en prosa e verso e poderán concorrer ao certame as obras escritas en galego e castelán. Os premios consisten nun primeiro, de 500 euros, un segundo, de 300, e un terceiro, de 200, acompañados de diploma. A propiedade dos orixinais será do Concello, os concursantes nunca poderán reclamar a propiedade do traballo antes nomeado unha vez depositado. O premio poderá declararse deserto se non hai traballos de calidade segundo os criterios do xurado.

Referencias varias:

- M. M., “O Concello de Beariz convoca su concurso anual de piezas literarias”, *La Región*, “Provincia”, “Carballiño”, 30 xullo 2018, p. 29.

Dáse noticia da convocatoria do Concurso literario do Concello de Beariz. Infórmase de que a data límite de entrega será o 3 de agosto e de que a temática dos textos, que deben ser inéditos, é libre, podendo estar escritos en galego ou en castelán, en prosa ou verso e debendo ter unha extensión de 4 a 12 folios.

Certame Literario Ben veñas, maio

Premio convocado pola Concellaría de Normalización Lingüística de Pontevedra e que conta coa colaboración dos equipos de normalización dos centros de ensino do concello. Agrupa distintas categorías: fotografía, banda deseñada, narración curta, poesía, música e unha semana de mostra teatral. O obxectivo é acadar unha maior utilización do idioma galego por parte das xeracións novas. A coordinación do certame vai rotando cada ano entre os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino público de Pontevedra e nesta edición tocoulle ao IES Torrente Ballester. Poderá participar o alumnado matriculado nos centros escolares de Pontevedra. O xurado poderá propor cantos accésits considere oportunos. Os apartados do ano 2015 relacionados coa literatura estarán escritos en lingua galega e divídense en dúas categorías (A, até catorce anos, e B, a partir de quince anos) que recibirán un premio en metálico (primeiro premio 150 euros e segundo premio 75), un lote de libros e o diploma. Os apartados son os seguintes: XXII Certame de Banda Deseñada, ao cal se presentarán obras orixinais, inéditas, cunha temática que reflexione sobre o uso e a valoración das linguas; XXII Certame de Narración curta, de temática libre, cunha extensión mínima de dous folios e máxima de seis; e XIV Certame de Poesía, de temática libre, cunha extensión máxima de trinta versos. Na edición de 2017 o alumando premiado foi, en narrativa Roi Varela Bernánrdez, Gonzalo Valiñas Baños e Pablo Boleas Francisco, e en poesía Noemia Veiga Gonçalves.

XIV Certame Literario Concello de Ames de Narrativa e Poesía

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até trece anos, segunda categoría dirixida a rapaces de catorce a dezaioito anos e a terceira para persoas de máis de dezaioito anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 150, 120 e 90 euros na primeira categoría; 180, 150 e 120 euros na segunda; e 260, 210 e 180 euros na terceira. Ademais, o Concello de

Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. Na edición correspondente o ano 2017 na modalidade de poesía houbo sesenta e nove traballos, mentres que en narrativa presentáronse sesenta obras. Este ano o xurado do certame estivo composto pola profesora Dolores Vilavedra, o escritor Manuel Portas e o poeta Ismael Ramos. Na modalidade de narrativa (categoría de até trece anos) o gañador foi Daniel Souto, do concello de Brión, coa obra *Vía libre*. O segundo clasificado foi Manuel Muñoz, de Carballo, coa peza *O mundo imaxinario de Uxío*, mentres que na terceira posición quedou Rosalía Sáez, de Santiago de Compostela, co traballo *O rostro dun asasinato*. Na segunda categoría (dos catorce aos dezasete anos) a gañadora foi Iria Freire, de Negreira, coa obra *Unha gaiola para a luz*. A segunda clasificada foi Ana Barros, de Marín, coa peza *Bala Perdida*, e na terceira posición quedou Lucía Fuentes, tamén de Negreira, co traballo *A vida de Marta*. Na terceira e última categoría (dezaioito anos ou máis) o gañador foi Antonio Piñeiro, de Ribeira, con *Sinfonía con quinto esquerda*. A segunda posición foi para Santiago Casal, de Oleiros, coa peza *Pel de mazá*, mentres que na terceira posición quedou Martiño Maseda, de Vilalba, co traballo *Omnisciencia*. Na modalidade de poesía (categoría de até trece anos) o primeiro premio foi para Paula Domínguez, de Pontevedra, coa obra *Romance da moza que quería ser tamén andoriña*. O segundo clasificado foi Anxo Villanueva, de Ames, coa peza *Monstro*, mentres que na terceira posición quedou Rodrigo Fontán, tamén de Ames, co traballo *A gata saleta*. Na segunda categoría (dos catorce aos dezasete anos) o primeiro premio foi para Manuel Xiráldez, de Brión, coa obra *De amor en vela*. O segundo premio recaeu en Laura López, de Lugo, coa peza *Pergameos Contemporáneos*, e na terceira posición quedou Irene Rico, de Burela, con *Euxénese poética*. Por último, na categoría de dezaioito anos ou máis, a gañadora foi Arancha Nogueira, de Ourense, coa obra *Para ser de ti*, a segunda clasificada foi Sara Villar, de Silleda, coa peza *The dreamers*, e na terceira posición quedou Luís Rodríguez, de Ames, co traballo *Deus: Making off*.

Referencias varias:

- M. Outeiro, “Ames premia con 3.000 euros o seu certame de poesía e prosa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago- A Barcala- Xallas”, 1 marzo 2018, p. 31.

Dá conta das bases do XV certame literario de narrativa e poesía do concello de Ames. Ademais, coméntase que a iniciativa pretende impuslar a creación literaria en lingua galega e difundir a cultura propia.

XXIV Certame Literario de poesía e narración breve Concello de Cambre

A Concellaría de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e

Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de doce a catorce anos; B, de quince a dezoito anos e C, de dezanove a vinteseis anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas de dous galardóns cunha contía de 173 e 128, 218 e 150 euros; e, por último, 300 e 173 euros en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía deben presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco páxinas DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra doce, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure “Certame literario”, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estuda ou traballa. Os traballos poden entregarse persoalmente nas administracións dos institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a rúa Río Barcés, n.º 8, 15660 Cambre, A Coruña. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Nesta XXIV edición, a data límite de entrega de traballos será o día 10 de maio de 2017.

Certame de Relato Breve e Poesía do **Concello de Rois**

Convocado polo Concello de Rois, poderán presentarse todas as persoas que o desexen, sen límite de idade. Os concursantes deben presentar un único texto en lingua galega, orixinal e inédito, cunha extensión máxima de dez folios para as obras narrativas, e unha extensión entre os dez e os sesenta versos para os textos poéticos. Os traballos deberán incorporar algún elemento característico de Rois. Conta con seis categorías: até os seis anos, entre sete e oito anos, entre nove e once anos, entre doce e catorce anos, entre quince e dezasete anos, e maiores de dezoito anos. Premiaranse dúas obras por cada categoría: 60 e 30 euros para a categoría de entre quince e dezasete anos; 100 e 50 euros para a categoría de maiores de dezoito anos; e no resto de categorías os premios consistirán en lotes de libros. Os traballos serán entregados no Concello de Rois, Samil, n.º 1 ou no edificio multiusos de Rois antes do día 30 de abril.

Referencias varias:

- Arca, “Dous concursos de narrativa e prosa para escoller a imaxe das festas de San Isidro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 marzo 2018, p. 23.

Dáse noticia de que o Concello de Rois convocou un concurso para escoller a imaxe das festas de San Isidro Labrador. Infórmase de que se trata do Certame Artístico e Literario dirixido a escritores de todas as idades con obras de narrativa breve e poesía e tamén de ilustración. Dise que o Certame Artístico e Literario servirá para celebrar tanto o Día Mundial do Libro como o Día das Letras Galegas.

XXIV Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da librería Xiada, está dirixido exclusivamente ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémíase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premio e se entregará tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos ou pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale cambiábel por libros, cortesía da librería Xiada.

II Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourenán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio e non deben ter relacións de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da “Crítica Galicia” abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixéronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos,

guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que contén con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese período; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, videocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993, “Galego Egrexio” a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de “Creación literaria”, foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Breña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da bremanza*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compañía*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Caccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; Ana Romaní en 2011 por *Estremas*; Agustín Fernández Paz en 2012 por *Fantasmas de luz*; Xabier Cordal en 2013 por *Transmuta*; e Xosé María Lema en 2014 por *Costa do Solpor*; Agustín Fernández Paz en

2015 por *A viaxe de Gagarin*; e en 2016 María do Cebreiro, por *O deserto*. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado da modalidade de Creación Literaria, formado por María do Cebreiro Rábade Villar, poeta, gañadora da edición 2016; Diana Pastoriza Espasandín, blogueira, asesora CAFI Santiago; Armando Requeixo Cuba, crítico; Mario Regueira Fernández, crítico; Manuel Forcadela, profesor da UDV; Marcos Calveiro, escritor e Eulalia Agrelo Costas, secretaría, APCG, acordou declarar como finalistas as obras *De catro a catro. Manuscrito inédito de Manuel Antonio* (Alvarellos); *Querido H.P. Lovecraft* de Antonio Manuel Fraga (Alcaíán, Urco) e *Nordeste* de Daniel Asorey (Galaxia). Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio á obra de Antonio Manuel Fraga *Querido H.P. Lovecraft* editada por Alcaíán Urco.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, “Os Premios da Crítica distinguen o labor cultural de Mercedes Peón e Ana Romaní”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 novembro 2018, p. 37.

Dá conta do acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia que tivo lugar nun hotel de Vigo e no que estivo presente o alcalde da cidade, Abel Caballero; Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra; Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega; Anxo Lorenzo, director xeral de Políticas Culturais da Xunta; e Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega. Sobre a novela premiada de Xabier P. Docampo, *A nena do abrigo de astracán*, o xurado destacou o feito de que a obra culmina a traxectoria creativa do escritor; e sobre o premio que recibiu a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Canga, o xurado sinalou a súa programación de calidade e a súa aposta comprometida a prol da igualdade materializada no proxecto “Mulleres en Acción”.

- Rosé Carrera, “Xabier P. Docampo, Premio da Crítica literario póstumo”, *La Región*, “Provincia”, 4 novembro 2018, p. 67.

Dá conta da apertura do prazo de presentación de traballos para o Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía. Informa das bases, da contía do premio e comenta os gañadores de anteriores edicións como Xurxo Alonso, Eduard Velasco e Raúl Gómez Pato.

- Rosé Carrera, “Os Premios da Crítica distinguen o desaparecido Xabier P. Docampo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, pp. 10-11/ *La Región*, “Sociedad”, p. 67, 4 novembro 2018.

Informa do galardón a tribuído á figura do finado Xabier P. Docampo pola obra *A nena do abrigo de astracán*. O galardón foi recollido polo seu fillo. Tamén se destaca o galardón de iniciativas culturais que recaeu en Ana Romaní.

- Maite Gimeno, “Homenaje póstumo a Xabier P. Docampo con el Premio da Crítica de Creación Literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 novembro 2018, p. 40.

Informa do galardón a tribuído á figura do finado Xabier P. Docampo pola obra *A nena do abrigo de astracán*. O galardón foi recollido polo seu fillo. Tamén se destacan como autores e autoras gañadoras noutras categorías a José L. Mascareñas, Ana Romaní, Mercedes Peón, Javier de la Peña, Álvaro Gago, Muestra de Cangas y Boaga.

Premios da Crítica Española

Creados no ano 1956, dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado español. A modalidade de literatura galega creouse no ano 1976. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. En anteriores edicións os premios foron para: na modalidade de narrativa, en 1976 para Carlos Casares por *Xoquetes para un tempo prohibido*; en 1978 para Xoán Ignacio Taibo, por *Homes de ningures*; en 1979 para Álvaro Cunqueiro, por *Os outros feirantes*; en 1980 para Xavier Alcalá, por *Fábula*; en 1981 para Alfredo Conde, por *Breixo*, en 1982 para Víctor Fernández Freixanes, por *O triángulo inscrito na circunferencia*; en 1983 para Camilo Gonsar, por *Desfeita*; en 1984 para Alfredo Conde, por *Xa vai o grifón no vento*; en 1985 para Lois Xosé Pereira, por *As horas de cartón*; en 1986 para Antón Risco, por *Memoria dun emigrante*; en 1987 para Ricardo Carballo Calero, por *Scorpio*; en 1988 para Víctor Fernández Freixanes, por *O enxoval da noiva*; en 1989 para Manuel Rivas, por *Un millón de vacas*; en 1990 para Xavier Queipo, por *Ártico*; en 1991 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Arraianos*; en 1992 para Salvador García Bodaño, por *Os misterios de monsieur d'Allier*; en 1993 para Suso de Toro, por *Tic-tac*; en 1994 para Xurxo Borrazás, por *Criminal*; en 1995 para Xesús Manuel Valcárcel, por *O capitán Lobo Negro*; en 1996 para Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*; en 1997 para Xosé Carlos Caneiro, por *Un xogo de apócrifos*; en 1998 para Manuel Rivas, por *O lapis do carpinteiro*; en 1999 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *No ventre do silencio*; en 2000 para Suso de Toro, por *Non volvas*; en 2001 para Xosé Vázquez Pintor, por *A memoria do boi*; en 2002 para Carlos Casares, por *O sol do verán*; en 2003 para Xabier López López, por *A vida que nos mata*; en 2004 para Xesús Constela, por *As humanas proporcións*; en 2005 para Teresa Moure, por *Herba moura*; en 2006 para Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*; en 2007 para Luís Rei Núñez, por *O señor Lugrís e a negra sombra*; en 2008 para Marcos S. Calveiro, por *Festina lente*; Xabier Quiroga en 2009 por *O cabo do mundo*; Víctor Freixanes en 2010 por *Cabalo de Ouros*; Antón Riveiro en 2011 por *Laura no deserto*; Begoña Caamaño en 2012 por *Morgana en Esmelle*; e Anxos Sumai en 2013 por *A lúa da colleita*. E na modalidade de poesía: en 1976 para Celso Emilio Ferreiro, por *Onde o mundo se chama Celanova*; en 1978 para Salvador García-Bodaño, por *Tempo de Compostela*; en 1979 para Eduardo Moreiras, por *O libro dos mortos*; en 1980 para Xohana Torres, por *Estacións ao mar*; en 1981 para Claudio Rodríguez Fer, por *Tigres de tenrura*; en 1982 para Xoán Manuel Casado, por *O libro de Caldelas*; en 1983 para Vitor Vaqueiro, por *A fraga prateada*; en 1984 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Seivas de amor e tránsito*; en 1985 para Antón Avilés de Taramancos, por *Cantos caucanos*; en 1986 para Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Os documentos da sombra*; en 1987 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *A gándara da noite*; en 1988 para Ramiro Fonte, por *Pasa un segredo*; en 1989 para Luís González Tosar, por *Remol das travesías*; en 1990 para Fermín Bouza Álvarez, por *Labirinto de inverno*; en 1991 para Gonzalo Navaza, por *Fábrica íntima*, en 1992 para Xavier Rodríguez Barrio, por *Antiga claridade*; en 1993 para Xulio López Valcárcel, por *Memoria de agosto*; en 1994 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Estirpe*; en 1995 para Ramiro Fonte, por *Luz de mediodía*, en 1996 para Pilar Pallarés, por *Livro das devoracións*; en 1997 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *Beira norte*; en 1998 para Yolanda Castaño, por *Vivimos no ciclo das erofanías*; en 1999 para Manuel Álvarez Torneiro, por *Luz de facer memoria*; en 2000 para Gonzalo Navaza, por *Libra*; en 2001 para Manuel Forcadela, por *Refutación da musa*; en 2002 para Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 para Xulio López Valcárcel, por *Casa última*; en 2004 para

Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Territorio da desaparición*; en 2005 para Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2006 para Manuel Vilanova, por *A Esmeralda Branca*; en 2007 para Helena de Carlos, por *Vigo*; en 2008 para Chus Pato, por *Hordas de escritura*; en 2009 para Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor*; en 2010 para Marga do Val por *A cidade sen roupa ao sol*; en 2011 para Olga Novo por *Cráter*; en 2012 para Manuel Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa*; e en 2013 para Berta Dávila por *Raíz da fenda*. Nos Premios da Crítica 2015, na categoría de Narrativa, Manuel Rivas obtivo o Premio da Crítica en lingua galega por *O último día de Terranova* (Xerais, 2015), e María do Cebreiro resultou a gañadora da categoría de Poesía coa súa obra *O deserto* (Apiario, 2015). Nos Premios da Crítica Española 2016 foron, en narrativa para *Non hai outro camiño*, de Isaac Xubín e en poesía foi galardoada *Soño e Vértice* de Eva Veiga. Nos Premios da Crítica Española 2017 a galardoada en poesía foi Lupe Gómez, por *Camuflaxe*, e Emma Pedreira en narrativa, por *Bibliópatas e fobólogos*.

Premios da **Cultura Galega** anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellaría de Cultura e Deporte no Pazo de Congressos, a dotación dos galardóns era de 15.000 euros en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio cultural. No ano 2010, 2ª edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes plásticas, Artes escénicas, Patrimonio cultural, Promoción da cultura exterior, Música e Creación audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2013 creouse o Premio Cultura Galega de Lingua. No ano 2016 os premios foron para María Xosé Queizán, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; para Miguel Fernández-Cid, no apartado das Artes plásticas; para Sarabela Teatro, na categoría de Artes escénicas; para o Museo de Pontevedra, na categoría Cultura Galega de Patrimonio Cultural; para Elena Zernova, no apartado da Proxección exterior de Galicia; para Maximino Zumalave, na categoría de Música; para Irmandade Xurídica Galega, no apartado de Lingua; e para Numax, na categoría de Creación audiovisual. Na edición correspondente ao ano 2017 os premios foron para Xohana Torres, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; para Berta Álvarez Cáccamo, no apartado das Artes plásticas; para Mabel Rivera, na categoría de Artes escénicas; para a Fundación Rosalía de Castro, na categoría Cultura Galega de Patrimonio Cultural; para Cristina Pato, no apartado da Proxección exterior de Galicia; para Uxía Senlle, na categoría de Música; para Proxecto Apego, no apartado de Lingua; e para Óliver Laxe, na categoría de Creación audiovisual.

Referencias varias:

- Luis Seoane, “Premios da Cultura a Villares, A Roda, Darriba, FIOT e Cans”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 setembro 2018, p. 36.

Dá conta do fallo dos Premios da Cultura logo da reunión do xurado na Cidade de Cultura

que estivo composto polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Xose Manuel Nuñez Seixas; a tesoureira da Real Academia Galega, Marilar Aleixandre; a académica numeraria da Real Academia de Betas Artes, Asunta Rodríguez; o reitor da Universidade da Coruña, Julio E. Abalde Alonso, e a secretaria xeral da Igualdade, Susana Lopez Abella, entre outros. Destaca que na modalidade de Letras o galardoado foi Xosé María Álvarez Cáccamo.

Premios Culturais Deputación da Coruña

Co fin de incentivar e recoñecer a creación cultural, a Deputación da Coruña organiza os doce premios culturais. Obras de narrativa, poesía, banda deseñada, artes plásticas, textos teatrais, composición musical, fotografía, literatura infantil e xuvenil, ensaio, artes gráficas ademais de grupos musicais, e iniciativas culturais pola igualdade de xénero poden concorrer a esta nova convocatoria. Son: XV certame Isaac Díaz Pardo de Artes Plásticas, XI Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, Torrente Ballester de Narrativa, XII premio Castela, XVIII premio Rafael Dieste de Textos Teatrais, XI premio Manuel Murguía de Ensaio, XII premio Andrés Gaos de Composición Musical, IX concurso para Grupos e Artistas Musicais, premio Jesús Nuñez de Arte Gráfica, II concurso Musical Infantil e Xuvenil, “Quero Cantar”, premios Rosalía de Castro e o VIII concurso de Viñetas 2017 “IgualMENTE”.

Referencias varias:

- ECG, “Respaldo á creación cultural por parte da Deputación da Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 decembro 2018, p. 37.

Informa da celebración da gala de entrega dos premios culturais da Deputación da Coruña na que se galardoaron a múltiples concursantes en diferentes categorías, destacando os accésits de An Alfaya, Eli Ríos, Oliver Añón e Dolores Torrado nas modalidades literarias.

XVII Premio Fernando Arenas Quintela de narrativa e ensaio

A librería coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer a esta décimo terceira edición calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre cento cincuenta e trescentas cincuenta páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia librería (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 euros. Na edición correspondente ao ano 2015 premiouse José Ricardo Pardo Gato pola obra *El Cuartel de Atocha. 150 años de historia*; en 2016 gañou Begoña Peñamaría Marco por *Una vida esperando*. En 2017 o xurado premiou Manuel Guisande, por *¿Cómo somos los gallegos? Depende*.

XIII Premio Frei Martín Sarmiento

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Religiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de Primaria e ESO, as mellores obras da Literatura Infantil e Xuvenil. Estabelece cinco categorías a partir da sétima edición: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º de Primaria; 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO; 3º e 4º de ESO; e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesorado e alumnado que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na primeira edición (2005) había tres categorías: de oito a dez anos; de once a trece anos; e a partir de catorce anos e os gañadores foron: na primeira categoría Ánxela Loureiro, por *Ota quere voar*; na segunda categoría Xosé Miranda e Antonio Reigosa, por *Cantos de parvos e pillos*; e na terceira categoría Lourenzo González, por *Irmán do vento*. Na segunda edición (2006) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O elefante dunha soa orella*; na segunda categoría Ramón Caride, por *A negrura do mar*; e na terceira categoría Francisco Castro, por *Un bosque cheo de faias*. Na terceira edición (2007) había catro categorías: 1º e 2º de Primaria; 3º a 5º de Primaria; 6º de Primaria a 2º da ESO; e 3º da ESO a 1º de Bacharelato. Os gañadores foron: na primeira categoría Pinto e Chinto, por *O pequeno da familia fantasma*; na segunda categoría Eva Peydro, por *As vacacións de Saida*; na terceira categoría Breogán Riveiro Vázquez, por *Tonecho de Rebordecho*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *Corredores de sombra*. Na cuarta edición (2008), os gañadores foron: na primeira categoría Concha Blanco, por *Poemas para pintar*; na segunda categoría Gloria Sánchez, por *Dez piratas*; na terceira categoría An Alfaya, por *Zoa e Azor*; e na cuarta categoría Domingo Villar, por *Ollos de auga*. Na quinta edición (2009) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O sorriso de Claudia*; na segunda categoría Fina Casalderrey, por *A lagoa das nenas mudas*; na terceira categoría Francisco Castro, por *O ceo dos afogados*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*. Na sexta edición (2010) incluíuse unha nova quinta categoría (adultos) e os gañadores foron: na primeira categoría Manolo Uhía, por *O autobús da selva*; na segunda categoría María Reimóndez, por *Lía e as zapatillas de deporte*; na terceira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *Os piratas da Illa de esperanza*; na cuarta categoría Marilar Aleixandre, por *Cabeza de medusa*; e na quinta categoría Miguel Anxo Murado, por *Fin de século en Palestina*. Na sétima edición (2011) hai unha nova mudanza nas categorías que quedarían en seis: 1º e 2º de Primaria, 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO máis Bacharelato, e adultos. Os gañadores foron: na primeira categoría Xoán Babarro, por *A tea de Araña que todo o apaña*; na segunda categoría Ramón Caride, por *Andanzas de Xan Farrapeiro*; na terceira categoría An Alfaya, por *A ánfora exipcia*; na cuarta categoría Francisco Castro, por *Chámademe Simbad*; na quinta categoría Carlos Vila Sexto, por *As sete mortes*; e na sexta categoría Domingo Villar, por *A praia dos afogados*. Na oitava edición (2012) os gañadores foron: na primeira categoría Abraham Carreiro, por *As espiñas do porco espiño*; na segunda categoría Antonio Yáñez Casal, por *Xoa*; na terceira categoría Teresa González Costa, por *A filla do ladrón de bicicletas*; na cuarta categoría Elena Gallego, por *Dragal*; na quinta categoría Manuel Núñez Singala, por *Menú de enganados*; e na sexta categoría Xulia Alonso, por *Futuro imperfecto*. Na novena edición (2013) gañaron na 1ª categoría *Vou ter un irmán*, de María Solar e Xosé Tomás (como ilustrador); na 2ª categoría *Ti non xogas*, de Xurxo Silvestre Gómez; na 3ª categoría *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, e *Xoeliki*, de Abraham Carreiro; na 4ª categoría *Mortos de ningures*, de Leticia Costas e Pere Tobaruela; e na 5ª categoría *O noso amor será eterno*, de Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Na décima edición (2014)

gañaron na 1ª categoría *A pomba dona Paz*, de Ramón Caride; na 2ª categoría *O monstro das profundidades*, de Manuel Uhía; na 3ª categoría *A verdadeira historia da mosca da tela*, de María Solar; na 4ª categoría *O elefante branco*, de Xesús Fraga; na 5ª categoría *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; e na 6ª categoría *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo. En 2016 gañaron: na 1ª categoría Paula Carballeira, con *A Burra Ramona*; na 2ª categoría Xavier Frías, por *As aventuras de Enrico Müller*; na 3ª categoría Xavier Estévez, por *Todos os soños*; na 4ª categoría Santiago Jaureguizar, por *O veneno da risa*; na 5ª categoría Agustín Fernández Paz, por *A neve interminable*; e na 6ª categoría Francisco Castro, por *Tes ata as dez*. Nesta décimo terceira edición de 2017, foron premiadas: Cé Orquestra Pantasma por *Fíos do querer*; S. Coop. Galega Miudiño; 1ª categoría Pinto e Chinto por *A estrambótica Illa do Tesouro*; E. Bululú; 2ª categoría Xan López Domínguez por *Viaxe a Dragonia*; Ed. Rodeira-Edebé; 3ª categoría, Xabier López López por *O home que sabía voar*; Ed. Tambre; 4ª categoría Xosé Lois Ripalda por *O inspector Chumbo*; Ed. Ir Indo; 5ª categoría, An Alfaya por *A cea das enaguas*; Ed. Tambre; e na 6ª categoría María Solar, por *As horas roubadas*; Ed. Xerais.

II Gala do Libro Galego

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (Rúa República del Salvador, n.º 28 entrecán B, 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das modalidades (centros de ensino, libro, autor, obra editorial, fomento da lectura, librarías e, dende 2013, obra infantil e xuvenil), consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellaría de Eduación, un bibliotecario, un profesor de Lingua e Literatura galegas e un escritor. En 2016 únese o premio irmandade do libro con gala das letras e noite da edición. O acto de entrega tivo lugar o 14 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Na categoría de ensaio o premio foi para *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*, de VV. AA.; en tradución Mocidade, de Joseph Conrad, en tradución de Alejandro Tobar; en proxecto literario “Poétic@” de Fran Alonso; en Literatura Infantil e Xuvenil, *O meu pesadelo favorito*, de María Solar; en iniciativa bibliográfica *Lendo lendas, digo versos*, de Antonio G. Teijeiro con ilustracións de Xosé Cobas; en iniciativa cultural ou fomento da lectura a Espazo de lectura; en libro ilustrado, *Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky*, de Xosé Cobas con textos de José Antonio Abad Varela; en teatro, *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas; en narrativa, *O último día en Terranova*, de Manuel Rivas; en poesía, *Oso, mamá, sí?*, de María Lado e en xornalismo cultural a Sermos Galiza. Ademais entregáronse os premios honoríficos da Federación de Librarías de Galicia a Librería Pedreira; da Asociación de Editores Galegos a editorial Laiovento e o Escritor Galego Universal da Asociación de Escritores en Lingua Galega a Pere Gimferrer. Na edición de 2017 as obras gañadoras foron: na categoría de ensaio *Labrego con algo de poeta*, de Mercedes Queixas (Editorial Galaxia); en tradución *Historia do nobre Ponto, que foi rei*

de Galiza e de Bretaña, Anónimo, traducido por Henrique Harguindey Banet (Rinoceronte Editora); en Proxecto literario na rede gañou A Seg. Plataforma de Crítica Literaria; na categoría de Literatura infantil e xuvenil o galardón levouno *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas (Edicións Xerais); na categoría de Iniciativa bibliográfica o premio foi para *Aulas sen paredes*, de Rosalía Fernández Rial (Edicións Positivas); en Iniciativa cultural ou de fomento da lectura gañou Ciclo Vermú entre libros, da Librería Paz; na categoría de Libro ilustrado, foi para *Canta connosco*, de Óscar Villán (Kalandraka); en Teatro foi para *Moito Morro Corporation Sociedade Ilimitada*, de Carlos Labraña (Editorial Galaxia); na categoría de Xornalismo cultural foi para Zig-Zag, TVG; en narrativa levou o galardón *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo (Editorial Galaxia); e en Poesía gañou *O cuarto das abellas*, de Antía Otero (Edicións Xerais).

Referencias varias:

- Belén López, “Eva Mejuto, Isaac Xubín, Lucía Novas e Kalandraka, nomeados aos premios da Gala do Libro Galego”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 marzo 2018, p. 13.

Comenta que a editorial Kalandraka opta a seis galardóns e varias destas nominacións implican autores pontevedreses: á mellor traducións, Isaac Xubín, e o mellor título de poesía, Lucía Novas. Apunta tamén outros pontevedreses nominados como Eva Mejuto, Xosé Álvarez Castro, Luís Davila, Leticia Costas e Marcos Calveiro.

- R. L., “Xabier Docampo e Xurxo Mariño, premiados na Gala do Libro”, *El Progreso*, “Literatura”, “Cultura”, “Vivir”, 20 maio 2018, p. 57.

Achega unha listaxe dos premios da Gala do Libro, mais fai fincapé na escollida como mellor obra de narrativa: *A nena do abrigo de astracán*, de Xabier P. Docampo, sobre a que o xurado valorou a mestría do autor para empregar o medo e a memoria para explicar a represión e o control social na ditadura franquista.

- Tamara Montero, “O libro galego entrega os seus premios nunha gala reivindicativa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 maio 2018, p. 37.

Ofrece unha listaxe dos premiados na Gala do Libro.

- Clara Aldán, “Ración de celebracións”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 21 maio 2018, p. 9.

Dá conta de diferentes acontecementos alegres que tiveron lugar durante a fin de semana entre os que sinala o premio que recibiu a obra *Os nenos da variola*, de María Solar, como mellor libro xuvenil, o de *A señorita Bubble*, de Leticia Costas, como mellor libro infantil, e o de *Pippi Mediaslongas*, da editorial Kalandraka, como mellor tradución.

- E. P., “A Gala do Libro Galego reconece a Lupe Gómez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 maio 2018, p. 31.

Informa de que *A meniña do abrigo* de Xabier P. Docampo e *Camuflaxe* de Lupe Gómez foron recoñecidas, respectivamente, como mellor novela e mellor poemario do ano 2017

na Gala do Libro. Indica tamén que o xurado destacou da obra de Gómez a súa capacidade para facer da experiencia individual unha vivencia colectiva.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005, este premio reconece os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns, sen dotación económica, consisten na exposición das obras gañadoras nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. O premio ás mellores ilustracións infantís e xuvenís en edicións anteriores recaeron nos seguintes ilustradores galegos: Óscar Villán con *O coelliño branco* en 1999; Federico Fernández con *¿Onde perdeu Lúa a risa?* en 2002; e Pablo Amargo con *O monstro da chuvia* en 2004. *Pancho*, de Antonio Santos, foi segundo premio en 2003; *Pucho, o habitador dos tellados*, terceiro premio na categoría de libro infantil en 2006; en 2010 o segundo e terceiro galardóns foron para *Cantas pingas na cidade!*, escrito e ilustrado por Eva Montanari, e *Os mil brancos dos esquimós*, de Isabel Minhós Martins; en 2011 o terceiro premio foi para *Diógenes*, de Pablo Albo, editado por Kalandraka; e en 2012 o primeiro premio foi para a obra *Kipling ilustrado*, de Rudyard Kipling, con ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Monserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester, editado por Kalandraka Editora. Na edición de 2012, o primeiro premio na categoría de obras facsímiles foi para *Cantigas de Santa María de Alfonso X el Sabio*, editada por Testimonio Compañía Editorial, coeditado con Patrimonio Nacional. No ano 2015 desenvolveuse a edición relativa ás obras publicadas en 2014. Na categoría de “Obras generales y de divulgación” a terceira obra premiada foi *Fernando Pessoa. Selección poética* editada por Kalandraka Editora. Na edición correspondente ao ano 2017 non houbo ningún premio vinculado a Galicia.

XXII Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela, Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es. Está dotado de 600 euros para cada unha das modalidades. No ano 2013, celebrouse a entrega de premios da XVIII edición. En pasadas edicións resultaron gañadores autores como Ramón Sandoval Pérez, Manrique Fernández Vázquez, Luis Lexandanel Pita, David Daniel Vázquez, Francisco Piñeiro González, Alba Cid, Emma Pedreira, Xosé Manuel Dopazo ou Beatriz Lorenzo. Na última edición os gañadores foron o poeta cubano Luiz Laxandandel e o galego David Daniel Vázquez Álvarez. Na edición de 2017 presentáronse oitocentas corenta e oito obras, das cales catrocentas dez corresponden á categoría de poesía e catrocentas trinta e oito á de narrativa. En poesía resultou premiada Sofía Carril Calvo, por *Versos de outono*, o primeiro accésit foi para Alexander Aguilar López, por *Baile de máscaras*, e o segundo accésit para Luís Leandel Pita García, por *Como la nieve entre las manos de un niño*, e cunha mención de honra para Obdulio Alonso López, por *A outra mirada*; na categoría

de narrativa os premios foron para Juan Carlos Pérez López, por *La rebelde pacífica (o la hacedora de versos indomables)*; o primeiro accésit para *Redención*, de M. Victoria Rebollo Bote, e o segundo accésit para *Lucía*, de Santiago Casal Quintáns; con dúas mencións de honra, para Francisco Javier Fernández Dávila, por *Desde mi dedal* e Nélida Leal Rodríguez por *O Faro*.

Referencias varias:

- L. P., “La ourensana Sofía Carril recibe el premio literario Manuel Rodríguez López”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 decembro 2018, p. 13.

Dá conta da concesión do Premio Manuel Oreste Rodríguez López na súa vixésima terceira edición a Sofía Carril Calvo na modalidade de poesía e a Carlos Pérez na modalidade de narrativa.

Certame Literario **Mariano Virxe da Armada**

A Asociación Cultural “Santuario Virxe da Armada”, dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600, 300 e 150 euros e para a presentación dos traballos deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo. O prazo de presentación desta edición de 2017 rematou o 31 de maio e a entrega de premios foi durante a semana do novenario da celebración mariana.

III Concurso Literario **Mazarelos**

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela convoca este certame que acepta relatos e poesías. O obxectivo é fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a capacidade de expresión en lingua galega. Os galardóns consisten en 500, 250 e 150 euros ademais de cadanseu diploma. Os premiados na primeira edición, que pechaba o prazo o 23 de setembro de 2015, foron Miguel Cavadas Docampo por “Os dous de cando en vez”; Paula Antía Rey Baliña por “Ántrax”; e Laura Camino Plaza por “O letargo da lavanda”. Os premiados da segunda edición foron Philip Ducan Webb por “Satanás fóra! - Realidade e ficción no Códice Casabraván”; Alba María Rodríguez Díaz por “O mes máis cruel”; e Gisella Costas López, por “Inasíbel”. Na terceira edición foron galardoadas, co 1º premio, *O aniversario*, de Arancha Nogueira; 2º premio, *O sentido común*, de Jorge Rodríguez Durán; e o 3º premio, *Mar de fondo*, de Valentín Estévez Souto.

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura dramática e Literatura infantil e xuvenil, en calquera das linguas do

Estado español e están dotados de 20.000 euros. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me queres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de Ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; na modalidade de Literatura dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; e na modalidade de Literatura infantil e xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008; e na modalidade de Poesía Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Os ángulos da brasa* en 2013. Na edición correspondente ao ano 2015 resultou gañador Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987) na modalidade de Poesía Joven Miguel Hernández pola obra *Celebración* (2014). En 2015 o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil gañouno *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Leticia Costas. Na edición de 2017 resultou premiado Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, con *Poemar o mar*.

Referencias varias:

- Sara Vila, “Tamara Andrés. ‘A nosa poesía non ten nada que envexarlle a outras literaturas’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 31 outubro 2018, p. 49.

Entrevista a Tamara Andrés con motivo de se coñecer a nova de que foi finalista do premio nacional de poesía joven Miguel Hernández por *Corpo de Antiochia*. Resalta o alto nivel da poética da súa xeración que, baixo o seu punto de vista, non ten nada que envexar da que se publica noutros sistemas literarios. Ademais, menciona dúas antoloxías que recollen a produción poética máis recente: *No seu despreñar*, de Apiario; e *Antoloxía da poesía gaelga próxima*, de Chan da Pólvora. Por último, menciona que o vindeiro ano publicará o poemario *Irmán paxaro* con Urco Editora.

- Jaureguizar, “A galega Lama gaña o Nacional de Ensayo cunha obra sobre Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 novembro 2019, p. 73.

Repasa algunha das principais características da obra que fixo gañar a María Xesús Lama o premio Nacional de Ensayo. Destaca que no traballo trata de desmentir algunha das características que se lle atribúen á autora, como o seu carácter apoucado ou a dependencia de Manuel Murguía.

XXVI Certame Literario da Asociación Cultural A Pipa de Becerreá

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve (esta última dende o ano 2013), cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme ás bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, n.º 57, 27640 Becerreá, Lugo). O certame establece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaioito; e de adultos, a partir dos dezaioito anos, aínda que para a modalidade de dramaturxia breve só poden participar maiores de idade. Para cada categoría

estabelécense dous premios (dende a convocatoria de 2013, antes eran tres) e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado decidiu premiar a María Calvar Giráldez, por *Invisible sen sabelo* (2º Premio infantil de Relato); Carlos Comuñas López, por *A primeira misa do Manoliño* (1º Premio infantil de Relato); Higinio Rodríguez Cedrón, por *Os Ancares* (accésit infantil de poesía); Nuria Devesa Núñez, por *Chegou a beleza* (2º Premio infantil de poesía); Miriam Trabado Núñez, por *O inverno* (1º Premio infantil de poesía); Laura Pardeiro Álvarez, por *O paporrubio de Nadal* (accésit de relato); Xulio Romero Suárez, por *O pombal de Muños* (2º Premio de relato); Gonzalo Loizaga Latorre, por *Don Cecilio e Dona Plácida* (1º Premio de relato); José Ramón Sánchez Varela, por *Tatuaxe na ferida* (accésit de poesía); Abel Tomé Piñeiro, por *Ausente*, (1º Premio de poesía); Ernesto Suárez, por *Fíos* (2º Premio de dramaturxia breve); e Jonatán Cabaleiro, por “*Unha palabra perdida*” (1º Premio de dramaturxia breve). O acto contou coa presenza da escritora María Reimóndez. En 2017 informouse aos medios de comunicación a cancelación do certame literario.

XVII Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego de obras da literatura universal. Estaba dotado de 3.000 euros, que na convocatoria da XII edición pasaron a 2.000, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma, ademais da publicación da obra por Rinoceronte Editora. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Na edición de 2015, correspondente ás obras de 2014, outorgouse o premio ex aequo a Mona Imai, por *Botchan* de Natsume Soseki, e a Alejandro Tobar, por *O forasteiro misterioso* de Mark Twain; en 2016 a Isabel Soto pola obra *Fosca*, de Iginio Ugo Tarchetti. Na edición de 2017 o xurado, composto polos seguintes membros: Olga López (Xunta de Galicia), Fernando Moreiras (Asociación de Tradutores Galegos), Ana Luna (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), Marilar Aleixandre (Real Academia Galega) e Xulio Ríos (Director do IGADI), quen actúa en calidade de secretario do xurado, con voz pero sen voto, decidiu deixar deserto o premio nesta XVII edición por non cumpriren as obras presentadas as bases establecidas.

I Premios Provinciais á Xuventude do Concello de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha a primeira convocatoria dos Premios Provinciais á Xuventude, co ánimo de promover o talento e o potencial da mocidade da provincia. O certame está composto por sete categorías: Iniciativa social; iniciativa empresarial; Blogs; Educación en valores; Traballo musical; Traballo literario breve; Fotografía. Conta con 21.000 euros en premios (3.000 euros en varios premios por cada unha das categorías). Nesta primeira edición o

prazo de inscrición foi até o 5 de xuño. En total presentáronse aos primeiros Premios Provinciais á Xuventude noventa e un traballos dos cales vintenove foron propostas para a modalidade de fotografía, vinte e catro para traballos literarios breves, quince gravacións musicais, doce propostas na categoría de blogs, seus de iniciativa empresarial, tres proxectos de educación en valores e dous de iniciativa social. O xurado tivo que seleccionar entre as noventa e dúas propostas enviadas aos premios as tres mellores nas modalidades de traballo literario breve, traballo musical, fotografía e blogs e as dúas mellores nas categorías de iniciativas sociais e empresariais e traballos de educación en valores. Na modalidade de traballo literario breve, valorado en 1.500 euros, foi para Pablo Lourido de Vigo por *Facer as preces*; o segundo premio, de 1.000 euros, María Argibay, de Ponte Caldelas, por *Biquei a area*; e o terceiro premio, de 500 euros, foi para Tamara Andrés, de Poio, por *Os amantes tráxicos*.

XXII Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatarse os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 euros e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2015 non lle correspondeu convocatoria. No ano 2016 a obra gañadora foi *Fernando Osorio do Campo. Unha vida sen tregu*, Carlos Biscaíño. O ano 2017 non lle corresponde.

XII Concurso literario Rita Suárez Amado

Certame convocado polo Instituto Eusebio da Guarda (A Coruña) que conta coa colaboración da Concellaría de Educación e da Deputación da Coruña. Estabelécense dúas categorías, relato e poesía, e catro niveis de participación en cada unha delas: 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; Bacharelato; e Adultos. Pode participar calquera persoa que presenten traballos en castelán ou galego, orixinais e inéditos. As alumnas premiadas na XII edición no curso 2016-2017 son: Accésit Nivel I (1º Ciclo ESO), modalidade poesía: Andrea Piñeiro Núñez; Accésit Nivel III (Bacharelato), modalidade relato curto, para Yéssica Domínguez Pérez.

X Certame literario Rosa de Cen Follas do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 euros para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (Rúa Espiñeira,

n.º 10, baixo, Santiago de Compostela). Nesta edición de 2017 o xurado, composto pola Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a Coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, a poeta Iolanda Aldrei e o xornalista Joel Gómez, acordou premiar, na categoría de narrativa, a *Encher de vida o peito*, de Carlos Mendez Leis, cunha mención especial para *Retallos*, de Purificación Leal Docampo; e na categoría de poesía, para *Habitación compartida no materno-infantil*, de Verónica Martínez Delgado, tamén cunha mención especial para *Versos sen pan*, de Xosé Pompei.

XXVII Premio **San Martiño de Normalización Lingüística**

Os Premios San Martiño de Normalización Lingüística son uns premios convocados anualmente pola Asociación Cultural O Brado da Estrada para premiar a persoas e colectivos que destacan polo seu labor de promoción do idioma galego. Os premios teñen tres categorías: A Estrada e Comarca de Tabeirós-Terra de Montes, Galicia enteira e Toda unha vida. A listaxe histórica de galardoados é a seguinte: en 1991; Xoaquín Fernández Leiceaga, e Daniel García Ramos, en 1992; Carlos Mella e Ramón Castromil, en 1993; Chano Piñeiro e Victorino Gutiérrez Aller, en 1994; Antonio Rodríguez Fraiz, Área Central-Supermercados e Manuel Reimóndez Portela, en 1995; Manuel Cabada Castro, Adegas As Eiras e Xosé Neira Vilas, en 1996; Bamarti, Mago Antón e Antón Fraguas, en 1997; Pepe Carballude, Mini e Mero e Avelino Pousa Antelo; en 1998: Xavier Comesaña, A Mesa pola Normalización Lingüística e Isaac Díaz Pardo, en 1999; Panadería A Fogaza, Radio Estrada, Editorial Galaxia e Francisco Fernández del Riego, no 2000; Irmáns Picaño, Ana Romaní e Xesús Alonso Montero, en 2001; Recreo Cultural, Roberto Vidal Bolaño e Virxilio Viéitez, en 2002; Calzados A Esquina, Asociación Rapa das Bestas, Antón Santamarina e Valentín Arias, en 2003; Calobre C.F., Grupo Coesco, Xesús Ferro Couselo e Fernando Quintela, en 2004; Sporting Estrada, Edicións Fervenza, San Luís e Manuel Caamaño Suárez, en 2005; Panadería Cervela, Galería Sargadelos, Librería Couceiro, Bernardino Graña e Manuel María (a título póstumo), en 2006; Vidromoss, Preescolar na Casa, Francisco Pillado Maior e Xosé Manuel Beiras Torrado, en 2007; Os Tirinautas, Xosé Lueiro Lemos e Galicia Hoxe, en 2008: Xosé Manuel Porto Iglesias e Xosé González Martínez, en 2009; A fervenza de Ouzande, Carlos Varela García e Xosé Luís Franco Grande, en 2010; Olimpio Arca Caldas e Monte Cabalar SCGR, en 2011; Fillos e Amigos da Estrada, Cantigas e Agarimos e Carlos Amable Baliñas, en 2012; Ramón Campos Suárez, Treixadura e Francisco Novoa Rodríguez, en 2013; Carlos Loureiro Rodríguez, Asociación Punto Gal e Francisco Novoa Rodríguez, en 2014; A Xesteira de Couso, Luís Davila Malvido e Andrés Torres Queiruga, en 2015; Irmandinhos A Estrada, Feiraco e José Antonio Gómez Segade, en 2016; Salvador García-Bodaño, Jesús Mayo e Viravolta Títeres, en 2017; Asociación Codeseda Viva, na modalidade A Estrada e comarca de Tabeirós-Terra de Montes, Carme Pérez Vaquero, na categoría Galicia enteira e Mario Franco Rodríguez na categoría Toda unha vida. Na presente edición do ano 2018 as persoas premiadas foron Manuel Pereira na categoría Tabeirós-Montes; Uxía Senlle na categoría Galicia e Xosé María Lema na categoría Toda unha vida.

Referencias varias:

- Sol Elvira, “Recoñecen o traballo a prol da lingua de Pereira, Uxía e Lema”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 outubro 2018, p. 34.

Dá conta de que o premio A Estrada e Comarca de Terras de Monforte recaeu no poeta Manuel Pereira Valcárcel sobre o que o xurado destacou a súa extensa traxectoria literaria que abrangue tanto poesía como narrativa e que axudou notablemente á promoción e divulgación da lingua e da cultura galegas fóra de Galicia.

- Blanca Paz, “Manuel Pereira, Uxía Senxelle e Xosé María Lema, premiados pola súa defensa da lingua”, *Diario de Pontevedra*, “Deza. Tabeirós”, 6 outubro 2018, p. 25.

Informa do fallo da XXVIII edición dos Premios San Martiño de Normalización Lingüística e na categoría de difusión da lingua na comarca de Tabeirós-Terra de Montés o galardoado foi Manuel Pereira Valcárcel. Indica que a motivación do xurado para esta escolla foi a súa traxectoria literaria, que abrangue tanto a poesía como a narrativa e que contribuíu á divulgación e promoción da lingua e cultura galegas fóra de Galicia. Comenta que Valcárcel publica literatura desde os anos 90 e que participa na revista de poesía galega *Olga*.

- S. E., “Recoñecen o labor a prol da lingua de Pereira, Uxía e Lema”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, 14 novembro 2018, p. 35.

Dá conta do acto de entrega dos premios San Martiño de Normalización Lingüística que tivo lugar no Teatro Principal da Estrada e de que un dos momentos máis emotivos da gala foi a entrega do galardón ao poeta Manuel Pereira Valcárcel por ser natural da parroquia estradense de Ouzande. Indica que Pereira Valcárcel é membro do Grupo Bilbao desde 1996 e que a súa poética é intimista e prolífica.

- Patricia Figueiras, “A Estrada entrega os Premios San Martiño de Normalización Lingüística”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 14 novembro 2018, p. 25.

Informa do acto de entrega dos XXVIII Premios San Martiño de Normalización Lingüística que tivo lugar no Teatro Principal da Estrada.

XI Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo “comitatus Flammus”, é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos dez aos catorce anos), xuvenil (dos catorce aos dezoito anos) e adultos (maiores de dezoito anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas Escolas do Corgo, s/n, 27163 O Corgo, Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do

mundo das letras. Na edición de 2017 o xurado, composto por D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, D. Xosé Manuel Castro Castedo, Dna. Ánxela Gracián, D. Carlos Coira Nieto, D. Mario Outeiro Iglesias, decidiu premiar na categoría infantil, modalidade poesía, a Miguel Villanueva Moretón, de Gracián-Arcos (Castroverde), pola obra *Queiman Galicia*; 2º premio: Yare Brea Espinosa, da Coruña, pola obra “*O mosto do magosto*”; e 1º accésit: Nerea Campos Castro, do Corgo, pola obra *O bosque*; na modalidade relato o primeiro premio foi para María Calvar Giráldez, de Mos (Pontevedra), pola obra *Carmen, a esperanza de dona Gloria*; 2º premio: Álvaro Muñiz Pérez, de Barredo (Castroverde), pola obra *Ditos das miñas avoas*; na categoría xuvenil, modalidade poesía, o primeiro premio concedéuselle a Natalia Lema Otero, de Vimianzo (A Coruña), pola obra *Miserias do home*; 2º premio: Laura López Esteban, de Lugo, pola obra *A confección dos soños*; na modalidade relato foi o 1º premio: Adrián Noia Vázquez, de Santiago de Compostela, pola obra *Diario dunha marea negra*, e o 2º premio: Juan Carlos Regueiro García, da Coruña, pola obra *Domingo, o Curuxo*; xa na categoría de adultos, na modalidade poesía, fíxose co premio María Teresa Iglesias Yugat, de Santiago de Compostela, pola obra *Pensarte*; 2º premio: José Ramón Sánchez Varela, de Carballo (A Coruña), pola obra *Días de inverno e fedor a loito*, e na modalidade relato foi para Xosé Sobral Amoedo, de Santiago de Compostela, pola obra *A importancia dos detalles*; e 2º premio: Jonatán Cabaleiro, de Ponferrada, pola obra *O rescate do grandón*.

Premios de Relato, Poesía e Tradución da **Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, do cal queda excluído o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa normativa vixente. Estabelécese un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. Na edición correspondente ao ano 2017 outorgáronse os seguintes galardóns: Poesía: 1.º Premio: Genaro Dasilva Méndez, polo poemario *Hadewijch*; 1.º Accésit: Tamara Andrés Padín, polo poemario *Recuperar as mans*; 2.º Accésit: Paulo Vilar Millán, polo poemario *Nas ribeiras dos finisterraes*; o xurado decidiu recomendar a publicación dos poemarios: *Un outono en Berlín*, de Martín Iglesias Taboada; *Capítulo*, de Anxo Mena Rodríguez; Relato Curto: 1.º Premio: Lidia Dosil Tajés, polo relato *Misións*; 1.º Accésit: Xosé Sobral Amoedo, polo relato *Contacontos cotiáns*; 2.º Accésit: Antía Iglesias Fernández, polo relato *Cortiza branca*; Tradución literaria: 1.º Premio: Manuel Arca Castro, pola tradución dun texto de

Raymond Carver; 1.º Accésit: Moncho Iglesias Míguez, pola tradución dun texto de Azhar Abidi; 2.º Accésit: Hadrián Pérez Roma, pola tradución dun texto de Chimamanda Ngozi Adichie. O xurado decidiu recomendar a publicación dun texto de Randa Jarrar, traducido por Moncho Iglesias Míguez.

IV Certame Literario de Poesía e Relato curto **Vitrales**

Certame organizado polo Colexio Maior Universitario La Estila coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela. Inclúe dúas modalidades Poesía e Relato Curto e tres premios para cada unha das modalidades tanto en lingua galega coma en castelán. O Xurado do Premio, formado por Alfredo Conde (Escritor, Premio Nadal e Nacional de Literatura), Benedict Buono (Profesor Titular de Filoloxía da USC e Poeta), Luís Alonso Girgado (Editor, Escritor, Investigador e Tradutor), Rosa Marta Gómez Pato (Profesora Titular de Filoloxía da USC e Tradutora), M^a Mercè López Casas (Profesora Titular de Filoloxía Catalá da USC) e Daniel Núñez Hernández (Director do Colexio Maior La Estila), actuando de secretario do Premio José Antonio Constenla, premiou na Categoría de Poesía: Primeiro premio: Samuel Parada Juncal, Segundo premio: Abel Lorenzo Rodríguez, Terceiro Premio: Mateo Buján Varela, e Finalistas: Fabián Freijerdo Fariñas e Enrique Pena Vites; na Categoría de Relato Curto: Primeiro Premio: Adrián Feijoo Sánchez, Segundo Premio: Betsabé M^a Domínguez Osorio, Terceiro Premio: Gabriel Fontes Míguez, e Finalistas: Tamara Agra Barreiro e Laura López Rey.

XXVI Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Pode participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaioito anos e, a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaioito e vinte e cinco anos, cun só traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con cinco categorías: categoría A (de seis a oito anos); categoría B (de nove a once), categoría C (de doce a trece), categoría D (de catorce a quince), categoría E (dezaseis a dezaioito) e F (de dezaioito a vintecinco anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasalho, nun diploma e un vale de 70 euros para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 euro para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 euros, en cada modalidade. O xurado está composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. A entrega de premios realizouse no transcurso do acto que se celebrou o día 17 de maio de 2018 no Salón de Actos do Centro Cultural Xaime Illa Couto (Raxó).

Premios **Xohán de Cangas**

Concedidos pola Concellaría de Cultura do Concello de Cangas co obxectivo de recoñecer o labor que desenvolven numerosas persoas a prol da cultura e lingua galegas. As persoas premiadas recibirán un recoñecemento oficial e unha escultura pero sen remuneración económica durante un acto celebrado polo Día das Letras Galegas. No ano 2017 resultaron gañadores: Premio Xoán de Cangas de Cultura do Traballo para José Fernández Canos "O gaiteriño", mentres o Premio Xohan de Cangas de Creación Artística e Literaria foi para o pintor Manuel Pizcueta Barreiro.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Convoca este certame galego a Consellaría de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír o anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de Teatro, Artes plásticas, Moda, Música, Relato breve, Poesía, Videocreación, Banda deseñada, Graffiti, Carteis, Deseño de xoias e Monólogos. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel, un único exemplar, e en CD. En poesía, as obras deben estar en formato dixital e ter unha extensión mínima de cincuenta versos e máxima de cen, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño doce, con follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de relato breve, as obras deben estar en formato dixital e ter unha extensión mínima de cinco páxinas e máxima de dez, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño doce, coas follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de banda deseñada, a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato debe ser en DIN-A4 ou DIN-A3 e a extensión mínima de dez páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra debe levar pseudónimo e título. Na modalidade de teatro, poden concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os dezaesis e os trinta anos de idade cumpridos no ano 2013. Admítese que até un vintecinco por cento dos compoñentes do grupo supere os trinta anos ou teña entre os catorce e dezaseis anos. Os grupos participantes deben presentar unha listaxe dos compoñentes do grupo, indicando a idade e a función; unha síntese da obra (título, autor e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestuario, espazo que se precisa...); e un DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, cuxa gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para o seu correcto visionamento. As representacións deben ser en lingua galega e as obras poden ser de autores ou autoras. Poden presentarse obras orixinais e a duración da representación de cada obra non pode exceder dunha hora e trinta minutos. Para cada modalidade establécense tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, pode consultarse a páxina web da Consellaría de Traballo e Benestar e de Xuventude. Na edición de 2017, modalidade de teatro, son 1º premio Prácido Domingo, coa obra *Non hai que ser unha casa para ter pantasma*; 2º premio Señora Supina, coa

obra *Cinco mulleres que comen tortilla* e 3º premio Escola de Teatro (Aula de Teatro da USC), coa obra *Sonche bicos*; na modalidade de banda deseñada: 1º premio Beatriz Rodríguez Gregores, coa obra *Ellipsism*, 2º premio Zaida Novoa González, coa obra *Noite meiga* e 3º premio Uxía Larrosa Villanueva, coa obra *O outro lado da auga*; na modalidade de relato breve: 1º premio Brais Lamela Gómez, coa obra *Angelus Novus* 2º premio Hugo Lozano Hermida, coa obra *O visitante nunca marcha só* e 3º premio Cándido Paniagua Pousa, coa obra *Fado: 0103*; na modalidade de poesía, 1º premio Sonia Martínez López, coa obra *O abeiro*; 2º premio Arancha Rodríguez Fernández (Arancha Nogueira), coa obra *Romaría* e o 3º premio (compartido) Nuria Mosqueira Varela, coa obra *Anguías* e Tamara Andrés Padín, coa obra *A lingua secreta dos nenos franceses*.

II Premios **Xuventude** da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha a terceira convocatoria dos Premios Provinciais á Xuventude, co ánimo de promover o talento e o potencial da mocidade da provincia. Esta convocatoria está dirixida a mozas e mozos de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, nas modalidades de iniciativa social, iniciativa empresarial, contido dixital, traballo musical, traballo literario breve, fotografía, e deseño e moda. A modalidade de educación en valores está dirixida aos centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. Os premios que se convocan están dotados cun importe de 22.000 euros repartidos nas devanditas categorías. Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran cos seguintes requisitos, segundo a categoría do premio ao que se opte. En canto ás persoas físicas é preciso ter unha idade comprendida entre os 16 e os 35 anos na data de presentación da solicitude, estar empadroadas en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra, para as categorías primeira e segunda o proxecto deberá levar en funcionamento polo menos 6 meses no momento da convocatoria destes premios. Para a categoría quinta, non ter contrato discográfico en vigor. En canto ás persoas xurídicas é preciso ter a sede social na provincia de Pontevedra, que polo menos o 75 % dos membros da xunta directiva e/ou que polo menos o 75 % das súas socias e socios sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, estar legalmente constituída e inscrita no rexistro de entidades correspondente e que o proxecto leve en funcionamento polo menos 6 meses no momento da convocatoria destes premios. A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nestas bases, e só a Deputación, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, está facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación, ademais de para decidir a suspensión dunha das especialidades no caso de que non haxa unha participación mínima de cinco cinco solicitantes. As persoas interesadas en participar poderán preinscribirse cubrindo o formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que se deberá gardar para presentar na sede electrónica. Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema CI@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE). Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que deberá

imprimirse e asinarse para a súa presentación presencial. O prazo de inscrición será de tres meses e comezará a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Cada solicitude incluírá un código único de preinscrición. Admitirase só unha solicitude por cada persoa e categoría de premio. Comprobación de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, tendo en conta o NIF das persoas solicitantes, o NIF das persoas representantes, de ser o caso, e o certificado de residencia das persoas solicitantes. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselle solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>. Unha vez recibida a solicitude de preinscrición por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de ser admitida, a persoa solicitante recibirá un SMS no seu teléfono móbil indicándolle a validación desta e o código asignado ao seu proxecto. Unha vez recibido o código, a persoa solicitante deberá entregar o proxecto no Rexistro xeral da institución provincial, en sobre pechado, xunto co modelo de presentación debidamente cuberto, no que deberá constar obrigatoriamente a seguinte información: categoría do premio ao que se opta, subcategoría, de ser o caso, título da obra, código do proxecto. O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de preinscrición co código xerado unha vez validada a solicitude ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados. As persoas participantes poderán concursar nunha ou en varias categorías cun único proxecto en cada unha delas. Os proxectos ou traballos presentados deberán ser orixinais, entendendo por traballo ou proxecto orixinal aquel que non foi copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior. Non poderán presentarse traballos que, aínda reunindo a condición anterior, xa foran presentados na primeira ou segunda edición destes premios, quedando, se fora o caso, automaticamente excluídos. Un mesmo proxecto non poderá ser presentado a mais dunha categoría destes premios, quedando, se fora o caso, automaticamente excluído de ambas as categorías. No caso do traballos de carácter literario os requisitos son os seguintes: na categoría de narrativa, as candidaturas poderán presentar un relato de temática e estilo libre, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características: Extensión dun mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A4, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereito e esquerdo) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12. Valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática. No apartado de poesía: as candidaturas poderán presentar unha poesía de temática e estilo libre, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características, unha extensión mínima de 150 versos en páxinas A4, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereito e esquerdo) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12. Valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática. Na categoría de banda deseñada as candidaturas poderán presentar unha obra de temática e estilo libre, con deseños a cor ou en branco e negro, con textos en galego ou castelán, que reúna as seguintes características, unha extensión: un mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A4, numeradas, con deseños en cor ou en branco e negro, valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática e dos deseños e técnicas

empregadas. As candidaturas deberán presentar, ademais da obra orixinal en soporte dixital —CD, USB etc.—, unha memoria descritiva do proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación. Descrición cunha extensión máxima de 1 páxina, a unha soa cara, que inclúa os seguintes apartados: título da obra, data de creación, idioma, técnicas de deseño empregadas, de ser o caso, breve xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva), descrición da formación e experiencia da persoa autora (perfil desta omitindo calquera dato ou referencia que permita a súa identificación) e unha relación de evidencias que se achegan (soportes dixitais —CD, USB, etc.—, entre outros). A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizarase a proposta dun xurado nomeado e presidido pola presidenta da Deputación ou a deputada ou deputado en quen delegue. O xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais de recoñecido prestixio en cada unha das categorías dos premios. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos traballos presentados a concurso reúne os méritos suficientes para ser premiado. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios ex aequo, dividíndose o importe que corresponda entre os proxectos gañadores, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que puideran quedar desertas. Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra, (www.depo.gal) unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes. As súas decisións serán inapelables. A Deputación comunicarlles ás persoas autoras dos proxectos presentados en cada unha das categorías a data e a hora do acto público onde se darán a coñecer as persoas gañadoras e se fará a entrega dos premios, co fin de que poidan asistir a este ou designar a persoa que as representará en caso de non poder estar presentes. Os proxectos premiados quedarán en posesión da Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, facéndose constar sempre a autoría. As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, a colaboración con esta institución nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de edición á Deputación. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha a terceira convocatoria dos Premios Provinciais á Xuventude, co ánimo de promover o talento e o potencial da mocidade da provincia. Esta convocatoria está dirixida a mozas e mozos de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, nas modalidades de iniciativa social, iniciativa empresarial, contido dixital, traballo musical, traballo literario breve, fotografía, e deseño e moda. A modalidade de educación en valores está dirixida aos centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. Os premios que se convocan están dotados cun importe de 22.000 euros repartidos nas devanditas categorías. Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran cos seguintes requisitos, segundo a categoría do premio ao que se opte. En canto ás persoas físicas é preciso ter unha idade comprendida entre os 16 e os 35 anos na data de presentación da solicitude, estar empadroadas en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra, para as categorías primeira e segunda o proxecto deberá levar en funcionamento polo menos 6 meses no momento da convocatoria destes premios. Para a categoría quinta, non ter contrato discográfico en vigor. En canto ás persoas xurídicas é preciso ter a sede social na provincia de Pontevedra, que polo menos o 75 % dos membros da xunta directiva e/ou que polo menos o 75 % das súas socias e socios sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, estar legalmente constituída e inscrita no rexistro de entidades correspondente e que o proxecto leve en funcionamento polo menos 6 meses no momento da convocatoria destes premios. A participación supón

a aceptación total das condicións fixadas nestas bases, e só a Deputación, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, está facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación, ademais de para decidir a suspensión dunha das especialidades no caso de que non haxa unha participación mínima de cinco cinco solicitantes. As persoas interesadas en participar poderán preinscribirse cubrindo o formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que se deberá gardar para presentar na sede electrónica. Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema CI@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe). Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que deberá imprimirse e asinarse para a súa presentación presencial. O prazo de inscrición será de tres meses e comezará a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Cada solicitude incluírá un código único de preinscrición. Admitirase só unha solicitude por cada persoa e categoría de premio. Comprobación de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, tendo en conta o NIF das persoas solicitantes, o NIF das persoas representantes, de ser o caso, e o certificado de residencia das persoas solicitantes. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselle solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>. Unha vez recibida a solicitude de preinscrición por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de ser admitida, a persoa solicitante recibirá un SMS no seu teléfono móbil indicándolle a validación desta e o código asignado ao seu proxecto. Unha vez recibido o código, a persoa solicitante deberá entregar o proxecto no Rexistro xeral da institución provincial, en sobre pechado, xunto co modelo de presentación debidamente cuberto, no que deberá constar obrigatoriamente a seguinte información: categoría do premio ao que se opta, subcategoría, de ser o caso, título da obra, código do proxecto. O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de preinscrición co código xerado unha vez validada a solicitude ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados. As persoas participantes poderán concursar nunha ou en varias categorías cun único proxecto en cada unha delas. Os proxectos ou traballos presentados deberán ser orixinais, entendendo por traballo ou proxecto orixinal aquel que non foi copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior. Non poderán presentarse traballos que, aínda reunindo a condición anterior, xa foran presentados na primeira ou segunda edición destes premios, quedando, se fora o caso, automaticamente excluídos. Un mesmo proxecto non poderá ser presentado a mais dunha categoría destes premios, quedando, se fora o caso, automaticamente excluído de ambas as categorías. No caso do traballos de carácter literario os requisitos son os seguintes: na categoría de narrativa, as candidaturas poderán presentar un relato de temática e estilo libre, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características: Extensión dun mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas

A4, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereito e esquerdo) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12. Valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática. No apartado de poesía: as candidaturas poderán presentar unha poesía de temática e estilo libre, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características, unha extensión mínima de 150 versos en páxinas A4, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereito e esquerdo) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12. Valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática. Na categoría de banda deseñada as candidaturas poderán presentar unha obra de temática e estilo libre, con deseños a cor ou en branco e negro, con textos en galego ou castelán, que reúna as seguintes características, unha extensión: un mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A4, numeradas, con deseños en cor ou en branco e negro, valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática e dos deseños e técnicas empregadas. As candidaturas deberán presentar, ademais da obra orixinal en soporte dixital —CD, USB etc.—, unha memoria descritiva do proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación. Descrición cunha extensión máxima de 1 páxina, a unha soa cara, que inclúa os seguintes apartados: título da obra, data de creación, idioma, , técnicas de deseño empregadas, de ser o caso, breve xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva), descrición da formación e experiencia da persoa autora (perfil desta omitindo calquera dato ou referencia que permita a súa identificación) e unha relación de evidencias que se achegan (soportes dixitais —CD, USB, etc.—, entre outros). A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizarase a proposta dun xurado nomeado e presidido pola presidenta da Deputación ou a deputada ou deputado en quen delegue. O xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais de recoñecido prestixio en cada unha das categorías dos premios. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos traballos presentados a concurso reúne os méritos suficientes para ser premiado. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios ex aequo, dividíndose o importe que corresponda entre os proxectos gañadores, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que puideran quedar desertas. Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra, (www.depo.gal) unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes. As súas decisións serán inapelables. A Deputación comunicarlles ás persoas autoras dos proxectos presentados en cada unha das categorías a data e a hora do acto público onde se darán a coñecer as persoas gañadoras e se fará a entrega dos premios, co fin de que poidan asistir a este ou designar a persoa que as representará en caso de non poder estar presentes. Os proxectos premiados quedarán en posesión da Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, facéndose constar sempre a autoría. As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, a colaboración con esta institución nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de edición á Deputación.

Referencias varias:

- C. M., “A xuventude pontevedresa tingue o futuro de empatía e feminismo”, *Diario de Pontevedra*, “Deputación de Pontevedra”, 18 novembro 2018, p. 20.

Dá conta da concesión do Premio Xuventude na súa segunda edición na categoría de 'Educando en valores' ao IES Ribeira do Louro polo seu programa 'Teatro que educa', co que levan máis de dez anos achegando valores como o feminismo a múltiples xeracións de escolares; na categoría de Literatura os premios foron para Sandra Ferreiro e María Teresa Ferreiro na modalidade de Narrativa e a Carolina Sertal na de Poesía.

X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premio Arraiano Maior

A Asociación Arraianos entrega dende o ano 2009 esta distinción, que premia o labor das persoas que traballaron a favor da cultura da raia galaico-portuguesa. A primeira persoa en recibir este recoñecemento foi Xosé Luís Méndez Ferrín. En 2015 o galardado foi Isaac Alonso Estraviz e en 2016 Xosé Benito Reza. Na edición de 2017 foi galardoada antropóloga portuguesa Paula Godinho.

XI Premios Barbantia da Cultura

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Existen tres modalidades: un premio Barbantia da Cultura, outro á Traxectoria Cultural no Barbanza e un á Iniciativa Cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sereo, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta edición correspondente ao ano 2017, no apartado de Traxectoria Cultural no Barbanza, o gañador é o escritor Francisco Antón Vidal Blanco; o recoñecemento á Iniciativa Cultural no Barbanza recaeu na Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño; e no apartado da Cultura Galega, o premiado foi o pintor Manuel Romero.

XIV Premio Bos e Xenerosos

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004), o Museo do Pobo Galego (2005), a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006), o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008), Mariví Villaverde (2009), os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010), Francisco Fernández del Riego (2011), Francisco Carballo (2012), os humoristas gráficos Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín (2013) e Roi Casal, Susana Seivane, Felipe Senén e Dolores Vilavedra (2014), Ángel Carracedo, Guadi Galego, Margarita Ledo e Siro López (2015); e Fina Casalderrey, o gaiteiro Carlos Núñez, a actriz Isabel Blanco e o ornitólogo José Luis Rabuñal (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 premiouse Ramón Villares, a Fundación Barrié, a cantante Uxía Senlle, a escritora Concha Blanco e os humoristas e comunicadores Xosé Touriñán en Marcos Pereiro.

XXXIII Premio Celanova. Casa dos Poetas

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocinao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia,

se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha cara a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta Directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado decidiu conceder o premio á corporación Hijos de Rivera.

Referencias varias:

- Laura Fernández, “O Parlamento Galego recibe o galardón ‘Casa dos Poetas’”, *La Región*, “Celanova”, 17 xuño 2018, p. 29.

Dá conta dos motivos que levaron á Fundación Curros Enríquez a outorgarlle o trixésimo cuarto premio “Celanova Casa dos Poetas” ao Parlamento de Galicia, destacando o período en que o poeta de Celanova exerceu de crítico cronista parlamentario en Madrid.

- E. P., “El Celanova, Casa dos Poetas reconoce la trayectoria del Parlamento de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xuño 2018, p. 42.

Explícase que o Padroado da Fundación Curros Enríquez acordou conceder o XXXIV Premio Celanova Casa dos Poetas ao Parlamento de Galicia.

- Carolina A. Piñeiro, “O Parlamento reivindica a súa diversidade e a apertura social”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 39/ *La Región*, “Provincia”, “Celanova”, p. 14, 3 setembro 2018.

Dáse conta da celebración da XXIV edición do Premio Celanova Casa dos Poetas cos representates dos catro grupos políticos que ocupan o parlamento galego. Explícase que durante o desenvolvemento do acto aludiuse ás figuras de Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez.

- Afonso Vázquez-Monxardín, “Nacionalistas e nacionalistas”, *La Región*, “Opinión”, 4 setembro 2018, p. 29.

No marco dunha reflexión sobre as desacertadas intervencións dos voceiros, trasladando o tenso discurso político actual no acto de entrega do premio Celanova Casa dos Poetas, refírese a proposta feita polo alcalde de Celanova e presidente da Fundación Curros no acto, sobre unha rede de vilas literarias de Galicia, non atendida polos voceiros nas súas intervencións, que se limitaron a reproducir o discurso que prepararan.

Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades

A Concellería de Igualdade do Concello de Ourense convoca este premio coa intención de honrar e recoñecer aquelas mulleres que traballen en calquera eido en prol da igualdade de oportunidades das mulleres. Poderán ser candidatas/os a estes premios as persoas, grupos ou institucións, de ámbito preferentemente provincial, destacadas na defensa dos dereitos das mulleres e a loita pola igualdade de xénero. As propostas deberán ir acompañadas do maior número posible de datos no que quede suficientemente xustificada a existencia de méritos no ámbito da igualdade. As propostas remitiranse ao seguinte enderezo electrónico: concelleriamuller@ourense.es ou en persoa na reunión ordinaria convocada antes de dita data. A data límite de presentación de propostas remata o 15 de febreiro de 2019. O xurado estará composto por cinco persoas: a Concelleira de Igualdade, que actuará como presidenta; a directora do CIMM; unha persoa representante do Consello Municipal da Igualdade; outra da Comisión de Investigación e Seguemento da Violencia exercida contra as Mulleres e unha socialmente relevante no ámbito da Igualdade de Oportunidades, actuando como secretaria persoal da Concellería de Igualdade. O fallo do xurado adoptarase por maioría, será inapelable e darase a coñecer nos días seguintes á resolución. O premio poderase declarar deserto se ao xuízo do xurado as propostas presentadas non reúnen méritos suficientes ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria. A Concellaría de Igualdade comprométese a gardar absoluta reserva e discreción sobre as propostas presentadas. A entrega dos premios realizarase nun acto público o día 8 de marzo de 2019, no transcurso dunha velada que se realizará para conmemorar o Día Internacional das Mulleres. A participación neste premio por quen realiza a proposta conlevará a aceptación destas bases.

Referencias varias:

- S. N., “24 actos contra la desigualdad”, *La Región*, “Día Internacional da Muller”, 8 marzo 2018, p. 3.

Destácase que, entre outras actividades contra a desigualdade que van ter lugar na cidade de Ourense, celebrábase o acto de entrega do XII Premio á Igualdade de Oportunidades Clara Campoamor á poeta Chus Pato.

- S. N., “Chus Pato, poetisa e mestra”, *La Región*, “Día Internacional da Muller”, “Premio Clara Campoamor”, 8 marzo 2018, p. 3.

Explícase que a poeta Chus Pato recibiu o XII Premio Clara Campoamor á Igualdade de Oportunidades. Destácase que a poeta é profesora de ensino secundario e que entrou na Real Academia Galega o 23 de setembro. Dise que o xurado subliñou, con respecto á súa obra, o carácter internacional da mesma e tamén apuntou o compromiso da autora co feminismo. Alúdese a que Chus Pato participará nun recital poético en Ourense no eido dos actos da exposición ‘O eco das amazonas’.

- Candela Valle, “Pato reivindica o feminismo na recepción do Clara Campoamor”, *La Región*, “Ourense”, 10 marzo 2018, p. 3.

Infórmase de que a poeta Chus Pato foi galardeada co Premio Clara Campoamor na súa 12ª edición. Dise que con motivo da recollida do premio a poeta destacou a relevancia do

feminismo ao longo da historia e tamén da figura de Clara Campoamor.

V Premio do público **Culturgal**

A Asociación Culturgal, constituída pola Asociación Galega de Editores, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, a Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías, a Asociación Galega de Produtoras Independentes e a Asociación Galega de Empresas Musicais, convocan este certame cada ano. O premio pretende recoñecer publicamente os proxectos vencellados á cultura galega que destaquen ou sexan relevantes. Valóranse aquelas propostas novidosas, con proxección de futuro, transversais e asociativas. O público é o encargado de realizar a votación e terá a última palabra na decisión pero será a directiva da Asociación Culturgal a encargada de seleccionar e propoñer as tres candidaturas que opten ao premio. En anteriores edicións os premiados foron o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra (2013), Diario Cultural da Radio Galega (2014) e Festival Curtocircuíto (2015) e Festival Agrogay da Ulloa (2016). Na edición V correspondente ao ano 2017 as candidaturas finalistas foron Portal das Palabras, FIOT (Carballo) e Play-Doc. Finalmente a gañadora foi Play-Doc.

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Chá que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño, Antía Cal, Uxío García Amor, David Otero e Xosé Val Díaz “Valdi”. Na edición de 2017 foron premiados Quintas Canella e Miro Casabella.

V Día das Galegas nas Letras

A plataforma de crítica literaria A Segra impulsa este premio que busca celebrar a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura, e á literatura en particular. Celebrou a súa primeira edición no ano 2014, o día 15 de agosto por ser o día da Nosa Señora (das Letras Galegas). Nas edicións pasadas as homenaxeadas foron Dorothé Schubarth (2014), María Victoria Moreno (2015), María Xosé Queizán (2016). Na edición de 2017 premiouse Patricia Janeiro.

LIX Premio **Fernández Latorre**

O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de *La Voz de Galicia* acordou instituír un premio de xornalismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan Fernández Latorre. Dende ese ano, o galardón concédese con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional como estranxeiro. A dotación do premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 euros concedidos na edición de 2003. Na edición de 2017 levou o premio María Emilia Casas.

Premio **Ibán Toxeiro** pola súa contribución ao teatro

Galardón outorgado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña que pretende recoñecer a achega e traballo ao teatro galego dalgunha persoa ou institución. A entrega dos premios sucede durante a celebración do Memorial de teatro Ibán Toxeiro. Na edición correspondente ao ano 2017, premiouse o Grupo de Teatro da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, que neste ano celebra o do vixésimo aniversario da súa creación.

XIV Premio **Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións, en anteriores edicións galardoou ao intelectual Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), ao poeta Carlos Oroza (2008); ao pintor Antón Lamazares (2009), a Xosé Neira Vilas (2010), a María do Carme Kruckenberg (2011), Luis Caruncho (2012), Jorge Castillo (2013) e Luz Pozo Garza (2014), Silverio Rivas (2015) e Amancio Prada (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 o Padroado da Fundación concedeulle o galardón a Jaime Garrido (Vigo, 1938).

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “O Laxeiro, para Xosé Luís Méndez Ferrín pola súa traxectoria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 febreiro 2018, p. 37.

Infórmase de que Xosé Luís Méndez Ferrín vén de gañar o Premio Laxeiro pola súa traxectoria literaria. Dise que este premio é concedido desde 2004 e faise un breve percorrido pola biografía de Méndez Ferrín.

- Ana G. Liste, “Méndez Ferrín. ‘Laxeiro expresábase de forma vizosa, inesperada e lúdica, como a súa pintura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 febreiro 2018, p. 34.

Infórmase de que Xosé Luís Méndez Ferrín vén de gañar o Premio Laxeiro pola súa traxectoria literaria. Dise que recibiron este premio, entre outros, Luz Pozo, Xosé Neira Vilas, Silverio Rivas, Xaime Isla Couto, Isaac Díaz Pardo, Jaime Garrido, Amancio Prada e Carlos Oroza. Achégase unha entrevista a Méndez Ferrín na que fala da súa relación con Laxeiro e da nova etapa da revista *A Trabe de Ouro*. Dáse conta de que Méndez Ferrín dirixe a revista *A Trabe de Ouro* e que é o autor das obras *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas*, *Bretaña esmeraldina*, *Arraianos*, *Arnoia*, *Arnoia*, *Con pólvora e magnolias*, *Estirpe*, *Contra Maquieiro*, *Era na selva de Esm*, *De Pondal a Novoneyra* ou *Vigo: fronteira do alén*. Tamén se especifica que recibiu os premios Pedrón de Ouro, Premio da Crítica, Trasalba, Losada-Diéquez de creación literaria, da Cultura Galega ou Ramón Otero Pedrayo.

- Ana Baena, “Xosé Luís Méndez Ferrín. ‘A obra de Laxeiro conformou a miña idea de que hai unha pintura galega de nivel”, *Atlántico Diálogo*, “Vigo”, “Entrevista”, 20 febreiro 2018, p. 11.

Anuncia que Méndez Ferrín recibirá o próximo Premio Laxeiro pola súa traxectoria literaria. Conta que tivo relación con Laxeiro e que falaban de cuestións etnográficas, culturais e políticas. Comenta que a obra literaria de Laxeiro quedou eclipsada pola súa obra pictórica.

- G.N., “O escritor ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín, premio Laxeiro 2018”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 febreiro 2018, p. 39.

Dá conta de que o 20 de decembro terá lugar o acto de entrega do premio Laxeiro a Xosé Luís Méndez Ferrín no restaurante Puerta 98 de Vigo. O galardón será entregado da man do presidente da Fundación Laxeiro e alcalde de Vigo, Abel Caballero.

- Fernando Franco, “Una laconada laxeirana”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 23 febreiro 2018, p. 11.

Comenta que antes do tradicional lacón con grelos que este ano terá lugar no restaurante Puerta 98 de Vigo, o alcalde Abel Caballero entregaralle o premio Laxeiro a Xosé Luís Méndez Ferrín.

- Ana G. Liste, “Méndez Ferrín. ‘Laxeiro submínístrame material para a miña imaxinación”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 febreiro 2018, p. 37.

Comenta o discurso que pronunciou Xosé Luís Méndez Ferrín ao recoller o premio Laxeiro, en que sinalou a forte pegada que o artista deixou nel desde a infancia, como tamén as palabras de Manuel Bragado e Abel Caballero, de quen recibiu o galardón.

- Pep Bao, “Méndez Ferrín recibe en Vigo el premio Laxeiro 2018”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 25 febreiro 2018, p. 33.

Dá conta do acto de entrega do premio Laxeiro a Xosé Luís Méndez Ferrín da man do alcalde Abel Caballero que tivo lugar no restaurante Puerta 98 de Vigo, onde Laxeiro adoitaba reunir os seus amigos. Ofrece unha listaxe dos anteriores galardoados con este premio, coméntase o discurso que ofreceu Manuel Bragado, editor de Méndez Ferrín, e tamén as palabras do discurso do propio galardoado.

- Manuel Bragado, “Ferrín co Laxeiro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 27 febreiro 2018, pp. 24-25.

Informa da concesión do Premio Laxeiro 2018 a Xosé Luís Méndez Ferrín, quen recoñeceu en rolda de prensa que a súa obra está fortemente inspirada polo universo pictórico do artista lalinense.

XXIII Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica e consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva

gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Nas anteriores edicións os premiados foron Antón Avilés de Taramancos (1995), Bernardino Graña (1996), Manuel María (1997), María Xosé Queizán (1998), Xosé Neira Vilas (1999), Uxío Novoneyra (2000), Luz Pozo Garza (2001), Xosé Chao rego (2002), Xosé Fernández Ferreiro (2003), Salvador García-Bodaño (2004), Pura e Dora Vázquez (2005), María do Carme Kruckenberg (2006), Manuel Lourenzo (2007), Xosé Vázquez Pintor (2008), Agustín Fernández Paz (2009), Marilar Aleixandre (2010), Paco Martín (2011), Xavier Rodríguez Baixeras (2012), Marica Campo (2013) e Xabier P. Docampo (2014), Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) e Helena Villar Janeiro (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 foi premiada María Pilar García Negro.

XXIV Premio Lois Peña Novo

Os premios Peña Novo créanse para recoñecer o labor, tanto individual coma colectivo, daquelas persoas, entidades ou empresas que traballan ou teñen relación coas administracións públicas e que fan, co seu traballo cotiá, publicacións, estudos, traballos de investigación, etc. que a lingua galega se consolide, cada vez máis, no eido das administracións públicas, na vida institucional de Galicia e na sociedade en xeral. Créanse no ano 1995 para animar, alentar e incentivar a aquelas persoas que traballan arreo polo normalización, caseque sempre sen apoio e incluso sen medios. As persoas que resultaron galardoadas na edición do 2018 foron María Xosé Queizán, Manuel González e Xesús Costas Abreu.

Referencias varias:

- Xosé González Martínez, “Premios Peña Novo 2018”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 xuño 2017, p. 53 / *Faro de Vigo*, “Tribuna del lector”, 18 xuño 2018, p. 65.

Dáse conta da concesión dos Premios Peña Novo 2018 a María Xosé Queizán pola súa traxectoria vital e cultural, a Manuel González polo seu labor de investigación científica e a Xesús Costas Abreu pola súa contribución á galeguización da xustiza.

- E. Ocampo, “Manuel González, Xesús Costas e Queizán reciben hoxe os premios Peña Novo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 xuño 2018, p. 38.

Dáse conta da concesión dos Premios Peña Novo 2018 a María Xosé Queizán pola súa traxectoria vital e cultural, a Manuel González polo seu labor de investigación científica e a Xesús Costas Abreu pola súa contribución á galeguización da xustiza.

Medallas de Ouro de Galicia e Medallas Castelao

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único

protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, ou de calquera faceta da actividade humana. Na edición correspondente ao ano 2015 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia a David Cal, Xosé Neira Vilas (Gres, 1928-2015), Manuel Sánchez Salorio e Enrique Beotas. As Medallas Castelao foron outorgadas a Vero Boquete, Carlos Fernández-Nóvoa, Pepe Domingo Castaño, Rede Galega contra a Trata e Vaca Films. Na edición correspondente ao ano 2016 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia a Alfredo Conde, Xerardo Estévez, Xosé Antonio Vilaboa, Teresa Miras Portugal e ao coro coruñés Cántigas da Terra. En 2017 foron premiadas Xosé Ramón Gayoso, Cristina Pato e Justo Beramendi coas Medallas Castelao e, as Medallas de Ouro de Galicia foron para Miguel Ángel Blanco Garrido, Isabel Castelo D'Ortega, Aníbal Cavaco Silva e José Manuel Romay Beccaría.

Referencias varias:

- E. P., “Recoñecemento aos mellores de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 9 xuño 2018, p. 10.

Dáse conta de que foron galardoados coa Medalla Castelao 2018 a arquitecta Isabel Aguirre de Úrcola, a científica María José Alonso Fernández, o empresario Jesús Domínguez Fernández, o crego Xesús Mato Mato cofundador do grupo Fuxan os ventos e os carteiros rurais de Galicia-Correos.

- X. A. Taboada, “Medallas Castelao para Xesús Mato, Isabel Aguirre, María José Alonso, Jesús Domínguez y carteros rurales”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 24 / *La Opinión*, “Galicia”, p. 20, 8 xuño 2018.

Dáse conta de que foron galardoados coa Medalla Castelao 2018 a arquitecta Isabel Aguirre de Úrcola, a científica María José Alonso Fernández, o empresario Jesús Domínguez Fernández, os carteiros rurais de Galicia-Correos e o crego Xesús Mato Mato. Deste último dise que foi cofundador do grupo Fuxan os ventos.

- M. G. P., “Unas Medallas Castelao muy rurales premian a los carteros y al padre Mato”, *Diario de Pontevedra*, “Galicia”, p. 27 / *El Progreso*, “Galicia”, p. 30, 8 xuño 2018.

Dáse conta de que foron galardoados coa Medalla Castelao 2018 a arquitecta Isabel Aguirre de Úrcola, a científica María José Alonso Fernández, o empresario Jesús Domínguez Fernández, os carteiros rurais de Galicia-Correos e o crego Xesús Mato Mato. Deste último dise que foi cofundador do grupo Fuxan os ventos.

- Sabela Corbelle, “Xesús Mato Mato. ‘A min chamábanme o ‘cura da rúa’ porque pasaba máis tempo fóra da igrexa que dentro”, *El Progreso*, “Lugo”, 25 xuño 2018 p. 8.

Informa da concesión dunha das medallas Castelao, outorgadas cada ano pola Xunta de Galicia, a Xesús Mato Mato, coñecido como o ‘cura da rúa’ e destacado pola súa constante labor a prol da lingua e cultura galegas, nomeadamente a través do cofundación dun dos grupos musicais galegos de maior envergadura, Fuxan os Ventos.

XII Navalla de Manuel María

Premio que outorgan a Irmandade Manuel María da Terra Chá e a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz dentro dos actos do Día Nacional Manuel María que realizan anualmente para conmemorar o pasamento deste escritor. A entrega da Navalla ten lugar cada 8 de setembro dende o ano 2005 na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, espazo de devoción do poeta da Terra Chá. Nas últimas edicións, recibiron este galardón Lois Diéguez (2015) e Raúl Ríó (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 entregóuselle o premio Navalla de Manuel María a Anxo Lamas, e ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz, a título póstumo.

Premio Otero Pedrayo

Convócanos cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constituía unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografiados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado de 30.050,61 euros e conta cun xurado constituído polo presidente da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes das universidades de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Xaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro Peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994); Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidade del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias (2000); Fundación Pedro Barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Español de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007); Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); a escola

e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010); Basilio Losada Castro (2012); Xosé Luís Méndez Ferrín (2013) e Xosé Neira Vilas (2014). A edición correspondente ao ano 2015 non se convocou e en 2016 foi galardoado o poeta Arcadio López Casanova. Na edición correspondente ao ano 2017 levou o galardón Margarita Ledo Andión.

Referencias varias:

- Mar Mato, “Margarita Ledo. ‘A capacidade autodestrutiva que ten Galicia abráiame sempre”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 8 xaneiro 2018, p. 19.

Dáse conta de que Margarita Ledo foi galardoada co Premio Otero Pedrayo. Achégase unha entrevista a Margarita Ledo na que se recollen as súas reflexións sobre a presenza das mulleres na Real Academia Galega e o seu compromiso político e cultural con Galicia.

- Lino J. Pazos, “Tralo pasamento de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “As pegadas de Castelao”, 10 xaneiro 2018, p. 11.

Faise referencia á entrega do Premio Otero Pedrayo a Manolo Bución e Acisclo Manzano.

- Mario Álvarez, “Margarita Ledo. ‘A lingua salva a Otero Pedrayo e a nós”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 marzo 2018, p. 37.

Dá conta do acto de entrega do premio Ramón Otero Pedrayo a Margarita Ledo con motivo do 130 aniversario do nacemento do escritor. No acto estivo presente Carmela Silva, titular da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal, deputado de Cultura, Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e a escritora e académica Fina Casalderrey. A súa intervención titulouse *Otero e as pequenas transgresións* nela fixo un percorrido polas facetas de Otero Pedrayo que influíron no seu compromiso e na súa lingua.

- Sara Vila, “Margarita Ledo. ‘Otero estaría ao meu pé, a favor de que as mulleres ocupemos o espazo público”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 marzo 2018, p. 39./ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 7 marzo 2018, p. 57.

Entrevista con motivo do Premio Otero Pedrayo, que por primeira vez é outorgado a unha muller. Comenta que o propio Pedrayo apoiara nas cortes da República o voto para a muller e que o seu texto “Ensaio histórico sobre a cultura galega” marcouna tanto que decidiu facerlle unha homenaxe no seu discurso de entrada na academia. Fala do papel das institucións como mediadoras que deben representarnos e, polo tanto, salvagardar a nosa lingua.

- G. N., “A pedagoga Antía Cal e a escritora María Xosé Queizán comparten o premio Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 outubro 2018, p. 39.

Comenta de maneira breve as traxectorias de María Xosé Queizán e Antía Cal debido a que veñen de recibir o premio Otero Pedrayo cuxo obxectivo é enxalzar a traxectoria de personalidades ou institucións que contribuíron notablemente á cultura e valores propios de Galicia. Apunta que aínda que xa existiron outros casos en que este premio lle foi

outorgado á dúas persoas ao mesmo tempo como foi o caso de Manuel María e Uxío Novoneyra.

- A. Baena, “M^a Xosé Queizán e Antía Cal, dúas viguesas reciben o Otero Pedrayo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 outubro 2018, p. 11.

Dá conta de que María Xosé Queizán e Antía Cal veñen de recibir o premio Otero Pedrayo e dá conta da composición do xurado.

- E. O., “Un ‘Otero Pedrayo’ con acento feminista reivindica a Antía Cal y María Xosé Queizán”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 26 outubro 2018, p. 32.

Repasa as traxectorias de María Xosé Queizán e Antía Cal con motivo do premio Otero Pedrayo que veñen de recibir e cuxo obxectivo é enxalzar a traxectoria de presonalidades ou institucións que contribuíron notablemente á cultura e valores propios de Galicia. Apunta que aínda que xa existiron outros casos en que este premio lle foi outorgado á dúas persoas ao mesmo tempo como foi o caso de Manuel María e Uxío Novoneyra.

- José Manuel Gutiérrez, “Un galardón para dúas pioneiras”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 44/ *La Opinión*, “A Coruña”, p. 10, 20 decembro 2018.

Informa da concesión do Premio Otero Predayo a María Xosé Queizán e a Antía Cal en recoñecemento do seu traballo a prol da lingua e da cultura galegas, mais tamén como mérito por terse erixido como pioneiras nos seus respectivos campos, a literatura e o feminismo no caso de Queizán e a pedagogía no de Cal.

- M. G. M., “Antía Otero e María Xosé Queizán reciben o premio Otero Pedrayo por dúas traxectorias pioneiras”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 20 decembro 2018, p. 37.

Informa da concesión do Premio Otero Predayo a María Xosé Queizán e a Antía Cal polo feito de terse consagrado como pioneiras no terreo da literatura e o feminismo no caso da primeira e no da pedagogía no caso da segunda, mais tamén en recoñecemento do seu traballo a prol da lingua e da cultura galegas.

- Mario Álvarez, “Antía Cal e M^a Xosé Queizán, dúas pioneiras, premio Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 decembro 2018, p. 42.

Dá conta da dos nomes das gañadoras do Premio Otero Predayo, María Xosé Queizán e a Antía Cal, a quen se lle recoñece o súa dedicación e constancia na labor de defensa da lingua e da cultura galegas, mais tamén como mérito por terse erixido como pioneiras nos seus respectivos campos, a literatura e o feminismo no caso de Queizán e a pedagogía no de Cal.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresaia na defensa da

cultura galega, e o “Pedrón de Honra”, que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja, Xusto G. Beramendi, Camilo Nogueira, Lidia Senra, Nova Escola Galega, Edicións Laiovento e Cántigas da Terra. Na edición de 2017 concedéuselle o Pedrón de Ouro 2017 á Fundación Rosalía de Castro, e o Pedrón de Honra ao director do Centro Irlandés de Estudos Galegos da Universidade de Cork, o poeta Martín Veiga.

Premio **Pen Clube Voz de Liberdade**

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P. E. N. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. En anteriores edicións foron premiados Marcos Valcárcel (2009), María Xosé Queizán (2011), Salvador García-Bodaño (2013), Arcadio López Casanova (2015). Na edición de 2017 foi premiado Xosé Luís Méndez Ferrín.

Premio **Ramón Cabanillas** da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores M^a Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei, Emilio Ínsua, Xesús Alonso Montero, Maribel Iglesias e Luís Rei e en 2016 a Xoán Silva e Blas Domíguez. Na edición correspondente ao ano 2017 Xosé Ramón Pena.

XVII Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Lán cara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica e consiste nunha obra de arte. En anteriores edicións foron premiados: Isaac Díaz Pardo (2002), Luis Tosar (2003); Milladoiro (2004); Xosé Manuel Beiras (2005); Xosé Neira Vilas (2006); *A Nosa Terra* (2007); Avelino Pousa Antelo (2008); Luz Pozo Garza (2009); Real Academia Galega (2010); Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrío, coñecidos como Mini e Mero (2011); Agustín Fernández Paz (2012); Mesa pola Normalización Lingüística (2013); e Marica Campo (2014), Basilio Losada (2015) e Margarita Ledo Andión (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 foi premiada a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz.

Premios **Rebulir da Cultura Galega**

O colectivo cultural Rebulir, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoven dende o ano 2012 este recoñecemento a persoas ou colectivos que contribúan á difusión e posta en valor da cultura autóctona nas súas diferentes manifestacións. Un dos seus principais obxectivos é a proxección exterior do nome de Galicia, nomeadamente a través do establecemento de vínculos interculturais e de raíz. Poden enviarse candidaturas até unha data fixada, para as categorías de Música Galega, Artes Escénicas e Patrimonio e Homenaxe. A Deputación Provincial de Ourense, o Parlamento de Galicia e o Concello de Ramirás tamén apoian esta iniciativa. Na edición de 2017 foron galardoadas as seguintes persoas: Uxía Senlle na categoría de Música Galega, Xosé Ramón Gayoso na de Cultura Galega ou Artes Escénicas, e Lois Antón, poeta de Ramirás, na categoría Homenaxe.

Referencias varias:

- Rosa Cano, “A Romaría Raigame, Guadi Galego e Carlos Blanco, premios Rebulir”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xullo 2018, p. 37.

Dáse noticia de que o xurado dos Premios Rebulir da Cultura Galega 2018 decidiu premiar a Guadi Galego na categoría de música, a Carlos Blanco en artes escénicas e a Romaría Raigame na categoría de Premio Homenaxe, de Celanova. Explícase que o xurado estivo composto polos vogais Juan Carlos Rodríguez Matías, alcalde de Ramirás, Rosendo L. Fernández Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense, Susana Durán González, directora administrativa do FIR e Xosé M. Cid Fernández, profesor da Universidade de Vigo. Dise que a entrega dos premios terá lugar o 22 de decembro no marco da Gala Central do Festival Internacional Rebulir.

IX Premios Setecarballas da Festa da Palabra

Convocados pola Fundación Ínsua dos Poetas, entréganse durante a celebración da Festa da Palabra, que se celebra anualmente no lugar denominado Ínsua dos Poetas, próximo ao Carballiño. No ano 2015 o xurado recoñeceu Manuel Rivas (creación literaria), Francisco Lores (Cultura galega no exterior), grupo ecoloxista Outeiro (Arte e medioambiente) e Gadisa (Acción económica e social); en 2016 Inma López Silva (Creación literaria), Irmandade Galega de Caracas (Cultura galega no exterior), Xan Fernández Pinal (Comunicación), Centro de Estudos Chamoso Lamas (Defensa do patrimonio) Adegas Cachín (Acción económica e social). Nesta presente edición foron homenaxeadas: o grupo de teatro afeccionado do Carballiño, Tiruleque, na modalidade de Iniciativa Cultural Destacada; en Creación Literaria, o elexido é Miguel Anxo Fernán Vello; na de Medio Ambiente, a Plataforma Ríos Limpos; Carlos Guitián, recibiu o Premio Defensa da Lingua Galega; o Premio Artes Plásticas foi para Antón Pulido; e en Medios de Comunicación, o galardón foi para o Diario Cultural da Radio Galega.

Referencias varias:

- X. L. C., “A Fundación Insua dos Poetas dá a coñecer aos seus galardoados”, *La Región*, “Ourense”, 22 xullo 2018, p. 13.

Dáse noticia da celebración dos Premios “Insua dos Poetas 2018” e á súa entrega na X edición da Festa da Palabra. Explícase que, na categoría de creación literaria, o

galardoado foi o ourensán Bieito Iglesias.

- X. A. Reboiro, “Homenaxe da cultura ó poeta Víctor Campio”, *La Región*, “Provincia”, 29 xullo 2018, p. 40.

Recóllense imaxes e información sobre a décima edición da “Festa da Palabra”, na que se fixo entrega dos premios “Ínsua dos Poetas 2018”. No que á cultura e ás artes respecta, o premio de Artes Plásticas recaeu en Siro López e o de Creación Literaria, no escritor Bieito Iglesias.

Premio **Trapeiro de Honra**

Este premio, convocado por primeira vez en 2014, está promovido pola Asociación de Veciños dos Vilares (Guitiriz). O seu obxectivo é recoñecer a labor de persoas e institucións en defensa e posta en valor da parroquia dos Vilares, tanto no apartado cultural, industrial, etnográfico, da natureza ou de calquera outro asunto merecedor de tal recoñecemento. O premio nace coa vontade de ser unha homenaxe a toda a veciñanza dos Vilares e non terá asignación económica ningunha. No ano 2014 o premio foi para Xosé Díaz Castro, en 2015 para a Romaría Labrega da Chaira e en 2016 foi para o músico José López Día, máis coñecido como Pepe de Cristos. Na edición correspondente ao 2017 foi escollido Raúl Río Díaz.

XXXV Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Dende o ano 2012, coa ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consiste nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. En anteriores edicións foron premiados Xaquín Lorenzo (1983), Isidro Parga Pondal (1984), Antón Fraguas Fraguas (1985), Valentín Paz-Andrade (1986), Ramón Martínez López (1987), Francisco Fernández del Riego (1988), Miguel Anxo Araúxo Iglesias (1989), Xosé Filgueira Valverde (1990), Lois Tobío (1991), Xaime Illa Couto (1992), Isaac Díaz Pardo (1993), Marino Dónega (1994), Francisco Xavier Río Barxa (1995), Pura Vázquez (1996), Borobó (1997), Xohán Ledo (1998), Carlos García Martínez (1999), Xesús Alonso Montero (2000), Xosé Luís Méndez Ferrín (2001), Augusto Pérez Alberti (2002), Andrés Torres Queiruga (2003), Xosé Neira Vilas (2004), Agustín Sixto Seco (2005), Milladoiro (2006), John Rutherford (2007), Olga Gallego (2008), Xosé Manuel Beiras (2009), Xosé Ramón Barreiro Fernández (2010), Ramón Lorenzo (2011), Antía Cal (2012), Cristina Pato (2013) e Agustín Fernández Paz (2014), Antón Pulido (2015) e Camilo Nogueira Román (2016). Na edición correspondente ao ano 2017 foi premiado Carlos Baliñas.

Premio **Xoán Manuel Pintos**

O galardón nace co obxectivo de recoñecer a aquelas persoas, empresas, asociacións ou entidades que, coa súa actuación, axudan a impulsar a presenza da lingua galega na sociedade pontevedresa en particular e mais na galega en xeral. Manter viva a memoria do xurista e escritor Xoán Manuel Pintos, figura central do Rexurdimento. Poderase outorgar este premio a calquera persoa, empresa, asociación ou entidade radicada en Galicia, entendendo como tales aquelas que teñan a súa sede social ou residencia no territorio galego e aquelas que teñan unha especial incidencia ou desenvolvan a súa actividade no concello de Pontevedra. Establécense tres galardóns: Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que destacase pola súa traxectoria na promoción e normalización da lingua galega, ou pola promoción de actividades que implicasen o espallamento da lingua galega durante os últimos dous anos. Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que, dun xeito continuado ao longo da súa traxectoria profesional e/ou vital, destacase na promoción e normalización da lingua galega ou que promovese actividades que implicasen o espallamento da lingua galega. Un premio que se lle concederá a unha persoa, empresa, asociación ou entidade que destacase na promoción e normalización da lingua galega ou que promovese actividades que implicasen o espallamento da lingua galega. O xurado escollerá este premio entre as propostas presentadas por persoas físicas, xurídicas, agrupacións ou entidades, no enderezo web pontevedra.gal/premio-Pintos18 ata o 14 de febreiro. O Premio Xoán Manuel Pintos non ten dotación económica. Os galardoados recibirán un pergameo acreditativo e poderán reflectir na súa actividade normal a posesión desta distinción. O Concello de Pontevedra convoca o premio Xoán Manuel Pintos, que se rexerá polas seguintes Bases Xurado As propostas para os premios e a escolla das tres propostas gañadoras serán tarefas dun xurado formado por: o/a concelleiro/a de Normalización Lingüística, que será o/a presidente/a. Un/unha representante técnico do Concello de Pontevedra. Un/unha representante da Administración autonómica. Dúas persoas en representación do movemento asociativo pontevedrés. Un/unha representante dos ENDL dos centros de ensino do concello de Pontevedra. Un/unha representante dos medios de comunicación, nomeado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Dúas persoas de recoñecido prestixio no seu traballo a prol da lingua galega. Neste grupo incluíranse, preferentemente, as persoas ou entidades premiadas en anteriores edicións, ou aquelas en quen deleguen. Cada membro do xurado terá dereito a presentar unha candidatura para cada unha das modalidades do premio. As candidaturas deberán ser avaliadas polo xurado tendo sempre en conta o obxectivo do premio. O xurado terá a primeira xuntanza de constitución na primeira metade do mes de febreiro. No prazo de quince días celebrárase unha segunda xuntanza, na que se procederá á votación das propostas. Aspectos que se valorarán Para a concesión dos premios o xurado terá en conta criterios como é a tarefa continua desenvolta en favor da normalización lingüística do galego, as actuacións concretas en favor da normalización dos usos sociais da lingua galega, o uso habitual e normal do galego nas súas actividades e nos seus servizos, as campañas de información e/ou publicitarias en galego e a contribución á galeguización de sectores de especial relevancia económica, social e cultural. Ademais dos devanditos, o xurado poderá valorar outros méritos das persoas ou entidades que se propoñan. Sistema de votación Os premios serán outorgados por votación do xurado. Será necesaria a maioría cualificada de dous terzos na primeira volta de votacións. De non alcanzarse acordo, procederáse a unha segunda votación na que será necesaria a maioría simple. Entrega de premios A entrega dos premios realizarase o día 15 de marzo, nun acto público. Interpretación O xurado queda facultado para interpretar as presentes bases.

X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

II Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade

Promovido polo Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) e o concello de Vilalba, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, no premio poderán participar todas as persoas que presenten narracións inéditas en lingua galega dirixidas ao público infantil e xuvenil, cunha temática vencellada ao compromiso pola igualdade de xénero, raza e nacionalidade. O autor ou autora da obra gañadora, que será publicada por Xerais en 2018, recibirá 3.000 euros. O prazo de presentación do orixinais nesta primeira edición abriuse o 23 de abril, día internacional do libro, e pechouse o 12 de xullo de 2017, coincidindo co primeiro cabodano do pasamento de Agustín Fernández Paz. O xurado emitiu o seu ditame no mes de outubro. Os orixinais remitíranse a: Instituto de Estudos Chairegos, Iº Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, Casa da Cultura, Praza de Suso Gayoso, 1, Apartado de Correos nº 39, 27800 Villaba. Nesta primeira edición o xurado, composto por O xurado estaba composto por Marica Campo, Manuel Bragado e Xabier Puente Docampo, concedeu o galardón a María Reimóndez por *Fóra do normal*.

Referencias varias:

- María Roca, “La entrega del I Premio Fernández Paz será el día 20”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 xaneiro 2018, p. 22.

Informa de que a escritora María Reimóndez recollerá o I Premio Agustín Fernández Paz nun acto que terá lugar no auditorio municipal Carmen Estévez de Vilalba onde tamén haberá un espectáculo multidisciplinar como homenaxe a Fernández Paz. No evento intervirán Xabier P. Docampo, Marica Campo, a presidenta de Iescha, Marisa Barreira, e o alcalde Agustín Baamonde.

- María Roca, “O I Premio Fernández Paz recoñece a ‘valentía’ de María Reimóndez”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 xaneiro 2018, p. 19.

Dá conta da concesión do I Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade á escritora lucense María Reimóndez pola súa obra *Fóra do normal*, que aínda está pendente de publicación.

- C. P. R., “O II Premio Agustín Fernández Paz impulsa a igualdade con 3.000 euros”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 abril 2018, p. 22.

Dá conta da celebración da segunda edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade, organizado polo Instituto de Estudos Chairegos e o Concello de Vilalba e que será dotado con 3.000 euros e a súa publicación por parte da editorial Xerais.

- Cristina Arias, “Rosa Aneiros gaña cunha obra sobre os refuxiados o Agustín Fernández Paz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 outubro 2018, p. 17.

Informa de que Rosa Aneiros foi a gañadora da segunda edición do premio Agustín

Fernández Paz coa obra *Tres bichiconas, dúas illas e unha serea*. Dá conta da composición do xurado e de que este puxo en valor como a obra expresa a capacidade das crianzas para intervir en problemas sociais como a crise das persoas refuxiadas a través da empatía. Ofrece unha pequena biografía literaria da premiada.

- Cristina Arias, “Rosa Aneiros. ‘De todos, é para min o premio máis emotivo, polo moito que quería e respectaba a Agustín’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 novembro 2018, p. 19.

Entrevista a Rosa Aneiros con motivo do premio Agustín Fernández Paz que vén de gañar pola obra *Tres bichiconas, dúas illas e unha serea*. Apunta que unha das súas obras favoritas de Fernández Paz é *As flores radioactivas*, mais tamén *O único que queda é o amor*. Comenta que a obra pretende plantexar a necesidade do diálogo interxeracional. Explica que as bichiconas son os protagonistas, rastrexadores da praia, a serea é a muller refuxiada que os protagonistas encontran, e as dúas illas o mundo no que viven e o fantástico, a illa Xouba, que inventa para Edelmira a súa avoa. Ademais, comenta que se presentou co pseudónimo de Khoedi, a protagonista de *Lúa de Senegal*, obra de Agustín Fernández Paz.

XXVIII Premio Ala Delta de Literatura Infantil

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca a vixésimo cuarta edición do Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e espertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabélcese un premio único, dotado de 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Ala Delta”. A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos orixinais é libre, igual que o xénero literario, e enviáanse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Ala Delta” (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007; en 2015, Elena Alonso Frayle con *Los niños cantores*; e en 2016, Daniel Hernández Chambers coa obra titulada *El secreto de Enola*. En 2017 o premiado foi a Oriol Canosa por *El islote de los perros*.

XVII Premio Alandar de Narrativa Juvenil

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear textos literarios de calidade para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado de 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Alandar”. Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do estado español, cunha extensión máxima de cento cincuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse segundo o sistema de plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Alandar” (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por

especialistas en literatura e educación. Na edición correspondente ao ano 2017, o gañador foi Daniel Hernández Chambers por *Miralejos*.

Concurso de poesía **Anomar**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Poesía **Antón Zapata García**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Arraiano Maior**

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Concurso **Artellando coa lingua**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VIII Premio **Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para crianzas e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Complementábase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces 36587, Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 euros e a publicación da obra en Edicións Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé M^a Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*; en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*; en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno diccionario pirata)*; e en 2013 María Xosé Lamas Fernández con *Cantigas para aprender a soñar*. Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Juan Andrés Fernández Castro, Luis Reimóndez Fernández e Rosalía Morlán Vieites, decidiu premiar a obra titulada *Soños de nenos*, da autoría de Inés Varela Gestoso. O premio finalmente viuse cancelado a comezos do ano 2017.

Premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

V Certame de banda deseñada AX 1

O IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela convoca a cuarta edición deste premio de banda deseñada. Estabelécense dúas categorías: unha de doce a dezaseis anos e outra de dezaseis anos en diante, con dous premios para cada unha delas de 500 e 200 euros. No certame correspondente ao ano 2017 o xurado, composto por Carlos Negro, Armando Requeixo e Begoña García-Alén, premiaron na categoría de doce a dezaseis anos, co primeiro premio a Ismael López Arias, por *Hood*, e co segundo premio a Sofía Gil Madriñán, por *Café con xeo*; na Categoría de dezaseis anos en diante, co primeiro premio a Mariña Rey Noya, por *Extina*, e co segundo premio a Sergio Ocampo González, por *Odón*.

Concurso do Libro Infantil O Barco de Vapor

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover “a creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. Poden presentarse novelas orixinais, inéditas, escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), segundo o sistema de plica. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 euros para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 euros. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máximo*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*, de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os naufragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002); *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben*

rara, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); *Mundo Arb*, de Manuel Lourenzo González (2011); e *O detective de Nullarbor*, de Antonio Yáñez Casal (2012). Dende o ano 2014 xa non se convoca este premio.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Ver o apartado X.3. deste *Informe*.

VIII Concurso **B.D. Vigo**

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até once anos), Júnior (mozos entre doce e dezasete anos); Sénior (mozos de entre dezaioito e trinta). Poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Rúa Joaquín Yáñez, n.º 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca. Ademais o xurado pode realizar Mencións Especiais. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: José Miguel Martínez García e Óscar López Gómez (1º premio en categoría senior) e Werónika Hanczyc (2º premio en categoría senior); Breixo Mosquera Freire (1º premio en categoría junior) e Iván Herrera Díaz (2º premio en categoría junior); Martín Rodríguez Camiña (1º premio en categoría infantil) e Lía Alcalá Labandeira (2º premio en categoría infantil).

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

I Premio **Carlos Mosteiro de Literatura Infantil** do concello de A Pobra

Premio literario organizado polo Concello de A Pobra e que ten como obxectivo fomentar a literatura e a lingua galegas, concretamente a literatura infantil. Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega (de conformidade coas Normas Ortográficas e Morfolóxicas de Idioma Galego aprobadas pola RAG) de obras de creación literaria dirixidas a nenas e nenos de 3 a 12 anos. As obras deberán ser inéditas e non premiadas. Os participantes deberán atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non estar incurso en ningunha das exclusións previstas no artigo trece da Lei Xeral de subvencións. As obras poderán presentarse en papel ou en formato dixital (en formato .doc, .odt ou .pdf), preferentemente en soporte CD, no rexistro xeral do Concello da Pobra do Caramiñal ou na sede electrónica (<https://apobra.sedelectronica.es>). Tamén por correo ordinario, mensaxería ou en calquera dos rexistros públicos segundo o establecido no

artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Deberá participarse segundo o sistema de plica, engadindo unha copia do DNI do autor ou autora que desexe participar. O prazo de recepción de orixinais remata o 1 de xuño de 2018. A obra que opte ao premio deberá responder á extensión habitual dos libros pensados para a literatura infantil. O premio, que poderá quedar deserto se o xurado estima que ningunha das obras presentadas acada a suficiente calidade literaria, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de 1.500 euros que estará suxeita ás retencións fiscais que correspondan. As obras premiadas serán publicadas na colección *Árbore* da Editorial Galaxia. A autoría das obras premiadas comprométense a participar nos actos de promoción que organice a editorial e a realizar presentación no Concello da Pobra do Caramiñal. O xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio na literatura infantil, unha delas da propia editorial. Ademais constará dun secretario/a, con voz, pero sen voto. As decisións do xurado serán inapelables. O fallo do xurado darase a coñecer o 3 de xullo e a entrega do premio e presentación do libro será o 3 de novembro de 2018. As obras non premiadas non serán devoltas. A partir do día seguinte á deliberación do xurado serán destruídas. A presentación a este concurso literario non xera dereito ningún aos seus participantes ata que fose fallado polo xurado e ata tanto fose outorgado o premio por resolución da Alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal. A presentación dos orixinais a este concurso literario supón a aceptación das presentes Bases, e o compromiso do autor ou autora de non retirar a obra antes do fallo, aceptar o premio se lle fose concedido, ou reintegralo se non se cumpren os requisitos que se establecen na convocatoria.

Referencias varias:

- Suso Souto, “A Pobra convoca un premio de literatura de 1.500 euros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 abril 2018, p. 31.

Informa da convocatoria do I Premio Carlos Mosteiro de Literatura Infantil por parte do concello de A Pobra en memoria do escritor e profesor co mesmo nome. A persoa gañadora opta a un premio que inclúe dotación económica máis a publicación da obra na colección *Árbore* de Galaxia.

- S. S., “O premio literario Carlos Mosteiro recibiu 42 obras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 xuño 2018, p. 32.

Dáse noticia das obras que concorren ao I Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro. Explícase que o xurado está composto por Blanca Ana Roig, Francisco Blanco e Fina Casalderrey e que o fallo será o 3 de xullo.

- X. F., “Patricia Mallo gaña o primeiro premio de literatura infantil Carlos Mosteiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2018, p. 35.

Explícase que a obra de Patricia Mallo *Os fantom* sobre unha familia de fantasmas vén de gañar o premio de literatura infantil Carlos Mosteiro. Dise que o xurado estivo composto por Fina Casalderrey, Blanca Ana Roig Rechou e Francisco Castro. Anúnciase a futura publicación do libro na colección *Árbore* de Galaxia. Alúdese á obra anterior da autora *Os Cabezombis na Mansión Espello*.

XII Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén complementar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 euros ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008); Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrás* (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man do diaño* (2010); Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011); Francisco Bueno Capeáns con *Catálogo de beleza gratuíta* (2012); e Kiko da Silva con *O inferno do debuxante* (2013); en 2015 Fernando Llorente por *A carreta do diaño*; e en 2016 Emilio Fonseca Martín por *Fóra do mapa*. Na edición de 2017 premiouse *O Corpo de Cristo*, de Bea Lema.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “As mil vidas da banda deseñada galega”, *Sermos Galiza*, n.º 310, “fóradeserie”, 23 agosto 2018, pp. 2-3.

No marco dunha reportaxe sobre o vizoso intre creativo da banda deseñada galega, pexado por complexos problemas estruturais, recóllense declaracións de Óliver Añón (Barcelona, 1982), último premio Castelao de Banda deseñada con *Canción para afundir flores no mar*, ou de Kiko da Silva, que non dubida en repasar o panorama de certames no relativo ao xénero, salientando que o Xuventude Crea deixou de ser un formato útil ao non levar aparellada xa a publicación, e valorando o apoio do Concello da Coruña ao Viñetas desde o Atlántico ou da Deputación ao premio Castelao como verdadeiros miragres. Entre as lecturas recentes de Óliver Añón atópase *O corpo de Cristo*, a novela gráfica coa que Bea Lema (A Coruña, 1985) gañou o premio Castelao de 2017.

Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

X Premio Internacional **Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un “libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen”. O premio estaba dotado de

12.000 euros, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 euros en concepto de adianto dos dereitos autoriais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka, e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, n.º 4, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada édítase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo, en 2008; *Una gran soño*, de Felipe Ugalde, en 2009; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa, en 2010; *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson, en 2011; e *Bandada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido, en 2012; *Y se hizo la luz*, de Miguel Cerro en 2015; e en 2016 resultaron gañadores Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzi, coa obra *Unha última carta*. En 2017 foi galardoada a escritora arxentina Rocío Alejandro por *La huerta de Simón*.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de Nadal de Panxoliñas, Escaparates, Postais e Contos do **Concello de Laracha**

É obxecto deste concurso estimular ao estudiantado e colectivos do municipio fomentando o espírito propio do nadal con pezas propias destas datas. Para tomar parte no concurso deberán entregar a solicitude de inscrición debidamente cuberta e unha certificación bancaria do número de conta nas oficinas de rexistro do Concello. O prazo de inscrición remata o xoves 27 de decembro. Por último, lembrar que os concursos de postais e de contos van dirixidos ao alumnado dos colexios Otero Pedrayo da Laracha, Alfredo Brañas de Paiosaco e CEIP de Caión, así como da escola de educación infantil de Cumiáns, en Montemaior. O certame de conto é para estudantes do terceiro ciclo (quinto e sexto) de primaria. No de postais participan alumnos de infantil e dos dous primeiros ciclos de primaria, estando establecidas categorías de premios diferenciadas por grupos de idade. En ambos casos a valoración realizarase na biblioteca municipal da Laracha, estando

composto o xurado por membros da concellería de Cultura da Laracha, un técnico dos servizos sociais municipais e un representante de cada colexio. Os gañadores recibirán os seus agasallos, compostos por xogos e material educativo nun acto que se desenvolverá na Casa da Cultura da Laracha.

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Concursos de Nadal na Laracha”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Convidado especial”, 9 decembro 2018, p. 37.

Informa da celebración da 23ª edición dos Concursos de Nadal de Laracha que, entre outras categorías, premiará aos mellores contos elaborados polo alumnado dos distintos centros de ensino do municipio.

Certame de Relato Curto do Concello de Mugarodos

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do Concello de Quiroga

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Breve e Poesía do Concello de Rois

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Poesía Infantil ‘Nadal 2017’ do Concello de Vilalba

Concurso convocado pola Biblioteca Municipal de Vilalba no cal poden participar todos os nenos con poemas sobre o tema xenérico do Nadal. Cada autor ou autora poderá presentar cantos traballos desexe, escritos en galego e cunha extensión máxima dun folio por só unha cara. Consta de tres categorías: categoría A (até os oito anos); categoría B (entre nove e once anos); e categoría C (entre os doce e dezaseis anos). Os premios consisten nun diploma e un lote de libros. Os traballos premiados optarán despois ao certame provincial convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo.

Referencias varias:

- Cristina Airas, “Premiados diez escolares en un certamen poético de la biblioteca de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 12 xaneiro 2018, p. 23.

Informa dos galardóns entregados en cada unha das categorías do premio de poesía infantil Nadal 2017 que convoca a biblioteca municipal de Vilalba.

I Premio Contádenos o voso Día das Letras

Concurso convocado pola Real Academia Galega, no marco do proxecto web “Primavera das Letras”, para difundir e premiar iniciativas escolares ao redor da celebración do Día das Letras Galegas. Nel pode participar alumnado de centros escolares galegos de Infantil e Primaria. Os premios consisten nun lote de libros. Na primeira edición de 2017, participaron oitenta centros escolares e concedéronse cinco galardóns. As editoriais Galaxia e Bolanda cederon os libros infantís de Carlos Casares e de Os Bolechas cos que agasallaron os premiados. Os centros escolares galardoados foron o CRA Amanecer de Ribadavia, o CEIP do Carballal, o CEIP Carlos Casares de Vilariño, o CEIP Plurilingüe Os Casais de Maniños e o CEIP Antonio Fernández López de Oural. A entrega dos galardóns tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

X Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios da **Crítica de Galicia**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

II Certame de Cómic **Biblioteca Municipal Daniel Castelao**

Organizado polo concello de Silleda. O mellor cómic recibirá 100 euros en metálico e entradas para o parque acuático de Aquapark de Cerceda. Establécense tres categorías: infantil, educación primaria e educación secundaria.

Referencias varias:

- ARCA, “Imaxínate’ y ‘Salvemos a Lagoa’, mejores comic en Silleda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza – A Estrada”, 30 abril 2018, p. 23.

Dá conta da concesión do primeiro e segundo premio do III Concurso de Cómic da Biblioteca de Silleda arredor da temática da auga a Alejandro Castro Pérez por *Salvemos a Lagoa* e a Lara Diéguez Troitiño por *Imaxínate*.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

XXV Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado español. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao

lectorado de entre 7 e 12 anos, dotada de 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada de 30.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascenas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, n.º 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil.

Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbums ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado de 12.000 euros, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor *storyboard* e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de trinta e dúas páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o *storyboard*, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un CD coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, *storyboard* e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de oito meses a partir do fallo. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística.

Premios da **Edición**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VIII Concurso de viñetas **ELAS**

Certame convocado pola Deputación da Coruña co obxectivo de empregar a viñeta para reflexionar sobre o papel da muller no sector primario e concienciar sobre a necesidade de cambios de valores e modelos para a consecución da igualdade de xénero real. Poderán participar todas as persoas de idade comprendida entre os doce e dezoito anos. Hai dúas categorías: entre os doce e catorce anos (categoría A) e entre os quince e dezoito anos (categoría B). O primeiro premio consiste nun iPad e unha colección de cómics; e o segundo e terceiro unha tablet e outra colección de cómics. Na edición correspondente ao ano 2017 foi convocado baixo o título "IguarMente". O prazo de admisión de obras ábrese o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e pechou o 12 de abril de 2017.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 euros, que antes da edición de 2012 era de 1.000 euros. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agrelo, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; *Teatro de Xoguite*, de Carlos Labraña en 2010; *Arlequino Viceversa*, de Diana Varela Puñal en 2012; e *A pequena compañía*, de Carlos Labraña Barredo en 2014. En 2015 non tocaba convocar o premio. En 2016 o premio deixou de convocarse indefinidamente.

Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

I Premio Fina Casalderrey pola Igualdade

Co motivo da celebración do 8 de marzo #8MEuparo, para promover a educación en igualdade e como homenaxe a todas as persoas que fixeron a aposta de escribir literatura infantil non sexista, Baía Edicións convoca o I Premio Fina Casalderrey pola Igualdade. Poderán concorrer ao premio autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega conforme á normativa vixente do ILG-RAG. As obras deberán atender ao concepto de literatura infantil non sexista e coeducativa en calquera dos seus aspectos, introducindo elementos críticos que cuestionen o modelo social sexista dominante. As obras a concurso deben ser orixinais, inéditas e non premiadas. Nesta primeira edición, o xurado, formado por Ana Luísa Bouza Santiago, socióloga; Montse Pena Presas, profesora da USC e crítica literaria; Patricia Porto

Paderne, xerente da librería compostelá especializada en temática feminista Librería de Mulleres Lila de Lilh; Pilar Sampedro Martínez, mestra e vicepresidenta de Gálix; e a directora editorial de Baía Edicións, María Belén López Vázquez, que actuou ademais como secretaria do mesmo, decidiu premiar ex aequo as escritoras Antía Yáñez Rodríguez e Sabela Losada Cortizas. As obras serán publicadas por Baía Edicións en álbums ilustrados a toda cor na colección "Contoxconto" antes de finalizar o ano e o premio de 5.000 euros repartirase a partes iguais entre as dúas escritoras merecedoras do galardón.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XIII Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalajara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatar os autores vivos que contan cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das linguas que se falan en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa obra. Conta cunha dotación económica de 30.000 euros. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na convocatoria correspondente ao ano 2017 foi Marina Colasanti.

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso Literario Xaime **Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

IX Premio **Jules Verne** de Literatura Xuvenil

Creado en 2006 baixo o nome de Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil e organizado por Edicións Xerais de Galicia, co intento de fomentar a creación literaria destinada especificamente ao público xuvenil. As obras presentadas teñen que ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega. Dende o ano 2014 mudou o nome polo de Premio Jules Verne de literatura xuvenil e o anterior premio de 7.500 euros aumentouse a 10.000 euros. En anteriores convocatorias resultaron gañadores: Jaureguizar, por *A Cova das Vacas Mortas* (2006); An Alfaya, por *Illa Soidade* (2007); Marilar Aleixandre, por *A Cabeza de Medusa* (2008); Rosa Aneiros, por *Ás de bolboreta* (2009); Héctor Carré, por *Febre* (2011); e Eduardo Santiago, por *O Gran Reino* (2014); en 2015 Andrea Maceiras por *Europa Express*; e en 2016 Iria Misa pola obra *Xa non estou aquí*. Na edición de 2017 gañou Manuel Lourenzo con *Ceiba de Luz*.

Referencias varias:

- Ramón Rozas, “Palabra que é mar”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 outubro 2018, p. 6.

Comenta o acto de entrega dos Premios Xerais de Novela que este ano, por primeira vez, tivo lugar no Museo do Mar de Vigo. Ofrece unha listase dos premiados e das súas correspondentes obras e apunta que este ano foi un especialmente delicado para a editora debido á marcha de Manuel Bragado da dirección logo de vinte e cinco anos, motivo polo cal se aproveitou o evento para unha merecida homenaxe.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e mocidade a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación literaria, Ilustración e Labor editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado español. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de doce anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de doce anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Catalá del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekarte, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas

que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, n.º 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deben presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001 *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro; e en 2012 *Leviatán*, de Ramón Trigo. Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi a galega Leticia Costas coa obra titulada *Jules Verne e a vida secretas das Femmes Plante*. Na edición de 2017, *Plumas e unicornios*, de Leticia Costas, obtivo o Premio Lazarillo ao que optaban sesenta e oito obras.

Referencias varias:

- Maria López Viñas, “As obras que non se resentiron na crise foron os libros infantís e xuvenís”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, p. 53/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 50, 4 decembro 2018.

Informa da concesión do Premio Lazarillo de Literatura Infantil e Xuvenil na modalidade de creación literaria á escritora Andrea Maceiras pola súa novela *Rusgalía*, da que o xurado destacou a súa brillante linguaxe e a creación de fermosísimas escenas.

- R. L., “La escritora gallega Andrea Maceiras gana el premio Lazarillo de creación literaria”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 decembro 2018, p. 37.

Dá conta da concesión do Premio Lazarillo de Creación Literaria á escritora Andrea Maceiras pola súa peza *Rusgalía*, e da entrega do Premio Repsol de Narrativa Breve ao xornalista e escritor Antón Lopo polo seu relato *Extraordinario*.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura

da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (ver o apartado X.3 do *Informe*). Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 euros, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 euros. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. Dende o ano 2013 o premio pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; e en 2014 a *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas. En 2015 non tocaba convocatoria. En 2016 foi premiada *O valo*, de Carlos Ignacio Labraña Barrero. En 2017 non se convocou.

Certame Manuel María de Proxectos Teatrais (Bianual)

A Casa-Museo Manuel María en colaboración cunha serie de concellos convocan o Certame Manuel María de Proxectos Teatrais. A Casa-Museo Manuel María ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obrado escritor chairego, así como a promoción da cultura galega en xeral. O certame ten por obxecto premiar a mellor proposta escénica dunha obra de Manuel María. A súa periodicidade será bienal. Poderán presentar os seus proxectos a este Certame as compañías ou produtoras de teatro legalmente constituídas que acrediten a súa residencia en Galiza así como empresarios/as ou artistas a título individual que contén ou vaian contar con cobertura de produción para desenvolver o proxecto. Cada compañía ou artista poderá presentar o número de proxectos que considere oportuno. Pola súa parte, os/as artistas tamén poden formar parte de máis de un dos proxectos presentados. Os proxectos presentados deben reunir os seguintes requisitos: referirse a un texto teatral -ou varios combinados- da autoría de Manuel María. Para estes efectos, a Casa-Museo porá a disposición das persoas interesadas o conxunto da obra de Manuel María en formato PDF. Ser completamente orixinais. Ter unha duración mínima prevista de 45 minutos. O orzamento detallado e indicación clara do caché da compañía para a contratación da representación da obra que nunca deberá sobrepasar a cantidade de 2.700 euros máis os impostos correspondentes. A documentación deberá remitirse por correo electrónico a: contacto@casamuseomanuelmaria.gal, ademais, enviarase unha copia en papel por correo certificado ou por servizos de mensaxería ao seguinte enderezo: Fundación Manuel María de Estudos Galegos. R/ Javier Fonte, 1, portal D, 1oA. 15.001 – A Coruña. A Comisión estará composta por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito das artes escénicas, sendo presidida pola Presidenta da Fundación Manuel María de Estudos Galegos ou persoa en quen delegue. Actuará de secretario, sen voto, o secretario da Fundación ou persoa en quen delegue. A Comisión premiará un único proxecto, podendo

seleccionar outros con carácter de suplentes. O seu fallo será inapelábel. O Certame poderá declararse deserto no caso de que a Comisión de Selección considere que ningún dos proxectos presentados reúne as debidas condicións. Establécese un único premio que recibirá a cantidade de 2.000 euros. Ademais, o proxecto terá garantidas un número de representacións equivalente ao número de entidades colaboradoras. O caché establecido para esas representacións será, como máximo, o que se tiver indicado no momento de presentar o proxecto ao certame que, en ningún caso sobrepasará os 2.700 euros máis os impostos que correspondan. A data límite para a presentación dos proxectos ao Certame será o día 30 de setembro de 2018. O xurado composto por Manuel Lourenzo, Belén Pichel, Quico Cadaval e Alberto Anside decidiu concederlle o galardón á compañía Teatro da Ramboia polo texto *O meu mundo non é deste reino ou farda de Bululú*.

I Premio de Narrativa Xuvenil **María Victoria Moreno**

Con motivo de honrar a figura de María Victoria Moreno, autora homenaxeada no ano 2018 no Día das Letras Galegas, e promover unha creación literaria de calidade para o público xuvenil, o Concello de Pontevedra e Urco Editora convocan a primeira edición do Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. A finalidade deste certame é escoller a obra narrativa destinada a público xuvenil a editar con motivo do XX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega e cunha extensión máxima de 250.000 caracteres. A obra gañadora será premiada coa publicación do libro e 4.000 euros (que estarán suxeitos ás retencións fiscais pertinentes). Urco Editora, mediante contrato privado coa persoa autora, será a encargada da edición e publicación da mesma en lingua galega sendo a titular dos dereitos durante os seguintes cinco anos á concesión do premio. Os orixinais presentaranse en formato .PDF, gravados nun CD ou nunha memoria externa, maquetados en formato DIN-A4, en letra Times ou semellante de corpo 12 e a dobre espazo. Os orixinais irán presentados segundo o sistema de plica. Os orixinais que non resulten premiados serán devoltos as persoas autoras dos mesmos no caso de o requiriren por escrito antes de rematar o mes seguinte á decisión do Xurado. A persoa beneficiaria do premio, recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada e terá dereito a unha participación proporcional nos ingresos derivados da explotación da obra. Asemade, será convidada a formar parte do xurado na seguinte edición. O Xurado estará composto por unha persoa representante da familia de María Victoria Moreno, unha persoa representante do Concello de Pontevedra, unha alumna ou alumno representante do IES Torrente Ballester de Pontevedra, unha persoa representante de Urco Editora e a persoa que resultase gañadora na edición anterior. O fallo do Xurado terá lugar en Pontevedra durante a celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Se a calidade literaria das obras non fose estimábel, segundo o criterio do Xurado, o premio poderá declararse deserto. As entidades convocantes resérvanse o dereito a publicar, xunto co fallo, os lemas das obras finalistas cuxa publicación recomendase o Xurado, mais sen abrir a plica, para respectar así o seu anonimato. As persoas autoras das obras mencionadas que así o desexen, poderán pórse en contacto con Urco Editora para trataren o tema da publicación. A participación neste premio implica a aceptación incondicional das súas regras, así como o recoñecemento da decisión final do xurado como irrevogable.

Referencias varias:

- B. L., “Urco e o concello convocan o I Premio María Victoria Moreno”, *Diario de*

Pontevedra, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 xaneiro 2018, p. 12.

Informa da convocatoria do primeiro Premio María Victoria Moreno de literatura infantil e xuvenil con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas á autora. Recolle as bases do premio e a contía do premio. Ademais, indica que este galardón enmárcase dentro do resto de actividades que Urco Editora está a realizar arredor da autora de Pontevedra, xunto á recuperación dos seus contos infantís *A brétema* e *O cataventos*.

- X. F., “Antonio Manuel Fraga gaña o premio María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “La fiesta de la palabra”, 24 abril 2018, p. 33.

Infórmase de que Antonio Manuel Fraga, coa súa obra *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, foi o gañador do I Certame María Victoria Moreno, que convoca o concello de Pontevedra xunto coa editorial Urco. Alúdese a que o xurado estaba conformado por Montse Pena, Eli Ríos, Andrea Martínez, Carmen Hermida e Andrea Jamardo e dise que foron obras finalistas do certame *Be Water* e *Irmá Paxaro*. Destácase que a obra foi seleccionada pola caracterización dos personaxes femininos, que está ambientada nos anos da República e que ten como protagonista a un rapaz que dá cunha nena que lle fala do caderno de seres máxicos da súa tía.

- Belén López, “Pontevedra decláralle o seu amor incondicional aos libros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 abril 2018, p. 11.

Infórmase de que Antonio Manuel Fraga, coa súa obra *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, foi o gañador do I Certame María Victoria Moreno, que convoca o concello de Pontevedra xunto coa editorial Urco. Faise referencia á última obra deste autor *Escaquis e Romeu*. Tamén se alude a que o xurado estaba conformado por Montse Pena, Eli Ríos, Andrea Martínez, Carmen Hermida e Andrea Jamardo e dise que foron obras finalistas do certame *Be Water* e *Irmá Paxaro*.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado dun único premio de 2.500 euros e a publicación da obra na colección “Meiga Moira” de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de oito a dezaseis anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., Parcela G-18, nave posterior, 15190 A Coruña). O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos sonhos*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010); *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen (2012); e *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras (2014). No 2015 non tocaba convocatoria. En 2016 premiouse *Denébola a Roxa* (2016), de Héctor Cajaraville. Na edición correspondente a 2017 a gañadora foi Ánxela Gracián con *As voces da auga*.

XXXII Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado de 10.000 euros, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo, Pontevedra). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en 1987; *Ó outro lado do sumidoiro* (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999; *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011; *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro, en 2012; *O Castañeiro de Abril* (2014), de Antonio Fraga, en 2013; e *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2015), de Leticia Costas en 2014; *Nena e o mar* (2015), de Érica Esmorís en 2015; e *Todo o tempo do mundo*, de David Pérez Iglesias en 2016. Na edición correspondente ao ano 2017 premiouse María Canosa por *Muriel*.

V Premio “**Muíño do Vento**” de Textos de Contraportada

Creado en 2013 pola Asociación Cultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol) para galardoar os textos de contracuberta e lapelas de libros de Literatura infantil e xuvenil publicados en galego no ano 2012 nos diferentes xéneros. O galardón consiste

nun cadro do pintor ferrolán Poldo Rapela que se entregará ao autor do libro, con independencia de quen sexa o autor do texto da contracuberta e lapelas. As copias da capa e contracapa da obra e os datos persoais débense enviar a esta Asociación (Pintor Máximo Ramos, n.º 7-9, 2º C, 15401 Ferrol) ou envialas como arquivo adxunto de PDF ao correo electrónico directiva@muinhodovento.es.

IV Certame **Mulleres de Lemos**

Co propósito de conmemorar o Día da Muller e promover as figuras femininas relevantes na historia das Terras de Lemos, o Colectivo Lemos Le convoca este certame. Estabelécense dúas modalidades: banda deseñada (para participantes de 12 a 18 anos) e traballo de divulgación (a partir de 18 anos). Pode concorrer calquera persoa que presente un traballo en lingua galega, inédito e orixinal. Concédese un único premio en cada categoría, que consiste nun diploma, un lote de libros, un lote de produtos da Ribeira Sacra e unha peza de artesanía local. Nesta cuarta edición os traballos debían versar sobre a figura de Balbina López Somoza. Na categoría de traballo de divulgación gañou María Isabel Fernández García, e na de banda deseñada Víctor Domínguez.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Nacionais de Literatura**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado dunha contía de 20.000 euros. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Seguí; no ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*; no ano 2012, o galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones; en 2013, o premio foi para Miguelanxo Prado por *Ardalén*; en 2015 os gañadores foron Santiago García (Madrid, 1968) e Javier Olivares (Madrid, 1964) coa obra titulada *Las Meninas*; e en 2016 o gañador foi Pablo Auladell (Alicante, 1972) coa obra *El paraíso perdido*. Na edición correspondente ao ano 2017 foi premiado Layco Pulido por *Lamia*.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XIV Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado de 3.000 euros para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no rexistro da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32003 Ourense) antes do día 12 de setembro. Na modalidade de ilustración diríxese a ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado, no Rexistro Xeral antes do 20 de decembro. En anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñíz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis increíble que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011, ilustrado por Pilar Marcó; *Por qué está triste o miñas?*, de Ángela Fernández Rey en 2013; *O trasno de Bóveda*, de Luis Antonio Pérez en 2014; en 2015 resultou gañadora na modalidade de poesía Eli Ríos (Londres, 1967) coa obra *Bicha* e na modalidade de ilustración Patricia Román Ortega (Ciudad Real); e en 2016 resultou gañadora na modalidade de narración Montserrat Pis Marcos, coa obra *Dos estranos ollos de Damaluar* e das aventuras e na modalidade de ilustración, Francisco Pérez “Quico”. Na edición correspondente ao ano 2017 na modalidade de ilustración resultou premiada María Díaz Serantes, e na de narrativa Antonio Yáñez Casal, titulado *Do meu nome e outras trapalladas*.

Referencias varias:

- Elisabet Fernández, “O valor das bibliotecas orais gaña o ‘Pura e Dora Vázquez’”, *La Región*, “Ourense”, 28 xuño 2018, p. 14.

Dáse noticia de que a escritora Ánxela Rodríguez Rodríguez vén de gañar o XV Premio ‘Pura e Dora Vázquez de Narración’ coa obra *As historias da ogra pinta* sobre a tradición oral. Dise que o xurado estivo composto por Manuel Doval, deputado de Cultura, José Manuel Fernández, Mario González, Carlos Rodríguez, Xosé Manuel Cid e Ana Malingre, xefa da sección de Publicacións da Deputación. Explícase que a autora dedica o premio a Xabier Docampo e que queda aberta a convocatoria do concurso de ilustracións do libro galardoado.

Certame literario **Ramón Martínez López**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

XII Premio **Raiña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre “Premio de Literatura Infantil Raiña Lupa”. En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010; e *Reo*, de Xesús Fraga en 2013. Na edición correspondente ao ano 2017 resultou gañadora Marilar Aleixandre pola novela *A filla do minotauro*. Na XII edición, correspondente ao ano 2018 o xurado, formado por Marilar Aleixandre, Andrea Maceiras, Eva Mexuto, Ánxela Graciá e Goretti Sanmartín como presidenta e xefa de servizo da área de Cultura e Mercedes Fernández-Albalat como secretaria, concedeu o premio, por unanimidade, á novela *O grupo*, de An Alfaya (Santiago de Compostela, 1975). Doutra banda, o xurado tamén decidiu nomear como finalista a obra *Revolución detrito* de Xosé García Rodríguez.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden

participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por quintuplicado a dobre espazo, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabelécese un galardón único de 500 euros, a edición da obra e un mínimo do 40% da edición. Os orixinais deben enviarse por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia n.º 12-1º, 15005 A Coruña) ou á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 31 de marzo. Os premiados en edicións anteriores foron: Carlos Casares, por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, en 1973; Euloxio Ruibal, por *O roubo do aparello*, en 1974; Manuel Lourenzo, por *Viaxe ao país de ningues*, en 1975; Dora Vázquez, por *Cascabel, o cabaliño do circo*, en 1976; Manuel Lourenzo, por *Todos os fillos de Galaad*, en 1979; Manuel Lourenzo, por *Viva Lanzarote*, en 1981; Manuel Lourenzo, por *O soño das cidades*, en 1986; Manuel Lourenzo, por *O bosque máxico de Xabarín*, en 1988; Carmen Blanco Sanjurjo, por *A fuga*, en 2012; Carlos Labraña, por *Espantallo*, en 2013; e Carlos Labraña, por *Moito morro corporation Sociedade Ilimitada*, en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Carlos Labraña por *Estrela... fugaz?*. Na edición de 2017 resultou a obra gañadora foi “Pingas”, de Adela Clorinda Figueroa Panisse.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

The White Ravens Galegos

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez, en 2010; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto, en 2011; *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO, en 2012; e *Bandada*, de Manuel Rodríguez e con ilustracións de David Daniel Álvarez Hernández e María Julia Díaz Garrido, en 2013; María Solar, con *O meu pesadelo favorito*, e Miguel López, con *Feliz Feroz*, en 2015; e na edición de 2016 *Teño uns pés perfectos*, de María Solar e Gusti. Na edición de 2017 incluíuse *Ollos*, de Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández, publicado na serie Animais Extraordinarios de KALANDRAKA.

X Concurso literario **Verbas para... comunicar**

Certame convocado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Soutomaior co fin de promover a lingua galega entre a mocidade. Pode participar calquera mozo ou moza matriculado nalgún curso da ESO, FP ou Bacharelato que estea empadroadado no Concello de Soutomaior e que non supere os dezaioito anos. Os traballos serán orixinais, de temática libre, escritos en lingua galega e non superarán as doce liñas. Estabelécese dúas categorías: entre doce e catorce anos (categoría A) e entre quince e dezaioito anos (categoría B). Levarán premio seis traballos por cada categoría. Na edición

correspondente ao ano 2017, na categoría A foi premiada Candela Paz Aguiar, e na categoría B, Paula Ramallo Malvar.

I Premios **Virxinia Pereira** de Banda Deseñada pola Igualdade

O premios Virxinia Pereira de Banda Deseñada é un proxecto promovido pola Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia (O Garaxe Hermético) e a Concellaría de Igualdade para reivindicar e concienciar sobre a problemática da diferenza de xénero e a desigualdade social das mulleres na nosa sociedade, dende a arte da Banda Deseñada. O premio ten como obxectivo estimular e fortalecer a reflexión crítica sobre as desigualdades existentes entre homes e mulleres no noso país. O tema das obras será a problemática dos malos tratos e a desigualdade da muller na sociedade actual, de creación propia e inéditos; o contido das obras non pode atentar contra a dignidade das persoas. As obras deberán estar escritas en lingua galega. Presentaranse obras orixinais en branco e negro ou en color, realizada con técnica libre. Non se aceptarán orixinais, só se poden presentar copias de calidade. As obras deberán de presentarse en soporte CD en tamaño A3 ou A4 a 300 píxeles por pulgada en formato jpg, e tamén débese presentar impreso en formato DIN A-3 en papel de gramaxe non inferior a 200 gr., e con resolución de 300 píxeles/pulgada. As obras deberán ter o título e o lema na parte de atrás, e non deben ir asinadas. Poderase presentar ao concurso calquera persoa sen límite de idade. Os concursantes deberán presentar unha BD de 6 páxinas a cor ou branco e negro de formato único DIN A-3 (29'7x42). Os traballos presentaranse baixo un título ou un lema co modelo que se xunta como anexo a estas bases. Os traballos presentaranse xunto cun sobre pechado sen identificar no que se incluírán: - os datos persoais do autor/a (nome e apelidos, dirección, teléfono, e-mail, e idade) - Certificado do número de conta bancaria. - Fotocopia do DNI. Pódense presentar obras individuais o conxuntas entre guionista e debuxante, pero tan só unha obra por persoa. Os traballos presentaranse na Alcaldía do Concello de Pontevedra, no edificio municipal da rúa Michelena número 30, 3º andar. Poderán presentarse persoalmente en horario de 8.30 a 14.30 ou remitirse por correo postal dirixido a: Concello de Pontevedra-Premio BD Virxinia Pereira Rúa Michelena, núm. 30, 36071- Pontevedra (Alcaldía – CIM 3º andar). Outorganse os seguintes premios: 1º: 2.000 euros, que será entregado polo Concello de Pontevedra, curso de verán de BD (2017) cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra. 2º: 1.000 euros, que será entregado polo Concello de Pontevedra, un lote de BD cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra. 3º: 500 euros, que serán entregados polo Concello de Pontevedra, un lote de BD cedido por O Garaxe Hermético, Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra. Nesta primeira edición, o prazo de presentación rematou o 15 de febreiro de 2017. Ningún autor ou autora poderá beneficiarse de máis dun premio. O Concello de Pontevedra agasallará ás persoas premiadas cunha placa conmemorativa deseñada por Kiko da Silva. Farase unha exposición coas obras finalistas e premiadas polo xurado. Todas as historietas premiadas serán publicadas nunha revista que terá coma obxectivo sensibilizar e crear a reflexión e o debate nos centros de ensino de Pontevedra. Poderanse publicar ate un máximo de 3 accesits se o xurado os considerase con calidade para ser publicados e expostos. A entrega de premios efectuarase durante o acto de inauguración da exposición das mellores obras seleccionadas polo xurado, o día 8 de marzo de 2017. Na edición correspondente ao ano

2017 o xurado profesional presidido por Kiko da Silva, director de O Garaxe Hermético e composto por Fran Bueno, Marilar Aleixandre, Fernando Llor e Cynthia Alfonso Barreiro, decidiu: otorgar os premios do 1º Concurso de Banda Deseñada Virxinia Pereira as seguintes obras: 1º premio para Francisco Pérez Outes coa obra *Ítaca*, 2º premio para Pablo Prado Fernández coa obra *A calquera*; e o 3º premio para Adán Álvarez Rivas, coa obra *Encontros na noite*. Ademais, un accésit para Elísabet García Aires coa obra *O meu fogar*.

Certame de Poesía Infantil Nadal Biblioteca Municipal de **Xermade**

Poden participar tódolos nenos, con poemas sobre o tema xenérico de “O NADAL”. Establécense tres categorías : A (ata oito anos), B (de nove a once anos) , e C (de doce a dezaseis anos). Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe. Os poemas estarán redactados en galego cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, e poderán presentarse mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor. O prazo de presentación dos poemas rematará o 22 de decembro de 2018, debendo ser entregados polos seus autores na Biblioteca Pública Municipal. Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma e libros. Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. O fallo do xurado local farase público na primeira quincena de xaneiro do 2019. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos. En canto á fase provincial, no certame participarán tódolos traballos seleccionados polas bibliotecas públicas municipais da provincia de Lugo na fase local desta convocatoria, así como os seleccionados na fase local convocados por esta Biblioteca Pública. As categorías nas que os concursantes participan son as mesmas que no caso anterior e os traballos remitidos polas bibliotecas públicas municipais deberán ser recibidos na biblioteca provincial antes do 19 de xaneiro de 2019. O fallo provincial farase público antes do 31 de xaneiro de 2019. O xurado provincial adxudicará por cada modalidade e categoría un total de tres premios, dotados cada un deles con unha estatuiña de Sargadelos e un lote de libros. Finalmente, tamén se editará unha publicación cos traballos premiados na fase provincial deste Certame.

Referencias varias:

- S. I., “La biblioteca de Xermade organiza un certamen de poesía infantil”, El Progreso, “A Chaira”, 4 decembro 2018, p. 14.

Dá conta da celebración do Certame de Poesía Infantil Nadal 2018, organizado pola biblioteca municipal de Xermade e no que poderán participar todos os cativos e cativas que presenten poemas sobre a festividade do Nadal en lingua galega.

Xogos Florais María Pita

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

XXVI Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía (que vai en vales dos 50 euros aos 90 euros) para os distintos ciclos de Primaria e Secundaria, que se entregan en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales é doada pola entidade Caixanova. O xurado ten facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Nesta XXVI edición, a obra gañadora do 1º e 2º Curso de Primaria foi: *O don de Mariña* de Martín García Alves, do C.E.I.P A Igrexa – Brens, e accésits para as obras: *O libro de aventuras esquecido* de Lucía Caamaño Cespón, do Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; *O mundo das letras* de Mateo Trillo Piñeiro, do Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; *De primeiro sopa de letras* de Sheila Eirín Moledo, do C.E.I.P. Virxe da Barca de Muxia; e *Adrián e o laberinto* de Irene González Marcote, do Colexio Eugenio López de Cee. A obra gañadora do 3º e 4º Curso de Primaria foi: *Un libro extravagante* de David Santabaya Paz, do Colexio Eugenio López de Cee, e recibiron accésits as obras: *O carnet de Breogán* de Mateo Alves Estévez, do Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; e *ABC-DARIO* de Marta Andrade Fandiño, do C.E.I.P. de Vilarmide- Eduardo Noya de Muxia. Por último, a obra gañadora do 5º e 6º Curso de Primaria foi: *A árbore triste* de Lucía Pose García, do C.E.I.P. de Vilarmide- Eduardo Noya de Muxía; con accésits para as obras: *A aventura de Xoán* de Carla Martínez Castreje, do Colexio Eugenio López de Cee; e “*O mellor invento do mundo*” de Diego Soto Riera, do Colexio Manuela Rial Mouzo, tamén de Cee.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Cee fomenta a creatividade literaria e o saber con tres certames e unha olimpiada”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 febreiro 2018, p. 36.

Explícase que a biblioteca municipal Francisco Mayán convocou o XXVII Concurso de Achegamento ao Libro. Dise que o concurso está dirixido a alumnos de Educación Primaria da Comarca de Cee e que a data para presentar traballos remata o 3 de abril. Infórmase de que este concurso estará complementado polos certames ‘Na Procura do Noso XIV Marcapáxinas’ e ‘Na Procura do Noso VII Cómic’.

- J. M. R., “Presentadas 227 obras aos concursos da Biblioteca Francisco Mayán de Cee”, *La Región*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 15 maio 2018, p. 33.

Informa de que o acto de entrega dos premios dos concursos literarios convocados pola Biblioteca Francisco Mayán de Cee terá lugar na sala de conferencias da casa da cultura da vila. Dá conta dos premiados en cada un dos certames e informa da composición do

xurado.

Certame de microrrelatos da biblioteca municipal de **A Guarda**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

II Certame de Relato Fantástico **Agustín Fernández Paz**

O premio nace como unha iniciativa dos equipos de dinamización da Lingua Galega do IES de Salvaterra e do Concello co que se quería render unha máis que merecida homenaxe a Agustín Fernández Paz á vez que se fomenta a escrita literaria en galego. Poderá participar todo o alumnado dos CEP Carlos Casares, CEIP Infante Felipe e CEIP Leirado e IES de Salvaterra de Miño segundo as seguintes categorías, na categoría A: alumnado de 1º a 3º de educación primaria, na B, alumnado de 4º a 6º de educación primaria, na C, alumnado de 1º e 2º de ESO, na D, alumnado de 3º e 4º de ESO e 1º Ciclo e, por último, na E, alumnado de Bacharelato e 2º Ciclo. O relato tratará a temática do terror, a fantasía e o misterio e deberá comezar por un dos oito fragmentos da obra de Agustín Fdez. Paz que acompañan estas bases. A extensión do mesmo será de entre unha e cinco páxinas escritas en letra Times New Roman ou Calibri 12 (interliñado 1.15). O alumnado de EP poderá entregar o relato escrito a man. Os relatos poden enviarse ao seguinte correo linguadesalvaterra@gmail.com (ou entregar ao profesorado coordinador de cada centro educativo) antes do venres 28 de abril de 2018. Serán premiados o mellor relato de cada categoría e un ou varios accésits segundo criterio do xurado. Este estará composto por alumnado e profesorado representante de todos os centros que participan. Os relatos premiados e todos aqueles que presenten interese serán publicados nun volume especial e difundidos nas canles de comunicación dos respectivos centros.

Concurso **Andersen en Cómic convocado pola OEPLI**

Coa ocasión do Día Internacional do Libro Infantil, a Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil-OEPLI, e as súas seccións: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (ClijCAT) e Galtzagorri Elkarte, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, convoca o concurso Un conto de H. C. Andersen en cómic. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou o primeiro ciclo de Secundaria, a través do seu centro docente ou desde a biblioteca. A Biblioteca Pública Da Coruña Miguel González Garcés súmase á celebración deste concurso. Para participar, terá que escoller un libro de Hans Cristian Andersen que o/a participante lera e que lle guste especialmente para debuxalo en forma de viñetas. Non menos de catro viñetas, non máis de doce viñetas co formato dun cómic: globos de texto, epígrafes, etc, nun máximo de tres follas (Din-A4). Os traballos poden presentarse individual ou colectivamente. En todos os traballos deberán constar os datos de identificación dos seus respectivos autores/as, nome e apelidos, idade, ano de nacemento e curso escolar, así como o nome do profesor/a ou bibliotecario/a, o nome, dirección e teléfono do centro e un correo electrónico de contacto. Os participantes poden entregar na Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés os seus traballos impresos antes das 21.00h do xoves 19 de abril de 2018. A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

seleccionará tres traballos por cada categoría e os enviará antes do día 23 de abril á Organización do concurso. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías e ámbito lingüístico: Primeiros lectores (1º, 2º e 3º de Primaria) Lectores avanzados (4º, 5º e 6º de Primaria) Superlectores (1º e 2º de Secundaria). Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para os/as premiados/as e para a entidade (biblioteca ou centro docente) que presente os traballos. O xurado cualificador estará integrado por representantes de cada unha das seccións da OEPLI. O ditame do Premio terá lugar no mes de maio, antes do día 21 e a entrega dos premios celebrarase na data e no lugar que acorde GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Non serán devoltos os orixinais aos seus respectivos autores e autoras unha vez resolto o concurso. A OEPLI poderá empregar os debuxos gañadores en diferentes soportes e usos relacionados co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, sen que isto dea dereito a retribución algunha para os/as concursantes. A participación no concurso supón a autorización dos/as pais/nais e titores dos/as menores para que os debuxos poidan ser difundidos a través das redes sociais e da páxina web da OEPLI e das diferentes seccións territoriais. A presentación dos orixinais para o concurso supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.

Referencias varias:

- Chus Gómez, “Que o libro vos acompañe sempre”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 15 xuño 2018, p. 11.

Dáse conta da entrega dos premios ‘Andersen en cómic’ que convoca a Oepli (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil) para o alumnado de Primaria e Secundaria de toda Galicia co gallo do Día Internacional do Libro Infantil a dúas alumnas do CEIP A Xunqueira I. Explícase que as dúas gañadoras son Mara Freire Carracedo, de segundo de Primaria (Primeiros lectores), e Sandra Paola Lozano Justo, de cuarto (Lectores Avanzados).

Certame relato curto Antonio Fernández Pérez

Convocado, dende o ano 2009, polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e establécense tres premios de 90, 60 e 30 euros por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na edición correspondente ao ano 2017 e para a fase final do Certame foron seleccionadas vinteseis narracións polos centros colaboradores: CEIP Amaro Refojo, CEIP O Castiñeiro de Laza, CEIP de Medeiros, Colexio Privado Plurilingüe María Inmaculada, IES Castro de Baronceli e IES Xesús Taboada Chivite. Na modalidade de 5º e 6º de Primaria, o primeiro premio foi para o relato *Rubio* de Antonio Conde Rodríguez, alumno do CEIP O Castiñeiro de Laza; o segundo, *O ollo do dragón* de María Castro Fírvida, alumna do CEIP de Medeiros; e o terceiro, *O meu gato Trébol* de Brais Rivero Fernández, alumno do CEIP O Castiñeiro de Laza. En 1º e 2º de ESO, o primeiro premio gañouno a narración *Non somos ninguén* de Aitana de Arriba Pantaleón, alumna do IES Xesús Taboada

Chivite; o segundo, *O pedaciño* de tea de Uxía Martínez Barreal, alumna do IES Castro de Baronceli; e o terceiro, *Quizais* de Sheila Prieto Estévez, alumna do IES Castro de Baronceli. Na modalidade de 3º e 4º de ESO, o primeiro premio conseguíuno o relato *Adeus* de Noelia Gallego Campos, alumna do Colexio María Inmaculada; o segundo premio, *Ningures* de Marta Barja Barja, tamén alumna do Colexio María Inmaculada; e terceiro premio, *Pingas* de Inés García Nóvoa, alumna do mesmo centro que as anteriores.

Referencias varias:

- Xosé Lois Colmenero, “Supremacía dos alumnos do María Inmaculada no certame do Día das Letras”, *La Región*, “Monterrei”, 19 maio 2018, p. 28.

Dá conta dos gañadores dos certames literarios do Día das Letras Galegas organizado polo concello de Verín en colaboración coa cadea de supermercados Gadis, entres os que se atopan María Milla Gómez na modalidade de relato curto, e Rodrigo González Álvarez na modalidade de poesía.

XIX Certame literario **Benjamín Paz**

Organizado polo CEIP Insua Bermúdez de Vilalba co gallo do Día das Letras Galegas, o premio ofrece a modalidade de literatura (poesía e relato) e de debuxo. Estabelécense tres premios coa dotación de 90, 75 e 60 euros. Na edición de 2017 foron galaroadas, en poesía: 1º Ciclo: primeiro premio para *O verán xa chegou*, de Helena Fernández Quintela (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésit para *A primavera*, de Ana Montenegro Tejjido (CEIP M. Mato Vizoso); 2º Ciclo: primeiro premio para *A noite de San Xoán*, de Daniel Castro Rico (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésit para *A poesía da alegría*, de Nerea Blanco González (CEIP A. Insua Bermúdez); 3º Ciclo: primeiro premio para *Galicia* de Icí Saavedra Cortiñas (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésit para *Neniño labrego* de Aurora Romero Trastoy (CEIP A. Insua Bermúdez). E en narrativa: 1º Ciclo: primeiro premio para *Carla*, de Andrea Paz Balseiro (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésits para *O dinosaurio e o rei* de Brais Vázquez Coira (CEIP A. Insua Bermúdez) e *A serea* de Cristina Fernández Díaz (CEIP A. Insua Bermúdez); 2º Ciclo: primeiro premio para *A nube* de Martín Rañal Piñón (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésit para *Meu irmán* de Alejandro Tejerio González (CEIP A. Insua Bermúdez); 3º Ciclo: primeiro premio para *Mensaxes universais* de Aitane Gesto Rego (CEIP A. Insua Bermúdez) e accésit para *A lección de Dante*, de Minia Leivas Fernández (CEIP A. Insua Bermúdez). E en Infantil tres anos: primeiro premio para Luca López Baamonde (CEIP A. Insua Bermúdez); Infantil catro anos: primeiro premio para María José Otero de Vicente (CEIP A. Insua Bermúdez); e Infantil cinco anos: primeiro premio para Rodrigo Fouz Sánchez (CEIP A. Insua Bermúdez).

XIX Premios **Buero de Teatro Joven**

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honra do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX.

Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre catorce e vinte e un anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autonómica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, establécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2013 tamén se incluíu un premio votado polo público a través dunha aplicación en liña. En Galicia recibiron o galardón da fase autonómica o grupo Vai no Dentista do IES Xelmírez (Compostela), na categoría de teatro escolar, polo espectáculo *Fóra do xogo*; e na categoría non escolar Palimoquiños con *Real ou non*. A entrega realizouse no teatro centro sociocultural Ágora da Coruña. Na edición correspondente ao ano 2017 gañaron o premio Antía Herrero e Adrián del Río pola obra *Kilómetro 526*.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Semana de premios para os escolares de Carballo e Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 maio 2018, p. 40.

Dáse noticia de que Elisa Lema Gómez, alumna do IES Fernando Blanco de Cee e membro do grupo de teatro Tuéjele gañou o Premio Especial de Mellor Actriz Escolar dos Premios Buero de Teatro Joven da Fundación Coca-Cola. Explícase que conseguiu este premio pola interpretación de Marilín na obra *Maldito saxo*, unha adaptación da peza de Roberto Vidal Bolaño *Saxo tenor*.

Concurso de Contos de Nenos para Nenos Carlos Casares. Agrupación Cultural O Facho

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este certame en homenaxe ao primeiro gañador do Certame de Literatura Infantil no ano 1968 coa obra *A galiña azul*. Está dirixido a rapaces e rapazas que presenten os seus relatos orixinais e inéditos en lingua galega. Os orixinais cos datos persoais do autor deben enviarse por duplicado por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (Rúa Federico Tápia nº 12-1º, 15005 A Coruña) ou entregarse no seu centro escolar. Consta de dúas categorías: A, para nenos e nenas de seis a doce anos, cun máximo de cinco folios e dous premios; e B, para rapaces e rapazas de trece a dezaseis anos, cun máximo de dez folios e dous premios. Os galardóns contan cunha dotación de 100 euros e un lote de libros doados por Medulia Editorial, Ediçons Xerais, Sotelo Branco, Baía Ediçons, Editorial Galaxia, e Editorial Toxos Outos. Na edición correspondente ao ano 2017, os premios da Categoría A (Nenos e nenas de oito a doce anos), foron para *A árbore das bolboretas* de Andrea Ramos Casal; o

Segundo: *Misterio no colexio* de Antía Mouriño García. Premios da categoría B (Rapaces e rapazas de trece a dezaseis anos): o primeiro levouno *A traxedia deste mundo* de Ana Barros Fernández; o segundo ficou Deserto. No concurso de poesía, o primeiro premio foi para *Cristal de bágoas* de Daniel Irimia Yáñez. No Concurso de Teatro Infantil gañou o primeiro premio *Teatro para brincar no Natal* de Irene Veiga Durán.

II Certame Literario Xuvenil **Carlos Casares**

Certame organizado pola Concellería de Cultura, Deportes, Educación, Festexos e Xuventude do Concello de Xinzo de Limia coa colaboración da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares, Antón Riveiro Coello, Rafael Laso, centros educativos de Xinzo de Limia e Deputación de Ourense. Establece tres categorías: infantil, xuvenil e junior. Poderán concorrer a este premio os/as nenos/as e mozos/as que presenten, en prazo e forma, un relato escrito, inédito, da súa autoría, redactado en lingua galega, de acordo coa normativa oficial ILG-RAG. Estilo dos parágrafos: folio DIN A4 por unha cara, en tipoloxía Times New Roman 12 ou Arial12, a entreliña de 1,5 ou dobre, nos escritos realizados con ordenador. Admítense tamén obras manuscritas. Número de folios: a.- Júnior, mínimo oito, máximo de 11 folios. b.- Xuvenil: mínimo cinco, máximo de oito folios. c.- Infantil: mínimo dous, máxima de 5 folios. Os premios correspondentes a cada categoría outorgáranse en bonos para material escolar e libros nas librerías de Xinzo de Limia, nas categorías: Infantil 400 euros/ Xuvenil 600 euros; e 1.000 euros en metálico para a categoría Júnior; ademais, dun diploma e placa, en todas as categorías, outorgados polo Concello de Xinzo de Limia. O xurado, nesta segunda edición, estará composto por persoas designadas pola Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia, entre as que estarán os escritores galegos Carlos Caneiro e Rafael Laso; Xavier Casares Mouriño, presidente da Fundación Carlos Casares; Profesores de Lingua e Literatura Galegas dos centros escolares de Xinzo; profesores e técnicos de Cultura, Educación e Xuventude do Concello, así como a Bibliotecaria municipal

III Certame literario **Carmela Loureiro**

Premio convocado polo Concello de Ferrol e pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra no que poderá participar todo o alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e comarcas. Hai tres categorías por cada unha das modalidades: Categoría A (1º e 2º da ESO); Categoría B (3º e 4º da ESO) e Categoría C (Bacharelato e Ciclos). Existen dúas modalidades: microrrelatos e micropoesía. Na primeira o límite serán cento cincuenta palabras e o texto deberá comezar por “Xa cho advertira...”; na segunda modalidade, non se poderá exceder dos seis versos. Os textos deberá estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O agasallo consiste nunha *tablet* por cada categoría en cada unha das dúas modalidades. A deliberación divídese en dúas fases: fase interna (escolla de textos nun propio centro) e fase intercentros (intercambio entre os centros dos textos escollidos anteriormente). Na terceira edición, correspondente ao ano 2017, na categoría de Microrrelatos, foron gañadoras: *Viva a igualdade*, de Alejandra Fernández Armada (Categoría A, 3º ciclo de Educación primaria); *Como te esquecín, meu medo*, de Lucía Pérez Serantes (Categoría B, 1º ciclo da ESO); *Contemplación libre*, de Sara Romaní Yáñez (Categoría C, 2º ciclo da ESO); na categoría de micropoesía premiáronse: *A realidade*, Blanca Fraga Rodríguez (Categoría A, 3º ciclo de E. Primaria), *Vexo un mundo debuxado*, Nerea Arroyo Salgado

(Categoría B, 1º ciclo da ESO), e Marea escura da vida, María Pillado Rico (Categoría C, 2º ciclo da ESO); por último, en microteatro, premiouse: A noite sen estrelecer, Cristovo Castro García (Categoría D, bacharelato e ciclos formativos).

V Certame poético **Carme de Xinzal**

Concurso convocado pola Asociación Cultural O Fervedoiro. Na entrega do V premio de poesía Carme de Xinzal o primeiro foi para o poema *Esperanza*, de Gael Campos Picallo; o segundo premio a Mohamed Fadel Hamida, autor do poema *Liberdade*; o terceiro premio recaeu no poema titulado *Vida*, asinado por Manuel Bieito González Picáns; e cunha mención á composición titulada *Iguais*, de Roi Fandiño Maquieira.

IV Premio de Poesía **Carmen Villaverde**

Organiza o IES de Ordes. Poderán participar alumnos e alumnas de ESO, Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos que cursen estudos en Galicia e non teñan cumpridos 20 anos a 31 de decembro de 2017. Presentaranse tres composicións, con liberdade de metro e rima. Deberán ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega. Remítanse cinco exemplares en papel en formato DIN A-4. Participarase seguindo o sistema de plica. As obras deberán ser enviadas ao “VIII Premio de poesía Carme Villaverde”, IES Nº1 de Ordes, Rúa Nicolás del Río, s/n 15680, Ordes, A Coruña. Concederase un único premio de 400 euros. Se o xurado o considera oportuno, pola baixa calidade das obras presentadas, o premio poderá ser declarado deserto. A decisión do xurado é inapelable. O xurado estará formado por profesorado de lingua e literatura. O prazo de presentación remata o 3 de maio de 2018 ás 14:00 horas. O veredito do xurado darase a coñecer o día 10 de maio de 2018 ás 12:00 horas. Comunicaráselle persoalmente ao premiado. A entrega do premio terá lugar nun acto que se celebrará na Casa da cultura de Ordes a día 24 de maio ás 19:00 horas. A obra gañadora será publicada na revista do centro.

Concurso de microrrelatos e micropoemas **Centros da Estrada**

Premio convocado por primeira vez en 2014 polo Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP de Oca e organizado polos centros educativos do concello. Os textos deberán estar en galego e no modelo de microrrelatos non superar as cen palabras e en micropoemas ter como mínimo dous versos e como máximo oito. Existen tres categorías: Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato. Concederase un premio por categoría e por centro. Os traballos premiados nesta edición deberán incluír as palabras “verán” (na sección de microrrelatos) e “vento” (na sección de micropoemas) en homenaxe a Carlos Casares, e serán publicados nun libro.

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Premios Dinamiza na Estrada”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 21 marzo 2018, p. 35.

Dáse conta de que se fallaron os premios correspondentes ao concurso de micropoemas e microrrelatos dos centros de ensino da Estrada. Infórmase de que nesta convocatoria os

microrrelatos debían conter a palabra ‘faiado’ e os micropoemas a palabra ‘mar’.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

VII Concurso de creación literaria **Concello de Betanzos**

Certame organizado polo Concello de Betanzos coa intención de promover a escrita creativa entre o alumnado de secundaria dos centros educativos do propio municipio. Poderán participar todo o alumnado que estea a cursar ESO, FP ou Bacharelato (até os 18 anos) nos centros de Betanzos. Hai dúas modalidades (relato e poesía) e dúas categorías: ESO e FP-Bacharelato. Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega e de temática libre. Na edición correspondente ao ano 2017, na categoría de estudantes de ESO o primeiro premio foi para *A casa encantada* de Elena Luaces Lázaro e o accésit: *Os que se querían* de Lucía Rodríguez Travanca. En bacharelato e ciclos formativos foi premiado *Vida vermella* de Esther Criado Rodríguez e leva accésit *Incógnitas*, de Patricio Salerno López. Na categoría aberta o primeiro premio foi para *Unha mañá no parque* de Eduardo Lorenzo Martínez e accésit para *Inverno, Afecto placebo* de Sara Criado Rodríguez

VII Concurso de microrrelatos do **Concello de Fene**

Certame organizado polo Concello de Fene e os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino do municipio. Poderá participar calquera estudante destas escolas cun texto escrito en lingua galega que non poderá superar as cento cincuenta palabras, coa temática relacionada coas lembranzas e que necesariamente comezará co verso de Valente “É agora a hora...”. O concurso consta de catro categorías (5º e 6º de Primaria; 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; e Bacharelato e Ciclos Formativos) e existen dúas fases: unha interna e outra intercentros. Estabelécese un agasallo por categoría e os textos premiados serán publicados en formato papel e dixital.

XIV Premio de Narración Curta para Escolares **Concello de Marín**

^[SEP]A Concellería de Cultura convoca este premio de narración curta entre o alumnado que cursa os seus estudos de Primaria e de Primeiro e Segundo da ESO nos centros de ensino de Marín. Poderán participar todos/as os/as escolares dos centros de ensino do municipio de Marín que cursen Educación Primaria e Primeiro e Segundo da ESO. Cómpre que os traballos sexan inéditos, de temática libre e realizados en lingua galega cunha extensión máxima de tres páxs. tamaño DIN A4, escritos por unha soa cara. O prazo de admisión dos traballos pecharase ás 14.00 horas do día 20 de abril. Cada centro escolar poderá presentar, como máximo, tres traballos por categoría. Haberá catro categorías: a 1ª Categoría de 1º e 2º curso de Educación Primaria, a 2ª Categoría de 3º e 4º curso de Educación Primaria, a 3ª Categoría de 5º e 6º curso de Educación Primaria e a 4ª Categoría para estudantes de ESO de 1º e 2º curso. O xurado concederá tres premios por categoría consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada categoría. O resultado das deliberacións do xurado publicarase ao día seguinte á avaliación e, asemade,

convocarase aos/ás gañadores/as para recolleren os seus premios ás 12:00h do Día das Letras Galegas.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

VI Concurso de Microrrelatos do **Concello de Silleda**

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do Plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega, e poden concursar todas as persoas censadas en Silleda segundo dúas categorías: de seis a doce anos (categoría A) e de trece anos en adiante (categoría B). Os microrrelatos non poden superar os cincocentos caracteres de extensión a ordenador ou de cen palabras a man, e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en DIN-A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. Os gañadores ou gañadoras de cada categoría recibirán como premio unha tablet valorada en 100 euros e vales de compra de 20 euros para canxear en comercios do municipio de Silleda. Ademais, se pertencen a algún centro educativo do Concello de Silleda entregarase outro vale de 50 euros para mercar libros en galego para o citado centro, en establecementos do municipio. Na edición correspondente ao ano 2017 o lema é “Os contos do meu avó”, e gañaron Ainhoa Fernández e José Raúl Rivera.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Despidiendo la primavera”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 19 xuño 2018, pp. 70-71.

Informa de modo sucinto, engadindo unha fotografía, de que Claudia Cerviño Gómez-Casero, do IES Pintor Colmeiro, e Zaira Rozados Romero, do Colex

XIII Premio Literario **Don Diego Sarmiento de Acuña**, Conde de Gondomar

Dende a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar (Pontevedra) convócase anualmente este premio literario para contribuír a potenciar a creatividade literaria da mocidade en lingua galega. Estabelécense dúas modalidades: poesía e relato curto. Poderán participar todos os autores de 3º Ciclo de Educación Primaria (1º categoría), de 1º a 3º da ESO (2º Categoría) e 4º da ESO e Bacharelato (3º Categoría) que residan no Val Miñor e non superen os vinte anos. Existen dúas modalidades: poesía (extensión entre catorce e cincuenta versos) e relato curto (máximo quince folios). Poderán enviar unha única obra por cada unha das modalidades, de tema libre, antes do 13 de abril e dirixido ás oficinas do Concello de Gondomar (Rexistro). Os premios repártense en 150 euros (1ª categoría), 200 euros (2ª categoría) e

300 euros (3ª categoría). Tamén se premiará con 250 euros ao centro con maior participación e calidade. Na edición correspondente ao ano 2016 deixouse de convocar.

VI Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra do Caramiñal. Hai dúas modalidades: narrativa e debuxo (só para Infantil) En narrativa hai varias categorías: categoría B (1º e 2º Primaria, máximo dous folios), categoría C (3º e 4º de Primaria, máximo tres folios), categoría D (4º e 5º de Primaria, máximo cinco folios) e categoría E (ESO, máximo dez folios). Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade. En debuxo os tres primeiros clasificados recibirán material escolar. Os primeiros clasificados nas categorías B, C e D recibirán un vale por 60 euros, os segundos un vale por 50 euros e os terceiros un vale por 30 euros para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello. Na categoría E o primeiro premio vale por 100 euros e o segundo por 60 euros.

V Certame de Relato Curto da Federación Provincial de ANPA (**FANPA**) de Centros Públicos de Pontevedra

Certame convocado pola Federación Provincial de ANPA dos centros escolares públicos de Pontevedra, que conta coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra, Kalandraka, Gadis, *Diario de Pontevedra* e NovaGalicia Banco. Os obxectivos son fomentar a creatividade no alumnado, potenciar a expresión e comprensión escrita, estimular o uso do galego nas familias, facilitar as posibilidades de publicación a novos creadores, apoiar os escritores noveis e crear un espazo común e familiar para a creación literaria. Os textos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados e de temática libre. Deberán estar escritos en lingua galega. Poderán presentarse todo o alumnado dos centros públicos da provincia pontevedresa de primaria, secundaria e bacharelato. Tamén poderán presentarse as persoas adultas que convivan con eles. Cada autor ou autora só poderá presentar un relato que terá unha extensión mínima de duascenas palabras e máxima de trescentas. Os relatos enviaranse ao enderezo certame14@nontedurmas.org. Os premios son os mesmos para cada categoría: vale de 200 euros, un lote de libros de Kalandraka e unha lámina autenticada polo ilustrador Pablo Otero. Na edición correspondente ao ano 2017 o prazo de envío pechará o día 28 de febreiro de 2017. Ademais, todas as persoas gañadoras e finalistas do certame (máximo 100) recibirán un libro colectivo cos seus relatos e os catro relatos gañadores publicaranse no *Diario de Pontevedra*.

Referencias varias:

- Belén López, “O Certame de relato Curto da Fanpa ábrese á Universidade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 xaneiro 2018, p. 11.

Dáse noticia de cales foron os gañadores da sexta edición do Certame de Relato Curto organizado pola Federación Provincial de Anpas (Fanpas) de Pontevedra. Explícase que na categoría de Primaria o gañador foi Saúl Mariño Recamán, na de Secundaria Daniel

Veiga Fernández, en Bacharelato/FP Jaime Estévez Moreira e, na categoría de adultos, Eduardo Rodríguez Saíz. Infórmase de que o xurado seleccionou como finalistas aos alumnos de Primaria Jesús Álvarez Expósito, Carlos Cristos Martínez, Alejandro Gómez Granja, Víctor Moreira González, Abril Rodríguez Cabral e Mateo Francisco Segovia Rodríguez. Dise que en Secundaria foron finalistas Marina Collazo Couñago, Ana Méndez Gesteiro e Iria Rodríguez Conzález, en Bachillerato/FP Lorenzo Lorenzo Costas e Sandra Piñeiro Aguete, na categoría de adultos Eva Castro Outeiriño, Javier Fernández Davila, Paula Fernández González, Delia González Labraña e Fabio Rivas Pardo. Recóllese que o acto incluíu unha homenaxe ao autor Antonio García Teijeiro e dise que escribiu un relato para o libro editado por Kalandraka que recolle todos os relatos gañadores e finalistas.

- Saúl Mariño Recamán, “Atrapado no teléfono”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 17 xullo 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Saúl Mariño Recamán, do CEP Sequelo, de Marín, titulado “Atrapado no teléfono”.

- Jesús Álvarez Expósito, “Perdendo recordos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 17 xullo 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Jesús Álvarez Expósito, do CEIP Pintor Antonio Fernández, de Tomiño, titulado “Perdendo recordos”.

- Víctor Moreira González, “Vida de balón”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 19 xullo 2018, p. 20.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Víctor Moreira González, do CEP Sequelo, de Marín, titulado “Vida de balón”.

- Abril Rodríguez Cabral, “O inferno”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 19 xullo 2018, p. 20.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Abril Rodríguez Cabral, do CEIP Fontes-Bañña, de Baiona, titulado “O inferno”.

- Mateo Francisco Segovia Rodríguez, “Só”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 20 xullo 2018, p. 23.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Mateo Francisco Segovia Rodríguez, do CEIP Balaídos, de Vigo, titulado “Só”.

- Julián Blanco Camino, “Vaia noite!!!”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 20 xullo 2018, p. 23.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Julián Blanco Camino, do CEIP Altamar, de Vigo, titulado “Vaia noite!!!”.

- Jaime Blanco Fernández, “O caso que non foi ningún caso”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 21 xullo 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Jaime Blanco Fernández, do CEIP Sabarís, de Baiona, titulado “O caso que non foi ningún caso”.

- Helena Blanco Pumar, “Pinga de auga”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 21 xullo 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Helena Blanco Pumar, do CEIP Balaídos, de Vigo, titulado “Pinga de auga”.

- Miguel Bouzas Rodríguez, “Isto aburre de morte”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 22 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Miguel Bouzas Rodríguez, do CEIP Cabanas, de Pontevedra, titulado “Isto aburre de morte”.

- Pablo Brión Alvarado, “Falando coa imaxinación”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 22 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Pablo Brión Alvarado, do CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo, titulado “Falando coa imaxinación”.

- Sofía Bugarín Riobó, “A tempestade”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 23 xullo 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sofía Bugarín Riobó, do CEIP Pena de Francia, de Mos, titulado “A tempestade”.

- Maruxa Cabada López, “RXK-5”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 23 xullo 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Maruxa Cabada López, do CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo, titulado “RXK-5”.

- Mateo Cachaza Fernández, “AEO”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 24 xullo 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario.

Neste caso reproducécese o realizado por Mateo Cachaza Fernández, do CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo, titulado “AEO”.

- Iker Calvo Varela, “O son do abandono”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 24 xullo 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Iker Calvo Varela, do CEIP Plurilingüe Riomaior, de Vilaboa, titulado “O son do abandono”.

- Marta Carlés Fontán, “Lorenzo e Catalina”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 25 xullo 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Carlés Fontán, do CEIP Santo André de Xeve, de Pontevedra, titulado “Lorenzo e Catalina”.

- Aroa Casás Paz, “A historia do Coxín”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 25 xullo 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Marta Carlés Fontán, do CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo, de Cangas, titulado “A historia de Coxín”.

- Lucía Castrillo Sánchez, “As viaxes da vida”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 26 xullo 2018, p. 12.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lucía Castrillo Sánchez, do CEIP Manuel Padín Truiteiro, de Soutomaior, titulado “As viaxes da vida”.

- Gael Champeme Godino, “O pesadelo do pequeno Breixo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 26 xullo 2018, p. 12.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Gael Champeme Godino, do CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo, titulado “O pesadelo do pequeno Breixo”.

- Nuria Costas Misa, “Mil historias coma esta”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 27 xullo 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Nuria Costas Misa, do CEIP Fontes-Bañña, de Baiona, titulado “Mil historias coma esta”.

- Xiana Dios García, “A negra sombra”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 27 xullo 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Xiana Dios García, do CEIP da Torre-Cela, de

Bueu, titulado “A negra sombra”.

- Héctor Dorribo Vázquez, “O templo dos alaridos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 28 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Héctor Dorribo Vázquez, do CEIP Altamar, de Vigo, titulado “O templo dos alaridos”.

- David Estévez Silva, “A miña vida”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 28 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por David Estévez Silva, do CEIP Balaídos, de Vigo, titulado “A miña vida”.

- Jorge Fernández Beloso, “O meu boli está enfermo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 29 xullo 2018, p. 20.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Jorge Fernández Beloso, do CEIP Sequelo, de Marín, titulado “O meu boli está enfermo”.

- Sabela Ferradás Rodríguez, “O arco da vella”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 29 xullo 2018, p. 20.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sabela Ferradás Rodríguez, do CEIP Xesús Golmar, de Lalín, titulado “O arco da vella”.

- Lía Illán Rodríguez, “Invisible”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 30 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lía Illán Rodríguez, do CEIP Froebel, de Pontevedra, titulado “Invisible”.

- Antía Jalda Molanes, “Ás voltas”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 30 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Antía Jalda Molanes, do CEIP Seara, de Moaña, titulado “Ás voltas”.

- Alicia Leis Gómez, “Riiiiiiing! Soou o espertador”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 31 xullo 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alicia Leis Gómez, do CEIP Altamar, de Vigo, titulado “Riiiiiiing! Soou o espertador”.

- Sara Lusquiños Álvarez, “A árbore vella”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 31 xullo 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sara Lusquiños Álvarez, do CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas, de Redondela, titulado “A árbore vella”.

- Noela Mato López, “O labirinto da vida”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 1 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Noela Mato López, do CEIP Xesús Golmar, de Lalín, titulado “O labirinto da vida”.

- Fátima Míguez Lorenzo, “O xeito”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 1 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Fátima Míguez Lorenzo, do CEIP Fontes-Baña, de Baiona, titulado “O xeito”.

- María Moldes Entenza, “A miña mellor amiga...”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 2 agosto 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por María Moldes Entenza, do CEIP O Carballal, de Marín, titulado “A miña mellor amiga...”.

- Sarai Navarro Alonso, “Boas vistas”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 2 agosto 2018, p. 14.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sarai Navarro Alonso, do CEIP Plurilingüe Antonio Palacios, do Porriño, titulado “Boas vistas”.

- Sara Ogando Rivas, “A miña vida”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 3 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sara Ogando Rivas, do CEIP Manuel Cordo Boullosa, de Ponte Caldelas, titulado “A miña vida”.

- Andrea Otero Piedras, “Maldito espello”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 3 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Andrea Otero Piedras, do CEIP Santo Paio de Abaixo, de Redondela, titulado “Maldito espello”.

- Aroa Otero Táboas, “A sorte”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 4 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Aroa Otero Táboas, do CEIP Plurilingüe Antonio Palacios, no Porriño, titulado “A sorte”.

- Irene Pájaro Salgueiro, “Relatos perdidos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 4 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Irene Pájaro Salgueiro, do CEIP de Silleda, titulado “Relatos perdidos”.

- Alba Pérez Lago, “O meu segredo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 6 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Pérez Lago, do CEIP Santo Paio de Abaixo, de Redondela, titulado “O meu segredo”.

- María Pichel Gómez, “As cordas máxicas da noite de San Xoán”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 6 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por María Pichel Gómez do CEIP Xesús Golmar, de Lalín, titulado “As cordas máxicas da noite de San Xoán”.

- Laura Rodríguez Lemos, “Evolución”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 7 agosto 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Laura Rodríguez Lemos do CEIP da Ribeira, de O Porriño, titulado “Evolución”.

- Antía Rodríguez Otero, “Unha viaxe actuática”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 7 agosto 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Antía Rodríguez Otero do CEIP Pintor Antonio Fernández, de Tomiño, titulado “Unha viaxe acuática”.

- Manuel Rodríguez Rajoy, “Tocando as nubes cos pés”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 8 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Manuel Rodríguez Rajoy do CEIP Figueroa, na Estrada, titulado “Tocando as nubes cos pés”.

- Alba Sampil Ricón, “O misterio sen fin”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 8 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Sampil Ricón do CEIP Santo Paio de Abaixo, en Redondela, titulado “O misterio sen fin”.

- Lois Sanmartín Valiño, “Vaia dor de cabeza!”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 9 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lois Sanmartín Valiño do CEIP Froibel, de Pontevedra, titulado “Vaia dor de cabeza!”.

- Paula Sestelo Martínez, “Ninguén...”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 9 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Paula Sestelo Martínez do CEIP Plurilingüe Antonio Palacios, no Porriño, titulado “Ninguén...”.

- Gimena Siaba Crespo, “Os perigos do mar”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 10 agosto 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Gimena Siaba Crespo do CEIP Campolongo, en Pontevedra, titulado “Os perigos do mar”.

- Víctor Soto Paz, “Sen conexión”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 10 agosto 2018, p. 18.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Víctor Soto Paz do CEIP Álvarez Limeses, en Pontevedra, titulado “Sen conexión”.

- Daniel Veiga Fernández, “Dreams”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 12 agosto 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Daniel Veiga Fernández, do IES Johan Carballeira, titulado “Dreams”.

- Marina Collazo Couñago, “Home de cristal”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 12 agosto 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Marina Collazo Couñago, do IES Pedro Floriani, titulado “Home de cristal”.

- Ana Méndez Gesteiro, “Aperta de lembranzas”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 13 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Ana Méndez Gesteiro, do IES do Castro, de Vigo, titulado “Aperta de lembranzas”.

- Iria Rodríguez González, “A necrolóxica”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 13 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Iria Rodríguez González, do IES Politécnico de Vigo, titulado “A necrolóxica”.

- Alba Abal Baños, “Senlleira”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 14 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Abal Baños, do IES Armando Cotarelo Valledor de Vilagarcía de Arousa, titulado “Senlleira”.

- Emilia Alario Pastoriza, “Escuridade”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 14 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Emilia Alario Pastoriza, do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, titulado “Escuridade”.

- Wisam Alioua Yasser, “Oportunidade”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 15 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Wisam Alioua Yasser, do IES Faro das Lúas de Vilanova de Arousa, titulado “Oportunidade”.

- Yashira Álvarez Ramírez, “Un outono de despedidas”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 15 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Yashira Álvarez Ramírez, do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas, titulado “Un outono de despedidas”.

- Julia Boullosa Álvarez, “A busca da enloitada”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 16 agosto 2018, p. 13.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Julia Boullosa Álvarez, do IES Francisco Asorey, de Cambados, titulado “A busca da enloitada”.

- Damien Bruth Pintos, “Aquel tren”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 16 agosto 2018, p. 13.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Damien Bruth Pintos, do IES Faro das Lúas, de

Vilanova de Arousa, titulado “Aquel tren”.

- Elena Canosa Collazo, “As campás da morte”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 17 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Elena Canosa Collazo, do IES Pedras Rubias, de Salceda de Caselas, titulado “As campás da morte”.

- Helena Castro Calvo, “A vellez”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 17 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Helena Castro Calvo, do IES Armando Cotarelo Valledor, de Vilagarcía de Arousa, titulado “A vellez”.

- Alba Chaves Pérez, “Lémbrote”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 18 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Chaves Pérez, do IES Faro das Lúas, de Vilanova de Arousa, titulado “Lémbrote”.

- Victoria Anays Cores Aular, “É amor ou mentira?”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 18 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Victoria Anays Cores Aular, do IES Faro das Lúas, de Vilanova de Arousa, titulado “É amor ou mentira?”.

- Candela Estévez García, “Volver”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 19 agosto 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Candela Estévez García, do IES Castelao, de Vigo, titulado “Volver”.

- Fátima Ezzahra Ibrahimí, “A noite da regresión”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 19 agosto 2018, p. 21.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Fátima Ezzahra Ibrahimí, do IES Luis Seoane, de Pontevedra, titulado “A noite da regresión”.

- Elena Ferreiro Lema, “O ascensor dos meus sonhos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 20 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Elena Ferreiro Lema, do IES Castro Aobre, de Vilagarcía de Arousa, titulado “O ascensor dos meus sonhos”.

- Lucía Fontán Bemposta, “Recordos esquecidos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 20 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lucía Fontán Bemposta, do IES Meaño, de Dena, titulado “Recordos esquecidos”.

- Rita García Figueira, “Esmagada”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 21 agosto 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Rita García Figueira, do CPI de Progreso, de Catoira, titulado “Esmagada”.

- Sofía Gutiérrez Pereira, “Baixo presión”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 21 agosto 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sofía Gutiérrez Pereira, do IES Illa de Tambo, de Marín, titulado “Baixo presión”.

- Noelia Lago Carpintero, “Miña nai... onde está?”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 22 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Noelia Lago Carpintero, do IES de Chapela, de Redondela, titulado “Miña nai... onde está?”.

- Sofía Mateos Pedrayo, “Na fronte”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 22 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sofía Mateos Pedrayo, do Rosais 2, de Vigo, titulado “Na fronte”.

- Laura Ortega Barreiro, “A excursión do bicho bóla”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 23 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Laura Ortega Barreiro, do IES Fermín Bouza Brey, de Vilagarcía de Arousa, titulado “A excursión do bicho bóla”.

- Beatriz Otero Dotras, “Ata o luscofusco”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 23 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Beatriz Otero Dotras, do IES Politécnico de Vigo, titulado “Ata o luscofusco”.

- M^a Candelaria Panadero Dios, “Un amigo diferente”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 24 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por M^a Candelaria Panadero Dios, do IES Illa de Arousa, titulado “Un amigo diferente”.

- Javier Pérez Buceta, “Un soño”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 24 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Javier Pérez Buceta, do IES Faro das Lúas, de Vilanova de Arousa, titulado “Un soño”.

- Aroa Pombo González, “Os buratos dos Fornelos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 25 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Aroa Pombo González, do IES Alexandre Bóveda, de Vigo, titulado “Os buratos dos Fornelos”.

- Sara Soliño Iglesias, “O espellismo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 25 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sara Soliño Iglesias, do IES Illa de Ons, de Bueu, titulado “O espellismo”.

- Sara Soliño Iglesias, “Que susto!”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 26 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sara Soliño Iglesias, do IES Illa de Ons, de Bueu, titulado “Que susto!”.

- Ángel Vidal Rodríguez, “Guerra”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 26 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Ángel Vidal Rodríguez, do IES Salvaterra de Miño, titulado “Guerra”.

- Jaime Estévez Moreira, “Elos”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 27 agosto 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o gañador na categoría de Bacharelato, escrito por Javier Estévez Moreira, do IES Primeiro de Marzo, de Baiona, titulado “Elos”.

- Lorenzo Lorenzo Costas, “A praia dos cristais”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 27

agosto 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o finalista destacado na categoría de Bacharelato, escrito por Lorenzo Lorenzo Costas, do EDAPU Nelson Mandela, da Lama, titulado “A praia dos cristais”.

- Sandra Piñeiro Aguiete, “Solta a melena”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 28 agosto 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese un finalista destacado na categoría de Bacharelato, escrito por Sandra Piñeiro Aguiete, do IES Johan Carballeira, de Bueu, titulado “Solta a melena”.

- Lucía Álvarez Vidal, “Preciso respirar, non afogar”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 28 agosto 2018, p. 15.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lucía Álvarez Vidal, do IES San Tomé de Freixeiro, de Vigo, titulado “Preciso respirar, non afogar”.

- Alba Bouzó Cordero, “Escravo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 29 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Bouzó Cordero, do IES A Cañiza, titulado “Escravo”.

- Alba Collazo Sorribas, “Esquecer”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 29 agosto 2018, p. 17.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alba Collazo Sorribas, do IES do Castro, en Vigo, titulado “Esquecer”.

- Rebeca Estévez Casales, “Plástico sobado”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 30 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Rebeca Estévez Casales, do IES Politécnico de Vigo, titulado “Plástico sobado”.

- Lydia Lorenzo Cisneros, “Misión nocturna”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 30 agosto 2018, p. 16.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Lydia Lorenzo Cisneros, do IES Alexandre Bóveda, en Vigo, titulado “Misión nocturna”.

- Sarela Meana Castro, “Precipicio”, *Diario de Pontevedra*, “Dverano”, 31 agosto 2018,

p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sarela Meana Castro, do IES Alexandre Bóveda, en Vigo, titulado “Precipicio”.

- José Augusto Moares Guedes, “Unha excursión ao campo”, *Diario de Pontevedra*, “Dverno”, 31 agosto 2018, p. 19.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por José Augusto Moares Guedes, do IES A Basella, en Vilanova de Arousa, titulado “Unha excursión ao campo”.

- Eduardo Rodríguez Saiz, “Xaneiro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 setembro 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o gañador na categoría de adultos, de Eduardo Rodríguez Saiz, do IES Politécnico de Vigo, titulado “Xaneiro”.

- Eva Castro Outeiriño, “Por amor á arte”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 setembro 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese un finalista destacado na categoría de adultos, de Eva Castro Outeiriño, do IES Sánchez Cantón, de Pontevedra, titulado “Por amor á arte”.

- Javier Fernández Davila, “O faro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 setembro 2018, p. 8.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese un finalista destacado na categoría de adultos, de Javier Fernández Davila, do CEIP Humberto Juanes, de Nigrán, titulado “O faro”.

- Paula Fernández González, “Valente campión. Campión valente”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 setembro 2018, p. 8.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o dunha finalista destacada na categoría de adultos, Paula Fernández González, do CEIP da Espiñeira, de Aldán, titulado “Valente campión. Campión valente”.

- Delia González Labraña, “O imperativo da cortesía”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 3 setembro 2018, p. 9.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o dunha finalista destacada na categoría de adultos, Delia González Labraña, do IES A Paralaia, en Moaña, titulado “O imperativo da cortesía”.

- Fabio Rivas Pardo, “O número 90”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 3

setembro 2018, p. 9.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o dun finalista destacada na categoría de adultos, Fabio Rivas Pardo, da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo, titulado “O número 90”.

- José Álvarez Estévez, “Pisco”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 setembro 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o dun finalista destacada na categoría de adultos, José Álvarez Estévez, da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo, titulado “Pisco”.

- Milagros Areán Reigosa, “A nena viaxeira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 setembro 2018, p. 11.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o dun finalista destacada na categoría de adultos, Milagros Areán Reigosa, da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo, titulado “A nena viaxeira”.

- Jaime Barreiro Santos, “O banco da alameda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 setembro 2018, p. 39.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Jaime Barreiro Santos, do CEIP A Rúa, de Cangas, titulado “O banco da alameda”.

- Ileana Bini, “O alpinista”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 setembro 2018, p. 39.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Ileana Bini, do CEIP Carballal, de Marín, titulado “O alpinista”.

- José Manuel Fernández González, “Unha función equivocada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por José Manuel Fernández González, do CEIP Valentín Paz Andrade, de Vigo, titulado “Unha función equivocada”.

- David Gonçalves da Cruz, “A odisea de esper”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por David Gonçalves da Cruz, da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo, titulado “A odisea de esper”.

- María Fátima González Comesaña, “Insomnio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por María Fátima González Comesaña, da Facultade de Química de Vigo, titulado “Insomnio”.

- Damián Guede Otero, “Ele”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Damián Guede Otero, do IES Val Miñor de Nigrán, titulado “Insomnio”.

- Federico Limeres Arias, “Verdún, 1916”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Federico Limeres Arias, do CEIP Álvarez Limeses, de Pontevedra, titulado “Verdún, 1916”.

- María de los Ángeles Madriñán González, “A liberdade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por María de los Ángeles Madriñán González, do CEIP Pérez Viondi, da Estrada, titulado “A Liberdade”.

- Alejandro Piñeiro Rodríguez, “Unha pinga”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Alejandro Piñeiro Rodríguez, do CEIP Xesús Golmar, de Lalín, titulado “Unha pinga”.

- María Isabel Pichel Rivas, “Solitario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por María Isabel Pichel Rivas, do CEIP San Xoán Bautista, de Cerdedo, titulado “Solitario”.

- Adán Rey López, “Soños de realidade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 12 setembro 2018, p. 46.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Adán Rey López, do CEIP Altamar, de Vigo, titulado “Soños de realidade”.

- Consuelo Rodríguez Otero, “Setestrello”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 12 setembro 2018, p. 46.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario.

Neste caso reproducécese o realizado por Consuelo Rodríguez Otero, do IES Ribeira do Louro, do Porriño, titulado “Setestrello”.

- Laura Sánchez Castro, “Mapas, liñas e coordenadas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Laura Sánchez Castro, da Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo, titulado “Mapas, liñas e coordenadas”.

- Sabela Seoane Lorenzo, “A folla de carballo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 setembro 2018, p. 50.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Sabela Seoane Lorenzo, da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, titulado “A folla de carballo”.

- Virginia Suárez Iglesias, “A obra do mestre”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 14 setembro 2018, p. 48.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Virginia Suárez Iglesias, do IES Mestre Landín de Marín, titulado “A obra do mestre”.

- Nicolás Vázquez Ben, “Doce fulgor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 14 setembro 2018, p. 48.

Sección que acolle cada día dous dos relatos finalistas na VI edición do concurso literario. Neste caso reproducécese o realizado por Nicolás Vázquez Ben, da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, titulado “Doce fulgor”.

III Concurso Fotográfico **Campus da Auga-Scholaris**

O campus universitario de Ourense convoca este certame dirixido a estudantes da ESO e Bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra. A edición de 2017 tivo como eixe central “Auga, Ciencia e Desenvolvemento Sustentable” e as persoas interesadas debían enviar unha fotografía acompañada dun relato até o 15 de marzo de 2017. O certame conta con tres premios, sendo os dous primeiros tablets e o terceiro un lote de libros.

V Concurso de Relatos Curtos da Fundación **Fernando Blanco de Lema**

Creado en 2013 pola Fundación Fernando Blanco de Lema (Cee, A Coruña), coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e da Estación de Servicio Bazarra. Este concurso, centrado no tema da emigración, diríxese ao alumando dos centros escolares dos concellos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Presentáronse un total de douscentos vinte e nove relatos, nas

dúas categorías: A (2º e 3º Ciclo de Primaria) e B (ESO), e os premios consisten nas dúas categorías en 150 euros e un diploma para o primeiro premio; 100 euros e un diploma, para o segundo; e 50 euros e un diploma para o terceiro premio. Na edición correspondente ao ano 2017 o xurado, composto por Darío Areas, Coordinador del Museo, Víctor Castiñeira, Técnico de Cultura del Concello de Cee, e José Ramón Rey, Técnico de la Biblioteca Francisco Mayán, decidiu outorgar, na categoría A, o primeiro premio a Yaiza Otero Caamaño, o segundo para Yago Regueira Bugallo e o terceiro premio para Marina Calo Bujeiro; e na categoría B, o primeiro premio foi para Paula Pérez Trillo, o segundo para Noa Lema Rial e o terceiro para Aridia Lema Costa.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “A Fundación Fernando Blanco de Cee premia a creatividade infantil”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 2 xullo 2018, p. 30.

Dáse noticia de que o Museo Fernando Blanco de Cee acolleu a entrega dos premios correspondente ao V Concurso de Debuxos e do VI Concurso de Relatos, organizados pola Fundación Fernando Blanco coa colaboración da Estación de Servizo Bazarra, sobre os xogos tradicionais. Dise que no concurso de relatos os gañadores foron Claudia Lema Rial, Yago Regueira e Rubén de Ramón Ayala na categoría A e Noa Lema Rial, Paula Pérez Trillo e Carlota Atán Ares na categoría B.

XVIII Concurso de debuxo e relato da **Filloa**

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaioito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinalista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral “Manuel Vila López”, s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financeira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. Na edición correspondente ao ano 2017 os gañadores foron, en relato, Irene Rey e María Otero (categoría de sete a nove anos), e Natalia León e Carolina Prieto (de dez a doce anos); Mercedes Veiga e Antía Vaamonde (de trece a dezaioito).

Referencias varias:

- M. M., “Abierto el plazo para participar en el concurso de dibujo y relato de la Festa da Filloa”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 febreiro 2018, p. 19.

Informa de que a comisión organizadora da Moexmu abriu o prazo para participar no concurso de debuxo e relato da Festa da Filloa. Comenta as bases e as diferentes categorías que existen para que os participantes poidan competir en igualdade de condicións.

Certame Francisco Añón de Poesía

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio de relatos curtos Historias de Mulleres

Certame organizado pola Asociación Barbantesa de Axuda e Solidariedade mais o concello de Pobra do Caramiñal co gallo de vEstablécense, para o citado concurso dúas categorías: unha xuvenil, dirixida a persoas de entre doce e dezaseis anos de idade; e outra adulta, para persoas de dezaseis a trinta e cinco anos de idade. (Terase en conta a idade no último día do prazo de presentación) Os traballos realizaranse en galego, orixinais e inéditos, cunha extensión máxima de mil palabras (sen incluír o título) e cunha temática que trate sobre a violencia, en todas as súas expresións, exercida sobre as mulleres; a igualdade entre mulleres e homes; as súas liberdades e diversidades sexuais e todo aquilo relacionado coa temática. Lugar de Presentación: Os traballos serán enviados á Asociación Barbantesa de Axuda e Solidariedade (A.B.A.S.), ao seu enderezo electrónico coordinador.abas.asoc@gmail.com Nun documento, en formato PDF, enviarase o citado traballo, que virá asinado cun pseudónimo ou alcume (deste xeito garántese que o xurado descoñeza a autoría), noutro documento, en formato PDF ou Word, achegarase: nome do traballo, nome e apelidos, documento de identidade, data de nacemento, enderezo electrónico, enderezo postal e teléfono. Recibirase confirmación. Prazo de Presentación: O prazo de presentación remata o día 10 de novembro do ano 2018. O xurado estará formado por catro persoas con coñecementos na materia de xénero e na literatura. Será competente para resolver aquelas cuestións que non estean recollidas nas bases. Os premios serán os seguintes: na categoría adulta: un primeiro premio dun vale por valor de 150 euros nos comercios de Pobra do Caramiñal mais un lote de libros da Fundación Barrié e segundo premio de 50 euros nos comercios de Pobra do Caramiñal mais un lote de libros de Rinoceronte Editora e outro da Fundación Barrié. Na categoría xuvenil un primeiro premio dun vale de 80 euros nos comercios de Pobra do Caramiñal mais un lote de libros da Fundación Barrié e un segundo premio de 40 euros nos comercios de Pobra do Caramiñal mais lote de libros da Fundación Barrié. As persoas que presenten traballos a este concurso, declaran ser responsables da autoría e orixinalidade dos mesmos. A.B.A.S. e/ou o Concello de Pobra do Caramiñal, resérvanse o dereito á publicación e difusión dos traballos.

Referencias varias:

- S. S., “Convocan el premio de relatos cortos Historias de Mulleres”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Barbanza”, 18 outubro 2018, p. 32.

Informa da convocatoria do premio de relatos curtos Historias de Mulleres, convocado pola Asociación Barbantesa de Axuda e Solidariedade e o Concello da Pobra. Indica de que a temática das obras terá que ser a violencia de xénero, da contía dos premios para cada unhad as categorías e da extensión máxima dos textos.

X Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido ao alumnado do IES Ferrol Vello e de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3º e 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 euros en material deportivo/roupa e un libro, o primeiro premio; un cheque regalo por valor de 30 euros en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 euros en material deportivo/roupa e un libro. Na edición presente, correspondente ao curso 2016/2017, o primeiro galardón para a modalidade de galego foi para Sofía González Ferreira, con *Despois da choiva*, e cun accésit para Lucas Marino Lanza, por *Poema 2*.

II Certame de Relato Histórico **IES Lois Peña Novo**

Concurso organizado pola biblioteca do IES Lois Peña Novo, de Vilalba, no cal pode participar todo o alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Galicia. Os relatos tratarán ou estarán ambientados de maneira evidente nun contexto histórico real da historia da humanidade. Os relatos serán orixinais, inéditos e escritos en galego, castelán, inglés, francés ou portugués. A extensión máxima será de dez páxinas. Deberán entregarse na biblioteca do IES Lois Peña Novo antes do 12 de xuño e o día 26 será o veredicto do xurado. Haberá un relato gañador, finalista e pode que mencións especiais. O premio consistirá nun bono de 200 euros (gañador) e 75 euros (finalista).

X Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da biblioteca do centro e en colaboración cos departamentos de galego, castelán, plástica e normalización lingüística convoca este certame. O traballo pode estar escrito en lingua galega ou castelá e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 50 euros e 30 en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega pechou o 14 de maio e contou coa presenza do autor Roberto Salgueiro. A entrega dos premios fíxose o 11 de xuño no Auditorio Emilia Pardo Bazán.

IX Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación Primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por equipos. As modalidades son poesía e narrativa e hai dúas categorías: 1º categoría son 3º e 4º de Primaria, e 2º categoría 5º e 6º de Primaria. Os galardóns consisten en 100 euros para os primeiros premios, 80 para os segundos e 50 para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías. Na edición correspondente ao ano 2017, o xurado do certame estivo composto pola profesora Dolores Vilaverda, o escritor Manuel Portas e o poeta Ismael Ramos. Na modalidade de narrativa (categoría de até trece anos) o gañador foi Daniel Souto, do concello de Brión, coa obra Vía libre. O segundo clasificado foi Manuel Muñoz, de Carballo, coa peza O mundo imaxinario de Uxío, mentres que na terceira posición quedou Rosalía Sáez, de Santiago de Compostela, co traballo O rostro dun asasinato. Na segunda categoría (dos catorce aos dezasete anos) a gañadora foi Iria Freire, de Negreira, coa obra Unha gaiola para a luz. A segunda clasificada foi Ana Barros, de Marín, coa peza Bala Perdida, e na terceira posición quedou Lucía Fuentes, tamén de Negreira, co traballo A vida de Marta. Na terceira e última categoría (dezaioito anos ou máis) o gañador foi Antonio Piñeiro, de Ribeira, con Sinfonía con quinto esquerda. A segunda posición foi para Santiago Casal, de Oleiros, coa peza Pel de mazá, mentres que na terceira posición quedou Martiño Maseda, de Vilalba, co traballo Omnisciencia. Na modalidade de poesía (categoría de até trece anos) o primeiro premio foi para Paula Domínguez, de Pontevedra, coa obra Romance da moza que quería ser tamén andoriña. O segundo clasificado foi Anxo Villanueva, de Ames, coa peza Monstro, mentres que na terceira posición quedou Rodrigo Fontán, tamén de Ames, co traballo A gata saleta. Na segunda categoría (dos catorce aos dezasete anos) o primeiro premio foi para Manuel Xiráldez, de Brión, coa obra De amor en vela. O segundo premio recaeu en Laura López, de Lugo, coa peza Pergameos Contemporáneos, e na terceira posición quedou Irene Rico, de Burela, con Euxénese poética. Por último, na categoría de dezaioito anos ou máis, a gañadora foi Arancha Nogueira, de Ourense, coa obra Para ser de ti, a segunda clasificada foi Sara Villar, de Silleda, coa peza The dreamers, e na terceira posición quedou Luís Rodríguez, de Ames, co traballo Deus: Making off.

III Concurso Literario Escolar “**Inventa unha flor**”

Certame literario escolar en lingua galega convocado pola Asociación Sociocultural Muíño do Vento, coa colaboración dos centros educativos do ferrolán barrio de Canido (CEIP Cruceiro, CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, Colexio San Rosendo e IES Canido) para promover a participación na festa dos Maios, de gran tradición nesa zona. A denominación do certame, “Inventa unha flor”, responde a unha tentativa para lembrar e estimular “os valores de cooperación, non violencia, beleza e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua” galega. O premio, de carácter simbólico, consiste na publicación conxunta dos textos gañadores nunha edición dixital e na semente dunha árbore. Cada centro educativo participante encargárase de organizar o certame segundo as súas posibilidades e idade do alumnado e de establecer as categorías que considere oportunas. Os textos presentaranse en tamaño 12 e a súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN-A4, incluída a ilustración. O fallo do xurado coñecerase o 3 de maio.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premios Día do Libro, Letras Galegas e Nadal

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellarías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos de Ames, A Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, Negreira, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Rois, Santa Comba, Sarria, Sober, Soutomaior, Taboada, Vedra, Vilalba e Xermade; de empresas como Feiraco; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Cultural de Santomé (Marín), a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

Referencias varias:

- C. P. R., “Premiados seis poemas en el certamen navideño xermadés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 xaneiro 2018, p. 19.

Dá conta dos gañadores do Certame de Poesía Infantil de Nadal 2017 convocado pola biblioteca de Xermade, entre os que se atopan Alba Gonzalez Romero, Sara Lorenzo Bianco y Xiana Paz Ferreiro.

- F. Frieiro, “Centro Comercial e Mesa das Verbas convocan un certame literario co gallo das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 marzo 2018, p. 8.

Explícase que o Centro Comercial Arousa e a Mesa das Verbas veñen de convocar o I Certame Literario das Letras Galegas 2018. Infórmase de que as obras que se poden presentar teñen que estar escritas en galego e poden ser de calquera temática e calquera xénero literario, cunha extensión máxima dun folio. Ademais cada participante poderá presentar como moito tres obras distintas. Dise que o fallo do certame terá lugar o 17 de maio, que haberá tres premios e que as obras gañadoras serán publicadas no boletín da Mesa das Verbas.

- María Roca, “Vilalba conmemora el Día del Libro con dos concursos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 marzo 2018, p. 20.

Infórmase de que o Concello de Vilalba organiza, en colaboración con Cultura GZ, os concursos “Libro, cámara e acción” e “Un libro por unha cita” destinados a todos os públicos. Dise que o primeiro concurso consiste na elaboración dun video dun mínimo de dous minutos e un máximo de tres no que se escenifique un fragmento dunha obra literaria. Dáse conta de que o xurado elixirá tres finalistas e que o gañador levará unha tablet e os finalistas un lote de libros de María Victoria Moreno. Explícase que no

concurso “Un libro por unha cita” cada participante ten que adiviñar, a partir dunha cita, o título e o autor dun de 24 libros e así entrará no sorteo do exemplar. Dise que o prazo para participar remata no primeiro caso o 19 de abril e no segundo caso o 20. Dáse noticia de que a resolución terá lugar o 23 de abril co gallo do Día do Libro.

- C. A., “La biblioteca de Xermade celebra el viernes el Día del Libro Infantil con títeres”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 abril 2018, p. 14.

Dáse conta da celebración da entrega de premios aos seis gañadores do Certame de Poesía Nadal 2017 e da lectura das súas composicións por parte dos gañadores na biblioteca municipal de Xermade.

- Rubén G. Briones, “O Certame das Letras de Ribeira recibiu 325 traballos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 26 maio 2018, p. 31.

Dáse conta da celebración da XXVI edición do Certame Literario das Letras Galegas. Explícase que o certame foi promovido pola concellería de Educación e Cultura e que durante a entrega de premios foi representada a obra *A nena que quería navegar* de Redrum Teatro. Dise que o certame distingue as mellores creacións escolares de prosa, verso e banda deseñada entre alumnos de 7 a 13 anos.

- Marta Becerra, “Una provincia con talento”, *El Progreso*, “Lugo”, 21 xuño 2018, p. 13.

Dáse noticia da concesión dos premios dos concursos das Letras Galegas organizados pola Biblioteca Nodal. Dise que na categoría A de narración os premios foron para Lucía González Torres, de Foz; Paula Manín Rodríguez, de Foz, e Miguel Sánchez Franco, de Quiroga. Infórmase de que conseguiron un áccesit Yiyi Zheng, de Foz; Alexandra Meira Rodríguez e Sara Inés Varela Cortiñas, de Monforte. Explícase que na categoría B de redacción gañaron Xurxo González Rodríguez, de Monforte; Lucía Gacio Hermida, de Viveiro, e Eva Vázquez Martínez, de Lugo. Alúdese a que levaron o accésit Estela Ferreiro Rodríguez, de Quiroga; Iago Vieira Rivas, de Viveiro, e Laura Gómez Grande, de Sober. Por último, recóllese que na categoría C de redacción gañaron Iago García Díaz, de Barreiros; Claudia Pérez Portomeñe, de Lugo e Hugo García Mariño, de Antas de Ulla; mentres que o accésit foi para Alba López Testa, de A Fonsagrada; Sara Fernández Cano e Marta Ortiz González de Ribadeo.

- C. P. R., “La biblioteca de Xermade acoge una entrega de premios y un cuentacuentos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 xuño 2018, p. 15.

Dáse conta da entrega de premios correspondente ao Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2018 na biblioteca de Xermade. Infórmase da representación da historia ‘A Corva’ a cargo de Cristina Collazo. En canto á entrega de galardóns, explícase que na modalidade de narración, na categoría B para alumnos de nove a once anos, gañaron Sarai Paz Prieto e Uxía Pena Basanta.

Concurso Contádenos o voso **Día das Letras da RAG**

Primavera das Letras abre un espazo de participación para que os centros escolares de toda Galicia nos relaten como celebran o 17 de maio. O obxectivo é promover e festexar

as Letras durante toda a primavera. Entre todos os participantes sortéanse como agasallo varios lotes de libros. As escolas recibirán un diploma acreditando a súa participación. Nesta edición, cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos desenvolvidos arredor de Carlos Casares que desexe, tanto con aqueles que poidan implicar o conxunto da comunidade escolar coma con outros de aula, curso, etapa etc. Os colexios deben enviar as ligazóns correspondentes a estas iniciativas ao correo electrónico contacto@primaveradasletras.gal. Se non contan con páxina web ou blog, poden remitir o material a este mesmo enderezo electrónico. O certame “Contádenos o voso Día das Letras” está aberto a todos os centros escolares de Galicia. O alumnado deberá desenvolver algunha actividade relacionada coa autora homenaxeada no Día das Letras Galegas. Establécense dúas categorías: infantil e primaria. Cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos que desexe, tanto con aqueles que poidan implicar o conxunto da comunidade escolar coma con outros de aula, curso, etapa etc. Os responsables de cada proxecto amosarán na páxina web do seu centro, ou nun espazo virtual similar (bitácora da aula ou da biblioteca, canle de Youtube do colexio...) a actividade/s ou iniciativa/s realizada/s: contos, poesías, carteis, cancións, audios, vídeos... Os centros deben enviar a/s ligazón/s correspondentes á/s súa/s iniciativa/s ao correo electrónico contacto@primaveradasletras.gal. Se non contan con páxina web ou blog, poden remitir o material a este mesmo enderezo. No asunto deberá indicarse “Certame Contádenos o voso Día das Letras” e o nome do centro. As iniciativas recibidas incluíranse nun espazo especial da páxina web de Primavera das Letras. Na edición de 2017 resultaron premiados o centro Antonio Fernández López de Oural (Sarria), o centro de infantil e primaria do Carballal (Marín), o Carlos Casares de Vilariño (Nigrán), o Plurilingüe Os Casais (Fene) e o Colexio Rural Agrupado Amencer (Ribadavia).

Concurso escolar de contos e poesía Poeta **Lorenzo Varela**

Creado pola asociación sociocultural Falcatrueiros de Monterroso (Lugo) para conmemorar o Día das Letras Galegas. Pode concorrer o alumnado de calquera centro educativo, público ou privado de Primaria, ESO e Bacharelato, cun traballo inédito en lingua galega, axustado á normativa vixente, e sobre un tema libre. Establécense catro categorías: A: nenos de seis a oito anos, cun máximo de dous folios DIN-A4 por conto, por unha cara e a dobre espazo; B: nenos de nove a once anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou dúas poesías de doce a dezaseis versos, por unha soa cara e a dobre espazo; C: nenos de doce a quince anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou tres poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo; e D: mozos de dezaseis a dezaioito anos, cun máximo de cinco folios DIN-A4 por conto e/ou catro poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo. Os traballos entregaranse na secretaría dos centros onde cursen os estudos, ou na Oficina de Falcatrueiros, ou ben por correo a: Asociación Sociocultural Falcatrueiros, rúa Mestre López Losada s/n, 27560 Monterroso, Lugo. Os traballos irán acompañados dun sobre pechado en que figuren os seguintes datos: nome e idade do participante, curso e centro onde estuda, e teléfono de contacto. Concédense tres premios por categoría: diploma, medalla e un lote de libros ou material escolar. Os gañadores daranse a coñecer na páxina en liña de Falcatrueiros así como nas redes sociais na que está presente, tamén nos taboleiros dos propios centros de estudo, así como na prensa.

Certame literario-pedagóxico sobre a poesía de **Lorenzo Varela**

Premio convocado polo Concello de Monterroso e o Instituto de Estudos Ulloáns, coa colaboración de AdaWeb que inclúen dúas modalidades en galego e castelán. Os traballos, redactados en galego, que se presenten deberán ser un comentario sobre un destes cinco poemas: “A Rui Xordo”, “Eramos tres irmáns”, “O galo”, “Compañeiros da miña xeración mortos ou asesiñados” e “Castelao”. A extensión non será superior a quince páxinas, escritas por unha soa cara, a dobre espazo e con letra tipo Times New Roman de 12 puntos. Outorgaranse tres premios: 1.000, 700 e 300 euros. Os traballos premiados publicaranse despois nunha edición destinada aos centros de ensino de Galicia. O prazo de entrega remata o 15 de outubro de 2016.

II Concurso literario CEIP **Manuel Sueiro**

Certame convocado polo CEIP Manuel Sueiro coa intención de que as crianzas se interesen e mergullen na lectura e na escritura. Poderá participar todo o alumnado de infantil e primaria e cada centro pode presentar un ou varios traballos. A adaptación da obra, sinalada na convocatoria de cada ano, será en lingua galega e de técnica libre. Haberá un único premio de 100 euros. Na edición correspondente ao ano 2015 o libro escollido foi *Historia de una gaviota y del gato que le enseñó a volar*, de Luis Sepúlveda, e o prazo pechouse o 1 de maio. Resultou gañador o traballo titulado *Mellor adaptación de obra literaria universal* feito polo CEIP Curros Enríquez de Celanova. Tamén se premiou o CEE O Pino pola súa orixinalidade.

I Concurso Literario **Mar de Letras**

O IES Francisco Asorey de Cambados, co Patrocinio do Concello de Cambados, convoca na súa 1ª edición, o Concurso Literario “Cambados Mar de Letras”. Dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, que estean cursando estudos de Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos, e sempre que non superen os vinte anos de idade. As modalidades ás que se poden presentar textos son poesía, cunha extensión máxima de cen versos, nun único ou varios poemas, de tema e forma libres e relato curto, cunha extensión comprendida entre tres e seis folios, de tema libre, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. As obras deberán ser orixinais, inéditas e escritas en Lingua Galega, segundo a normativa ortográfica vixente. Deberán enviarse catro copias en papel, e unha en formato dixital (Word, PDF, OpenOffice) nun CD ou nun Pendrive. Neles figurará o título e a plica, ou pseudónimo, do autor. Os orixinais virán acompañados dun sobre pechado onde figurarán os seguintes datos: nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono, correo electrónico, fotocopia do documento de identidade, sinalando o centro no que realiza os seus estudos e o curso no que está matriculado. No sobre exterior figurará só o nome da obra e a plica. E serán enviados a: Primeiro concurso literario “Cambados Mar de Letras”, IES Francisco Asorey, rúa Os Caeiros, n.º 25, Cambados, Pontevedra. O prazo de inscrición fica aberto dende o 17 de Maio do 2018 ata 10 de Outubro de 2018. Concederanse 2 premios en cada modalidade, dotados con 250 euros o 1º premio e 125 euros o accésit, e figura conmemorativa. Poderían ser recomendadas para a súa publicación, algunha outra obra se así o ditaminara o xurado, pero en todo caso sen dotación económica. Os premios poderán ser declarados desertos. As obras premiadas e

as seleccionadas, serán publicadas nun libro editado polo IES Asorey e o Concello de Cambados, na colección Edicións do Serrido. Os autores recibirán exemplares do mesmo. O xurado estará formado por profesores e escritores de recoñecido prestixio, e a súa composición será dada a coñecer con anterioridade ao fallo. O fallo será dado a coñecer no mes de outubro de 2018, mediante aviso aos galardoados e así mesmo, difundirase o acordo a través dos medios de comunicación. A decisión do xurado é inapelable. A entrega de premios aos autores galardoados, que deberán estar presentes, terá lugar no Concello de Cambados, o vindeiro 9 de novembro de 2018, declarado como Día do Poeta Ramón Cabanillas.

Referencias varias:

- L. R., “El primer certamen del Asorey ‘Mar de Letras’ recibe 32 obras de poesía y relato de toda Galicia”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 4 novembro 2018, p. 13.

Informa de que un total de 32 obras concorreron ao concurso literario Cambados Mar de Letras e de que a entrega de premios terá lugar o 9 de novembro, data do aniversario do falecemento de Ramón Cabanillas. Lembra as bases, a contía do premio e a composición do xurado.

- B. Y., “El plan museístico honra a Cabanillas en el LIX aniversario de su muerte”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 10 novembro 2018 p. 11.

Dá conta da celebración do acto homenaxe que tivo lugar, canda a entrega dos premios da primeira edición do Concurso de Poesía e Relato Cambados Mar de Letras, no IES Asorey.

IV Certame de Banda Deseñada de Mesía

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30 de abril, e no mes de maio exporanse no CPI e no blogue bdmesia.blogspot.com. O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorarase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregaranse na Semana das Letras Galegas. Na edición correspondente ao ano 2015 convocouse o premio para celebrar o Día das Letras Galegas.

XLV Certame Literario Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas,

Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, n.º 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Na edición do ano 2017, entre un total de cento sesenta e catro traballos presentados, noventa e dous na modalidade de narración e setenta e dous na de poesía, procedentes de toda Galicia, resultaron finalistas vintenove narracións e vintecatro triloxías poéticas. Desta obra o xurado acordou outorgar os distintos premios do Certame. Na modalidade de narración, o xurado acordou premiar a Alba Pérez Barcala, de dezaseis anos, alumna de 1º de Bacharelato do IES de Cacheiras, Teo, polo seu relato *Lembras?*; 2º Premio, de 400 euros e medalla de prata conmemorativa, a Sandra Ferreiro García, de dezaseis anos, alumna de 1º de Bacharelato do IES Manuel García Barros da Estrada, pola súa obra *Entre o deserto e a néboa*; e o 3º Premio, de 250 euros e medalla de prata conmemorativa, a Lucía Blanco Miguéns, alumna de 1º de Bacharelato do Instituto Plurilingüe Eusebio da Guarda, da Coruña, pola súa narración titulada *Poemas por rematar*; ademais, outorgáronse os seguintes accésits: 1º Accésit a Iago Fraga Vilas, de catorce anos, alumno de 3º de ESO do IES Francisco Asorey de Cambados, polo seu traballo *A despedida*; 2º Accésit a Cecilia Fidalgo Castromil, de dezaseis anos, alumna de 1º de Bacharelato do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago, polo seu traballo *Pedro Pasamontanas*; 3º Accésit a Iván Tubío Sanlés, de dezasete anos, alumno de 2º de Bacharelato do IES da Pobra do Caramiñal, polo seu traballo *A tea*. Na modalidade de poesía, o xurado outorgou o primeiro premio, de 600 euros e medalla de prata conmemorativa deste certame literario, a Alba Pérez Carrera, alumna de 2º de Bacharelato no IES Rosais 2 de Vigo, pola súa triloxía *A túa pegada*; 2º Premio, de 400 euros e medalla de prata conmemorativa, a Inés Outumuro Rodríguez, de dezasete anos, que cursa 2º de Bacharelato no IES Eduardo Blanco Amor de Ourense, polo seu poemario titulado *Flor umbilical*; 3º Premio, de 250 euros e medalla de prata, a Iria Rivas Prieto, de dezaseis anos, estudante de 1º de Bacharelato no IES San Rosendo de Mondoñedo, polo seu traballo *Crónica dunha guerra*; e os seguintes accésits: 1º Accésit, a Carmela Franco Caaveiro, de dezasete anos, alumna de 2º de Bacharelato do IES Moncho Valcarce, de As Pontes, pola súa obra *Sen*. O Xurado, na modalidade de Poesía, estivo composto polo presidente Luís Alonso Girgado Crítico Literario e investigador do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, e como vogais Rosalía Morlán Poeta e membro do Padroado da Fundación Xosé Neira Vilas. Olga López López Profesora de Lingua Galega e Literatura, tradutora e asesora técnica na Secretaría Xeral de Política Lingüística, Ismael Ramos Castelo Poeta. Manuel Fonte

López Profesor do Colexio M. Peleteiro, na modalidade de Narración por Manuel Quintáns Suárez Escritor e Crítico Literario como presidente, e como vogais Armando Requeixo Cuba Crítico Literario e Secretario Científico do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Anxos Sumai Narradora e investigadora do Consello da Cultura Galega, Rosa Marta Gómez Pato Investigadora e profesora da Universidade de Santiago e Mila Celeiro Arias Profesora do Colexio M. Peleteiro mais a Secretaria do Certame foi Teresa González da Silva, Profesora do Colexio M. Peleteiro.

Referencias varias:

- Joel Gómez, “Santiago triunfa en 9 premios escolares”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 febreiro 2018, p. L4.

Comenta os diferentes concursos literarios que convocan diferentes institucións de Santiago de Compostela e que se lle fallarán nos vindeiros meses, así como indica os prazos de cada un deles: Premio Minerva, Premio Arcebispo San Clemente, Premio aRi[t]mar, premio de cómic do IES Xelmírez e o Premio de narración histórica López Ferreiro.

- Carmela García, “Doce estudiantes galardonados en los Premios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 marzo 2018, p. 24.

Dá conta do fallo dos premios Minerva. Apunta que se presentaron un total de 221 traballos, dos cales 147 eran da modalidade de narración e 74 da de poesía. De todos eles chegaron á final 36 de narración e 74 de poesía e o xurado destacou a extraordinaria calidade dos composicións presentadas. O acto de entrega terá lugar o 5 de abril.

- ECG, “Entrega de la XLVI edición de los Premios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 abril 2018, p. 24.

Infórmase de que o Colexio Manuel Peleteiro acolleu o día 5 de abril o acto de entrega da XLVI edición dos Premios Minerva. Dise que actuou de mantedora a escritora Fina Casalderrey e que resultaron finalistas 36 narracións e 22 triloxías poéticas.

- E. A. R., “El IES de Cacheiras, cantera humanística”, *La Voz de Galicia*, “Área metropolitana”, 3 maio 2018, p. L6.

Explícase que Alba Pérez foi a gañadora por segundo ano consecutivo do Premio Literario Minerva na categoría de narración.

XVII Premios Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantís

Co motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excmo. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo,

sendo referencia obrigatoria a Muralla Romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de dous traballos por categoría (debuxo, cun formato que non supere o 30x30 cm.; e relato que non supere os tres folios DIN-A4) e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais, incluído o teléfono de contacto, ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora, n.º 3, 27002 Lugo). Poden estar escritos tanto en galego como en castelán. Na edición de 2017 presentáronse un total de dous mil cicocentos setenta e sete traballos nas dúas categorías de debuxo e redacción do certame convocado por El Progreso e Telelugo. O xurado, formado pola presidenta do Grupo El Progreso, Blanca García Montenegro; a alcaldesa, Lara Méndez; o presidente da Deputación, Darío Campos; o vicerreitor do campus da USC en Lugo, Javier Bueno Lema e a xefa da área de Cultura da delegación territorial da Xunta de Galicia, María José Gómez Rodríguez, outorgou o premio a Laura Villa Latas, do IES Plurilingüe Eusebio de Guarda (A Coruña), na categoría de debuxo, e María Armada Fontenla, do centro Castrelo de Miño (Ourense), na de redacción. Na edición correspondente ao ano 2018 as recibíronse máis de tres mil debuxos e trescentas redaccións. A gañadora do premio Muralla de redacción desta edición foi Jimena Vázquez Chousa e recibiu unha viaxe a París para tres persoas e cincocentos euros de dotación económica. O premio ao mellor debuxo foi para Daniel Ramos González.

Referencias varias:

- N. N., “Jimena Vázquez Chousa. ‘Non espero a que me veña a inspiración para escribir’”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 29, 2 maio 2018, p. 12.

Informa da concesión do premio Muralla de El Progreso a Jimena Vázquez Chousa que, con tan só nove anos, fíxose con este galardón na modalidade de redacción.

VI Certame Na Procura do noso Cómic

A Concellería de Cultura, Deporte e Tempo Libre, conxuntamente coa Biblioteca Municipal Francisco Mayán, lanza un ano máis os concursos cos que pretende acercar a lectura a todos os nenos e nenas de Cee. A intención é a de animar aos xoves estudantes a ocupar o seu tempo de ocio coa creación literaria. Todos os alumnos de Educación Primaria están convidados a participar. Para participar, débese enviar o teu traballo de maneira individual en sobre pechado, figurando no seu exterior a mención ao concurso no que se participa, “Concurso na Procura do noso Cómic”, o título da obra, pseudónimo e o curso do participante. Participarase segundo o sistema de plica, engadindo o ANEXO I que se achega na páxina web do certame debidamente cuberto. O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nas bases. Os traballos deberán entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Cee, sito no primeiro andar da Casa do Concello (rúa Domingo A. de Andrade, s/n) en horario de mañá ata o día 3 de abril ou enviar por correo ordinario, a Concello de Cee, rúa Domingo A. de Andrade, s/n. 15270 – Cee (A Coruña), facendo constar: “Para o Concurso na Procura do noso Cómic”, título da obra, pseudónimo e curso do participante.

III Premio Literario de Narrativa Curta Carlos Casares, convocado polo concello de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia, co gallo da celebración das Letras Galegas 2019, convoca

a cuarta edición do premio literario de Narrativa en galego: “Concurso literario infantil e xuvenil CARLOS CASARES de narración curta Concello de Xinzo de Limia”. A Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia fai públicas as bases polas que se rexerá este concurso literario, segundo aniversario da homenaxe que as Letras Galegas lle outorgaron ao escritor que da nome a este concurso literario, Carlos Casares Mouriño (1941-2002). Poderán concorrer a este premio os/as nenos/as e mozos/as que presenten, en prazo e forma, un relato escrito, inédito, da súa autoría, redactado en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente. Estilo dos parágrafos: folio DIN A4 por unha cara, en tipografía Times New Roman 12 ou Arial 12; entreliña de 1,5 ou dobre, nos escritos realizados con ordenador. Admítense tamén obras manuscritas. Na categoría xuvenil a extensión determina un mínimo de cinco folios, máximo de oito, en infantil un mínimo dous folios, máximo de cinco. A temática é libre. Haberá dúas categorías: infantil, idades comprendidas entre o ano 2007 e posteriores e xuvenil, idades comprendidas entre 2001 e 2006 (ambos anos incluídos). Os premios correspondentes a cada categoría outorgaranse en bonos para material escolar e libros nas librerías de Xinzo de Limia, nas categorías: Infantil 400 euros e 600 na xuvenil; ademais, dun diploma e placa, en ambas as categorías, outorgados polo Concello de Xinzo de Limia. O concurso faise público o martes, día 26 de marzo e os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Xinzo de Limia ou nos Centro de Estudos: I.E.S. e C.E.I.P. de Xinzo. O prazo de entrega remata o 2 de maio. As obras entregaranse nun sobre grande no que figure por fóra só o título da obra. Participarase segundo o sistema de plica. Serán nulos os traballos que leven á vista o nome do autor/a. O fallo do xurado farase público antes do día 17 de maio. Anunciaranse coa debida antelación, en especial aos/ás gañadores/ras, o lugar, data e hora da entrega dos premios. O xurado, nesta cuarta edición, estará composto por Xavier Casares Mouriño, presidente da Fundación Carlos Casares, por persoas designadas pola Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia, entre as que estarán os escritores limiáns Rafael Laso e Edelmiro Cerredelo; profesores de Lingua e Literatura Galegas dos centros escolares de Xinzo; profesores e técnicos de Cultura e Educación do Concello de Xinzo de Limia, así como a Bibliotecaria municipal. A decisión do xurado será inapelable. Os premios saíran da suma das puntuacións dadas por cada un dos membros do xurado na categoría asignada. Levantarase acta do fallo do xurado. O premio poderá quedar deserto, se o xurado estima que, segundo criterios de valoración literarios e lingüísticos, ningunha das obras presentadas merece ser premiada. Nalgún caso podería fallar premio “ex aequo” de dúas obras que considere igualmente merecedoras do premio en cada categoría. Nese caso, repartiríase o premio a partes iguais. O Concello de Xinzo de Limia resérvase o dereito, nun futuro, da publicación das obras gañadoras nas distintas edicións.

Referencias varias:

- P. P., “O Premio de Narrativa de Casares acada a terceira edición”, *La Región*, “A Limia”, 25 marzo 2018, p. 24.

Infórmase de que o Concello de Xinzo publicou as bases da terceira edición do Premio Literario de Narrativa Curta Carlos Casares co gallo do Día das Letras Galegas 2018. Explícase que poderán participar na categoría xuvenil os mozos nados entre 2000 e 2005 con relatos dun máximo de oito follas e un mínimo de cinco. Dise que poderán participar na categoría infantil os cativos nados a partir de 2006 con relatos dun máximo de 5 folios e un mínimo de 2. Explícase que a temática é libre e que os textos deben ir redactados na normativa vixente. Dáse conta de que o prazo de entrega remata o 2 de

maio e que os gañadores recibirán de premio bonos para material escolar nas librerías de Xinzo por valor de 600 e 400 euros nas categorías xuvenil e infantil respectivamente.

Certame No Verán, refréscate cos libros

Creado en 2013 polo Concello de Marín para potenciar o emprego da lingua galega na escritura entre o alumnado de Primaria do municipio marinense. Estabelécese tres categorías: 1º e 2º (primeiro ciclo), 3º e 4º (segundo ciclo), e 5º e 6º (terceiro ciclo). O gañador de cada categoría recibirá un cheque polo valor da totalidade do custo dos libros de texto do próximo curso; o segundo, un cheque pola metade do custo dos libros; e o terceiro, un cheque polo valor da terceira parte do custo do material escolar. As narracións deberán tratar unha temática relacionada cos libros e o verán, ser inéditos e non galardoados con anterioridade. Poderán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN-A4, por unha soa cara. O concello ofrece a posibilidade de que cada centro educativo realice unha preselección dos traballos a presentar entre o seu alumnado. As narracións enviaranse nun sobre pechado onde se indique o nome e apelidos do alumno, idade, curso e centro no que estuda, e un teléfono de contacto. Na edición correspondente ao ano 2017 recibiron galardóns Noa Garrido Dasilva, coa obra *O verán caluroso*, Álvaro Pereira Omil coa obra *O xeneral Book. A batalla do verán*, Hugo Santiago Villanueva co traballo *Os libros de amar nun verán especial*, Pablo Maquieira Domínguez, por *O mar maravilloso*, Pedro Abrokueah Solla, con *Os libros de Xoán*, Andrea Sanjorge Barcia, por *O verán da miña tía* y Noa Pazos Reboredo, por *Fermín o comelibros* gañaron o V Certame Literario No verán: refréscate cos libros.

IX Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato, e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, éuscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola. Posteriormente, na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras que deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. Na edición correspondente ao ano 2017, os finalistas dos seis sectores territoriais foron: Os finalistas foron: Lucía Seijo do CPI As Mirandas (Ferrol), Noela Sanjurjo do IES Antonio Fraguas (Santiago), Mireia Arcas do IES Leiras Pulpeiro (Lugo), Santiago González Gómez do CPR Sagrado Corazón de Celanova (Ourense), Antía García Barbosa do IES Freixeiro (Vigo) y Sara Seijo Vila do CPIR La Inmaculada de Pontearreas (Pontevedra). O galardón autonómico foi para Laura Timmer do Colexio Sagrado Corazón de Jesús. Na edición correspondente ao ano 2018, as gañadoras foron: en primeiro lugar Ainhoa Castro Rouco, do colexio Divina Pastora, en Lugo; de segunda Lucía González Pérez, do colexio San José, e o terceiro posto foi para Silvia López López, do colexio Divina Pastora.

Referencias varias:

- María Ayala, “Xornada literaria para profesores no concurso Coca-Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 febreiro 2018, p. 38.

Infórmase de dúas actividades desenvolvidas no marco do concurso Novos Talentos de Relato Curto de Coca-Cola dirixido a estudantes de segundo de secundaria. Dise que a primeira actividade consistiu na clase maxistral de Leticia Costas impartida a vinte profesores de secundaria e titulada *Unha astronauta no planeta terra*. Explícase que a segunda actividade consistiu nun obradoiro impartido aos docentes por Rosalía Fernández Rial sobre a relevancia da lectura e da formación de lectores adolescentes.

- María Abascal, “Trescentos mozos aspiran a ser o novo talento de relato curto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 marzo 2018, p. 39.

Infórmase de que 300 alumnos de segundo de secundaria participaron en Galicia na 10ª edición do Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto organizada por Coca-Cola. Explícase que as probas foron realizadas a partir dun encerado coa frase ‘Profe: Pasaporte ao Futuro’. Dise que os relatos debían ter unha extensión máxima de dous folios polas dúas caras. Destácase que se escollerán primeiro os gañadores provinciais e logo o gañador autonómico. Alúdese a que na edición pasada a gañadora autonómica foi Raquel Canabal do CPR Salesianos San Juan Bosco da Coruña.

- ECG, “Coca Cola apoya a jóvenes autores con talento literario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 marzo 2018, p. 37.

Dáse conta da celebración da 58ª edición do ‘Concurso de Jóvenes Talentos de Relato Corto de Coca-Cola’. Explícase que nesta edición os alumnos de segundo da ESO tiveron como fonte de inspiración unha brújula coas palabras ‘artigo’, ‘verbo’, ‘preposición’, ‘conxunción’ e a frase ‘o primeiro que atopei foi unha estraña brújula’.

- M. G. M., “Una brújula extraña y dos frases con mensaje”, *Diario de Ferrol*, p. 45/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, p. 44, 17 marzo 2018.

Dáse conta da celebración do 58 Concurso “Jóvenes Talentos de Relato Corto de Coca-Cola” con alumnos de segundo da ESO. Explícase que se trata dun evento comezado en 1961 e que ten como obxectivo promover a educación e a cultura a través da escrita. Dise que tras as probas provinciais un xurado escollerá os mellores relatos de cada provincia e despois un xurado autonómico seleccionará un relato de cada comunidade. Por último, un xurado estatal escollerá tres gañadores. A estes sumaranse os catro gañadores en euskera, galego, catalán e balear, que poderán asistir á “Experiencia Coca-cola de Jóvenes Talentos” que supón unha viaxe cultural e de ocio.

- Ángel Orgaz, “Alma Bérculi gana el autonómico de Relato Corto de Coca-Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 maio 2018, p. 36.

Dáse noticia de que Alma Berculi Pita, alumna do Colexio Calasancio de Pontevedra, foi a gañadora da LVIII edición do Concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos de Relato Corto en Galicia. Explícase que foron finalistas do mesmo Manuel Dopico Caneiro, do Colexio Santa Juana de Lestonnac de Ferrol; Laura Marín Calo, do IES A Sardiñeira de A Coruña;

Sálvora Ferreirós Sampedro, do IES Xelmírez I de Santiago; Ainhoa Castro Rouco, do Colexio Salesianos Divina Pastora de Lugo; Jorge García Vázquez, do Colexio San José-Josefinas de Ourense e Paula Viéitez Lorenzo, do IES San Tomé de Freixeiro de Vigo. Dise que Berculi representará Galicia na gala nacional do concurso o 22 de xuño en Madrid.

- Montse García, “Alma Bérculi, de Pontevedra, gana el concurso Coca-Cola de Relato Corto en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 maio 2018, p. 38.

Informa da concesión do premio Coca-cola Jóvenes Talentos de Relato Corto á pontevedresa Alma Bérculi Pita, quen se acaba de proclamar gañadora na fase autonómica da 58ª edición deste concurso.

- Cuca M. Gómez, “Coca-Cola premia a Alma Bérculi”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 29 maio 2018, pp. 58-59.

Informa de que a pontevedresa Alma Bérculi Pita se acaba de proclamar gañadora na fase autonómica da 58º Concurso Coca-cola Jóvenes Talentos de Relato Corto.

- C. R., “Jorge García, de Josefinas, fue el vencedor ourensano del concurso de relatos cortos”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 146, “Hiperactivos”, 30 maio 2018, p. 2.

Dise que Jorge García Vázquez, do Colexio San José-Josefinas, foi o gañador ourensán da 58ª edición do Concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos de Relato Corto en Galicia. Explícase que Xián Antón Lorenzo Rodríguez, do IES Ribeiro, e Gabriel Gómez Pereira, do Colexio Santa María “Maristas”, foron o segundo e o terceiro clasificados. Alúdese a que Alma Bérculi Pita, de Pontevedra, foi a gañadora autonómica do concurso e que representará Galicia na gala nacional do día 22 de xuño en Madrid.

- Fernando Ruiz, “Unha viguesa gaña o X premio de relato curto de Coca-Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xuño 2018, p. 38.

Dáse conta de que Jimena González-Lojo Lamas, alumna do Colexio Compañía de María de Vigo, gañou a décima edición do Concurso Novos Talentos de Relato Curto que convoca Coca-Cola cada ano para fomentar a escritura e no que participan alumnos de 2º da ESO. Dise que os finalistas provinciais presentados ao concurso en Galicia foron Melina Pardo Ramos, do Colexio Santa Juana de Lestonac de Ferrol; Brais Fernandez Reyes, do IES Francisco Aguiar de Betanzos; Carlota Diez Herrera, do IES Antonio Fraguas de Santiago; Saray Díaz Díaz, do IES Vilar Ponte de Viveiro; Laura Valeria Gutierrez Caneda, do IES Cidade de Antioquia de Xinzo de Limia; Alba Costa Camano, do Colexio Compañía de María de Cangas, e a gañadora.

I Premio **Luísa Villalta** pola Igualdade da Deputación de A Coruña

O concurso ten como obxecto o fomento da cultura en igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel cultural, histórico e social das mulleres e/ou contribúen de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero. Os proxectos procurarán unha filosofía integradora, participativa e de visibilización social das mulleres no campo social e cultural. Empregarán a lingua galega e unha linguaxe con perspectiva de xénero. Poderán presentarse ao concurso proxectos orixinais e inéditos, que se inicien no ano e finalicen antes do 31 de marzo do ano vindeiro

e que non estean finalizados no momento da publicación das bases. Os proxectos poden orixinarse a partir dalgún dos diferentes campos artísticos: son (música...), palabra (literatura, investigación...), escena (teatro, danza...), artes plásticas, imaxe (audiovisual, fotografía, curtametraxe, documental...) ou outros contornos creativos (arte urbana, arte dixital...). Poderán presentar os seus proxectos todas aquelas persoas físicas ou xurídicas con sede social ou establecemento permanente na provincia da Coruña e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no Réxime Especial de traballadoras/es autónomas/os, entidades de economía social e/ou empresas. Convócanse dez premios, por un importe máximo de 20.000 euros cada un; en función das solicitudes presentadas, poderán concederse menos dos dez premios convocados. Aos importes dos premios seranlles aplicados os impostos e retencións legais preceptivos. As candidaturas presentadas deberán incluír necesariamente un proxecto no que se recolla o nome da persoa ou entidade que formula a solicitude, un resumo breve da proposta presentada (2 parágrafos), un breve currículo das profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta (1 páxina), fundamentación razoada que motive a posta en marcha do proxecto (1 páxina), o perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto (1/2 páxina), os obxectivos que persegue a proposta (1/2 páxina), os indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social que se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar (1/2 páxina), a descrición da proposta que se vai desenvolver que inclúa: metodoloxía e accións, así como a súa temporización durante o tempo estipulado e ámbito territorial (1-2 páxinas), as colaboracións, patrocinios e apoios previos cos que conta a iniciativa (1/2 páxina), o plan de comunicación da iniciativa, incluída a publicación de resultados (1 páxina), un orzamento detallado e desagregado do proxecto, con e sen IVE. E a declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como declaración das subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Tamén se presentará calquera outra documentación que as entidades solicitantes consideren de interese para o proxecto. As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL) O prazo de presentación das candidaturas será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Sexta.- Xurado O xurado estará presidido pola deputada da Área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero e formarán parte del, ademais desta, a deputada da Área de Cultura e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural e das políticas de igualdade de xénero, nomeadas por ela. Exercerá as funcións de secretaria o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue. A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación, co fin de que se poidan interpor os recursos legais pertinentes. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios. A decisión do xurado, darase a coñecer na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal. O xurado seleccionará un máximo de dez proxectos, tendo en conta os seguintes criterios; o interese do proxecto para a promoción da igualdade de xénero desde o ámbito artístico e cultural; o calendario de actuacións culturais e/ou artísticas concretas e impacto social do proxecto en favor da igualdade de xénero, con especial atención ao territorio da provincia da Coruña e o uso da perspectiva feminista na conceptualización, deseño e desenvolvemento do proxecto. O xurado

adxudicará a cada unha das propostas seleccionadas un premio de ata 20.000 € destinado a facilitar o desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, tendo en conta a tipoloxía e características de cada un dos proxectos premiados, o xurado determinará a documentación específica que terá que presentar a entidade para o cobro do premio. Do mesmo xeito, e para garantir a repercusión e impacto social e cultural dos proxectos escollidos no territorio da provincia da Coruña, o xurado determinará a forma en que cada proxecto deberá xustificar esta cuestión no desenvolvemento da proposta. A Deputación da Coruña aparecerá en toda a documentación e elementos de difusión públicos dos proxectos como coprodutora destes, de forma expresa e co logotipo institucional ao carón do da empresa ou entidade promotora. A Deputación resérvase os dereitos de explotación da propiedade intelectual e en especial os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública por tempo indefinido para que a Deputación poida empregar os proxectos gañadores para calquera actividade da Deputación da Coruña relacionada co fomento da igualdade de xénero. As persoas físicas ou xurídicas titulares dos proxectos premiados deberán informar das súas estreas ou das súas presentacións á Deputación a través do correo electrónico igualdade@dacoruna.gal. Logo de finalizar o proxecto premiado O pagamento dos premios requirirá os informes dos Servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

Certame de relatos curtos do Festival Intercéltico O Son do Pazo

A participación está aberta a escolares de entre seis e doce anos, que poderán depositar os traballos nas caixas instaladas nos colexios, na Biblioteca Municipal e no Pazo de Mos. O xurado encargado de elixir os gañadores estará conformado, nesta ocasión, por Xaime Estévez, Tamara Costas e Andrés Giráldez. A cuarta edición do Festival Intercéltico O Son do Pazo celebrarase na contorna do Pazo de Mos mais a programación paralela botou a andar coa convocatoria do segundo Concurso de Relatos Curtos sobre a música galega dirixido a rapaces e rapazas de entre seis e doce anos. O Círculo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos, entidade organizadora do festival, volverá poñer en marcha o concurso co obxectivo de espertar o interese dos cativos pola cultura e as tradicións de Galicia. A segunda edición do certame contará cun xurado conformado polo profesor e investigador da música galega Xaime Estévez, a compoñente do grupo as Lagharteiras Tamara Costas e o actor e titiriteiro Andrés Giráldez. Os participantes poderán depositar as súas redaccións, cunha extensión máxima dunha cara dun folio, nas caixas de correos instaladas nos distintos colexios públicos do concello de Mos, na Biblioteca Municipal e no propio Pazo. Os relatos poden estar escritos tanto a man como a ordenador e deben ser en galego. A primeira obra premiada gañará un set de xogos para o aire libre, a segunda finalista un set de xogos tradicionais e o terceiro clasificado un set de xogos de lóxica.

Referencias varias:

- L. C., “O Son do Pazo’ inicia su programa con un certamen de relatos cortos”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Louriña”, 12 maio 2018, p. 16.

Informa da convocatoria do segundo concurso de relatos curtos sobre música galega, dirixido á rapazada entre 6 e 12 anos, organizado polo Círculo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos.

- R. Tébar, “Tres alumnas de Mos ganan el concurso de relatos cortos”, *Faro de Vigo*,

“Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 3 xullo 2018, p. 15.

Dáse noticia de que a organización do IV Festival Intercéltico ‘O Son do Pazo’ entregou os premios da segunda edición do Concurso de Relatos Curtos sobre música galega. Dise que o xurado estivo composto por Xaime Estévez, Tamara Costas e Andrés Giráldez. Explícase que Érika Álvarez levou o primeiro premio polo relato *Os musicqueiros e a gaita de ouro*, Shaila Pintos gañou o segundo con *O poder de Irisina* e André Vilas o terceiro por *A dragongaita*.

I Certame Escolar de Relato Radiofónico **O vello dos contos**

Un concurso creado para lembrar figura de Xosé Mosquera Pérez, "O vello dos contos", ao que pode presentarse o alumnado de 6º de primaria e dos catro cursos da ESO dos centros de Compostela. Os textos deben ser inéditos, pensados para ser radiados, dunha extensión de entre tres e cinco folios, mecanografados a dobre espazo e escritos en lingua galega. Admítense tanto obras individuais como colectivas. Os traballos teñen que presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: dptoeducacion@santiagodecompostela.gal e deberán incluír o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico das persoas autoras que asinarán ademais con nome e apelidos, idade, curso e nome do centro educativo. O prazo de presentación estará aberto até o 19 de maio. O premio para este primeiro certame consistirá na montaxe radiofónica e na publicación do texto premiado, de aí que unha das condicións esixidas sexa que a súa redacción teña que estar adaptada á emisión radiofónica. O premio está organizado polo Concello, en colaboración con Arraianos Multimedia e a emisora Radio Galicia – Cadena SER. A obra será representada e radiada en directo nun acto público de entrega de premios ao remate do curso escolar 2016/2017 onde haberá unha representación musical a cargo da Escola Municipal de Música. A peza leva por nome A Rosalía, baseada nun texto de Alfredo Brañas.

IV Certame Literario do Centro Cultural de **Peitieiros**

Premio convocado porlo Centro Cultural e Veciñal de Peitieiros co obxectivo de conmemorar o Día das Letras Galegas. Poden participar todas as persoas veciñas ou veciños de Gondomar cunha obra en galego e na modalidade de poesía ou narrativa. Existen tres categorías: até os doce anos; entre doce e dezaioito anos; e maiores de dezaioito anos. O premio consiste nun lote de libros.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

I Certame de Relato Curto **Queixería Barral**

A Queixería Barral convoca este certame literario destinado a escolares comprendidos entre os oito e doce anos. A temática central deberá ser o queixo. Os relatos deberán ser orixinais e inéditos, contar cunha extensión máxima de 250 palabras e escritos en galego.

Presentarase un só orixinal por cada persoa autora, escrito a man ou mecanografiado. Remitirase por correo postal á seguinte dirección: Queixería Barral, Lugar Riba nº6, Pantillobre, 15810, Arzúa (A Coruña); ou a través de correo electrónico info@queixosbarral.com. No caso de envío por correo postal o texto irá nun sobre pechado e sen identificar, dentro do cal irá outro sobre co título da obra por fóra e os datos da persoa participante por dentro. No caso de envío por correo electrónico, enviaranse dous documentos adxuntos, un co relatos e o outro co nome e os datos da persoa participante. Nesta primeira edición o prazo de entrega rematou o 27 de febreiro de 2017 e as gañadoras foron Brais, Carla e Carmela.

XVII Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Abanca, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a categoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten na categoría A nun cheque por valor de 150 euros e lote de libros, e na B en 200 euros, 150 euros e 100 euros.

V Certame de **Relato Curto da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra**

Convocado por primeira vez en 2013, ten por obxectivo fomentar a creatividade dos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato, así como a comprensión e expresión escrita en lingua galega. Está organizado pola Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra, en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística e a Deputación provincial. Os relatos contarán con entre duascenas e trescentas palabras e deberán presentarse antes do 30 de abril. Os premiados recibirán vales para adquisición de material escolar na librería El Pueblo por valor de 200 euros. Os gañadores e finalistas (máximo de noventa) publicarase un libro colectivo cos relatos. Ademais, como novidade, nesta edición de 2017 os cinco primeiros clasificados en cada categoría poderán participar nun taller de creación literaria impartido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

V Concurso de **Relato Curto Concello do Grove**

Convocado dende 2012 pola Concellaría de Educación do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado matriculado nos centros educativos de segundo ciclo de Secundaria e de Bacharelato desa localidade pontevedresa. Estabelécense dúas modalidades: unha para Bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. A temática é libre, a extensión será entre catrocentas e seiscentas palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos, a dobre espazo e en folios de DIN-A4. O premio consiste nun cheque de 100 euros para gastar no comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista

local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil. Na presente edición os traballos poderán entregarse no propio centro escolar até o 4 de marzo e a entrega de premios terá lugar a comezos de abril, coincidindo coa conmemoración do Día do Libro Infantil e Xuvenil.

IV Concurso de Relatos Xosé Neira Vilas para escolares

Organizado polo departamento de cultura e a biblioteca municipal de Boqueixón. Estabelécense tres modalidades: unha para o alumnado de terceiro e cuarto de Primaria, outra para quinto e sexto de Primaria e a terceira para Secundaria. A temática é libre, a extensión mínima será de vinte liñas para Primaria e trinta para Secundaria. A temática do relato será libre e os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador ou á man, con letra lexible. O texto será en galego e debe conter unha historia orixinal, real ou ficticia, podendo incluír ilustracións, terá unha extensión mínima de vinte liñas para os de 1ª e 2ª categoría e de trinta liñas para os de 3ª categoría. Na edición de 2017 a admisión dos traballos rematará o día 21 de abril de 2017 e entregaranse na biblioteca municipal ou no centro educativo. O xurado do concurso estará composto por un representante da Fundación Neira Vilas, un representante do centro escolar e a bibliotecaria do concello. Por cada categoría estableceranse os seguintes premios: 1º premio: diploma e un vale 100 euros mais libro editado; 2º premio: diploma e vale 75 euros mais libro editado; 3º premio: diploma e vale 75 euros mais libro editado.

Referencias varias:

- A. P., “Queda aberto o prazo para inscribirse no certame de relatos Xosé Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 marzo 2018, p. 30.

Dáse noticia de que se abriu o prazo para a presentación de relatos á quinta edición do certame Xosé Neira Vilas organizado pola biblioteca municipal de Boqueixón coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPI Antón Orza Couto. Explícase que no certame poden participar alumnos de 3º de primaria e secundaria cun único traballo de tema libre. Dise que os relatos serán clasificados en tres categorías: 3º e 4º de primaria, 5º e 6º e secundaria. Destácase que nos dous primeiros casos os traballos deben ter como mínimo 20 liñas e no terceiro 30. Alúdese a que o prazo de participación remata o 20 de abril.

- A. Prada, “O certame Xosé Neira Vilas recibiu 66 relatos dos mozos de Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 abril 2018, p. 30.

Infórmase de que a quinta edición do concurso de relatos Xosé Neira Vilas de Boqueixón recibiu 66 propostas dos estudantes de centros educativos do municipio que foron remitidas á biblioteca municipal. Explícase que os representantes da biblioteca, da Fundación Xosé Neira Vilas e do CPI Antonio Orza serán os encargados de seleccionar os mellores traballos. Dise que os galardóns serán entregados o 18 de maio e que xunto co premio económico publicarase un volume con algúns dos textos, ademais dos gañadores.

- Montse García, “Premios a los mejores relatos”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos os públicos”, 19 maio 2018, p. L11.

Informa de que tivo lugar a entrega dos premios do certame de relatos Xosé Neira Vilas no CPI Antoinio Orza Couto de Boqueixón.

- A. Prada, “O certame Xosé Neira Vilas repartiu 750 euros en premios”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 22 maio 2018, p. 30.

Dáse conta da entrega de premios do V Certame de Relatos Xosé Neira Vilas. Explícase que o certame conta con tres categorías: alumnos de terceiro e cuarto de primaria, alumnos de quinto e sexto de primaria e alumnos de educación secundaria. Dise que a primeira gañadora foi Fátima Liñares co texto *A miña amiga lúa*, a segunda foi Candela Suárez co relato *A eira de Laura* e a terceira María Crespo co texto *De corazón*.

- An Alfaya, “O home de negro: unha azarosa aventura sensorial”, *Sermos Galiza*, n.º 321, “fóradeserie”, “novidade”, 8 novembro 2018, p. 7.

Texto teórico-literario no que An Alfaya expón o proceso de creación de *O home de negro* a obra coa que vén de gañar o Premio Xosé Neira Vilas de novela curta.

V Concurso Escolar de Poesía “**Rosalía de Castro**”

A Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés crearon en 2013 un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato con motivo da conmemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de Cantares gallegos e para difundir no mundo escolar a relevancia desta obra e da súa autora. Nas bases estableceron tres niveis de participación: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato. As obras deberán ser orixinais e inéditas e estar redactadas en galego, sobre un tema e forma poética libres e cunha extensión máxima de cincuenta versos. Cada autor poderá concorrer cun máximo de dous traballos, que se presentarán nun sobre pechado, no exterior figurarán o título, o nivel educativo e o pseudónimo, e no interior unha nota cos seguintes datos: título da obra, nome e apelidos do autor, curso e centro educativo, enderezo postal e correo electrónico do autor. O prazo de admisión de orixinais rematou o 27 de maio de 2017 e os orixinais remitiranse aos centros de El Corte Inglés en Galicia (localizados na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). En cada categoría concédense un premio e dous accesits: o primeiro premio recibirá un iPad 32GB; o primeiro accesit, unha tarxeta agasallo de El Corte Inglés por valor de 200 euros, e o segundo outra tarxeta por valor de 100 euros. O fallo do concurso farase público o 2 de xuño de 2017 e a entrega dos premios terá lugar no auditorio da Casa de Rosalía o 9 de xuño en acto poético-musical ao que se invitarán familiares, profesores e compañeiros de clase. Os vencedores O libro presentarase o 15 de xullo nos xardíns da Casa, coincidindo co acto institucional da Fundación. Os gañadores son Violeta González, de A Laracha; Fabián Niño, de A Fonsagrada; e Miguel Díaz-Cacho, de Vigo.

Concurso **Rosalía verso a verso** convocado polo SNL da Mancomunidade de Ordes

Está dirixido á poboación estudantil da comarca, que deberá realizar vídeos e audios baseados na obra da poeta. Deberán colgalos do 24 de febreiro ao 9 de marzo no evento creado especialmente no Facebook do ente supramunicipal. O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Mancomunidade de Ordes convoca á poboación estudantil da

comarca a participar en ‘Rosalía verso a verso’. Esta actividade colectiva desenvolverase a través do evento creado no Facebook do ente supramunicipal dende o 24 de febreiro, data do nacemento da escritora, ao 9 de marzo.

O alumnado dos 14 colexios e institutos da comarca deberán pendurar os seus audios ou vídeos realizados en base a versos da escritora, recitados por elas e eles mesmos. O centro con maior número de participantes así como os estudantes que se animen a realizar algunha destas pezas terán opción a facerse cun premio consistente nun lote de libros cedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. A través desta convocatoria, asemade, quérese estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, á par que se difunde e dá a coñecer a obra da poeta por excelencia das letras galegas.

Referencias varias:

- A. P., “Os nenos de Trazo recibiron un lote de libros polo certame ‘Rosalía verso a verso’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes – Melide – Arzúa”, 20 xuño 2018, p. 31.

Dáse conta de que os alumnos de terceiro de Primaria do CPI Viaño Pequeno, en Trazo, recibiron un lote de libros pola súa participación no concurso ‘Rosalía verso a verso’. Explícase que só falta o CPI de Xanceda por recibir o lote de libros.

Iº Concurso Salvaterra Milenaria

Convocado polo Concello de Salvaterra de Miño no marco dos actos conmemorativo dos máis de mil anos de historia do municipio. Establécense tres categorías: Debuxo para o alumnado de Infantil, Manualidades, para os de Secundaria e Relato Curto para os de Bacharelato. Existen tres premios en cada categoría de 100, 75 e 50 euros que os gañadores poderán gastar en material escolar, informático ou deportivo.

Concurso de Contos Somos Capaces. Asпамite

Poderán participar todos os escolares de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria que o desexen. Os alumnos de educación infantil poden participar con relatos ou debuxos. Os relatos serán orixinais e deberán ter relación co lema proposto. A extensión máxima dos escritos será de catro folios, por unha cara, escritos a man ou mecanografados a dobre espazo e deberán estar escritos en lingua galega normativizada. Os traballos deberán ser asinados con letra clara e levarán nome e apelidos, idade, enderezo persoal e número de teléfono. Tamén deberán poñer o nome do centro no que estudan e o curso no que están matriculados. Os traballos enviaranse por correo ou entregaranse no local da Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional, Travesía das Galanas 71 - Calo - 15886 Teo - A Coruña. Os concursantes poderán mandar o número de traballos que queiran. A data límite para a presentación dos traballos é o 31 de maio de 2018. O xurado seleccionador estará composto por un representante da asociación e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. En cada categoría outorgaranse 3 premios e diploma. Os premios entregaranse nun acto cultural que se celebrará na data e lugar que posteriormente se comunicará polos medios de comunicación. O ditame é inapelable e o xurado poderá declarar desertos os

premios se considera que a calidade dos traballos presentados non se axusta ao que cabe esperar de concursantes desas modalidades educativas. Non se manterá comunicación cos autores nin cos seus representantes e o feito de participar supón a aceptación das presentes bases.

Referencias varias:

- Marcos Manteiga, “Calviño, Soto y García ganan el galardón de cuentos Asпамite”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago – A Barcala – Xallas”, 17 xuño 2018, p. 31.

Dáse noticia da entrega de premios correspondente ao Concurso de Contos Somos Capaces por parte da asociación Asпамite. Explícase que o primeiro premio, da sección de Educación Infantil, foi para Nerea Calviño, o segundo para Valeria Ponte e o terceiro para a aula de 5º do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei de Santiago. Dise que en Educación Primaria gañaron Claudia Soto, Paula Reboredo e Alicia Rivas, mentres que o áccesit foi para María Míguens. Infórmase de que en Educación Secundaria gañaron Julia García, María Castro e Lorena Cabezas.

VII Concurso Radiofónico de Teatro Lido de Ames Desata a lingua!

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Nesta edición, como novidade, o concurso está dirixido ao alumnado dos centros de ensino do Concello de Ames que estea matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. A participación pode ser en grupos formados por entre dúas e catro persoas. Os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os tres e os cinco minutos. Todo o alumnado inscrito participará nunha xornada de formación conxunta o día 30 de outubro no Pazo da Peregrina, cunha duración aproximada de dúas horas. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen cinco premios: o do público, mellor guión orixinal e mellor interpretación cunha contía de 200 euros; e o do mellor interpretación masculina e feminina, que carece de dotación económica. A entrega de premios realizouse o 20 de decembro de 2017 nunha gala.

XXVI Certame Municipal de Teatro para centros de Monforte de Lemos

Convocado pola Delegación de Cultura e Educación do Concello de Monforte de Lemos para que participen todos os centros de ensino da localidade con representacións que terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura monfortina. As obras deben ter unha duración mínima de media hora e estrearse nese certame. Os premios consisten nun diploma e unha placa conmemorativa para todos os centros participantes.

XXXVIII Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil

Organizado pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, conta coas seguintes modalidades de participación: a) debuxos e pinturas, b) contos e c) poesías. Os contos e

poesías deben ter unha extensión máxima de dous folios. Conta con dous grupos de premios, ca mesma calidade e cantidade: un para os traballos procedentes da Terra Chá, e outro para os traballos dos outros colexios, escolas e institutos galegos. Estabelécense tres premios (50 euros para o primeiro, 40 euros para o segundo e 30 euros para o terceiro, investidos en libros, discos...) para cada nivel e especialidade: Educación Infantil, tres ciclos de Educación Primaria e dous Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato. Os traballos deben mandarse antes do 31 de maio nun sobre pechado cun lema e outro sobre cos datos persoais do autor a Asociación Cultural Xermolos (Apartado 4, 27300 Guitiriz, Lugo). O prazo de entrega dos traballos abarcaba até o 31 de maio de 2017 e os premios foron entregados durante o Festival de Pardiñas, o 6 de agosto de 2017, no Balneario de Pardiñas (Guitiriz).

Referencias varias:

- C. P. R., “El XXXIX Certame Terra Chá de Xermolos distingue un centenar de creaciones”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 xuño 2018, p. 26.

Dáse conta de que a asociación cultural Xermolos de Guitiriz premiou máis dun cento de creacións artísticas no XXXIX Certame Terra Chá. Destácase o galardón que recibirá a outra de teatro ‘A Malla’ do CEIP Insua Bermúdez de Vilalba e tamén o que levará Sabela Ledet pola mellor banda deseñada.

IX Concurso de microrrelatos e micropoemas Terras do Umia

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego, de temática libre. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no EDLG antes do 10 de marzo de 2017. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, pais e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría.

Concurso de microrrelatos de Tórculo

Organizado pola empresa Tórculo, os textos presentados deberán ambientarse na cidade de Compostela e o texto debe incluír a palabra “Tórculo”. A extensión dos microrrelatos non poderá superar as cen palabras. O microrrelato deberá estar escrito en lingua galega e ser orixinal e inédito. O prazo de presentación abriuse o 6 de abril e rematará o 18 de maio. As obras participantes deberán remitirse a Tórculo, baixo a referencia “microrrelatos” no Polígono Industrial do Tambre, Vía Edison, 33-35, 15890, Santiago de Compostela, A Coruña. O xurado estará formado por escritores e representantes de Tórculo e emitirá o seu fallo na primeira semana de xuño, ademais, será publicado na súa páxina web. Os orixinais deben ser presentados baixo o sistema de plica, no que se debe incluír o texto por triplicado e unha versión dixital en CD co texto en formato PDF. Os datos que se deben presentar son nome e apelidos, DNI, tarxeta de pasaporte ou de residencia, dirección e teléfono de Contacto. Establécense dous premios, o primeiro de

600 euros e o segundo de 300, ademais, cos relatos finalistas realizarase unha publicación non venal que distribuirá Tórculo.

Referencias varias:

- Laura Fernández, “Daniel López da Silva. ‘No hay que dejarse llevar por los demás, sino hacer nuestro propio camino’”, *La Región*, “Baixa Limia”, “Personaje del día”, 26 agosto 2018, p. 41.

Dá conta da concesión do primeiro premio do concurso de microrrelatos convocado pola editora coruñesa Tórcula a Kinzarks, pseudónimo de Daniel López Da Silva, pola seu relato “Tinta vermella”, o primeiro en galego deste autor e que aparecerá enmarcado na colección que leva por título *35 anos, 35 relatos*.

XXIII Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoto anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoto anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Os contos serán enviados á Área de Educación. Centro de Convivencia Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1 – 27001 Lugo, ou envialos ao Rexistro Xeral do Concello sita no Edificio Administrativo na Ronda da Muralla número 197- 27001 Lugo, ou ben utilizando os medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A data límite de presentación dos traballos será o día 20 de novembro de 2017. Estabelécense tres premios en cada categoría. Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado. Establécense as seguintes categorías e premios: Categoría de doce a catorce anos: 1º Diploma, lote de libros e premio valorado en 200 euros; 2º Diploma, lote de libros e premio valorado en 100 euros; e 3º Diploma, lote de libros e premio valorado en 70 euros. Categoría de quince a dezaoto anos: 1º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 250 euros; 2º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 130 euros; 3º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 100 euros. Se ademais dos traballos premiados, houbese a xuízo do xurado, outros merecedores dun recoñecemento, poderán outorgarse unha ou varias mencións honoríficas.

IV Certame Literario Relatos de Auga Intelixente Viaqua

Concurso literario convocado por Viaqua para alumnado de ESO, Bacharelato e FP. O obxectivo é contribuír á difusión da cultura da auga e implicar os estudantes no uso sostíbel da auga así como o coidado do medio natural. Os textos poderán redactarse en galego ou castelán, cunha extensión máxima de duascenas palabras e cunha temática relacionada coa auga. O certame conta con dúas categorías: Educación Secundaria e Bacharelato/FP, e se desenvolverá durante o último trimestre do ano, sendo o 31 de decembro a data límite de recepción dos traballos. A entrega de premios aos gañadores realizarase na semana do 22 de marzo de 2017, coincidindo coa celebración do Día

Mundial da Auga.

Referencias varias:

- Juan David, “O certame literario de Viaqua recibe 522 obras infantís”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 xaneiro 2018, p. 24.

Informa de que un total de 522 microrrelatos de escolares galegos presentáronse ao II certame literario Relatos de auga intelixente. Comenta os obxectivos cos que se convoca o certame e indica que o colexio ourenseán Divina Pastora-Franciscana foi o que maior número de textos presentou e que por este motivo recibirá o premio correspondente. Indica que o fallo darase a coñecer o Día Mundial da Auga.

- Luis Rodriguez, “Premios literarios de Viaqua en el Día Mundial del Agua”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 marzo 2018, p. 25.

Dá conta dos gañadores da cuarta edición do Certamen Literario Relatos de auga intelixente convocado por Viaqua nos centros escolares de Santiago, entres os que se atopan María Crespo Cutrín de 3º da ESO co relato “Eu son auga, e ti?”, Sofía Seijo Ares de 1º de Bacharelato co seu relato “Deter unha invasión”, e Fermín Caamaño Louro de 2º de Bacharelato co relato “Bo negocio”.

- Margarito Flowers, “Premian a tres estudantes por sus textos sobre el agua”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 20 marzo 2018, p. 56.

Dáse conta de que os estudantes María Crespo, Sofía Seijo e Fermín Caamaño Louro foron os gañadores da IV edición do Certame Literario Relatos de Auga Intelixente convocado por Viaqua. Explícase que María Crespo foi gañadora na ESO, Sofía Seijo levou o primeiro premio en Bacharelato e Fermín Caamaño o segundo premio.

- Uxío Santamaría, “Viaqua se vuelca con el talento literario de jóvenes estudiantes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 marzo 2018, p. 25.

Dáse noticia da entrega dos premios do IV Certame de Relatos de auga intelixente que concede Viaqua. Dise que María Crespo Cutrín, alumna de terceiro da ESO do IES Lamas de Abade, obtivo o primeiro premio na súa categoría co relato en galego titulado *Eu son auga, e ti?*. Explícase que Sofía Seijo Ares, de primeiro de Bacharelato do Colexio La Salle, conseguiu o primeiro premio nesta categoría co texto *Deter a invasión*. Por último, infórmase de que o segundo premio de Bacharelato levouno Fermín Caamaño Louro, alumno de segundo do IES Antón Fraguas, co relato *Bo negocio*.

- C. R., “Premios aos relatos da auga”, *La Región*, “Xornal escolar”, n.º 138, 4 abril 2018, p. 2.

Dáse conta da entrega dos premios da IV edición do certame literario Relatos de auga intelixente. Explícase que os gañadores ourensáns recibiron os premios nun acto que tivo lugar no Concello de Ourense. Dise que o relato gañador foi o de Nerea, do colexio Santa Teresa de Jesús e que o premio ao colexio máis participativo foi para o Divina Pastora “Franciscanas”.

Concurso de **Videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María**

A Casa-Museo Manuel María vén de convocar o concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María. Certame dirixido ao alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO e que terá a súa fase final no auditorio da propia Casa-Museo, en Outeiro de Rei. O concurso ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. O concurso vai destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO podendo facelo tanto a nivel individual como grupal. Estabelécese unha única categoría que abranxe desde a ESO até segundo de Bacharelato, Ciclos Formativos e Ensinanzas Artísticas. Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do videopoema, ben sexa impreso, recitado ou en calquera outra opción que se considere. Os videopoemas presentaranse en formato MP4 e non poderán superar os 3 minutos, incluídos créditos se os houber. As obras deben ser orixinais e inéditas. En caso de usar música, textos ou imaxes alleas, deberán ser materiais libres de dereitos de autor. Os centros participantes deberán realizar a súa preinscrición antes do 24 de marzo. Deberán facela por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. A Casa-Museo confirmará ao centro a recepción da solicitude no prazo de 48 horas. Os traballos serán enviados por calquera medio dixital á Casa-Museo Manuel María antes do 21 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal. No corpo da mensaxe terán de sinalar o título do videopoema, a persoa autora ou autoras, o nome do centro educativo e os datos de contacto postal e de e-mail. A Casa-Museo comunicará os videopoemas seleccionados para a súa proxección na Casa-Museo. O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes e vencelladas ao ámbito da literatura e a creación audiovisual. O xurado fará a escolla dos videopoemas finalistas. Estes traballos seleccionados serán visionados na Casa-Museo Manuel María nunha xornada pública en que poderán asistir todas as autoras e autores. O xurado emitirá o ditame nese mesmo día e terá carácter inapelábel. Concederanse premio aos dous mellores videopoemas do concurso, segundo o ditame do xurado emitido o día da súa celebración, que consistirán nunha tablet. Os premios son únicos, independentemente do número de persoas que participen na realización dos videopoemas premiados. Todos os participantes que fosen seleccionados para a fase final recibirán un diploma por participaren así como un libro de Manuel María. Cada concursante nomeado finalista que participe na fase final do día 19 de maio deberá enviar a autorización de pais/nais ou titores/as legais para a posíbel difusión da súa imaxe. O acompañamento do alumnado participante e a súa custodia na xornada final correrá por conta das súas familias ou titores/as legais. As persoas participantes ceden de xeito gratuíto os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución do videopoema ou fragmentos do mesmo, co fin de que o videopoema poida ser divulgado e emitido a través da web e as redes sociais da Casa-Museo.

Referencias varias:

- N. Neira, “Sara Martínez Casanova. ‘Gravei a casa da miña bisavoa como xeito de lembrala’”, *El Progreso*, “*EPjunior*”, n.º 33, “Entrevista”, 30 maio 2018, p. 12.

Informa de que Sara Martínez Casanova, alumna de bacharelato no IES de Quiroga,

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de

ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios, a dobre espazo e por unha cara, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) ou o envíen por correo certificado para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón, que se determina o Día das Letras Galegas, consiste nun premio de 759,50 euros e a posibilidade de outorgar accésits. Cada cinco anos édítase un libro cos textos premiados e os finalistas. A data límite de entrega rematou o 7 de abril. Na edición de 2017 a gañadora foi Natalia Zapatero polo relato *O meu ceo*, e Concepción Fernández levou unha mención especial do xurado polo conto *Máis vale morrer que vivir morto*.

Premio Vitrales de Poesía e Relato Curto organizado polo Colexio Maior La Estila

Certame do Colexio Maior Universitario Estila da Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxectivo incentivar a escrita de poesía e narrativa en galego e castelán. O certame está dirixido ao alumnado universitario e de bacharelato, cada unha das categorías conta no seu seo coa modalidade de poesía e relato curto. As obras presentadas na modalidade de poesía deberán contar cun mínimo de trinta e un máximo de cen versos. Na modalidade de relato curto os relatos deberán encadrarse nunha extensión entre tres e cinco páxinas. As devanditas obras deben presentarse nun arquivo PDF firmado cun pseudónimo, acompañado doutro arquivo cos datos de autoría, seguindo o sistema de plica aplicándoo o soporte dixital establecido. A categoría para o estudantado universitario de dezaioito a vintecinco anos conta cun primeiro premio de 300 euros, un segundo de 150 e un terceiro que consiste nun lote de libros. A categoría para o estudantado de bacharelato agasallará ás obras gañadoras cun primeiro premio que consiste nunha tablet, un segundo premio que consiste nun libro electrónico e no caso do terceiro premio outorgarase un lote de libros.

Referencias varias:

- Toni Martín, “Becas de honor de La Estila al jurado del premio Vitrales”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 marzo 2018, p. 27.

Infórmase de que os integrantes do xurado do Premio Vitrales de Poesía e Relato Curto son Benedict Buonno, Rosa Marta Gómez Pato, Luís Alonso Girgado e María Merced López Casas.

- ECG, “Premio Vitrales de Relato Corto y Poesía de La Estila”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 maio 2018, p. 24.

Dáse noticia da celebración do acto de entrega do Premio Vitrales de relato corto e poesía, organizado polo Colexio Maior La Estila, que acolle traballos de mozos e mozas de entre 18 e 25 anos.

- Toni Martín, “Uxía Sánchez García y Francisco de Asís Maura ganan los Premios Vitrales”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 maio 2018, p. 26.

Dáse conta da entrega dos IV Premios Vitrales de Literatura Joven e dise que os premiados foron Uxía Sánchez García, Martín Iglesias Taboada e Manita Núñez-Torrón Stock en Poesía e Francisco de Asís Maura García, Pedro Rodríguez Villar e Alexandre

Rodríguez Coello en Relato Curto. Explícase que foron finalistas nas dúas categorías Belén González Ojea e Samuel Parada Juncal, e Gabriel Fuente Míguez e Gonzalo Rodríguez de Uña.

Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste Informe.

I Premio de Tradución **Xela Arias**

Desde a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación: a AGPTI outorgará neste mes de outubro o novo premio Xela Arias, cuxa creación serve para celebrarmos o Día Internacional da Tradución. Este premio concédese a unha empresa, entidade ou persoa que destaque pola promoción da tradución ou interpretación cara ou desde o galego e os seus obxectivos son: pór en valor a nosa profesión e o galego como lingua de traballo e dar a coñecer o nome de Xela Arias (1962-2003), figura destacada na tradución ao galego e responsábel das versións na nosa lingua de obras de James Joyce, Gianni Rodari, Jorge Amado ou Roald Dahl, entre moitas outras.

O premio ten carácter simbólico e as candidaturas poderán enviarse á asociación polo correo electrónico info@agpti.org até o día 18 de outubro. Calquera persoa pode propor unha empresa, entidade ou persoa candidata por este medio. O fallo será público o día 30 deste mes e o xurado estará conformado pola Xunta Directiva da AGPTI, aínda que a asociación pode convidar outras persoas ou entidades a formaren parte.”

Referencias varias:

- Ana Baena, “María Alonso Seisdedos. ‘Na nosa profesión hai que xogar e interpretar a literatura, cada quen faráo dun xeito”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 31 outubro 2018, p. 14.

Entrevista a María Alonso Seisdedos con motivo do primeiro premio de Tradución Xela Arias que vén de recibir. Comenta a alegría que supón para ela este galardón porque, entre outras cuestións, coñeceu a Xela Arias; e, tamén, reflexiona sobre a dificultade que para supuxo traducir *Ulises*, de James Joyce, ao galego.

Certame de Poesía **Xosé Carlos Caneiro Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte e catro versos e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e existen tres premios de 90 , 60 e 30 euros, por cada un dos niveis nos que se pode concursar (5º e 6º de primaria; 1º ciclo da ESO; 2º ciclo da ESO). O ditame dos galardóns tivo lugar no Auditorio Municipal de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na primeira categoría: Lara Lamas Colmenero, con “Cando estamos xuntas” (1º premio), Helena Rivero Ferreira, con “Nós” (2º premio) e Rosa

González Requejo, con “Primavera” (3º premio). Na segunda categoría: Katia Vidal Morales, con “Lembro un tempo no que...” (1º premio), Raúl Romasanta Sanmiguel, con “Galicia” (2º premio) e Marta Caneiro Losada, con “Ti”. Na terceira categoría: Natalia Salgueir López, con “Dime” (1º premio), Ana Fornos Álvarez, con “Moitas veces as palabras non queren vivir” (2º premio) e Noa Fernández Méndez, con “Pérdida”.

Referencias varias:

- Xosé Lois Colmenero, “44 finalistas nos certames de poesía e relato de Verín”, *La Región*, “Monterrei”, “Verín”, 11 maio 2018, p.32.

Informa de que 44 alumnos e alumnas de seis colexios e institutos da comarca de Verín son os finalistas no Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez e no Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez, convocados con motivo do Día das Letras Galegas. Informa de que o acto de entrega terá lugar no auditorio municipal de Verín e que nel recitaranse os poemas gañadores de cada certame. Ademais, ofrece unha listaxe de todos os centros participantes en cada un dos premios.

- Seve Nieves, “Gala de entrega de premios”, *La Región*, “Extra”, “Letras Galegas 2018”, “Verín”, 17 maio 2018, p.18.

Dá conta da entrega de galardóns aos gañadores dos certames literarios do Día das Letras Galegas organizado polo concello de Verín en colaboración coa cadea de supermercados Gadís, entres os que se atopan María Milla Gómez na modalidade de relato curto, e Rodrigo González Álvarez na modalidade de poesía.

- Xosé Lois Colmenero, “Supremacía dos alumnos do María Inmaculada no certame do Día das Letras”, *La Región*, “Monterrei”, 19 maio 2018, p. 28.

Explícase que os alumnos e alumnas do Colexio María Inmaculada gañaron os cinco primeiros premios dos certames literarios convocados polo Concello de Verín co gallo do Día das Letras Galegas. Dise que no Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez gañaron as narracións *Un mundo de igualdade* de María Milla Gómez, alumna de 5º de primaria; *Un cabalo chegou á vila* de Silvia Calviño Álvarez, alumna de 1º da ESO e *O berro dos calados* de Noelia Gallego Campos, alumna de 4º, as tres do Colexio María Inmaculada. Infórmase de que no Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez os poemas vencedores foron *O mar e o seu límite* de Rodrigo González Álvarez, alumno de 6º de Primaria, *Memorias* de Lucía González Dapía, alumna de 4º de ESO, ambos os dous do Colexio María Inmaculada, e *Maldita tecnoloxía* de Mario Esteban Gómez, alumno de 2º de ESO do Colexio Apostólico Mercedario.

IIIº Concurso de Relatos **Xosé Neira Vilas para escolares**

O Departamento de Educación e Cultura e a Biblioteca Municipal de Boqueixón organizan o Certame de Relatos Xosé Neira Vilas, co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia. Poderá participar a rapazada de Primaria e de Secundaria de Boqueixón ou de centros educativos do concello. A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases. Establécense tres categorías, a primeira, na que se inclúe terceiro e cuarto de

Primaria, a segunda categoría, para o alumnado de quinto e sexto de Primaria e a terceira, dirixida ao alumnado de Secundaria O tema será libre e o formato implica que os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador ou á man, con letra lexible. O texto será en galego e debe conter unha historia orixinal, real ou ficticia, podendo incluír ilustracións. A extensión mínima será de vinte liñas para os de primeira e segunda categoría e de trinta liñas para os de terceira. Os traballos entregaranse no concello (dpto. de educación ou biblioteca) ou no centro educativo. Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence, ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos de autoría (nome e apelidos, idade, curso e teléfono). O xurado do concurso estará composto por un representante da Fundación Neira Vilas, un representante do centro escolar, unha persoa do departamento de Educación e a bibliotecaria do concello. Se nalguna categoría non se considerasen os traballos presentados coa suficiente calidade, o xurado poderá considerar o/os premio/-s deserto/-os. Por cada categoría estableceranse os seguintes premios; un primeiro premio que consta dun diploma, un vale de 100 euros e un libro editado, un segundo premio consistente nun diploma, un vale de 75 euros e un libro editado, á terceira obra premiada outorgaráselle un premio que co diploma, un vale de 75 euros e un libro editado Notificarase persoalmente ao alumnado gañador o lugar, data e hora nos que terá lugar a entrega de premios, sendo obrigatoria a súa presenza. O concello reservase todos os dereitos para o emprego, reprodución e difusión dos relatos participantes. Os textos gañadores publicaranse en formato libro recopilatorio e na páxina web do concello (www.boqueixon.com) facendo mención á súa autoría.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Picallo Fuentes, Héitor, *No medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos*, pról. Manuel López, epíl. Varela Anelle, Silleda: Edicións Fervenzas, 190 pp. (ISBN: 978-84-17094-42-3).

Estudo global a través da documentación medieval galega de sete séculos sobre o papel da castaña e o castiñeiro en Galicia. Heitor Picallo, tras consultar documentación procedente de máis de corenta mosteiros e outras institucións civís e eclesiásticas acomete unha análise histórica, pero tamén etnográfica, antropolóxica e sociolóxica desta árbore senlleira. Para isto, divide o traballo en seis capítulos sobre a lexislación, o cultivo, a explotación, o froito, o caso particular das institucións compostelás e a toponimia e antroponimia derivada do castiñeiro. Asemade, o volume está introducido por un limiar de Manuel López e un epílogo de Xesús varela Aenlle.

XI.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Bieito Arias, X., “Martin Codax e a súa obra. Breve contextualización”, *Galegos*, n.º 24, 2018, pp. 42-44.

Reflexiona sobre o nome real da persoa que se agocha tralo nome de Martin Codax e sinala varias teorías existentes sobre esta cuestión, as cales propoñen diferentes nomes para o autor destas sete cantigas de amigo. Desenvolve tamén cuestións relacionadas coa temática, os recursos estilísticos, a ambientación ou a simboloxía do cancionero medieval.

Forcadela, Manuel, “Conversa con Iolanda Zúñiga”, *Tempos Novos*, n.º 258, “En Destaque”, novembro 2018, pp. 22-27.

No contexto dun artigo sobre a exposición do cadro de Castelao *A derradeira lección do mestre* alude á exposición do Pergamiño Vindel no 2017 e á obra *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

Labranha, Antón, “De poesía e robótica”, *Tempos Novos*, n.º 253, “argumenta”, xuño 2018, pp. 65-67.

No contexto dunha análise sobre o futuro da robótica en relación ás emocións, reflexiónase sobre as posibilidades da intelixencia artificial para componse poesía e menciónase a Paio Gomez de Soutomaior, Charinho, e as súas cantigas “Ai, Santiago” e “As froes do meu amigo/briosas van no navío”.

Monteagudo, Henrique, “Martin Codax: Ao son das ondas”, *Galegos*, n.º 24, 2018, pp. 31-33.

Ofrece unha proposta de análise do léxico empregado nas cantigas de Martin Codax, destacando a singularidade e peculiaridade que caracterizan algunhas das voces do texto. Segundo Monteagudo, estas palabras foron escollidas de maneira deliberada polo xogar. Do mesmo xeito, tamén analiza os tópicos e motivos literarios que presenta a obra así como a simboloxía que se reflicte na mesma. Por último, tamén comenta a riqueza dos recursos estilísticos empregados polo xogar á hora de configurar e xogar cos versos.

_____, “Mirar o mar. A singularidade de Martin Codax”, *Grial*, n.º 217, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo, 2018, pp. 92-101.

Achega un estudo sobre as composicións do *Pergamiño Vindel* e a figura de Martin Codax. Subliña que a peza recolle as sete cantigas de Martin Codax e afonda na súa importancia para a literatura galega, explicando que se trata dunha mostra da composición destes poemas no século XIII. Fai referencia ás seguintes obras que recollen a lírica galego-portuguesa: *Cancioneiro Colocci-Brancuti*, *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, *Cancioneiro da Ajuda*, *Livro das Cantigas* e *Cancioneiro de xogares gallegos*. Ademais, establece unha comparativa de trazos lingüísticos entre todas as obras mencionadas,

aludindo tamén ás *Cantigas de Santa María*, co propósito de aproximarse ao seu lugar de elaboración e á súa datación. Achega unha caracterización de Martín Codax e doutros xogres galegos, así como das súas composicións atendendo aos trazos formais e ao contido, e, por último, elabora unha comparativa lingüística entre o *Pergamiño Vindel* e o *Livro das Cantigas*.

Méndez Ferrín, X. L., “Gloria e Fortuna crítica de Martín Codax”, *Galegos*, n.º 24, 2018, pp. 28-29.

Comenta a xenealoxía editorial das cantigas de Martín Codax e fai alusión a aquelas referencias que se fixeron destas composicións en diferentes obras relevantes como son *Escolma de Poesía Galega*. Escola Medieval Galego-portuguesa reunida (Galaxia, 1953) de X. M. Álvarez Blázquez ou *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (Galaxia, 1958), entre outras. Así e todo, Méndez Ferrín aclara que a bibliografía sobre Martín Codax “é hoxe moi nutrida”.

Noia Campos, Camiño, “A expresión do amor nas cantigas de amigo”, *Galegos*, n.º 24, 2018, pp. 34-37.

Analiza a temática amorosa nas cantigas de amigo de Martín Codax, prestando especial atención aos trazos pertencentes á cultura popular. Comenta e analiza a representación que se fai no texto da muller e a simboloxía relacionada coa figura feminina (como, por exemplo, o pino, o anel, a ave, etc.).

Ramos Rodríguez, Xosé e **Costa Rico**, Antón, “Panoraula”, *Revista Galega de Educación*, n.º 70, “Panoraula”, 2018, pp. 89-91.

Achega unha panorámica sobre diferentes eventos destacados en relación ao ensino durante o ano 2018. No tocante á literatura galega destaca a exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar en Vigo. Doutra banda, apunta que Paco Martín pasou a ser socio de honra de Galix e que Antonio García Teijeiro recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil pola súa obra *Poemar o mar*. Destaca tamén a publicación das obras *Tonecho* de Xaquín Marín, os libro-cd para a infancia *Camiños* de Magín Blanco e *Picariños* con textos poéticos de Pura e Dora Vázquez.

XI.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Nogueira Santiago, Paulo, *Crónicas de Jean Froissart. A conquista da Galiza e León*, pról. Clodio González Pérez, Noia: Toxosoutos, Serie Trivium, n.º 53, 2018, 137 pp. (ISBN: 978-84-94-771-92-7).

Primeira tradución do francés ao galego do epígrafe das *Chroniques sire Jehan Froissart* adicado á conquista de Galicia e León (1386-1387). O volume consta dun prólogo de Clodio González Pérez e unha introdución histórica escrita por Paulo Nogueira quen traduce a continuación o texto de Froissart. Na introdución coméntase brevemente a biografía do cronista francés Jean Froissart (1333-1404), así como o contexto histórico no que Xoan de Gante, duque de Lancaster, invadiu Galicia e León para reivindicar a coroa de Castela. O fragmento de crónica traducido neste libro recolle a chegada do duque de Lancaster á Coruña e o seu avance por Santiago, Pontevedra, Vigo, Baiona, Ribadavia, Muros, Ourense, Ferrol, Padrón e Noia (que non foi penetrada), a súa chegada ata Medina del Campo e a súa retirada final. Remata co acordo de matrimonio entre o duque de Lancaster e o rei Xoan I de Castela para casar aos seus fillos, Catarina de Lancaster e Henrique III, futuros reis de Castela.

Referencias varias:

- M. G., “Paulo Nogueira traduce as crónicas de Freissart das andanzas de Lancaster”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 xaneiro 2018, p. 34.

Anuncia a publicación dunha tradución ao galego das *Crónicas de Jean Froissart. A conquista de Galiza e León (1386-1387)* de Paulo Nogueira.

- S. Souto, “Paulo Nogueira presentou ‘Crónicas de Jean Froissart’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Noia”, 28 xaneiro 2018, p. 28.

Informa da presentación da obra na casa da cultura Avilés de Taramancos de Noia na que estiveron presentes, alén do tradutor da obra, o alcalde da vila, Santiago Freire e Clodio González Pérez da editorial Toxosoutos.

VV. AA., *As cantigas de Martín Codax en 55 idiomas*, Vigo: Universidade de Vigo, lim. Xosé-Henrique Costas González, 2018, 115 pp. (ISBN: 978-84-8158-769-2). ♦

Con motivo da exposición adicada ao Pergamiño Vindel (2017-2018) o catedrático de filoloxía galega da Universidade de Vigo coordinou a tradución das cantigas do trobador Martín Códax a 55 linguas. O volume consta dun pequeno limiar cos agradecementos a tódolos autores reivindicando ao poeta galego coma un autor universal e a continuación recóllense as cantigas ordenadas alfabeticamente en función da lingua á que foron traducidas. Do alemán ao zoque-popoluca, a colección contén exemplos tanto en linguas irmás do galego coma o asturiano ou o occitano a outras tan distantes como o nahuatl e o guaraní.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Poeta galego en 55 linguas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 3 agosto 2018, p. 13.

Celebra e agradece o labor de Costas González por sacar do prelo esta obra e así conseguir que Martín Codax poida lerse en diferentes partes do mundo. Comenta a obra, as linguas en que foi traducida e, ao final, pona en relación co traballo que el mesmo fixera no 2010, *Martín Codax, o gran poeta e cantor de Vigo*, editado en tres idiomas (galego, castelán e inglés).

Referencias varias:

- Xosé-Henrique Costas, “Martin Codax convértese no autor galego traducido a máis linguas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 8 marzo 2018, p. 3.

Comenta a publicación da obra *As cantigas de Martín Códax en 55 idiomas*, volume plurilingüe das cantigas do Pergamiño Vindel.

- X .L. Méndez Ferrín, “Martín Códax en 55 idiomas”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 2 abril 2018, p. 12.

Noticia da publicación do libro *As cantigas de Martín Códax en 55 idiomas* acompañada dunha reflexión sobre a diversidade de linguas e a heteroglosofobia.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Blas, Ceferino de, “Aproximación al balance del Vindel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 26 febreiro 2018, p. 11.

Valoración dos resultados da exposición do Pergamiño Vindel, aparentemente positiva pero con aspectos mellorables.

_____, “La Fata Morgana”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 19 marzo 2018, pp. 12-13.

Partindo do fenómeno coñecido como Fata Morgana a partir do que se formou a lenda das illas como cidades flotantes, o autor lembra a produción de Cunqueiro e Castroviejo arredor desta temática. Por outra banda, menciona tamén a Emilio Álvarez Blázquez quen apoiou a iniciativa de dedicar un monumento a Martín Codax no Castro de Vigo mais que ao ver que na lápida non se incluían as súas cantigas dixo que era como se a Vigo lle faltase o mar.

_____, “Un vigués que nunca fue a las Cíes”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 12 novembro 2018, pp. 12-13.

Destaca a figura de Teodosio Vesteiro Torres, autor da popular lenda dos Herminios e Xulio César, coa que engrandece as illas Cíes, e o primeiro en dar a coñecer a existencia e Martín Codax ao pouco tempo de ser descubertas na Biblioteca Vaticana as cantigas dos trovadores da ría.

Casanova, Ana, “Un trovador nas terras xabreiras”, *El Progreso*, “Sarria”, “De norte a sur”, 30 setembro 2018, p. 20.

Dá conta dunha xornada celebrada en terras de Samos e do Incio en homenaxe á figura e obra do trovador Martín de Padrozelos na que se expuxeron teorías sobre a súa identidade (Martín Pérez) e a súa orixe (San Xoán de Lóuzara).

Castro Ratón, Xosé, “As soldadeiras das cantigas”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 8 marzo 2018, p. 6.

Contraposición da folga feminista celebrada o mesmo día co peche da exposición do Pergamiño Vindel, que dá lugar a establecer unha conexión entre esta peza trobadoresca que se ve obrigada a partir de novo á emigración e o papel de inxustiza que soporta a muller, citando as palabras de Camiño Noia, académica medievalista, que reivindica o papel das mulleres na literatura sinalando que a orixe das cantigas podería ser de man das soldadeiras e cantareiras que as interpretaban.

Celeiro, Luis, “Palabras e música”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 2 outubro 2018, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, 2 outubro 2018, p. 23/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 3 outubro 2018, p. 4/ *La Región*, “Opinión”, 3 outubro 2018, p. 29, “Tía

Manuela”.

Dá conta da celebración en Lugo dun evento divulgativo de investigación literaria da Idade Media arredor da figura do trobador Martín de Padrozelos.

Costa, Xoán, “Vindel debería permanecer na Galiza”, *Sermos Galiza*, n.º 282, “Opinión”, 1 febreiro 2018, p. 4.

Nota que apunta que o Pergamiño Vindel tería que ficar en Vigo, citando unhas palabras de 1917 coas que un xornalista pedira que mercaran o pergamiño ao seu dono, Vindel, para conservalo en Vigo.

Falcón, Pilar, “La cartera peregrina”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Días y coplas”, 12 outubro 2018, p. 2.

Con motivo da festividade do Día Mundial do Correo, trae á memoria Gildeberta de Flandes, a primeira muller peregrina da Historia que tamén tivo papel de carteira xunto co clérigo Aymeric Picaud por terse encargado de levar a Santiago o manuscrito orixinal do Códice Calixtino.

González, Isabel, “Viaje marino medieval”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Varia”, 15 febreiro 2018, p. 2.

Analiza a navegación na literatura medieval. Distingue dous tipos de viaxes: os da mar en calma, como os presenta Dante, e os da mar brava de Petrarca que compara coas escenas de navegación nas *Cantigas de Santa María*.

_____, “A muller na ‘cantiga de amigo’ siciliana”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Varia”, 5 maio 2018, p. 2.

Compara as cantigas de amigo galego-portuguesas coas “cantigas de amigo” da literatura siciliana do XIII para chegar á conclusión de que malia que se poidan atopar semellanzas non pertencen a unha mesma tradición.

Jiménez Casas, Cipriano Luís, “Pergamiño Vindel: Marcho, que teño que marchar!!”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 14 marzo 2018, pp. 24-25.

Con motivo da marcha do Pergamiño Vindel realízase unha breve enumeración dos principais actos que tiveron lugar ao abeiro da exposición adicada ao manuscrito. En primeiro lugar, descríbense algúns dos eventos de variada índole: académicos, musicais, audiovisuais e incluso culinarios. Finalmente, reivindicase a importancia do patrimonio cultural galego e da súa divulgación.

José Teo de Andrés, “Vindel, un asunto de estado”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 marzo 2018, p. 9.

Con motivo da fin da exposición do Pergamiño Vindel, que contou con máis de 50.000 visitantes nos cinco meses que estivo en Vigo, fálase da importancia das cantigas de Martín Codax e do interese dunhas negociacións co seu actual propietario, a Morgan Library, para a súa adquisición.

_____, “La próxima visita de Martín Códax, permanente”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 marzo 2018, p. 2.

Fala da importancia de Martín Codax para Galicia e da necesidade de Vigo de facer algo máis que nomear unha rúa en lembranza do poeta. Reivindica a recuperación total ou parcial do Pergamiño Vindel.

_____, “Lo que queda del Vindel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 31 decembro 2018, pp. 12-13.

Critica á exposición do Pergamiño Vindel por non cumprir as expectativas. Entre outras cousas sinala a falta de coherencia dalgunhas pezas e a mala elección da época e o lugar na que foi desenvolta. Porén, louvase o libro editado con motivo da exposición por recoller estudos académicos de grande interese.

Méndez Ferrín, X. L., “Ponte do Capitán Nemo”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.056, 17 febreiro 2017, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 607, “No fondo dos espellos”, 24 febreiro 2018, contracuberta.

O autor pon en relación neste artigo o feito de que as cantigas de Martín Codax, a única conservada de Meendiño e o final da edición por entregas de *Ving mille Lieue sous les Mers* de Jules Verne entraron no universo da letra impresa no mesmo ano. Dá conta tamén da exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Vigo e, nun momento, fai alusión á tradución de *A illa misteriosa* que realizou Ánxela Gracián como a novela perfecta do xénero de intriga cuxo protagonista é o Capitán Nemo. Remata explicando por que levan anos a pedir que a Ponte de Rande se chame a Ponte do Capitán Nemo.

_____, “A Illa de San Simón e a Tebaida marítima galega”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.075, 7 xullo 2018, p. 4.

Recorda a cantiga á Illa de San Simón de Mendinho con motivo da ermida que hai nesta illa. Fai unha breve análise desta peza e trata de poñela en relación con outras composicións europeas.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “De anacoretas marítimos”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 626 “Lecturas”, 20 outubro 2018, p. 7.

Fala sobre a historia dos eremitas das illas de Ons e San Simón e a curiosa relación que une a tradición paleocristiá galega e a oriental. Brevemente, trata a evolución das devocións a estes santos ata as desamortizacións cando se perdeu gran parte da tradición e, por tanto, reivindica unha recuperación desta historia perdida.

Montero, Alonso, “Illa do amor, illa da morte”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 6 xullo 2018, p. 14.

Recolle as distintas composicións dedicadas á Illa de San Simón: o poema “Illa do amor, illa da morte”, de Valentín Paz-Andrade; “Cantiga”, de Mendinho e *Cartas de un condenado a muerte* unha obra que recolle poemas do preso da illa José Mejuto Bernádez. O volume conta coa participación de Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez González, a neta do autor Ana Paula Mejuto e Eduardo Galeano, na nota preliminar.

Núñez, Carlos, “Se han llevado la música a otra parte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xuño 2018, p. 35.

No marco dunha reflexión sobre o Día Europeo da Música, na que se reclama que a Constitución española reconeça a música e a súa docencia coma un dereito básico, reivindicase tamén a riqueza do “Oeste musical europeo”, adoito ignorado. Refire entón as costas atlánticas e os cancioneros medievais, citando as obras mestras de Martín Codax que seguen vivas na música histórica.

Núñez Feijóo, Alberto, “Embaixador Vindel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 5 marzo 2018, pp. 12-13.

Discurso de Feijóo na clausura da exposición do Pergamiño Vindel en Vigo no que louva o valor das sete cantigas de Martín Codax e o seu papel na difusión do coñecemento da cultura galega.

Pena, Xosé Ramón, “Para despois da visita do Vindel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 10 marzo 2018, p. 23.

A raíz das actividades do ciclo “Un vermú para Vindel” no que os asistentes expuxeron as súas impresións sobre a estada do pergamiño, realízase unha valoración xeral positiva da exposición no Museo do Mar de Vigo e das diversas actividades realizadas, pero apúntanse tres erros: a exposición do Pergamiño Vindel xunto a unha edición facsímil do *Cancioneiro da Ajuda* que parecía desconectar a obra de Martín Codax do conxunto da tradición lírica galego-portuguesa, a falta dunha contextualización e análise da situación lingüística que dese conta da lingua normalizada empregada na literatura trobadoresca, e a insistencia na “viguesidade” de Códax que levou a afirmacións erróneas por falta de rigor científico. Péchase coa proposta da creación dunha “ruta dos trobadores”.

Piñeiro, Antonio, “Martín Códax é un viño”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 17 febreiro 2018, p. 31.

Con motivo da exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar en Vigo, reflexiónase sobre a conveniencia do seu nome e as repercusións na súa popularización debido á identificación co libreiro que o descubriu en lugar do seu autor, máis coñecido polo viño que leva o seu nome.

Queixas, Mercedes, “Caramba, profe, a túa cara de fachenda non engana”, *Sermos Galiza*, n.º 286, “Opinión”, 1 marzo 2018, p. 5.

Resumo da súa experiencia persoal como profesora co Pergamiño Vindel que deriva nunha crítica á xestión das visitas guiadas no Museo do Mar por parte da administración.

Salgado, Daniel, “Os outros Pergamiños Vindel”, *Sermos Galiza*, n.º 286, “fóradeserie”, 1 marzo 2018, p. 2.

Seguindo un artigo de Felipe-Senén sobre o expolio de patrimonio cultural galego fai un resumo das vicisitudes vividas por unha serie de pezas que nun momento dado saíron de Galicia. Este é o caso da *Adoración dos Reis*, de Van der Goes, a Biblia Hebrea da Coruña, ou o Códice Azteca da Coruña.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “A cantiga de Santa María nº 42 e o Mundial de Rusia”, *La Región*, “Opinión”, 19 xuño 2018, p. 34.

Logo de revisar a etimoloxía dos termos ‘xogar’ e ‘deporte’, comenta que a cantiga de Santa María número 42 reflicte a paixón dos mozos polo xogo da pelota e que pola descrición poderíase pensar nun antepasado do fútbol. Non obstante, grazas a unha das miniaturas presentes no Códice Rico do Escorial pódese apreciar que se corresponde co que hoxe coñecemos como béisbol.

_____, “Ben veñas maio e con alegría”, *La Región*, “Opinión”, 5 maio 2018, p. 34.

Rememora e fai unha pequena análise da cantiga número 406 das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio onde celebra a chegada da primavera.

Veiga, Marta, “Venus e cantigas de amigo”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 64, “Nube tóxica”, 6 setembro 2018.

Neste artigo de opinión preséntase unha nova teoría sobre a autoría da Venus de Willendorf que propón a hipótese de que se trate dun autorretrato de como unha muller cixénero se ve a si mesma cando se mira cara aos pé. Esta teoría ponse en relación coa das cantigas da lírica galego-portuguesa que propón que sexan unha produción anónima feminina e non compostas por homes que se poñen na pel dunha moza que agarda polo seu amante.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Durán, J., “Abraham Cupeiro. ‘Volvo a Sarria cun camiño xa feito, a tocar no sitio que máis respecto me dá”, *El Progreso*, “Especial Festas de San Xoán”, “Sarria”, 21 xuño 2018, pp. 40-41.

Entrevista con Abraham Cupeiro sobre o concerto que dará en Sarria. Menciónase a colección de máis de 200 instrumentos do músico entre os que se atopa unha corna como as que aparecen nas iluminacións das *Cantigas de Santa María*.

García, Montse, “Adriana Calcanhotto. ‘A música é a porta de entrada da poesía para moitos, como foi comigo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2018, p. 31.

Entrevista á compositora brasileira Adriana Calcanhotto con motivo da presentación en Santiago do seu espectáculo no que a cantora comenta a súa vinculación cos trobadores galegos e coas *Cantigas de Santa María*.

Giráldez, José Miguel, “Carlos Núñez. ‘Lo celta es algo que puede volver a reconectarnos”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 23 outubro 2018, p. 18.

Informa da presentación do libro de Carlos Núñez, no que se fai referencia ao celtismo, unha teoría xenealóxica da etnicidade galega vencellada á figura de Manuel Murguía. Ao longo da entrevista o autor repasa varios temas para rematar facendo alusión á lírica medieval galega expresada a través das cantigas, tradición na que destaca o papel de Alfonso X o sabio.

Jaureguizar, “Carlos Núñez. ‘Conformabámonos con que o celta era un imaxinario de cen anos, como o flamenco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 15 outubro 2018, p. 24.

Entrevista a Carlos Núñez na que fala do seu libro *La hermandad de los celtas* e comenta a historia da música celta, vencella a Galicia con outros polos atlánticos e menciona as *Cantigas de Alfonso X* e o Pergamiño Vindel como exemplos de música cun forte substrato celta.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Álvarez, Mario, “Visita da Rede de Estudos Galegos á mostra ‘Vindel, un tesouro en sete cantigas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 xaneiro 2018, p. 37.

Dá conta da visita dos responsables dos departamentos universitarios do ensino da lingua galega no exterior da Rede de Lectorados e Centros de Estudos Galegos da Xunta á exposición do Pergamiño Vindel, acompañados polo secretario Xeral de Política Lingüística; e da celebración dun encontro no que ademais participou profesorado-lector de diversas universidades. Tamén ofrece información sobre as 35 universidades localizadas en 15 países nas que a lingua galega é obxecto de estudo.

_____, “A RAG amosa as primeiras olladas ao ‘Pergamiño Vindel’ tras a súa descuberta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 abril 2018, p. 38.

Anuncio da exposición na Biblioteca da Real Academia Galega das pezas máis significativas que custodia arredor do Pergamiño Vindel, como o artigo no que se anunciou o descubrimento destas cantigas, un exemplar da primeira edición facsimilar ou os primeiros estudos sobre este pergamiño.

Antón, S., “Música interpretada por trovadores del siglo XXI para despedir el Pergamino Vindel”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2018, p. 32.

Recolle información sobre a serie de concertos “O primeiro elepé vigués” organizada como peche da exposición do Pergamiño Vindel coa intención de recuperar e honrar a memoria dos trobadores.

B. C., Clara, “A Coruña se llena de literatura para festejar el Día del Libro”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 24 abril 2018, pp. 36-37.

Descríbense os distintos eventos que terán lugar con motivo do día do libro na provincia da Coruña, entre eles unha mostra da biblioteca da Real Academia Galega con obras vencelladas ao Pergamiño Vindel.

B. R. S., “O pergamiño Vindel inspira máis de 50 películas aos estudantes galegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 febreiro 2018, p. 33.

Recolle os galardoados das distintas categorías do certame “Vindevídeos” organizado pola Consellería de Cultura con motivo da estada do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Vigo para favorecer unha achega á cultura trobadoresca nos centros educativos, que tivo como resultado 58 producións audiovisuais.

Baena, A., “Catro concertos para a ‘non despedida’ do pergamiño Vindel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 xaneiro 2018, p. 12.

Dá conta da despedida musical do Pergamiño Vindel formada por catro concertos adicados a Martín Codax, ademais dun recital de lírica medieval con textos de Mendinho, Johan de Cangas, Don Denís ou Afonso X, e instrumentos da música medieval galega.

_____, “A Universidade estuda afianzar a colaboración coa Morgan Library”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 febreiro 2018, p. 13.

Recolle as palabras do reitor da Universidade de Vigo resaltando a importancia da exposición do Pergamiño Vindel que abriu a porta a unha colaboración duradeira coa Morgan Library.

Baena, Ana, “Erotismo e misterio nas Cantigas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 marzo 2018, p. 12.

Achega información dun acto literario celebrado pola RAG na Universidade de Vigo como despedida do Pergamiño Vindel, no que a catedrática Camiño Noia resaltou o rol da muller nas cantigas de amigo e propuxo a apertura de novas perspectivas na investigación da súa autoría. Henrique Monteagudo, pola súa banda, centrouse na figura de Martín Codax e Alonso Montero ofreceu unha versión en galego actual da historia de seis das cantigas. Como peche tivo lugar un recital.

_____, “A pegada que deixa o Vindel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 marzo 2018, p. 16.

Dá conta dos actos académicos celebrados con motivo da exposición do Pergamiño Vindel, como o simposio internacional “E irei madre a Vigo”, das publicacións resultantes, así como das primeiras impresións da afluencia de visitantes.

_____, “Non é un adeus, é un ata logo!”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 marzo 2018, p. 3.

Recolle as declaracións do reitor da Universidade de Vigo e do presidente da Xunta na despedida do Pergamiño Vindel, quen aseguraron un futuro retorno.

Becerra, Marta, “La literatura llega a la cocina”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 xuño 2018, p. 11.

Informa de que o chef Santi Almuiña, do mesón Colón, dá inicio a unhas xornadas gastronómicas baseadas na obra do novelista Francisco Narla. Algunhas delas como Laín, el bastardo, teñen como narrador o trovador Martín Codax, polo que o chef reinterpreta pratos posíbeis da época, baseados en gachas de fariña neste caso.

C. L. F., “La priora del convento de Valdeflores denunció la desaparición de dos códices”, *El Progreso*, “A Mariña”, 20 xuño 2018, p. 14.

Noticia da desaparición de dous códices que contiñan pergamiños con música sacra do século XIV no convento de Valdeflores.

C. V., “Premio aos mellores traballos audiovisuais para fomentar o uso do galego”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 28 febreiro 2018, p. 9.

Dá conta do acto de entrega de galardóns celebrado no Museo do Mar de Vigo aos catro centros premiados polo certame “Vindevídeos”, no que o secretario xeral de Política Lingüística Valentín García destacou a calidade técnica e lingüística das pezas audiovisuais que xiraron arredor da cultura medieval galega.

Candela, Gabriela, Sheila, Lorena, “Imos ver o Vindel”, *El Progreso*, “*El Progreso Junior*”, n.º 21, “Escola de prensa”, 28 febreiro 2018, p. 8.

Relato da excursión duns nenos de 3º e 4º da ESO que visitan o Pergamiño Vindel, no que describen as sete cantigas de Martín Codax e as poñen en relación coas cantigas de Don Denís do Pergamiño Sharrer como únicas mostras que transmiten a canción profana galego-portuguesa. No seu percorrido, pasan pola Illa de San Simón e mencionan o poema “Sedíame eu na ilha de San Simón” cantado por Mendinho.

Cuíña, Sandra, “¿Qué fue de la fuente del paraíso?”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 febreiro 2018, p. 19.

Trata da Fons Mirabilis, fonte que na Idade Media atopábase na praza da Acibecharía en Santiago pero que foi retirada, na actualidade só se conserva parcialmente. Nesta fonte, descrita no Códice Calixtino, lavábanse os peregrinos antes de entrar na Catedral, baño ritual como símbolo do propósito de obter unha purificación espiritual.

D. G., “Académicos dispares trabajarán en red en el estudio del Medieval”, *ABC*, “Galicia”, 24 xaneiro 2018, p. 59.

Achega información sobre a creación da Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares para a investigación no ámbito medieval, na que participan as tres universidades galegas xunto ás de Oviedo e Porto e o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

E. P., “Asociaciones culturales reclaman que el Vindel se quede en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 febreiro 2018, p. 33.

Dá conta das xestións levadas a cabo para que o Pergamiño Vindel non volva a Nova Iorque e fique en Galicia.

_____, “Unas 150.000 personas en las actividades sobre el Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2018, p. 38.

Informa sobre a edición dun número especial da revista *Galegos* para conmemorar a exposición do Pergamiño Vindel.

Fernández, Elisabet, “Un viaje musical erótico al medievo”, *La Región*, “Agenda”, 5 marzo 2018, p. 10.

Anuncio dun concerto no Pórtico do Paraíso de Wolodymyr Smishkewych, tenor con raíces galegas que cun organistrum interpreta cancións sacras e profanas do Medievo, entre elas as *Cantigas de Santa María*.

_____, “La cultura de los trovadores, objetivo de una ruta turística”, *La Región*, “Ourense”, 1 xullo 2018, p. 11.

Comenta o proxecto “Lírica” liderado por Mariña Arbor que ofrece produtos turísticos dixitais baseados na cultura trobadoresca para dinamizar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, grazas ao cal acharon recursos patrimoniais sen catalogar, entre os que atoparon imaxes esculpidas de músicos e trobadores. Este proxecto dará lugar á creación de rutas culturais guiadas por aplicacións móbiles que facilitarán a achega á cultura trobadoresca, un destes itinerarios céntrase na figura do trobador ourensán Fernán Páez de Talamancos.

Franco, Fernando, “¡Un concierto para el Vindel!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 febreiro 2018, p. 12.

Anuncia un concerto no que se interpretan tres versións das cantigas de Martín Códax con motivo da despedida do Pergamiño Vindel.

_____, “¡Vaya concierto al Vindel!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 3 marzo 2018, p. 9.

Informa do concerto de despedida do Pergamiño Vindel co que se cerrará a exposición do manuscrito da Morgan. Nese concerto participarán Lydia Botana, Pablo Novoa, Nicolás Pastoriza, Víctor Aparicio, Iván Ferreiro y Amaro Ferreiro, Rosa Cedrón, Susana Seivane, Eladio Santos, Woyza, Patricia Moon e Lucía Martínez.

_____, “El Molino y el Pergamino”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 marzo 2018, p. 11.

Nota sobre a permanencia do Pergamiño Vindel como icona do comercio vigués de xeito simbólico e gráfico.

Fuentes, Ana, “El pleno aprobó con la oposición ausente pedir la vuelta del Vindel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 marzo 2018, p. 3.

Resumo do pleno extraordinario no que foi aprobado polo PSOE a solicitude ao Ministerio de Cultura de abrir negociacións coa Morgan Library para recuperar o Pergamiño Vindel, aínda que o reitor da Universidade de Vigo xa advertiu que a institución non o vende. Neste pleno, o PP non compareceu e a Marea abandonou a sala.

Fuentes, Ana e **Baena**, Ana, “Vigo reclama que se restitúan as Cantigas de Martín Códax”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 marzo 2018, p. 2./ *La Región*, “Sociedad”, p. 59.

Informan da intención de Abel Caballero, alcalde de Vigo, de tramitar a recuperación do Pergamiño Vindel que se atopa na Morgan Library de Nova Iorque. Porén, o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, non está de acordo con esta iniciativa xa que a institución neiorquina non vende a obra.

García, Montse, “Las cantigas de Martín Códax sonarán como en el Medievo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 2 marzo 2018, L10.

Anuncio dun concerto en Santiago no que se interpretan as sete cantigas do Pergamiño Vindel con instrumentos que reproducen os medievais, ademais doutras composicións da época de Martín Codax.

_____, “Las curiosidades del Calixtino”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 20 marzo 2018, L11.

Dá conta dunha charla do historiador Xosé Castro sobre o Códice Calixtino no ciclo “Os Luns do Ateneo”.

Gil, Francisco J., “Un siglo explicado en 200 metros”, *La Región*, “*La Revista*”, “Artículo”, pp. 2-3.

Descríbese o espazo empregado para a exposición do Pergamiño Vindel e as 50 pezas que o acompañan para contextualizar a época do século XIII, entre as que se atopan as Sete Partidas de Afonso X, seguido dun percorrido pola historia das sete cantigas (o seu autor, o pergamiño conservado e a súa venda) e a súa relación con Vigo, conformando a triloxía das cantigas de amigo vinculadas ao mar de Vigo de Martín Codax, Mendinho e Johán de Cangas.

Gimeno, M., “Mato espera un acuerdo permanente con los propietarios del Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 febreiro 2018, p. 37.

Dá conta da declaración do reitor da Universidade de Vigo na que expuxo o desexo de manter unha colaboración permanente coa Morgan Library de New York tralo éxito da exposición do Pergamiño Vindel, lamentando non ter participado na puxa da venda deste pergamiño nos anos 70.

Gimeno, Maite, “La despedida al embajador Vindel es un hasta luego, estoy convencido”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 marzo 2018, p. 36.

Dá conta do acto de clausura da exposición do Pergamiño Vindel no que o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, anunciou a posibilidade dunha etapa de colaboración coa Morgan Library, advertindo da imposibilidade da compra do Vindel xa que a biblioteca de Nova Iorque non o vende. Non participou neste acto o alcalde Abel Caballero, quen mostrou o seu descontento e instou á Xunta de Galicia a mercar as

cantigas.

_____, “Caballero se queda solo en la campaña de compra del Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 marzo 2018, p. 37.

Informa sobre a polémica creada entorno á iniciativa de recuperación do Pergamiño Vindel por parte de Abel Caballero. Por unha banda, o alcalde vigués acusa o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, de non querer reivindicar unha peza tan importante para o patrimonio galego. Pola outra, Elena Muñoz, na oposición, critica a actitude que tivo inicialmente o alcalde ao non querer apoiar a organización da exposición.

Gómez, Joel, “Yara Frateschi Vieira. ‘O roteiro virtual da lírica medieval vai divulgar unha Compostela atractiva”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 22 xuño 2018, L10.

Anuncio do “Roteiro virtual da lírica medieval galego-portuguesa” levado a cabo pola investigadora brasileira Yara Frateschi que conta con numerosas publicacións especializadas sobre o tema. Este roteiro, centrado en Santiago, ofrecerá información sobre autores medievais galego-portugueses (Bernal de Bonaval, Airas Nunes, Xoán Airas de Santiago, Pero da Ponte, Sancho Sánchez, Ruis Fernández de Santriago, Afonso Eanes do Cotón, Pai da Cana, Pero Amigo de Sevilha...) e outros que mencionan Santiago nas súas cantigas ou que por algún motivo están ligados á cidade.

Gradín, Tere, “El sueño de San Ero”, *Faro de Vigo*, “*Visado*”, n.º 835, “Parajes”, 25 maio 2018, p. 11.

Descrición do mosteiro de Armenteira, fundado por San Ero, cuxa lenda se encontra na Cantiga de Santa María número 103.

_____, “Mato: ‘La Morgan ni quiere ni puede vender el Vindel’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 marzo 2018, p. 38.

Informa sobre a vontade da Universidade de Vigo de manter un acordo institucional duradeiro coa Morgan Library de Nova Iorque, aberto co préstamo do pergamiño Vindel para a súa exposición en Vigo.

Iglesias, Ana, “Carro Otero acercó el Códice Calixtino a los socios del Ateneo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 marzo 2018, p. 25.

Informa sobre o relatorio de José Carro Otero, organizado polo Ateneo de Santiago, quen falou do Códice Calixtino, estudado en profundidade polo seu tío José Carro durante a República. O médico e antropólogo describiu a historia das edicións do Códice dende os traballos de Walter Whitehill en 1924, a primeira tradución de 1951 e as posteriores reedicións máis actualizadas.

Jiménez, Irene, “As cantigas de Martín Códax chegarán o venres ó Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 febreiro 2018, p. 37.

Dá conta da despedida organizada na Cidade da Cultura en Santiago do Pergamiño Vindel, que logo dunha estadía de seis meses no Museo do Mar en Vigo volve ao museo de Nova Iorque, consistente nun concerto do Ensemble Micrologus que interpreta as seis cantigas musicadas de Martín Codax con instrumentos que reproducen os do medievo e a recreación da última por parte da poeta Dores Tembrás. Este acto inscríbese nunha ampla programación cultural de despedida por parte da Consellería de Cultura.

Jiménez, José Luis, “La música celta es tan ‘Marca España’ como la guitarra flamenca”, *ABC*, “*ABC Cultural*”, n.º 1.346, “Libros”, 6 outubro 2018, pp. 14-15.

Comenta a publicación do libro *La hermandad de los celtas* de Carlos Núñez que analiza a influencia celta na música de distintas épocas, mencionando as “Cantigas de Alfonso X”, e lamenta a pouca colaboración da Xunta á hora de promover en Galicia a difusión da cultura celta, pondo como exemplo a negativa do concello a facer un concerto durante a exposición do Pergamiño Vindel.

Liste, Ana G., “A Galicia na que naceron as cantigas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 febreiro 2018, p. 34.

Anuncia unha conferencia en Vigo do profesor da USC Souto Cabo, vinculada á exposición do Pergamiño Vindel, en torno á figura de Martín Codax e as orixes da lírica galego-portuguesa que o profesor recúa até o século XII. Dá conta tamén dunha actuación ao inicio do acto consistente nunha interpretación das cantigas dun cuarteto musical que emprega instrumentos medievais reproducidos a partir das miniaturas das *Cantigas de Santa María* e do *Cancioneiro de Ajuda* ou da iconografía do Pórtico da Gloria.

_____, “Los manuscritos hermanos del Pergamino Vindel/ Manuscritos gallegos, hijos dEl Mundo”, *Faro de Vigo*, “*estela*”, n.º 804, “Memorias”, 20 marzo 2018, pp. 1-3/ *La Opinión*, “El Domingo”, “A Coruña”, 8 abril 2018, pp. 2-3.

Descrición dos códices medievais galegos máis importantes entre os que destacan o Breviario de Miranda, o Códice Calixtino, a *Legenda Maior*, o Tombo A, o Tombo Pechado de Mondoñedo, o Tombo de Toxosoutos, o Pasonario de Tui e a Biblia Kennicott.

López, Rafa, “Carlos Núñez y el amigo irlandés”, *Faro de Vigo*, “Gente”, 18 febreiro 2018, p. 62.

Nota sobre o interese do presidente da República de Irlanda, Michael D. Higgins, polas cantigas de Martín Codax grazas ao gaiteiro vigués Carlos Núñez, co que recitou en gaélico a cantiga “Ondas do Mar de Vigo”. Remata co anuncio da exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Vigo.

M. N., “El Vindel, camino de batir el récord del Museo do Mar”, *Atlántico Diario*, 15 febreiro 2018, p. 11.

Informa do número de visitas á exposición do Pergamiño Vindel que dúas semanas antes da súa clausura supera as 45.000.

_____, “Trovadores del siglo XXI despiden a Martín Códax”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 marzo 2018, p. 17.

Dá conta da homenaxe musical a Martín Codax con motivo do peche da exposición do Pergamiño Vindel na que participaron doce intérpretes galegos.

Mariño, A., “La ría de Vigo protagoniza todos los actos gallegos en el Día del Libro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 abril 2018, p. 16.

Dá conta dos actos programados polo Día do Libro entre os que se atopa unha exposición da Real Academia Galega de documentos relacionados co Pergamiño Vindel.

Martín, Alejandro, “Vindel lanza el Museo del Mar”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 febreiro 2018, p. 13.

Con motivo da clausura da exposición do Pergamiño Vindel, que se pecha cun rexistro duns 50.000 visitantes ao Museo do Mar, dá conta da programación cultural prevista como despedida, que inclúe un concerto da formación Ensemble Micrologus con repertorio medieval cas cantigas de Martín Codax, Don Dinis ou Afonso X.

Martín, Gerardo, “Álvarez Blázquez fue premio por las Cantigas de Martin Codax”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 marzo 2018, p. 10.

A raíz do debate sobre a adquisición do Pergamiño Vindel, trae á memoria un folleto de Xosé María Álvarez Blázquez sobre Martín Codax, gañador do Premio Álvarez García 1958 e editado pola Asociación de Prensa de Vigo en 1962.

Melchor, Xurxo, “El tesoro que late en el corazón de la Catedral”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 outubro 2018, p. L2.

Menciona as pezas máis valiosas contidas na Catedral de Santiago entre as que se atopa o Códice Calixtino.

_____, “El Archivo teme más un incendio que otro robo como el del Códice Calixtino”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 14 outubro 2018, p. L3.

Comenta as medidas de seguridade empregadas na Catedral de Santiago dende o roubo en xullo de 2011 do Códice Calixtino, para protexer os libros e documentos máis valiosos, que xa están a proba de intrusos pero non a proba de incendios, polo que precisan actualizar o plan contra incendios.

Montero, Tamara, “La historia de Galicia en 92 kilómetros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 outubro 2018, p. 29.

Mención aos documentos que posúe o sistema de Arquivos de Galicia que permiten coñecer a nosa historia e que constitúen “tesouros” como o Cancioneiro de Afonso Pérez.

Muleiro, M., “Un patrimonio de película”, *La Región*, “Ourense”, 24 agosto 2018, p. 27.

Dá conta da fin da rodaxe dun documental sobre a cultura trobadoresca galego-portuguesa levada a cabo polo proxecto “Lírica” dirixido por Mariña Arbor co obxectivo de potenciar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O documental consiste nun vídeo-resumo do patrimonio histórico, literario e musical dos séculos XII a XIV, que se completará cun libro disco que inda está en proceso.

Luaña, Susana, “La USC custodia el libro más antiguo de Santiago en una cámara acorazada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 12 outubro 2018, p. L5.

Artigo sobre o libro máis antigo custodiado na Universidade de Santiago, o *Libro de Horas de Fernando I* (1055) no que se menciona o incremento das medidas de seguridade dende que se produciu o roubo do Códice Calixtino.

Ocampo, Elena, “Palmou. ‘La unión es la garantía de la pervivencia socioeconómica de Europa’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 febreiro 2018, p. 32.

Valora a promoción do camiño de Santiago nun extenso artigo no que fai referencia ás palabras do profesor Xosé López, autor dunha tradución do *Códice Calixtino* no 1992, nas que fai referencia ao pobo galego.

_____, “Narla: ‘Martín Códax como trovador está a medio camino entre cronista y novelista’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 marzo 2018, p. 35.

Recensión da conferencia impartida polo novelista Francisco Narla no Club Faro sobre “La desconocida vida de Martín Códax”, na que falou do período histórico, incluíndo a vida de Afonso X, os instrumentos musicais e os trobadores medievais.

Pardo, Alicia, “A historia a través das miradas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 abril 2018, p. 12.

Noticia da exposición dunha decena de estudos, novas e edicións facsimilares sobre o Pergamiño Vindel na Real Academia Galega no marco da celebración do Día do Libro, que permite percorrer o descubrimento e primeiros pasos na investigación deste documento.

Pedreira, Emma, **Picallo**, Héitor, “Fradegunda e o voo do pergameo...”, *Sermos Galiza*, n.º 327, “fóradeserie”, 20 decembro 2018, pp. 2-3.

Percorrido pola historia do manuscrito asinado no 898 pola monxa Fredegunda para conmemorar os seus 1120 anos. Cóntase como o documento viaxou dende o mosteiro de Arcos ata o convento de San Paio de Antealtares, logo a San Martiño Pinario e finalmente rematou no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

Penelas, S., “Núñez Feijóo. ‘La despedida del embajador Vindel es un hasta luego’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 marzo 2018, p. 4.

Promesa da continuidade da colaboración da Xunta coa Morgan Library no acto de clausura da exposición do Pergamiño Vindel e convocatoria dun pleno extraordinario por Abel Caballero para exixir a compra do Pergamiño.

_____, “Más de 15.000 participantes en los actos del Vindel organizados por el rectorado”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 19 abril 2018, p. 8.

Noticia da chegada do Pergamiño Vindel á Morgan Library en perfectas condicións, que abre a porta a futuras colaboracións con esta institución. Fala da publicación dun especial da revista *Gallegos* dedicada a este documento, e recolle as declaracións do reitor Salustiano Mato que sinalou a participación de máis de quince mil persoas nas actividades promovidas pola Universidade de Vigo.

R. P., “Vindevídeos premia a creatividade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 28 febreiro 2018, p. 53.

Informa sobre a entrega de premios Vindevídeos convocados pola Secretaría de Política Lingüística como parte das actividades desenvoltas entorno á exposición do Pergamiño Vindel. Os gañadores foron o CEIP O Carballal, de Marín e o CEIP Ortigueira, de Vedra na categoría de centros de infantil e o IES Francisco Asorey, de Cambados e o CMUS Xan Viaño, de Ferrol na categoría de ensino secundario.

Senén, Felipe, “Iniciarse no mundo céltico do Rei Arturo”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 6 maio 2018, p. 28.

Repaso da lenda do rei Arturo e a súa presenza nas literaturas medievais, entre elas a galega co libro da *Materia de Bretaña* ou *Materia céltica do medievo*.

_____, “O inspirador ‘Libro máxico do San Cibrao’”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 17 xuño 2018, p. 25.

Fala sobre o *Libro magno do San Cibrao*, tamén coñecido como “Ciprianillo”, unha recompilación de tradición popular que recolle feitizos, conxuros, remedios, lugares de tesouros... Vai analizando os capítulos que compoñen o *Libro I*, *Libro II* e *Libro III*.

Sotelino, Begoña R., “El pergamino Vindel se va con la puerta abierta a un futuro regreso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 marzo 2018, p. 34.

Dá conta do acto de clausura da exposición do Pergamiño Vindel, que regresa á Morgan Library de Nova Iorque, institución que non está disposta a vendelo pese á campaña iniciada polo alcalde de Vigo para promover a súa compra como resaltaron o reitor da Universidade de Vigo e o presidente da Xunta cando aseguraron unha futura colaboración coa librería.

Villanueva, E., “El Vindel se despide por todo lo alto”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 5 marzo 2018, p. 5.

Recolle información e impresións dalgúns dos máis de dous mil visitantes dos dous últimos días da exposición do Pergamiño Vindel en Vigo.

_____, “Las cantigas ‘remasterizadas’ de Códax”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 xuño 2018, p. 9.

Dá conta do premio de Innovación e Dinamización Lingüística que obtivo o alumnado do IES Carlos Casares por un proxecto sobre o Pergamiño Vindel no que redeseñaron e representaron as sete cantigas de Martín Codax, ademais doutras actividades organizadas no centro para achegarse á cultura medieval.

X. F., “La partida del rey Alfonso X que forraba un libro de cuentas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 novembro 2018, p. 38.

Alude a unha tradución do século XIV ao galego-portugués dun fragmento da Quinta Partida de Alfonso X, amosado na exposición en conmemoración dos 25 anos do Archivo Histórico de la Nobleza en Toledo, que foi descuberto en similares condicións ás do Pergamiño Vindel, empregados nas encadernacións doutros libros.

XII. APÉNDICE

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII.1. NARRATIVA

XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Costa, Manoel Da, *Mirequelledigo. Crónicas dun filósofo tabernario*, prol. Maxi Olariaga, ilustr. Manoel da Costa, Santiago de Compostela: Meubook, novembro 2017, 234 pp. (ISBN: 978-84-946537-9-7).

Novela de Manoel Costa. A obra iníciase cun prólogo de Maxi Olariaga no que advirte que non está composta por “verbas brincadeiras de taberna”, senón por palabras dun “filósofo tabernario”. A novela presenta a visión do mundo dun vello mariñeiro que engaiola á personaxe de don Manuel, de xeito que recolle nun libro todas as súas ensinanzas. As ensinanzas constitúen unha serie de historias que se poden ler en diferente orde. A temática da obra abrangue a política, o capitalismo, a corrupción, o rexeitamento dos conflitos bélicos con especial atención á Guerra Civil, as relacións interpersoais, a dor dos máis desfavorecidos, o racismo, o papel da familia da amizade e do amor, a envexa, o engano e o prexudicar ao outro, a infancia idílica, o mundo rural, a defensa da idiosincrasia galega, as tradicións ancestrais, a relixión ou a dureza de enfermidades como o alzhéimer. Todas as historias presentan como fío condutor a personaxe de Averomar e a presenza do mar de Bouzas.

Costoya Santos, Rodrigo, *Portosanto*, Noia: Editorial Toxosoutos, 2017, 873 pp. (ISBN: 978-84-947719-4-1).

Obra narrativa de Rodrigo Costoya Santos (1977, Torrelavega). O libro constitúe o primeiro título dunha saga medieval situada en Galicia que pivota arredor das tensións individuais e históricas ás que se ten que enfrontar o ser humano. Esta novela de ficción está ambientada nun marco histórico real: a aldea de Portosanto, en Poio (Pontevedra) no século XV. Narra a historia do fidalgo bastardo Pedro de Zúñiga, que ascende da súa humilde orixe ao máis alto da nobreza castelá e portuguesa. O libro céntrase na biografía do protagonista desde neno até 1490 e a súa conversión persoal a conta da posición que toma na loita entre Isabel A Católica e Xoana A Beltranexa. Describe rigorosamente a guerra de sucesión castelá e a revolta irmandiña que enmarca a historia do protagonista. A obra supón unha pescuda, a partir da figura do protagonista, nas diferentes teorías sobre a procedencia galega e a traxectoria biográfica de Cristóbal Colón.

Ferreiro, Manuel, *De cando as pedras falaban*, Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, colección Biblioteca Chairega, nº. 26, decembro 2017, 189 pp. (ISBN: 978-84-9404-429-8). ♦

Novela de Manuel Ferreiro. O libro ábrese cunha alegación á liberdade, que se define

como un milagre difícil de conseguir no remate do primeiro milenio. A continuación, preséntase o camiño de Santiago como un dos poucos medios posibles para alcanzala. A obra consta de once capítulos nos que se relatan as aventuras do protagonista, chamado Xoán, que peregrina a Compostela e que vai coincidindo con diferentes personaxes dos que tomará unha lección para o camiño. Na primeira etapa da súa viaxe preséntaselle un cego, Moisés, que o convida á súa casa. Alí comparte mesa coa súa dona, Arente, cuxas crenzas conxugan cristianismo, paganismo e superstición. Con eles mantén unha conversa que constitúe unha crítica ao poder do estamento eclesiástico. Despois crúzase no seu camiño unha vella con dotes de meiga e presaxia que rematará a súa andadura con algún contratempo. Días despois un tolo asáltao e reclámalle unhas moedas, polo que deberá librarse del cunha beberaxe. Ademais, Santa María de Montenegro, actual Vilalba, constitúe unha parada senlleira na que coñece unha muller que regresa á vila despois dun tempo e grazas á cal descobre segredos do lugar. En conxunto, as distintas etapas da peregrinación do protagonista desenvolven temas como a peste, as guerras entre cristiáns e musulmáns, a admiración polo pasado esquecido (civilización castrexa, Prisciliano, San Patricio ou Maeloc), a pobreza ou a fame. A narración remata cun milagre e unha morte e, por último, desvélese que a historia constitúe o soño dun neno chairego do século XX.

Regueira Cereijo, Rosario, *Cando pasou o que pasou*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Narrativa histórica, n.º 11, decembro 2017, 169 pp. (ISBN: 978-84-947719-6-5).

Obra entre a narrativa e a biografía escrita por Rosario Regueira Cereijo (Taboada, 1959) na que fala sobre a represión franquista á familia Varela Bouza. A obra divídese na primeira parte, na que explica o contexto social e político das décadas anteriores á guerra civil e xustifica a necesidade desta novela; e a segunda, na que conta a vida da familia. A obra narra os feitos biográficos de Antón Varela “Do Lobo” e Josefa Bouza Tenreiro e das súas fillas e fillos: Amelia, José “Pepe o lobo”, Josefita, Juan, Benedicto, Flora e Isaura. Amelia foi unha muller moi comprometida coa militancia de esquerda, polo que acabaría presa nunha cárcere de mulleres en Euskal Herria. Juan Varela tamén foi perseguido pola súa filiación política, polo que intentou escapar na lancha “La Golondrina” antes de que o fusilaran, mais ao chegar a Francia foron retornados a España. A historia de “Pepe o lobo” converteuse nunha serie de lenda porque conseguiu escapar con vida da cárcere de San Antón (A Coruña), localizada nun illote. Viviu un tempo na clandestinidade até que foi descuberto polos falanxistas e cruelmente asasinado. Flora e Isaura foron as fillas menores que tiveron que marchar á Coruña tras a morte do seu irmán para fuxir dos falanxistas, onde comezaron a súa nova vida. En concreto, Isaura rexeita todo o seu pasado, comezando por cambiarse o nome a “Aurita”, pasando por falar unicamente en castelán, ata casar cun ex-membro do exército franquista, Miguel Roig Varela, grazas ao que se coñece hoxe a historia.

Santellán Brey, Tabaré, *Rumores baixo o luar. Relatos do lado escuro do folclore*, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, 2017, 160 pp. (ISBN: 978-84-697-7963-7).

Tabaré Santellán Brey (Villajoyosa, Alicante, 1992) ofrece un conxunto de doce relatos que fan un percorrido polas diferentes lendas e mitos da tradición popular galega. Neles, trátanse diferentes contos e historias fantásticas pertencentes á literatura oral galega. Con esta obra, este novísimo escritor e ilustrador coloca o foco sobre a enorme e rica tradición oral galega, desde unha ollada gótica, nun volume que chega aos lectores e lectoras

cargado de imaxinación e fantasía. A presenza de abondosas ilustracións coidadas e orixinais enriquece notablemente a obra, funcionando como un complemento perfecto do texto, mesturando así ilustración e escrita.

XII. 1. 2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Larsen, Nella, *Pasar* (Passing, 1929), trad. Carlos Valdés García, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, decembro 2017, 160 pp. (ISBN: 978-84-945411-7-9).

Na presente novela traducida ao galego dende o inglés, Nella Larsen (Chicago, 1891-Brooklyn, 1964) utilizou a súa herdanza racial mixta (de nai dinamarquesa e pai afroamericano) e o debate vixente na época da súa publicación: o traspase dos límites sociais impostos entre negros e brancos. O título fai referencia precisamente ao concepto sociolóxico do passing ou pase racial, utilizado nos Estados Unidos de América para describir unha persoa de cor ou de ascendencia multirracial asimilada á maioría branca. Ambientada no barrio neoiórquino de Harlem na década dos vinte do século XX, a historia céntrase no reencontro de dúas mulleres afroamericanas coa pel suficientemente clara como para pasaren por brancas. A historia, estruturada en tres partes, está escrita en terceira persoa dende a perspectiva de Irene Redfield, unha mulata orgullosa de selo que vive comodamente instalada nos selectos círculos da puxante burguesía afroamericana de Harlem co seu home médico negro e os seus dous fillos. Na primeira parte, «Encontro», Irene recibe unha carta que a leva a lembrar o seu encontro casual con Clare Kendry, unha amiga da infancia coa que perdera o contacto, no restaurante da azotea do Drayton Hotel en Chicago. Na conversa que manteñen, Clare cóntalle que vive en Europa co seu rico marido branco, o banqueiro John Bellew, e coa súa filla, quen descoñecen a súa raza. Irene lembra tamén como días despois, tomando o té con Clare e mais outra amiga da infancia, John expresou diante delas as súas opinións racistas sen se decatar de que eran negras. Con todo, nese tempo, tanto Irene coma Gertrude axudan a Clare a manter en segredo a súa identidade até que deciden separarse dela ao consideraren o perigo que corrían. Na segunda parte, «Reencontro», Irene recibe a visita de Clare, quen, ao saber que a súa amiga forma parte do comité da «Liga de Benestar Negro», insiste en asistir a un baile, desoíndo as advertencias de Irene por temor a que o seu home a descubra. Como non acontece nada, Clare continúa acudindo a Harlem e ambas retoman a amizade. Na terceira parte, Irene sospeita que o seu home ten unha aventura con Clare, ao tempo que é a causante de que John Bellew caia na conta das orixes de Clare. Malia considerar advertila do perigo que corre, decide non facelo, temerosa de que o divorcio de Clare provoque que o seu tamén rompa. Ao cabo, John Bellew irrompe nunha festa e acusa a súa muller de ser unha «maldita negra sucia». Clare cae por unha ventá e morre, sen se aclarar se foi un accidente ou un suicidio ou se a empuxaron Irene ou Bellew, un desenlace repentino que lle valeu algunha crítica á autora.

XII.2. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

Feixoo, Xulia e Guillerme **Ignacio**, *Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral*, Santiago de Compostela: ACentralFolque, col. Chave Mestra, n.º 11, 2017, 122 pp. (ISBN: 978-84-947718-3-5). Contén CD.

Volume a cargo de Xulia Feixoo (Vigo, 1987) e Guillerme Ignacio que se inicia cunha entrevista aos autores na que falan do simbolismo de Gargamala para os interesados na música galega tradicional, da importancia do papel da muller na transmisión e preservación do Cancioneiro de tradición oral, do ritual da i-aña, da repercusión de Gargamala no folclore e da revitalización dos seráns. Logo descríbense os seráns, cando e onde se celebraban e en que consistían, as noites de baile e moceo, a figura do gaiteiro e a presenza doutros instrumentos musicais, o ciclo do millo (coas labradas ou vesadas, a competición da i-aña, o baile do ramo), o cantar das labradas, as cantigas a desafío, as sachadas e rendadas do millo, o Ciclo do Nadal (cos Manueles, os Reis e as Xaneiras) e o Entruido. De todas estas manifestacións folclórica se ofrecen exemplos ilustrativos. Por último, reproducense a melodía e as letras de corenta e catro cantares e cantigas de Gargamala.

Groba, Xavier e Sergio de la **Ossa**, *Gustav Henningsen. Gravacións musicais en Galiza 1964-1968*, Ferrol: ACentralFolque, col. Chave Mestra, n.º 08, 2017, 191 pp. (ISBN: 978-84-947718-0-4). Contén CD.

Volume a cargo de Xavier Groba e Sergio de la Ossa estruturado en cinco partes. Iníciase cunha entrevista a Gustav Henningsen (pp. 11-15) na que fala dos motivos e motivacións da súa chegada a Galicia e o tesouro musical lingüístico, lírico e folclórico co que se atopou durante as gravacións de 1964 a 1968, ademais de coñecer a Xosé Filgueira Ververde e Fermín Bouza-Brey. En “O inesperado tesouro musical da Colección Henningsen” (pp. 19-72), Xavier Groba salienta a importancia do labor de recollida de materiais deste investigador, ofrecendo unha biografía do estudoso e da súa dona, contextualizando a nivel internacional e ibérico o labor de gravación e comentando andanzas por Galicia. Logo atende á colección musical que agrupa en: recitados, cantigueiro (alalás e xéneros afíns, arrollos, cantos de romaría, tasca do liño, desafíos e regueifas, cantigueiro bailáble, cantigueiro narrativo e outros xéneros), repertorio instrumental, cantos xitanos galego, e música asturiana. Tamén comenta a música da colección dentro do contexto etnomusical galego. En “A cámara de Henningsen” (pp. 75-122), Sergio de la Ossa acolle unha selección de fotografías, mentres que en “As recollas de Gustav Henningsen: un testemuño excepcional” (pp. 123-147), de la Ossa salienta a importancia desa colección pola infinidade de pezas recollidas e por ser un dos poucos documentos sonoros etnográficos de Galicia, ademais da súa calidade técnica; e ofrece unha guía de audición do CD que acompaña a monografía cun comentario das pezas e información sobre o lugar, data e informantes. En “Letras e partituras” (pp. 149-191), transcríbense as partituras e as letras das pezas, entre elas coplas de romarías, conto da casada, romances, recitados, cantos de reis e regueifas.

Torres, Xohana, *Teixido. San Andrés de Lonxe: Mitos e Ritos*, I Premio de Etnografía “Federico Maciñeira” 1972, Vigo: Engaiolarte Edicións, col. “Biblioteca Xohana Torres”, 23 decembro 2017, 130 pp. (ISBN: 978-84-946500-2-4).

Traballo inédito de Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931-Vigo, 2017), que recibira o premio etnográfico da Deputación da Coruña do ano 1972 e que estuda o mito de San Andrés. Tras unhas dedicatorias, ofrece unha descrición xeográfico-antropolóxica da comarca ortigueirasa, para logo centrarse nos mitos e ritos de San Andrés de Teixido, explicando os ritos comúns a outros santuarios galegos, o significado dos milladoiros, a crenza da fonte do Santo, as lendas da comarca, o simbolismo de figuras e elementos, como Sanandreses, áncora, corda, ataduras das figuras humanas, nó na pomba, man do santo, rosco de pan, cruz e serpe). Finaliza coa análise da romaxe de San Andrés e o culto ás ánimas. Acompáñase de fotografías da autoría de Xulio Gil.

ASPECTOS LEGAIS

Condições de publicación respecto aos dereitos de explotación e de propiedade intelectual.

Ao publicar en *Informes de literatura*, as persoas que formen parte na redacción, coordinación, dirección, edición ou calquera outra forma de participación na elaboración da obra ceden todos os dereitos de explotación que lle puidesen corresponder, en exclusiva e para todo o mundo, ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que, como titular do copyright, ten o dereito para: publicar a versión final do traballo na colección e distribuílo e/ou comunicalo publicamente tanto na colección como noutros medios, sexa en formato dixital, impreso ou calquera outro que poida inventarse no futuro; realizar ou traducir resumos do traballo e distribuílos e/ou comunicalos publicamente; autorizar ou ceder a terceiros o mesmo dereito e depositar copias ou referencias do traballo en arquivos en liña, quer en plataformas propias do CRPIH, quer en plataformas de terceiros con autorización do CRPIH.

Aceptar as condicións de publicación leva implícito que os autores e autoras declaran que os textos e os materiais asociados a eles son orixinais e non se infrinxe a lexislación en materia de dereitos de autoría. De ser así, os posíbeis custos e/ou indemnizacións derivados dos incumprimentos da lexislación vixente correrán ao cargo das persoas responsábeis da autoría, eximindo ao organismo editor de calquera obriga.

Ao seren os *Informes de literatura* traballos de autoría compartida, aceptar as condicións de publicación implica que todas as persoas que conformen esta autoría declaran que existe pleno consenso, que o traballo non se presentou nin publicou anteriormente por ningún outro medio e que tampouco foi postulado para outra editorial.

Informes de literatura informará ás persoas responsábeis da autoría da obra das modificacións ou cambios na edición que se poidan producir en beneficio da súa distribución, comunicación ou difusión.

O organismo editor non obterá ningún beneficio comercial da edición, distribución e/ou comunicación dos *Informes* que se publiquen en soporte electrónico en liña, a non ser que decida o contrario. A autorización ou cesión dos dereitos de explotación a terceiros indicará explicitamente se se permite obter beneficio comercial en calquera soporte na que a edición se presente.

Os dereitos de propiedade intelectual dos textos que conformen a obra correspóndenlle conxuntamente ás persoas responsábeis da súa autoría e poderán dispor deles sempre que non supoñan conflito coa cesión dos dereitos de explotación que aquí se mencionan. A resolución dos posíbeis conflitos que puidesen xurdir ao respecto resolveranse amigablemente entre as partes. Así mesmo, ningunha das persoas que formen parte da autoría pode exercer nin ceder ningún dereito de explotación ou de autoría por separado.

As autoras e os autores non percibirán ningún tipo de honorarios polos dereitos de explotación cedidos ao organismo editor.

A publicación da obra implica o coñecemento previo e a aceptación por parte das persoas responsábeis da autoría das condicións aquí indicadas.



 Xacobeo 2021

galicia

BRONIA
OBRAS
ZHE
20
18



XUNTA
DE GALICIA